

## **Informe de Literatura 2014**

**Directora e Coordinadora:** Blanca-Ana Roig Rechou

**Bolseira do proxecto:** Laura Blanco Casás

### **Equipo redactor**

**Rafael Adán Rodríguez**  
**Eulalia Agrelo Costas**  
**Laura Blanco Casás**  
**Silvia Capelo Álvarez (Ilustración)**  
**Verónica Casais Vila**  
**Alba Cid Fernández**  
**Olalla Cortizas Varela (Ilustración)**  
**Berta Dávila Fernández**  
**Natalia Estévez Benítez**  
**Raquel Fernández Parada (L. Medieval)**  
**Cristina Fernández Santomé**  
**Mar Fernández Vázquez**  
**Mª del Carmen Ferreira Boo**  
**Rebeca Ferrín Castro**  
**Sara Filgueira Lorenzo**  
**Irene Freire Casal**  
**Xurxo Martínez González**  
**Isabel Mociño González**  
**Mónica Molanes Rial**  
**Iago Mosquera González**  
**Marta Neira Rodríguez**  
**Abel Otero Ordóñez**  
**Rafael Pena García**  
**Miguel A. Pousada Cruz (L. Medieval)**  
**Verónica Pousada Pardo**  
**Leticia Quintás Parada (L. Medieval)**  
**Blanca-Ana Roig Rechou**  
**Alba Rozas Arceo**  
**Lourdes Erea Salgado Viñal**  
**Diego Seoane Casás (L. Medieval)**  
**Mª Isabel Soto López**  
**Cristina Trigo Martínez (Ilustración)**  
**Tania Vázquez García**

### **Colaboradores**

**María Jesús Agra Pardiñas (Ilustración)**  
**Mónica Álvarez Pérez**  
**Noelia Estévez Rionegro**  
**Carmen Franco Vázquez (Ilustración)**  
**Sara Martínez Risco**  
**Juan José Mosquera Ramallo**  
**Valeria Ribeiro Soares**  
**Xavier Senín Fernández**

**Edita:**

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E  
ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CENTRO RAMÓN PIÑEIRO  
PARA A INVESTIGACIÓN  
EN HUMANIDADES

**Secretario Xeral de Política Lingüística**  
VALENTÍN GARCÍA GÓMEZ

**Coordinador Científico**  
MANUEL GONZÁLEZ GONZÁLEZ

**Director Técnico de Literatura**  
ANXO TARRÍO VARELA

**ISBN: 978-84-453-5200-7**  
**Dep. Legal: C 1908-2015**

# *Índice Xeral*

|                         |          |
|-------------------------|----------|
| <b>Nota previa.....</b> | <b>7</b> |
|-------------------------|----------|

## **Estatísticas**

|                                 |          |
|---------------------------------|----------|
| <b><i>I. Narrativa.....</i></b> | <b>9</b> |
|---------------------------------|----------|

|                                                                   |    |
|-------------------------------------------------------------------|----|
| I. 1. Narradores galegos.....                                     | 9  |
| I. 2. Reedicións comentadas e facsímiles. Textos recuperados..... | 74 |
| I. 3. Traducións, versións e reedicións.....                      | 76 |
| I. 4. Antoloxías.....                                             | 90 |

|                               |           |
|-------------------------------|-----------|
| <b><i>II. Poesía.....</i></b> | <b>93</b> |
|-------------------------------|-----------|

|                                                                    |     |
|--------------------------------------------------------------------|-----|
| II. 1. Poetas galegos.....                                         | 93  |
| II. 2. Reedicións comentadas e facsímiles. Textos recuperados..... | 133 |
| II. 3. Traducións e versións.....                                  | 135 |
| II. 4. Antoloxías.....                                             | 138 |

|                                |            |
|--------------------------------|------------|
| <b><i>III. Teatro.....</i></b> | <b>146</b> |
|--------------------------------|------------|

|                                                                                     |     |
|-------------------------------------------------------------------------------------|-----|
| III. 1. Dramaturgos galegos.....                                                    | 146 |
| III. 2. Reedicións comentadas e facsímiles. Textos recuperados.....                 | 148 |
| III. 3. Postas en escena.....                                                       | 152 |
| III. 3. 1. Ciclos, encontros, festivais, mostras, salas alternativas e semanas..... | 152 |
| III. 3. 2. Estreas:.....                                                            | 194 |
| III. 3. 2. 1. Grupos estábeis ou profesionais.....                                  | 194 |
| III. 3. 3. Postas en escena que continúan en cartel.....                            | 220 |
| III. 3. 3. 1. Grupos estábeis ou profesionais.....                                  | 220 |

|                                                                       |            |
|-----------------------------------------------------------------------|------------|
| <b><i>IV. Día das Letras Galegas: Xosé María Díaz Castro.....</i></b> | <b>241</b> |
|-----------------------------------------------------------------------|------------|

|                                                                               |     |
|-------------------------------------------------------------------------------|-----|
| IV. 1. Creación: Reedicións comentadas e facsímiles. Textos recuperados.....  | 241 |
| IV. 2. Monografías, edicións críticas e libros colectivos. Antoloxías.....    | 247 |
| IV. 3. Publicacións en revistas.....                                          | 260 |
| IV. 4. Publicacións en xornais: artigos de opinión e colaboracións fixas..... | 263 |
| IV. 5. Publicacións en xornais: entrevistas.....                              | 268 |
| IV. 6. Publicacións en xornais: notas, presentacións e escritos varios.....   | 270 |

|                                                     |            |
|-----------------------------------------------------|------------|
| <b><i>V. Ensaio. Teoría Xeral. Crítica.....</i></b> | <b>301</b> |
|-----------------------------------------------------|------------|

|                                                                              |     |
|------------------------------------------------------------------------------|-----|
| V. 1. Monografías, biografías, crónicas e libros colectivos.....             | 301 |
| V. 2. Reedicións comentadas e facsímiles. Textos recuperados.....            | 350 |
| V. 3. Monografías e libros colectivos traducidos ou noutras linguas.....     | 353 |
| V. 4. Antoloxías.....                                                        | 357 |
| V. 5. Publicacións en revistas.....                                          | 358 |
| V. 6. Publicacións en xornais: estudos e recensións.....                     | 387 |
| V. 7. Publicacións en xornais: artigos de opinión e colaboracións fixas..... | 409 |

|                                                                                        |            |
|----------------------------------------------------------------------------------------|------------|
| V. 8. Publicacións en xornais: entrevistas.....                                        | 460        |
| V. 9. Publicacións en xornais: notas, presentacións e escritos varios.....             | 476        |
| <b>VI. Clásicos greco-latinos traducidos.....</b>                                      | <b>602</b> |
| VI. 1. Publicacións en revistas.....                                                   | 602        |
| <b>VII. Literatura Infantil e Xuvenil.....</b>                                         | <b>603</b> |
| <b>VII. 1. Narrativa.....</b>                                                          | <b>603</b> |
| VII. 1. 1. Narradores galegos.....                                                     | 603        |
| VII. 1. 2. Reedicións comentadas e facsímiles. Textos recuperados.....                 | 642        |
| VII. 1. 3. Traducións, adaptacións ou versións. Reedicións.....                        | 647        |
| <b>VII. 2. Poesía.....</b>                                                             | <b>678</b> |
| VII. 2. 1. Poetas galegos.....                                                         | 678        |
| VII. 2. 2. Reedicións comentadas e facsímiles. Textos recuperados.....                 | 690        |
| VII. 2. 3. Traducións e versións.....                                                  | 692        |
| <b>VII. 3. Teatro.....</b>                                                             | <b>694</b> |
| VII. 3. 1. Dramaturgos galegos.....                                                    | 694        |
| VII. 3. 2. Reedicións comentadas e facsímiles. Textos recuperados.....                 | 696        |
| VII. 3. 3. Traducións ou versións. Reedicións.....                                     | 697        |
| VII. 3. 4. Postas en escena.....                                                       | 699        |
| VII. 3. 4. 1. Ciclos, encontros, festivais, mostras, salas alternativas e semanas..... | 699        |
| VII. 3. 4. 2. Estreas:.....                                                            | 743        |
| VII. 3.3.2.1. Grupos estábeis ou profesionais.....                                     | 743        |
| VII. 3. 4. 3. Postas en escena que continúan en cartel:.....                           | 764        |
| VII. 3.4.3.1. Grupos estábeis ou profesionais.....                                     | 764        |
| <b>VII. 4. Cómic.....</b>                                                              | <b>792</b> |
| VII. 4. 1. Galegos.....                                                                | 792        |
| VII. 4. 2. Cómicos traducidos, versionados ou adaptados.....                           | 796        |
| <b>VII. 5. Ensaio. Teoría Xeral. Crítica. Biografías. Crónicas.....</b>                | <b>798</b> |
| VII. 5. 1. Monografías, biografías, crónicas e libros colectivos.....                  | 798        |
| VII. 5. 2. Monografías e libros colectivos traducidos ou noutras linguas.....          | 812        |
| VII. 5. 3. Publicacións en revistas.....                                               | 818        |
| VII. 5. 4. Publicacións en xornais: estudos e recensións.....                          | 828        |
| VII. 5. 5. Publicacións en xornais: artigos de opinión e colaboracións fixas.....      | 854        |
| VII. 5. 6. Publicacións en xornais: entrevistas.....                                   | 856        |
| VII. 5. 7. Publicacións en xornais: notas, presentacións e escritos varios.....        | 859        |
| <b>VIII. Literatura de transmisión oral.....</b>                                       | <b>901</b> |
| VIII. 1. Recompilacións, monografías e libros colectivos.....                          | 901        |
| VIII. 2. Publicacións en xornais: artigos de opinión e colaboracións fixas.....        | 905        |
| VIII. 3. Publicacións en xornais: entrevistas.....                                     | 906        |
| VIII. 4. Publicacións en xornais: notas, presentacións e escritos varios.....          | 907        |

|                                                                               |             |
|-------------------------------------------------------------------------------|-------------|
| <b>IX. Revistas.....</b>                                                      | <b>910</b>  |
| <b>X. Premios.....</b>                                                        | <b>925</b>  |
| X. 1. Narrativa.....                                                          | 925         |
| X. 2. Poesía.....                                                             | 984         |
| X. 3. Teatro.....                                                             | 1008        |
| X. 4. Investigación.....                                                      | 1022        |
| X. 5. Mixtos (varias modalidades).....                                        | 1028        |
| X. 6. Premios a unha vida.....                                                | 1056        |
| X. 7. Literatura infantil e xuvenil.....                                      | 1077        |
| X. 8. Premios escolares e xuvenís.....                                        | 1098        |
| <b>XI. Literatura medieval.....</b>                                           | <b>1125</b> |
| XI. 1. Monografías e libros colectivos.....                                   | 1125        |
| XI. 2. Reedicións.....                                                        | 1128        |
| XI. 3. Actas.....                                                             | 1130        |
| XI. 4. Monografías e libros colectivos traducidos ou noutras linguas.....     | 1131        |
| XI. 5. Publicacións en revistas.....                                          | 1136        |
| XI. 6. Publicación en xornais: estudos e recensións.....                      | 1138        |
| XI. 7. Publicacións en xornais: artigos de opinión e colaboracións fixas..... | 1139        |
| XI. 8. Publicacións en xornais: notas, presentacións e escritos varios.....   | 1141        |
| <b>XII. Apéndice: entradas non recollidas en Informes anteriores.....</b>     | <b>1145</b> |
| XII. 1. Narrativa.....                                                        | 1145        |
| XII. 1. 1. Narradores galegos.....                                            | 1145        |
| XII. 1. 2. Traducións e versións.....                                         | 1147        |
| XII. 1. 3. Antoloxías.....                                                    | 1150        |
| XII. 2. Poesía.....                                                           | 1151        |
| XII. 2. 1. Poetas galegos.....                                                | 1151        |
| XII. 2. 2. Reedicións comentas e facsímiles.....                              | 1155        |
| XII. 2. 3. Traducións ou versións.....                                        | 1156        |
| XII. 2. 4. Antoloxías.....                                                    | 1158        |
| XII. 3. Teatro.....                                                           | 1160        |
| XII. 3. 1. Dramaturgos galegos.....                                           | 1160        |
| XII. 4. Ensaio. Teoría Xeral. Crítica.....                                    | 1163        |
| XII. 4. 1. Monografías, biografías, crónicas e libros colectivos.....         | 1163        |
| XII. 4. 2. Monografías e libros colectivos traducidos ou noutras linguas..... | 1164        |
| XII. 4. 3. Publicacións en revistas.....                                      | 1165        |
| XII. 5. Literatura Infantil e Xuvenil.....                                    | 1166        |
| XII. 5. 1. Narrativa.....                                                     | 1166        |
| XII. 5. 1. 1. Narradores galegos.....                                         | 1166        |
| XII. 5. 1. 2. Reedicións comentadas e facsímiles.....                         | 1168        |
| XII. 5. 2. Cómic.....                                                         | 1169        |

|                                                                 |      |
|-----------------------------------------------------------------|------|
| XII. 5. 2. 1. Galegos.....                                      | 1169 |
| XII. 6. Literatura de transmisión oral.....                     | 1170 |
| XII. 6. 1. Recompilacións, monografías e libros colectivos..... | 1170 |
| XII. 7. Revistas.....                                           | 1171 |

## Nota previa

Un ano máis, e van xa dezanove, achegamos aos interesados en coñecer como se desenvolveu a Literatura galega en Galicia e fóra dela, o *Informe de literatura* correspondente ao ano 2014, o único observatorio literario galego con características que van máis alá dunha base bibliográfica, xa que non só achega a creación senón tamén a recepción de todo tipo de obras literarias, así como doutros elementos sistémicos, acompañados todos eles dunha descrición do seu contido, e mesmo da súa historia cando de revistas e premios se fala. Este *Informe* poderase consultar no CD-ROM, como en anos anteriores, e tamén na web do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (<http://www.cirp.es/rec2/informes>) en formato PDF, onde ademais se poden consultar todos os Informes dende o ano 1995.

Como é habitual, no traballo acollemos todas as informacións e reflexións que, atinxindo directa ou indirectamente ao ámbito da Literatura galega, apareceron por unha parte en soporte impreso durante o ano 2014 e, dentro deste tipo de soporte, nas súas máis diversas manifestacións: monografías, libros colectivos, revistas, xornais etc.

Ofrecemos un comentario descriptivo, non valorativo nin crítico, de cada unha das entradas rexistradas, é dicir, tanto dos libros relacionados coa literatura que viron a luz ao longo do ano 2014 (e tan só deses) coma das recensións que sobre eles apareceron nas revistas e nos xornais durante ese mesmo período de tempo. Con estes comentarios tratamos tan só de informar o lectorado do contido das diferentes publicacións, sen entrar en análises minuciosas, cousa que sería de todo punto imposíbel, nin en excesivos tecnicismos que puidesen obstaculizar a comprensión a un lectorado non suficientemente especializado.

Respecto dos xornais, os consultados seguen a ser, fundamentalmente, de ámbito galego, aínda que tamén son obxecto de atención aqueloutros foráneos que moi esporadicamente achegan algún dato sobre a Literatura galega. Así, poderán atoparse ao longo deste *Informe* algunhas entradas de *ABC*, *España Exterior*, *El Mundo* e *El País*. Doutra banda, apreciarase que, polo que se refire a este tipo de publicacións, diferenciamos entre “Recensións” e “Referencias varias”, por considerar que estas últimas, de importancia menor, evidentemente, achegan xa algunha alusión ou información secundaria respecto do obxecto principal do escrito (artigos de opinión, entrevistas), xa simples nótulas que non alcanzan o rango de recensións nin de análises críticas con pronunciamentos valorativos de interese, na maioría dos casos. Se decidimos mantelas foi por considerar que proporcionan unha información colateral valedoira, cando menos, para sabermos o grao relativo de atención que prestan ao ámbito literario, en xeral, os diferentes xornais consultados, cousa que se reflicte elocuentemente nos gráficos estatísticos que presentamos.

Polo que atinxe ás revistas, cómpre ter en conta que as consultadas son case todas galegas, por máis que apreciamos e rexistramos a atención que lle prestan a esta literatura outras como *AILIJ* (*Anuario de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil*), *Crítica del texto*, *Cultura neolatina*, *CLIJ* (*Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*), *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*. Tamén nesta orde de cousas, queremos avisar o lectorado de que, case exclusivamente, nos temos dedicado a consultar as revistas de maior difusión, pero que somos conscientes da existencia de gran cantidade de publicacións por parte de Centros de ensino, Agrupacións e Asociacións culturais e

outros Centros, de dentro e de fóra de Galicia, que poden ter interese para os nosos fins pero que non nos foron asequíbeis na súa maior parte. Neste sentido queremos manifestar a nosa vontade de apertura e o noso interese cara a todas aquelas contribucións que o lectorado desexe facernos chegar ao Centro para paliar o noso descoñecemento, nalgúns casos, e noutros a escasa difusión de certos materiais.

No apartado IX Revistas, no que se fai unha biografía da publicación, non dos traballos que contén, a non ser as achegas de creación, dado que se describen no apartado anterior, só biografaremos aquelas que teñen ISSN, as demais que chegan ás nosas mans, como xa dixemos, serán descritas por medio dos seus traballos en Publicacións en Revistas. Os *Anuarios* que non teñan ISSN e si ISBN serán descritos como monografías (Apartado V.1). Tamén neste apartado acolleemos as revistas que se ofrecen en edición facsimilar.

Noutra orde de cousas, cómpre salientar que, como xa se ten feito en edicións anteriores, dedicamos un apartado especial (IV) a todo o que se publicou arredor da figura homenaxeada no Día das Letras Galegas, neste caso, Xosé María Díaz Castro. Entre outras cousas, esa decisión serviunos para que a bibliografía que se produciu no ano 2014 sobre esta figura non repercutise, desvirtuándoos, nos parámetros relativos ao recuento estatístico da produción literaria total do ano.

Doutra banda, o lectorado apreciará que a Literatura Infantil e Xuvenil é obxecto, así mesmo, de atención diferenciada (Apartado VII), respecto da que podemos denominar institucionalizada, ou dirixida aos adultos. Incorporamos a este apartado a sección denominada “Cómic” polas súas características gráficas e narrativas, aínda que somos conscientes de que hai distintos tipos de cómic, con intencións diferentes e lectorado ideal non infantil e xuvenil. Polo mesmo, coidamos que os traballos rexistrados sobre a Literatura de transmisión oral, pola especial metodoloxía que o obxecto de estudo impón, debían considerarse á parte (Apartado VIII), tal e como se fai asemade coa Literatura medieval (Apartado XI), por constituír esta un corpus con perfil de seu, practicamente xa pechado, e dispoñer, así mesmo, dunha metodoloxía de investigación ben diferenciada respecto do resto da literatura.

Para unha mellor matización na análise dos aspectos que definen o sistema literario galego seguimos a consignar a porcentaxe de obras que se beneficiaron dunha subvención pública para a súa edición (marcadas no texto con ■), así como a daquelas que foron directamente editadas por institucións oficiais, xa sexan de ámbito local, provincial ou autonómico (marcadas no texto con ◆), para contribuír a unha mellor interpretación da realidade cultural galega.

Nos *Informes* anuais, como ocorre neste, seguimos a engadir un “Apéndice”.

Finalmente, queremos manifestar como sempre o noso agradecemento a todas aquelas persoas que ou ben realizaron a descrición dalgunha entrada ou ben colaboraron neste proxecto nalgún momento do proceso de elaboración ou nalgún aspecto puntual.

Blanca-Ana Roig Rechou



*Informe  
de  
Literatura*

**2014**

# ***I. NARRATIVA***

## **I. 1. NARRADORES GALEGOS**

**Agrafoxo**, Xerardo, *A maleta de Victoria Kent*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 326, 2014, 425 pp. (ISBN: 978-84-9865-537-7).

Novela histórica de Xerardo Agrafoxo (Noia, 1952) que se retrotrae ao escenario perfilado nos anos da Guerra Civil, tan só uns días despois da sublevación militar do 36. A través dun narrador en terceira persoa, relata Agrafoxo a historia de Liberto, protagonista desta historia, un obreiro dunha canteira, de ideoloxía anarquista, caracterizado polo seu compromiso coa loita sindical. Neste escenario dunha Galiza convulsa polas tensións do momento, o protagonista do relato enrólase nunha cuadrilla de mineiros que tralo golpe militar tenta controlar a vila de Portomaor. Ante o fracaso desta decisión, terá que decidir entre ocultarse nos outeiros da serra, ou fuxir nun dos vapores que saen do peirao de Vigo cara a Bos Aires. Tras o frustrado intento de fuxir para América, a segunda parte da novela narra a detención e o engaiolamento do protagonista, a súa persecución e mesmo as torturas ás que foi sometido.

### **Recensións:**

- Ramón Nicolás, “O lume da carraxe”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Galego”, 8 agosto 2014, p. 13.

Destaca en primeiro lugar o coidado labor de documentación de Agrafoxo, a dinámica da narración, o deseño dos perfís psicolóxicos de cada un dos personaxes e a reflexión sobre as nocións de derrota, traizón e solidariedade, para despois afondar no fío argumental, do que indica a localización da acción en lugares como Noia, Portomaor, Santiago de Compostela, ou A Coruña, e do tempo nos comezos da Guerra Civil.

- Dolores Martínez Torres, “Con sobria verosimilitude”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 513, “Libros”, 2 outubro 2014, p. VI/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 465, “Letras galegas”, 11 outubro 2014, p. 10.

Describe primeiramente o seu fío argumental, para despois indicar a estrutura bipartita do volume e salientar o ritmo narrativo, a minuciosidade na caracterización dos personaxes e a exactitude e semellanza co real das descrições e conversas que forman parte da escrita.

### **Referencias varias:**

- M. Gil, “El escritor noiés Xerardo Agrafoxo publica ‘A maleta de Victoria Kent’”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 965, 4 xullo 2014, p. 6.

Subliña a saída do prelo desta novela de Xerardo Agrafoxo e comenta o seu argumento e parte da traxectoria do autor.

- G. N., “A maleta de Victoria Kent”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, “Un libro cada día”, 8 xullo 2014, p. 37.

Resume brevemente o fío argumental desta novela.

- X. F., “A maleta de Victoria Kent”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 23 xullo 2014, p. 38

Coméntase o argumento da novela de Agrafoxo, así como a mestura entre historia e literatura propia doutras obras do autor.

- ECG, “Agrafoxo presenta a súa nova novela sobre a vida do ‘Pombeiro’ de Lousame”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 985, 24 xullo 2014, p. 11.

Informa do acto de presentación da novela *A maleta de Victoria Kent* (2014), da autoría de Xerardo Agrafoxo, no centro social Pepa de Vicente de Aldeagrande (Lousame). Subliña a organización do evento por parte da Editorial Galaxia en colaboración co Concello de Lousame, así como a presenza nel de Teresa Villaverde e Maite Sobradelo Creo. Conclúe cunha referencia a volumes previos do autor como *A Guerra Civil en Lousame e Noia* (1995, 1997) e *Crónicas dunha democracia (A transición política en Noia. Os dous mandatos de Díaz Fornas)* (2006).

- M. Gil, “Agrafoxo presenta ‘La maleta de Victoria Kent’”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 990, 29 xullo 2014, p. 4.

Dá conta do acto de presentación da novela en Lousame, comentando brevemente a inspiración e o argumento da obra.

**Álvarez Cáccamo**, Alfonso, *Os Gotten*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º 349, xaneiro 2014, 112 pp. (ISBN: 978-84-9914-619-5).

Conxunto de relatos nos que Alfonso Álvarez Cáccamo (Vigo, 1952) mostra once historias que teñen como protagonistas a diferentes compoñentes da familia dos Gotten. Comeza este volume co texto “Os Gotten” onde se explica a orixe e importancia desta familia asentada en Galicia, nomeadamente en Vigo e na súa bisbarra, na segunda metade do século XX cos irmáns Herbert e Stéfano Gotten Dahandra. A seguir, débúllanse minuciosamente, mediante árbores xenealóxicas comentadas, as relacións de parentela existentes entre os protagonistas destes contos durante catro xeracións destas dúas familias: a familia Gotten Dahandra-Gómez Leis e mais a Gotten Dahandra-de Lucca Ambrossi. Os once relatos que integran *Os Gotten* e que mesturan humor e fantasía están contados polos propios protagonistas empregando unha primeira persoa narrativa e titúlanse: “Adicción”, “Temperatura corporal”, “O labirinto”, “Tres andares”, “A noite en que Carlos Gotten desartellou Antares”, “¡Canto tempo sen verme!”, “A melopea de Federico Gotten”, “Oruatnec”, “Cartas ás fillas”, “Patadas ás pedras” e mais “O anano invisible”.

## **Recensións:**

- Ramón Nicolás, “Cáccamo debuxa o mundo ao revés”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras en galego”, 7 febreiro 2014, p. 20.

Dá conta da saída do prelo deste volume de relatos curtos de Alfonso Álvarez Cáccamo en Edicións Xerais de Galicia. Sinala brevemente o seu fío argumental e destaca a liña irónica visíbel na meirande parte dos relatos, así como a axilidade da narrativa.

- Armando Requeixo, “Gotten & Gotten”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 495, “Libros”, 3 abril 2014, p. VI/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 448, “Letras galegas”, 5 abril 2014, p. 10.

Comenta a publicación en Edicións Xerais desta recompilación de relatos curtos de Alfonso Álvarez Cáccamo. Salienta a variedade de historias e contos de misterio que poboan o volume, así como unha narrativa inspirada por veces no autobiográfico.

### Referencias varias:

- E. Ocampo, “Cáccamo: ‘Nos ‘Gottem’ quero rendir homenaxe á miña propia familia”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 21 febreiro 2014, p. 46.

Sinala o acto de presentación na librería Andel, en Vigo, desta compilación de relatos curtos. Destaca a presenza do editor Manuel Bragado e o escritor Gonzalo Navaza, así como a opinión favorábel do volume vertida por Ramón Nicolás en “Caderno da Crítica”.

- Lourdes Varela, “Alfonso Álvarez Cáccamo. ‘Os Gotten é unha homenaxe ás familias estranxeiras acollidas por Vigo”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 497, “Entrevista”, 24 abril 2014, p. V.

Conversa con Alfonso Álvarez Cáccamo co gallo da saída do prelo desta súa compilación de relatos. As cuestións centráronse nos criterios de selección das historias que conforman o volume, no blogue do autor, “Pensamentos de Olafsson Mokka”, e nos seus poemarios, *Na flor do vento* (1999) e *Sebes contra o vento* (2009).

**Ameixeiras**, Diego, *Conduce rápido*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º 365, novembro 2014, 148 pp. (ISBN: 978-84-9914-781-9).

Novela pertencente ao xénero negro de Diego Ameixeiras (Laussane, Suíza, 1976) ambientada en Santiago de Compostela. Empregando unha terceira persoa omnisciente, o autor narra unha historia de supervivencia protagonizada por Érika e o seu irmán Samuel, simples perdedores na busca dalgunha oportunidade para saír da miserábel precariedade na que viven. Uns fardos de cocaína poderían mudar a súa sorte, pero os asuntos do narcotráfico non adoitan traer nada bo; a parella de irmáns acaba precisando da axuda de Ventura, un experto en tramas de branqueo de cartos. Ameixeiras narra situacións concretas acontecidas entre un luns e un venres, sempre nunha hora precisa e descritas de modo sintético, cun estilo fotográfico moi limpo e depurado. Sen abstraerse do realismo, característica inherente ao xénero -pois retrata a sociedade do seu tempo-, non ten intención moralizante algunha e obsérvanse influencias claras da novela negra norteamericana de comezos do século XX e a literatura *pulp*. Ameixeiras converte en

protagonistas a personaxes marxinais que a sociedade condena, nesta historia de supervivencia que no fondo, tamén é de amor.

### **Recensións:**

- Ramón Rozas, “Un paso máis, un paso firme”, *El Progreso*, “Vivir”, 22 novembro 2014, p. 79/ *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 23 novembro 2014, p. 85, “Cultura”, “Libros”.

Unha vez subliñado o cada vez meirande pulo das novelas deste escritor, debido á calidade do entramado dos seus fíos argumentais, destaca a presenza de espazos galegos na súa narrativa; as concisas e creativas descrições topográficas; a continuación da trama e liña temática presentadas nas novelas anteriores *Todo OK* (2012) e *Matarte lentamente* (2013); o rol dos personaxes principais como Érika, Samuel e Ventura; o trepidante ritmo narrativo e a presenza da violencia ao longo da acción. Gaba por último a calidade prosística do escritor e a descrición do fío argumental.

- Ramón Nicolás, “Esa ollada incisiva”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Galego”, 28 novembro 2014, p. 9.

Describe en primeiro lugar o fío argumental desta novela, na que sinala a presenza de espazos tenebrosos da sociedade actual; o afondamento na psique humana, especialmente dos personaxes condenados á postergación social; a violencia e subsistencia da poboación en canto liñas temáticas, e a tenacidade dun espazo literario consistente e ben estruturado. Destaca, doutra banda, a calidade e o esencialismo da narrativa, a inclusión de espazos marxinais como parte da trama e a ausencia de adoutramentos moralizantes.

### **Referencias varias:**

- P. Calveiro, “Diego Ameixeiras. ‘Santiago é unha cidade chea de historias negras’”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Santiago”, 5 decembro 2014, p. L2.

Conversa con Diego Ameixeiras con motivo da publicación da súa última novela negra ambientada en Santiago de Compostela. Fala do proceso de creación, refíre o argumento da obra e destaca a importancia da cidade de Santiago de Compostela como “pano de fondo no que se desenvolven as personaxes” e reflexiona sobre a delincuencia e a moralidade.

**Ardid**, Alberto, *Carmeliña: unha fotonovela*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, setembro 2014, 101 pp. (DL: VG-674-2014). ◆

Nesta fotonovela de Alberto Ardid (Vigo, 1986) nárranse os feitos que lle acontecen nun día a Carmeliña, unha rapaza de vinte e cinco anos que leva tempo sen saber onde está o seu home. Tamén se dá conta do conflito social xurdido a finais dos 70 en Galicia coa chegada dos primeiros nudistas á praia de Barra. O volume inclúe fotografías que mesturan elementos reais con ficticios e anima o lector a ser quen de idear un posíbel desenlace. Abórdanse diversos temas como, entre outros, a soidade, a nostalxia, a

empatía e o xeito de reaccionar ante certos sucesos inesperados. Trátase dunha obra enmarcada dentro do programa Iniciativa Xove 2014 da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.

**Blanco, Concha**, *O balcón do meu universo*, Ferrol: Embora, decembro 2014, 222 pp. (ISBN: 978-84-92644-93-3).

Novela de Concha Blanco (Cee, 1950) que se abre cunha dedicatoria: “A mamá”.sobre o día a día dunha muller cun pasado que a persigue. Lucía, profesora nun instituto, tivo unha vida dura: unha infancia marcada pola morte temperá da familia, xuventude triste tras o pasamento de Xurxo, o seu mozo, e madurez agre debido a unha relación cun home casado, Álvaro. Lucía intentará recuperarse a través da afección a escribir, chegando a publicar o poemario *Coa xanela aberta*, pero tamén grazas á compañía da súa irmá, da súa amiga Marga e do seu gato Boris. Finalmente aparece Paulo, e con el o amor, a comprensión e o apoio que a protagonista necesitaba. A narración estrutúrase en cincuenta capítulos e presenta un narrador intradiexético, a propia protagonista, que narra a historia en pasado, de forma anacrónica, polo que hai continuos saltos temporais entre a vida adulta, a infancia e a mocidade de Lucía.

**Bouzas, Pemón**, *A voz do vento*, LX Premio Ateneo Ciudad de Valladolid, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º 351, marzo 2014, 400 pp. (ISBN: 978-84-9914-636-2).

Novela histórica de Pemón Bouzas (Santiago de Compostela, 1957) que se abre cunha dedicatoria do autor á memoria do seu pai, José Bouzas García. Está dividida en tres “partes” e un epílogo e ten como narrador en primeira persoa a Vicente, un Padre ancián que vén de se retirar ao mosteiro de San Pedro de Rochas. Alí cae enfermo e é vítima de amargos soños relacionados coa súa vida pasada. Ao recuperarse decide poñer os seus recordos por escrito e relatalos a un dos seus compañeiros do cenobio durante unha viaxe. Conta a súa infancia en Cangas, onde se relacionaba coas familias principais da vila, debido ao cargo do seu pai como membro do Tribunal do Santo Oficio. Durante o ataque de Cangas polos turcos e mouros berberiscos en 1617, a vila queda desolada, morren moitos veciños, entre os que o protagonista perde ao seu pai e outros son feitos prisioneiros, como o primoxénito da familia. En consecuencia, Vicente herda o cargo paterno unha vez alcanzada a maioría de idade. Á raíz da devastación da vila, os veciños vólvense egoístas e desconfiados e as denuncias ante os representantes da Santa Inquisición por actos de bruxería e por actividades pagás ou heréticas aumentan. O protagonista e o seu compañeiro no cargo coñecen as acusadas e sabern que se trata de cargos sen fundamento, debidos ao resentimento. A motivación das falsas delacións era a busca do beneficio propio ao apoderarse de parte dos bens do culpábel co que o Santo Tribunal premiaría a súa declaración. Os oficiais coñecen prácticas relixiosas nas praias para honrar os falecidos no asalto de Cangas, pero tras visitar o Tribunal do Santo Oficio de Santiago, recoméndanlles ás súas coñecidas que cesasen con tales rituais. O que non rematan son as visitas nocturnas aos areais nas noites de lúa chea por parte dalgunhas mulleres que eran convocadas a un “aquejarre”. Os responsábeis da reunión obrígan as a beber unhas apócemas que as embriagan de tal maneira que semellan posuídas, adoran a Satanás e mentres isto acontecía, aproveitanse sexualmente delas. Os membros da Inquisición de Cangas interrogaron a algunhas mozas e descubren que os

homes que as violentaban pertencían a familias de renome ou incluso á Santa Inquisición e que as tiñan ameazadas con acusalas de ser meigas. O protagonista e o seu compañeiro teñen que comezar unha loita contracorrente para demostrar a inocencia das vítimas en Santiago e conseguir salvalas da execución. Finalmente, algún descoñecido víngase dos culpábeis de tanto sufrimento.

### Recensións:

- Xurxo Fernández, “María Soliña”, *El Correo Gallego*, “Crisol”, 7 abril 2014, p. 55.

Indica a saída do prelo da novela merecente do Premio Ateneo de Valladolid 2014, *La voz del viento/A voz do vento* de Pemón Bouzas, grazas a Algaida Editores e Xerais. Tras sinalar outras novelas do escritor, *Mitos, ritos y leyendas de Galicia* (2010), récord de vendas e grafada xunto a Xosé Domelo e *Novos pasos por Breña* (2014), en Edicións Xerais, subliña algúns dos personaxes que aparecen no seu fío argumental, como Martiña a Nova ou Hermano Vicente.

- Amaia Mauleón, “El ataque que cambió la historia de Galicia”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 7 abril 2014, p. 18.

Informa da paralela saída do prelo en galego e castelán desta novela de Pemón Bouzas, en Edicións Xerais e Algaida Editora. Describe o seu fío argumental e menciona o Premio de Novela Ateneo Ciudad de Valladolid do que foi merecente.

- Armando Requeixo, “A voz do vento polos camiños”, *Diario de Ferrol*, “Nordésia”, n.º 831, p. 37/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 831, p. 32, “Letras atlánticas”, 1 xuño 2014.

Comenta a saída do prelo desta novela de Pemón Bouzas en Edicións Xerais de Galicia. Indica primeiramente a dobre saída en lingua galega e castelán, así como o LX Premio Ateneo Ciudad de Valladolid do que foi merecente en setembro de 2014. Describe a seguir o seu fío argumental, emprestando especial atención á figura do protagonista e conclúe cunha mención a outros ensaios e novelas súas anteriores coma *Mitos, ritos y leyendas de Galicia* (2000), *El informe Manila* (2005), *Las luces del Norte* (2008) ou *Novos pasos por Breña* (2014).

- Xosé Carlos Caneiro, “Mirar atrás”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “No ficción”, 6 xuño 2014, p. 16.

Apunta que esta novela de Pemón Bouzas foi merecente do LX Premio Ateneo de Novela Ciudad de Valladolid. Salienta o rol da protagonista, María Soliño, e conclúe coa recomendación da lectura dos clásicos de Castelao, *Cousas* (1926), *Un ollo de vidro* (1922), *Retrincos* (1934) e *Os dous de sempre* (1934).

- Ramón Nicolás, “Memoria, realidade, ficción”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Galego”, 20 xuño 2014, p. 21.

Dá noticia da publicación d’*A voz do vento* e menciona o Premio Ateneo Ciudad de Valladolid do que foi merecente o seu autor, describe o seu fío argumental e destaca a

forza da narrativa, de carácter xornalístico, xunto a un esmerado rexistro lingüístico, ademais de deterse no comentario do seu argumento e dos personaxes principais.

- Laura Blanco Casás, “Relato do mal”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 505, “Libros”, 26 xuño 2014, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 459, “Letras galegas”, 5 xullo 2014, p. 10

Dá conta da publicación desta novela histórica e social en Edicións Xerais de Galicia. Salienta o LX Premio Ateneo Ciudad de Valladolid co que foi galardoado o seu autor e comenta polo miúdo a dobre estrutura do fío argumental, a figura do protagonista e narrador e un ensaio anterior seu, *Mitos, ritos y leyendas de Galicia* (2000). Conclúe que se trata dunha boa narración que “pon o listón alto para a novela histórica e social en lingua galega”.

- José Miguel Giráldez, “Yo creo que Cangas tuvo mala suerte”, *El Correo Gallego*, “2 domingo”, 29 xuño 2014, p. 6.

Comenta polo miúdo a simultanea saída do prelo desta novela en lingua galega e castelá, en Edicións Xerais e Algaída Editores, respectivamente. Menciona nada mais comezar o Premio Ateneo Ciudad de Valladolid do que foi merecente seu autor, para despois describir o seu dobre fío argumental, emprestando atención á historia real que deu lugar ao volume, protagonizado pola vila de Cangas.

- María Resille, “A bruxa María Soliño”, *Tempos Novos*, n.º 209, “*ProTexta*”, “*ProPostas*”, n.º 05, outubro 2014, p. 81.

Descríbese a historia da novela, situada en Cangas do Morrazo en 1617 e enfiada polo personaxe de María Soliño. Saliéntase o relato como reflexo da situación actual, posto que se tratan temas de corrupción, crise económica e perda de valores.

### **Referencias varias:**

- Lourdes Varela, “Pemón Bouzas. ‘María Soliño foi vítima das ambicións de xente sen escrúpulos’”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 496, 10 abril 2014, p. V/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 449, 12 abril 2014, p. 11, “Entrevista”.

Conversa con Pemón Bouzas co gallo da saída do prelo da súa última novela na que fala da figura da protagonista, María Soliño, as fontes documentais empregadas na elaboración da novela, a súa autoría do volume *Novos pasos por Bretaña* (2014) e o conto *A estrela de Oriente* (2012).

- Margarito Flowers, “Pemón Bouzas lleva ‘A voz do vento’ a la librería Cronopios”, *El Correo Gallego*, “Gente”, 25 xuño 2014, p. 47.

Sinala o acto de presentación desta novela de Pemón Bouzas na librería Cronopios da cidade compostelá.

- José Manuel Estévez-Saá, “Los libros son compatibles con el sol”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Políticas de babel”, 4 agosto 2014, p. 3.



Comenta o cartel do programa “Verán Literario”, organizado por Jaime Corral, dono da librería Nós de Sanxenxo, en que se cita esta obra, *A voz do vento*, xunto a outras como *Chovida do ceo* (2014), de Alfredo Conde; *La navaja inglesa* (2014), de José de Cora; *La boda de Kate* (2013), de Marta Rivera de la Cruz; *Piratas de lo público* (2013), de Antón Losada; e *Rónin* (2013), de Francisco Narla.

**Carro, Paco**, *Tempo ordinario (Historias de Compostela)*, lim. Luís Alonso Girgado, Santiago de Compostela: Follas Novas Edicións, col. Libros da Frouma. Narrativa, n.º 1, maio 2014, 128 pp. (ISBN: 978-84-617-0204-6).

Volume que recompila cincuenta e tres relatos breves de Francisco Xavier Carro Rosende (Santiago de Compostela, 1942) que teñen como protagonista a Compostela da posguerra. Abre cun limiar de Luís Alonso Girgado titulado “Paco Carro: retorno dun narrador”, no que se fala da figura e da traxectoria do autor, destacando que a obra supón o seu retorno á literatura galega e á narrativa curta. Adiántase tamén o que ofrecen os textos e elóxianse os seus finais. Séguelle unha nota de agradecemento do autor e a continuación reproducense os relatos que conforman o libro. Trátase dunha serie de narracións ambientadas na Compostela da posguerra que reflicten os seus lugares e personaxes máis emblemáticos e as vivencias cotiás daqueles anos, empregando un estilo caracterizado polo uso dunha linguaxe sinxela e accesíbel e unha sintaxe marcada polo emprego de frases curtas e sucesivas xustaposicións. Dende o punto de vista do contido, aprécianse dous conxuntos de relatos. Por unha banda, hai un grupo de narracións autobiográficas nas que o autor evoca a súa infancia e adolescencia en Compostela e que se corresponden fundamentalmente cos primeiros relatos da obra. Nestes textos Carro recrea vivencias familiares, lembra as penurias da posguerra, recrea anécdotas do colexio e do instituto e recorda a súa familia, amigos e outros personaxes da cidade. Por outra banda, están as historias propiamente ficcionais de temática variada que teñen como protagonistas personaxes de diverso tipo, pero que están caracterizadas pola consecución da verosimilitude. En consecuencia coa existencia destes dous grupos de relatos altermase entre un narrador en primeira persoa protagonista e un narrador en terceira persoa omnisciente.

### **Recensións:**

- Luís Cochón, “O oco dun sorriso”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 12 xuño 2014, p. 43.

Dá conta da saída do prelo desta novela e describe a función dos personaxes que conforman as súas páxinas, o estilo directo da súa escrita e a sutileza do fío argumental.

- Armando Requeixo, “O silencio cósmico de Compostela”, *Diario de Ferrol*, “Nordésia”, n.º 833, p. 32/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 833, p. 33, “letras Atlánticas”, 15 xuño 2014.

Describe a saída do prelo deste volume de relatos na colección “Libros da Frouma” de Edicións Follas Novas. Tras sinalar outra novela súa anterior, *As calexas do cigurath* (1973), destaca o carácter (auto)biográfico do presente volume e subliña os diferentes temas que o constitúen.

- X. L. Méndez Ferrín, “Regreso a Santiago”, *Faro de Vigo*, “El sábado”, n.º 865, p. 4/  
*La Opinión*, “Saberes”, n.º 458, contracuberta, “No fondo dos espellos”, 28 xuño 2014.

Comenta a publicación deste libro de relatos na colección “Libros da Frouma” en Edicións Follas Novas. Menciona a seguir o conto “Mi prima [sic] Antonia” (1913), de Ramón María del Valle-Inclán, e as novelas *La casa de la Troya* (1915), de Pérez Lugín, *Fragmentos de Apocalipsis* (1977), de Gonzalo Torrente Ballester, e *Livro de crónicas* (1995), de António Lobo Antunes, co obxectivo de destacar a presenza da cidade de Compostela noutras narrativas. Sinala por último unha novela anterior do autor, *As calexas do cigurath* (1973), e céntrase, a continuación, na análise da obra en cuestión, salientando a “maestría técnica” de Carro.

- Vicente Araguas, “Compostela revisitada”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Agora xa foi”, 13 xullo 2014, p. 41.

Subliña a publicación do libro de relatos de Xavier Carro Rosende, destaca o realismo presente na súa trama e conclúe cuns apuntamentos sobre a traxectoria laboral do autor.

- Alfredo Conde, “Tiempo ordinario”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Los otros días”, 3 agosto 2014, p. 4.

Trae á memoria o día que leu esta novela, deitando énfase no feito de que soamente le aquelas obras que lle producen gozo. Salienta, así pois, o labor de ilustración de Soledad Pite, cuxas imaxes acompañan unha diversidade de relatos, para despois traer á memoria un texto anterior do autor, *As calexas do Zigurath* (1973), do que enxalza a presenza de humor, imaxinación e nostalxia. Recomenda finalmente a lectura de ambas as dúas narrativas.

- X. L. Franco Grande, “Tempo ordinario (Historias de Compostela)”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 15 novembro 2014, p. 38.

Enxalza a novela e salienta, así pois, o carácter de conto literario deste volume xunto á nitidez da súa prosa e compárao cos relatos breves de persoeiros galegos como *A fiestra baldeira* (1927), *Contos do camiño e da rúa* (1932), e *Retrincos* (1934), de Rafael Dieste, Ramón Otero Pedrayo e Castelao, respectivamente.

### Referencias varias:

- Luís González Tosar, “Palabra cósmica”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Ficción”, 13 xuño 2014, p. 17.

Percorrido pola traxectoria literaria de Francisco Xavier Carro Rosende no que, tras traer á memoria certas xeracións de escritores e escritoras composteláns como a dos poetas das Festas Minervais ou a da Nova Narrativa, menciona algunhas novelas como *Palabra de Honor* (1967), de Arcadio López-Casanova, ou *Cambio en tres* (1969), de Carlos Casares, co fin de introducir as de *As calexas do cigurath* (1973) e *A obra literaria de Eduardo Blanco-Amor* (1993), de Carro Rosende, das que salienta a imaxinación aldeá do autor, xunto ás historias traxicómicas e de carácter insólito presentes na súa narrativa.

- Xosé Carlos Caneiro, “A fortuna”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Ficción”, “Club dandi”, 12 setembro 2014, p. 11.

Entre outras cousas, recomenda as novelas *Tempo ordinario* (*Historias de Compostela*), de Paco Carro, e *Liña azul*, de David Pobra. Da primeira salienta a traxectoria consolidada do seu autor, “que forma parte indeleble e constante da nosa mellor literatura” e o retrato da Compostela pasada que permanece na memoria dalgúns. Explícase que son relatos que crean unha atmosfera máxica.

**Conde**, Alfredo, *Chovida do ceo*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Literaria, Narrativa, nº 352, xuño 2014, 331 pp. (ISBN: 978-84-9914-654-6).

Alfredo Conde (Allariz, 1945) abre esta novela deixando constancia dos seis títulos que pensara para esta obra. A continuación, expresa que todo o relatado forma parte da ficción literaria e dedica a novela a Ánxeles. Está dividida en catro partes que á súa vez se subdividen en diferentes escritos nun diario en Santiago de Compostela durante o ano 2011. Aínda que no relato dos feitos predomina a linearidade, tamén hai espazo para as analepses. O inspector de policía Salorio ten que facer fronte á súa recente separación de Euloxia, motivada por unha traxedia do seu fillo Salvador, que fai sobrevoar sobre Riazor uns avioniños que desatan un gran balbordo. Como resultado, o mozo remata en dependencias policiais e a nai culpa a Salorio de non liberalo. Mentres o inspector se ve obrigado a buscar un novo fogar, ten que investigar diferentes actos delituosos na capital galega, entre os que se destaca a aparición do cadáver dunha moza nas inmediacións de San Paio de Antealtares, o roubo do Códice Calixtino e do gallardete de Don Xoán de Austria da Catedral de Santiago. Nas súas investigacións conta coa axuda dos obxectos voantes do seu fillo e dun chamador de anxos co que o agasallou Euloxia ao reconciliarse. Mentres isto acontece, Donatella, unha noiva do protagonista da súa mocidade, viaxa dende Italia co fin de traer a Fisterra unha imaxe de San Miguel para agradecerlle a axuda prestada. A súa viaxe esperta unha grande expectación e ao chegar a Galicia faralle compañía ao inspector. Finalmente, grazas á intuición que lle axuda a espertar o chamador de anxos, descobre o asasino da moza. O culpábel resulta ser un membro da orde relixiosa de San Miguel Arcanxo da Catedral. Para xustificar a súa actuación, sinala que a moza o tentara á fornicación co que o afastaría da salvación que lle concedía a Orde e Mandato de dita congregación relixiosa.

### **Recensións:**

- Patricia Penelas Devesa, “A saga continúa”, *Grial*, n.º 203, “O espello das letras”, xullo, agosto e setembro 2014, pp. 71-72.

Explícase que esta novela continúa a saga do inspector Salorio e cuestiónase a publicación do libro en castelán con seis meses de anterioridade, apuntando a unha posíbel concepción do libro en galego como “secundario” no sistema editorial. Centrándose xa no volume, salientase o dominio que o autor ten do xénero policial e a súa habilidade para conxugar varias tramas.

- Vicente Araguas, “Volve Salorio”, *Atlántico Diario/ La Región*, “*La Revista*”, n.º 133, “Con texto”, “Rabo de nube”, 6 xullo 2014, p. 14.

Sinala a publicación desta novela negra de Alfredo Conde, explicando que o autor é, xunto con Manuel Rivas (e antes Suso de Toro), un dos únicos escritores galegos profesionais. Destaca o xénero policial no que se insire a obra e describe o seu fío argumental emprestando especial atención aos personaxes, sobre todo ao seu protagonista, Salorio.

- Vicente Araguas, “Máis crimes en Compostela”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”, p. 28/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesia*”, n.º 836, p. 30/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 836, p. 30, “Máis libros”, 6 xullo 2014.

Dá conta da saída do prelo desta novela de xénero negro ou policial de Alfredo Conde en Edicións Xerais. Menciona a cofundación do grupo “Voces Ceibes”, a novela previa *Ósos de santo* (2010) e conclúe cunha descrición do fío argumental do presente volume, para dicir que é unha obra que se le “de vagar”.

- José Manuel Estévez-Sáa, “Alfredo Conde encandiló a Sanxenxo”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Políticas de Babel”, 11 agosto 2014, p. 3.

Informa do acto de presentación desta novela de Alfredo Conde na librería Nós en Sanxenxo. Tras agradecer a Jaime Corral o convite para introducir o autor e súa escrita, destaca aspectos do volume como o narrador omnisciente, o carácter cinematográfico das descricións e compara o estilo da narrativa co de James Joyce en *Dubliners* (1914). A seguir, describe o fío argumental enxalzando a presenza de diversos acontecementos de xorne histórico no transcurso da acción.

- Dolores Martínez Torres, “No desconcerto”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 510, “Libros”, 11 setembro 2014, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 463, “Letras galegas”, 20 setembro 2014, p. 10.

Enumera os distintos elementos que conforman o relato á vez que salienta a presenza do humor, a figura dun narrador omnisciente e onnipresente, a pluralidade de tramas, a inconsistencia dos personaxes que axuda e reforza o fío argumental, os equívocos constantes, a sintaxe desleixada e a tradución simultánea de certas escenas ao longo de varias páxinas.

- Ramón Nicolás, “Un cadáver na Quintana”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Letras”, “Galego”, 19 setembro 2014, p. 13.

Salienta en primeiro lugar a conexión existente entre este relato e o de *Huesos de santo* (2010), do que anuncia unha vindeira tradución ao galego, para despois indicar o fío argumental e subliñar a fluidez do rexistro narrativo e a presenza do humor e a ironía ao longo da escrita.

- Armando Requeixo, “Intrigas compostelás”, *Diario de Ferrol*, “*Nordesia*”, n.º 853, p. 32/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 853, p. 33, “letras Atlánticas”, 2 novembro 2014.

Indica primeiramente o carácter seriado desta novela, que prosegue coas aventuras que o personaxe principal, o detective Andrés Salorio, comezara no volume *Ósos de Santo* (2010). A seguir, sinala outras historias súas anteriores como *Sempre me matan* (1995), e *O fácil que é matar* (1997), e pasa a desenvolver o fio argumental e a salientar os excursos inseridos no relato, así como a calidade descritiva e a presenza dun humor ategado de sarcasmo e melancolía.

### Referencias varias:

- Xosé Antonio López Silva, “Alfredo Conde. ‘A min, moito máis que ser escritor, o que de verdade me gusta é escribir’”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 14 xuño 2014, p. 41.

Conversa co escritor Alfredo Conde co gallo da presentación en Bertamiráns da súa novela de xénero negro *Chovida do ceo*, en que fala da dobre faceta de novelista e columnista do autor, os seus xermolos en canto escritor, o seu poemario *Mencer de lúas* (1968), do xénero en que se insire a novela e a súa situación actual no panorama literario español e galego.

- C. G., “Alfredo Conde presenta esta noche su libro en Bertamiráns”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 949, 17 xuño 2014, p. 7.

Sinala a presentación desta novidade editorial no bar Ferlós de Bertamiráns, nun acto no que haberá unha sesión musical de Alfredo Padilla.

- Ángel Orgaz, “Chovida do ceo’, reivindicación da novela policíaca intelectual”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 18 xuño 2014, p. 41.

Dá conta da presentación en Bertamiráns desta novela policial. Subliña o Premio Nacional de Literatura e o Premio Nadal dos que foi merecente o escritor, así como a presenza no acto do editor do volume, Manuel Bragado e o crítico Xosé Antonio López Silva.

- Héctor J. Porto, “Alfredo Conde. ‘Eu non son escritor de novelas policíacas, eu son novelista’”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 23 xuño 2014, p. 24.

Conversa con Alfredo Conde co gallo da saída do prelo de *Chovida do ceo*, na que se trataron cuestións relacionadas coa figura protagonista, o xénero policial e a presenza da cidade de Compostela nas súas ficcións.

- Xavier R. Blanco, “Alfredo Conde. ‘Esta terra é moi ácida, o que queira ser algo ten que saír de aquí’”, *Atlántico Diario*, “Sociedad”, “A entrevista”, 30 xuño 2014, p. 37.

Entrevístase ao escritor Alfredo Conde co gallo do acto de presentación da súa novela policial *Chovida do ceo*. Tras salientar o Premio Nacional de Literatura do que foi merecente por *Xa vai o Grifón no vento* (1986) e o Premio Nadal por *Los otros días* (1991), a entrevista xirou en torno a cuestións como o xénero negro, a súa novela *Huesos de santo* (2013) e a situación actual do sistema literario en España.

- Gonzalo Gay, “Alfredo Conde: ‘Teño en mente a saga do Padre Feijoo, pero fáltame tempo’”, *La Región*, “Foro La Región”, 1 xullo 2014, p. 8.

Faise eco do faladoiro mantido entre o escritor Alfredo Conde e Gonzalo Iglesias Sueiro, no Centro Cultural da Diputación Marcos Valcárcel no Foro La Región. Saliéntase o rol dos personaxes, a referencia a certos xogadores de fútbol presente na trama e o xénero de novela policial.

- Lourdes Varela, “Alfredo Conde. ‘Estaba a escribir unha novela sobre o *Códice* antes que o electricista o levase’”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 508, 10 xullo 2014, p. V/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 460, 12 xullo 2014, p. 7, “Entrevista”.

Conversa con Alfredo Conde co gallo da saída ao prelo da súa última novela en que se trata o roubo do *Códice Calixtino* na Catedral de Santiago de Compostela, a figura do protagonista, o comisario Salorio, as claves dunha excelente novela negra, a súa condición de escritor e a súa novela *Xa vai o Grifón no vento* (1984).

- José Manuel Estévez-Saá, “Los libros son compatibles con el sol”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Políticas de babel”, 4 agosto 2014, p. 3.

Comenta que el mesmo se empeña todos os veráns en difundir as boas lecturas entre a xente da comarca do Salnés, entre as que salienta primeiramente esta novela.

- Xosé Carlos Caneiro, “Don Celestino”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “*Letras*”, “No ficción”, “Club Dandi”, 15 agosto 2014, p. 12.

Fala da novela de Alfredo Conde a través dunha comparación co ensaio de Celestino Fernández de la Vega, *O segredo do humor* (1963). Subliña a presenza do humor e o romance ao longo da narrativa, así como os diálogos de ritmo vertixinoso á vez que retranqueiros. Conclúe cunha referencia aos personaxes que poboan as páxinas deste volume.

- Helena P. Quintáns, “Alfredo Conde. ‘Las cebollas aquí son dulces... y a quién le amarga un dulce’”, *Diario de Pontevedra*, “O Salnés”, “Sanxenxo”, 4 setembro 2014, p. 16.

Conversa co escritor Alfredo Conde co gallo do galardón Cebola de Ouro do que foi merecente pola súa novela *Chovida do ceo* (2014). As cuestións das que falou xiraron ao redor da relación do autor con Sanxenxo, do fío argumental de dita novela e do seu labor como membro do xurado nos Premios Julio Camba e Fernandez del Riego de Xornalismo.

- Xosé Antonio López Silva, “Setembro inicia o ano”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “De profundis”, 10 setembro 2014, p. 42.

Estabelece unha referencia a dous volumes recentemente tirados do prelo: *Chovida do ceo*, de Alfredo Conde, e *La exhibicionista* (2014), de Ana Lamela Rey, grafado en lingua castelá e publicado por CGT.

- Alfredo Conde, “Cousas importantes”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Os outros días”, 26 setembro 2014, p. 4.

Informa en primeira persoa do acto de presentación en Madrid da súa novela negra *Chovida do ceo* (2014).

**Dacosta**, Henrique, *Entrada ao xardín do saber*, Vigo: Redelibros, xuño 2014, 345 pp. (ISBN: 978-84-940538-8-7).

Novela de Henrique Dacosta (Ferrol, 1964) que se inicia cun paratexto no que explica o significado do nome Hildegart, personaxe da obra e con tres fragmentos, dous deles de Eduardo de Guzmán, da súa obra *Aurora de sangue* e outro de Mikhaíl Bakunin. Divídese en trinta e tres capítulos que relatan dúas historias diferentes e paralelas no tempo, pero que ao mesmo tempo gardan relación. Comeza coa lectura dunha noticia que anuncia a morte de Aurora Rodríguez Carballeira, sumamente controladora da vida da súa filla, Hildegart, unha moza ansiosa de liberdade que deixa de obedecer as normas da nai e desafortunadamente acaba por ser asasinada de varios disparos o 9 de xuño de 1933. Vicente Risco, que as coñece persoalmente, quere profundizar máis no asunto e para iso viaxa a Madrid, onde ten contacto con persoas que tiveron algunha relación coas dúas. Entre estas persoas está a criada D. Julia, que lle entrega o diario persoal de Hildegart, mediante o que Risco descobre moitos acontecementos da súa vida, como a súa expulsión do Partido Socialista e o posterior ingreso no Partido Republicano Federal, ademais de cousas persoais como os medos que tiña cara á súa nai. Paralelamente, por outra banda, está a historia de Henrique de Sá, un xornalista que decide investigar sobre Vicente Risco na Fundación Penzol de Vigo, e que entre os papeis que atopa se entera da noticia da morte de Aurora Rodríguez Carballeira e comeza a interesarse polo asunto. Tres tempos mestúranse nesta obra narrada en terceira persoa: a época da República, con Hildegart; a posguerra, con Vicente Risco, e a actualidade, con Henrique de Sá. Alternanse estes capítulos cheos de intriga, acción e amor, con entrevistas, novelas inacabadas, documentación, diarios, cartas e outros documentos que van enfiando o argumento da historia.

### Recensións:

- Vicente Araguas, “Hildegart, Aurora, Risco, Vallejo-Nágera”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordesia”, n.º 835/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 835, “máis Libros”, 29 xuño 2014, p. 30.

Comenta a publicación desta última novela de Henrique Dacosta, salientando a amenidade da lectura, a estrutura paralela a través de capítulos alternos e o esmero da edición. Igualmente describe o seu fío argumental e o rol dos protagonistas e critica a lentitude do tempo en que transcorre a acción.

- Ramón Nicolás, “Hildegart e Vicente Risco man a man”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Galego”, 11 xullo 2014, p. 21.

Sinala a saída do prelo desta novela. Destaca a proposta do fío argumental de traer á memoria acontecementos históricos do pasado, en particular as traxectorias vitais dos

personaxes coma Hildegart Rodríguez Carballeira, Aurora Rodríguez, Fernández del Riego, Pepito Arriola, Prego ou Ferro Couselo, a través de diversos formatos entre os que cómpre subliñar as conversas, diarios ou mesmo escritas inacabadas. Conclúe que se trata dunha “proposta densa, poliédrica e ben solventada”.

- Vicente Araguas, “A sombra de don Vicente Risco”, *Atlántico Diario/ La Región*, “La Revista”, nº. 135, “Con texto”, “Rabo de Nube”, 20 de xullo, p. 14.

Describe o fío argumental polo miúdo e recomenda a súa lectura grazas ao ritmo trepidante da acción e á presenza dunha gran variedade de personaxes. Menciona por último o estudo de Rosa Cal, *A mí no me doblega nadie. Aurora Rodríguez: su vida y obra* (1991).

- Armando Requeixo, “Xardín de intrigas”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, p. 20/ *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, n.º 843, p. 32/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 843, p. 28, 24 agosto 2014.

Dá conta da saída ao prelo desta novela describindo en primeiro lugar, o fío argumental para continuar facendo referencia á alternancia de dous eixes de tipo cronolóxico no desenvolvemento da trama, así como á mestura do real e o ficticio na acción. Destaca a capacidade do autor para “xerar un misterio arredor dese triángulo de personaxes imantadores”.

#### **Referencias varias:**

- J. Gómez, “Henrique Dacosta. ‘Busquei a conexión entre Hildegart e Risco a través da súa pertenza á agrupación teosófica’”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, 19 xuño 2014, p. 13.

Conversa con Henrique Dacosta co gallo do acto de presentación en Sargadelos da súa novela *Entrada ao xardín do saber*. Infórmase de que as ideas tratadas foron a complexidade dos personaxes da historia, a Agrupación Teosófica e o xornalismo en canto fío condutor da trama.

**Dobao**, Antón, *As ilusiões estrañas*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria. Narrativa, n.º 328, setembro 2014, 156 pp. (ISBN: 978-84-9865-543-8).

Volume composto por trece contos de diversa índole de Antón Dobao (Lugo, 1963), en que a través dun narrador omnisciente que se apoia na palabra dos personaxes, dase conta de situacións cotiás que tornan misteriosas. A realidade das sucesivas historias vese mutada ben pola actitude dos protagonistas fronte ás diferentes accións, ben por factores externos a eles e que os fan metamorfosear. Situacións en parella, en familia, con amigos ou con descoñecidos, de aparencia corrente, cobran un matiz escuro que fai cuestionar o lector os límites da ficción literaria.

#### **Recensións:**



- Francisco Martínez Bouzas, “Realismo visionario”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 517, “Libros”, 30 outubro 2014, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 469, “Letras galegas”, 8 novembro 2014, p. 10.

Tras sinalar un volume previo do autor, *Incertos* (2008), describe as liñas temáticas e fíos argumentais das historias recompiladas no presente volume e salienta a calidade da prosa, a multiplicidade da perspectiva, a linguaxe de índole visual, o emprego de planos superpostos á hora de caracterizar os personaxes, o minimalismo de intensa expresividade e o realismo visionario da escrita, mesturado con propostas que se insiren na Nova Narrativa Galega.

- Ramón Nicolás, “As fronteiras e o desacougo”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “*Letras*”, “*Galego*”, 7 novembro 2014, p. 12.

Subliña primeiro a estruturación das historias segundo elementos temáticos vivenciais, para despois tratar a caracterización psicolóxica dos personaxes que aparecen nela. Conclúe cunha referencia ao esmerado deseño da narrativa.

- Soraya Domínguez Portela, “Os pérfidos lindes”, *Tempos Novos*, n.º 211, *ProTexta*, “*ProPostas*”, n.º 06, decembro 2014, p. 71.

Destácase deste libro de relatos a súa situación entre o real e o imaxinario, na que o autor introduce medos irracionais e pánicos cotiás. Sinálanse como temas constantes do libro a frustración, o terror á soidade, o fracaso e o pesimismo profundo sobre a idade adulta.

### Referencias varias:

- Margarito Flowers, “As ilusións estrañas’ de Antón Dobao, en la librería Cronopios”, *El Correo Gallego*, “*Gente*”, 16 outubro 2014, contracuberta.

Informa do acto de presentación da obra na librería Cronopios de Santiago, destacando a presenza de Víctor Freixanes e Xosé Manuel Beiras, e indica de forma breve a estrutura e o estilo da obra.

**Domínguez Grandal**, Carmen, *A fin dun reino*, [Vigo]: [edición de autor], 2014, 191 pp. (ISBN: 978-84-617-1373-8).

Novela histórica de María del Carmen Domínguez Grandal (Vigo, 1958) ambientada na Galicia medieval baixo o poder dos Reis Católicos, estrutura en dezaioito capítulos titulados e que se abre cunha dedicatoria aos fillos da autora: Tarek e Aref. Nárrase en terceira persoa a ocupación castelá de Galicia, ordenando á nobreza e clero a entregar títulos e propiedades. Diego, Conde de Soutomaior, e o seu amigo Alonso, son os protagonistas da novela que, opoñéndose á ocupación castelá, intentan que o seu pobo non sexa subxugado. Após seren declarados en rebeldía, os dous amigos prepáranse para resistir os ataques casteláns, pero ambos acaban fatalmente feridos, sendo Alonso o único que evita a morte. Paralelamente, desenvólvese unha complicada historia de amor entre Diego e Doce, que loitan tamén para que a súa relación funcione nun tempo tan incerto.

**Duncan, Xosé**, *Hostal Norte*, Santiago de Compostela: Urco Editora, 2014, 138 pp. (ISBN: 978-84-15699-55-2).

Novela curta de terror psicolóxico escrita por Xosé Duncan (Rianxo, 1970) con ilustracións en branco e negro de José María Picón (Santiago de Compostela, 1984), dedicada polo escritor á súa avoa e polo debuxante ao seu tío. Cóntase que Brais, un rapaz de dezanove anos, decide marchar da casa dos seus pais e mudarse ao Hostal Norte onde o seu amigo Xoel o axudará a atopar un emprego. Porén, dende a chegada ao hostal todo parece sospeitoso, irreal. A narración en terceira persoa dos estraños acontecementos que lle sucederán a Brais, empezando pola desaparición de Xoel, mestúrase con pesadelos, de tal xeito que dos trece capítulos, en catro (o segundo, o cuarto, o sétimo e o undécimo) relátanse os macabros sonhos do rapaz, sendo ademais os únicos que conteñen ilustracións. Finalmente compróbase que nada do narrado é real, é dicir, todo sucede na mente do protagonista e os hóspedes do Hostal Norte non son máis que recordos deste, recordos dos que intenta fuxir, pois o de Brais é un pasado tormentoso marcado polo asasinato do seu irmán Xoel e a moza deste, Laura.

**Fernández, Manrique**, *Crónicas de embora*, Noia: Editorial Toxosoutos, col. Nume, 2014, 132 pp. (ISBN: 978-84-943014-5-2).

Libro de relatos de Manrique Fernández (Cospeito, Lugo, 1965) composto por dez contos breves e un índice de personaxes. Principia a obra cunha cita de Silverio Ribeira, personaxe creado polo propio autor. No relato de apertura, “Ao abrigo do monte Brueiro”, preséntase a vila imaxinaria de Embora, que será o fio conector de todas as historias do volume e fálase brevemente do estudoso e escritor Silverio Ribeira. No segundo conto, “O fútbol”, tendo como pano de fondo un torneo de fútbol, relátase a historia de amor entre a filla do dono da taberna e un dos rapaces que participan no campionato. O terceiro, “A derradeira labazada de Suso da Laxe”, é un relato de humor negro que explica o acontecido durante o velorio de Suso da Laxe e o sobresalto de Don Domingos e Eleuterio. No cuarto, “¡Que viva a impertinencia!”, nárranse os sucesos acaecidos en 1946 na vila, concretamente a historia de Casilda Costa, unha muller que loitou por facerse un oco nun mundo de homes e por defender a lingua galega. No quinto, “A decisión”, o narrador ten unha conversa cun antigo axente da lei para coñecer a historia de Héitor Sueiro de Oca. Explícase que tras o falecemento da muller, debido á tristura que sentía, o señor intentou suicidarse. No sexto, “Elpidio ascende aos ceos”, cóntase o momento máis feliz da vida de Elpidio, un rapaz con algunhas carencias psicolóxicas que devecía pola banda de música de Embora. No sétimo, “Xente miúda”, dous cativos da vila sospeitan que un dos seus veciños, O Cabuxo, esconde algo. Deciden investigar dentro da cova da Pena, un lugar que frecuenta, coa esperanza de atopar un tesouro. Finalmente descubren que o único que agocha son algúns recordos do seu pasado. No oitavo, “Rosaura dos Lobos”, o narrador recibe un correo anónimo que decide reproducir, onde se conta a triste historia de Rosaura, unha moza que se viu obrigada a abandonar o seu fogar e a vivir no monte coma un animal. O noveno, “Os Conspiradores”, é un conto que mestura narrativa con teatro. Un grupo de catro mozos decide secuestrar ao cacique de Embora para loitar contra a situación de desigualdade. Finalmente o seu plan vese truncado. No décimo, “Ulises Pedreira”, o narrador, logo de escoitar tantas historias fantásticas sobre este veciño, decide conversar con el. Ulises

cóntalle como percorreu medio mundo e regresou a Embora moitos anos despois debido a unha gran traxedia persoal. O autor emprega un narrador omnisciente e unha linguaxe accesíbel. Péchase o volume cun índice que recolle os títulos de cada sección.

### Referencias varias:

- V. P., “Manrique Fernández. En los relatos de ‘Crónicas de Embora’ hay mucho humor e ironía”, *Faro de Vigo*, “Condado. Paradanta”, 31 decembro 2014, p. 14.

Entrevista ao autor con motivo da presentación do seu libro na biblioteca de Ponteareas. Dáse conta das liñas argumentais dos contos e informa de que un deles, “A derradeira labazada de Suso da Laxe”, está inspirado nun feito real. Destaca a súa relación co compositor Rogelio Groba, que se viu influenciado por este volume para crear un quinteto de vento, “Xentes de Embora”.

**Fernández**, Miguel Anxo, *O espido de Gina*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Narrativa, n.º 325, 2014, 192 pp. (ISBN: 978-84-9865-535-3).

Novela de Miguel Anxo Fernández (Carballiño, 1955) que recolle nas súas páxinas os avatares e as controversias que suscitou a aparición do cinema nas vilas galegas nos anos sesenta do pasado século. A través da voz obxectiva dun narrador en terceira persoa, o autor artella o universo ficcional da vila de Valdesantos apoiándose no triángulo conformado polos tres personaxes principais deste relato: Atilano, dono do cinema o Central; Dousreás, dono do bar da vila, “O Moderno”; e o cura da igrexa, don Nemesio. Deste xeito, e ao longo de trinta e cinco capítulos, o autor da novela relata as disputas e enfrontamentos que anidaron na vila de Valdesantos entre don Nemesio, quen dende a autoridade do púlpito da igrexa condicionaba os habitantes de vila para non asistir ás proxeccións cinematográficas do Central; e mais Atilano, dono do devandito cinema quen loitaba contra as sancións do cura para facer chegar o cinema a toda a veciñanza. De forma irónica, describíense capítulo a capítulo, as vinganzas e intromisións entre ambos personaxes, para desacreditar e roubar “espectadores” do un e do outro.

### Recensións:

- Ramón Rozas, “Un escritor espido”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 15 xuño 2014, p. 84/ *El Progreso*, “Vivir”, 14 xuño 2014, p. 69, “Cultura”, “Libros”.

Dá noticia da publicación desta novela de Miguel Anxo Fernández en Editorial Galaxia. Salienta as orixes do cinema e describe o seu fío argumental polo miúdo, comentando que o autor é un grande amante do xénero cinematográfico. Por último, constata as boas sensacións que provoca a lectura do libro e a “prosa fluída do seu autor”, que non pretende ser pretencioso na súa escrita.

- Ramón Nicolás, “Máis cine, por favor (na literatura)”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “En galego”, 25 xullo 2014, p. 18.

Describe o seu fío argumental á vez que establece unha comparación coas compañías cinematográficas Cinema Paradiso, Amarcord ou Splendor; os volumes de narrativa *Ilustrísima* (1980) e *O acomodador e outras narracións* (1969), de Carlos Casares e Marcial Suárez respectivamente; e o filme *Bienvenido Mr. Marshall* (1953), dirixido por Luís García Berlanga.

- Armando Requeixo, “Milagres da celuloide”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 509, “Libros”, 4 setembro 2014, p. VI/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 462, “Letras galegas”, 13 setembro 2014, p. 10.

Comenta o fío argumental con toda clase de detalles e salienta o carácter de homenaxe aos filmes *Cinema Paradiso* (1988), dirixido por Giuseppe Tornatore e *Bienvenido Mr. Marshall* (1953), de Luís García Berlanga; ao personaxe Don Camilo, creación de Giovannino Guareschi; e á novela *Clochemerle* (1934), de Gabriel Chevallier. Menciona por último outra novela do autor, *Capitol, última sesión* (2004).

### Referencias varias:

-Miguel Anxo Fernández, “O espido de Gina”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Adianto editorial”, 30 maio 2014, p. 19.

Reprodúcese un fragmento desta novela tirada do prelo pola Editorial Galaxia, co gallo da súa vindeira presentación.

- Xavier Limia de Gardón, “Libros y arte”, *La Región*, “Ourense”, “Arte et alia”, 9 xuño 2014, p. 7.

Tras realizar unha serie de referencias ás pezas de escultura e pintura exhibidas no Museo Municipal de Ourense, sinala a presentación das novelas *O espido de Gina*, de Miguel Anxo Fernández, e *As florinas de san [sic] Francisco* (2014), traducida ao galego por Darío Xohán Cabana e tirada do prelo por Alvarellos Editora.

- Isabel Miguel, “Los secretos para hacer un buen café”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Patio de vecinos”, 20 xuño 2014, contracuberta.

Faise eco da presentación desta novela na librería Cronopios de Santiago de Compostela, nun acto no que participaron Eduardo Galán, crítico de cine, e mais Víctor F. Freixanes, director da editorial Galaxia.

- Xosé Carlos Caneiro, “Memoria”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Ficción”, “Club Dandi”, 29 agosto 2014, p. 11.

Fala, entre outras cuestións, desta novela que define como unha obra de “melancolía e humor e risa e rexouba e brincadeira literaria”.

- Clara Aldán, “Un, dos tres... responda otra vez”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Y además”, 24 novembro 2014, p. 11.

Entre outras curiosidades, dáse noticia da presentación desta obra na librería Cronopios de Pontevedra, na que falará, ademais do autor, o crítico Ramón Rozas.

**Fernández Paz, Agustín, *A viaxe de Gagarin*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º 353, maio 2014, 278 pp. (ISBN: 978-84-9914-668-3).**

Novela de amor e de memorias de Agustín Fernández Paz (Vilalba, 1947) que, despois das citas de Paul Auster, Wong Kar Wai e Nicholas Ray, arrinca cun capítulo prologal titulado “Inicio”, no que o narrador protagonista, Miguel, asiste ás últimas horas de vida de súa nai, enferma de alzheimer dende hai meses, e decide entón escribir as súas lembranzas de infancia e adolescencia como forma de resistencia ao tempo. É a perda inminente da súa proxenitora, xunto coa nova da conmemoración do cincuenta aniversario da viaxe ao espazo exterior realizada polo cosmonauta ruso Iuri Gagarin, os que serven de motor para unha viaxe ao pasado deste home de sesenta anos, que fai un exercicio de memoria no que revivir o tempo no que súa familia residiu na Coruña e onde descubriu o mundo e experimentou os sentimentos máis intensos. Esta viaxe, en trinta e dous capítulos, desenvolve as súas experiencias vitais dende a primavera de 1961, momento no que gaña un concurso literario no que describe a viaxe ao espazo exterior de Gagarin, feito que o marcará definitivamente e mesmo será a causa do seu alcume entre os compañeiros da aula, até o ano 1969, cando Neil Armstrong e William Aldrin fan o primeiro paseo lunar. Unha etapa vital na que as lembranzas evocadas van configurando un rico retrato da historia familiar, á vez que social da Galicia do franquismo. Así, desvélanse as orixes dos seus proxenitores, as súas profesións e as moitas dúbidas e preguntas que quedaron sen resposta ao longo duns anos nos que foi cada vez máis consciente de que pertencía a unha familia pouco corrente. Este feito vaise perfilando a medida que avanza a trama e o repaso polas lembranzas de adolescencia e xuventude desvelan a actividade clandestina que desenvolven seus pais, as relacións con outros opositores ao réxime, en especial Luísa e Euclides, as viaxes fugaces a diferentes lugares, o material prohibido que se imprimaba na súa casa, as visitas da policía na busca de probas para acusalos até a desaparición durante tempo de seu pai, mentres se desenvolve a historia de amor con Francesca, filla dun xuíz afín ao réxime. Péchase a novela con dous capítulos que lle dan unha nova dimensión aos feitos narrados, pois “Final” desvela algunhas vivencias posteriores á etapa recreada, como os seus estudos en Deusto, a loita contra a ditadura, as viaxes a París e o regreso á España da transición nos finais dos setenta; e “As confesións de Luísa e os segredos de Euclides” achega novos datos da actividade clandestina de seus pais da man dos máis estreitos colaboradores, Luísa, única sobrevivente, e Euclides, que reafirman as conviccións que durante anos os moveron á loita pola liberdade. Finalmente, péchase o volume coa nota autorial “A escritura, unha viaxe”, onde o autor refire o longo traballo de documentación para a escrita desta novela, manifesta os agradecementos a numerosas persoas polas súas achegas e ofrece algunhas referencias literarias sobre textos inseridos na obra.

### **Recensións:**

- Montse Pena Presas, “Medida perfección”, *Grial*, n.º 202, “O espello das letras”, abril, maio e xuño de 2014, pp. 107-108.

Descríbese a fondo o volume, indicando o gusto do autor por vincular personaxes históricos ás súas tramas que, neste caso, se expresa na aparición de Iuri Gagarin como

representante do soño colectivo coa viaxe ao espazo. Resume brevemente o argumento da obra, no que a carreira espacial ocorre ao mesmo tempo que o proceso de maduración de Miguel, o mozo protagonista. Saliéntanse a delicadeza da novela e o seu uso de referencias culturais.

- Santiago Jaureguizar, “Uns segundos de silencio e pánico”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Cidade xardín”, 3 maio 2014, p. 68.

Analiza a segunda edición desta novela tirada do prelo por Edicións Xerais. Empresta especial atención, así pois, á descrición do fío argumental, o tempo en que transcorre, e fai unha referencia aos escritores estadounidenses Norman Mailer e Tom Wolfe, autores de *Moonfire* (2010) e á epopea *Elexidos para a gloria* (1979), respectivamente.

- Ramón Rozas, “Os tempos están a cambiar”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 25 maio 2014, p. 85/ *El Progreso*, “Vivir”, 24 maio 2014, p. 69, “Cultura”, “Libros”.

Dá conta da novela de Agustín Fernández Paz tirada do prelo por Edicións Xerais. Tras describir o seu fío argumental, sinala o potencial e sinxeleza da súa narrativa.

- Vicente Araguas, “Gagarín era un cosmonauta”, *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, n.º 832, p. 30/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 832, p. 30, 8 xuño 2014.

Alúdese á publicación desta novela de Agustín Fernández Paz, en Edicións Xerais. Indícase a similitude entre esta narrativa e a de Antonio Muñoz Molina, *El viento de la luna* (2006); igualmente coméntanse o realismo imponente da súa trama e o carácter combinado de novela xuvenil e de adultos.

- Francisco Martínez Bouzas, “Mestría e perspicacia”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 505, “Libros”, 19 xuño 2014, p. VI/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 458, “Letras galegas”, 28 xuño 2014, p. 10.

Explica a saída do prelo desta obra de Agustín Fernández Paz. Sinala primeiramente outras novelas súas anteriores coma *Non hai noite tan longa* (2011) ou *O rastro que deixamos* (2012), para despois salientar a prosa de carácter memorialístico, as diversas liñas temáticas que trata, a gabanza ao cinema e literatura implícita nas súas verbas, ademais da naturalidade lingüística e o lirismo.

- Xesús Alonso Montero, “Amor e comunismo”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “En galego”, “Beatus qui legit”, 27 xuño 2014, p. 19.

Comenta a publicación desta novela da que describe o seu fío argumental emprestando especial atención aos personaxes e destaca a calidade e forza da súa narrativa, salientando a temática pouco traballada que escolleu Agustín Fernández Paz.

-Ramón Nicolás, “Fascinante conquista dos espazos”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Libros de verano”, 4 xullo 2014, p. 6.

Sinala a saída do prelo deste libro de Agustín Fernández Paz e comenta a boa acollida entre o público lector, xunto á presenza de certos elementos recorrentes na narrativa do

autor, como a procura da memoria ou a transparencia do rexistro empregado. Conclúe cunha descrición do fío argumental.

- Xosé Carlos Caneiro, “A calor dos días”, *La Voz de Galicia*, “Fugas” “Letras”, “Ficción”, “Club Dandi”, 18 xullo 2014, p. 19

Entre outras cousas, destaca que o libro de Agustín Fernández Paz, *A viaxe de Gagarin*, é unha novela común que “non está á altura do autor”. Por último, comenta a “calidade e calidez” de *Escrito en cafeterías*, de Miguel Anxo Murado, colección de artigos publicados en *La Voz de Galicia*.

- Montse Dopico, “Quixen contar a intrahistoria da represión nos anos sesenta”, *Tempos Novos*, n.º 209, *ProTexta*, “ProTagonista”, n.º 05, outubro 2014, pp. 72-74.

Co gallo da publicación desta novela achégase unha entrevista con Agustín Fernández Paz, na que se tratan temas varios. Comenta a súa temática, moi achegada á de *Non hai noite tan longa*, o tema do franquismo e as escolas e a capacidade da palabra escrita para transmitir o pensamento.

#### **Referencias varias:**

- Jaureguizar, “Fernández Paz recupera os 60, ‘unha época que nos ocultaron”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, p. 60/ *El Progreso*, “Vivir”, p. 65, “Cultura”, 30 abril 2014.

Trata a saída do prelo desta novela de Agustín Fernández Paz. Describe o seu fío argumental ao tempo que subliña o Premio Trasalba da Fundación Otero Pedrayo do que foi merecente o autor.

- Xesús Fraga, “Agustín Fernández Paz. ‘Os bos libros acompañante durante toda a túa vida”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 2 maio 2014, p. 39.

Conversa con Agustín Fernández Paz co gallo da publicación desta novela en que falou ademais do Premio Trasalba do que foi merecente e das súas novelas infantís *Desde unha estrela distante* (2013) e *No corazón do bosque* (2005).

- Ramón Rozas, “Unha nova vida”, *Diario de Pontevedra*, 17 maio 2014, contracuberta.

Reflexiona, a través dunha anécdota ocorrida ao autor, sobre a literatura galega, que “ten cada vez máis pulo e é quen de facerse sentir cada vez con máis forza”, e salienta algunhas das novelas máis importantes, entre as que se atopa esta de Agustín Fernández Paz.

- Xosé Carlos Caneiro, “A calor dos días”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Ficción”, “Club dandi”, 18 xullo 2014, p. 19.

Entre algúns libros que leu recentemente que recomenda, comenta igualmente aqueles que non lle agradaron, entre os que está *A viaxe de Gagarin*. Explica que lle parece politicamente correcto e que non está, para nada, “á altura do autor, Agustín Fernández Paz”.

- Xavier Senín, “Radio Pirenaica”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 17 decembro 2014, p. 4.

Informa da reflexión realizada sobre a lectura de *A viaxe de Gagarin* de Agustín Fernández Paz e destaca o interese por coñecer a época na que se insire a historia narrada.

**Gallego Abad**, Elena, *Sete caveiras*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º 347, xaneiro 2014, 196 pp. (ISBN: 978-84-9914-569-3).

Novela adscribíbel ao xénero negro, de Elena Gallego Abad (Teruel, 1969), na que unha voz narradora omnisciente relata a historia dun caso de investigación xornalística e policial a partir de que Marta Vilas, xornalista, descobre un boneco de Famobil ao carón dun corpo de varón atopado sen vida na ría de Vigo. Faise con el antes de que chegue a policía, a quen llo agocha nun principio. Condenada a traballar na sección máis insignificante do xornal por problemas co seu xefe, vai descubrindo que outros bonecos similares van sendo atopados onda os sete cadáveres que aparecerán na ría. A súa investigación, coa complicidade dun sarxento, lévaa a desvelar a identidade do asasino, o irmán dunha rapaza ao que un grupo de sete mozos violaran nos anos da movida viguesa, entre os que figura o seu xefe, a quen tenta salvar no último intre. O tempo da historia descorre de xeito lineal e as extratexias narrativas manteñen o suspense até o remate. As dúas tramas da novela, o caso dos asasinatos e a vida de parella de Marta, mestúranse até o final. Inclúense imaxes de noticias de prensa.

### Recensións:

- Dolores Martínez Torres, “Inconsistencias na trama”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 487, “Libros”, 6 febreiro 2014, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 440, “Letras galegas”, 8 febreiro 2014, p. 10.

Comenta a saída do prelo desta novela de Elena Gallego Abad, en Edicións Xerais. Tras describir o fío argumental, critica a falta de precisión no labor de edición, xunto á inestabilidade da trama e os personaxes en certos capítulos.

- Vicente Araguas, “Os caveiras, vaia tropa”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”, p. 28/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, n.º 817, p. 30/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 817, p. 30, “*máisLibros*”, 23 febreiro 2014.

Dá conta da publicación da novela de Elena Gallego Abad e establece unha certa similitude coa novela de Agatha Christie, *Dez negriños* (1939). Indica a súa pertenza ao xénero negro e describe o fío argumental baseándose na figura da protagonista, Marta Vilas.

- Ramón Nicolás, “O pasado non se esquece”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “*Letras*”, “*Galego*”, 11 abril 2014, p. 20.



Indica a saída do prelo desta novela negra de Elena Gallego Abad en Edicións Xeraiss destacando a homenaxe que dedica á novela de Agatha Christie, *Dez negriños* (1939). Describe o seu fío argumental e remata cunha alusión á protagonista, Marta Vilas.

- Xosé Antonio López Silva, “(Non) tan marabillosos anos”, *Tempos Novos*, n.º 205, “ProTexta”, n.º 03, “ProPostas”, maio 2014, pp. 75-76.

Despois de salientar o éxito da narrativa de xénero en xeral e do xénero negro en particular e antes de afondar nas características estilísticas, temáticas e estruturais deste último, destaca aos autores Francisco Fernández Naval e Diego Ameixeiras. Achega as características do que se considera o subxénero da novela negra viguesa ao abeiro das obras de Domingo Villar e Francisco Castro. A continuación expón os trazos máis representativos da obra destacando a atención ás pautas do xénero e a construción dunha narración localista, así coma as influencias, as características estilísticas e temáticas, o público potencial, as eivas e as implicacións do final. Por último, remarca o éxito editorial do xénero negro galego.

- Ramón Rozas, “Asasinatos e xornalismo”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 4 maio 2014, p. 77/ *El Progreso*, “Vivir”, 3 maio 2014, p. 69, “Cultura”, “Libros”.

Anuncia a publicación da novela negra de Elena Gallego, *Sete caveiras*, en Edicións Xerais. Tras describir polo miúdo o fío argumental, salienta a presenza do humor e o éxito de vendas acadado en poucos meses.

### Referencias varias:

- Belén López, “Elena Gallego. ‘O xornalismo é unha profesión deostada e desvalorizada por terceiros’”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 25 xaneiro 2014, p. 58.

Conversa con Elena Gallego Abad co gallo da saída do prelo da súa novela *Sete caveiras* en que tratou ademais cuestións ao redor da protagonista da historia en canto *alter ego* da autora, do volume en canto homenaxe á profesión xornalística e do xénero da novela negra.

- Xosé Antonio López Silva, “Escribir é un traballo de artesanía fina”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 4 febreiro 2014, p. 43.

Recolle unha conversa coa xornalista Elena Gallego Abad por mor da publicación da súa última novela e da inauguración das Xornadas Grecia e Roma en Galicia na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago en que comenta que *Sete caveiras* se trata dunha homenaxe á súa profesión, fala igualmente da súa presenza nas redes sociais e do que significa para alguén coma ela a escrita.

- A. Mauleón, “Elena Gallego se pasa a la novela negra con ‘Sete Caveiras’”, ambientada en Vigo”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 7 febreiro 2014, p. 40.

Sinala o acto de presentación na Casa del Libro de Vigo desta novela da autoría de Elena Gallego Abad, en Edicións Xerais, e destaca a presenza do xornalista César Jiménez e o editor, Manuel Bragado.

- C. F., “Elena Gallego presentará Sete Caveiras en el Museo Manuel Torres”, *Diario de Pontevedra*, “O Morrazo”, “Marín”, 14 marzo 2014, p. 15.

Indica a celebración dun acto-coloquio de presentación da novela de Elena Gallego Abad, *Sete caveiras* no Museo Manuel Torres de Marín. Destaca a organización do evento por parte do Club de Opinión Portocelo, así como a presenza da escritora Asun Estévez Estévez, o editor Manuel Bragado e o presentador, Ángel G. Carragal.

- Á. Pazos, “La escritora Elena Gallego presenta su nuevo libro, ‘Sete caveiras’, en Marín”, *Diario de Pontevedra*, “O Morrazo”, “Marín”, 21 marzo 2014, p. 16.

Informa da presentación desta novela de Elena Gallego Abad no Museo Manuel Torres de Marín en Pontevedra, nun acto presentado polo Club de opinión Portocelo. Sinala a súa autoría da triloxía *Dragal* (2010, 2011, 2012), o labor de edición de Manuel Bragado e a intervención no acto de Asun Estévez.

- Tamara Montero, “Durante a investigación ninguén se emborracha nin anda en tugurios”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Entrevista”, 28 marzo 2014, p. 18.

Conversa na que Elena Gallego comenta o cambio de rexistro empregado nesta novela, a figura da protagonista, a relación entre xénero xornalístico e novelístico e unha posíbel precuela desta historia.

- Lourdes Varela, “Elena Gallego Abad. ‘O meu segredo para enganchar o lector é escribir o que a min me gustaría ler’”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 498, 1 maio 2014, p. V/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 452, 10 maio 2014, p. 11, “Entrevista”.

Conversa con Elena Gallego Abad co gallo da publicación de *Sete caveiras* na que se abordan cuestións como o éxito de vendas, o cambio de rexistro empregado neste volume, a relación co relato “Dez negriños” (1939), de Agatha Christie, as influencias doutros autores e autoras do xénero policial e unha posíbel tradución da novela ao portugués.

- M. M., “Elena Gallego presenta en el CCR de Vilalba su novela ‘Sete caveiras’”, *El Progreso*, “A Chaira”, 4 xullo 2014, p. 21.

Fai referencia ao acto de presentación no Centro Cultural e Recreativo (CCR) da Chaira da novela negra *Sete caveiras*. Destaca a presenza de Manuel Bragado e Moncho Paz, a organización do evento por parte do xornal *A Voz de Vilalba* e o Instituto de Estudios Chairegos (IESCHA), e, doutra banda, o Premio Frei Martín Sarmiento do que foi merecente a escritora en 2012 e a súa posición de finalista do IV Premio Fundación Caixagalicia.

**Gómez**, Lidia, *Os pantalóns nunca foron cousa boa*, IX Premio Biblos-Casa Grande do Bachao, A Coruña: Biblos Clube de Lectores, 2014, 143 pp. (ISBN: 978-84-15086-46-8).

Novela de Lidia Gómez Martínez (Ordes, 1994 estruturada en dezaseis capítulos de tamaño diverso, narrados en terceira persoa empregando unha linguaxe sinxela e abundantes diálogos. Presenta o retrato dunha sociedade decimonónica, concretamente na cidade de Santiago de Compostela, protagonizada por dúas mulleres que pertencen a mundos contrapostos: unha lavandeira e a súa patroa, dona dun curtidoiro en Pontepedriña. Pouco a pouco, Julia e Mara comezan a facer amizade, fundamentalmente despois de que a lavandeira lle axudara cos arranxos dun vestido para unha festa. As protagonistas van entrelazando os seus mundos pese a estar continuamente condicionadas polo seu estatus social, económico e cultural. O vínculo entre ambas as dúas vaise afianzando e con iso tamén os rumores da xente, incapaces de comprender a existencia dunha relación entre dúas persoas pertencentes a sociedades totalmente distintas. Por diversas circunstancias, a relación entre as dúas rapazas vaise distanciando até o punto de non se veren máis.

**González Costa, Teresa, *Os santos nunca dormen*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, febreiro 2014, 256 pp. (ISBN: 978-84-9914-630-8).**

Teresa González Costa (O Grove, 1975), con formación filolóxica e teatral, presenta neste volume a súa primeira novela para o lectorado adulto. O paratexto inicial, asinado polo doutor psiquiatra E. Laconte, introduce o artificio do “manuscrito atopado”, explicando que publicará o diario dun dos seus pacientes, á vez que aproveita para perfilar a figura dese paciente, o personaxe principal, Jeremías. Restaurador de imaxes de santos e de reliquias, o doutor preséntao coma alguén cargado de medos e pedras nos petos, extremadamente sensíbel a aspectos que pasan desapercibidos para o común das persoas. A continuación, vérguese detalladamente o contido dalgunhas das súas últimas sesións terapéuticas e relátase como chega ao psiquiatra o texto dactilografado de Jeremías, sete anos despois, ao morrer o restaurador en Barcelona. Coa mediación dunha xornalista e investigadora en Antropoloxía, Natalia, e algunha puntualización temporal, que circunscribe o texto ao remate dos anos oitenta do século XX, comeza a transcripción do mentado diario. Texto do eu con pretensións novelísticas, pois así o concibía o seu autor, o libro divídese en corenta e tres capítulos con cadanseu título, normalmente descritivo e simple, contextualizador. Polo que respecta a esta trama interna, encaixada, o diario recolle as vivencias en primeira persoa e con constante introdución de discurso directo de Jeremías durante o seu traballo nunha ermida galega ao lado do océano, cos seus medos, namoramentos, percepcións e descubertas. De todos os posíbeis atributos do volume, entre os que figurarían a marcaxe estilística de trazos lingüísticos (dialectais e de introdución doutros códigos), cómpre subliñar a recolla e o tratamento de mitos, lendas e aspectos sociohistóricos galegos, dende a caza de baleas nalgunhas vilas costeiras até as historias da Irmandade do Leviatán.

### **Recensións:**

- Ramón Nicolás, “Vidas nunha vila fantástica”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Galego”, 28 marzo 2014, p. 19.

Dá conta da saída do prelo desta novela de Teresa González Costa da que salienta a presenza no fío argumental dun simbolismo de carácter bíblico e literario, xunto a unha diversidade de lendas e relatos fantásticos e oníricos.

- Dolores Martínez Torres, “No teatro dos segredos”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 502, “Libros”, 29 maio 2014, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 454, “Letras galegas”, 31 maio 2014, p. 10.

Anuncia a publicación desta novela traxicómica e describe o seu fío argumental en detalle, salientando a reflexión sobre a identidade, o simbolismo e a consistencia da trama ao longo da escrita.

- Xosé Carlos Caneiro, “De Santos e disparos”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Letras”, “Galego”, “Club dandi”, 20 xuño 2014, p. 19.

Trata a saída do prelo desta novela, salientando o recurso ao diario atopado, a figura do protagonista, o coidado da estética e a linguaxe poética. Conclúe cunha referencia ao volume de poemas *Kid salvaxe* (2014) e a *Os outros disparos de Billy* (1991), ambos de Carlos Reigosa.

- Vicente Araguas, “O restaurador de imaxe”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradelle*”, p. 22/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, n.º 837, p. 30/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 837, “máis Libros”, 13 xullo 2014.

Comenta a última novela de Teresa González Costa, destacando a imaxe da cuberta do volume, xunto ao realismo imperante da narración, para concluír cunha descrición do seu fío argumental e cunha alabanza do seu elegante estilo e da fabulación bíblica.

- Xosé A. López Silva, “O maldormir dos santos”, *Tempos Novos*, n.º 211, “*ProTexta*”, “*ProPostas*”, n.º 06, decembro 2014, p. 75.

Saliéntanse a complexidade e profundidade desta novela, que bebe de fontes literarias como a Biblia e *Moby Dick*. Conclúese sinalando a importancia do tema da viaxe, entendida como estadía na morte para o propio rexurdimento.

### Referencias varias:

- Belén López, “Nos santos o que proxectamos son medos e a nosa devoción”, *Diario de Pontevedra*, “*Vivir aquí*”, “*Sociedad*”, 22 marzo 2014, p. 76.

Conversa con Teresa González Costa co gallo da saída do prelo da súa última novela, na que se refire á iniciación da autora no xénero novelístico, a relevancia das lendas e os santos na configuración da historia galega e os agradecementos a Quico Cadaval e Herman Melville que abren a novela.

**Lista**, Suso, *Salseiros*, pról. Alfredo Conde, Ferrol: Edicións Embora, col. Narrativa, marzo 2014, 179 pp. (ISBN: 978-84-92644-79-7).

Conxunto de relatos de Suso Lista (Corme, 1962) nun volume que se inicia cun paratexto en forma de dedicatoria persoal “Aos meus pais”, ao que segue un prólogo asinado por Alfredo Conde, “O talento narrativo de Suso Lista”, no que agradece a publicación desta antoloxía, posto que a única forma de ler os textos de Lista era a

través do seu blogue. Componse de cincuenta e oito relatos curtos intitulados independentemente, que teñen un denominador común, o espazo: Corme. A maior parte das narracións están engalanadas con fotografías, agás os dous primeiros relatos, que son a excepción: “Sempre remollados” e “Problemiña diplomático” van, neste caso, acompañados dun pequeno texto, o primeiro son catro versos do s. XVIII e o segundo unhas liñas de Jorge Luís Borges. O humor e/ou a retranca galega están presentes nestas historias, pero tamén hai oco para relatos máis filosóficos e trágicos, moitos dos cales teñen como punto de referencia o mar. Todos os relatos están narrados en primeira persoa cunha linguaxe sinxela e coloquial.

### Referencias varias:

- Xosé Manuel Pereiro, “Xente con libros”, *La Opinión*, “Página dos”, “Si home si”, 9 agosto 2014, p. 2.

Comenta os actos de presentación dos volumes *Hotel Paradiso* (2014), de Ramón Pernas –con Ramón Loureiro como comunicador do evento e *Salseiros* (2014), de Suso Lista, na Feria do Libro da Coruña.

- Ramón Nicolás, “Letras do mar do Roncudo”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Galego”, 22 agosto 2014, p. 13.

Destaca en primeiro lugar o prólogo de Alfredo Conde e continúa cunha referencia ao *blog* do autor, “Espacio emocional e literario dun percebeiro de Roncudo”, como fonte dos datos que compoñen o presente volume. Describe por último o fío argumental e salienta a presenza nel da ironía e do humor.

- Nicolás Vidal, “Suso Lista. ‘Teño coñecido a moita xente despois de iren aos seus enterros’”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, 7 novembro 2014, p. 14.

Conversa co escritor Suso Lista co gallo do acto de presentación na librería Day en Narón, xunto ao debuxante Xaquín Marín, da súa colectánea tirada do prelo por Edicións Embora. As cuestións xiraron ao redor da exitosa recepción do volume; o seu labor de actor e guionista da serie da TVG, “Para mariñeiros nós” e a semellanza existente entre seus relatos e os de Cunqueiro.

- Jaureguizar, “Suso Lista: ‘A xente do mar é igual en Corme ou en Casablanca’”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 14 novembro 2014, p. 61.

Dá conta do acto de presentación no Museo Interactivo de Historia de Lugo (MIHL), como parte do programa “Catas Literarias” organizado polo Concello de Lugo, desta colectánea de relatos de Suso Lista.

**Llorca**, Jorge, *O violín de Rembrandt*, XXXI Premio Blanco Amor, Vigo, Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, agosto 2014, 199 pp. (ISBN: 978-84-9914-743-7).

Esta segunda incursión na novelística de Jorge Llorca Freire (Ferrol, 1952), con ilustración da cuberta do mesmo autor –profesor xubilado de Belas Artes–, e adicado

“A Mari”, é un volume ficcional no que as artes plásticas e a literatura dialogan. Trátase dunha historia narrada en primeira persoa por un infeliz, iluso e soñador que é o protagonista desta obra na que un Rembrandt e un Stradivarius son os elementos que lle axudan a Llorca a artellar a trama sobre a soidade e o pasado. Este profesor de historia da arte traballa nos cursos de nocturno do Colexio Academia Atenea e aparece rodeado doutros personaxes que non fan máis que confirmar o estado de soidade no que se ve inmerso, entre outros, don Atilano, Violeta, Bladimiro Regueira, Antón Coira, Gertrud, Teresa Moure, Armando Ónega, don Leoncio e Indalecio. A medida que avanza as páxinas, a novela vai gañando en complicidade e pulindo o seu estilo, caracterizado por un humor “fresco e irreverente”, incluso retranqueiro, que axudado polas innumerábeis referencias musicais e artísticas leva o lector a unhas coordenadas temporais concretas – finais da década dos setenta– engadindo á novela un importante valor sociolóxico.

### **Recensións:**

- Inma Otero Varela, “As artes da frivolidade”, *Grial*, n.º 204, “O espello das letras”, outubro, novembro e decembro 2014, pp. 85-86.

Resúmese a trama da novela que, partindo da autenticación dun cadro de Rembrandt e da venta dun violín Stradivarius se convirte nunha novela negra. Saliéntase o que se considera o tema principal do libro: a desacralización da sociedade actual, comentario que se estende á arte, convertida en mercantilismo. Como puntos fortes, gábanse a ironía e as descrições de comportamentos e espazos.

- Vicente Araguas, “Unha novela desfrutable”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, p. 28/ *Diario de Ferrol*, “Nordésia”, n.º 850, p. 30/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 850, p. 30, “Máis libros”, 12 outubro 2014.

Indica, unha vez descrito o fío argumental, como unha das personaxes desta escrita alude a outro da novela de Siro, *Xente na brétema* (2003), e destaca a presenza do xogo e dun humor irónico ao longo da trama. Conclúe cunha referencia ao XXXI Premio Blanco Amor de Novela do que foi merecente.

- Ramón Nicolás, “Integridade e soidade desde o humor”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Galego”, 24 outubro 2014, p. 13.

Tras aludir ao XXXI Premio Blanco Amor de Novela Longa do que foi merecente, menciona outra novela súa anterior, *O salto do can* (2009), e describe o fío argumental e a liña temática da presente escrita. Salienta por último a fluidez do ritmo narrativo e a presenza dun humor ategado de retranca.

- Armando Requeixo, “Direccións inesperadas”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 519, “Libros”, 13 novembro 2014, p. VI/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 471, 22 novembro 2014, p. 10.

Refírese primeiramente á súa novela anterior, *O salto do can* (2009) e ao XXXI Premio Blanco Amor do que foi merecente polo presente volume, para despois desenvolver o fío argumental, emprestando especial atención aos personaxes. Salienta a seguir a presenza do humor, a hipertextualidade e a crítica cara aos eidos da arte e o ensino na

súa escrita, e remata cun apuntamento sobre a semellanza entre esta historia e a de *Riña de gatos* (2010), de Eduardo Mendoza, galardoada co Premio Planeta.

- Manuel Forcadela, “Un violín irónico”, *Tempos Novos*, n.º 211, “ProTexta”, “ProPostas”, n.º 06, decembro 2014, pp. 78-79.

Comézase aludindo ao premio que recibiu a novela e destacando o ton de realismo irónico da mesma, para pasar a gabar a súa escrita áxil e vital. Baixo o epígrafe “Un certo existencialismo” sitúase a Jorge Llorca entre a Nova Narrativa e os autores da chamada “xeración do 68” e analízase o formalismo na súa obra.

### Referencias:

-Nicolás Vidal, “Jorge Llorca. ‘A materia prima dun autor está na realidade e na imaxinación, até os soños parten de aí’”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, 12 setembro 2014, p. 13.

Conversa na que se tratan cuestións da corrupción, o humor co que fixo a obra e como se reflicte a cidade de Ferrol, motivos presentes no fío argumental do volume. Tamén se fala do ritmo fluído da narrativa e dos seus vindeiros proxectos.

**López**, Carlos, *Raros e curiosos*, Ferrol, Edicións Embora, col. Narrativa galega, n.º MMXIV, xuño 2014, pp. 110 (ISBN: 978-84-92644-80-3).

Carlos López (Boimorto, 1967), guionista do dúo de humor gráfico Pinto & Chinto e destacado autor de literatura infantil e xuvenil presenta neste volume un retablo de personaxes extravagantes de moi diversa profesión, de aí a etiqueta “raros e curiosos”. Explóranse, en pequenas epígrafes, as vidas de persoeiros tan peculiares coma Moisés Eliecer, inventor de bicos; Arturo Zagramal, adegueiro de viño branco a partir de uvas tintas e viceversa; Feliciano Artenxe, inventor de básculas para pesar sombras ou da pílula Fartún, para non comer nin beber en dez anos; Jan Holstnaar, regatista de windsurf que soprou a vela da súa propia nave ante a falta de vento ou Patricio Alfaro, futurólogo que se anticipou á concesión do Premio Auguria para a súa persoa. A medio camiño entre o coñecemento compartido (convocando nestas páxinas exemplos do lipograma ensaiado polas vangardas artísticas, ou as reminiscencias clásicas do río Leteo...) e as torsións da ficcionalización, este exercicio de imaxinación e humor sitúase, xa que logo, a carón dos célebres inventores que poboan a narrativa de Álvaro Cunqueiro ou próximo ás solucións do realismo máxico latinoamericano. A hipérbole, o paradoxo e a retranca son as claves desta sucesión de vidas, contadas coa lixeireza da anécdota e un estilo fluído e natural, e completamente independentes, que poderían lerse en calquera orde. O volume non conta con máis paratextos que a sinopse externa da capa posterior, destinada a presentar esta recolla daqueles que xogan a distanciarse “do que se deu en chamar normalidade”.

### Recensións:

- Ramón Nicolás, “Eses seres extravagantes”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Galego”, 18 xullo 2014, p. 20.

Comenta a saída ao prelo deste volume de relatos e trae á memoria en primeiro lugar outros volumes de narrativa do autor dirixidos a un lectorado infantil como *Minimaladas* (2007), *A peripecia de Roi* (2009) e *Contos para nenos que dormen deseguida* (2010), para despois sinalar a decisión do autor de cambiar dun lectorado infantil a outro adulto e salientar a expresividade do rexistro empregado, a presenza dunha imaxinación parella ao humor e o enxeño da súa escrita en xeral.

- Vicente Araguas, “Toda esta friquillada”, *Diario de Ferrol*, “*Nordesia*”/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 844, “máis Libros”, 31 agosto 2014, p. 30.

Tras facer referencia a unha novela de Ángeles de Irisarri sobre Isabel a Católica, alude aos personaxes do presente volume en canto animadores do fio argumental e á presenza dun certo sentido do humor ao longo da narración. Continúa cunha descrición dos trazos psicolóxicos dos personaxes que forman parte desta escrita, afirmando a súa inclusión no eido da estrañeza.

- P. Calveiro, “Carlos López. ‘O humor, aínda que non o pareza, é unha cousa moi seria’”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, 28 novembro 2014, p. L2.

Breve conversa con Carlos López co gallo do acto de presentación na librería Pedreira en Santiago do seu volume *Raros e curiosos* (2014). As cuestións céntranse na liña temática, no fio argumental e no lectorado agardado desta narrativa, así como nas anécdotas en canto debuxante gráfico.

**López López**, Xabier, *Olympia Ring, 1934*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, setembro 2014, 304 pp. (ISBN: 978-84-9865-544-5).

Novela negra de Xabier López López (Bergondo, 1974) xebrada en catro capítulos: “O combate”, “A conta atrás”, “Olympia Ring” e “O pasado sempre volve”. Nárrase a historia do xornalista Sebastián Faraldo, quen viaxa dende Pontevedra até Barcelona para informar sobre o combate de boxeo polo título mundial de peso pluma entre Josep Gironés e Freddie Miller no Teatro Circo Olympia. Mais nas veladas previas ten lugar un combate entre Marc Martell e o pontevedrés Manuel Ramírez Castro, alcumado O Camión e pertencente ao Partido Galeguista. Neste combate, o boxeador galego morre de forma sospeitosa; Sebastián Faraldo está convencido de que non se trata dun acontecemento casual e comeza unha ardua investigación pola axitada Barcelona de 1934, tanto a nivel político como social. Ao longo do proceso de pescuda, figuran diversos personaxes e historias interrelacionadas cuxo desenlace amosa que O Camión foi a vítima visíbel dunha traxedia que non lle correspondía. O volume péchase cunha “Nota do autor”, na que López agradece, entre outros, o labor da hemeroteca dixital de *La Vanguardia de Barcelona* e a serie sobre boxeadores galegos publicada por X. Enrique Acuña na edición dixital do xornal *A Nosa Terra*.

## **Recensións:**



- Armando Requeixo; “Contra as cordas”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 515, “Libros”, 16 outubro 2014, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 467, “Letras galegas”, 25 outubro 2014, p. 10.

Salienta que recupera o personaxe Sebastián Faraldo dunha novela súa anterior, *A vida que nos mata* (2003), como protagonista desta e describe o fío argumental en detalle. Remata cunha referencia á “Nota do autor” do final do volume e á bibliografía alí citada.

- Ramón Nicolás, “Nada é o que parece”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Letras”, “Galego”, 31 outubro 2014, p. 11.

Sinala en primeiro lugar o feito de que o personaxe principal ven tirado doutra novela previa do autor, *A vida que nos mata* (2003), para despois describir o fío argumental. Destaca por último a narración de xorne lineal, mesturada con fragmentos doutros relatos, diarios e crónicas xornalísticas.

### **Referencias varias:**

- Belén López, “Xabier López. ‘Hai literatura onde menos se espera’”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Cultural”, 27 novembro 2014, p. 10.

Conversa co escritor Xabier López López na que trata as cuestións que xiraron en torno á figura do protagonista, ao proceso de documentación da escrita, á vindeira tradución da novela á lingua castelá en Editorial Gregal e ao boxeo, en canto liña temática, desta historia.

- Ramón Rozas, “Combate literario”, *El Progreso*, “Vivir”, 6 decembro 2014, p. 55/ *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 7 decembro 2014, p. 85, “Cultura”, “Libros”.

Comenta o gusto do autor da novela por mesturar xéneros literarios e relaciona a obra coa titulada *A vida que nos mata*, do mesmo Xavier López.

- Xosé Carlos Caneiro, “Regresos”, *La Voz de Galicia*, “Letras”, “No ficción”, “Club dandi”, 19 decembro 2014, p. 12.

En primeiro lugar, reflexiona sobre a novela *A esmorga* (1959), de Eduardo Blanco Amor, con motivo da estrea da adaptación cinematográfica de Ignacio Vilar. Destaca a “técnica milimétrica” do escritor e “o avanzado para a época do argumento” e relaciona os personaxes de Blanco Amor coa psique de Dostoievski. A seguir, recomenda a lectura de *Olympia Ring, 1934*, de Xabier López López e d’*A vinganza do defunto*, de Carlos Reigosa. Informa da mestura entre realidade e ficción e da “intriga intelixente” que se produce nas dúas novelas. Por último, destaca a “diversión lectora”.

**López Silva**, Inma, *Maternosofía. O embarazo da escritora primípara*, limiar Malós Cabrera, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, nº 322, marzo 2014, 172 pp. (ISBN: 978-84-9865-517-9).

Novela de Inma López Silva (Santiago de Compostela, 1978) que xira ao redor da

posíbel dicotomía existente entre a escritura e a maternidade. O volume comeza cun limiar de Malós Cabrera no que se presentan, a grandes trazos, as liñas temáticas a tratar. A seguir ofrécese cincuenta e un capítulos que conforman un diario, no que a autora relata, dun xeito minucioso, o seu debut no eido da maternidade. Ao longo destes nove meses, López Silva comparte as súas vivencias e impresións, sempre deixando patente a súa falta de instinto maternal, avogando por unha evolución social no que á situación actual do embarazo se refire e relacionando o proceso co seu labor literario. Abórdanse múltiples tópicos, como a elección do nome (Sofía, neste caso), a presión existente sobre a lactancia natural e os libros e clases de preparación para o parto, entre outros. Para rematar, inclúese un epílogo redactado pola autora un tempo despois do nacemento da súa filla. Salienta o uso dun ton coloquial e desenfadado así como unha defensa palpábel de conceptos como o feminismo e a liberdade que impregnan a totalidade do volume.

### **Recensións:**

- Patricia Penelas Devesa, “Reflexión sobre a maternidade”, *Grial*, n.º 202, “O espello das letras”, abril, maio e xuño 2014, pp. 108-109.

Descríbese a obra como unha continuación do estilo blog-bitácora que xa usara a autora en *New York, New York* (2007). Proporcionase unha breve descrición da autora, dando conta dos numerosos recoñecementos que recibiu pola súa obra. Saliéntase a reflexividade da obra, enmarcada nunha narrativa de aparencia desenfadada, e a súa reivindicación política da autosuficiencia da muller. Remátase concluíndo que se trata dunha obra apta para todos os públicos e necesaria no sistema literario galego.

- Ramón Nicolás, “Diario da nova vida”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Galego”, 4 abril 2014, p. 19.

Comenta a saída do prelo deste diario de Inma López Silva e destaca, entre outras cousas de menor importancia, o prólogo de Malós Cabrera, xunto a unha linguaxe dinámica e irónica ás veces.

- Armando Requeixo, “Filosofía primípara”, *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, p. 32/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, p. 33, n.º 823, “letras Atlánticas”, 6 abril 2014.

Dáse noticia da publicación da última novela de Inma López Silva, explicando que se instala no xénero confesional e memorístico e que se trata dunha obra transparente, no político e no persoal, pois as opinións da autora están presentes ao longo de todo o texto. Coméntase que é un diario moi persoal, introducido por un prólogo de Malós Cabrera, para o crítico “do melloriño do libro”.

- Vicente Araguas, “O embarazo de Inma”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, p. 22/ *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, n.º 827, p. 30/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 827, p. 30, 4 maio 2014.

Informa da saída do prelo do último volume da autoría de Inma Lopez Silva. Sinala primeiramente outra publicación previa desta muller, *New York, New York* (2007), para despois enxalzar o carácter de crónica do presente libro, xunto ao labor da prologuista,

Malós Cabrera, o epílogo da autora, a sinxeleza da narrativa e a reflexión sociolóxica implícita nela.

- Francisco Martínez Bouzas, “Maternosofía”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 6 maio 2014, p. 36.

Sinala a saída do prelo desta novela autobiográfica de Inma López Silva en Editorial Galaxia. Indica a liña temática do volume e salienta as ideas subxacentes na súa prosa e seu carácter feminista e o rexeitamento da tendencia naturalista.

- Montse Pena Presas, “Discurso necesario”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 499, “Libros”, 8 maio 2014, p. VI/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 452, “Letras galegas”, 10 maio 2014, p. 10.

Faise eco da publicación deste volume de Inma López Silva, da man de Editorial Galaxia. Menciona primeiramente outras das súas escritas coma *Memoria de ciudades sen luz* (2008) ou *Tinta* (2012), para despois subliñar o labor da prologuista, Malós Cabrera, e a inclusión de poemas, ilustracións e reflexións persoais de Xela Arias, Gemma Sesar ou Henrique Alvarellos, respectivamente. Salienta a seguir o rexeitamento de ideoloxías neonaturistas e pseudofeministas na súa escrita, o carácter analítico-crítico e a presenza do humor.

- María Xosé Queizán, “Desmitificando a maternidade”, *Tempos Novos*, n.º 206, “ProTexta”, n.º 04, “Cara e cruz”, xullo 2014, pp. 64-66.

En varios apartados, intitulados “O gran sentido do humor” e “Entre a racionalidade e o narcisismo” vai desgranando a obra, da que destaca a súa rebelión á concepción social do xénero de muller embarazada, o humor e a reflexión contra as novas correntes neonaturistas.

- Soraya Domínguez Portela, “U-lo instinto maternal?”, *Tempos Novos*, n.º 206, “ProTexta”, n.º 04, “Cara e cruz”, xullo 2014, p. 67.

Destácase o sentido do humor desta novela, co que se ridiculizan as modas e ideas impostas e o seu ton contestatario fronte á imposición sexista dun papel á muller como nai. Conclúese calificando o texto como “subxectivo”, que mostra unha perspectiva persoal, que pode ser considerada como “inxusta, aínda que non inocente”.

### **Referencias varias:**

- Toni Martín, “Inma López Silva desvela los secretos de la ‘Maternosofía’”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 2 abril 2014, p. 31.

Sinala o acto de presentación e coloquio na librería Cronopios, en Santiago, deste volume de Inma López Silva. Destaca asemade a presenza de Malós Cabrera e Francisco Castro, así como a activa participación dos asistentes.

- P. C., “El proceso de la maternidad, hecho literatura”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Patio de vecinos”, 2 abril 2014, contracuberta.

Dáse noticia da presentación desta novela na librería Cronopios de Santiago de Compostela, na que participaron a prologuista, Malós Cabrera e o escritor Francisco Castro.

- H. J. P., “Inma López Silva desmitifica con humor o embarazo en ‘Maternosofía’”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 15 abril 2014, p. 32.

Dá conta da saída do prelo deste volume, do que describe o fío argumental e a liña temática. Menciona outra narrativa súa, *New York, New York* (2007).

- Ana Baena, “El Día del Libro multiplicó por cuatro las ventas”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 24 abril 2014, p. 12.

Confirma que este título estivo entre os máis solicitados nas librerías o 23 de abril, celebración do Día do Libro.

- Xosé Antonio López Silva, “Creo no intelectual como motor do debate”, *Tempos Novos*, n.º 208, “Cultura e pensamento”, setembro 2014, pp. 8-9.

Co gallo da presentación desta obra, achégase unha entrevista con Inma López Silva, na que se tratan diversos temas, como a motivación literaria da autora e o seu tratamento dos distintos xéneros literarios, a súa actividade tradutora e a necesidade de vertebrar a sociedade e as institucións.

**Lopo**, Santiago, *A diagonal dos tolos*, Vigo: Editorial Galaxia, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, outubro 2014, 224 pp. (ISBN: 978-84-9865-563-6).

Novela de temática poscolonial escrita por Santiago Lopo (Vigo, 1974), ambientada na illa da Reunión, departamento de ultramar de Francia, coñecida até 1973 como *Île Bourbon*, que se inicia cunha dedicatoria: “A Ye, que nos descubriu os eternos solpores do Índico. / A Fred, que rematou a Diagonal”; seguida dunha cita extraída de *Alicia no País das Marabillas* de Lewis Carroll: “Cando levaban correndo unha media hora / e xa estaban secos, de súpeto, / o Paxaro Dodo berrou: ‘Acabou a carreira!’ / Todos o rodearon, abafados, preguntando: / ‘E logo, quen gañou?’ ”. A narración estrutúrase en cincuenta e un pequenos capítulos, precedidos dun prólogo no que se nos introduce na existencia e regras da *Diagonale des Fous*. Narra dúas historias, a de Pierre e a de P., mesturando o presente da illa cun pasado colonial e marcado pola escravitude. Pierre é un mozo informático, fillo dun “burgués”, que para recibir a súa herdanza terá que sobrevivir á “Diagonal dos Tolos”, unha proba atlética de cento sesenta quilómetros que se ten que realizar en menos de sesenta e seis horas, aínda que o pai do protagonista especifica que o fillo ten que facelo en menos de cincuenta. Da outra banda, P. é un escravo que intenta fuxir, correndo, do seu amo, Sieur Fresson. Os capítulos dedicados a Pierre intercálanse con aqueles que falan de P., de tal xeito que os saltos temporais entre o pasado colonial e o presente son continuos, ademais ambas historias presentan un xogo temporal con continuos *flashbacks* en forma de recordos que asaltan aos protagonistas. Como na maioría das obras de corte postcolonial, a linguaxe cobra moita importancia, así o autor introduce o francés e o crioulo en numerosas ocasións; tamén a natureza e os costumes da illa son relevantes para marcar a identidade do colonizado e

do colonizador. A novela reflexiona especialmente sobre o legado cultural, a débeda histórica e a crueldade do pasado.

### **Recensións:**

- Francisco Martínez Bouzas, “Dos triunfos na sombra”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 521, “Libros”, 27 novembro 2014, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 473, “Letras galegas”, 6 decembro 2014, p. 10.

Unha vez mencionada outra novela súa anterior, *Hora zulu* (2012), salienta a estratexia dupla da narrativa empregada; o sucinto prólogo do autor; a presenza do onírico, o lendario e o imaxinario local nunha trama de ritmo lixeiro e áxil; a presenza de analepses no transcurso da acción; a reflexión á que o escritor leva o lectorado mediante liñas temáticas como a aspereza do fracaso, a importancia da loita e o esforzo humano, ou a denuncia do pasado persoal. Desenvolve, por último, o fio argumental, do que sinala o rol do personaxe protagonista, Pierre, xunto á carreira de supervivencia que dá título ao volume, “*La diagonale des fous*”.

**Loureiro**, Manel, *Apocalypse Z. Os días escuros*. Santiago de Compostela: Urco Editora, setembro 2014, 365 pp. (ISBN: 978-84-15699-44-6).

Segundo volume da triloxía “*Apocalypse Z*”, escrita por Manel Loureiro (Pontevedra, 1975), que se sitúa nun 2009 apocalíptico ante a expansión dun virus (TSJ-Daguestán) que transforma ás persoas en “Non Mortos”. . A historia articúlase en cincuenta e catro capítulos breves, precedidos por unha introdución que se sitúan no contexto apocalíptico que a primeira entrega describía. A obra está dedicada a Maribel, comeza cunha cita bíblica (Isaías, 43.3). Nesta nova entrega o protagonista, un avogado pontevedrés, chega a un dos últimos puntos libres destes seres: Canarias, acompañado do seu gato Lúculo, a súa moza Lucía, o seu amigo Viktor Pritchenko e sor Cecilia. O que atopan nas illas é unha sociedade dividida pola política, un estado militar e a falta de recursos. Pritchenko e o protagonista son enviados a Madrid en busca de provisións medicas, mentres Lucía permanece en Tenerife coidando dunha enferma sor Cecilia, e da mascota do grupo. Durante a súa misión, o protagonista sofre unha emboscada comprobando a forte rivalidade entre “froilos”, seguidores do rei Froilán que habitan en Gran Canaria, e republicanos, que viven en Tenerife. Pola súa banda a moza do avogado, trala morte da monxa, será testemuña da expansión do virus pola illa. Finalmente, os dous amigos e Lucía deciden facerse ao mar a bordo do “*Cocodrilo II*”, escapando do caos que parece estar a punto de estoupar; sen embargo, coma segunda parte dunha triloxía, a novela presenta un final aberto. A focalización do relato varía saltando dun narrador omnisciente en terceira persoa a un narrador en primeira persoa, que se corresponde co protagonista da novela. Remata cunha nota de agradecementos.

### **Referencias varias:**

- R. Nicolás, “Poderosa narrativa fantástica”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Letras”, “Galego”, 31 outubro 2014, p. 11.

Dáse noticia da publicación deste segundo volume da triloxía *Apocalypse Z*, informando do cambio principal con respecto ao anterior, o espazo –no primeiro caso Galicia, agora Madrid–. Gábase a posibilidade de acceder en ligua galega a obras de semellante aceptación.

- Xesús Fraga, “El éxito de lectores y crítica impulsa la literatura de terror en Galicia”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 10 novembro 2014, p. 28.

Comenta o éxito da literatura gótica galega grazas ao labor do autor desta novela e de Darío Vilas, Fernando Cimadevila, Xosé Miranda, Antonio Reigosa, Tomás González Ahola, coas novelas como *Apocalipsis Z*, e outras como *Instinto de superviviente* (2011), *Lantana: donde nace el instinto* (2012), *El nombre[sic] que nunca sacrificaba las gallinas viejas* (2013), *O mundo secreto de Basilius Hoffman* (2011), *Triloxía pánica* (2002), *Arrepíos e outros medos* (2004), e *Galiza mutante: poder nuclear* (2013), respectivamente.

**Maquieira Quiroga**, Luís, *Contos sen importancia*, ilust. Manolo Ruibal, Poio-Pontevedra: Gráficas Anduriña, 2014, 75 pp. (ISBN: 978-84-617-1535-0).

Recompilación de relatos en galego e español que se abre cun “Preliminar” asinado por Víctor Campio Pereira no que explica que é unha obra a engadir “ao vizoso acervo da nosa literatura popular”, tan fértil en Galicia. Igualmente informa neste apartado da mestura entre realidade e fantasía que caracteriza estas historias que se herdan dos devanceiros e de que o autor, Maquieira Quiroga, foi testemuña presencial das historias que pretende salvar do anonimato, transmitíndoas ao lector da mesma maneira que llas transmitiron a el. Campio Pereira incide tamén no realismo dos relatos, que cualifica de breves e por último invita ao lectorado ao goce do libro. Despois destas verbas preliminares, recóllese a carta autógrafa que Víctor enviou ao autor despois de ler a obra, que antecede a un brevísimo limiar no que o autor explica que as pequenas cousas que vai contar proveñen da súa memoria. Despois de varias dedicatorias en castelán e dunha poesía de Manolo Ruibal, vén a recompilación dos catorce relatos de Maquieira, nove deles en galego, a saber: “A despedida”, “A morte de Manoel”, “Galegos polo mundo”, “Antucho de berretina”, “A ponte de Mantible”, “Os malos polvos de Ricardo Fraga, ‘o Tanicas”, “Teodoro”, “Toñito o Garelo” e “Os puntos de vista”. Todos elen tratan temáticas e personaxes habituais da tradición oral.

### Referencias varias:

- Ramón Rozas, “Palabras e paxaros”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Cultural”, 17 novembro 2014, p. 7.

Desenvolve a saída ao prelo deste volume grafado por Luis Maquieira e ilustrado por Manuel Ruibal en Gráficas Anduriña.

**Martínez Alonso**, Rubén, *As escaleiras do Gran Hotel*, XIV Premio Risco de Creación Literaria 2013, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Medusa. Narrativa, 2014, 171 pp. (ISBN: 978-84-7824-641-0) ■

Rubén Martínez Alonso (Vigo, 1980) xebrou esta novela en tres bloques con diferentes capítulos. O primeiro bloque “Salus per aquam” conta cun único capítulo “Bonisana”; o segundo “Septimana (I-VII)” conta con sete capítulos, cada un con numeración romana e seguida do día da semana en latín, e o terceiro bloque “Errare humanum est” presenta o capítulo “Sine die”. Nárrase a estancia de dona Fernanda Teresa María Arbones, viúva de Labarta e mais da súa neta Carolina Bárcena Labarta durante os meses de xullo e agosto de 1928 no Gran Hotel Balneario de Mondariz. Nun primeiro momento ocupan dúas habitacións individuais contiguas, números 106 e 108, até que son trasladadas aos cuartos E06 e E08 dado que a habitación 106 estaba reservada permanentemente para Faustino Boullosa. Fálase dos tres pretendentes que tivera Carolina (Secundino García, Eusebio Cividanes e mais Bernardino Alfaya), e dos que aparecen no balneario como Leandro Ferrati, mais Carolina, que quere romper co esquema da muller daquela altura, está namorada de Tomás Durán quen tamén está no balneario e con quen ten encontros ás costas da súa avoa. Nun destes encontros Tomás descobre unha escaleira nun oco aberto no muro dentro do cuarto 106 e un complot para acabar coa vida do marqués de Estrella (o xefe do Goberno e ditador Primo de Rivera) aproveitando a súa presenza no Gran Hotel Balneario de Mondariz. Posteriormente, cando Faustino Boullosa entra no seu cuarto 106 dáse conta que quen estivera aloxado no cuarto descubrira o pasadizo e o plan para atentar contra Primo de Rivera e daquela suspende a operación. Tamén aparecen tramas políticas e ideolóxicas e asemade descríbese como despois da Guerra civil o balneario se converte no Colexio Santiago Apóstol e como é requisado. Todos os capítulos presentan fragmentos independentes centrados na mitoloxía romana e nos días da semana e que se explican en conxunto no derradeiro capítulo da novela.

### Recensións:

- Ramón Nicolas, “Historia e ficción en Mondariz Balneario”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “En galego”, 15 agosto 2014, p. 11.

Despois de se referir a esta obra de Rubén Martínez, Premio Vicente Risco de Creación Literaria, trae á memoria o ensaio do autor *El Casino de Vigo. Crónica ilustrada de la histórica sociedad de recreo (1847-1936)* (2013) e a novela *1980 (Año Cero)* (2011). Describe finalmente o fío argumental e personaxes do presente volume.

**Mourenza**, Fernán Xosé, *Retallos no vento*, pról. Isidro Novo, Lugo, Edición de autor, 2014, 86 pp. (D.L. VG 410-2014).

Obra de Fernán Xosé Mourenza Fernández (Guntín, 1965) que comeza cun prólogo de Isidro Novo, quen afirma que se presenta “o Ferxo de porta para dentro”, é dicir, o lado máis persoal do autor. Séguenlle nove capítulos que levan por título: “Caduca etioloxía perenne”, “Rêves e lembranzas”, “Statvs qvo; coma sempre!”, “Anceios e xanelas”, “No andamio”, “Bita miña!”, “Mesturas e Músicas”, “Improntas importantes”, e “E..., chegamos a omega”. Ao longo deles, o autor emprega un ton íntimo para abordar diversos temas como o amor, a evocación do pasado, as relacións persoais e a superfluidade presente na nosa sociedade; e, todo isto, cunha presenza constante e notábel do elemento musical. Péchase cun epílogo no que o autor deixa a súa xanela aberta para quen se queira achegar a ela.

## Referencias varias:

- J. Vázquez, “Mourenza debuta con ‘un ensaio sobre os baleiros existenciais’”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 1 outubro 2014, p. 50.

Dáse conta da presentación da primeira obra de Fernán Xosé Mourenza na librería Trama de Lugo e sinálase sucintamente a base existencialista do libro, indicando tamén a intervención de Isidro Novo.

**Pardo de Neyra**, Xulio, *Intensa e quente é a túa humidade azul*, Santiago de Compostela: Edicións Positivas, col. Narrativas quentes, abril 2014, 295 pp. (ISBN: 978-84-941204-9-7).

Novela erótica de Xulio Pardo de Neyra (Lugo, 1968). Ábrese cunha dedicatoria a Pilar, Afonso, Xulio, Rosalía do Cebreiro e Pilariña e, a seguir, unha cita de Blanco Amor. O relato comeza cun narrador en primeira persoa que alterna co narrador en terceira persoa omnisciente, tipoloxía maioritaria. A continuación, nunha entrada avánzase a temática da obra, pois nela cítanse os distintos nomes cos que se pode mencionar o órgano reprodutor masculino, alúdese á visión que se tivo da sexualidade en distintas épocas e ofrécese a opinión que dela tivo algún persoeiro famoso. O corpo da obra dá a coñecer como Monique, unha estudante universitaria de primeiro curso, coñece a Ferdinand, un enxeñeiro de sesenta e dous anos, nunha cafetería de Dixón. Namóranse e o protagonista recomendaralle á moza novelas eróticas como *Historia de O e Retorno a Roissy*, que acollen unha grande importancia na trama. Descríbense as experiencias sexuais vividas na cama, na bañeira ou a través do fío telefónico, adoptando el o papel de Amo e Monique o de submisa. Grazas a esta relación a moza consegue uns excelentes resultados académicos, pero durante as vacacións regresa ao seu lugar natal, onde non recibe ningunha noticia do seu namorado. En setembro, xa de regreso, visita preocupada e tristeira o edificio do seu namorado e alí recibe a nova do seu pasamento. A porteira entrégalle un sobre ao seu nome que o falecido deixara cuns documentos que escribiu antes de morrer a causa dunha enfermidade cardíaca que lle diagnosticaran recentemente, pero que decidira esconder. Entre os papeis estaban unha carta de despedida, un cheque e un contrato de submisión sexual que preparara a modo de xogo. Na obra poden verse reproducidas a carta na que o enxeñeiro Ferdinand expón a súa dúbida sobre o posíbel embarazo da rapaza, o cal resultou confirmado e o contrato, que conta con diferentes apartados e tres apéndices. A obra finaliza cando a moza le eses papeis, descobre que está en estado e lembra a Fer fumando un cigarro da mesma marca dos del, despois de saír da cafetería na que se coñeceran.

## Recensións:

- Pilar Ponte, “Cálidos azuis”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 505, “Libros”, 19 xuño 2014, p. VI/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 458, “Letras galegas”, 28 xuño 2014, p. 10.



Informa da saída do prelo desta novela de Xulio Pardo de Neyra na colección “Narrativas Quentes” de Edicións Positivas. Menciona primeiramente o xénero no que se enmarca a novela, a pornografía, para despois destacar a linguaxe sexual e a opción normativa da que fai uso o autor para desenvolver o fío argumental. Conclúe cunha mención a outra novela tirada da colección antedita, *Organoloxía* (2010), de Eva Moreda.

### Referencias varias:

- Fernando Franjo, “Un profesor de la UDC escribe la primera novela pornográfica de toda la literatura gallega”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 1 maio 2014, p. 27.

Comenta o acto de presentación na Feira do Libro de Compostela desta novela. Nun epígrafe á parte salienta o punto de arranque da literatura erótica en galego a partir das figuras de Martín Códax e Álvaro Cunqueiro, e o feito de Pardo de Neyra ter realizadas tres teses de doutoramento e publicado os volumes de literatura erótica *La arrebatadora entrada de Salomé en el templo. Mujer y erotismo en la vanguardia española* (2004), e *Aproximación a la poesía. Consideraciones y metodología crítico-didáctica sobre comentario de textos* (2005).

- Jaureguizar, “Xulio Pardo de Neyra publica ‘a primeira novela porno galega’”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Sociedad”, p. 52/ *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, p. 49, 8 maio 2014.

Anuncia a saída do prelo da que se considera primeira novela pornográfica grafada en lingua galega. Analiza a súa estrutura e comenta algunhas opinións do seu autor.

- Miguel Rodríguez, “Xulio Pardo de Neyra. ‘Agardo que con este libro a xente foda máis en galego’”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y Cultura”, 12 maio 2014, p. 6.

Conversa co profesor Xulio Pardo de Neyra co gallo da saída do prelo da súa última novela, considerada a primeira deste xénero nas letras galegas. As cuestións centráronse no fío argumental, as disimilitudes entre novela erótica e novela pornográfica, a crítica da linguaxe superficial empregada ás veces e o tipo de lectorado agardado.

- Susana Rodríguez, “Por amor son quen de facer o que sexa, e non hai nada que non perdoe”, *El Progreso*, “Xente de aquí”, “Moi persoal”, 18 maio 2014, p. 16.

Entrevista ao profesor Xulio Pardo de Neyra con motivo da publicación da súa novela, considerada a primeira do seu xénero no panorama das letras galegas. As múltiples cuestións centráronse nas relacións sentimentais, na represión na literatura galega e no feito de ter realizadas tres teses de doutoramento.

- Nuria Martínez, “Xulio Pardo de Neyra. ‘É necesario amosar que tamén se pode foder en galego’”, *Diario de Pontevedra*, “reviSta!”, n.º 723, 25 maio 2014, pp. 4-5.

Conversa con Xulio Pardo de Neyra con motivo da publicación desta novela en que se fala dos xermolos do fío argumental, a elección do título, da ficción ou realidade da historia, da linguaxe sexual en galego, do lectorado agardado a quen vai dirixida e de unha posíbel precuela.

- Suso Varela, “Xulio Pardo de Neyra. ‘Temos unha lingua imaxinativa para o sexo, moito máis que o castelán’”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 25 maio 2014, p. 47.

Faladoiro co profesor Xulio Pardo de Neyra arredor da súa novela. Os temas tratados foron a necesidade de grafar unha novela deste tipo, as referencias nas que se baseou e o emprego de léxico pornográfico en galego.

- Lourdes Varela, “Xulio Pardo de Neyra. ‘A literatura pornográfica é exquisita, se é boa’”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 502, “Entrevista”, 29 maio 2014, p. V.

Acóllese unha entrevista a Xulio Pardo de Neyra na que se tratan cuestións como os límites entre literatura e cinema erótico e literatura e cinema pornográfico, as figuras dos protagonistas desta historia, a relación entre pornografía e machismo e anteriores publicacións do autor como *O nome do arrecendo* (2013).

- R. Nicolás, “Máis aló do erotismo”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Galego”, 12 setembro 2014, p. 12.

Relaciónase esta novela co conde de Mirabeau, o marqués de Sade ou Feliz Salten, entre outros. Afirmase que se inaugura un camiño que oscila entre a dominación e a submisión e conclúese que se crea unha “tensión argumental de alta voltaxe”, coma esixe o xénero.

**Pavón**, Cris, *Sangue12*, Santiago de Compostela: Urco Editora, col. Alcaían, maio 2014, 201 pp. (ISBN: 978-84-15699-47-7).

Novela de Cris Pavón (A Coruña, 1962) de tendencia fantástico-realista, dividida en trinta e un capítulos que relatan a relación entre Nanda, unha rapaza preadolescente e Palmira, unha moza vampiro. Esta relación comeza co interese da vampiro cara a Nanda, quen pouco a pouco se deixa engaiolar pola historia da vampiro, a cal nun principio consideraba pura invención, pero que vai crendo co tempo. Ambas as dúas falan telepaticamente creando un lazo máis forte e comeza a xurdir o contacto sexual entre elas. Palmira vai contando a súa vida dende o ano 1816 e relata tanto a súa decisión por volverse inmortal e ser nena eternamente, como a relación que tivo con outra rapaza chamada Ada, filla do escritor Byron. Na obra predomina unha voz narrativa en primeira persoa, agás nun momento que se narra en terceira persoa por propia elección da personaxe Palmira.

### **Recensións:**

- María Navarro, “Fantasía urbana”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 509, “Libros”, 4 setembro 2014, p. VI/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 462, “Letras galegas”, 13 setembro 2014, p. 10.

Salienta a estética de corte romántico, a dualidade da narrativa, os personaxes que semellan tirados da mitoloxía, as referencias intertextuais con Lord Byron ou John William Polidori. Describe o fío argumental e remata coa mención doutras narrativas

con temática centrada no vampirismo como o relato “Vampiro” (1901), de Emilia Pardo Bazán ou *Un ollo de vidro. Memorias dun esqueleto* (1922), de Castelao.

**Pobra**, David, *Liña azul*, IV Premio de Novela Curta Cidade Centenaria de Riveira, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Literaria. Narrativa, abril 2014, 136 pp. (ISBN: 978-84-9914-667-6). ■

Novela detectivesca e metaliteraria de David Pobra (*A Pobra do Caramiñal*, 1981), en que o lector pensará, na primeira parte da narración, que está fronte a unha novela na que se relata a historia dun detective sen nome, algo torpe nas súas pescudas, que principia unha misión que o levará á liña azul do metro de Barcelona. Desta maneira, o protagonista pasará os seus primeiros momentos deambulando pola liña de metro na procura dalgunha pista que lle leve a descubrir o caso seguindo unicamente a súa intuición, sen facer caso á chea de informes que leva consigo no seu maletín. Sen embargo, todo cambiará no momento no que decide ler a primeira liña deses informes, cando descobre que aquelas verbas que está a ler, coinciden cos pensamentos que tivo durante o día. Pouco a pouco darase conta de que é un monicreque de alguén que está a escribir a súa propia historia e, no momento en que decida rebelarse, comezará un diálogo co autor da novela.

#### **Recensións:**

- Francisco Martínez Bouzas, “Novela autorreferencial”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 508, “Libros”, 10 xullo 2014, p. VI.

Tras valorar o Premio de Novela Curta “Cidade Centenaria de Riveira” do que foi merecente esta obra en 2013, esmiúza o fío argumental da narrativa e salienta a presenza da intriga, o humor, a reflexión metaliteraria e o uso de múltiples personaxes narradores.

- Armando Requeixo, “Unha nivola actual”, *Diario de Ferrol*, “*Nordésia*”, p. 32/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, p. 33, n.º 845, “Letras Atlánticas”, 7 setembro 2014.

Tras referirse ao IV Premio de Novela Curta Cidade Centenaria de Ribeira do que foi merecente esta obra, salienta o carácter mixto desta novela policial e thriller suburbano, xunto á presenza de citas literarias ao longo da narración, pertencentes a persoeiros ou mesmo tiradas de contos tradicionais, do Surrealismo ou da Commedia dell’Arte italiana. Remata cunha referencia ao aspecto humorístico implícito no relato e á autocrítica por parte do narrador e personaxes.

#### **Referencias varias:**

- M. G., “David Pobra presentó su novela ‘Liña azul’, inspirada en historias de metro”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º. 981, 20 xullo 2014, p. 7.

Dá conta do acto de presentación da novela e destácase a intervención do autor indicando a súa inspiración para escribir. Tamén se fai referencia aos comentarios

positivos por parte do director de Edicións Xerais, Manuel Bragado, entre outros asistentes.

- Xosé Carlos Caneiro, “A fortuna”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Ficción”, “Club dandi”, 12 setembro 2014, p. 11.

Entre outras cousas, recomenda as novelas *Liña azul*, de David Pobra e *Tempo ordinario (Historias de Compostela)*, de Paco Carro. Da primeira salienta o premio que gañou, o interese que suscita na súa lectura a metaliteratura e a magnífica e vigorosa prosa.

**Queipo**, Xavier, 55, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º 356, xullo 2014, 319 pp.(ISBN: 978-84-9914-698-0).

Xavier Queipo (Santiago de Compostela, 1957) presenta un conxunto de cincuenta e cinco relatos de temática variada (entomoloxía, historia, literatura científica, histórica, de viaxes etc.) que están xebrados en cinco bloques: “Do mundo enteiro”, “Da terra coñecida”, “Instrucións”, “Territorios” e mais “Entomoloxía creativa”. Ao comezo vén un limiar, titulado “Limiar de agarimos diversos”, datado en Bruxelas o 30 de xuño de 2012, no que explica que estes relatos foron compilados no verán de 2012 co fin de facer balance dos seus cincuenta e cinco anos e que inclúen textos escritos, éditos e inéditos, dende 1994 até 2012. A seguir detalla os títulos que integran cada un dos cinco bloques de 55 así como a referencia da súa primeira publicación, se ben cómpre sinalar que existen algúns erros na datación dalgúns destes relatos. O primeiro bloque “Do mundo enteiro” presenta: “A casa da tinta”, publicado en 1996 en *Unha liña no ceo. 58 narradores galegos 1979-1996*; “A sizanga”, escrito orixinariamente en portugués; “A illa dos lémmures”, publicado en 2002 en *Materia prima. Relatos contemporáneos*; “O terremoto de Amboina, publicado no segundo volume de *Poetas e narradores nas súas voces* en 2006; “Fragmentos do diario chinés”, publicado en 2007 en portugués e en galego no suplemento “Revista das Letras” do xornal *Galicia hoxe*; “O lago xeadado”; “Ranodon”; “Relato da estadia en Macau do naturalista Gabriel García antes de partir con rumbo ás illas das especias”, publicado en 2010 no suplemento “Revista das Letras” do xornal *Galicia hoxe*; “Artemisa (fragmentos do diario cubano)”, publicado nun fanzine do pub compostelán “Modus Vivendi”; “O vento que xea as entrañas”; “Eclipse(s)”; “Pintas”; “A baiuca do fondo do mar”; “A extinción dos caracois” e finalmente “Nas beiras do Lago Michigan”. O segundo bloque de relatos de 55, titulado “Da terra coñecida”, está composto por: “Memorias apresuradas”; “Mutante. Exercício de estilo”; “Rutinas na cela 43”, publicado en 2008 na antoloxía *Educación e paz III*; “Pequena introdución de costumes”, publicado en 2012 en *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* e pensado polo seu autor como continuación do texto “Rutinas na cela 43” publicado tamén en 55; “O xardín das ideas circulares”, publicado en 1996 en *Berra liberdade*; “Primeira vez”; “A caixa dos tesouros”, publicado en 2010 en *Verdades de plastilina*; “Observatorio”; “Dinámica de sistemas”; “Intercambio desigual”; “A banda do monte e a banda do río”; “Os arroaces de Muros”, publicado no xornal *El país*; “Anacario de momentos menos álxidos”, publicado en 2000 no xornal *El Correo Gallego* e en 2001 no libro *Xeración a*; “Bruxelas, nunha intoxicación mitolóxica”; “Os ríos de Compostela”; “Underwood” e mais “O veciño”. O terceiro bloque, que leva por título “Instrucións”, recolle catro relatos: “Instrucións para abrir unha porta”; “Instrucións para fritir pementos de Herbón”; “Instrucións para non ter

unha leira na cabeza” e mais “Instrucións para unha lectura atenta do xornal”. Algúns dos fragmentos dos oito textos (“Esbirro”, “Pantasma”, “A vella dos García”, “O protexido”, “As Mariás”, “Anselmo”, “Rosa” e “Poesía no autobús”), de curta extensión, que integran o cuarto bloque de 55 titulado “Territorios” xa foron publicados segundo Xavier Queipo. O derradeiro bloque que leva o título de “Entomoloxía creativa” conta cos relatos: “Limiar. Ollos compostos”; “O apareamento dos escornaboís”, publicado en 2008 na revista *Avril*; “As moscas das illas Kerguelen”; “Chez nous il y a beaucoup de sauterelles”; “Comportamento sexual nos cínfaros”; “Estratexias de competencia sexual en insectos”; “O Parlamento Europeo e a mosca carniceira”; “Os escaravellos mutantes da rúa Spa” “Resistencia acuática”; “Unha avéspora curiosa”; “Os escaravellos cegos e a deriva continental”, publicado no xornal *El Progreso*, e como peche “Formigas con ás”.

### Recensións:

- Rexina Vega, “Jeme souviens”, *Tempos Novos*, n.º 209, “ProTexta”, “ProPostas”, n.º 05, outubro 2014, pp. 82-83.

Comézase trazando unha breve descrición do autor, para pasar ao epígrafe “Memoria autobiográfica de 55 anos”, no que se comentan os contos do volume, que se enfián co tema da viaxe e nos que aparece a miúdo a linguaxe científica. Nunha última sección intitulada “A pulsión científica que está detrás dos relatos” fálase da experimentación estilística e lingüística do autor.

- Francisco Martínez Bouzas, “Garantía nas distancias”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 518, “Libros”, 6 novembro 2014, p. VI/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 470, “Letras galegas”, 15 novembro 2014, p. 10.

Tras mencionar outros volumes do autor como *Ártico e outros mares* (1990) e *O paso do noroeste* (1996), salienta a creatividade da organización da estrutura en torno a diversas seccións ou pólas, a liña temática centrada no mar e o mariño, a crítica aos prexuízos, a entomoloxía e a presenza de escrita ensaística, para finalmente subliñar os relatos “Mutante. Exercicio de estilo”, “Rutina na cela 43” e “Os arroaces de Muros”, xunto á sección “Instrucións”.

### Referencias:

- R. E. e J. C., “Xavier Queipo. ‘O libro está composto por 55 relatos, coma os anos que teño’”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “A pie de calle”, 5 setembro 2014, contracuberta.

Dá conta do acto de presentación na librería Couceiro en Santiago desta novela. Describe a seguir as cinco seccións que conforman a estrutura do volume: “Do mundo enteiro”, “Do mundo coñecido”, “Territorios”, “Instruccions [sic]” e “Entomoloxía recreativa”.

- Ramón Nicolás, “Edificio de piares sólidos”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Galego”, 3 outubro 2014, p. 12.

Tras facer referencia á inmensa obra narrativa, ensaística e poética do escritor, salienta o feito deste volume incluír relatos inéditos que non puideron ser inseridos noutros volumes no seu tempo, e destaca a multiplicidade estilística empregada na súa redacción, xunto á presenza dunha temática plural, poliédrica e de experimentación. Conclúe cunha mención doutras liñas temáticas presentes na narrativa como por exemplo a relativa ao eido do marítimo.

**Queizán**, María Xosé, *A boneca de Blanco Amor*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, novembro 2014, 153 pp. (ISBN: 978-84-9865-571-1).

Novela de María Xosé Queizán (Vigo, 1939) que se estrutura en nove “revelacións”: “Chile, país de revelacións!”, “Chile, lugar de grandes descubrimentos”, “Chile: lugar de creatividade e progreso”, “Chile, terra de pioneiras, de emprendedores e homes fortes!”, “Chile: paixón andina”, “Chile asediado polo ídolo negro. Les fleurs du mal”, “Chile para min, máis que un país, é un vicio”, “ - Señora, non teña medo que non lle faceremos ningún mal. A Esmorga” e “A desesperación infunde valor ao covarde. Thomas Fuller”. Ao longo destas nove revelacións, e tomando a Chile como pano de fondo, sucédense unha serie de feitos como a chegada de Fernán de Magalhães ou Darwin ao país e preséntanse unha serie de personaxes conectados entre si. Deste xeito entrará en acción Aurelio de Andrada, a quen lle puxeron ese nome en homenaxe ao poeta Aurelio Aguirre e a quen a súa nai lle deixa unha carta ao morrer na que lle explica que o seu pai emigrara a América. Deste xeito o rapaz marcha na súa busca e coñece en Chile a el e á súa parella, Sara, coa que, unha vez morto o pai, mantén unha relación intensa. Non obstante, a presión familiar exercida sobre Sara fará que decida deixar a súa relación con Aurelio, quen non será quen de superalo e levará para o seu pazo ourensán unha boneca de porcelana que consiste nunha réplica da súa amada. Trátanse temas como a colonización, o machismo, a avaricia e as relacións persoais, entre outros. A seguir ofrécese un apartado denominado “Consideracións sobre Eduardo Blanco Amor”, no que, co gallo de comprender a postura ideolóxica do autor, se fala da súa vida en Bos Aires, lugar no que tivo unha relación directa cos escritores da literatura sudamericana caracterizada polo seu compoñente innovador. Finalmente, o volume péchase cun “Epílogo” no que a autora explica o seu percorrido polas terras chilenas, xa que foi onde atopou a inspiración para a presente obra.

### **Recensións:**

- Ramón Nicolás, “Crónica e ficción con EBA ao fondo”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Galego”, 26 decembro 2014, p. 11.

Trata da influencia de dous libros de Eduardo Blanco Amor, *Chile a la vista* (1951) e *A esmorga* (1959). Refírese ao argumento e salientáanse algúns elementos que aparecen recollidos, por exemplo, as investigacións de Darwin e a chegada de Fernán de Magalhães. Indícase que se narra “unha suma de descubertas transmitidas e recreadas con Chile como pano de fondo” e infórmase da existencia dalgúns asuntos recorrentes na obra da autora coma o feminismo e a defensa da ciencia. Por último, destácase o recordo da figura do poeta romántico Aurelio Aguirre.

**Quiroga**, Xabier, *Zapatillas rotas*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, agosto 2014, 400 pp. (ISBN: 978-84-9914-700-0).

Nova novela de Xavier Quiroga (Saviñao, 1961), ambientada, como vén sendo común na súa obra, en espazos que coñece ben. A trama arrinca cun feito aparentemente simple: o ancián Xaquín Amoedo sae da residencia na que vive coa intención de dar un paseo, pero axiña se lle achega un home máis novo que o convida a ir ver o mar. Deste acontecemento parte o demais, nunha historia na que todo se vai complicando aos poucos, na que se dá entrada a múltiples personaxes e na que o autor demostra a súa pericia narrativa e o dominio dun bo catálogo de recursos: ademais da redución temporal –toda a acción transcorre nunhas poucas horas, entre as dez da mañá e a media tarde en capítulos caracterizados pola súa brevidade–, o escritor manexa con acerto o perspectivismo e a simultaneidade, e recorre a constantes analepses. Nese enigmático home que leva o vello reside un dos elementos intrigantes do relato, pois o lector irá alimentando sospeitas sobre a súa identidade consonte se lle achegan datos sobre el. A través das horas que os dous homes comparten, descubrirase que ambas as vidas están relacionadas dende tempos distantes, o cal dá pé para inserir escenas dun pasado marcado pola crueldade, os desexos insatisfeitos, as frustracións... E en contrapunto, deste feito tan sinxelo nace unha serie de reaccións encadeadas tanto na residencia coma nas *forzas vivas* da sociedade. O que é un paseo pasa a ser un secuestro e decontado asistimos á presenza da familia, da policía, da garda civil, do alcalde da vila, do goberno autonómico e, sobre todo, á cobertura informativa dos medios de comunicación, e todo isto con boas doses de crítica dirixida á sociedade inmediata: a situación de abandono dos parados, a desatención dos vellos por parte da Administración e da familia, os insubstanciais valores instalados na sociedade de consumo, as falsas aparencias, a superficialidade, a frivolidade dos programas de televisión, o comportamento da Administración pública, a hipocrisía, o valor dos cartos como medida da importancia das persoas... Como nas súas obras anteriores, Xabier Quiroga insiste en recuperar feitos do pasado, un pasado que se revela marcado pola crueldade no marco dunha Galicia rural, idílica, solidaria, pero asoballada pola dureza e as traxedias da dominación dos poderosos. De aí que en boa parte destas páxinas se asista a escenas que mostran unha gran violencia: a bruta e animal do cacique sobre a súa familia e o sometemento da xente da aldea; a gratuíta sobre os animais; a exercida polos vencedores da guerra coa axuda dun crego tan feroz coma eles; e, sobre todo, a violencia exercida sobre a muller, sexa nun club de alterne exercida por quen ten a responsabilidade de velar pola legalidade, sexa na intimidade do fogar.

### **Recensións:**

- Dolores Vilavedra, “Un poderoso concerto de voces”, *Grial*, n.º 204, “O espello das letras”, outubro, novembro e decembro 2014, pp. 83-84.

Cómezase por comentar que esta obra mantén as características da voz narrativa do autor: a sensibilidade lingüística e a memoria como motor da fábula. Saliéntase o seu carácter paródico, estruturada a xeito de novela policial na que se pescuda a un ancián desaparecido. Remátase gabando o dinamismo da narración, pois está escrita en capítulos moi breves que lle confiren un ritmo de actualidade.

- Laura Caveiro, “Do amor e insólito rapto”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 514, “Libros”, 9 outubro 2014, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 466, “Letras galegas”, 18 outubro 2014, p. 10.

Tras establecer certas comparacións entre esta obra e as de Haruki Murakami, Suso de Toro, Xurxo Borrazás, Xurxo Sierra Veloso e Iolanda Zúñiga con *After Dark* (2007), *Land Rover* (1988), *Ser ou non* (2004), *Os fíos* (2010) e *Periferia* (2010), respectivamente, describe o seu fío argumental e salienta a presenza dun humor retranqueiro, do esperpéntico, e o dominio dunha variedade de técnicas narrativas, así como o eficaz dosaxe do impacto emocional no lectorado ao longo da trama.

- Ramón Nicolás, “Á busca de respostas sobre a vida”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Letras”, “Galego”, 10 outubro 2014, p. 13.

Insire a novela no xénero cinematográfico de “filme de estrada” pola súa narrativa elíptica, episódica e de ritmo vertixinoso, e salienta a crítica implícita no fío argumental xunto á presenza dun humor sarcástico e retranqueiro.

- Xavier Senín, “Zapatillas rotas”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 24 novembro 2014, p. 4.

Subliña, unha vez descrito o fío argumental, o feito de tratarse da quinta historia que tira do prelo; o labor do autor como profesor nun IES de Lalín; a concisión dos noventa e cinco capítulos que a compoñen; a denuncia da soidade, a violencia e o abandono das persoas maiores ou en situación de paro laboral xunto á ausencia de valores morais en canto liñas temáticas do volume; a confluencia de diversos relatos e personaxes no remate da historia, e a presenza do humor no transcurso da acción. Doutra banda, describe o fío argumental en detalle, así como o tempo e o espazo nos que se desenvolve a novela.

- Vicente Araguas, “O vello, o novo a novísima”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”, p. 22/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesia*”, n.º 857, p. 30/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 857, “máis Libros”, p. 30, 30 novembro 2014.

Tras apuntar a calidade do fío argumental desta historia, xunto á enxeñosa caracterización dos personaxes que a poboan, salienta de xeito global as novelas do autor en canto á narrativa e trama encadradas no xénero do realismo, para despois desenvolver en detalle a estrutura do presente relato. Destaca, así pois, o labiríntico da acción e describe o fío argumental polo miúdo, referindo os postos laborais que desempeñan os protagonistas, algúns deles castelanfalantes, ou o espazo londinense no que transcorre a acción. Conclúe cunha recomendación da lectura desta historia e gaba o arte literario do autor, a quen describe como ousado á vez que prezado.

### **Referencias varias:**

- Xosé Carlos Caneiro, “Coaccións”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Letras”, “Infantil”, “Club dandi”, 5 decembro 2014, p. 11.

Reflexiona sobre a literatura e salienta o traballo da escritora María Reimóndez. A seguir, mostra a súa decepción en relación ao premio Xerais 2014 e á novela *Zapatillas*



*rotas*, de Xabier Quiroga. Con respecto a esta obra, comenta que “é un romance que por veces parece frívolo ou superficial”. Por último, informa da publicación de *Crise global e crise da política (unha ollada dende Galicia)*, de Emilio Pérez Touriño.

**Ramos**, Alberto, *Máscaras rotas para Sebastian Nell*, XXVI Premio Manuel García Barros, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 331, novembro 2014, 404 pp. (ISBN: 978-98-9865-569-8).

Novela de Alberto Ramos (Santiago de Compostela, 1986) na que mestura o xénero narrativo coa entrevista, Presenta catro dedicatorias “A Berta Dávila, Mourullo e Xosé Ramón Pallares polas segundas opinións, consellos e tempo investido. Sen eles este libro non sería”, “Tamén aos que foron por min cando eu nin estaba”, “Á familia, por todo e máis” e “E aos actores secundarios deste e doutros mundos. De non existiren, esta vida sería menos vida”. O protagonista, o actor británico Sebastian Nell, logo de ser diagnosticado de alzhéimer, decide concederlle unha única entrevista á xornalista de *The Guardian*, Rebecca Graham. Durante a longa conversa, o actor relata en primeira persoa a súa vida dende a infancia até a actualidade centrándose na súa carreira teatral e cinematográfica. A novela é “unha radiografía dos claroscuros do século XX” e a través do diálogo punxente que se establece entre os dous personaxes destaca que nada é o que parece. Os temas presentes son o fracaso, a deturpación da sociedade do espectáculo, as miserias persoais, a homosexualidade, o amor, a política, a enfermidade, o medo e a corrupción. Ao longo da obra fanse varias referencias á obra de Shakespeare. Pecha o volume unha cronoloxía cos acontecementos máis destacados da vida de Sebastian Nell.

### **Recensións:**

- Xesús Domínguez Dono, “As carautas da realidade”, *Grial*, n.º 204, “O espello das letras”, outubro, novembro e decembro 2014, pp. 80-81.

Descríbese esta novela, explicando que xungue o xénero narrativo co da entrevista para contar a vida de Sebastian Nell, actor que sofre alzhéimer e que se presenta como un personaxe trágico. Saliéntase a boa estrutura da novela, enfiada a xeito de entrevista e a verosimilitude lograda polo diálogo.

- Ramón Nicolás, “Nell, no derradeiro escenario”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “En galego”, 19 decembro 2014, p. 10.

Destácase que é “un texto dono dunha estrutura milimetricamente estudada, ao servizo da fluidez narrativa e poliédrico en canto a asuntos tratados”. Refírese o argumento da obra e fálase dos protagonistas, o actor Sebastian Nell e a entrevistadora Rebecca Graham. Saliéntanse que os protagonistas mostran a realidade da sociedade do espectáculo e afondan nas contradicións da condición humana, “os temores e anxeios, os fracasos e éxitos que a vida encerra”. Por último, recóllese un breve fragmento da obra e indícase que é “unha gran novela”.

**Reigosa**, Carlos G., *A vinganza do defunto*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Literaria Narrativa, outubro 2014, 336 pp. (ISBN: 978-84-9914-756-7).

Quinta entrega da serie de novelas negras do xornalista Carlos G. Reigosa (Pastoriza, 1948), que se iniciou con *Crime en Compostela* (1984) e está protagonizada polo detective Nivardo Castro. Desta volta o protagonista verase envolto nun caso que lle obrigará a indagar no pasado histórico de Galicia e coñecer como afectou a II Guerra Mundial a esta comunidade, obtendo información sobre a explotación das minas de volframio ou o éxodo de xudeus e nazis ao estranxeiro a través do porto de Vigo. A historia non está centralizada nun único lugar, senón que se desenvolve en múltiples espazos (Galicia, Madrid, Arxentina...); tamén é habitual o xogo polo que se mesturan personaxes reais con ficticios. A través dun narrador en terceira persoa Reigosa crea un ritmo de lectura fluído, á vez que consegue manter un ambiente de intriga dende o comezo da novela até o remate da mesma empregando constantes xiros na trama da historia.

### **Recensións:**

- Ramón Nicolás, “Na pista das crueldades sen sentido”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Galego”, 14 novembro 2014, p. 7.

Destaca que nesta obra o autor recupera da memoria, en primeiro lugar, unha célebre frase de Raymond Chandler sobre o estilo “escriturario”, para despois indicar a liña temática; o modelo canónico seguido á hora de trazar o fío argumental da novela; o protagonismo dos personaxes Nivardo Castro e Carlos Conde; a presenza da intriga á vez que a ausencia de longos fragmentos descritivos ou intertextuais, e o uso de diálogos ateigados de misterio que conseguen enganchar o lectorado na trama. Doutra banda, salienta o dinamismo do ritmo narrativo, a intriga da trama e as constantes dislocacións xeográficas e paisaxísticas presentes na escrita.

- Francisco Martínez Bouzas, “Dunha historia que revive”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 523, “Libros”, 11 decembro 2014, p. VI/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 475, “Letras galegas”, 20 decembro 2014, p. 10.

Dá conta desta quinta entrega protagonizada polo detective Nivardo Castro e o xornalista Carlos Conde. Refírese ao argumento da obra e destaca que é “un retrato de Vigo durante a II Guerra Mundial”, onde hai “nazis protexidos por falanxistas, xudeus tratando de saír para América e británicos traballando como espías”. Salienta que é unha “terrible historia viguesa que ten consecuencias no presente” e informa do desenlace que resulta difícil presentir, da “grande riqueza da trama”, do “bo desenvolvemento narrativo” e do “loable debuxo do perfil psicolóxico dos personaxes”. Indica a presenza, na narración, dalgúns personaxes reais coma Francisco Vázquez e Celso Collazo Lama.

### **Refencias varias:**

- Patricia Pernas, “Reigosa recupera a Castro y Conde en su nueva novela”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 23 xuño 2014, p. 45.

Fala da publicación da próxima novela de Carlos González Reigosa na que volverán figurar dous personaxes habituais na súa narrativa: Nivardo Castro e Carlos Conde. O libro, que será *A vinganza do defunto* ou *Memorial do mal*, trata dunha maquinación que sucede nos anos 40, entre Vigo e Bos Aires, con nazis, xudeus e aliados. Apúntase que o autor acaba de ser galardoado na XX edición dos premios literarios Arcebispo Juan de San Clemente, na modalidade de lingua galega, pola súa obra *A vitoria do perdedor*. Infórmase da publicación do seu primeiro libro de poesía.

- Carlos G. Reigosa, “Volve Nivardo Castro”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Adianto editorial”, 7 novembro 2014, p. 13.

Reproduce un extracto da novela *A vinganza do defunto* a xeito de adianto editorial onde Carlos G. Reigosa recupera a figura do detective Nivardo Castro, que aparecera na novela policial *Crime en Compostela* (1984).

- Xesús Fraga, “Carlos Reigosa. ‘As novelas mídense pola densidade dos personaxes’”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 9 novembro 2014, p. 43.

Conversa co escritor Carlos G. Reigosa co gallo da saída ao prelo da quinta entrega da serie *Crime en Compostela* (1984): *A vinganza do defunto*, protagonizada polo detective Nivardo Castro. As cuestións tratadas foron o fío argumental do volume e a presenza de liñas temáticas relacionadas co eido da historia nas súas outras novelas.

- Amaia Mauleón, “Carlos G. Reigosa: ‘Vigo tiene todos los elementos para una novela de la II Guerra Mundial’”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 12 novembro 2014, p. 40.

Informa do acto de presentación en Santiago da quinta entrega da serie *Crime en Compostela* (1984), que se titula *A vinganza do defunto*, da autoría de Carlos G. Reigosa. Salienta a presenza no evento de Xesús Alonso Montero e Manuel Bragado e describe o fío argumental do volume.

- Patricia Pernas, “Reigosa retoma ao detective Castro para un misterio na Segunda Guerra Mundial”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Literatura”, 12 novembro 2014, p. 56.

Comenta o acto de presentación no Consello da Cultura Galega en Santiago da quinta entrega da serie de Carlos G. Reigosa, *Crime en Compostela* (1984): *A vinganza do defunto*, tirada do prelo por Edicións Xerais. Subliña finalmente a asistencia ao evento de Xesús Alonso Montero.

- J. G., “Carlos Reigosa sigue ‘engaiolado pola cidade de Compostela’ en sus novelas”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Santiago”, 12 novembro 2014, p. L2.

Alude ao acto de presentación no Consello da Cultura Galega, en Santiago, da quinta entrega da serie de Carlos G. Reigosa, *Crime en Compostela* (1984), intitulada *A vinganza do defunto*. Destaca a presenza no evento de Xesús Alonso Montero e Manuel Bragado e apunta por último o fío argumental do volume.

- Carolina Sertal, “Implanto unha ficción que non se pode dicir que non ocorrera”, *Diario de Pontevedra*, “reviSta!”, n.º 748, “Entrevista”, 16 novembro 2014, p. 4.

Conversa co escritor Carlos G. Reigosa co gallo da saída ao prelo da súa novela negra *A vinganza do defunto*. As cuestións tratadas xiraron ao redor do proceso de documentación da historia; o rol de xornalista do autor na súa propia obra; a mestura entre novela policial e xornalística; os personaxes principais e súa evolución dende a primeira entrega desta serie e as claves imprescindíbeis da estrutura dun relato de detectives.

- Lourdes Varela, “Carlos Reigosa. Sempre quixen que esta fose a miña novela de Vigo”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 524, “Entrevista”, 18 decembro 2014, p. V.

Entrevista realizada con motivo da publicación da novela *A vinganza do defunto*, quinta entrega protagonizada polo detective Nivardo Castro e o xornalista Carlos Conde. Refire brevemente o argumento da obra e destaca que está ambientada en Vigo durante a Segunda Guerra Mundial. Informa sobre o proceso de creación e reflexiona sobre o xénero negro. Ademais, fala da publicación de *Kid Salvaxe*, primeira obra de poesía do autor.

**Reimóndez**, María, *Dende o conflito*, Premio Xerais de Novela, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º 360, outubro 2014, 304 pp. (ISBN: 978-84-9914-737-6).

María Reimóndez (Lugo, 1975) abre esta novela con dúas dedicatorias: a primeira persoal a Pilar Otero Combarro e Herminia Paz e, a segunda, extensiva a “todas as mulleres que poñen en risco a súa vida cada día para que todas teñamos voz”. Distribúese a historia en catro partes, cada unha delas intituladas e divididas a súa vez en varios capítulos. Todos os capítulos inicianse cun paratexto, unha cita de diferentes mulleres periodistas coma Sofía Casanova, Marie Colvin ou Martha Gellhorn. Un narrador en terceira persoa relata a historia da periodista galega Saínza Combarro, quen traballa para a BBC inglesa como reporteira de guerra. As zonas de conflito onde a protagonista é enviada (o Congo, Iraq, Etiopía, Afganistán, Sri Lanka ou Haití) alternan con lugares como Compostela, Vilalba, Londres, Berlín ou Barcelona, onde Saínza se refuxia da crueldade humana xunto aos seus amigos e a súa familia. Nas dúas primeiras partes a narración sucédese xunto a intercaladas crónicas da protagonista e un intercambio epistolar coa súa amiga Aurora. Cando o contacto entre elas cesa, fanno do mesmo xeito as cartas na obra. O seu lugar será ocupado por correos electrónicos entre Saínza e Miguel Lucas, un profesor de instituto. O lectorado é trasladado no tempo con continuas analepses cara ao pasado de Saínza, de cara a entender a súa personalidade e os seus principios. A crítica aos diferentes medios de comunicación occidentais de como tratan os conflitos armados é palpábel na visión da protagonista, que retrata o papel da muller nestas desgrazas humanas. A inmensa empatía que Saínza sente polos damnificados lévaa a sufrir un continuo estrés postraumático que lle fai refuxiarse nos seus seres queridos. A obra remata cunha nota da autora na que chama a atención de que a referencia a Gaia, protagonista doutra das súas novelas (*En vías de extinción*) non se presentou na versión enviada ao Premio Xerais.

## **Recensións:**

- Lorena López López, “A imposibilidade de ser neutrais”, *Grial*, n.º 204, “O espello das letras”, outubro, novembro e decembro 2014, pp. 81-82.

Descríbese esta novela, que narra a experiencia dos xornalistas en conflitos bélicos fóra de Occidente, a través do personaxe de Saínza Combarro, xornalista galega que traballa para a BBC, nunha mesturanza de formatos: narración en terceira persoa, reflexións da protagonista e correspondencia entre esta e outros personaxes. Gábase a función do libro como xeito de dar visibilidade a mulleres profesionais dun ámbito laboral masculinizado. Conclúese salientando a defensa levada a cabo por Reimóndez da necesidade de adoptar unha postura crítica sobre as situacións de conflito.

- Jaureguizar, “Reimóndez reivindica no seu Xerais o ‘activismo’ das reporteiros de guerra”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 15 novembro 2014, p. 54.

Informa do acto de presentación na librería Trama, en Lugo, da novela de María Reimóndez, *Dende o conflito*, merecente do Premio Xerais. Destaca a presenza no evento de Manuel Bragado e María Solar e describe brevemente o fío argumental, os personaxes e as referencias históricas.

- Montse Pena Presas, “A ollada dende a primeira liña”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 520, “Libros”, 20 novembro 2014, p. VI/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 472, “Letras galegas”, 29 novembro 2014, p. 11.

Unha vez indicada a liña temática, empresta especial atención á figura da protagonista e ao que verdadeiramente representa, e pasa despois a subliñar o esmero da construción narrativa, cunha alternancia entre o narrador en terceira persoa e a voz narrativa en primeira, a posición feminista e nacionalista da autora e a meticulosa caracterización das personaxes. Conclúe cunha referencia a unha novela previa de Reimóndez, *En vías de extinción* (2012).

- Juan Antonio Pinto Antón, “María Reimóndez é unha boa noticia”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, p. 25/ *El Progreso*, “Opinión”, p. 37, 27 novembro 2014.

Tras subliñar o eido xornalístico como punto basal da historia, describe o fío argumental desta novela deitando énfase na figura da personaxe protagonista, Saínza Combarro, cuxo xeito de narrar os feitos aseméllaa ao xornalista polaco Ryszard Kapuściński; os espazos nos que se desenvolve a acción: Iraq, Afganistán, Zaire, Etiopía, Haití, Sri Lanka, Santiago de Compostela, Vetusta (Oviedo), Berlín, Barcelona, México, Sierra Leona, Siria ou Gaza; e as liñas temáticas da dignidade ou ausencia dela, o conflito bélico, o horror, a honestidade, a hipocrísia, ou mesmo a confraternidade. Conclúe cunha recomendación da súa lectura.

### Referencias varias:

- Xosé Carlos Caneiro, “Coaccións”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Infantil”, “Club dandi”, 5 decembro 2014, p. 11.

Reflexiona sobre a literatura e salienta o traballo da escritora María Reimóndez e a súa novela *Dende o conflito*. A seguir, mostra a súa decepción en relación ao premio Xerais

2014 e á novela *Zapatillas rotas*, de Xabier Quiroga. Con respecto a esta obra, comenta que “é un romance que por veces parece frívolo ou superficial”. Por último, informa da publicación de *Crise global e crise da política (unha ollada dende Galicia)*, de Emilio Pérez Touriño.

**Rocha**, Pedro Miguel, *Contos peregrinos*, Lisboa: Esfera do Caos, maio 2014, 181 pp. (ISBN: 978-84-680-120-5).

Quince relatos compoñen o libro de Pedro Miguel Rocha (Vouzela, Viseu, 1973), escritos en galego con base na norma proposta pola AGAL. Os contos acompañanse de cadanseu “posfácio” que vai asinado por escritores e ilustradores como Séchu Sendé, escritoras como Raquel Ochoa ou Margarida Fonseca Santos, xornalistas como Tiago Salazar, bibliotecarios coma Nuno Marçal, investigadores e críticos literarios coma Armando Requeixo ou profesoras universitarias coma Daniela Santiago. Nos seus escritos analizan diversos aspectos dos contos e do labor literaria do autor, así coma cuestións de índole cultural e política respecto a Galicia en relación cos contos. De extensión irregular, nos quince relatos hai unha voz narradora omnisciente que introduce a trama e os personaxes e caracterízanse por unha forte presenza do diálogo. Constitúen unha sorte de utopías, de ensinanzas, de reflexións sobre asuntos diversos que teñen que ver coa identidade e cultura de Galicia e Portugal e coa propia condición humana: o profesor que deixa a semente da reflexión crítica nas aulas, en “O profesor Peregrino”; o sono dun meniño que se converte en realidade, en “O Jovem Peregrino”; dous mozos que fundan un novo estado, Portugaliza, principio dunha nova Iberia, en “O país peregrino”; ou máquinas case humanas que axudan a súa dona en apuros, en “O computador peregrino”.

### **Recensións:**

- Armando Requeixo, “Peregrinaxes literarias”, *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, n.º 830, p. 32/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 830, p. 33, “*Letras atlánticas*”, 25 maio 2014.

Comenta a saída do prelo da obra do escritor lisboeta Pedro Miguel Rocha, *Contos peregrinos*, en Editorial Esfera do Caos. Describe primeiramente os logros da súa traxectoria profesional, entre os que destaca a publicación en Porto Editora de *Juntos temos poder* (2009), *Chegámos a Fisterra* (2010) e *O eremita galego* (2011) –Prémio Literário Maria Ondina Braga–, para despois tratar o conxunto de relatos incluídos no presente volume. Salienta, así pois, a presenza de posfacios de diversa autoría, como por exemplo os de Carlos Quiroga, Séchu Sendé ou Armando Requeixo; a convivencia entre os diferentes vehículos lingüísticos da área luso-galega; o estilismo clásico das súas verbas e o coidado da edición.

**Rodríguez**, Básico, *Quen non adora a Dora?(na morna luz do esquecemento)*, Lugo: A Gracia Veniais Edicións, 2014, 385 pp. (ISBN: 978-84-938855-2-60).

Novela de Básico Rodríguez, pseudónimo de Basilio Cobo Rodríguez (O Barco de Valdeorras, 1956), que se abre con dúas citas poéticas, de Herberto Helder e Javier Marías, que poden funcionar a modo de chave de lectura, xa que ambas teñen por tema

a memoria e o esquecemento. Dividida en sesenta e catro capítulos de lonxitude variábel e un epílogo final, a novela explora varias historias vitais, poñendo o foco na de Mercedes, unha rapaza que marcha á Habana na procura dos aforros do seu pai, que acaba de morrer accidentalmente alí, segundo unha notificación telegráfica do Consulado. Demetria, a súa nai, sen home, case na cincuentena e con nenos pequenos, non ten ánimos para cruzar o mar. Deste xeito, Mercedes, adolescente, comezará a enfiar un percorrido por esoutros espazos –recuncando no encontro cunha persoa determinada–, e que dan entrada a datas e lugares, estacións de tren, maletas e cuños, pratos de menús e tarxetas de visita, cuplés da época e anécdotas, un remuíño de artefactos impregnados da verosemellanza de todas as vidas ás que a inmigración marcou. Habana, Valdeorras e Bos Aires vólvense xeografía indispensable do relato destas vidas cruzadas na primeira metade do século XX, e contadas cun estilo preciso, en ningún momento artificioso, nunha aposta constante polo achegamento ao xénero memorialístico e veraz, permitindo a presenza do diálogo. Cómpre salientar, así mesmo, o peso da recreación sociohistórica, que non escatima en nomes nin datos. Péchase cun “Epílogo” que sitúa a acción no Café Ideal, anos 30, café importante ao longo da novela e verdadeiro símbolo, dende a dobrez do propio nome, da perda e da expoliación.

#### Referencias varias:

- Ana Rodil, “Basilio Cobo. ‘É máis delirante o día a día que calquera novela’”, *El Progreso*, “Ribeira Sacra”, 30 outubro 2014, p. 15.

Conversa co escritor Basilio Cobo Rodríguez –Básico Rodríguez– con motivo do acto de presentación no Centro do Viño de Monforte das súas novelas *Quen non adora a Dora?* e *Dick, todo sigue espeso*. Comenta que os temas tratados xiran ao redor do formato de novela; fala da publicación simultánea de dous volumes, dos fíos argumentais de senllos libros e dos seus vindeiros proxectos.

**Rodríguez, Básico**, *Dick, todo sigue espeso*, Lugo: A Gracia Veniais Edicións, 2014, 146 pp. (ISBN: 978-84-938855-0-20).

Básico Rodríguez, pseudónimo de Basilio Cobo Rodríguez (O Barco de Valdeorras, Ourense, 1956) presenta nesta novela de ciencia ficción como Sabela e Brais, que viven en Nova Galicia Estelar, regresan á Terra, á Galiza Vella, despois de gañaren un concurso televisivo do Ente Audiovisual Galego. Aquí, levan a cabo unha misión clandestina e asemade aproveitan para visitaren o lugar de orixe dos seus familiares: Brais vai a Monterroso e Sabela á Arousa. Esta historia está intercalada por numerosas reflexións, a xeito de bitácora dixital, do sabio Theorico de Suevia, sobre a situación dunha Galiza Vella despoboadada, que sofre philipinización (imposición das linguas inglesa e española), co creto como moeda e co troco da toponimia das cidades como Celta de Citroën (Vigo), Cidade dos Modistos (Ourense), Ence das Rías Baixas (Pontevedra) etc. Péchase coa relación de acrónimos empregados que serven de axuda para a súa lectura.

#### Referencias varias:

- Ana Rodil, “É máis delirante o día a día que calquera novela”, *El Progreso*, “Ribeira Sacra”, 30 outubro 2014, p. 15.

Acóllese unha entrevista co autor, máis coñecido como Básico Rodríguez, con motivo da presentación no Centro do Viño de Monforte das súas últimas novelas, *Quen non adora a Dora?* e *Dick, todo sigue espeso*. Nela coméntase, entre outras cousas, a dificultade de publicar dous libros á vez e a experiencia de ter participado en concursos literarios, que desta vez non foi ben.

**Santiago**, Antón de, *Custodio ou a fe do carboeiro*, [A Coruña]: Editorial aZeta, 2014, 157 pp. (ISBN: 978-84-942031-1-4).

Antón de Santiago (A Coruña, 1944) ensaia aquí a súa primeira novela. Sen máis paratextos que a cuberta e a capa posterior do libro, o enredo céntrase na desaparición do Códice Calixtino, contada por Lois, xornalista especializado na información da catedral santiaguesa. Dende a primeira persoa testemuña, cun estilo áxil e fluído, perfilanse aspectos do mundo da información xornalística á vez que se presenta a figura de Custodio, un “mozo para todo” no recinto catedralicio, piadoso e atento, que confesa a Lois no inicio da novela o seu temor a que alguén roube o Códice Calixtino. A obra modúlase con variados apuntamentos de cariz enciclopédico, ora referidos ao citado códice, ora a unha escritora xaponesa ou á curiosidades da cidade de Santiago, que é moito máis ca un pano de fondo, emerxendo cos encontros, os locais e as descrições da personaxe narradora. Aos poucos, unha novela urbana e de enredos entre un abano reducido de personaxes vai tomando as feituas dunha novela de aventuras, con desprazamentos físicos substanciais, coma ao Gaiás ou ao Cebreiro, onde remata a trama, co Códice Calixtino aínda sen aparecer. Canda certo toque humorístico provocado as máis das veces polo carácter aprehensivo do mozo, un dos trazos máis característicos da obra é a súa insistencia no diálogo, na forza do discurso directo, posibelmente ligada á condición de actor, director e autor teatral de quen a asina.

### **Recensións:**

- Vicente Araguas, “Máis de Calixtino”, *Diario de Ferrol*, “*Nordesia*”, n.º 853/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 853, “Máis libros”, 2 novembro 2014, p. 30.

Tras apuntar a gran calidade temática da que goza esta obra, sinala o parentesco co tamén escritor Antonio Santiago Álvarez, “Nito”, así como o labor desempeñado por Antón de Santiago á fronte da Cátedra de Canto do Conservatorio da Coruña. Describe a seguir o seu fío argumental, salienta a elegancia da prosa, a presenza do humor ao longo da acción e chama a atención sobre a presenza de exemplos gastronómicos, culturais e musicais ao longo do relato. Doutra banda, compara esta escrita cunha ópera de Donizetti, *La favorita* (1840), e conclúe coa recomendación da súa lectura.

### **Referencias varias:**

- H. J. P., “Un divertimento en torno al Códice, primera novela de Antón de Santiago”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 27 marzo 2014, p. 39.



Trata a saída do prelo da primeira novela de Antón de Santiago, *Custodio ou a fe do carboeiro*, da que describe o seu fío argumental e salienta a inclusión de información sobre a curia relixiosa e a catedral compostelás a través do narrador.

- M. F. V., “Antón de Santiago. ‘A obra ofrece unha mirada irónica sobre o roubo do ‘Códice’”, *La Opinión*, “A Coruña”, 13 maio 2014, p. 11.

Conversa con Antón de Santiago co gallo da presentación da súa primeira novela en Portas Ártabras na Coruña en que os temas tratados xiraron ao redor das orixes desta historia, o fío argumental centrado no roubo do *Códice Calixtino* na Catedral de Santiago, a figura do protagonista e o emprego de diálogos ao longo da narración.

- X. F., “Custodio ou a fe do carboeiro”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 26 agosto 2014, p. 33.

Coméntase brevemente a traxectoria de Antón de Santiago para despois expoñer o argumento desta novela

**Seoane**, Xavier, *A dama da noite*, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, col. Narrativa, n.º 309, 2013, 158 pp. (ISBN: 978-84-8487-241-2).

Novela de Xavier Seoane (A Coruña, 1954) que se erixe como unha biografía ficcional da célebre autora galega Rosalía de Castro. Ábrese con tres citas: unha de William Blake, outra de Uxío Novoneyra e outra de L.F. Céline; do mesmo xeito péchase con outras tres citas: unha de J. Keats, outra de W. H. Auden e unha última de Eduardo Pondal. Ficción e realidade mestúranse nos cincuenta capítulos breves e con constantes saltos temporais: mestúrase o nacemento de Rosalía, a infancia marcada polos rumores dun pai crego e a vida adulta, afondando na relación con Manuel Murguía e Aurelio Aguirre, a enfermidade e todo o que supuña ser muller e escribir no Santiago do século XIX. Para reflectir a psicoloxía da protagonista empréganse distintas voces: non só un narrador omnisciente, senón tamén a propia Rosalía e outras personaxes mostran a súa visión dos feitos, ademais tamén se inclúen algúns capítulos a modo de carta que dan certo aire de veracidade á obra.

### **Recensións:**

- Francisco Martínez Bouzas, “Rosalía ficcionalizada”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 516, “Libros”, 23 outubro 2014, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 468, 1 novembro 2014, p. 10.

Tras resaltar a contribución desta segunda novela do escritor ao eido rosalianista dende a perspectiva do xénero narrativo, destaca a solidez da estrutura compositiva e a figura dun narrador demiúrgo e omnisciente, para despois subliñar a humanización da propia poeta Rosalía ao longo da escrita, xunto á musicalidade da prosa e á linguaxe poética empregada. Doutra banda, subliña o formato de monólogo interior empregado ao longo do volume, a mestura dos xéneros da biografía e a ficción que conforman o fío argumental da historia e a ausencia de mitificacións sobre a vida da poeta.

- Vicente Araguas, “Pura delicatessen”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, p. 22/  
*Diario de Ferrol*, “Nordesía”, n.º 859, p. 30/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 859, p.  
30, “máis Libros”, 14 decembro 2014.

Dise desta obra que é “unha biografía novelada, que nos fala (dende ela mesma) de Rosalía de Castro”. Indícase que a novela segue o percorrido vital de Rosalía, “en primeira ou terceira persoa”, botando man de soliloquios, conversas e cartas. Recóllense algúns momentos claves para o relato e a importancia da figura fascinante do pai crego. Saliéntase a sutileza do autor que consegue crear unha novela que “ten moito de guión cinematográfico”, porque “estamos diante dun libro cheo de virtudes auditivas e visuais”. Por último, destácase o traballo do escritor, xa que “Rosalía de Castro, está descrita (sentida, talvez) por Xavier Seoane de xeito impecable”.

**Souto**, Xurxo, *Contos do mar de Irlanda*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Literaria. Narrativa, maio 2014, 328 pp. (ISBN: 978-84-9914-699-7).

Volume de contos de Xurxo Souto (A Coruña, 1966) que comeza coa reprodución, a xeito de limiar, dun poema de Xosé Iglesias -patrón de pesca de altura- intitulado “Transfusión oceánica”, en que dá conta do sentir daqueles que se dedican á pesca. A seguir, inclúe cincuenta e tres historias que se estruturan en tres partes: “Ribeira” (pp. 17-79), “Unha marea de Gran Sol” (pp. 81-203) e “Noutro lado do espello” (pp. 205-322), onde o autor recolle as historias recompiladas dos mariñeiros galegos no Gran Sol. Tránscribense as travesías de mariñeiros galegos que navegaron dende os portos de Irlanda até os peiraos de Marín, Ribeira, Celeiro ou Burela. Reprodúcense as travesías de mariñeiros galegos e máis dos do outro lado do Cantábrico, que navegaron dende os portos de Irlanda até os peiraos de Marín, Ribeira, Celeiro, ou Burela. Salientan as anécdotas dos mariñeiros da Costa da Morte, como a de Xosé Carrillo, “Unha noite na Viúva” (pp. 45-48) que narra a fuxida dos cenetistas nun barco canda a guerra; ou o de Tono de Pica, “Nordestazo” (pp. 73-79), que fala dun barco gransoleiro chamado Eduardo Pondal.

### **Recensións:**

- Ramón Nicolás, “Medre o mar!”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Galego”, 12 setembro 2014, p. 12.

Subliña a estrutura tripartita desta colectánea de relatos e describe os seus contidos, deitando especial atención na relevancia do mar no pasado histórico de Galicia. Doutra banda, fai referencia á boa acollida deste volume entre o público lector; indica a presenza de temas como a navegación, a derrota, o naufraxio, ou o mariño; compara a narrativa cun mosaico a encher de teselas e menciona os espazos de Muro, Bouzas, Burela ou Castleton por ser relevantes para o desenvolvemento do fío argumental.

- Felipe Senén, “Contos do mar de Irlanda’, homenaxe ós mariñeiros galegos”, *La Opinión*, “Opinión”, “O labirinto do alquimista”, 5 outubro 2014, p. 28.

Tras apuntar o feito de que esta colectánea rende homenaxe aos mariñeiros galegos, fai referencia a anteriores escritos do autor, como por exemplo *Retorno dos homes mariños*

(1999) ou *Contos da Coruña* (2001), xunto á narrativa doutros autores, como *Ora Marítima* (s. IV d. C), de Rufo Festo Avieno; *La segunda Armada Invencible* (2007), de Michael J. Carroll; *A presenza do mar na poesía galega* (1991), de Manuel María; e *Cousas* (1926), de Castelao. Describe finalmente en detalle o fío argumental e a liña temática do volume, enxalzando a presenza do culto ao mar, a relación terra-océano abordaxes, apresamentos, o contrabando, as historias de tabernas, e lugares como Berbés, Coia, Coruña, Vigo, Cee.

- Isaac Xubín, “Vidas mariñeiras”, *Tempos Novos*, n.º 211, “ProTexta”, “ProPostas”, n.º 06, decembro 2014, p. 74.

Describe este volume, que se divide en tres partes, “Ribeira”, “Unha marea no Gran Sol” e “No outro lado do espello”, onde se recollen numerosas historias da pesca de altura, mesturadas coa propia voz do autor. Saliéntase o libro como reivindicación da cultura mariñeira galega.

### Referencias varias:

- Cecilia Martínez, “Xurxo Souto presentará en Bueu su libro ‘Contos do mar de Irlanda’”, *Diario de Pontevedra*, “O Morrazo”, “Marín”, “Bueu”, 16 xullo 2014, p. 16.

Anúnciase a presentación deste libro de relatos na librería Miranda de Bueu, acto realizado en colaboración co Museo Massó e a editorial Xerais.

- Cuca M. Gómez, “Playa y literatura, el mejor mix”, *Diario de Pontevedra*, “Gente a diario”, 24 xullo 2014, p. 70.

Fai referencia, entre outras actividades, á presentación do libro *Contos do mar de Irlanda*, de Xurxo Souto no Museo Massó de Bueu.

- M. G., “Xurxo Souto presenta ‘Contos do mar de Irlanda’”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 991, 30 xullo 2014, p. 6.

Informa da presentación da novela no Museo do Mar de Noia, destacando a presenza de Martín Veiga Alonso, profesor da Universidade de Cork, e do mariño José Manuel Avilés Vinagre.

- M. G., “Xurxo Souto narra las historias de los marineros noieses en Gran Sol”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 993, 1 agosto 2014, p. 4.

Sinala o acto de presentación da colectánea de relatos de Xurxo Souto, *Contos do mar de Irlanda* no Museo do Mar de Noia e a presenza no evento de Félix González Túñez, Xosé Manuel Avilés e Martín Veiga Alonso.

- S. S., “Xurxo Souto presentó su obra ‘Contos do mar de Irlanda’”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, 28 agosto 2014, p. 7.

Dáse noticia da presentación desta recompilación de relatos nun restaurante de Ribeira e explícase que é unha homenaxe a un patrón de Corrubedo que, segundo o autor, “descubreu e bautizou o Mar da Camocha”.

- Lourdes Varela, “Xurxo Souto. ‘No Gran Sol os galegos descubrímonos a nós mesmos’”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 510, 11 setembro 2014, p. V/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 463, 20 setembro 2014, p. 11, “Entrevista”.

Nesta conversa co escritor Xurxo Souto trátanse temas que xiraron ao redor do marco xeográfico do Gran Sol en canto espazo no que se desenvolve a acción dos relatos; as fontes orais das que tirou as historias incluídas no volume; a ausencia de obras sobre o vínculo entre Galicia e o mar; a súa paixón polo eido mariñeiro e o éxito do primeiro acto de presentación deste volume no Museo Massó de Bueu.

- Jaureguizar, “Xurxo Souto: ‘Fascinoume a casa do Courel con follas de bacallau na fachada’”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 18 setembro 2014, p. 51.

Dá conta do acto de presentación no Museo Provincial de Lugo da antoloxía *Contos do mar de Irlanda*, grafada por Xurxo Souto e da que destaca o protagonismo de personaxes reais como Tomé de Raxó, Verónica ou Ignacio Aldecoa nalgúns dos relatos.

- N. V., “Xurxo Souto: ‘O mar sempre vai estar aí, é o noso futuro’”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, 16 outubro 2014, p. 15.

Comenta o acto de presentación na Fundación Artabria de Esteiro, en Ferrol, da colectánea de relatos *Contos do mar de Irlanda*, de Xurxo Souto, e sinala, doutra banda, a posta en escena do monólogo de Isabel Risco, “Naviza Girl”, como parte do programa organizado para festexar o XVI aniversario da Fundación antedita.

- C. F., “Xurxo Souto presenta o seu libro *Contos do mar de Irlanda* na Biblioteca”, *Diario de Pontevedra*, “O Morrazo”, “Marín”, 11 novembro 2014, p. 16.

Destaca de entre as actividades realizadas pola Asociación Queremos Galego Marín dentro da súa sección O Tiraverbas, na Biblioteca de Marín, a presentación da colectánea de relatos de Xurxo Souto, *Contos do mar de Irlanda*. Salienta a presenza no evento de Xosé Emilio Dopazo e conclúe cunha listaxe das novelas grafadas por Souto e os premios dos que foi merecente.

- Cuca M. Gómez, “Es sábado, ¡qué estrés!”, *Diario de Pontevedra*, “Gente”, “A diario”, 29 novembro 2014, p. 86.

Entre outros compromisos da fin de semana, destaca a asistencia á presentación deste libro de relatos na librería Paz de Pontevedra.

**Toro**, Suso de, *Somnambulismo*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Literaria. Narrativa, outubro 2014, 102 pp. (ISBN: 978-84-9914-757-4).

Conxunto de tres relatos independentes de Suso de Toro (Santiago, 1956) en que se aprecia de forma máis o menos explícita un fondo análogo e relacionado, tal e como di o propio Suso de Toro na “nota de autor”, coa memoria e o pasado. Ademais, nos tres relatos recórrese ao fenómeno do somnambulismo. No primeiro dos relatos, “Negocios

de familia”, relátase brevemente a historia dun psicólogo, Adolfo. O autor conta o que lle sucede a este psicólogo cando un descoñecido, o mesmo día en que seu pai morre, entra na súa consulta. A partir dese momento prodúcese un rico diálogo, en relación co pasado franquista, no que ambos, e mais a familia de Adolfo, están relacionados. O segundo titúlase “Auga derramada” e trata sobre a memoria dun vello que ve a milleiros de turistas fotografar unha fonte próxima á súa vivenda. O vello, a través dun diálogo consigo mesmo e cos turistas de diversa nacionalidade que están alí, crea unha nítida narración entre tempos pasados e a actualidade, e a través da figura da auga recrea varias metáforas que patentizan, como a súa propia historia, a fragilidade humana. O último dos relatos, “Insomne”, trata dun home que conversa co seu escolta, Francisco. A conversa xira ao redor do desencanto co presente, manifestándose así unha construtiva crítica ao mesmo baseándose no ensoñamento producido polo pasado.

### **Recensións:**

- Armando Requeixo, “Voces en off”, *Tempos Novos*, n.º 211, “ProTexta”, “ProPostas”, n.º 06, decembro 2014, pp. 72-73.

Comézase contextualizando o libro dentro da obra do autor, que tratara xa a despersonalización e o anonimato do posmodernismo. Deste volume, compilación de tres historias que se describe como esencialista, destácase que os personaxes principais aparecen diluídos, como pantasma de si mesmos, que agochan un segredo que os fai invisíbeis.

- Ramón Rozas, “No berce da memoria”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 21 decembro 2014, p. 77/ *El Progreso*, “Vivir”, 20 decembro 2014, p. 55 “Cultura”, “Libros”.

Di que os tres relatos do libro “conforman as faces dunha pirámide alicerzada na memoria”. Infórmase de que a obra é un símbolo da eternidade e da necesidade de manter as voces do pasado. Indícase que os relatos pretenden axudar a recuperar a identidade e suscitar a reflexión e refírese ao argumento de cada un dos contos: no primeiro destácase a intolerancia da represión nos momentos finais da ditadura, no segundo fálase da perda da memoria e no terceiro percíbese “o brutal berro dun escritor, un grito case primitivo ante a sociedade”. Por último, gábase a figura e o traballo de Suso de Toro.

### **Referencias varias:**

- Mar Mato, “Suso de Toro. ‘En Galicia, quien prospera es el pailán que imita ser madrileño’”, *Faro de Vigo*, “El sábado”, n.º 884, 8 novembro 2014, cuberta/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 472, “Entrevista”, 29 novembro 2014, p. 9.

Conversa co escritor Suso de Toro co gallo do seu regreso ao eido literario por medio da súa compilación de tres relatos *Somnambulismo*, tirada do prelo por Edicións Xerais en lingua galega e por Alianza Literaria en lingua castelá. Os temas tratados xiraron en torno ao protagonista da primeira historia; á tortura e liberdade en canto liñas temáticas; á situación actual do campo editorial e á lingua galega; a emigración e, por último aos vindeiros proxectos do autor.

**Trigo**, Xosé Manuel G., *Raiñas no meu xardín*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 324, maio 2014, 184 pp. (ISBN: 978-84-9865-531-5).

Xosé Manuel G. Trigo (Meira, Moaña, 1948) presenta como fio condutor a un narrador en primeira persoa que é amante da xardinería. A obra comeza coa referencia a uns libros que chegaron a mans do narrador dende Buenos Aires, grazas ao seu tío Rubén, entre os que están *La teoría y práctica del jardinaje* e *El otoño del amor*. Co primeiro deles penétrase no mundo da xardinería, que imbuirá toda a narración, e que mediante o maxín do narrador achega o lector a diferentes épocas (o século XVIII de María Antonieta, a Belle Époque, o século XXI etc.) e espazos (París, Versalles, Valga, Niza, Santiago de Compostela etc.). Así, este narrador protagonista describe como entra de aprendiz nos xardíns de Versalles con Marcel Liard e como ambos os xardineiros fican namorados de Marie Christine de Pardillan ou como tempo despois visita en París a Carolina Otero. *El otoño del amor* é outro dos libros que viñeran de Buenos Aires e leva tamén á vida de Carolina Otero xa que é o título dunha das películas nas que actuou. Esta mestura de tempos e lugares tamén chegan até a vida do narrador protagonista que comenta as súas experiencias como estudante en Santiago de Compostela cando o xardineiro Olegario quería que traballase con el como axudante. Outros dos elementos salientábeis son as evocacións aos amoríos entre Carolina Otero e Aristide Briand ou con Boni de Castellane; entre a xornalista Hipólita Sanmartín e o estudante Marcelo ou entre María Antonieta e o conde sueco Hans Axel von Fersen en Versalles. Tamén inclúe referencias literarias a Rosalía de Castro, Raimundo García “Borobó”, Ramón María del Valle Inclán ou Marcel Proust.

### **Recensións:**

- Luís Cochón, “Calidade de páxina servida con primor”, *Grial*, n.º 203, “O espello das letras”, xullo, agosto e setembro 2014, pp. 72-73.

Recensiónase esta novela escrita por Xosé Manuel G. Trigo, gabando a produción do autor como escritor de relato curto. Saliéntase a calidade da páxina do libro, o lirismo do escrito e o seu carácter autoficticio. Conclúese recalcando a necesidade dun lector “demorado, próximo, culto, literario, listo e un algo pedante”.

- Francisco Martínez Bouzas, “Coas ferramentas da evocación”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 511, “Libros”, 18 setembro 2014, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 463, “Letras galegas”, 27 setembro 2014, p. 10.

Destaca nesta primeira novela de Trigo a mestura entre realidade e ficción, a figura do narrador onisciente en primeira persoa como alter ego do autor, as referencias á Bela Otero -Carolina Otero- e María Antonieta nas personaxes de Agustina de Valga e Toinette e a presenza dun humor retranqueiro. Subliña asemade a presenza de personaxes como Rosalía de Castro, Manuel Murguía, Marcel Proust, Colette, Valle Inclán, Coco Chanel, Félix Faure ou Aristide Briand agochados nas páxinas deste volume. Remata cunha alusión a un desenlace afastado do convencional.

- Xosé A. López Silva, “De labirintos e manuais de ensoñación”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 19 novembro 2014, p. 41.

Tras destacar as liñas temáticas e o fío argumental, establece unha comparación entre esta historia e as de *Libro de los laberintos* (1985), de P. Santarcangeli, *Los jardines del Rey Sol. Luis XIV, André le Nôtre y la creación de los jardines de Versailles* (2006), de Ian Thompson, xunto á composición musical *Le Labyrinth* (1717), de Marin Marais.

#### Referencias varias:

- J. Miguel Giráldez, “Lecturas para antes de los días azules”, *El Correo Gallego*, “2domingo”, “El momento crítico”, 6 xullo 2014, p. 5.

Entre outras novidades editoriais, comenta esta novela, que cualifica como ‘libro elegante’, explicando que trata o tema do *tempus fugit*, para recomendar a súa lectura.

- Vicente Plaza, “Xosé Manuel G. Trigo, hoxe en ‘El sábado libro’”, *El Correo Gallego*, “Medios”, 12 xullo 2014, p. 53.

Informa da presenza de Xosé Manuel G. Trigo no programa cultural de Radio Obradoiro “El sábado libro”, presentado por José Miguel Giráldez, co gallo da saída ao prelo da súa novela *Raiñas no meu xardín*, en Editorial Galaxia.

- José Miguel Giráldez, “Trigo, os xardíns e Carolina Otero”, *El Correo Gallego*, “Suplemento de El Correo Gallego”, 14 setembro 2014, p. 4.

Comenta a saída ao prelo desta novela, describe polo miúdo o fío argumental e salienta a mestura entre realidade e ficción, xunto á presenza dun humor irónico e de francesismo ao longo da historia.

- Luís Hernández, “Enrique Iglesias se fue y plantó a sus fans”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Patio de vecinos”, 13 novembro 2014, contracuberta.

Entre outras cuestións, dáse noticia da presentación desta novela na librería Cronopios de Santiago de Compostela.

**Vázquez**, David, *O aprendiz de druída*, Santiago de Compostela: Finis Terrae Ediciones, maio 2014, 188 pp. (ISBN: 978-84-942091-3-0).

Novela histórica de David D. Vázquez Álvarez (Arcos de Valdeorras, 1953) ambientada na Gallaecia do período da invasión romana, que se inicia cunha dedicatoria, á que lle seguen os trece capítulos que a conforman. Botando man dun narrador en terceira persoa omnisciente, cóntase a historia de dous pobos, os galaecis, e os romanos, enfrontados polo control do territorio. O protagonista é Zoran, un mozo destinado a ser o líder espiritual do seu pobo, que terá que aprender todo o necesario para converterse en druída. Para iso contará coa axuda do seu avó, Gaio, o vello druída, que lle inculca o deber de protexer a cultura dos seus antepasados. Na súa aprendizaxe, o rapaz estará tamén acompañado do Gran Xabaril, gardián do Tesouro agochado na montaña, e dun raposo enviado polas Divindades para ser o seu protector. Conforme avanzan os

capítulos, os enfrontamentos entre os galaecis e os romanos fanse máis continuos e sangrentos. Os primeiros, encabezados por Breixo, o pai de Zoran, mantéñense unidos a pesar da presión dos romanos e loitan para defender a súa terra, mentres que os segundos tentan avanzar posicións para facerse co control do territorio. Neste contexto, xorde unha historia de amor entre Zoran e Laia, filla de Libio, xefe dos romanos naquelas terras, que reflicte a mestura entre os dous pobos. Finalmente, incorpórase un epílogo a modo de conclusión, que nos informa de como continuou a historia anos despois do fin dos enfrontamentos.

### Referencias varias:

- A. R., “Relato do ocaso castrexo”, *O SIL*, “Cultura”, xuño 2014, p. 55.

Sinala o acto de presentación no CEIP Condese Fenosa do Barco desta obra de David Vázquez e subliña a presenza do alcalde, Alfredo García, e máis do profesor Xaquín Freixeiro. Conclúe cunha descrición do fío argumental da novela.

**Vilar Landeira**, Ramón, *Os televisores estráxicos*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Literaria, Narrativa, nº 354, maio 2014, 143 pp. (ISBN: 978-84-9914-717-8)

Antoloxía de catorce relatos de Ramón Vilar Landeira (Cerceda, 1973) que comeza cos agradecementos e dedicatorias a Marta, Roi, Martiño, aos pais e avós do autor, a Sesé e a César e en que abundan temas diversos. Os relatos teñen extensión variábel e adoitan localizarse en Cerceda ou os seus arredores. A identidade da voz narradora descóbrese no diario que pecha o volume como un home que acaba de quedar no paro e que se separou recentemente da súa muller. O tempo libre dedícaa a escribir e compilar as historias que compoñen esta obra. Os temas das narracións son, entre outros, o asasinato dun atracador a mans dun policía en Grandil e o desconcerto familiar que este xera. Pola contra, os veciños pronto o esquecen porque outras novas pasan a ser de maior actualidade. Un pescador preocupado que despois de pescar unha troita vólvea ao río asustado, unha muller que visita París por primeira vez e que se sente soa e medorenta, a aventura sexual dun home cunha prostituta, a soidade dunha muller que recorda o pasado ao ver unha antiga foto, un bo futbolista caído en desgraza pola súa adición ao alcol, a soidade na que vive un home ao que non botan en falta até tempo despois do seu pasamento ou como as diferentes noticias fan que os días dos xornalistas sexan diferentes. Outro relato ten como protagonista a un rapaz que coñece ao seu proxenitor na festa de Rodís, onde o agasallou cun paquete de caramelos que a nai lle tira. Posteriormente, emigra con ela a Montevideo e só regresa á súa aldea natal cando esta falece. Tamén se relata a historia dunha moza que entra a traballar no servizo dunha casa e co tempo, o fillo da familia namórase dela e queda embarazada. Os últimos relatos mencionan o pesar que supón para o dono dun ultramarinos reformalo para convertelo nun supermercado con cafetería para poderlles facer fronte ás grandes cadeas comerciais e finalmente descríbese o percorrido dunha señora maior que entre saloucos é trasladada a un asilo.

### Recensións:



- Pablo García Martínez, “*Once upon a time*, tamén Grandil”, *Grial*, n.º 203, “O espello das letras”, xullo, agosto e setembro 2014, p. 74.

Tras describir brevemente o volume, que se conforma de diversos contos situados no lugar imaxinario de Grandil, pasa a salientar o estilo “sucio” do autor e poñer a súa concepción espacial en relación coa idea de “producción do espazo” de Henri Lefebvre, para concluír que se trata dun volume de contos “suxestivo”.

- Armando Requeixo, “A ollada oblicua de Vilar Landeira”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”, p. 26/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 837, p. 33, “letras Atlánticas”, 13 xullo 2014.

Comenta a saída do prelo desta compilación de relatos de Ramón Vilar Landeira. Comeza por salientar a aparente dispersión das tramas e os espazos creativos en que se desenvolven, para despois subliñar os diversos xéneros da súa narrativa, como o relato longo, o curto ou o dietario parabiográfico. A seguir, deita enfase en certas historias que compoñen o volume, resumindo nunha breve frase cadansúa liña temática: “748 gramos”, “O orballo no retrovisor”, “Cea de venres”, “A calar [sic] das mantas eléctricas”, “Um morro ruim de invadir”, “A Historia de F.”, “A empresa saberá do seu negocio”, “As noticias saen como saen”, “Caramelos de café con leite”, “Estación Queixas-Londoño”, “Reformas” e “Que as portas estean ben fechadas”.

- Montse Pena Presas, “Fendas de nós”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 512, “Libros”, 25 setembro 2014, p. VI. *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 464, “Letras galegas”, 4 outubro 2014, p. 10.

Unha vez descrito o fío argumental desta novela, do que salienta a inclusión de traxedia, acción, ou mesmo emigración e outros problemas sociais, fai referencia á selección espazo-temporal na que se desenvolve a acción, ao través de lugares como a aldea de Grandil, A Coruña, ou Ferrol. Doutra banda, subliña a versatilidade do ritmo das narracións e a presenza de metaficción ao final da compilación.

### **Referencias varias:**

- A. Canide, “Ramón Vilar, una revelación literaria”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Patio de vecinos”, 5 xullo 2014, contracuberta.

Informa do acto de presentación en Santiago de Compostela desta novela de Ramón Vilar Landeira xunto ao editor Manuel Bragado.

- Patricia Blanco, “Ramón Vilar. ‘Por moito que queime, a vida hai que pelexala, e diso falan estes relatos’”, *La Voz de Galicia*, “*Cultura*”, 18 agosto 2014, p. 23.

Conversa con Ramón Vilar Landeira co gallo da saída ao prelo da súa colectánea de relatos. As cuestións xiraron ao redor do formato libro como canle de publicación, a presenza do humor nos relatos que conforman o volume e o seu vindeiro proxecto novelístico.

- Lourdes Varela, “Ramón Vilar. ‘Aprendín do xornalismo o gusto pola linguaxe clara e precisa”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 513, 2 outubro 2014, p.V/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 465, 11 outubro 2014, p. 11, “Entrevista”.

Conversa co escritor e xornalista Ramón Vilar Landeira co gallo da saída ao prelo da súa colectánea *Os televisores estrábicos*, en que falou do fío argumental que une os diferentes relatos; á combinación entre súas carreiras de xornalismo e filoloxía; das críticas recibidas pola historia que pecha o volume, intitulada “Diario de Caión”; do seu labor de dirección da revista *Vieiros*; e do incremento do éxito da prensa dixital fronte a formatos máis tradicionais.

- ECG, “Os televisores estrábicos en Ordes”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.081, 30 outubro 2014, p. 7.

Faise eco da presentación no Museo do Traxe Juanjo Linares de Ordes do libro de Ramón Vilar.

- ECG, “Os televisores estrábicos en Ordes”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.086, 4 novembro 2014, p. 7.

Refírese á presentación desta novela no Museo do Traxe Juanjo Linares de Ordes, onde levou o aplauso do público que encheu o auditorio.

**Zaera Pedreira**, Mercedes, *Anacos do meu corazón. Cousas para ler á sombra dun carballo*, Ferrol: Edicións Embora, marzo 2014, 87 pp. (ISBN: 978-84-92644-75-9).

Conxunto de vinte e un relatos breves de Mercedes Zaera Pedreira (Ferrol, 1961) nos que hai un predominio do xénero epistolar. Iníciase cunha nota da autora na que, entre outras cousas, fai unha defensa da dignidade e critica a violencia. A continuación preséntanse os textos que compoñen o volume, estruturados en tres bloques: “O corazón en anacos”, “Anacos do corazón” e “O corazón á sombra do carballo”, que abren con cadansúa dedicatoria. O primeiro deles alberga nove composicións que xiran arredor do tema do maltrato doméstico, tanto físico como psicolóxico. Escritos todos eles en primeira persoa, os textos recollen os testemuños das vítimas, que recordan os sufrimentos que padeceron, permitindo abordar o tema dende diferentes perspectivas: mulleres maltratadas polos seus maridos durante anos, rapaces que medraron nun ambiente de violencia ou que quedaron orfos a causa da ira dos seus pais, homes que se viron privados de vivir cos seus fillos etc. Os relatos preséntanse na súa maioría a modo de carta, botando man de continuas analepses. O segundo bloque acolle sete textos de temática amorosa. Escritas tamén en primeira persoa, preséntanse as historias de sete protagonistas que se dirixen aos seus seres queridos (maridos, esposas, pais etc.) para darlle as grazas polos seus coidados e o seu amor incondicional. Por último, no terceiro bloque recóllense cinco textos descritivos intitulados centrados na natureza: “Retrato dunha árbore”, “Esperanza”, “Camiño”, “Dentro” e “Semente”. Alternando entre un narrador en primeira persoa e un narrador en terceira persoa omnisciente, os textos préstanlle atención a distintos elementos naturais (un vello castiñeiro, as pedras dun camiño, un eucalipto, o mar que bate na costa, un carballo e a auga do río) que aparecen todos eles personificados. Emprega un estilo caracterizado polo uso dunha linguaxe sinxela e un ritmo narrativo pausado.

## I. 2. REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSIMILES. TEXTOS RECUPERADOS

**Blanco Amor**, Eduardo, *Xente ao lonxe*, ed. e epíl. Xosé Manuel Dasilva, Vigo: Editorial Galaxia, col. Biblioteca Blanco Amor, n.º 2, novembro 2014, 352 pp. (ISBN: 978-84-9865-557-5).

Reedición da obra homónima de Eduardo Blanco Amor (Ourense, 1897-Vigo, 1979) publicada orixinalmente en 1972, aínda que coas alteracións impostas pola censura; reeditada pola mesma editora na súa colección Biblioteca Blanco Amor no ano 2003 e xa descrita no *Informe* dese mesmo ano. Como cambios significativos cómpre sinalar a edición e o epílogo de Xosé Manuel Dasilva, intitulado “A versión verdadeira de *Xente ao lonxe*”, resultado dunha investigación grazas á que reconstrúe definitivamente a versión orixinal mutilada pola censura.

**Caride Ogando**, Ramón, *O sangue dos camiños*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º 278, 2014, 224 pp. (ISBN: 978-84-9914-427-6).

Reedición da obra homónima de Ramón Caride Ogando (Cea, 1957) publicada orixinalmente na editorial Sotelo Blanco Edicións no ano 2003 e xa descrita no *Informe* dese mesmo ano. Como cambios salientábeis con respecto á primeira edición cómpre sinalar a mudanza de editorial e colección (Edicións Xerais de Galicia, colección Narrativa).

### Recensións:

- Francisco Martínez Bouzas, “Ateigada de trama”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 501, “Libros”, 22 maio 2014, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 453, “Letras galegas”, 24 maio 2014, p. 10.

Comenta a reedición da novela *O sangue dos camiños*, de Ramón Caride, en Editorial Xerais. Menciona primeiramente outras novelas súas anteriores coma *Soños eléctricos* (1992), *Dedre* (2004), *Boca da noite* (2004), *As más máscaras de Cronos* [sic] (2005), *O frío azul* (2007) ou *Criptografías* (2009) [sic], para despois salientar a complexidade da trama, a diéxese do núcleo temático, o realismo da narrativa, o caótico da estrutura e certo experimentalismo e fragmentariedade presentes a nivel semántico.

### Referencias varias:

- Sabela Pinal, “Ramón Caride. ‘Nunha época ninguén me quería publicar e este ano teño tres libros’”, *La Región*, “Ourense”, “Ourensanos con retorno”, 16 agosto 2014, p. 7.

Entrevista co autor sobre a súa última novela que define como complexa e como unha mestura de realismo e fantasía. Despois fala da súa primeira novela, *Soños eléctricos*, premio Blanco Amor, e reflexiona sobre a situación da literatura galega actual.

- Xosé Carlos Caneiro, “All that is”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Ficción”, “Club dandi”, 10 outubro 2014, p. 11.

Demanda a tradución ao galego da novela *All that is* (1925), de James Salter, tirada do prelo en castelán como *Todo lo que hay* (2014), pola Editorial Salamandra. Describe o seu fio argumental e conclúe cunha referencia ás recentes publicacións do libro-disco *Había que chegar* (2013), de Luís Emilio Batallán e a novela *O sangue dos camiños* (2014), de Ramón Caride.

**Neira Vilas**, Xosé, *Lar-Nai-Pan*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Biblioteca Neira Vilas, n.º 6, novembro 2014, 222 pp. (ISBN. 978-84-9865-568-1). Inclúe CD.

Volume que agrupa tres libros distintos xa publicados antes: *Lar* (Akal, 1973), *Nai* (Akal, 1980) e *Pan* (Galaxia, 1986). Cada un destes libros recolle unha serie de relatos curtos (a meirande parte deles non superan unha páxina) marcados polo contacto do autor, Xosé Neira Vilas (Gres, Vila de Cruces, 1928), con Galicia logo de case un cuarto de século na emigración. *Lar*, acompañado de debuxos de Xan Balboa, céntrase na experiencia da redescuberta da terra natal tras moitos anos fóra; *Nai*, que contou con ilustración de Xosé Luís de Dios, recolle as sensacións de cativo e mozo ao lembrar á súa nai; e *Pan*, con ilustración de Siro, onde evoca os seus primeiros anos. Os tres libros foron publicados nun só volume por primeira vez en 1993, da man de Editorial Galaxia, baixo o título de *Charamuscas*. Desta volta, esta reedición incorpora unha breve introdución do propio Xosé Neira Vilas e inclúe un CD coa lectura de *Nai* por parte da actriz Uxía Blanco. O estilo narrativo une os tres libros: todos son relatos breves, cun claro dominio do gusto polo lirismo que invade cada liña e que evocan o pasado, as lembranzas e os sentimentos da etapa infantil e xuvenil do autor, naqueles anos previos á saída cara á emigración na Arxentina e Cuba. O autor escolle como narrador unha voz en primeira persoa, propia para textos de recordos persoais.

### I. 3. TRADUCIÓNS, VERSIÓNS E REEDICIÓNS

**Asimov**, Isaac, *As covas de aceiro* (*The Caves of Steel*, 1953), trad. Alejandro Tobar, Santiago de Compostela: Editorial Hugin e Munin, col. XX, n.º 21, xullo 2014, 293 pp. (ISBN: 978-84-942005-5-7).

Primeira tradución ao galego dunha obra de Isaac Asimov (Petrovichi, 1920-Nova York, 1992), autor de referencia no eido da ficción científica. Trátase da primeira novela pertencente á “serie dos robots”, así denominada por seren sempre os seus protagonistas robots positrónicos. Foi nesta obra onde Asimov formulou as súas coñecidas leis da robótica, que utilizaría en toda a súa produción, ademais de darlle entrada a numerosos neoloxismos que contan cun uso normalizado na actualidade. A acción está ambientada nun mundo futuro con dúas civilizacións enfrontadas: por unha banda, a da Terra, un planeta superpoboado, cuxos habitantes viven en cidades deseñadas ao xeito de covas e que manifestan un claro rexeitamento ás novidades tecnolóxicas, en particular á utilización de robots; e, por outra, a dos espacenses, que residen nos chamados Mundos Exteriores. A trama céntrase na investigación dun asasinato dun científico dos Mundos Exteriores por parte do detective terrícola Elijah Baley, quen, ao seu pesar debe aceptar ser axudado nas pescudas polo robot con forma humana R. Daneel Olivaw. Ambos os personaxes están condenados a entenderse malia os receos iniciais que demostra Baley, para chegar a desentrañar o caso. A pesar da aparencia e da estrutura dunha novela policial, o texto desenvolve as contradicións e os receos de dúas culturas opostas.

**Auel**, Jean M., *O val dos cabalos* (*The valley of horses*, Nova York, Crown Publisher, 1982) trad. Xurxo Bértola Rodríguez, Teo: Punto G Edicións, col. Os Fillos da Terra, 2014, 536 pp. (ISBN 978-84-617-1531-2)

Novela histórica de Jean M. Auel (Chicago, Illinois, 1936), adscribíbel tamén ao subxénero da literatura de viaxes, que, mediante unha voz narradora omisciente, relata en vinte e nove capítulos o periplo de Ayla, muller pertencente ao Clan do Oso das Cavernas –aínda que diferente a eles– que é expulsada do grupo por Broud, que a maldí. Apenada por deixaren ao seu fillo atrás, Dure, decide emprender unha viaxe cara ao norte en busca das persoas que se asemellan a ela para iniciaren unha nova vida. Durante a viaxe, liberada das restriccións e obrigas ás que estaba sometida no clan pola súa condición de muller, pode libremente aplicar as ensinanzas de Iza para procurar comida e refuxio nunha cova onde pasará unha tempada en compañía dunha egua que rescatou no val das fouces de varios lince. No Val dos Cabalos cruza o seu camiño con Thonolan e Jondalar, procedentes da caverna do clan de Ayla. Entre ela e Jondalar iníciase unha relación sentimental particular. A novela precédese dunha ilustración dun mapa da Europa prehistórica durante a era glacial que mostra os itinerarios percorridos por Ayla e Jondalar, adicatorias e agradecementos.

**Barredo**, Daniel, *A viaxe a Budapest* (*El viaje a Budapest*, 2012), Premio Andalucía Joven de Narrativa 2012, trad. Alejandro Tobar, Santiago de Compostela: Editorial Hugin e Munin, col. Vólvense os paxaros contra as escopetas, 2014, 122 pp. (ISBN: 978-84-942005-2-6).

Novela de Daniel Barredo (Bilbao, 1981), que dá renda solta á carraxe dun mozo (o autor identifícase co personaxe, poñendo en cuestión os límites do álter ego) canso da precariedade e a falta de futuro á que se ve sometido. Cunha linguaxe provocadora, Barredo vai varrendo os dogmas da sociedade actual e chega a defender posturas delitivas nunha espiral estilística que desborda os parámetros do realismo para xogar coa mestura de xéneros, dende o realismo sucio á novela rosa. O relato, narrado en primeira persoa por Daniel, estrutúrase en dúas partes. Na primeira abórdase un retrato da vida do personaxe, un mozo co deveso de ser escritor e que se prodiga polos premios literarios para gañar a vida; e que ao non conseguir subsistir, farto dunha sociedade hipócrita e ruín sobre a que verte a súa ira de diferentes maneiras, recorre mesmo ao roubo, á chantaxe e ao sexo con mulleres de idade para sobrevivir. Na segunda parte, desenvólvese a viaxe a Budapest que lle dá título ao libro, cidade na que Daniel muda de vez a súa vida cando coñece a Livia. O máis destacado da novela é a presenza dunha voz contundente e orixinal que ataca o sistema sen medias verdades, que recorre a unha linguaxe descarnada e por veces ferinte.

### **Recensións:**

- Armando Requeixo, “Cando nada importa”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, p. 25/ *Diario de Ferrol*, “Nordesia”, n.º 826, p. 32/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 826, p. 33, 27 abril 2014, “letras Atlánticas”.

Comenta a saída do prelo desta novela merecente do Premio Andalucía Joven de Narrativa 2011, grafada por Daniel Barredo e traducida ao galego por Alejandro Tobar, na colección “Vólvense os paxaros contra as escopetas”, da Editorial Hugin e Munin. Sinala primeiramente a súa publicación en lingua castelá en 2012, para despois destacar a mestura de autobiografía e ficción presente no seu fio argumental, así como a presenza de críticas contra o colectivo dos críticos e os ensinantes, ou mesmo a individuos como Luís García Montero.

**Boruwłaski**, Joseph, *Memorias do famoso anano Joseph Boruwłaski (Mémoires du célèbre nain Joseph Boruwłaski, gentilhomme polonais*, Flammarion, 2008), trad. Rodrigo Vizcaíno, Cangas do Morrazo: Rinoceronte Editora, col. Vétera, 2014, 92 pp. (ISBN: 978-84-92866-63-2).

Obra, traducida dun orixinal de 1788, que se abre con dous paratextos iniciais reveladores. O primeiro, explicita o contido e autoría do volume, permitindo adscribir o texto ao conxunto de “textos do eu”, xa é un “fiel e curioso” relato do nacemento, crianza, casamento e viaxes do famoso anano Joseph Boruwłaski (1739-1837), unhas memorias “escritas por el mesmo”. O seguinte paratexto é a dedicatoria á duquesa de Devonshire, como mostra da súa gratitude e polos favores que ela tivo a ben conceder ao narrador dende a chegada deste a Inglaterra. A partir de aquí, desenvólvense as memorias de Joseph Boruwłaski, nacido nas proximidades de Halych, a Rusia polaca, en 1739, coñecido pola denominación afectiva de “Joujou”. As súas reflexións son presentadas co desexo de facer ver a aqueles que ollan “os seres da súa clase” como monstruosidades, como el se integrou entre as “criaturas de talle normal” e ao mesmo nivel ca elas estivo en experiencias vitais, ideas ou paixóns. Relatado en primeira

persoa, con tintes confesionais, fluidez e graza na prosa, o texto afina en detalles relatando até o seu crecemento progresivo centímetro a centímetro, dende que cumpriu un ano e até os 39, momento no que acadou a súa estatura definitiva, 99 cm. Cóntase a súa infancia, as persoas responsábeis da súa educación (coma a señora Starosta) e a fragilidade e implicacións do seu paso polas cortes europeas do XVIII (Viena, París, Londres...). Na primeira metade do volume, achégase a copia da correspondencia que Joseph mantivo coa súa namorada e moi posteriormente esposa, Isaline, en 1779, coas correspondentes indicacións “Joujou a Isaline” e de volta, “Isaline a Joujou”, e que el mesmo considera digna de transcripción por decidir a súa sorte e serlle “infinitamente preciosa”. A fascinación que a aristocracia sentiu por estes antollos da natureza, as relacións cos benefactores e, sobre todo, a perspectiva “confesional” e vivencial fan deste texto unha *rara avis*, agora verquida ao galego.

**Colombi**, Marquesa, *Un matrimonio provinciano* (*Un matrimonio in provincia*, 1885), trad. Isabel Soto, Santiago de Compostela: Editorial Hugin e Munin, col. XIX, n.º 23, outubro 2014, 104 pp. (ISBN: 978-84-941211-X-X).

Unha das iniciadoras do feminismo en Italia e unha das primeiras mulleres colaboradoras en *Il Corriere della Sera*, Maria Antonietta Torriani (Novara, 1840-Cumiana, Torino, 1920), a Marquesa Colombi, pseudónimo que tomou da personaxe homónima da comedia *La satira e Parini* (1853), de Paolo Ferrari, é a autora desta novela traducida do italiano ao galego que conforma un achegamento irónico á situación das mulleres na sociedade italiana do seu tempo, cuxa única expectativa vital era o matrimonio. Ambientada a finais do século XIX en Novara, vila natal da autora, e narrada en primeira persoa pola súa protagonista, Denza Dellara, unha rapaza de clase media baixa, a trama vai dando conta da súa vida. Afoutada polos convencionalismos sociais, experimenta un primeiro namoramento dun home que en realidade non coñece, tan só para fuxir do aburrimiento da súa existencia e da terríbel ameaza que pende sobre ela: o feito de se converter nunha solteirona. Deste xeito, déixase levar polas fantasías románticas ao uso pero, malia as súas esperanzas, o tempo vai pasando sen que a relación chegue a bo termo, mentres todas as mozas que a arrodean van casando. Ao cabo, Denza terá que aceptar un matrimonio acordado, feito que asume con resignación sabedora de que non existe outra saída. Trátase dunha novela de estrutura lineal e estilo sinxelo que, no entanto, abre a reflexión dende os códigos do sarcasmo e a ironía sobre a situación pasada e presente das mulleres.

### Recensións:

- Montse Pena Presas, “A fabulación do amor romántico”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 519, “Libros”, 13 novembro 2014, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 471, 22 novembro 2014, p. 10.

Desenvolve en primeiro lugar o fío argumental, para continuar despois cun comentario ao respecto da posición feminista da autora e a presenza do sarcástico na súa escrita, e conclúe cunha referencia ao gran labor de tradución de Isabel Soto.

**Cortázar, Julio**, *A autoestrada do sur (La autopista del sur)*, trad.do castelán Francisco Fernández Naval, Iñás-Oleiros: Editorial Trifolium, col. Musa pedestris, xaneiro 2014, 66 pp. (ISBN: 978-84-942103-1-0).

Conto de Julio Cortázar (Bruxelas, 1914-París, 1984) que se ntecede dunha “Nota do Editor” na que se dá conta da pertenza do conto ao libro de relatos titulado *Todos los fuegos el fuego*, publicado en 1966. Na nota resúmense o argumento, o tema e sentido da historia. A voz narradora omnisciente relata o acontecer dos días das persoas que fican atrapadas nun atasco na autoestrada do sur cara a París. Dividido en breves seccións separadas tipograficamente por un espazo en branco, fálase das relacións persoais que van xurdindo nas horas mortas da espera: o enxeñeiro e Dauphine, o soldado e a súa muller, as monxas do 2HP ou os rapaces do Simca, entre outros e outras. Cunha linguaxe rica e unha sintaxe lenta e pesada coma o devir do tempo no atoamento, cóntase como, á maneira dunha comunidade, se organizan para distribuíren as provisións e as mantas, para ir buscar auga e alimento cando escasea ou para facer quendas de vixía, tarefas que van caracterizando a cada un e unha das personaxes. Cando, días máis tarde, os vehículos comezan a moverse e a avanzar sen freo cara a París, as relacións sentimentais xurdidas naqueles días vanse esfumando á velocidade de autoestrada, até incluso, coma no caso do enxeñeiro, botalas de menos.

#### **Recensións:**

- Laura Blanco Casás, “Estradas de Cortázar”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 499, “Libros”, 8 maio 2014, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 452, “Letras galegas”, 10 maio 2014, p. 10.

Comenta a aparición da tradución ao galego da novela de Julio Cortázar, *A autoestrada do Sur*, na Editorial Trifolium, grazas a Francisco X. Fernández Naval. Indica nada máis comezar outra das súas novelas, *Todos los fuegos el fuego* (1966), para despois sinalar o inicio *in medias res* da escrita e reflexionar sobre a liña temática e o fío argumental.

#### **Referencias varias:**

- Salvador Rodríguez, “Julio Cortázar se incorpora a la literatura en gallego con ‘A autoestrada do sur’”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 14 febreiro 2014, p. 38.

Dá conta da publicación da tradución ao galego desta novela de Julio Cortázar a cargo de Xosé Fernández Naval para Editorial Trifolium, dirixida por Xan Arias. Salienta asemade a autoría do tradutor do ensaio *Respirar polo idioma. Os galegos e Julio Cortázar* (2006) e, nun epígrafe á parte, o primeiro texto cortazariano traducido á lingua galega, o conto “O discurso do oso”, parte do volume intitulado *Historias de Cronopios y Famas* (1962), ilustrado por Emilio Urberuaga.

**Fitz-James O'Brien**, *A lente de diamante (The Diamond Lense, 1858)*, trad. e notas Alejandro Tobar, Santiago de Compostela: Editorial Hugin e Munin, col. Vólvense os paxaros contra as escopetas, 2014, 50 pp. (ISBN: 978-84-942005-3-3).



Relato do irlandés Fitz-James O'Brien (Cork, 1828-Cumberland, 1862) publicado orixinalmente pola revista norteamericana *The Atlantic Monthly* en 1858 en que entre a fantasía e a ficción científica, hai múltiples alusións a personaxes e invencións da época. O autor narra nesta historia o achado por parte dun científico, logo de levar a cabo un acto criminal para acadar a cobizada lente de diamante de singular potencia, de vida microscópica nunha pinga de auga. Esta descuberta deriva no inicial desconcerto, posterior abraio e final namoramento do humano, que bebe os ventos por unha ninfa de incomparábel beleza que alí se atopa, no medio e medio da pinga de auga. Ao cabo, o amor, ademais de imposíbel, resulta fatal, pois Anímula (así dá en chamala) morre ao se evaporar a gota, e en consecuencia o protagonista cae preso da tolemia. A escritura fluída e a avanzada idea de partida para a época, valéronlle a O'Brien o recoñecemento literario non tanto dos seus contemporáneos, que tamén, como das posteriores xeracións de escritores ligados ao surrealismo e ás demais vangardas. Cabe destacar que a versión en galego conta con preto dunha decena de notas, non de tradución senón informativas, sobre todo en relación con personaxes e invencións citados no texto.

**Garner**, Helen, *Cuarto de invitados*, (*The spare room*, The Text Publishing Co., Melbourne, 2008), trad. Moisés Barcia, Cangas do Morrazo: Rinoceronte Editora, col. Contemporánea, n.º 53, 2014, 145 pp. (ISBN: 978-84-92866-64-9).

Helen Garner (Geelong, Australia, 1942) é a autora desta novela na que se pon de manifesto o que se pode chegar a facer en nome da amizade. O relato está narrado en primeira persoa por Helen, unha muller independente duns setenta anos, quen prepara o cuarto de invitados para a súa amiga Nicola, quen padece un cancro e viaxa dende Sidney para someterse a un tratamento de medicina alternativa. Dende a primeira sesión a desconfianza de Helen cara ao tratamento elixido pola súa amiga faise notábel e acrecéntase ao vivir de cerca o sufrimento da súa amiga e a falta de seriedade e de continuidade amosada pola clínica. Esta desconfianza provoca unha tensión palpábel entre Helen e Nicola, quen, a pesar dos argumentos sólidos da súa amiga, prefire seguir a confiar nese método posto que está á espera de que “caia un anxo desas nubes en calquera momento”. Non obstante, a perseveranza de Helen xunto coa visita da sobriña de Nicola e do seu mozo, quen tampouco aproban o método elixido, fai que Nicola consiga aceptar a súa enfermidade e abandone ese tratamento. Ao longo do volume abórdanse diversos temas de carácter universal como o medo á morte, o egoísmo e a esperanza; e incítase ao lector a unha reflexión profunda sobre os límites a traspasar cando dun amigo se trata.

**Hardy**, Thomas, *Jude o escuro* (*Jude the Obscure*, 1895), trad. María Fe González Fernández, Santiago de Compostela: Editorial Hugin e Munin, col. XIX, n.º 24, outubro 2014, 502 pp. (ISBN: 978-84-942005-8-8). ■

Novela máis controvertida do inglés Thomas Hardy (Stinsford, 1840-Dorchester, 1928), pois o texto suscitou un intenso rexeitamento no seu tempo, até tal punto que o autor abandonou a novela tras publicar esta obra, foi queimada en público polo bispo de Wakefield e mesmo bautizada con título de *Jude o obscuro*. Tras se publicar por entregas na *Harper's New Monthly Magazine*, contou cunha edición exenta en 1895. Ábrese co “Prefacio do autor á primeira edición en lingua inglesa”, datado en agosto de 1895, no que explica que a historia xurdiu da nova da morte dunha muller e que a súa

intención foi abordar a dor, a paixón, o ridículo e o desastre que provoca o apaixonamento humano. A seguir, inclúese a “Posdata”, escrita en abril de 1912, na que Hardy dá conta das críticas virulentas que recibiu a súa novela por parte daqueles que non repararon en que se trataba dunha “obra moral”. Ambientada no territorio literario de Wessex, espazo escollido por Hardy para localizar a súa produción narrativa, a trama artéllase en seis partes –“En Marygreen”, “En Christminster”, “En Melchester”, “En Shaston”, “En Aldbrickham e noutros lugares” e “En Christminster de novo”– que permiten ir acompañando as diferentes etapas na vida do protagonista, Jude Fawley, marcada pola relación coa súa curmá, Sue Bridehead, e por unha sorte de avatares que os van achegando e arredando un do outro. Dende neno, Jude, malia a súa falta de medios, sente o degoro de estudar na Universidade e comeza unha formación autodidacta. Pero os seus plans trúncanse polo seu precipitado matrimonio con Arabella. Tras manteren relacións sexuais, ela faille crer que está embarazada e Jude casa con ela obrigado polos convencionalismos sociais e consciente do feito de que deberá vivir para sempre cunha persoa coa que non comparte máis afinidade ca o desexo. Ao tempo, Jude debe renunciar ás súas aspiracións universitarias. Mais Arabella non tarda en abandonalo. É entón cando coñece a Sue –unha personaxe conflictiva, intelixente e volúbel– coa que, no entanto, o unen ideas e intereses comúns. Pero Sue tamén se ve abocada a casar pola dignidade que confire o matrimonio e as vantaxes sociais que supón. Co tempo, a súa unión con Phillotson acaba provocando que Sue se sinta anulada como persoa e supeditada á vontade do marido. Será este quen, polo amor que sente por ela e decatándose da súa infelicidade, decida poñer fin á convivencia e outorgarlle a liberdade de marchar da casa para que viva o seu amor con Jude. Chegado este momento, as dúbidas e a presión social, farán que a relación de Jude e Sue remate en desgraza. Ademais de integrar trazos propios do naturalismo e do relato sentimental, Hardy aproveita esta complexa trama argumental para introducir as súas ideas progresistas sobre a necesidade de poder disolver os matrimonios se a convivencia se revela imposible e o amor desaparece, a nefasta influencia da relixión e das normas sociais establecidas ou as dificultades de ascender das clases máis desfavorecidas. O resultado conforma unha novela intensa, con xiros argumentais inesperados e personaxes contundentes pola súa gran profundidade.

**James**, Henry, *A besta na xungla* (*The beast in the jungle*, 1903), trad. Alejandro Tobar, Santiago de Compostela: Editorial Hugin e Munin, col. XX, n.º 20, abril 2014, 81 pp. (ISBN: 978-84-941211-9-7).

Novela curta de corte simbolista do escritor norteamericano nacionalizado inglés Henry James (Nova York, 1843-Rye, 1916) publicada por vez primeira en 1903 como parte da compilación de relatos intitulada *The Better Sort*. Malia a reducida extensión da obra, que de feito pode ser considerada un relato longo, posúe unha gran fondura literaria que esixe do lector un esforzo de concentración. James dota o texto dun marcado cariz psicolóxico, inserindo a voz dun narrador omnisciente que permite penetrar nos sentimentos dos personaxes. A historia parte dun encontro entre May Bartram e John Marcher nunha reunión social en Weatherend, unha fastosa mansión inglesa. Non é a primeira vez que cadran, pois unha década atrás pasaran xuntos un serán, do que ela ten bo acordo e el parece que non tanto. Pouco e pouco, a raíz deste reencontro, consolídase entre ambos os dous unha relación íntima e aberta a múltiples lecturas que moitas veces raia no abstracto. E no medio desta relación alongada ao correr dos anos, un eixo, unha confesión que el lle fixera: o temor ante o inevitábel, que simboliza a besta que asexna na

xungla. A obra consta de seis capítulos, e é no último, tras a morte da muller, cando o lector consegue atar cabos e comprender, se non todo, polo menos boa parte do contido do relato, que resulta ser, na fin de contas, unha análise do amor entre dous seres humanos.

**Kepler**, Johannes, *O soño*, trad. Alfonso Blanco, Santiago de Compostela: Editorial Hugin e Munin, col. Vólvense os paxaros contra as escopetas, 2014, 153 pp. (ISBN: 978-84-943230-0-3).

Este opúsculo é a única obra de ficción do científico Johannes Kepler (Weil der Stadt, Baden-Württemberg, 1571-Ratisbona, Baviera, 1630). A obra, referencial para algúns autores de ficción científica e tamén para divulgadores científicos, foi escrita en latín no ano 1608, baixo o nome *Somnium sive Astronomia lunaris Johannis Kepleri*, pero a súa publicación tivo lugar de maneira póstuma, en 1634. O conto na edición galega abrangue un total de trinta e seis páxinas e as outras máis de cen están destinadas a albergar un caderno de notas informativas e explicativas co que Kepler pretende botar luz sobre algunhas cuestións de corte científico e histórico. Así mesmo, o tradutor achega numerosas notas ao pé para facilitar a comprensión, ademais dun par de imaxes incluídas polo astrónomo xermano. O conto arranca coa exposición dun suposto soño do escritor mesmo. Nel, Fiolxhilde e o seu fillo Duracotus adquiren unha serie de coñecementos lunares e científicos en xeral grazas á mediación dun xenio e a un conxuro máxico realizado pola nai, Fiolxhilde. A estrutura divídese esencialmente en catro partes: a introdución a partir do soño do escritor, na que se presentan os personaxes; a seguir vén a parte intitulada “O xenio de Levanía”, e as dúas últimas serían “O hemisferio de Privolva” e “O hemisferio de Subvolva”, onde se define dunha maneira máis técnica ca literaria os fantasiosos hemisferios lunares. Cabe sinalar que a editorial puxo á disposición dos lectores a través da súa páxina web un texto complementario de corenta páxinas elaborado polo tradutor, que leva por título “Algunhas claves para ler *O soño*, unha historia de Johannes Kepler”.

**Kivi**, Aleksis, *Os sete irmáns*, (*Seitsemän veljestä*, 1870), trad. Tuula Ahola, Cangas do Morrazo: Rinoceronte Editora, col. Clásica, n.º 11, 2014, 384 pp. (ISBN: 978-84-92866-69-4).

Novela clásica da literatura finesa asinada por Alexis Kivi (Nurmijärvi, Finlandia, 1834-1872), autor central na historia literaria do país nórdico de tal maneira que a súa data de nacemento serve para conmemorar o Día da Literatura Finesa. Esta novela dialogada, froito dun traballo ao longo dunha década e na cal se mesturan os elementos trágicos cos cómicos, converteuse nunha obra de referencia aínda que no seu tempo foi desconsiderada por vulgar. A novela retrata a vida e sociedade rural de Finlandia na segunda metade do século XIX e durante o proceso industrializador. Os protagonistas son sete irmáns (os Jukola), orfos de pai e cunha nai que os maltrata, que residen nunha zona rural de montañas. Todos eles séntense condicionados polo entorno e contexto deica o punto de teren que elixir o rumbo da súa vida. Esta situación provocará a tensión entre eles mesmos pero tamén a procura de espazos en común para manter a unidade. Finalmente cada un dos irmáns acabarán por adaptarse á vida rutineira dos habitantes da vila. Na obra o autor inclúe distintos contos e lendas populares como unha forma de reivindicar a identidade finesa nun país sometido ao dominio de suecos e rusos.

**Krasznahorkai**, László, *Ao norte unha montaña, ao sur un lago, ao oeste uns camiños, ao leste un río*, trad. Sergio de la Ossa e Verónica Gergely, Cangas do Morrazo, Rinoceronte Editora, col. Contemporánea, n.º 55, 2014, pp. 149 (ISBN: 978-84-92866-66-3).

Novela publicada orixinalmente en húngaro co título *Északról hegy, Délről tó, Nyugatról utak, Keletről folyó* de László Krasznahorkai (Gyula, Hungría, 1954). O libro, que se estrutura en corenta e nove capítulos, pese a que o primeiro se corresponde coa numeración “II” de forma que o último capítulo numérase como “L”. A narración ven precedida pola seguinte frase “Ninguén o viu dúas veces”. O neto do príncipe Genji atopa no libro ilustrado “*Cen xardíns fermosos*” un xardín que o fascina, un xardín paradisíaco pero oculto nun mosterio. Incapaz de atopar datos mais alá dos dispostos no libro, o neto do príncipe aventúrase por Xapón en busca do xardín. Paralelamente un grupo de europeos que acompañaban ao príncipe terán que dar con el. Krasznahorkai aproveita esta historia para falar da arquitectura, da natureza e da tradición oriental, especialmente xaponesa, ademais de reflexionar sobre a existencia e a percepción da beleza.

#### **Recensións:**

- Estro Montaña, “Homenaxe á beleza”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 524, “Libros”, 18 decembro 2014, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 476, “Letras galegas”, 27 decembro 2014, p. 10.

Destaca que é unha homenaxe á beleza da cultura tradicional xaponesa e salienta a importancia da estética en que se inclúe o sagrado. Indica que a “descrición convive coa intriga da busca, a través dunha prosa musical”. Finalmente, recomenda a súa lectura, dado que é “un exquisito manxar que non segue as liñas da novela decimonónica”.

**Loti**, Pierre, *Pescador de Islandia* (*Pêcheur d’Islande*, 1886), trad. Xavier Senín, Santiago de Compostela: Editorial Hugin e Munin, col. XIX, n.º 19, abril 2014, 258 pp. (ISBN: 978-84-941211-8-0).

Pierre Loti, pseudónimo de Julien Viaud (Rochefort, 1850-Hendaia, 1923) é o autor desta novela de grande éxito na súa traxectoria e que contou con numerosas edicións por mor das súas destacadas vendas en todo o mundo, ademais de merecer o Premio Vitet da Academia Francesa xa o mesmo ano da súa publicación. A narración, de ton realista aínda que salpicada de trazos propios do romanticismo, o costumismo e o idealismo predominantes a finais do século XIX e comezos do XX, desenvolve unha historia de amor ambientada na Bretaña francesa e ligada ao mundo dos pescadores que, ano tras ano, marchaban facer as súas campañas á distante illa de Islandia. Gaud Mével, cuxo pai, tras facer fortuna, regresa coa súa familia ao porto bretón de Pempoull, asiste por vez primeira dende a súa infancia á volta dos pescadores de Islandia. Entre todos eles distingue a Yann Gaos, o máis alto e forte, quen malia ter xa vinte e sete anos aínda non está casado. A condición modesta do mozo en comparanza coa dela, a entrega total de Yann ao mar e a terrible ameaza que supón esta forma de vida, pende sobre a relación

amorosa que nace entre eles tras compartiren unha noite de baile, e preséntase ateigada de dificultades dende o seu comezo. Malia camiñar cara a un desenlace no que parece que se superaron todos eses empezos, o relato remata en traxedia. Ademais desta trama, no texto predominan as descrições da paisaxe bretoa e os múltiples matices e pinturas sobre o mar, convertidos ambos en personaxes con peso de seu, así como un completo retrato de características etnolóxicas da vida dos pescadores e das súas mulleres, ofrecendo así a descrición tanto dos que marchan coma das sometidas a unha longa espera cargada de incertezas.

**Marani**, Diego, *Nova gramática finesa*, trad. Moisés Barcia, Cangas do Morrazo: Rinoceronte Editora, col. Contemporánea, 2014, 174 pp. (ISBN: 978-84-92866-65-6).

Narración histórica de Diego Marani (Ferrara, Italia, 1959), que se abre cunha cita do dramaturgo finlandés Paavo Haavikko (Helsinki, 1931-2008). Ten como protagonista a Sampo Karjalainen, un soldado ferido en Trieste e que non recorda nada da súa vida. Esta situación leva ao lectorado a concienciarse de temas como a identidade, o recordo e a necesidade de pertenza a un lugar. O doutor que o atende, que insiste en que o soldado é de Finlandia, ensínalle a este a lingua finesa, dado que o soldado nin sequera é capaz de recordala. Isto implica unha nova construción da identidade do militar, o cal terá que vivir con ela e coa necesidade de retornar, de volver á terra para cobrar, só de esa forma, a súa verdadeira identidade. A novela relata a necesidade de pertenza, de identidade; e pon sobre a mesa temas controvertidos que se desenvolven nun escenario aínda bélico, dado que a trama se presenta en 1943.

### Recensións:

- Estro Montaña, “Aprender dos mitos”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 522, “Libros”, 4 decembro 2014, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 474 “Letras galegas”, 13 decembro 2014, p. 10.

Refire o argumento da obra, na que se mostra “a lingua como base da identidade” e “a aprendizaxe dos mitos propios” para contribuír á formación da propia personalidade. Coméntase que recibiu o Premio Grinzane Cavour e que foi un éxito en Europa. Saliéntanse as reflexións do protagonista, que nalgún momento “semellan un pouco excesivas para o fluír da novela”, e destácase que a obra emprega o recurso do manuscrito encontrado e que se narra dende dúas perspectivas, “un narrador en primeira persoa alterna co diario do angustiado personaxe”. Por último, fálase da intriga que acompaña ao personaxe principal e do trágico final.

**Marquesa de Mannoury**, *A novela de Violette (Le roman de Violette*, c. 1883), trad. Marie Abaira, Santiago de Compostela: Editorial Hugin e Munin, col. Vólvense os paxaros contra as escopetas, 2014, 115 pp. (ISBN: 978-84-942005-9-5).

Novela erótica cuxa edición orixinal apareceu de xeito clandestino en Bruxelas contra 1883, talvez baixo a responsabilidade dunha editorial especializada en obras eróticas. Na cuberta figura simplemente «Obra póstuma dunha celebridade enmascarada», etiqueta que oculta unha curiosa figura que viviu a finais do século XIX: a marquesa de

Mannoury d'Ectot, filla do químico Nicolas Le Blanc (1742-1806), quen acadou o título tras casar cun xentilhome normando do que seica enviuvou por volta de 1870, e que frecuentou a escritores como Verlaine ou Guy de Maupassant. Esta obra sorprende pola súa modernidade e é claramente unha novela feminina pero non feminista. De feito, foi obxecto de diversas opinións: uns consideran que baixo este nome non se pode agochar máis ca unha muller pola delicadeza das reaccións físicas e psicolóxicas homosexuais femininas; outros, en troques, pensan que se trata dun home pola visión que das mulleres se ofrece e porque a voz narrativa en primeira persoa se corresponde cun home. De feito, existen edicións que lle atribúen o texto a Alexandre Dumas. O relato combina a iniciación sexual da protagonista, a novísima Violette, cun home, cos amores lesbios que descobre coa perversa condesa de Mainfroy, unha viúva loura de ollos negros, e a posterior relación desta con Florence, unha famosa artista lesbiana, un «sacrificio» que a condesa asume co fin de que Violette poida ter unha carreira teatral. En opinión dos expertos no xénero, *A novela de Violette* posúe os trazos que caracterizan a literatura erótica dos séculos XVIII e XIX e abre as portas da que se publicará coa chegada do século XX, converténdose nunha ponte entre ambas as épocas.

**McCullers**, Carson, *A balada do café triste* (*The ballad os the sad café*, 1951), trad. do inglés Salomé Rodríguez Vázquez, Cangas do Morrazo: Rinoceronte Editora, col. Contemporánea, 2014, 180 pp. (ISBN: 978-84-92866-61-8).

Volume de Carson McCullers (Columbus, Georgia, 1917-Nyack, Nova York, 1967), que se abre cunha novela curta que dá nome ao volume, *A balada do café triste*, na cal xoga un papel importante o triángulo amoroso conformado pola señorita Amelia, Lymon e Marvin Macy. A acción transcorre nunha vila rural do sur dos Estados Unidos e a autora fai patente a súa crítica, a través dos personaxes, contra unha serie de valores, que alí imperaban, cargados dunha notábel severidade. A continuación preséntanse seis relatos breves que levan por título: “Wunderkind”, “O jóckey”, “Madame Zilensky e o rei de Finlandia”, “O transeúnte”, “O dilema doméstico” e “Unha árbore, unha rocha, unha nube”, nos que se abordan diversos temas como a soidade, a opresión ou as diferentes manifestacións de amor, entre outros.

### **Recensións:**

- Ramón Nicolás, “O que latexa no fondo da alma humana”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Galego”, 14 marzo 2014, p. 21.

Sinala a reedición da novela *A balada do café triste* (2014), de Carson McCullers, tirada do prelo por Rinoceronte Editora e traducida por Salomé Rodríguez Vázquez. Indica asemade a tradución de Laura Sáez doutra das súas novelas, *A voda* (1997), publicada por Edicións Xerais. Subliña, por último, os temas tratados, como por exemplo a identidade sexual, a soidade ou a represión das mulleres en certas clases sociais.

- Montse Pena Presas, “Demiurga”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 497, “Libros”, 24 abril 2014, p. VI/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 450, “Letras galegas”, 26 abril 2014, p. 10.

Comenta a saída do prelo en Rinoceronte Editora desta novela de Carson McCullers, traducida por Salomé Rodríguez. Tras sinalar a tradución que en 2007 levou a cabo Laura Sáez doutra das súas novelas, *A voda*, para Edicións Xerais, indica a presenza doutros seis relatos xunto á novela. Describe brevemente o fío argumental e conclúe cunha referencia á novela de Berta Dávila, *O derradeiro libro de Enma Olsen* (2013).

**Morley**, Christopher, *O parnaso sobre rodas* (*Parnassus on wheels*, 1917), trad. Estela Villar, Vigo: Editorial Rinoceronte, col. Clásica, n.º 10, 2014, pp. 152. (ISBN: 978-84-92866-68-7).

Novela curta de Christopher Morley (Haverford, Pensilvania, 1890-Nova York, 1957) considerada un clásico das letras norteamericanas. O título fai referencia á mitoloxía grega, dado que o monte Parnaso, morada das musas, é a patria simbólica dos poetas. Principia cunha carta que o propio escritor envía a David Grayson, editor de Hempfield, indicando que a verdadeira autora do libro é Helen McGill. A obra estrutúrase en quince capítulos escritos en primeira persoa empregando unha linguaxe sinxela. Conta a historia de Helen, unha muller de 39 anos que vive xunto co seu irmán Andrew nunha tranquila granxa. Mentres ela se encarga de realizar todas as tarefas, Andrew só pensa en converterse nun gran escritor. Un día aparece na súa propiedade o señor Mifflin, un home moi peculiar que pretende vender o seu negocio. Así é como Helen cambia de vida e pasa a ser a dona do Parnaso Ambulante, un carromato cheo de libros. A protagonista, na compañía do señor Mifflin, vive divertidas aventuras mentres percorre o mundo vendendo en granxas e pequenas poboacións. A novela está ambientada na segunda década do século XX en EEUU e o tema principal é o amor polos libros, con continuas referencias a obras e a escritores.

**Pierrat**, Emmanuel, *A industria do sexo e do peixe empanado* (*L'industrie du sexe e du poisson pané*, 2004), trad. Marie Abaira, Santiago de Compostela: Editorial Hugin e Munin, col. Vólvense os paxaros contra as escopetas, 2014, 136 pp. (ISBN: 978-84-942005-0-2).

Emmanuel Pierrat (Nogent-sur-Marne, 1968) ambienta esta novela nun departamento da Fisterra bretoa, Penn-ar-Bed, onde a crise pesqueira afecta o vivir cotián das xemelgas Gaëlle e Gwenaëlle, dúas rapazas de dezoito anos que acordan abandonar o seu oficio e viaxar a París. O seu propósito é visitar o seu curmán Yann quen, teoricamente, rexenta un restaurante na capital. En realidade, o mozo ocúpase nunha tenda de obxectos sexuais e da súa man Gaëlle e Gwenaëlle poden levar a cabo o propósito da súa viaxe: abandonaren o onanismo da vida do mar e internárense nalgunhas das prácticas sexuais da modernidade. Así coñecen a pedofobia, a “normalidade”, o exhibicionismo, a escatoloxía, a zoofilia, o *voyeurismo*, a necrofilia, o fetichismo ou a prostitución. A novela constrúese a xeito de fábula e sátira social, integrando ademais unha visión irónica sobre o sexo e a sociedade actual e deténdose nun repaso polos costumes arquetípicos da Bretaña.

**Sá-Carneiro**, Mário, *A confesión de Lúcio* (*A Confissão de Lúcio*, 1914), trad. Benxamín Constante, Santiago de Compostela: Editorial Hugin e Munin, col. Vólvense os paxaros contra as escopetas, 2014, 112 pp. (ISBN: 978-84-942005-4-0).

Mário de Sá-Carneiro (Lisboa, 1890-Montmartre, 1916) achégase con esta novela lírica e subxectiva ás experiencias simbolistas que inzarian a literatura de comezos do século XX. Concibida cos códigos da novela fantástica, o relato preséntase como unha confesión dos estraños feitos vividos en primeira persoa polo seu narrador, Lúcio, acusado dun crime misterioso que debeu pagar cunha pena de cárcere. A trama xira arredor dun triángulo amoroso, o que manteñen o propio Lúcio, o seu amigo Ricardo de Loureiro e a muller deste, Marta, nun xogo no que nada é o que parece ser e no que se suxiren talvez experiencias homeróticas e mesmo un posíbel travestismo. Ao mesmo tempo retrátase o París bohemio e o ambiente cultural modernista de Lisboa, dando entrada ás actitudes propias do dandismo, ao repudio do sistema de valores da sociedade burguesa e ao tedio existencial.

**Stendhal**, *Diario. Vol I. (1801-1805) (Journal I (1801-1814), Le Divan*, 1937), trad. Olga Novo, Noia: Editorial Toxosoutos, col. Esmorga, 2014, 237 pp. (ISBN: 978-84-943014-3-8).

Primeiro volume, dunha serie de tres, pertencente aos diarios Stendhal, nome literario de Henry Beyle (Grenoble, 1783-París, 1842) e que abarca dende o ano 1801 até o 1805. Neste caderno o autor anota moitas das súas inquedanzas, sentimentos e angueiras ao longo destes anos. Pódense atopar detalles insignificantes e íntimos da vida deste autor francés, como as reflexións sobre o seu físico e o seu carácter, as frustracións literarias, os espectáculos e os lugares aos que asistía, entre outros datos de interese.

**Villiers de L'Isle Adam**, Auguste, *A Eva futura (L'Ève future*, 1886), trad. Isabel Soto e Xavier Senín, Santiago de Compostela: Editorial Hugin e Munin, col. XIX, nº 22, xullo 2014, 413 pp. (ISBN: 978-84-942005-6-4).

Jean-Marie-Mathias-Philippe-Auguste Villiers de L'Isle-Adam (Sant-Brieg, A Bretaña, 1838-París, 1889), unha pluma fundamental no nacemento do simbolismo francés e unha figura de radical modernidade no seu tempo, define esta novela, no “Aviso ao lector” que a encabeza, como unha “obra de arte metafísica”. Seducido pola revelación que supuxo a invención do fonógrafo por parte do americano Thomas Alva Edison, e tras numerosas redaccións previas, Villiers dá a coñecer na prensa da época, por entregas, *L'Ève nouvelle*, cuxa versión definitiva con novo título sae en libro en 1886. A novela conta como Edison, logo de concibir un amplo catálogo de inventos, está en condicións de crear un ser humano artificial. A inesperada visita do seu vello amigo lord Ewald, vítima dun gran desespero tras namorarse perdidamente da cantante Alicia Clary, cuxa abraiante beleza só pode equiparse á súa estupidez, proporciónalle a ocasión de levar a idea á práctica. Para afastalo do suicidio, Edison promételle fabricar unha andreida que terá o físico exacto de Alicia, pero que estará dotada, grazas a un enxeñoso sistema de fonógrafos, dunha intelixencia digna da súa fermosura. Segundo explica o inventor, o seu proxecto naceu tras sufrir a trágica fin doutro amigo, Edward Anderson, quen, seducido polos enganosos encantos dunha coñecida bailarina, Evelyn Habal, deixara a muller e os fillos e, tras arruinarse e ser abandonado pola súa pérfida amante, acordou suicidarse. Para Edison, a creación de mulleres artificiais impedirá que tales desastres se produzan. Edison e lord Ewald selan un pacto solemne e o inventor comeza a darlle á súa máquina a forma exacta de Alicia, á que invita á súa casa baixo o pretexto



de reproducir, con rigorosa minuciosidade, todos os detalles da súa persoa. Ewald acaba preferindo a muller artificial, a andreida Hadaly, cuxa vida depende dun ser sobrenatural chamado Sowana, incorporado á andreida grazas á mediación paranormal da viúva de Edward Anderson, acollida por Edison na súa casa. Cando lord Ewald por fin parte coa súa andreida para comezar unha nova vida no seu castelo de Inglaterra, Edison coñece a noticia do naufraxio do barco no que viaxan. O enxeñeiro comprende que Deus non permitiu o triunfo da súa tentativa de substituír a creación divina por unha humana. Dividida en seis libros, a acción da novela concéntrase fundamentalmente no sexto, pois os cinco anteriores conteñen discusións, explicacións e relatos retrospectivos cun alcance temporal de tan só oito horas. Polo título, pola elección de Edison como personaxe e por todo o aparello técnico que contén, Villiers parece querer vincular a súa novela co xénero da anticipación científica, mais trátase dun texto de claro contido filosófico. O esencial para o autor non reside na narración lineal, senón na creación dun efecto de estranxeza no lector e nos temas que van xurdindo, entre eles, o papel da ilusión e da imaxinación no amor; os efectos nefastos da crenza cega no progreso; a importancia da electricidade; a insuficiencia dos sentidos ou a diferenza entre a beleza e o sinxelamente bonito. Entre os tópicos decadentistas que aparecen na novela cóntanse o culto á artificialidade; a paixón polo raro e refinado ou o desexo de transgredir que encarnan as figuras de Edison e lord Ewald. Así mesmo, o autor critica as pretensións da ciencia moderna, condena a mentalidade burguesa que representa Alicia Clary, e inclúe un discurso claramente misóxino –a noción de que a muller é un ser orientado só cara ao mundano e ao material. Salienta tamén a súa vinculación coa lenda de Fausto, abordada por Goethe, Berlioz, Charles Gounod ou Weber, ademais da relación da novela coa historia bíblica dende o título e claras referencias a *O paraíso perdido* de Milton, o mito de Prometeo ou o Inferno de Dante.

**Voltaire**, *Micromegas* (*Micromégas*, 1752), trad. e notas Marie Abraira, Santiago de Compostela: Editorial Hugin e Munin, col. Vólvense os paxaros contra as escopetas, 2014, 44 pp. (ISBN: 978-84-942005-1-9).

Relato de Voltaire (François Marie Arouet, París, 1694-1778) que, coa feitura dun conto filosófico dos que adoitaba escribir o autor para expor as súas ideas e difundir a súa ideoloxía racionalista, supón un dos achegamentos iniciáticos dentro da Historia da Literatura á ficción científica que desenvolve viaxes extraordinarias. Nel nárrese a visita ao planeta Terra do sabio xigante procedente da estrela Sirius, Micromegas, logo de ser desterrado polas súas propostas heréticas. Tras percorrer a Vía Láctea chega a Saturno e amiga co secretario da Academia, un ser anano en comparanza co tamaño de Micromegas, co que dialoga sobre a duración da existencia, o número de substancias existentes e as propiedades da materia nos seus respectivos mundos, temas que serven para que Voltaire dea entrada aos seus intereses e a referencias á cultura do seu tempo. Pouco despois, ambos acordan emprender unha viaxe filosófica que os leva a Xúpiter e a Marte e por fin á Terra, onde chegan o 5 de xullo de 1737. Neste planeta o Mediterráneo parécelles unha porraca, o Océano unha pequena charqueira e as montañas uns grans aguzados. Ao cabo descubren os seus diminutos habitantes, uns insectos invisíbeis ao seu ver, que resultan ser un grupo de sabios que os informan da vaidade dos homes, do seu gusto polas guerras e pola destrución levados por ideas inútiles. Os dous viaxeiros despídense convencidos do orgullo desmedido dos homes e deixando na Terra un libro de filosofía coas páxinas en branco para que a humanidade non se sinta tentada a buscar verdades absolutas. Dende o propio título do relato,

Voltaire xoga co tema do relativismo, dando a entender que todo é cuestión de perspectiva. A tradución conta con notas informativas en relación con personaxes e invencións citados no texto.

## I. 4. ANTOLOXÍAS

**Caride**, Ramón, *Flash-Black 13. Relatos oscuros*, Santiago de Compostela: Urco Editora, col. Alcaían, 2014, 204 pp. (ISBN: 978-84-15699-49-1).

Selección de trece relatos fantásticos de Ramón Caride Ogando (Cea, Ourense, 1957) publicados en diferentes obras do autor entre 1991 e 2014. Ábrese a escolma cunha cita de Stanislaw Lem na que se explica que ao público lector hai que ofrecerlle o resultado da obra de construción, pero non desvelarlle os medios cos que foi levantada, ao xeito das pirámides de Exipto, de modo que o resultado manteña todo o misterio que rodea calquera creación. A seguir reproducense os trece relatos, acompañados da data de publicación, que levan por título: “As formas gastadas dos sonhos” (1991), “O reinado dos ceos” (2014), “Interiores” (1994), “Foto-shock” (1997), “Camiño longo” (1991), “Cadeas” (1992), “Emerxencias” (1994), “Descontinuidade” (1995), “Plástico” (1994), “Virtualidaderealidade” (2004), “Os perigos da nostalxia” (2004), “Informe final” (1994) e “O camiño” (1995). Péchase a obra co epílogo “Por que Flash-back, por que black e por que trece precisamente”, no que Caride explica que dende o inicio da súa produción de relatos breves hai dúas liñas principais: a da fantasía e a da narrativa criminal, que tentou separar en obras posteriores, aínda que non chegou a conseguilo. É por iso que decidiu reunir nesta obra aqueles relatos que recrean os argumentos recorrentes da literatura fantástica e que levan, na maior parte dos casos, máis dunha década sen reeditar, agás “O reinado dos ceos”, que explica que o escribiu no ano 2014 despois de ler nunha estadia en Portugal unha reportaxe sobre un proxecto chamado “Global Consciousness” e feito expresamente para esta edición. Comenta tamén algunhas curiosidades e anécdotas sobre a xestación doutros dos relatos seleccionados e remata agradecendo á editora o traballo que está a desenvolver, á vez que xustifica a elección do título da obra.

**VV.AA.**, *IV, V e VI Edición dos premios do Certame Literario Terras de Chamoso*, O Corgo: A. C. Arumes do Corgo, xullo 2014, 196 pp. (ISBN: 978-84-694-1450-7). ◆

Recompilación dos traballos gañadores da cuarta (2010), quinta (2011) e sexta (2012) edicións do Certame Literario Terras de Chamoso. Principia o volume cun limiar asinado pola Xunta Directiva da Asociación Cultural Arumes do Corgo sobre a orixe e desenvolvemento do proxecto. Ademais, dentro do limiar, inclúe agradecementos a varias entidades colaboradoras. A seguir, presenta as composicións literarias gañadoras das tres categorías (infantil, xuvenil e adultos) e das dúas modalidades (relato e poesía), precedidas da correspondente acta coa resolución do xurado. Da IV edición publícanse os seguintes textos gañadores na modalidade de poesía: “O outono”, de Ana Celeiro; “Á beira do Neira”, de María López Pérez; “A lúa”, de Ángela Rincón; “O que eramos e agora xa non somos”, de Elisabet Rey; “O Corgo”, de Cristina Pernas; Chuchas acaroadas das vagas”, de Xosé Otero Canto; e “A equilibrista e o circo”, de Natalia Alonso. Na modalidade de relato os gañadores foron: “Lobezno e a lúa”, de Judit Lourido; “Cousas da vida, xa sabes...”, de Silvia López; “O trasno do Monte Patuco”, de Andrea Varela; “A fábula de Wall Street”, de Rubén Manuel Torrón; “Carta a unha amiga maltratada”, de Sandra López; “A viaxe de Karima”, de Antía Tacón; “Unha viaxe desacougante”, de Pedro Naveira; e “Conta xusta”, de Xosé Luís Vázquez. Da V edición recóllense os seguintes textos gañadores na modalidade de poesía: “A nena do

rio”, de María López; “O outono”, de Ángel Rincón; “O linde que nos separa”, de Elisabet Rey; “Canción á miña nai”, de Miriam Fernández; “A praia amanceba”, de Xosé Otero; e “A avoa”, de Soraya Cortiñas. Na modalidade de relato os gañadores foron: “Máis que amigas, irmás”, de Andrea Varela; “Un peixe chamado Merlín”, de Jorge Folgueira; “Memorias dun vello testán”, de Silvia López; “A derradeira carta”, de Javier Rivas; “Penando”, de Xulio Romero; e “Elba”, de Tito Pérez. Da VI edición recóllense os seguintes textos gañadores na modalidade de poesía: “As nubes máxicas”, de Lara Domínguez; “O outono”, de Carla Castedo; “A mentira do amor sen verdade”, de Cristina Pernas; “Homenaxe”, de Javier Rodríguez; e “Nadas de nobre estirpe”, de Eva de la Torre Conde. Na modalidade de relato os textos gañadores foron: “Linda: A tola feliz”, de Alicia García; “A viaxe de Monshair”, de Catarina Castro; “A voz da vinganza”, de Lucía González; “Contando estrelas entre catro paredes”, de Patricia Fulias; “Mariñeira”, de Marcelino Sisto; e “O conto do esquío e da martaraña”, de Tito Pérez. Finalmente, recolle seis composicións que dun xeito opcional foron doadas polos membros do xurado dalgunhas edicións do certame: Toño Núñez con “Gastroenterite mental”; Adela Figueroa con “Um conto chines triste”; Isidro Novo con “Un albanel”; Mario Outeiro con “Nosa nai, Galiza!”; Marica Campo con “As catro lúas de Agustina-Carolina”; e Antonio Reigosa con “Fábula do porco rezador”.

### **Recensións:**

- Armando Requeixo, “Arumes literarios”, *Diario de Ferrol*, “*Nordesia*”, p. 32/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, p. 33, n.º 848, “Letras atlánticas”, 28 setembro 2014.

Trae á memoria este volume de autoría colectiva, indicando en primeiro lugar o feito de que se trata dunha recompilación das composicións premiadas nas IV, V e VI (2010, 2011 e 2012) edicións do certame literario convocado pola Asociación Cultural Arumes do Corgo en Lugo. Sinala a seguir algúns dos traballos que conforman esta compilación segundo a edición na que resultaron premiados, describindo brevemente os seus fíos argumentais.

**VV.AA.**, *Contos de taberna*, Ferrol: Edicións Embora, agosto 2014, 93 pp. (ISBN: 978-84-92644-84-1).

Exemplar que xorde dun proxecto impulsado polo Concello de Carballo, no que, según como se indica no prólogo (*Bares, que lugares*), se pretende louvar o carácter máis socializador e comunicativo das tabernas, lugares de encontro e de anécdotas. Esta iniciativa dá vida a un volume composto por dezaseis narracións acompañadas de cadansúa ilustración, realizadas por autores e ilustradores locais (O’Mighelo, Pedro Tasende, Milagros Cotel, Lidia Cambón, Paula Fraile, Mon Lendoiro, Santi Picos, Antonio Reino, Eva Facal, Antonio Taracido, Emi de las Heras, Roberta Venanzi, Chiña, Juan José Barro, Alberto Varela Ferreiro, Jacobo Moreira, Cristina Castro e M. Pazos.) ou vencellados á capital bergantiñá. Historias de índole diversa elaboradas baixo diferentes formas xorden como ligazón entre a ficción narrativa e os diferentes establecementos hosteleiros de Carballo que participan nesta idea, na que cada un destes contos ten por elemento inspirador un destes locais.

### **Referencias varias:**

- José M. Ramos, “Creatividad, música y animación en la praza dos Libros de Carballo”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.015, 23 agosto 2014, p. 5.

Informa do acto de presentación dos volumes *Contos de taberna* (2014), de autoría varia, e tamén *Os Bolechas en Carballo* (2014), de Pepe Carreiro, na Praza dos Libros de Carballo. Alude asemade ao labor de pregoeiro de Xan Fraga e á participación no evento de diversas librarías carballesas.

- J. Trillo, “Creatividade na Praza dos Libros que hoxe abre as súas portas en Carballo”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.020, 28 agosto 2014, p. 5.

Refírese o acto de presentación dos volumes *Contos de taberna* (2014), de autoría varia, e *Os Bolechas en Carballo* (2014), de Pepe Carreiro, na Praza dos Libros de Carballo. Alude tamén ao labor de pregoeiro de Xan Fraga, á participación no evento de diversas librarías carballesas e á organización por parte do Concello de Carballo.

## II. POESÍA

### II. 1. POETAS GALEGOS

**Álvarez Cáccamo**, Xosé María, *Tempo de cristal e sombras*, pról. Manuel Outeiriño, Culleredo: Edicións Espiral Maior, col. Poesía, maio 2014, 74 pp. (ISBN: 978-84-92646-85-2).

Poemario de Álvarez Cáccamo (Vigo, 1950) que principia cun texto do autor, “Os sinais do vilar”, onde explica a orixe das composicións que se insiren no volume. A obra está estruturada en dous grandes apartados con composicións de extensión e métrica variable: “Vilar dos fillos” (pp. 13-36) e “Os signos da noite” (pp. 37-70). Por unha banda, “Vilar dos fillos”, editado como poemario independente en 2004, inclúe un limiar do poeta e profesor Manuel Outeiriño. Os dezasete poemas que o conforman foron escritos tomando como base a infancia dos propios fillos e o paso do tempo arredor da casa familiar. Pola outra banda, “Os signos da noite” recolle un conxunto de trinta e unha composicións inéditas escritas entre 2007 e 2013. Destaca a temática política e social, coa presenza de imaxes sombrías, a tristura e as tebras. Dentro deste apartado presenta unha referencia ao pintor italiano Giorgio de Chirico e tres poemas homenaxe a Ánxel Huete, Miguel Anxo Fernán-Vello e Luísa Villalta. Pecha o volume un índice que recolle os títulos de cada sección.

#### Recensións:

- Miro Villar, “A luz e as incertezas do poeta”, *Grial*, n.º 204, “O espello das letras”, outubro, novembro e decembro 2014, pp. 86-87.

Comenta o limiar, en que o autor sinala que o volume recolle dous libros en contraste; para pasar a reseñar cada un dos libros por separado. Do primeiro, *Vilar dos fillos*, salientase que os dezasete poemas que o conforman presentan o paraíso da infancia nunha estrutura dialóxica. Pola contra, *Os signos da noite* contéplase como un traballo máis confesional, en que os trinta e un poemas parten do soño nocturno. Conclúese salientando a voz singular do poeta.

- Román Raña, “Emoción que perfora”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 514, “Libros”, 9 outubro 2014, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 466, “Letras galegas”, 18 outubro 2014, p. 10.

Salienta en primeiro lugar a inclusión neste poemario dos titulados *Vilar dos fillos* (2004) e *Os signos da noite* (2007-2013), para despois subliñar a interrelación entre eles, a temática doméstica e familiar e o ton conmovedor que subxace na totalidade das composicións.

- Vicente Araguas, “A familia grande”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, n.º 842/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 842, “máis Libros”, 17 agosto 2014, p. 30.

Trae primeiro á memoria o poemario elexíaco da figura de seu pai, Xosé María Álvarez Blázquez, *Luminoso lugar de abatimento* (1987), para despois expresar a opinión que lle produce ler un volume de poemas de temática familiar. Destaca asemade a estrutura bipartita do volume e a publicación de 2004 en edición privada, xunto á auto-ilustración, o prólogo de Manuel Outeiriño, a linguaxe empregada que linda co surrealismo e a simboloxía mariña e onírica.

**Álvarez Cáccamo**, Xosé María, lim. Xosé Manuel Beiras, *A voz quebrada: da memoria histórica e o terror fascista*, Gondomar: Instituto de Estudos Miñoranos, col. Letras da Groba, 2014, 94 pp. (ISBN: 978-84-616-8568-4). ◆

Xosé María Álvarez Cáccamo (Vigo, 1950), poeta e crítico literario galego de longa traxectoria, recolle neste volume unha serie de textos en reivindicación da memoria histórica das vítimas do “terror fascista imposto en 1936”. O volume ábrese cun “Limiar” a cargo do ensaísta e político Xosé Manuel Beiras, titulado “Mar de Cáccamo”, que reflexiona sobre as funcións da violencia e o sentido das vivencias aquí recollidas, ao tempo que salfire de citas pertencentes ao autor este prólogo. Así, *A voz quebrada*, xa que o título xeral do volume colócase a continuación, ábrese cunha cita do proxenitor de Cáccamo, Xosé María Álvarez Blázquez, e cun texto introdutorio en que se explica cal foi o efecto e cantas as baixas que causou a violencia fascista na familia do autor: fusilamento do seu avó Darío Álvarez Limeses co seu sobriño Alexandre Bóveda; exilio para o curmán do seu pai, Xerardo Álvarez Gallego; desterro para o seu pai e para outro curmán, Emilio Álvarez Gallego; e cadea para o seu tío Darío Álvarez Blázquez no ano 1947. A confusión da memoria propia coa memoria dos maiores, a crueza do recordo e a súa translación á literatura combínanse neste primeiro texto, que remata cun soneto de Xosé María Álvarez Blázquez ao seu pai, e avó do autor, Darío. A partir de aquí encadéanse textos curtos, como “Xuízo sumarísimo”, “Razón da República”, “Resistencia. Memoria”, “Estarei sempre en vós” etc. Trátase de textos soltos publicados anteriormente, sexa na prensa (*A Nosa Terra*, *Terra e Tempo*), en webs (*Vieiros* ou a web do Instituto de Estudos Miñoranos) ou en libros colectivos, e lidos nalgúns casos en actos de homenaxe. A antepenúltima epígrafe do libro, titulada “Literatura galega e memoria histórica”, recuperada do libro colectivo *O Miño, unha corrente de memoria* (Alén Miño, 2008) é a máis longa. A partir de tres modalidades xenéricas (poesía elexíaca, novela histórica e autobiografía) o autor realiza un percorrido por algunhas obras da literatura galega, de *Longa noite de pedra* (1962) a *Os libros arden mal* (2006), sen esquecer *Non agardei por ninguén* (1957) ou *O señor Afranio ou como me rispei das gadoupas da morte* (1979). O libro péchase con dúas epígrafes con características diferenciadas. En “Irmandiños de Sobredo e do mundo”, lido nesa vila en novembro do 2010 para homenaxear os tres labregos asasinados en 1922, inclúese un poema de Xosé María Álvarez Cáccamo. “Xenocidio fascista. 1936”, pola súa banda, reproduce en fotografía o poema obxectual homónimo do autor, unha peza realizada ao longo do outono de 1998, mentres escribía *Crónica do espanto*. Estabelecendo unha ligazón curiosa entre as palabras de Xosé Luis Méndez Ferrín no prólogo a *Os cadernos da ira*, o poema obxectual consta das fotografías dos “matadores”, reproducidas en negativo, e alfineteadas coma bolboretas dentro dun cadro. A lapela posterior reproduce un fragmento do prólogo deste volume.

#### Referencias varias:

- A. Agulla, “Amigos de Johán Carballeira presentará el viernes el libro ‘A voz quebrada’”, *Diario de Pontevedra*, “O Morrazo”, “Bueu”, “Cangas”, 21 decembro 2014, p. 19.

Sínálase que a Asociación Amigos de Johán Carballeira organiza unha serie de actividades co fin da recuperación da memoria histórica e que entre estas cabe destacar unha mesa redonda e a presentación deste poemario de Xosé María Álvarez Cáccamo editado polo Instituto de Estudos Miñoranos.

**Álvarez Torneiro**, Manuel, *Onde nunca é mañá*, Pontevedra: Factoría K de Libros, col. Tambo, abril 2014, 115 pp. (ISBN: 978-84-15250-69-2).

Novo poemario de Manuel Álvarez Torneiro (A Coruña, 1932) composto por sesenta e tres textos, escritos en verso libre e de extensión variábel, que se organizan en dúas seccións: “O mandato do tempo” e “Para un final sen fin”. O libro ábrese con citas de Octavio Paz e José Ángel Valente que anticipan dous dos temas predominantes: a transcendencia da identidade individual ao fundirse no outro e a percepción do continuo devir temporal. Asociados a estes vanse manifestando outros subtemas de carácter existencial, tales como a percepción da proximidade da morte, a supervivencia na memoria propia e allea ou a loanza elexíaca de seres queridos xa falecidos. Dende o punto de vista estilístico, destaca a presenza de figuras retóricas de repetición (paralelismos sintácticos e semánticos) para a construción do ritmo salmódico dos poemas e o recurso a figuras de contraste (oxímoron, paradoxa, antítese etc.) para manifestar a noción non contraditoria de extremos da realidade temporal (onte-mañá) e existencial (vida-morte).

### **Recensións:**

- Teresa Seara, “Incorrixeble vida”, *Grial*, n.º 202, “O espello das letras”, abril, maio e xuño 2014, pp. 111-112.

Recolle as claves temáticas deste poemario: “o *tempus fugit*, a memoria, o compromiso cos débiles, a natureza, o amor que redime, a infancia como verdadeira patria do ser e a pegada culturalista da arte, da música e da poesía” (p. 111). Explica o título, que captura a esencia temática do libro, como unha referencia á vellez como punto oposto da xuventude. Identifica as dúas partes do poemario, “O mandato do tempo” e “Para un final sen fin”, con dous eixos temáticos da obra: a tiranía do tempo e o carácter ilusorio do final.

- Ramón Nicolás, “Poñéndolle nomes ao tempo”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Galego”, 9 maio 2014, p. 20.

Indica que este novo poemario de Manuel Álvarez Torneiro se insire dentro dun macrotexto construído coas anteriores achegas poéticas do autor. Comenta que a obra é unha mirada á experiencia en que hai ecos de compositores como Bach e que neste poemario se recrean versos doutros poetas e se repiten símbolos. Sinala como poemas máis intensos da obra os textos titulados “Presentación” e “Ofrenda”.



- Román Raña, “Con música do desexo”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 504, “Libros”, 12 xuño 2014, p. VI.

Afirma que a poesía de Álvarez Torneiro sempre sorprende, como acontece con esta obra. Comenta que a obra destaca polo dominio do verbo e o ritmo imparábel dos versos, Subliña que nela emerxe unha melancolía desmedida e unha ruptura do horizonte de expectativas do lector. Eloxia a beleza dos versos, conseguida grazas á oscilación entre realidade e desexo, e sinala que a obra conserva a pegada dos grandes poetas europeos do século XX.

#### **Referencias varias:**

- Rodri García, “Manuel Álvarez Torneiro. ‘Hai o perigo da repetición, de que o poeta chegue a plaxiarse a si mesmo’”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 6 xuño 2014, p. 41.

Con motivo da presentación do novo poemario de Manuel Álvarez Torneiro fáiselle unha entrevista ao autor en que se lle pregunta, entre outras cousas, sobre o contido da obra e a dificultade que supón volver publicar logo de recibir o Premio Nacional de Poesía 2013 por *Os ángulos da brasa* (2012).

- Manuel Varela, “Manuel Álvarez Torneiro. ‘Cambiáronse moitas cousas, pero as que seguen igual son as que nos quitan o sono’”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y cultura”, 9 xuño 2014, p. 6.

Fálase da súa obra poética, dos cambios acontecidos dende a súa iniciación como poeta e do Premio Nacional de Poesía, que o autor entende como un signo de recuperación do galego.

**Álvarez Torneiro**, Manuel, *Os ángulos da brasa/ Los ángulos de la brasa*, pról. Teresa Seara, Madrid: Visor Libros, col. Visor de Poesía, n.º 856, 2014, 251 pp. (ISBN: 978-84-9895-856-0).

Edición bilingüe do texto de Manuel Álvarez Torneiro (A Coruña, 1932) galardoado co Premio Nacional de Poesía 2013. A versión en castelán corre a cargo de Teresa Seara, quen asina ademais o prólogo. O poemario mantén a estrutura orixinal tripartita (“Trama de vida”, “Terreal e sagrado” e “Tapiz de cinsa”) para os sesenta e sete textos que compoñen o libro e tamén conserva as citas de apertura de José Ángel Valente e Carlos Marzal. Varios poemas presentan citas iniciais de diferentes autores do ámbito peninsular (Avilés de Taramancos, Guillén, Valente, Arcipreste de Hita, Fray Luis de León etc.) e referencias culturais a outros tantos creadores europeos (Shakespeare, Vivaldi, Schubert, Caravaggio). O discurso lírico preséntase como unha reflexión sobre o paso do tempo e sobre a identidade a partir do asedio poético ás experiencias e aos seres e espazos evocados pola memoria do suxeito lírico.

#### **Recensións:**

- Concepción Delgado Corral, “Manuel Álvarez Torneiro, Premio Nacional de Poesía. Desde *Os reinos do fulgor* até *Os ángulos da brasa*”, *Anuario brigantino*, n.º 36, 2013, pp. 477-480.

Fai un repaso pola traxectoria poética de Manuel Álvarez Torneiro, para despois analizar este poemario bilingüe centrándose na temática, o tratamento do paso do tempo e a reflexión sobre as circunstancias do home e o poeta.

- Armando Requeixo, “Versos coma brasas”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”, p. 29/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesia*”, n.º 817, p. 32/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 817, p. 33, “*letras Atlánticas*”, 23 febreiro 2014.

Eloxia os versos de Manuel Álvarez Torneiro e celébrase que os poemas poidan ser lidos agora en castelán grazas á publicación desta edición bilingüe. Comenta que na obra hai unha poética de madurez e que están presentes a memoria, a infancia e o amor. Finalmente, mostra o desexo de que o poemario sexa traducido a outras linguas.

- Vicente Araguas, “Dominio da néboa”, *Atlántico Diario/ La Región*, “*La Revista*”, n.º 118, “*Con texto*”, “*Rabo de nube*”, 23 marzo 2014, p. 14.

Celebra a concesión do Premio Nacional de Poesía a Manuel Álvarez Torneiro pola obra *Os ángulos da brasa* (2012), por ser un recoñecemento a Galicia e á súa lingua, así como á traxectoria profesional do autor. Loaa a poética de Álvarez Torneiro e sinala que os seus versos están cheos de pudor e dun sentimento soterrado, mais tamén dunha forza reivindicativa.

**Araújo Cardalda**, Laureano Xoaquín, *Os días condenados. Fragmentos para un devocionario*, II Premio de Poesía González López Abente, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Poesía, novembro 2014, 70 pp. (ISBN: 978-84-9914-759-8). ■

Poemario de Laureano Xoaquín Araújo Cardalda (Berna, Suíza 1964), vencedor do II Premio de Poesía González Lóez Abrente, que principia cunha cita de José Ángel Valente tirada da obra *No amanece el cantor*. Está estruturado en tres grandes bloques: “O espazo dun albor” (pp. 9-22), “Noticias de ningures” (pp. 23- 48) e “Ao bordo da arribada” (pp. 49-68) con oito, trece e once composicións respectivamente. Todas as partes comezan cunha páxina de “Voces” en que se recompilan fragmentos en varias linguas de autores coma Fernando Pessoa, Lois Pereiro, Thomas Mann ou Emily Dickinson. Cada un deses anacos serve como punto de partida ou base para a posterior construción do poema. Todo o libro está baseado na experiencia amorosa e destacan varias temáticas: o sexo, o abandono, a identidade e a memoria.

### **Recensións:**

- Vicente Araguas, “Silencios e condenas”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”, p. 24/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesia*”, n.º 860, p. 30/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 860, p. 30, “*máis Libros*”, 21 decembro 2014.

Indica que este poemario, gañador do II Premio de Poesía Gonzalo López Abente, contén un gran número de citas e contracitas de varios autores que, ás veces, incluso se insiren dentro dos poemas. Indica que é tradutor ao galego de autores coma Mann e Böll, afirma o seu nivel cultural e que na súa obra podemos atopar dende metaliteratura até unha poética deshumanizada. Destaca a importancia de Araújo Cardal, dado que se move por lugares “diferentes” e nomea tres dos poemas do volume dos que recolle algún fragmento.

**Batallán**, Luis Emilio, *Había que chegar*, Vigo: Editorial Galaxia, 2014, 45 pp. (ISBN: 978-84-9865-539-1).

Libro-disco, con CD e DVD de Luis Emilio Batallán (Santiago de Compostela, 1948), que comeza cun texto de presentación do propio autor, onde mostra a súa paixón pola música. A continuación, aparecen outros tres textos: un de Vicente Araguas, unha breve presentación dos músicos e un epílogo de Pablo Milanés. A outra parte do libro consiste na recompilación das dez letras das cancións que compoñen o CD. Nesta ocasión, Batallán musica catro coñecidos poemas: “Adiós ríos, adiós fontes” de Rosalía de Castro, “Hai unha illa” de Álvaro Cunqueiro, “Había que chegar” de María Mariño e “Xardiñeira” de autoría descoñecida. O DVD recolle un concerto en directo no Teatro Principal de Santiago de Compostela de 2013 e unha conversa co escritor e editor Víctor F. Freixanes.

### **Recensións:**

- Vicente Araguas, “Chegando o Luis Emilio”, *Atlántico Diario/ La Región*, “*La Revista*”, “Con texto”, “Rabo de Nube”, 24 agosto 2014, p. 14.

Dá conta da saída do prelo deste volume e, unha vez sinalado que se trata dun libro-disco que inclúe un DVD cun faladoiro entre o autor e Víctor F. Freixanes, destaca o epílogo de Pablo Milanés e a canción “Viva Lalín”.

- H. J. P., “Había que chegar”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, “Un libro cada día”, 26 setembro 2014, p. 40.

Destaca o DVD que vén incluído no presente volume e que recolle unha conversa con Víctor Freixanes e salienta a colaboración de Pablo Milanés e os arranxos de Dagoberto González Jr.

- Vicente Araguas, “O Batallán que non para”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Agora xa foi”, 12 outubro 2014, p. 43.

Destaca deste libro a inclusión dun DVD, a colaboración de Pablo Milanés, as referencias á poesía de Rosalía de Castro, Álvaro Cunqueiro ou María Mariño, e fai referencia a un anterior disco do autor, *Aí ven o maio* (1975).

### **Referencias varias:**

- Lucía M. Cabanelas, “Vuelta a la musicalidad del poema”, *Diario de Arousa*, “Galicia”, “El verano en Galicia”, 27 agosto 2014, p. 50.

Dá conta do acto de presentación en San Vicente do Mar, no Grove, deste libro-disco de Luís Emilio Batallán que homenaxe poemas de Curros Enríquez, Ramón Cabanillas, Rosalía de Castro ou Álvaro Cunqueiro.

- Rodri García, “Luis Emilio Batallán salta del ‘Ahí ven o maio’ al reguetón gallego”, *La Voz de Galicia*, 19 novembro 2014, contracuberta.

Destaca a inclusión no volume dun texto de Pablo Milanés e indica o título do seu vindeiro traballo discográfico, *Bachata 70 y 20*.

**Blanco-Rivas**, Isabel, *Verbas cum*, pról. Lula Ferreiro, ilustr. Irene Silva Xiráldez, Vigo: Belagua, outubro 2014, 80 pp. (ISBN: 978-84-941751-3-8).

Este libro de Isabel Blanco-Rivas (Vigo, 1962) encétase con dúas dedicatorias “A Clara. Sempre” e “A Xaime Zúñiga e Roberto Mera. Grazas a eles, e con eles, a miña fala xermola coma auga de manancial”. Cada unha das trinta e un composicións vai acompañada dunha ilustración de Irene Silva Xiráldez. Por outra parte, a poeta preséntanos unhas composicións que transitan entre un sentimentalismo que en moitas ocasións se reflicte en elementos naturais (auga, vento, flores etc.) e un amor onde existe o espazo da ausencia e da nostalxia. A escritora evoca un universo de mulleres libres que amosan a súa determinación na vida. Algúns dos textos serían posteriormente musicalizados polo guitarrista Francisco Represas.

**Bouza**, Pablo, *Os privilexios dos sonámbulos*, XXXIX Certame Literario do Concello de Vilalba, Santiago de Compostela: Alvarellos Editora, col. Libros do Sarela, xullo 2014, 78 pp. (ISBN: 978-84-89323-60-5).

Libro de poemas de Pablo Bouza (Fene, A Coruña, 1965) que resultou merecente do primeiro premio da trixésimo novena edición do Certame Literario do Concello de Vilalba en 2013. Principia o volume cunha cita de Miguel Anxo Fernán Vello. E, posteriormente, preséntase dividida en seis partes. A primeira, “A modo de limiar” (pp. 7-14), contén catro composicións. A segunda, “Vida” (pp. 15-18), dun só poema, comeza cunha cita de José A. Valente. A terceira, que leva como nome “Noite” (pp. 19-46), con vinte e unha composicións, recolle, no inicio, uns versos de José de Espronceda. A cuarta, “Insomne” (pp. 47-60), con doce poemas, principia cunha cita de Rubén Martínez Villena. A quinta, “Os privilexios dos sonámbulos” (pp. 61-68) abre coas palabras de William Butter Yeats e inclúe catro composicións. Por último, cerrando o volume, “Manifesto Beat” (pp. 69-73), empeza coas verbas de Carlos Oroza e comprende un só poema. Ao longo do libro, algunhas das composicións son introducidas igualmente por citas de autores coma Lois Pereiro, Rilke ou Paul Verlaine. Os poemas, de corte intimista, presentan unha extensión e unha estrutura variábeis. As temáticas abordadas xiran ao redor da presenza da noite, das sombras, do inevitábel paso do tempo, da memoria, do sentimento de illamento, do silencio e da soidade.

### Referencias varias:

- C. P. R. , “Cultura presenta los libros de Bouza y Catoria”, *El Progreso*, “A Chaira”, 22 agosto 2014, p. 15.

Comenta que a Concellería de Cultura de Vilalba presenta os poemarios *Os privilexios dos sonámbulos* e *Navegando cara a Ítaca*, obras que levaron o primeiro e segundo premio respectivamente do certame literario de Vilalba.

**Cáccamo**, Pepe e Baldo **Ramos**, *CaRa inversa*, estudo Carlos L. Bernárdez, fotografías de Anxo Cabada e Baldo Ramos, Santiago de Compostela: Follas Novas Edicións, col. Libros da Frouma, n.º 70, xuño 2014, 47+[8]+47 pp. (ISBN: 978-84-617-0594-8).

Libro escrito a catro mans por Pepe Cáccamo, heterónimo artístico de Xosé María Álvarez Cáccamo (Vigo, 1950), e por Baldo Ramos (Celanova, 1971). Cada texto poético está acompañado dunha reprodución fotográfica da peza artística realizada polo outro autor e coa que o texto poético entra en diálogo. Como o acróstico que dá título ao volume anticipa, a dobre autoría tamén afecta á disposición tipográfica da impresión, pois o volume presenta dúas formas de lectura. Nunha metade dispóñense os textos de Cáccamo e na outra, en disposición tipográfica inversa, os de Ramos. Entre esas dúas metades, sitúase un texto de Carlos L. Bernárdez, que reflexiona sobre a condición analóxica e complementaria da creación literaria e da plástica.

### Referencias varias:

- Jael a. Naya e J. C., “Precioso fin de ‘Libros da Frouma’”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Santiago”, 24 xuño 2014, p. L6.

Dá conta da presentación do libro na galería Bus Station Space e destaca que a obra pecha a colección poética *Libros da Frouma* que a editorial Follas Novas leva publicando dende hai vinte anos da man de Luís Alonso Girgado. Cóntase que os dous autores traballaron durante cinco meses para crear os corenta libros de artista que se expoñen baixo o nome de *Biblioteca de olladas*, proxecto que supón un diálogo entre disciplinas como a escritura e a pintura.

**Callón**, Carlos, *Atravesar o fantasma*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Poesía, n.º 36, novembro 2014, 63 pp. (ISBN: 978-84-9914-760-4).

Poemario de Carlos Callón (Ribeira, 1978) que presenta un texto inicial ao que seguen trinta e catro poemas, distribuídos en cinco partes: “Todas as mortes son a morte de meu pai”, “O amor no pronome”, “Para un día poder chorar por algo”, “Sísifo” e “Pasaxeiro en tránsito”. Organizada como unha biografía dos sentimentos do eu lírico, o tema constante é a cuestión da propia identidade asociada en cada sección a un núcleo temático distinto: dende o motivo literario do baleiro deixado pola perda prematura da figura paterna até o homoerotismo, pasando polo tratamento do tema da descuberta na adolescencia da propia identidade sexual. Como o propio autor reconece no texto

preliminar, o volume recolle unha escolma de textos poéticos escritos dende a adolescencia até os trinta e cinco anos.

### Recensións:

- Vicente Araguas, “Opera prima”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, p. 24/ *Diario de Ferrol*, “Nordésia”, n.º 858, p. 30/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 858, p. 30, “máis Libros”, 7 decembro 2014.

Cualifica en primeiro lugar o discurso poético do autor como *opera prima* e salienta, a seguir, a poesía de carácter confesional que conforma o volume, xunto aos comentarios de Antonio Gamoneda sobre a súa poesía. Gaba igualmente a traxectoria de Callón, un poeta de verdade que “ademais, é activista, profesor e escritor”.

**Castaño**, Yolanda, *A segunda lingua*, XI Premio de Poesía Novacaixagalicia, Santiago de Compostela: Centro PEN Galicia, col. Arte de Trobar, n.º 22, abril 2014, 76 pp. (ISBN: 978-84-96982-64-2). ◆

Poemario de Yolanda Castaño (Santiago de Compostela, 1977) que, como suxire a ambigua enunciación do propio título, presenta, entre outros motivos poéticos, a reflexión sobre a condición da lingua como medio para interrelacionarse co outro tanto no aspecto comunicativo como no físico ou erótico. Mais tamén está presente nos poemas a denuncia irónica sobre a situación do idioma galego na sociedade actual. Dende o punto de vista estilístico, o texto caracterízase polo uso da ironía como mecanismo de distanciamento da realidade representada e a tendencia a unha expresión depurada de ornamentación retórica.

### Recensións:

- Xabier Cordal, “*A segunda lingua*’ de Yolanda Castaño”, *A Trabe de Ouro*, n.º 98, “Publicacións”, abril, maio e xuño 2014, pp. 257-260.

Saliéntase a valentía da autora, que vive da súa produción poética, e o premio recibido. Contextualízase a obra dentro do mundo literario da propia escritora e explícase o título como referencia ao uso da poesía como “segunda lingua”. Recálcase que a materia do poemario é “persoal, lingüística, isto é, política”.

- Armando Requeixo, “Onde poño a boca poño a bala”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, p. 28/ *Diario de Ferrol*, “Nordésia”, n.º 825, p. 32/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 825, p. 33, “letras Atlánticas”, 20 abril 2014.

Sinala que o libro é un metapoemario en que a autora emprega versos que xogan cos dobres sentidos e unha escrita que “hibrida tradicións e artes”. Finalmente aconsella reler a obra para entender a súa profundidade.

- Ramón Nicolás, “As palabras: o humus da lingua”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “En galego”, 27 xuño 2014, p. 19.

Cualifica este poemario de singular e revelador por posuír un menor grao de autorreferencialidade con respecto ás anteriores obras da poeta, pola súa vontade de reflexión colectiva e pola incorporación de novos elementos que permiten desvelar as claves da creación literaria. Afirmar que as palabras son o eixe desta obra que considera o poemario máis filolóxico da autora.

- Montse Dopico, “A beleza só debería sumar, nunca restar”, *Tempos Novos*, n.º 206, “ProTexta”, “ProTagonsita”, n.º 04, xullo 2014, pp. 60-62.

Achégase unha entrevista con Yolanda Castaño que, entre outros temas, fala do contido deste libro, en que hai presente unha defensa da lingua galega, así como do seu estilo directo e da súa relación con outras obras da autora, como *Profundidade de campo* ou *Libro da egoísta*.

- Mónica Bar Cendón, “As posibilidades da lingua”, *Tempos Novos*, n.º 206, “ProTexta”, “Contexto”, n.º 04, xullo 2014, p. 63.

Fai un breve contexto da poesía feminina contemporánea no marco de pensamento de *Festa da palabra silenciada*, para pasar a tratar a obra, salientando o xogo coa polisemia da palabra “lingua” e a necesidade dun público áxil e reflexivo.

- Román Raña, “Fresco fascinio”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 507, “Libros”, 3 xullo 2014, p. VI/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 460, “Letras galegas”, 12 xullo 2014, p. 6.

Afirmar que a poesía deste libro consegue cativar e deleitar o lector e sostén que é unha das súas obras máis coidadas. Comenta que o poemario se centra no fenómeno da fala, destacando que hai nel un continuo xogo de palabras arredor do termo lingua, e sinala que tamén hai erotismo, optimismo, ironía e chiscadelas a outras poetas. Finalmente, eloxia a capacidade da autora para expresar con elegancia pensamentos íntimos e revivir as imaxes de Manuel Antonio.

### **Referencias varias:**

- Marta Balo, “Yolanda Castaño. ‘O idioma non o mantén nin unha lei nin o espírito santo’”, *Diario de Pontevedra*, “reviSta!”, n.º 704, “Entrevista”, 12 xaneiro 2014, pp. 4-5.

Dise que a poeta repasa nesta entrevista a súa traxectoria persoal e literaria e refírese a *A segunda lingua* como un poemario de dimensión máis social. Destaca que con el acadou o Premio de Poesía Fundación Novacaixagalicia, comenta diversos aspectos da súa produción literaria e afirma que nunca lle tentou escribir en prosa porque, ao seu ver, non serve.

- R. G., “Yolanda Castaño emprende unha nova xeira poética en ‘A segunda lingua’”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 9 abril 2014, p. 38.

Sinala o acto deste poemario de Yolanda Castaño na Fundación Novacaixagalicia da Coruña. Indica o Premio Fundación Novacaixagalicia do que foi merecente o seu

poemario, explica de xeito conciso o seu eixe vertebrador e destaca a linguaxe sinxela e o emprego da ironía como puntos clave das composicións que conforman este volume.

- Monchi Sánchez, “Yolanda Castaño. ‘Hai que errar máis e errar mellor’”, *Atlántico Diario/ La Región*, “La Revista”, n.º 129, “Su book”, 8 xuño 2014, p. 2.

Fala neste entrevista da presentación do seu poemario *A segunda lingua* e do que afirma que resulta diferente ao que leva publicado até o de agora. Tamén reflexiona sobre a beleza e sobre a súa faceta de escritora.

**Catoira**, Rafael, *Navegando cara a Ítaca*, segundo premio da XXXIX Certame Literario do Concello de Vilalba, Santiago de Compostela: Alvarellos Editora, col. Libros do Sarela, xullo 2014, 49 pp. (ISBN: 978-84-89323-61-2).

Poemario de Rafael Catoira (Laxe, A Coruña) composto por un texto en prosa co que o autor nos introduce na súa particular Ítaca, seguido por catorce poemas en verso libre e de lonxitude variable. O propio título sinala que nos atopamos ante unha revisión do imaxinario homérico e a viaxe de Ulises. Coma no caso da *Odisea* e da , as figuras relacionadas co mundo natural, especialmente co mar, son moi abundantes, así como as referencias a deuses, personaxes do poema homérico e bíblicos, cos que a voz poética interactúa. Reflexiónase sobre a vida, a creación e a morte, dando gran importancia ao corpo, ao desexo e á memoria.

#### Referencias varias:

- C. P. R. , “Cultura presenta los libros de Bouza y Catoria”, *El Progreso*, “A Chaira”, 22 agosto 2014, p. 15.

Comenta que a Concellería de Cultura de Vilalba presenta os poemarios *Os privilexios dos sonámbulos* e *Navegando cara a Ítaca*, obras que levaron o primeiro e segundo premio respectivamente do certame literario de Vilalba.

**Cebreiro**, María do, *Os inocentes*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Dombate, n.º 11, setembro 2014, 76 pp. (ISBN: 978-84-9865-541-4).

Libro de poemas asinado por María do Cebreiro (Santiago de Compostela, 1976) en que, a través de vinte e nove composicións de diferente extensión, fai una reivindicación da palabra, do pensamento e da creación. Ademais dos poemas, este libro presenta dúas citas: unha para abrir a obra e outra para pechala. No primeiro caso trátase dun fragmento do *Diario* de Henri-Pierre Roché, e no segundo caso dunha cita de *Hölderlin e a esencia da poesía*, obra asinada por de Heidegger. Os poemas expresan a preocupación pola propio proceso de creación literaria e céntrase na reflexión arredor da inocencia dende unha maior complexidade do que unha nostalxia ou saudade.

#### Recensións:



- Ramón Rozas, “A inocencia da poesía”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, “Libros”, 5 outubro 2014, p. 77.

Salienta os núcleos que vertebran o discurso poético: o eu persoal e lírico, a subxectividade e mesmo a imprevisibilidade. Destaca da autora o intento por amosar a non inocencia da poesía e ofrecer respostas ás preguntas que crean incertezas en nós. Finalmente afirma que esta obra acolle “un conxunto de poemas que pouco teñen de inocentes ao chantarse ante o home para amosarlle o material co que está modelado”.

- Montse Dopico, “María do Cebreiro. ‘A oposición, a transgresión, sempre vén das fronteiras, das marxas’”, *Luzes*, n.º 12, *República*, “Entrevista”, novembro 2014, pp. 106-111.

Fala do libro centrándose nas dúas lecturas, amorosa e política, cara ás que se pode achegar o lector e na reivindicación que fai da palabra e a creación. Subliña que se tratan, ademais, temas de actualidade política en relación coas obras da autora *Fogar impronunciable: poesía e pantasma*, *Non somos de aquí*, *As terceiras mulleres* e a súa obra conxunta con Daniel Salgado *A guerra*.

- Alberto Lema, “Pensar o desexo”, *Tempos Novos*, n.º 211, “ProTexta”, “ProPulsión”, n.º 06, decembro 2014, pp. 82.

Contextualiza o poemario dentro da obra da autora, comparándoo con *Non queres que o poema te coñeza*, co que comparte a materia do desexo. Comenta a construción do libro, baseado na idea de que non hai culpa no desexo, nin en Eros nin en Tánatos; para concluír encadrando a obra dentro da tradición lírica occidental de poesía sobre o desexo en que se atopan autores como Catulo, Emily Dickinson, Auden ou Xosé Luís Méndez Ferrín.

- Román Raña, “O nada é útil”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 524, “Libros”, 18 decembro 2014, p. VI/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 476, “Letras galegas”, 27 decembro 2014, p. 10.

Comenta que esta obra “transita territorios ásperos tratados con delicadeza” e indica a existencia de dúas características básicas: unha, a continua reflexión sobre a lírica e, a outra, a perseveranza. Informa do ton elevado dalgunhas composicións que semellan filosóficas e metapoéticas en contraposición con versos de corte máis intimista, “que constitúen o plano real e material da convivencia”. Recolle varios fragmentos de poemas para evidenciar os elementos citados. Finalmente, en relación cos seus versos, destaca que a “decepcionada lección do vivir transfórmase en derrota, mais tamén en doce equidistancia entre o querer ser e o ser”.

### **Referencias varias:**

- R. Nicolás, “Escoitar, dialogar, escribir”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Galego”, 28 novembro 2014, p. 9.

Destaca a liña de continuidade da obra da autora co ton crítico e presentado, desta volta, a xeito de conversa.

**Conde**, Alfredo, *ColeccionAN. 69 poemas de amor*, A Coruña: Editorial Trifolium, Musa pedestris serie Clea, decembro 2014, 159 pp. (ISBN: 978-84-942103-3-4).

Esta obra é a volta de Alfredo Conde (Allariz, 19459 tras *Mencer de lúas* publicado en 1968. Este poemario consta de 69 poemas de verso libre con dedicatoria a súa muller Anxeles, de aí o nome que recibe esta obra. Os poemas aquí recollidos falan do amor, como experiencia de paixón e de goce, que o autor profesa á súa muller Ánxeles. Non todas as composicións van dirixidas a este receptor senón que tamén mostra o sentimento cara á paisaxe e aos elementos da vida cotiá, recorrendo aos tópicos líricos do paso do tempo ou o acougo encontrado na vida cotiá.

### Referencias varias:

- Héctor J. Porto, “Alfredo Conde. ‘Son moi mal poeta’”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 2 decembro 2014, p. 41.

Breve conversa con Alfredo Conde co gallo do acto de presentación na librería Arenas deste poemario. Nela fala do amor, da cifra 69 e doutras cousas relacionadas co seu primeiro libro de poesía.

- Koro Martínez, “Alfredo Conde presenta en sociedad sus primeros versos en más de 45 años”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 4 decembro 2014, p. 43.

Dá conta do acto de presentación na Coruña deste poemario bilingüe de Alfredo Conde. Salienta doutra banda a súa novela *Chovida do ceo* e o volume de poesía *Mencer de lúas* (1968).

- Nagore Menayo, “Alfredo Conde. ‘Mis últimos poemas son la celebración de la vida y el amor que siento por mi mujer’”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 4 decembro 2014, p. 15.

Conversa co gallo da presentación do seu poemario *69 poemas de amor* na librería Arenas da Coruña e na cal se centra no seu último traballo.

**Cortegoso**, Fran, *Memorial e danza*, XXVI Premio Nacional de Poesía Xosemaría Pérez Parallé, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, nº 254, maio 2014, 45 pp. (ISBN: 978-84-92646-81-4).

O primeiro poemario de Francisco Cortegoso (Pontevedra, 1985) comeza cuns versos de Xosemaría Pérez Parallé, paratexto que antecede incluso á portada interior, e que continúa con outros tres paratextos. Pártese da epigrafa latina, sendo o primeiro deles unha inscrición latina, que cómpre ler en correlación coa inscrición final. O segundo, unha “Dedicatoria” en forma poética, sen personalismos, que remata con “A esta respiración./ Por nos perdermos.” O terceiro, unha cita breve do poeta anglófono Ted Hughes, seguida dos primeiros poemas do libro. A dicción de Fran Cortegoso revélase contida, vagarosa, consciente das dinámicas da poesía contemporánea, ao dar a palabra ao propio poema, posto que non existe ningún outro eu, ningún suxeito poético

rastrexábel nos versos. A exactitude é outra das claves do poemario: as imaxes desenvólvense con tino, sen vontade de representación ou recreación distanciada, e tamén sen esquecer os ritmos e os tempos do poema, para coidar a arquitectura final, a dimensión escultórica dos poemas e do poemario completo (neste sentido, o último poema do libro concíbese como “proxecto escultural para o Malecón de Pontevedra, campo da feira”). Con recorrencia polas imaxes naturais e os verbos sensoriais, a poética de Fran Cortegoso delimita claramente un marco de referentes cuxa influencia camiña alén do literario (Jean Cocteau, Marqués de Sade, Stéphane Mallarmé) e alén do sentimental, buscando novas vías de expresión poética.

### **Recensións:**

- Gonzalo Hermo, “Con firme brazada”, *Tempos Novos*, n.º 206, “ProTexta”, “ProPostas”, n.º 04, xullo 2014, p. 70.

Comeza situando este poemario no contexto da “post-poesía”, unha poesía en que se vai máis alá dos límites do ego e a enunciación pasa a un segundo plano, para rematar salientando que o poeta foxe dos excesos sentimentais e escribe de maneira técnica.

**Dacosta**, Marta, *Dun lago escuro*, XVI Premio Johán Carballeira 2013, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Poesía, nº 34, abril 2014, 60 pp. (ISBN: 978-84-9914-428-3). ■

Poemario de Marta Dacosta (Vigo, 1966) composto por corenta poemas en verso libre e de extensión variábel. O volume ten como fío temático a presenza dunha nadadora que atravesa de costas a superficie dunha lagoa, analoxía do vivir no tempo actual, e que serve para conectar cos outros subtemas, entre os que cabe citar a denuncia da mentira, da hipocrísia, da descomposición ética da sociedade e da perda da fe na construción dun progreso real e efectivo. No plano estilístico, o discurso lírico apóiase na estratexia da xustaposición de corte irracional de imaxes e nunha actitude enunciativa crúa da realidade.

### **Recensións:**

- Armando Requeixo, “Escuro lacustre”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 508, “Libros”, 10 xullo 2014, p. VI.

Comenta, tras sinalar outras recompilacións anteriores da autora como *Crear o mar en Compostela* (1993) ou *Acuática alma* (2011), a autora desenvolve a liña temática que une as composicións do libro e salienta a imaxinaría empregada, xunto á mestura de poemas longos e breves.

### **Referencias varias:**

- Xosé Carlos Caneiro, “A fortuna”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Ficción”, “Club dandi”, 12 setembro 2014, p. 11.

Entre outras obras literarias, recomenda este poemario de Marta Dacosta, da que afirma que sorprende en cada entrega e que é unha “fortuna de ler”.

**Díez Sanz**, Begoña, *Camarada: Eu só quería facer algo bonito*, Santiago de Compostela: Follas Novas Edicións, col. Os libros do loureiro, n.º 7, marzo 2014, 76 pp. (ISBN: 978-84-616-8759-6).

Primeiro poemario de Begoña Díez Sanz (Valladolid, 1978) que consta de corenta e unha composicións con título e que está xebrado en cinco seccións: “Acto I”, con sete poemas; “Acto II”, con catorce; “Acto III”, con nove e mais “Acto IV”, con once. As composicións, de diferente extensión, caracterízanse polo uso da poesía visual, grazas á distribución dos versos, e pola rima libre, cunha temática centrada na muller (sensual, reivindicativa etc.), no amor e desamor, e nas relacións de parella. Hai referencias a Xavier Campos, Samuel Beckett, María do Cebreiro, Xavier Dapena ou Daniel Salgado e asemade conta co apoio de fotografías realizadas por Xabier Guimarey Maquieira.

### Referencias varias:

- Xosé A. López Silva, “Os anos van e veñen”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “De profundis”, 31 decembro 2014, p. 41

Indica que a autora “compón poemas acompañados de fotografías que tentan capturar o propio transcurrir vital”, refire brevemente a portada do libro e sinala a simboloxía do reloxo.

**Fernández Rial**, Rosalía, *Ningún amante sabe conducir*, Santiago de Compostela: Edicións Positivas, marzo 2014, 56 pp. (ISBN: 978-84-941204-8-0).

Rosalía Fernández Rial (Carballo- Muxía, 1988) inicia este poemario cun paratexto ou cita da primeira estrofa de *Follas novas* de Rosalía de Castro: “Daquelas que cantan ás pombas i ás frores/ Todos din que teñen alma de muller;/ Pois eu que non as canto, Virxe da Paloma,/ ¡Ay!, ¿de qué a terei?”. A obra divídese en tres partes diferenciadas: “Percorrido” (pp. 9- 34), “Marcha atrás” (pp. 35- 42) e “Bonus Track” (pp. 43- 52). A primeira delas recolle vintecatro poemas, cuxos títulos fan referencia aos sinais de tráfico. Estas composicións de verso libre, describen imaxes eróticas e sensuais que parten dunha realidade automobilística. Pola súa parte, “Marcha atrás” traza en cinco secuencias de prosa poética un xogo lingüístico en que os dous mundos anteriores converxen. A última parte, “Bonus Track”, está dedicada “a Carlos e Paula; amados, amantes”. Nela propónse unha posta en escena teatral para o primeiro poema do volume “Fin de núcleo urbano”.

### Recensións:

- R. Nicolás, “Unha ‘road movie’ literaria”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “En galego”, 6 xuño 2014, p. 20.

Comenta que con este poemario a autora contribúe a alentar o noso discurso poético e sinala que a obra se aproxima a unha *road movie* literaria que ofrece unha metáfora da vida e de nós mesmos.

- Montse Pena Presas, “Abalar na paixón”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 505, “Libros”, 26 xuño 2014, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 459, “Letras galegas”, 5 xullo 2014, p. 10

Afirma que nestes versos hai frescura, alento e que neste libro hai un percorrido que nos leva ao desexo e á paixón. Indícase que o poemario está dividido en tres partes, “Percorrido”, “Marcha Atrás” e “Bonus Track”, sendo as dúas últimas máis reflexivas e baseadas nas conexións entre arte poética e arte teatral. Destácase tamén o uso habilidoso de imaxes de pegada manuelantoniana.

### Referencias varias:

- M. S., “Rosalía Fernández Rial. ‘Escribir en galego é o natural estando en Galicia’”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “A pie de calle”, 11 xullo 2014, contracuberta.

Fala de dúas obras de Rosalía Fernández Rial, *Vinte en escena* e *Ningún amante sabe conducir*, e recolle tamén comentarios da autora nos que mostra o seu gusto por escribir en galego.

**Ferreiro**, Cristina, *As paisaxes eléctricas*, lim. Estíbaliz Espinosa, XXVI Premio Eusebio Lorenzo Baleirón, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón, 2014, 73 pp. (ISBN: 978-84-7824-642-7). ■

Poemario de Cristina Ferreiro (Lugo, 1983) que se abre abrese co poema “Envío”, de Eusebio Lorenzo Baleirón, ao que segue un limiar de Estíbaliz Espinosa. O texto premiado presenta a cita inicial de Sam Lowry (“A electricidade toleou”). Como sinala o título do libro e apunta Estíbaliz Espinosa no limiar, o poemario presenta unha distopía ecolóxica en verso tras a cal subxace a reflexión sobre a “nosa complicada relación co medio e o seu futuro”. Organízase en dúas seccións sen título de doce e trinta e tres poemas, respectivamente, e un poema-epílogo. Dende o punto de vista formal presenta unha continua combinación entre prosa e verso e válese do xogo coa disposición tipográfica dos textos.

**Hermo**, Gonzalo, *Celebración*, A Coruña: Apiario, 2014, 50 pp. (ISBN 978-84-943210-0-9).

Este libro é o segundo poemario que publica Gonzalo Hermo (Rianxo, 1987) e o primeiro título que inaugura a colección de poesía da editorial Apiario. A modo de paratextos, o libro ábrese cuns versos de Eduard Velasco e Antonio Gamoneda, en versión orixinal con cadansúa tradución ao galego, que introduce algunhas das cuestións fundamentais que se atopan no poemario: a terra e o frío. Son tres os ciclos de poemas que compoñen o libro: o primeiro, “o Cerebro”, que se inicia cunha cita de Derrida sobre a lingua e finaliza cun verso de Artaud, contén cinco poemas titulados -agás o

primeiro deles- que versan sobre o proceso da escrita, o esquecemento e a terra, en que insectos, animais ou bosques compoñen algunhas das imaxes máis recorrentes. A segunda parte do libro leva por título “Grao límite de frío” e dá comezo cunha cita de Francisco Cortegoso. Componse de seis poemas –algúns constan de dúas partes- nos que predominan os temas do amor e a memoria e as imaxes poéticas do ruído e o frío. Cómpre destacar que entre o cuarto e quinto poema, que corresponde á metade do libro, figura unha ilustración dunha granada aberta á metade, de Mauro Trastoy. O último ciclo do poemario é “O pracer”, composto por un único poema que indíca no tema da nostalxia, a presenza do corpo ou a indagación na escrita constantes en todo o libro. Figuran transcritos unos versos de Antón Lopo e Chus Pato. Péchase o libro cunha relación de sete dedicatorias e unha cita de William Gibson de *Luz virtual*.

**Iglesias**, Bieito, *A última música das cousas*, Santiago de Compostela: Centro PEN Galicia, col. Currupa Literaria, n.º 1, marzo 2014, 65 pp. (ISBN: 978-84-616-8731-2).

Primeiro libro de poemas de Bieito Iglesias (Ourense, 1957) que presenta unha dedicatoria inicial e remata cunha nota do autor. Entre estes paratextos reproducense o poema en prosa (“Anónimo veneciano”) e as trinta e dúas composicións en verso libre e de extensión variábel que conforman o poemario. Dende o punto de vista temático, o libro preséntase como unha exposición lírica do periplo vital e sentimental que se evoca dende a perspectiva do paso dos anos. Tamén está presente ese carácter biográfico nas imaxes fotográficas que acompañan os textos e que presentan o autor en diferentes lugares e etapas da vida. Resaltan, no plano formal, as continuas alusións culturalistas a autores e obras do mundo das letras e da arte. Por último destaca o emprego dun galego marcado polos dialectalismos propio da zona ourensá.

### **Recensións:**

- Miro Villar, “Estrea poética de altura”, *Grial*, n.º 202, “O espello das letras”, abril, maio e xuño 2014, pp. 112-113.

Comeza contextualizando o poemario dentro da colección “Currupa Literaria” do centro PEN Galicia e salienta a coidada maquetación de Xabier Castro Martínez, cunha caixa de texto pouco habitual, así como a retranscrición presente en todo o poemario e as referencias a varios poetas da Xeración dos Oitenta. Conclúese cun comentario sobre a habilidade do autor para manexar diferentes formas poéticas.

### **Referencias varias:**

- Armando Requeixo, “A música da memoria”, *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 829, “letras Atlánticas”, 18 maio 2014, p. 33.

Fala deste primeiro poemario de Bieito Iglesias do que se di que inaugura “con altura” a colección Currupa Literaria. Comenta que os versos do autor son “neoculturalismo de finísima gasa léxica” e que na obra hai unha recuperación da memoria acompañada por unha música dun romanticismo italianizante. Indica que o autor emprega dende a *écfrase* até o *haiku* e dialoga con diversos escritores como Manuel Antonio ou Rimbaud.

**Iglesias, Xosé**, *Transfusión oceánica*, ilust. Roberto Castro, lim. Xurxo Souto, Malpica: Asociación Cultural Caldeirón, xuño 2014, 89 pp. (ISBN: 978-84-617-0579-5).

Poemario de Xosé Iglesias Lamela (Cee, 1974), con ilustracións de Roberto Castro, que como o título deixa ver se inspira no mar. Ábrese cun limiar de Xurxo Souto en que se nos introduce na paixón que os mariñeiros, entre eles o autor, senten polo océano e as lendas que o rodean; lóase tamén o exercicio estilístico de Iglesias comparándoo con Manuel Antonio e falando de “poesía cósmica”. O libro contén trinta e seis poemas, as seis primeiras composicións mais as sete últimas non se agrupan baixo un título, pero as restantes repártense en tres seccións nomeadas “Grande sole”, “Lobos de mar” e “Baixura”. Moitas das composicións están dedicadas a distintas persoas, figuras ou colectivos, entre estes o seu fillo César e as “xentes da Costa da Morte”. A través dun amplo e rico vocabulario relacionado coa pesca, da presenza de sereas e lobos de mar, da primacía do azul e do gris, así como de referencias climáticas e olfactivas, o poemario reflicte a vida en alta mar e as adversidades que os mariñeiros afrontan. Algúns dos poemas, de ton reivindicativo, reflexionan sobre a situación actual do sector pesqueiro e da perda da cultura mariñeira. As ilustracións de Roberto Castro en tonalidades agrisadas, tamén inspiradas no imaxinario marítimo, acompañan algúns dos poemas.

### **Referencias varias:**

- Jacobo Caruncho, “Versos arteixáns saídos do mar”, *La Opinión*, “Arteixo”, 29 xuño 2014, p. 20.

Informa de que Xosé Iglesias vén de presentar o seu primeiro poemario que está dedicado ao mar. Indica que os poemas foron compostos polo autor no seu barco a partir da súa propia experiencia no mar.

- J. Caruncho, “Caión a través de poemas y relatos”, *La Opinión*, “Arteixo”, 5 xullo 2014, p. 18.

Anuncia a celebración dun roteiro literario pola vila de Caión no que doce autores lerán poemas e relatos breves. Destácase a participación de Xosé Iglesias, quen vén de publicar o seu primeiro poemario.

**Landesa, Daniel**, *Da casa nova*, Lugo: Emerxente, n.º 3, 2014, 42 pp. (ISBN: 978-84-16121-12-0).

Poemario de Daniel Landesa (Vigo, 1976) que principia coa seguinte dedicatoria: “a papa e mamá / que me trouxeron / a sarela e yoli/ que me levan / a pedro e gabriela / que nos deixaron”. Deseguido o libro ábrese coa cita de Leire Bilbao: “Ti mesmo falábasme / que máis cru que morrer / é vivir sen saber para que”. O eu poético instálase en Vigo e realiza un traslado dende o barrio de Coia ao de Navia como unha vivencia biográfica real. Emprega o novo como escusa para falar do vello, e desá maneira lembrar a súa infancia e mocidade naquel barrio de Coia da década dos 80, que abandonou para

trasladarse a un piso de protección oficial. Trátase dunha emotiva viaxe que afrontou de maneira irreflexiva e en que tirou de medos e recordos que van constituíndo paseniñamente o libro de poemas.

**Láuzara**, Alfonso, *Noite-día*, lim. Rosa Enríquez, ilustr. Bebeth Vigo: Nova Galicia Edicións, col. Cadernos Q de Vián, nº 16, 2014, 61 pp. (ISBN: 978-84-15164-86-9).

Poemario erótico de Alfonso Láuzara Martínez (Teis, Vigo, 1971) precedido por un “Limiar” en que Rosa Enríquez pon de manifesto a influencia da estética de Baudelaire e salienta “o xogo dos sentidos” do que nos fará partícipe o autor. A seguir, inclúense trinta composicións tituladas cunha única palabra e caracterizadas pola súa dimensión sensual e suxestiva. O volume complementase con ilustracións da autoría de Elisabete Pires Monteiro, Bebeth.

**Lema**, Alberto, *Crónica do chan*, Santiago de Compostela: Corsárias Editora, col. Corsárias Creación, nº 5 febreiro 2014, 65 pp. (ISBN: 978-84-16121-05-2).

Poemario de Alberto Lema (Vimianzo, 1975) composto por vinte e tres composicións de métrica e extensión diversas. Principia o volume cun texto de Xabier Cordal, “A man que asina unha pintada sobre o frío”, que presenta a obra coma unha crónica obxectiva e coma un testemuño case documental. A seguir introduce unha cita de Ezra Pound, músico, poeta e crítico estadounidense. Dúas das composicións que forman parte desta obra están dedicadas, a primeira a Paco Sampedro e a segunda a Manolo Besteiro e Ricardo Castro. Ademais, tres dos textos conteñen citas de Rimbaud, Bisshe Shelley e E. E. Cummins. Os poemas son moi narrativos e teñen un ton pesimista, a sensación dun fracaso histórico. Polo que se refire á temática, destaca a presenza da loita de clases, a crítica ao capitalismo e a defensa do rural, do campo e da terra.

### **Recensións:**

- Rosa Enríquez, “Deconstrución da nostalxia”, *Tempos Novos*, nº 206, “ProTexta”, “ProPostas”, nº 04, xullo 2014, p. 69.

Salienta a narratividade dos poemas, que versan sobre o exterminio do pobo galego, a súa claridade documental e a exactitude coa que se achega ao fracaso histórico.

- Ana Salgado, “Unha Bauhaus sobre cabazo antigo”, *Grial*, nº 203, “O espello das letras”, xullo, agosto e setembro 2014, pp. 77-78.

Sitúa o libro no contexto do pensamento sobre a influencia do capitalismo e a modernización na civilización rural, e salienta a subxectividade do volume e a súa subversión dos referentes da posmodernidade.

**López**, Yolanda, *Tántalo*, Premio Poesía Manuel López Ardeiro, Negreira / Santiago de Compostela: Concello de Negreira / Xunta de Galicia, col. Premio de Poesía Manuel López Ardeiro, Nº 2, 2014, 48 pp. (ISBN: 978-84-9914-737-6).?◆



Este poemario de Yolanda López (Ourense, 1976) presenta un paratexto, que precede aos poemas, formado por tres versos: “Avanzade, seguíde á chuvia/ como unha onda atravesando a furia veloz/ Amante concubina do estio e da vitoria”. A obra está dividida en tres partes: “I Primitiva man” (pp. 7-14), “II Arquitectura volátil” (pp. 15-32) e “III Embestida (ou talismán para as sombras)” (pp. 33-45). O tema vertebrador da obra é aludido xa co título, pois ao igual que o personaxe mitolóxico, o ser humano non pode acadar o desexado pola súa imprudencia. Os poemas presentan continuas referencias histórico-literarias, tanto galegas coma extranxeiras, así coma alusións a mitoloxía ou incluso alguna cita coma a “O rei Lear” de Shakespeare (p. 34).

### **Recensións:**

- Vicente Araguas, “O suplicio de Tántalo”, *Diario de Ferrol*, “*Nordesia*”/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 846, “máis Libros”, 23 novembro 2014, p. 30.

Salienta o enxeño e lonxitude das composicións, así como a demora no ritmo da que fan gala. Destaca o dominio de autoras como Xela Arias, Sylvia Plath ou Emily Dickinson, ás que cita nos seus textos, e subliña como Yolanda López procura o equilibrio entre o concepto e a forma así como o compromiso adoptado co seu tempo. Por último, sostén que a escritora “atenta ao devir dun mundo patético que se revira ao xeito de *Tántalo* dunhas mazás, que sendo súas, non lle están permitidas”.

### **Referencias varias:**

- R. Nicolás, “Aquilo que nunca se acaba”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “*Letras*”, “*En galego*”, 19 decembro 2014, p. 10.

Destaca o galardón recibido no Premio Manuel López Ardeiro por este poemario e a liña existencialista e intimista da obra, con poemas de marcada narratividade.

**López-Casanova**, Arcadio, *As voces da máscara*, Santiago de Compostela: Centro PEN Galicia, col. Currupa literaria, n.º 2, 2014, 79 pp. (ISBN: 978-84-617-0741-6). ◆

Poemario de Arcadio López Casanova (Lugo, 1942) composto por dezaioito textos en verso libre e de extensión variábel distribuídos en cinco seccións (“Pórtico”, “Cantos do desvalemento”, “Intermedio: tres olladas no tempo”, “Mítica da desposesión” e “Epílogo”). O tema principal é o xogo de identidades que se establece entre a voz lírica e os personaxes da tradición cultural coa que se identifica. Así, en “Cantos de desvalemento” o suxeito lírico evoca ás figuras senlleiras da tradición literaria galega (Rosalía de Castro, Pondal, Curros, Castelao, Otero Pedrayo, Luís Pimentel e Aquilino Iglesias Alvariño), en “Intermedio” os lugares e persoas evocados están vencelladas á biografía persoal da voz lírica e en “Mítica da desposesión” son figuras da mitoloxía grega (Orfeo, Edipo, Antígona, Electra e Orestes) as que protagonizan o texto.

### **Recensións:**

- Armando Requeixo, “Memoria do camiño”, *Diario de Ferrol*, “*Nordesia*”, p. 32/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, p. 33, n.º 854, “letras Atlánticas”, 9 novembro 2014.

Subliña a saída do prelo deste libro de poemas na colección Currupa Literaria do Centro PEN de Galicia, dirixida por Xabier Castro Martínez. Así pois, salienta a estrutura tripartita do volume, implementada polo poema inicial “Pórtico” e os dous que conforman o “Epílogo”; a homenaxe a persoeiros das letras galegas, como Rosalía, Pondal, Curros, Castelao, Otero Pedrayo, Pimentel ou Aquilino; a sección intitulada “Intermedio: tres olladas no tempo” e o coidado da estilística empregada.

**Martínez, Cruz**, *Espello de mim mesma*, lim. Moncho Iglesias, Vigo: Círculo Edicións, Coleção Ítaca, febreiro 2014, 154 pp. (ISBN: 978-1-291-76982-1).

Libro de poemas de Cruz Martínez (Armenteira, 1960) que consta de setenta e seis composicións en verso libre repartidas en cinco grandes seccións (“No loar dum bufo verde”, “A pedra e a lembrança”, “Roteiros dun corpo”, “A través dum espello” e “Crónica das paredes”). O volume, escrito segundo a norma reintegracionista, ábrese cun limiar de Moncho Iglesias Míguez que nos introduce na temática e no estilo da autora, e péchase cun glosario de termos que poden resultar estraños ao lector. Os poemas son de extensión variábel, inclúense algunhas composicións en prosa e as ligazóns para ver os vídeo-poemas realizados con textos inseridos neste libro. Xógase coa linguaxe e coa disposición dos versos, que se acompañan dunha serie de fotografías e ilustracións en tons grises feitas pola propia autora e por Luís Viñas. A noite, as pombas, a arquitectura galega e o corpo son elementos moi importantes neste poemario que nos fala do paso do tempo, do amor e da sexualidade, pero tamén, nun ton reivindicativo, dunha “Galiza dormida que se sonha” e de problemas actuais como “Ode ao desemprego” indica. Cabe destacar a inclusión dun poema dedicado a Ramón Cabanillas (“Homenagen a Ramón Cabanillas”) e outro a Uxio Novoneyra (“Poema a Ugio”).

**Martínez Delgado, Verónica**, *Ode à Madison Ivy e outras coisas de meter*, VIII Premio de Poesía Erótica Illas Sisargas, pról. Susana Sánchez Arins, Malpica: A. C. Caldeirón, 2014, 95 pp. (ISBN: 978-84-617-2235-8).

Poemario erótico co que a escritora Verónica Martínez Delgado (Valdoviño, 1976) homenaxea a Madison Ivy, actriz do xénero pornográfico. O libro está dividido en seis partes que coinciden coas do códice de *Carmina Burana* (“Carmina amatoria”, “Carmina eclesiástica”, “Ludi”, “Carmina morália e satírica”, “Carmina potória” e “Supplementum”). Aos poemas incluídos nestas seccións engádenselles dous poemas introdutorios e dúas notas aclaratorias. Nesta obra atopamos poemas puramente lúdicos e outros que son de corte crítico e cuestionan a pornografía convencional, así como o seu consumo. A súa crítica diríxese a diversos aspectos relacionados con este xénero, dende a visión da muller como un obxecto e a dominación dos homes até o seu aspecto físico, pasando polas prácticas sexuais que poderían cualificarse como violentas e que, como o anterior, son mostra de machismo. Todas as composicións que se recollen neste poemario son curtas e están escritas cun estilo directo e cunha linguaxe sinxela, moi próxima á lingua oral. Por último, un dos aspectos máis salientábeis, tal e como sinala

Susana Sánchez Arins no prólogo, é a dobre subversión da autora na obra: pon unha voz poética feminina utilizando para o seu pracer material concibido para os homes.

### Referencias varias:

- Marta Veiga, “Verónica Martínez defende en Lugo un erotismo ‘anti Sombras de Grey’”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 20 decembro 2014, p. 52.

Fala da presentación na librería Trama de Lugo deste poemario e destácase que é un “exercicio de empoderamento sexual feminino”, “de exploración das sexualidades” e de crítica contra a hipocrísia social “con respecto a asuntos como a pornografía ou a prostitución”. Infórmase de que o título fai referencia á actriz pornográfica Madison Ivy e, por último, coméntase que xunto a esta obra tamén se presentaron *Gume de navalla* de Momán e *A seiva calcinada/ La savia calcinada/ La linfa calcinata* de José Alberte Corral Iglesias.

**Momán**, Alberte, *Erótica*, Premio de Poesía Francisco Añón 2004, Vigo: Redelibros, abril 2014, 52 pp. (ISBN: 978-84-940538-6-3). ■

Alberte Momán (Ferrol, 1976), poeta e editor dende 2012, publica co selo Redelibros unha obra gañadora co desexo de “rescatar obras que marcaron” a súa vida, segundo salienta na lapela anterior. Trátase dunha edición bilingüe anotada: con texto en galego (de acordo coa normativa reintegracionista) e en inglés, para o que foi precisa a tradución de Edelmiro Momán e as correccións de Isaac Alonso Estraviz e Victor Domingos. O paratexto inicial é unha cita de Samuel Beckett, e tras ela sitúanse, en dobre columna, os poemas do volume. A poética de Alberte Momán, recuncante no erotismo, é unha poética accesíbel, reflexiva, que entende a aproximación como un modo máis de coñecemento e sensorialidade. Priviléxíase a imaxe clara e a adxectivación xusta á metáfora, o xesto vagaroso á alegoría. Malia ao contacto percibimos, ao longo de toda a serie, a incapacidade de namorar, a distancia ou a ausencia, facendo que o desexo, motor do poemario, se desvele como desexo insatisfeito. O libro péchase cun colofón que subliña a data e lugar de publicación e cunha listaxe dos “Autores Independentes” publicados en Redelibros, situada na lapela final. A contracuberta destínase a unha lectura crítica sobre o contido do poemario.

### Referencias varias:

- Jaureguizar, “Caamaño novela ‘a resurrección’ dun home en ‘Purgatorio’”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Literatura”, 17 maio 2014, p. 62.

Dá conta dos actos de presentación da novela *Purgatorio* (2014), de Borja Caamaño e o poemario *Erótica* (2014), de Alberte Momán, na Feira do Libro de Lugo. Deste último destaca o Premio Francisco Añón do que foi merecente en 2004, xunto ao Premio Narrativas Quentes de Literatura Erótica en 2003 por *O lobo da xente* (2003), e seu outro poemario grafado en gaélico *Baile Átha Cliat* (2008).

**Mora, Ricardo**, *Seminal*, Vigo: Redelibros, abril 2014, 45 pp. (ISBN: 978-84-940538-7-0).

Obra poética de Ricardo C. Mora (Poio) na cal nos presentas unha colección de corenta e oito poemas numerados na súa maioría, con título outros. Alén do paratexto da cuberta posterior (onde se informa da formación en Maxisterio e Psicoloxía do autor, así como da súa condición de escritor dun volume de relatos e dúas novelas), o libro conta cunha dedicatoria e unha cita inicial, de autoría popular, que continúa a imaxe presente no título: "...Toma un semador que che seme o pan". Mentres o primeiro poema se constrúe como unha guía á inversa, en que se presenta aquilo que non se atopará nestes versos ("o ego", "a aparencia oca"...), os poemas tocan temas diversos: dende reflexións existenciais, até o amor ou a memoria, pasando por múltiples escenas do día a día ou pola proximidade á crítica sociopolítica ("O señor gris anuncia sacrificios-precipicios para o país", "A imponderábel infraestrutura hoteleira anda a velas vir", etc.). Cunha lonxitude de media cara e verso libre, o recurso ao paralelismo é moi frecuente, con especial incidencia da anáfora, aínda que tamén se fan presentes os xogos de palabras ("fame fome"), a interrogación retórica como peche de poema e a exclamación.

**Neira Vilas**, Xosé, *Cantos de lembranza*, música Manoele de Felisa, ilustr. Chema Pazos, M<sup>a</sup>. Fe Quesada, Sabela Arias, Xaquín Marín e Xosé Vizoso, Pontevedra: Sons de Galicia, 2014, 32 pp. (ISBN: 978-84-933317-6-4). Libro-disco. ■

Libro que contén os catorce poemas que Xosé Neira Vilas (Gres, Vila de Cruces, Pontevedra, 1928) compuxo e dos que fai interpretación musical Manoele de Felisa (Piñeiros, Cuntis, 1976), cuxa gravación queda recollida no CD que acompaña a edición. Nun estilo e técnica poética de reminiscencia popular, os textos fan recreación lírica de espazos e persoas vencelladas á experiencia persoal do autor. Cada poema vai acompañado de cadansúa ilustración a cor realizada por diferentes debuxantes. A edición presenta, ademais das notas biográficas do escritor e do músico, un epílogo de Víctor F. Freixanes.

### Referencias varias:

- Chus Gómez, "Manoele de Felisa. 'Neira Vilas é memoria viva da nosa cultura e para min é un grande apoio que mo aprobe", *Diario de Pontevedra*, "Diario de Caldas", n.º 412, "Vivir en Caldas", 28 de maio 2014, p. 4.

Entrevista ao intérprete Manoele de Felisa por mor da publicación do libro-disco *Cantos de lembranza*. Entre outras cousas, fálase de como xurdiu o proxecto e da actitude de Neira Vilas ante o traballo.

- E. P., "Un libro-disco recolle varios poemas que Neira Vilas dedicou á familia", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 24 maio 2014, p. 43.

Dáse conta da presentación no Museo Pedagóxico de Galicia do libro-disco *Cantos de lembranza*, que recolle poemas de Xosé Neira Vilas interpretados por Manoele de

Felisa. Destácase a satisfacción de Neira Vilas co traballo, que cualifica de “moi íntimo”.

- Susana Formoso, “Os versos de Neira Vilas unidos polo son de Manoele de Felisa”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 30 maio 2014, p. 36.

Fálase da celebración no Salón Teatro de Santiago do concerto de presentación do libro-disco *Cantos de lembranza*, no que Manoele de Felisa musica poemas de Neira Vilas.

- Xosé M. Piñeiro, “Cancións de Neira Vilas”, *La Región*, “Sociedad”, “Neurovisión”, 7 xuño 2014, p. 55.

Dáse noticia da publicación deste disco con poemas de Neiras Vilas, e elóxiase a obra e o traballo do seu intérprete, Manoele de Felisa.

**Neira Vilas**, Xosé, *Cantos que veñen de lonxe*, música Xervasio Vázquez, Cesáreo Torres, Alejo Amoedo, Pontevedra: Sons de Galicia, 2014, [32] pp. (ISBN: 978-84-943036-2-3). Libro-disco ■

Libro de doce composicións poéticas que Xosé Neira Vilas (Gres, Vila de Cruces, Pontevedra, 1928) escribiu dende a emigración por petición de Xervasio Vázquez antes de 1960. Principia o volume un texto do autor onde explica a historia das letras que integran a obra e xustifica a escolla do título, dado que os cantos veñen de lonxe “no espazo e no tempo”. A seguir, inclúe unha dedicatoria onde lembra os “compañeiros e compañeiras das Mocedades Galeguistas de Buenos Aires”. Cada unha das doce composicións (“Adiante”, “A volta do afiador”, “Morte do emigrante”, “Labrego”, “Lavandeira”, “Vento”, “O meu cantar”, “Patria”, “Canto de berce”, “Mariñeiros”, “Melro” e “Bicos e Rosas”) vai acompañada dunha ilustración de Xosé Vizoso. Os temas principais son o amor á terra, os desacougos da emigración, a reivindicación e a saudade. Por último, pecha o libro un conxunto de notas biográficas das persoas que colaboraron neste proxecto. Inclúe un CD coas letras interpretadas polo tenor Cesáreo Torres e o pianista Alejo Amoedo.

**Paone**, Marco, *Ultramarinos*, Santiago de Compostela: Follas Novas Edicións, col. Os libros do loureiro, n.º 8, setembro 2014, 74 pp. (ISBN: 978-84-6171948-8).

Poemario de Marco Paone (Tiriolo, 1984) que principia cun poema de Antonella Anedda e se estrutura en dúas partes: “Soleiras” e “Beiras”. A primeira delas está composta por dezaioito poemas de carácter descritivo e antecedida por un poema de Wislawa Szymborska. A segunda, de corte introspectivo, contén doce poemas aos que precede unha composición poética de María Lado. No que é o seu primeiro libro de poemas, o autor realiza unha renovación do tópico clásico do *homo viator* e percorre os pasos camiñados no seu pasado máis próximo, recreándose nas imaxes da cartografía cultural e humana que descobre e trasladando o lector a outras realidades sociais, económicas e políticas de aquí e alén mar, como refire o propio título. Con técnica depurada e alta calidade lingüística, o autor traza as súas liñas vitais nun mapamundi, por veces real e por veces onírico, até confeccionar a súa propia xeografía vital. Un *bildungsroman* poético no que o *eu* se constrúe a través das viaxes realizadas e os

lugares descubertos. Predominan as imaxes e a temática do cotián, pero existe unha importante carga de referencias culturais. Contén tres ilustracións intercaladas do pintor Carlos Pardo Vázquez.

**Pazos Garrido**, Raquel, *A flor do cacto*, Almería: Editorial Círculo Rojo, marzo 2014, 60 pp. (ISBN: 978-84-9050-992-0).

Libro de poemas de Raquel Pazos Garrido (Caracas, 1968) que comeza cunha dedicatoria, unha nota da autora explicando o que representa para ela este poemario e unha cita sacada de *O mundo das plantas* de Botanical, onde se explican os procesos polo que pasa o cacto para sobrevivir ante as altas temperaturas e os terreos secos. O libro está dividido en catro seccións que reciben o nome inspirándose nos procesos polos que pasa o cacto ao longo da súa vida: “Elementos esenciais”, “Sukulencia”, “Espinescencia onírica” e “A flor”. Estes catro apartados teñen un número invariábel de poemas (9, 13, 10 e 5) en verso libre e extensión desigual que falan dos sentimentos e das situacións cos que se enfronta o ser humano para saír das adversidades, feito que como explica a autora é o que lle dá nome á obra “(...) en plena simbiose co proceso que sofren os cactos para poder sobrevivir nas máis adversas condicións”.

**Pereiras Gómez**, Tomás A., *Podo ser un ninguén para ningures indo*, Vigo: Editorial Galaxia, novembro 2014, 113 pp. (ISBN: 978-84-9865-574-2).

Libro póstumo do avogado e escritor Tomás Antón Pereiras Gómez (Vedra) constituído por vinte e dúas composicións caracterizadas pola súa longa extensión. Os poemas, escritos en versos de arte maior, conteñen abundantes expresións tiradas da fraseoloxía patrimonial. Polo que se refire á temática, nas composicións desenvólvense profundas reflexións sobre as experiencias da vida, onde destaca a gabanza dos valores morais e a presenza do mundo labrego, os costumes e paisaxes galegas. Pecha o volume unha listaxe dos dicionarios consultados e un glosario con palabras e expresións empregadas.

**Pérez**, Lois, *LP*, A Coruña: Emerxente D. L., col. No lombo, n.º 2, 2014, 229 pp. (ISBN: 978-84-16121-02-1).

Libro de poemas de Lois Pérez que dende o título xoga coas iniciais do autor e o soporte de gravación musical. Deste xeito, o poemario estrutúrase en dúas seccións (“Cara A” e “Cara B”), compostas por vinte e oito e sesenta e dous poemas longos en verso libre, respectivamente. A relación intertextual coa música mantense nos propios textos pois moitos deles presentan ao cabo do poema unha referencia ao título dunha canción coa que dialoga o poema. Aparecen continuas referencias a cantantes e grupos galegos como Ruxe-Ruxe, en lingua española como Loquillo ou Andrés Calamaro, e sobre todo anglosaxóns (Rolling Stones, Cream, Elvis Presley, Bob Dylan, Chuck Berry etc.). O volume presenta citas iniciais de Anna Marie Morris, Samuel Johnson e Oliverio Girondo e un prólogo sen sinatura do autor.

**Recensións:**

- Rosa Enríquez, “LP’ de Lois Pérez”, *La Región*, “Opinión”, 15 maio 2014, p. 28.

Reflexiona sobre a situación da poesía e dos autores actuais e, a continuación, indica que á marxe dos erros tipográficos, os textos de Lois Pérez “posúen unha forza que arrastra” e, ademais, “respiran vida vivida e pensada”. Por último, reproduce un fragmento dun poema.

### Referencias varias:

- María L. Viñas, “Lois Pérez pon cara A e B á poesía con ‘LP’”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Feira do Libro de Lugo”, 18 maio 2014, p. 50.

Infórmase de que Lois Pérez presentou este seu primeiro poemario nunha mesa redonda na Feira do Libro de Lugo na que participaron Isidro Novo, Verónica Martínez e Alberte Momán. Destácase que a obra está vencellada á literatura oral.

**Pérez Rei**, Mariña, *Boca de gárgola*, pról. Manuel Galego, Almería: Editorial Círculo Rojo, col. Poesía, xullo 2014, 82 pp. (ISBN: 978-84-9076-465-7).

Poemario de Mariña Pérez Rei (Ames, 1966) dedicado á cidade de Santiago de Compostela. Ademais dos poemas podemos ver diversas fotografías de Martín Pérez, todas elas tiradas en Compostela afastándose das estampas máis típicas desta cidade, e citas doutros autores como por exemplo Airas Nunes, Caetano Veloso, Ada Salas ou Lorca. Os poemas incluídos nesta obra, de estrutura circular, non teñen unha métrica fixa e o número de versos tamén é variábel, aínda que predominan os poemas curtos. En canto á súa temática é variada, pois aínda que se dediquen a Santiago de Compostela e teñan esta cidade como eixe central non son poemas laudatorios senón que admiten a crítica á cidade, Tamén se trata a cuestión do amor e incluso a Igrexa.

### Recensións:

- Armando Requeixo, “Gárgolas de Compostela”, *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, p. 32/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, p. 33, n.º 844, “letras Atlánticas”, 31 agosto 2014.

Comenta a saída ao prelo do poemario de Mariña Pérez Rei, *Boca de gárgola*, autoeditado en Editorial Círculo Rojo. Menciona en primeiro lugar outros volumes de poesía da autora como *Fanerógama* (2006), *Apuntamentos para un cuarto confuso e cambiante* (2009), e *Paquidermo* (2010); as novelas *Canícula* (2007), *Costa Necrópole* (2010), e *Contrapicados* (2012); e os galardóns dos que foi merecente: Eusebio Lorenzo Baleirón de Poesía, Manuel Lueiro Rey de Narrativa e Avilés de Taramancos de Relato de Aventuras. Destaca a supervisión da autora, a inclusión de fotografías de Martín Pérez Fernández, o prólogo de Manuel Gago Mariño, a selección das diversas tipografías, a liña temática consistente na capital compostelá, e a intertextualidade con versos de Airas Nunes, García Lorca, Manuel Álvarez Torneiro, Allan Ginsberg, Ada Salas, Caetano Veloso ou Chico Buarque.

**Ramos**, Baldo, *Cartografía do exilio*, accésit do Premio Poesía Miguel G. Garcés, A Coruña: Deputación Provincial da Coruña, 89 pp. (ISBN 97884-9812-258-9). ♦

O libro de Baldo Ramos (Celanova, 1971) ábrese cunha cita de Edmond Jabès sobre a condición de estranxeiro. Consta de corenta e tres poemas numerados na primeira metade de xeito descendente do XXI ao I e, seguidamente, de maneira ascendente do I ao XXII cuxa estrutura incide na circularidade que se desprende no libro. De verso libre e estrofa diversa, o poemario recolle temas como o da indagación da escrita e da palabra e as limitacións da linguaxe, a reflexión sobre o paso do tempo, a experiencia da perda ou a despedida. Cara ao final do libro trátanse os exilios vitais da familia materna do eu lírico. Acompañanse os poemas de varias ilustracións de Carlos González Villar.

**Reigosa**, Carlos G., *Kid salvaxe*, pról. Miguel Anxo Fernán Vello, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Poesía, n.º 35, marzo 2014, 101 pp. (ISBN: 978-84-9914-682-9).

Libro de poemas Carlos G. Reigosa (A Pastoriza, Lugo, 1948) dividido en tres seccións. A primeira, a máis extensa, leva por título “Kid salvaxe” e nela dispóñense sesenta e dous textos en verso libre e de extensión variábel. As outras dúas seccións, “Epílogo” e “Post-it”, presentan un único poema. Como a cita inicial de Bob Dylan anticipa (“Falles caso ás túas lembranzas porque nunca poderás vivilas de novo”), o ton do poemario está marcado polo carácter elixíaco da enunciación. Temas como a memoria e o tempo asumen o papel de eixes temáticos que se desenvolven e se combinan para introducir motivos líricos clásicos, tales como a evocación nostálxica da infancia perdida e o sentir melancólico da existencia xa vivida. O volume vai precedido dun prólogo de Miguel Anxo Fernán Vello, no que se sitúa o autor na tradición de escritores e novelistas de traxectoria contrastadas que se achegan de xeito tardío á poesía.

### **Recensións:**

- Ramón Nicolás, “Fotografar a vida, fotografar o tempo”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Galego”, 13 xuño 2014, p. 19.

Fálase da estrea poética de Carlos G. Reigosa e reflexiónase sobre as razóns que levaron o autor a iniciarse neste xénero. En relación con estas, dise que Miguel Anxo Fernán Vello, no prólogo que Nicolás recomenda ler, comenta que o libro nace derivado da morte do pai do autor. Indícase que a obra trata sobre os sentimentos que xorden froito das ausencias e que estase mesturan coas presenza e vivencias.

- Vicente Araguas, “Manda carallo, señor!”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordésia”, n.º 839/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 839, “máis Libros”, 27 xullo 2014, p. 30.

Comeza por traer á memoria *Crime en Compostela* (1984), obra que resultara ser éxito de vendas, para despois salientar a enerxía intelectual que desprende este poemario, a estilística empregada, a acción de carácter boxístico, as apelacións ao wéstern, a intertextualidade con *Pat Garrett and Billy the kid* (1973), de Sam Peckinpah e o labor narratorial do poeta.



- Román Raña, “Tebrade angustia”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 510, “Libros”, 11 setembro 2014, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 463, “Letras galegas”, 20 setembro 2014, p. 10.

Repasa primeiramente a traxectoria de Reigosa, lembrando un volume de narrativa do autor, *Crime en Compostela* (1984), ou o feito de ser merecente de galardóns como o Premio Xerais ou o Premio Torrente Ballester. A seguir, destaca o prólogo de Miguel Anxo Fernán- Vello, xunto ao ton melancólico e coloquial subxacente nos versos, a paixón amorosa, o paso do tempo, a certeza da morte, a decepción e a angustia como núcleos temáticos que vertebran as composicións.

### Referencias varias:

- Xosé Carlos Caneiro, “De Santos e disparos”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Letras”, “Galego”, “Club dandi”, 20 xuño 2014, p. 19.

Despois de comentar outras obras, fai referencia ao volume de poemas *Kid salvaxe*, de Carlos Reigosa, que cualifica de poesía “auténtica”.

**Rei Núñez**, Luís, *Estrela do norte*, Pontevedra: Faktoría K de Libros, col. Tambo, 2014, 114 pp. (ISBN: 978-84-15250-70-8).

Poemario de Luís Rei Núñez (A Coruña, 1958) composto por sesenta e catro poemas distribuídos en cinco seccións (“A illa de Moebius”, “Dous”, “Cartas mariñas”, “Un bivaque de memoria” e “Cómputo”), se ben a primeira e a última presentan cadanseu poema e fan ás veces de prólogo e epílogo. O poemario presenta gran variedade métrica con tendencia ao uso da rima asonante e preferencia polo cuarteto (e tamén a cuarteta) como estrofa, mais tamén hai exemplos de prosas poéticas, combinación de prosa e verso no mesmo texto, da silva e outros metros da tradición popular e culta. No aspecto temático, o volume emprega diferentes motivos literarios tomados da tradición poética como, por exemplo, o mar e a evocación da paisaxe atlántica, a viaxe, a lembranza, mais tamén está presente a reflexión sobre a propia creación e o establecemento dun diálogo interartístico coa obra doutros creadores.

### Recensións:

- Armando Requeixo, “A illa de Moebius”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”, p. 30/ *Diario de Ferrol*, “*Nordésia*”, n.º 832, p. 32/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 832, p. 33, “letras Atlánticas”, 8 xuño 2014.

Logo duns comentarios sobre a figura e a produción poética de Luís Rei Núñez, Armando Requeixo fala do seu novo poemario, *Estrela do norte*, sinalando que se trata dunha obra ampla estruturada en cinco seccións que recollen textos anteriores e composicións novas do autor. Coméntase que na obra existen vectores que lle outorgan unidade, tales como o diálogo con outros poetas, a métrica ou a presenza de temas como a infancia e o amor, que se acompañan dunha ambientación mareira e evocación nostálgica.

- Ramón Rozas, “Homérico!”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 8 xuño 2014, p. 84/  
*El Progreso*, “Vivir”, 7 xuño 2014, p. 59, “Cultura”.

Di que Luís Rei Núñez é “cada vez mellor poeta” e que nesta obra realiza un acto de expiación íntima que se abre como creador e como ser humano. Dise que a obra é un percorrido por unha vida chea de vivencias e sensacións en que o autor leva o lector con el á natureza como experiencia sensorial e comparte as súas ligazóns culturais. Sinálanse tamén algúns elementos que aparecen nas composicións e aos que se rende tributo no poema final, como o monte Louro.

- Miro Villar, “Tributo atlántico”, *Grial*, n.º 203, “O espello das letras”, xullo, agosto e setembro 2014, pp. 76-77.

Contextualiza o poemario dentro da produción do autor, máis coñecido pola súa narrativa e a súa participación en colectáneas, para pasar a describir as cinco partes do volume que se analiza. Salienta o entrecruzamento de referencias a autores clásicos, como Whitman, con referencias a outras artes, como o cinema e con espazos galegos como o monte Pindo, Muros ou Fisterra.

- Román Raña, “No furo da proa”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 509, “Libros”, 4 setembro 2014, p. VI/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 462, “Letras galegas”, 13 setembro 2014, p. 10.

Salienta do autor deste poemario a saudade fúlxida e a paisaxe en canto núcleos temáticos do discurso poético, o emprego da rima asonante e a intertextualidade con versos de Rosalía de Castro, Amado Carballo, Manuel Antonio ou Seamus Heaney. Destaca por último os poemas que abren e pechan o volume, “ULISES, A PENÉLOPE” e “Onde habite Ramiro”, respectivamente, xunto á prosa poética da sección “Cartas Mariñas”.

### **Referencias varias:**

- R. Nicolás, “Cartografía para as procuras”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Galego”, 26 setembro 2014, p. 11.

Revela algúns detalles (dicción clásica ou musicalidade dos versos) deste poemario.

**Ríos**, Eli, *Anamnese*, II Premio de Poesía Manuel Lueiro Rey, lim. Ramón Neto, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, 2014, 80 pp. (ISBN: 978-84-7824-640-3).

Volume de poemas de Eli Ríos (Londres, 1967) que se abre cun limiar, titulado “Cando aprender é lembrar”, da autoría de Ramón Neto que proporciona, dende a primeira liña, unha das accións clave do poemario: “dúas persoas encóntranse. Unha asegura coñecer á outra. A outra non se lembra. De nada, en absoluto. Mais acepta”. A seguir, cítase o pulso metapoético do poemario, a sensación de estar ante versos que falan da escrita do poema; o ritmo que os silencios da reminiscencia impoñen; ou o devalar cíclico do discurso temporal, elementos basilares do libro. Cunha dedicatoria inicial, o poemario divídese en seis partes, encabezadas por cadansúa cita de autores de diversa

procedencia (dende Raymond Carver a Georges Perec, pasando por poetas galegos como Carlos Quiroga ou Helena de Carlos). Cun verso variábel, preferibelmente curto, accedemos a unha sucesión de voces poéticas rodeadas por un universo cotián e contemporáneo, pero instaladas nun devir temporal. A pegada filosófica do libro é palpábel, procurando provocar o pensamento, buscando un lectorado activo, capaz de albiscar as implicacións e ironías que a selección de referentes culturais convoca. Esta procura da reflexión pode converterse nunha procura de coñecemento a partir da reminiscencia, pero tamén nunha liberación, de concibirmos o poemario en base ás relacións que o habitan. Alén dos paralelismos e dos versos recuperados ao longo do libro a modo de retrouso, aspectos que lle confiren unidade e continuidade, é preciso salientar o peso da visualidade, os sinxelos xogos gráficos que marcan un determinado ritmo (tamén de lectura) e ausencias, reforzando a ligazón entre forma e fondo.

### **Recensións:**

- Ramón Rozas, “O pozo da memoria”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 16 novembro 2014, p. 85/ *El Progreso*, “Vivir”, 15 novembro 2014, p. 59, “Cultura”, “Libros”.

Describe este libro de poemas tras mencionar o premio do que foi merecente. A seguir, enumera e comenta cada cuestión que compón o núcleo do discurso poético: a memoria, o esluír do tempo, a palabra e o compromiso.

### **Referencias varias:**

- R. Nicolás, “A reedición dun clásico”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Galego”, 24 outubro 2014, p. 13.

Fala da obra premiada na segunda edición do premio Lueiro Rey e describe algúns trazos que a caracterizan.

- Alicia Pedreira, “Eli Ríos. ‘A meu avó débolle a lingua e a miña paixón pola literatura’”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “A pie de calle”, 20 decembro 2014, contracuberta.

Dá conta da presentación deste poemario no Museo do Traxe de Ordes e destaca a posibilidade de realizar unha interpretación completamente libre da obra. Recóllense as verbas da autora sobre o seu libro, a súa infancia e o seus primeiros contactos coa lingua e a literatura.

**Rodríguez Fer**, Claudio, *Anarquista ou nada. (Poemas de memoria libertaria)*, Lugo: Unión Libre, col. Poesía para tod@s, 2014, 40 pp. (D.L.: C. 14-2014).

Claudio Rodríguez Fer (Lugo, 1956) presenta aquí o quinto volume desta colección de cadernos poéticos. O libro ábrese cunha nota asinada por “Unión Libre”, onde se explica o desexo que move esta colección modesta, gratuíta e de pequeno formato, “POESÍA PARA TOD@S”, que non é outro que achegar novamente a poesía á maioría das persoas, difundila en función da sociedade, e non en dirección contraria. A

continuación atópase o “Índice”, listaxe dos títulos das composicións con indicacións puntuais, no caso de seren fragmentos ou pertenceren a unha serie maior. A partir de aquí, sucédense os poemas. Trátase de composicións sinxelas, que aproveitan os recursos paralelísticos (especialmente a anáfora e o refrán) e o ton das ladaíñas (recuncando na palabra “anarquía” ou en refráns de aire libertario), tanto inéditas como extraídas de libros anteriores do autor, como *Ámote vermella* (Xerais, 2009) ou *Tigres de tenrura* (Reprografía 1846, 1981), ou de colaboracións puntuais en libros colectivos (coma *Centenario Eugenio Granell*, publicado pola fundación homónima en 2012). En máis dunha ocasión, os poemas pulan pola memoria histórica, homenaxeando ora ás mulleres libertarias galegas asasinadas dende xullo de 1936 (con nome e apelidos, como en “Un tranvía chamado Urania”, en lembranza de Urania Mella), ora a historiadores ou artistas. Sendo así, as pegadas vitais destas persoas, a toponimia de certas cidades ou as siglas de diferentes organizacións constitúense como verdadeiro material do poema, sempre a favor desta recuperación testemuñal. Noutras ocasións, acódesse á interdiscursividade, como en “Varsoviana (Ás barricadas)”, apelando ao himno popular libertario con música da marcha “Varsoviana”. O volume péchase cun fragmento de “Máis alá da saudade” e con dúas listaxes: a dos monográficos publicados até o momento por “Unión Libre”, “Cadernos de vida e culturas”, e os números de “Poesía para tod@s”.

**Rodríguez Fer**, Claudio; **Carmen Blanco** e **Olga Novo**, *Poemas para lucenses*, Lugo: Unión Libre, col. Poesía para tod@s, 2014, 25 pp. (D.L.: C. 2233-2010).

Este volume, asinado por Claudio Rodríguez Fer (Lugo, 1956), Carmen Blanco (Lugo, 1954) e Olga Novo (Vilarmao, A Pobra do Brollón, 1975), constitúe o terceiro volume desta colección de cadernos poéticos. O libro ábrese cunha nota asinada por “Unión Libre”, onde se explica o desexo que move esta colección modesta, gratuíta e de pequeno formato, “POESÍA PARA TOD@S”, que non é outro que achegar novamente a poesía á maioría das persoas, difundila en función da sociedade, e non en dirección contraria. A continuación sitúase o “Índice”, dividido en tres epígrafes, mantendo a orde de aparición dos autores citados. A primeira delas, a que acolle os poemas de Claudio Rodríguez Fer, vólvese un pequeno paseo canda algúns dos autores lucenses máis recoñecidos, aspecto que pode intuírse xa dende o índice primeiro. Encontramos, entre estas composicións, un “Memorial dos foxos de Lugo (con Lorca ao lonxe)”, construído con dicción áxil e recurso ao refrán “Cunetas”, que aparecera xa en *Ámote vermella* (Xerais, 2009); un poema no que o eu poético dialoga con Luís Pimentel sobre a cidade e o paso do tempo, pertencente a *Lugo blues* (Concello de Lugo, 1987); un en lembranza de Lolá Doreste Doreste e o artista e poeta Ángel Johan; “Un vello e un rapaz (proxecto de revolución na muralla de Lugo)” en homenaxe a Ánxel Fole, etc. A segunda epígrafe acolle un único poema de Carmen Blanco, titulado “Lugo lugar da liberdade”, que recupera nunha rítmica ladaíña á Señora dos Ollos Grandes, a Lupa, Mari Castaña, Rosalía de Castro ou Urania Mella, combinados co retrouso “Lugo lugar da liberdade”. A terceira epígrafe reproduce un texto en prosa de Olga Novo, titulado “Mírame, Lugh: a ti volto”, aparecido no terceiro número da revista *Xistral* no ano 2000. Cunha dedicatoria que reza “Para Claudio”, é un texto de teor descritivo, que recolle os movementos do camiñar e o retorno, a memoria do bosque sagrado de Lugh e a xeografía dos arredores. Ánxel Fole, Novoneyra, André Breton ou as lobs propias da poética telúrica da autora mestúranse nel. O volume péchase cun fragmento de “Máis

alá da saudade” e con dúas listaxes: a dos monográficos publicados até o momento por “Unión Libre”, “Cadernos de vida e culturas”, e os números de “Poesía para tod@s”.

**Rodríguez Fer**, Claudio, *Poemas polas vítimas do 36 nas rías de Vigo e Pontevedra*, Lugo: Unión Libre, col. Poesía para tod@s, 2014, 24 pp. (D.L.: C. 11-2014).

Este volume, asinado por Claudio Rodríguez Fer (Lugo, 1956) constitúe o cuarto volume desta colección de cadernos poéticos. O libro ábrese cunha nota asinada por “Unión Libre”, onde se explica o desexo que move esta colección modesta, gratuíta e de pequeno formato, “POESÍA PARA TOD@S”, que non é outro que achegar novamente a poesía á maioría das persoas, difundila en función da sociedade, e non en dirección contraria. Ábrese cun “Índice”, onde se aproveita para indicar se se trata de fragmentos doutras series ou obras maiores. A partir de aquí sucédense composicións coa temática anunciada no título do caderno, que recorren á interdiscursividade e a determinados recursos estilísticos propiciadores do ritmo. Representativo deste proceder resulta o primeiro dos poemas presentados, “Ondas do mar de Vigo (cantiga de amigo)”, recitado por vez primeira nun acto da Asociación Viguesa pola Memoria Histórica do 36, en que o poeta versiona a cantiga medieval dicindo “vistes caído meu amigo”, e referenciando logo a unha serie de persoas, cos seus nomes e apelidos, vítimas da represión franquista. Atopamos outros recitados en actos de asociacións culturais homónimas doutras localidades, mais tamén poemas pertencentes a libros publicados do autor, coma *Ámote vermella* (Xerais, 2009), onde se atopan: “Ámote, anarquista”, “A calesa”, “Matronas republicanas”, “Casas refuxio” ou “Ave no bou”. Algúns dos poemas, coma “Ámote, anarquista” ou “Un tranvía chamado Urania” (en memoria de Urania Mella, condenada a morte canda o seu marido en 1936) aparecen nalgún outro volume desta colección. O caderno péchase cun fragmento de “Máis alá da saudade” e con dúas listaxes: a dos monográficos publicados até o momento por “Unión Libre”, “Cadernos de vida e culturas”, e os números de “Poesía para tod@s”.

**Rodríguez Mosquera**, Raida, *Estirpe de sombras*, Cangas do Morrazo: Edicións Barbantesa, outubro 2014, 63 pp. (ISBN: 978-84-940302-3-9).

Poemario de Raida Rodríguez Mosquera (Maside, 1980) que se abre cunha dedicatoria aos avós da autora. A seguir estrutúrase en sete capítulos en que autora emprega un ton notabelmente reivindicativo para abordar diversos temas como a identidade, a escrita, o idioma e o fracaso estrepitoso da comunicación, entre outros; e nos que aparecen trazos característicos do xénero narrativo, do teatro e do ensaio. O volume péchase cun epílogo que leva por título “A vida é un campo de batalla”, no que cualifica de absurda a pretensión dos poetas de encher de sentido o universo cando posibelmente “o que falta aínda é que haxa primeiro un universo”.

### Referencias varias:

- R. Nicolás, “O estoupar das palabras”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Galego”, 5 decembro 2014, p. 13.

Confesa a sorpresa causada por este libro pola mestura de lírica con outros xéneros literarios (teatro, narrativa, ensaio ou epistolar). Destaca da obra a visión que ten da vida como “campo de batalla”.

**Rozados, Lara**, *O caderno amarelo*, VII Certame de Poesía Victoriano Taibo, Gondomar: Instituto de Estudos Miñoranos, 2014, 56 pp. (ISBN: 978-84-617-2448-2).



Poemario de Lara Rozados (Poio, 1982), xornalista e animadora cultural, que comeza cun texto do alcalde e seguido do fallo do xurado. A parte central deste libro compóñena os poemas, de temática maiormente social: as condicións de vida e traballo dos inmigrantes, o paro, a alerta ante a represión e a brutalidade, a linguaxe das noticias e a publicidade, a carraxe, o desacougo, tamén a parálise. Pairan polos poemas referencias a algúns autores novos, dende O Leo até María do Cebreiro, Xiana Arias Rego ou Daniel Salgado; alén de mencións a novas rastrexábeis na actualidade galega. Cunha dicción diáfana e natural, sen artificios, os poemas constrúense con verso libre e curto, aspecto que acaba dotándoos de forza e proverbialidade, situándoos entre o testemuño veraz e a proclama. Onde debera ir o colofón, sitúase unha nota reivindicativa, lembrando que a Entidade Local de Morgadáns-Gondomar e o Instituto de Estudos Miñoranos promoven unha campaña para que un dos Día das Letras anuais recaia en Victoriano Taibo. Na contraportada, alén dos selos das entidades convocantes, sitúase a biografía da autora.

**Sánchez Quintela, Xacobe**, *Delta*, lim. Marica Campo, Guitiriz: Asociación Cultural Xermolos / Irmandade Manuel María, col. As foulas do Rañego, n.º 11, decembro 2014, 138 pp. (DL: C 2199-2014).

Poemario de Xacobe Sánchez Quintela (A Coruña, 1972) que comeza cun limiar, a modo de presentación, da escritora Marica Campo, “No ronsel do río da vida”. As composicións están divididas en once partes, precedidas dunha cita de Walt Whitman: “Isto non é un libro, quen o toca está tocando un home”. Dende os títulos de cada un dos bloques, Sánchez Quintela retoma a coñecida metáfora da vida concibida coma un río, o que evidencia a importancia do paso do tempo nos seus versos: “Nacemento”, “Regato”, “Fervenza”, “Manancial”, “Curso”, “Remanso”, “Meandros”, “Afluentes”, “Remuíños”, “Ribeiras” e “Delta”. As composicións, de extensión e estilo variábel, afondan na existencia humana representada mediante un percorrido fluvial. Polo que se refire á temática, destaca a presenza da terra, do mar e da natureza. Ademais, algunhas composicións reflexionan sobre o proceso de creación (metaliteratura). A seguir, presenta un epílogo de Xosé A. Cascudo e un texto de agradecementos. Pecha o volume un índice que recolle os títulos de cada sección.

### Referencias varias:

- Cristina Pérez, “Un manancial de versos”, *El Progreso*, “A Chaira”, 15 novembro 2014, p. 28.

Sinala o acto de presentación deste poemario de Xacobe Sánchez Quintela na parroquia dos Vilares, en Guitiriz. Salienta asemade o prólogo de Marica Campo e o epílogo de Xosé Antón Cascudo.

**Soutelo**, María N., *Nestes días*, Vigo: Q de Vian Cadernos, col. Porta Verde do Sétimo Andar, nº 19, 2014, 55 pp. (ISBN: 978-84-15164-91-3).

Poemario de María Nieves Soutelo (Pontevedra, 1982) que comeza coa seguinte dedicatoria: “A todas as iniciais en maiúsculas nas páxinas do meu diario. A todos os versos riscados. A todas as follas arrincadas e esnaquizadas con ira, frustración e vergoña. Aos exilios cotiáns, voluntarios ou forzosos. A mamá e papá, branca patria miña”. A continuación abren o libro tres citas correspondentes a Mario Benedetti, Emily Dickinson e A. Roy. Denantes dos poemas de María Soutelo inclúese “Balada de tránsitos”, un texto lírico de Manuel Pereira Valcárcel que funciona como introdución e descrición do poemario da autora pontevedresa. Coa escolla do verso libre, en composicións polo xeral curtas e con ideas ou expresións moi sintetizadas, a escritora preséntanos unha temática desacougante que camiña entre o existencialismo con distintas reflexións intimistas sobre a perda ou o baleiro. A saudade ou a nostalxia dun tempo perdido ou idealizado está presente de xeito continuado. Percíbese a presenza de datos e vivencias autobiográficas.

#### **Referencias varias:**

- R. Nicolás, “A memoria que non se dilúe”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “En galego”, 12 decembro 2014, p. 6.

Subliña a idea de “cambio, perda, ruptura ou baleiro” que domina esta obra e que ten como base a memoria resistente ao paso do tempo.

**Suárez Aneiros**, Xosé A., *Lírica teixidesa*, pról. Vicente Araguas, A Coruña: Publimart, 2013, 94 pp. (ISBN: 978-84-617-1147-5).

Obra de Xosé A. Suárez Aneiros (Cedeira) dedicada a Santo Andrés de Teixido e á Serra da Capelada. Nela recóllense poemas e cantigas de diversa extensión que se ilustran con fotografías, imaxes, debuxos e tamén cunha partitura. Estas composicións están precedidas por unha dedicatoria (“A tódolos que senten o lirismo da Natureza”), uns agradecementos, así como por un prólogo asinado por Vicente Araguas e por unha breve reflexión sobre a natureza (chamada “Reflexións para a vida”) ademais de por unha nota aclaratoria do propio autor acompañada por un mapa no que se sinala a localización de Santo Andrés de Teixido. Dous dos poemas son acrósticos nos que remarca a letra inicial de cada verso con negriña, de maneira que crea as palabras “Teixido” e “Capelada”. Todas as composicións teñen un título que vai escrito en negriña e subliñado.

#### **Referencias varias:**

- Vicente Araguas, “Para ir a San Andrés”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, p. 22 / *Diario de Ferrol*, “Nordesia”, nº. 847, p. 30/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, nº. 847, p. 30, “letras Atlánticas”, 21 setembro 2014.

Comenta a saída do prelo deste volume lírico de Xosé Antonio Suárez Aneiros, do que recomenda en primeiro lugar a súa lectura, así como a de *El santuario de San Andrés de Teixido* (1972, 1992), de Rafael Usero e prologado por Carlos Alonso del Real, para despois subliñar o labor de maquetación de Juan Manuel Tojeiro Casal, a dedicatoria que abre o volume e a composición intitolada “Don Manuel Alejo, Don Severiano e Don Xosé Miragaya García”.

**Tembrás, Dorés**, *Cronoloxía da urxencia*, XVI Concurso de Poesía Cidade de Carral, pról. Pilar Pallarés, Culleredo: Edicións Espiral Maior, col. Poesía, maio 2014, 81 pp. (ISBN: 978-84-92646-83-8). ■

Este conxunto de poemas de Dorés Tembrás (Bergondíño, A Coruña, 1979), poeta e investigadora en poesía latinoamericana, ábrese cunha dedicatoria en verso e un prólogo de Pilar Pallarés, titulado “Navegar silencio”. Nestas páxinas reflexiónase sobre a voz poética que xa atopabamos n’*O pouso do fume*, poemario anterior da autora, unha voz identificábel coa da autora real, que daba a man a figuras de tres xeracións do rural extinto (a avoa Cándida, a nai e a neta), e esta observación enlaza coa opinión da xornalista Carme Vidal, ao salientar que as trabes do poemario son “a terra, o silencio e o desexo”. Tamén a infancia e o pasado, e unha serie de imaxes e actividades que reconectan co mundo rural e institúen vigorosamente xenealoxías femininas. Pilar Pallarés adianta tamén o silencio, a débeda da autora coa peza 4’ 33 (catro minutos e trinta e tres segundos de silencio), e a sobriedade propia do discurso poético de Tembrás. Tras o limiar, *Cronoloxía da urxencia* ábrese cun poema inicial de verso moi curto, que delimita unha serie de presenzas veladas por pronomes, privilexiando os xestos e os obxectos (o papel de estraza, as palabras da nai/ a ferro) para delimitar un tempo. A única ilustración do volume, que mostra dúas mans abertas, sitúase a continuación, seguida de citas de Alejandra Pizarnik, John Berger e Roland Barthes, a modo de pórtico. A escolla das referencias (J. Ángel Valente e Eva Veiga, nunha epígrafe posterior, canda E. L. Baleirón ou Paul Éluard no inicio dalgúns poemas) axudan tamén a delimitar a poética e as preferencias da poeta que mide cada palabra, nunha “arquitectura da mudez”. Os fíos ou os casulos perforados dos vermes de seda, as flores de sabugueiro, a lixivia, o mel ou as calosidades de fouciño son algúns dos elementos que debuxan o universo poético da autora. O libro péchase co índice, e nunha mesma páxina, o colofón e o nome das persoas subscritoras de Espiral Maior Poesía.

### **Recensións:**

- Gonzalo Hermo, “Nos límites do dicible”, *Tempos Novos*, n.º 206, “ProTexta”, “ProPostas”, n.º 04, xullo 2014, p. 68.

Comenta a súa participación na creación do libro e salienta a capacidade técnica da poeta para poñer en marcha unha reflexión sobre a natureza e alcance do desexo, contemplando ese desexo como un acontecemento.



- Armando Requeixo, “Arquitectura da mudez”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, p. 24 / *Diario de Ferrol*, “Nordésia”, n.º 841, p. 31/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 841, p. 31, “letras Atlánticas”, 10 agosto 2014.

Dá conta da publicación deste volume de poesía. Indica, en primeiro lugar, que foi merecente do XVI Premio de poesía Concello de Carral, para despois sinalar outros poemarios anteriores como *O pouso do fume* (2009), ou *O peizoque Roque* (2012). Destaca, a seguir, as liñas temáticas que tratan as composicións deste volume, como os tempos da nenez, a éxtase do rural ou o erotismo e a sensualidade. Salienta por último a ilustración da cuberta a cargo de Ovidio Batista.

- Román Raña, “Quintaesencia da pesquisa”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 517, “Libros”, 30 outubro 2014, p. VI/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 469, “Letras galegas”, 8 novembro 2014, p. 10.

Resalta deste poemario o emprego da poesía da experiencia ao longo das composicións que conforman este volume, a dimensión metafísica e profética que encadra a linguaxe lírica e o prólogo de Pilar Pallarés.

- Antía Marante Arias, “Tras os pousos e as cicatrices”, *Grial*, n.º 204, “O espello das letras”, outubro, novembro e decembro 2014, pp. 87-88.

Recensión conxunta dos poemarios *Cronoloxía da urxencia* (Espiral Maior, 2014) de Dores Tembrás, e *A distancia do tambor* (Espiral Maior, 2014), de Eva Veiga, XIII Premio de Poesía Fiz Vergara Vilariño. Comeza por salientar que ambas autoras coinciden na concepción do poético como espazo poderoso e ilimitado. Pasa a analizar, en primeiro lugar, o poemario de Dores Tembrás, do que se gaban as referencias artísticas, escollidas coidadosamente e a súa capacidade para a concisión.

### Referencias varias:

- Ana Abelenda, “Dores Tembrás. ‘O silencio é case un animal con púas’”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Poesía”, 16 maio 2014, p. 11.

Entrevista a Dores Tembrás con motivo da publicación deste novo poemario na que se fala, entre outros temas, da importancia do silencio na súa obra, do poder da palabra e da figura de Alejandra Pizarnik.

- Montse Dopico, “Dores Tembrás. ‘A min non me interesa a liña erótica, senón o que vén antes’”, *Tempos Novos*, n.º 211, “ProTexta”, n.º 06, “ProTagonista”, decembro 2014, pp. 68-69.

Trata temas relacionados co libro, como a presenza do desexo, a palabra e o silencio na obra e o seu diálogo con outras autoras como Eva Veiga ou Olalla Cociña.

**Ulloa García**, José Carlos, *A deusa das margaridas murchas*, pról. Edelmiro Ulloa Rodríguez, ilustr. José María Lugilde, Santiago de Compostela: Meubook, 2014, 78 pp. (ISBN: 978-84-942538-4-3).

Segundo poemario de José Carlos Ulloa García (Lugo, 1967) que contén cincuenta e dous poemas titulados e escritos en verso libre. O libro ábrese cun fragmento do segundo canto do *Cantar dos Cantares* (“Érguete, amada miña, fermosa miña! / e ven onda min! / Xa fuxiu o inverno e / foron pasando as chuvias, / floriñas asoma a campía; / ven o tempo das ruadas, / os arrollos da rula resoan nos nosos campos, / o figueiral ten gromos e as vides / botan flores recedentes! / Érguete, e ven, amada / fermosa miña, ven onda min!”), e unha serie de dedicatorias, unha ao pai e á tía do autor acompañada duna cita de Santo Agostiño (“Os que nos deixaron non están ausentes, senón invisibles...”), e outra “Á miña dona, María: Miña eterna musa, a raíña do amor, a deusa celta, a ‘encumbrada’, o páramo do descanso, a verdadeira camelia do Sor, a serea de Esteiro... e a razón da miña vida!” No prólogo, Edelmiro Ulloa Rodríguez (Taboada, 1933) reflexiona sobre a poesía e a linguaxe poética, o autor do poemario e os temas e figuras tratados nesta obra. A través destes poemas, Ulloa García fai unha revisión do amor e das distintas fases polas que pasa unha persoa na procura deste. A voz poética sofre por “A bela María”, “a encumbrada”, “a deusa celta”, pero tamén pola súa terra: Galicia, concretamente as Rías Altas; desta forma o imaxinario que rodea á natureza cobra moita importancia nos textos, así como o corpo da muller. As ilustracións de José María Lugilde (Lugo, 1943) de figuras femininas en cores cálidas acompañan algúns poemas.

### Referencias varias:

- R. L., “José Carlos Ulloa García presenta hoxe ‘A deusa das margaridas murchas’ en Lugo”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Letras Galegas”, 15 maio 2014, p. 66.

Anúnciase a presentación deste poemario no Colexio Franciscano de Lugo, nun acto no que participarán Antón Reigosa, Juan Manuel Buján e José María Lugilde.

- R. L., “José Carlos Ulloa escribe as súas palabras para María”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 16 maio 2014, p. 56.

Infórmase de que José Carlos Ulloa García presentou en Lugo o seu segundo poemario, *A deusa das margaridas murchas* e destácase que se trata dunha elexía ao amor platónico dedicada á súa esposa.

**Valcárcel**, Xesús Manuel, *Panfleto contra adversos*, Santiago de Compostela: Editorial Bubela, col. Bubela Divulgación, 2014, 67 pp. (ISBN: 978-84-939876-8-8).

Obra de Xesús Manuel Valcárcel (Lugo, 1955), escrita en forma panfletaria, comeza cunha introdución do propio autor onde explica a súa intención, a de “promover unha reflexión e abrir un debate” acerca da institucionalización da cultura, propoñendo como remedio o sentimentalismo. Explica as motivacións que o levan á creación deste “panfleto” e apóiase nas ilustracións feitas por el mesmo. Explica que se trata de poesía crítica e de réplica cun obxectivo claro, a contestación fronte ás industrias literarias, máis pendentes das vendas que do inxenio e a invención, e contra aqueles que promoven o automatismo literario facendo isto posíbel. O autor preséntanse como profeta do sentimentalismo e diríxese a todos aqueles que, “sometidos ao politicamente correcto” apoderáronse das ideas doutros para convertelas en tópicos que funcionasen

no mercado. Explica a teoría do sentimentalismo, movemento que non nace só como oposición a todas estas convencións culturais creadoras do “pensamento colectivo” senón que se concibe como movemento rebelde a prol da creación, do invento e do inxenio, do *stil nuovo* que singulariza as creacións deste autor.

### Recensións:

- Armando Requeixo, “Contra adversos”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, p. 23/ *Diario de Ferrol*, “Nordésia”, n.º 847, p. 32/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 847, p. 33, “letras Atlánticas”, 21 setembro 2014.

Salienta o *stil nuovo* da escrita, o carácter de ideario sentimentalista e o xénero de literatura de escarnio no que se insire este libro de poemas, e finalmente indica os títulos das composicións que conforman a invectiva.

**Veiga, Eva**, *A distancia do tambor*, XIII Premio de Poesía Fiz Vergara Vilariño, Culleredo: Edicións Espiral Maior, col. Poesía, maio 2014, 66 pp. (ISBN: 978-84-92646-82-1). ■

Poemario da xornalista e poeta Eva Veiga (Ombre, Pontedeume, 1961) que tras o paratexto inicial, unha dedicatoria á irmá, se abre con dúas citas como pórtico, de Paul Celan e W. B. Yeats, que inciden na idea do “nada” pechado e da necesidade do “esgazamento”. O poemario consta de corenta e sete poemas ou fragmentos, de verso breve ou moi breve, como vén sendo habitual na poética da autora, de dicción breve e condensada, con querenza polas imaxes naturais (as árbores, os vagalumes, o limo, a chuvia, a pluma de ánade...) e unha sensorialidade precisa, delicada. Entre o primeiro: “Espazo: aínda escura crepitación de tempo” e “na cicatriz/ dunha pinga de auga/ sobrevivir”, o último, flutúan poemas sobre o paso do tempo, a palabra, o “eco” ou a beleza, temas fundamentais do poemario. Por veces, os poemas teñen paratextos iniciais particulares, que subliñan algúns referentes literarios da autora, como “lembrando os paxaros de Horacio Ferrer”, ou algunha das causas coas que colabora, como acontece coa dedicatoria á ONG Implicadas no Desenvolvemento. Así mesmo, un dos poemas máis longos e centrais, dividido á súa vez en partes, está dedicado a unha figura concreta, cineasta e autora (“a Margarita Ledo”, produtora coa que Eva Veiga compartiu varios proxectos), e contén a imaxe que dá título ao poemario.

### Recensións:

- Armando Requeixo, “Crisálida de sal”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, p. 28 / *Diario de Ferrol*, “Nordésia”, n.º 838, p. 32/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 838, p. 32, “letras Atlánticas”, 20 xullo 2014.

Comeza referíndose a outros volumes da poeta como *Paisaxes do baleiro* (1999), *A luz e as súas cicatrices* (2006), *Desconcerto* (2006) ou *A frecha azul do teixo* (2010), para, a seguir, destacar deste novo poemario o tempo en canto liña temática e de ligazón entre os poemas, a cuestión do existencialismo na procura da verdade intrínseca ao ser humano e a memoria e o autorrecoñecemento.

- Vicente Araguas, “O tremor da beleza”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”, p. 26/ *Diario de Ferrol*, “*Nordésia*”, n.º 840, p. 30/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 840, p. 30, “*máis Libros*”, 3 agosto 2014.

Comenta a saída do prelo deste poemario de Eva Veiga e, tras mencionar que foi merecente do XIII Premio de Poesía Fiz Vergara Vilariño, subliña a brevidade das composicións, a presenza dun forte sentimento de dor nos seus versos co que consegue conmocionar os lectores. Tamén se detén no poema intitulado “lembrando os paxaros de Horacio Ferrer”.

- Teresa Seara, “A espiñal urdime das palabras”, *Tempos Novos*, n.º 209, “*ProTexta*”, “*ProPostas*”, n.º 05, outubro 2014, pp. 77-78.

Descríbese este poemario, en que ten lugar un diálogo entre o ser e a materia en estado puro, nos estados de conciencia alterada (soño e meditación), que coinciden coa frecuencia do tambor. Baixo o epígrafe “A linguaxe para facer do poema a biografía” salientase a composición do verso seguindo o ritmo do tambor e o modelado da linguaxe para levar ás palabras até o “*summun*”.

- Antía Marante Arias, “Tras os pousos e as cicatrices”, *Grial*, n.º 204, “O espello das letras”, outubro, novembro e decembro 2014, pp. 87-88.

Aproxímase, nunha recensión conxunta, aos poemarios *Cronoloxía da urxencia* (Espiral Maior, 2014) de Dores Tembrás, XVI Premio de Poesía Concello de Carral, e *A distancia do tambor* (Espiral Maior, 2014), de Eva Veiga, XIII Premio de Poesía Fiz Vergara Vilariño. Comeza por salientar que ambas autoras coinciden na concepción do poético como espazo poderoso e ilimitado. Considera que a obra de Eva Veiga está centrada no diálogo metafísico, e que presenta unha relevante densidade. Conclúe relatando que, a pesar das diferenzas nos poemarios, ambas as dúas autoras coinciden en ver como refuxio a poesía.

- Román Raña, “Esfuerzo de condensación”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 518, “*Libros*”, 6 novembro 2014, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 470, 15 novembro 2014, p. 10.

Despois de referir que mereceu o primeiro galardón do XIII Premio de Poesía Fiz Vergara Vilariño, destaca o sentimento de dor condensado en cada composición, a ruptura coa sintaxe na procura dun afastamento da simplicidade e o ton ascético que agroma na totalidade dos versos.

### **Referencias varias:**

- R. E. / J. C., “A poesía é básicamente ritmo”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, 16 xullo 2014, contracuberta.

Breve entrevista coa poeta gañadora do premio de poesía Fiz Vergara Vilariño na que a poeta confesa que a orixe da obra está na experiencia do recital musical Bus Station Space e da estancia en Bos Aires, mentres participaba na rodaxe do filme *A cicatriz blanca*.

- Xoán A. García López, “Algún día será preamar, para todos”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “La ventana”, 5 agosto 2014, p. 10.

Fai referencia á presentación deste poemario de Eva Veiga no salón de actos do Ateneo Ferrolán.

- J. M. Ramos e S. Souto, “Blanco y Veiga presentan en Cee y Ribeira nuevas obras”, *El Correo Gallego*, “*Tierras de Santiago*”, n.º 1062, 10 outubro 2014, p. 7.

## II. 2. REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSIMILES. TEXTOS RECUPERADOS

**Manuel Antonio**, *Obra completa. Poesía*, introdución Xosé Luís Axeitos, A Coruña: Real Academia Galega / Fundación Barrié, col. Clásicos da Academia, xuño 2014, 274 pp. (ISBN col.: 978-84-9752-062-1, ISBN vol. II: 978-84-9752-111-6). ◆

O segundo volume da obra completa de Manoel Antonio (Rianxo, 1900-1930) recolle toda a produción lírica do poeta, incluídas algunhas composicións inéditas deica hoxe (dúas delas en francés e castelán). A edición e introdución asínaas Xosé Luís Axeitos (Rianxo, 1945), quen xa editara en 1992 outra versión da obra completa da poesía de Manoel Antonio. Na nota introdutoria explícase o proceso de creación e evolución literaria do poeta e amósase, con distintas citas, a obsesión e importancia que Manoel Antonio daba á disposición tipográfica dos seus poemas á hora de publicalos, o que supón para o editor unha “das tarefas filolóxicas e editoriais máis delicadas”. Por outra parte, o acceso aos manuscritos custodiados na Fundación Barrié (no fondo García-Sabell) permitiron valorar o traballo de “pre-texto” ou “antetexto” do citado escritor. Xosé Luís Axeitos repasa brevemente os distintos poemarios a partir dos textos orixinais e a disposición indicada polo poeta e, finalmente, indica os criterios de edición que tiveron como norma a fidelidade e o respecto máis absoluto ao manuscrito, marcando as diferenzas coa edición de García-Sabell de 1972 na cal se acometeran modificacións.

### Recensións:

- Armando Requeixo, “Manuel Antonio de corpo enteiro”, *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, p. 32/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, p. 33, n.º 854, “letras Atlánticas”, 30 novembro 2014.

Recensiona este volume editado por Xosé Luís Axeitos en Clásicos da Academia, colección subvencionada pola RAG en colaboración coa Fundación Barrié. Destaca, así pois, a inclusión neste volume da totalidade da poesía manuelantoniana, édita e inédita, xunto á presenza de paratextos ecdóticos e aclaratorios, fotografías dos poemas orixinais transcritos e unha introdución amplamente informativa. Conclúe coa mención do volume *Poesía galega completa* (1992), editado por Axeitos para Sotelo Blanco Edicións.

**Pernas Nieto**, Daniel, *Fala das musas e outros poemas*, ed. Armando Requeixo, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, col. Láncara de Poesía, 2014, 257 pp. (ISBN: 978-84-453-5164-2). ◆

Reedición do único libro do sacerdote e escritor Daniel Pernas Nieto (Abadín, 1884-Mondoñedo, 1946), *Fala d’as musas* (1936). Principia o volume un amplo estudo introdutorio de Armando Requeixo que aparece dividido en cinco partes: “Apuntamentos biográficos”, “Nótulas poéticas”, “Recepción crítica e actualidade da obra de Pernas Nieto”, “A presente edición” e “Bibliografía seleccionada”.

Posteriormente reproduce o poemario *Fala d'as musas* tal como foi publicado no nadal de 1936 co prólogo de Álvaro Cunqueiro. O libro orixinalmente era unha escolma de vinte e seis composicións costumistas e relixiosas. A seguir, baixo o nome de “Outros poemas”, presenta un conxunto de poesías que Pernas Nieto publicou na prensa. Por último, pecha o volume un apéndice onde se insiren recensións, notas e poemas que suscitou a obra. Destacan tres bloques temáticos: o relixioso, fundamentalmente mariano; o paisaxístico e descritivo que mostra a influencia de Noriega Varela; e o social con críticas á emigración e ao caciquismo. Cada unha das composicións que se recollen no volume conta con información a pé de páxina sobre as reproducións ou versións correspondentes.

**Reimóndez, María**, *Moda galega reloaded (ou a crise do capital)*, Santiago de Compostela: Edicións Positivas, col. Di-versos, xaneiro 2014, 64 pp. (ISBN: 978-84-941204-6-6).

Revisión e actualización á normativa do galego vixente a partir de 2003 do poemario *Moda galega*, da escritora e tradutora María Reimóndez Meilán (Lugo, 1975), xa descrito no *Informe 2002*. O único cambio salientábel é a estrutura do mesmo, desta vez, catro partes intituladas “Moda vintage (o regreso)”, “Volve o retro”, “Minisaias e complementos” e “A pel espida”.

## II. 3. TRADUCIÓNS OU VERSIÓNS

**Alighieri**, Dante, *A divina comedia*, (*Divina commedia*), trad. Darío Xohán Cabana, Lugo: Edicións da Curuxa, col. A nosa voz entenden, n.º 3, 29 setembro 2014, 757 pp. (ISBN: 978-84-938556-3-5).

Nova versión bilingüe (italiano-galego) desta obra clásica da literatura universal traducida por Darío Xohán Cabana (Cospeito, 1952), que mellora e amplía a que el mesmo fixera en 1990 (publicada pola Xunta de Galicia) e pola cal recibira a Medalla de Ouro da cidade de Florencia. A obra comeza cun limiar que inclúe datos sobre a vida de Dante, a súa obra e esta nova tradución. O tradutor explica que este traballo é o resultado de tres anos de dedicación e que o resultado foi unha nova versión que renova case sete mil versos con respecto á edición de 1990. Por outra parte, o texto seguido foi o fixado por Giorgio Petrocchi publicado pola *Società Dantesca Italiana* entre 1966 e 1967. Ao final do libro inclúese un vocabulario con palabras non recollidas na versión dixital do dicionario da Real Academia Galega. En canto á edición crítica da obra hai que destacar as abundantes anotacións realizadas que nos axudan a comprender mellor os matices e as intencións de Dante.

### **Recensións:**

- Anxo Angueira, “*A divina comedia* de Dante Alighieri. Tradución de Darío Xohán Cabana”, *A Trabe de Ouro*, n.º 100, “Publicacións”, outubro, novembro e decembro 2014, pp. 523-527.

Compara esta edición coa versión anterior, feita polo mesmo tradutor en 1990 e salienta que presenta unha mellora, pois mantén maior fidelidade no ritmo e está corrixida e perfeccionada. Indica, tamén, que o texto conta cunha edición crítica.

### **Referencias varias:**

- Lourdes Varela, “Darío Xohán Cabana. ‘Mudan os tempos e as vontades, pero *A Divina Comedia* segue viva”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 521, 27 novembro 2014, p. V/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 473, 6 decembro 2014, p. 11, “Entrevista”.

Conversa con Darío Xohán Cabana co gallo da saída ao prelo da súa tradución ao galego d’*A Divina Comedia*, de Dante Alighieri.

- Jaureguizar, “Cabana: ‘Dante empezou ‘*A divina comedia*’ coma un axuste de contas”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Literatura”, 12 decembro 2014, p. 59.

Anuncia a presentación desta tradución no Museo Interactivo de Lugo e explica que é unha revisión dunha versión anterior realizada en 1990 pola que o Concello de Florencia lle outorgara a Medalla de Ouro. Destaca algunhas das palabras de Xohán Cabana sobre a vida de Dante e indica que, xunto coa presentación, se levou a cabo unha sesión dos Bocatas Literarios co escritor Antonio Reigosa e a ilustradora Noemí López.



- R. Nicolás, “Dante volve falar en galego”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Galego”, 26 decembro 2014, p. 11.

Describe a obra como un dos “monumentos literarios” da historia e convida a ler esta tradución en galego, resultado de tres anos de traballo por parte de Darío Xohán Cabana.

**Burns**, Robert, *Unha rosa encarnada (Red, red rose)*, trad. Raúl Gómez Pato, Santiago de Compostela: Edicións Positivas, 2014, 104 pp. (ISBN: 978-84-941204-4-2).

Recompilación de vinte e nove poemas de Robert Burns (Escocia, 1759-1796) en edición bilingüe galego-inglés. Ábrese cun prólogo de Raúl Gómez Pato, quen di que Robert Burns é o mellor poeta escocés e tamén un dos máis recoñecidos a nivel universal; tamén dá conta da influencia da súa obra en diversos eidos como o cinematográfico ou o musical. Asemade, explica que esta antoloxía “é o froito dunha amizade” entre el a poesía de Burns. O volume péchase cun apartado denominado “Breve mota biográfica de Robert Burns”, no que se ofrece unha breve biografía do poeta, e “Notas”, no que se aporta información sobre todos os poemas incluídos.

#### **Recensións:**

- Román Raña, “Rosas de Escocia”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 511, “Libros”, 18 setembro 2014, p. VI/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 463, “Letras galegas”, 27 setembro 2014, p. 10.

Trae á memoria un dos poemarios de Robert Burns co gallo da súa tradución ao galego por parte de Raúl Gómez Pato. Enxalza dunha banda o labor do tradutor e os apuntamentos aclaratorios e contextualizadores e, doutra, a sinxeleza compositiva e as composicións intituladas “The Tear-Drop”, “John Anderson, meu amigo” ou o epigrama cómico “Tam O’Shanter”.

**Sarrionandia**, Joseba, *Tempo de exilio*, trad. Isaac Xubín, ilustr. Suso Basterrechea, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Tambo, novembro 2014, 264 pp. (ISBN: 978-84-15250-78-4).

Esta escolma da obra do vasco Joseba Sarrionandia (Biscaia, 1958) recolle poemas da súa autoría nunha edición bilingüe- vasco e galego-, agás os poemas “Propostas para a definición do exilio” (pp. 66-67) e “Mensagem ao Bernardo Atxaga (p. 126)”, que foron escritos directamente en portugués. O poemario divídese en dez bloques: “Fillos da madrugada” (pp. 7-17), “Hnuy illa nyha majah yahoo” (pp. 18-55), “O mundo é largo e alleo” (pp. 56-105), “Os nosos devanceiros e os fillos dos fillos dos fillos dos fillos” (pp. 106-126), “Nós mariñeiros” (pp. 127-147), “Mercado negro” (pp. 148-181), “Monógamos imprefectos” (pp. 182- 193), “Celas que non quedaron baleiras” (pp. 194-213), “Mortos” (214-225) e “Cancións imaxinarias” (226-253). Cada capítulo presenta un paratexto cunha cita relacionada co título do mesmo. A temática da obra é a lembranza constante da terra, o sentimento e a morte pola patria, o exilio e a liberdade.

**Recensións:**

- Román Raña, “Poesía prófuga”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 521, “Libros”, 27 novembro 2014, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 473, “Letras galegas”, 6 decembro 2014, p. 10.

Dá conta da saída do prelo desta antoloxía poética de Joseba Sarrionandia. Indica primeiramente o status de prófugo da xustiza do poeta, para despois comentar as liñas temáticas que conforman o volume e salientar as composicións intituladas “Os mortos somos xente solitaria” e “Aldamioak”.

## II. 4. ANTOLOXÍAS

**Aguirre**, Aurelio, *Recuerdos de agosto: Obra poética (1850-1858)*, introdución e notas Olivia Rodríguez González, Santiago de Compostela: Consorcio de Santiago/ Alvarellos Editora, col. Rescate, n.º 18, xaneiro 2014, 459 pp. (ISBN: 978-84-89323-55-1). ■

Presenta, ademais dunha introdución e notas de Olivia Rodríguez González e da propia obra, en castelán, de Aurelio Aguirre (Santiago de Compostela, 1833-Coruña, 1858), un prólogo de Xurxo Martínez González (Vigo, 1984) onde se fai un repaso biográfico da traxectoria do autor compostelán incidindo en tres aspectos que o crítico considera relevantes: a súa formación nos círculos progresistas e galeguista da súa cidade natal, a súa vinculación con Vigo como cidade onde coñeceu o amor e a súa morte accidental na praia de San Amaro na Coruña.

### Recensións:

- Armando Requeixo, “O caso Aguirre”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 497, “Libros”, 24 abril 2014, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 450, “Letras galegas”, 26 abril 2014, p. 10

Coméntase que a publicación de *Recuerdos de agosto. Obra poética, 1850-1858* xurdiu para reparar o esquecemento da figura de Aurelio Aguirre tras a súa morte e sinálase que o volume recolle toda a produción poética coñecida do autor, con máis de oitenta poemas inéditos, o que fai del unha obra de referencia. Saliéntase o estudo introdutorio de Xurxo Martínez González, eloxiando a súa pulcritude documental, e dise que a edición destaca “polo coidado da súa materialidade.”

- Vicente Araguas, “Aurelio Aguirre Galarraga”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Agora xa foi”, 8 xuño 2014, p. 43.

Logo dun comentario sobre o nacemento, a morte e a vida amorosa de Aurelio Aguirre, elóxiase o prólogo a este volume de Xurxo Matínez e valórase positivamente a introdución de Olivia Rodríguez. A continuación, fálase da obra de Aguirre, sinalando que se trata dunha “poesía romántiquísima” e “esaxerada” que converte o poeta nun autor notábel, aínda que sen chegar ao nivel de Espronceda.

### Referencias varias:

- Ana Iglesias, “Los poemas inéditos del ‘Espronceda gallego’”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 23 febreiro 2014, p. 27.

Dáse noticia da publicación deste volume que recolle a obra do poeta Aurelio Aguirre, e anúnciase a súa presentación na Fundación Torrente Ballester. Sinálase que o libro contén poemas inéditos.

- M. A., “80 inéditos na obra definitiva do poeta Aurelio Aguirre que se presenta o martes en Compostela”, *El Correo Gallego*, “Tendencias/Esquelas”, 24 febreiro 2014, p. 44.

Anúnciase a presentación desta antoloxía poética de Aurelio Aguirre na Fundación Torrente Ballester, lugar onde naceu o autor e onde se vai colocar unha placa conmemorativa.

- ECG, “Placa conmemorativa y libro sobre Aurelio Aguirre”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 25 febreiro 2014, p. 24.

Dáse conta da presentación desta antoloxía poética de Aurelio Aguirre na Fundación Torrente Ballester de Santiago de Compostela, lugar no que naceu e no que se descubrirá unha placa en lembranza do autor, que alí naceu.

- Ana Iglesias, “Una placa y un libro sobre Aurelio Aguirre”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 26 febreiro 2014, p. 29.

Dáse conta da homenaxe rendida en Compostela ao poeta Aurelio Aguirre na que tivo lugar a presentación desta obra que recolle as composicións do autor, e a descuberta dunha placa conmemorativa na súa casa natal.

- Mar Mato, “Un libro pone fin a más de 100 años de la leyenda suicida del autor Aurelio Aguirre”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 26 febreiro 2014, p. 37.

Fálase da presentación en Compostela deste volume que reúne a produción poética completa de Aurelio Aguirre. Destácase que no acto Olivia Rodríguez, autora da edición crítica, desautorizou a lenda do suicidio do autor.

- P. Calveiro, “Completan el ‘Brindis’ de Aguirre en un libro póstumo”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 26 febreiro 2014, p. 39.

Dáse noticia da presentación desta obra que recolle a produción poética de Aurelio Aguirre descuberta até o momento, entre a que se atopan un gran número de poemas inéditos e unha versión íntegra de “Brindis”.

- Lourdes Varela, “Olivia Rodríguez González. ‘Foi a Pardo Bazán quen alimentou a lenda suicida de Aurelio Aguirre’”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 492, 13 marzo 2014, p. V/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 445, 15 marzo 2014, p. 11, “Entrevista”.

Con motivo da publicación desta antoloxía, fáiselle unha entrevista a Olivia Rodríguez González, autora da edición crítica, na que se fala, entre outras cousas, dos motivos que levaron ao esquecemento da figura de Aguirre, das relacións que mantiña o poeta con Rosalía de Castro e Manuel Murguía e da tese do suicidio como motivo da súa morte.

- Marta Castro, “El escenario del banquete de Conxo, en un abandono total”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 18 marzo 2014, p. 25.

Coméntase que durante a preparación desta obra se fixo un traballo de campo visitando os lugares vinculados a Aurelio Aguirre, entre eles o escenario do Banquete de Conxo.

- M. Mato, “Ferrín arropa un libro con los poemas de Aurelio Aguirre sin censura ni manipulación”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 20 marzo 2014, p. 41.

Dáse noticia da presentación en Vigo deste volume, salientando o traballo de edición realizado por Olivia Rodríguez para ofrecer os poemas, a maioría deles inéditos, tal e como foron escritos polo seu autor. Destácase a asistencia ao acto de Méndez Ferrín.

- P. C., “Xurxo Martínez González. ‘O discurso do Banquete de Conxo segue vixente nun tempo de recortes’”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “A pie de calle”, 22 marzo 2014, contracuberta.

Anúnciase a celebración dun acto para conmemorar o Banquete de Conxo no que participará Xurxo Martínez González, autor do estudo histórico deste volume. Destácase que Martínez defende a vixencia do discurso do Banquete de Conxo na actualidade.

- L. T., “La ‘obra definitiva’ de Aurelio Aguirre saca a la luz ochenta poemas inéditos”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 9 abril 2014, p. 15.

Infórmase da presentación na Librería Arenas da Coruña desta edición crítica da obra de Aurelio Aguirre, na que se inclúen oitenta poemas inéditos. Sinálase que no acto Xesús Alonso Montero destacou a influencia que Rosalía de Castro exerceu sobre o autor.

**André**, Eloy Luis, *Poesía galega*, ed. estudo e notas César Camoira, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, col. Láncara de Poesía, 2014, 257 pp. (ISBN: 978-84-453-5131-4). ◆

Esta edición da poesía galega do filósofo e escritor Eloy Luis André (Mourazos-Verín, 1876-Madrid, 1935), elaborada por César Camoira Vega, está xebrada en sete bloques. No primeiro “Perfil bio-bibliográfico” realízase unha demorada sinopse biobibliográfica sobre Eloy Luis André para nos dous seguintes centrarse na súa obra en prosa (producción ensaística en libro, traducións de obras científicas e mais produción en prensa e en revistas) e nomeadamente na súa obra poética. Este bloque, “Obra poética galega”, presenta unha pormenorizada análise lingüística dos seus poemas (análise lingüística e pautas literarias) mentres que no cuarto bloque se detén nos “Criterios de edición”. O quinto bloque é unha detallada “Bibliografía” e no sexto, “Poesía galega”, compílanse trinta poemas de Eloy Luís André distribuídos en dúas grandes epígrafes: unha na que se recollen os textos datados (de 1910 até 1930) e outra dos que se carece de referencia cronolóxica. Como peche temos o sétimo bloque “Prosa varia” no que se reproducen cinco artigos en prosa de diversa temática (debate político do federalismo, educación, literatura, etc.) cos que nos podemos achegar ao pensamento de Eloy Luis André.

**Añón**, Nicolasa, *Poesías de Nicolasa Añón*, ed. e est. Ramón Blanco, Outes: Asociación Cívico-Cultural Terra de Outes, 29 maio 2014, 134 pp. (DL: C 951-2014).

Volume editado por Ramón Blanco Fernández (Outes, 1979), especialista no poeta da Serra de Outes Francisco Añón e de quen ten editado a súa obra poética. Desta volta o autor realiza unha edición e un estudo dos poemas de Nicolasa Añón (catro en castelán e dous en galego) a partir dun manuscrito copiado por Jacobo Lema Fernández en 1885. O libro ábrese coa dedicatoria “Á memoria de Francisco Martelo Blanco, Pitolán, verdadeiro autor deste libro”, quen viña a ser a persoa que conservou esta copia ao longo dos anos e que decidiu cederlla a Ramón Blanco para realizar a presente edición. Deseguido inclúese un prefacio, onde se relata o descubrimento e cesión dos poemas de Nicolasa Añón, e unha páxina de agradecementos. O volume estrutúrase en varios capítulos en que se trata a figura de autora, a súa obra, os criterios de edicións e a reprodución dos textos líricos. Pecha o libro un posfácio asinada polo propio editor e no que realiza unha sentida homenaxe a Pitolán. O estudo introdutorio achega distintos datos da vida de Nicolasa Añón e as primeiras referencias sobre o coñecemento da súa poesía, que define a partir dunha cita de Carvalho Calero como “poesía popular asinada” e que caracteriza por estar destinada a ser memorizada e non escrita. Por outra parte Ramón Blanco destaca o papel desempeñado polas mulleres na tradición da lírica e da lingua galegas. A edición dos poemas está acompañada por unha reprodución facsímile do manuscrito e o editor apenas intervéñ sobre o texto agás en casos de corrección da acentuación, uso do h ou confusión b/v. No apéndice acompaña un poema de Nicolasa editado por Lisardo Barreiro en 1890 e outro que supostamente está dedicado ao seu irmán Francisco Añón. No peche da obra atopamos a bibliografía e a cita dos arquivos consultados.

### **Recensións:**

- Xurxo Martínez González, “Nicolasa Añón, a poeta labrega”, *Grial*, n.º 203, “O espello das letras”, xullo, agosto e setembro 2014, pp. 78-79.

Explica que nesta obra se recollen os poemas de Nicolasa Añón, irmán de Francisco Añón. Describe o volume, cuxo material parte dun manuscrito apógrafo de 1885 e conta con catro textos en castelán e dous en galego, o que precipita a reflexión sobre a posíbel intervención da autora no manuscrito. Salienta o carácter popular da súa produción, marcada pola oralidade, así como a súa influencia no achegamento á poesía do seu irmán.

### **Referencias varias:**

- S. Souto, “Presentan las ‘Poesías de Nicolasa Añón’”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 938, 6 xuño 2014, p. 6.

Dáse noticia da presentación desta obra na casa da cultura de Ordes, acto no que interviu o editor da mesma, Ramón Blanco, quen explicou a forma en que o manuscrito chegou ás súas mans.

- Patricia Pernas, “Sale a la luz Nicolasa, la poeta campesina anónima y hermana de Francisco Añón”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 7 xuño 2014, p. 57.

Fálase da publicación de *Poesías de Nicolasa Añón* e dun estudo do escritor Ramón Blanco que recolle os poemas até agora descoñecidos desta autora. Destácase que a poeta era unha campesiña case analfabeta que contou coa axuda dun escribán.

- Xesús Alonso Montero, “Nicolasa Añón, fistora”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Galego”, “Beatus qui legit”, 18 xullo 2014, p. 20.

Fala de Nicolasa Añón, irmá do poeta Francisco Añón -precursor do Rexurdimento- co gallo da publicación da edición dun corpus poético inédito da fistora de Boel. Coméntase que se trata dun manuscrito constituído por cinco cadernos cosidos á man que conteñen cento oitenta e unha coplas, vintenoventa das cales están en galego e son de temática relixiosa.

**Castaño**, Yolanda (coord.), *Eno mar cabe quant'i quer caber*, trad. e limiar Isaac Xubín, Pontevedra: Deputación de Pontevedra, col. Cíes, 2014, 136 pp. (ISBN: 978-84-8457-425-5). ◆

Recompilación de poemas dos escritores que participan no II Obradoiro Internacional de Tradución Poética en San Simón, coordinado por Yolanda Castaño (Santiago de Compostela, 1977) e desenvolto en 2013. O título da obra lembra un verso do trovador Paio Gómez Chariño. Principia o volume cun limiar de Isaac Xubín (A Coruña, 1978) precedido dunha dedicatoria: “A don José Lage Radío, que me ensinou Cartago dende o cumio do Medulio”, en que comenta vivencias e experiencias propias relacionadas co mundo da tradución. A seguir, recóllense as composicións de cada un dos autores por esta orde: Gökçenur (Istambul, 1971), Samira Negrouche (Alxer, 1980), Xuan Bello (Paniceiros, 1965), Kätlin Kaldmaa (Estonia, 1970), Lawrence Schimel (Nova York, 1971) e Anna T. Szabó (Kolozsvár, 1972). O libro presenta a versión orixinal dos poemas e a correspondente tradución galega realizada por Isaac Xubín, que, ademais, inclúe cinco composicións da súa propia autoría. Pechan o volume as biobibliografías de cada poeta.

**Martelo Paumán**, Evaristo, *Antoloxía poética*, A Trabe- Ponteceso: Plan B Editora, col. Clásica, marzo 2014, 91 pp. (ISBN: 978-84-938795-5-6).

Iníciase este volume cunha “Introdución”, en que se comentan os trazos máis característicos de Evaristo Martelo y Paumán del Nero (A Coruña, 1853-1928), que era marqués de Almeiras e vizconde de Andeiro. Sinala que foi membro activo nas tertulias da Cova Céltica e a súa afinidade co rexionalismo, carlismo e catolicismo. Ademais ponse de manifesto que a súa poesía transcorre nun mundo idílico (o medieval) e indica o seu desprezo cara aos dialectalismos e ruralismos así como aos autores que non utilizan un rexistro literario culto. A seguir, figura un apartado titulado “Obra literaria en lingua galega”, en que se recollen os títulos publicados, e un compendio que inclúe os seguintes poemas: “A misión dos bardos”, “A Galicia”, “Un sono”, “Follas mortas”, “Encantos”, “Rentar de Castromil”, “San Xosé de Rianxiño”, “Entre os Penedos de Traba”, “Desterrado”, “Na terra donde nacimos”, “Adiós nena, a Cádiz vou”, “Din que a toupá polo rabo”, “Os foros”, “Á Coruña”, “Himno militar gallego”, “A sombra de Normando”, “Lembranza”, “As Torres de Vimianzo”, “A Andeiro”, “Alentos”, “Hei ti! Poeta de Anllóns”, “Os que en vez de arrecender”, “Os afillados do Demo (I)”, “Os

afillados do Demo (III)”, “Precursores” e “A Rosalía”.

**VV. AA.**, *IV, V e VI Edición dos premios do Certame Literario Terras de Chamoso*, Lugo: Ed. Asociación Cultural Arumes do Corgo, xullo 2014, 196 pp. (ISBN: 978-84-694-1450-7). ■

Recompilación dos traballos gañadores da cuarta (2010), quinta (2011) e sexta (2012) edicións do Certame Literario Terras de Chamoso. Principia o volume cun limiar asinado pola Xunta Directiva da Asociación Cultural Arumes do Corgo sobre a orixe e desenvolvemento do proxecto. Ademais, dentro do devandito limiar, inclúe os agradecementos a varias entidades colaboradoras. A seguir, presenta as composicións literarias gañadoras das tres categorías (infantil, xuvenil e adultos) e das dúas modalidades (poesía e relato), precedidas da correspondente acta coa resolución do xurado. A continuación, recolle seis composicións que dun xeito opcional foron doadas polos membros do xurado dalgunhas edicións do certame. Pecha a obra un índice cos títulos de cada sección.

#### **Recensións:**

- Armando Requeixo, “Arumes literarios”, *Diario de Ferrol*, “*Nordesia*”, p. 32/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, p. 33, n.º 848, “*letras Atlánticas*”, 28 setembro 2014.

Trae á memoria este volume de autoría colectiva, indicando en primeiro lugar o feito de que se trata dunha recompilación das composicións premiadas nas IV, V e VI (2010, 2011 e 2012) edicións do certame literario convocado pola Asociación Cultural Arumes do Corgo en Lugo. Sinala a seguir algúns dos traballos que conforman esta compilación segundo a edición na que resultaron premiados, describindo brevemente os seus fíos argumentais.

**VV. AA.**, *Alén do silencio*, Lalín: Abooks, 155 pp. (ISBN: 978-84-15045-41-0). ◆

Volume colectivo que reúne cen poemas de cen autores con diversas orixe (Portugal, Brasil, Alemaña, Porto Rico, España e, sobre todo, Galicia). A orixe deste libro está no proxecto iniciado por José Estévez e que contou coa colaboración de Desperta Doteusono, Irene Fernández e Eva Xanín. Esta colección lírica comeza con dúas citas de Rosalía de Castro e de Luís Pimentel. Deseguido veñen unhas palabras de José Estévez que explica a xénese do proxecto e os pasos dados para convertelo nunha realidade. Entre os distintos poetas podemos destacar os nomes de Anxo Angueira, Cesáreo Sánchez, Yolanda López, Rosalía Fernández Rial, Luz Darriba ou Ramiro Vidal Alvarinho.

#### **Referencias varias:**

- Cristina Botrán, “La poesía no entiende de barreras”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 981, 10 xullo 2014, p. 5.



Comenta a presentación deste volume de poesía de autoría colectiva, *Alén do Silencio*, en A Matanza, en Padrón. Salienta a composición intitulada “Se por Herbón falase o Ulla...”, de Marcelino Romero, musicada por Narci Rodríguez e interpretada por Iolanda Eiras.

- C. B., “Alén do silencio’ recopila versos de 144 poetas de medio mundo, 4 de ellos de la comarca del Sar”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 981, 20 xullo 2014, p. 5.

Anúnciase a presentación na Casa Museo de A Matanza deste poemario colectivo coordinado por Xosé Estévez. Coméntase que o volume recolle textos de cento corenta e catro autores e que está amadriñado por Andrea Lapique, filla de Andrés do Barro.

- Mar Toledo, “Andrea Lapique. ‘É moi fermoso volver ós rincóns de Padrón polo que fixo meu pai””, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 984, 23 xullo 2014, p. 11.

Dáse noticia do acto de presentación desta antoloxía no café cultural Airiños, en Padrón, e sinala a presenza da filla de Andrés do Barro, Andrea Lapique, como madriña do evento.

- Mar Toledo, “A poesía mestúrase coa música no recital ‘Alén do silencio””, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 985, 24 xullo 2014, p. 7.

Informa da presentación en Padrón deste volume de autoría colectiva *Alén do silencio* (2014), coordinado por José Estevez e subliña a presenza de Andrea Lapique como madriña do acto, a intervención de dezoito dos autores e autoras do volume e a música de As Maianas.

- Nacho Domínguez, “Cousas de Padrón”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 998, “Desde Padrón”, 6 agosto 2014, p. 3.

Entre outras cuestións relacionadas con conmemoracións e homenaxes a Rosalía de Castro ou Camilo José Cela, fálase da presentación desta obra.

**VV. AA.**, *De Cantares Hoxe. Os Cantares Gallegos de Rosalía de Castro no século XXI*, A Coruña: Fundación Rosalía de Castro / Radio Galega, 2014, 104 pp. (ISBN: 978-84-9812-257-2). ◆

Libro-disco homenaxe a Rosalía de Castro que nace como resultado da iniciativa promovida polo programa *Diario Cultural* da Radio Galega e coa colaboración da Fundación Rosalía de Castro. O volume comeza con dous textos a modo de presentación: un de Anxo Angueira, presidente da Fundación Rosalía de Castro e outro de Ana Romaní, Anxo Quintela e Xiana Arias da Radio Galega. A continuación, presenta un conxunto de composicións inéditas elaboradas por trinta e seis coñecidos autores galegos coma María Xosé Queizán, Luz Pozo Garza, Claudio Rodríguez Fer e Xosé María Álvarez Cáccamo. Os poetas toman como punto de partida un determinado poema de *Cantares gallegos* para dialogar con el dende a actualidade. As composicións que conforman esta antoloxía teñen temática e estrutura variábel. O CD contén as emisións radiofónicas realizadas no *Diario Cultural* no ano 2013 que inclúe a lectura

das composicións na voz dos seus autores e a lectura do poema de Rosalía de Castro co que se conecta cada texto. Pecha o volume un índice dos poetas que colaboran no proxecto.

### Referencias varias:

- Mar Mato, “Preto de 40 poetas experimentan cos versos de Rosalía”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 21 febreiro 2014, p. 45.

Entre outras actividades relacionadas co sesquicentenario da publicación de *Cantares gallegos*, alude á presentación na Casa da Matanza, sede da Fundación Rosalía de Castro, deste audiolibro que conta coa colaboración da Radio Galega.

- Uxía López e X. F., “Os escritores propoñen que o 24 de febreiro sexa o día de Rosalía”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 24 febreiro 2014, p. 26.

Alude aos actos da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG), co gallo da celebración do aniversario de Rosalía de Castro, nos cales demandaron a institucionalización da data. Asemade fai referencia á publicación deste libro-CD e á súa presentación na Casa-da Matanza.

**VV. AA.**, *Un feixe de poesía na porta*, Lugo: Porta Verde do Sétimo Andar, col. Q de Vián Cadernos, nº 17, 2014, 63 pp. (ISBN: 978-84-15164876).

Breve obra de poesía colectiva que reúne a doce poetas noveis do panorama galego contemporáneo tales como Natalia Alonso, Inma Alonso, Lupe Bao, Cristina Corral, María Seoane, José Estévez, María José Fernández, Naír G. Abelleira, Ramón González, Xosé Iglesias, Toño Núñez e Lois Pérez. Son poemas sinxelos e breves nos que se aprecian as preocupacións e as temáticas destes novos poetas galegos, que a par de innovar, tamén reteñen os contidos e as orientacións da poesía tradicional.

### **III. TEATRO**

#### **III. 1. DRAMATURGOS GALEGOS**

**Godón**, Fran, *Diante do espello*, VIII Premio Abrente de Textos Teatrais, pról. Noelia Iglesias Iglesias, Ourense: Difusora de Letras, col. Teatro, n.º 7, febreiro 2014, 62 pp. (ISBN: 978-84-92958-22-1).

Peza teatral da autoría de Fran Godón (A Pobra do Caramiñal, 1978) que comeza cun prólogo de Noelia Iglesias Iglesias no que, ademais de presentar o autor e a súa traxectoria teatral, aborda elementos descritivos que axudan á comprensión e á interpretación da obra. Co apoio de dous personaxes, Ruth e Sarah, Fran Godón fai unha viaxe á faceta máis humana destas mulleres, ambas actrices. Servíndose do espello como elemento protagonista que funciona como cuarta parede, sitúa as intérpretes no mesmo espazo, a habitación dun hotel da capital na noite antes dunha proba para unha obra moi importante, no caso dunha delas; e, no caso doutra, na véspera da estrea dunha peza. Segundo se avanza na lectura do texto, obsérvase como as vidas destas mulleres, de personalidades tan dispares e confrontadas, comezan a entrelazarse. A través dos soliloquios, pódese percibir tamén a evolución das personaxes en escea, o que contribúe a dotar a peza dun matiz máis terreal, co plantexamento de temas de actualidade como poden ser o amor, o éxito ou a morte.

#### **Recensións:**

- Manuel F. Vieites, “Da historia, da memoria, da lingua”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 509, “Teatro”, 4 setembro 2014, p. VIII.

Indica que é unha peza en tres cadros, dos que o segundo é o central. Refírese ao argumento da obra, centrándose brevemente nos monólogos e diálogos das actrices principais, e destácase que o fin da obra é unha reflexión sobre a profesión teatral. Ademais, dáse conta do prólogo, realizado por Noelia Iglesias Iglesias, no que mostra “algunhas cuestións interesantes en relación ao autor, coa súa pericia teatral e cos seus procesos de traballo”.

#### **Referencias varias:**

- Marta Meira, “Unha nova ‘Xeración Abrente’”, *La Región*, “Verano”, 24 xullo 2014, p. 20.

Dáse conta da presentación deste libro, gañador do Premio Abrente de Textos Teatrais 2013 *Diante do espello*, de Fran Godón, e anunciouse que o Premio Abrente de Textos Teatrais 2014 recaerá en *Steet Art Symphony* do ourensán Fernando Epelde.

**Pexegueiro**, Alfonso, *Lapsus. A comedia de existir*, intro. David Souto Alcalde, ilustr. Carlos Crego, Rianxo: Axóuxere, col. Calíope, 2014, 121 pp. (ISBN: 978-84-941379-4-5).

Traxicomedia de Alfonso Pexegueiro (Angoares, 1948) apegada á estética do absurdo. O libro ábrese cunha introdución de David Souto Alcade, na que se comenta a temática e estética da obra. A continuación preséntase o texto dramático que se inicia con dúas citas, unha de Ingeborg Bachmann (“A utopía debe entenderse como a posibilidade de pensar o novo. / A lingua e a literatura poden crear un mundo novo.”) e outra de Jean-Michel Deveau en *Femmes Esclaves. D’hier à aujourd’hui* (“Unha muller colono dirxíase á súa plantación en barca en compañía / dunha escrava que estaba aleitando ao seu bebé. O neno berraba tan sen / parar que a ama colleuno polo seu braciño, tívoo baixo a auga até que afo- / gou, e deseguido abandonouno á corrente. Axiña, a nai mergullouse para / se afogar con el, mais os remeiros fixérona subir de novo á barca. / Ao chegar recibiu unha azouta por ter estado a piques de causar un / prexuízo financeiro á súa ama.”). A peza está dedicada a Denis, “á memoria de Alice Miller” e á infancia. Ron (un executivo), Lapo (un vagabundo) e o seu boneco Cuco son os protagonistas dunha historia sobre a nenez: dous irmáns que xogan a ser parella e ter un fillo, paralelamente deixan ver parte da súa historia real e reflexionan sobre a existencia e a violencia simbólica que se exerce sobre o mundo infantil. O texto acompáñase de ilustracións de Carlos Crego, unhas pinceladas grosas en negro debuxan as siluetas de distintos personaxes da peza. No libro inclúese tamén un apartado titulado “As cartas”, no que se inxire correspondencia entre o autor e David Souto Alcalde sobre a temática, a estética e o título da obra. O libro péchase cun poema escénico: “Días lentos. Hikikomori”, escrito para a obra de Carolina Fernández Fraga *Arquitecturas interiores*; dedicado “Á memoria de Belit Silim” e precedido dunha cita de Jean-Michel Deveau (“Nunha especie de acta notarial, gravada en arxila, Nabushulmlishir / rexistra de forma oficial os seus dereitos sobre Belit Silim, á cal acaba de / mercar. Anota escrupulosamente que fixo gravar o seu nome con ferro / candente na man da moza... A marca posúe tamén valor de símbolo. / Recórdalle a Belit que ata o día da súa morte os que a rodean a condenan á infrahumanidade”); acompáñase tamén dunha fotografía da representación do poema.

### III. 2. REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSIMILES. TEXTOS RECUPERADOS

**Casas**, Álvaro de las, *Rechouchío*, Noia: Editorial Toxosoutos, col. Serie Esmorga, 2014, 79 pp. (ISBN: 978-84-942224-2-9). ■

Reedición facsímile desta peza dramática, asinada por Álvaro de las Casas (Ourense, 1901- Barcelona, 1950), publicada en 1936 no obradorio de Ánxel Casal e que inclúe dous capítulos introdutorios. O primeiro deles é unha breve “Cronoloxía bio-bibliográfica” que recolle os sucesos máis destacados da vida do autor como a súa función no eido cultural e político. O segundo, que leva por título “Rechouchio. *Álvaro de las Casas*. Intrahistoria de dúas edicións”, é un estudo de Xavier Castro onde narra os procesos da primeira edición, que foi editada por Ánxel Casal en Compostela poucos meses antes da Guerra Civil; e da segunda edición realizada en Bos Aires polo selo Emecé no ano 1939. Salienta que a gran diferenza entre as dúas edicións é que na de 1939 o texto aparece dividido en cinco escenas fronte a unha única escena na súa primeira versión. Deseguido, Castro comenta e analiza con brevidade cada unha das cinco escenas que compoñen a peza. O argumento, que se expresa por medio dun canto coral feminino, xira ao redor dunha historia de amor (Novelúa e Ronsel) que se desenvolve en espazos barroquizantes e con personaxes singulares (fadas, ronseis, labregos ou mariñeiros). É de salientar a pegada ou influencia da tradición da lírica medieval galega.

#### Referencias varias:

- M. Gil, “El Virxe do Mar reedita el volume ‘Rechouchíos’ de Álvaro de las Casas”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.067, 16 outubro 2014, p. 7.

Comenta vindeira presentación do volume de Álvaro de las Casas por iniciativas do IES Virxe do Mar.

- M. G., “El Virxe do Mar presenta ‘Rechouchío’”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.070, 18 outubro 2014, p. 6.

Explica que o director do IES Virxe do Mar, Xavier Castro, presentou esta edición facsímile.

**Rodríguez de Vicente**, José, *Os contos do Joselín. Primeiros documentos sonoros do teatro galego (1929-1954)*, estudo e edición de Laura Tato Fontaíña, pról. Valentín Paz Andrade, Santiago de Compostela: aCentral folque, 2014, 109 pp. (ISBN: 978-84-940598-3-4). ◆

Volume no que se recolle a obra en lingua galega de José Rodríguez de Vicente (Vigo, 1895-Bos Aires, 1958), que se abre cun breve prólogo de Valentín Paz Andrade, datado en 1972, no que evoca a figura deste autor vigués salientando a súa faceta como recitador e contista de temática popular, amais de intérprete da súa propia obra, na que o humor é un dos elementos principais. A seguir, Laura Tato ofrece un percorrido

biográfico dende o seu nacemento na cidade olívica, a emigración a Bos Aires, a militancia galeguista e participación nas Irmandades da Fala, a súa estreita relación persoal e artística cos membros do Grupo Nós, os seus cargos políticos, entre eles a alcaldía de Baiona, pasando polas gravacións en 1929 dos seus primeiros monólogos, a súa etapa en Madrid como actor profesional e a creación dunha compañía Espectáculos Joselín, até o regreso á emigración a Bos Aires, os traballos na radio, como guionista e documentalista. A seguir reproducése a obra en lingua galega de Rodríguez de Vicente, composta polo caderno que contén os vinte e tres *Contos de Joselín*, titulados: “O desenclavo”, “Que listo é meu fillo!”, “O tabeirón”, “A misa”, “O retrato”, “Romance de cego”, “Terráqueo do demo”, “Xan do Caeiro”, “O inferno”, “O difuntiño”, “De quen é o can?”, “Na taberna”, “Os caciques”, “O enterro”, “O médico”, “Eu son de San Paio de Navia”, “O zapateiro”, “As noces”, “O teléfono”, “As dúas santas”, “A Santa Unción”, “O Entroido” e “As caliveras de San Cosme”. A estes textos hai que engadir os relatos que nunca foron gravados, mais que pertencen a este conxunto orixinal, como son os contos “O tiatro”, “O xantar dos señoritos”, “Robín, can de bañistas” e “O viaxe en avión”, así como as pezas dramáticas *O vello curandeiro*, *Pasillo cómico* e *Un anaco de romaxe*. *Estampa representable*. Acompáñase o volume cun cd no que se recollen as gravacións sonoras destes textos.

### Recensións:

- Montse Dopico, “Pioneiros do conto”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 501, “Libros”, 22 maio 2014, p. VII.

Comenta a importancia dos contadores en Galicia, prestando especial atención á figura de José Rodríguez de Vicente “Joselín”. Indícase que, ademais de todos os contos conservados de Joselín, vén acompañado da grabación deles polo propio contista, no que constitúe o primeiro documento sonoro do teatro galego. Di que inclúe tamén un estudo da investigadora Laura Tato e que Joselín foi definido por Valentín Paz-Andrade como “un xogar que soubo enraizar os seus contos na antiga tradición do escarnio popular de mariñeiros e labregos”. Explica que o volume recolle pezas de narrativa oral con apelacións constantes ao público e que a temática abarca dende o simple chiste até “o relato de anécdotas e tipos característicos da sociedade rural galega”.

- Suso Blanco Rosas, “Os contos de Joselín”, *Luzes*, n.º 7, “Reportaxe”, xuño 2014, pp. 53-57.

Explicase que este volume é froito dunha investigación levada a cabo por Laura Tato coa colaboración do Centro Galego de Estudos de Música Popular, a Central Folque. Trala noticia da recollida dos seus contos, faise unha breve biografía do autor e descríbese a obra, na que se recolle, ademais, a súa correspondencia con persoeiros como Castelao, Vicente Risco, Cabanillas ou Otero Pedrayo e unha colección de fotografías relacionadas coa actividade interpretativa.

### Referencias varias:

- Pablo F. E., “Os contos de Joselín’, el legado de una época”, *Atlántico Diario*, “Área metropolitana”, “Val Miñor”, 28 marzo 2014, p. 19.

Fálase da presentación deste volume en Baiona o 27 de marzo.

- Neli Pillado, “El libro CD ‘Os contos de Joselín’ recoge las primeras grabaciones del teatro gallego”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 28 marzo 2014, p. 43.

Fálase da presentación deste libro en Baiona o 27 de marzo, ademais de facer un breve resumo biográfico da traxectoria de Joselín, así como dun espectáculo teatral baseado nos seus contos dirixido polo dramaturgo Quico Cadaval que se estreará o 12 de xullo en Baiona.

- Mónica Torres, “Galicia reedita los cuentos de Joselín”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 28 marzo 2014, p. 39.

Coméntase a edición de toda a obra contística de Joselín, ademais da presentación deste volume o 27 de marzo no Concello de Baiona.

- Tamara Montero, “Laura Tato. ‘No sur non hai maior de 60 anos que non coñeza os contos de Joselín’”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Teatro”, “Agenda”, 25 abril 2014, p. 17.

Faise un breve resumo da vida de José Rodríguez de Vicente “Joselín” e das múltiples facetas da súa personalidade: man dereira de Vicente Risco, alcalde de Baiona durante a ditadura de Primo de Rivera, documentalista, locutor de radio etc. Destácase a recuperación de 28 dos seus contos, editados nun libro e cedé.

- Jaureguizar, “Pinheiro: ‘Joselín foi o primeiro fenómeno viral de Galicia’”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 26 xuño 2014, p. 60.

Infórmase do acto de presentación na librería Trama de Lugo onde se destaca a figura de Joselín como “o primeiro personaxe que dialoga con grandes medios de masas”. Dise tamén que foi célebre nos anos vinte, principalmente no sur de Galicia e, segundo Pinheiro, é “o actor do galeguismo nos anos 20”.

- M. G., “Música y teatro centran los actos culturales para los próximos días en Noia”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 1.062, 10 outubro 2014, p. 7.

Descríbese a programación da Concellería de Cultura de Noia que, entre outras actividades, inclúe a presentación deste libro o día 26.

**Sande**, Miguel, *Sabes que mamá quería ser bailarina*, Noia: Editorial Toxosoutos, col. Serie Esmorga, 2014, 65 pp. (ISBN: 978-84-942224-6-7).

Obra de Miguel Sande (Arteixo, 1961 ), na que se mesturan o teatro, a narración e a poesía. O volume ábrese cun limiar titulado “Límites e desafíos do texto dramático”, de Manuel F. Vieites, quen fala, entre outros, da traxectoria literaria de Sande e destaca o carácter aberto da súa obra. A seguir, preséntanse tres capítulos: “Amsterdam”, “Na habitación dun piso de aluguer” e “O soño”; cuxa trama defínese ao redor do dilema existencial dunha moza universitaria que quedou embarazada. Ao tempo que teñen lugar as festas da Ascensión en Santiago de Compostela, a protagonista ten que tomar unha

decisión que marcará o seu camiño vital. O libro péchase cunha nota final na que se pon de manifesto que esta obra foi reescrita a partir de *Á Alba pide comigo vivir* (1985) e fálase dos recoñecementos que obtivo.

### **Recensións:**

- X. F., “Sabes que mamá quería ser bailarina”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, “Parler”, 8 outubro 2014, p. 39.

Infórmase de que esta obra foi reescrita e actualizada a partir doutro libro do mesmo autor, *Á alba pide vir comigo* (1985), premiado co Calderón de la Barca para escritores novos. Refírese o argumento e destácase que é “unha historia que mestura narración, poesía e teatro”. Ademais, indícase que o prólogo de Manuel F. Vieites reflexiona sobre os límites do xénero dramático.

- Ramón Nicolás, “Palabras como animais feridos”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Galego”, 17 outubro 2014, p. 12.

Anuncia a publicación da versión actualizada e reescrita de *Á alba pide comigo vivir* (1985), obra galardoada en 1984, da que destaca o seu “percorrido ecdótico” e a vontade “innovadora e heterodoxa que a domina”. Refire o argumento e indica que mestura elementos poéticos, narrativos e teatrais. Dá conta dalgunhas das características do autor coma o sincretismo, a brevidade e a concisión expresiva, “palabras como animais feridos pugnando por suxerir máis que por contar”.

### **Referencias varias:**

- Miguel Sande, “Sabes que mamá quería ser bailarina”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “En galego”, 5 setembro 2014, p. 12.

Dá conta da saída ao prelo desta peza de Miguel Sande, salientando o estudo preliminar de Manuel F. Vieites e a mestura de xéneros coa que foi elaborada, describe polo miúdo seu fío argumental e reproduce unha das súas escenas.



### III. 3. POSTAS EN ESCENA

Neste apartado achégase a información recollida a partir das publicacións periódicas, ben sen asinar, ben asinadas, que son as que se describen en “referencias varias”.

#### III. 3. 1. CICLOS, ENCONTROS, FESTIVAIS, MOSTRAS, SALAS ALTERNATIVAS E SEMANAS

##### **Agarimo**, IIº Certame de Teatro Afeccionado de Outono

Organizado pola sociedade Agarimo de Sillobre (Fene, A Coruña) dende 2013. Esta segunda edición de 2014 celebrouse entre os días 11 de outubro e 13 de decembro. Contou coa participación da Agrupación Teatral Agarimo, coas pezas *Alma en pena* e *Ante todo discreción*; o grupo A Pombiña de Pedroso, con *O xardín dos pobres*; Quemaisten Teatro, con *Ela é a miña amante e a miña señora*; o grupo Xosé María Pérez Parallé, con *Enganados*; Ultreia, con *A dama boba* e a agrupación Mariñán, con *Martini seco*.

##### **Aguíño**, VIª Mostra de Teatro Afeccionado Francisco Lorenzo Mariño

Organizada pola asociación cultural, recreativa e veciñal Francisco Lorenzo Mariño de Aguíño (A Coruña) dende 2011. A edición de 2014 celebrouse os catro sábados do mes de novembro. Contou coa participación da compañía Charamela, coa peza *Almas sinxelas*; Crucía Teatro, con *Unha de vaqueiros*; o Grupo de Teatro A Pombiña, con *O xardín dos pobres* e Teatro de Cámara Ditea, con *Animaliños*.

##### **Referencias varias:**

- CH. L., “La compañía melidense Charamela abrirá la Mostra de Teatro Afeccionado de Aguíño”, *Diario de Arousa*, “O Barbanza”, 4 novembro 2014, p. 20.

Anúnciase a apertura da sexta edición da Mostra de Teatro Afeccionado Francisco Lorenzo Mariño coa compañía Charamela. Refírense as datas e os horarios das representacións. Destácase que as pezas son as últimas montaxes dos grupos e que moitos foron premiados en varios festivais dentro e fóra de Galicia.

- S. Souto, “Charamela abrirá hoy el Foro de Teatro de Aguíño”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 1.090, 8 novembro 2014, p. 7.

Dáse noticia da apertura deste certame no conservatorio de Aguíño coa representación de *Almas sinxelas*, de Charamela Teatro, e noméanse as seguintes postas en escena.

##### **Agustín Magán**, XIIIº Festival de teatro afeccionado

Organizado por primeira vez en 2002 pola Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) e a Federación de Teatro Afeccionado (FEGATEA) para lembrar e homenaxear a Agustín Magán, ademais de servir de intercambio de experiencias entre grupos afeccionados. Na edición de 2014, celebrada entre os días 5 e 8 de decembro, participaron as compañías Nostrum Cai, coa peza *A casa pechada*; Achádego Teatro, coa peza *O barco sen mariñeiro*; Teatro Ditea, coa peza *Animaliños*; Gargallada Teatro, coa peza *O anel máximo*; O Aturuxo de Melpómene-Carrachanacacha, coa peza *Desencaixados* e Teatro Escoitade, coa peza *Exposición de catro mementos*.

#### **ALT.14, XIIIº Festival Alternativo de Teatro e Danza de Vigo**

Iniciado no ano 2003, este festival está organizado pola Concellaría de Cultura e Animación Sociocultural do Concello de Vigo e pola Asociación Cultural Noescafé Teatro. Patrocinado pola Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural e pola Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, conta ademais coa colaboración de entidades tanto públicas coma privadas, así como da Concellaría de Xuventude, Igualdade e Normalización Lingüística. Os diversos espectáculos teñen lugar tanto nas rúas de Vigo coma en espazos cubertos, tales como o Auditorio Municipal, a Casa das Arte, o Museo de Arte Contemporánea (MARCO) ou a Casa Arines, sé do Instituto Camões. A edición de 2014 celebrouse dende o 13 até o 16 de marzo e contou coas actuacións de teatro, danza e performances de compañías galegas como Ana Vallés, con *Teatro invisible*; Matarile, con *Staying Alive*; Diego Anido, con *Simón Pedigrí* e Félix Fernández, con *Yo vivo de mi cuerpo*. Participaron tamén compañías foráneas como Aimar Pérez Galí (Cataluña), El peso del alma (Francia-España) e Lander Patrick (Portugal-Brasil). Ademais, a Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo, que patrocina o festival, quixo completar a exhibición de traballos de creadoras galegas cun programa de acompañamento e apoio á creación, ALT.PROCREA, que en 2014 deu cabida a Licenciada Sotelo, coa posta en escena *Silencio, por favor*; Helen Bertels, con *Amor* e Mercé de Rande, con *Das tebras ás treboadas*.

#### **Referencias varias:**

- A. E., “Mantener un festival cuesta pero Vigo merece tener Alt”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 9 marzo 2014, p. 10.

Recóllense algunhas opinións de Lola Correa como directora do Festival Alternativo de Artes Escénicas de Vigo, ALT. Coméntanse os problemas de financiamento, a consolidación desta proposta e a variedade xenérica das actuacións.

- M. M., “El regreso del festival alternativo ALT”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 9 marzo 2014, p. 42.

Infórmase da edición decimo terceira do festival alternativo de artes escénicas ALT, que se celebra en Vigo baixo a dirección artística de Lola Correa. Dise que, tras a inauguración a cargo de Ana Vallés, directora de Matarile Teatro, se sucederán quince pezas de teatro, performance e danza con artistas galegos e tamén de Francia, Brasil e Alemaña.

- M. N., “El festival ALT apadrina a tres artistas residentes y sus obras”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 12 de marzo 2014, p. 8.

Coméntase que o programa “ALT Procrea”, nacido ao abeiro do Festival Alternativo de Vigo, permite a tres creadoras contar con apoio no seu proceso creativo. Apúntase que as artistas, apoiadas pola Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo, son Nuria Sotelo con *Silencio por favor*, Helen Bertels con *Amor* e Mercé de Rande con *Das trebas ás treboadas*. Detállanse algúns aspectos do acto de presentación desta iniciativa.

- C. Crespo, “Una luz al otro lado de la trinchera”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, 14 marzo 2014, p. 13.

Anúnciase a décimo terceira edición deste festival e acóllense declaracións da súa directora, Lola Correa, nas que salienta a súa atención a compañías e artistas galegos dentro dunha miríade de propostas que van do teatro á danza, á performance ou ao novo circo. Noméanse algunhas delas.

- M. N., “Performance y danza para abrir el festival Alt”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 14 marzo 2014, p. 14.

Detállase o programa do día inaugural do Festival Alternativo de Artes Escénicas ALT, no que debutaron dúas compañías galegas en estreo absoluto: *Teatro invisible*, de Ana Vallés, nunha liña de teatro expresivo, apoiado na mobilidade e na danza; e Licenciada Sotelo, con Rut Balbís, Nuria Sotelo, Mounqup e Macarena Montesinos. Infórmase que o festival durará tres días máis cunha oferta escénica moi variada.

- Fernando Franco, “¡Ah, Lolita, qué bueno! ¿no?”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 19 marzo 2014, p. 9.

Alúdese de modo sucinto ao peche desta mostra cunha duración de catro días e á participación de once compañías con once espectáculos e un cheo case total, insistindo na satisfacción final da súa directora, Lola Correa.

#### **Alxén, XVª Xornadas de Teatro de**

Organizadas polo grupo de teatro Ata Sempre, de Alxén (Salvaterra de Miño, Pontevedra). Esta edición de 2014 celebrouse os días 16, 17 e 18 de maio e nela participaron o grupo de teatro de Xinzo (Ponteareas), con *Todo queda na casa*; os alumnos de teatro do CEIP de Alxén, con *O teu noivo é un zombi* e o grupo Ata Sempre, con *Unha de romanos*. Tamén se levou á escena a peza para público infantil *Tres contos tres, do dereito e do revés*, a cargo do grupo Codia e Miolo.

#### **Referencias varias:**

- V. P., “Alxén celebra sus decimoquintas jornadas de teatro durante tres días”, *Faro de Vigo*, “Condado-Paradanta”, 16 maio 2014, p. 15.

Anúncianse as decimoquintas xornadas de teatro organizadas polo grupo teatral Ata Sempre, de Alxén, en Salvaterra. Algunhas das representacións agardadas son *Todo queda na casa*, do grupo de teatro de Xinzo, de Ponteareas; *O teu noivo é un zombi*, do alumnado de teatro do CEIP de Alxén; *Unha de romanos*, de Ata Sempre e *Tres contos tres, do dereito e do revés*, para público infantil.

#### **Ames, IXª Mostra de teatro afeccionado de**

Mostra de teatro afeccionado organizada polo concello de Ames. A edición de 2014 celebrouse dende o 7 até o 28 de novembro. Representáronse as pezas *Santa Perpetua*, a cargo de NNC Teatro; *Figurantes*, de Aquelando Teatro e *Tromparia*, do Grupo Municipal de Teatro de Ames.

#### **Referencias varias:**

- M. M., M. G. e J. M.R., “Terras se rinde al teatro con representaciones en Noia, A Maía y Laxe”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.089, 7 novembro 2014, p. 7.

Entre outras cuestións, refire as datas e os horarios das tres representacións gratuítas que se insiren dentro da IX Mostra de teatro afeccionado de Ames.

- M. G., “El teatro centra la programación cultural de Noia, Ribeira y Lousame”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.097, 15 novembro 2014, p. 7.

Anuncia, entre outras novidades, as diversas actuacións que terán lugar en Noia, como *Amor flexible* de Redrum Teatro; en Ribeira, *O que hai que facer para non ir ao mar*, ou en Lousame, coas compañías Teatro da Falúa e mais Teatro do Improvisto, todas dentro da XIª edición desta mostra de teatro afeccionado.

#### **Asociación de Mulleres “Amistad”, XIXº Mes do Teatro da**

Ciclo de teatro afeccionado organizado pola Asociación de Mulleres “Amistad”, de Santa Mariña. Esta edición de 2014, celebrada no mes de outubro, contou coa participación das compañías O Bordelo de Cervo, con *Os amores do mariñán*; o Grupo de Teatro A Adala, con *Apréta pero non afoga*; Quemaisten Teatro, con *Ela é a miña amante e a miña señora* e o Grupo de Teatro Donas de Amistad, con *A vinganza de Antón Torrón*.

#### **A Rúa, Vª Xornadas de Teatro Afeccionado**

Organizadas pola Asociación Cultural A Ruada co apoio da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e do Concello da Rúa (Ourense). Participaron as compañías A Ruada Teatro, con *Taberna sen dono*; Gargallada Teatro, con *O anel máximo*; Xaime Quesada de Vilamartín, con *O achado do castro*; Morea Show, con *Microencontros*; PRODEME, con *A cidade non é para min*; Candea, con *Xulia e os*

*Pérez*; La Caja de Pandora, con *Perseguindo un soño* e Pisabarro de Veigamuíños, con *Pequenos sainetes*.

### **Referencias varias:**

- Mónica G. Bellver, “Abrindo fronteiras”, *O SIL*, “Cultura”, xuño 2014, p. 58.

Anúnciase, por parte dos membros da Asociación Cultural A Ruada, as V Xornadas de teatro da Rúa, das que se detalla o número de agrupacións e de representacións.

- J. C., “Once grupos actuarán en las Xornadas de Teatro”, *La Región*, “Valdeorras”, 20 xuño 2014, p. 29.

Infórmase das V Xornadas de Teatro Internacional da Rúa, organizadas pola asociación cultural teatral A Ruada e apúntase que participarán nelas once compañías galegas de teatro afeccionado: A Ruada, Gargallada (O Barco), Xaime Prada (Vilamartín), AMBI-COCMFE (Ponferrada), Morea Show (O Barco), Prodeme (Monforte), Candea (Viana), TEF (Chaves), La Caja de Pandora (Verín), Pisabarro (Veigamuíños) e San Clodio Teatro.

- Mónica G. Bellver, “Comezan as funcións”, *O SIL*, “Cultura”, xullo 2014, p. 47.

Preséntanse as V Xornadas de Teatro da Rúa, que contarán con dez grupos de teatro afeccionado, todos galegos agás un portugués, achegando internacionalidade a esta iniciativa da Asociación Cultural de Teatro A Ruada. Infórmase de que abriron a mostra os anfitrións con *Taberna sen dono* e Gargallada con *O anel máximo*.

### **Begonte, IIº Ciclo de Teatro de Begonte**

Organizado dende 2013 por Castiñeiro Milenario en colaboración coa Asociación Cultural de Illán e dentro do proxecto Buxiganga da Deputación Provincial de Lugo. A edición de 2014 celebrouse entre os días 6 de agosto e 27 de setembro na Casa da Cultura de Pacios e na Escola de Illán. Contou coa representación de *Oé, oé, oé*, por parte de Ollomao e *Nabiza girl*, por Isabel Risco. Tamén se representaron as pezas para público infantil *Vacacións no mar*, a cargo de Mircromina Títeres e *O rato de biblioteca*, a cargo de Palimoquiños.

### **Betanzos, Vº Encontro de Teatro Afeccionado de**

Organizado pola Agrupación Teatral Mariñán e o Concello de Betanzos e celebrado do 1 ao 22 de febreiro na Aula Municipal de Cultura do Edificio Liceo da localidade. Contou coa participación da Agrupación Teatral Mariñán, coa peza *Martini seco*; Andaravía Teatro, con *República de Gundián*; Tangatutanga Teatro, con *Urraca* e a Compañía Municipal de Teatro de Sada, con *Historia de una escalera*.

### **Referencias varias:**

- Víctor Castro, “El teatro aficionado volverá a Betanzos el próximo mes”, *El Ideal Gallego*, “Área metropolitana”, “Atalaya mariñana”, 16 xaneiro 2014, p. 20.

Exponse a programación deste encontro que organiza a Agrupación Teatral Mariñán en colaboración co concello de Betanzos e noméanse as actuacións: *República de Gundián*, de Andaravía Teatro; *Urraca*, de Tangatunga Teatro; *Historia de una escalera*, escenificada pola Compañía Municipal de Teatro e *Martini Seco*, pola betanceira Agrupación Teatral Mariñán.

- Víctor Castro, “El teatro aficionado alza esta noche el telón en Betanzos”, *El Ideal Gallego*, “Área metropolitana”, “Atalaya mariñana”, 1 febreiro 2014, p. 20.

Anúnciase o inicio desta mostra co sainete futurista *República de Gundián*, de Andaravía Teatro (Vedra), baixo a dirección de Carlos Santiago; e infórmase da organización do evento.

- Víctor Castro, “El café bar Ancar, un local de ocio acogedor en Los Rosales”, *El Ideal Gallego*, “Oleiros”, “Atalaya mariñana”, 8 febreiro 2014, p. 22.

Alúdese á representación da traxicomedia *Urraca*, por parte de TangaTutanga, dentro do V Encontro de Teatro Afeccionado de Betanzos.

- Víctor Castro, “La compañía de teatro de Sada actúa hoy en Betanzos”, *El Ideal Gallego*, “Área metropolitana”, “Atalaya mariñana”, 15 febreiro 2014, p. 20.

Infórmase da penúltima representación deste encontro a cargo da Compañía municipal de Teatro de Sada, que dirixe a actriz Isabel de Toro: *Historia de una escalera*, de Antonio Buero Vallejo. Revísase a historia da compañía e as nove obras representadas por eles dende 2003: *Pilleite Carrapuchiña* (2003), *Peter Pan* (2004), *Feliz San Valentín* (2005), *Non bebas auga* (2006), *Non corren os días* (2007). Explícase que, a partir de 2009, baixo a dirección de Isabel de Toro, representaron: *Historias peregrinas*, *El extraño velorio de Paulo Couto*, *De amor y venganza en tiempo de los dioses* e, por último, *Historia de una escalera*.

- Víctor Castro, “La Guardia Civil de Ordes festejó a la Virgen del Pilar”, *El Ideal Gallego*, “Arteixo”, 14 outubro 2014, p. 18.

Entre outras cuestións, refírese á convocatoria da sexta edición deste encontro, que se celebrará en febreiro do ano 2015. Infórmase que os grupos que desexen participar deberán formalizar a súa inscrición descargando os impresos correspondentes no blogue da entidade.

## **Buxiganga, VIº Circuitos**

Organizado dende o ano 2008 polo Consello da Cultura da Área de Cultura da Deputación de Lugo e coa cooperación do Consello Asesor de Teatro, co obxectivo de achegar o teatro aos diversos concellos da provincia e realizar tamén accións formativas. Na edición de 2014 representáronse as pezas *O barco sen mariñeiro*, de

Achádego Teatro; *Sen seu amor*, d'A Adala; *Xustiza de lei*, do grupo Ardora; *Descontrol hospitalario*, de Axóuxeres; *Retirativos*, d'O Batán; *Noite de lobos*, d'Os Baluros; *A fonte dos sonhos*, d'O Bordelo; *A cousa nosa*, de Edita Teatro; *E isto é arte?*, de Falcatrueiros; *Emperador, que pensas? Fala!*, de Hipócrita Teatro; *Os aparecidos*, de Teatro Lucho Hospital Xeral-Calde de Lugo; *Xan, o gardián das pitas*, de Lusco Fusco Teatro; *Non son d'Acó (nin D'acolá)*, de Do Miolo e Cía; *A gran final e Facemos a guerra?*, de Metátese Teatro; *Radio universo*, de Nostrum Cai; *In pacem*, de Nova Escena; *Oé, oé, oé e Os vellos non deben de namorarse*, de Ollomao; *O rato de biblioteca*, de Palimoquiños; *Os perseguidores de sonhos*, de Pinchacarneiro; *Miña sogra é increíble*, d'A Rabela; *O achado do castro*, de Rebuldeira; *Os putativos*, do Grupo de Teatro de Ribadeo; *Xoguetes cómicos e Para que serven os homes?*, de TeatroCrea; *Camping gas*, d'Os Trocos e *Lisístrata*, de Zampalladas. Tamén se escenificaron as pezas para público infantil *Chuvia de historias e Lambetadas de fantasía*, de Alentía Teatro; *Romeo e Xulieta*, do grupo da biblioteca municipal de Antas de Ulla; *Historias de títeres*, de Chimchiribote; *Mercados revoltos*, de Érase unha vez... e *A fada da malla*, de Ti e Mais Eu Teatro.

### Referencias varias:

- Pablo Rodríguez, “Buxiganga espera patrocinar este ano máis de 80 representacións teatrales”, *El Progreso*, “Comarcas”, 14 marzo 2014, p. 16.

Comenta que nesta edición se agarda superar o número de funcións da anterior e que se van aprobar as bases da convocatoria. Apúntase que, como novidade desta edición, incluírase un baremos para fixar o caché dos grupos segundo o número de actores que o integran.

- P. R., “Rábade programa tres espectáculos teatrales para lo que queda del mes de junio”, *El Progreso*, “Comarcas”, 18 xuño 2014, p. 15.

Infórmase da programación do centro sociocultural de Rábade, con tres citas escénicas no mes presente: *Os ladróns somos xente honrada*, do grupo de teatro de xubilados do concello rabadense; *Non son D'acó (nin D'acolá)*, de Miolo e Cía e *Lisístrata* de Zampalladas, dentro do ciclo Buxiganga.

### Cabaré, VIIIº Festival Galego de

Celebrado na Coruña, dende o 24 até o 28 de setembro de 2014. Con representacións teatrais, un Maratón de Cabaret e un Café Cantante. Participaron o Colectivo Femme Fatale, coa peza *Babel. Canto de sereas* e Faltriqueira, con *The pockettes*. Tamén se levou á escena o espectáculo infantil *Maxico Circus Cabaret*, de Cayetano Lledó.

### Referencias varias:

- Rodri García, “O cabaré pangalaico amosa o seu poderío”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Teatro”, 26 setembro 2014, p. 8.

Comenta a programación da VIIIª edición deste festival, nomeando as representación que se levarán a escena.

### **Cangas, XXXIª Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo**

Organizada polo colectivo do Centro Recreativo Cultural Xiria, o Concello de Cangas e Teatro de Ningures, baixo a dirección de Mª Xosé Mariño, conta co patrocinio da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC), do Concello de Cangas, da Deputación Provincial de Pontevedra, Frigoríficos del Morrazo e o Cupón do Minusválido. Durante esta mostra entrégase anualmente o Premio “Xiria”, para destacar o labor teatral dunha persoa, concedido este ano a Etelvino Vázquez. A edición de 2014, que deu comezo o día 28 de xuño e rematou o 6 de xullo, contou coa participación de Eme2, con *Meu ben*; Chévere, con *Ultranoite no país dos ananos* e *As fillas bravas* e Ibuprofeno Teatro, con *Vulto*. Tamén se levaron a escena as pezas para público infantil *Velocíclopes*, de Fantoques Baj, *Peor Imposible*, de Peter Punk e *O grocho*, de Ningures Producción. Ademais, participaron as compañías foráneas Miguel Ángel Sola, La Típica en Leve Ascenso (Arxentina), Grappa Teatro e Compañía de Danza Sol Picó (Cataluña), Companhia do Chapitô (Lisboa) e Barco Pirata (Madrid).

### **Recensións:**

- Xosé Manuel Pazos Varela, “A consolidación social e artística dun acontecemento teatral de base”, *Tempos Novos*, n.º 206, “Cultura e pensamento”, xullo 2014, pp. 80-83.

Recóllese a celebración da XXXI Edición da Mostra de Teatro Cómico e Festivo de Cangas en dous apartados. Tras unha breve introdución sobre o evento, na sección “Un programa internacional diverso e de calidade”, dáse conta das compañías que participaron nela, salientando a boa recepción por parte do público. Por outra banda, en “Teatro na rúa, actividades e outro premio Xiria” acóllese o referido á programación de espectáculos na rúa e actividades paralelas, para rematar menciónase a concesión do XXVIII Premio Xiria ao labor teatral ao director, actor, dramaturgo e pedagogo teatral Etelvino Vázquez.

### **Referencias varias:**

- Cecilia Martínez, “Miguel Ángel Solá, Sol Picó, ‘Glochards’ y teatro-danza en la Mostra de Cangas”, *Diario de Pontevedra*, “O Morrazo”, “Cangas”, 21 maio 2014, p. 16.

Dáse noticia de que se cumpren trinte e unha edicións da Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas cun programa no que salienta a variedade e traxectoria das compañías e artistas participantes. Detállanse as postas en escena que se representarán.

- Arantxa Á. Bao e T. M., “Cangas apunta y dispara las últimas balas del teatro cómico y festivo”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Espectáculos”, “Agenda”, 4 xullo 2014, p. 20.

Relátase o curso da XXI Mostra Internacional do Teatro en Cangas na que houbo sete días de interpretacións variadas. Indícase que faltan as actuacións da bailarina Sol Picó



co microteatro de Ibuprofeno Teatro con *Vulto*, da versión de *Macbeth* da Companhia Do Chapitó e de *Ultranoite no país dos ananos* a cargo de Chévere.

- Xosé Manuel Pereiro, “A chorar a Cangas”, *La Opinión*, “Página 2”, “Si home si”, 5 xullo 2014, p. 2.

Reflexiónase sobre o debate que esta mostra acolleu no seu seo para repensar as posibilidades da cultura, detallando a intervención de Xosé Manuel Pereiro quen asina a columna titulada “Que facer dunha vez por todas coa cultura”, acompañado da xornalista Montse Dopico, do director de Sinsal Julio Gómez, do director do Festival de Cine de Cans Alfonso Pato, da xestora cultural Natalia Balseiro e do director-xerente da AGADIC, Jacobo Sutil. Fálase sobre a creatividade e o apoio institucional.

### **Carballiño, XXVº Festival de Teatro Galego do (FETEGA)**

Organizado pola compañía Nove-Dous Teatro e Arteficción en colaboración co Concello do Carballiño e con subvencións da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC), Novagaliciabanco e Caja Madrid. Na edición de 2014 entregáronse os galardóns de mellor actor e actriz a Celso Parada, de Teatro do Morcego e Rosi Álvarez, de Lagarta Lagarta, e de espectáculo máis valorado polo público, *Bye, bye, honey*, da compañía teatral Obras Públicas. Participaron Lagarta Lagarta, con *O país do pato Donald*; Teatro do Morcego, con *Misterio Cómico* e Obras Públicas, con *Bye, bye, honey*. Tamén se levaron a escena as pezas para público infantil *A nena e o grilo*, de Magín Blanco; *Contos de lobos*, de Ghazafellos; *Fábula galénica*, de Fantoques Baj e *Antía, Wamba e o regato pequeno*, d’A Tropa de Trapo. Escenificouse o espectáculo de circo *Impreuna*, de Pistacatro.

### **Referencias varias:**

- S. N., “Bye bye honey’ e ‘Impreuna’, en la recta final de FETEGA”, *La Región*, p. 60/ *Atlántico Diario*, p. 30, “Sociedad”, “Teatro”, 4 setembro 2014.

Refire as datas e os horarios das catro representacións que pechan o Festival de Teatro Galego do Carballiño. Ademais, indica que haberá malabares e un taller de instrumentos raros.

- Sabela Pinal, “O teatro é un conto de nenos”, *La Región*, “Carballiño”, 4 setembro 2014, p. 18.

Anuncia que por primeira vez dentro do Festival de Teatro Galego do Carballiño se lle dedicou unha peza aos máis pequenos, *Nanocontos*, un espectáculo da compañía Teatro da Semente. Destaca a intención de inculcarlle aos cativos “a importancia de compartir os seus afectos cos pais, cos amigos e cos bonecos” e reproduce as palabras dun dos seus membros, Raquel Queizás, sobre o recibimento do público Ademais, comenta que a compañía Teatro da Semente tamén está levando aos escenarios *Viaxe a Dadá e Chíos*. Por último, informa das futuras representacións: *Fábula galénica* de Fantoques Baj para público infantil, *Misterio cómico* de Celso Parada, *Maxicosons*, *Antía, Wamba e o regato pequeno* e, por último, *Bye, bye honey*.

- Xabier Sanmartín G., “Fetega premia a Celso Parada, Rosa Álvarez y la compañía Obras Públicas”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Ciencia”, “Cultura”, “Ocio”, 6 setembro, p. 34.

Dá conta dalgúns dos premios concedidos no marco do Festival de Teatro Galego do Carballiño: mellor espectáculo para *Bye, bye honey*, da compañía Obras Públicas, dirixida por José Prieto; mellor actriz para Rosa Álvarez, da compañía Lagarta Lagarta e, por último, o galardón honorífico para Xan Pinal, creador do certame.

### **Cariño, XXXVI Mostra de Teatro Galego de**

Mostra teatral para compañías profesionais e afeccionadas e para diversos tipos de público, que ten lugar no Auditorio Municipal do concello ferrolán. Na edición de 2014, celebrada entre o 18 e o 22 de agosto, tiveron lugar dez representacións, cinco para o público adulto e cinco para o infantil. Representáronse para o público infantil *O día que chegou a nube e choveu* e *Osiño*, de Títeres Trompicallo; *Ñam!*, de Caramuxo Teatro e *Fíos e Babs*, de Baobab. Tamén participaron as compañías Abrapalabra Creacións Escénicas, con *As do peixe*; Malasombra Producións, con *Go on!* e *Misión sapiens*; Ancora Producións, con *Snakizados* e Redrum, con *Amor flexible*.

### **Cee, IIª Semana das Artes Escénicas**

Mostra que substitúe á Mostra de Teatro de Cee, que no ano 2012 celebrara a súa XXVª edición. Na edición de 2013, o Concello ceense incluíu, na súa programación do mes de agosto, unha Semana das Artes Escénicas. Este 2014 celebrouse por segunda vez, do 6 até o 10 de agosto, e contou coa participación das compañías Malasombra Teatro, con *Misión sapiens*; Ancora Producións, con *Snakizados. Comedia do fin do mundo*; Boneca Lareta, con *Sede de mal* e Talía Teatro, con *Demolición*.

### **Referencias varias:**

- J. M. Ramos, “Boneca Lareta y Talía Teatro bajan el telón en Cee”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 1.001, 9 agosto 2014, p. 5.

Dáse noticia das obras encargadas de pechar esta mostra ceense, Boneca Lareta, con *Sede de mal* e Talía Teatro, con *Demolición*.

### **Chantada, XXIVª Mostra de Teatro Popular Maruxa Villanueva**

Mostra de teatro celebrada en Chantada (Lugo) que organiza o colectivo teatral Faro-Miño deste concello. Na edición de 2014, celebrada os días 18 e 21 de agosto, participaron o grupo Batán, con *Retiractivos*; Charamela Teatro, con *O achado do castro*; a Agrupación Teatral Mariñán, con *Martini seco* e o grupo anfitrión Faro-Miño, con *Bambalúa*.

### Referencias varias:

- A. L., “Cuatro grupos participarán en la muestra de teatro de Chantada”, *El Progreso*, “Ribeira Sacra”, 4 agosto 2014, p. 11.

Anuncia o inicio da Mostra de Teatro Maruxa Villanueva organizada polo grupo Faro-Miño de Chantada. Refire as datas e os horarios das representacións. Destaca que son catro os grupos galegos que participan: O Batán de Foz, Charamela Teatro de Melide, Mariñán de Betanzos e Faro-Miño. Indica que a mostra cumpre esta edición vinte e catro anos de vida.

### CSC Santa Marta, VIIº Ciclo de Teatro Comunitario

Ciclo organizado pola Comisión Cultural da Facultade de Ciencias da Educación e do grupo Teatro Enlata da mesma facultade. Celebrouse os días 2, 3 e 4 de abril e nela representaron pezas as compañías Carauta, Enlata, Teatro do Peto, Tolemia, Tuideas, Feito a propósito, Iliria, Farrapo e o Aturuxo de Melpómene-Carrachanacacha.

### Referencias varias:

- A. I. S., “Apuesta por el teatro creativo y de innovación”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 26 marzo 2014, p. 29.

Infórmase da colaboración da concellaría no ciclo de Teatro Comunitario da USC, promovendo un teatro anovador e de creación que manterá contacto co público e empregará o Centro Sociocultural de Santa Marta durante tres días.

### Cultura no Camiño, IIº Ciclo

Programa escénico e musical organizado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, coa colaboración da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) e da Axencia de Turismo de Galicia. A edición de 2014 desenvolveuse nos concellos das rutas xacobeas de abril a setembro como parte da programación conmemorativa do oitavo centenario da peregrinación de San Francisco de Asís a Santiago de Compostela. Representáronse as pezas *A traizón*, d’Os Quinquilláns; *Rosa de dous aromas*, de Teatro Proscrito; *Os patios da memoria*, de Teatro do Morcego; *Profundizando na Galicia Profunda* e *Radio Torreiro*, de DINAMOteatro; *O turista madrileño* e *Cociña económica*, de Mofa e Befá; *Candideces*, de Abrapalabra Creacións Escénicas; *A charca inútil*, de Teatro do Atlántico; *Snakizados –Comedia da fin do mundo–*, de Áncora Producións; *Alberte Contador*, *O mago Carlos*, *Como cho conto e Á dereita do pai*, de Hermanager Producións; *As do peixe*, de Abrapalabra Creacións Escénicas; *Os perseguidores de soños*, do grupo de teatro Pinchacarneiro; *Curriculum Vitae*, de Redrum Producciones; *Tacóns na corda*, de VerdeVeras Expresións Artísticas; *Errantes*, de Troula Animación; *Dous son parella... e o demais son calumnias*, de Acontrabutaca Producións; *PULP (Poesía Última de Lois Pereiro)* e *O asombro de Díaz Castro*, de Fantoques Baj; *Ración de Breogán*, de Airapro Producións;

*Desasosegó (Cabaret poético)*, de Dandylady; *Go on!*, de Malasombra Producións; *Bicos con lingua*, de Talía Teatro; *Feirantes*, de Artestudio Teatro e *Viva a crise!*, de Fulano, Mengano e Citano. Tamén se levaron a escena as pezas para público infantil *As fabulosas viaxes de Wilson e Fabrice*, de Adarme Visual; *A historia de Martín e Os novos músicos de Bremen*, de Animar-T; *Contos para facelo indio*, de Troula Animación; *4 tempos*, de Teatro do Miolo; *Os tres porquiños*, de EducaTeatro Producións; *Ensalada de instrumentos*, d'Os tres tenedores; *Xan Perillán compra queixo compra pan* e *Contos do vento acatarrado*, d'Os monicreques de Kukas; *Mr. Pancho e a última función* e *O fillo do panadeiro*, de Títeres Cascanueces; *Linocho e a lúa*, de Títeres Falcatrúa; *Os narigudos e Titiricircus*, de Tanxarina Títeres; *Sabela e o paxaro máximo*, *A que cheiran os contos?* e *Amoriños contei*, de Tarabelos; *Contos e outras andrómenas* e *Pelegrín Circus*, de DINAMOteatro; *Catro contos da China*, de Títeres Cachirulo; *Contacontos. Xan das ondas* e *Contacontos. Pepiña Maruxiña quere voar*, de Barafunda; *Dous pallasos en máis apuros*, de Os Sete Magníficos + 1; *Contacontos e Contos para un caldiño*, de Baobab Teatro; *Historias da maleta* e *Caso pechado*, de Raquel Queizás; *Ne me quitte pas* e *Cabaret de mans*, d'O Retrete de Dorian Gray; *Oh, que bonito é Panamá*, de Panamesiana Teatro; *A fruta máxima*, *Vida, crimes e prisión de Toribio de Mañón* e *Titiriteiros*, de Viravolta Títeres; *Jiñol*, de Títeres Trompicallo; *Bon appétit*, *O frautista de Hamelín* e *Contos de lobo*, de Ghazafellos; *Chincha rabincha*, d'A Xanela do Maxín; *Cinderella Mix*, de Artello-Teatro; *As pombas de Carboeiro* e *Velocíclopes*, de Fantoques Baj; *A que cheiran os contos?*, de Tarabelos; *O libro máximo*, de Migallas Teatro; *Martín Martín*, de Mircromina; *Coas mans na casa* e *Contos de medo que deixan durmir*, d'A trastenda dos contos; *O cadro do espantallo*, de Ti e Mais Eu Teatro; *O paporrubio na granxa* e *Cocer e cantar*, de Seisdedos Títeres; *Lobo bobo*, de Elefante Elegante; *A maxia dos soños* e *a maleta viaxeira*, d'A Illa dos nenos; *Ulo swing!*, d'A Run Run; *Memorias dun neno labrego*, de Abrapalabra Producións Escénicas; *A nena e o grilo*, de Magín Blanco; *A biblioteca dos libros perdidos*, de Fanfarra Títeres; *O espello de Francisquiña* e *As aventuras de Polichinela*, de Danthea Teatro; *Merenda con pan de millo*, *Vai ser boa!* e *Un avó especial*, de Migallas Teatro; *Antía*, *Wamba e o Regato Pequeño*, d'A Tropa de Trapo; *Laranxus7*, de Teatro Avento; *Kiricreques*, de Hermanager Producións e *Cocido sinfónico*, d'Os tres tenedores.

### **Dumbría a escena, Iª Xornadas de teatro**

Ciclo organizado polo Concello de Dumbría, en colaboración coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, a Deputación da Coruña, AGADIC e Talía Teatro, que pretende tomar o relevo da finada Mostra de Teatro de Cee. Esta primeira edición de 2014 celebrouse do 22 ao 31 de agosto e nela participaron as compañías Abrapalabra Creacións Escénicas, con *As do peixe*; Aturuxo de Melpómene-Carrachanacacha, con *A ratoeira*; Mofa e Befá, con *Cociña económica*; Talía Teatro, con *Demolición* e a Escola de Teatro Municipal de Muxía, con *Maribel e a estraña familia*. Tamén se levaron a escena as pezas para público infantil *Xango, a moi extraordinaria historia do home que foi engulido por unha máquina* e a *Biblioteca dos Libros Perdidos*, de Fanfarra Títeres.

### **Referencias varias:**

- J. M. Ramos, “Olveira será escenario de las I Xornadas de Teatro Dumbria a Escena”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.008, 17 agosto 2014, p. 7.

Refire as datas e os horarios das representacións que se insiren dentro das I Xornadas de Teatro Dumbria a escena. Informa do nome das compañías que participan e das obras que se representan. Ademais, indica que haberá obradoiros de clown e malabares.

### **Daniel Cortezón**, XIª Mostra de Teatro Afeccionado

Ciclo de teatro afeccionado levado a cabo no municipio de Ribadeo e celebrado durante unha fin de semana. A edición de 2014 tivo lugar entre os días 14 e 16 de novembro e contou coas postas en escena de Hipócrita Teatro, con *Emperador, que pensas? Fala!*; Achádego Teatro, con *O barco sen mariñeiro* e Nostrum Cai, con *Radio Universo*.

### **Enrique Landesa**, IIIº Ciclo de Teatro Afeccionado

Certame teatral que dá continuación ao organizado con anterioridade polo Centro Cultural Rueiro e que se denomina como un dos compoñentes d'O Trasnó Novo Teatro, recentemente falecido. A edición de 2014 celebrouse os sábados do mes de outubro. Participou, entre outros grupos, Teatro de Cámara Ditea, con *Animaliños*.

### **Referencias varias:**

-A. R., “Comedia, crítica y fantasía en el III Ciclo de Teatro Afeccionado Enrique Landesa”, *Faro de Vigo*, “*Vigo 4 Costados*”, 23 setembro 2014, p. 6.

Infórmase de que neste ciclo intervirán varias compañías entre as que se destacan Gargallada Teatro, do Barco de Valdeorras, que levará a escena *O anel máximo* e o grupo de Teatro da Cámara Ditea, de Santiago de Compostela, que representará *Animaliños*.

### **EstéNarúa**, Festival Galego de Teatro Amador

Festival organizado pola asociación cultural Ti e Mais eu Teatro. A edición de 2014 celebrouse o 24 de maio en Ferrol. Participaron a Escola Municipal de Teatro de Vigo, coa peza *Manipulación*; Folerpas Teatro, con *Viaxe no tempo*; Pan e Rosas, con *Falemos de sexo*; A Fiestra Teatro, con *Se o sei, morro antes*; Arte Pingüe, con *36M3*; Metátese Teatro, con *A gran final*; Quemaisten Teatro, con *A escola*; Artías Teatro, con *Odio aos meus fillos*; Moreashow, con *Dime que me queres* e el Ruiseñor, con *Vermello*. Tamén se levou a escena a peza para público infantil *Teddy Bear*, de Teatro Estepario. Participou a compañía foránea Teatro Cachivache (Palencia).

### **Fegatea Móvete**, IXº Festival Galego de Teatro Afeccionado

Organizado pola Federación Fegatea e promovido pola Asociación Cultural Papaventos. A edición de 2014 desenvolveuse durante os días 29 e 30 de novembro no auditorio Reveriano Soutullo de Ponteareas. Actuou a compañía galega Teatro no Aramio, con *Faust-box* e a foránea El Temple (Castela e León).

#### **Referencias varias:**

- V. P., “Ponteareas acogerá un ciclo de teatro aficionado de la federación gallega”, *Faro de Vigo*, “Condado”, “Paradanta”, 27 novembro 2014, p. 15.

Con motivo da novena edición deste festival, dáse noticia da representación das obras *La Casa de Bernarda Alba*, interpretada por Grupo de Teatro El Temple, e *Faust-Box* por Teatro no Aramio.

#### **FIOT, XXIIIº Festival Internacional “Outono de teatro” de Carballo**

Organizado pola Asociación Cultural Telón e Aparte, baixo a dirección do seu presidente, Alberto Sueiro, e a Concellaría de Cultura do Concello de Carballo. A partir da edición de 2002 pasou a se denominar “FIOT”. Acolle representacións teatrais, contacontos, actuacións musicais e distintos tipos de *shows*. Na edición de 2014, celebrada dende o 3 de outubro até o 2 de novembro, concedeuse o galardón honorífico “Xogar de Outono” ao titiriteiro e actor Eduardo Rodríguez Cunha “Tatán”. Participaron as compañías galegas Mofa e Befá, con *Bobas & Galegas (Mofa & Befá no Século de Ouro)*; Voadora, con *A tempestade* e as compañías foráneas Ron Lalá (Madrid), Yllana (Madrid) Obskené (Cataluña), Las Grotesqués (Andalucía), El Viajeinmóvil (Chile), Setze Fetges Associats (Cataluña) e o actor Rafael Álvarez “El Brujo” (Madrid). Asemade, no marco deste festival, tivo lugar o Ciclo OTNI, unha mostra teatral destinada a proxectos de carácter máis contemporáneo, na que participaron as compañías foráneas Panicmap (Valencia), Grumelot (Madrid) e Macarena Recuerda Sheperd (País Vasco).

#### **Referencias varias:**

- Jesús Trillo, “El FIOT de Carballo dedicará su próxima edición a los clásicos”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, nº. 981, 20 xullo 2014, p. 7.

Infórmase de que con motivo do catrocentos cincuenta aniversario do nacemento de Shakespeare, este festival achegouse ao teatro clásico dende unha perspectiva contemporánea. Fálase das montaxes elixidas e da heteroxeneidade e diversidade que o caracterizan.

- J. M. Ramos, “El FIOT revisará los textos clásicos desde una perspectiva contemporánea en Carballo”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, nº 1.007, 16 agosto 2014, p. 5.

Indica que a vixésimo terceira edición do Festival Internacional Outono de Teatro revisará textos de autores clásicos coa intención de actualizar a figura do cabaleiro. Fala

da presentación do cartel do festival, deseñado por Juan Félix Gende. Ademais, informa da realización de varias exposicións, dunha nova edición da Rúa dos Contos e do ciclo de teatro experimental OTNI.

- J. M. Ramos, “Ron Lalá trae mañana al FIOT’14 la obra ‘En un lugar del Quijote’”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.063, 11 outubro 2014, p. 7.

Nomea algúns dos espectáculos que forman parte da XXIIIª edición deste festival.

- S. Elvira; J. M. Ramos e M. M., “Grumelot izará el telón del V Ciclo OTNI en Carballo”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.067, 15 outubro 2014, p. 7.

Informa de que a compañía ourensá Sarabela Teatro representará en Lalín *A idade da pavía* e que a compañía Grumelot estará en Carballo con *Los brillantes empeños*, actividades que se desenvolven dentro do ciclo OTNI do FIOT.

- J. M. R., “Voadora presentará este domingo ‘A tempestade’ en el FIOT de Carballo”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.076, 24 outubro 2014, p. 35.

Anuncia a representación d’*A tempestade* dentro do FIOT de Carballo, e do resto de pezas que se levarán a escena.

- J. M. R., “Xograr de Outono para Tatán en el FIOT de Carballo”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.077, 25 outubro 2014, p. 6.

Dáse noticia, entre outras novas, do gañador do Premio Xograr de Outono, Eduardo Rodríguez “Tatán”, que outorga a organización deste festival.

- J. M. R., “El FIOT cierra hoy la escuela dirigida a los espectadores”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.079, 28 outubro 2014, p. 7.

Anúnciase a cuarta e última sesión da Escola do Espectador do FIOT, na que terá lugar a análise das pezas que se representaron a semana anterior: *A tempestade*, de Voadora, e *Mucho ruido y pocas nueces*, de Las Grottesques. Desta maneira repasaranse as diversas formas de versionar o teatro de Shakespeare que se puideron ver neste festival.

**FITEU**, XXº Festival Internacional de Teatro Universitario da Universidade de Santiago de Compostela

Celebrado dende 1995, está dirixido por Roberto Salgueiro ao abeiro do Convenio Lugo Cultural, asinado pola Universidade de Santiago de Compostela (USC), o Concello de Lugo, a Deputación Provincial e a Fundación Caixa Galicia. Desenvólvese nos dous campus da Universidade de Santiago de Compostela e ten como coordinadores a Pablo Rodríguez no campus de Lugo e a Cecilia Carballido no de Santiago. A edición de 2014, celebrada entre os días 17 e 22 de xaneiro, contou coa representación de *Apnea (Variación 2ª)*, a cargo da Aula de Teatro da USC. Participaron tamén as compañías foráneas seguintes: a Core Theatre Ensemble, residente na Old Dominion University estadounidense; Teatro Rodante, da Universidade de Porto Rico; Dramus Trupé

Minimum, da Universidade de Lituania e Théâtre Universitaire Royal de Liège, de Bélxica.

### Referencias varias:

- Alberto Nova, “Compañías de todo o mundo no Festival de Teatro da USC”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 18 febreiro 2014, p. 25.

Descríbese a presentación da vixésima edición do Festival Internacional de Teatro Universitario da USC, que ten programadas cinco representacións de grupos de Estados Unidos, Porto Rico, Bélxica, Lituania e a propia USC, con propostas escénicas moi diversas. Cítanse as obras dos grupos nomeados, a representación de *Apnea (Variación 2ª)* da Aula de Teatro da USC e reproducense algunhas declaracións de Roberto Salgueiro, o seu director.

- P. Calveiro, “Salgueiro: ‘O programa deste festival supera aos dous últimos’”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Santiago”, “Para todos los públicos”, 18 febreiro 2014, p. L6.

Infórmase da situación da Aula de Teatro da USC e da súa actuación no Festival Internacional de Teatro Universitario da USC. Recóllense os nomes das agrupacións convidadas e as declaracións de Roberto Salgueiro, que fala sobre o programa deste festival, único no estado español con carácter anual.

- ECG, “Teatro Rodante presenta la obra ‘Platero y yo’”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 20 febreiro 2014, p. 28

Anúnciase a representación dunha adaptación de *Platero y yo* pola compañía Teatro Rodante do Departamento de Drama da Universidade de Porto Rico, dentro do marco da XX edición desta mostra.

- ECG, “Teatro con la lituana Dramos Trupé Minimun”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 21 febreiro 2014, p. 24.

Faise eco da posta en escena de *Circus* por Dramos Trupé Minimun, unha das compañías foráneas, procedente de Lituania, que participan neste festival.

### FITEUC, XXIº Festival Internacional de Teatro Universitario da Coruña

Festival internacional de teatro universitario organizado pola Concellería de Cultura en colaboración coa Aula de Teatro e Danza da Universidade. A edición de 2014 tivo lugar do 18 de marzo ao 21 de abril e representáronse as obras *Nocturnos*, de Teatro Normal da Universidade da Coruña; *Welcome*, da Aula de Teatro Universitario de Ferrol; *Café liberdade*, de Maricastaña, Aula de Teatro Universitario de Ourense; *Fíos invisibles*, de Teatro Senior da Universidade de Santiago de Compostela; *Miosotis. Non me esquezas*, da Aula de Teatro da USC-Lugo; *A fuxida*, de Kaos, Compañía Independente da Universidade de Santiago de Compostela e *Apnea (Variación 2ª)*, da Aula de Teatro da



Universidade de Santiago de Compostela. Tamén participou a compañía foránea Teatrubi (Portugal).

### Referencias varias:

- N. M., “El XXI Festival Internacional de Teatro Universitario acerca a la ciudad trece representaciones”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 19 marzo 2014, p. 17.

Coméntase o programa da XXI Edición do Festival Internacional de Teatro Universitario coruñés, que empregará a Sala Normal, o Teatro Rosalía e o Fórum Metropolitano. Infórmase das obras que representan os grupos participantes.

- Manuel Varela, “O público ilumina os nocturnos”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y Cultura”, 25 marzo 2014, p. 8.

Descríbense os trazos fundamentais da nova produción da compañía Teatro Normal da Universidade da Coruña, *Nocturnos*. Infórmase que se trata dunha obra de Paco Zarzoso dirixida neste caso por Rubén Ruibal, preparada para que existan múltiples puntos de vista e cunha liña máis poética que narrativa.

### FITO, VIIº Festival Internacional de Teatro de Ourense

Este festival naceu da man de Teatrauria, programa de accións para a xestión, produción e difusión das artes escénicas para as cidades. Está organizado pola compañía teatral ourensá Sarabela Teatro, co apoio institucional da Consellería de Cultura, a Deputación Provincial, o Concello de Ourense e o Teatro Principal e a Universidade de Vigo. A edición de 2014 tivo lugar dende o 2 até o 18 de outubro. Baixo a dirección de Ánxeles Cuña, contou coas representacións *Homes bisagra* e *Teatro invisible*, a cargo de Matarile; *O estado salvaxe. Espanha 1939*, a cargo de Pablo Fidalgo Lareo; *30 e tantos ósos*, a cargo de Aporía; *Ultranoite no país dos ananos*, a cargo de Chévere e *A tempestade*, a cargo de Voadora. Participaron tamén as compañías foráneas Viaje Inmóvil (Chile), Patrice Thibaud (Francia), Choni cía. Flamenca, Cía. Fernando Hurtado e The Funamviolistas (Andalucía), Teatro da Didascalía (Portugal), Titzina Teatro e Sergi López e Jorge Picó (Cataluña) e Tshock Cultura Emocional (Balears).

### Referencias varias:

- Sonia Torre, “El Festival de Teatro apuesta por el humor y por lo gallego”, *La Región*, “Ciudad”, 27 setembro 2014, p. 10.

Informa da sétima edición deste festival ofrecerá quince espectáculos entre os que se citan *30/40 Livingstone*, *Homes Bisagra* e tamén *30 e tantos ósos*.

- Mónica G. Bellver, “Comezan as funcións”, *O SIL*, “Cultura”, outubro 2014, p. 42.

Dá conta da presentación das actividades que terán lugar en Ourense no VII Festival Internacional de Teatro de Ourense (FITO) e no que participarán trece compañías.

- C. R., “O FITO converte Ourense no epicentro galego do teatro”, *Atlántico Diario/ La Región*, “*Universitas*”, 2 outubro 2014, p. 7.

Indica que esta edición do FITO comezará o 18 de outubro de 2014 e que contará coa organización de Sarabela Teatro e o apoio, entre outras institucións, da Universidade de Vigo e do Concello de Ourense.

- S. Torre, “La gloria de mi mare’ arranca el Festival de Teatro”, *La Región*, “Ciudad”, 2 outubro 2014, p. 12.

Anuncia a nova edición do Festival Internacional de Teatro de Ourense e refíre as datas, lugares e horarios das representacións. Destaca que se inicia co grupo Trécola e salienta a importancia da peza *La gloria de mi mare* de Choni Cía, da que comenta brevemente o seu argumento.

- Sonia Torre, “Vaya pinta de teatreiros”, *La Región*, “Ciudad”, 3 outubro 2014, p. 12.

Describe algúns dos espectáculos desta edición do FITO como *La gloria de mi madre* ou *Fair Play* e salienta a presenza dos actores actuando pola rúas de Ourense.

- Juan Llano, “La organización del Fito destaca la regularidad en el número de asistentes”, *La Región*, “Ciudad”, 19 outubro 2014, p. 15.

Comenta que rematou o festival despois de dúas semanas de actos culturais e recalca o amplo abano de disciplinas artísticas presentes no mesmo así como o éxito acadado entre o público.

### **Galicia, XVª Mostra de Teatro Universitario de**

Mostra de teatro universitario celebrada na cidade de Santiago de Compostela que na edición de 2014, celebrada entre o 23 e o 30 de abril acolleu as representacións das pezas *Apnea (variación 2ª)*, da Aula de Teatro da USC; *O envés*, de Enlata Teatro; *Farsa plautina*, de Troulaloura; *Miosotis. Non me esquezas*, da Aula de Teatro USC-Lugo; *Café liberdade*, da Aula de Teatro Universitaria de Ourense. Grupo Maricastaña; *Tralo telón*, do Grupo de Teatro Pinchacarneiro; *Desast-rosas*, de Artías Teatro; *A muller que comezou a contar ata dez e non parou*, de Tik Tak Teatro; *A princesa prometida (ou de cómo Falúa reinventou un conto clásico)*, de Teatro da Falúa; *Nocturnos*, de Teatro Normal da Universidade da Coruña e o grupo GN da Universidade de Santiago de Compostela.

### **Referencias varias:**

- M. M., “Talento teatral, publicitario y bien asegurado”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Patio de vecinos”, 15 maio 2014, contracuberta.

Entre outras novidades, dáse noticia da despedida da tempada de teatro universitario no Salón Nobre de Fonseca, onde se premiaron os mellores traballos.

- A. Iglesias, “El teatro vuelve a despertar el interés de los universitarios”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 18 maio 2014, p. 30.

Clausúrase a XV Mostra de Teatro Universitario de Galicia, constatando a boa saúde das artes escénicas. Coméntase a acollida dos espectáculos por parte do público e cítanse as representacións premiadas polo xurado: *Tralo telón*, de Pinchacarneiro e *Natureza viva*, de GN.

### **Galicia Escena Pro, IIª Mostra de artes escénicas**

Organizada dende 2013 pola Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) en cinco espazos de Santiago de Compostela: o Salón Teatro, o Auditorio da Universidade, o Teatro Principal, a Fundación SGAE e o Auditorio Novacaixagalicia. Nesta segunda edición de 2014, celebrada entre os días 3 e 5 de novembro, participaron as compañías Berrobambán, que levou a escena *Avestruz en terra allea*; Talía Teatro, con *Demolición*; Sarabela Teatro, con *Pequeñas certezas*; A Panadaría, con *Pan! Pan!*; Producións Teatrais Excéntricas, con *Bobas & Galegas (Mofa e Befas no Século d'Ouro)*; Il Maquinario Teatro, con *Perplexo*; Antón Coucheiro, con *Psicópata*; Aporía, con *30 e tantos ósos*; A Artística, con *Illas Atlánticas*; B. B. Producións, con *Muller cine e Chévere*, con *As fillas bravas*. Tamén se representaron as pezas dirixidas a un público infantil e familiar *A casa do avó*, de Tanxarina; *Ra, ra, ra*, de Abrapalabra Creacións Escénicas; *Rumpelstikin, o anano saltarín*, de Trompicallo e Kalina Teatro; *Roedores*, de Redrum Teatro; *Pedro e o lobo*, de Fantoques Baj; *Gatuxo*, de Magín Blanco e *Cocido sinfónico*, d'Os Tres Tenedores, así como actuacións de danza, maxia e novo circo.

### **Referencias varias:**

- Luis Montero, “Santiago, epicentro do sector escénico galego ata mañá”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 4 novembro 2014, p. 36.

Indica que a segunda edición desta mostra se articula en tres xornadas, con once espectáculos completos e doce *showcases*, e asemade apúntase que tamén se darán cita setenta e nove axentes culturais.

- Luis Montero, “A segunda edición de Galicia Escena Pro rematará hoxe na capital galega”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 5 novembro 2014, p. 43.

Alude ao remate deste festival, informando da presenza de Mofa e Befas, Il Maquinario Teatro, Magín Blanco, A Panadaría e Sarabela Teatro.

- Irene Jiménez, “Galicia Escena PRO pecha cun balance ‘moi positivo’ logo de 23 espectáculos”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 7 novembro 2014, p. 41.

Comenta que esta cita converteu a Compostela no epicentro da actividade escénica cunha oferta que chegou a cinco espazos composteláns e que contou con setenta e nove programadores, distribuidores e axentes culturais galegos.

### **Laracha**, Venres teatrais 2014 da

Ciclo de teatro organizado polo Concello da Laracha en colaboración coa Deputación da Coruña. A edición de 2014 tivo lugar entre os días 8 e 29 de novembro na Casa da Cultura desa localidade. Participaron as compañías galegas Mofa e Befá, con *Shakespeare para ignorantes* e *Sempre ao lonxe*; Triatreros, con *Matanza*; Abrapalabra Creacións Escénicas, con *Decamerón*; Talía Teatro, con *O método Grönholm* e Teatro Proscrito, con *Rosa de dous aromas*.

### **Laxe**, VIIª Mostra de Outono de Teatro do Concello de

Organizada pola Concellería de Cultura do Concello de Laxe e a Asociación Municipal Folerpas. A edición de 2014, celebrada entre o 26 de outubro e o 30 de novembro, contou coa presenza dos grupos Metátese Teatro, que levará a escena *A gran final*; Sen Tempo Teatro, con *O calzurras*; A Fiestra Teatro, con *A farsa de Inés Pereira* e Tangatutanga, con *Urraca*. Tamén se levou a escena a obra para público infantil *Contos para escagarriñarse*, de Ghazafellos.

### **Lauro Olmo**, Vº Ciclo de Teatro Afeccionado

Ciclo organizado pola Concellería de Cultura do Barco de Valdeorras. A edición de 2014 celebrouse do 24 de outubro ao 1 de novembro. Nela participaron os grupos Metátese Teatro, con *A gran final*; a Asociación Teatral Paso de Valverde, con *Sánatos* e Gargallada Teatro, con *Estación sombrío*. Tamén se levou a escena a peza para público infantil *Cipriano de Bequelar*, de Aturuxo de Melpómene Carrachanacacha.

### **Referencias varias:**

- A. R., “O Barco, en clave de comedia”, *O SIL*, “Cultura”, outubro 2014, p. 40.

Refírese as datas e os horarios das representacións que se insiren dentro do V Ciclo de Teatro Afeccionado Laura Olmo. Indica que se analizan diversas temáticas a través da comedia como o deporte, a emigración, as lembranzas, o amor ou a morte. Destaca que o ciclo está incluído nos Circuitos da Federación Galega de Teatro Afeccionado, organizado por Gargallada, en colaboración coa Concellería de Cultura do Barco de Valdeorras.

### **Lugo**, XIVª Mostra de Teatro Clásico de

Mostra organizada no marco dun convenio entre o Concello de Lugo e Caixanova e destinada a rememorar as figuras de recoñecidos autores do século XX. As diferentes actuacións celébranse no Auditorio Municipal Gustavo Freire de Lugo. Na edición de 2014, que tivo lugar entre os días 31 de xaneiro e 15 de febreiro, contouse coas representacións das pezas *Romano*, de Espello Cóncavo e o espectáculo de danza *Serán*

*clásico*, de Carballal Producións. Participaron tamén as compañías foráneas Pentación, Arte-Factor, Brazo Doble Producciones, Producciones El Brujo, Teatro de Fondo, Mephisto Teatro e Atalaya.

### Referencias varias:

- R. L., “Concha Velasco e El Brujo, na Mostra de Teatro Clásico”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 18 xaneiro 2014, p. 53.

Anúnciase a oferta escénica do certame lucense de teatro clásico, que incorpora a danza como unha das súas novidades, e noméanse algunhas das pezas representadas.

- C. U., “Críticas porque las entradas de teatro no se venden por internet”, *El Progreso*, “Lugo”, 28 xaneiro 2014, p. 6.

Coméntanse as críticas dos interesados en asistir a esta Mostra de Teatro Clásico polo sistema de venda das entradas, que non se poden adquirir por internet.

- María L. Viñas, “A mi edad necesito más el humor que el amor masculino”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 31 xaneiro 2014, p. 51.

Entrevístase a Concha Velasco con motivo da súa participación en *Hécuba*, de Eurípides, representada como obra inaugural da XIV Mostra de Teatro Clásico de Lugo. Coméntase a situación do sector teatral, da súa carreira profesional e de *Hécuba* en relación cos tempos de crise.

- T. Montero, “El Brujo adapta e interpreta ‘El asno de oro’”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Teatro”, 7 febreiro 2014, p. 6.

Dáse conta do pase, na Mostra de Teatro Clásico de Lugo, da obra clásica de Lucio Apuleio, *El asno de oro*, dirixida, adaptada e interpretada por Rafael Álvarez “El Brujo”. Dise que humor e ironía se dan a man neste modo de levar a escena que se remonta aos xograres ou ao nobel Darío Fo e que se ve reforzado pola condición de orador ambulante de Apuleio. Noméanse outras representacións: *Sueño de una noche de verano*, de Teatro de Fondo e *Donde hay agravios no hay celos*, de Memphisto Teatro.

- María L. Viñas, “Todos somos asnos, solo nos falta poner el heno delante”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 9 febreiro 2014, p. 75/ *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Teatro”, 8 febreiro 2014, p. 73.

Entrevístase telefonicamente ao actor cordobés Rafael Álvarez, “El Brujo”, con motivo da súa chegada a Pontevedra con *Mujeres de Shakespeare*, a súa última proposta teatral. Révisase a adaptación e a recepción d’*El asno de oro* de Apuleio, a función crítica do actor, a simplicidade dos seus espectáculos, internet ou a situación actual do sector teatral.

- MVI, “El Brujo nunca defrauda”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 9 febreiro 2014, p. 53.

Infórmase do cheo absoluto no auditorio Gustavo Freire de Lugo para acoller a montaxe *El asno de oro*, do actor Rafael Álvarez “El Brujo”, dentro da programación da Mostra de Teatro Clásico. Explicase que o texto aborda a decadencia moral do Imperio Romano de Occidente, a corrupción e o cambio de valores que se deu no século II d.C.

- R. L., “La Celestina cerrará la Mostra de Teatro de Lugo”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 13 febreiro 2014, p. 50.

Coméntase o avance da XIV Mostra de Teatro Clásico de Lugo, onde vén de presentarse *Donde hay agravios no hay celos*, de Mephisto Teatro, e que se pechará coa peza de Fernando de Rojas, *La Celestina*, da compañía sevillana Atalaya.

- T. M., “Atalaya lleva a escena la tragicomedia de De Rojas”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Escenarios”, 14 febreiro 2014, p. 11.

Anúnciase o peche da décimo cuarta edición da Mostra de Teatro Clásico de Lugo coa representación de *La Celestina*. Indícase que esta obra escrita por Fernando de Rojas no século XVI é unha das cimeiras da literatura.

#### **Lugo, XIVª Mostra de Teatro Grecolatino**

Festival organizado pola asociación Prósopon, a sección galega da Sociedade Española de Estudos Clásicos e o Concello de Lugo. Ten como obxectivo achegar o teatro grecolatino aos mozos de Educación Secundaria e Bacharelato. Esta edición de 2014 celebrouse do 24 ao 26 de marzo no Auditorio Municipal Gustavo Freire de Lugo e nela participaron as seguintes compañías: o Grupo El Ruiseñor, coas obras *Troyanas*, de Eurípides, e *Asambleistas*, de Aristófanes; Noite Bohemia, con *Aulularia*, *Cásina* e *Anfitrión*, de Plauto e o grupo valenciano Komos, con *Hipsípila*, de Eurípides.

#### **Referencias varias:**

- Marta Becerra, “Los clásicos regresan a las tablas”, *El Progreso*, “Lugo”, “El despertador”, 25 marzo 2014, p. 10.

Dáse conta da inauguración do XIV Festival Grecolatino en Lugo, que presentou para o público adolescente *Hipsípila*, de Eurípides, a cargo do grupo valenciano Komos, e *Aulularia*, de Plauto, do grupo coruñés Noite Bohemia. Coméntase que tamén se representarán *Cásina* e *Anfitrión*, de Plauto, *Troianas*, de Eurípides e *Asambleistas*, de Aristófanes.

#### **Lugo, XXº Festival Internacional de Teatro Universitario da USC de**

Mostra internacional de teatro universitario celebrada na cidade de Lugo. A edición de 2014, que tivo lugar entre o 1 e o 9 de abril, acolleu as representacións das pezas *Miosotis. Non me esquezas*, da Aula de Teatro da USC-Lugo; *Café liberdade*, do Grupo Maricastaña. Aula de Teatro Universitaria de Ourense; *Nocturnos*, de Teatro Normal da Universidade da Coruña e *Apnea (variación 2º)*, da Aula de Teatro da USC. O público

puido asistir igualmente a unha serie de microproxectos de actores galegos en formación, denominados “Teselas”, ademais doutras actividades e de postas en escena de compañías foráneas como Teatro el Mayal (Universidad de León), RESAD (Madrid), ESAD (Asturias), MalaEstirpe Teatro (Universidad de Castilla-La Mancha) e José Estruch (Madrid).

#### **Referencias varias:**

- Marta Becerra, “Lugo le pone ritmo a la vida”, *El Progreso*, “Lugo”, “El despertador”, 2 abril 2014, p. 9.

Dáse conta, entre outras novas, de dúas postas en escena deste festival, así como dos horarios e lugares de representación.

#### **Martabeladas, Iª Mostra de Teatro Afeccionado**

Iniciativa da Asociación Teenses pola Igualdade que se celebra na Asociación Rosalía de Castro de Cacheiras (Teo). Esta primeira edición de 2014 tivo lugar en xuño e nela representáronse as pezas *Martini seco*, de Mariñán; *Shakespeare low cost*, de Teatro Carauta; *Saude Private Hospital*, de Armadiña Teatro e *Mullerebillosas*, d’As Martabelas.

#### **Referencias varias:**

- C. B., “Promueven una muestra de teatro aficionado en Teo”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 948, 16 xuño 2014, p. 7.

Coméntase a organización da primeira edición desta mostra teatral e detállanse as pezas que se representarán.

#### **Meaño, Mes do Teatro de**

Organizado pola Concellaría de Cultura e Educación e a Oficina Municipal de Información Xuvenil de Meaño. A edición de 2014 celebrouse no centro social de Dena os domingos do mes de marzo. Contou coa presenza de Expresións Teatro, con *Pista ou peste*; o grupo da Asociación Cultural Xunco, con *O fontaneiro é a miña muller* e Teatro 105 Besos, cunha peza en castelán.

#### **MIT, XXXª Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia**

Mostra de teatro creada en 1973 baixo o nome Mostra de Teatro Abrente. Organizada pola Concellaría de Cultura do Concello de Ribadavia (Ourense), está dirixida por Roberto Pascual e ten como marco a praza maior de Ribadavia, o auditorio do Castelo dos Sarmientos e as rúas do barrio xudeu, así como a igrexa da Madalena ou mesmo outras rúas e prazas da vila. Dende o ano 2000, ao longo do transcurso da Mostra, o

público pode elixir a mellor obra representada, que é galardoada cunha figura representativa que se entrega no último día da mostra e que supón a invitación para participar na seguinte edición. Nesta ocasión foi a compañía Ron Lalá, con *En un lugar del Quijote*. A edición de 2014, celebrada entre os días 19 e 26 de xullo, contou coa participación das compañías Teatro do Vilar, coa peza *Aquí non paga ningún*; Voadora, con *A tempestade*; Ut-tópico Teatro, con *Diante do espello*; Triatrerros, con *Improprio*; Abrapalabra Creacións Escénicas, con *Decamerón* e Chévere, con *Ultranoite no país dos ananos*. Ademais representouse o espectáculo circense *Impreuna*, de Pistacatro e as pezas dirixidas a un público infantil *Lume*, de Títeres Babaluva e *Mr. Pancho e a última función*, de Títeres Cascanueces e Títeres Alakrán. Participaron tamén as compañías foráneas Artistas Unidos (Portugal), Maduixa (Valencia), Sud Costa Occidentale (Italia), Teatro Stabile di Napoli (Italia), Théâtre National de Bruxelles (Bélxica), Ron Lalá (Madrid), Jorge Eiro (Arxentina), La Rous (Andalucía), Jashgawronsky Brothers (Italia) e Cheek by Jowl (Francia).

### Recensións:

- Camilo Franco, “Dramas familiares, conflitos públicos”, *Tempos Novos*, n.º 205, “cultura e pensamento”, agosto 2014, pp. 58-63.

Ofrécese unha análise en profundidade desta mostra teatral. Despois de achegar unha división sobre os tipos de teatro que a caracterizan, fálase do público asistente e reflexiónase sobre a revisión que achega este espectáculo sobre a realidade. A continuación, ofrécese unha crítica da posta en escena das pezas *Ubu Roi* de Cheek by Jowl, *Le sorelle Macaluso* de Emma Dante, *A Tempestade* de Voadora, *Ultranoite no país dos ananos* de Chévere, *A 20 de novembro* de Artistas Unidos e *Sudado* a cargo da compañía de Jorge Eiro. Saliéntase a calidade da primeira peza, que mestura diferentes tipos de interpretación e estilos de teatros distantes. Apúntase que *Le sorelle Macaluso* constitúe un drama sobre as fillas contra a figura paterna. Destácase a dimensión metateatral d’*A Tempestade*. Sinálase a vertente política das pezas *Ultranoite no país dos ananos* e *A 20 de novembro*, destacando a dimensión satírica da primeira antes de indicar que a segunda recolle os argumentos dun rapaz rexeitado antes de disparar a compañeiros e profesores de instituto. Por último, apúntase que *Sudado* supón o traslado da vida corrente ao teatro. Esta achega estrutúrase nos epígrafes “*Ubu Roi*, *Le sorelle Macaluso* e *A tempestade*” e “Teatro político con Chévere e Artistas Unidos”.

- Inma López Silva, “Magnífico Ubu”, *Tempos Novos*, n.º 205, “ProTexta”, n.º 03, “crítica”, agosto 2014, p. 88.

Ofrécese unha crítica da posta en escena da obra *Ubu Roi* representada na MIT de Ribadavia a cargo de Cheek by Jowl. Sinálase que a obra xira arredor dun adolescente que verte sobre a súa familia e amigos a ollada da ficción de *Ubú rei*. Saliéntase a interpretación actual do texto, a calidade da interpretación dos actores para combinar a farsa e os bonecos co naturalismo burgués, a importancia da escenografía e o traballo de vídeo así coma o emprego da imaxe para ofrecer a lectura comparada entre o tempo de Jarry e o actual.

### Referencias varias:



- Mario Álvarez, “A Mostra de Teatro de Ribadavia aposta polos grandes nomes”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 20 xuño 2014, p. 46.

Explicase que se revalida o apoio da Xunta de Galicia a esta mostra, lembrando a súa transcendencia histórica no teatro galego e infórmase da carteleira da próxima cita, que apostará por compañías galegas como Voadora e Chévere e grandes nomes da escena internacional como Declan Donellan e Emma Dante.

- Sabela Pinal, “A Mostra de Teatro resaltará a liña musical na súa 30 edición”, *La Región*, “Provincia”, “Ribeiro”, 20 xuño 2014, p. 27.

Dá noticia de que se cumpren trinta anos da MIT de Ribadavia, e indica que a organización detalla algúns aspectos da vindeira edición na presentación desta, que tivo lugar en Santiago. Comenta que Declan Donellan e Emma Dante son apostas internacionais que se conxugarán cos grupos galegos Chévere ou cun ciclo sobre o novísimo teatro arxentino.

- Mónica G. Bellver, “30º aniversario da MIT”, *O SIL*, “Cultura”, xullo 2014, p. 47.

Anúnciase que Ribadavia volverá acoller un dos seus eventos definidores, a XXXª Mostra Internacional de Teatro e dise que a musicalidade é unha das liñas chave deste ano, observábel no cabaré nihilista de Chévere ou na parodia musical con clown e ironía sobre a reciclaxe e o consumo dos Jashgawronsky Brothers, entre outros.

- Sabela Pinal, “La Mostra de Teatro llama a batir un récord con un brindis de Ribeiro”, *La Región*, “Verano”, “10 xullo 2014”, p. 20.

Preséntase o programa de actividades paralelas a esta edición da Mostra Internacional de Teatro (MIT) de Ribadavia, que se celebrará en xullo. Explicase que coas actividades a organización pretende recuperar o espírito das primeiras edicións, entrelazando teatro, audiovisual, premios e cursos.

- M. V., “Ribadavia sube mañana el telón de la Mostra de Teatro”, *La Región*, “Verano”, “Agenda cultural”, “Teatro”, 17 xullo 2014, p. 27.

Indica que o 18 de xullo comezarán as actividades da XXXª edición desta mostra, que contará con dezanove obras e vinte e tres citas musicais e escénicas.

- Arantxa Á. Bao / T. M., “Ribadavia é un gran escenario en si mesmo”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Escenarios”, “Agenda”, 18 xullo 2014, pp. 12-13.

Reflexiona sobre a importancia desta mostra e destaca que cada edición atrae numerosas persoas que queren mergullarse “na máis arraigada tradición ribadaviense”.

- Marta Meira, “La MIT da alta cultura a precios accesibles”, *La Región*, “Verano”, 18 xullo 2014, p. 21.

Achégase unha conversa na que Roberto Pascual, director da MIT, comenta as novidades da XXXª edición desta mostra que contará cun premio honorífico a Cándido Pazó.

- Marta Meira, “El mejor teatro internacional se cita en la capital del Ribeiro”, *La Región*, “Verano”, 19 xullo 2014, p. 19.

Anuncia que as actividades desta mostra comezaron onte, se ben hoxe será a inauguración oficial cun concerto de Josito Porto.

- Marta Meira, “La MIT se gana al público”, *La Región*, “Verano”, 21 xullo 2014, p. 17.

Apunta que preto de 700 persoas acudiron ao primeiro espectáculo da XXXª Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, *A tempestade* e que 900 foron á representación de *Impreuna*.

- Marta Meira, “La hostelería se llena de teatro”, *La Región*, “Verano”, 22 xullo 2014, p. 26.

Salienta a repercusión que está a ter dentro da hostelería do Ribeiro a celebración da XXXª Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia e indica que se prevén 15000 espectadores para esta edición.

- Marta Meira, “Unha nova ‘Xeración Abrente’”, *La Región*, “Verano”, 24 xullo 2014, p. 20.

Dáse conta da presentación no marco da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, da obra gañadora do Premio Abrente de Textos Teatrais 2013, *Diante do espello*, de Fran Godón. Ademais, indícase que o Premio Abrente de Textos Teatrais 2014 recaerá en *Steet Art Symphony*, do ourensán Fernando Epelde.

- Marta Meira, “La MIT, mucho más que teatro”, *La Región*, “Verano”, 25 xullo 2014, p. 26.

Anuncia as diversas actividades complementarias da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, entre as que destaca os documentais e as presentacións de libros. Recolle o nome dalgunhas das pezas de teatro que se representarán: *Decamerón*, de Abrapalabra e *Ultranoite no país do ananos*, de Chévere.

- Marta Meira, “Ribadavia brinda por la MIT”, *La Región*, “Verano”, 27 xullo 2014, p. 22.

Indica que a mostra rematou cun brinde multitudinario e destaca que a organización logrou incentivar e apostar por novas alternativas nesta edición.

- E. P., “Ribadavia clausura su festival internacional con más de 9.000 espectadores en 8 días”, *Faro de Vigo*, “TV/Espectáculos”, 28 xullo 2014, p. 45.

Informa do peche da trixésima edición da Mostra Internacional de Teatro (MIT) de Ribadavia. Indica o resultado dos votos do público nesta edición, no primeiro posto a

compañía Ron Lalá, no segundo Chévere e no terceiro a inglesa Cheek by Jowl e a italiana Sud Costa Occidentale. Destaca o éxito do festival polo número de asistentes e pola dimensión internacional.

- Vicente Plaza, “Ribadavia concluye con 9.000 espectadores”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 28 xullo 2014, p. 30.

Faise un repaso da XXXª edición desta mostra, á que asistiron máis de 9000 espectadores. Anúnciase que se outorgou o principal premio do público ao grupo Ron Lalá, ficando segundo *Ultranoite no país dos ananos*, de Chévere, e terceiro *Ubu Roi* e mais *Le sorelle Macaluso*.

### **MITEU, XIXª Mostra Internacional de Teatro Universitario Galego**

Mostra que tivo a súa orixe en 1994, organizada pola Aula de Ourense baixo o nome de I Mostra de Teatro Galego Universitario de Ourense. En 1996 pasou a constituírse na I MITEU (Mostra Ibérica/Internacional de Teatro Universitario). Entre os seus obxectivos están potenciar o intercambio artístico entre grupos galegos e grupos da Península ou de fóra dela. Celébrase anualmente no Teatro Principal, aínda que tamén sae por veces a outros lugares. Ao remate das funcións establécese un coloquio sobre a obra e sobre as distintas xestións dos grupos universitarios. As datas de celebración son sempre na segunda quincena de abril. Está organizada pola compañía Sarabela Teatro xunto coa Aula de Teatro Universitario de Ourense Maricastaña, baixo a dirección de Fernando Dacosta e a coordinación de Elena Seijo. Conta tamén co patrocinio da Universidade de Vigo, a Área de Cultura do Concello de Ourense e a Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC). Dende 1999 celébrase tamén o “Premio de Dramaturxia Carlos Couceiro”, que na edición de 2011 engadiu a figura de Begoña Muñoz ao seu nome, para premiar con 600 euros unha das compañías participantes, ademais dos premios do público e da MITEU de cada edición. Nesa edición incluíuse un novo premio, á mellor resolución técnica, denominado “Susó Díaz”. Na de 2014, que se celebrou entre o 25 de abril e o 9 de maio, participaron as compañías galegas Boneca Lareta, con *Sede de mal*; Rosaura, Aula de Teatro Universitaria de Ourense, coa peza *Chispeando*; Cordelia, Aula Universitaria de Teatro de Ourense, con *Galería Berkvam 2.14*; Iolanda Muíños e Camila Bossa, con *Malos hábitos*; a Aula de Teatro da USC-Lugo, con *Miosotis. Non me esquezas*; a Aula de Teatro Normal da Universidade da Coruña, con *Nocturnos* e Quico Cadaval, con *Nove illas ou dez (Das cotovías)*. A mostra acolleu tamén a representación da peza infantil *Os sonhos de Xulia*, a cargo de Geppetto, Aula Universitaria de Teatro Infantil de Ourense. Así mesmo, contou coa participación das compañías foráneas Grupo Estable del Aula de Teatro de la Universidad de Burgos, La Coquera Teatro (Barcelona), Teatro Crítico Universal de la Universidad de La Rioja, Las Grotesques e Teatro de Cámara Cervantes (Madrid), Hisako Horikawa (Xapón), Fam Ya Mina Production (Guinea Ecuatorial), Yllana (Madrid), Teatro el Mayal de la Universidad de León, Teatro Universitário do Porto (Portugal), Grupo de Teatro de la Universidad Pública de Navarra, Johnny Melville (Escocia), Gruppo Límpido (Italia), Grupo Experimental da Universidade de Aveiro (Portugal), Teatr’ubi (Portugal) e Teatro dos Estudantes da Universidade de Coimbra (Portugal).

### **Referencias varias:**

- S. N., “Comienza la Miteu con 31 compañías de todo el mundo”, *La Región*, “Sociedad”, “Galicia: agenda cultural”, “Teatro”, 24 abril 2014, p. 52.

Infórmase do inicio desta mostra e noméanse algunhas das obras representadas.

- C. Crespo, “Ourense levanta el telón durante tres semanas”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Teatro”, “Agenda”, 25 abril 2014, p. 16.

Coméntase o programa da XIX Mostra de Teatro Universitario de Ourense, indicando que trinta e unha compañías de nove países e catro continentes chegarán á cidade con teatro, danza, circo, música, obradoiros, actividades na rúa e monicreques para adultos. Dise que o grupo Rosaura da Aula de Teatro Universitaria de Ourense inaugura a mostra con *Chispeando*, no parque de San Lázaro.

- C. R., “A chispa do teatro prende un ano máis coa Miteu”, *Atlántico Diario/ La Región*, “Universitas”, 30 abril 2014, p. 1.

Reséñase o inicio da XIXª edición da MITEU, con dúas das aulas de teatro do Campus estreando os seus espectáculos. Anúnciase que trinta e unha compañías de nove países sucederanse en Ourense, ofrecendo unha mostra do mellor teatro contemporáneo profesional e afeccionado e, ademais, noméanse algunhas obras.

- S. N., “La fantasía de los contrastes’ y ‘Best of Johnny’, en la Miteu”, *Atlántico Diario*, p. 32, “Teatro”/ *La Región*, p. 56, “Sociedad”, “Galicia: agenda cultural”, 2 maio 2014.

Refire dúas pezas que se representarán nesta mostra: *La fantasía de los contrastes*, da Aula Universitaria de Navarra cunha temática ligada á crise económica, e *Best of Johnny*, do clown Johnny Melville, pequenos sketches parodiando os pros e contras da UE.

- C. C., “Mimo, danza y, por supuesto, mucho teatro en Ourense”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Escenarios”, 2 maio 2014, p. 14.

Comenta que esta mostra chegou ao seu ecuador cun dos seus pratos fortes, a actuación do mimo e clown escocés Johnny Melville e tamén que se celebrará o cuarto Encontro de Danza Interuniversitaria.

- S. N., “Acto de clausura y entrega de premios para la Miteu 2014”, *La Región*, “Sociedad”, “Galicia: agenda cultural”, “Teatro”, 8 maio 2014, p. 52.

Anúnciase a clausura da Miteu coa entrega de premios do xurado e do espectador e as representacións das obras *Café Liberdade* no Teatro Principal e do espectáculo *Sede de mal* no Auditorio Municipal. Dise que o broche final póñeno Camila Bossa e Yolanda Muíños con *Malos hábitos* no Café Auriense.

- C. R., “A Miteu despediuse con éxito ata o ano que vén”, *La Región/ Atlántico Diario*, “Universitas”, 15 maio 2014, p. 7.

Realízase un balance final da XIXª Mostra de Teatro Universitario de Ourense, que ocupou a parte final do mes de abril e o inicio de maio con trinta e unha compañías de teatro profesional e afeccionado. Saliéntanse algúns espectáculos e a acollida do público e reproducense as palabras de Fernando Dacosta, director da Miteu.

#### **MOSTRA(TE), XIIIª Mostra de Teatro Afeccionado do Condado**

Organizada por AC Solpor, coa colaboración do Concello de Salvaterra de Miño e a Deputación de Pontevedra. A edición de 2013 tivo lugar na Carballeira das Fraguíñas de Fornelos, en Salvaterra de Miño os días 24, 25 e 26 de xullo. Contou coa participación do grupo da Asociación Teatral Mariñán de Betanzos, con *Martini Seco*; Trécola Teatro, con *Cling* e Carrachanacacha, con *Cipriano de Bequelar*.

#### **Narón, VIª Mostra de Teatro Amador de**

Organizada polo Padroado de Cultura de Narón e celebrada no local social da Asociación de Veciños de San Xiao entre os días 30 de novembro e 27 de decembro. Participaron os grupos Sete en Punto, con *O achado do castro*; o grupo da Escola de Teatro de Narón, con *Contos sen fronteiras* e o Aturuxo de Melpómene-Carrachanacacha, con *Desencaixados (esperpéntica crise)*.

#### **Negreira, Vº Ciclo Teatral de**

Organizado polo Concello de Negreira en colaboración coa Deputación da Coruña. A edición de 2013 desenvolveuse entre os venres 24 de abril e o 7 de xuño. Participaron os grupos de teatro municipal de Ames, con *Véndese*; a Escola Municipal de teatro de Laxe e o Obradoiro Municipal de Teatro de Palas de Rei, con *Na procura da fantasía*; Metátese Teatro, con *A gran final*; Pinchacarneiro, con *Os perseguidores de sonhos*; a Escola Municipal de Teatro de Negreira, con *2033 Cabaret musical*; Teatro Solidario As Ínsuas, con *Disques* e Malasombra, con *Go on!*. Tamén se representou, para público infantil, a peza *Pio!*, de Caramuxo Teatro.

#### **Referencias varias:**

- M. M. O., “El Ciclo de Teatro de Negreira sigue los días 23 y 24”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 909, 7 maio 2014, p. 7.

Refire o horario de dúas das pezas que se representarán neste ciclo teatral, *Os perseguidores de sonhos*, de Pinchacarneiro e *Go on*, de Malasombra.

#### **Outonoteatro**

Organizado polo Concello de Redondela e celebrado no Multiusos da Xunqueira, do 4 de outubro ao 8 de novembro. Na edición de 2014 participaron as compañías galegas Teatro Proscrito, con *Rosa de dous aromas*; Redrum Teatro, con *Amor flexible*;

Chévere, con *Ultranoite no país dos ananos*; Abrapalabra Creacións Escénicas, con *As do peixe*, así como a compañía foránea Les Grotesques. Tamén houbo un monólogo de Manquiña e Lomba.

### **Palas de Rei, XVª Mostra “Teatro no Camiño” de Teatro Amador**

Mostra de teatro afeccionado organizada polo Grupo Metátese Teatro e a sociedade cultural “Orden de donas e cabaleiros do priorado de Vilar de Donas: Os lobos”. Levada a cabo a través do Centro de Documentación e Interpretación da Ulloa, esta mostra, que foi creada coa finalidade de achegar o traballo de grupos afeccionados galegos e foráneos, conta asemade coa colaboración do Concello de Palas de Rei, a Concellería de Cultura e a Deputación. No ano 2014 celebrouse entre os días 21 de agosto e 7 de setembro e participaron o Obradoiro Municipal de Teatro de Palas de Rei, con *Na procura da fantasía*; Batán, con *Retiractivos*; Metátese Teatro, con *A gran final*; Os Burlesques, con *2033*; Folerpas Teatro, con *Traballos* e Pinchacarneiro Teatro, con *Os perseguidores de soños*. Representáronse tamén as obras para público infantil *Vacacións no mar*, de Mircromina Títeres; *Chuvia de historias*, de Alentía Teatro e *O cadro do espantallo*, de Ti e Mais eu Teatro. Ademais, participou a compañía foránea La Invencible Teatro (Cuenca).

### **Poio Escena, Vº Ciclo de Teatro**

Ciclo de teatro afeccionado organizado pola Sociedade Cultural e Deportiva de Raxó, a Sociedade Cultural e Deportiva de Samieira e a asociación Armadiña de Combarro, en colaboración co Concello de Poio. Nesta edición de 2014, celebrada ao longo dos dous semestres do ano, participaron as compañías Intres Teatro, con *Paquita and family*, a Aula de Teatro Municipal de Pontevedra, con *Os suicidas*; o grupo teatral Fonte da Tella, con *Aquí non paga ninguén*; Armadiña Teatro, con *Saúde Private Hospital*; Teatro Atlántida de Matamá, con *Visións dun cego*; Pinga Teatro, con *Intim*; o grupo de teatro O Faro, con *Menciñeiro á forza*; Pinga Teatro, con *Intim*; Lúa Chea, con *Historias dunha praza*; o grupo da Asociación Cultural Mariñán, con *Martini seco* e Teatro Carauta, con *Shakespeare low cost*. Tamén se levou a escena a peza para público infantil *Croac*, de Pinga Teatro.

### **Referencias varias:**

- M. A. C., “Intres Teatro representará la obra ‘Paquita and family’ mañana en el Xaime Illa”, *Diario de Pontevedra*, “Poio”, “Comarca”, 27 febreiro 2014, p. 15.

Anúnciase a posta en escena de *Paquita and family*, de Intres Teatro no Centro Cultural Xaime Illa de Raxó, dentro do ciclo Poio Escena.

- M. A. C., “Poio Escena presenta ‘Intim’, de Pinga Teatro, el próximo día 28”, *Diario de Pontevedra*, “Poio”, “Comarca”, 22 marzo 2014, p. 14.

Dá conta da representación de *Intim*, obra sobre o mercado laboral, por parte do grupo Pinga Teatro no salón de actos da Comunidade de Montes de Combarro, á vez que se

comenta o aprazamento de *Saúde Private Hospital* de Armadiña Teatro por motivos alleos á organización do ciclo.

- M. A. C., “La Agrupación Teatral Mariñán actuará el viernes en el Xaime Illa”, *Diario de Pontevedra*, “Poio”, “Comarca”, 28 maio 2014, p. 11.

Infórmase dunha nova entrega deste ciclo e a posta en escena de *Martini Seco*, da Agrupación Teatral Mariñán no Centro Cultural Xaime Illa de Raxó.

- M. A. C., “Poio Escena ofrecerá unha obra extra este mes, el día 14 en Raxó”, *Diario de Pontevedra*, “Poio”, “Comarca”, 6 xuño 2014, p. 11.

Anuncia a representación dunha nova peza dentro do ciclo teatral Poio Escena, *Os suicidas*, adaptación libre de textos de Manuel Rivas, Suso de Toro, Manuel Lorenzo e Jacobo Paz levada a escena pola Aula Municipal de Teatro de Pontevedra.

- Carolina Sertal, “PoioEscena amplía la oferta cultural del municipio hasta el mes de diciembre”, *Diario de Pontevedra*, “Poio”, “Comarca”, 12 xullo 2014, p. 9.

Preséntase a programación completa deste ciclo, informando das representacións de *Visións dun cego*, de Teatro Atlántida de Matamá; *Intim*, de Pinga Teatro; *Menciñeiro á forza*, do grupo de teatro O Faro e *Historias dunha praza* de Lúa Chea, entre outras.

- M. A. C., “El grupo teatral Atlántida de Matamá actuará el próximo sábado en Samieira”, *Diario de Pontevedra*, “Poio”, “Comarca”, 23 xullo 2014, p. 12

Anuncia unha nova edición deste ciclo de teatro, organizado pola Concellería de Cultura, a Sociedade Cultural e Deportiva de Samieira e a asociación Armadiña de Combarro. Destaca a representación da obra *Visións dun cego*, do grupo Atlántida de Matamá.

### **Ponteatro, Os xoves bótalle teatro á vida**

Ciclo teatral organizado polo Concello de Pontevedra que se desenvolve no Teatro Principal e no Pazo da Cultura durante sete xoves de outono: dende o 16 de outubro ata o 18 de decembro. Na edición de 2014 participaron as seguintes compañías: Voadora, con *A tempestade*; Eme2, con *Meu ben*; Catrocadeiras, con *O feo*; Obras Públicas, con *Bye, bye, honey*; Redrum Producciones, con *Amor flexible*; Triatreros, con *Imperio D. F.* e Pistacatro, co espectáculo circense *Impreuna*.

### **Referencias varias:**

- A. P., “Ábrese o pano e... chega a Pontevedra a segunda edición de Ponteatro!”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, 7 outubro 2014, p. 61.

Dáse conta de todas as postas en escena que formarán parte da IIª edición desta mostra que se celebrará entre o 16 de outubro e o 18 de decembro e anúnciase que as entradas están á venda na web de Servinova.

## **Ponteceso, XXIº Ciclo de Teatro**

Organizado pola Concellaría de Cultura de Ponteceso, en colaboración coa Asociación Cultural Monte Branco. A edición de 2014 tivo lugar os sábados do mes de novembro no local desta Asociación. Representáronse *Demolición*, de Talía Teatro; *A verdadeira historia de Robinson Crusoe e Venres*, de Bandullo Azul e *As do peixe*, de Abrapalabra Creacións Escénicas.

## **Ponte... na escena, IIª Edición do Festival Internacional de Teatro Lusófono**

Organizado pola asociación Ponte... nas ondas, Limiar Teatro e a Concellaría de Cultura do Concello de Gondomar. A edición de 2014, celebrada do 8 ao 11 de maio, contou coa participación da compañía galega Viravolta Títeres, que levou a escena a peza para público infantil *Barriga verde*. Tamén representaron as súas obras compañías foráneas como Goudu Theatre (Francia), Fafe Cidade das Artes (Portugal) e Cía Bocaccione, Maren Vargens, Toca de Teatro e Por volta de logo e depois (Brasil).

### **Referencias varias:**

- A. De Santos, “Compañías de Galicia, Brasil y Portugal componen el cartel de Ponte... na escena”, *Faro de Vigo*, “TV/Espectáculos”, 16 abril 2014, p. 55.

Anúnciase a segunda edición do Festival de Teatro Ponte... na escena, unha iniciativa ao abeiro do proxecto “Ponte... nas Ondas!” que se celebrará en maio no municipio pontevedrés de Gondomar, en prol do patrimonio inmaterial galaico-portugués. Canda unha mancha de compañías do ámbito portugués e brasileiro, coa lusofonía francesa incluída, actuará a compañía lalinense Viravolta Títeres coa peza *Barriga Verde*.

- Lorena Rodríguez, “Gondomar, capital do teatro lusófono grazas a Ponte... Na Escena”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 3 maio 2014, p. 34.

Infórmase do acto de presentación da segunda edición do Festival Internacional de Teatro Ponte... na Escena, ligado ao programa de intercambio cultural galego-portugués “Ponte... nas Ondas”, que se celebrará en Gondomar na segunda semana de maio. Saliéntanse algúns aspectos da programación e o importante número de nomes femininos en máis da metade das montaxes, ora na dirección, ora na interpretación.

- C. C., “Se levanta el telón lusófono”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Escenarios”, “Agenda”, 9 maio 2014, p. 13.

Anúnciase a programación do festival internacional de teatro Ponte... na escena, que se celebra a fin de semana en Gondomar. Dise que performers e compañías brasileiras, parisiñas, portuguesas e galegas pasarán por esta cita. Dáse conta de que, materializando un desexo dialogante con quen vive o teatro intensamente, o programa inclúe un encontro entre os grupos participantes, os programadores e todo tipo de público interesado.



- Pablo F. E., “Gondomar recupera con éxito al títere Barrigaverde”, *Atlántico Diario*, “Área metropolitana”, “Val Miñor”, 9 maio 2014, p. 13.

Incídese na recuperación do títere Barrigaverde, creado por José Silvent na primeira metade do século XX, cuxa revitalización centrou a primeira xornada do festival internacional de teatro Ponte... na escena, iniciativa enmarcada no programa “Ponte... nas ondas”. Afóndase na tradición da que bebe Barrigaverde e nalgúns detalles do festival, caracterizado pola presenza de compañías lusófonas.

- Fran P. Lorenzo, “A nosa idea é que Gondomar acolla este festival como seu”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 11 maio 2014, p. 44.

Entrevístase a Fran Núñez, programador de Ponte... na escena, festival de teatro nacido no seo do proxecto “Ponte... nas ondas”, con motivo das súa clausura en Gondomar. Na conversa salienta a necesidade de implicar os proxectos culturais no tecido social e revisa algunhas das expresións que nel se deron cita e as aprendizaxes extraídas do contacto con outras compañías.

### **Rianxo**, Outono Cultural de

Organizado pola Área de Educación, Cultura e Normalización Lingüística do Concello de Rianxo, coa colaboración da Deputación da Coruña e outras entidades. O teatro ocupa un papel fundamental neste programa, onde tamén teñen oco as presentacións literarias, as exposicións, os concertos e até unha acampada na biblioteca municipal. No 2014 celebrouse durante os meses de outubro, novembro e decembro e contou coas seguintes postas en escena: *Mision sapiens* e *Go on*, a cargo de Malasombra Producións; *Santa Perpetua*, de NNC; *A ratoeira*, a cargo do Aturuxo de Melpómene-Carrachanacacha; *Celtas sen filtro*, do Grupo de Teatro Airiños; *As do peixe*, de Abrapalabra Creacións Escénicas e *Colón debe morrer*, de Criaturas. Leváronse a escena as postas para público infantil *Nuncabunga*, de Elefante Elegante e *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*, do Centro Dramático Galego.

### **Referencias varias:**

- Suso Souto, “La programación del Outono Cultural de Rianxo incluye seis obras teatrales”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 1.074, 22 outubro 2014, p. 7.

Anúncianse as seis obras de teatro que se levarán a escena neste Outono Cultural durante o mes de novembro, así como os días e o horario das representacións.

### **Riveira**, Mostra de teatro de

Mostra de teatro organizada pola Concellería de Cultura e Festexos e coa colaboración da Deputación da Coruña que se celebra en Riveira. Na edición de 2014, que tivo lugar no auditorio da localidade dende o 25 de outubro até o 5 de decembro, representáronse as pezas *Demolición*, de Talía Teatro; *Sede de mal*, de Boneca Lareta; *Vaia tropa*, de

Max Teatro; *Misión Sapiens*, de Malasombra Produccións; *O segredo de Uxía*, de Xoré Teatro e *Amor flexible*, de Redrum. Para público infantil, representouse a peza *Memorias dun neno labrego*, de Abrapalabra Creacións Escénicas.

### Referencias varias:

- Suso Souto, “La Mostra Teatral de Ribeira sube el telón con 7 compañías”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.076, 24 outubro 2014, p. 35.

Anuncia a presentación das sete representacións dramáticas que formarán parte da Mostra de teatro de Riveira na que se inclúen grupos profesionais e un grupo afeccionado de Ferrol.

### Sada, Xª Mostra de teatro afeccionado

Organizada pola Área de Cultura do Concello de Sada que, ademais das diversas representacións teatrais, presenta outras actividades de xeito paralelo, tales como coloquios ou cursos monográficos. Concédese ademais o premio Luguís Freire a aquelas obras mellor valoradas, podendo participar grupos de toda Galicia e norte de Portugal. Nesta edición de 2014, que se levou a cabo entre o 15 e o 30 de marzo, contou coa participación de Andaravía Teatro, que levou a escena *República de Gundián*; NNC Teatro, con *Santa Perpetua*; o Aturuxo de Melpómene-Carrachanacacha, con *Cipriano de Bequelar* e Caruncho Teatro, con *Inés, desapercibida*. Tamén participou a compañía foránea Los Cigarrales.

### Referencias varias:

- Daniel Romero, “La compañía Andaravía abrirá mañana el décimo certamen de Teatro Aficionado de Sada”, *El Ideal Gallego*, “Sada”, 14 marzo 2014, p. 21.

Informa do inicio da décima edición da Mostra de teatro afeccionado de Sada, na que participarán seis compañías coruñesas con entrada gratuíta. Detalla algúns aspectos da presentación, os 3000 euros de financiamento dados polo concello e as catro categorías de premios ideadas.

- Víctor Castro, “Sada apuesta un año más por las artes escénicas”, *El Ideal Gallego*, “Área metropolitana”, “Atalaya mariñana”, 14 marzo 2014, p. 22.

Anuncia que a Casa da Cultura Pintor Francisco Llorens de Sada acolle a décima edición da Mostra de Teatro de Sada. Indica que *República de Gundián*, levada a escena pola Compañía Andaravía Teatro, será a encargada de inaugurar o evento, á que seguirán as representacións da Compañía NNC Teatro, do Aturuxo de Melpómene-Carrachanacacha, de Caruncho Teatro e da Compañía Teatro Artesán de Sada.

### San Andrés de Comesaña, VIIIº Encontro Teatral de

Mostra de Teatro afeccionado organizada pola compañía teatral O Trasno Novo Teatro. Na edición de 2014, que tivo lugar entre o 6 e o 21 de setembro, participaron as compañías Enxebre, con *Tres*; Fanfarra Teatro, con *Parece que... vai chover (Esquivo e prevención)*; Nostrum Cai Teatro, con *A casa pechada* e Gargallada Teatro, con *Cincenta: Teatro on the rock*.

### **Referencias varias:**

- Ana Rodríguez, “Cita con el arte dramático en San Andrés de Comesaña”, *Faro de Vigo*, “Vigo 4 Costados”, 9 setembro 2014, p. 3.

Indica que a compañía O Trasno Novo Teatro organiza este encontro teatral que contará coas obras *Tress*, da compañía Enxebre, *Esquivo e prevención*, de Fanfarra Teatro e *Cincenta: Teatro on the rock*, do grupo valdeorrés Gargallada Teatro.

### **Sen Numerar, Ciclo de Teatro**

Ciclo de teatro organizado pola Concellaría de Cultura da Coruña, en colaboración coa Rede Galega de Teatros e Auditorios, co obxectivo de reforzar a programación do Fórum Metropolitano e apoiar o traballo de compañías locais e galegas. Na edición de 2014, celebrada do 26 de setembro até o 5 de decembro, representáronse as pezas *Os contos de Joselín*, de Central Folque; *A mamma*, de Teatro do Noroeste, *O lazariño de Tormes*, de Teatro do Morcego; unha obra en castelán da compañía galega Teatro Ensalle e outras pezas das compañías foráneas Sudhum Teatro, Las Grotesques e El Replá Producciones.

### **Sociedade de Amigos da Paisaxe Galega, XXVª Xornadas de Teatro da**

Ciclo escénico organizado pola Sociedade de Amigos da Paisaxe Galega en colaboración co Concello de Mugardos, a Deputación da Coruña e Novacaixagalicia. Na edición de 2014, celebrada os días 5, 6, 7 e 8 de decembro, participaron os grupos Pérez Parallé, con *Enganados* e Donas Amistad, con *Consulta do Doutor Casimiro Bernalgas Mirón*. Para o público infantil, representouse ...3, 2, 1, por parte de Ghazafellos.

### **Teatro Colón, IIIª Mostra de Teatro Afeccionado do**

Organizada dende 2014 por Artestudio, baixo a dirección de Ramiro Neira, e celebrada no Teatro Colón da Coruña todos os martes de outubro. A edición de 2014 contou coa participación das compañías galegas Jueves Te-antro, con *Ticket*; Galeatro, con *De leria con Castelao* e Ateaco, con *Eirugas*, ademais da compañía foránea Los Cigarrales.

### **Teatro con Melpómene, Ciclo de**

Ciclo teatral que tivo lugar no Auditorio de Narón e que se celebrou entre os días 26 de setembro e 26 de outubro. Contou coas representacións dos grupos Gargallada Teatro, que levou a escena *O anel máximo*; O Trasno Novo Teatro, con *Consuelo*; Andaravía Teatro, con *A República de Gundián*, o Aturuxo de Melpómene-Carrachanacacha, con *Comendo Pementos de Padrón con Tarantino* e coa súa última estrea, *Desencaixados (esperpéntica crise)* e Achádego Teatro, con *O barco sen mariñeiro*.

### **Teatrofilia, XIª Mostra de Teatro Amador**

Festival de Teatro Amador organizado pola Asociación Cultural Papaventos, coa colaboración do concello de Vedra, FEGATEA e Ullán Teatro. Na edición de 2014, celebrada no Centro Social da Terceira Idade de Vedra dende o 21 de marzo até o 13 de abril, participaron as compañías Disfunción Continua Teatro, con *Eran outros tempos, ou non?*; Teatro Atlántida de Matamá, con *Visións dun cego*; o grupo municipal de teatro de Ames, con *Véndese*; Andaravía Teatro, con *República de Gundián*; A Panadaria, con *Pan, pan*; a Aula de Teatro do CPI de Vedra, con *O último canto*; Artías Teatro, con *Dixo pene: a nai que os pariu!*; o grupo de teatro do Centro Social da Terceira Idade de Vedra, con *A de Fungueiro o tacho e 100tolas*, con *Quéreme ben*. Tamén se representaron as pezas destinadas a un público infantil *Os cinco dedos e vive a túa vida*, do Grupo da AC Cotomandelo; *Cipriano de Bequelar*, de Carrachanacacha; *Moito conto*, de Redrum Teatro; *A caixiña e as máscaras*, dos nenos de San Miguel de Sarandón; *Un conto*, de Tira e Afloxa Cativos e *O polígrafo*, de Tira e Afloxa.

### **Referencias varias:**

- M. Toledo, “La asociación Papaventos prepara la XI muestra de teatro aficionado de Vedra”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 800, 16 xaneiro 2014, p. 7.

Anuncia a undécima Mostra Teatrofilia, á que precede un concurso de carteis, do que se detallan as bases e os premios. Salienta que todas as edicións contan coa presenza dunha compañía profesional, este ano Redrum Teatro, que levará a escena *Moito conto*.

- M. T., “A obra de Andrea Valado será o cartaz de Teatrofilia”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 815, 31 xaneiro 2014, p. 5.

Refire o cartaz gañador do concurso, autoría de Andrea Valado, de Ourense.

- M. T., “Teatrofilia arrancará en Vedra o vindeiro venres 21”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 855, 12 marzo 2014, p. 5.

Informa do próximo arrinque desta mostra, así como das primeiras representacións, da data de peche da mesma e das entradas.

- Susana Formoso, “Teatrofilia regresa á escea con preto de 20 representacións”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 861, 18 marzo 2014, p. 7.

Dáse noticia desta mostra de Vedra, que ofrecerá preto dunha vintena de representacións durante as próximas catro fins de semana. Indícase que se inaugura con

*Eran outros tempos, ou non?*, dos estradenses Disfunción Continua, peza á que seguen representacións de diferentes compañías compostelás, amienses e locais, como Andaravía Teatro.

- C. Creo, “Buen arranque del ciclo Teatrofilia en la casa da terceira idade de Vedra”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 867, 24 marzo 2014, p. 5.

Coméntanse as primeiras sesións deste ciclo ao que asistiron unha media dun cento de persoas en cada actuación. Cítase unha peza xa representada de Disfunción Continua e *Véndese* do grupo municipal de teatro de Ames.

- M. T, S. F., S. S. e M. M., “Abril cultural en Silleda para ayudar al pueblo saharauí”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 870, 27 marzo 2014, p. 7.

Dá conta, entre outras novas, da actuación de Andaravía Teatro dentro deste ciclo.

- M. Toledo, “Teatrofilia baixará o telón esta fin de semana na Festa do Viño de Vedra”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 882, 8 abril 2014, p. 6.

Confírmase o avance de Teatrofilia, salientando a súa organización e algunhas das pezas que se levarán a escena.

- S. Formoso, “Teatrofilia baja el telón con una media de noventa espectadores por sesión”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 888, 15 abril 2014, p. 7.

Realízase un balance final deste ciclo que finalizou cun pasarrúas dentro dos actos da Exaltación do Viño da Ulla. Indícase que preto dunha decena dos actores da Asociación Cultural Papaventos participaron nesta representación e salíéntanse aspectos da cultura do Val do Ulla. Dise que, aínda rexistrando unha leve baixada de asistentes, as vinte representacións que se sucederon en Vedra colleitaron opinións moi positivas.

- M. Toledo, “Convoncan en Vedra el concurso de carteles para anunciar Teatrofilia”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.141, 30 decembro 2014, p. 7.

Anúnciase a convocatoria do concurso de carteis para difundir esta décimo primeira Mostra de Teatro Amador de Vedra, Teatrofilia.

## **Teo, VIIº Mes do Teatro**

Organizado polo Concello de Teo en colaboración coa Deputación da Coruña e Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC). A edición de 2014, que comezou o día 3 de outubro e rematou o 2 de novembro, contou coa participación de Obras Públicas, que levou a escena *Bye bye honey*; Andaravía Teatro, con *República de Gundián*; Chévere, con *As fillas bravas*; Malasombra Teatro, con *Smoke city. A cidade do fume* e Boneca Lareta, con *Sede de mal*. Para público infantil representouse *O mundo ao revés*, de GarabaTo de Xogos e *A modernidade chega á vila*, de Fanfarra Títeres.

## **Referencias varias:**

- M. T., “Teo sube el telón del VII Mes do teatro con la pieza ‘Bye bye honey’ en Reis”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.053, 1 outubro 2014.

Refire as datas e os horarios das representacións que se insiren dentro da sétima edición do Mes do Teatro do Concello de Teo. Destaca que se inicia coa peza *Bye bye honey* da compañía Obras públicas e que se pecha con *Sede de mal* de Boneca Lareta-Culturactiva.

### **Terras de Orcellón, VIIª Mostra de Teatro Amador**

Organizada polo grupo Tiruleque, co apoio da Deputación Provincial de Ourense e do Concello do Carballiño. A edición de 2014 celebrouse entre os días 2 e 30 de novembro. Representáronse as pezas *Amador*, por parte de Trécola Teatro; *Silicon Valley*, por Tiruleque Teatro; *Sánatos*, pola Asociación Teatral Paso de Valverde; *A ratoeira*, por O Aturuxo de Melpómene-Carrachanacacha e *Animaliños*, de Teatro de Cámara Ditea.

### **Tomiño, Outono Cultural de**

Organizado polo Concello de Tomiño e a Deputación de Pontevedra e celebrado na Casa da Cultura da vila. Nesta edición de 2014, que tivo lugar entre o 5 de outubro e o 30 de novembro, participaron as compañías Fulano, Mengano e Citano, coa peza *Viva a crise*; Abrapalabra Creacións Escénicas, coas pezas *As do peixe* e *Decamerón*; Mofa e Befá, con *Cociña económica*; Malasombra Producións, coa peza *Misión sapiens* e Boneca Lareta Producións, con *Sede de mal*.

### **Troco X Troco, IIº Intercambio Teatral Portugal-Galicia**

Circuíto de difusión teatral organizado pola Xunta de Galicia dende 2013, a través do que se busca potenciar o intercambio entre Galicia e Portugal, ao tempo que se favorece a comunicación intercultural e a proxección no ámbito da lusofonía. Consiste en traer o teatro portugués a Galicia e de levar o teatro galego a Portugal. Na edición de 2014, que continúa no primeiro semestre do ano a edición do ano anterior, representáronse as pezas *Os cantares das musas*, de Sarabela Teatro; *A charca inútil*, de Teatro do Atlántico e *A función do Tequila*, de Teatro do Morcego. Tamén se levou a escena, para o público infantil, a peza *Touporroutou da lúa e do sol*, de Teatro do Noroeste, en coprodución co Centro Dramático Galego. As compañías portuguesas que representaron as súas obras en Galicia foron Seiva Trupe, A Escola da Noite, a Companhia de Teatro de Braga e o Centro Dramático de Évora.

### **Referencias varias:**

- R. M., “El Salón Teatro se llenará de espectáculo hasta junio”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “*Santiago*”, “*Para todos los públicos*”, 17 abril 2014, p. L6.

Anuncia a variedade de espectáculos que acollerá o Salón Teatro de Santiago de Compostela: teatro, humor, danza, galas benéficas, circo e cinema. Entre outras novas, informa da presentación da peza *Autos da revolução* do Centro Dramático de Évora, no marco da primeira edición do programa de intercambio Troco x Troco.

- E. G., “El mejor teatro gallego y portugués llega a Tui”, *Faro de Vigo*, “Baixo Miño”, “Área metropolitana”, 24 maio 2014, p. 15.

Refírese ao peche da primeira edición do circuito “Troco x Troco” de intercambio escénico entre Galicia e Portugal celebrado en Tui, con *Autos da revolução* do Centro Dramático de Évora, que acolle fragmentos do escritor António Lobo Antunes. Explicase que o programa, promovido pola Consellería de Cultura e a asociación portuguesa Cena lusófona, ofreceu trinta e dúas actuacións en catro escenarios galegos e catro portugueses.

#### **Tui, VIª Semana de Teatro Amador de San Telmo**

Xornada de teatro afeccionado que organiza a Concellería de Cultura de Tui, coincidindo coas festas de San Telmo celebradas no concello. Nesta edición de 2014, entre o 21 e o 26 de abril, participaron as compañías Atalaia, coa peza *Non me mintas, Mariana*; Mesturanzas, con *O achado do castro*; Chirlomirlo, con *Os antipáticos do segundo*; Aloia, con *A idade do pavorosaurio* e San Fins, con *A Compraventa*.

#### **Referencias varias:**

- Eva González, “El arte escénico de Tui protagoniza una semana de comedia”, *Faro de Vigo*, “Baixo Miño”, “Área metropolitana”, 18 abril 2014, p. 13.

Anúnciase a actuación de cinco compañías locais de teatro e detállanse algúns aspectos da súa presentación e dalgunhas das obras que se van representar.

#### **Valadouro, XXIXª Semana do Teatro**

Xornadas de teatro afeccionado celebradas no concello do Valadouro. A edición de 2014 tivo lugar no mes de setembro e contou coa representación das pezas *Os anxos do apocalipse*, do Grupo de Teatro Xuvenil A Maseira de Alfoz-O Valadouro; *De vello...gaiteiro*, a cargo do grupo Pico do Castro; *Os amores do mariñán*, d'O Bordelo de Cervo; *Descontrol hospitalario*, de Axóuxeres; *Apedreando*, de Trípole e *Un raposo no poleiro*, do grupo Os Maruxos.

#### **Viana, Iª Mostra de teatro afeccionado de**

Ciclo celebrado na Casa da Cultura de Viana do Bolo do 1 ao 3 de agosto, no que participaron os grupos La Caja de Pandora, con *Perseguindo un soño*, Xoré Teatro, con *O segredo de Uxía* e a agrupación local Candea, con *Xulia e os Pérez*.

### Referencias varias:

- J. C., “La I Mostra de Teatro de Viana reunirá a tres compañías”, *La Región*, “Verano”, 1 agosto 2014, p. 20.

Dá conta do programa de actividades da mostra, dos horarios e das representacións que levarán a cabo as tres compañías que participan: La Caja de Pandora, Xoré Teatros e Candea.

### Vigo, Semana de Teatro Afeccionado de

Ciclo organizado pola Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo. Na edición de 2014 as representacións tiveron lugar os todos os domingos de novembro. Participaron o grupo Tarantela de Beade, coa peza *O achado do castro*; Atlántida de Matamá, con *Visións dun cego*; Teatro Rueiro de Coia, con *Comedia bífida*; Teatro Escoitade, con *Exposición de catro momentos* e o Grupo de Teatro Porta Aberta, con *A casa do senador*.

### Vigo en bruto, IVº Festival

Programa ideado polos responsábeis de Teatro Ensalle para dar saída ao traballo de novos creadores escénicos. A edición de 2014 contou coa participación de Anónimo Teatro, con *Exceso de conversa entre gaivotas*, e doutras compañías foráneas como Tripalium (Madrid).

### Vila de Sarria, IVª Semana de Teatro Cómico

Xornada teatral celebrada na Casa da Cultura da vila de Sarria. A edición de 2014, celebrada do 6 ao 10 de agosto, contou coas representacións das pezas *O achado do castro*, da Aula de Teatro do Concello de Sarria; *Pack cósmico*, de Bértola Teatro; *Cociña económica*, de Mofa e Befá; *Sede de mal*, de Boneca Lareta Producións e catro pezas de teatro breve de *Microefectos dramaturxicos*. Tamén se puxo en escena a peza *Uxía lambona e a banda molona*, de Teatro do Miolo, destinada a un público infantil.

### Referencias varias:

- Vanesa Bran, “La Semana de Teatro reunirá a Luis Iglesias, Javier Deive y Mofa e Befá”, *El Progreso*, “Sarria”, 23 xullo 2014, p. 16.

Explica que a IVª Semana de Teatro Cómico Vila de Sarria contará coa presenza de sete compañías galegas entre as que destaca Mofa e Befá, e os actores de Boneca Lareta, Xavier Deive e Luis Iglesias.

- V. Bran, “La obra ‘o achado do castro’ abre mañana la cuarta Semana de Teatro Cómico de Sarria”, *El Progreso*, “Sarria”, 5 agosto 2014, p. 17.



Dáse noticia da inauguración da mostra coa peza *O achado do castro*, do grupo anfitrión e detállanse algunhas das postas en escena que terán lugar os días vindeiros no marco do festival.

#### **Vilalba, XVIª Mostra de Teatro de**

Organizada por Hipócrata Teatro, coa colaboración da Concellería de Cultura, e celebrada no auditorio municipal Carmen Estévez. A edición de 2014, celebrada os días 21, 28 de febreiro e 7 de marzo, contou coa participación da Escola Municipal de Teatro da Pontenova, con *Do pildaro a cubana*; a Escola Municipal de Teatro de Castro de Rei, con *Almacéns Nova Chaira* e a Escola Municipal de Teatro de Vilalba, con *Cometa, cometa*.

#### **Vilamarín, XXVIIª Noites teatrais de**

Organizadas polo Concello de Vilamarín. A edición de 2014 tivo lugar no Auditorio Municipal da localidade entre os días 15 e 18 de xullo e contou coa participación de Malasombra Producións, coa peza *D.E.P.*; Talía Teatro, con *O método Grönholm* e Abrapalabra Creacións Escénicas, con *As do peixe*. Representou tamén unha peza a compañía madrileña MDM Producciones.

#### **Vimianzo, Ciclo teatral de outono de**

Organizado polo Concello de Vimianzo, desenvólveuse no auditorio municipal da localidade durante os meses de outubro e novembro. Na edición de 2014 participaron as compañías Abrapalabra Creacións Escénicas, con *Decamerón*; Talía Teatro, con *Demolición*; Sen Tempo Teatro, con *Os calzurras*; Teatro de Cámara Ditea, con *Animaliños* e Boneca Lareta, con *Sede de mal*.

#### **Referencias varias:**

- J. M., “Fin de semana con Talía en Muxia y en Vimianzo”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.061, 9 outubro 2014, p. 6.

Anuncia a posta en escena de dúas obras pola compañía Talía Teatro: *O método Grönholm* e *Demolición*, esta última con dirección de Candido Pazó. Ademais informa das actuacións de Artur Trillo e Toño Casais. Indícase que forman parte deste ciclo de teatro de Vimianzo xunto con *Os Calzurras* do grupo Sen Tempo Teatro.

#### **Xosé Agrelo, VIIª Mostra de Teatro**

Mostra de teatro escolar organizada polo Concello de Muros. A edición de 2014 tivo lugar dende o 23 de abril até o 17 de maio e estivo dedicada a Xosé Manuel Oliveira “Pico”. Nela representáronse as pezas *Que demo de demo*, a cargo do grupo de teatro do

Centro Ocupacional de Valadares; *Antiheroica*, de Ut-tópico Teatro; *Comedia bífida*, de O Xeito Teatro; *Eran outros tempos, ou non?*, de Disfunción Continua; *O máxico e tolo Camiño a Compostela*, a cargo do Obradoiro de Teatro do CEIP-Louro; *O príncipe feliz e Repetimos. Acción*, do Obradoiro de Teatro do CEIP Ramón de Artaza; *Marina*; do Obradoiro de Teatro de Muros; *Disques*, de Teatro Solidario as Ínsuas e *Figurantes*, de Aquelando Teatro. Así mesmo representáronse, para o público infantil *Aurora*, de Elefante Elegante; *O principião*, do Obradoiro de Teatro Ricardo Tobío de Esteiro; *O soldadiño de Chumbo*, de Baobab Teatro e *Xango, a moi extraordinaria historia do home que foi engulido por unha máquina*, de Talía Teatro.

### **Referencias varias:**

- M. G./S. E., “Figurantes’ pone el broche a la Mostra de Teatro Xosé Agreló”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 918, 16 maio 2014, contracuberta.

Explica que esta mostra se clausura coa obra *Figurantes* de Aquelando Teatro e nomea algunhas das pezas que se levaron a escena con anterioridade.

### III. 3. 2. ESTREAS

#### III. 3. 2. 1. GRUPOS ESTÁBEIS OU PROFESIONAIS

**A Artística:** *Illas Atlánticas*, texto Alfredo Rodríguez e Olga Cameselle

Ver Galicia Escena Pro, IIª Mostra de artes escénicas

**Achádego** Teatro: *O barco sen mariñeiro*, dirección Tareixa Campo

Ver Agustín Magán, XIIIº Festival de teatro afeccionado

Ver Buxiganga, VIº Circuitos

Ver Daniel Cortezón, XIª Mostra de teatro afeccionado

Ver Teatro con Melpómene, Ciclo de

#### Referencias varias:

- Marta Becerra, “Lucenses con muchas tablas”, *El Progreso*, “Lugo”, “El despertador”, 14 decembro 2014, p. 13.

Dáse conta da representación, de carácter solidario, desta peza, con motivo do vixésimo sexto aniversario do grupo teatral lucense Achádego. Destácanse outras actividades a cidade de Lugo, como a celebración do Grotesque Film Festival, a sesión de xoguetes Made in Lugo e a presentación do libro *Encuentros Eucarísticos* na librería La Voz de la Verdad.

**Anómico** Teatro: *Exceso de conversa entre gaivotas*, texto Pedro Fresneda, dirección Julio Fernández

Ver Vigo en bruto, IVº Festival

**Antón Coucheiro:** *Psicópata*, texto Manuel Cortés e Antón Coucheiro, dirección Manuel Cortés e Simone Negrín

Ver Galicia Escena Pro, IIª Mostra de artes escénicas

**Aporía** Teatro: *30 e tantos ósos*, textos creación colectiva, dirección Diana Mera

Ver FITO, VIIº Festival Internacional de Teatro de Ourense

Ver Galicia Escena Pro, IIª Mostra de artes escénicas

#### Recensións:

- Manuel F. Vieites, “Catro raparigas malas”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 571, “Teatro”, 30 outubro 2014, p. VIII.

Analiza esta representación escénica, que cualifica como recreación lúdica de escenas relevantes resultado dunha creación colectiva da compañía Aporía Teatro coa que se pretende axitar conciencias. Coméntase tamén que o espido en *30 e tantos osos* é un acto de afirmación e non pura exhibición. Ademais, presenta xogos, acción e palabras de catro mozas contra a hexemonía.

- Inma López Silva, “Ostentación do feminino”, *Tempos Novos*, n.º 205, “*ProTexta*”, n.º 03, “crítica”, novembro 2014, p. 88.

Apúntase que esta peza teatral reflexiona arredor da condición identitaria da muller en relación cos mitos e estilos de vida contemporáneos. Sinálase a influencia do mito de Penélope que dá unidade construtiva á obra, salientase a estrutura fragmentaria da mesma, o contido estético, a deconstrución do texto e a importancia do elemento visual da escenografía, o emprego da nudez como soporte estético e teatral e as incursións irónicas ou serias en cuestións da condición de muller para destruír os tópicos da identidade feminina amosando un feminismo de certo compromiso político. Por último, reflexiónase sobre a novidade da peza e apúntase a súa relación coa liña feminista de Inversa Teatro e Matarile.

#### **Referencias varias:**

- Natalia Álvarez, “Savia nueva en las artes escénicas de Galicia”, *Faro de Vigo*, “*Vigo4Costados*”, 21 outubro 2015, p. 7.

Comenta o nacemento da compañía Aporía, a pesares das dificultades derivadas da crise económica e o aumento do IVE cultural. Dá noticia da representación da súa primeira obra, *30 e tantos ósos*, e comenta a súa temática e as linguaxes escénicas do espectáculo.

#### **B. B. Producións: *Muller cine***

Ver Galicia Escena Pro, IIª Mostra de artes escénicas

**Berrobambán:** *Avestruz en terra allea*, adaptación de Paula Carballeira do seu poemario *Contatrás*, dirección Chiqui Pereira

Ver Galicia Escena Pro, IIª Mostra de artes escénicas

#### **Referencias varias:**

- P. Calveiro, “Estrenan ‘Avestruz en terra allea’, un alegato a la diferencia”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, 29 marzo 2014, p. L6.

Anúnciase a presentación do novo espectáculo da compañía compostelá Berrobambán, no que Paula Carballeira, actriz e autora do texto, que parte do poemario *Contatrás II-I*, realiza unha comparación entre os adultos que se senten fóra da sociedade e as avestruces nas granxas galegas. Dise que a compañía sae do terreo infantil e familiar dos últimos tres anos para ofrecer teatro para o público adulto.

**Boneca Lareta** Producións: *Sede de mal*, dirección Pseudónimo

Ver Cee, Semana das Artes Escénicas

Ver MITEU, XIXª Mostra Internacional de Teatro Universitario Galego

Ver Riveira, Mostra de teatro de

Ver Teo, VIIº Mes do teatro de

Ver Tomiño, Outono Cultural de

Ver Vila de Sarria, IVª Semana de Teatro Cómico

Ver Vimianzo, Ciclo teatral de outono de

### Referencias varias:

- E. P., “Sede de mal’ hoy en Sada y el 13 y 14 en Santiago”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 26 xaneiro 2014, p. 42.

Infórmase de parte da xira de *Sede de mal*, protagonizada por Luís Iglesia e Xabier Deive, por auditorios da comunidade, concretamente en Sada, Celanova, Santiago de Compostela, A Estrada, Cedeira e Pontevedra.

- C. S., “Sede de mal’, una comedia sobre el lado oscuro de la vida”, *Atlántico Diario*, p. 46/ *La Región*, p. 53, “Sociedad”, “Teatro”, 30 xaneiro 2014.

Anúnciase o novo espectáculo dos actores Luis Iglesia B. e Xabier Deive, que tras coincidir en “Matalobos” e xirar coa obra *Gaivotas subterráneas*, volven xuntarse para ofrecer unha comedia “a 12 cordas”, con humor, teatro, blues e rock and roll “á galega”, unha especie de “monólogo a dous”.

- M. G., “Programan en los próximos días cuatro galas teatrales”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 820, 5 febreiro 2014, p. 7.

Dáse conta, entre outras novas, da posta en escena desta obra no Liceo de Noia, dentro da programación cultural do concello.

- P. Calveiro, “Quixemos rirnos da imaxe encasillada de nós tras Matalobos”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, 13 febreiro 2014, p. L6.

Faise eco da presentación no Teatro Principal de Santiago de Compostela da comedia *Sede de Mal*, que permite aos actores Luís Iglesia e Xabier Deive rir da imaxe que a serie “Matalobos” creou deles. Coméntase que retranca, musica e un dúo de monologuistas que por veces conflúen son algúns dos ingredientes da peza.

- S. Souto, “Sede de mal’ trae hoxe a Noia humor e música en directo”, *El Correo*

Gallego, “*Terras de Santiago*”, n.º 831, 16 febreiro 2014, p. 7.

Coméntase a posta en escena deste espectáculo no Liceo de Noia, dentro da xira por Galicia destes dous “grandes actores da escena galega actual”.

- Jaureguizar, “Kepa Junkera, Josito Porto e Xabier Díaz animan o verán lucense con Cultura Aberta”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 26 xuño 2014, p. 59.

Preséntase o programa cultural que a Área de Cultura da Deputación de Lugo organizou para o verán. Dise que *As mil vidas de Matías Houseman* con Josito Porto, *Sede de mal* de Luís Iglesia e Xavier Deive no dúo Boneca Lareta, *As do peixe* de Abracadabra, *Que vai ser de nós?* de Microefectos Dramatúrxicos e *Waltz* de Voadora, no apartado escénico, fan parte da oferta cultural mencionada.

- R. L., “Luís Iglesia e Xavier Deive foron polo lado máis salvaxe en Lugo”, *El Progreso*, “Vivir”, 5 xullo 2014, p. 69.

Anúnciase, dentro dos Venres de Teatro da Deputación Provincial de Lugo, *Sede de mal*, peza protagonizada por Luís Iglesia e Xavier Deive. Trátase dunha comedia a doce cordas sobre o lado de sombra da vida. Indícase que tras eles chegarán Abrapalabra, Microefectos Dramatúrxicos, Teatro do Adro e Voadora.

- Vanesa Bran, “Houbo unha época na que eramos un pouco os malos oficiais do país”, *El Progreso*, “deVerano”, “A entrevista”, 14 agosto 2014, p. 38.

Acóllese unha conversa na que Luis Iglesias e Xabier Deive expoñen as súas reflexións sobre a peza teatral *Sede de mal* que van representar e que se cualifica como comedia chea de retranca e de maldade.

- J. M. Ramos, “Boneca Lareta presenta ‘Sede de mal’ en Vimianzo”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.104, 23 novembro 2014, p. 7.

Informa da representación desta peza, protagonizada por Luis Iglesias e Xabier Deibe, na casa da cultura de Vimianzo.

**BocAberta:** *Express Arte*, texto Jose Prieto, dirección Beatriz Méndez

### Referencias varias:

- P. Calveiro, “Facemos un teatro honesto e sempre coa boca aberta”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, 22 novembro 2014, p. L4.

Conversa na que Beatriz Méndez fala do nacemento da compañía profesional BocAberta, que debutará con *Express Arte* na Sala Vidal Bolaño de Santiago de Compostela.

O **Bordelo** de Cervo: *Os amores do mariñán*

Ver Asociación de Mulleres “Amistad”, XIXº Mes do teatro da  
Ver Valadouro, XXIXª Semana do teatro

O **Bordelo** de Cervo: *A fonte dos sonhos*

Ver Buxiganga, VIº Circuitos

**CatroCadeiras:** *O feo*, texto Marius von Mayenburg, dirección Juan Carlos Corredoira

Ver Ponteatro, Os xoves bótalle teatro á vida

### **Recensións:**

- Manuel F. Vieites, “Da fealdade”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 524, “Teatro”, 18 decembro 2014, p. VIII.

Analízase a representación desta peza teatral con texto de Marius von Mayenburg, dirección de Juan Carlos Corredoira, escenografía de José Faro e iluminación de Montse Piñeiro. Destácase o traballo dos actores Laura Campos, Machi Salgado, Manu Polo e Xoán Abreu, pola capacidade para “xogar” cunha escenografía mínima. Tamén se comentan as “virtudes e debilidades” do texto de Mayenburg, facendo fincapé no uso da mazá como metáfora do momento actual.

**Centro Dramático Galego:** *Longa viaxe cara á noite*, adaptación dun texto autobiográfico de Eugene O’Neill, dirección Manuel Guede

### **Recensións:**

- M. F. Vieites, “Longa viaxe (do día) cara á noite”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 494, “Teatro”, 27 marzo 2014, p. VIII.

Infórmase da nova produción do Centro Dramático Galego, *Longa viaxe cara á noite*, con dirección e dramaturxia de Manuel Guede Oliva e escenografía de Rodrigo Joel, inscribíndoa na produción de Eugene O’Neill (*Long Day’s Journey into the Night*), e na súa liña de crítica compulsiva ao “soño americano”.

- Héctor J. Porto, “Catro portas, un espello”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 13 abril 2014, p. 43.

Coméntase a versión que o Centro Dramático Galego fai da obra do nobel estadounidense Eugene O’Neill, *Longa viaxe cara á noite*. Indícase que a escenografía austera e os leves desafoxos que se corresponden cun xogo de iluminación e música son algunhas das claves sinaladas para unha adaptación que aforra en horas e aposta pola forza da palabra.

- J. A. Martínez Sevilla, “Longa viaxe cara a noite”, *El Ideal Gallego*, “Opinión”, “La Columna”, 6 maio 2014, p. 24.

Analízase a representación no Teatro Rosalía de *Longa viaxe cara á noite*, con dirección e versión galega de Manuel Guede. Celébrase a montaxe, a representación e os trinta anos do Centro Dramático Galego. Coméntanse algúns aspectos da trama e láméntase a falta de publicidade e público.

### **Referencias varias:**

- P. Calveiro, “El CDG estrena espectáculo en su trigésimo aniversario”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, 4 marzo 2014, p. L6.

Indícase que o espectáculo central da tempada 2013-2014 no Centro Dramático Galego será *Longa viaxe cara á noite*, versión galega dun texto autobiográfico do Nobel Eugene O’Neill. Explicítase o número de pases, a trama e o blog desta proposta, que mantén Manuel Guede, o seu director.

- Fran P. Lorenzo, “Viaxe a unha familia en proceso”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 6 marzo 2014, p. 42.

Revélanse os últimos detalles da nova produción do Centro Dramático Galego, o clásico de Eugene O’Neill *Longa viaxe cara á noite* e dise que a compañía quixo facer pública unha das intimidades de toda obra: o proceso da súa montaxe, e axudouse para iso dun blogue da páxina do CDG. Coméntanse os papeis principais, a sobria escenografía e contextualízase o autor.

- Inma López Silva, “O teatro a falar de nós”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, 9 marzo 2014, p. 20.

Reflexiónase sobre a supervivencia do teatro galego ante a efeméride dos trinta anos do Centro Dramático Galego. Saliéntase que para celebralo estrea *A longa viaxe cara á noite*, obra do nobel estadounidense Eugene O’Neill.

- E. Álvarez, “O CDG estrea o sábado o drama autobiográfico do nobel O’Neill”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 19 marzo 2014, p. 44.

Saliéntase a primeira achega do Centro Dramático Galego ao teatro norteamericano, adaptando *Longa viaxe cara á noite*, do considerado pai da dramaturxia moderna, Eugene O’Neill. Dáse conta de que á súa vez, a estrea no Salón Teatro da capital galega servirá para festexar os trinta anos de vida do centro.

- Lorena Rodríguez, “O CDG ‘dignifica’ o teatro galego co seu primeiro O’Neill”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 19 marzo 2014, p. 40.

Anúnciase a estrea no Salón Teatro de Santiago de Compostela da obra *Longa viaxe cara á noite*, a última montaxe do Centro Dramático Galego, que xirará até maio por once localidades de Galicia e Portugal. Dise que é un clásico da literatura



estadounidense que vén a unirse ás setenta e catro producións de diferentes orixes estreadas desde 1984 polo CDG.

- Mar Mato, “El Centro Dramático retrata el derrotismo de una familia enganchada a las drogas”, *Faro de Vigo*, “TV/Espectáculos”, 19 marzo 2014, p. 63.

Enfócase tematicamente a obra *Longa viaxe cara á noite*, a última produción do Centro Dramático Galego nos seus trinta anos de existencia. Trátase dunha adaptación da obra do dramaturgo norteamericano Eugene O’Neill, que radiografa os problemas dunha familia cuxos membros están alcoholizados, son adictos á morfina ou sofren tuberculose.

- Elisa Álvarez, “O Nobel O’Neill leva o CDG aos seus trinta anos”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Teatro”, “Agenda”, 21 marzo 2014, pp. 2-3.

Coméntanse as implicacións da produción central do Centro Dramático Galego para a tempada presente, cunha obra que se estrea no Salón Teatro e celebra os trinta anos da compañía. Indícase que Manuel Guede, o director, explica que escolleron un texto orixinal de Eugene O’Neill para que o público poida velo por vez primeira en galego, e pola súa condición de pai da dramaturxia moderna para moitos, desde Miller a Tennessee Williams. Inclúense outras declaración do director, como a crítica ao apoio das administracións.

- Santiago Jaureguizar, “Peterpanismo proletario”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 23 marzo 2014, p. 84/ *El Progreso*, “Vivir”, 22 marzo 2014, p. 56, “Cultura”, “Cidade xardín”.

Realízase unha crítica de dúas representacións teatrais de actualidade: *As mil vidas de Matias Housemann*, representada na Zona C de Santiago, e *Longa viaxe cara á noite*, última peza dramática do Centro Dramático Galego. Dise que o vector fundamental é a frustración da clase obreira, por iso a temática de ambas as producións se une a apuntamentos de orde social extraídos de *Mansfield Park*, de Jane Austen e a un proxecto de murais en Fene.

- Mar Mato, “El Centro Dramático Galego cumple 30 años como la cuarta compañía pública de España”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 24 marzo 2014, p. 64.

Dá conta da orixe e historia do Centro Dramático Galego e recolle algunhas declaracións do seu director, Manuel Guede e de Antón Lamapereira, director da Revista Galega de Teatro. Establece un paralelismo entre a primeira obra do CDG, *Woyceck* (escrita polo alemán Büchner en 1836) e a última, *Longa viaxe cara á noite* (do norteamericano Eugene O’Neill).

- M. M., “Una lección de la vida en las tablas”, *Faro de Vigo*, p. 42/ *La Opinión*, “Cultura y ocio”, p. 40, “Sociedad”, 27 marzo 2014.

Infórmase do inicio en Santiago de Compostela das novas funcións para escolares do Centro Dramático Galego, a quen se lles ofrece a nova montaxe, *Longa viaxe cara á noite*. Canda unha reseña brevísima desta peza do dramaturgo norteamericano Eugene

O'Neill lémbrense algunhas citas, como a de Diderot dicindo que “o teatro era instruír deleitando.

- Manuel Varela, “Un drama clásico no teatro Rosalía”, *La Opinión*, “A Coruña”, 3 maio 2014, p. 12.

Dáse conta da chegada de *Longa viaxe cara á noite*, considerada como obra máis completa do dramaturgo norteamericano Eugene O'Neill, ao Teatro Rosalía de Castro. Dise que o fai da man do Centro Dramático Galego e con dirección de Manuel Guede, tras estrearse no Salón Teatro de Santiago de Compostela. Detállanse algúns aspectos da trama.

- Ana Baena, “Eugene O'Neill, padre del teatro americano, ya habla gallego”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 13 maio 2014, p. 12.

Faise eco da escolla de *Longa viaxe cara á noite* por parte do Centro Dramático Galego, coas implicacións que isto ten en canto aposta polas obras de repertorio e apertura a unha peza estadounidense dun clásico moderno. Coméntase a chegada desta representación a Vigo, ao Teatro García Barbón, e algúns dos aspectos que o director, Manuel Guede, destacou na presentación viguesa.

- Amaia Mauleón, “El Centro Dramático Galego estrena en Vigo el drama familiar de Eugene O'Neill”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 13 maio 2014, p. 35.

Anúnciase a chegada ao Centro Cultural da Fundación Novacaixagalicia de Vigo de *Longa viaxe cara á noite*, obra cimeira do premio nobel Eugene O'Neill levada a escena polo Centro Dramático Galego con Manuel Guede na dirección. Indícase que na presentación estiveron o director e o actor Alberto Rolán, salientando algúns aspectos coma o equipo da obra, a efeméride dos trinta anos do Centro Dramático Galego ou a falta de público.

- Jorge Lamas, “Manuel Guede acusa al teatro gallego de no haber evolucionado”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 13 maio 2014, p. 37.

Recóllense as declaracións do director do Centro Dramático Galego sobre a situación do teatro na actualidade e a perda de espectadores. Entre outras cuestións, Manuel Guede destaca que a peza *Longa viaxe cara á noite*, de Eugene O'Neill é unha proba da evolución do CDG.

- S. N., “Longa viaxe cara a noite’, la obra póstuma de O'Neill”, *La Región*, “Sociedad”, “Galicia: agenda cultural”, “Teatro”, 16 maio 2014, p. 60.

Infórmase da chegada ao Teatro Principal de Ourense da nova produción do Centro Dramático Galego, *Longa viaxe cara á noite*, de Eugene O'Neill, considerado o pai fundador do teatro norteamericano. Explicítase o elenco, o inicio e os temas fundamentais da obra, así como algún dos galardóns que o texto orixinal recibiu, coma un Pulitzer póstumo.

**Centro Dramático Galego (2):** *Xardín suspenso*, texto Abel Neves, dirección Cándido Pazó

**Referencias varias:**

- P. Calveiro, “Lanzan un nuevo Bono do Teatro Galego para el 2015”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, 30 decembro 2014, p. L6.

Dáse conta do lanzamento dun Bono do Teatro Galego para o primeiro semestre de 2015, con motivo do bo resultado que tivo esta iniciativa no pasado. Explicase que esta proposta, impulsada polo Concello de Santiago de Compostela e AGADIC, reúne montaxes de agrupacións noveis e doutras xa consolidadas. Destácase a estrea de *Xardín suspenso* de Cándido Pazó, levada a escea polo Centro Dramático Galego.

**Chévere Teatro (1):** *Eurozone*, texto Manuel Cortés, dirección Xron

**Referencias varias:**

- RCG, “Chévere prosigue su éxito con ‘Eurozone’ en Lugo”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 30 marzo 2014, p. 65.

Reséñase o paso do espectáculo *Eurozone* polo Gustavo Freire de Lugo, obra que conseguiu o premio ao mellor espectáculo teatral do ano nos premios María Casares, que conta cun monllo de actores e actrices “chévere” dispostos a observar a crise dende a sátira, a farsa ou o panfleto.

**Chévere Teatro (2):** *As fillas Bravas*, texto Manuel Cortés, dirección Xron

Ver Galicia Escena Pro, IIª Mostra de artes escénicas

Ver Teo, VIIº Mes do Teatro de

**Referencias varias:**

- J. M. Ramos, “Cine, teatro e contacontos en Carballo no mes en contra da violencia sexista”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.101, 19 novembro 2014, p. 5.

Infórmase do ciclo de actividades que programou a Concellería de Igualdade e Benestar de Carballo con motivo do Día Internacional para a Eliminación da Violencia de Xénero, entre as que se sitúa a representación desta peza polo grupo Chévere no Pazo da Cultura da localidade.

**Chévere Teatro (3):** *Ultranoite no País dos Ananos*, texto Manuel Cortés, dirección Xron

Ver FITO, VIIº Festival Internacional de Teatro de Ourense  
Ver MIT, XXXª Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia  
Ver Outonoteatro

### **Recensións:**

- Carlos Crespo, “A crónica canalla e amarga dun pobo indiferente diante da súa autodestrución”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Teatro”, “Agenda”, 2 maio 2014, p. 2.

Coméntase a nova aposta da compañía Chévere, a resurrección dun xénero que combinaba o musical coa revisión da actualidade en clave de cabaré moderno na Sala Nasa: as ultranoites. Dise que desta volta *Ultranoite no país dos ananos* procura ser un “cabaré perralleiro” e nihilista, con banda sonora orixinal, o habitual trezado de sketches e unha reflexión sobre a comunidade.

### **Referencias varias:**

- P. Calveiro, “O cabaré do País dos Ananos”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Santiago”, “Para todos los públicos”, 25 abril 2014, p. L6.

Apúntase o escarnio retrospectivo que un dos grupos veteranos do teatro galego, Chévere, ensaiou na súa última produción das clásicas “ultranoites”. Dise que esta última produción compón unha homenaxe a vinte anos de cabaré de variedades con seis actores e tres músicos en directo que interpretan composicións expresamente deseñadas para esta obra.

- C. B., “Chévere Teatro leva ata Teo ‘No país dos ananos’”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 898, 26 abril 2014, p. 5.

Anúnciase a posta en escena da peza *Ultranoite no país dos ananos* que chegou a Teo abrindo a rolda de escenificacións programada polo concello. Preséntase o espectáculo como un cabaré que achega unha mirada satírica sobre “a Galicia oficial”.

Producións **Dispersas**: *Falándolle a un espello*, texto Diego Freire, dirección José Campanari

### **Referencias varias:**

- C. S., “Falándolle a un espello”, el superviviente del fin del mundo”, *Atlántico Diario*, p. 46/ *La Región*, p. 56, “Sociedad”, “Galicia: agenda cultural”, “Teatro”, 6 marzo 2014.

Reséñase sucintamente o novo espectáculo da Compañía de Producións Dispersas, *Falándolle a un espello*, que trae a escena os dilemas de quen descobre ser o único sobrevivente da fin do mundo.

Teatro de Cámara **Ditea**: *Animaliños*, texto Roberto Vidal Bolaño, dirección Pepe de la

## Fuente

Ver Aguiño, VIª Mostra de Teatro afeccionado Francisco Lorenzo Mariño  
Ver Agustín Magán, XIIIº Festival de teatro afeccionado  
Ver Enrique Landesa, IIIº Ciclo de teatro afeccionado  
Ver Terras de Orcellón, VIIª Mostra de teatro amador  
Ver Vimianzo, Ciclo teatral de outono de

## Referencias varias:

- ECG, “Ditea estrena ‘Animaliños’ en la sala Agustín Magán”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 16 abril 2014, p. 21.

Infórmase de que, coincidindo coas festas da Ascensión, Ditea estreará en Santiago de Compostela a obra *Animaliños* de Vidal Bolaño na sala Agustín Magán, e que acollerá de abril a xuño outros espectáculos e actividades.

- P. C., “Los escenarios y calles de la ciudad se llenan de actividades”, *La Voz de Galicia*, “Especial Fiestas de Santiago”, “En cartel”, 29 maio 2014, p. 3.

Expóñense algunhas das ofertas de ocio que o concello de Santiago de Compostela prepara para as Festas da Ascensión: funcións de maxia, monicreques, clown e comedia para satisfacer a un público variado. Entre elas, *Xan Perillán compra queixo e compra pan* d’Os Monicreques de Kukas, *Sopa de sapo* de Talía Teatro e *Animaliños* de Vidal Bolaño por Teatro de Cámara Ditea.

**Elefante Elegante:** *Kassa*, inspirado na obra *A Metamorfose* de Kafka, dirección María Torres e Gonçalo Guerreiro

## Referencias varias:

- Manuel Varela, “A metamorfose do ladrillo”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y Cultura”, 11 decembro 2014, p. 11.

Anúnciase a representación desta peza teatral no Teatro Ágora da Coruña. Dise que o espectáculo está inspirado na novela *A Metamorfose* de Franz Kafka e está dirixido por María Torres e Gonçalo Guerreiro.

**Eme2:** *Meu ben*, texto Elaine Murphy, dirección Álvaro Lavín

Ver Ponteatro, Os xoves bótalle teatro á vida

## Recensións:

- Tamara Montero, “Una oda a la grandiosidad de las personas normales”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Agenda”, “Teatro”, 7 febreiro 2014, p. 6.

Coméntase a tradución ao galego de *Little Gem* da irlandesa Elaine Murphy, baixo o título *Meu ben*, dirixida por Álvaro Lavín. Dise que a historia relata o último ano de vida de tres mulleres de xeracións distintas dunha mesma familia por medio de seis monólogos. Anúnciase a tradución ao castelán.

- J. A., Martínez Sevilla, “Autopsia familiar”, *El Ideal Gallego*, “Opinión”, “La Columna”, 11 febreiro 2014, p. 24.

Recensiónase a obra *Meu ben*, adaptación ao galego de Avelino González e Olga F. Nogueira dunha obra de Elaine Murphy, dirixida por Álvaro Lavín. Apúntase que tres mulleres –filla, nai e avoa–, con cadanseus proxectos vitais e maneiras de relacionarse, executan unha autopsia da familia e o día a día. Saliéntanse os monólogos das tres actrices, a escenografía e os efectos especiais, comentando que se sucederon dous cheos na sala.

### **Referencias varias:**

- P. Calveiro, “Adaptan al gallego la primera obra teatral de Elaine Murphy”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 17 xaneiro 2014, p. 41.

Dáse conta da nova obra da produtora galega Eme2, unha versión da primeira comedia dublinesa de Elaine Murphy. Indícase que Álvaro Lamas, o director, subliña o pulso cinematográfico que lles achega ter a un videocreador dentro do equipo e que a compañía aspira a unha xira nacional.

- Manuel Varela, “Un sorriso ante as adversidades”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y Cultura”, 6 febreiro 2014, p. 10.

Anúncianse dúas funcións do espectáculo *Meu ben*, da compañía Eme2, que con dirección de Álvaro Lavín, estrea a peza dunha das dramaturgas irlandesas máis novas, Elaine Murphy, quen reflexiona sobre as mulleres, a vida cotiá e os lazos familiares.

- S. N., “Meu ben’, la historia de tres generaciones de mujeres”, *La Región*, “Sociedad”, “Galicia: agenda cultural”, 29 maio 2014, p. 60.

Infórmase da chegada ao Teatro Principal de Ourense da obra *Meu ben*, adaptación da dramaturga irlandesa Elaine Murphy baixo a dirección de Álvaro Lavín, con Eme2. Coméntase algún aspecto do argumento e dos galardóns que a obra orixinal recibiu.

- Lorena Rodríguez, “Eme2 leva ao Salón Teatro cinco funcións de ‘Meu ben’”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 3 xuño 2014, p. 47.

Saliéntanse os cinco pases no Salón Teatro de Santiago para este espectáculo, logo da representación d’*A visita da vella dama* por conta de Teatro Muxicas, agrupación da ONCE en Ourense. Indícase que *Meu ben* é a versión galega de *Little Gem* de Elaine Murphy, aclamada obra de debut que posicionou á súa escritora como novo talento da dramaturxia irlandesa.

- Isabel Miguel, “Una comedia sin artificios”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, “Para todos los públicos”, 4 xuño 2014, p. L6.

Faise eco da chegada de *Meu ben*, de Eme2, adaptación da exitosa obra da nova dramaturga irlandesa Elaine Murphy. Coméntanse aspectos da montaxe, da calidade do texto dramático e da venda de entradas.

Teatro **Escoitade**: *Exposición de catro mementos*, dirección Doro Piñeiro

Ver Agustín Magán, XIIIº Festival de teatro afeccionado  
Ver Vigo, Semana de teatro afeccionado de

**Espello Cóncavo** (1): *Romano*, texto e dirección Lino Braxe

Ver Lugo, XIVª Mostra de teatro clásico de

#### **Referencias varias:**

- Dolores Vázquez, “Romano”, autobiografía de época”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Teatro”, 17 xaneiro 2014, p. 10.

Anúnciase a obra *Romano*, coa que Lino Braxe volve á fronte de Espello Cóncavo. Indícase que este repaso da vida dun senador da Cidade Eterna se presenta coma unha obra autobiográfica, que implica o currículo vital do seu autor e director.

Producións Teatrais **Excéntricas**: *Da Vinci tiña razón!*, texto Roland Topor, dirección Quico Cadaval

Ver Teatro&Danza

#### **Recensións:**

- J. A. Martínez Sevilla, “Thriller escatológico”, *El Ideal Gallego*, “Opinión”, 22 maio 2014, p. 24.

Reséñase o debut de *Da Vinci tiña razón!* no Teatro Rosalía, a cargo de Produccións Excéntricas e con dirección “firme, disciplinada e rítmica” de Quico Cadaval. Lóubase a equilibrada escenografía, a música e o espazo sonoro, para comentar logo que o thriller vira cara ao esperpento escatolóxico.

#### **Referencias varias:**

- B. H., “Roland Topor vuelve a la carga”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Espectáculos”, 10 xaneiro 2014, p. 6.

Anúnciase a estrea da adaptación de Quico Cadaval de *Da Vinci levaba razón* de Roland Topor, que terá lugar no Teatro Principal de Santiago.

- P. Calveiro, “Teatro&Danza impulsa más de 60 funciones hasta junio”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, 10 xaneiro 2014, p. L6.

Entre outras novas, informa da apertura do ciclo Teatro&Danza, coa representación da peza *Da Vinci tiña razón!*, de Produccións Teatrais Excéntricas, con Quico Cadaval como director escénico.

- Margarito Flowers, “Estreno de ‘Da Vinci tiña razón’ en el Principal de Santiago”, *El Correo Gallego*, “Gente”, 15 xaneiro 2014, p. 47.

Dáse conta da estrea desta adaptación de Quico Cadaval para Produccións Teatrais Excéntricas, baseada nunha comedia de Roland Topor. Coméntase o elenco de actores e, brevemente, o argumento principal da posta en escena.

- P. Calveiro, “Excéntricas debuta en el Principal con un homenaje a Roland Topor”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, 15 xaneiro 2014, p. L6.

Apúntase a estrea de *Da Vinci tiña razón!*, o novo espectáculo de Produccións Teatrais Excéntricas, no Teatro Principal de Compostela. Coméntase que esta parodia da comedia burguesa, escollida pola compañía que dirixe Quico Cadaval, pretende render unha homenaxe a Roland Topor, o “artista máis excéntrico da segunda metade do século XX”.

- ECG, “Excéntricas se despide este fin de semana”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 18 xaneiro 2014, p. 30.

Coméntase que esta obra se despide do Teatro Principal de Santiago de Compostela, obtendo un gran éxito de público e crítica.

- C. G., “Da Vinci tiña razón’ abre los Venres Culturais”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 807, 23 xaneiro 2014, p. 6.

Infórmase do inicio do ciclo Venres Culturais de Carballo coa posta en escena desta obra de Produccións Teatrais Excéntricas que dirixe Quico Cadaval.

- J. M. R., “La obra ‘Da Vinci tiña razón’ abre los Venres Culturais”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 808, 24 xaneiro 2014, p. 6.

Anúnciase a posta en escena desta obra, que abre o ciclo Venres Culturais 2014, en Carballo.

- Ana López, “Quico Cadaval: ‘O espectador sae do teatro moito máis intelixente do que entra’”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, 2 abril 2014, p. 60.

Faise eco da chegada a Pontevedra, no marco da programación do Salón do Libro Infantil e Xuvenil, da comedia *Da Vinci tiña razón!*, obra policiaca que se mofa da



comedia burguesa de sofá. Indícase que a produción é adaptación dun texto orixinal de Roland Topor por parte de Producións Excéntricas e do seu director, Quico Cadaval.

- María Lago, “El teatro es un espejo en el que poder reconocerte”, *Diario de Pontevedra*, “*revista!*”, n.º 716, “Entrevista”, 6 abril 2014, pp. 4-5.

Entrevístase á actriz María Garat, que vén de presentar en Pontevedra a obra *Da Vinci tiña razón!*, dirixida e adaptada por Quico Cadaval. Reflexiónase sobre o teatro como modo de coñecemento, sobre a súa carreira profesional, sobre a súa ligazón coa cidade de Pontevedra, sobre os seus gustos, traballos pasados e plans futuros.

- Manuel Varela, “Unha peste ante a Gioconda”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y Cultura”, 15 maio 2014, p. 12.

Dáse conta da chegada de *Da Vinci tiña razón!* ao teatro Rosalía de Castro, peza escrita orixinalmente polo parisino Roland Topor que funciona como sátira ás comedias burguesas, posta en escena por Producións Excéntricas e con dirección de Quico Cadaval. Saliéntanse algúns aspectos do seu argumento.

- Manuel Varela, “Tres días para celebrar o idioma”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y Cultura”, 16 maio 2014, p. 12.

Detalla as actividades que se levarán a cabo na Coruña para conmemorar o Día das Letras Galegas. Entre outras novidades, comenta a posta en escena d’*A nena e o grilo nun barquiño* e *Da Vinci tiña razón!*.

- C. Crespo, “Comedia de humor marrón”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Agenda”, “Espectáculos”, 16 maio 2014, p. 3.

Coméntase a aposta de Producións Excéntricas por un texto de Roland Topor, mestre francés do humor negro e do surrealismo, con *Da Vinci tiña razón!*

Teatro **Galileo**: *Cyrano*, texto Edmond Rostand, dirección Pedro Rubín

**II Maquinario** Teatro: *Perplexo*, adaptación de textos de Marius Von Mayenburg, dirección Tito Asorey

Ver Galicia Escena Pro, IIª Mostra de artes escénicas

### **Recensións:**

- Manuel F. Vieites, “Da perplexidade”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 521, “Teatro”, 27 novembro 2014, p. VIII.

Coméntase este espectáculo de II Maquinario, creado a partir dun texto de Marius von Mayenburg. Destácase o traballo do director, Tito Asorey, pola súa capacidade para xogar coa estética pasando “da ficción racional ao ruído do paradoxo e do absurdo” e

así falar da construción posmoderna do “real”. Tamén se fai referencia aos xogos coa cuarta parede, buscando a complicidade do espectador; aínda que se indica a necesidade dunha maior rotura da división entre actores e público.

#### **Referencias varias:**

- S. Torre, “Il Maquinario estrena su segunda obra, ‘Perplexo’”, *La Región*, “Ourense”, 30 outubro 2014, p. 11.

Sinala que o grupo de teatro Il Maquinario estreará o 31 de outubro de 2014 no Teatro Principal de Ourense esta peza teatral e indícase que nela se conta o que lle acontece a unha parella que regresa á súa casa tras as vacacións.

**Inversa Teatro:** *Fémina Sapiens*, texto Marta Pérez, dirección Carlos Álvarez

#### **Referencias varias:**

- Juan Llano, “Crítica, cursos y teatro a favor de los derechos de las mujeres”, *La Región*, “Ciudad”, 6 marzo 2014, p. 9.

Dentro do programa de actos do Concello de Ourense en conmemoración do Día Internacional da Muller, salíntase a posta en escena desta nova peza de Inversa Teatro.

- R. M., “Josito Porto se mete en la piel de Matías Houseman en la Zona C”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Santiago”, 14 marzo 2014, p. L6.

Comunícase que Josito Porto volve aos escenarios composteláns como candidato ao mellor actor principal dos María Casares pola obra *As mil vidas de Matías Houseman*, un monólogo traxicómico, produción de Teatro de Adro.

- P. Calveiro, “Evolución, involución y roles de género por Inversa”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Santiago”, “Para todos los públicos”, 22 marzo 2014, p. L6.

Reséñase o último solo teatral escrito e interpretado por Marta Pérez, fundadora de Inversa Teatro en 2009, que regresa a Santiago –sala Agustín Magán– con *Fémina sapiens*. Explícase que a actriz, produtora e licenciada en Filosofía, formula a evolución ou involución do ser humano neste proxecto experimental, incidindo nos roles de xénero.

- E. O., “Inversa teatro llega a New York con ‘Fémina Sapiens’”, *Faro de Vigo*, “TV/Espectáculos”, 11 novembro 2014, p. 59.

Comenta que esta peza teatral de Inversa Teatro foi seleccionada para participar no II Festival Internacional de Mulleres en Escena que se celebra en New York e que se representará na sede do Comisionado Dominicano de Cultura dos Estados Unidos de América.

**Malasombra** Teatro: *D. E. P.*, dirección Marcos Orsi

Ver Vilamarín, XXVII<sup>as</sup> Noites teatrais de

### Referencias varias:

- ECG, “Estreno de la obra *Despois do tranvía* en la Zona C”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 24 setembro 2014, p. 25

En primeiro lugar, anuncia a estrea da peza *Despois do tranvía* dirixida por Carlos Neira, inspirada no clásico de Tennessee Williams. En segundo lugar, comenta a representación de *D.E.P* de Malasombra Producións no Teatro Principal de Santiago de Compostela e refire brevemente o argumento da obra.

- C. G., “Ovación en el Principal a ‘D.E.P’, de Malasombra Teatro”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 1064, 12 outubro 2014, p. 7.

Infórmase do éxito do estreno desta peza no Teatro Principal da Estrada, onde Malasombra “xogaba na casa”.

- Cristina Botrán, “Malasombra Teatro, máis de dez anos arrincando gargalladas”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 1.061, 9 outubro 2015, p. 7.

Gaba a traxectoria desta compañía teatral e comenta o argumento da comedia de morte *D.E.P.*, que se levará a escena no Teatro Principal de Santiago.

**Maquinarias** Teatro: *Nata agria*, texto Carlos Castrillón, dirección Blanca Cendán

**Matarile** Teatro (1): *Homes bisagra*, texto e dirección Ana Vallés

Ver FITO, VIIº Festival Internacional de Teatro de Ourense

**Matarile** Teatro (2): *Teatro invisible*, texto e dirección Ana Vallés

Ver FITO, VIIº Festival Internacional de Teatro de Ourense

### Referencias varias:

- S. N., “Distancia 7 minutos’, una disección de las relaciones”, *La Región*, “Sociedad”, 9 outubro 2014, p. 60.

Entre outras novas, como a representación desta peza teatral, dáse noticia das actividades paralelas do FITO e da presentación dun libro de Afonso Becerra.

**Mofa e Befá (1):** *Bobas & Galegas*, dirección Quico Cadaval

Ver FIOT, XXIIIº Festival Internacional “Outono de teatro” de Carballo  
Ver Galicia Escena Pro, IIª Mostra de artes escénicas

#### **Referencias varias:**

- J. M. R., “Mofa&Befá iza el telón de FIOT con ‘Bobas&Galegas’”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.062, 10 outubro 2014, p. 5.

Anúnciase a apertura do Festival Internacional “Outono de Teatro” de Carballo coa estrea en galego da obra *Bobas&Galegas*, do dúo Mofa&Befá.

Teatro do **Morcego**: *Diálogo do can e o seu amo sobre a necesidade de morderlle aos amigos*, dirección Celso Parada

#### **Recensións:**

- Inma López Silva, “Deixémonos aconsellar por un can”, *Tempos Novos*, n.º 209, “Teatro”, “Crítica”, outubro 2014, p. 87.

Descríbese esta peza de pequeno formato e carácter cómico, na que se realiza unha diagnose da actualidade mediante a mirada de dous excluídos: un pobre e un can. Saliéntase o ton realista e a súa función explicativa do mundo que nos rodea, a pesar de contar con poucos recursos.

#### **Referencias varias:**

- Rosario Ferreira, “Cultura achega 270 actuacións de teatro, danza, circo e maxia”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 13 agosto 2014, p. 40.

Indica que noventa e oito compañías constitúen a programación dedicada ás artes escénicas que se levará a cabo en trinta e oito concellos de toda Galicia dende xullo até decembro. Destaca que máis da metade dos espectáculos son para público infantil e familiar.

Teatro **Muxicas**: *A visita da vella dama*, texto Friedrich Dürrenmatt, dirección Melania Cruz

Teatro do **Noroeste (1)**: *A Mamma*, texto Lino Braxe, dirección Eduardo Alonso

Ver Sen Numerar, Ciclo de teatro

#### **Referencias varias:**

- A. I. S., “Teatro do Noroeste vuelve a la cartelera con el espectáculo unipersonal ‘A Mamma’”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 25 marzo 2014, p. 30.

Anúnciase a estrea d’*A Mamma*, da compañía Teatro do Noroeste, obra escrita por Lino Braxe e protagonizada por Luma Gómez que se poderá ver na santiaguesa Zona C. Defínese como a historia da “xeración dos culpables de que as cousas estean como están”, un relato de fracaso ante a modernidade e as estruturas actuais.

- P. Calveiro, “Teatro do Noroeste estrena ‘A Mamma’ en Santiago”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Santiago”, “Para todos los públicos”, 25 marzo 2014, p. L6.

Infórmase da estrea en Santiago do cuarto e último proxecto de Teatro do Noroeste, *A Mamma*, con dez pases na Zona C. O autor da obra, Lino Braxe, dá algúns detalles do argumento e subliña a actualidade da peza, á que subxace o drama dunha xeración que preparou os seus fillos para todo agás a crise.

- C. C., “Vendetta’ generacional”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Espectáculos”, 28 marzo 2014, p. 9.

Faise eco da posta en escena deste espectáculo unipersoal protagonizado por Luma Gómez na Zona C de Santiago de Compostela.

Teatro do **Noroeste** (2): *Selección natural*, texto Lola Correa, dirección Eduardo Alonso

#### **Referencias varias:**

- Nicolás Vidal, “Teatro do Noroeste retrata en ‘Selección natural’ a corrupción económica das elites”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, 15 outubro 2014, p. 18.

Coméntase que a comedia *Selección natural* se estreará o dezasete de outubro no Pazo da Cultura de Narón e indícase que na súa representación colaboran Teatro do Noroeste e a compañía española Tranvía Teatro, de Zaragoza.

#### **Pinga Teatro** (1): *Intim*

Ver Poio Escena, Vº Ciclo de teatro

#### **Referencias varias:**

- M. A. C., “Poio Escena presenta ‘Intim’, de Pinga Teatro, el próximo día 28”, *Diario de Pontevedra*, “Poio”, “Comarca”, 22 marzo 2014, p. 14.

Dá conta da representación de *Intim*, obra sobre o mercado laboral, por parte do grupo Pinga Teatro no salón de actos da Comunidade de Montes de Combarro, á vez que se

comenta o aprazamento de *Saúdes Private Hospital* de Armadiña Teatro por motivos alleos á organización do ciclo.

**Quico Cadaval** (1): *Os tres desexos, contos de Roland Topor*

### Referencias varias:

- B. H., “Quico Cadaval y ‘Os tres desexos’”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Espectáculos”, 10 xaneiro 2014, p. 6.

Coméntase esta posta en escena do narrador ribeirense na Zona C de Santiago de Compostela é un novo espectáculo no que recupera a Roland Topor, unha das súas referencias á que leva acudindo varios anos. Dise que supón un preludio para a estrea de *Da Vinci tiña razón!*, que leva a escena Producións teatrais Excéntricas.

- ECG, “Espectáculo de Quico Cadaval na zona C, ás 21 horas”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 11 xaneiro 2011, p. 21.

Dáse conta da estrea deste espectáculo, pensado para introducir a estrea absoluta da última produción de Excéntricas, *Da Vinci tiña razón!*

**Redrum** Teatro: *Amor flexible*, texto Borja Caamaño e Álex Sampayo, dirección Álex Sampayo

Ver Cariño, XXXVIª Mostra de Teatro Galego de  
Ver Cultura no Camiño  
Ver Outonoteatro  
Ver Ponteatro, Os xoves bótalle teatro á vida  
Ver Riveira, Mostra de teatro de

### Recensións:

- J. A. Martínez Sevilla, “Amor flexible”, *El Ideal Gallego*, “Opinión”, “La columna”, 4 marzo 2014, p. 24.

Recensiónase esta peza de Redrum Producións, con texto de Borja E. Caamaño e Alex Sampayo. Esquematízase a trama como unha torpe cadea de desexos, láméntase o desafortunado vestiario e coméntase a sinxeleza da escenografía e a confusión que o espectáculo xera.

- Inma López Silva, “A risa ou a comedia”, *Tempos Novos*, n.º 205, “Teatro”, “Crítica”, maio 2014, p. 88.

Destácase a influencia da *sitcom* e do *gag* televisivo sobre esta comedia que conta unha historia de enredo sentimental. Sinálase a falta de cohesión textual e ofrécese unha valoración da actuación dos diferentes actores, salientase o emprego dunha escenografía

sinxela e destácanse as posibilidades da peza de vincular o teatro galego a públicos urbanos que procuran un espazo de lecer no teatro desideoloxizado con postas coma as de Teatro do Noroeste. Por último, indícase a falta de funcionamento da translación dos formatos televisivos ao teatro.

### Referencias varias:

- M. G. M., “Redrum Teatro traerá a comedia con ‘Amor flexible’”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 25 febreiro 2014, p. 15.

Anúncianse dous pases no Teatro Rosalía da Coruña de *Amor Flexible*, peza que pon o foco na reflexión sobre as relacións humanas, representadas en escena por unha filla, unha nai e o seu xenro, con gran vitalismo.

- Manuel Varela, “Cando o amor é unha trampa”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y Cultura”, 25 febreiro 2014, p. 10.

Infórmase da estrea no teatro Rosalía da Coruña de *Amor Flexible*, espectáculo da compañía Redrum con texto orixinal de Borja Caamaño e Álex Sampayo, tamén director. Explicase que se trata dunha comedia marcada pola axilidade, a proximidade e o desexo de afondar nas relacións familiares e de parella.

- Rodri García, “Amor flexible’, unha comedia nos sete actos dos pecados capitais”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Escenarios”, 28 febreiro 2014, p. 6.

Preséntase *Amor Flexible* explicando que é unha “comedia amable” cunha estrutura que acompaña os sete pecados capitais que se representa no teatro coruñés Rosalía. Apúntanse as características principais dos personaxes e a axilidade da obra.

- ECG, “Doble cita de Redrum Teatro en el Principal”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 4 marzo 2014, p. 24.

Faise eco da posta en escena de dous dos espectáculos de Redrum, *Amor flexible* e *Curriculum Vitae*, no Teatro Principal de Santiago de Compostela.

- A. I. S., “Doble comedia a cargo de Redrum Producciones”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 6 marzo 2014, p. 31.

Dáse conta das propostas teatrais que a compañía Redrum Producións achegará ao Teatro Principal de Santiago de Compostela: a comedia actual *Amor Flexible* e a comedia sobre entrevistas de traballo *Curriculum Vitae*.

- P. Calveiro, “Redrum regresa al Principal con sus dos últimas comedias”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Santiago”, “Para todos los públicos”, 6 marzo 2014, p. L6.

Coméntase o regreso da compañía compostelá Redrum Producións ao Teatro Principal de Santiago de Compostela con dúas últimas pezas “de rabiosa actualidade”, segundo afirma o director de ambas, Alex Sampayo. Indícase que se trata de *Amor Flexible*,

comedia protagonizada por un triángulo familiar, e de *Curriculum Vitae*, que presenta cinco entrevistas de traballo escritas por distintos autores.

- M. G., “Música y teatro centran los actos culturales para los próximos días en Noia”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.062, 10 outubro 2014, p. 7.

Infórmase da programación da Concellería de Cultura de Noia que inclúe a representación teatral desta obra no liceo o día 16 de novembro.

**Sarabela Teatro:** *Pequenas certezas*, texto Bárbara Colio, dirección Ánxeles Cuña Bóveda

Ver Galicia Escena Pro, IIª Mostra de artes escénicas

**Talía Teatro (1):** *Bicos con lingua*, adaptación de breves textos de Suso de Toro, Cándido Pazó, Avelino González, Ana Iglesias, Xavier Lama, Marta Echevarría e Manuel Núñez Singala, dirección Avelino González

#### **Referencias varias:**

- J. M. R., “Talía presenta en Vimianzo ‘Bicos con lingua’”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1082, 31 outubro 2014, p. 7.

Informa da representación, promovida polo colectivo Queremos Galego, desta obra no auditorio da casa da cultura de Vimianzo.

**Talía Teatro (2):** *Demolición*, texto e dirección Cándido Pazó

Ver Teatro&Danza

Ver Cee, Semana das Artes Escénicas

Ver Dumbria a escena, Iª Xornadas de teatro

Ver Galicia Escena Pro, IIª Mostra de artes escénicas

Ver Ponteceso, XXIº Ciclo de teatro

Ver Vimianzo, Ciclo teatral de outono de

#### **Referencias varias:**

- ECG, “Talía Teatro presenta esta semana su ‘Demolición’”, *El Correo Gallego*, “*Santiago*”, 10 xuño 2014, p. 24.

Infórmase da posta en escena, da man de Talía Teatro, desta peza teatral que procura reflexionar sobre actitudes e compromiso cívico a respecto do tempo histórico de cadaquén. Detállanse cuestións prácticas sobre a venda de entradas.

- María Rodríguez, “Talía Teatro estrenará mañana su espectáculo ‘Demolición’”, *La*



*Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, 10 xuño 2014, p. L6.

Anúnciase a primeira sesión no Teatro Principal do espectáculo de Talía Teatro que ten por título *Demolición*, no ciclo Teatro&Danza. Dise que quen a escribiu e dirixe, presentouna como un “comidrama”. Saliéntanse algunhas afirmacións do director e de Arturo Trillo, un dos actores.

- J. M., “Fin de semana con Talía en Muxia y en Vimianzo”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1061, 9 outubro 2014, p. 6.

Dáse conta da posta en escena de dúas obras da compañía Talía Teatro: *O método Grönholm* e *Demolición*, esta última con dirección de Candido Pazó e actuacións de Artur Trillo e Toño Casais; indícase ademais que forma parte do ciclo de teatro de outono de Vimianzo xunto con *Os Calzurras* do grupo Sen Tempo Teatro.

**Teatro do Vilar:** *Aquí non paga ningún*, texto Darío Fo, dirección Elena Seijo

Ver MIT, XXXª Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia

#### **Referencias varias:**

- F. D., “Panxoliñas y teatro inician el programa”, *La Región*, “*Navidad en la Comarca de O Ribeiro*”, “Ribadavia”, 20 decembro 2014, p. 48.

Faise eco da programación navideña en Ribadavia, destacando a representación desta peza de Teatro do Vilar, explicando que se trata dunha sátira social escrita por Darío Fo.

**Ut-Tópico Teatro (1):** *Antiheroica*, dirección Vanesa Sotelo

Ver Xosé Agrelo, VIIª Mostra de teatro

#### **Referencias varias:**

- Suso Souto, “Exitoso estreno de la obra ‘Antiheroica’”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 896, 24 abril 2014, p. 5.

Infórmase da estrea desta peza teatral no Día do Libro no Auditorio de Ribeira ante estudantes de Secundaria do centro integrado de FP.

- A. Iglesias, “Ópera, teatro, circo y música clásica para todos los públicos”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 10 maio 2014, p. 36.

Anúnciase a programación cultural para a fin de semana en Santiago de Compostela, marcada pola variedade. Iníciase con Bandullo Azul e *A verdadeira historia de Robinson Crusoe e Venres*. Continúase con concertos de rock e de arias de Puccini, Verdi e Wagner, e remátase con *Antiheroica* de U-Tópico Teatro.

- ECG, “Ut-Tópico Teatro sigue en la Zona C con ‘Antiheroica’”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 17 maio 2014, p. 30.

Dáse noticia de que continúa representándose na Zona C de Santiago de Compostela esta peza teatral e infórmase do prezo das entradas e do lugar de compra.

**Ut-Tópico Teatro (2):** *Diante do espello*, texto e dirección Fran Godón

Ver MIT, XXXª Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia

### **Recensións:**

- Manuel F. Vieites, “Da historia, da memoria, da lingua”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 509, “Teatro”, 4 setembro 2014, p. VIII.

Coméntase o argumento da peza *Diante do espello*, centrándose brevemente nos monólogos e diálogos das actrices principais, e destácase que o fin da obra é unha reflexión sobre a profesión teatral. Ademais, dáse conta do prólogo, realizado por Noelia Iglesias Iglesias, no que mostra “algunhas cuestións interesantes en relación ao autor, coa súa pericia teatral e cos seus procesos de traballo”.

Escola de Teatro **Valle-Innova (1):** *Dous mestres. Unha mesma vida*

**Voadora:** *A tempestade*, adaptación da obra de William Shakespeare, dirección Marta Pazos

Ver FIOT, XXIIIº Festival Internacional “Outono de teatro” de Carballo

Ver FITO, VIIº Festival Internacional de Teatro de Ourense

Ver MIT, XXXª Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia

Ver Ponteatro, Os xoves bóttalle teatro á vida

### **Recensións:**

- Ramón Rozas, “A tempestade”, *Diario de Pontevedra*, 25 outubro 2014, contracuberta.

Indica que esta nova versión da obra *A tempestade*, de William Shakespeare, é fascinante e que confirma as expectativas. Destaca a súa posta en escena e mais a capacidade de imaxinar e fabular da súa directora a partir dun texto orixinal que “semella pechado dentro da contundencia e o mito shakesperiano”.

### **Referencias varias:**

- A. I. S., “La compañía Voadora cierra hoy su campaña ‘on line’ de micromecenazgo”,

*El Correo Gallego*, “Santiago”, 18 maio 2014, p. 29.

Coméntase o peche do sistema de micro mecenado que a compañía Voadora decidiu empregar para completar o presuposto de produción da súa última montaxe, *A Tempestade* de Shakespeare.

- Crespo, C., “Shakespeare ao límite da non teatralidade”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Teatro”, 26 setembro 2014, p. 8.

Coméntase esta adaptación de Voadora, baixo a dirección de Marta Pazos. Abórdanse de forma sucinta algúns dos recursos empregados e a temática da obra.

- Vicente Plaza, “A Tempestade’ de Shakespeare, xa en Santiago”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 2 outubro 2014, p. 41.

Informa da estrea d’*A Tempestade* no Salón Teatro de Santiago de Compostela. Indica que a montaxe gañou dous premios María Casares á Mellor Dirección e foi finalista do Certame Nacional de Directoras en Escena en 2013. Destaca que Voadora conta coa axuda de varias entidades en Galicia e Portugal.

- P. Calveiro, “Voadora presenta su mayor espectáculo, ‘A tempestade’”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Santiago”, 2 outubro 2014, p. L6.

Indica que a compañía Voadora ofrecerá catorce funcións d’*A tempestade* no Salón Teatro de Santiago de Compostela.

- Santiago Jaureguizar, “Voadora recicla o ‘público familiar’ e monta unha gardería no teatro”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 12 outubro 2014, p. 84/ *El Progreso*, “Vivir”, 11 outubro 2014, p. 62, “Cultura”, “Cidade xardín”.

Anuncia que a compañía compostelá Voadora vén de estrear *A tempestade* e comenta que xunto con ela propoñen un obradoiro para os fillos dos espectadores co nome “Baby tempest”.

- J. M. R., “Xograr de Outono para Tatán en el FIOT de Carballo”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 1077, 25 outubro 2014, p. 6.

Dáse noticia da posta en escena desta peza teatral, ademais de informar do gañador do Premio Xograr de Outono que entrega anualmente o FIOT.

**Xoré Teatro:** *O segredo de Uxía*, texto e dirección Ramón Torrente

Ver Riveira, Mostra de teatro de

Ver Viana, Iª Mostra de teatro afeccionado de

**Referencias varias:**

- C. Botrán, “O segredo de Uxía’ saca á luz os abusos e malos tratos a menores”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 864, 21 marzo 2014, contracuberta.

Anuncia a aposta teatral do pedagogo e psicopedagogo padronés Ramón Torrente, coa compañía Xoré Teatro. Destaca que a peza pretende concienciar á sociedade e sacar á luz os malos tratos e abusos que sofren moitos cativos na infancia.

- Carlos Fernández, “Premios e teatro no programa de actos contra a violencia de xénero en Bueu”, *Diario de Pontevedra*, “O Morrazo”, “Bueu”, 19 novembro 2014, p. 16.

Infórmase, entre outras novas, das múltiples representacións desta peza no IES Johan Carballeira de Bueu, como parte da programación do concello para o Día Internacional da non violencia contra a muller.

### III. 3. 3. POSTAS EN ESCENA QUE CONTINUÁN EN CARTEL

#### III. 3. 3. 1. GRUPOS ESTÁBEIS OU PROFESIONAIS

**Abrapalabra** Creacións Escénicas: *As do peixe*, guión Cándido Pazó, dirección Cristina Domínguez de Pena

Ver Cariño, XXXVIª Mostra de Teatro Galego de

Ver Dumbria a escena, Iª Xornadas de teatro

Ver Outonoteatro

Ver Ponteceso, XXIº Ciclo de teatro

Ver Rianxo, Outono Cultural de

Ver Teatro&Danza

Ver Tomiño, Outono Cultural de

Ver Vilamarín, XXVIIªs Noites teatrais de

#### Recensións:

- J. A. Martínez Sevilla, “As do peixe”, *El Ideal Gallego*, “Opinión”, “La columna”, 1 abril 2014, p. 24.

Analízase esta peza teatral dirixida por Cristina Domínguez da Pena. Honrando a memoria destas traballadoras dende 1970, sinálase a correcta escenografía e vestuario, a boa iluminación, os efectos especiais e actrices que desenvolven brillantemente a comedia, que se sitúa entre a farsa, o melodrama político e a fábula dialéctica.

- J. A. Martínez Sevilla, “A Cándido Pazó, lo suyo”, *El Ideal Gallego*, “Opinión”, “La columna”, 3 abril 2014, p. 24.

Subsánase o erro cometido na última crítica de teatro, que foi o de esquecer citar a Cándido Pazó como autor da obra *As do peixe*. Aproveítase para afondar na anterior crítica, insistindo en certa superficialidade argumental que non resta humanismo á obra.

#### Referencias varias:

- P. Calveiro, “Teatro&Danza impulsa más de 60 funciones hasta junio”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Santiago”, 10 xaneiro 2014, p. L6.

Comenta que o ciclo Teatro&Danza do concello de Santiago de Compostela inclúe vinte e catro espectáculos teatrais e un de danza. Entre outras representacións, destaca esta peza de Abrapalabra.

- C. S., “As do peixe’, homenaje a las mujeres de la conserva”, *Atlántico Diario/ La Región*, “Sociedad”, “Teatro”, 16 xaneiro 2014, p. 53.

Reséñase moi sucintamente o argumento da obra escrita por Cándido Pazó tomando como punto de partida entrevistas a extraballadoras do sector das fábricas de conservas. Indícase que realismo e ficción teatral, drama e humor se dan a man.

- ECG, “As do peixe’ de Cándido Pazó, o venres no Principal”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 28 xaneiro 2014, p. 29.

Dáse conta da posta en escena desta obra no Teatro Principal de Santiago de Compostela.

- M. G., “Programan en los próximos días cuatro galas teatrales”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 820, 5 febreiro 2014, p. 7.

Infórmase, entre outras novidades, da posta en escena desta obra no Liceo de Noia, dentro da programación cultural do concello.

- José Manuel Gutiérrez, “Cultura para todos los públicos”, *La Opinión*, “Oleiros”, 6 febreiro 2014, p. 13.

Anúnciase o variado programa de actividades do concello de Oleiros para os meses vindeiros. Entre outras actividades, no ámbito teatral, dáse conta da representación desta peza no auditorio de Mera.

- F. Frieiro, “O teatro dálle voz ás mulleres da conserva”, *Diario de Arousa*, “Vilagarcía”, 19 febreiro 2014, p. 8.

Coméntase a representación da última obra de Cándido Pazó no auditorio de Vilagarcía. Trátase dun espectáculo que ten orixe nun traballo académico e dá voz ás miles de mulleres que traballaron en conserveiras por toda a costa galega. Catro actrices, vidas aparentemente normais e proximidade son algúns dos seus trazos salientábeis.

- Nicolás Vidal Ferrol, “As do peixe’, a memoria teatral das mulleres conserveiras chega a Narón”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, 21 febreiro 2014, p. 15.

Faise eco da representación da obra do actor, director e dramaturgo Cándido Pazó con *As do peixe*. Explicase a súa orixe, posto que a idea xorde dun exercicio de fala como as antigas conserveiras de Cangas proposto pola ESAD e recóllese o contido da peza, a memoria e o traballo das mulleres que traballaron no sector conserveiro ao longo da costa galega.

- B. Y., “As do peixe’ optan a cinco galardones en los premios María Casares de Teatro”, *Diario de Arousa*, “O Salnés”, 7 marzo 2014, p. 14.

Indícase que a peza *As do peixe* escrita por Cándido Pazó aspira a cinco galardóns na XVIII edición dos Premios María Casares de Teatro que cada ano concede a Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG).

- Manuel Varela, “Unha vida conservada na memoria”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y Cultura”, 24 marzo 2014, p. 6.

Anúnciase a chegada ao Teatro Rosalía da peza na que Cándido Pazó mestura drama e comedia, partindo da historia de catro antigas traballadoras nunha conserveira galega, unha crónica nacida ao abeiro do traballo de campo realizado polo alumnado da ESAD de Vigo, que se achegou ao testemuño de varias mulleres do Morrazo vítimas da reconversión e crise da industria conserveira. Dise que se cruzan conflitos laborais e vitais no tecido deste drama próximo.

- B. Yáñez, “As mulleres da conserva recoñécense na escena e o público responde: Iso xa é un éxito”, *Diario de Arousa*, “O Salnés”, 26 de marzo 2014, p. 15.

Entrevístase a Cándido Pazó, escritor e director d’*As do peixe*, peza cunha ampla xira por toda Galicia e con cinco nominacións aos premios de Teatro María Casares. Afóndase no feito de ser unha autoproducción, na tensión entre testemuño e ficcionalidade e no resultado final.

- Marta Padín, “A industria conserveira convértese esta noite na protagonista do Salón do Libro Infantil”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 27 marzo 2014, p. 59.

Indícase que trece institutos da provincia de Pontevedra pasarán polo Pazo da Cultura para gozar da primeira representación da obra *As do peixe* ante público escolar. Escrita por Cándido Pazó e dirixida pola pontevedresa Cristina Domínguez Dapena, coméntase que a peza mostra unha visión do feminino con respecto á industria conserveira galega.

- Carlos Crespo, “Un tributo ás mulleres que debuxaron a ‘paisaxe emocional deste país”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Espectáculos”, 28 marzo 2014, p. 9.

Sublíñase a potencialidade social do teatro galego contemporáneo reflexionando sobre a peza *As do peixe*. Dise que Cándido Pazó, como autor do texto, e Cristina Domínguez, como directora, poñen énfase nas relación humanas que latexan tras a historia de catro mulleres que quedan sen traballo logo do peche dunha fábrica conserveira. Coméntanse os éxitos colleitados, detállase a última escena e inclúense afirmacións do autor e da directora.

- J. M. R., “El espacio cultural de Paiosaco acoge hoy una función con ‘As do peixe”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 884, 11 abril 2014, p. 7.

Apúntase a posta en escena desta peza, dentro do programa Primavera Teatral, no espazo cultural de Paiosaco, en Laracha. Infórmase do argumento, do horario e da gratuidade das entradas.

- M. Manteiga, “Sigue o teatro en Ames ao abeiro do novo programa de lecer Primavera 2014”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 884, 11 abril 2014, p. 7.

Dáse conta da programación teatral do concello de Ames. Dise que logo d’*A nena e o grilo nun barquiño*, destinada ao público infantil, se representará *As do peixe*, de Abrapalabra.

- Jaureguizar, “Kepa Junkera, Josito Porto e Xabier Díaz animan o verán lucense con Cultura Aberta”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 26 xuño 2014, p. 59.

Preséntase o programa cultural que a Área de Cultura da Deputación do de Lugo organizou para o verán. Indícase que *As mil vidas de Matías Houseman* con Josito Porto, *Sede de mal* de Luís Iglesia e Xavier Deive co dúo Boneca Lareta, *As do peixe* de Abracadabra, *Que vai ser de nós?* de Microefectos Dramatúrxicos e *Waltz* de Voadora, no apartado escénico, forman parte da oferta cultural mencionada.

- C. B., “Padrón entrega el día 8 el Maruxa Villanueva”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 1.079, 28 outubro 2014, p. 7.

Faise eco da próxima entrega do premio de interpretación Maruxa Villanueva en Padrón, informando que o acto estará precedido da representación da peza teatral *As do peixe*, que abrirá o mes que esta vila dedica ás artes escénicas.

#### **Abrapalabra** Creacións Escénicas: *Candideces*

Ver Cultura no Camiño

#### **Abrapalabra** Creacións Escénicas: *Decamerón*

Ver Laracha, Venres teatrais 2014 da

Ver MIT, XXXª Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia

Ver Tomiño, Outono Cultural de

Ver Vimianzo, Ciclo teatral de outono de

#### **Producións Acontrabutaca: *Dous son parella (e o demais son calumnias)*, dirección Xosé Lueiro**

Teatro do **Adro**: *As mil vidas de Matías Houseman*, texto e dirección José Prieto

#### **Recensións:**

- J. A., Martínez Sevilla, “As mil vidas de... Josito Porto”, *El Ideal Gallego*, “Opinión”, “La columna”, 23 xaneiro 2014, p. 24.

Reséñase de modo libre e persoal a obra escrita e dirixida por José Prieto, *As mil vidas de Matías Houseman*, salientando a amenidade e dinamismo conseguidas polo showman fundamentalmente, fronte a certos tópicos e repeticións da obra.

#### **Referencias varias:**

- D. V., “Monólogo traxicómico e musical de Josito Porto”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Teatro”, 17 xaneiro 2014, p. 10.



Coméntase o argumento d’*As mil vidas de Matías Houseman*, monólogo traxicómico aderezado con cancións que acompaña a vida dun personaxe polifacético e humorístico dende a mocidade até o inicio da vellez, interpretado por Josito Porto.

- Nicolás Vidal, “Josito Porto leva a Narón unha comedia de José Prieto sobre a esquizofrenia do home moderno”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, 13 febreiro 2014, p. 16.

Anúnciase, no café-teatro do Pazo da Cultura de Narón, a representación da obra *As mil vidas de Matías Houseman*, concibida coma un monólogo teatral, escrita e dirixida polo naronés José Prieto e a cargo da interpretación de Josito Porto. Detállase a recepción que está a ter por parte do público e o seu contido.

- Margarito Flowers, “Josito Porto da vida a Matías Houseman en la capital gallega”, *El Correo Gallego*, “Gente”, 11 marzo 2014, p. 48.

Infórmase da posta en escena deste monólogo teatral e indícase que, por esta interpretación, Josito Porto está nominado aos Premios María Casares deste ano.

- R. M., “Josito Porto se mete en la piel de Matías Houseman en la Zona C”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Santiago”, 14 marzo 2014, p. L6.

Indica que Josito Porto está nominado aos Premios María Casares polo monólogo traxicómico que xira arredor dun “home de existencia gris”, *As mil vidas de Matías Housemann*. Comenta que esta produción de Teatro do Adro forma parte do ciclo municipal de Teatro&Danza. Ademais, dá conta da posta en escena de *Fémina Sapiens*, de Marta Pérez e baixo a dirección de Carlos Álvarez-Ossorio.

- Santiago Jaureguizar, “Peterpanismo proletario”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 23 marzo 2014, p. 84/ *El Progreso*, “Vivir”, 22 marzo 2014, p. 56, “Cultura”, “Cidade xardín”.

Criticáanse dúas representacións teatrais de actualidade: *As mil vidas de Matías Housemann*, representada na Zona C de Santiago, e *Longa viaxe cara á noite*, última peza dramática do Centro Dramático Galego. Dise que o vector fundamental é a frustración da clase obreira, por iso a temática de ambas as producións se une a apuntamentos de orde social extraídos de *Mansfield Park* de Jane Austen e a un proxecto de murais en Fene.

- Jaureguizar, “Kepa Junkera, Josito Porto e Xabier Díaz animan o verán lucense con Cultura Aberta”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 26 xuño 2014, p. 59.

Preséntase o programa cultural que a Área de Cultura da Deputación de Lugo organizou para o verán. Dise que *As mil vidas de Matías Houseman* con Josito Porto, *Sede de mal* de Luís Iglesia e Xavier Deive no dúo Boneca Lareta, *As do peixe* de Abracadabra, *Que vai ser de nós?* de Microefectos Dramatúrxicos e *Waltz* de Voadora, no apartado escénico, fan parte da súa oferta cultural.

- R. L., “As traxicomédias de Josito Porto”, *El Progreso*, “deVerano”, “Culturetadas”, 2 agosto 2014, p. 2.

Indica que o actor Josito Porto estivo representando en Lugo a obra *As mil vidas de Matías Houseman* dentro do programa Cultura Aberta da Deputación de Lugo.

- M. Manteiga, “Teatro, música y cultura hasta despedir el año 2014 en Ames”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.058, 6 outubro 2014, p. 6.

Dá conta das diferentes actividades culturais que terán lugar en outono en Ames como o “concurso radiofónico de Teatro Leído” ou representacións teatrais de obras como *As mil vidas de Matías Houseman*.

- M. T., “A obra de Josito Porto pecha o mes cultural”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.080, 29 outubro 2014, p. 4.

Infórmase da posta en escena desta obra na casa da cultura do Milladoiro.

**Áncora** Producións (2): *Snakizados. Comedia da fin do mundo*, texto Gustavo Pernas, dirección Ánxela G. Abalo

Ver Cariño, XXXVIª Mostra de teatro galego de  
Ver Cee, Semana das Artes Escénicas  
Ver Cultura no Camiño

**Ardora** Teatro: *Xustiza de lei*

Ver Buxiganga, VIº Circuitos

Teatro do **Astracán**: *Ladrón e Familia*, dirección Evaristo Calvo, baseada nunha obra de Darío Fó

### Referencias varias:

- M. Angueira, “Superheroes con ADN cuntese”, *Diario de Arousa*, “Ulla-Umia”, 15 maio 2014, p. 20.

Preséntase a aposta de Saleta Fernández e Alberto Torres, que buscan coa peza *Supergalácticos* consolidarse no circuito profesional do teatro logo da súa experiencia en *Ladrón e familia* de Teatro do Astracán e case unha década de traxectoria na agrupación de teatro afeccionado Escola Artística de Cuntis. Coméntase a súa formación e as características desta obra de pequeno formato.

Teatro do **Atlántico**: *A charca inútil*, texto de Davil Desola, dirección Xúlio Lago

Ver Cultura no Camiño  
Ver Troco X Troco, IIº Intercambio Teatral Portugal-Galicia

### **Recensións:**

- Inma López Silva, “Teatro sen indiferentes”, *Tempos Novos*, n.º 201, “Teatro”, “Crítica”, febreiro 2014, pp. 88.

Analízase polo miúdo esta peza de Teatro do Atlántico. Saliéntase, por riba de todo, o traballo dos actores, que transmiten de maneira espléndida a lectura que fai o director da obra, na que se reflexiona sobre a codición humana e as súas propias crises.

### **Referencias varias:**

- José Manuel Gutiérrez, “Cultura para todos los públicos”, *La Opinión*, “Oleiros”, 6 febreiro 2014, p. 13.

Anúnciase o variado programa de actividades do concello de Oleiros para os meses vindeiros. Entre outras actividades, no ámbito teatral, dáse conta da representación desta obra no auditorio de Mera.

- Belén López, “Unha primavera escénica para gozar en Pontevedra”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 24 abril 2014, p. 60.

Infórmase do programa do ciclo Pontevedra Escénica, proposta desaparecida da programación municipal de Pontevedra dende 2009 que vén de recuperarse. Sete serán as montaxes escénicas: *Full House* do Centro Coreográfico Galego, *Blondy's Coffee* de Entremáns, *Menú do día* de Carlos Blanco e Luis Dávila, *A charca inútil* de Teatro do Atlántico e outras propostas de teatro musical que forman parte do programa Platea do Ministerio de Cultura.

- Belén López, “Teatro do Atlántico celebrará 30 anos de vida con ‘O principio de Arquímedes’”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, 28 maio 2014, p. 61.

Dáse conta da peza da compañía de Culleredo Teatro do Atlántico, a partir da obra de Josep Maria Miró i Coromina *O principio de Arquímedes*, coa que celebrará no ano próximo o seu trixésimo aniversario como compañía. Á vez, na presentación d’*A charca inútil* en Pontevedra, o grupo comenta a fin da profesionalización, debido á crítica situación do sector das artes escénicas.

**Bértola** Teatro: *Pack cósmico*, texto e dirección Mario Iglesias

Ver Vila de Sarria, IVª Semana de Teatro Cómico

**Catro Cadeiras**: *O feo*, texto Marius Von Mayenburg, dirección Juan Carlos Corredoira

### **Referencias varias:**

- José Manuel Gutiérrez, “Cultura para todos los públicos”, *La Opinión*, “Oleiros”, 6 febreiro 2014, p. 13.

Anúnciase o variado programa de actividades do concello de Oleiros para os próximos meses. Entre outras actividades, no ámbito teatral dáse conta da representación desta obra no auditorio de Mera.

- S. N., “O feo’ denuncia la actual obsesión por la belleza”, *La Región*, “Sociedad”, “Música”, “Galicia: agenda cultural”, 19 xuño 2014, p. 60.

Infórmase da chegada ao Teatro Principal de Ourense da representación *O feo*, unha obra orixinal de Marius Von Mayenburg, da man da compañía galega Catro Caldeiras, con dirección de Juan Carlos Corredoira. Indícase que o aspecto físico e as súas implicacións na sociedade moderna forman parte da engrenaxe da trama.

**Chévere Teatro:** *Escapárate*

**DINAMOTeatro:** *Profundizando na Galicia Profunda*

Ver Cultura no Camiño

**Edita Teatro:** *A cousa nosa*

VerBuxiganga, VIº Circuitos

Producións Teatrais **Excéntricas:** *O turista madrileño*

Ver Cultura no Camiño

### **Referencias varias:**

- J. M. Ramos, “Evaristo Calvo trae a Vimianzo ‘O turista madrileño’”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 862, 19 marzo 2014, p. 7.

Fai referencia á posta en escena deste espectáculo no auditorio da casa da cultura de Vimianzo, que se enmarca dentro do ciclo O mes das contadas.

**Fantoches Baj:** *PULP (Poesía Última de Lois Pereiro)*, texto Lois Pereiro, dirección Inacio Vilariño

Ver Cultura no Camiño

Fulano, Mengano e Citano: *O que hai que ver!*

Fulano, Mengano e Citano: ***Viva a crise***, dirección Manuel Pombal

Ver Tomiño, Outono Cultural de

**Ibuprofeno** Teatro: *A filla de Woody Allen*, texto e dirección Santiago Cortegoso

#### Referencias varias:

- Nicolás Vidal, “Din que me parezo fisicamente e no meu carácter ao director americano”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, 26 abril 2014, p. 15.

Entrevístase á actriz Marián Bañobre, que trae ao Teatro Jofre *A filla de Woody Allen*, un espectáculo da compañía Ibuprofeno. Explicase como funciona este solo de teatro, como xorde a obra ligada ao universo Woody Allen e tamén a súa traxectoria profesional e persoal.

**IlMaquinario** Teatro: *O home almofada*, texto Martin McDonagh, dirección Tito Asorey

#### Referencias varias:

- José Manuel Gutiérrez, “Cultura para todos los públicos”, *La Opinión*, “Oleiros”, 6 febreiro 2014, p. 13.

Anúnciase o variado programa de actividades do concello de Oleiros para os meses vindeiros. Entre outras actividades, no ámbito teatral, dáse conta da representación desta obra no auditorio de Mera.

- C. C., “Una última función en Vigo antes del estreno en Madrid”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Escenarios”, 2 maio 2014, p. 14.

Refírese a derradeira función na cidade olívica da montaxe coa que debutou Il Maquinario na escena teatral galega antes da estrea da peza en Madrid. Especificase que *O home almofada* foi nominada seis veces nos María Casares e apórtanse detalles da temática que trata, como a violencia.

**Inversa** Teatro: *Té con Kant*, texto e dirección María Caparrini e Marta Pérez

#### Recensións:

- Inma López Silva, “Yes we Kant”, *Tempos Novos*, n.º 208, “Teatro”, “Crítica” setembro 2014, p. 82.

Saliéntase a combinación de teatro correcto e discurso ideolóxico feminista. Descríbese o espectáculo, que parte de dúas intelectuais do século XVIII tentando resolver un dilema matemático. Conclúese destacando que se trata dunha comedia intelixente na que se utilizan todos os elementos propios do xénero cómico sen que iso afecte á mensaxe feminista.

**Iolanda Muíños e Camila Bossa:** *Malos hábitos*

Ver MITEU, XIXª Mostra Internacional de Teatro Universitario Galego

#### **Referencias varias:**

- ECG, Camila Bossa y Yolanda Muíños, en ‘Malos hábitos’, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 21 maio 2014, p. 28.

Dáse noticia da representación desta obra no pub Atlántico de Compostela e infórmase da hora, prezo e que as súas protagonistas foron nominadas aos María Casares 2013.

**Isabel Risco:** *Nabiza Girl*

Ver Begonte, IIº Ciclo de Teatro de Begonte

**Lagarta Lagarta:** *O país do pato Donald*, dirección Xúlio Lago

Ver Carballiño, XXVº Festival de Teatro Galego do (FETEGA)

#### **Recensións:**

- J. A. Martínez Sevilla, “La hermosa realidad”, *Diario de Arousa*, p. 34/ *El Ideal Gallego*, p. 25, “Opinión”, “La columna”, 17 maio 2014.

Saliéntase que a peza *O país do Pato Donald* de Lagarta Lagarta foi representada no Fórum Metropolitano, insistindo na súa calidade e definíndoa como “xoia dramática sen paliativos”, “filosofía escénica”, “introspección receptiva de ansiedades”, á vez que se louba a profesionalidade de Ernesto Chao e Rosa Álvarez dando corpo aos personaxes.

- M. G., “Música y teatro centran los actos culturales para los próximos días en Noia”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 1.062, 10 outubro 2014, p. 7.

Infórmase da programación da Concellería de Cultura de Noia que inclúe a representación teatral desta obra no liceo.

**LedaTeatro:** *Dependencias*

**Leda** Teatro: *Endereitados*

**Malasombra** Teatro (2): *Operación Comedia (Misión Sapiens)*, texto José Luis Prieto, dirección Marcos Orsi

Ver Cariño, XXXVIª Mostra de Teatro Galego de  
Ver Cee, Semana das Artes Escénicas  
Ver Rianxo, Outono Cultural de  
Ver Riveira, Mostra de teatro de  
Ver Tomiño, Outono Cultural de

**Malasombra** Teatro (3): *Smoke city. A cidade do fume*, texto José Luis Prieto, dirección Marcos Orsi

Ver Teo, VIIº Mes do teatro

#### **Referencias varias:**

- R. M., “El Salón Teatro se llenará de espectáculo hasta junio”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, “Para todos los públicos”, 17 abril 2014, p. L6.

Anuncia a variedade de espectáculos que acollerá o Salón Teatro de Santiago de Compostela: teatro, humor, danza, galas benéficas, circo e cinema. Entre outras novas, informa da representación de *Smoke City*, unha proposta teatral para público familiar de Malasombra Producións.

- P. Calveiro, “Teatro contra el tabaquismo”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, 20 maio 2014, p. L6.

Infórmase da chegada a Santiago de Compostela de *Smoke City*, unha peza de Malasombra Producións destinada ao público adolescente e ligada á loita contra o tabaquismo. Saliéntase a falta de programación para esta franxa de idade.

**Matarile** Teatro: *Staying alive*, texto e dirección Ana Vallés

Ver ALT.14, XIIIº Festival Alternativo de Teatro e Danza de Vigo

#### **Recensións:**

- Inma López Silva, “Vivas no escenario”, *Tempos Novos*, n.º 206, “Teatro”, “Crítica”, xullo 2014, p. 90.

Indícase que Matarile é un referente do teatro contemporáneo galego e analízase esta peza, salientando a súa reflexión arredor da condición feminina e a súa loita contra o canon e os conceptos preestablecidos. Coméntase que Matarile Teatro chegou xa ao centro do sistema literario galego, aínda que cun teatro aínda suxestivo.

**Miro Magariños:** *75 puñaladas, un suicidio sospeitoso*

#### **Referencias varias:**

- D. R., “La Casa da Cultura acoge hoy la obra de teatro titulada ‘O anel máximo’, *El Ideal Gallego*, “Área metropolitana”, 4 maio 2014, p. 17.

Anúnciase a representación, na Casa da Cultura de Sada, da obra *O anel máximo*, orixinalmente unha comedia do italiano Carlo Goldoni coa estrutura habitual da Commedia dell’Arte. Lémbrese que o público sadense vén de gozar de *75 puñaladas, un suicidio sospeitoso* da compañía de Miro Magariños.

**Mofa e Befá (1):** *Cociña económica*, dirección Quico Cadaval

Ver Cultura no Camiño

Ver Dumbría a escena, Iª Xornadas de Teatro

Ver Tomiño, Outono Cultural de

Ver Vila de Sarria, IVª Semana de Teatro Cómico

#### **Referencias varias:**

- Carmen Uz, “Días de entretenimiento”, *El Progreso*, “Lugo”, “La semana por delante”, 8 decembro 2014, p. 5.

Infórmase da programación das IIª Xornadas Gastroaccesibles de Lugo e destácase a representación de *Cociña económica* polo dúo cómico Mofa e Befá. Tamén se mencionan outras actividades culturais como Bocata Literario con Noemí López e Antonio Reigosa ou Cata Literaria con Darío Xohán Cabana.

- Marta Becerra, “Una capital con mucho arte”, *El Progreso*, “Lugo”, “El despertador”, 12 decembro 2014, p. 11.

Anúnciase a programación do Auditorio de Lugo, na que se salienta o espectáculo *Cociña económica* do dúo Mofa e Befá, como clausura das Xornadas Gastroaccesibles. Destácase, entre outras novas, *Andando a terra*, concerto homenaxe a Manuel María ofrecido por Uxía Senlle xunto con trescentos alumnos do colexio Galén.

**Mofa e Befá (2):** *Sempre ao lonxe*, dirección Quico Cadaval

Ver Laracha, Venres teatrais 2014 da



**Mofa e Befa (1):** *Shakespeare para ignorantes*, dirección Quico Cadaval

Ver Laracha, Venres teatrais 2014 da

#### **Referencias varias:**

- Manuel Varela, “Cando Shakespeare escapa dos eruditos”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y Cultura”, 22 abril 2014, p. 10.

Preséntase a comedia *Shakespeare para ignorantes*, interpretada por Quico Cadaval, coa axuda do dúo Mofa e Befa, formado por Evaristo Calvo e Víctor Mosqueira, que chega ao Teatro Colón para celebrar o Día Internacional do Libro.

- M. M., “Actuación gratuita de Mofa e Befa para os brioneses”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 1.090, 8 novembro 2014, p. 7.

Dáse noticia da representación desta peza teatral no centro social polivalente de Pedrouzos, en Brión. Infórmase da gratuidade da asistencia á mesma.

Teatro do **Morcego (1):** *A función do tequila*, texto Manuel Guede, dirección Antonio Simón

Ver Troco X Troco, IIº Intercambio Teatral Portugal-Galicia

Teatro do **Morcego (2):** *Lazariño de Tormes*, adaptación do texto anónimo, dirección Andrés Pazos e Celso Parada

Ver Sen Numerar, Ciclo de teatro

#### **Referencias varias:**

- M. Manteiga, “Teatro, música y cultura hasta despedir el año 2014 en Ames”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 1058, 6 outubro 2014, p. 6.

Dá conta das diferentes actividades culturais que terán lugar en outono en Ames como o “concurso radiofónico de Teatro Leído” e representacións teatrais de obras como o *Lazariño de Tormes*.

Teatro do **Morcego (3):** *Misterio Cómico*, texto darío Fó, dirección Celso Parada

Ver Carballiño, XXVº Festival de Teatro Galego do (FETEGA)

### Referencias varias:

- P. Calveiro, “Misterio Cómicó’ vuelve a Santiago veinte años después”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, “Para todos los públicos”, 7 maio 2014, p. L6.

Conmemórase o vintecinco aniversario da fundación da compañía Teatro do Morcego co regreso a Santiago de Compostela dunha obra que recibiu o Premio Compostela 1992: *Misterio Cómicó*. Con texto do nobel Dario Fo, faise balance do éxito desta posta en escena, con trescentas funcións durante cinco anos e coméntase brevemente a lixeira adaptación do texto.

- M. J. Rico, “Sempre fixemos un teatro con compromiso e ligado á denuncia e á busca das contradicións”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, 20 novembro 2014, p. 13.

Conversa na que Celso Parada fala da comedia *Misterio Cómicó* que representará en Narón, da que subliña que é o espectáculo máis emblemático de Teatro do Morcego que se estreara xa en 1992.

Teatro do **Morcego** (4): *Os patios da memoria*, adaptación de texto de Raymond Cousse, dirección Bernardo Galli

Ver Cultura no Camiño

Teatro de **Ningures**: *Pegadas*, textos de Suso de Toro, Anxos Sumai, Benito Pérez Galdós, Manuel Pazos, Eurípides e Laila Ripoll, dirección Etelvino Vázquez

### Referencias varias:

- P. Calveiro, “Homenaje a 27 años en las filas de Teatro de Ningures”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, “Para todos los públicos”, 6 febreiro 2014, p. L6.

Preséntase *Pegadas*, o espectáculo no que Casilda Alfaro rescata a nove dos personaxes que interpretou nos últimos vinte e sete anos con Teatro de Ningures, dende María Soliña até Écuba. Dise que o espectáculo transcorre baixo a dirección de Etelvino Vázquez e se asenta en textos de Manuel Pazos, Pérez Galdós, Laila Ripoll ou Anxos Sumai.

NNC Teatro: *Santa Perpetua*

Ver Ames, IXª Mostra de teatro afeccionado de  
Ver Rianxo, Outono Cultural de  
Ver Sada, Xª Mostra de teatro afeccionado

### Referencias varias:

- M. Manteiga, “Teatro, música y cultura hasta despedir el año 2014 en Ames”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.058, 6 outubro 2014, p. 6.

Dá conta das diferentes actividades culturais que terán lugar en outono en Ames como o “concurso radiofónico de Teatro Leído” ou representacións teatrais de obras como *Santa Perpetua*, entre outras.

**Noite Bohemia (1):** *Aulularia*, texto Plauto

Ver Lugo, XIVª Mostra de Teatro Grecolatino

**Noite Bohemia (2):** *Cásina*, texto Plauto

Ver Lugo, XIVª Mostra de Teatro Grecolatino

**Noite Bohemia (3):** *Anfitrión*

Ver Lugo, XIVª Mostra de Teatro Grecolatino

Teatro do **Noroeste** (1): *A tixola polo mango (muller, non é para tanto)*, texto Lola Correa, dirección Eduardo Alonso

### Referencias varias:

- R. T., “El monólogo ‘A tixola polo mango’ se escenifica este viernes en el Salón Teatro de Lalín”, *Diario de Pontevedra*, “Lalín”, “Deza”, 9 abril 2014, p. 21.

Anúnciase a presentación en Lalín do monólogo *A tixola polo mango (Muller, non é para tanto)*, de Chiripa Producións, escrito en primeira persoa e levado á escena pola actriz Luma Gómez. Dise que pon en escena a unha ama de casa e as súas reflexións sobre a vida mentres cociña.

**Obras Públicas:** *Bye, Bye Honey*, texto e dirección José Prieto

Ver Carballiño, XXVº Festival de Teatro Galego do (FETEGA)

Ver Ponteato, Os xoves bótalle teatro á vida

Ver Teo, VII Mes do teatro de

### Recensións:

- Inma López Silva, “A refundación do musical”, *Tempos Novos*, n.º 205, “Teatro”, “Crítica”, xuño 2014, p. 83.

Ofrécese unha recensión do espectáculo musical galego *Bye, bye, honey* a cargo de Obras Públicas. Indícase que se trata dun concerto de rock marcado pola ambientación marxinal no que se introducen os segmentos representados sobre a vida da protagonista, Marta, cunha familia marcada polo alcoholismo e os malos tratos. Saliéntase a presenza do mundo das drogas, da prostitución e dos delitos até atopar a felicidade e a paz da man do rock e dun profesor de filosofía. Destácase o manexo das dramaturxia coa inserción do sentido do humor, a mínima escenografía, a oscilación entre drama e comedia e a comunión co público.

### Referencias varias:

- Carlos Crespo, “Galicia é un sitio duro para vivir e iso tamén se ten que ver no teatro”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Teatro”, 24 xaneiro 2014, p. 10.

Entrevístase á actriz principal do “musical de clase baixa” *Bye, bye, honey*, do que é autor e director José Prieto. Explícase o desexo de representación social subxacente a esta etiqueta e revísanse algúns dos logros profesionais de Iolanda Muíños, a actriz e protagonista, única muller en escena na obra.

- Fátima Frieiro, “O teatro ponlle voz e cara á crise”, *Diario de Arousa*, “Vilagarcía”, 2 abril 2014, p. 8.

Coméntase a chegada ao Auditorio Municipal de Vilagarcía da peza *Bye Bye Honey*, posta en escena pola compañía Obras públicas. Dise que é unha trama que esgaza e apela á reflexión do público, na que a música xoga un papel fundamental.

- B. L., “Goldi: ‘Bye, bye, honey’ ofrece unha experiencia teatral completa”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Cultural”, 10 decembro 2014, p. 11.

Con motivo da representación da obra *Bye bye, honey* dentro do ciclo Ponteatro, o actor César Goldi critica a censura que recibe o teatro en Galicia cando os contidos se afastan do politicamente correcto ou polo uso de linguaxe explícita. Comenta que a obra está dirixida por José Prieto, protagonizada por Iolanda Muíños e con música de Carlos Mosquera.

Grupo de Teatro **Ollomao** (1): *Os vellos non deben de namorarse*, revisión do texto de Castelao, dirección Ramón Casas

Ver Buxiganga, VIº Circuitos

Grupo de Teatro **Ollomao** (2): *Oé, oé, oé*, texto Maxi Rodríguez

Ver Begonte, IIº Ciclo de Teatro de Begonte  
Ver Buxiganga, VIº Circuitos

Teatro **Proscrito**: *Rosa de dous aromas*, texto Emilio Carballido, dirección Lino Braxe

Ver Cultura no Camiño

Ver Laracha, Venres teatrais 2014 da

Ver Outonoteatro

#### **Referencias varias:**

- Manuel Varela, “Amigas cun inimigo común”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y Cultura”, 11 marzo 2014, p. 8.

Anúnciase a estrea no Ágora da Coruña da comedia *Rosa de dous aromas*, dirixida por Lino Braxe, a partir dun texto orixinal do mexicano Emilio Carballido. Explicase que cunha escenografía moi simple, o peso recae no traballo das dúas actrices, Isabel Blanco e Sabela Hermida.

- Xabier Sanmartín Cuevas, “Sabela Hermida: ‘A nivel teatral, le debo muchísimo a Isabel Blanco’”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 15 novembro 2014, p. 42.

Repásase a traxectoria de Sabela Hermida e destácase que hoxe protagonizará, xunto con Isabel Blanco, a obra *Rosa de dous aromas* en Santiago. Anúnciase tamén que se representará en Betanzos e A Laracha.

#### **Os Quinquilláns: A traizón**

Ver Cultura no Camiño

**Redrum** Teatro (1): *Curriculum Vitae*, texto baseado en cinco sketches asinados por José Prieto, Diego Ameixeiras, Manolo Cortés, Avelino González e Araceli Gonda, dirección Álex Sampayo

#### **Referencias varias:**

- ECG, “Doble cita de Redrum Teatro en el Principal”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 4 marzo 2014, p. 24.

Anúnciase a posta en escena de dous dos espectáculos de Redrum, *Curriculum Vitae* e *Amor flexible*, no Teatro Principal de Santiago de Compostela.

- A. I. S., “Doble comedia a cargo de Redrum Producciones”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 6 marzo 2014, p. 31.

Dáse conta das propostas teatrais que a compañía Redrum Producións achegará ao Teatro Principal de Santiago de Compostela: a comedia actual *Amor Flexible* e a comedia sobre entrevistas de traballo *Curriculum Vitae*.

- P. Calveiro, “Redrum regresa al Principal con sus dos últimas comedias”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, “Para todos los públicos”, 6 marzo 2014, p. L6.

Coméntase o regreso da compañía compostelá Redrum Producións ao Teatro Principal de Santiago de Compostela con dúas últimas pezas “de rabiosa actualidade”, segundo afirma o director de ambas, Alex Sampayo. Indícase que se trata de *Amor Flexible*, comedia protagonizada por un triángulo familiar, e de *Curriculum Vitae*, que presenta cinco entrevistas de traballo escritas por distintos autores.

- Carmiña Creo, “Ames, Vedra y Melide se vuelcan con el teatro”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 863, 20 marzo 2014, p. 7.

Revísase a oferta escénica na fin de semana dos concellos de Ames, Melide e Vedra. Mentres a de Ames atende primeiro ao público infantil coa peza *Xango: A moi extraordinaria historia do home que foi engulido por unha máquina*, de Talía Teatro, e logo ao adulto con *Curriculum Vitae*, de Redrum Teatro; os melidenses Charamela Teatro estrearán *O cantar dos cantares* –baseada nunha obra de Eduardo Blanco Amor– e os estradenses Disfunción continua farán o mesmo con *Eran outros tempos, ou non?*

- M. Manteiga, “Teatro, música y cultura hasta despedir el año 2014 en Ames”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1058, 6 outubro 2014, p. 6.

Recóllese o programa de actividades do concello de Ames que inclúe teatro, música, deporte, maxia, concursos e obradoiros. Entre outras novas, dá conta da posta en escena das pezas: *Lazariño de Tormes*, de Teatro do Morcego; *Curriculum Vitae*, de Redrum Teatro; *As mil vidas de Matias Houseman*, de Teatro do Adro; *Santa Perpetua*, de NNC Teatro e *Tromparia*, do grupo municipal de Ames.

**Redrum** Teatro (2): *Moito conto*, texto Álex Sampayo, Guillermo Carbajo y Tamara Conesa, dirección Álex Sampayo

Ver Teatrosfilia, VIIIª Mostra de Teatro Amador

### Referencias varias:

- M. Toledo, “La asociación Papaventos prepara la XI muestra de teatro aficionado de Vedra”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 800, 16 xaneiro 2014, p. 7.

Infórmase que a compañía profesional invitada este ano a participar na mostra Teatrosfilia é Redrum, que levará a escena a obra que estreara en 2011, *Moito conto*.

**Sarabela** Teatro (1): *A idade da pavía*, texto Arístides Vargas, adaptación e dirección Ánxeles Cuña Bóveda

**Sarabela** Teatro (2): *Rosalía, os cantares das musas*, texto Rosalía de Castro, dirección Ánxeles Cuña Bóveda

Ver Troco X Troco, Iº Intercambio Teatral Portugal-Galicia

### **Recensións:**

- Carlos Crespo, “Retrato en feminino dun pasado vivo mentres se teña memoria del”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Escenarios”, 7 novembro 2014, p. 9.

Coméntase que ver *A idade da pavía* é como volver a un lugar tan entrañábel como inquietante. Saliéntase que o detemento do tempo se torna como unha encrucillada sen saída para as nove mulleres protagonistas e que dende o realismo máxico e con sutil humor propón unha marabillosa viaxe cara á infancia “que só habita na memoria”.

- J. A. Martínez Sevilla, “Teatro sobre o tempo e a idade”, *El Ideal Gallego*, “Opinión”, 11 novembro 2014, p. 24.

Afirma que esta obra resulta confusa e excesivamente onírica e que conta cunha “escenografía testimonial”. Ademais, recalca o papel de tres das nove mulleres desta obra (Nate Borrajo, Fina Calleja e Sabela Gago) nas diferentes representacións que tiveron lugar no Teatro Rosalía da Coruña.

### **Referencias varias:**

- Rosario Ferreira, “Cultura achega 270 actuacións de teatro, danza, circo e maxia”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 13 agosto 2014, p. 40.

Indica que noventa e oito compañías constitúen a programación dedicaca ás artes escénicas que se levará a cabo en trinta e oito concellos de toda Galicia dende xullo até decembro. Destaca que máis da metade dos espectáculos son para público infantil e familiar.

**Talía** Teatro: *O método Gronhölml*, texto Jordi Galcerán, adaptación Artur Trillo, dirección Xúlio Lago

Ver Laracha, Venres teatrais 2014 da

Ver Vilamarín, XXVII<sup>as</sup> Noites teatrais de

### **Referencias varias:**

- J. M., “Fin de semana con Talía en Muxia y en Vimianzo”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 1061, 9 outubro 2014, p. 6.

Anúnciase a posta en escena de dúas obras pola compañía Talía Teatro: *O método Grönholm* e *Demolición*, esta última con dirección de Candido Pazó e actuacións de Artur Trillo e Toño Casais; indícase ademais que forma parte do ciclo de teatro de outono de Vimianzo xunto con *Os Calzurras* do grupo Sen Tempo Teatro.

**Trus Teatro:** *Cinzas nas mans*, texto Laurent Gaudé

#### **Referencias varias:**

- J. Trillo, “Trus presenta en Vimianzo la obra ‘Cinzas nas mans’”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 884, 11 abril 2014, p. 7.

Dáse conta, entre outras novas, da posta en escena desta peza teatral no auditorio do concello de Vimianzo, que forma parte da programación cultural da vila.

Aula de Teatro da **USC**: *Apnea (Variación 2ª)*, texto e dirección Roberto Salgueiro

Ver FITEU, XXº Festival Internacional de Teatro Universitario da Universidade de Santiago de Compostela

Ver FITEUC, XXIº Festival Internacional de Teatro Universitario da Coruña

Ver Galicia, XVª Mostra de Teatro Universitario de

Ver Lugo, XXº Festival Internacional de Teatro Universitario da Universidade de Santiago de Compostela de

#### **Referencias varias:**

- Alberto Nova, “Compañías de todo o mundo no Festival de Teatro da USC”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 18 febreiro 2014, p. 25.

Descríbese a presentación da vixésima edición do Festival Internacional de Teatro Universitario da USC, que ten programadas cinco representacións de grupos de Estados Unidos, Porto Rico, Bélxica, Lituania e a propia USC, con propostas escénicas moi diversas. Cítanse as obras dos grupos citados, o traballo da Aula de Teatro da Universidade de Santiago de Compostela, *Apnea (Variación 2ª)* e algunhas declaracións de Roberto Salgueiro, o seu director.

- P. Calveiro, “Salgueiro: ‘O programa deste festival supera aos dous últimos’”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, “Para todos los públicos”, 18 febreiro 2014, p. L6.

Infórmase da situación da Aula de Teatro da Universidade de Santiago de Compostela e da súa actuación no Festival Internacional de Teatro Universitario da USC. O coordinador do certame e director da Aula de Teatro, Roberto Salgueiro, fala sobre o programa do festival e das agrupacións convidadas. Entre outros espectáculos, noméanse *Apnea (Variación 2ª)*, *The Poe [N. Proj-ekt]* e *Platero y yo*.

- A. Iglesias, “El Aula de Teatro viaja a Bélgica con su último montaje”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 1 xullo 2014, p. 32.



Prémíase á Aula de Teatro da Universidade de Santiago de Compostela cunha viaxe a Bélxica para presentar o seu último espectáculo, *Apnea (Variación 2ª)*, logo de ser escollida entre mais de cincuenta candidaturas de todo o mundo. Dise que alí participarán no X Congreso Mundial de Teatro Universitario.

**Voadora** (1): *Waltz*, texto e dirección Marta Pazos

### Referencias varias:

- J. M. Ramos, “Voadora animará con ‘Waltz’ otro Venres Cultural”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 820, 5 febreiro 2014, p. 7.

Faise eco da representación desta posta en escena no auditorio do Pazo da Cultura de Carballo, dentro do ciclo Venres Culturais.

- Jaureguizar, “Kepa Junkera, Josito Porto e Xabier Díaz animan o verán lucense con Cultura Aberta”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 26 xuño 2014, p. 59.

Preséntase o programa cultural que a Área de Cultura da Deputación de Lugo organizou para o verán. *As mil vidas de Matías Houseman* con Josito Porto, *Sede de mal* de Luís Iglesia e Xavier Deive no dúo Boneca Lareta, *As do peixe* de Abracadabra, *Que vai ser de nós?* de Microefectos Dramatúrxicos e *Waltz* de Voadora, no apartado escénico, fan parte da oferta cultural mencionada.

- Jaureguizar, “Lugo acolle unha experiencia voadora”, *El Progreso*, “*deVerano*”, “Culturetadas”, 8 agosto 2014, p. 44.

Anuncia a representación da peza *Waltz* nos xardíns da Deputación de Lugo como peche do programa Cultura Aberta. Recolle as palabras de Marta Pazos, directora e actriz, nas que subliña a importancia da música nesta montaxe. Comenta que *Waltz* representa o ciclo do amor “o encontro, o desencontro e un segundo encontro con outra persoa”. Por último, destaca que Voadora realizará unha xira internacional.

## ***IV. DÍA DAS LETRAS GALEGAS: Xosé María Díaz Castro***

### **IV. 1. CREACIÓN: REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSIMILES**

**Díaz Castro**, Xosé María, *Cartafol de traducións e outros poemas. Homenaxe do Consello da Cultura Galega*, limiar Ramón Villares, estudo introdutorio, transcripción de textos e notas Armando Requeixo, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 2014, 145+[68] pp. (ISBN: 978-84-92923-56-4). ◆

Reprodución facsimilar de diversas traducións que Xosé María Díaz Castro (Guitiriz, 1914- Lugo, 1990) levou a cabo dunha variedade de poetas. En primeiro lugar móstrase a Rainer M.<sup>a</sup> Rilke, con poemas coma “Mis primeras canciones”, “En la hondísima noche” e “María, ya sé...”, sobre o esluír do tempo na noite e na vida; “Manchmal Geschieht es in Tiefer Nacht”, “Nach den Gebeten”, extraídos de *Ausgewählte Gedichte*, ou “Eros”, tirado de *Letzte Gedichte*, coas correspondentes traducións do castelán e alemán ao galego, “María, ben sei...”, “No máis fondo da noite ocorre ás veces”, “Despois das oracións” e “Eros”. Despois vén C.K. Chesterton, con “El retorno de Eva”, seguido dalgúns fragmentos de *Follas novas*, de Rosalía de Castro, traducidos do galego ao castelán e reproducidos na grafía á man do poeta mesmo; o poema en francés “Je ne vous oublie pas”, dedicado á figura de Aquilino Iglesia Alvariño, traducido por Díaz Castro e Françoise Pechère; dous poemas grafados á man en castelán por Díaz Castro, “Día otoñal” e “María, ya sé...”; e un en galego, “O anxo”, xunto a outros grafados á máquina, “El Ángel”, “Eros”, “Después de las oraciones”, “Yo temo la palabra de los hombres”, “Mis primeras canciones”, “Sinfonía de amor”, “En la hondísima noche”, “Es la noche [sic] mi libro”, “He aquí la nostalgia”, que inclúen grallas corrixidas e palabras subliñadas tamén á máquina. Aparece a seguir unha páxina mecanografada intitulada “Xogos traductorios”, que inclúe a tradución ao inglés dun poema de Campoamor, “The Vanity of Beauty”, dedicado a Octavia e seguido dun poema escrito á man, “Aislamiento”, en lingua castelá. A continuación obsérvase a tradución mecanografada dun poema francés de Paul Valéry, “Le cimetière marin”, ao castelán, “Cementerio marino”, con algunhas grallas corrixidas a man; outra páxina de “Xogos traductorios”, subtitulada “Versión galega e inglesa de dúas estrofas dun poema de Víctor Hugo”, que recolle precisamente o poema mecanografado “Gastibeltza”, así como a súa tradución e un apuntamento explicativo sobre este nome éuscara; a tradución escrita a man en lingua castelá “Loores al Señor Santiago”, e subtitulada “Por Bouza Brey, Flor Natural, Juegos Florales, Julio 1945”, con certas palabras subliñadas, que despois explica noutro documento escrito tamén a man; a tradución ao castelán, mecanografada e titulada “Lejanos hijos de los ríos silenciosos”; a tradución a man “Yo no os olvido”, e outra páxina máis de “Xogos traductorios”, que recolle desta vez “Canto alegórico”, subtitulado “versión castellana del “CARMEN ALLEGORICUM” de F. Fanego Losada” e cunha nota aclaratoria da imperfección da tradución por mor da urxencia coa que tivo que ser levada a cabo. Móstrase agora unha sección intitulada “Outros poemas”, que recolle unha composición mecanografada e traducida por Díaz Castro en alemán e galego, “Wozu?” [“Para que?”]; unha “Chanson”, [“Canción”], en francés e galego; un “Hymne au socialisme”, en francés; e os poemas “Vivir-mourir”, en

castelán e “Je ne sais pas” e “Jeunesse”, en francés xunto ás correspondentes versións castelás, unha sen título e outra titulada “Juventud”. Finalmente, unha serie de poemas sen título, algúns en francés, outros en castelán, mecanografados ou escritos á man, que tratan ao redor de conceptos como a vida e a morte. Por último, pecha o volume o estudo e anotación de Armando Requeixo (Mondoñedo, 1971), en que analiza o corpus poético de Díaz Castro e as escollos para as súas traducións. Ademais inclúe notas e explicacións sobre cada un dos poemas que achegan datos para comprender mellor o traballo como tradutor.

### **Recensións:**

- Xosé Manuel Dasilva, “O poliglotismo de Díaz Castro”, *Grial*, n.º 202, “O espello das letras”, abril, maio e xuño 2014, pp. 117-119.

Saliéntase a figura de tradutor do homenaxeado no Día das Letras Galegas, facendo fincapé na súa dedicación, para pasar a describir as dúas partes do volume, a cargo de Armando Requeixo. Indícase que a obra está dividida en dous cadernos: o primeiro contén un limiar de Ramón Villares intitulado “O poeta con don de linguas”, un estudo introdutorio, a transcripcións de textos orixinais e versións noutras linguas e un aparato crítico; no segundo, reproducense de forma facsimilar os textos antecedentes. Conclúese salientando o valor deste volume para situar a Díaz Castro na Historia da tradución galega.

- Laura Blanco Casás, “Océano literario”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 500, “Letras Galegas 2014”, p. XV/ *La Opinión*, “*Especial*”, “Letras galegas”, p. XI, 17 maio 2014.

Indica que este volume é unha homenaxe do Consello da Cultura Galega ao poeta Xosé M.<sup>a</sup> Díaz Castro que inclúe material édito e inédito. Tamén repasa a súa estrutura que conta cun limiar, estudo introdutorio do editor, reproducións de poemas e mais reproducións de facsímiles.

### **Referencias varias:**

- P. Calveiro, “Armando Requeixo. ‘Díaz Castro debería estar dende xa no Olimpo dos tradutores’”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, “Para todos los públicos”, 23 marzo 2014, p. L8.

Con motivo da publicación deste libro entrevístase ao seu responsábel, Armando Requeixo, quen, entre outros temas, fala do contido da obra, reivindica unha visión de Díaz Castro que vaia máis alá de *Nimbo* e “Penélope” e exalta o traballo do poeta como tradutor.

- Xesús Alonso Montero, “Díaz Castro, poeta alófono”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Letras”, “Galego”, “Beatus qui legit”, 16 maio 2014, p. 13.

Fala da faceta de Xosé M.<sup>a</sup> Díaz Castro como poeta alófono, do que comenta que o Consello da Cultura Galega vén de publicar *Cartafol de traducións e outros poemas*.

Deseguido comenta que outros poetas alófonos en lingua galega foron Carles Riba, Federico García Lorca, Eduardo Jorge Bosco ou Anne Marie Morris.

- Xesús Alonso Montero, “Ô tron-de-bon göi!”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 500, “Letras galegas 2014”, 17 maio 2014, p. II.

Reflexiona sobre un himno en francés cun xuramento en occitano en que Díaz Castro fai un canto ao socialismo marxista. Dise que malia Armando Requeixo dubidar nun primeiro momento da autoría do mesmo, encontrou unha versión manuscrita que dispou a dúbida e que o animou a incluílo con outros textos inéditos no *Cartafol de traducións e outros poemas*.

**Díaz Castro**, Xosé María, *Nimbo*s, limiar e ed. Luís González Tosar, Vigo: Editorial Galaxia, col. Dombate, n.º 49, 2014, 114 pp. (ISBN: 978-84-9865-522-3).

Cuarta edición deste poemario de Xosé María Díaz Castro (O Vilariño, San Vicente dos Vilares, Guitiriz, Lugo, 1914-Lugo, 1990), publicado por primeira vez en 1961 pola Editorial Galaxia. Conta cun limiar de Luís González Tosar, no que explica que a presente edición reproduce escrupulosamente a de 1989, ao ter sido aprobada, revisada e corrixida polo propio autor antes do seu falecemento, polo que a considera testamentaria. Logo repasa a historia do poemario, que se publica por terceira vez na colección “Dombate” e que é considerado un dos cumes da literatura galega do século XX. Así, vai degrañando a orixe dos poemas que compoñen a obra, algúns deles publicados previamente en revistas como *Alba*, *La Noche* ou *Cartel*. Refírese aos manuscritos de mocidade de Díaz Castro, ao seu afán perfeccionista, aos criterios de selección que aplicou ás composicións incluídas neste poemario e á súa ampla formación como tradutor e coñecedor do idioma. Detense na xestación da obra, na que salienta o labor de Francisco Fernández del Riego, que animou a Díaz Castro a publicar con Galaxia, así como á insistencia neste proxecto de persoeiros como Ramón Piñeiro, Ben-Cho-Shey, Ricardo Carballo Calero ou Uxío Novoneyra, para o que remite aos seus epistolarios. A seguir, explica a estrutura da primeira edición, que se mantivo inalterada, aínda que os poemas presentan variantes, e revisa as diferentes edicións e reimpresións que ao longo destes anos coñeceu a obra. Remata referindo unha conversa con Arcadio López-Casanova, na que o crítico sitúa a obra como “dun poeta chairego”, pero con temas universais e unha visión dramática e á vez esperanzadora; e marcando o paralelismo nas imaxes poéticas creadas entre Francisco Luís Bernárdez e Xosé María Díaz Castro. A seguir reproducése o poemario, estruturado en sete partes tituladas “Pórtico”, “Noite”, “Lus”, “Espranza”, “Milagre”, “Soño” e “Ferida”. Pecha o volume o vocabulario galego-castelán elaborado polo autor por consideralos termos non comúns a toda Galicia.

### **Recensións:**

- Armando Requeixo, “Resplendor’ dos Nimbo

s”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”, p. 27/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, n.º 822, p. 36/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 822, p. 37, “letras Atlánticas”, 30 marzo 2014.

Repasa a complexa historia da crítica textual de *Nimbos* que comeza en 1961 coa publicación orixinal, continúa en 1982 cunha edición bilingüe en castelán e galego (con prólogo de Carballo Calero) e chega até 1989 coa última edición realizada polo propio autor (que introduciría algunhas mudanzas) e coa participación de González Tosar. Precisamente a colaboración de González Tosar determinou que el fixese a edición definitiva se publica de novo na Editorial Galaxia neste 2014.

- Arcadio López-Casanova, “O texto definitivo de *Nimbos*”, *Grial*, n.º 202, “O espello das letras”, abril, maio e xuño 2014, pp. 115-116.

Recoñécese a importancia desta edición, que se describe como necesaria para “contar cunha versión que respondese fielmente ao traballo do poeta” e para achegar a obra ao público. Gábase o traballo como editor de Luís González Tosar, que proporciona datos e referencias de xeito ameno, para rematar salientando o rigor e o esmero da edición.

- Vicente Araguas, “A forza dun poema”, *Atlántico Diario/ La Región*, “La Revista”, n.º 124, “Con texto”, “Rabo de nube”, 4 maio 2014, p. 14.

Comenta que Xosé M.<sup>a</sup> Díaz Castro é autor do poema “Penélope” que Araguas cualifica como un dos máis sobranceiros da poesía galega. Asemade destaca a importancia de *Nimbos* e apunta que este poemario vén de reeditarse na Editorial Galaxia.

- Pilar Ponte, “Ti es o nimbo”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 500, “Letras galegas 2014”, 17 maio 2014, p. XV.

Debulla este volume nas súas diferentes edicións e relata a historia do texto dende os seus antecedentes que se remontan á revista *Alba*. Ademais sinala que a obra se estrutura en sete partes.

### **Referencias varias:**

- Xosé Manoel Rodríguez, “Galaxia recupera a edición de ‘Nimbos’ corrixida polo autor”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 25 marzo 2014, p. 39.

Co gallo da reedición de *Nimbos* alúdese a que Xosé M.<sup>a</sup> Díaz Castro e Luís González Tosar elaboraron en 1989 a edición definitiva deste poemario.

**Díaz Castro**, Xosé María, *Poesía galega completa*, ed. Armando Requeixo, Vigo: Editorial Galaxia, col. Obras Completas, 2014, 473 pp. (ISBN: 978-84-9865-524-7).

Volume editado por Armando Requeixo que recolle a obra poética do autor Xosé María Díaz Castro (O Vilariño, San Vicente dos Vilares, Guitiriz, Lugo, 1914-Lugo, 1990) co obxectivo de escolmar as composicións do poeta alén da súa obra máis recoñecida, *Nimbos*. Inclúe a produción poética en galego, inédita e edita, de Díaz Castro, resumindo nun só volume as creacións do autor espalladas en múltiples publicacións. Comeza cunha “Introdución” (pp. 9-56) en que, como paso previo á propia edición, se establecen as etapas creativas do autor, se describe a súa escrita poética en galego e se determinan os criterios de edición que se seguiron. Explicase tamén, a importancia da escolma epistolar que se inclúe no anexo, e, por último, engádese a bibliografía

empregada para o desempeño da edición. A continuación dá comezo a escolma da escrita poética do autor, nun apartado intitulado “Poesía galega completa” (pp. 57-393), que inclúe, por unha banda, “Poesía édita” (pp. 59-160), onde se escolman as composicións pertencentes ás obras *Nascida d’un sono* (1947), tríade de sonetos que teñen como motivo central á muller betanceira; *Nimbos* (1961), onde os textos se agrupan por seccións de temáticas afíns e nos que se afonda en temas como a reflexión sobre o papel fundamental que para el cumpre a poesía, a significación entre a dicotomía luz/sombra, a importancia do tempo e da historia, a visión de Galicia e outros tópicos literarios como o amor, a ausencia, o recordo, ou a muller; e, por último, inclúese unha selección de poemas non compilados, en que se recolle a poesía que Díaz Castro foi dando a coñecer en revistas, xornais e libros colectivos ao longo da súa vida. Neste apartado inclúese tamén a “Poesía inédita” (pp. 161-393), que recolle as composicións compiladas na obra *Follas verdes*, que dá comezo cun prólogo intitulado “O comezar”, e que inclúe sesenta e cinco poesías distribuídas en cinco seccións (“Follas perdidas”, “Lyra enxébre”, “Ditos e refrás”, “As noites” e “Romances, baladas e pensamentos líricos”) onde se atopan textos metapoéticos, ou poemas que afondan na descrición paisaxística; e tamén se reproducen as cincuenta e catro composicións de *Follas ao aire*, repartidas en tres seccións (“Perversidade”, “Ceguedade” e “Aurora”), cuxas temáticas van dende os textos metapoéticos ás composicións onde se afonda na maldade propia ou o negativo do mundo, textos sobre a dor e o sufrimento, textos filosóficos ou textos relixiosos. Por último, nesta segunda parte de poesía inédita, engádense un conxunto de poemas conservados en follas soltas e que titula “Poemas soltos”. Como remate no apartado “Escolma epistolar” (pp. 395- 475) ofrécense as misivas sobre o nacemento, creación e edición da súa obra poética *Nimbos*, intercambiadas con Fernández del Riego, Ramón Piñeiro, Ricardo Carballo Calero e Luis González Tosar.

### Recensións:

- Francisco Martínez Bouzas, “Como cinza de rosas”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 500, “Letras galegas 2014”, p. XVI/ *La Opinión*, “*Especial*”, “Letras galegas”, p. XI, 17 maio 2014.

Destaca que o grande interese deste libro é o de dar a luz a poesía inédita de Xosé María Díaz Castro que se concentra nos poemarios *Follas verdes* (1934) e *Follas ó aire* (1935) xa que a obra de Díaz Castro é “unha arañeira ecdótica”.

- Ramón Rozas, “Alén de ‘Nimbos’”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 18 maio 2014, p. 85/ *El Progreso*, “Vivir”, 17 maio 2014, p. 69, “Cultura”.

Afirma que este libro é unha escolma poética da poética de Xosé María Díaz Castro que vai máis alá do poemario *Nimbos* e que nel se presenta un poeta maiúsculo “do que aínda hai moito que dicir e estudar”. Subliña a importancia da produción literaria completa do poeta homenaxeado.

### Referencias varias:

- Cristina Pérez, “Galaxia presenta no IES de Guitiriz a ‘Poesía galega completa’ de Díaz Castro”, *El Progreso*, “Cultura”, “Vivir”, 6 maio 2014, p. 45.

Informa de que no IES Poeta Díaz Castro de Guitiriz se presentou o volume *Poesía galega completa*, de Xosé M.<sup>a</sup> Díaz Castro, nun acto que contou coa presenza do seu compilador Armando Requeixo.

- Carlos Ocampo, “Aperitivo para o día das nosas letras”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de la Escuela*”, n.º 1.153, “Literatura”, 7 maio 2014, p. 8.

Dá conta da presentación por parte da Editorial Galaxia deste libro coa finalidade de celebrar o Día das Letras Galegas. A seguir faise un repaso pola vida e obra de Xosé M.<sup>a</sup> Díaz Castro.

- Armando Requeixo, “Díaz Castro, escritor múltiple”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “*Día das Letras Galegas*”, 17 maio 2014, p. 5.

Lóase a obra *Nimbo*s e recórdanse todas aquelas creacións de Díaz Castro que adoitan quedar esquecidas, tales como os poemarios *Follas verdes* e *Follas ó aire* e a súa faceta de narrador de relatos curtos.

- Manuel Vidal Villaverde, “De angélus de l’aube a l’angélus du soir”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “*Día das Letras Galegas*”, 17 maio 2014, p. 7.

Relaciónase a obra de Luís Pimentel e Xosé María Díaz Castro baseándose na influencia que sobre eles tiveron autores místicos como Francis Jammes.

- José Miguel Giráldez, “Alfonso Blanco Torrado. ‘Díaz Castro era un señor das palabras’”, *El Correo Gallego*, “*2Domingo*”, 18 maio 2014, p. 4.

Entrevístase a Alfonso Blanco, estudoso e amigo de Díaz Castro, que expresa a ledicia que lle supuxo atopar os cadernos inéditos de *Follas Verdes* e *Follas ó aire*.

## IV. 2. MONOGRAFÍAS, EDICIÓNS CRÍTICAS E LIBROS COLECTIVOS. ANTOLOXÍAS

**Blanco Torrado**, Alfonso, Luís **González Tosar** e Armando **Requeixo** (coords.), *Xosé María Díaz Castro. Nimbos de luz*, Vigo: Xunta de Galicia / Editorial Galaxia, 2014, 121 pp. (ISBN: 978-84-9865-533-9). ■

Álbum coordinado por Alfonso Blanco Torrado (Montevideo, 1950), coa colaboración de Luís G. Tosar (Bos Aires, 1952) e Armando Requeixo (Mondoñedo, 1971). O libro pretende recoller os aspectos máis importantes da súa vida e da súa voz, para o que se vale dunha extensa “Fotobiografía” con abondo material gráfico, dunha “Cronoloxía” concibida de modo máis compilador e sucinto, e de varios textos. O primeiro deles, “Unha voz limpa e comprometida”, é da autoría de Alfonso Blanco Torrado, que prefire reflexionar sobre os contidos e feitura da súa obra, insistindo no tratamento literario do pobo. O segundo correspóndelle a Armando Requeixo, que en “A poesía que non se vai xa máis” valora as filiacións, sutilezas intertextuais e pervivencia noutros autores da poesía diazcastriana. A “Fotobiografía” sitúase a continuación, formando a cerna verdadeira do libro, e realizando un percorrido gráfico coidadoso pola vida, actos e colaboracións do poeta. No remate desta epígrafe sitúase un texto de Luís G. Tosar, “Diálogo con palabras amadas e soñadas”, escrito en segunda persoa, punteando momentos vitais chave para o de Guitiriz. O volume péchase cun texto de Xosé Antón Cascudo e a ficha técnica d’*O instante eterno*, o documental sobre Díaz Castro que se adxunta e do que el é guionista e director. Saliéntase a ligazón de *Nimbos* coa súa aldea natal, Vilariño, aos pés da Serra de Montouto, como raíz do seu universo poético, e o desexo de homenaxear a aquela “sociedade humilde e sacrificada”, verdadeiros axentes transmisores da cultura que chegou a nós.

### Referencias varias:

- Alberto Martínez, “Galaxia presenta a fotobiografía de Xosé M. Díaz Castro na RAG”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 15 maio 2014, p. 42.

Indícase que esta obra é froito do traballo da Asociación Xermolos e da colaboración con Luís G. Tosar e mais Armando Requeixo. Ademais coméntase que a obra conta cun documental en DVD dirixido por Xosé Antón Cascudo.

- Lorena Rodríguez, “Nimbos de luz’, o poeta en cen fotografías”, *El Correo Gallego*, “Letras Galegas”, 17 maio 2014, p. 17.

Co gallo da presentación faise unha descrición deste volume que presenta máis dun cento de fotografías e recortes de prensa centrados en Xosé M.<sup>a</sup> Díaz Castro e tamén se detén na mostra itinerante “Nimbos de luz”, con catorce paneis, que percorrerá quince concellos de Galicia.

**Castro Ratón**, Xosé, *Xosé María Díaz Castro. Dimensión humana e literaria*, Santiago de Compostela: Fundación Amigos de Galicia, 2014, 86 pp. (ISBN: 978-84-616-9823-1). ◆



Volume publicado por Xosé Castro Ratón (Chantada, 1956) en colaboración coa Fundación Amigos de Galicia co gallo da conmemoración do centenario do escritor Xosé María Díaz Castro e a súa difusión no Día das Letras. Principia a obra un texto de Xesús Busto Peteiro, “Poñer en valor a Díaz Castro”, sobre a Fundación Amigos de Galicia, onde destaca a figura do escritor e indica que a convocatoria de 1996 do premio de poesía “O Grelo” foi dedicada a Díaz Castro. O libro está estruturado en sete apartados ordenados cronolóxicamente segundo os acontecementos da vida do escritor e acompañados por varios fragmentos en verso e en prosa: “A formación dun neno de aldea” (pp. 7-13), “A escola poética do seminario” (pp. 14-29), “A guerra dun eclesiástico” (pp. 30-34), “Adaptándose á vida civil” (pp. 35-49), “O poeta con don de linguas” (pp. 50-59), “O fenómeno iceberg na literatura” (pp. 60-70) e “Alfa e omega, o tempo circular” (pp. 71-81). Castro Ratón analiza a figura de Díaz Castro dende o nacemento até a morte, recollendo todos os datos de interese sobre o autor e poñéndoos en relación coa súa obra. Pecha o volume un texto, “As fontes da memoria”, que inclúe un resumo do traballo elaborado, diversos agradecementos e a intención de que non se esqueza a figura de Díaz Castro.

#### Referencias varias:

- O. B., “Ratón e Amigos de Galicia profundizan na figura literaria e humana de Díaz Castro”, *Diario de Arousa*, “Vilagarcía”, 15 maio 2014, p. 11.

Coméntase que esta obra, que recupera textos inéditos de Xosé M.<sup>a</sup> Díaz Castro, será distribuída por bibliotecas e colexios e que ademais nela se pretende explicar a literatura de Díaz Castro en función dos estímulos que tiveron lugar na súa vida.

**Cochón**, Luís (ed.), *Nimbos: cáliz fervendo!*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, col. Cadernos Ramón Piñeiro, n.º XXIX, 2014, 338 pp. (ISBN: 978-84-453-5140-6). ◆

Volume homenaxe a Xosé María Díaz Castro co gallo da celebración da súa figura no Día das Letras Galegas 2014. Da man de Luís Cochón e Luís Alonso Girgado, editor e coordinador respectivamente, achégase un total de vinte e catro escritas de diversos estudosos e estudosas da obra de Díaz Castro, especialmente do seu poemario *Nimbos* (1961). Abre o volume un adro dividido en seis pequenos apartados, que xiran ao redor de cuestións coma a saída ao prelo do poemario e súa recepción na prensa da época; as cartas que Ramón Lugo e Basilio Losada dirixen a Ramón Piñeiro en 1961 e nas que mencionan o poemario *Nenias* (1961), de Aquilino Iglesia Alvariño e a edición bilingüe galego-castelán de *Nimbos* (1961); as recensións de Xosé María Álvarez Blázquez e Ramón Otero Pedrayo publicadas nos xornais *Faro de Vigo* e *La Noche*, en 1961 e 1962 respectivamente; e os artigos de Ricardo Carballo Calero ao respecto do devandito poemario do autor homenaxeado. Tras unha nota editorial que explica a estrutura bipartita do presente volume e agradece as achegas recibidas sobre a obra de Díaz Castro nel recollidas, comeza a primeira sección, que inclúe os seguintes ensaios:

-Arcadio López-Casanova, “Contexto, creación lírica e construción macrotectual (unha proposta analítica de *Nimbos*)”, pp. 25-42.

Desenvolve, ao longo de tres breves apartados, unha análise do poemario *Nimbos* (1961) en canto á época na que foi grafado, ao macrotexto poético que conforman os seus versos e á estrutura e tipoloxía temáticas, con énfase no dramatismo esperanzado e o contraste entre positividade e negatividade.

-Andrés Torres Queiruga, “*Nimbos* de Díaz Castro: ferida de transcendencia”, pp. 43-63.

Trata diversos aspectos sobre o poemario *Nimbos* (1961) como por exemplo, o esencial da poesía que contén; a ruptura co tabú da evocación relixiosa; a saudade coma liña temática; a estrutura dual escindida en canto “luz da inmanencia” e “aura da transcendencia”, ou, noutras palabras, a lectura persoal e íntima fronte á lectura relixiosa; as diferentes modalidades de lectura relixiosa: visíbel, decisiva ou conceptual; e as formas da ausencia como a infancia, a emigración, a esperanza ou o dramatismo da existencia humana.

A seguir, a segunda sección do volume contén os seguintes ensaios:

-Xosé María Álvarez Cáccamo, “*Nimbos*, Xosé María Álvarez Blázquez, e a deshumanización da arte”, pp. 69-74.

Apuntamento sobre o humanismo como característica esencial da poesía de Díaz Castro, segundo a lectura de Xosé María Álvarez Blázquez do poemario *Nimbos* (1961).

-Xosé Luís Axeitos, “Díaz Castro, poeta católico”, pp. 75-81.

Trata sobre a relixiosidade inherente á poesía de Díaz Castro no seu poemario *Nimbos* (1961).

-Alfonso Blanco Torrado, “Apegado á terra”, pp. 83-93.

Realiza un breve percorrido pola traxectoria vital e poética de Díaz Castro, en que salienta a creación de seu poema “Terra sucada” (1950), a súa integración na Asociación Xermolos e a tradución ao galego que fixo de *Sombras radiantes* Darío Xohán Cabana pouco antes de morrer o poeta de Guitiriz.

-Darío Xohán Cabana, “Notas sobre a métrica de *Nimbos*”, pp. 95-104.

Considera en detalle o aspecto métrico dos versos dos poemas que conforman *Nimbos* (1961). Salienta como versos recorrentes o hendecasilabo e o alexandrino, así como a escasa presenza do eneasilabo e o verso libre.

-Marica Campo, “Nós-Penélope”, pp. 105-108.

Apuntamento sobre un dos poemas que recolle o poemario *Nimbos* (1961): “Penélope”, no que personifica a figura desta tecedora nunha Galiza en canto nación.

-Xosé Fernández Ferreiro, “Un paso adiante e outro atrás”, pp. 109-116.

Escrebe sobre a amizade que o uniu a Díaz Castro e menciona o volume de Armando Requeixo, *Xosé María Díaz Castro: vida e obra* (2014); a inclusión do seu poema “Penélope” na antoloxía *Os cen mellores poemas da lingua galega* (1973), de Xesús Alonso Montero; ou a edición bilingüe galego-castelán de *Nimbos* (1982), levada a cabo polo poeta mesmo.

-Francisco X. Fernández Naval, “*Nimbos*: a espada e a beleza”, pp. 117-120.

Concisa análise do poema “Coma unha espada”, recollido en *Nimbos* (1961), en que destaca as referencias ao río, á Biblia e ao esluír do tempo.

-Manuel Forcadela, “Xosé María Díaz Castro: da noite do mundo ao berro das pedras”, pp. 121-137.

Intérnase, mediante oito apartados, no contido temático de *Nimbos* (1961). Trata, así pois, o poema “Noite do mundo”; a dualidade opositiva “sombra e luz”; a transición do existencialismo ao realismo social e, por último, o principio de pregaria.

-X. L. Franco Grande, “Outra lectura de X. M<sup>a</sup> Díaz Castro”, pp. 139-147.

Presenta unha nova lectura da poesía de Díaz Castro ao respecto do seu poemario *Nimbos* (1961), que xira ao redor do emprego do verso hendecasilabo na súa métrica.

-María Pilar García Negro, “Esta sede de lus...”, pp. 151- 161.

Presta especial atención ao poema “Coma brasas”. Salienta, así pois, o carácter auto-poético de seus versos e a presenza nos mesmos dunha marcada fe cristiá. Conclúe coa reprodución de dúas composicións inéditas do poeta, así como do poema “Música reservada” (1991), de Luísa Villalta.

-Marcial Gondar Portasany, “A cerna’. Unha lectura desde a natureza”, pp. 163-173.

Analiza a composición intitulada “A cerna” a partir dunha lectura en clave da natureza presente nos seus versos.

-Xosé A. Miguélez Díaz, “Lectura de *Nimbos* desde unha fe cristiá”, pp. 175-194.

Presenta unha lectura de cada poema recollido no volume de Díaz Castro, *Nimbos* (1961), dende a perspectiva da relixiosidade e fe cristiás. Destaca a presenza neles do dramatismo, a experiencia da natureza, a paisaxe galega, o verdadeiro amor e a morte en canto destino do ser humano.

-Olga Novo, “Fragmentos para un eloxio do nimbo”, pp. 195-199.

Enxalza a creación poética de Díaz Castro no seu poemario *Nimbos* (1961) por medio de cuestións como a fragmentación ou memoria poéticas.

-Chus Pato, “Monumento á ausencia: unha lectura”, pp. 201-204.

Apuntamento sobre a presenza da luz en canto elemento temático no poemario *Nimbos* (1961), de Díaz Castro.

-Segundo L. Pérez López, “Unha aproximación teolóxica a *Nimbos* de X. M<sup>a</sup>. Díaz Castro”, pp. 205-230.

Estuda o poemario *Nimbos* (1961), de Díaz Castro, dende a perspectiva da antropoloxía teolóxica. Salienta, así pois, cuestións como a configuración do ser humano galego; os opostos “sombra/luz”, “terra/ceo”, “descoñecido/estrela” e “sagrado/ollos cegos”; o camiño que o Home debe percorrer para chegar até a Luz e os conceptos de futuro e beleza.

-Mercedes Queixas Zas, “Unha necesaria actualidade retrospectiva”, pp. 231-247.

Desenvolve, en cinco pequenos apartados, a poesía de Díaz Castro a partir do seu volume *Nimbos* (1961), contextualizando a súa figura na nómina de autores e autoras da literatura galega contemporáneos da chamada “Promoción de Enlace”.

-Mario Regueira, “Entre Deus e a Terra. Xosé María Díaz Castro no proxecto de Galaxia”, pp. 251-268.

Afonda na importancia do poemario *Nimbos* (1961) no contexto editorial e político na época da posguerra, por medio de cuestións coma o xurdimento da Editorial Galaxia; a disolución do Partido Galeguista; a poesía de Díaz Castro previa a *Nimbos* (1961); a súa relación coa “Escola mindoniense”; a inclusión do poeta no cuarto volume da *Escolma de poesía galega* (1955), de Francisco Fernández del Riego, e a “Escola da Tebra” e a Nova Narrativa.

-Armando Requeixo, “Tecer e destecer de Penélope”, pp. 269-281.

Explicación do proceso textual do poema “Penelope”, en que se tratan os aspectos da súa xestión; a saída do prelo na revista da posguerra *Alba* e a súa reprodución en *Poesía gallega contemporánea* (1954), de González-Alegre, *Escolma de poesía galega. IV. Os contemporáneos* (1955), de Fernández del Riego, e *Antología de la poesía gallega contemporánea* (1959), de González-Alegre; as diversas edicións do poemario *Nimbos* (1961) e as variantes dos versos que conforman o poema en cada unha delas.

-Claudio Rodríguez Fer, “Correspondencia nacida dun soño con Xosé María Díaz Castro”, pp. 283-291.

Reproduce as cartas enviadas entre ambos os dous poetas dende comezos da década dos oitenta até novembro de 1981, grazas á mediación de Ramón Piñeiro. Nelas Rodríguez Fer pídelle unha mostra dalgúns de seus poemas e envíalle outros de autoría propia.

-Xosé Manuel Salgado, “Coma un anxo airado”, pp. 293-300.

Realiza unha análise do poema “Coma un anxo airado”. Salienta, entre outras cuestións, o carácter narrativo do poema; a presenza de ideas sanequistas; a súa adscrición ao romanticismo e o cuestionamento e subversión da orde social establecida.

-Félix Villares Mouteira, “Díaz Castro no ‘Alpendre de sombra e de luar’”, pp. 301-314.

Trata a relevancia do Seminario de Santa Catarina de Mondoñedo na vertente creativa e vital de Díaz Castro. Destaca a coincidencia da maior parte dos seminaristas seren poetas; a traxectoria de Díaz Castro no seminario e os compañeiros que aló tivo e as características da Escola Poética do Seminario.

-Xulio Xiz, “Benquerido Xosé María”, pp. 315- 327.

Leva a cabo un percorrido pola amizade que o uniu ao poeta Díaz Castro, a través da reprodución das súas verbas nunha entrevista radiofónica que lle realizara en vida. Divide este percorrido en varias etapas, das que salienta as datas do 15 e 27 de abril de 1983; 29 de xuño de 1985; agosto de 1986; 3 de xaneiro de 1987; 14 de maio de 1988; 3 de outubro e 22 de novembro de 1990 e o Día das Letras Galegas de 2014.

O volume acompáñase do labor ilustrativo de Xulio García Rivas. Un total de cinco ilustracións en acuarela aparecen abrindo cada parte na que se estrutura o presente volume, e antes das escritas de Olga Novo, María Pilar García Negro e Mario Regueira. As tonalidades de cor oscilan entre o verde auga e o gris marengo. Pecha o volume unha listaxe dos recursos en liña e as publicacións do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades no período 1994-2014.

**Díaz Castro**, Xosé María, *Epistolario*, ed. Armando Requeixo, Vigo: Editorial Galaxia, 25 novembro 2014, 236 pp. (ISBN: 978-84-9865-575-9).

Volume que recolle a correspondencia cruzada de Xosé María Díaz Castro (Guitiriz, 1914-Lugo, 1990) cos seguintes autores e intelectuais galegos: Ricardo Carballo Calero, Xosé Díaz Jácome, Francisco Fanego Losada, Francisco Fernández del Riego, Manuel María Fernández Teixeiro, Celso Emilio Ferreiro, Domingo García-Sabell, Ramón González-Alegre Bálgora, Luís González Tosar, Aquilino Iglesia Alvariño, Sebastián Martínez-Risco, Xosé Luís Méndez Ferrín, Isidoro Millán González-Pardo, Uxío Novoneyra, Ramón Piñeiro, Claudio Rodríguez Fer, Luciano Rodríguez Gómez, Francisco Serrano Puente e Francisco Vales Villamarín. Son case cento cincuenta cartas, que abranguen un tempo que vai dende a Segunda República española até pouco antes da súa morte. A obra ábrese cunha “Introdución” asinada por Armando Requeixo, quen tamén se encarga da edición, e na cal se explica a procedencia do material, o contido das cartas e as decisións adoptadas á hora de editalas. O criterio seguido por Requeixo para realizar esta escolma parte dun duplo interese literario e biográfico. Entre outras cuestións, destaca a atención que se presta á edición, publicación e recepción de *Nimbos*, de Díaz Castro. Por último, o editor explica que as cartas foron reproducidas “con escrupuloso respecto ao idioma no que foron redactadas” e que isto permite observar os dialectalismos do autor e incluso unha “curiosa especialización lingüística dependendo do autor”.

**González Tosar**, Luís (ed.), *Xosé María Díaz Castro. “A lus do mundo é a que arde nunha bágoa”*, Santiago de Compostela: Teófilo Edicións, 2014, 43 pp. (ISBN: 978-84-942086-4-5).

Despois da dedicatoria de Luís González Tosar (Bos Aires, 1952) a Josemari, Maite, Íñigo e Aitor, acóllese unha breve biografía de Xosé María Díaz Castro (Guitiriz, 1914-Lugo, 1990) acompañada de fotos persoais e das cubertas dos seus poemarios. A continuación, ofrécese unha escolma de once poemas do autor que remata coa foto do monumento “Nimbos de luz” que se erixiu no Carballiño (Ourense) para conmemorar o cincuenta aniversario da publicación de *Nimbos* (1961). Este volume conta cun CD anexo que contén os textos poéticos musicados da man de Marta Quintana.

**González Tosar**, Luis (ed.), *Xosé María Díaz Castro, Para alumear o mundo*, A Coruña: La Voz de Galicia, col. Biblioteca Gallega. Letras galegas, 2014, 102 pp. (ISBN: 978-84-9757-284-2).

Volume de Luís González Tosar (Bos Aires, 1952) que acolle unha biografía, unha antoloxía e unha bibliografía esencial de Xosé María Díaz Castro (Vilariño, Os Vilares, Guitiriz, 19 febreiro 1914-Lugo, 2 outubro 1990), con motivo do Día das Letras Galegas 2014. Iníciase coa biografía na que González Tosar comenta a vida do homenaxeado, dividida en once apartados: “Infancia e adolescencia (1914-1929)”, “Seminarista en Mondoñedo (1929-1936)”, “A Guerra Civil (1936-1939)”, “Profesor en Vilagarcía de Arousa (1940-1947)”, “Tradutor en Madrid (1948-1960)”, “Agardada aparición de *Nimbos* (1961)”, “Edición bilingüe (1982)”, “*Nimbos* en Dombate (1989)”, “A edición definitiva (2014)”, “Regreso a Guitiriz (1983)” e “Memoria permanente”. A seguir ofrécese unha antoloxía en que se inclúen os poemas en galego: “A nevada”, “Pra vós”, “Ferida e bálsamo (romance da media noite)”, “Noite d’inverno”, “Impresións d’unha noite d’Outono”, “Noites d’Agosto”, “Música e poesía”, “Nascida d’un sono”, “Oración pol-os tolos”, “Coma ventos fuxidos”, “*Nimbos*”, “Coma brasas”, “O verme e a estrela”, “Terra sucada”, “Penélope”, “Polpa dorida”, “A cerna”, “No resplendor do día”, “Coma unha escada”, “Rolando” e “O vento antre as canas”; poemas noutras linguas: “Wozu?”, “¿Para qué?”, “Chanson”, “Canción”, “Je en sais pas” e “Jeunesse”; traducións: “María, ben sei...”, “No máis fondo da noite ocorre ás veces”, “Despois das oracións”, “Eros”, “Gastibeltza” e “O anxo”, e prosas: “Iglesia Alvariño na miña lembranza” e “Texto de presentación do número 11 de Dorna”. Engádese, no remate da obra, un apartado baixo o título “Bibliografía esencial”.

### Recensións:

- Ramón Nicolás, “A ‘lus’ de Díaz Castro”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “En galego”, 30 maio 2014, p. 18.

Comenta que o obxectivo fundamental desta obra é o de difundir con rigor a personalidade e vitalidade literaria de Xosé M.<sup>a</sup> Díaz Castro do mesmo xeito que o fan os volumes de 2014: *Nimbos*, de Galaxia; *Sombras radiantes y otros poemas* ou *Xosé María Díaz Castro. A lus do mundo é a que arde nunha bágoa* de Teófilo Edicións.

**Pérez López**, Segundo L., *A ferida da beleza en ‘Nimbos’ de X. M. Díaz Castro*, Santiago de Compostela: Instituto Teolóxico Compostelano, 2014, 212 pp. (ISBN: 978-84-942402-3-2). ◆

Volume ensaístico de Segundo Leonardo Pérez López (Buriz, Guitiriz, 1948), Deán da Catedral de Santiago de Compostela, e cuxa portada presenta un debuxo de Xosé María Díaz Castro (Os Vilares, Guitiriz, 1914-Lugo, 1990) da autoría de Eduardo Pardo de Guevara y Valdés. Ábrese cunha portada da primeira edición de *Nimbos* publicada pola editorial Galaxia en 1961 e, a continuación, séguelle un prólogo escrito por Ramón López Vázquez titulado “Como na soleira”. A seguir dezaseis capítulos, algúns deles con subapartados, nos que o autor fai unha reflexión teolóxica sobre Xosé María Díaz Castro e a súa obra *Nimbos*: “Reflexión teolóxica e poesía”, “Mirar dende as dúas beiras”, “Espazo físico e achega biográfica”, “Da terra e do tempo: marco etnográfico e psicolóxico”, “Humanista e poeta da escola mindoniense”, “Ser e palabra: velaí o misterio do home de Deus”, “A persoa, parábola da luz”, “Podemos falar dunha teoloxía propia?”, “Á procura da verdade”, “Á procura da Beleza”, “A cruz está na vida e a Vida está na Cruz”, “A Beleza da Compostela eterna”, “Non quixera rematar”, este último a modo de epílogo. Os últimos tres capítulos están dedicados á bibliografía, ao índice de nomes e ao índice xeral. Cada un dos apartados comeza cunha imaxe que representa lugares que foron significativos para o poeta, no entanto tamén se poden encontrar imaxes entre capítulos. Toda a obra conta feitos representativos na vida de Díaz Castro como o seu lugar de nacemento, o seminario de Mondoñedo onde el estudou e lugar que funcionaba como espazo cultural na época. No capítulo terceiro fala da súa biografía, facendo unha cronoloxía da súa vida. A monografía presenta notas a rodapé e referencias á poesía de Díaz Castro e especialmente a *Nimbos*, presentando fragmentos repartidos ao longo de todo o volume. Percíbese intertextualidade en poemas doutros autores que falan sobre Díaz Castro, por exemplo, Manuel María; ou Pérez López que intenta evocar conceptos tamén presentes no autor de *Nimbos*.

### Recensións:

- Ramón López Vázquez, “Coma un Nimbo”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, “Tribuna libre”, 9 abril 2014, p. 22.

Salienta que este ensaio achega unha gran cantidade de claves sobre a poética de Xosé M.<sup>a</sup> Díaz Castro e que a beleza da existencia humana se asenta na tríade “transcendente, humana, entrañable” que tamén é común a Rosalía de Castro e á escola poética mindoniense.

- Armando Requeixo, “A beleza luminosa de Díaz Castro”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, p. 25/ *Diario de Ferrol*, “Nordésia”, n.º 828, p. 32/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 828, p. 33, “letras Atlánticas”, 11 maio 2014.

Afirma que esta monografía fai un exhaustivo repaso a moitos dos aspectos definitorios da poética de Xosé M.<sup>a</sup> Díaz Castro que se asenta no “religacional, o transcendente e no místico” e asemade fala da importancia da paisaxe e da súa biografía dentro da súa poesía.

- Vicente Araguas, “Unha achega relixiosa”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, p. 24/ *Diario de Ferrol*, “Nordésia”, n.º 831, p. 30/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 831, p. 34, “máis Libros”, 1 xuño 2014.

Indica que esta obra parte dunha ampla biografía sobre Xosé M.<sup>a</sup> Díaz Castro, a quen sitúa dentro da escola mindoniense, e que penetra no seu mundo poético e no proceso de ascensión da súa poesía mística.

### Referencias varias:

- P. Calveiro, “Segundo Pérez López. ‘É un dos poetas máis importantes da literatura relixiosa”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 28 abril 2014, p. 24.

Entrevista na que comenta que se trata dun ensaio en clave teolóxica e mais que Xosé M.<sup>a</sup> Díaz Castro non chegou a ler a *Biblia*.

- Carlos Deaño, “Un estudio del deán revela las claves religiosas de la obra poética de Díaz Castro”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 7 maio 2014, p. 30.

Coméntase que este ensaio é unha achega anovadora ao poemario *Nimbos*, que explica o medio físico e mais o tempo no que viviu Xosé M.<sup>a</sup> Díaz Castro e que presenta referencias ao fenómeno xacobeo.

- María Abades, “Segundo Pérez. ‘Xosé María Díaz Castro era un home sabio”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 10 maio 2014, p. 35.

Alude a que este ensaio se asenta nunha fonda análise da obra *Nimbos* que Xosé M.<sup>a</sup> Díaz Castro publicara en 1961.

Xosé Luís Barreiro Rivas, “A beleza feriume para sempre”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “A torre vixía”, 17 maio 2014, p. 20.

Reflexiona sobre a figura do poeta Xosé M.<sup>a</sup> Díaz Castro centrándose no volume *A ferida da beleza en Nimbos*, de Segundo Pérez López, e mais na perspectiva teolóxica do pensamento do poeta de Parga.

- Miguel Carlos Vidal, “Segundo Pérez López e ‘A ferida da beleza en Nimbos”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, “Análisis”, 19 maio 2014, p. 17.

Apunta que este libro é un amplo e profundo estudo centrado na obra de Xosé M.<sup>a</sup> Díaz Castro de quen destaca a súa creación literaria.

**Requeixo**, Armando, *Xosé María Díaz Castro. Vida e obra*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Letras galegas, xaneiro 2014, 196 pp. (ISBN: 978-84-9865-516-2).

Armando Requeixo (Mondoñedo, 1971) aproxímase á vida e obra de Xosé María Díaz Castro (Guitiriz, 1914-Lugo, 1990), figura á que se lle dedicou o Día das Letras Galegas no ano 2014. Da súa vida salienta a influencia que tivo no lucense a súa estancia no seminario de Mondoñedo, o cal consolidou un coñecemento que se vería ampliado cunha fonda aprendizaxe de linguas como o inglés ou alemán, amais do latín e grego. Tamén destaca o regreso despois do seu labor docente fóra da terra. En canto á obra de Díaz Castro, Requeixo destaca a súa densidade, a pesar de só ter publicado un



poemario: *Nimbos* (1961), onde a terra é o eixo temático duns poemas que destacan pola súa expresividade lírica.

### **Recensións:**

- Camiño Noia, “O canon e o Día das Letras”, *Tempos Novos*, n.º 205, “*ProTexta*”, n.º 03, “Contexto”, maio 2014, p. 69.

Despois de aludir a Rosalía, Curros e Pondal, ofrécese un estudo da obra de Xosé María Díaz Castro, co gallo da dedicatoria do Día das Letras Galegas, resaltando as características temáticas e estilísticas das súas obras, entre as que destaca *Nimbos*, o poema “Penélope” e os trazos de formato e o contido desta obra sobre o poeta publicada por Armando Requeixo *Xosé María Díaz Castro, vida e obra*.

- Dorinda Castro Soliño, “Esencial percorrido”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 501, “Libros”, 22 maio 2014, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 453, “Letras Galegas”, 24 maio 2014, p. 10.

Afirmase que Armando Requeixo é a persoa de referencia á hora de divulgar a vida e obra de Xosé M.<sup>a</sup> Díaz Castro e a seguir débúllase este volume. Indícase que presenta unha documentada biografía, unha exhaustiva descrición da produción poética e mais que realiza un percorrido biográfico dende a súa “plácida infancia”.

### **Referencias varias:**

- X. Fraga, “Unha biografía recolle o periplo vital e analiza a obra literaria de Díaz Castro”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 18 febreiro 2014, p. 38.

Dá conta da biografía de Xosé María Díaz Castro que o profesor e crítico Armando Requeixo realizou para Galaxia con motivo das Letras Galegas.

Cristina Pérez, “A súa poesía nunca vai pasar de moda”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 20 febreiro 2014, p. 47.

Faise eco da presentación na Casa Habanera de Guitiriz do volume que o estudoso Armando Requeixo realizou sobre a vida e obra de Xosé María Díaz Castro. Indícase que se trata dun libro estruturado en tres bloques complementados cunha biografía completa.

- Jaureguizar, “A dificultade de musicar a Ramón Piñeiro”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Cidade xardín”, 10 maio 2014, p. 50.

Detense na situación extenuante da cultura galega e fronte a isto comenta a importancia que terá en 2014 Xosé M.<sup>a</sup> Díaz Castro. Asemade informa da publicación da novela *Intensa e quente é a túa humidade azul* (2014) de Xulio Pardo de Neyra.

- Rosé Carrera, “Armando Requeixo. ‘Díaz Castro traspasou o tempo’”, *Atlántico Diario*, “*Letras Galegas*”, p. 9/ *La Región*, “*Día das Letras Galegas 2014*”, p. 16, 17 maio 2014.

Armando Requeixo comenta nesta entrevista que o libro xorde da súa tese de doutoramento que foi defendida en febreiro de 2014 na Universidade de Santiago de Compostela.

**Rodríguez Barrio**, Xavier, *Fulguración e silencio*, ilust. Alba Nimbos, Lugo: Deputación Provincial de Lugo, 17 maio 2014, 21 pp. (ISBN: 978-84-8192-492-3). ◆

Volume con tirada de 200 exemplares impresos que conta cunha portada feita en policarbonato gravado, evocando a Luz da poesía de Xosé María. Consta de catorce follas cunha medida de catorce por catorce centímetros e con catorce buratos usados para a súa encadernación cunha espiral de vimbio, para desta maneira non esquecer dúas datas: o nacemento de Díaz Castro no 1914 e o presente ano no que se lle dedica o Día das Letras Galegas. Un estoxo de cartón protexe a obra, composta de poemas a modo de anotacións poéticas do percorrido vital de Díaz Castro. Rodríguez Barrio (Lugo, 1956), que mantivo amizade co poeta homenaxeado nos anos en que este regresou a Guitiriz, fai un retrato maxistral das estacións vitais do poeta

**Rutherford**, John (ed. e trad.), *Halos*, Bulgaria: Small Station Press/Xunta de Galicia, col. Galician Classics Poetry, 2014, 72 pp. (ISBN: 978-954-384-032-8). ■

Tradución ao inglés do poemario *Nimbos* de Xosé María Díaz Castro (Guitiriz, 1914–Lugo, 1990), levada a cabo por John Rutherford (Inglaterra, 1941) en colaboración co Obradoiro de Tradución do *Oxford Centre for Galician Studies*. Este volume ábrese cunha introdución do tradutor na que se inclúen agradecementos a Jonathan Dunne e Armando Requeixo, datos sobre a vida e obra de Xosé María Díaz Castro así como do Día das Letras Galegas, motivo polo cal escolle traballar sobre o autor natural de Guitiriz. Tamén na introdución achega información acerca da tradución: Rutherford sacrifica a rima co fin de reproducir os significados e a métrica dos versos orixinais, na gran maioría hendecasilabos e alexandrinos. Mantendo a estrutura de *Nimbos*, a tradución divídese en sete partes: “Portico”, “Night”, “Light”, “Hope”, “Miracle”, “Dream”, “Wound”; agrupando un total de trinta e dúas composicións. Finalmente ofrece un índice dos títulos dos poemas na súa tradución seguido dun cos títulos en galego.

### Recensións:

- Xosé Manuel Dasilva, “De *Nimbos* a *Halos*”, *Grial*, n.º 204, “O espello das letras”, outubro, novembro e decembro 2014, pp. 88-90.

Contextualízase a aparición deste volume dentro da colección “Galician Classics”, en que xa se publicara a Lois Pereiro, Álvaro Cunqueiro, Celso Emilio Ferreiro e Rosalía de Castro. Saliéntase o labor de tradución de John Rutherford, cuxas dificultades aparecen recollidas no limiar “Translator’s Introduction”. Coméntanse algunhas destas dificultades, como o gusto de Díaz Castro pola rima interna ou a súa tendencia á aliteración nos períodos breves. Remata equiparando o traballo levado a cabo por Rutherford co labor tradutor de Díaz Castro.

## Referencias varias:

- X. F., “Publican a tradución ao inglés de ‘Nimbos’ a cargo de John Rutherford”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 11 setembro 2014, p. 35.

Comenta que a editora Small Stations Press vén de publicar o quinto título dentro da colección “Galician Classic” centrado nesta ocasión na figura de Xosé M.<sup>a</sup> Díaz Castro coa versión inglesa de *Nimbos* titulada *Halos* coa tradución de John Rutherford.

**Salgado**, Xosé. M. e Carmen **Blanco** (eds.), *Xosé María Díaz Castro: Día das Letras Galegas 2014*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, 23 abril 2014, 237 pp. (ISBN: 978-84-15876-96-0). ◆

Este volume que a Universidade de Santiago de Compostela “consagra á memoria e en homenaxe de Xosé María Díaz Castro”, con edición ao coidado de Xosé M. Salgado e Carmen Blanco (Lugo, 1954), consta de dúas reproducións facsimilares con cadansúa introdución especializada. A “Introdución” (pp. 7-10), a cargo de Carmen Blanco, salienta a importancia e o sentido da reprodución do manuscrito autógrafo de *Follas verdes. Cantares e romances* (1934), o seu primeiro poemario inédito que conservou gardado nunha carpeta co rótulo “Cadernos poéticos”, e de *Terre d’Espagne / Tierra de España*, unha antoloxía bilingüe galego-francesa da tradición poética galega dende a Idade Media aos anos sesenta, da que se encargou o hispanista belga Françoise Pechère, editada en 1968. En consonancia coa estruturación do libro, salientase tamén a importancia da contextualización e valoración académica destes textos. O primeiro texto que antecede á primeira reprodución facsimilar é de Xosé M. Salgado, “Na amañecida de Follas verdes” (pp. 11-15), onde de modo reflexivo e documentado, se saúda a aparición dunha obra que se consideraba perdida, lembrando algúns exemplos na literatura galega (de Álvaro Cunqueiro a Vicente Risco ou X. L. Méndez Ferrín) e expoñendo a casuística que adoita levar a este adiamento. Explóranse, a continuación, algúns dos motivos polos que Xosé María Díaz Castro non puxo en circulación estas *Follas verdes*, dende a febleza do tecido editorial á decisión persoal de maduración. A continuación analízase sucintamente o contido desta recolla de setenta e cinco composicións, chamando a atención ante determinadas observacións paratextuais, que poden dar pistas sobre a concepción que Xosé María Díaz Castro tiña dese traballo. A citada antoloxía de 1968 vén precedida de dous textos. O primeiro, “Xosé María Díaz Castro e a antoloxía Terre d’Espagne” (pp. 147-176), de Armando Requeixo,, implica un traballo certo de levantamento epistolar e reflexivo sobre os poetas galegos antologados en *Terre d’Espagne. Tierra de España*. Armando Requeixo analiza aquí a faceta tradutora do autor homenaxeado, dando noticia da escolma de textos galegos verquidos ao francés na antoloxía citada, na que a participación de Díaz Castro foi decisiva, tal e como o fora na revista *Alba* (malia a non estaren asinadas as traducións). Explórase tamén a pegada diazcastriana na selección de nomes do Rexurdimento e do século XX que a antoloxía incorpora. O segundo, “Penélope na ‘Galiza/ Galice’ de Françoise Pechère” (pp. 177-187), de Carmen Blanco, que revisa a entrega da hispanista e tradutora belga Françoise Pechère (recolleita poética en torno ao tema da terra, publicada en Bruxelas en 1968, que mira cara a Castela, Andalucía, Cataluña e Galicia, e recolle obra de nove poetas: os medievais Mendinho, Martin Codax e Don Dinis e os

contemporáneos Rosalía de Castro, Fermín Bouza-Brey, Aquilino Iglesia Alvariño, Celso Emilio Ferreiro, Xosé María Díaz Castro e Cesáreo Pardo-Esperanza) e desemboca no mito e no poema homónimo de Díaz Castro, que analiza en termos de “implícita memoria resistente”, ligando “memoria, mulleres, amor e lugar”. A reprodución facsimilar do manuscrito autógrafo de *Follas verdes*, en cor, ocupa o centro do libro, da páxina 17 á 146, mentres a da antoloxía ocupa as páxinas 189-230. Ao seu remate, aparece un “Apéndice fotográfico” con diversos retratos do autor por orde cronolóxica, encabezados por unha cita súa, e no colofón indícase que este volume saíu á luz oitenta anos despois do remate de *Follas verdes* (1934).

### **Recensións:**

- Vicente Araguas, “Máis Díaz Castro”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, p. 26/*Diario de Ferrol*, “Nordésia”, n.º 834, p. 30/*El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 834, p. 30, “máis Libros”, 22 xuño 2014.

Considera que esta publicación presenta unha edición moi axeitada na escolma de materiais, que se presenta como diferente e rigorosa. Destaca a edición bilingüe *Terre d’Espagne* de Françoise Pechére, hispanista residente en Barcelona e Valencia durante a Segunda República Española.

### **Referencias varias:**

- Javier García, “A USC réndelle unha homenaxe ao poeta ‘da loita pola paz verdadeira’”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 16 maio 2014, p. 36.

Dá conta da homenaxe que a USC fixo a Díaz Castro coa publicación do manuscrito de *Follas verdes*, que o autor non publicou en vida.

- Marcelino Agís Villaverde, “Letras e versos”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Al sur”, 19 maio 2014, p. 2.

Dá conta da súa presenza na presentación deste libro no pazo de Fonseca e subliña do acto a voz segura e feminina de Carme Blanco e mais as doses xustas de retransa e agudeza intelectual de Xosé Manuel Salgado.

- R. Nicolás, “Outras luces para o de Guitiriz”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “En galego”, 30 maio 2014, p. 18.

Comenta que este libro, alén de diversas achegas ensaísticas, incorpora dúas reproducións facsimilares que son cualificadas de alfaías: *Follas verdes. Cantares e romances* (1934) e mais a antoloxía bilingüe *Galiza/Galice* (1968).

## IV. 3. PUBLICACIÓNS EN REVISTAS

**Blanco Torrado**, Alfonso, “Unha achega biopoética”, *Encrucillada*, n.º187, “Estudo”, marzo-abril 2014, pp. 44-68.

Co gallo do Día das Letras Galegas dedicado ao autor, faise un repaso pola vida e obra de Xosé María Díaz Castro, dividido en varios apartados. No primeiro “1.- O seu humanismo”, recóllese a influencia que tivo na súa poesía a súa formación no Seminario de Mondoñedo. A seguinte sección “2.- A luz contra as tebras”, reproducése o poema “Coma brasas”, para analizar as súas concomitancias co *Evanxeo* e o *Xénese*. En “3.-Apertura ao misterio”, ponse en relación a concepción de Díaz Castro da historia e o tempo co seu sentido cristián e a súa concepción relixiosa. A seguir, en “4.- Promove literariamente o arquivo significativo do pobo” trátase o aprecio do autor do universo rural e a relixiosidade popular que transcende nos seus poemas. Por outra banda, “5.-Da Escola Poética do Seminario de Mondoñedo” trátase este lugar como centro relixioso do que saíron máis escritores galegos, entre eles Aquilino Iglesia Alvariño, Noriega Varela ou Álvaro Cunqueiro. Ao tempo, dáse conta do paso de Díaz Castro polo Seminario e da influencia das súas lecturas na súa obra, especialmente de Rilke. No seguinte apartado, “6.-A noite é necesaria” analízase o tópico constante da noite na obra do poeta, como presenza contraposta á luz. A derradeira sección, “Peneirando outros poemas”, está dedicada a tratar a visión relixiosa e cristiá en diversos poemas do autor.

**González Tosar**, Luís, “A un poeta silandeiro”, *Luzes*, n.º 5, “República”, “Opinión”, abril 2014, p. 117.

Faise unha descrición biográfica de Xosé María Díaz Castro, nunha segunda persoa dirixida ao poeta, na que se relata dende o seu nacemento até o seu encontro con Luís González Tosar no ano 1982.

**Mariño Davila**, Esperanza, “O verme i a estrela”, *Barbantia*, n.º 10, 2014, pp. 99-105.

Ofrécese unha análise temática e estilística do poema de doce versos de Xosé María Díaz Castro “O verme i a estrela”. Destácase o simbolismo da peza que se basea na oposición entre o efémero e o milenario para referirse á atormentada condición humana. Saliéntanse os temas da eiva da mortandade e a imposibilidade da perfección. A continuación, achégase unha análise formal e estilística do poema, salientando a sinxeleza da peza e a abundancia de recursos retóricos entre os que destacan as metáforas, contraposicións e abstraccións, que xiran arredor da oposición entre a realidade e o desexo, así como as repeticións de palabras e a estrutura paralelística. A continuación ofrécese a análise estrutural da peza. Por último, sinálase que “O verme i a estrela” pertence ao poemario *Nimbos* (1961), concretamente á parte titulada “Noite”. Indícanse o resto das partes da obra e faise fincapé na súa unidade temática e formal, ademais de dar conta da relixiosidade que impregna a obra. Por último, ponse en relación esta composición cos poemas do autor e destácase a súa defensa galeguista.

**Ramos**, Alberto, “Andeis contra o reduccionismo”, *Luzes*, n.º 5, “República”, “Reportaxe”, abril 2014, p. 116.

Co gallo do Día das Letras Galegas adicado á Xosé María Díaz Castro trátase a figura do poeta, reivindicándoo como “figura poliédrica” a pesar de ter escrito tan só un poemario. Dase conta da publicación de varias obras relacionadas co autor: *Xosé M<sup>a</sup> Díaz Castro. Vida e obra* (Galaxia, 2014), a cargo de Armando Requeixo; *Xosé M<sup>a</sup> Díaz Castro. Letras Galegas 2014*, do Departamento de Filoloxía da Universidade de Santiago; e *Nimbos: Cáliz fervendo*, proxecto do Centro Ramón Piñeiro. Alúdese, ademais, ás traducións de *Nimbos* a outros idiomas, como o inglés ou o éuscaro.

**Regal Ledo**, Manuel, “Oración con Díaz Castro”, *Encrucillada*, n.º188, “Acheга”, maio-xuño 2014, pp. 42-45.

Recóllese unha oración composta por Manuel Regal Ledo ao fío da poesía de Xosé María Díaz Castro co gallo do Día das Letras Galegas ao autor.

**Requeixo**, Armando, “A odisea Díaz Castro”, *Luzes*, n.º 5, “República”, “Reportaxe”, abril 2014, pp. 112-115.

Co gallo de dedicar o Día das Letras Galegas a Xosé María Díaz Castro, faise un repaso pola biografía do poeta, seguindo unha orde cronolóxica. Comézase por dar conta da súa infancia e formación, até as súas primeiras participacións en certames poéticos. Céntrase finalmente na creación de *Nimbos*, a raíz dunha petición de Ramón Piñeiro e Fernández del Riego. Remátase dando conta da aparición dos seus textos en revistas como *Dorna*, *Amencer* ou *Xermolos*, e da reedición de *Nimbos* na recta final da vida do poeta.

**Requeixo**, Armando, “Diccionario Díaz Castro”, *Tempos Novos*, n.º 205, “ProTexta”, n.º 03, “ProTagonista”, maio 2014, pp. 66-68.

Ofrécese un percorrido biográfico e literario arredor da figura de Xosé María Díaz Castro, salientando a súa amizade con diversos persoeiros da literatura galega dende Aquilino Iglesia Alvariño, Uxío Novoneyra, Francisco Fernández del Riego, Ricardo Carballo Calero ou Ramón Piñeiro até Manuel María e Claudio Rodríguez Fer. Achégase información sobre o seu ingreso na Real Academia Galega e a dedicatoria do Día das Letras Galegas. Recóllese un breve estudo dos poemarios *Follas verdes* (1934) e *Follas ô aire* (1935), destaca as características das composicións e as influencias, o tríptico á muller *Nascida d’un sono*, o poemario *Nimbos* do que se destacando a crítica positiva dos intelectuais galeguistas así coma os trazos característicos e a historia editorial da mesma. Por último, achégase información sobre os xornais e revistas que acolleron composicións do autor e sobre *Caderno-Borrador Manuscrito* (1946) e o *Borrador Mecanoscrito* (1948), o poema longo “Mediodía” e o poemario *Sombras radiantes* dos anos 50 e as compilacións poéticas que nunca chegou a publicar, destacando as características estilísticas deste último.

**Torres Queiruga**, Andrés, “*Nimbos* de Díaz Castro”, *Encrucillada*, n.º187, “Estudo”, marzo-abril 2014, pp. 69-85.

Repásase o carácter relixioso da obra poética de Xosé María Díaz Castro, *Nimbos*. O primeiro apartado “1.-Un Melquisedec poético de longa xenealoxía” comeza cunha comparativa da figura do autor co personaxe bíblico Melquisedec, para salientar que *Nimbos*, único poemario publicado do autor, foi resultado dun proceso de escolma. A seguir, en “2.-Unha poesía esencial”, trátase a orientación esencialista da obra, que se define nos tres poemas que conforman o “Pórtico”. A seguinte sección, “3.- Poesía que rompe o tabú da evocación relixiosa”, está dedicada á presenza explícita do relixioso na obra de Díaz Castro. Por outra banda, “4.- O horizonte global” presenta a visión bíblica e global. En “5.- A estrutura íntima: a “luz da inmanencia” e a “aura da transcendencia”, fálase da teoloxía de Díaz Castro como deseñada nunha estrutura dual entre a inmanencia e a transcendencia. Por último, en “6.- Os modos e estratos da literatura relixiosa” proporciónanse diversas claves para facer unha lectura relixiosa do autor.

**Vélez Latorre**, Xosé Manuel, “Rilke e Díaz Castro. Do *Libro de horas* e a *Vida de María* a *Nimbos*”, *A Trabe de Ouro*, n.º 99, “Acoutacións”, xullo, agosto e setembro 2014, pp. 341-348.

Estúdase en dous apartados a relación da obra poética de Díaz Castro coa de Rilke. A primeira sección, intitulada “Rilke e o programa poético de X. M. Díaz Castro. O “pórtico” (programático) de *Nimbos* (poemas 1-3)”, dedícase a explicar a concepción da realidade do autor galego, que toma do poeta-monxe rilkeano do *Libro de horas* (1905) e que se divide en tres niveis: Deus; o mundo físico ou material que inclúe seres animados e inanimados; e o enunciador lírico. Saliéntanse as diferenzas entre Rilke e Díaz Castro, pois este último parte dunha coherencia teolóxica coa exacerbación da capacidade mística e creadora do individuo-poeta. A concepción de Díaz Castro explícase apoiada en citas dos poemas de *Nimbos*, desgranando pouco a pouco o seu diálogo co *Libro das horas*. Inclúese, ademais, unha explicación da influencia do poemario *Vida de María* como fonte da idea de *Nimbos*. O segundo apartado, “Unha fonte rilkeana do poema “No resplendor do día”, a análise céntrase neste poema de *Nimbos*. A fonte da composición identifícase no díptico de Rilke “Himmelfahrt Mariae”, incluído na *Vida de María*. Conclúese salientando o diálogo entre os dous poetas, unidos pola súa “interpretación mística da relación entre a realidade e a subxectividade”.

#### IV. 4. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ARTIGOS DE OPINIÓN OU COLABORACIÓNS FIXAS

**Alonso Montero**, Xesús, “Díaz Castro: ‘...le soleil du Socialisme’”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Galego”, “Beatus qui legit”, 25 abril 2014, p. 20.

Reproduce o poema en francés titulado “Hymne au Socialisme” de Xosé M.<sup>a</sup> Díaz Castro e a seguir pregúntase se algunha vez o seu autor tivo simpatías polo socialismo.

**Alonso Montero**, Xesús, “Penélope”, edición decalingue”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Galego”, 16 maio 2014, p. 13.

Refírese a que a revista do IES Fermín Bouza Brey de Vilagarcía de Arousa titulada *Bardos 66* deu á luz en xuño de 2014 unha edición decalingüe (galego, grego, latín, inglés, italiano, francés, checo, español, alemán e mais ruso) do poema “Penélope” de Xosé M.<sup>a</sup> Díaz Castro.

**Blanco Valdés**, Juan L., “Orballo e nimbos”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Bágoas de crocodilo”, 17 maio 2014, p. 42.

Comenta que Roberto Blanco Torres e mais Xosé M.<sup>a</sup> Díaz Castro teñen en común que só nos legaron un poemario édito e a seguir comenta as relacións de Xosé M.<sup>a</sup> Díaz Castro con Ramón González Alegre.

**Campo**, Marica, “Sempre Penélope”, *El Progreso*, “Opinión”, p. 31/ *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, p. 27, “A tecelá en outono”, 16 maio 2014.

Recalca a prepotencia e falta de sensibilidade por parte da Xunta de Galicia á hora de celebrar o Día das Letras Galegas no Colexio de Infantil e Primaria de Guitiriz, no canto do IES de Guitiriz que estivo todo o curso a traballar para esta celebración.

**Campo Freire**, Xaquín, “Unha viaxe senlleira polos ríos de Díaz Castro (I)”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “La ventana”, 10 marzo 2014, p. 10.

Comenta que se fala de facer roteiros polos andares de Xosé M.<sup>a</sup> Díaz Castro e salienta que estarán caracterizados polos ríos “máis ben curtos e estreitos” como o Ponte-Gafín se ben subliña a importancia do río Miño ao seu paso por Lugo.

**Casal**, César, “Galicia en letras”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Corazonadas”, 22 xullo 2014, p. 19.

Apunta que no Día das Letras Galegas de 2014 terá moita relevancia a natureza galega grazas á poesía de Xosé M.<sup>a</sup> Díaz Castro, natureza que se atopa “detida” nos poemas do autor. Salienta que “se hai algo no que Galicia é unha potencia mundial é na poesía”.



**Castro Ratón**, Xosé, “Vivamos en galego”, *Diario de Arousa*, p. 34/ *El Ideal Gallego*, p. 25, “Opinión”, “Outra ollada”, 17 maio 2014.

Comeza falando de Penélope, de Homero e mais da poesía de Xosé M.<sup>a</sup> Díaz Castro para despois centrarse en Galicia que avanza e retrocede no referente ao uso da lingua galega.

**Campo Freire**, Xaquín, “Aínda Penélope no poeta Díaz Castro”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “La ventana”, 6 maio 2014, p. 16.

Reflexiona sobre a importancia do tempo na poética de Xosé María Díaz Castro con exemplos da súa poesía e compara o tempo do poema “Penélope” co de “Tecín soia a miña tea” de Rosalía de Castro.

**Caneiro**, Xosé Carlos, “A. L. G.”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Ficción”, “Club dandi”, 23 maio 2014, p. 17.

Afirma que o Día das Letras Galegas se ha de converter no Ano das Letras Galegas (ALG) e detalla que cómpre levar ás aulas poemarios como *Nimbos* no canto de tanta “literatura kleenex”.

**Castro Ratón**, Xosé, “Festa da palabra escrita”, *Diario de Arousa*, “Opinión”, 15 maio 2014, p. 25.

Lembra a orixe da iniciativa do Día das Letras Galegas, a relación cos *Cantares gallegos* de Rosalía de Castro. Destaca que todos os homenaxeados mantiveron un compromiso coa cultura e coa terra galegas.

**Dobarro**, Xosé María Dobarro, “Cum laude”, *Diario de Ferrol*, “Opinión”, “Outra volta”, 9 marzo 2014, p. 18.

Critica os cambios introducidos na avaliación das teses de doutoramento e comenta que a tese *A poesía en galego de Xosé María Díaz Castro; estudo e edición crítica*, de Armando Requeixo deberá ter a máxima cualificación, para a seguir comentar que o seu primeiro contacto coa poesía de Xosé María Díaz Castro foi en 1972 grazas a Carvalho Calero.

**Franco Grande**, X. L., “En Guitiriz con Díaz Castro”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Soleira”, 19 maio 2014, p. 13.

Gaba a celebración do Día das Letras Galegas na figura de Xosé María Díaz Castro. Indica que tamén lle produce felicidade comprobar que o mellor de Galicia está nas

pequenas vilas e aldeas galegas e destaca que esa Galicia “aínda nos pode dar fe e esperanza”.

**Freixanes**, Víctor F., “Penélope”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Vento nas velas”, 18 maio 2014, p. 19.

Repasa a historia do poema “Penélope” de Xosé María Díaz Castro que foi escrito contra 1949 e publicado por primeira vez na revista *Alba*. A seguir recomenda, sesenta e cinco anos despois, a lectura deste poema que segue a estar vixente no relacionado coa incerteza, fatalidade e desacougo.

**García-Bodaño**, Salvador, “Cara a un novo curso no Ateneo”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “No pasar dos días”, 22 xuño 2014, p. 3.

Trata distintas cuestións relacionadas coa actividade do Ateneo de Santiago e entre as cales destaca que o acto de apertura estivo dedicado a Xosé María Díaz Castro.

**Grande**, X. L., “En Guitiriz con Díaz Castro”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Soleira”, 19 maio 2014, p. 13.

Describe a xornada de celebración do Día das Letras Galegas o día 17 en Guitiriz. Destaca a importancia da obra e figura de Xosé María Díaz Castro restando importancia a escasa obra publicada en vida.

**García-Bodaño**, Salvador, “De Galicia e as súas Letras”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “No pasar dos días”, 18 maio 2014, p. 3.

Comenta diferentes actos que terán lugar co gallo do Día das Letras Galega entre os que destaca o acto da RAG en Guitiriz, do que indica o seu programa, e remata coa reprodución duns versos na honra de Díaz Castro lidos en 2011 na Ínsua dos Poetas.

**García-Bodaño**, Salvador, “Cara a un novo curso no Ateneo”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “No pasar dos días”, 22 xuño 2014, p. 3.

Fala das novas actividades do Ateneo de Santiago de Compostela entre as que destacan os actos dedicados a Xosé María Díaz Castro, a Sofía Casanova ou a Aurelio Aguirre.

**González Tosar**, Luís, “Posición Díaz Castro”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “De cotío”, 19 febreiro 2014, p. 18.

Céntrase en Xosé M.<sup>a</sup> Díaz Castro explicando que a súa obra cimeira é *Nimbos* e que é considerado como o poeta total, un escritor esixente. Asemade refírese a súa faceta como tradutor.

**González Tosar**, Luís, “Deslumbramento”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Ficción”, “Retrato entre liñas”, 7 marzo 2014, p. 18.

Indica que os antecedentes de *Nimbos* (1961) están na revista *Alba* e repasa a evolución deste poemario até que o 20 de abril de 1989 Galaxia sacou do prelo unha segunda edición supervisada polo propio Díaz Castro.

**Méndez Ferrín**, X. L., “Derradeiras verbas sobre Díaz Castro”, *Faro de Vigo*, “El sábado”, n.º 860, p. 4/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 454, contracuberta, “No fondo dos espellos”, 31 maio 2014.

Apunta que Xosé M.<sup>a</sup> Díaz Castro foi o máis importante poeta católico galego e aplaude a saída do prelo de lecturas teolóxicas e mais de interpretacións da poética de Xosé M.<sup>a</sup> Díaz Castro dende un ángulo relixioso.

**Lizancos**, Plácido, “Meditación no 17 de maio. Día das Nosas Letras”, *La Opinión*, “Opinión”, 14 maio 2014, p. 22.

Realiza un repaso á biografía de Díaz Castro e a seguir reflexiona sobre a importancia da lingua para un pobo, recalcando que cómpre protexer máis a lingua propia de Galicia.

**Nicolás**, Ramón, “O ano de Díaz Castro e Blanco Amor”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 553, “Galego 2014”, 4 xaneiro 2014, p. 8.

Refírese a que o ano 2014 terá como protagonistas a Xosé M.<sup>a</sup> Díaz Castro, pola celebración do Día das Letras Galegas, e a Eduardo Blanco Amor, polo trinta e cinco aniversario do seu óbito. Asemade indícase que tamén será o cincuenta aniversario do falecemento de Ramón Suárez Picallo e mais de Manuel Gómez Román.

**Rubiá**, Xoán, “Coas Letras Galegas entre Xove e Perlío”, *Diario de Ferrol*, “Opinión”, “Miradas poliédricas”, 25 maio 2014, p. 18.

Comenta a súa presenza nun acto celebrado no IES de Xove arredor do Día das Letras Galegas, do que subliña o comportamento do alumnado, e tamén se refire a que repetiu esta experiencia no Círculo Recreativo de Perlío.

**Sampedro**, Pilar, “Para pasar unha tarde de Letras”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 916, “Tribuna libre”, 14 maio 2014, p. 5.

Recomenda que unha maneira especial de pasar o Día das Letras Galegas de 2014 é achegarse até Outes á entrega do XVI certame Francisco Añón de poesía para todas as idades, do que subliña que mantén a súa dignidade a pesar do seu pouco orzamento e recalca o seu interese cultural.

**Teijeiro Rey**, Iolanda, “Poemas galegos, pode ser?”, *Faro de Vigo*, “Esquelas/Cierre”, “Tribuna del lector”, 24 maio 2014, p. 61.

Alude ao ermo cultural que está a vivir Ferrol e cualifica de vergoñentas as celebracións arredor do Día das Letras Galegas. Comenta o erro do presidente da Xunta cando afirmou que *Poemas Galegos* (sic) é un poemario de Rosalía de Castro.

**Villar Janeiro**, Helena, “Galicia en Barcelona”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Notas de actualidade”, 23 maio 2014, p. 3.

Repasa os actos que tiveron lugar en Barcelona co gallo da celebración do Día das Letras Galegas e comenta que dende 1950 se celebra no Centro Galego de Barcelona un certame literario que conta con Álvaro Cunqueiro e Fermín Bouza Brey como galardoados.

## IV. 5. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ENTREVISTAS

**Carrera**, Rosé, “Luís G. Tosar. ‘Era un modelo de escritor necesario’”, *Atlántico Diario*, “*Letras galegas*”, 17 maio 2015, p. 8.

Trata a relación de Luís González Tosar con Xosé María Díaz Castro tanto no plano persoal e biográfico como no literario e creativo. Trata a cuestión da distancia que Díaz Castro mantivo coa cultura galega, da propia modernidade da obra *Nimbos* e da achega do autor homenaxeado ao Día das Letras Galegas.

**Cora**, Diego de, “Luís G. Tosar. ‘A literatura galega de posguerra é ‘Nimbos’ e ‘Longa noite de pedra’”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “*Día das Letras Galegas*”, 17 maio 2014, pp. 2-3.

Fala sobre as vivencias compartidas con Xosé María Díaz Castro dende a relación epistolar até a participación na última edición de *Nimbos* en 1989.

**Fernández**, Montse, “Armando Requeixo. ‘Da súa vida destaco o compromiso cunha lingua e unha terra’”, *Diario de Arousa*, p. 32/ *Diario de Ferrol*, pp. 40-41/ *El Ideal Gallego*, “Armando Requeixo: ‘Da súa vida destaco o compromiso absoluto cunha lingua e unha terra’”, p. 43, “*Letras galegas*”, 17 maio 2014.

Entrevista ao biógrafo de Díaz Castro que reflexiona sobre a vida e obra do autor e explica como comezou a interesarse pola súa obra. Tamén alude á influencia de distintos autores na obra de Díaz Castro e á importancia que acollen a paisaxe chairega e a Igrexa.

**Giráldez**, José Miguel, “Alfonso Blanco. ‘Díaz Castro era un señor das palabras’”, *El Correo Gallego*, “*2Domingo*”, 18 maio 2014, p. 4.

Entrevístase a Alfonso Blanco, estudoso e amigo de Díaz Castro, que expresa a ledicia que lle supuxo atopar os cadernos inéditos de *Follas Verdes* e *Follas ó aire*.

**Rodríguez**, Ángeles, “Alfonso Blanco Torrado. ‘A enerxía lírica deste poeta contaxia’”, *O SIL*, “*Especial Letras Galegas*”, “O Autor/Entrevista”, maio 2014, p. 4.

Conversa na que Alfonso Blanco Torrado retrata a súa relación con Xosé María Díaz Castro e en que detalla as actividades que a asociación Xermolos de Guitiriz ten previsto desenvolver para conmemorar o Día das Letras Galegas de 2014.

**Sertal**, Carolina, “Carmen Penim. ‘Decidimos darlle zapatíños a Díaz Castro para que os seus versos camiñen máis lonxe’”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Comarca”, 16 xullo 2014, p. 12.

Acóllese unha conversa na que a cantante Carmen Penim, compeñente de “2naFronteira”, comenta que porá voz a Xosé M.<sup>a</sup> Díaz Castro nun espectáculo centrado no poemario *Nimbos* do que salienta a responsabilidade de musicar o poema “Penélope”.

**Varela**, Lourdes, “Luís G. Tosar. ‘Díaz Castro foi quen de universalizar a poesía galega’”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 500, “Letras Galegas 2014”, 17 maio 2014, p. XVIII.

O poeta Luís G. Tosar explica que a súa relación epistolar con Xosé M.<sup>a</sup> Díaz Castro comezou en 1981 e que ao ano seguinte comezou unha relación persoal. Tamén detalla que a esencia da poesía de Xosé M.<sup>a</sup> Díaz Castro está en *Nimbos* (1961) e asemade subliña o seu galeguismo integrador.

**Varela**, Lourdes, “Marta Quintana. ‘A música que me gusta e inflúe é a que sae das entrañas’”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 514, “Entrevista”, 9 outubro 2014, p. V.

A cantante e arpista viguesa Marta Quintana comenta nesta entrevista que o seu disco *Lus* se basea en once poemas do libro *Nimbos* de Xosé M.<sup>a</sup> Díaz Castro. Del destaca que está autoeditado e que pode considerarse como un disco a dúo con Cuchús Pimentel.

**Vidal**, Nicolás, “Alfonso Blanco Torrado. ‘Díaz Castro provoca emoción e sentimento, e a mocidade o nota’”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, 5 xuño 2014, p. 13.

O crego Alfonso Blanco Torrado detense en varias cuestións nesta entrevista sobre a figura de Xosé M.<sup>a</sup> Díaz Castro e comenta que era unha persoa humilde, sinxela e comunicativa.

**Villar**, Carmen, “Jesús Vázquez. ‘A nosa cultura é un sector estratéxico porque é a nosa marca diferencial’”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 500, “Letras Galegas 2014”, pp. IV-V/ *La Opinión*, “*Especial*”, “Letras Galegas”, p. IV, 17 maio 2014.

Nesta entrevista o conselleiro de Cultura e Educación da Xunta de Galicia gaba a súa política a prol da promoción da lingua e mais do libro galego. Subliña que Xosé M.<sup>a</sup> Díaz Castro compuxo “poemas esenciais da literatura galega do século XX” e recalca a implicación da Xunta na celebración do Día das Letras Galegas de 2014.

## IV. 6. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: NOTAS, PRESENTACIÓNS E ESCRITOS VARIOS

**Agulla**, Álvaro, “Homenaxe ás letras con música”, *Diario de Pontevedra*, “*Diario do Morrazo*”, n.º 305, 24 maio 2014, contracuberta.

Infórmase de que a Coral Polifónica Marusía de Bueu organizou un Concerto de Coral das Letras Galegas coa participación de corais de Galicia e mais de Seabra.

**A. I.**, “Pablo Díaz y Tic Tac en la Semana das Letras Galegas”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 13 maio 2014, p. 25.

Comenta que El Corte Inglés de Santiago ofrece un espectáculo a cargo de Tic Tac co gallo de conmemorar o Día das Letras Galegas.

**Álvarez**, Mario, “Gadis repartirá dous millóns de bolsas cun poema de Díaz Castro”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 10 maio 2014, p. 53.

Apúntase que Gadis repartirá dous millóns de bolsas cun poema de Díaz Castro e vinte cinco mil exemplares dun libro no que se compilan cancións da cultura popular galega, de Manuel Rico e Antón Santamarina.

**Álvarez**, Mario, “Valentín García define a Díaz Castro como un home sensible e bondadoso”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 12 maio 2014, p. 42.

Dá conta dunha rolda de prensa de Valentín García en que xustifica a elección de Díaz Castro como autor homenaxeado no Día das Letras, ao mesmo tempo que menciona datos interesantes da vida e obra do poeta. Ademais, informa dalgunha actividade cultural que terá como centro de interese o protagonista do Día das Letras.

**Álvarez**, Mario, “A CRTVG ofrecerá pola Festa das Letras unha programación especial”, *El Correo Gallego*, “Medios”, 12 maio 2014, p. 53.

Indícase a programación especial que a CRTVG ten preparada para o Día das Letras Galegas. Dise que abrangue dous documentais sobre Díaz Castro, un programa radiofónico e unha canle temática na súa páxina web.

**Amo**, Eduardo del, “El sábado libro’ emite un especial sobre Díaz Castro”, *El Correo Gallego*, “Medios”, 17 maio 2014, p. 53.

Infórmase de que o programa “El sábado libro” invita a Armando Requeixo e Alfonso B. Torrado para dialogar arredor de Díaz Castro.

**Andión**, Andrea, “Un maratunciño a prol da Lingua Galega”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 24 maio 2014, p. 10.

Comenta que alumnos do CIFP A Xunqueira percorreron case tres quilómetros con camisetas que contiñan un poema de Xosé María Díaz Castro.

**Ángel**, Miguel, “Díaz Castro, tan humilde como intenso”, *La Región*, “Ourense”, 11 maio 2014, pp. 18-19.

Dáse conta brevemente da vida e obra de Díaz Castro facendo uso dunha liña do tempo. Complétase a información con gráficas referentes a datos sobre a edición de obras en galego e cunha listaxe na que se recorda os autores homenaxeados no Día das Letras dende 1963.

**A. R.**, “A cidade festexa as Letras con carreiras, teatro e música”, *O SIL*, “Especial Letras Galegas”, “Concellos”, “Ourense”, maio 2014, p.7.

Faise eco da celebración de dous correlinguas en Ourense e do alto grao de participación que está previsto. Ademais, menciónanse as actividades previstas para o Día das Letras.

**A. R.**, “Teatro e música nas Letras Galegas”, *O SIL*, “Especial Letras Galegas”, maio 2014, contracuberta.

Anuncia as actividades previstas na Rúa para celebrar o Día das Letras Galegas, entre as que salienta o obradoiro “Retratando a Díaz Castro”, a cargo de Teatro Babaluba e a posta en escena de *Desfeitos*, da compañía Teatro Galileo.

**A. R.**, “Repasando as 50 edicións das Letras”, *O SIL*, “Especial Letras Galegas”, maio 2014, p. 6.

Fala de que o alumnado do CEIP Bibeí realiza un percorrido polos diferentes homenaxeados no Día das Letras Galegas para conmemorar esta data.

**Araguas**, Vicente, “Un ano máis (ou talvez menos)”, *Diario de Arousa*, “Letras Galegas”, 17 maio 2014, p. 31.

Saliéntase a grave situación á que se enfronta ano tras ano a literatura galega e, ao mesmo tempo, reivindícase que a Real Academia Galega dedique o Día das Letras Galegas a Ricardo Carvalho Calero.

**Arias**, Cristina, “A hostalería guitiricense presenta dous viños na honra de Díaz Castro”, *El Progreso*, “A Chaira”, 17 maio 2014, p. 24.



Indica que o sector hostaleiro de Guitiriz presentou o mención “Nimbos” e o godello “Esmeralda” en memoria de Díaz Castro.

**Armesto**, Javier, “O idioma galego e o mito de Penélope”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 17 maio 2014, p. 51.

Deféndese o uso do idioma galego, o seu vitalismo e a riqueza da súa literatura, a pesar de que as estatísticas sobre o seu uso e a edición de libros nesta lingua ofrece cifras negativas.

**Becerra**, Marta, “Los jóvenes dan vida a Díaz Castro”, *El Progreso*, “Lugo”, “El despertador”, 27 maio 2014, p. 6.

Informa que tivo lugar no IES Lucus Augusti a presentación da curtametraxe *Os camiños esquencidos*, realizada por alumnos guitiricenses co gallo de homenaxear o poeta Xosé María Díaz Castro.

**Besteiro**, Nuno, “Proxecto Nimbos, o verso dialoga coa imaxe”, *El Correo Gallego*, “Letras Galegas”, 17 maio 2014, p. 18.

Dáse conta da creación audiovisual *Proxecto Nimbos*, baseado na obra de Díaz Castro. Tamén se fai referencia a que algunhas curtametraxes breves poden ser visionadas na rede e Xurxo Gómez explica a escolla desa obra.

**B. L.**, “Díaz Castro chega ata as estrelas”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Sociedad”, 24 maio 2014, p. 60.

Apunta que a Universidade de Vigo empregou o seu satélite Humsat-D para transmitir en morse varios versos de Xosé M.<sup>a</sup> Díaz Castro, Rosalía de Castro e mais Álvaro Cunqueiro.

**Blanco Torrado**, Alfonso, “A capacidade sandadora do noso pobo”, *Escrita contemporánea*, nº 20, letra V, 2014, pp 29-39.

No contexto dun relatorio sobre a concepción popular dos ritos e reliquias para sandar, inclúense as composicións poéticas de Díaz Castro “A noite é...”, “Terra sucada, poema...”, “Desorballando os prados coma sono”, “¡Celtas! Tiñades os ollos axeitados á medida da verdá...”, “Coma un río quixera ser eu: cantar...” e o texto de Manuel María “Cando o mar foi polo río”. Alúdese a Álvaro Cunqueiro, Manuel Leiras Pulpeiro, Agustín Fernández Paz, Ramón Otero Pedrayo, Florentino López Cuevillas, Xaquín Lorenzo, Vicente Risco, ao grupo Nós e a Manuel María.

**Blanco Torrado**, Alfonso, “A Terra Chá na consideración de Díaz Castro”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “*Día das Letras Galegas*”, 17 maio 2014, p. 4.

Explica a importancia da Terra Chá na poesía de Díaz Castro, así como o feito de que o autor nunca abandonou a súa propia lingua para expresarse.

**Botrán**, Cristina, “Rosalía de Castro e Amipa, a unión dos cinco sentidos”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 885, 12 abril 2014, p. 4.

Faise eco da clausura do proxecto sociocultural formativo Rosalía na que os vinte integrantes expuxeron os seus traballos. Dise que grazas a esta iniciativa, os mozos de Amipa puideron achegarse á figura de Rosalía e á súa obra a través dos cinco sentidos.

**B. Y.**, “Cambados honra as Letras Galegas cunha ofrenda e o Premio Ramón Cabanillas”, *Diario de Arousa*, “*Cambados*”, 17 maio 2014, p. 11.

Enumera os actos que Cambados preparou para celebrar o Día das Letras. Entre as actividades mencionadas están unha ofrenda floral, a entrega do Premio Ramón Cabanillas, concertos, recitais.

**Calveiro**, P., “Teatro, música, danza y humor en la Feira do Libro”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “*Santiago*”, “*Para todos los públicos*”, 26 abril 2014, p. L6.

Dá conta da inauguración da Feira do Libro de Santiago na que participan doce casetas amosando as súas novidades editoriais. Entre as actividades culturais, menciónase o espectáculo poético musical, “*Nimbos*”, en homenaxe a Díaz Castro.

**Calveiro**, P., “Unha primavera poética conmemora o Día das Letras”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “*Santiago*”, “*Para todos los públicos*”, 17 maio 2014, p. L6.

Infórmase dos actos cos que Compostela, Padrón, Ordes, Teo e Dodro celebran o Día das Letras Galegas.

**Carro**, Xavier, “O autor de ‘*Nimbos*’, un home ferido pola beleza”, *Diario de Arousa*, p. 28/ *El Ideal Gallego*, p. 40, “*Letras Galegas*”, 17 maio 2014.

Sitúase a publicación de *Nimbos* nunha época de escasa publicación, pero de excelente calidade literaria. Infórmase de como se achegou á obra e dáse a opinión sobre esta, ao mesmo tempo que se mencionan os temas tratados.

**Castro**, Víctor, “Sada continúa hoy con los actos de Semana Santa”, *El Ideal Gallego*, “*Sada*”, “*Atalaya mariñana*”, 17 abril 2014, p. 18.

Fala de que tivo lugar en Lousame o espectáculo *Retratando a Díaz Castro*, a cargo de Teatro Babaluva, que se encadra dentro do programa Ler Conta Moito da Xunta de Galicia.

**Castro**, Víctor, “Frades vivirá el Día das Letras Galegas con diferentes actos”, *El Ideal Gallego*, “Sada”, “Atalaya mariñana”, 17 maio 2014, p. 20.

Anuncia as actividades previstas no concello de Frades para celebrar o Día das Letras Galegas, entre as que salienta os espectáculos *O cociñeiro Antón e a pasteleira Tomasa* e *Animalario fantástico* e oito obradoiros creativos baixo o nome “O lapis máximo” a cargo do Concello de Frades e o programa “Ler conta moito” da Xunta de Galicia.

**C. B.**, “Loas de Alonso Montero e Neira Vilas á defensa do galego no CEIP O Foxo”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 855, 12 marzo 2014, p. 7.

Alúdese a unha visita de Xesús Alonso Montero, Xosé Neira Vilas e Valentín García ao CEIP O Foxo. Dise que o presidente da Real Academia Galega plantou unha árbore no recital de versos de Díaz Castro e gabou o traballo a favor do galego que leva a cabo o centro.

**C. B.**, “Velada literaria e musical en Teo para Díaz Castro”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 915, 13 maio 2014, p. 4.

Entre outros eventos, salientase unha velada literaria e musical que terá lugar no Centro Sociocultural de Cacheiras, en Teo, na que exercerá de fio condutor a obra de Xosé María Díaz Castro, acto que se pechará coa proxección do documental *O instante eterno*.

**C. B.**, “O Pérez Viondi homenaxea as nosas verbas”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 916, 14 maio 2014, p. 4.

Dáse noticia dos actos do colexio estradense Pérez Viondi polo Día das Letras Galegas.

**C. F.**, “Pétalos, letras y artes, protagonistas de Cuntis en Flor”, *Diario de Pontevedra*, “Cuntis en flor”, 15 maio 2014, p. 19.

Infórmase das variadas actividades que acolle Cuntis no Día das Letras Galegas. Entre as mencionadas está unha ofrenda floral a Roberto Blanco Torres.

**C. G.**, “La Casa de Koli celebrou o Día da Familia e o Día das Letras Galegas”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 20 maio 2014, p. 20.

Comenta que a Escola Infantil La Casa de Koli en Santiago de Compostela celebrou unha xornada dedicada ao Día da Familia e ao Día das Letras Galegas.

**Cochón**, Luís, “Nimbos, dominio da elexía”, *Diario de Ferrol*, “*Letras Galegas*”, 17 maio 2014, p. 36.

Faise unha reflexión sobre a temática e o “eu lírico” de *Nimbos*, así como da importancia do termo “nai” e “insua” na obra.

**C. P. R.**, “La fundación Barrié premia un proyecto sobre Díaz Castro del IES de Guitiriz”, *El Progreso*, “A Chaira”, 15 xaneiro 2014, p. 17.

Faise eco de que o proxecto *Tralas pegadas de Díaz Casto* do IES Poeta Díaz Castro de Guitiriz recibiu un premio da Fundación Barrié. Acto seguido explícanse cales son os obxectivos do plan.

**C. P. R.**, “Os versos de Díaz Castro, musicados por 2nafronteira”, *El Progreso*, “A Chaira”, 24 xaneiro 2014, p. 18.

Dáse conta de que o dúo “2naFronteira” ten a intención de musicar quince poemas de Díaz Castro no disco *Zapatiños para Díaz Castro*.

**C. P. R.**, “La exposición ‘Nimbos de luz’ dará a conocer a Díaz Castro en doce localidades”, *El Progreso*, “A Chaira”, 10 febreiro 2014, p. 14.

Infórmase de que con motivo do centenario do nacemento de Díaz Castro o Concello de Guitiriz e Xermolos presentarán a exposición “Nimbos de luz”, que recorrerá doce localidades galegas durante o ano. Tamén se dá conta do contido da mostra e doutras actividades que se desenvolverán en Guitiriz.

**C. P. R.**, “O instante eterno”, sobre Díaz Castro, se proyecta en Guitiriz”, *El Progreso*, “A Chaira”, 22 febreiro 2014, p. 21.

Anúnciase o segundo pase, na Casa Habanera de Guitiriz, do documental de Xosé Antón Cascudo “O instante eterno”, que retrata a vida e obra do poeta.

**C. P. R.**, “O IES Poeta Díaz Castro grava nos Vilares unha película sobre o escritor”, *El Progreso*, “A Chaira”, 27 abril 2014, p. 24.

Comenta que o IES Poeta Díaz Castro de Guitiriz rende unha homenaxe ao escritor que dá nome ao centro e ao que se lle dedica o Día das Letras Galegas cunha película intitulada *Os camiños esquecidos*.

**C. P. R.**, “El Iescha y el IES Basanta Silva colaboran en tres actividades por las Letras Gallegas”, *El Progreso*, “A Chaira”, 5 maio 2014, p. 10.

Dá conta que o Instituto de Estudios Chairegos (Iescha) e o IES Santiago Basanta Silva de Vilalba colaboran na organización de tres actividades co gallo de conmemorar o Día das Letras Galegas: o espectáculo *Contos que non falten*, a cargo de Celso Sanmartín, a proxección do documental *O instante eterno*, de Xosé Antón Cascudo e un espectáculo teatral ao redor de *Memorias dun neno labrego*, por parte de Cándido Pazó.

**C. P. R.**, “El IES de Guitiriz hará un recital poético musical el día 14 en el campo de la feria”, *El Progreso*, “A Chaira”, 9 maio 2014, p. 16.

Informa que o IES Poeta Díaz Castro de Guitiriz conmemorará o Día das Letras Galegas cun recital poético-musical no campo da feira.

**C. P. R.**, “A pervivencia do mundo do poeta”, *El Progreso*, “A Chaira”, 15 outubro 2014, p. 19.

Dáse conta da homenaxe a Xosé M.<sup>a</sup> Díaz Castro organizada pola Deputación de Lugo na que se presentaron un libro, a composición *Fulguración e silencio*, de Xavier R. Barrio, unha escultura que marca o comezo da “Ruta da Pedra” e a curtametraxe *A máquina tipográfica*.

**C. P. R.**, “Xermolos busca apoyos para frenar el deterioro de la casa natal de Díaz Castro”, *El Progreso*, “A Chaira”, 11 decembro 2014, p. 25.

Coméntase a intención de recoller firmas para arranxar a casa natal de Díaz Castro. Indícase que con financiamento pasaría a ser un museo onde se poida observar o legado do escritor e un lugar de encontro e estudo da súa obra. Infórmase da importancia de preservar a figura do poeta.

**C. R.**, “Investigadoras achegan a figura de Díaz Castro a nenos sordos”, *Atlántico Diario/ La Región*, “Universitas”, 22 maio 2014, p. 4.

Apunta que as investigadoras do Grupo de investigación de Lingua Española e Linguas Signadas gravaron cinco vídeos co gallo de difundir entre os máis novos a figura de Xosé María Díaz Castro en linguaxe de signos.

**Creo, C.**, “Música, bailes e charlas para conmemorar o Día das Letras en Boqueixón”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 926, 24 maio 2014, p. 6.

Nota na que se informa dos actos celebrados en Boqueixón co gallo do Día das Letras Galegas.

**C. V.**, “Verbas en galego en lembranza de Díaz Castro”, *Diario de Arousa*, “Vilagarcía”, 17 maio 2014, p. 5.

Informa das actividades realizadas nos centros educativos de Vilagarcía co gallo de celebrar o Día das Letras Galegas.

**Dacosta**, Henrique, “A auréola do poeta chairego”, *Diario de Ferrol*, “*Letras Galegas*”, 17 maio 2014, p. 43.

Infórmase da vida e da obra de Díaz Castro, especialmente de *Nimbos*, da que se explica a estrutura e a temática.

**David**, Juan, “Cita do CCG coa palabra, a música e a poesía no Concerto das Letras”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 10 maio 2014, p. 52.

Dáse conta da presentación do concerto que organiza o Consello da Cultura Galega para celebrar o Día das Letras. Dise que nesta ocasión será en Lugo e nel poderá escoitarse o poema “Penélope”, musicado por Octavio Vázquez. Menciónanse breves datos biográficos do compositor e cítanse as agrupacións musicais participantes.

**Des Balboa**, Carlos, “Díaz Castro e Compostela”, *El Correo Gallego*, “*Letras Galegas*”, 17 maio 2014, pp. 10-14.

Infórmase da presenza de Santiago de Compostela na obra de Díaz Castro, das súas imaxes, temas e influencias, ofrecendo varias fotografías e ilustracións relacionadas co poeta homenaxeado.

**Dopico**, Montse, “Fronte á desmemoria”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 502, “Reportaxe”, 29 maio 2014, p. VII.

Céntrase na descrición de tres documentais biográficos centrados nas figuras de Alexandre Bóveda: *A fazaña da liberdade*, de Xosé M.<sup>a</sup> Díaz Castro; *O instante eterno* e mais de Paz Andrade, *Deconstruíndo a Paz-Andrade*.

**Dopico Valle**, Julia M.<sup>a</sup>, “Nas Letras Galegas”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “Crónica cultural”, 18 maio 2014, p. 15.

Alúdese a que o instituto Illa de Sarón celebra o Día das Letras Galegas cunha actuación do cantautor Xoan Rubia acompañado do guitarrista Daniel Adzemian.

**ECG**, “Recital dramático en homenaje a Xosé M.<sup>a</sup> Díaz Castro”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 13 maio 2014, p. 24.

Refírese que os alumnos de certos institutos de Santiago de Compostela asistiron no Auditorio do Concello a un recital dramatizado sobre o homenaxeado no Día das Letras que se encargou de organizar Normalización Lingüística.

**ECG**, “Cita na biblioteca por Díaz Castro”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 921, 19 maio 2014, p. 5.

Dáse noticia dunha actividade que tivo lugar polo Día das Letras Galegas na biblioteca municipal de Ordes, na que decenas de nenos e nenas gozaron co relato *O viaxe dunha gota de auga*.

**E. G.**, “Obras de Xosé M<sup>a</sup> Díaz Castro y de otros autores gallegos en la feria del libro”, *Faro de Vigo*, “Baixo Miño”, “Área metropolitana”, 16 maio 2014, p. 16.

Dá conta da celebración da XVII Feira do Libro Galego de Tui que contou ademais con concertos ou recitais. Dise que entre as obras presentes están as de Díaz Castro, que ao igual que as doutros autores se poderán adquirir con descontos.

**Elvira**, Sol, “Cultura achega a obra e figura de Díaz Castro ata o Proxecto Home”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 930, 28 maio 2014, p. 7.

Indícase que o secretario xeral de Cultura realizou unha visita institucional ao Proxecto Home de Val do Dubra onde impartiu un relatorio sobre Xosé M.<sup>a</sup> Díaz Castro.

**E. P.**, “El documental ‘Nimbos de Poesía’ visualiza a Díaz Castro”, *Faro de Vigo*, “Tv/Espectáculos”, 1 marzo 2014, p. 63.

Infórmase de parte da programación que a Xunta de Galicia ten preparada para o Día das Letras Galegas. Sinálase que o documental *Nimbos de poesía*, que en 1987 dirixiu Xulio Xiz Ramil, remasterizouse para emitir. Indícase que nel Díaz Castro relata as súas vivencias dende a nenez, á vez que fai un recital da súa poesía.

**E. P.**, “Valentín García: ‘Con cuatro palabras, Díaz Castro te mete en un mundo complejo’”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 12 maio 2014, p. 17.

Sinálase a loa que Valentín García fixo de Díaz Castro nunha entrevista destacando a súa calidade literaria e a súa entrega á lingua galega.

**Estrada**, J., “Cento sesenta nenos de Cerceda xogan na xincana de Díaz Castro”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 910, 8 maio 2014, contracuberta.

Comenta que tivo lugar en Cerceda unha xincana sobre Xosé María Díaz Castro, ao que se lle dedica o Día das Letras Galegas. Apunta a intención da Consellería de Cultura e Educación de achegar os rapaces ao homenaxeado dun xeito lúdico e interactivo.

**Figueroa**, R., “Presentan en Madrid un documental sobre la vida de Díaz Castro”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 24 maio 2014, p. 43.

Dáse noticia da presentación e posterior proxección do documental *O instante eterno* arredor do homenaxeado o Día das Letras Galegas na Casa de Galicia en Madrid.

**Formoso**, Susana, “Penélope xa fala xaponés”, *El Correo Gallego*, “*Letras Galegas*”, 17 maio 2014, p. 7.

Saliéntase que o antropólogo Tadashi Yamamoto traduciu “Penélope” ao xaponés, salvando as diferenzas culturais e lingüísticas. Ademais, adiántase a futura tradución de *Memorias dun neno labrego* ao idioma nipón.

**Fraga**, Xesús, “A poesía e as traducións de Díaz Castro chegan ás librerías”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 28 abril 2014, p. 24.

Dá conta da próxima publicación por parte de Galaxia da obra completa de Díaz Castro nun volume colectivo ao coidado de Armando Requeixo. Indícase que ademais de ser inédito parte do material que inclúe, tamén o é o que conforma o libro *Sombras radiantes y otros poemas*, que recolle a súa produción en castelán. Tamén informa sobre unha nova edición de *Nimbos* da cargo de Galaxia e de dous volumes do Consello da Cultura Galega que reflicten a faceta do autor como tradutor.

**Franco**, F., “Requeixo: ‘Díaz Castro foi home poliédrico, tan interesante poeta como tradutor’”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 13 maio 2014, p. 33.

Salienta a celebración da mesa redonda “Xosé María Díaz Castro. A beleza que fere” na que participaron Xosé Luís Méndez Ferrín, Manuel Bragado, Luís G. Tosar e Armando Requeixo.

**Franco**, Fernando, “Rapeando a Díaz Castro”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 16 maio 2014, p. 10.

Infórmase de que Xesús Alonso Montero falará en Saxamonde da relación de Marx, Carlos Lessner e Díaz Castro. Ademais, dise que se celebrará un recital poético acompañado de violíns e outro coñecido como “Rapeando a Díaz Castro”.

**Frieiro**, F., “Vilagarcía celebra o Día das Letras emulando unha romería do ano 1926”, *Diario de Arousa*, “Vilagarcía”, 14 maio 2014, p. 9.

Alúdese á presentación en Vilagarcía do concerto que se celebrará o Día das Letras e no que participarán o grupo folclórico O souto de Rubiáns, a banda de música e varios integrantes de coros de Vilagarcía, emulando unha romaría do ano 1926.



**Frieiro**, Fátima, “O mestre de alemán dos ‘ingleses”, *Diario de Arousa*, “Vilagarcía”, 11 abril 2014, p. 8.

Comenta a homenaxe que rendeu Vilagarcía de Arousa a Díaz Castro no Salón García. Apunta que o autor exerceu de mestre durante oito anos na vila e alí se reencontrou co seu amigo Aquilino Iglesia. Con todo, o seu labor como tradutor conduciuno a Madrid, onde desempeñou un cargo de importancia nos contactos da Administración co estranxeiro.

**García**, Javier, “Blanco Torrado. ‘Díaz Castro é unha desas persoas que nos axudan a facer pé”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 4 maio 2014, p. 36.

Blanco Torrado, presidente de Xermolos, fai unha loa de Díaz Castro e da súa obra e anuncia a próxima publicación dos cadernos inéditos *Follas verdes* e *Follas ao aire*.

**García Márquez**, Marta, “As letras galegas póñense o traxe de festa”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 16 maio 2014, p. 14.

Menciónanse as diferentes actividades que se realizarán na Coruña co fin de celebrar o Día das Letras Galegas. Entre as citadas encóntranse: contacontos, obradoiros para nenos e adultos, presentacións de libros, xogos tradicionais...

**Gil**, M., “Unha mostra filatélica, ofrenda floral, poesía e música copan os actos en Noia”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 918, 16 maio 2014, p. 7.

Dá conta do horario no que terán cabida as diferentes actividades culturais coas que o Concello de Noia festexa o Día das Letras Galegas. Entre os actos menciónanse unha exposición filatélica, unha ofrenda floral, a actuación do grupo As Maimiñas e un recital poético.

**Gómez**, J, e P. **Calveiro**, “En galego hoxe, no 2050 e sempre”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Santiago”, 18 maio 2014, p. L9.

Enuméranse as distintas actividades, como un concerto de música ou un recital poético, que acolleu Santiago polo Día das Letras Galegas,.

**González**, Eva, “Libros en la página de la tradición”, *Faro de Vigo*, “Baixo Miño”, “Área metropolitana”, 18 maio 2014, p. 18.

Faise eco das actividades que Tui, Tomiño, A Guarda e O Rosal prepararon co fin de homenaxear a Díaz Castro.

**Iglesias**, Roberto, “Díaz Castro protagonizou o tributo da Ínsua dos Poetas”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 25 marzo 2014, p. 41.

Dáse conta de que no centro PEN do Carballiño se celebrou o “Día da Poesía, a Árbore e a Auga” centrándose en *Nimbos*. Coméntase que o acto literario estivo acompañado da plantación de árbores e dunha ofrenda floral.

**Jaureguizar**, “Armando Requeixo asegura que Díaz Castro é ‘un continente que descubrir’”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Literatura galega”, 28 marzo 2014, p. 61.

Faise eco da comunicación de Armando Requeixo sobre a vida e obra de Xosé María Díaz Castro na revista *Pazo das Musas*, que se desenvolveu no Museo Provincial de Lugo. Cítanse os datos máis salientábeis do seu discurso.

**Jaureguizar**, “Una muestra enseña en Lugo el lugar donde nació la poesía de Díaz Castro”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 13 maio 2014, p. 39.

Anúnciase a inauguración da exposición “Unha ínsua para Díaz Castro” que pretende reflectir o “Universo” de Díaz Castro a través de oito módulos. Sinálase que a mostra se verá completada por unha videodanza de Ruth Balvís e que se poderá asistir a dúas visitas guiadas.

**Jaureguizar**, “Besteiro louva as ‘sensacións’ dunha exposición sobre Díaz Castro en Lugo”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Letras Galegas”, 14 maio 2014, p. 61.

Infórmase da inauguración dunha mostra que reproduce o lugar natal de Díaz Castro na Capela de Santa María. No acto, J. R. Gómez Besteiro loou o bo traballo da exposición por evocar sensacións.

**Jaureguizar**, “A RAG louva que Xosé María Díaz Castro ‘lle fala coa súa lingua a todo o mundo’”, *El Progreso*, “Vivir”, “Día das Letras Galegas”, 18 maio 2014, p. 44.

Dáse conta da celebración da sesión extraordinaria da Real Academia Galega en que interviñeron Xosé Luís Regueira, Xosé Luís Franco Grande e Darío Xohán Cabana reflexionando sobre o carácter popular da lingua poética do homenaxeado, sobre a función da “luz” na súa obra, a importancia do mundo clásico e sobre o uso da métrica ao servizo das emocións.

**Jaureguizar**, “Paredes: ‘O que importan nas Letras Galegas non é o poeta, son os amigos’”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 30 maio 2014, p. 60.

Comenta que Xesús Rábade Paredes vén de presentar en Lugo o seu libro *Sobre ruínas* e indica que o escritor tamén se detivo na obra de Xosé M.<sup>a</sup> Díaz Castro, apuntando que moita da súa poesía bebe de Aquilino Iglesia Alvariño

**J. F.**, “Las Letras Galegas multiplican a Díaz Castro”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Patio de vecinos”, 13 maio 2014, contracuberta.

Menciona o concerto e a dramatización que os músicos Santi Cribeiro e Héctor Lorenzo e o actor Serafín Marcos ofreceron ao alumnado dalgúns colexios de Santiago no Auditorio do Concello sobre o homenaxeado no Día das Letras Galegas.

**J. F.**, “Versos de Díaz Castro en la bolsa de la compra”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Patio de vecinos”, 14 maio 2014, contracuberta.

Dáse noticia de que o conselleiro de Cultura e o presidente da Real Academia Galega, entre outras personalidades, visitaron o Eroski Center da Choupana, en Santiago de Compostela, nun acto simbólico polo Día das Letras. Infórmase de que este grupo comercial distribuirá material divulgativo de Díaz Castro e máis dun millón de bolsas cunha estrofa do poemario *Nimbos*.

**Llano**, Juan, “O orgullo pola lingua enche as rúas da cidade”, *La Región*, “Ourense”, “Día das Letras Galegas”, 18 maio 2014, p. 16.

Cítanse as diversas actividades que acolle Ourense para conmemorar a figura de Díaz Castro no Día das Letras Galegas.

**L. F.**, “El arte sedujo a José Segade a los 80 años”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Patio de vecinos”, 3 maio 2014, contracuberta.

Dáse conta, entre outras cousas, das actividades alternativas que se están a celebrar na Feira do Libro de Santiago de Compostela, entre as que se salienta un taller de contacontos promovido pola biblioteca Ánxel Casal, no que se escenificaron os relatos *Os petos de Loreto*, *Veo, veo* e *Coelliño branco*.

**L. F.**, “Vilagarcía inicia os festexos polo Día das Letras Galegas”, *Diario de Arousa*, “Vilagarcía”, 16 maio 2014, p. 8.

Infórmase do comezo dos festexos do Día das Letras Galegas en Vilagarcía con actividades arredor de Díaz Castro, tales como un concerto de Elena Rodríguez, a representación do espectáculo “Fala Xosé”, a realización de xogos dramatizados, unha mostra sobre a vida e obra do autor e un espectáculo para escolares baseados nos seus poemas.

**López**, Ana, “Actos na rúa, exposicións, concertos e actividades para tódalas idades para celebrar o 17 de maio en Pontevedra”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Letras Galegas 2014”, 17 maio 2014, p. 66.

Comenta todas as actividades culturais que Pontevedra ten preparadas para festexar o

Día das Letras Galegas. Entre as citadas están un recital poético, contacontos, obradoiros poéticos con actividades para todos os públicos, unha mostra de toponimia e un concerto da Banda de Música de Salcedo e outro de Amancio Prada.

**López**, Belén, “O poeta Xosé María Díaz Castro volve a Pontevedra da man de ‘Nimbos de luz’”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 27 marzo 2014, pp. 58-59.

Anúnciase a chegada da exposición “Nimbos de luz” a Pontevedra acompañada do documental “O instante eterno”. Ademais de informar do prazo no que se pode divisar na cidade e noutros centros, achéganse uns breves datos biográficos do autor e da súa obra.

**López**, Belén, “Pontevedra marca en vermello o 17 de maio”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, “Día das Letras Galegas”, 18 maio 2014, p. 82.

Menciónanse as actividades coas que Pontevedra celebrou o Día das Letras Galegas, como o concerto de Amancio Prada, e a manifestación organizada por Queremos galego!

**López**, Chechu, “Diversas actividades culturales animaron el Día das Letras Galegas”, *Diario de Arousa*, “O Barbanza”, 18 maio 2014, p. 21.

Destácase a boa acollida que edición tras edición teñen a Festa de 1906 e a Romaría das Letras en Boiro e no Pazo de Goiáns desta localidade. Dise que estiveron acompañadas de actividades paralelas.

**López**, Uxía, “Rois dedica un telexornal en directo ás Letras Galegas”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Comarcas”, 9 abril 2014, p. L8.

Infórmase de que os alumnos do Centro Público Plurilingüe Integrado de Os Dices se trasladan á Cidade da Cultura para emitir en directo a través de internet un telexornal dedicado a Díaz Castro. Coméntase que inclúe entrevistas gravadas con persoas que coñecen a obra do autor.

**López Silva**, Xosé Antonio, “Díaz Castro e o mundo clásico. Un achegamento íntimo”, *Diario de Ferrol*, “Letras Galegas”, 17 maio 2014, p. 44.

Saliéntase a importancia que acolleu o mundo clásico na obra de Díaz Castro grazas á influencia de diferentes autores dos que o autor tomou ecos, temas ou motivos.

**M. A. C.**, “Letras Galegas anticipadas para nenos”, *Diario de Pontevedra*, “Poio”, “Comarca”, 16 maio 2014, p. 11.

Comenta a xornada coa que os alumnos das escolas infantís de Poio celebraron o Día das Letras Galegas.

**Malvido**, Gemma, “Música e contos polas letras galegas”, *La Opinión*, “A Coruña”, 17 maio 2014, p. 11.

Cítanse as diferentes actividades que a Cidade da Cultura ten preparadas para celebrar o Día das Letras. Entre as nomeadas están algún concerto, unha sesión de contacontos, a presentación dunha obra, unha palestra en defensa do idioma, unha charla de Alfonso Blanco e a concesión do Premio Rosalía.

**Manteiga**, M., “Premios na capital barcalesa e lírica en Brión no mes da literatura galega”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 910, 8 maio 2014, p. 7.

Entre as actividades programadas polo Concello de Brión para celebrar o mes das Letras Galegas 2014, anúnciase a presentación do libro *Fóra de portas* na sala de exposicións municipal.

**Manteiga**, M./ S. **Formoso**, “Ames inicia o programa das Letras cunha solta de libros”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 905, 3 maio 2014, p. 6.

Dá conta das actividades que Ames e Melide preparan para celebrar o Día das Letras Galegas. Ames celebra o Día do Libro e Melide organiza contacontos, exposicións, concursos e promocións do galego a través da obra de Díaz Castro.

**Martínez**, Cecilia, “Marín medra entre poemas’ reunirá a unos 40 colectivos e institucións”, *Diario de Pontevedra*, “O Morrazo”, “Marín”, 30 abril 2014, p. 13.

Anuncia a iniciativa “Marín medra entre poemas”, que ten como obxectivo achegar a poesía de autores galegos ao público na Alameda. Indica que os responsábeis do proxecto son corenta entidades que contaron co apoio dos veciños e dos partidos políticos. Tamén se sinala que o Concello se implica na idea colocando no balcón do consistorio unha pancarta cun texto de Díaz Castro.

**Mauleón**, Amaia, “Doscientos poemas inéditos en gallego de Díaz Castro ven la luz 80 años después”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, p. 40/ *La Opinión*, “Sociedad, cultura y ocio”, p. 28, 28 febreiro 2014.

Dáse conta de que Armando Requeixo presentou a súa tese baseada na obra de Díaz Castro e infórmase dos integrantes do tribunal e de aspectos de interese sobre a vida e obra de Díaz Castro, tanto de man de Claudio Rodríguez Fer como do doutorando.

**M. G.**, “O Liceo organiza un recital poético e música e humor”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 917, 15 maio 2014, p. 4.

Coméntanse algúns dos actos que terán lugar no Liceo de Noia polo Día das Letras Galegas, entre os que se salienta un recital poético dramatizado no que dez poetas galegos dialogarán arredor do mar e a entrega do premio do X Certame de Relatos.

**M. G.**, “O pazo Goiáns acolle a IV Romaría das Letras no Barbanza”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 917, 15 maio 2014, p. 5.

Refírese o comezo da IV Romaría das Letras do Barbanza e dáse conta de diversas actuacións musicais que abren o programa.

**M. G.**, “Exposición filatélica para conmemorar la fiesta literaria”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 921, 19 maio 2014, p. 5.

Dáse noticia da exposición inaugurada polo Grupo Filatélico de Noia na casa da cultura da localidade coincidindo co Día das Letras. Infórmase de que inclúe máis dun millar de selos.

**M. G.**, “Veciños de Esteiro volven a homenaxear a Xosé Agreló”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 928, 26 maio 2014, p. 5.

Faise eco dunha homenaxe en forma de ofrenda floral a Xosé Agreló Hermo na alameda de Muros, a modo de colofón dos actos das Letras Galegas.

**M. G. M.**, “A festividade, lectura, poesía, cóctel, concerto e moita literatura”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 18 maio 2014, p. 13.

Infórmase das distintas actividades que se desenvolveron na Coruña co fin de celebrar o Día das Letras Galegas.

**M. J. R.**, “Marcial Calvo: ‘Díaz Castro era muy inteligente, destacaba entre nosotros’”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, 9 abril 2014, p. 15.

Marcial Calvo Hermida, compañeiro de Díaz Castro no Seminario de Mondoñedo, recorda a súa mocidade no centro e loa a superioridade intelectual que xa naquel momento posuía o homenaxeado en comparación co resto de compañeiros.

**M. M. O.**, “Conferencia sobre Díaz Castro para el IES de Negreira”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 804, 20 xaneiro 2014, p. 7.

Anúnciase unha conferencia de Armando Requeixo sobre Díaz Castro no IES de Negreira, intitulada “Xosé María Díaz Castro, a beleza que fere”.

**Moure**, Laura, “Ofrenda floral con música y recital poético para homenajear a Rosalía”, *Diario de Pontevedra*, “O Morrazo”, “Marín”, 8 maio 2014, p. 16.

Sínálase que o Club de Opinión Portocelo celebra o Día das Letras co concerto e recital “Recordando a Rosalía” en que participan o grupo de cantareiras “As Chaneiras”, o gaiteiro Adrián e o coro Thalassa. No acto tamén ten cabida unha ofrenda floral perante o monumento da escritora.

**Moure**, Laura, “Queremos Galego Marín celebra su particular Día das Letras Galegas con exposiciones”, *Diario de Pontevedra*, “O Morrazo”, “Marín”, 13 maio 2014, p. 14.

Infórmase dos actos que a Asociación Queremos Galego ten preparados para o Día das Letras. Menciónase a inauguración dunha exposición plástica, as presentacións de “Coa lingua na terra” e de “O bicheiro: menudo día”.

**M. R.**, “Un trabajo del Ceip Lagostelle sobre Díaz Castro será expuesto en 2.000 lugares”, *El Progreso*, “A Chaira”, 28 febreiro 2014, p. 16.

Indícase que o CEIP Lagostelle de Guitiriz gañou o Concurso-Exposición Letras Galegas 2014, que convocou a Consellería de Cultura e Educación, polo seu traballo *Esmeralda* sobre a figura de Díaz Castro. Sínálase que será exposto en máis de 2.000 puntos da xeografía galega.

**M. T.**, “Exposición sobre a vida de Díaz Castro en Dubra”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 914, 12 maio 2014, p. 5.

Alude á exposición arredor da biografía de Díaz Castro na casa da cultura do concello do Val do Dubra, entre outras actividades.

**M. T.**, “Xogos cun poema do homenaxeado nas Letras Galegas”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 914, 12 maio 2014, p. 5.

Refírese, entre outras cousas, a unha actividade para nenos de 4 a 12 anos que terá lugar na biblioteca de Touro e que consistirá nun xogo de crear unha paisaxe a partir da poesía *Esmeralda* de Xosé María Díaz Castro.

**M. T.**, “Boqueixón acolle hoxe o festival a Xosé Díaz Castro”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 918, 16 maio 2014, p. 6.

Anúncianse algúns dos actos que acollerá a Casa da Cultura de Camporrapado de Boqueixón co gallo do Día das Letras Galegas.

**MVI**, “Non houbo tempo mellor”, *El Progreso*, “Vivir”, 18 maio 2014, p. 45.

Dá conta da celebración do acto institucional en honra de Díaz Castro, fixándose na intervención de Núñez Feijóo na que destacou a boa situación na que se atopa a lingua galega na actualidade debido á ampla presenza en diferentes ámbitos.

**Ocampo**, Carlos, “Un poeta nas nubes”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de la escuela*”, n.º 1.154, “Literatura”, 14 maio 2014, p. 6.

Faise un percorrido pola biografía de Díaz Castro dende o seu nacemento, a súa estancia en Mondoñedo, Arousa e Madrid, os seus comezos como escritor e os éxitos obtidos até a súa xubilación e posterior pasamento en 1990.

**Ocampo**, E., “O programa das Letras Galegas lembra ao poeta Díaz Castro cun centenar de actos”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, p. 38/ *La Opinión*, “Sociedad, cultura y ocio”, p. 32, 15 febreiro 2014.

Dáse conta da presentación de máis dun centenar de actividades culturais que a Xunta de Galicia organizará con motivo do Día das Letras. Cítanse algúns dos actos previstos que serán levados a cabo por centros escolares, editoriais, asociacións, bibliotecas e pola CRTVG. Finalmente, infórmase do documental *O instante eterno* e do obxectivo que persegue.

**Ocampo**, E., “Díaz Castro arranca as Letras con imaxe e música”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, p. 35/ *La Opinión*, “Imaxe e música para Díaz Castro”, “Sociedad, cultura y ocio”, p. 32, 10 maio 2014.

Infórmase dos diferentes actos que están previstos para o Día das Letras. Anúnciase que o Consello da Cultura Galega homenaxeará a Díaz Castro cun concerto no que se poderá escoitar o poema musicado “Penélope” a cargo da Real Filharmonía de Galicia en colaboración co grupo vocal Sólo Voces e o Collegium Compostellanum. Dise que a TVG difundirá dúas pezas audiovisuais baseadas nos versos da súa obra. Tamén se dá conta da exposición “51 páxinas das nosas letras”.

**Ocampo**, E., “Díaz Castro, o poeta políglota”, *La Opinión*, “Sociedad, cultura y ocio”, 17 maio 2014, p. 34.

Destácase a faceta de Díaz Castro como tradutor e a calidade da súa obra. Ademais, menciónanse algunhas actividades que están organizadas co fin de celebrar o Día das Letras Galegas.

**Ocampo**, E., “Homenaxe a Díaz Castro, o poeta políglota”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 17 maio 2014, p. 41.

Repásase brevemente a biografía de Díaz Castro, incidindo na súa capacidade para coñecer trece linguas. Finalmente, infórmase dos idiomas aos que se está traducindo *Nimbo*s.



**Palacios**, Xosé María, “Libros, documentais, cómics e rutas lembrarán a Díaz Castro”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 13 xaneiro 2014, p. 27.

Dá conta dunha relación das distintas actividades culturais que terán como protagonista a Díaz Castro na súa comarca natal. Entre as citadas están a edición e proxección de documentais, a reedición de *Nimbos*, a edición da poesía galega completa, un CD coa súa obra, a reedición dun cómic, unha fotobiografía, así como a inclusión dos seus textos en diferentes ámbitos.

**Palacios**, Xosé María, “Guitiriz lembra ao ‘inmortal’ Díaz Castro cen anos despois”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 20 febreiro 2014, p. 39.

Alude á celebración dunha ofrenda floral en honra de Díaz Castro en Guitiriz e tamén menciona algunhas das actividades realizadas.

**Palacios**, Xosé María, “Galicia reconece a Díaz Castro como poeta ‘que vai permanecer’”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 18 maio 2014, p. 46.

Lembra as intervencións e as actividades que tiveron acolida no seo do acto de homenaxe a Díaz Castro en Guitiriz. Dise que os fillos do homenaxeado agradeceron o recordo da memoria do seu pai, os académicos loaron a súa obra, Luz Pozo recitou un poema e María do Ceo cantou con acompañamento de piano.

**Pérez**, Cristina, “Guitiriz réndelle tributo a Díaz Castro no centenario do seu nacemento”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 20 febreiro 2014, p. 47.

Infórmase de que Guitiriz é o centro das actividades culturais en memoria do centenario do nacemento de Díaz Castro e fálase dos participantes no acto e dalgunha das actividades que realizaron. A seguir, dáse conta da presentación dun estudo sobre a vida e obra do autor realizado por Armando Requeixo e explícase a súa estrutura interna.

**Pérez**, Cristina, “Díaz Castro é lembrado polos seus como ‘un espello no que mirarse’”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Letras”, 15 abril 2014, p. 42.

Dáse conta da presentación das actividades que a Deputación de Lugo ten preparadas co fin de homenaxear a Díaz Castro. Ademais de expoñer algunhas das iniciativas que se levarán a cabo, resúmense as intervencións dalgúns dos participantes no acto.

**Pérez**, Cristina, “A Quenlla réndelle tributo a Díaz Castro na Festa da Fala”, *El Progreso*, “A Chaira”, 19 maio 2014, p. 15.

Destaca a estrea do disco de A Quenlla “Desorballando outonos”, composto por quince pezas musicadas de Díaz Castro. Dise que a cita tamén contou cun recital poético.

**Pérez, Cristina**, “Xermolos e o Concello vencellan os versos e os camiños de Díaz Castro”, *El Progreso*, “A Chaira”, 28 setembro 2014, p. 24.

Alude á presentación dos seis roteiros centrados na figura de Xosé M.<sup>a</sup> Díaz Castro e que se denominan “Os camiños de Díaz Castro”. Indica que nese acto dos cantos se comentaron os seis percorridos que contan con apoio de información virtual.

**Pérez, Cristina**, “Xermolos idea a colección ‘Os Apeiros’ para recoller a creación sobre Díaz Castro”, *El Progreso*, “A Chaira”, 4 decembro 2014, p. 16.

Dáse conta de que unha colección de cadernos chamada “Os Apeiros” recompilará toda a produción xurdida arredor de Xosé M.<sup>a</sup> Díaz Castro co gallo do Día das Letras Galegas de 2014. Coméntase que non hai data de publicación nin número de cadernos e salientase que “Os Apeiros” está encadrado dentro da campaña “Letras Sempre” co que a asociación Xermolos quere espallar os valores de Xosé M.<sup>a</sup> Díaz Castro por todas as comarcas galegas.

**Pernas, Patricia**, “É mérito da xente de Guitiriz”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Letras Galegas”, 15 maio 2014, p. 67.

Infórmase do contexto no que se enmarca o nacemento e mocidade de Díaz Castro e recóllense as descrições dos fillos do autor, sobre o carácter do seu pai e sobre o desexo de formar os fillos. Finalmente, agradecen o agarimo dos veciños de Guitiriz e de todos os investigadores que se fixaron na obra de Díaz Castro.

**Pernas, Patricia**, “Díaz Castro es para los niños un hombre ‘bastante listo’ que habla un buen gallego”, *Diario de Arousa*, p. 28/ *Diario de Ferrol*, p. 27/ *El Ideal Gallego*, p. 28, “Galicia”, 16 maio 2014.

Recolle as impresións de alumnos de Guitiriz sobre o poeta Xosé María Díaz Castro e tamén as de Anxo Lorenzo, quen considera que a Real Academia Galega optou pola calidade e non pola cantidade á hora de elixir o homenaxeado.

**Pernas, Patricia**, “Era un señor listo cun bo galego”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Letras Galegas”, 16 maio 2014, p. 60.

Comenta as iniciativas dos centros educativos de Guitiriz para homenaxear a Xosé María Díaz Castro, caso do proxecto “Mensaxeiros Nimbos”, que tenta difundir a obra do poeta noutros países, e a produción audiovisual *Os camiños esquencidos*.

**Pernas, Patricia**, “O noso pai coñecía todos os contos”, *El Correo Gallego*, “Letras Galegas”, 17 maio 2014, p. 6.

Lémbrense as achegas que Díaz Castro fixo como tradutor e colaborador en proxectos literarios de promoción das linguas e literaturas galega e castelá. Ademais de ofrecer uns breves datos biográficos do homenaxeado e da súa familia, os seus fillos agradecen o recoñecemento que Galicia lle brinda ao seu pai.

**Ponte Far**, José A., “Un paseo pola poesía galega”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de la escuela*”, n.º 1.154, “Poesía”, 14 maio 2014, pp. 4-5.

Recóllese unha breve mostra poética que pretende ser representativa do que se escribiu e se escribe no panorama galego. Entre os autores seleccionados están Luís Amado Carballo, Álvaro Cunqueiro, Pilar Pallarés, Xosé María Díaz Castro, Darío Xohán Cabana, Xulio L. Varcárcel, Luz Pozo Garza...

**Porto**, Gabino, “Postulan a Peinador Lines para el Día das Letras Galegas 2015”, *Faro de Vigo*, “Condado”, “Paradanta”, 25 maio 2014, p. 17.

Detállase que o concello de Mondariz Balneario lle propondrá á Real Academia Galega que o Día das Letras Galegas de 2015 se lle dedique a Enrique Peinador Lines.

**Pousa**, Luís, “Galicia reivindica a Xosé María Díaz Castro en Buenos Aires”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 27 abril 2014, p. 46.

Infórmase da presenza da poesía de Díaz Castro na Feira do Libro de Bos Aires e das actividades que se teñen programadas.

**Raimundo**, J. L., “Galicia rinde homenaje ‘a la palabra’ en el día de sus letras”, *Diario de Ferrol*, “Galicia”, 17 maio 2014, p. 22.

Dá conta do acto institucional que tivo lugar en Guitiriz con motivo do Día das Letras e resúmese a intervención de Núñez Feijóo na que fai alusión ao homenaxeado e á boa situación da lingua galega.

**Ramos**, J. M., “Títeres e unha mostra en homenaxe a Díaz Castro no maio máis literario de Fisterra”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 905, 3 maio 2014, p. 6.

Sínálase que o concello de Fisterra celebrará as Letras Galegas con diferentes actividades culturais como unha exposición sobre Díaz Castro e a súa obra, a representación de monicreques *Mr. Pancho e a última función* e a obra *Memorias das memorias dun neno labrego*.

**Ramos**, J. M., “A Laracha acolle a exposición sobre Xosé M. Díaz Castro ‘Nimbos de luz’”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.103, 21 novembro 2014, p. 6.

Anuncia as datas nas cales estará aberta a exposición na Laracha e comenta brevemente

o acto inaugural, que contou coa presenza de distintas personalidades da política e cultura galegas como Armando Requeixo e Luís González Tosar.

**Ramudo**, José Luis, “Os galegos renden homenaxe á palabra no Día das súas Letras”, *Atlántico Diario*, p. 51/ *La Región*, p. 59, “Sociedad”, “Día das Letras Galegas”, 18 maio 2014.

Salienta a celebración da sesión extraordinaria da Real Academia Galega e do acto institucional que se celebrou con motivo do Día das Letras Galegas. Ademais de facer alusión aos asistentes, resume as intervencións do alcalde da localidade, de Núñez Feijóo e de Alonso Montero.

**Ramudo**, J. L., e P. **Pernas**, “Guitiriz, capital do mundo das palabras”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, p. 45/ *La Opinión*, “Sociedad, cultura & ocio”, p. 37, 18 maio 2014.

Dá conta da celebración do acto institucional en Guitiriz en honra a Díaz Castro. Ademais de describir o desenvolvemento do acto, tamén resume as intervencións de Alberto Núñez Feijóo e de Xesús Alonso Montero.

**Ramudo**, José Luis, “Toda Galicia rende tributo ás letras do poeta Díaz Castro”, *El Correo Gallego*, “Primer plano”, “Día das Letras Galegas”, 18 maio 2014, pp. 8-9.

Infórmase da celebración en Guitiriz do acto institucional en homenaxe a Díaz Castro. Ademais de mencionar algúns dos presentes, resúmese a intervención do presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, do presidente da Real Academia Galega, Xesús Alonso Montero, e do presidente da Deputación Provincial de Lugo Xosé Ramón Gómez Besteiro.

**Raña**, Román, “Deus, música e lapas”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 500, “Letras Galegas 2014”, 17 maio 2014, p. XIV.

Descríbese a poesía de Díaz Castro como metafísica e cargada de misticismo. Menciónanse os temas das súas composicións e considérase a Deus un personaxe misericordioso que pon orde no caos.

**Reboredo**, Arturo, “Lingua Viva divulgará con talleres de teatro la obra del gutiricense Díaz Castro”, *El Progreso*, “Comarcas”, 4 abril 2014, p. 13.

Dáse conta de que “Lingua Viva” divulgará con talleres teatrais para todas as idades a obra de Díaz Castro. Explicanse os obxectivos que se perseguen e a modalidade de formalización da matrícula.

**Regueira**, Mario, “Pemas para un país”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 500, 17 maio 2014, p. XXIII.

Alúdese ao contexto editorial conflictivo ao que tivo que enfrontarse Díaz Castro. Lémbrese que os primeiros volumes publicados, *Nascida d'un sono* e *El Cántico de la Ciudad* viron a luz grazas á imprenta Celta. Coméntase que *Nimbos* representou con posterioridade o paisaxismo e o humorismo cristián que se buscaba na literatura do momento.

**Requeixo**, Armando, “Díaz Castro, escritor múltiple”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “*Día das Letras Galegas*”, 17 maio 2014, p. 5.

Lóase a obra *Nimbos* e recórdanse todas aquelas creacións de Díaz Castro que adoitan quedar esquecidas como os poemarios *Follas verdes* e *Follas ô aire* e a súa faceta de narrador de relatos curtos.

**Requeixo**, Armando, “Díaz Castro nas páxinas de ‘La Noche’”, *El Correo Gallego*, “*Letras Galegas*”, 17 maio 2014, pp. 8-9.

Infórmase da colaboración de Díaz Castro con xornais e revistas, especialmente con *La Noche*, onde incluíu un poema que con posterioridade recollería en *Nimbos*.

**Requeixo**, Armando, “Materia de soles”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 500, “*Letras galegas 2014*”, 17 maio 2014, p. III.

Defínese *Nimbos* como a culminación da andaina poética de Díaz Castro que dera comezo na República e cítanse as causas que poderían explicar que publicase só unha obra en vida.

**Requeixo**, Armando, “O día que Penélope falou ruso”, *Diario de Ferrol*, “*Nordesia*”, p. 32/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, p. 33, n.º 840, “*letras Atlánticas*”, 3 agosto 2014.

Insiste na importancia de poder ler en ruso a obra *Nimbos* de Xosé M.<sup>a</sup> Díaz Castro grazas a Elena Zernova. Comenta que conta cun prólogo de Xesús Alonso Montero e que este é o décimo noveno volume publicado pola Universidade de San Petersburgo en edición bilingüe galego-ruso. Destaca a dificultade de poder atopar algúns destes exemplares.

**R. L.**, “Unha mostra homenaxe a no MIHL de Lugo aos 51 autores do Día das Letras”, *El Progreso*, “*Vivir*”, “*Cultura*”, 12 abril 2014, p. 71.

Dáse conta da inauguración da mostra “51 páxinas das nosas letras” que homenaxe a os cincuenta e un autores do Día das Letras no Museo Interactivo da Historia de Lugo. Explicáanse cales son os contidos da exposición, resúmense as intervencións das autoridades e menciónanse as próximas paradas da exposición.

**R. L.**, “A 32ª Feira do Libro de Lugo comeza o vindeiro martes con dez expositores”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 10 maio 2014, p. 47.

Dise que a 32ª Feira do Libro de Lugo será visitada por varios autores, pero sen esquecer o protagonista do Día das Letras arredor do cal xirarán diferentes actividades.

**R. L.**, “A Real Filharmonía estrea o 16 en Lugo a ‘Penélope’ de Octavio Vázquez”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Letras Galegas”, 10 maio 2014, p. 49.

Infórmase da presentación do concerto organizado polo Consello da Cultura Galega no que se estrea o poema “Penélope” musicado por Octavio Paz. Ademais, dáse conta de todas as outras obras que compoñerán o programa.

**R. L.**, “Queremos Galego celebra un roteiro reivindicativo en Lugo polo 17 de maio”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Letras Galegas”, 14 maio 2014, p. 61.

Explicase en que consistirá e cales son os actores ou autores participantes da celebración reivindicativa que a plataforma Queremos Galego ten preparada para o Día das Letras Galegas en Lugo e noutros emprazamentos.

**R. L.**, “Como festexar con boa letra”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Día das Letras Galegas”, 18 maio 2014, pp. 48-49.

Menciónanse as actividades que se realizaron en Lugo para homenaxear a Díaz Castro por parte de distintos colectivos sociais e culturais da cidade.

**Rodil**, Juan, “Valentín García. ‘Díaz Castro ten unha altura creativa e literaria suprema’”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 14 maio 2014, p. 42.

Valentín García destaca a gran calidade da obra de Díaz Castro e a súa sensibilidade, que logrou adquirir coa súa formación e grazas ao seu traballo como tradutor.

**Rodil**, Juan, “Valentín García sinala a alta calidade creativa e a sensibilidade de Díaz Castro”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Letras Galegas”, 14 maio 2014, p. 60.

Valentín García destaca a alta calidade da obra poética de Díaz Castro e relaciónaa coa súa formación e profesión. Ademais, salienta o sentimento que é capaz de transmitir a súa poesía e o desexo que tiña de escribir nun bo galego.

**Rodríguez**, Ángeles, “De calado místico”, *O SIL*, “Especial Letras Galegas”, “O Autor”, maio 2014, pp. 3-4.

Relaciónase a figura de Díaz Castro coa súa obra e achéganse as visións que teñen sobre a súa poesía Alfonso Blanco, Ricardo Carballo Calero, Xosé Luís Franco Grande e Ramón Villares Paz.

**Rodríguez**, Ángeles, “Lingua, teatro e cinema”, *O SIL*, “*Especial Letras Galegas*”, “Concellos”, maio 2014, p. 5.

Anuncia as actividades previstas no Barco de Valdeorras para celebrar o Día das Letras Galegas, entre as que salienta o concurso de debuxo “Así imaxino Galicia”, a elaboración dun vídeo intitulado “Eu falo así”, a proxección do filme *Arraianos* e a posta en escena *O asombro con Díaz Castro*, a cargo da compañía Fantoques Baj.

**Rodríguez**, Ángeles, “Un poeta singular na posguerra”, *O SIL*, “*Especial Letras Galegas*”, “O Autor”, maio 2014, pp. 2-3.

Resúmese a vida de Díaz Castro, dende que naceu até a morte, facendo alusión máis detallada á súa obra en galego e en castelán.

**Rodríguez**, Lorena, “Díaz Castro, figura central de máis de cen actividades”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 15 febreiro 2014, p. 41.

Informa da presentación do programa de actividades que teñen como figura central a Díaz Castro e menciónanse os diferentes actos.

**Rodríguez**, Lorena, “Vigo acolle a mostra ‘Nimbos de luz’ sobre Xosé M<sup>a</sup> Díaz Castro”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 20 marzo 2014, p. 41.

Dáse conta da inauguración en Vigo da exposición “Nimbos de luz” que se centra na vida e obra de Díaz Castro. Cítanse os distintos lugares nos que se poderá ver e as datas.

**Rodríguez**, P. A., “Los versos de Díaz Castro, ‘una antorcha que sigue encendida’”, *ABC*, “Galicia”, 18 maio 2014, pp. 102-103.

Enuméranse as actividades que se celebraron en Guitiriz para homenaxear a Díaz Castro. Ademais, inclúense as reflexións do presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, e do presidente da Real Academia Galega, Xesús Alonso Montero.

**Rodríguez**, Pablo, “O calendario O Gaiteiro de Lugo reúne poemas inéditos de Díaz Castro”, *El Progreso*, “Comarcas”, 14 xaneiro 2014, p. 12.

Infórmase da presentación do calendario popular *O Gaiteiro de Lugo* que ten como protagonista a Díaz Castro, autor de quen se inclúen algúns textos. Ademais, sinálase a súa tirada e a forma de adquisición.

**Sánchez**, Sandra, “Armando Requeixo dá a coñecer o resultado de 18 anos con Díaz Castro”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, p. 60/ “A tese de Requeixo afonda na lírica de Díaz Castro máis alá de ‘Nimbos’”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, p. 41/ “Armando Requeixo dá a coñecer o resultado de 18 anos con Díaz Castro”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, p. 52, 1 marzo 2014.

Recóllese a lectura da tese de Armando Requeixo *A poesía en galego de Xosé María Díaz Castro: Estudo e edición crítica* na Facultade de Filoloxía da USC. Apúntase que o autor menciona algúns feitos destacábeis da vida e obra que acotío quedan esquecidos.

**Sangiao**, “Inauguran a exposición ‘Nimbos de luz’”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 931, 29 maio 2014, p. 7.

Dáse noticia da inauguración da exposición “Nimbos de luz” no Teatro Principal da Estrada e da xincana lingüística “Díaz Castro na voz da xente”, en que participaron máis de cento cincuenta escolares.

**Sertal**, Carolina, “La I edición de ‘Noites de fadiñas’ rinde homenaje a Xosé María Díaz Castro”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Comarca”, 16 xullo 2014, p. 12.

Comenta que o Concello de Vilaboa e o Pazo de Larache poñen en marcha un proxecto de apoio aos artistas galegos co fin de dar a coñecer as súas obras e como exemplo indica que o dúo “2naFronteira” homenaxeará, o 19 de xullo de 2014, a Xosé M.<sup>a</sup> Díaz Castro coa musicalización e interpretación do poemario.

**S. F.**, “Contacontos para os escolares”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 926, 24 maio 2014, p. 5.

Refírese a unha sesión de contacontos para escolares na biblioteca do Concello de Melide con motivo da conmemoración do Día das Letras Galegas.

**S. N.**, “Lectura de poemas de Díaz Castro”, *La Región*, “Día das Letras Galegas”, 17 maio 2014, p. 6.

Dá conta dos actos que acolle a cidade de Ourense para celebrar o Día das Letras. Entre as actividades mencionadas teñen cabida a música, un recital teatral, unha actuación do Coro Universitario, unha lectura de poemas...

**S. N.**, “O seu poema máis editado”, *La Región*, “Día das Letras Galegas”, 17 maio 2014, p. 8.

Infórmase de que “Penélope” é o poema máis editado e traducido de Díaz Castro e explícase cal é o seu sentido.



S. N., “Concerto de Ugía Pedreira e gala músico-literaria”, *La Región*, “*Día das Letras Galegas 2014*”, 17 maio 2014, p. 9.

Alude ás actividades que a Fundación Vicente Risco ten organizadas para o Día das Letras Galegas. Ademais dunha sesión de contacontos, dise que tamén acolle a presentación “Do teatro ao cinema. Obras dramáticas e guións de Ramón Otero Pedrayo”, de Laura Tato, a proxección de *Noticuario folque* e un concerto. Tamén informa das actividades que organizou o concello de Verín para conmemorar a Semana das Letras.

S. N., “Oficios tradicionais en Raigame e lectura de poemas na Limia”, *La Región*, “*Día das Letras Galegas 2014*”, 17 maio 2014, p. 9.

Comenta as actividades que Celanova e Xinzo de Limia teñen preparadas para o Día das Letras Galegas. Fronte a unha celebración que destaca pola mostra de oficios artesanais en Celanova, en Xinzo, a festividade distínguese pola venda de libros acompañada dun recital poético e de música tradicional.

Souto, Suso, “Lousame celebrará o día 17 a Festa do Galego, con obradoiros para os cativos”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 905, 3 maio 2014, p. 6.

Comenta que na programación cultural de Lousame para conmemorar o Día das Letras Galegas se contempla o espectáculo *Antía, Wamba e o regato pequeno*, o recital poético dramatizado *Este é o noso mar* e unha sesión de microteatro a cargo do grupo Tic-Tac da USC e Teatro do Improvisto.

Tébar, R., “Voces corais para pechar os actos das Letras 2014”, *Atlántico Diario*, “Área metropolitana”, “Condado/Louriña”, 21 maio 2014, p. 17.

Apunta a celebración do concerto do Día das Letras Galegas en Pontevedra co que se pechan as actividades do Mes das Letras na vila.

Terceiro, C., “Galicia saca su lado más original para reivindicar su lengua y su cultura”, *Diario de Arousa*, “Galicia”, “Día das Letras Galegas”, p. 36/ *El Ideal Gallego*, p. 27, 17 maio 2014.

Dá conta de diferentes actividades que se desenvolven en Galicia co fin de celebrar o Día das Letras Galegas.

Toledo, M., “Arranca a Semana Cultural para alumnos do CPI Antonio Orza Couto de Boqueixón”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 914, 12 maio 2014, p. 4.

Informa sobre a III Semana Cultural do CPI Antonio Orza Couto de Boqueixón, na cal se contempla unha multiplicidade de actividades ao redor do Día das Letras Galegas.

**Toledo, M.**, “Lalín vai acoller a mostra de ‘Nimbos da Luz’ sobre Díaz Castro ata o día 16”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.090, 8 novembro 2014, p. 7.

Apúntase de maneira breve que a exposición *Nimbos de luz* foi inaugurada no Auditorio de Lalín e da que se indica que conta con catorce paneis temáticos centrados en Xosé M.<sup>a</sup> Díaz Castro.

**Toledo, Mar**, “Touro festexa as Letras cun festival de teatro na rúa”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 912, 10 maio 2014, p. 5.

Coméntanse, entre outras cousas, as actividades de conmemoración do Día das Letras Galegas en Touro, que engloban teatro, música e poesía co VII Festival das Letras.

**Toledo, Mar**, “Rois no Camiño acolle o ‘Café con letras’ e un musical esta semana”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 929, 27 maio 2014, p. 6.

Fálase que dentro do programa “Rois no Camiño das Letras Galegas 2014” terá lugar unha ruta rosalina así como a presentación do libro infantil *Leandro e os números*, de Rocío Pérez.

**Torre, Sonia**, “Os escolares adiántanse ás Letras”, *La Región*, “Ourense”, 13 maio 2014, p. 9.

Indica que os escolares de Ourense adiantan a celebración do Día das Letras cun extenso programa de actividades, organizado por entidades diversas.

**Trillo, J.**, “Música, teatro, libros e exposicións nos actos das ‘Letras’ en Carballo”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 913, 9 maio 2014, p. 4.

Infórmase da organización do maratón de lectura “As letras en voces” de Carballo para o Día das Letras que conta coa colaboración da AC Coral Ribeiras do Anllóns e das Cantareiras de Nemeth.

**Trillo, J.**, “Os concellos de Zas e Vimianzo homenaxean a Xosé María Díaz Castro”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 912, 10 maio 2014, p. 5.

Anuncia as actividades programadas polos concellos de Vimianzo e Zas co gallo de conmemorar o Día das Letras Galegas, entre as que salienta o espectáculo *Aventuras na cociña*, de Trinketrinke e a peza *TVKK*, de Carabullo.

**Trillo, J.**, “A mostra ‘Nimbos de luz’, no Fernando Blanco de Cee”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.122, 11 decembro 2014, p. 7.

Faise eco da visita do secretario xeral de política lingüística, Valentín García, á mostra itinerante “Nimbos de luz” exposta no IES Fernando Blanco, que se poderá visitar até o día 14 de decembro.

**U. L.**, “As Terras de Iria súmanse á festa da lingua”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Comarcas”, 15 maio 2014, p. L9.

Resúmense as diferentes actividades que o Concello de Padrón, Dodro e Rois teñen preparadas co fin de festexar o Día das Letras Galegas. Dise que existen actividades para todas as idades co fin de achegar a literatura á sociedade.

**Uriza**, André, “Guitiriz acolle hoxe a sesión da RAG en homenaxe ao poeta Xosé M<sup>a</sup> Díaz Castro”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 17 maio 2014, p. 42.

Alúdese aos actos que as principais vilas e cidades galegas organizaron co fin de celebrar o Día das Letras Galegas.

**Valcárcel**, Xulio, “O poeta no seminario de Mondoñedo”, *Diario de Arousa*, p. 30/*Diario de Ferrol*, p. 42/*El Ideal Gallego*, p. 41, “*Letras Galegas*”, 17 maio 2014.

Dá conta do paso de Díaz Castro polo Seminario de Mondoñedo e de todo o que isto lle supuxo até que o abandonou de forma definitiva. Apunta que a súa destreza para as linguas posibilitou que acadase unha praza de tradutor no Ministerio de Gobernación e, posteriormente, no Instituto da Cultura Hispánica e no Consello Superior de Investigacións Científicas.

**Varela**, Manuel, “Tres días para celebrar o idioma”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y Cultura”, 16 maio 2014, p. 12.

Informa das actividades previstas na Coruña para celebrar o Día das Letras Galegas, entre as que salienta a posta en escena d’*A nena e o grilo nun barquiño*, a cargo de Ghazafellos, a presentación do libro *A porta de Annwn. As crónicas de Bran vol.2* e a función *Da Vinci tiña razón!*.

**Veiga**, Marta, “Un gran poeta dun só libro sobrevoa a apertura da Feira do Libro de Lugo”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Literatura”, 14 maio 2014, p. 59.

Faise eco da lectura do pregón co que Darío Xohán Cabana abriu a Feira do Libro de Lugo, en que destacou a merecida homenaxe que a Academia lle rende a Díaz Castro pola calidade da súa obra, da que salientou o poema “Penélope”.

**Veiga**, Marta, “As palabras que agoiran música”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “*Letras Galegas*”, 17 maio 2014, p. 64.

Comenta a boa acollida que tiveron a Real Filharmonía e as corais Sólo Voces e Collegium Compostellanum no Concerto das Letras. Apunta que o programa destacou pola estrea do poema musicado “Penélope” e por acoller un programa moi lugués.

**Veiga, Marta**, “Unha xornada de escachapiollos”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Día das Letras Galegas”, 18 maio 2014, pp. 46-47.

Descríbese detalladamente o acto institucional que se celebrou en Guitiriz co fin de homenaxear a Díaz Castro.

**Vélez Latorre, Xosé Manuel**, “As facetas do diamante”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 500, 17 maio 2014, p. VIII.

Explicase a estrutura do poemario *Nimbos*, a temática das súas composicións, atendendo ás seccións nas que se inclúen, e as influencias que tivo o autor.

**Ventura, Joaquim**, “Alén da lingua”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 500, “Letras galegas 2014”, 17 maio 2014, pp. XIX-XX.

Exáltase a gran calidade da obra de Díaz Castro como resultado da súa formación humanista e da práctica cotiá da linguaxe debida ao seu importantísimo labor como tradutor.

**Vidal Villaverde, Manuel** “De angélus de l’aube a l’angélus du soir”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “Día das Letras Galegas”, 17 maio 2014, p. 7.

Relaciónase a obra de Luís Pimentel e Xosé María Díaz Castro baseándose na influencia que sobre eles tiveron autores místicos como Francis Jammes.

**Vila, Sara**, “As letras cántanse en Mourente”, *Diario de Pontevedra*, “miniDiario”, n.º 433, 18 maio 2014, p. 2.

Comenta que o alumnado do CEIP Vilaverde Mourente realizou unha festa para conmemorar o Día das Letras Galegas, na que entrevistou o músico Magín Blanco coa súa banda.

**Vila, Sara**, “Díaz Castro multilingüe e rapeado”, *Diario de Pontevedra*, “miniDiario”, n.º 437, 15 xuño 2014, p. 2.

Apunta que o alumnado do CEIP A Xunqueira 2 homenaxeou a Xosé María Díaz Castro coa lectura dun poema do autor en varias linguas e o rap doutro poema.

**Villar**, M., “Tarde de regueifa en Nós”, *La Opinión*, “La gran Coruña”, 17 maio 2014, p. 13.

Dá conta das actividades coas que a parroquia de Nós (Oleiros) festexa o Día das Letras Galegas. Entre as mencionadas hai un espectáculo de regueifas, a representación de *Arturadas* e a actuación da Coral Airiños de Nós e das cantareiras de Os Rueiriños.

**Villares**, Ramón, “Xosé María Díaz Castro, día das Letras de 2014”, *El Correo Gallego*, “*Letras Galegas*”, 17 maio 2014, pp. 2-6.

Faise un percorrido pola biografía de Xosé María Díaz Castro facendo especial fincapé en *Nimbos*, un “poemario singular”. Menciónase a súa estrutura e a boa acollida que tivo pola crítica. Tamén se alude á obra fragmentaria posterior e inédita do autor e ás súas publicacións en revistas poéticas como *Dorna*.

**Villares Mouteira**, Félix, “Díaz Castro e o seminario de Mondoñedo”, *Diario de Pontevedra*/ “Xosé María Díaz Castro e o seminario de Mondoñedo”, *El Progreso*, “*Día das Letras Galegas*”, 17 maio 2014, p. 6.

Faise un percorrido polos éxitos académicos que Díaz Castro obtivo dende o seu ingreso no Seminario de Mondoñedo até que decidiu abandonalo. Ademais, cítanse as lembranzas que fan do autor antigos compañeiros de Seminario.

**X. V.**, “El ritual catedralicio de Gabú”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Patio de vecinos”, 11 abril 2014, contracuberta.

Entre outras cousas, infórmase de que o alumnado de segundo ciclo de Educación Infantil do CPI de Os Dices de Rois emitiu en directo un programa informativo que se puido seguir a través da web do colexio, dedicado a Xosé María Díaz Castro.

**Yáñez**, B., “Dornas, baile, teatro e libros para honrar as Letras”, *Diario de Arousa*, “O Salnés”, 18 maio 2014, p. 10.

Menciónanse os actos culturais cos que a Illa de Arousa, Meis, Meaño e Ribadumia celebraron o Día das Letras Galegas.

## ***V. ENSAIO. TEORÍA XERAL. CRÍTICA***

### **V. 1. MONOGRAFÍAS, BIOGRAFÍAS, CRÓNICAS E LIBROS COLECTIVOS**

**Acuña**, Ana, *Conciencia política e literatura galega en Madrid (1950-2000)*, pról. Xesús Alonso Montero, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Crónica, febreiro 2014, 359 pp. (ISBN: 978-84-9914-629-4).

Monografía de Ana Acuña (Marín, 1971) que dá conta da historia político-literaria galega en Madrid durante a segunda metade do século XX a partir da análise de cinco etapas que enmarcan a vida dos principais colectivos de galegos no Madrid deste período: 1952-1954 (Mocidade Universitaria Castelao), 1958-1961 (Brais Pinto), 1965-1969 (Seminario de Cultura Galega do Club de Amigos da Unesco de Madrid), 1974-1986 (Lóstrego, Irmandade Galega, Irmandade Galega-Lóstrego), 1996-2000 (Grupo Bilbao). Ábrese cun prólogo de Xesús Alonso Montero, titulado “Facer literatura galega en Madrid en tempos menesterosos e en tempos máis dificultosos”, no que se fala da figura e da traxectoria da autora e se ofrece información sobre a realización e o contido do volume. Séguenlle as seccións “Explicación previa e agradecementos”, onde Acuña comenta os motivos que a levaron a realizar este traballo e dálles as grazas ás persoas que a axudaron na súa realización, e “Introdución”, na que indica o obxectivo do estudo e a metodoloxía empregada. A continuación preséntanse os cinco capítulos que compoñen a parte central da obra, correspondentes ás etapas estudadas: “I. 1952-1954: Aprendendo a respirar”, “II. 1958-1961: Tempos de descubrir”, “III. 1965-1969: Anatomía dunha conspiración”, “IV. 1974-1986: Liberdade, amnistía, Estatuto de Autonomía” e “V. 1996-2000: Un mundo novo”. Todos eles presentan a mesma estrutura: comezan cunha cita á que lle segue un comentario a modo de introdución e seguidamente preséntase o corpo do capítulo, estruturado en seis seccións (este número varía nos capítulos IV e V, nos que a autora se ocupa de máis dun colectivo). Na primeira sección dáse conta do contexto sociopolítico, histórico e cultural da etapa tratada. A segunda céntrase no principal grupo activo de galegos en Madrid dese período, achegando información sobre a súa creación, integrantes, características etc. As catro últimas seccións comparten o mesmo título nos cinco capítulos e son as seguintes: “Rexistros públicos e ocultos”, na que se indican as actividades levadas a cabo por cada agrupación; “Espazos e contraespazos de sociabilidade”, onde se sinalan os principais espazos nos que se movía cada grupo; “Relación entre a metrópole e a periferia”, na que se dá conta das relacións existentes en cada período entre os galegos de Madrid e os galegos de Galicia e de América; e “Conclusións sobre o decorrer do madrigaleguismo (en Madrid, pero sempre en Galiza)”, onde se inclúe a información máis destacada de cada capítulo. A obra péchase cun capítulo dedicado ás “Conclusións”. Finalmente recóllense tres seccións coa bibliografía e os anexos.

#### **Recensións:**

- Luís González Tosar, “Madrigalega”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “No ficción”, “Retrato entre liñas”, 21 marzo 2013, p. 18.

Dise que o libro recolle a historia dos colectivos de madrigalegos, dende a Mocidade Universitaria Castelao até o Grupo Bilbao, do que a autora formou parte, e que emprega unha prosa áxil e galana. Finalmente, afirmase que “Ana Acuña é un exemplo do que deben ser os estudos literarios”, polo seu labor minucioso e impecábel e polas súas achegas.

- X. L. Méndez Ferrín, “Do naufraxio dos ideais adolescentes”, *Faro de Vigo*, “*El sábado*”, n.º 853, p. 4/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 447, contracuberta, “No fondo dos espellos”, 29 marzo 2014.

Dise que a autora aborda cincuenta anos de galeguismo madrileño, un aspecto pouco tratado até o momento, aplicando unha análise crítica dende distintos ángulos metodolóxicos. Dáse conta dos grupos de “madrigalegos” retratados na obra e sinálase que se poden sacar conclusións pouco esperadas da lectura deste traballo e que mostra unha cara oculta da historia da Galicia contemporánea que invita o lector a participar desta análise. Así, o propio Ferrín continúa a cara a atrás no tempo, recordando a experiencia madrileña de personaxes como Rosalía de Castro ou Sarmiento.

- Pilar Ponte, “Tempos de descubrir”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 498, “Libros”, 1 maio 2014, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 451, “Letras galegas”, 3 maio 2014, p. 10.

Coméntase que a obra ten a súa base na tese de doutoramento da autora e que ela mesma é unha das protagonistas do colectivo de “madrigalegos” do que é obxecto o estudo. Enuméranse os principais grupos activos de “madrigalegos” retratados no libro e destácase a reprodución dos testemuños dos personaxes entrevistados. Apúntase que varios autores sinalaron a importancia deste traballo debido á escaseza de estudos sobre a materia e dise que a obra abre unha fenda a novas vías de investigación.

- R. Nicolás, “Galicia en Madrid: 50 anos de literatura e política”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Letras”, “Galego”, 9 maio 2014, p. 20.

Saliéntase que a monografía é un “rigoroso traballo de investigación e documentación” que lle permite ao lector introducirse no mundo da literatura e da política feita por galegos en Madrid. Afirmase que é “un ensaio luminoso e sólido, preciso para reconstruír lagoas que xa non o son tanto” e de agradábel lectura.

- Vicente Araguas, “Os madrigalegos”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, n.º 830, p. 30/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 830, p. 30, “máis Libros”, 25 maio 2014.

Cualifícase de “moi rigurosa, pero apaixonada” e afirmase que é “sumamente lexible”, non só para os lectores directamente interesados nela, senón para aqueles que queiran coñecer a historia do galeguismo en Madrid. Fálase das tres vagas básicas que conformaron o madrigaleguismo: a da posguerra, a representada polo grupo Brais Pinto e a representada polo Grupo Bilbao, ao que pertence Vicente Araguas. Finalmente, insístease na importancia da obra e recoméndase a súa lectura.

- Carmen Mejía Ruiz, “Sobre a identidade galega en Madrid”, *Grial*, n.º 203, “O espello das letras”, xullo, agosto e setembro 2014, pp. 82.

Apunta que neste ensaio se fai unha análise histórica da figura dos “madrigalegos”. Describe o volume, que parte do método biográfico e incorpora entrevistas, para concluír salientando a utilidade deste estudo para coñecer a Galicia “trasterrada”.

### Referencias varias:

- Santiago Jaureguizar, “Unha tertulia galeguista que ben puido levar unha denominación antifranquista”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, 30 marzo 2014, p. 84/ *El Progreso*, “Vivir”, 29 marzo 2014, p. 58, “Cidade xardín”.

Dáse conta dunha anécdota acontecida o día que se propuxo poñerlle un nome á tertulia do Lyon d’Or, na que participaron Xesús Alonso Montero, unha das figuras que aparecen neste ensaio, e Francisco Jaureguizar, pai de Santiago Jaureguizar.

**Acuña**, Ana (ed.), *Letras nómades. Experiencias da mobilidade feminina na literatura galega*, Berlín: Frank & Timme, col. Ibrolit – Estudos Iberorrománicos de Literatura e Tradutoloxía, n.º 5, 2014, 227 pp. (ISBN: 978-3-7329-0095-4).

Volume editado por Ana Acuña (Marín, 1971) que agrupa os traballos de diversas investigadoras que tratan a cuestión e presenza femininas na literatura galega na súa relación co espazo (exilio, emigración, retorno etc.). O libro é o resultado do proxecto “Ex-sistere. A mobilidade das mulleres nas literaturas galega e irlandesa contemporáneas”, financiado polo Ministerio de Economía español. A propia editora, Ana Acuña, enceta a obra coa presentación e os agradecementos. A primeira colaboración asínaa Josefina Cuesta baixo o título “Una aproximación a las memorias”, na cal presenta o aparato teórico. Deseguido continúan outros traballos que analizan a vivencia da guerra civil (“O círculo da historia: unha nena da *Galicia mártir*”, de Olivia Rodríguez) ou a participación da muller na loita antifranquista (“Contra o silencio. Mulleres na resistencia antifranquista”, de Aurora Marco). Os capítulos que abordan a cuestión da cultura galega son:

- Carmen Mejía, “Mulleres galegas fóra de Galicia: exilios, emigración e ‘insilio’”, pp. 97-116.

Realiza unha análise da experiencia fóra de Galicia (no exilio) de María Victoria Villaverde e Constanza Tobío Soler, e na emigración de Luz Pichel e Verónica Martínez Delgado. No caso destas dúas últimas mulleres detense na súa produción literaria e dá conta daqueles trazos que poñen en comunicación a experiencia emigratoria e a obra escrita.

- Manuela Palacios, “Cuestión de enfoque. Fotografía, muller e viaxe”, pp. 117-152.

Ofrece un traballo no cal un total de nove escritores e escritoras (Luz Pichel, Helena Villar Janeiro, Mario Regueira, Ramón Nicolás, Lorena Souto, Arturo Casas, Martín Veiga, Mercedes Queixas e María Reimóndez), convidados pola autora, comentan a fotografía dunha muller viaxeira próxima a eles. Posteriormente, Manuela Palacios analizará e comentará o que escribiron tendo en conta a relación entre a fotografía, o autor ou autora e mais o texto.



- María Xesús Nogueira, “Apuntamentos nómades. Viaxe e literatura nas escritoras galegas”, pp. 153-177.

Analiza o impacto que tivo na obra literaria de varios escritores as correspondentes experiencias viaxeiras. A investigación fíxoa a partir da escolma de textos baixo o criterio da diversidade de autoras de distintas xeracións e xéneros literarios: María do Carmo Kruckenberg, Margarita Ledo Andión, Chus Pato, Begoña Caamaño, Marga do Val, Susana Sánchez Arins, María Reimóndez, Inma López Silva e Eva Moreda. A continuación María Xesús Nogueira procede a comentar cada un dos textos reproducidos en relación á viaxe e, finalmente, conclúe cos textos das propias autoras seleccionadas falando de si mesmas.

- Ana Acuña, “Voces de terras distantes para a literatura galega”, pp. 179-195.

Céntrase no estudo de dúas escritoras (Úrsula Heinze e María Fernanda Santiago Bolaños) que, dende países e linguas distantes, se achegaron á literatura galega. Préstalle atención ao percorrido biográfico que as levou á produción en lingua galega e pon o acento nas cuestións que afectan á distancia.

#### Referencias varias:

- R. Nicolás, “Precisa análise literaria”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Galego”, 7 novembro 2014, p. 12.

Fala brevemente dos principais motivos deste libro que define como “espléndido por orixinal, altamente informativo e clarificador”.

- C. R., “As letras das mulleres ás que cambiou a emigración e o exilio”, *Atlántico Diario/ La Región*, “Universitas”, 27 novembro 2014, p. 5.

Fálase da investigación que deu como resultado o libro, unha investigación que, segundo Ana Acuña, afonda en como a mobilidade, sexa na emigración ou no exilio, deixa pegada na escritura de mulleres de todas as épocas.

**Arias Chachero**, Patricia e Afonso **Vázquez-Monxardín** (eds.), *Ramón Otero Pedrayo. Unha fotobiografía. 1888-1976*, Ourense: Fundación Ramón Otero Pedrayo, 2014, 209 pp. (ISBN: 978-84-617-2617-2). ◆

Biografía de Ramón Otero Pedrayo editada por Patricia Arias Chachero e Afonso Vázquez-Monxardín (Ourense, 1960) que repasa todas as etapas da vida deste persoeiro, axudándose de fotografías, que se converten en elementos principais da mesma. Logo, a fotobiografía ábrese cun limiar, “Memoria de todas as cousas”, que asina o presidente da Fundación Otero Pedrayo Víctor F. Freixanes, e que sitúa ao lector ante un dos “grandes documentos da cultura galega contemporánea, autor dunha obra plural, esixente, orixinal e ambiciosa”. Nove son as partes en que se estrutura a súa vida, nas que se narran e se visualizan os intres e sucesos máis importantes da mesma: “Infancia e mocidade. 1888-1904”, “Anos da universidade. 1904-1912”, “Arredor de si. 1912-

1921”, “Os camiños da vida. 1921-1929”, “Tempos de esperanza. 1929-1936”, “Guerra e posguerra. O exilio interior. 1936-1950”, “Docente en Compostela. 1951-1958”, “O patriarca. 1959-1974” e “A despedida. 1975-1976”. Antes da cronobiografía e dunha bibliografía citada, achégase unha contribución a modo de peche da fotobiografía –que fora un capítulo do libro *Fuga e retorno de Adrián Solovio. Sobre a educación sentimental dun intelectual galeguista*, publicado o pasado 2007 pola Fundación Otero Pedrayo– asinado por Ramón Villares, que volve sobre a “figura intelectual” do autor, sobre a súa educación, sobre o seu pensamento, sobre o seu gusto pola xeografía e o seu esixente método no que atinxe á historia e á xeografía e sobre a súa obra literaria

### Referencias varias:

- J. Miguel A. Giráldez, “Otero Pedrayo, unha viaxe memorable”, *El Correo Gallego*, “2 domingo”, 21 decembro 2014, p. 7.

Comenta que a publicación da fotobiografía de Ramón Otero Pedrayo é unha boa oportunidade de recordar a súa figura e que supón unha “viaxe marabillosa, unha viaxe sentimental”. Tamén subliña que o libro contén textos ao coidado de Patricia Arias Chachero e Vázquez Monxardín.

**Baceiredo**, Rebeca, *E meterei a miña Lei no seu peito*, Santiago de Compostela: Estaleiro Editora, 2014, 84 pp. (ISBN: 978-84-616-9096-1).

Volume de Rebeca Baceiredo (Ourense, 1979) que se abre cunha particularidade: editado baixo licenza Creative Commons, como acontece cos libros de Estaleiro Editora, consta de dúas caras en sentidos contrapostos, como unha antiga cinta de casete, “Cara A” e “Cara B”, con cadansúa portada e paratextos. A primeira delas, logo dun pórtico de citacións coa diversidade intuível entre Corintios 6:12 e Niki de Sant Phalle, está precedida do título dunha canción de Tom Waits, “Who are you?”. A partir de aquí, cada un dos versos da canción sirve de título a un fragmento diferente, os máis deles en prosa, permitindo que a escolla xenérica oscile entre a prosa citada, a prosa poética, a reflexión, o apuntamento ou a transcripción dunha conversa entre “El” e “Ela”. O libro acaba por situar ao lectorado no espazo do cuestionamento, na intersección entre o pensamento e a ficción, aspecto que conecta co traballo anterior e coa formación de Baceiredo, ensaísta e filósofa. A “Cara B” está deseñada cunha estrutura parella, se ben neste caso é dunha canción de Nick Cave de onde se parte (“As I Sat Sadly by Her Side”), escollendo como paratextos iniciais citas e fragmentos de Gilles Deleuze, José Ángel Valente ou Mimi. Metafísica e corpo, presenza de imaxes e de simple sensorialidade, a voz que enfia estes textos explora os xogos gráficos, a pregunta retórica, a interpelación á segunda persoa e as parénteses reflexivas (nas que se recorre, en moitas ocasións, á presenza doutras linguas ou á exclamación). A metatextualidade, o aproveitamento do magma cultural para acompañar unha discursividade libre e exploratoria, como a propia do xénero ensaístico, capaz de dinamitar tamén a diferenciación entre xéneros son algunhas das achegas fundamentais deste volume, que tira da Biblia o seu título, reformulando de modo significativo “e meterei a miña Lei no teu corpo” até “e meterei a miña Lei no seu peito”.

**Biscainho Fernandes**, Carlos Caetano e Xosé Ramón **Freixeiro Mato** (eds.), *Lingua e Teatro. XXornadas sobre Lingua e Usos*, A Coruña: Universidade da Coruña. Servizo de Normalización Lingüística, Servizo de Publicacións, col. Cursos\_Congresos\_Simposios, n.º 135, 2014, 196 pp. (ISBN: 978-84-9749-588-2). ◆

Volume recompilatorio das intervencións dos relatores e relatoras que participaron nas *XXornadas sobre Lingua e Usos. Lingua e Teatro*, celebradas na Universidade da Coruña en novembro de 2013, editado por Carlos Caetano Biscainho Fernandes (A Coruña, 1968) e Xosé Ramón Freixeiro Mato (Carballo, 1951). Abre a recompilación un limiar dos editores que salienta o carácter de reflexión sobre o binomio lingua e teatro, fio condutor das relacións das Xornadas, seguido dunha presentación do reitor da Universidade da Coruña, Xosé Luís Armesto Barbeito, na que salienta o prestixio do eido teatral como favorábel para a lingua galega, a decisión da RAG de dedicarlle o Día das Letras Galegas a Roberto Vidal Bolaño e no que agradece á Xunta de Galicia o seu apoio económico. Aparece a seguir unha presentación a cargo de Valentín García Gómez, Secretario Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, na que agradece a axuda de Xosé Luís Armesto, Carlos Amoedo, Xosé Ramón Freixeiro Mato e María Jesús Lorenzo Modia para a realización das Xornadas e destaca a actual consolidación do sistema teatral galego, e lembra o finado actor Xosé Manuel Olveira, *Pico*. E tras desta presentación, outra máis, esta vez de Xosé Ramón Freixeiro Mato, Director do Servizo de Normalización Lingüística, na que indica a creación destas Xornadas en 2004 da man de Goretti Sanmartín Rei, o rol do teatro na normalización da lingua galega, a importancia neste respecto da Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor e a posta en escena durante as Xornadas da peza *A filla de Woody Allen*, de Ibuprofeno Teatro. A continuación preséntanse as seguintes colaboracións:

- Laura Tato Fontaíña, “A lingua na construción dun teatro nacional galego”, pp. 19-32.

Estuda a evolución na creación dun teatro nacional galego dende o século XIX e destaca a temática de carácter satírico-burlesco que o caracterizou daquela, a fundación da Escola Rexional de Declamación en 1903 da man de Eduardo Sánchez Miño e Galo Salinas, e a defensa do galego no eido teatral por parte de dramaturgos como Euxenio Charlón e Manuel Sánchez Hermida.

- Xosé Paulo Rodríguez Domínguez, “Diglosia e programación teatral na Galiza”, pp. 33-45.

Intento de resposta á cuestión da realidade lingüística do teatro galego da actualidade a partir de puntos coma a creación, exhibición e programación dos teatros públicos galegos, a recepción por parte da audiencia, as canles de comunicación empregadas para informar a devandita audiencia da programación teatral en galego e a aparición de novos contextos como escolas de arte dramática ou conservatorios de danza.

- Cándido Pazó, “A normalización lingüística no teatro: unha valoración relativa”, pp. 47-50.

Fai referencia á situación actual da normalización da lingua galega no ámbito teatral, tomando como exemplo o fracaso da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia en achegar profesionais escénicos, e a recepción por parte da audiencia no tocante aos novos programas teatrais.

-Ana Romaní, “Teatro radiofónico. A experiencia do Premio Diario Cultural”, pp. 51-54.

Trata da ausencia da dimensión teatral nas programacións radiofónicas e a creación do Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico coa fin de fomentar o diálogo entre o medio radiofónico e a creación dramática contemporánea.

-Rubén Ruibal, “Peter Buckley e o Premio Diario Cultural”, pp. 55-58.

Dá conta do Premio de Teatro Radiofónico da CRTVG como parte do xénero do teatro emitido na radio e destaca o programa de radio *Diario Cultural*, dirixido por Ana Romaní e no que colaboran Anxo Quintela e Camilo Franco.

-Isabel Risco, “O humor galego e a lingua”, pp. 59-65.

Leva a cabo un percorrido pola relación entre humor e teatro galegos, partindo do volume *O segredo do humor* (1963), de Celestino Fernández de la Vega e deitando énfase nas cuestións da retransmisión e o posicionamento e achegas da muller galega fronte ao humor.

-Roberto Vilar, “Humor e calidade da lingua”, pp. 67-69.

Transcrición da intervención de Roberto Vilar na mesa redonda “Humor e calidade Lingüística”. Repasa a súa traxectoria artística na TVG e a recepción da audiencia no tocante ao galego normativo.

-Rosalía Fernández Rial, “O aproveitamento do teatro na aprendizaxe da lingua”, pp. 71-87.

Dá conta da evolución da expresión dramática e teatral no ámbito da didáctica da lingua e a literatura galegas, especificamente nos bloques de comunicación oral, comunicación escrita, funcionamento da lingua, lingua e sociedade e educación literaria. Parte, así pois, de Saussure e Chomsky, para despois centrarse no enfoque comunicativo e a súa aplicación nas aulas.

-Santiago Cortegoso, “Rexistros urbanos do galego”, pp. 89-92.

Realiza unha viaxe pola traxectoria do teatro escrito en galego dende 1980, dende o costumismo da súa temática daquela, até o caso de Roberto Vidal Bolaño.

-Gustavo Pernas Cora, “Snak, snak, snak”, pp. 93-105.

Escrebe sobre a peza da súa autoría *Snakizados*, estreada en 2012 da man da compañía Áncora Producións, dirixida por Anxela G. Abalo e tirada do prelo pola editorial Laiovento en 2011 baixo o título de *Tres Logomonos*. Reproduce asemade algúns anacos da peza de carácter intertextual.

-Camila Bossa, “A miña incorporación ao teatro en lingua galega”, pp. 107-112.

Dá conta dos seus comezos na lingua galega a través das súas achegas no eido teatral. Comenta, así pois, as súas experiencias en compañías como Ollomol-Tranvía, Teatro do aquí, CDG, Compañía Mariás, Chévere, Ultranoites e a influencia recibida do teatro irlandés.

-Mónica Camaño, “Sobre a necesidade de capacitación lingüística dos intérpretes”, pp. 113- 128.

Analiza a reconstrución das artes escénicas en lingua galega ao longo de cinco actos, nos que presta atención a cuestións como a profesionalización do sector teatral, o labor de fomento da lingua galega por parte dos intérpretes xunto coas súas competencias lingüísticas, a tradución dos espectáculos a outras linguas, a relación entre lingua e humor galego e o teatro como eido de distribución da mesma e a situación actual das programacións teatrais en galego.

- Cristina Domínguez Dapena, “A lingua na formación dos intérpretes galegos. Unha experiencia na ESAD de Galicia”, pp. 129-132.

Describe os obxectivos da ESAD de Galicia, a situación da lingua galega no seu seo, a metodoloxía etnográfica empregada no ensino do galego nas aulas de teatro e a falta de materiais imprescindíbeis para impartir a docencia de arte dramática en lingua galega.

- Joan Giralt Bailach, “Mudar o corpo pola lingua”, pp. 133-137.

Alude á situación actual da práctica docente na ESAD de Galicia, facendo fincapé na cuestión da lingua na que se imparte a docencia de Arte Dramática no ESAD e na súa transcendencia no alumnado.

-Santi Prego, “Lingua galega e inserción laboral nos profesionais do espectáculo”, pp. 139-143.

Analiza o uso da lingua galega no sector laboral na ESAD de Galicia e destaca cuestións como a universalidade da linguaxe teatral, as vantaxes do alumnado galegofalante da ESAD, a ESAD de Barcelona e a esixencia dun perfecto dominio da lingua galega aos futuros dramaturgos e dramaturgas licenciados na ESAD.

-Melania Pérez Cruz, “A lingua galega nos estudos superiores de arte Dramática”, pp. 145-148.

Apunta a situación actual da política lingüística na ESAD de Galicia e agradece o labor de profesores e profesoras desa institución, como Cristina Domínguez ou Venancio Rodríguez Pérez.

-Roi Vidal Ponte, “Imperialismo e colonización lingüística na planificación teatral galega: o ano Vidal Bolaño”, pp. 149-153.

Dá conta da presenza da lingua hexemónica no eido teatral durante o ano dedicado á figura de Roberto Vidal Bolaño. Salienta, así pois, a marxinación do teatro galego en canto xénero, os textos dramáticos de carácter político e antiacademicista de Vidal

Bolaño e unha serie de puntos que recollen o que aínda falta por levar a cabo no sector teatral para a súa dinamización.

-Zé Paredes, “Coa palabra na lingua”, pp. 155- 159.

Comenta o espectáculo de título homónimo, parte do proxecto fundacional da compañía TEATRO NU e que contou coa colaboración de Mónica Caamaño e Anxo Graña. Realiza ademais un percorrido pola súa traxectoria artística e vital anterior á fundación desa compañía.

-Quico Cadaval, “Hipopótamo e lingua”, pp. 161-167.

Dá conta, en lingua portuguesa, da súa experiencia como actor en espectáculos realizados en lingua galega e lingua portuguesa. Destaca os intitulados *Para sermos exatos* e *Cigana vermelha da Ilha Terceira*, así como a súa participación no festival “Semana e meia de teatro”, nas Azores e o teatro do carnaval.

- Hugo Torres, “Pontes de ligación teatral entre Portugal e Galiza”, pp. 169-172.

Transcrición en lingua portuguesa da intervención de Hugo Torres, Quico Cadaval e Zé Paredes na mesa redonda “O teatro galego e as variantes internacionais da nosa lingua: vontades e experiencias”, moderada por Carlos Caetano Biscainho. Cómpre salientar a relación do actor con Portugal e Galicia, a fundación da súa compañía Voadora e súa coprodución do espectáculo *Joane* con Guimarães Capital Europea da Cultura 2012.

**Bouzas**, Pemón, *Novos pasos por Bretaña, Seguindo a Castelao e a Cunqueiro*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Crónica. Viaxes, xaneiro 2014, 95 pp.(ISBN: 978-84-9914-590-7).

Pemón Bouzas (Santiago de Compostela, 1957) describe neste volume as vivencias e reflexións que tivo nas súas viaxes pola Bretaña francesa (denominada antigamente Armónica e actualmente Breizh en bretón) así como os vencellos que alí atopou con Galicia. Comeza cun mapa de Bretaña (con indicación dos cruceiros, calvarios, menhires, dolmens, faros, castelos e mais fortificacións que visitou Pemón Bouzas) e mais coa “Introdución” na que se reflexiona sobre os libros de viaxes e onde sinala que no século XXI este libros se centran nas vivencias subxectivas de quen viaxa. Tamén comenta que as súas viaxes por Bretaña seguiron as pegadas que Castelao deixou n’*As cruces de pedra na Bretaña* (1930) e as de Álvaro Cunqueiro n’*As crónicas do sochantre* (1965). Conta con seis apartados seguidos da “Bibliografía” e remata cos “Agradecementos”; tamén ofrece unha colección de fotografías en cor de Bretaña tiradas polo propio autor e que complementan estes seis apartados. No primeiro apartado, titulado “As cruces de pedra de Castelao”, detállase que Pemón Bouzas realizou a mesma visita a Bretaña que realizara en 1929 Castelao. Describe como están hoxe en día as cruces primitivas, megálitos cristianizados, cruceiros e calvarios que visitara Castelao e reproducense ao lado das fotografías actuais os debuxos que realizara Castelao destes monumentos. En “O mar” descríbese a importancia do mar na cultura bretoa e compáraa coa cultura mariñeira galega mentres que en “Menhires e dolmens” comenta a importancia do megalitismo en Bretaña. O cuarto apartado, “O ciclo Bretón. A Bretaña de Cunqueiro”, describe os lugares bretóns relacionados coa Materia de

Bretaña e mais coas obras de Cunqueiro *As crónicas do sochantre* e *Merlín e familia* como son as terras de Pontivy, o río Blavet etc. En “O ducado de Bretaña” repasa a historia deste ducado até que en 1532 deixa de ter autonomía propia dentro do Estado francés; céntrase na descrición das cidades de Nantes (a súa antiga capital) e de Rennes (a actual capital da Bretaña) e mais nos castelos que defendía Bretaña dos franceses: dende Nantes a Saint-Malo. Finalmente, o sexto apartado, “Bretaña hoxe”, analiza os sinais da identidade bretoa: as súas linguas (o bretón e mais o galo), a bandeira, os traxes típicos, o clima, o Festival Interceltique de Loirent e a gastronomía.

### **Recensións:**

- Armando Requeixo, “A conexión bretoa”, *Diario de Ferrol*, “*Nordesia*”, p. 32/ *Ideal Gallego*, “*La Galería*”, p. 33, n.º 816, “letras Atlánticas”, 16 febreiro 2014.

Móstrase satisfacción pola publicación deste libro por mor dos numerosos vencellos entre Galicia e Bretaña e indícase que a obra é froito das viaxes do autor polas terras de Breizh e que nela ofrece a súa ollada sobre o mundo bretón. Fálase da súa estrutura e contido, sinalando, entre outras cousas, que dialoga con *As cruces de pedra na Bretaña* (1930), de Castelao, e aborda as andanzas do sochantre de Pontivy, retratadas por Cunqueiro n’*As crónicas do sochantre* (1956). Recoméndase a lectura do derradeiro capítulo, “Bretaña hoxe”, cualificado como unha “estupenda guía” sobre diversos aspectos de Breizh. Finalmente, salientase o material fotográfico que incorpora a obra.

- Xurxo Fernández, “Pemón”, *El Correo Gallego*, “*Crisol*”, 3 marzo 2014, p. 56.

Afirmase que Pemón Bouzas está no seu “ano de gloria” pola calidade da súa escrita e os logros cumpridos. Lóase esta edición de Xerais, destacando a presentación na mesma páxina dos debuxos de Castelao d’*As cruces de pedra na Bretaña* e das localizacións actuais. Dise que o libro non é unha guía, senón boa literatura de viaxes e que o autor emprende ese camiño “con alma de viaxeiro antigo”, conxugando os modelos de Homero e Laurence Sterne. Finalmente, faise fincapé nos vencellos entre Galicia e Bretaña e afirmase que a obra nos devolve a maxia e nos reconcilia cos vellos deuses e co celtismo.

- Dorinda Castro Soliño, “Viaxe á Armórica”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 491, “*Libros*”, 6 marzo 2014, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 444, “*Letras galegas*”, 8 marzo 2014, p. 10.

Coméntase que o libro é froito de varias viaxes de Pemón Bouzas a Bretaña, nas que levaba entre a súa bagaxe as imaxes que Álvaro Cunqueiro e Castelao ofreceran dela. Dise que na obra se reflicten as vivencias e emocións do autor ao percorrer os lugares emblemáticos e que nos traslada a aquelas terras e “nos convida á reflexión sobre o coidado da tradición e da maxia”. Finalmente, afirmase que o autor transmite a emoción e o dexeso de voltar sempre á Bretaña.

### **Referencias varias:**

- Amaia Mauleón, “Un viaje a Bretaña, tras los pasos de Cunqueiro y Castelao”, *Faro de Vigo*, “*Sociedad*”, 27 xaneiro 2014, p. 18.

Preséntase a obra do escritor e periodista Pemón Bouzas, quen en *Novos pasos por Bretaña* relata as súas vivencias nesta rexión francesa ao longo de catro viaxes. Ademais, fai unha introdución a Castelao e a Cunqueiro, tamén interesados pola cultura desta terra, tan semellante á galega, e que lles serviu de inspiración gráfica e literaria.

- S. Landeira, “Pemón Bouzas sigue los pasos de Castelao y Cunqueiro por la Bretaña francesa”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, 20 febreiro 2014, p. 60.

Indícase que a obra relata as aventuras do autor na Bretaña francesa durante catro viaxes a esta terra que xa coñecía a través das lecturas de Castelao e Cunqueiro, aos que lles dedica cadanseu capítulo. Sinálase tamén que se trata dunha obra de sensacións.

- P. C., “Sigo as pegadas de Castelao e Cunqueiro pola Bretaña francesa”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “A pie de calle”, 20 febreiro 2014, contracuberta.

Dise que a obra é o resultado de catro viaxes que Pemón Bouzas realizou entre 2008 e 2012 á Bretaña francesa, nas que percorreu o país buscando os alicerces que fundamentaron Castelao e Álvaro Cunqueiro.

**Camoira**, César (ed., estudo e notas), *Eloy Luis André. Poesía galega*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, col. Láncara de Poesía, 2014, 257 pp. (ISBN: 978-84-453-5131-4). ◆

Esta edición da poesía galega do filósofo e escritor Eloy Luis André (Mourazos, Verín, 1876-Madrid, 1935), elaborada por César Camoira Vega, está xebrada en sete bloques. No primeiro “Perfil bio-bibliográfico” realízase unha demorada sinopse biobibliográfica sobre Eloy Luis André para nos dous seguintes centrarse na súa obra en prosa (produción ensaística en libro, traducións de obras científicas e mais produción en prensa e en revistas) e nomeadamente na súa obra poética. Este bloque, “Obra poética galega”, presenta unha pormenorizada análise lingüística dos seus poemas (análise lingüística e pautas literarias) mentres que no cuarto bloque se detén nos “Criterios de edición”. O quinto bloque é unha detallada “Bibliografía” e no sexto, “Poesía galega”, compílanse trinta poemas de Eloy Luís André distribuídos en dúas grandes epígrafes: unha na que se recollen os textos datados (de 1910 até 1930) e outra dos que se carece de referencia cronolóxica. Como peche no sétimo bloque “Prosa varia” en que se reproducense cinco artigos en prosa de diversa temática (debate político do federalismo, educación, literatura etc.) cos que achegar ao pensamento de Eloy Luis André.

**Caño**, Xosé Manuel de, *Ourense, Atenas de Galicia*, pról. Marcos Valcárcel, introd. Claudio Rodríguez Fer, Ourense: Ediciones Linteo, col. Aberta, xullo 2014, 507 pp. (ISBN: 978-84-96067-97-4 / DL: OU-78-2014).

Obra na que Xosé Manuel del Caño (Celanova, 1955) reproduce corenta e unha entrevistas, actualizadas e revisadas, que realizou a diversos persoeiros ourensáns dende 1998 até 2013 e que se reproduciron no xornal *Faro de Vigo*. Esta compilación ábrese co prólogo “Parladoiro cos escritores e os artistas ourensáns”, de Marcos Valcárcel, que



foi ditado en 2010 nos derradeiros días da súa vida. Nel repasa a importancia literaria de Ourense con autores decimonónicos como Valentín Lamas Carvajal, Manuel Curros Enríquez así como do século XX coa Xeración Nós, Celso Emilio Ferreiro, Xosé Luís Méndez Ferrín etc. Tamén conta cunha introdución de Claudio Rodríguez Fer no que se volve repasar a relevancia literaria de Ourense dentro das letras galegas e onde afirma que é “unha das cidades máis noveladas de Galicia”. A primeira conversa, que é a máis extensa do libro, é con José Ángel e a seguir corenta máis con persoas ilustres do mundo da cultura e das artes plásticas de Ourense como Virxilio, Manuel Buciños, Arturo Baltar, Xurxo Oro etc. No que atinxe á literatura galega reproducense conversas con: Xosé Luís Méndez Ferrín, Xesús Alonso Montero, Xosé Fernández Ferreiro, Dora Vázquez, Marcos Valcárcel, Xosé Carlos Caneiro, Francisco X. Fernández Naval, Ramón Caride Ogando, Luís González Tosar, Millán Picouto, Víctor Campio Pereira, Eduardo González Ananín, Luís García Mañá, Olegario Sotelo Blanco, Bieito Ledo, Xosé Lois González O Carrabouxo e péchase coa entrevista ao propietario de edicións Linteo, Manuel Ramos, que é a única das entrevistas realizada en 2014 que permaneceu inédita até a saída do prelo deste volume.

**Chao Fernández, Rocío** e **M.<sup>a</sup> Dorinda Mato Vázquez**, *As mulleres nas artes e nas ciencias. O xerme da liberdade*, A Coruña: Universidade da Coruña, Servizo de Publicacións, Colección de biografías, 2014, 432 pp. (ISBN: 978-84-9749-598-1). ◆

Volume asinado por Rocío Chao (Vilalba) e María Dorinda Mato, o segundo da triloxía titulada *As mulleres nas artes e nas ciencias*, que recolle dez colaboracións (notas biográficas) sobre o protagonismo da muller ao longo da historia en dez temáticas distintas: arquitectura e enxeñaría, astronomía, ciencias, cinematografía, escultura, fotografía, literatura, matemáticas, música e pintura. No apartado dedicado á literatura recóllese unha nota biográfica dedicada a Rosalía de Castro.

**Cochón, Luís** (ed., introdución e notas), *Antonio Blanco Freijeiro. Isidoro Millán González-Pardo. Cartas habidas (1953-1990)*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia / Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria / Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, col. Cadernos Ramón Piñeiro, decembro 2014, 270 pp. (ISBN: 978-84-453-5173-4). ◆

Nova entrega da colección “Cadernos Ramón Piñeiro”, editada e anotada por Xosé Luís Cochón Touriño en colaboración con Laura Mariño Taibo. Centrada na correspondencia mantida entre Antonio Blanco Freijeiro e Isidoro Millán González-Pardo entre 1953 e 1990, o volume estrutúrase ao redor de cinco apartados, principiando cunha fotografía en branco e negro tirada durante unha escavación na praia de A Lanzada en Pontevedra a comezos dos anos 1950, na que participaron Filgueira Valverde, Antonio Blanco, Isidoro Millán, Alfredo García Alén e Santos Junior. Aparecen a seguir catro breves textos que conforman o primeiro dos apartados: a dedicatoria. O primeiro vén asinado por Blanco e trata a pescuda e posterior descuberta en Lourizán dunha imaxe particular do deus romano Vestio Alonico, “O Demo”, por parte de García Alén. Contén cinco liñas subliñadas polo editor, referentes ao traslado da devandita imaxe ao Museo de Pontevedra polo propio García Alén. O segundo pertence á autoría de Millán e, baixo o título de “In memoriam”, desenvolve a primeira xornada de escavacións arqueolóxicas na praia de A Lanzada, xunto a García Alén, Blanco e outros compañeiros a comezos da

década de 1950. Tamén inclúe nove liñas subliñadas que aluden á boa disposición e capacidade de traballo en equipo de García Alén. Os dous textos seguintes son simplemente dúas citas tiradas de Eurípides e Millán, respectivamente; a primeira grafada en grego e a segunda en galego, ao redor do concepto do tempo. O segundo apartado deste volume, “Semblanzas”, dá conta das traxectorias vitais de ambos os dous correspondentes, Antonio Blanco Freijeiro (1923-1991), e Isidoro Millán González-Pardo (1922-2009), destacando, no caso de Blanco, as traducións do poemario *Musa alemá* (1951) -xunto a Celso Emilio Ferreiro- e *Crónicas dun tempo escondido* (1930-1960); e, no de Millán, o seu labor como mestre de grego e a saída ao prelo dun volume inédito seu, *Don Gaíferos de Mormaltán, X Duque de Aquitania* (2010), editado por Iris Cochón Otero e Xosé Luís Cochón Touriño. O terceiro apartado conforma o limiar, que parte da amizade entre Blanco e Millán dende os anos da adolescencia e salienta o labor intelectual exixido na configuración do presente epistolario; a brillante traxectoria de ambos como tradutores de linguas clásicas e modernas; a autoría de Blanco de volumes como *La edad de piedra* (1983), -galardoado co premio Nacional de Tradución- ou *Revolución romana* (1989); a de Millán con *Morte na catedral* (1973) e *Don Gaíferos de Mormaltán, X Duque de Aquitania* (2010), -tirado do prelo postumamente-. O cuarto apartado vén composto pola reprodución das misivas enviadas entre Blanco e Millán, precedidas dunha nota editorial que agradece a cooperación de Rosina Otero Abalo e sinala a asimetría do epistolario. A primeira epístola data de 29 de setembro de 1953 e a derradeira de 18 de setembro de 1990. Todas elas, mecanoscritas en lingua castelá, tratan cuestións como o nacemento da filla de Blanco; o exemplar do Dicionario de Liddell-Scott; a concesión do Humboldt-Stipendium a Blanco; o estudo dos alfabetos minoicos; a saída ao prelo do ensaio *El problema de Tartesos* (1964) e *Historia de España I* (1980), de Blanco, e *Toponimia del concejo de Pontedeume y cartas reales de su puebla y Alfoz* (1988), de Millán; o artigo necrolóxico de prensa “Sánchez Cantón” asinado por Millán e Isidoro Millán Mariño; a homenaxe ao profesor Antonio García y Bellido; a tradución de *Morte na catedral* (1973), de Millán e *Historia de la edad de piedra* (1981), de Blanco; as escavacións arqueolóxicas en San Vicente do Grove; a incidencia con Alicia Canto sobre a publicación do artigo “Ulisi” na revista *Habis*; o pregón das Festas do Apóstolo de 1980 elaborado por Millán; a etimoloxía da verba “guisande”; os artigos tirados do prelo na revista *Compostellanum* e a investidura de Millán como Conde de Quirós. A seguir, aparecen unha relación desta correspondencia por orde cronolóxica e un índice onomástico dos persoeiros mencionados nas misivas. O derradeiro apartado deste volume consiste nunha serie de apéndices que reproducen o panexírico a Blanco por parte de Xosé Filgueira Valverde no seu pasamento; a relación de publicacións de Blanco, tomada de *Vida y obra de Antonio Blanco Freijeiro* (1989), da autoría de José Jacobo Storch de Gracia y Asensio; e o currículo e publicacións de Millán, que pecha o volume.

**Diéguez**, Lois, *Lugo, a cidade dos tesouros encantados*, Vigo: Editorial Engaiolarte, setembro 2014, 204 pp. (ISBN: 978-84-942388-0-2).

Volume de Lois Diéguez (Monforte de Lemos, 1944) no que se ofrece unha visión moi persoal da cidade de Lugo co gallo de animar o lector a ser quen de contemplala dende unha perspectiva diferente. Ábrese cunha dedicatoria do autor a aquelas persoas que crearon “eses tesouros que agora desfrutamos” e que conforman o fio condutor desta ruta pola cidade. Preséntase unha estrutura organizada en “treitos” que xiran ao redor de diversos elementos: a choiva, que permite acceder aos recunchos e peculiaridades que

agochan, entre outras, a Porta de San Pedro, a da Estación ou a de San Fernando; a néboa, que acompaña ao lector nun paseo dende a Porta de Santiago até a de Bispo Aguirre ; o sol, co que se atravesa a cidade dende a Rúa Nova até o Parque Rosalía de Castro e co que se poñen ao descuberto diversos elementos da etapa romana como, entre outros, a historia de Mitra; e o ar, co que se realiza unha incursión no interior da Catedral. Ao longo deste percorrido Diéguez pon de manifesto a significación das xentes de Lugo como compoñente clave á hora de conformar o encanto que posúe a cidade. O volume péchase cun índice onomástico e complementábase coas fotografías de Xulio Gil, con cartografía e cun plano dos tesouros da capital lucense.

#### Referencias varias:

- Felipe Senén, “Lois Diéguez e ‘Lugo, a Cidade dos tesouros encantados’”, *La Opinión*, “Opinión”, “O labirinto do alquimista”, 12 outubro 2014, p. 27.

Faise un breve percorrido biográfico e literario pola vida de Lois Diéguez. Segundo Felipe Senén, o libro é unha homenaxe á cidade, ás súas paisaxes e ás súas xentes. Infórmase tamén do contido histórico da obra.

- M. L. Clemente, “Lois Diéguez presenta en Madrid su último libro”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 15 novembro 2014, p. 43.

Dáse conta da presentación da obra na delegación da Casa de Galicia en Madrid que contou coa presenza de Xan Carballa, José Ramón Ónega e o propio autor.

**Dourado Deira**, Manuel, *O primeiro retorno de Castelao*, Rianxo: Axóuxere Editora, 2014, 148 pp. (ISBN 978-84-941379-3-8).

Manuel Dourado Deira (Araño, Rianxo, 1929- Rianxo, 2012) relata nesta crónica cómo foi o proceso de doazón do busto de Castelao, por motivo do seu XXV cabodano, por parte do Padroado da Cultura Galega de Montevideo en 1975 e as repercusións que tivo na prensa e na sociedade galega. O volume recolle diferentes discursos nos que se alude á faceta literaria de Castelao, cítanse outros escritores ou mesmo se lle compara con eles. Por exemplo, don Ramón Otero Pedrayo alude no seu discurso (pp. 46-53) a Rosalía de Castro que, xunta a Castelao, son “ os grandes xenios da Galicia moderna [...]” (p. 50). Máis adiante, ao analizar o discurso do representante do Centro Galego de Bos Aires e da Federación Mundial de Sociedades Galegas, Juan Manuel Pérez, Dourado Deira lembra unhas estrofas do poema que Ramón Cabanillas escribe sobre a morte de Castelao. Xa no ámbito dos artigos periodísticos, o autor parafrasea un do Doutor Manuel Sánchez Salorio (pp. 92-98). Cita o inicio do artigo, que comeza cuns versos do *De catro a catro* de Manuel Antonio: “Eu cacheaba todol-os segredos/ d’as miñas mans valdeiras/ porque algo foi que se me perdeu n-o mar” (p. 93) e remata cunha cita da mesma obra, aínda que desta vez do poema “Adeus” (p. 98).

#### Referencias varias:

- Rubén G. Briones, “Presentan un libro póstumo de Dourado sobre Castelao”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 985, 24 xullo 2014, p. 11.

Infórmase da presentación do libro no concello de Rianxo, coa participación do conselleiro de Cultura Xesús Vázquez Abad. Dise que o libro se centra na viaxe clandestina a Rianxo no ano 1975 do busto de Castelao dende o Padroado de Cultura Galega de Montevideo.

**Fernández Naval**, Francisco X., *As Crebas. Outro xeito de andar ao mar*, A Coruña: Baía Edicións, 2014, 81 pp. (ISBN: 978-84-9995-125-6).

Francisco X. Fernández Naval (Ourense, 1956) compón, canda a fotógrafa Maribel Longueira (A Coruña), este volume sobre as crebas, os diversos obxectos que as ondas deixan nas praias. Tras os paratextos iniciais (dedicatoria e índice), o volume ábrese con “Introdución. Dun home que foi vivir ao mar”, texto que desvela como nace este proxecto, desencadeado pola participación do autor nunhas xornadas sobre o mar e a contaminación organizadas polo Museo Etnográfico e Arqueolóxico Doutor Joaquim Manso de Nazaré. Logo deste primeiro “As crebas, economía e cultura do lixo do mar”, chegarán outras conferencias (Corcubión, Cardiff...) e a idea final, a de harmonizar o material nun libro. A partir de aquí, en sete epígrafes, o autor consegue facer fluír unha compilación de referencias sobre as crebas, repasando obras pictóricas, filmes (de *Jamaica Inn* a *Os Crebinsky*) ou obras literarias, alén das historias vitais de crebeiros e raqueiros (piratas de terra), organizadas dende “De naufraxios e raqueiros” até casos específicos, coma “O enigma do Kursk e da gutapercha”, sexta epígrafe. É precisamente a sétima epígrafe aquela que máis nítidamente conecta coa literatura. Baixo o título “Da arte e do mar que todo devolve”, o autor recolle diferentes fragmentos ou poemas completos de Camões, Lúcia Jorge, Julio Cortázar, Eva Veiga, Xavier Queipo, António Lobo Antunes ou Miro Villar sobre as crebas oceánicas, verdadeiros inventarios dos materiais naturais e obxectos que descenden polas correntes ou fican varados nas praias. Pero non só das crebas literarias se encargará o autor: o volume recolle tamén a creación de Man, o alemán de Camelle, coa súa casa-museo feita de crebas; os cadros da pintora coruñesa Beatriz García Trillo; as “Esculturas dos obxectos atopados” de Ángel Ferrant; os materiais recollidos por Maruxa Mallo nos areais galegos ou chilenos; as esculturas de Enrique Conde, Nando Lestón ou Ana Gil etc. O volume péchase coa bibliografía empregada e un índice onomástico de gran utilidade para as consultas puntuais na busca dun artista ou autora determinados. Tras el, sitúanse as notas biográficas, con cadansúa fotografía, de Francisco X. Fernández Naval e Maribel Longueira. Nunha derradeira homenaxe ás crebas, o colofón testemuña a chegada a Porto Balea, parroquia de Lira, dunha estación meteorolóxica procedente de Miami, que tardou un ano en cruzar o Atlántico até chegar ás costas galegas, xusto cando este volume entraba en imprenta.

### **Recensións:**

- Rodri García, “A ver qué trajo hoy la marea”, *La Voz de Galicia*, “*Extra Voz*”, n.º 173, “Reportaje”, 4 maio 2014, pp. 6-7.

Dise que na obra, que contén fotografías de Maribel Longueira, se sistematiza por vez primeira o mundo das crebas, que nos últimos tempos se converteu en materia prima

para os artistas. Sinálase que o libro lle dedica un lugar destacado a Man, o alemán de Camelle, considerado polos autores como o maior crebeiro de Galicia, e saliéntanse dous capítulos dedicados a imaxes de virxes adoradas na Costa da Morte traídas polo mar. Finalmente, coméntase que os autores se atopan estes días en Islandia no marco dun proxecto fotográfico e literario relacionado co mundo das crebas.

### Referencias varias:

- P. C., “Francisco X. Fernández Naval. ‘Os crebeiros de agora son os artistas plásticos, a parte dos curiosos’”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “A pie de calle”, 25 abril 2014, contracuberta.

Dáse conta da presentación en Compostela desta obra que afonda no mundo das crebas e no oficio dos crebeiros. Indícase que no acto o autor estivo acompañado por Maribel Longueira, autora das fotografías, Soledad Pite e Manuel Rodríguez.

- X. F., “As crebas”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, “Un libro cada día”, 2 maio 2014, p. 39.

Apúntase que esta obra documenta a importancia histórica das crebas en Galicia a través da achega a esta práctica e ao mundo dos crebeiros. Indícase que o libro aborda tamén o uso que fixeron das crebas algúns artistas.

**Fraga Moure**, Modesto, *Fisterra, a derradeira perla de Occidente*, A Coruña: Asociación de Escritores en Lingua Galega, marzo 2014, 135 pp. (D. L.: C 184-2014).



Esta guía turística de Fisterra, redactada a xeito de libro, é obra de Modesto Fraga (Fisterra, 1974). Consta dunha “Introdución”, seguida de catorce capítulos e péchase cos “Agradecementos” e mais coa “Bibliografía”. Os trece capítulos titúlanse: “Unha illa entre dúas beiras”, “Da costa dos naufraxios á ferida”, “Un mar de ausencias e orfandade”, “A pegada da emigración”, “A singularidade da fala”, “Vía XX. Per Loca Maritima”, “Un pouco da Historia”, “A lenda da cidade de Dugium”, “A ermida de San Guillermo”, “A lenda da Orca Vella”, “Roteiros para coñecer Fisterra”, “Roteiros alternativos” e mais “Fisterra e o reto do Patrimonio Europeo”. Modesto Fraga aborda a descrición de Fisterra tocando numerosos temas como a arte, a xeografía, a etnografía, o patrimonio, a literatura, a filoloxía (a toponimia e a fala fisterrá), a historia (os naufraxios), así como outros aspectos máis prácticos para os visitantes como a hostalería, os roteiros, a gastronomía, os costumes etc. Pola súa parte, a epígrafe “Festas e tradicións” vai asinado por Xoán Silva Pazo. Existen referencias á literatura galega e entre elas cítanse a Casto María Ínsua (Mallas-Fisterra, 1888-Buenos Aires, 1938), Ramón Marcote Miñarzo (Sardiñeiro-Fisterra, 1880-La Habana, 1955), o crego-poeta Matías María Escariz Méndez (1882-1945), Francisco Esmorís Recamán (1893-1967) e asemade hai mencións a Rosalía de Castro, Manuel María, Eduardo Pondal, Benito Vicetto ou o Padre Sarmiento. Cómpre sinalar que este volume é unha edición de autor que presenta un abondoso apoio fotográfico. Estas fotografías son obra, na súa meirande parte de Iván Fraga, acompañadas doutras de Ruth M. Anderson, Manuel Ferrol, Gonzalo Allegue, Ramón Caamaño, Luís Lamela ou Alberto Martí.

### Referencias varias:

- José. M. Ramos, “Viaje literario con Modesto Fraga por las ‘identidades’ de Fisterra”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, 20 marzo 2014, p. 6.

Coméntase que a obra pretende ser un libro de referencia para os fisterráns porque recolle os signos identitarios do concello. Sinálanse algúns dos temas abordados (emigración, toponimia, personaxes ilustres etc.) e anúnciase a súa presentación.

- R. Nicolás, “Para coñecer Fisterra”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “*Letras*”, “*Galego*”, 4 abril 2014, p. 19.

Dise que a obra pretende ir máis alá de desvelar os tesouros de Fisterra. Afirmase que “é un libro de viaxes que bebe na mellor das tradicións do xénero” e que mostra “con espléndida prosa” o que aquelas terras reúnen.

- J. M., “Modesto Fraga presentó su nuevo libro”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 893, 21 abril 2014, p. 5.

Refírese a presentación deste libro en Fisterra, na cal o seu autor estivo acompañado do escritor Luís Lamela García e do alcalde da vila.

**Freyre, Xe e Abel Vigo García** (eds.), *Manuel Leiras Pulpeiro (1854-1912). O poeta e o cidadán ao cabo dun século*, Lugo: Deputación de Lugo, outubro 2014, 258 pp. (ISBN: 978-84-8192-503-6). ◆

Volume colectivo de homenaxe a Manuel Leiras Pulpeiro (Mondoñedo, 1854-1912) e ao municipio lucense vinculado á súa obra, composto por colaboracións de “estudiosos, afeccionados e curiosos do mundo leirasiano”. O libro recolle unha parte das comunicacións ofrecidas nas xornadas organizadas pola Deputación de Lugo e o Concello de Mondoñedo co gallo do centenario do pasamento do autor, incluíndo fotografías do escritor e médico, así como da arquitectura mindoniense relacionada con este. A obra iníciase cunha intervención do alcalde, Orlando González Cruz, na que se vincula a figura de Leiras coa súa cidade natal; e a continuación ofrece unha presentación na que se indica a orixe deste volume, seguida polas distintas achegas que conformaron estas xornadas e que son de interese para este *Informe*:

- Ramón Reimunde Noreña, “Vigência e actualidade de Leiras Pulpeiro”, pp. 11-38.

Defende a vixencia das ideas e textos de Leiras Pulpeiro, intentando demostrar que este “não é um autor antiquado e secundario, senão excelente poeta popular e progressista nas suas ideias”. Explora brevemente as débedas literarias do autor e a relación con outros escritores como Cunqueiro. Reimunde centra a súa argumentación na presenza, dentro das obras de Leiras, dunha temática que se podería vincular coa actualidade: a crítica ao clero e a un sistema opresor, o amor pola patria e polo mariña lucense, o erotismo e a visión favorable da muller. Saliéntase tamén o particular uso e defensa que o poeta e médico fai da “fala” galega, escollendo para a escrita a forma dialetal mindoniense.

- Xosé R. Veiga, “Leiras Pulpeiro, un ‘bo e xeneroso’”, pp. 39-56.

Intervención dividida en dous apartados. No primeiro, titulado “O home, o poeta, o médico”, coméntase a figura de Leiras como defensor da lingua galega, pero tamén como veciño e médico, destacando o seu “trato afábel e cordial”. O segundo apartado, “O político”, centrase no “Leiras actor social”, explorando as súas incursións no panorama político.

- Armando Requeixo, “Herdanza de Manuel Leiras Pulpeiro entre os escritores mindonienses”, pp. 57-72.

Explórase a influencia de Leiras nos autores mindonienses que o suceden. Coméntase a débeda de Antonio Noriega Varela nunha etapa inicial, a admiración profesada por Eduardo Lence Santar, a discreta “presenza leirasiana na escrita de Cunqueiro” e as dedicatorias de Xosé Díaz Jácome, autores, estes dous últimos, que tamén renden homenaxe a Leiras como xornalistas. Outros nomes brevemente considerados son: Antón Villar Ponte, Xosé Trapero Pardo, Aquilino Iglesia Alvariño, Ramón Reimunde e Antón Meilán.

- M.<sup>a</sup> Isabel Morán Cabanas, “Sons e faces da morte na poesía de Leiras Pulpeiro”, pp. 73-100.

Reflexiónase sobre a existencia dunha poesía de corte persoal dentro da obra leirasiana que reflectiría o “confronto do autor mindoniense com a passagem do Tempo e com a Morte”. Clasifícanse os textos conforme ao momento que Leiras pretendeu recoller, así como dependendo da maior ou menor referencia á morte; desta forma atópanse cinco grupos: textos que reflicten 1) “o presságio da propia morte”, 2) “a circunstancia da morte de seres queridos e admirados”, 3) “o esquecemento *post mortem*: da vida ao nada”, 4) “as coitas da vida e a morte o final do camino” e 5) “o passagem do tempo e morte em histórias de pessoas e cousas”.

- M.<sup>a</sup> Camiño Noia Campos, “Os cantares e contares populares de Leiras Pulpeiro”, pp. 101-120.

Coméntase o labor de Leiras no ámbito da cultura popular, colaborando na preservación e recuperación do folclore galego como colector de refráns, ditos coloquiais, adiviñas e unha ampla colección de cantigas. Préstase especial atención ás cento oito coplas de temática social e amorosa que o autor envía á Academia Galega. Finalmentefálase da relación de Leiras coa narrativa oral.

- Antón X. Meilán García, “A poesía de Leiras Pulpeiro aos cen anos da súa morte. Algúns recursos gramaticais”, pp. 121-138.

Reflexiónase sobre o feito de que Leiras Pulpeiro continúe a ser un descoñecido entre o público xeral e pase desapercibido por parte da crítica. Defende que a poesía leirasiana “segue sendo un espello e referente de denuncia para os problemas actuais”. Saliéntase que o autor non so mostraba un gran dominio da fala senón da gramática en xeral, exemplificando con algunhas composicións este manexo da lingua nos planos fónico, morfolóxico, sintáctico e léxico.

- Xosé Manuel González Reboredo, “Novo achegamento a Manuel Leiras Pulpeiro como informador antropológico do Ateneo de Madrid”, pp. 139-164.

Sínálase que o poeta e médico mindoniense foi un dos informadores galegos dos cuestionarios promovidos polo Ateneo de Madrid sobre costumes de nacemento, casamento e morte (1901-1902). Destácase que as achegas de Leiras non solo son importantes dende o punto de vista médico, tamén o léxico que as acompaña (incluíndo un ítem sobre refráns e ditos) é relevante, pois todo contribúe a “recompoñer a nosa ethnohistoria”.

- Antonio Reigosa Carreiras, “Pegadas do pensamento máxico na obra literaria e etnográfica de Manuel Leiras Pulpeiro”, pp. 165-190.

Estuda a presenza do pensamento máxico ou mítico na obra literaria de Leiras Pulpeiro e na información sobre costumes de nacemento, casamento e morte enviada ao Ateneo de Madrid entre 1901 e 1902. Reigosa comenta que as composicións do autor mindoniense apenas están vinculadas coa tradición mítica ou relixiosa, a excepción do léxico, sendo el “un racionalista ilustrado de formación científica”. Por outra banda as respostas enviadas ao Ateneo si reproducen “o pensamento máxico das xentes mindonienses de hai pouco máis de cen anos”.

- Andrés García Doural, “Algúns familiares do ilustre médico e poeta D. Manuel Leiras Pulpeiro”, pp. 191-206.

Achégase información sobre a familia paterna do poeta e médico. Inclúense dúas arbores xenealóxicas que comprenden seis xeracións.

- Antón X. Meilán García, “O outro Leiras Pulpeiro. As penas e sufrimentos na súa poesía”, pp. 207-216.

Exemplifícase mediante diversos poemas a “vida chea de penas, tristuras e sufrimento” que tivo que soportar Leiras debido ás súas ideas políticas e anticlericais. Coméntase o rexeitamento por parte da sociedade mindoniense (“menos os pobres”), maioritariamente contraria á súa ideoloxía, feito que contrasta co seu enterro multitudinario.

- Alicia Tella-Villamarín Ferreiro, “A voz dunha profunda amizade”, pp. 217-224.

Fálase da amizade con Pastor Taladrid, médico de Mondoñedo co que Leiras elabora os *Apuntes para la Geografía Médica del Distrito Municipal de Mondoñedo* (1910).

- Xe Freyre, “Algúns destinatarios dos poemas de Leiras. As dedicatorias ós amigos”, pp. 225-255.

Abórdanse aquelas composicións explicitamente dedicadas a algún amigo de Leiras. Explórase a relación do autor con estes persoeiros, algúns deles “abondo coñecidos – cando menos no ámbito mindoniense– e outros de lembranza bretemosa”. Ofrécese información relacionada coa vida dos destinatarios dos poemas co fin de esclarecer a datación destes. Os nomes incluídos son: Edelmiro Trillo Señoráns, Indalecio Varela Lenzano, Fernando del Alisal, César González-Seco Romero e Emilo Tapia Rivas.



**García Vega**, Lucía, *Rosalía de Castro e os lugares de Cantares gallegos*, pról. Marina Mayoral, Pontecaldelas: Edicións do Cumio, xaneiro 2014, 135 pp. (ISBN: 978-84-8289-473-7).

Este volume asinado pola filóloga Lucía García Vega (Lugo, 1974) é, en parte, resultado da súa tese de doutoramento *Os lugares na vida e na obra de Rosalía de Castro: análise literaria*, defendida na Universidad Complutense de Madrid no ano 2010. Ábrese con catro citas de autores distintos: José Ortega y Gasset, Alexander von Humboldt, Estrabón e Domingo Fontán. Deseguido a dedicatoria á súa nai, os agradecementos e un prólogo asinado por Marina Mayoral, que destaca de *Cantares gallegos* trazos como o compromiso coa lingua e a terra galegas que dominan todo o poemario de Rosalía de Castro. A investigación de Lucía García ofrece unha nova e distinta aproximación aos estudos rosalianos centrando a súa atención nos lugares e na toponimia presente na obra cume do Rexurdimento. A autora sostén que acaso Rosalía “concibiría o concepto xeográfico de Galicia como o resultado da unión das provincias que a forman, dando lugar a unha única provincia, polo tanto, unha percepción territorial bastante achegada ao que fora o antigo Reino de Galicia”. Deseguido atópase unha tripla división á hora de analizar os topónimos (galegos e estranxeiros) en *Cantares gallegos*: primeiro, os incluídos no prólogo (divididos á súa vez en lugares con valor positivo e con valor negativo); segundo, os presentes no texto poético; e terceiro, a relación dos lugares coa propia biografía de Rosalía (neste terceiro apartado algúns lugares acompañanse de fotografías dos propios sitios). Lucía García tamén incorpora ao seu estudo ás referencias a rúas e prazas citados en *Cantares gallegos*.

#### **Referencias varias:**

- Jaureguizar, “García Vega resalta a relevancia da toponimia en ‘Cantares Gallegos’”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Literatura”, 21 febreiro 2014, p. 70.

Anuncia a presentación deste volume en Lugo e apunta que se trata dun estudo da doutora en Filoloxía Románica Lucía García Vega acerca da toponimia na obra rosaliana.

**González Herrán**, José Manuel, *José Rubia Barcia: Unha vida contada*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, col. As nosas voces, n.º 24, 2014, 144 pp. (ISBN: 978-84-92923-57-1). Inclúe CD. ◆

Recolle a transcripción dunha entrevista que José Manuel González Herrán (Santander, 1946) mantivo con José Rubia Barcia (Mugardos, 1914-Los Ángeles, 1997) no verán de 1985. Comeza cunha presentación de Ramón Villares que enxalza a figura de Rubia Barcia como intelectual exiliado que sempre tivo presente a Galicia. A continuación, a introdución do autor recorda as circunstancias da entrevista, chamando a atención sobre o que considera inxusto descoñecemento do labor intelectual no exilio de Rubia Barcia. González Herrán fai un breve repaso pola traxectoria vital de Rubia Barcia, dende os seus estudos en Ferrol e Granada, pasando pola súa participación no bando republicano durante a Guerra Civil e chegando á súa vida no exilio como guionista de cine e

profesor de literatura española. Así mesmo, faise un breve comentario das obras máis relevantes da súa carreira literaria. Esta introdución remata cunha bibliografía dos escritos de Rubia Barcia, así como bibliografía secundaria sobre este autor. Ao longo da entrevista, Rubia Barcia conta detalles da súa vida, entre eles, como tras estudar o Bacharelato en Ferrol, conseguiu unha bolsa do ministerio para facer estudos universitarios en calquera universidade española; como durante a República comezou a carreira de Filosofía e Letras en Granada, onde se interesou polo árabe e o hebreo; como comezou a desenvolver a súa conciencia política socialista e participou nos movementos estudantís do momento; a súa licenciatura en 1935 en Filosofía e Letras cun Premio Extraordinario e a matrícula na Escola de Estudos Árabes. Conta tamén como nese mesmo ano ensinou latín no Instituto Ganivet de Granada e a súa vida durante a Guerra Civil na que Rubia Barcia se atopaba en Madrid; durante o período bélico que se involucrou no conflito, en funcións como a organización das milicias, a delegación do Ministerio da Guerra en Extremadura, a correspondencia de guerra do xornal *Política* ou a dirección do xornal *Armas y Letras*. Ao final da guerra sinala que se exiliou a través de Francia e chegou a Cuba, onde ensinou e deu conferencias, escribiu na prensa, participou en montaxes teatrais e en toda a vida cultural da Habana. Tamén publicou alí o seu primeiro libro. Nos anos 40 recibiu unha invitación para ensinar na universidade de Princeton durante un ano. Alí participou en programas de radio en español e máis adiante marchou a Hollywood con Luis Buñuel para traballar como actor, director e guionista. Incide que en 1947 entrou na universidade de Los Ángeles onde desenvolveu a súa carreira académica como Profesor de Literatura, chegando a ser Catedrático nesa universidade. Ao longo dos anos escribiu ensaios e traducións, aínda que a súa obra está escrita fundamentalmente en castelán e publicou no ano 81 unha escolma de poemas en galego. Ao final da entrevista, Rubia Barcia reflexiona sobre a experiencia do exilio, unha situación traumática especialmente cando se decata da absoluta falta de importancia que para o seu país de acollida (Estados Unidos de América) ten o seu país de orixe. Por outro lado, recalca a importancia do labor intelectual desenvolvido polos exiliados nos seus países de acollida; Rubia Barcia opina que non se apreciou como debería ser en España. Ademais fala dos seus plans para a escritura de libros que procuren a desmitificación da historia española, incluída a figura de Santiago Apóstolo.

**González Pérez, Clodio** (coord.), *Nostalgia de Noia (Cartas de Álvaro de las Casas ao seu amigo Juan López Medina 'Xohán de Traba' (1935-1940)*, A Coruña: Deputación da Coruña, 2014, 43 pp. (ISBN: 978-84-9812-247-3). ◆

Sentida biografía de Álvaro de las Casas e Xoán de Traba na que se salienta a súa relación nacida na vila de Noia, onde un traballaba no instituto, realizaba actividades culturais potentes para a formación dos máis novos e non tan novos en ámbitos varios, como se reflicte nos libros que salienta da súa autoría. O outro, Xohan de Traba, secretario do concello de Lousame, moi próximo a Noia, era avogado con bufete en Noia pero tamén poeta en galego e castelán. Despois de centrarse nos problemas que xurdiron na amizade por mor da Guerra Civil, reproducense cinco tarxetas postais, catro cartas e unha nota que testemuñan os vaivéns da relación destes amigos e falan da vida e costumes do momento. No epílogo salientase o medo e a dúbida de Álvaro de las Casas entre volver a Noia ou non como se transmite en varias cartas pois nunhas promete ao amigo volver, falar e ensinalle unha novela que acaba de escribir, mentres que noutra di que mellor é non volver a España.

## Referencias varias:

- M. G., “Presentan ‘Nostalxia de Noia’ en el Virxe do Mar”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.190, 20 febreiro 2015, p. 10.

Anuncia a presentación deste libro no IES Virxe do Mar de Noia coa presenza de Clodio González, Xavier Castro (director do centro) e Teresa Villaverde (alcaldesa).

- M. G., “Un libro que recoge cartas de Álvaro de las Casas”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.193, 23 febreiro 2015, p. 10.

Dá conta do transcurso da presentación do libro no IES Virxe do Mar de Noia.

**Guitián**, Javier, *A flora dos eidos*, pról. Carmen Blanco, Santiago de Compostela: Editorial Ézaro, 2014, 114 pp. (ISBN: 978-84-939098-7-1).

Esta obra de Javier Guitián, catedrático de Botánica da Universidade de Santiago de Compostela, subtitulada “Un percorrido botánico polo Courel da man de Uxío Novoneyra” e dedicada a este mesmo autor, quere ser un manual botánico e divulgativo das especies que aparecen nos versos de Uxío Novoneyra. Así, á vez que se destaca a riqueza natural do territorio, sinálase o profundo coñecemento que o poeta ten deste patrimonio. O paratexto inaugural é o “Prólogo”, de autoría da profesora e escritora lucense Carmen Blanco, que desvela parcialmente o proceso de confección da obra e dá, deseguido, algunhas claves para comprender a centralidade da flora no ciclo courelao de Novoneyra, sen esquecer elementos coma os bosques e o mofo, a interacción da vida natural coa cultura ou a percepción sensorial. A continuación sitúanse os “Agradecementos”, que se dirixen tanto ás persoas ligadas ao proceso de xestación e corrección do libro como ás amizades e veciñanza do Courel, de quen Javier Guitián recibiu respostas que testemuñan que a cultura das prantas vai alén do coñecemento científico. A “Introdución” explica a orixe da idea, o contacto do autor con Uxío Novoneyra na súa casa de Parada e os quince anos que mediaron até que retomou a idea aparcada, cunha selección do propio poeta que ambos comentaron na Galería Sargadelos de Santiago. Malia a que unha serie de acontecementos interromperon esa colaboración e o resultado final non estea tan próximo á idea orixinal, Javier Guitián retómaa ao tempo que elabora unha *Guía das plantas do Courel*, centrándose en textos de *Os Eidos* I e II. Para situar a Serra do Courel, os seus estudos florísticos ou a evolución da paisaxe inclúese a seguinte epígrafe curta, titulada “Unha ollada á Serra”, cun mapa do Courel e o seu entorno nas páxinas 28 e 29. O corpo do libro constitúeno dúas epígrafes: “As plantas” e “Os hábitats”, que recompilan unha serie de “fichas botánicas” seguindo sempre o mesmo procedemento. En primeiro lugar colócase o verso ou estrofa de Uxío Novoneyra coa especie sinalada en grosa e a imaxe ilustrativa, en segundo lugar o nome científico e outros nomes da especie en galego, e en terceiro lugar a descrición botánica e a súa localización no Courel. A extensión dedicada aos “hábitats” é menor, sinalando agros (coa correspondente fotografía de campos de cultivo no val do Lóuzara), ciñais, devezas, fragas, prados, reboleiras, soutos, toxais e ucedos. O volume péchase cun índice dos nomes galegos e outro de nomes científicos das especies sinaladas e o nome do autor da respectiva fotografía.

**Lezcano**, Arturo, *Antón Risco, con nome propio*, Ourense: Deputación Provincial de Ourense / Fundación Vicente Risco, 2014, 148 pp. (ISBN Fundación Vicente Risco: 978-84-939378-9-8) (ISBN Deputación de Ourense: 978-84-92554-82-9). ◆

Libro do xornalista Arturo Lezcano (Ourense, 1939) que afonda na vida e na obra de Antón Risco (Allariz, 1926 - Vigo, 1998), tomando como base a propia amizade mantida co escritor e a colaboración de diversas persoas que o coñeceron. O volume está estruturado en once partes. En primeiro lugar, a modo de limiar, “Antón Risco, con nome propio”, Lezcano presenta ao autor e indica que a obra está elaborada grazas á axuda de testemuñas aínda vivas. A seguir, en “Fillos do río”, “Ningures”, “Memorias dun emigrante”, “O eterno retorno”, “O profesor universitario” e “Os seus cans”, rexistra as vivencias persoais do autor, a súa infancia, a etapa académica, a experiencia na emigración e a súa relación con figuras de gran renome como José Ángel Valente. A oitava e a décima parte, “Unha xusta reivindicación” e “O seu nome nas letras galegas”, reclama o recoñecemento de Antón Risco fóra da sombra do seu pai. A novena, “A crítica”, presenta dúas análises sobre a obra ficcional e ensaística do escritor: “Antón Risco, crítico de Valle-Inclán” de Francisco Xavier Charlín Pérez e “A delgada liña” de Camilo Franco. Por último, “Tres fragmentos dos inéditos”, pechando o volume, ofrece uns textos en prosa sen editar de Antón Risco: “Kindergaten”, “O dragón” e “A longa viaxe...”. O volume mostra unha análise do amplo labor intelectual desenvolvido dende diversas perspectivas para reivindicar unha nova posición académica para Antón Risco.

**Lourido**, Isaac, *Livros que nom lê ninguém. Poesía, movementos sociais e antagonismo político na Galiza*, Santiago de Compostela: Através Editora, col. Através das ideas, n.º 4, outubro 2014, 191 pp. (ISBN: 978-84-87305-85-6).

Isaac Lourido (Ferrol, 1981) presenta unha serie de traballos académicos sobre poesía galega, enfocando as súas funcións como discurso social e cultural. Dividido en dous grandes bloques, cun paratexto inicial de Séchu Sendé onde se contén o xermolo do título (“dentro dum desses livros de poesía/ que nom lê ninguém) abre o volume un “Prefacio” explicativo, no que se reflexiona sobre a orixe dos textos, a súa difusión anterior (diversa, aparecendo os textos tanto en publicacións colectivas como presentados en congresos académicos específicos) e o sentido do volume. A aproximación atende, en certos casos, á periferia menos explorada do sistema literario, estudando as dinámicas ou a poética dalgúns dos produtores menos explorados –coma o movemento estudantil, o Festival da Poesía do Condado celebrado en Salvaterra do Miño, as manifestacións artelladas por Nunca Máis etc.–, aínda que tamén se deteña na crítica de obras de produtores centrais. Consciente da proxección dun desexo de planificación cultural ou identitaria sobre moitos dos produtos culturais galegos, dedica a primeira parte a deseñar os “Mapas teóricos” que apoian a súa visión do sistema a estudar, e a segunda parte aos casos particulares, coa aplicación das bases teóricas anteriores (que asentan en teorías sistémicas), en “Processos, prácticas, trajetórias”. O primeiro bloque pode explorarse, xa que logo, da man dalgúns liñas-forza: “resistencia cultural”, “conflicto cultural”, “arte e subversión” etc. O segundo bloque acolle reflexións sobre “Lois Pereiro no Día das Letras Galegas 2011”, estudos sobre a posición e produción de Séchu Sendé ou Manolo Pipas, sobre a poesía galega como espectáculo en “Entre Rosalía 21 e Labregos no tempo dos sputniks”, un estudo crítico das Redes Escarlata ou o esbozo dunha autoanálise como investigador (na liña do

propugnado por Pierre Bourdieu). En definitiva, un volume incontornábel para a comprensión sistémica das dinámicas no panorama poético galego das últimas décadas. Péchase cunha listaxe dos títulos aparecidos nas diferentes coleccións da editora Através e un colofón significativo. A lapela posterior serve de presentación ao volume, mostrando un breve texto enfiado mediante preguntas e outro en clave de resumo.

**Maceira Fernández, Xosé Manuel, *Leandro Carré. Un século de cultura e compromiso*, Santiago de Compostela: Alvarellos Editora, col. Oeste, novembro 2014, 629 pp. (ISBN: 978-84-89323-53-7). ◆**

Xosé Manuel Maceira Fernández (A Estrada, 1964) fai una revisión da obra do intelectual coruñés Leandro Carré Alvarellos (A Coruña 1888- A Coruña 1976) e a súa relación coa promoción da cultura galega ao longo da súa vida. O libro comeza cunha serie de agradecementos a diversas persoas e institucións, entre as que o autor destaca á filla de Leandro Carré, Adela Carré Brandariz, por permitir o acceso ao Arquivo Carré, a editorial Alvarellos e o Centro Ramón Piñeiro. O volume consta de cinco capítulos numerados, unhas conclusións, una bibliografía e un índice onomástico. O primeiro capítulo é a introdución, onde se expón o contexto no que se desenvolveu a vida e a obra de Carré Alvarellos. Trátase dunha introdución histórica, que vai dende mediados do século XIX até mediados do XX, e onde se debuxan as liñas básicas dos movementos nacionalistas e galeguistas en Galicia, así como o contorno social, político e económico no que viviu Carré. Dedicase especial atención á situación cultural en Galicia, sobre todo na cidade da Coruña, vila natal de Leandro Carré. Así mesmo perfílase a figura de Carré Alvarellos en relación coas actividades que desempeñou vinculadas á cultura galega: escritor, debuxante, director teatral, editor, xornalista, fundador das Irmandades da Fala etc., actividades coas que continuou até a súa morte no ano 1976. No segundo capítulo faise unha análise da súa obra narrativa. O autor destaca a súa actitude de respecto polos persoeiros da cultura galega do século XX xunto co seu desexo de anovar con novos temas nunca antes tocados na narrativa galega. Segundo o autor, Carré Alvarellos desexaba artellar unha literatura de masas, ofrecer narracións lixeiras e de fácil acceso intelectual, todo isto con vistas a crear un público interesado en ler en galego. Saliéntase que nos anos vinte e trinta creou a editorial Lar co propósito de publicar ficción en galego que tivese dignidade literaria sen perder o favor do público e que escribiu tanto contos como relatos curtos e novelas, con temática diversa: costumista, urbana, fantástica, policial, entre outras. No terceiro capítulo fálase do papel de Carré no contexto teatral galego da súa época. Segundo o autor, Carré loita por modernizar o teatro en Galicia e por conseguir un público urbano de clase media, para o cal considerou necesario superar o localismo e o costumismo. Ademais, Carré entendeu o teatro como unha actividade divulgativa do nacionalismo, chegando a dirixir a mediados dos vinte a Escola Dramática Galega, xurdida a partir da sección artística da Irmandade da Fala coruñesa. O cuarto capítulo ocúpase da produción teatral de Carré, moi variada: parrafeos, escenas, estampas e cancións para coros; comedias, dramas e tentativas co teatro histórico e a ópera. Como se formulaba no capítulo terceiro, aínda que non abandonou os temas populares e costumistas, tentou crear temas modernos para unha sociedade moderna. O quinto capítulo dedícase á obra ensaística de Carré. Segundo Maceira Fernández son dous os eixes da investigación ensaística de Carré: por un lado, o labor etnográfico de recompilación e estudo do folclore, dos costumes e as lendas galegas; por outro, a análise filolóxica da lingua galega e o seu interese por levar a cabo a normalización lingüística do galego. Nas conclusións, Maceira Fernández

repasa o traballo de Carré Alvarellos e subliña a marxinación da figura de Carré dentro da historia cultural galega no século XX, e o seu propósito de revitalizar o coñecemento deste personaxe e fomentar a continuación das liñas intelectuais, creativas e ideolóxicas desenvolvidas por Carré Alvarellos. A monografía remata cunha extensa bibliografía que inclúe de forma exhaustiva a obra creativa de Carré, tanto a publicada en forma de libros ou xornais como a inédita, así como publicacións que analizan a súa obra e o contexto en que se desenvolveu. Péchase cun índice onomástico.

### **Recensións:**

- Quique Alvarellos, “90 anos da editorial Lar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Crónicas invisibles”, 25 novembro 2014, p. 42.

Informa da presentación do libro no Centro Ramón Piñeiro, coincidindo co noventa aniversario da creación da editorial Lar, fundada por Leandro Carré Alvarellos. Comenta que foi unha iniciativa que buscaba popularizar o interese pola literatura galega e que no ano 1924 comezou a publicación cada quince días de novelas urbanas, curtas e a prezos axeitados, unha estratexia comercial que durou tres anos nos que se puxeron no mercado uns corenta títulos de novela curta, un esforzo encomiábel que cimentou a nosa cultura.

### **Referencias varias:**

- P. Calveiro, “Xosé Manuel Maceira. ‘Carré é un esquecido, pero foi fundamental para Galicia’”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, 27 novembro 2014, p. L2.

Breve entrevista co autor do libro tras a presentación do mesmo no Centro Ramón Piñeiro, coeditor coa Xunta. Xosé Manuel Maceira destaca o labor de Leandro Carré Alvarellos en diferentes facetas da actividade cultural en Galicia, xa que fixo moitas achegas á narrativa co seu impulso á novela moderna galega, ao teatro coa renovación da escena galega, ao ensaio coa investigación nas lendas e tradicións populares etc. Ademais pensa que é un escritor inxustamente esquecido debido as envexas e aos intereses de grupo. Indica que a publicación deste libro busca remediar este esquecemento.

**Menéndez**, Luís, *Galleira Passport. Crónicas viaxeiras do século XXI*, Santiago de Compostela: Alvarellos Editora, col. Oeste [divulgación & ensaio], 2014, 243 pp. (ISBN: 978-84-89323-57-5)

Libro de relatos no que o xornalista Luís Menéndez (Ourense, 1959) reúne as súas crónicas sobre tres travesías a través da realidade multicultural de vinte e seis países. Ao longo de trinta e un capítulos, que se reparten en tres seccións correspondentes coas tres travesías (lusa, celta e oriental) e que polo xeral están encabezados cunha dedicatoria ou unha cita, o autor presenta as historias, costumes e peculiaridades que máis lle chamaron a atención durante as súas viaxes. Estas seccións contan ademais cun apartado chamado “Galería gráfica” no que se inclúen imaxes tiradas durante estas viaxes. A estes apartados nos que o autor achega o lector, sempre en clave galega, a

outras terras e culturas hai que engadirllles outros tres: un limiar escrito por Manuel Rivas, unha introdución do autor chamada “Solaina” e, finalmente, unha sección dedicada aos agradecementos a todas aquelas persoas e institucións que dalgunha maneira colaboraron en que puidese facer estes relatos. Por último, cómpre sinalar que o libro se abre cunha dedicatoria e cunhas citas de Castelao, Manuel Luís Acuña, Ryszard Kapuscinski e Eugénio Tavares.

**Moure, Teresa**, *Politicamente incorreta*, Santiago de Compostela: Através Editora, col. Das ideas, n.º 3, marzo 2014, 348 pp. (ISBN: 978-84- 87305-79-5).

Volume de Teresa Moure ( Monforte de Lemos, 1969) que se abre cunha dedicatoria e cun limiar no que reivindica o valor da palabra. A seguir, estrutúrase en cinco núcleos diferenciabéis que levan por nome: “Esse incómodo feminismo”, “Esse incómodo independentismo”, “Essa incómoda ortografía”, “Essa incómoda ecología” e “Esse incómodo mundo”. No primeiro, a autora aborda a relación entre feminismo e ecoloxía, fai unha crítica sobre certos conceptos herdados da tradición occidental, enfatiza o valor simbólico que entraña o feito de espirse na loita feminista, salienta o carácter combativo inherente ao uso da arroba e analiza o papel da linguaxe no que a unha transformación posíbel do mundo se refire. No segundo apartado, fala da corrente independentista galega e do seu compromiso co gallo de “abrirnos uma porta para a história” e amosa o seu desacordo polas medidas tomadas con algúns activistas. No terceiro núcleo (pp. 169-196) aborda o reintegracionismo e ofrece catro imaxes, co seu correspondente texto, baixo a epígrafe de “ Manifesto para a Festa da Toalha 2013”. No seguinte apartado a autora pon de manifesto a diferenza entre ambientalismo e ecoloxía, comenta os tópicos existentes sobre o vexetarianismo e analiza o consumo de carne actual e as diferentes lecturas que entraña. No último apartado (pp. 289- 348) amosa o seu escepticismo sobre o feito de encadrar determinados títulos na chamada literatura infantil e xuvenil e describe, minuciosamente, a cidade de “Libertária”. Finalmente, ofrécese un compendio de referencias bibliográficas.

### **Recensións:**

- Beatriz Suárez Briones, “Contracorrente do establecido”, *Tempos Novos*, n.º 206, “ProTexta”, “ProPostas”, n.º 04, xullo 2014, p. 71.

Coméntase a fondo esta colectánea e gábase a singularidade do persoal nos dezaseis ensaios que compoñen a obra e salientase o seu carácter comprometido, aínda que sinalando que ás veces pode resultar incómodo.

### **Referencias varias:**

- Manuel Varela, “Teresa Moure. ‘As medidas do poder pola ecoloxía non cuestionan o consumo feroz’”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y Cultura”, 4 maio 2014, p. 10.

Entrevista a Teresa Moure por mor da presentación de *Politicamente Incorreta* na que se reflexiona sobre os temas tratados na obra: feminismo, independentismo, ecoloxía, reintegracionismo e mundo.

- Montse Dopico, “A xenealoxía presente”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 510, “Reportaxe”, 11 setembro 2014, p. VII.

Fai un repaso sobre o actual estado do ensaio feminista galego e destaca varias obras de nova publicación como *A alternativa está aquí* (Xerais, 2014), de María Reimóndez, e *Politicamente incorrecta. Ensaio para um tempo de pressas*, de Teresa Moure. Desta última monografía destaca o concepto de “eco-feminismo” que reivindica a autora.

**Neira Vilas**, Xosé, *Epistolario diverso*, Ferrol: Edicións Embora, abril 2014, 237 pp. (ISBN: 978-84-92644-74-2).

Neste volume epistolario de Xosé Neira Vilas (Gres-Vila de Cruces, 1928) reproducense un total de 179 misivas que lle chegaron ao autor. Comeza cunha carta prólogo, “Carta aos lectores”, na que detalla que residiu corenta e tres anos en América (nas cidades de Bos Aires e A Habana) e que a correspondencia epistolar era o medio polo que se mantivo informado da vida cultural da Galicia daquela altura. A seguir reproducense as 179 cartas, redactadas en galego aínda que tamén as hai en portugués e en español xebradas en dous bloques: o primeiro, “Algunhas cartas de amigos”, consta de cincuenta e cinco remitentes cun total de cento corenta e dúas cartas mentres que o segundo, “Algunhas cartas de amigos de fóra”, presenta trinta e sete cartas de vinte e cinco remitentes. Cómpre sinalar que todos os remitentes comparten como arela común Galicia, dende diferentes puntos de vista, que entre eles hai escritores (nomeadamente galegos), xornalistas, profesorado, artistas, xuristas etc., e mais que proceden de Galicia, Brasil, Cuba, Francia, Alemaña, Bulgaria, Italia, Estados Unidos de América, República Checa, Finlandia, Suecia, Polonia, Xapón etc. No seu conxunto pódese coñecer a vida e intereses de Neira Vilas dende a súa presenza en Bos Aires e A Habana até o proxecto de tradución ao xaponés de *Memorias dun neno labrego*.

**Neira Vilas**, Xosé, *Días de Cuba*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Memoria, n.º 35, 409 pp. (ISBN: 978-84-9865-523-0).

Ensaio de Xosé Neira Vilas (Gres, Val do Ulla, 1928) que comeza cunha dedicatoria a Anisia, muller do autor, que o acompañou durante a súa estancia en Cuba. A seguir, un prólogo titulado “Un novo camiño”, escrito polo propio autor e que anuncia o que vai contar ao longo da obra. O ensaio, narrado en primeira persoa, distribúese en seis capítulos: “Xeiras e oficios”, “Algúns amigos”, “Cartas (máis ou menos intemporais) a Luís Seoane”, “Homes na historia”, “Gratidade” e “Discursos”, que a súa vez se dividen en pequenos apartados. No primeiro capítulo faise un traxecto polas distintas profesións que exerceu Neira Vilas dende que arribou a Cuba. Estes oficios van dende traballador do Ministerio até xornalista. Tamén difundiu proxectos relacionados coa lingua e literatura galegas como exposicións, conferencias, traducións ou publicacións. No seguinte capítulo refírese a persoeiros que tiveron algunha vinculación co autor en Cuba (Nicolas Guillén, Alejo Carpentier, Samuel Feijoo, José Antonio Portuondo, Francisco Mota, José Ramón Fernández, Guillermo Cid, María Araújo e Dora Carcaño Araújo, Roberto Fernández Retamar...), os cales fixeron traballando a prol da cultura galega. Elabora unha pequena biografía que inclúe diferentes anécdotas. Por exemplo, o autor xunto con José Antonio Portuondo e Mirta Aguirre, fundou unha Sección Galega no Instituto de Lingüística e Literatura da Habana. O terceiro capítulo son cartas que Neira



Vilas escribe a Luis Seoane. Nestas cartas o autor fállalle de Cuba: das características dos cubanos, das súas expresións, relixión, comidas típicas, dos lugares para visitar, da pintura galega, da revolución. Tamén da bandeira e do himno galegos que foron traídos dende Cuba, dos tabaqueiros, milagres... Todas estas cartas están asinadas sempre co nome de Pepe. O cuarto capítulo fai referencia a tres figuras representativas da historia cubana: José Martí, Ernesto Che Guevara e Fidel Castro. Cóntase a relación que tiveron coa cultura galega. O apartado dedicado ao Che Guevara comeza con catro versos dunha canción infantil cubana. Na parte de Fidel Castro hai un poema escrito por Neira Vilas titulado “Fidel Castro”, dedicado a Santiago Riera, e tamén aparece unha carta que Fidel Castro lle escribiu ao alcalde de Oleiros sobre a colocación da estatua de José Martí. O autor incluíu ademais algúns fragmentos do libro *Fidel: a miña vida* de Ramonet. No seguinte capítulo Neira Vilas fai un agradecemento a Cuba e á súa muller Anisia e realiza unha despedida na que conta as viaxes que fixo a Cuba despois de instalarse en Galicia. No último capítulo acóllense unha serie de discursos que pronunciou na Universidade da Habana e na Universidade de Santiago de Compostela. A obra presenta fotografías de Neira Vilas en Cuba, debuxos con caricaturas feitas por Blanquito dalgúns amigos do autor e tamén diplomas relacionados con Cuba.

### **Recensións:**

- R. Nicolás, “Reencontro emocionado”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Galego”, 20 xuño 2014, p. 21.

Dise que a obra é unha “indispensable fonte de datos e vivencias” que nacen do recordo dos anos vividos en Cuba por Neira Vilas. Coméntase que o libro dá conta dos oficios exercidos polo autor e das súas amizades literarias, recolle cartas dirixidas a Luís Seoane e retrata personaxes históricos que coñeceu.

- Denis Vicente, “O libro máis persoal de Neira Vilas”, *Grial*, n.º 203, “O espello das letras”, xullo, agosto e setembro 2014, pp. 74-75.

Explícase que nesta obra Xosé Neira Vilas repasa a súa relación con Cuba no cincuenta aniversario da súa chegada á illa. Descríbense as seis partes do libro, que pasan por describir os traballos de Neira en Cuba, as súas amizades, as relacións políticas e o seus sentimentos cara ao país. Conclúese salientando a dobre función do libro, que da a coñecer a situación de Cuba ao tempo que presenta a historia persoal do escritor.

- Xosé Miguel Giráldez, “A Cuba de Xosé Neira Vilas: un lugar no mundo”, *El Correo Gallego*, “2Domingo”, 7 setembro 2014, p. 4.

Fala da figura de Neira Vilas como o exemplo arquetípico da intelectualidade galega no exilio. Salienta que a aparición do seu libro no que se recollen as súas memorias de máis de trinta anos de residencia na illa de Cuba é un acontecemento que permite coñecer a súa intimidade con figuras importantes da vida galega e cubana.

### **Referencias varias:**

- X. F., “Días de Cuba”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, “Un libro cada día”, 22 maio 2014, p. 45.

Dáse conta desta obra na que Neira Vilas rememora a súa experiencia en Cuba durante os primeiros anos da revolución. Sinálase que o libro está dividido en catro apartados e infórmase do seu contido.

- R. L., “Galaxia publica as ‘Memorias de Cuba’ de Neira Vilas, sobre os seus anos na illa”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 23 maio 2014, p. 55.

Anúnciase a publicación e posta á venda desta obra na que o autor lembra os anos vividos en Cuba, prestándolle especial atención aos oficios que alí desempeñou.

- Fran P. Lorenzo, “Neira Vilas colleita trinta anos da súa memoria de Cuba”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 7 xuño 2014, p. 43.

Con motivo da presentación desta obra na Librería Pedreira de Santiago, fálase da experiencia de Neira Vilas en Cuba. Sinálase tamén que o volume contén abundante documentación gráfica e algunhas cartas intercambiadas entre o autor e Luís Seoane.

- Sandra Sánchez, “O galegocubano Xosé Neira Vilas presenta as súas memorias da illa”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 7 xuño 2014, p. 56.

Infórmase da presentación en Santiago desta obra, nun acto ao que asistiron o cónsul de Cuba, o secretario xeral de Política Lingüística e o director de Galaxia. Sinálase que o libro está estruturado arredor de catro eixes dos que se dá conta.

- Lourdes Varela, “Xosé Neira Vilas. ‘Sen o relato da diáspora, a Historia de Galicia estaría mancada”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 504, 12 xuño 2014, p. V/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 456, 14 xuño 2014, p. 11, “Entrevista”.

Entrevista a Xosé Neira Vilas con motivo da publicación de *Días de Cuba*, na que se lle pregunta, entre outras cousas, polos motivos que o levaron a trasladarse a Cuba, a súa relación co Che Guevara e con varios escritores cubanos, o seu encontro con García Márquez e as razóns que o levaron a incluír na obra as “Cartas a Luís Seoane”.

- Cristina Terceiro, “Xosé Neira Vilas, un xornaleiro das letras galegas amigo de Cuba”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, p. 14/ “Neira Vilas, xornaleiro co Che”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, p. 92/ “Neira Vilas, o ‘xornaleiro das letras galegas’ amigo do Che”, *La Región*, “Sociedad”, 20 xuño 2014.

Fálase desta obra que recrea os anos que Neira Vilas viviu en Cuba, onde se relacionou con figuras como o Che Guevara, José Martí e Fidel Castro, que aparecen recollidas no libro. Déstacase tamén a vontade do autor de seguir escribindo pola súa necesidade de “facér idioma”.

- Cristina Terceiro, “Xornaleiro das letras, camarada do Che”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, 22 xuño 2014, p. 74.

Dáse conta da presentación en Santiago desta obra que repasa os anos que o autor viviu en Cuba, onde se relacionou con figuras como o Che Guevara, entre outros, que

aparecen abordadas no libro. Sinálase que a obra posúe catro eixes vertebradores dos que se dá conta.

- Rodri García, “Xosé Neira Vilas. ‘José Martí ten moitas referencias a Concepción Arenal e Pardo Bazán’”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 9 agosto 2014, p. 33.

Infórmase da presentación na Feira do Libro da Coruña de dous libros de Neira Vilas *Días de Cuba* e *Isaac Díaz Pardo. Crónica dunha fecunda amizade*. Ademais nunha pequena entrevista o autor fala da súa experiencia cubana e da relación de Cuba con Galicia a través de personaxes como Che Guevara, Nicolás Guillén e José Martí. Tamén recorda a relación epistolar que mantivo con Isaac Díaz Pardo.

- Xosé Carlos Caneiro, “Memoria”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Ficción”, “Club Dandi”, 29 agosto 2014, p. 11.

Entre outros temas tratados neste artigo, dedica unhas liñas a esta obra que considera oportuna para revivir “mellor a historia de Cuba, da súa revolución” por medio da experiencia do autor, emigrado moitos anos na illa.

**Neira Vilas**, Xosé, *Isaac Díaz Pardo. Crónica dunha fecunda amizade*, Santiago de Compostela: Edicións Bolanda, 2014, 423 pp. (ISBN: 978-84-616-9448-8).

Monografía de Xosé Neira Vilas (Vila de Cruces, Pontevedra, 1928) que condensa nas súas páxinas a amizade que mantivo o escritor co tamén ilustre Isaac Díaz Pardo, dende que se coñeceron en Bos Aires no ano 1955, no momento en que este emigrou a Arxentina para instalar unha fábrica de porcelana na Magdalena, até o seu pasamento no ano 2012. Seguindo a narración da súa amizade, o libro divídese nas seguintes partes: “Arxentina, baixo a cruz do sur” (pp. 7-21), onde se dá conta da súa amizade dende que se coñeceron en Bos Aires até o traslado de Neira Vilas a Cuba; “Reencontro en Galicia” (pp. 23-58), que recolle o seu reencontro dez anos despois en Galicia; “Unha xeira nova” (pp. 59-97), na que se ofrece a modo de cronoloxía, moitas das actividades e encontros que realizaron xuntos ambos artistas; “Cinco homenaxes e representacións” (pp. 99-123), onde se inclúen cinco dos discursos feitos por Xosé Neira Vilas en diferentes homenaxes realizados á figura de Isaac Díaz Pardo; “Oleiros e outros textos sobre Xosé Neira Vilas” (pp. 125-137), que inclúe textos escritos por Isaac Díaz Pardo sobre Neira Vilas; “Varios” (pp. 139-157), no que se pode ler dende a cronobiografía de Isaac Díaz Pardo até a súa bibliografía activa; “Algunhas dedicatorias” (pp. 159-161), na que aparecen reproducidas as dedicatorias de Díaz Pardo a Neira Vilas en diferentes obras publicadas; “Libros de X.N.V. ilustrados por Díaz Pardo” (pp. 163-168), inclúe as portadas dos libros do autor ilustrados polo seu amigo como poden ser as da súa obra *Memorias dun neno labrego*; e, finalmente, inclúe, “Cartas cruzadas” (pp. 167-423) en que o lector poderá ler as case trescentas cartas que se escribiron ao longo da súa amizade.

### Referencias varias:

- Fran P. Lorenzo, “Neira Vilas e Díaz Pardo: dous amigos e un relato da construción cultural galega”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 10 xullo 2014, p. 42.

Dáse noticia da presentación en Compostela deste volume que documenta a amizade entre o autor e Isaac Díaz Pardo. Destácase que ao acto asistiron Ramón Villares e Henrique Monteagudo, entre outros, e fálase do contido da obra.

- C. Villar, “Neira Vilas recopila en un volumen el epistolario que intercambió con Díaz Pardo”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 10 xullo 2014, p. 36.

Infórmase de que Xosé Neira Vilas presentou en Santiago este volume que repasa a súa amizade con Isaac Díaz Pardo, nun acto no que estivo acompañado por Ramón Villares e Henrique Monteagudo. Salientase que a obra recolle un denso epistolario, cuxo valor foi sinalado por Villares e Monteagudo.

- P. C., “Crónica dunha fecunda amizade”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 10 xullo 2014, p. 43.

Dise que esta obra é unha homenaxe á amizade que mantiveron Neira Vilas e Díaz Pardo dende 1955. Indícase que a primeira parte do libro dá conta dos encontros entre os protagonistas e a segunda recolle arredor de trescentas cartas que se intercambiaron.

- Rodri García, “José Martí ten moitas referencias a Concepción Arenal e Pardo Bazán”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 9 agosto 2014, p. 33.

Infórmase da presentación na Feira do Libro da Coruña de dous libros de Neira Vilas *Días de Cuba* e *Isaac Díaz Pardo. Crónica dunha fecunda amizade*. Ademais nunha pequena entrevista o autor fala da súa experiencia cubana e da relación de Cuba con Galicia a través de personaxes como Che Guevara, Nicolás Guillén e José Martí. Tamén recorda a relación epistolar que mantivo con Isaac Díaz Pardo.

**Noia**, Camiño (ed.), *Álvaro Cunqueiro. Trinta poemas*, Santiago de Compostela: Centro PEN Galicia, col. Arte de Trobar, n.º 21, marzo 2014, 266 pp. (ISBN: 978-84-616-7414-6). ◆

Escolma de trinta poemas de Álvaro Cunqueiro feita por Camiño Noia (Santiago de Compostela, 1945). A obra está formada por catro partes ben diferenciadas: en primeiro lugar, tras a dedicatoria a Manuel Forcadela, aparece o limiar no que a autora explica que esta escolma da poesía de madurez de Cunqueiro non responde a criterios académicos e conta como xurdiu a idea de facela; en segundo lugar vén unha sección na que se fai un achegamento á biografía do autor; a continuación aparece unha introdución na que se analiza a poesía de Cunqueiro, a recepción e crítica da nova poesía e a concepción deste xénero literario en Cunqueiro. Nesta mesma sección, a autora fala sobre os trinta poemas escollidos e sinala, entre outros aspectos, que todos foron escritos nos últimos trinta anos de vida do autor, estando publicado o máis antigo en 1952 e os últimos no poemario de 1980 (catorce pertencen á primeira edición de *Herba aquí e acolá*, de 1980; sete foron recollidos en diversas fontes e aparecen na edición de Costas de 1991, e nove pertencen aos chamados “poemas apócrifos”). A última sección é a escolma dos poemas, que están seguidos dunha análise individual.

## Recensións:

- Iago Castro Buerger, “O Cunqueiro que non cesa”, *Tempos Novos*, n.º 209, *ProTexta*, “ProPostas”, n.º 05, outubro 2014, p. 80.

Explicase que se recollen os trinta poemas posteriores á publicación de *Dona de corpo delgado*, nos que se presentan poéticas alleas ao socialrealismo. Saliéntanse os comentarios achegados pola editora, Camiño Noia, que afondan na enunciación poética, as referencias literarias e as distintas lecturas de cada poema.

## Referencias varias:

- R. Nicolás, “Sempre Cunqueiro”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Galego”, 19 setembro 2014, p. 13.

Dá conta da publicación de trinta poemas nunha escolma que inclúe unha biografía e un estudo introdutorio xeral.

**Pacheco Vázquez**, Mercedes (ed. lit.), *Autores ourensáns no Día das Letras Galegas*, Ourense: Deputación de Ourense, 2014, 150 pp. (ISBN: 978-84-941165-8-2 / DL: C-718-2014) ◆

Esta antoloxía recolle unha biobibliografía e mais unha escolma de textos dos dez ourensáns que foron homenaxeados co Día das Letras Galegas e foi distribuída entre os centros escolares ourensáns para celebrar o Día das Letras Galegas de 2014. Os homenaxeados que aparecen nesta escolma por orde cronolóxica de celebración do Día das Letras Galegas son: en 1967 a Manuel Curros Enríquez (Celanova, 1851-La Habana, 1908); en 1968 a Florentino López Cuevillas (Ourense, 1886-1958); en 1972 a Valentín Lamas Carvajal (Ourense, 1849-1906); en 1981 a Vicente Risco (Ourense, 1884-1963); en 1985 a Antón Losada Diéguez (Moldes, Boborás, 1884-Pontevedra, 1929); en 1988 a Ramón Otero Pedrayo (Ourense, 1888-1976); en 1989 a Celso Emilio Ferreiro (Celanova 1912-Vigo 1979); en 1993 a Eduardo Blanco Amor (Ourense, 1897-Vigo, 1979); en 2001 a Eladio Rodríguez González (Leiro, Ourense, 1864-A Coruña, 1919) e mais en 2004 a Xaquín Lorenzo Fernández (Ourense, 1907-Lobeira, 1989). Cómpre sinalar que todos os homenaxeados contan co apoio gráfico dunha caricatura obra de Siro López.

**Pena**, Xosé Ramón, *Historia da Literatura Galega II. De 1853 a 1916. O Rexurdimento*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, novembro 2014, 438 pp. (ISBN: 978-84-9914-764-2).

Segunda entrega da *Historia da Literatura Galega*, realizada por Xosé Ramón Pena Sánchez (Betanzos, 1956), que estará conformada por catro volumes. Esta nova achega está dedicada á historia da literatura galega dende a publicación d’*A gaita gallega*, de Xoán Manuel Pintos, deica a fundación das Irmandades da Fala e está xebrada en quince capítulos. Comeza co capítulo “Galiza 1853-1880” onde se aproxima á historia da Galicia daquela altura describindo o asentamento do estado liberal na sociedade galega, a economía agraria, a desindustrialización, a chegada do ferrocarril e mais a

emigración. A seguir temos dous capítulos (“As coordenadas lingüístico-culturais” e mais “O Rexurdimento: conceptualización. Provincialismo e renacemento cultural”) nos que se analiza o conflito lingüístico daquela altura entre a lingua propia (o galego) e a foránea (o español), así como o labor da imprenta e dos historiadores, o comezo do proceso de gramaticalización da lingua galega, a importancia dos Xogos Florais etc. Asemade, nestes dous capítulos fálase dos precursores, da periodización de Rexurdimento e tamén se reflexiona sobre o concepto de galeguismo. En “Os Precursores” detense na vida e obra de Xoán Manuel Pintos, con *A gaita gallega* (1853); do berciano Antonio Fernández Morales, con *Ensaio poético en dialecto berciano* (1861) -cunha detida análise da intencionalidade, da súa temática e mais do seu estilo-, así como de Francisco Añón, Alberto Camino, Vicente Turnes, Antonio M.<sup>a</sup> de la Iglesia, Francisco M.<sup>a</sup> de la Iglesia e Marcial Valladares. En “Rosalía de Castro (I): *Cantares gallegos* realiza unha aproximación biográfica a Rosalía de Castro e a seguir céntrase na análise de *Cantares gallegos* (1863): as súas orixes, a súa estrutura, o seu folclorismo e mais a voz de muller e a alegoría nacional e mais sucintamente en “Conto galego”. No sexto capítulo que leva por título “Galiza 1880-1916” sintetiza o contexto histórico da Restauración, da crise finisecular, das transformacións do novecentos e mais dos inicios do movemento agrario. En “O Rexionalismo” repasa a traxectoria dende a Asociación Regionalista até Solidaridad Gallega e mais o legado ideolóxico do Rexionalismo na figura de Manuel Murguía. Nos dous seguintes capítulos fálase de “As coordenadas lingüístico-culturais do Rexurdimento pleno” (o proceso de gramaticalización, a creación da Real Academia Galega e a Galicia de ultramar) e mais de “A literatura do Rexurdimento pleno”. En “Rosalía de Castro (II): *Follas novas*” céntrase na análise do segundo poemario en galego da poeta padronesa en seis apartados nos que se detén nos seus prólogos, na súa estrutura, no seu compromiso e sororidade, na dor da existencia, nos seus elementos populares e cultos e finalmente a evolución cara *En las orillas del Sar* e mais *Postrimerías*. O capítulo once está dedicado a Eduardo Pondal e nel fala dos seus datos biobibliográficos, do mundo poético pondaliano (o bardo, a “nazón” de Breogán, a visión do feminino) e d’*Os Eoas*. No seguinte capítulo o protagonista é o celanovés Manuel Curros Enríquez e nel achégase á súa biografía, ás traxectorias na poesía de Curros (populista, progreso e intimismo) e a *O Divino Sainete* (parodia, sátira e os seus vencellos con Pardo Bazán). En “A lírica “entre dous séculos” describe o popularismo poético en Valentín Lamas Carvajal (coas obras *Espiñas, follas e flores, Saudades gallegas* e mais *A musa das aldeas*), Benito Losada e Manuel Leiras Pulpeiro; o academicismo de Evaristo Martelo Paumán, Florencio Vaamando Lores e Alberto García Ferreiro. No capítulo catorce, titulado “A prosa anterior ás Irmandades”, analiza a prehistoria da narrativa galega, a novela católico-histórica de Antonio López Ferreiro, o folletín de Xesús Rodríguez López, as narracións híbridas de Xan de Masma e mais de Luís Otero Pimentel, as novas propostas de Heraclio Pérez Placer e Francisco Álvarez de Nóvoa e mais a narrativa cívico-populista de Valentín Lamas Carvajal cunha demorada análise das principais características da prosa lamasiana nos volumes *Gallegada. Tradicións, costumes, tipos e contos da terra* (1887) e mais *Catecismo da Doutrina Labrega* (1889). No derradeiro capítulo, que leva por título “O teatro rexionalista (1882-1916)”, fala da historia do teatro galego entre estas dúas datas e para isto divide este capítulo en dous apartados: “A posta en escena: a Galiza emigrante. A “Escuela Regional Gallega de Declamación” e “Direccións temática” onde describe o melodrama populista de Galo Salinas, o drama histórico, o teatro cómico-costumista, o drama social e a comedia (socio-)costumista. O volume péchase coa “Bibliografía citada” e mais co “Índice Xeral”.

## Recensións:

- Joaquim Ventura, “Unha nova visión do Rexurdimento”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 522, “Libros”, 4 decembro 2014, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 474, “Letras galegas”, 13 decembro 2014, p. 10.

Informa sobre esta entrega da *Historia da literatura galega* dentro do proxecto que Edicións Xerais está a levar a cabo. Repara na estrutura do libro, mencionando que abrangue dende os Precusores até a aparición das Irmandades da Fala e destacando que a obra vén cubrir certos baleiros no mundo da teoría literaria en Galicia, até o momento actual vista de maneira parcializada. Ademais, considera que a obra sitúa con detalle e precisión as coordenadas sociais e políticas nas que se desenvolve a literatura galega. Resolve con rigor problemas como a disxuntiva entre popularismo e cultismo. Asemade, apunta que abre novas perspectivas dentro da investigación literaria galega como pode ser o caso dunha historia da literatura en castelán escrita en Galicia.

- Armando Requeixo, “A Habana leonesa”, *Diario de Arousa*, p. 26/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, n.º 858, p. 32/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 858, p. 33, “letras Atlánticas”, 7 decembro 2014.

Salienta que esta obra supón unha valiosa contribución á cultura galega e que destaca polo actualizado tratamento das principais voces do período e pola profusión de datos que axudan a comprender mellor o contexto no que se desenvolveu a literatura galega daqueles anos. Repara na análise do Rexurdimento como movemento romántico, na consideración da escrita literaria producida en castelán como escrita galega ou o establecemento de límites entre os distintos períodos estudados. Para Requeixo, a obra é fundamental como esforzo de categorización para asentar os alicerces da historia literaria galega.

- Francisco Martínez Bouzas, “Segundo volume dunha magna obra”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Tribuna libre”, 11 decembro 2014, p. 44.

A propósito da publicación da segunda entrega desta obra, comenta que “transcende o modelo dun manual escolar-académico”, xa que non só afonda nos autores desta época senón “que nos agasalla cunha verdadeira historia social da literatura galega nestes tempos”.

## Referencias varias:

- J. A. Otero Ricart, “Xosé Ramón Pena. ‘As grandes figuras do Rexurdimento conectan de novo coa universalidade’”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 1 decembro 2014, p. 19.

Entrevista con Xosé Ramón Pena na que resalta algunhas das principais referencias do seu novo libro. Fala da importancia de Xosé Manuel Pintos e *A gaita gallega* como punto de inicio do Rexurdimento, aínda que el é partidario da idea de continuidade na literatura galega. Apunta as dúas temáticas principais que chegan até a actualidade: a reivindicación de Galicia e a denuncia das inxustizas cometidas contra ela. Tamén fala da dimensión europea do Rexurdimento, do desexo de chegar coa literatura ás clases populares e da importancia dese momento na tarefa de dignificación da lingua galega.

**Pereira Bueno**, Fernando, *Rosalía de Castro: imaxe e realidade. A representación icónica de Rosalía a partir de pinturas, debuxos e outras técnicas artísticas*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, xaneiro 2014, 203 pp. (ISBN: 978-84-9914-565-5).

Estudo no que se fai un percorrido por diferentes expresións artísticas para un estudo da iconografía ao redor da figura de Rosalía de Castro. Recompílanse así, por primeira vez, as fotografías, debuxos, pinturas, retratos e caricaturas da poeta, no que segundo o autor Fernando Pereira (Santiago de Compostela, 1957) se podería denominar unha iconografía documental. Conta cunha introdución na que se explican as características da obra, salientase a novidade da achega e explícase que Rosalía de Castro é a única personaxe da literatura galega que a maior parte dos galegos recoñecen de modo inmediato, segundo o autor, debido a que se fixou na conciencia colectiva unha imaxe inconfundíbel da poeta, até o punto de considerala a icona máis popular de Galicia. Refírese brevemente ao feito de que a súa biografía e obra foron manipuladas, como teñen posto de manifesto numerosos estudos, e denuncia a falta dunha biografía á altura do mito, para rematar salientando a importancia de Manuel Murguía na súa mitificación. A seguir, faise un estudo dos retratos literarios feitos sobre Rosalía de Castro ao longo do tempo, tanto mitificadores coma desmitificadores, e repásanse as opinións sobre a suposta vontade de ocultamento que a autora amosou durante a vida. No seguinte capítulo reproducense as fotografías de Rosalía de Castro, das que partiron as representacións iconográficas coas que moitos artistas quixeron inmortalizala, así como as fontes nas que foron reproducidas, e detense no único retrato tomado ao natural polo pintor Modesto Brocos. Por último, revísanse con detemento os múltiples retratos *post mortem* que se fixeron da poeta en diferentes expresións artísticas (pintura, debuxo, caricatura, banda deseñada, numismática etc.). Péchase o volume cun breve epílogo no que se salienta a actualidade da poeta de Padrón e cunha ampla bibliografía.

### **Recensións:**

- Ramón Nicolás, “Iconografía rosaliana”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras” “En galego”, 14 febreiro 2014, p. 20.

Afirmase que Rosalía de Castro é un dos maiores referentes visuais do imaxinario colectivo galego e amósase satisfacción ante a publicación desta obra, destacando a análise que se ofrece das imaxes recollidas. Cualifícase este estudo de novidoso e orixinal e salientase que o autor soubo estruturar “con limpeza e efectividade” a abondosa documentación e expoñer as razóns que levaron aos artistas plásticos a retratar a Rosalía. Finalmente, dise que o libro amosa as múltiples visións que se teñen da poeta.

### **Referencias varias:**

- Salvador Rodríguez, “Rosalía hay más de una”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 26 xaneiro 2014, pp. 44-45/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 439, 1 febreiro 2014, pp. 6-7.

Coméntase que a obra recolle máis de cento cincuenta imaxes de Rosalía de Castro coas súas correspondentes análises e destácase que se trata do primeiro estudo iconográfico sobre a poeta, considerada polo autor o maior icono visual de Galicia. Entre outras



cousas, salientase tamén que ao longo da historia se foi creando unha imaxe física estereotipada da escritora que se estendeu á súa vida e obra.

- Manuel Bragado, “Fenómeno Rosalía”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Campo de granada”, 25 febreiro 2014, p. 26.

Refírese ao éxito acadado en diversos eventos e lugares co gallo de celebrar o Día de Rosalía de Castro. Asemade, fai fincapé en títulos como *Rosalía pequeniña* (2013), de Uxía, *A miña primeira Rosalía* (2013), de Xiana e Xosé Lastra e *Rosalía de Castro. Imaxe e realidade* (2014), de Fernando Pereira Bueno.

**Pociña**, Andrés e Aurora **Rodríguez**, *Á procura da poesía. Vida e obra de Luz Pozo Garza*, Santiago de Compostela: Alvarellos Editora, 2014, 571 pp. (ISBN: 978-84-89323-89-6).

Trátase dun ensaio de Aurora López (Sarria, 1948) e Andrés Pociña (Lugo, 1947) que nos ofrece un rico e nutritivo panorama da vida e da obra da poeta e membro da Real Academia Galega Luz Pozo Garza (Ribadeo, 1922). É unha obra extensa que nos presenta non só datos e estudos referidos á obra, cunha demostrada rigorosidade filolóxica, senón tamén á muller, á poeta e as súas circunstancias. Obra útil para comprender o traballo intelectual da escritora, dado que a rigorosidade da mesma, xunto coa voz da propia Luz, dan corpo a un manual que nos serve como guía á hora de ler e interpretar a totalidade da obra de Luz Pozo Garza. Como aliciente, a propia autora participa no traballo dos autores, e en conxunto intentan crear un manual capaz de ofrecer luz e claridade a todo un traballo pasado. A obra está chea de datos, en moitos casos inéditos ou moi descoñecidos, algúns cun carácter literario e outros anecdótico. Ademais este volume presenta fotografías e ilustracións que retratan gráficamente o case un século de vida desta escritora.

### **Recensións:**

- Ramón Nicolás, “Sempre Luz”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Galego”, 5 decembro 2014, p. 13.

Con respecto ao volume, sinala que non só recolle datos biográficos, senón que tamén fai unha revisión da obra poética e filolóxica da biografada, quen posúe un periplo vital “absolutamente novelable, por intenso, particular e apaixonado”. Indica tamén que o traballo repasa máis de sesenta anos de poesía ininterrompida. Destacase a colaboración de Luz Pozo que fai comentarios biográficos e literarios da súa propia man, enriquecendo o contido do libro e ofrecendo novas interpretacións á súa traxectoria vital e artística. Conclúe que desta maneira se combina o traballo profundo e rigoroso dos autores cos comentarios persoais da autora, incorporando incluso textos poéticos inéditos.

### **Referencias varias:**

- Fran P. Lorenzo, “Luz Pozo, atravesada polo amor”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 18 novembro 2014, p. 41.

Dá conta da presentación do libro que terá lugar en Portas Ártabras na Coruña, coa presenza de Luz Pozo. Inclúe un breve percorrido polo itinerario biográfico e destaca a súa relación persoal e literaria co poeta Eduardo Moreiras, personaxe clave para entender a produción literaria da autora.

- Rodri García, “Ten unha vida que é unha novela inmensa”, di o biógrafo de Luz Pozo”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 21 novembro 2014, p. 51.

Infórmase da presentación do libro en Portas Ártabras que contou coa presenza da biografiada, así como dos autores do libro, do conselleiro de Cultura Xesús Vázquez, do secretario xeral de Cultura Anxo Lorenzo e do editor Henrique Alvarellos. Segundo se recolle, os autores do libro afirmaron que a importancia de Luz Pozo dentro da literatura galega xustifica a creación dunha biografía como a que se presenta.

**Requeixo**, Armando, *Mondoñedo literario*, Lugo: Deputación de Lugo, 25 novembro 2014, 210 pp. (ISBN: 978-84-8192-509-8). ◆

Colectánea de artigos (inéditos e éditos) asinados por Armando Requeixo (Mondoñedo, 1971) nos cales se trata figuras literarias nadas en Mondoñedo e que teñen en común o feito de seren escritores e escritoras en lingua galega. Os artigos foron recuperados tanto da prensa escrita (*A Nosa Terra*, *Faro de Vigo*, *El Progreso* ou de revistas como *Amencer*) como da propia bitácora dixital do autor (*Criticalia*). O volume ábreo un limiar do propio autor en que explica as motivacións que o levaron a publicar esta obra, os criterios adoptados para escolmar tanto autores como textos e, finalmente, enumera os agradecementos. Na parte final ofrécense dous anexos. Un, baixo o título “Varia silva mindoniense”, que reproduce aqueles artigos onde se relaciona a actividade dos autores mindonienses con outras figuras da cultura galega, como Rosalía de Castro, Castelao, Aquilino Iglesia Alvariño, Fernández del Riego ou Carballo Calero. O outro é un apéndice no cal se recolle, por orde cronolóxica, unha relación de traballos sobre literatura mindoniense que non foron incluídos neste libro. A lista de autores e autoras escollidos, ordenados por data de nacemento, é a seguinte: Manuel Leiras Pulpeiro, Antonio Noriega Varela, Eduardo Lence-Santar, Xosé Díaz Jácome, Álvaro Cunqueiro, Ricardo Pedreira, Xosé Ruiz Leivas, César Cunqueiro, Marina Mayoral, Luís Enrique Cabanela, Félix Villares, Antón Meilán, Francisco Piñeiro, Antonio Reigosa, Xe Freyre e Isabel Morán. En cada un dos escritos trátanse a obra literaria (con abundantes recensións literarias) e algunhas outras anotacións dos escritores escolmados (anécdotas, curiosidades etc.). O espazo ofrecido a cada autor é moi desigual e destaca Álvaro Cunqueiro como aquel que ocupa máis atención e protagonismo nesta monografía literaria.

**Roig Rechou**, Blanca-Ana (coord.), *Informe de literatura 2013*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2014, 1.507 pp. (ISBN: 978-84-453-5171-0)◆

Nova entrega do *Informe de Literatura* en formato CD-Rom correspondente ao ano 2013 e elaborado por un equipo de redactores e de colaboradores, tanto do Centro Ramón Piñeiro como externos a el, dirixido e coordinado por Blanca-Ana Roig Rechou,

que contou coa axuda das bolseiras do proxecto Laura Blanco Casás e Cristina Fernández Santomé. Como en edicións anteriores, ábrese o volume cunha breve presentación, na que a coordinadora, ademais de salientar as pretensións da publicación e o afán de mellora que preside o proxecto ano tras ano, fai un repaso de cada un dos apartados que constitúen a obra, referíndose ás fontes consultadas e aos criterios que se empregan para facilitar unha máis produtiva achega á literatura galega recollida en cada entrega deste repertorio bibliográfico comentado. A continuación, reproducense unha serie de estatísticas nas que se reflicte a produción dos diferentes apartados segundo os xéneros e a presenza que tivo o feito literario galego tanto nos xornais e revistas galegas como en medios foráneos. A seguir, están os apartados do volume estruturados en “Narrativa”, “Poesía”, “Teatro”, “Día das Letras Galegas: Roberto Vidal Bolaño”, “Ensaio. Teoría Xeral. Crítica”, “Clásicos greco-latinos traducidos”, “A literatura infantil e xuvenil galega”, “Literatura de transmisión oral”, “Revistas”, “Premios”, “Literatura medieval” e “Apéndice. Entradas non recollidas en informes anteriores”.

**Sánchez Rei**, Xosé Manuel e Estefanía **Mosquera Castro** (eds.), *Correspondencia entre Manuel María e Ramón Otero Pedrayo (1951-1974)*, A Coruña: Fundación Manuel María de Estudos Galegos, 2014, 134 pp. (ISBN: 978-84-942893-1-6). ◆

Volume que se centra no intercambio epistolar entre Manuel María e Ramón Otero Pedrayo, cunha recompilación de corenta e catro cartas entre ámbolos dous autores. A primeira parte inclúe un “Estudo preliminar” (pp. 3- 59) onde se fai un repaso da vida e obra destes dous escritores. A continuación, o lector atópase coa “Correspondencia” (pp. 61- 127), debidamente anotada e explicada, á que segue un “Índice cronolóxico da correspondencia” (pp. 128- 132), o cal actúa como resumo da mesma. Dentro do conxunto epistolar recóllense felicitacións por festividades, premios, nomeamentos e conferencias xunto aos respectivos agradecementos. En relación coa literatura destacan dúas panxoliñas e un poema que Otero Pedrayo lle envía a Manuel María polo Nadal, hábito común para o autor de Trasalba e que realiza con outras amizades. A primeira panxoliña (p. 61) refíre a historia dun mozo muiñeiro na Terra Chá e como esta, a súa nai, lle proporciona alimento. A segunda panxoliña (p. 63) é moito máis persoal, dedicada a Manuel María, na que a neve e o vello fantasma do Nadal dan conta dun *tempus fugit* evocado coa chegada do inverno. A vixésimoterceira carta, tamén do autor ourensán, inclúe un poema pola felicitación do aninovo (p. 90). A composición, de novo íntima, fai unha referencia clara aos dous autores e á súa vinculación coa Terra. Ademais, xunto a derradeira misiva de Otero Pedrayo achégase unha *salutatio* a Chateaubriand (pp. 125- 126), escritor bretón admirado na mocidade de Otero Pedrayo. Este texto está inconcluso e parece ser, segundo o editor, unha versión previa do artigo “O celtismo de Chateaubriand” publicado en *Grial* en 1952 (pp. 113- 123).

**Teófilo Piñeiro**, José Luis, *O pasado nunca pasa. Ourense*, Ourense: Teófilo Edicións, 2014, 417 pp. (ISBN: 978-84-942086-2-1)

Amplio volume fotográfico que recolle preto de 2000 fotografías centradas na cidade de Ourense e nas súas xentes cun abano temporal que abrangue dende a segunda metade do século XIX (1940) até o fin do século XX (2000). Nelas pódese ver a memoria colectiva da cidade de Ourense (vida social e urbana) e a súa transformación (urbana, social ou

económica) a través de sete bloques: “A cidade”, “Sociedade: actos”, “Sociedade: persoeiros” (con fotografías de literatos como Vicente Risco, Otero Pedrayo, Álvaro Cunqueiro, Carlos Casares, Xocas etc.), “Cultura e tradicións”, “Deportes”, “Ensino” e finalmente “Tal e como eramos”, no que se amosan retratos de familias ourensás.

**Torres**, Sabino, *Crónicas dun tempo escondido. Pontevedra 1930-1960*, lim. Víctor Freixanes, Vigo: Editorial Galaxia, col. Memoria, n.º 36, 30 maio 2014, 329 pp. (ISBN: 978-84-9865-534-6).

Sabino Torres Ferrer (Pontevedra, 1924), poeta, editor e xornalista, achega novamente, neste volume, un híbrido entre a ficción e as memorias, tal e como fixera con *As tres columnas*, editado en Galaxia en 2008. O “Limiar. Estampas da boa vila”, escrito por Víctor F. Freixanes, ábrese coa frase “Velaquí as memorias dun editor”, e serve de presentación para esta crónica coral de man dun observador excepcional dos feitos, que invita a reconstruír un período próximo da historia galega. A partir de aquí sucédense catorce capítulos, dende a mañá do 20 de xullo de 1936, na que un grupo de nenos xoga na Alameda pontevedresa, até o “Diálogo coa cidade e cos meus silencios”. Texto do eu, as memorias funcionan a un tempo como texto memorialístico, persoal, e como valioso documento sociohistórico que afecta ao mundo galego das artes plásticas e escritas nas últimas décadas. A súa proximidade con estes círculos alicérzase na infancia, grazas á imprenta que o seu pai tiña na rúa de don Filiberto, onde se imprimía a revista *Finisterre*, e continúa con iniciativas como os semanarios *Ciudad* (1945) e *Litoral* (1957), entre moitos outros. Cun estilo próximo e elegante a un tempo, fluído, as vidas de persoeiros como Emilio Canda, Cuña Novás ou Celso Emilio Ferreiro ao seu paso por Pontevedra, semblanzas de Camilo José Cela ou comentarios sobre o facer de Filgueira Valverde entrelázanse nestas páxinas. Péchase cun índice onomástico de grande utilidade para quen queira manexar as memorias dende unha perspectiva investigadora, ou de modo máis enciclopédico e puntual, listando os números de páxina que recollen referencias tan variadas como as de Francisco Asorey, Ramón Peña, José Ruibal, Federico García Lorca ou Apollinaire nunha cumprida listaxe.

### **Recensións:**

- Ana Acuña, “O acontecer de Pontevedra durante trinta anos”, *Grial*, n.º 203, “O espello das letras”, xullo, agosto e setembro 2014, pp. 75-76.

Comézase por gabar o “esclarecedor” limiar de Víctor F. Freixanes para pasar a describir os catorce capítulos da obra, que van dende a ollada infantil de Sabino Torres até o diálogo da cidade pontevedresa co seu cronista. Saliéntase a habilidade do autor para capturar a esencia de Pontevedra e os seus habitantes.

- Ramón Rozas, “Un tempo escondido”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “A vida nun fio”, 12 xullo 2014, contracuberta.

Fálase do último libro de Sabino Torres, no que se reflicte a Pontevedra dos anos comprendidos entre 1930 e 1960, que comezan coa sublevación militar e continúan co horror, a represión e os axustizamentos. Dise que a obra é imprescindible para os pontevedreses porque permite acceder a un pasado esquecido. Ofrécese información da

vida do autor e sinálase que o libro dá conta de moitas das súas iniciativas, como a colección Benito Soto, e das estampas daquel tempo. Finalmente salientase o amor de Torres por Pontevedra.

- Vicente Araguas, “Sabino Torres, cronista”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, p. 22/ *Diario de Ferrol*, “Nordesia”, n.º 843, p. 30/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 843, p. 30, “máis Libros”, 24 agosto 2014.

Comenta a traxectoria literaria de Sabino Torres, poñendo de relevo o seu traballo de editor de poesía en galego, o seu labor como xornalista ou poeta e as súas participacións como decano dos escritores galegos no Café Comercial de Madrid. Indica que o libro é un memorial das experiencias vividas na cidade de Pontevedra dende o estalido da guerra civil até o ano 1960, recollendo as glorias provincianas e que polas súas páxinas pasan todos os personaxes e os acontecementos máis relevantes da vida social pontevedresa dende a óptica dun cativo que se vai facendo un home.

- Ramón Nicolás, “Memoria de Pontevedra”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Galego”, 5 setembro 2014, p. 13.

Sinala que estamos non ante unhas memorias persoais, senón ante unhas crónicas da cidade, que é a verdadeira protagonista. Engádese que o autor sabe extraer das súas vivencias persoais os acontecementos máis salientábeis do lugar onde naceu e se criou. Apunta tamén que con moito sentido do humor, se documentan unha serie de feitos nos que influíron un grupo de persoas xunto ao autor, na actualidade presentes na historia da cidade.

### **Referencias varias:**

- Manuel Vidal Villaverde, “Crónicas dun tempo escondido”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, p. 60/ *El Progreso*, “Vivir”, p. 46, 2 xullo 2014.

Anúnciase a presentación na Casa das Campás de Pontevedra do último libro de Sabino Torres, no que se recrea a Pontevedra de 1930 a 1960.

- Belén López, “Este libro de Sabino é unha festa”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 4 xullo 2014, p. 59.

Dáse conta da presentación na Casa das Campás destas memorias de Sabino Torres, nun acto no que o autor estivo acompañado por Víctor Freixanes, o alcalde da cidade e Alonso Montero, quen louvou a figura de Torres e resaltou o primeiro capítulo da obra.

- Belén López, “Sabino Torres. ‘Non me arrepinto de nada: paseino ben e fíxen o que me deu a gana’”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Verano”, 19 xullo 2014, pp. 50-51.

Entrevista con Sabino Torres no que comenta algúns dos feitos recollidos no seu libro de memorias da súa vida en Pontevedra, ao tempo que comenta que a súa pretensión foi dicir a verdade sobre aconterese que viviu en primeira persoa.

VV. AA., *Eduardo Blanco-Amor na Insua dos Poetas*, O Carballiño: Fundación Insua dos Poetas, 2014, 56 pp. (D.L.: 1237-2014). ♦

Conxunto de láminas, patrocinado polo Parlamento de Galicia, que recolle tanto textos como fotografías de Eduardo Blanco Amor e da súa obra literaria. A cuberta está ilustrada polo debuxante Siro e nos agradecementos cítase a Armando Requeixo, Carlos Laiño e á Editorial Galaxia. O volume comeza cun texto biográfico sen asinar e séguelle o texto da proposición aprobada polo Parlamento de Galicia para celebrar os actos de homenaxe ao escritor ourensán co gallo do seu trixésimo quinto cabodano. Deseguido escribe Luís González Tosar sobre os últimos minutos de vida de Blanco Amor, da amizade entre ambos e os actos programados pola Insua dos Poetas. Posteriormente reproducése un artigo de Xosé Luís Méndez Ferrín publicado en *Faro de Vigo* onde describe a familia de Blanco Amor a partir dunha fotografía desta datada en 1908. Xesús Alonso Montero valora a obra literaria no prólogo a *Entrevistas con E. Blanco-Amor* que agora se recupera para este volume de homenaxe. Por último, recupérase un anaco da entrevista de Víctor Freixanes ao escritor d' *A esmorga* recollida en *Unha ducia de galegos*. A continuación extráctanse algunhas breves liñas da obra literaria de Blanco Amor e se inclúen varias láminas con imaxes das cubertas dos libros publicados por el ou libros con estudos ou traducións da súa produción artística.

#### Referencias varias:

- R. Nicolás, “No 35 cabodano de Blanco-Amor”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Galego”, 22 agosto 2014, p. 13.

Informa da publicación deste cartafol en memoria de Blanco Amor e destaca a súa lograda e requintada edición.

**Vázquez Pintor**, Xosé, *Columnas de papel 2*, Cangas do Morrazo: Edicións Morgante, col. Mudanzas, n.º 28, 2014, 355 pp. (ISBN: 978-84-15166-52-8).

Este volume ábrese cunha triple dedicatoria e cun “Último limiar” escrito por Xosé Vazquez Pintor (Melide, 1946) no que explica as razóns que o levaron a recompilar estas *Columnas de papel*. A seguir, ofrécense unha escolma dos artigos publicados polo autor na prensa galega ao longo de 25 anos, que son os seguintes: “Cristina”, “Os irmaus Garceiras”, “Agardamos aquí”, “A mellor viaxe”, “A Xefa, esa muller”, “Nota limiar”, “O virus”, “Un xogo ruín”, “Irmandades”, “Día de Días”, “A luz cegadora”, “A tarde ausente”, “A forxa literaria”, “O chimpó”, “El de que vai”, “Os espazos interiores”, “Na espera”, “As heterodoxas”, “Un xesto”, “Cerro Prieto”, “O mel da Lingua”, “A viaxe”, “O damedouche”, “Seoane”, “Sempre Galiza”, “Dibadirigwa”, “La Coruña”, “A rellerta”, “Cuba si”, “Basilio”, “Moito máis alá”, “A vulgaridade”, “Celeiro Alto”, “A non deixarse papar”, “A caca”, “Petróleo”, “O leite”, “Emerxer”, “Adiantoume o Xocas”, “Aquel Juan da Morena”, “Os zapatos no balcón”, “O meu trovador”, “Coa música a outra parte”, “O Indalecio”, “O noso orgullo”, “Sarmiento”, “O careca e a lúa”, “Duquesa de Lugo”, “O Estai”, “En Noia”, “A mañá”, “O canto”, “Paula”, “A Festa que non é tal”, “A Muda”, “O Festival”, “O pedáneo”, “A folga”, “O peto”, “As pedras do aire”, “Mountain bike”, “A resaca”, “Mulleres por Europa”, “Auga”, “O lume”, “No corazón do estadio”, “Windows”, “Ese ele que fai”, “Grafitis”,

“O gol”, “O noso liño”, “A gaita”, “A bioarquitectura”, “Dous cómicos para a guerra”, “Sarah e Meig”, “A boa noticia”, “O nobre garañón”, “O Instituto”, “Ai, Paquiño”, “Instrución número cinco”, “Pepe e Cecilio”, “O soño”, “Turquía e Portugal”, “María Esteirán”, “A muda”, “O Batallón Literario”, “O galego na Igrexa”, “A nosa culpa”, “Tirán”, “Corazón libre”, “No vertedoiro”, “Tan tarde”, “Fío directo”, “A vida”, “Acordar”, “A resignación”, “A visita”, “Aviso ao Paraíso”, “Conta contos”, “A danza dos febles”, “Vanme clonar”, “A raíz está viva”, “O fútbol do patacón”, “Maruxa, terra única”, “Maside”, “As circunstancias adversas”, “Ouro na Serra de Gata”, “Máis ca pedras”, “Sarou”, “A morte do Mar de Massó”, “Castelao pendente”, “Máis milenios”, “En Mourente foi carta de prata”, “Foro por Vilafranca”, “Ano Sarmiento”, “O millo corvo”, “Manifesto pola Lingua no Día das Letras Galegas”, “Viva o ceregumil”, “Acto inaugural”, “Café de nada”, “Patéticos”, “Aínda máis”, “Dous meses máis”, “O plan-plinas”, “Ímoslle alá!”, “A viaxe”, “Tovar”, “Os do si, señorsí”, “A Mostra do Morrazo”, “A carta que vén”, “O meu obrador”, “Pepe Poeta”, “As palabras que resisten”, “A miña maleta”, “A luce-ría de celulosas”, “Crónica pulcra”, “As vidas que vendemos (1 e 2)”, “As vidas que vendemos (3)”, “A primeira vez”, “Cambados vai comigo”, “Wily”, “Laxeiro en rama”, “E Primo Castro soñaba”, “En Pambre, marcha irmandiña”, “Avelino Pousa Antelo”, “Carta sétima a Federico García Lorca”, “Merza toca no ceo”, “Ton van Vliet”, “Luís Rodal Molanes”, “Señor do encanto”, “Paco Lareo”, “Boapedre, aínda”, “Matria, Lingua e Poesía”, “Wily na Solaina”, “Ventosa”, “A esperanza que non cesa”, “Palabra e Obra”, “Cuba si (e dous)”, “No ronsel da Musica”, “Cara ao Facho de Donón”, “A Terra do Baño”, “Varela Buxán (1909-1986)”, “A Memoria e Arte en Feira Antiga”, “Os nosos futbolistas no exilio”, “María Vitoria Moreno”, “David Otero”, “Olga”, “Os pendellos de sempre campar”, “Valentín Arias”, “Graciano”, “O Requito Internacional”, “Mercedes”, “A Ruada nas Fontes e nos Lavadoiros”, “Paco Lareo”, “Don Cecilio”, “Os ollos que non menten” e “Uxía”. Neles abórdanse, entre outros, diversos aspectos relacionados tanto co eido político como cos sinais de identidade de Galicia e as súas figuras literarias máis notábeis.

### Referencias varias:

- R. A., “Acenos á vida”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “En galego”, 27 xuño 2014, p. 19.

Dise que esta escolma facilita a divulgación e posibilita unha lectura globalizada dos artigos do autor. Coméntase tamén que permite lembrar acontecementos, persoas e personaxes.

- Cecilia Martínez, “Vázquez Pintor presenta en Bueu ‘Columnas de papel 2’”, *Diario de Pontevedra*, “O Morrazo”, “Bueu”, “Cangas”, 1 xullo 2014, p. 16.

Anúnciase a presentación en Bueu desta obra que recolle artigos publicados polo autor na prensa entre 1993 e 2012. Sinálase que o volume é a segunda parte de *Columnas de papel. A lingua e outras vidas* (2013), que recollía textos publicados entre 1987 e 1993.

**Veiga**, Martín, *Escribir na multitude. A obra literaria de Antón Avilés de Taramancos*, Noia, Editorial Toxosoutos, setembro 2014, 405 pp. (ISBN: 978-84-942224-8-1).

Martín Veiga (Noia, 1970), escritor e profesor na University College Cork, realiza unha nova aproximación á vida e obra de Antón Avilés de Taramancos (Noia, 1935-A Coruña, 1992), autor a quen ten dedicado volumes anteriores. Ábrese cunha cita de Avilés de Taramancos (que remite, á súa vez, a outra célebre cita de Walt Whitman), “A verdade é que teño que andar escribindo mesmo dentro da multitude”. A continuación, preséntase un índice con desenvolvemento numérico e un retrato do autor. Polo que respecta aos textos introdutorios, o volume inicia cunha “Nota preliminar”, centrada en aspectos de carácter práctico (decisións que afectan ás referencias, acrónimos) e na xustificación do punto de partida (a investigación desenvolvida arredor dunha tese de doutoramento). Seguidamente, preséntase unha listaxe de “Abreviaturas”, que farán máis veloz a citación das obras do autor estudado, e unha “Introdución”. Nesta epígrafe enmárcase a produción do autor na segunda metade do século XX, revísase a súa recepción crítica (atendendo a publicacións e conmemoracións coma o Día das Letras Galegas de 2003, dedicado a el), expónse a razón da aplicación ecléctica de teorías e metodoloxías para a análise da obra literaria de Avilés de Taramancos (partindo dun corpus que vai alén das obras de creación), e preséntase a estrutura completa do libro. Seis capítulos xerarquizan e distribúen a información deste cumprido volume, acompañados de cadanseu corpo de notas final. O primeiro, “Biografía e contextos”, sitúa o autor na súa época histórica e define os marcos contextuais da súa produción, con especial detemento nos acontecementos relacionados coa lingua e cultura galegas que se suceden entre o Rexurdimento e o franquismo. En “Ciclos poéticos e trazos de estilo”, o segundo capítulo, logo de presentar o temperán compromiso do autor co xénero poético, procúranse establecer unha serie de etapas creadoras, nominalmente ligadas ao lugar de residencia do creador: dúas primeiras marcadas pola aprendizaxe e a procura dunha voz propia, un “ciclo colombiano” máis movimentado vitalmente, con longos silencios, e un longo “ciclo noiés” marcado polas obras de madurez. Un dos trazos que define o último dos períodos citados protagoniza o terceiro capítulo: “A dimensión metapoética”, que reflexiona sobre a concepción da poesía como luz e posibilidade de recuperación do paraíso perdido para Avilés de Taramancos. O cuarto e o quinto capítulo xiran arredor do elemento intertextual, posto que “O ronsel intertextual” valora as relacións intertextuais máis produtivas da súa obra poética (dende Manuel Antonio, Luís Amado Carballo, Álvaro Cunqueiro a Pablo Neruda, Pablo de Rokha, Nicanor Parra ou Walt Whitman) e “As relación interdiscursivas” atende a este tipo específico de intertextualidade, recorrendo á lírica medieval ou as crónicas de indias. A última gran epígrafe, “Nocións de identidade”, enfoca o discurso identitario do autor en dúas grandes seccións: a súa identificación co lugar de orixe e cos lugares de experiencia, e o seu posicionamento ideolóxico resistente e nacionalista. O volume péchase cunha “Conclusión”, unha vasta bibliografía primaria e secundaria e un índice analítico.

### Referencias varias:

- M. Gil, “Martín Veiga mostra a obra de Avilés nun libro”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 1.070, 18 outubro 2014, p. 6.

Anuncia a saída do prelo desta obra, que ten a súa orixe na tese de doutoramento. Apunta que o libro se presentará o día 28 de outubro na Casa da Cultura de Noia.



- M. Gil, “Martín Veiga presenta un libro sobre la obra literaria de Avilés de Taramancos”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.080, 29 outubro 2014, p. 7.

Infórmase da presentación da obra o día 28 de outubro na Casa da Cultura de Noia nun acto organizado pola Concellería de Cultura de Noia e coa presenza do autor do libro.

**Vicente Rodríguez**, Denís, *Carlos Casares. Compromiso con Galicia*, Vigo: Ir Indo Edicións, col. Galegos na Historia, n.º 41, serie Biografías, 2014, 63 pp. (ISBN: 978-84-7680-713-2).

Primeira obra con datos biobliográficos de Carlos Casares Mouriño (Ourense, 1941-Vigo, 2002) que se publica exenta a modo de biografía. Da autoría de Denís Vicente Rodríguez (Padrón, 1990), artéllase en cinco capítulos breves que se completan cunha esquemática cronobiografía e unha reducida bibliografía. No primeiro capítulo, “Infancia en Xinzo de Limia e a época do seminario e bacharelato en Ourense”, nomea familiares e lugares vinculados aos seus primeiros anos no rural ourensán até que en 1952 ingresa no seminario da cidade das Burgas, onde comezan as súas inxerencias literarias e o seu contacto co galeguismo. No segundo capítulo marca como trazos da súa etapa universitaria en Santiago de Compostela o “compromiso estudantil” e o “galeguismo cultural e político”, ao tempo que incide en que coñeceu nesa altura a “figura chave que marcará o futuro do autor ourensán”, Ramón Piñeiro. Os anos de “madurez persoal, compromiso político e galeguismo cultural” centran o terceiro capítulo, no que menciona o seu labor docente, político e cultural dende a Editorial Galaxia e o Consello da Cultura Galega. O capítulo IV dedícaa a Casares “como narrador, ensaísta e tradutor”. Realiza un breve percorrido pola súa produción literaria, reparando en primeiro lugar na súa narrativa para adultos, a seguir na súa “obra infantil” e finalmente cita os seus ensaios e traducións. No último capítulo aborda “O Casares articulista e orador”. Tras comentar os seus artigos iniciais no xornal ourensán *La Región*, salienta as dúas seccións que publicou en *La Voz de Galicia* e remata cunha referencia ás “súas paixóns vitais: a fala cos amigos, os parladoiros de sobremesa, as tertulias nos cafés ou os relatorios eruditos”.

### Referencias varias:

- Xosé Manoel Rodríguez, “Ir Indo publica a primeira biografía de Carlos Casares”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 13 decembro 2014, p. 45.

Dá conta dos actos celebrados no Centro Cultural da Deputación de Ourense e no Liceo desta cidade con motivo da presentación da obra biográfica *Carlos Casares. Compromiso con Galicia* do profesor Denís Vicente. Comenta que a obra se insire dentro da colección “Galegos na Historia” da editorial Ir Indo, e que o editor Bieito Ledo adiantou a publicación dos volumes dedicados a Cuevillas, Eduardo Blanco Amor e Basilio Álvarez.

- José Luis Fernández Díaz, “Descubriendo a Carlos Casares”, *La Región*, “Opinión”, 18 decembro 2014, p. 28.

Realiza un perfil de Carlos Casares a partir do libro biográfico escrito por Denís Vicente e publicado por Ir Indo. Faise referencia ao poder divulgativo que pode ter esta obra.

**Vidal Ponte**, Roi, *Fóra de portas*, Santiago de Compostela: Edicións Positivas, 2014, 163 pp. (ISBN: 978-84-941204-7-3).

Biografía de Roberto Vidal Bolaño (Santiago de Compostela, 1950-2002) asinada por Roi Vidal Ponte (Santiago de Compostela, 1982) que se abre cunha dedicatoria e con tres citas de John Ford, Ramón Otero Pedrayo e Bertolt Brecht. A seguir, preséntase unha estrutura dividida en sete capítulos que levan por título: “Fogos artificiais (séc. XIX-1950)”, “Charanga da lúa primeira (1950-1962)”, “O nariz vermello (1962-1973)”, “Metade actor, metade arrieiro (1974-1985)”, “Un olvido permanente (1985-1989)”, “Méritos propios (1990-1999) e “Catedrais (1999-2002)”. Neles o autor cede a súa voz a diversos narradores (a Lúa, o nariz de pallaso, a furgoneta, o chapeu, o monte Pedroso e a catedral santiaguesa) co gallo de relatar, dende diferentes puntos de vista, os acontecementos máis significativos da vida de Vidal Bolaño, “un tipo normal, un fóra de portas”. Fai fincapé no legado de Vidal Bolaño no que ao eido dramaturxico se refire e resalta o seu compromiso. Salienta o dinamismo e a axilidade que impregnan o texto. Péchase cun apartado de “Bibliografía” e de “Agradecementos”.

### **Recensións:**

- Ramón Nicolás, “Vizosa biografía de Bolaño”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras, “Galego”, 25 abril 2014, p. 20.

Móstrase entusiasmo ante a obra e afirmase que é unha proposta modélica e inusual por lograr sintetizar as distintas facetas do dramaturgo e pola axilidade narrativa conseguida ao incorporar diferentes puntos de vista mesturados con referentes vinculados a Bolaño, como o nariz de pallaso. Dise que o resultado é espléndido e salientase que, ademais de retratar a figura do autor e o seu tempo, abórdase a súa grande obra dunha maneira crítica. Finalmente, sinálase que a súa lectura supón “un impagable exercicio de aprendizaxe e de profilaxe mental”.

- Pilar Ponte, “Novelado ensaio”, *La Opinión*, “Saberes”, n.º 455, 7 xuño 2014, p. 10.

Dise que esta obra é “un áxil exercicio de estilo que te engaiola en canto comezas a ler” e que nel seguimos a Roberto Vidal Bolaño dende a súa prehistoria, de maneira que ao remate o lector ten a sensación de ter formado parte da súa realidade. Destácase que o autor logra ofrecer un retrato humano do dramaturgo mantendo a rigorosidade do historiador literario, adoptando para iso diferentes perspectivas xurdidas de elementos presentes na vida do dramaturgo, e valórase positivamente o feito de cederlles a palabra aos diferentes personaxes. Finalmente, dise que a obra é un ensaio novelado que vai máis alá dun texto biográfico.

### **Referencias varias:**

- Santiago Jaureguizar, “A biblioteca á medida de Samuel Pepys”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, p. 84, 9 marzo 2014/ *El Progreso*, “vivir”, p. 64, 8 marzo 2014, “Cultura”, “Cidade xardín”.

Por mor do descenso do gasto en libros en Galicia fálase, entre outros temas, da publicación da obra *Fóra de portas*, centrada na figura de Roberto Vidal Bolaño, pai do autor.

- Iria Riobó, “Roi Vidal: ‘En ‘Fóra de portas’ a xente verá máis a Roberto que a Bolaño”, *El Progreso*, “Vivir”, 23 abril 2014, p. 55.

Infórmase de que Roi Vidal, fillo de Roberto Vidal Bolaño, está a promocionar esta obra biográfica dedicada ao seu pai, que escribiu con motivo de térselle dedicado o Día das Letras Galegas. Sinálase que o libro é o resultado dunha serie de entrevistas a persoas que coñeceron o dramaturgo.

- M. Manteiga, “Premios na capital barcalesa e lírica en Brión no mes da literatura galega”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 910, 8 maio 2014, p. 7.

Entre as actividades programadas polo Concello de Brión para celebrar o mes das Letras Galegas 2014, anúnciase a presentación do libro *Fóra de portas* na sala de exposicións municipal.

- S. E., “Roi Vidal presentou o libro biográfico sobre o seu pai”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 915, 13 maio 2014, p. 6.

Dáse conta da presentación desta obra na sala de exposicións de Brión, onde o autor, fillo do dramaturgo, especifica que “non é unha visión que un fillo ten dun pai, senón froito de investigacións e charlas”.

- Víctor Castro, “La obra ‘Fóra de portas’, de Roi Vidal, presentada en Brión”, *El Ideal Gallego*, “Área metropolitana”, “Atalaya mariñana”, 14 maio 2014, p. 20.

Faise eco da presentación desta obra na Aula de Cultura do Concello de Brión, onde o autor sinalou que “o libro non é unha visión que un fillo fai do seu pai”, senón unha obra xurdida logo de falar con especialistas na obra de Vidal Bolaño.

**Vilela**, Abel, *A orixe das feiras, das exposicións e dos concursos*, Lugo: Concello de Lugo, col. San Froilán dos devanceiros, n.º 11, Lugo, outono 2014, 169 pp. (ISBN: 978-84-92895-20-5). ◆

Adolfo de Abel Vilela (Lugo, 1946), de formación polifacetada, achega á súa obra de variados temas artísticos, antropolóxicos e históricos (moi centrada na historia de Lugo dende a época romana á contemporánea), un novo volume. Ábrese cunha presentación da concelleira de Cultura (Carmen Basadre Vázquez) que, en primeiro lugar, subliña o traballo histórico-antropolóxico que Abel Vilela leva anos desenvolvendo, e en segundo lugar, presenta a temática do libro, un amplo percorrido polas feiras de Lugo, dende a época medieval até a moderna, deténdose nas particularidades, regulamentos e mudanzas que estes eventos sufriron no século XIX. A continuación, a “Introdución”

sitúa o contexto, dando unhas pinceladas sobre a historia recente de Lugo, sectores de produción e cambio social no segundo terzo do século XIX (marcado polo crecemento demográfico e a aparición dunha nova elite formada e culta, a funcional), para conducir ao tema principal: a institución das feiras e mercados como motor económico da cidade, a súa crise (entre a segunda metade do XVIII e o último cuarto do século XX) e os intentos de reactivación, que levarán ás exposicións agrícolas e de gandos do 1866 en adiante. Situándose no corpo do volume, ofrécese unha estrutura en catro capítulos. Os dous primeiros son “As feiras de Lugo na Idade Media e Moderna” e “As feiras no século XIX”, centrados nesta franxa temporal e na tipoloxía variada destas celebracións, concesións para a súa celebración, etc. O capítulo terceiro versa sobre os concursos gandeiros e agrícolas, reproducindo os programas e as conclusións dalgún dos congresos gandeiros da época. Por último, o cuarto capítulo enfoca a realidade cultural que agromou ao redor destes encontros populares. Co título de “Festexos, Certames e Xogos Florais”, ao longo de case corenta páxinas, Abel Vilela reproduce os programas de actividades nos diferentes meses, que van da festa do Champagne, cos seus respectivos brindes en verso recollidos en *El Regional*, até os certames musicais, pasando polos Xogos Florais e Certame Científico-Literario de 1896. Entre as composicións concorrentes, en castelán, tanto en verso coma en prosa, figuran poemas descritivos dalgún feito glorioso de Galicia, romances dedicados ao soldado galego, á influencia de Walter Scott na novela castelá ou estudos históricos dos trovadores galegos. Ademais, recóllese pormenorizadamente o fallo do xurado, o que permite ao lectorado ou ao persoal investigador coñecer o criterio e argumentacións privilexiados. Péchase a sección detallando a “Festa e banquete en honor a Amor Meilán e Aureliano Pereira”, ambos premiados nos Xogos Florais. Pola súa banda, o volume clausúrase cun índice polo miúdo, que permite unha rápida localización da información exposta.

### Referencias varias:

- M. C., “De Abel Vilela presentó su libro, el undécimo del San Froilán dos Devanceiros”, *El Progreso*, “Lugo”, “San Froilán 2014”, 9 outubro 2014, p. 9.

Infórmase da presentación deste volume, incluído na colección “San Froilán dos Devanceiros”, que dirixe o escritor Darío Xohán Cabana. No acto acompañaron o autor a concelleira Carmen Basadre e o citado Darío Xohán Cabana.

**VV. AA.**, *Galegos de Ourense 2*, Ourense: Deputación Provincial de Ourense, 2014, 511 pp. (ISBN: 978-84-92554-74-4 / DL: OU-294-2014) ◆

Segunda entrega do proxecto comezado en 2012 coa publicación de *Galegos de Ourense* no que se recompilaba as biografías de vinte e seis ourensáns ilustres, que recolle agora as biografías doutros vinte e dous ourensáns ilustres ao longo da historia, dende Antonio José Ruiz de Padrón até Virxilio Fernández. Indícase que os profesores Jesús de Juana, Julio Prada e mais Domingo Rodríguez foron os coordinadores de *Galegos de Ourense 2* que contén textos biográficos, acompañados dunha fotografía e bibliografía, dos seguintes persoeiros e intelectuais ourensáns: Antonio José Ruiz de Padrón, Juan Antonio Saco y Arce, Juan Manuel Paz Novoa, Ramón Parada Justel, Filomena Dato, Arturo Nogueiro Buján, Alexandre Bóveda, Fernando Quiroga Palacios, Xosé Velo, os irmáns Martínez-Risco, Luis Fábrega Coello, Eleuterio González,

Alfonso Pazos Cid, Daniel Vázquez Gulías, Manuel Conde Fidalgo, Manuel Prego de Oliver, Florencio Delgado Gurriarán, Eduardo Barreiros, Lauro Olmo, Carlos Casares, Jaime Quesada e finalmente Virxilio Fernández. A seguir, dáse conta dos diferentes textos vinculados coa literatura galega que aparecen dentro deste libro:

- Juan Luis Saco Cid, “Juan Antonio Saco y Arce (1835-1881): o compromiso coa lingua”, pp. 45-68.

Texto no que se describe o itinerario persoal de Juan Antonio Saco y Arce e onde se analiza a súa faceta como gramático (coa súa *Gramática Gallega* de 1886), como poeta (co seu único poemario *Poesías* que conta con nove poemas en galego), como folclorista e mais como crítico literario.

- Luis Domínguez Castro, “Juan Manuel Paz Novoa (1839-1895): un republicano, poeta inspirado, escritor profundo, orador elocuente, gran xurisconsulto, demócrata virtuoso”, pp. 69-91.

Faise unha achega á biografía de Juan Manuel Paz Novoa, á súa faceta como político republicano galego e ao seu traballo como xurisconsulto e como avogado de Curros Enríquez no famoso contencioso do celanovés co bispo de Ourense.

- Jesús Fernando Román Alonso, “Filomena Dato (1856-1926): a poeta galega máis laureada”, pp. 107-144.

Realízase unha aproximación á biobibliografía da poetisa Filomena Dato e detense na análise das súas amizades con Valentín Lamas Carvajal, Manuel Curros Enríquez, Manuel Murguía, Valle-Inclán ou Heraclio Pérez Placer.

- Jesús Fernando Román Alonso, “Arturo Noguerol Buján (1892-1936): o espírito do galeguismo”, pp. 145-168.

Trázanse os puntos máis salientábeis da traxectoria vital e literaria de Arturo Noguerol Buján, detallando os seus escritos en galego, e centrándose tamén no Noguerol orador e no Noguerol das Irmandades da Fala e do agrarismo.

- Domingo Rodríguez Teijeiro, “Alexandre Bóveda Iglesias (1903-1936): cara á Autonomía a través da frialdade do cálculo e da conveniencia da cifra”, pp. 169-197.

Realiza unha aproximación biográfica á figura de Alexandre Bóveda Iglesias, falando das súas achegas ao nacionalismo galego e comentando a súa (hiper)actividade política e relación cos membros do grupo Nós.

- Antonio Piñeiro Feijoo, “Xosé Velo (1916-1972): poeta, pensador, revolucionario e mestre”, pp. 219-260.

Repasa a vida de Xosé Velo, nomeadamente centrada na “fermosa tolería” da toma do Santa María en 1961. Outro aspecto que se describe é a etapa da clandestinidade e mais o seu quefacer no exilio en Venezuela e en Brasil (1961-1970) no que se indica que nel tivo un reencontro coa literatura.

- Ricardo Gurriarán Rodríguez, “Florencio Delgado Gurriarán (1903-1987): poeta valdeorrés, republicano e galeguista”, pp. 395-415.

Debullla o itinerario vital de Florencio Delgado Gurriarán salientando o seu rol como traballador a prol do galeguismo facendo poemas e país con volumes como *Bebedeira*. Tamén se detén na importancia da súa Valdeorras natal dentro da súa vida así como os avatares do seu exilio mexicano.

- Gustavo A. Garrido García, “Carlos Casares (1941-2002): unha expresión truncada”, pp. 459-476.

Descríbese a faceta de Carlos Casares como literario e como político deténdose nos seus vencellos con Suecia e na súa defensa da lingua e cultura galegas. Sublíñase a súa tradución d’*O principião* (1972), da que se detalla a súa xénese, e remata referíndose á Fundación Carlos Casares.

**Xron**, Jesús (ed.), *Máis alá da Ultranoite. Crónica canalla do cambio de milenio (1993-2013)*, col. Ultratextos Documenta, [Santiago de Compostela]: Redenasa.tv, 2014, 93 pp. (ISBN: 978-84-617-3060-5). Inclúe CD e DVD.

Crónica sobre a historia do grupo teatral Chévere, editada por Jesús Xron, que se converte nunha crónica sobre o cambio de milenio e a autodeterminación teatral. Nela recóllese a experiencia desta compañía profesional de teatro, que conta no momento actual con vinte e dous anos de historia. Principia con fragmentos “Máis alá da Ultranoite” de Quico Cadaval, publicados no Anuario da Nasa do ano 1994. Despois, aglutínanse todas as “Ultranoites” que se celebraron dende xaneiro de 1993, cunha pequena explicación do seu contido, a modo de almanaque no que se reflicten os acontecementos principais (económicos, culturais, sociais, políticos...) que ocorreron en Galicia e no mundo dende que naceu a compañía. Acompáñase dun DVD que recolle videoclips con momentos memorábeis e xa clásicos da compañía, e dun CD coas cancións da “Ultranoite no País dos Ananos”.

### **Referencias varias:**

- P. Calveiro, “Chévere repasa en Santiago sus históricas ‘Ultranoites’”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 24 decembro 2014, p. 43.

Coméntase o acto celebrado en Santiago con motivo da publicación do libro-disco que recolle as sesións de espectáculos *Ultranoites* da compañía Chévere dende 1993.

## V. 2. REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSIMILES. TEXTOS RECUPERADOS

**Alonso Montero**, Xesús, *Pedro Petouto. Traballos e cavilacións dun mestre subversivo*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Librox, n.º 7, abril 2014, 96 pp. (ISBN:978-84-9914-656-0).

Esta obra de Xesús Alonso Montero (Vigo, 1928) é unha reedición dunha anterior publicada en 1974 e, posteriormente, en 1999. Nesta ocasión, ábrese coas opinións que diferentes críticos e estudosos fixeron ao respecto de Pedro Petouto. A continuación, inclúese o prólogo da edición de 1999 e o que se fixo para esta nova edición. O volume inclúe unha “adicatoria” a Manuel Amor de Deus, Xulio Aneiros, Rafael Pillado, Xosé María Rioboo e Xosé Luis Sáez. Acto seguido, explícase o sentido da obra, que está dividida en dezasete capítulos e que conclúe cunhas breves notas bibliográficas referentes a cadanseu capítulo e cun índice onomástico. A voz narrativa sèrvese do tópico dos documentos atopados en 1949, neste caso, as memorias de Pedro Petouto, co fin de reproducilas. O responsábel do mesmo fora un erudito francés, pero a riqueza e interese das catro páxinas encontradas conduciu a voz narrativa a buscar máis no pazo onde as descubrira o douto. Reprodúcense as memorias de Pedro Petouto, sinalando ás veces a súa fragmentariedade, fanse valoracións en relación a unha cantiga súa e inclúense tamén lembranzas de familiares que tivo dp alumnado. Este mestre rural de ideoloxía socialista impartía a ensinanza facendo uso do diálogo coa sociedade e abordando temas como: as fórmulas de tratamento e as diferenzas que producen, as clases sociais, o labor de Unamuno, a participación do protagonista no Banquete de Conxo e no segundo enterro de Rosalía de Castro, a defensa da escola crítica... Resúmense os derradeiros anos do protagonista e, finalmente, reflexiónase sobre a ausencia de textos autenticamente revolucionarios en galego, porque os escritores marxistas preferiron servirse doutro idioma. O autor completa a obra de 1974 con catro novos capítulos publicados entre 1976 e 1984. Neles inclúense, entre outra información, unha carta de amor á Filoloxía de Pedro Petouto, outra dirixida ao párroco D. Mauro Ben Groso, criticando as súas predicacións, e un suposto discurso que o protagonista defendería perante os seus alumnos se vivise en 1976.

### Recensións:

- R. Nicolás, “Pedro Petouto fala libremente”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Libros de verano”, 4 xullo 2014, p. 6.

Comenta que a lectura deste libro hai anos lle influíu moito porque nel “se falaba ‘libremente’ da cultura, da lingua galega e do ensino, da literatura e da política”. Di que a obra inaugurou o xénero das biografías apócrifas e que continúa sendo un libro de actualidade.

- Vicente Araguas, “Instruir deleitando”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, p. 22/  
*Diario de Ferrol*, “Nordésia”, n.º 849, p. 30/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 849, p. 30, “máis Libros”, 5 outubro 2014.

Con motivo da reedición do libro, trae de volta un dos lemas herdados do século XVIII que aínda ten vixencia na actualidade e que, segundo a súa opinión, resume as intencións do escritor do libro: instruír deleitando. Coa intención de pasar a censura, indica que Alonso Montero crea o personaxe de Pedro Petouto, un mestre tras o que se camufla a verdadeira personalidade do autor, unha argucia forzada “máis como necesidade que como divertimento”. Sinala que Petouto, como suposto protagonista de míticos feitos na Galicia finisecular, é “todo un achádego”.

#### **Referencias varias:**

- Amaia Mauleón, “La Feria del Libro calienta motores”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, 21 maio 2014, p. 10.

Informa sobre a presentación desta monografía durante a Feira do Libro de Vigo.

- M. M. e A. S., “El discurso marxista del ‘canteiro’ de Alonso Montero revive tras 40 años”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 29 maio 2014, p. 40.

Dáse conta, entre outras cousas, da presentación desta obra na Feira do Libro de Vigo e achéganse un par de claves da mesma, como quen é o verdadeiro protagonista da historia.

- A. A., “Montero presenta na Estrada o seu mestre subversivo ‘Pedro Petouto’”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 1.097, 15 novembro 2014, p. 7.

Infórmase da presentación do libro na sala Varela Buxán do Teatro Principal da Estrada. Disque no acto tamén participou Valentín García, secretario xeral de política lingüística.

**Fernández Naval**, Francisco Xosé, *O soño galego de Julio Cortázar*, Ourense: Ediciones Linteo, col. Aberta, outubro 2014, 344 pp. (ISBN: 978-84-96067-98-1).

Edición revisada, aumentada e cun traballo final inédito de Francisco X. Fernández Naval (Ourense, 1956) sobre a relación de Julio Cortázar con Galicia e cos galegos e dos galegos con el, cuxa primeira edición do 2006, que se pode ler no *Informe de Literatura* correspondente, se intitulaba *Respirar polo idioma (Os Galegos e Juio Cortázar)*.

#### **Recensións:**

- Miro Villar, “Cortázar e nós”, *Grial*, n.º 204, “O espello das letras”, outubro, novembro e decembro 2014, pp. 90-91.

Comézase situando a figura de Aurora Bernárdez, tradutora galega que fora a primeira muller de Cortázar, e de que cuxo arquivo se tirou parte do material fotográfico que aparece no libro. Descríbese o volume, que se atopa dividido en tres partes “Galicia e Julio Cortázar”, na que se analiza a relación de Cortázar cos galegos en Bos Aires; “Julio Cortázar e os galegos”, na que se trata a presenza dos galegos na obra do escritor arxentino e “Presenzas”, na que se dá conta da influencia de Cortázar na cultura galega



cotemporánea. Contén ademais o volume unha “Innecesaria xustificación do prescindible”, na que se reivindica a figura de Aurora Bernárdez. Conclúese salientando o carácter divulgativo da obra, que achega luz tanto á figura do escritor como á da súa muller galega.

### **Referencias varias:**

- P. Calveiro, “Francisco Xosé Fernández Naval. ‘Cortázar segue moi presente na cultura galega contemporánea’”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 25 novembro 2014, p. 39

Fala da relación de Cortázar co núcleo máis importante de exiliados galegos en Bos Aires nos anos cincuenta. Ademais salienta a influencia do autor arxentino na cultura galega contemporánea. Indica que se inclúe material fotográfico de Cortázar e cartas até agora descoñecidas.

- Miguel Álvarez, “Galicia celebra os 100 anos de Cortázar con dúas obras sobre as súas visitas”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Literatura”, 19 decembro 2014, p. 65.

Informa da promoción por parte da Xunta de Galicia do documental *Cortázar Galicia*, dirixido por Juan de la Colina, e do libro *O soño galego de Julio Cortázar* (2014) de X. Fernández Naval, unha reedición do libro *Respirar polo idioma* (2006), acerca das visitas do escritor Julio Cortázar a Galicia na década de 1950. Apunta que estas iniciativas forman parte da celebración do centenario do nacemento do autor arxentino.

### V. 3. MONOGRAFÍAS E LIBROS COLECTIVOS TRADUCIDOS OU NOUTRAS LINGUAS

**Juana**, Jesús de, *Aproximación ao pensamento e ideoloxía de Vicente Risco*, limiar Manuel Baltar, Ourense: Deputación de Ourense, 2013, 115 pp. (ISBN: 978-84-92554-70-6) ◆

Obra da autoría do historiador Jesús de Juana López (Molina de Aragón, Guadalaxara, 1949) que comeza cun limiar do presidente da Deputación de Ourense, Manuel Baltar, onde concibe este volume como parte dos actos conmemorativos con motivo do aniversario do pasamento de Vicente Risco fai medio século. A este prólogo segue unha presentación máis global da obra e do seu autor polo emérito catedrático de Historia Contemporánea e expresidente da Real Academia Galega, Xosé Ramón Barreiro Fernández. Trátase dunha tradución á lingua galega de *Aproximación al pensamiento e ideología de Vicente Risco*, que fora publicado en 1984, onde se fai un percorrido polo pensamento, as actitudes e o comportamento de Vicente Risco para explicar a evolución da reflexión deste intelectual. A tese de Jesús de Juana é que o pensamento de Risco explícase baixo o plasma dun *continuum*, dun sustento ideolóxico de base permanente que permite unha caracterización global da faceta de pensador de Risco.

**López Mondéjar**, Publio (dir.), *El rostro de las letras. Escritores y fotógrafos en España desde el Romanticismo hasta la Generación de 1914*, Madrid: Comunidad de Madrid, setembro 2014, 405 pp. (ISBN: 978-84-451-3489-4). ◆

Catálogo da mostra “El rostro de las letras. Escritores y fotógrafos en España desde el Romanticismo hasta la Generación de 1914” organizada pola Dirección General de Bellas Artes, del Libro y de Archivos da Comunidad de Madrid, pola Acción Cultural Española e mais pola RAE e que comezou a súa andaina en Madrid en setembro de 2014. Esta exposición é un estudo sobre o retrato fotográfico no Estado español dentro do campo da literatura. A través de máis de 200 fotografías, libros e documentos, reflíctese a evolución do retrato fotográfico dende o daguerrotipo até o desenvolvemento da prensa ilustrada (como en *La Ilustración Gallega y Asturiana* ou en *La Ilustración Catalana*), do mundo dos reporteiros gráficos e mais da prensa da primeira metade do século XX. O catálogo permite achegarse aos ambientes familiares e de traballo, tanto públicos como privados, de diferentes persoeiros (Azorín, Unamuno, Antonio Machado, Valle Inclán, Pardo Bazán, Rosalía de Castro, Castelao etc.) dende o Romanticismo até comezos do século XX. Comeza con tres textos institucionais e despois doce capítulos do catálogo: “El rostro de las letras”, “Románticos y liberales”, “Tertulias y cafés”, “El imperio de la fotografía”, “Retratos para todos”, “En la frontera de los siglos”, “La apoteosis de los cafés”, “El ojo de la historia”, “Escritores y fotógrafos”, “La máscara de las letras”, “Tiempos nuevos” e mais “Entre dos dictaduras”. A seguir a relación de arquivos e coleccións da exposición, a “Bibliografía” e mais o “Índice onomástico”. No que atinxe á literatura galega hai referencias ao Rexurdimento (Rosalía de Castro, Manuel Murguía, Eduardo Pondal ou Aurelio Aguirre), ao Liceo San Agustín de Santiago de Compostela e á coruñesa Cova Céltica. Tamén se indica que a librería coruñesa de Lino Pérez distribuíu retratos de Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez, Eduardo Pondal ou Emilia Pardo Bazán ou que o fotógrafo Jaime de Sousa Guedes Pacheco ten entre os seus mellores retratos os de

Castelao, Carlos Maside, Ramón Cabanillas, Otero Pedrayo, Rafael Diste ou Vicente Risco. Con respecto aos retratos e fotografías de escritores en lingua galega, Manuel Curros Enríquez e Rosalía de Castro son os que máis aparecen neste volume. Cómpre sinalar que na redacción dos textos non se respecta a toponimia oficial do Estado español e aparecen topónimos como La Coruña, Villanueva de Arosa ou Gerona.

**Miguélez-Carballeira, Helena**, *Galiza, um povo sentimental? Género, política e cultura no imaginário nacional galego (Galicia, a sentimental nation. Gender, Culture and politics*, 2013), trad. Fernando Vasquez Corredoira, Santiago de Compostela: Através Editora, col. Através de Nós, n.º 9, decembro 2014, 287 pp. (ISBN: 978-84-87305-86-3).

Adaptación e tradución ao galego-portugués da obra editada orixinalmente en inglés *Galicia, a sentimental nation. Gender, Culture and politics* de Helena Miguélez-Carballeira (Vigo), profesora titular de Estudos Hispánicos na Universidade de Bangor, no País de Gales. Principia cunha dedicatoria “Ao Guillem, por me mostrar a perspectiva desde a porta” e está estruturado en varios bloques. En primeiro lugar, a modo de introdución, tres textos que se insiren baixo o título de “Quando é que nos tornámos sentimentais?”. Posteriormente cinco amplos capítulos con varios apartados: “Moldar a Galiza feminista” (pp. 51-86), “Purificar o modelo nacional” (pp. 87-120), “Masculinidades rivais” (pp. 121-158), “Sexuando o pai da nação” (pp. 159-204) e “Fora do normal” (pp. 205-242). A seguir, unha última parte que recibe o nome de posfácio e que inclúe un único texto “O homem que casou com a Galiza: rumo a uma crítica pós-colonial do sentimentalismo galego”. Analiza, dende unha perspectiva poscolonial e feminista, o pasado e presente de Galicia, cuestionando a configuración do imaxinario cultural, ideolóxico e político. Analiza detalladamente a existencia e convivencia de dous discursos históricos: unha liña cultural (feminizante) e outra política (masculinizante). Miguélez-Carballeira afonda na idea da necesidade de revisar as nosas historias culturais dende unha metodoloxía crítica feminista. Cabe destacar que a autora presenta a Carvalho Calero como un exemplo de hipermasculinidade en oposición ao culturalismo de Galaxia. Pecha o volume unha bibliografía e un índice temático.

### Referencias varias:

- Miguel Rodríguez, “Helena Miguélez. ‘A idea da Galicia sensible foi unha forma de desmobilizar as súas aspiracións nacionais’”, *La Opinión*, 9 decembro 2014, contracuberta.

Infórmase da presentación do libro no café-librería Linda Rama e faise unha breve entrevista á autora. Nela dá a súa opinión sobre a construción do estereotipo de Galicia como un pobo sentimental, o que, segundo ela, foi unha maneira de desmobilizar as súas aspiracións nacionais, o que entende como un proceso iniciado xa no século XIX e que chega até os nosos días.

**Tallón, Juan**, *Libros peligrosos*, Barcelona: Larousse Editorial, 2014, 271 pp. (ISBN: 978-84-16124-45-9).

Juan Tallón (Vilardevós, Ourense, 1975) preséntanos neste volume redactado en español o canon das súas cen obras literarias predilectas: novelas, poemarios, ensaios, contos ou diarios. Cada obra desta escolma (que comeza con *Bandoleros* de João Gilberto Noll e remata con *Algo supuestamente divertido que nunca volveré a hacer*, de David Foster Wallace) presenta reflexións persoais de Tallón que se van vencellando unha tras outra, así, cada parella de obras presenta algún vencello nos seus comentarios. Con respecto á literatura galega dentro desta listaxe de cen obras só se presenta unha obra *A esmorga*, de Eduardo Blanco Amor (que aparece relacionada con *Trilce* de César Vallejo) se ben tamén está presente a colección de artigos *Los otros caminos* de Álvaro Cunqueiro (conectado con *Tractatus logico-philosophicus* de Ludwig Wittgenstein). Asemade hai referencias a outros escritores galegos como a Rafael Dieste cando fala de *2666*, de Roberto Bolaño ou a Uxío Novoneira cando comenta *La noche que llegué al Café Gijón*, de Francisco Umbral. Cómpre sinalar que o derradeiro comentario de *Libros* está datado en Vilardevós o 7 de abril de 2014.

### **Recensións:**

- Francisco Martínez Bouzas, “Libros peligrosos”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Tribuna libre”, 25 novembro 2014, p. 44.

Subliña a dificultade de encadrar o libro nun xénero específico, xa que pode ser lido como unha “singular novela de libros”, pois son diversos títulos amalgamados, conectados entre si por lazos escriturais. Gaba a pericia do autor ao establecer estas conexións e busca facernos “partícipes dun cadoiro de sensacións que a el lle produciron de escritores imprescindibles”.

### **Referencias varias:**

- Jaureguizar, “Juan Tallón. ‘Libros peligrosos’ é unha obra cun cento de lecturas caprichosas”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, p. 60/ *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Entrevista”, p. 32, 7 outubro 2014.

Entrevista co autor no que explica o proceso de creación do libro, que criterios seguiu para a selección dos cen libros dos que fala e a mecánica coa que organizou a obra.

- Andrea Aguilar, “Los peligrosos libros de un lector voraz”, *El País*, “Cultura”, 29 decembro 2014, p. 32.

Con motivo da presentación desta autobiografía literaria coméntase a influencia que exerceu a literatura sobre este autor, temática desta obra.

**Tarrío Varela**, Anxo, *Álvaro Cunqueiro o los disfraces de la melancolía*, 2ª ed. Revisada, ampliada e actualizada, Porto: Tropelias&Companhia, col. Caleidoscópico. Estudos e Teorías, n.º 1, abril 2014, 170 pp. (ISBN: 978-989-8582-32-4).

Ensaio de Anxo Tarrío (Santiago de Compostela, 1945) dedicado ao escritor Álvaro Cunqueiro e que tivo a súa primeira versión en galego no ano 1989, editado por

Galaxia. A obra está dividida en dezaseis capítulos, sendo o primeiro, “La herencia recibida”, unha introdución á historia da literatura galega entre finais do século XIX e principios do XX. A seguir aparecen “Contar claro, seguido y bien”, “El vuelo de Ícaro”, “Sueños y cosmovisión gallega”, “La vocación realista”, “Narración y verosimilitud”, “Visión teatral: La Bola de Nieve”, “Espacio y tiempo. Lo mítico y los Pragmático”, “El espectáculo-hipodrama de la literatura católica”, “Los repertorios quinésico y proxémico”, “El diseño del ropero”, “Otros signos de las escena cunqueriana”, “Satinado Levantisco”, “Las estrategias realistas”, “Imaginación y melancolía” e, por último unha ampla bibliografía. Todos estes capítulos van constituíndo unha ampla cosmovisión sobre a narrativa cunqueiriana. Ao longo do ensaio aparecen fragmentos das obras *Merlín e Familia*, *As crónicas do Sochantre* e *Se o vello Sinbad volvease as illas* para dar exemplo a cada unha das técnicas narrativas do autor. Debátese sobre o realismo de Cunqueiro, xa que se poden atopar nas súas obras técnicas de verosimilitude facendo que o texto teña unha coherencia interna. Ao longo do ensaio estúdanse outras facetas da escrita do autor como a visión teatral das súas obras, as referencias litúrxicas, o espazo (real ou mítico) e o tempo, sinalando que Cunqueiro non mostra unha preocupación excesiva por ser preciso. Outros signos que mostran o estilo cunqueiriano son a vestimenta, os sabores e os aromas presentes nas súas obras. Tamén se fai referencia ao estilo lingüístico do autor destacando a linguaxe poética e o uso sutil do adxectivo.

### **Recensións:**

- Armando Requeixo, “Os disfraces de Cunqueiro”, *Diario de Ferrol*, “*Nordésia*”, p. 32/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, p. 33, n.º 860, “letras Atlánticas”, 21 decembro 2014.

Coméntase polo miúdo a nova edición “revisada, ampliada e actualizada” traducida ao castelán da obra *Álvaro Cunqueiro o los disfraces de la melancolía* do profesor Anxo Tarrío, publicada pola editorial Tropelias&Compañía. Sinálase que resulta un “excelente ensaio” para comprender toda a produción narrativa cunqueirana.

## V. 4. ANTOLOXÍAS

**Risco**, Vicente, *Galiza é un mundo. O pensamento de Vicente Risco*, Ourense: Fundación Vicente Risco, outubro 2014, 66 pp. (ISBN: 978-84-942726-0-8)



Volume que consiste nunha compilación de cincuenta frases de Vicente Risco (Ourense, 1884-1963), pensador galeguista do pasado século. Coa particularidade de estar traducido ao xaponés e máis ao inglés, dá comezo cun limiar no que se presentan o contido e máis a este intelectual, que fica como figura clave no desenvolvemento da cultura galega. O título fai referencia á “Da medida das cousas”, contido en *Leria*, miscelánea ensaística publicada en 1961, na que Risco recolleu diversos traballos, mesturando textos de índole filosófica, crítica e literaria, e onde expón o seguinte, “Ti dis: Galicia é ben pequena. Eu dígoche: Galicia é un mundo. Cada terra é como se fose o mundo enteiro”. Esta é a liña ao redor da cal xira este tomo, onde se ve proxectado o interese e máis o compromiso de Risco con Galicia, á que se refire como “terra”, sempre nunha esfera a prol da lingua, historia, tradicións e costumes galegas.

## V. ENSAIO. TEORÍA XERAL. CRÍTICA

### V. 5. PUBLICACIÓN EN REVISTAS

**Aleixandre**, Marilar, “Lá Marion”, *Grial*, n.º 203, “Ulises, Joyce e Galicia”, xullo, agosto e setembro 2014, pp. 42-47.

Proporcionáanse os seguintes textos, que parecen ser traducións do gaélico: “1. Almorzo no Gresham Hotel, rúa O’Connell”, “2. O pranto por Bríd Ní Chléirigh: de Sandymount ao cemiterio de Glasnevin”, “3. Lavandaría das irmás Madalenas, rúa Mecklenburgh” e “4. As sereas e o afinador cego cantan no bar do Hotel Ormond”.

**Alonso-Giráldez**, Miguel, “James Joyce fala en galego case cen anos despois. Algúns aspectos culturais da tradución de *Ulysses* á lingua galega”, *Grial*, n.º 203, “Ulises, Joyce e Galicia”, xullo, agosto e setembro 2014, pp. 18-23.

Dá conta da tradución do *Ulises* (Galaxia, 2013), de James Joyce, ao galego e analiza dous aspectos polémicos, o carácter colectivo da tradución e o posíbel “enxebrismo”, é dicir, o feito de que a tradución se incline por introducir numerosos xiros idiomáticos autóctonos. A continuación, pasa a tratar os aspectos máis dificultosos da tradución, como poden ser o uso da linguaxe coloquial, os vulgarismos ou a fraseoloxía idiomática. Tras aportar numerosos exemplos da tradución galega, defínese como arriscada pero salientable.

**Alonso Nogueira**, Álex, “Meditación de inverno. Para unha lectura política do Libro II de *Sempre en Galiza*”, *Grial*, n.º 202, “Castelao alén do mar”, abril, maio e xuño 2014, pp. 41-51.

Danse indicacións para levar a cabo unha lectura política do Libro II de *Sempre en Galiza*, cuxas notas redactou Castelao durante a súa estada en Nova York. Reivindicase a necesidade de ler *Sempre en Galiza* con atención ao contexto histórico. Confronta as concepcións da Historia de Castelao e Vicente Risco, que se definen como opostas, para pasar a desentrañar o pensamento de Castelao a través de citas do libro. Conclúese salientando o esforzo de Castelao para que “un certo coñecemento do pasado non eivase as posibilidades de acción e fose útil para o futuro” (p. 51).

**Álvarez Cáccamo**, Xosé María, “Xavier Baixeiras na Casa do Norte”, *Grial*, n.º 204, “O espello das letras”, outubro, novembro e decembro 2014, pp. 102-113.

Faise unha descrición da personalidade e obra poética de Xavier Rodríguez Baixeiras, poeta da xeración dos 80. O fio condutor é a casa do escritor no lugar de Covas, na parroquia focense de Nois. As anécdotas sobre a casa vanse intercalando con versos e poemas inspirados por este espazo e as experiencias vividas nel.

**Aneiros**, Rosa, “Sei porque escribo, pero non porque vós me ledes”, *Luzes*, n.º 2, “*República*”, “Entrevista”, xaneiro 2014, pp. 104-109.

Co gallo da publicación do Premio García Barros *A lúa da colleita* (2013) achégase unha entrevista coa súa autora, Anxos Sumai. Na entrevista fálase da xénese da novela a partir dunha imaxe e de características do libro como a predilección pola novela negra, a insistencia nos aspectos cotiáns ou a utilización de imaxes potentes e frases curtas. Coméntanse, ademais, os temas da violencia e a transgresión social, xa presentes noutras obras da autora como *Melodía de días usados* (2005) ou *Así nacen as baleas* (2007).

**Angueira**, Anxo, “O corpo, o territorio e a civilización”, *Tempos Novos*, n.º 205, “*ProTexta*”, n.º 03, “Cara e cruz”, maio 2014, p. 81.

Ofrécese unha recensión da obra *Corpos transitivos* (Edicións Fervenza, 2013), de Elvira Riveiro, gañadora do Premio de Poesía Avelina Valladares. Sinálanse os temas e motivos da obra, entre os que se destacan o corpo, o territorio e a civilización, ao tempo que se poñen en relación con outros autores.

**Arias Cachero**, Patricia, “Lastura e ‘O Roibén’”, *Grial*, n.º 201, “O espello das letras”, xaneiro, febreiro e marzo 2014, pp. 94-97.

Realízase un repaso pola actividade cultural do chamado Grupo Bilbao e a creación da colección literaria “O Roibén”, na que se publicaron numerosos cadernos poéticos. Noménase os títulos editados polo grupo, dende o seu nacemento até 2012 e introdúcese o novo proxecto editorial, o selo Lastura, que conta con cinco coleccións ben definidas: “Alcálima”, para poesía en linguas que non sexan galego ou portugués; “Alquisa” para micronarrativa; “Draconia”, para a literatura infantil e xuvenil; “Apuntador”, para os textos dramáticos e “O Roibén”, continuando a tradición, para os textos poéticos.

**A. V.**, “25 anos da Biblia en galego”, *Grial*, n.º 203, “O rego da cultura”, xullo, agosto e setembro 2014, pp. 10.

Dáse noticia do cuarto de século dende a publicación da primeira edición da Biblia en galego, a cargo da Sociedade de Estudos, Publicacións e Traballos, como acontecemento de relevancia da cultura galega.

**Barreiro Barreiro**, Xosé Luis, “Victor Said Armesto: Da néboa do esquecemento á recuperación da súa memoria”, *Galegos*, n.º 20, I, “Crónicas”, 2014, pp. 86-93.

Co gallo do centenario do pasamento de Victor Said Armesto faise un repaso pola súa biografía e o seu percorrido artístico. A súa evolución persoal divídese en “Etapa poético-xuvenil”, no que se salientan a súa sensibilidade poética e musical e a súa actividade cultural dispersa; “Etapa do compromiso socio-político”, na que se trata a súa evolución política e “Etapa académico-científica”, que se centra no seu labor como docente.



**Bernárdez Vilar**, Xoán, “Ulises en Galicia”, *Encrucillada*, n.º186, “Crónica da cultura”, xaneiro-febreiro 2014, pp. 89-97.

Faise un repaso polo panorama cultural galego. Dáse conta da publicación da tradución do *Ulises* (2013), de James Joyce, ao galego, mencionando brevemente a aproximación de Ramón Otero Pedrayo. No apartado “As letras” alúdese a diversos actos, como exposicións e conmemoracións, entre os que se destaca a presentación de varios textos poéticos inéditos de Rosalía de Castro. Por outra banda, no apartado “Premios” recóllense as seguintes novas: a entrega do VII Premio de Narrativa Breve Repsol a Berta Dávila; o fallo do XXVI Premio de poesía Eusebio Lorenzo Baleirón para a obra *As paisaxes eléctricas* de Cristina Ferreiro Real; o VII Premio Arume de Poesía para nenos concedido a María Xosé Lamas Fernández por *Cantigas para soñar*, con Mencións de Honra para Antón Cortizas por *Cando as follas voan*, María Canosa por *O libro dos medos que non o son* e Xosé Luna Martín por *Versos e Bicos*; e o fallo dos XIX Premios San Juan Clemente, no que a mellor obra en galego foi *Os fillos do mar* (Xerais, 2013) de Pedro Feijoo. Na sección “Varia” acóllense novas sobre actos, homenaxes e presentacións, entre as que se conta a presentación do libro de Chus Pato, *Carne de Leviatán* (Galaxia, 2013); a publicación da obra *Homenaxe a Neira Vilas e Balbino* (Ir Indo, 2013); a presentación do poemario *Carderno do Nilo* (Xerais, 2013), de Cesáreo Sánchez Iglesias e a presentación do libro-disco *De Voces Ceibes a Milladoiro. Unha memoria do movemento popular da canción galega (1973-1978)* (Galaxia, 2013), de Antón Seoane.

**Bernárdez Vilar**, Xoán, “De Euterpe a Talía”, *Encrucillada*, n.º187, “Crónica da cultura”, marzo-abril 2014, pp. 102-111.

Repásase o panorama cultural galego. No apartado “As letras” menciónanse diversos actos e sucesos culturais, como a publicación do xornal *A nova Pereira* ou a presentación da obra *Martin Codax. Bañarnos emos nas ondas! As sete Cantigas/ O pergamiño Vindel*, e do volume que acolle as tres obras de Xosé Neira Vilas *A lingua galega en Cuba*, *Rosalía de Castro e Cuba* e *Galegos que loitaron pola independencia en Cuba*. Por outra banda, no apartado “Premios” dáse conta de diversas novas; no que atinxe á literatura galega coméntase que Luz Pozo Garza recibiu o XI Premio Laxeiro; de Elisabeth Ríos Liste gañou a segunda edición do Premio Lueiro Rey con *Anamnese*.

**Bernárdez Vilar**, Xoán, “Cincuenta e un anos despois”, *Encrucillada*, n.º188, “Crónica da cultura”, maio-xuño 2014, pp. 64-73.

Recóllese a celebración de diversos actos por mor do Día das Letras Galegas, no que se homenaxea a Xosé María Díaz Castro. Na sección “As letras” dáse conta de diversas novas relacionadas coa literatura, como o cincuenta aniversario da revista *Grial*, a presentación do segundo número da revista *Elipse* e o poemario *Espelho de mim mesma*, de Cruz Martínez, ou a presentación de *A idea na palabra. Textos e documentos recuperados de Manuel Lugrís Freire* (Concello de Sada, 2014). No apartado “Cine e teatro” coméntase a presentación d’*Os Contos de Joselín. Primerios documentos sonoros do teatro galego (1929-1954)*. Na sección de “Novas en xeral” recóllese a

entrega de varios documentos de Antón Villar ponte á Real Academia Galega, entre os que se conta un manuscrito de *Donosiña: drama en tres autos e un prólogo*. Na sección “Premios” dáse conta de diversos galardóns. No que atinxe á literatura galega alúdese ao XI Premio de Poesía Novacaixagalicia, concedido a Yolanda Castaño; ao XXXII Premio Trasalba para Agustín Fernández Paz; o Premio Nacional da Crítica en lingua galega para Anxos Sumai por *A lúa da colleita* e Bertá Dávila por *Raíz da fenda*; ao XVII Premio de Poesía Johán Carballeira para *Dos días escuros*, de M<sup>a</sup> Carmen Caramés; e a entrega dos premios da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega para varios autores e organizacións culturais.

**Bernárdez Vilar**, Xoán, “Unha máis que merecida homenaxe”, *Encrucillada*, n.º189, “Crónica da cultura”, setembro-outubro 2014, pp. 94-103.

Menciónase no apartado “As letras”, entre outras novas, a entrega da Letra E da AELG a Xabier P. Docampo; a decisión de dedicar o Día das Letras Galegas 2015 a Xosé Fernando Filgueira Valverde ou a presentación do número nove de *La Tribuna. Cadernos de estudos da Casa Museo Emilia Pardo Bazán*. No apartado “Banda deseñada” recóllese que o gañador da IX Edición do Premio Castelao de Banda deseñada foi *O inferno do debuxante*, de Kiko Silva. No apartado de “Premios” acóllense novas sobre diversos galardóns. No que atinxe á literatura galega menciónase a entrega dos Premios Xerais, dos que o premio de novela foi a parar a María Reimóndez, por *Dende o conflito*; Premio Merlín a Leticia Costas por *Escarlatina. A cociñeira defunta* e o Premio Jules Verne para *O gran reino* de Eduardo Santiago. Alúdese tamén aos VII Premios Diario da Cultura de Teatro Radiofónico, que recaeron na obra *Explotados*, de César Carracedo e *A primeira vez*, de Carmen Blanco Sanjurjo. No XII Certame Literario Diego Sarmiento de Acuña, Conde de Gondomar resultaron vencedores *O meu val*, de Sara Vidal Acuña; *Sendeiro de Prata*, de Daniel González Iglesias; *Crear*, de Anahí Barros Vidal; *O misterio de Lía*, de Sabela Cambra Domínguez; *A historia de Sergio*, de Oscar Gestido; *O Segredo da Vieira*, de Víctor Villadóniga Santos e *Ollos baleiros*, de Rafael Areses Elizalde. Por outra banda, dise que o XVII Premio Miguel González Garcés foi para o poemario *Arte de fuga* de Carlos Penela e o XXX Premio Casa dos poetas para Manuel Rivas Barrós. Por último, a categoría de letras do Premio da Cultura foi para Xosé Neira Vilas.

**Bernárdez Vilar**, Xoán, “Á procura do pasado”, *Encrucillada*, n.º190, “Crónica da cultura”, novembro-décembro 2014, pp. 97-105.

Faise unha crónica do panorama cultural. No apartado “As letras” recóllense diversas novas relacionadas coa literatura, como a inclusión do álbum *Nicomedes o pelado* (Kalandraka, 2013) na lista internacional The White Ravens; a presentación da obra *A vinganza do defunto* (Xerais, 2014), de Carlos G. Reigosa e a entrega do VII Premio de Poesía Victoriano Taibo a Lara Rozados Lorenzo por *O caderno amarelo* (IEM, 2014). No apartado premios, dáse conta do fallo e entrega de diversos galardóns. O VIII Premio de Narrativa Breve REPSOL foi para *A diagonal dos tolos* de Santiago González Lopo. Nos Premios da Crítica Galicia 2014 venceu no apartado de creación literaria *Costa do Solpor* (Xerais, 2013), de Xosé María Lema Suárez e no VIII Premio Manuel María de Literatura Dramática *Xogando con gatos*, de Antón Cortizas Amado; mentres que no XI Premio Barriga Verde para rapaces foi gañadora *O lobo e a Lúa*, de

Andrea Bayer Roque. Na sección dedicada a “Varia” dáse conta, entre outras novas, da presentación do traballo *Trinta poemas. Selección, introdución e comentarios* (PEN Galicia, 2014), de Camiño Noia.

**Borrazás**, Xurxo, “A festa rachada da RAG”, *Tempos Novos*, n.º 206, “En foco”, “As claves”, xullo 2014, pp. 8-9.

Dáse noticia da decisión da Real Academia Galega de dedicar o Día das Letras Galegas 2015 a Xosé Filgueira Valverde. Debátense os motivos desta elección, así como as reaccións que suscitou esta elección.

**Boubeta Resille**, Marta, “Un libro que nos deixa sen palabras”, *Tempos Novos*, n.º 202, “ProTexta”, n.º 02, “Cara e cruz”, marzo 2014, pp. 77.

Achégase unha recensión do libro *A lúa da colleita* (2013) de Anxos Sumai, en páxina enfrontada con outra achega sobre a mesma obra de Gracia Santorum. Destácase o carácter desacougante da historia e o seu final duro, así como a prosa directa na que está escrita. Conclúe salientando que se trata dun libro “para os valentes”, xa que resulta un relato esixente e difícil de asimilar.

**Cabana**, Darío Xohán, “As floriñas de San Francisco”, *Lvcensia*, n.º 49 (Vol. XXIV), “Texto”, 2014, pp. 397-404.

Tras unha breve introdución na que presenta a figura de San Francisco e o contexto da peregrinaxe a Compostela, proporciónase a tradución de Darío Xohán Cabana de varios dos textos que compoñen *I fioretti*: “Estas son as floriñas do glorioso señor san Francisco e dos seus frades”, “Como o anxo foi á porta falar con frei Elías” e “Como san Francisco foi a Boloña e converteu dous grandes escolares coa súa predicación”.

**Camoira Veiga**, César, “O labrego”, *Lvcensia*, n.º 48 (Vol. XXIV), “Texto”, 2014, pp. 187-198.

Faise un repaso pola publicación decimonónica lucense *O labrego*, repasando nun primeiro apartado a súa “Caracterización técnica” e dedicando outro ás “Colaboracións literarias” publicadas, divididas por xéneros. En “Poesía” recóllense os textos “Lembranza”, de B. Varela; “Villancicos”, de Xesús Rodríguez López e “¡Adiós!”, de Lois Vázquez. En “Prosa” acóllense “O que me dea un pau, doull’un peso”, coa sinatura “X.” e “Xunt’o palleiro”, coa sinatura “B. V.”.

**Cartea**, Eme, “Poemas en prosa por Pierre Reverdy 1915”, *Barbantia*, n.º 10, 2014, pp. 109-149.

Despois dun breve “Limiar” no que se destaca a importancia da poesía cubista de Pierre Reverdy e a súa escasa presenza nos estudos galegos a pesar da relación coa obra de Manuel Antonio *De catro a catro* (1928), reflexiónase arredor da concepción deste

movemento artístico e literario en relación con outros movementos de vangarda e sinálanse os principios do mesmo. Alúdese aos inicios do poema en prosa e achéganse as características do mesmo en relación coa obra de Reverdy antes de resumir a traxectoria literaria do autor. Dáse noticia da tradución íntegra en lingua galega do seu primeiro libro *Poèmes e prose* a cargo de Manuel Cartea. Por último, ofrécese a tradución ao galego das seguintes pezas do autor agrupadas baixo o título “PIERRE REVERDY POÈMES EN PROSE. 1915/ PIERRE REVERDY POEMAS EN PROSA. 1915”: “FÉTICHE/FETICHE”, “LE VENT ET L’ESPRIT/O VENTO E O ESPÍRITO”, “ENVIE/DEVEZO”, “PLUS LOIN QUE LÀ/MÁIS LONXE DE ALÍ”, “TOUJOURS SEUL/SEMPRE SÓ”, “HIVER/INVERNO”, “MARCHE FORCÉE/MARCHA FORZADA”, “LES CORNES DU VENT/OS CORNOS DO VENTO”, “HÔTELS/HOTEIS”, “CARNAVAL/ENTROIDO”, “LES POÈTES/OS POETAS”, “L’HOMME IMPASSIBLE/O HOME IMPASIBLE”, “TRAITS ET FIGURES/TRAZOS E ROSTROS”, “SALLE D’ATTENTE/SALA DE ESPERA”, “À L’AUBE/AO ABRENTE”, “INCOGNITO/INCÓGNITO”, “SANS MASQUE/SEN CARAUTA”, “LE PATINEUR CÉLESTE/O PATINADOR CELESTE”, “LE VOYAGEUR ET SON OMBRE/O VIAXEIRO E A SÚA SOMBRA”, “LA REPASSEUSE/PASADORA DO FERRO”, “L’AIR MEURTRI/EXPRESIÓN APESARADA”, “UNE APPARENCE MÉDIOCRE/UNHA APARENCIA MÉDIOCRE”, “FANTÔMES DU DANGER/PANTASMAS DO PERIGO”, “L’INTRUS/O INTRUSO”, “BELLE ÉTOILE/INTEMPERIE”, “UN AUTRE ACCUEIL/OUTRA ACOLLIDA”, “CIVIL/CIVIL”, “L’ESPRIT SORT/O ESPÍRITO AGROMA”, “CORTÈGE/CORTEXO”, “NOCTURNE/NOCTURNO”, “DES ÊTRES VAGUES/SERES IMPRECISOS”, “TIMIDITÉ/TIMIDEZ”, “RÉALITÉ DES OMBRES/REALIDADE DAS SOMBRAS”, “APRÈS LE BAL/DESPOIS DO BAILE”, “VOYAGES TROP GRANDS/VIAJES GRANDES DE MÁIS”, “CHACUN SA PART/A CADA UN O SEU”, “BRUITS DE NUIT/RUÍDOS NOCTURNOS”, “FRONTS DE BATAILLE/FRONTES DE BATALLA”, “BATAILLE/BATALLA”, “FASCINÉE/ENFEITIZADA”, “GARDIENS/GARDIÁNS”, “FACE À FACE/CARA A CARA”, “SALTIMBANQUES/SALTIMBANQUIS”, “LE BILBOQUET/O XOGO DO CAZO”, “CRÉPUSCULE/CREPÚSCULO”, “L’ENVERS À L’ENDROIT/O REVÉS AO DEREITO”, “LA SAVEUR DU RÉEL/O SABOR DO REAL”, “SOLDATS/SOLDADOS”, “LES PENSÉES BASSES/OS BAIXOS PENSAMENTOS”, “HONTEUX À VOIR/VISIÓN VERGOÑENTA”.

**Dacosta, Marta**, “Abismo de sombras”, *Tempos Novos*, n.º 200, “*ProTexta*”, n.º 01, “ProPostas”, xaneiro 2014, pp. 93.

Achégase unha recensión do poemario de Berta Dávila, *Raíz da fenda* (Xerais, 2013), gañador do premio Joham Carballeira 2012. Saliéntase o tratamento da dor, e o xeito en que a autora destila sentimentos e emocións. Conclúese destacando a capacidade do poemario para facer que o lector se identifique.

**Dacosta, Marta**, “Retallos daquela infancia”, *Tempos Novos*, n.º 205, “*ProTexta*”, n.º 03, “Propulsión”, maio 2014, p. 82.

Ofrécese unha recensión da obra *Retallos daquela infancia* (2013), de Bautista Álvarez. Despois de facer unha breve achega ao percorrido biográfico, político e literario do

autor salientando a súa relación co grupo Brais Pinto e Editorial Galaxia, achégase unha análise dos trazos estilísticos da obra destacando as influencias de Ánxel Fole, Álvaro Cunqueiro e Castelao sobre a mesma. Anótanse como características o xeito de narrar baseado na tradición oral, a mestura do real o marabilloso e o humor e salientase a importancia do tema da morte. Por último, apúntase unha reflexión sobre a mostra de trazos da identidade galega que supón a obra.

**Dasilva**, Xosé Manuel, “Todo o *Ulises* en galego”, *Grial*, n.º 201, “O espello das letras”, xaneiro, febreiro e marzo 2014, pp. 67-69.

Recesiona a tradución do *Ulises* (Galaxia, 2013) de James Joyce ao galego. Comeza lembrando a tradución xa publicada por Ramón Otero Pedrayo en *Nós*, para pasar a tratar a novo traballo levado a cabo por un equipo de catro persoas: Eva Almazán, María Alonso Seisdedos, Xavier Queipo e Antón Vialle. Saliéntase a accesibilidade da tradución, que vai dirixida a un público máis amplo e por iso carece de aparato crítico.

**Dasilva**, Xosé Manuel, “*A emorga* trasladada ao catalán”, *Grial*, n.º 202, “O espello das letras”, abril, maio e xuño 2014, pp. 110-111.

Faise unha recensión da tradución ao catalán d’*A esmorga*, *La gresca* (El Gall Editor, 2014). Dáse noticia da publicación inicial da obra en Bos Aires e da autotradución realizada por Blanco Amor co título *La parranda*, até a edición en Galicia en 1970. Saliéntase que se trata do clásico galego máis traducido despois de *Memorias dun neno labrego*. Tras estas notas, pasa a describir o volume, que conta cunha introdución na que se poñen de manifesto os lazos de Eduardo Blanco Amor con Cataluña e os problemas de tradución que presenta a obra. Conclúese destacando o esforzo por conservar a esencia galega da obra.

**Dasilva**, Xosé Manuel da, “As traducións d’*A esmorga*”, *Grial*, n.º 203, “O espello das letras”, xullo, agosto e setembro 2014, pp. 84-85.

Cita, por orde cronolóxica, as diferentes traducións d’*A esmorga*, comezando pola realizada por Blanco Amor co título *La parranda*. A partir desta listaxe, estuda a influencia destas traducións na difusión da obra. Analiza o proceso de autotradución levado a cabo polo autor e a intervención da censura na historia editorial do texto. A partir desta análise, pasa a tratar o caso das traducións, cuxos paratextos indican que parten da versión galega, aínda que se apoian na autotradución. Resalta ademais que as únicas versións que conteñen o texto completo, sen censurar, son a inglesa e a catalá. Conclúese poñendo de manifesto o desfase de todas as traducións.

**Díaz-Fierros Viqueira**, Francisco, “Presenza do tren como símbolo do progreso na obra de Curros Enríquez”, *Grial*, n.º 201, “Ciencia e técnica”, xaneiro, febreiro e marzo 2014, pp. 129-135.

Tras introducir o tema do progreso e a súa repercusión como tópico literario, pasa a analizar a aparición do motivo do tren na obra de Curros Enríquez, proporcionando

exemplos de varios poemas para ilustrar a defensa que o poeta fai do tren e do progreso, en oposición ao atraso económico e cultural no que se atopaba Galicia.

**Domínguez, César**, “Eu son fillo dunha Patria descoñecida'. Do Atlántico negro ao Atlántico verde a través da diáspora galega. Castelao (cunhas notas sore Whitman e Lorca)”, *Grial*, n.º 202, “Castelao alén do mar”, abril, maio e xuño 2014, pp. 64-71.

Utilízase a perspectiva comparativa atlantista en relación cos estudos galegos, considerando a Castelao como artista modelo. O estudo realízase dende os presupostos dunha aproximación transatlántica, que se utiliza como base conceptual sólida. A análise comparatista céntrase no Libro II de *Sempre en Galiza* e a serie de textos visuais *Dibuxos de negros*, para poñer en cuestión a pertinencia dunha análise transatlántica.

**Domínguez, César**, “Un Ulises que non-o coñece o Joyce que o criou’. Algunhas precisións á tradución de Ramón Otero Pedrayo”, *Grial*, n.º 203, “Ulises, Joyce e Galicia”, xullo, agosto e setembro 2014, pp. 32-41.

Tras uns parágrafos introdutorios nos que repasa as traducións fragmentarias do *Ulysses* ao castelán levadas a cabo por Antonio Marichalar e Borges, da comezo o apartado “O traballo de Otero Pedrayo no contexto das traducións fragmentarias”, no que se analiza a tradución de Otero e as súas posibles fontes, por medio de táboas nas que se proporcionan as diversas variantes, para concluir que, se ben puido ter acceso a unha tradución fragmentaria francesa, a súa dependencia non está asegurada. A seguinte sección, “O *Ulysses* de Otero Pedrayo”, estuda a tradución levada a cabo por Otero e contextualízase como seguidora do *best-seller Catecismo do labrego* (1889), de Valentín Lamas Carvajal. Conclúese resaltando que a proeza da tradución non está na súa anterioridade, senón “na inauguración dunha estratexia de microcosmopolitismo” (p. 40).

**Domínguez Portela, Soraya**, “A crónica dun país canso”, *Tempos Novos*, n.º 202, “ProTexta”, n.º 02, “ProPostas”, marzo 2014, pp. 78-79.

Faise unha recensión da tradución ao galego *O edificio Yacoubian* (Rinoceronte Editora, 2013), de Alaa Al Aswany. Descríbese a novela como unha mostra de Exipto como territorio en conflito, no que acabaría por estalar a Primavera Árabe. Saliéntase o uso do símbolo do edificio como microcosmos, pequeno universo onde se moven os distintos personaxes; e a descrición polifónica e visceral que presenta do país. Como aspecto de especial interese, sinálase a representación do movemento islamista na obra.

**Dopico, Montse**, “Novelar o presente”, *Luzes*, n.º 2, “República”, “Reportaxe”, xaneiro 2014, pp. 111-115.

Faise un repaso polas novelas galegas que comentan a realidade do presente, entre elas *Matarte lentamente* (Xerais, 2013) de Diego Ameixeiras, *O corazón de branca neve* (Galaxia, 2013), de Francisco Castro, *Todos somos* (Xerais, 2013), de Marcos Calveiro, *A memoria da choiva* (Xerais, 2013), de Pedro Feijoo e *Todos os días* (Sotelo Blanco,

2013), de Alberto Ramos. Tras unha breve introdución en que se repasan obras galegas ancoradas en temas da realidade como o “fraguismo” ou a catástrofe do *Prestige*, dá comezo un apartado intitulado “A escrita como militancia”. Nel, analízase a capacidade da novela como ferramenta de posicionamento ideolóxico, recollendo as posturas escépticas de Dolores Vilavedra e Mario Regueira. A seguinte sección, que leva por título “A novela como retrato social” trata a unha serie de autores que sitúan as súas novelas na actualidade, a xeito de “crónica social”. Por último, remátase dedicando unha sección a “Unha tradición antiga”, na que a tendencia a novelar sobre a actualidade se considera xa unha tradición de raigame, con autores como Eduardo Blanco Amor, Xosé Neira Vilas ou Celso Emilio Ferreiro.

**Dopico**, Montse, “As posturas máis revolucionarias están nos actos máis pequenos”, *Luzes*, n.º 6, “*República*”, “Entrevista”, maio 2014, pp. 112-117.

Faise unha entrevista a María Reimóndez co gallo da publicación do seu ensaio *A alternativa está aquí* (Xerais, 2014) e da proximidade de publicación de *A música dos seres vivos* que continúa a historia de *En vías de extinción* (Xerais, 2012). Trátanse temas como o discurso poscolonial e feminista, así como o traballo nas ONG’s.

**Dopico**, Montse, “A heterosexualidade é un dos aparatos ideolóxicos do estado”, *Luzes*, n.º 8-9, “Entrevista” xullo e agosto 2014, pp. 66-71.

Reprodúcese unha conversa con Beatriz Suárez Briones, centrada arredor do tema do feminismo, na que se alude á escritora María Xosé Queizán e aos ensaios *Breve historia feminista da literatura* (Anthropos, 2000) e *Escribir en feminino. Poéticas e políticas* (Icaria, 2000).

**Enríquez**, Rosa, “Teresa feroz”, *Tempos Novos*, n.º 200, “*ProTexta*”, “*ProPostas*”, n.º 01, xaneiro 2014, pp. 89.

Achégase unha recensión de *Eu violei o lobo feroz* (Através Editora, 2013), de Teresa Moure. Saliéntase a reivindicación da muller e o carácter *queer* do volume, no que a poesía chega a converterse nun “conto atroz e incómodo”. Destácase o uso da figura do lobo para representar a complexidade e dar coherencia ao texto.

**Enríquez**, Rosa, “A guerra: tempo de romper”, *Tempos Novos*, n.º 205, “*ProTexta*”, n.º 03, “*ProPostas*”, maio 2014, p. 70.

Ofrécese unha recensión da obra *A Guerra* (Edicións Barbantesas, 2013) de María do Cebreiro e Daniel Salgado. Despois de aludir á obra *Días no imperio* (Sociedade de Cultura Valle-Inclán, 2004), de Daniel Salgado, destácase que o poemario presentado constitúe un diálogo político entre este autor e María do Cebreiro para abrir o debate sobre o nacionalismo hexemónico, subliñando, a partir de diversos fragmentos extraídos da obra, os trazos temáticos e estilísticos que presenta.

**Enríquez, Rosa**, “A enunciación da carne”, *Tempos Novos*, n.º 209, “ProTexta”, “ProPostas”, n.º 05, outubro 2014, pp. 79.

Faise unha recensión do poemario de Chus Pato *Carne de Leviatán* (Galaxia, 2013). Sinálanse como temas da obra o carácter insoportábel da fragilidade e o peso abrumador do tempo, para rematar salientando a capacidade da autora para facer partícipe o lector.

**Enríquez, Rosa**, “A sensibilidade pode ser punk”, *Tempos Novos*, n.º 211, “ProTexta”, “ProPostas”, n.º 06, decembro 2014, p. 80.

Achégase unha recensión da obra de Teresa Moure *Uma Mãe Tão Punk* (Chiado Editora, 2014). Saliéntase a estrutura en crebacabezas, que se completa cos diferentes puntos de vista; que serve para indagar na capacidade do lector para adaptarse as convencións e xustificacións do bochornoso.

**Estévez, Xoán Manuel**, “Un período decisivo”, *Tempos Novos*, n.º 205, “crítica”, xuño 2014, p. 84.

Dáse conta da presentación do dobre volume libro-CD *De Voces Ceibes a Milladoiro* (Editorial Galaxia/Pai Edicións, 2013) a cargo de Antón Seoane, aludindo a Celso Emilio Ferreiro e Méndez Ferrín como poetas que achegaron versos que foron musicados.

**Fernández Prieto, Lourenzo**, “Castelao e a memoria do galeguismo republicano”, *Grial*, n.º 202, “Castelao alén do mar”, abril, maio e xuño 2014, pp. 21-29.

Trázase un repaso pola memoria do personaxe histórico de Castelao, dende “A memoria de Castelao no presente fundado na Transición”, pasando por “A memoria incómoda de Castelao: político galeguista republicano” até “A potencia da memoria de Castelao”. Neste repaso téñense en conta os seus debuxos en galego para *A Nosa Terra* e o pensamento político expresado en *Sempre en Galiza*.

**Forcadela, Manuel**, “O Ulises xa navega en galego”, *Tempos Novos*, n.º 200, “ProTexta”, “ProTagonista”, n.º 01, xaneiro 2014, pp. 78-80.

Co gallo da publicación da tradución do *Ulises* de James Joyce pola Editorial Galaxia faise unha entrevista a Antón Vialle, coordinador do equipo de tradutores, quen fala do longo proceso de tradución, das dificultades do traballo e da tradución fragmentaria de Ramón Otero Pedrayo.

**Forcadela, Manuel**, “Sen acción non hai liberdade”, *Tempos Novos*, n.º 202, “ProTexta”, “ProTagonista”, n.º 02, marzo 2014, pp. 66-69.

Co gallo do trinta aniversario da revista *Festa da Palabra Silenciada* da que é directora, achégase unha entrevista con María Xosé Queizán. Fálase de temas varios, como a



presenza do pensamento nos seus poemarios, orientado cara á acción, a reflexión sobre a muller e a literatura e a importancia da revisa no feminismo galego.

**Forcadela**, Manuel, “Afiar coitelas antes de sucumbir á depresión”, *Tempos Novos*, n.º 205, “*ProTexta*”, n.º 03, “*ProTagonista*”, maio 2014, pp. 77-79.

Recóllese a entrevista a Elvira Riveiro a propósito da súa obra *Corpos transitivos* (Fervenza, 2013) galardoada co Premio Avelina Valladares do 2013. Sinálanse os temas da obra entre os que se destacan o tránsito, a mudanza, a expulsión e a precariedade dos galegos. Reflexiónase sobre a visión positiva que representa o libro e sobre a súa construción a partir dun protagonista colectivo. Saliéntase sobre a linguaxe como ferramenta política e os trazos estilísticos e temáticos do poemario e as referencias mitolóxicas femininas. Tamén se achegan consideracións sobre os trazos estilísticos das composicións da autora e as referencias á situación lingüística presentes na obra.

**Forcadela**, Manuel, “É indispensable facer un novo relato da historia literaria galega”, *Tempos Novos*, n.º 206, “*ProTexta*”, “*ProTagonistas*”, n.º 04, xullo 2014, p. 74-77.

Co gallo da publicación de *Das copras de Sarmiento ós cantares de Rosalía de Castro* (Frank&Timme, 2013), achégase unha entrevista con Anxo Angueira en que se tratan diversos temas. Fálase do libro como parte dun proxecto máis amplo para repensar a historia da literatura galega, da lectura de Sarmiento e da conexión entre a historiografía e a política.

**Freixanes**, Víctor, F., “Novas olladas sobre Castelao”, *Grial*, n.º 202, “*Carta do editor*”, abril, maio e xuño 2014, pp. 5-7.

Como presentación do número da revista, reflexiónase sobre a necesidade de revisitar periodicamente a obra de Castelao, centrándose no seu pensamento político e na obra *Sempre en Galiza*.

**Freixanes**, Víctor F., “A prol da modernidade”, *Grial*, n.º 203, “*Carta do editor*”, xullo, agosto e setembro 2014, pp. 5-7.

Reflexiónase sobre a relación do *Ulysses* coa lingua galega, na carta de apertura dun número co monográfico dedicado a esta obra. Saliéntase a madurez do galego entre a tradución de certos fragmentos realizada por Ramón Otero Pedrayo en 1926 e a nova edición realizada pola Editorial Galaxia. Do mesmo xeito, reflexiónase sobre a madurez do oficio da tradución e a madurez dos lectores galegos.

**García**, Pablo, “Os epistolarios do Consello: Seoane como bandeira”, *Grial*, n.º 202, “*O espello das letras*”, abril, maio e xuño 2014, pp. 119-120.

Faise unha recensión de *Luis Seoane. Epistolario. Unha figura clave da arte e a cultura contemporánea de Galicia*, epistolario publicado na rede polo Consello da Cultura

Galega. Explicase que nesta primeira parte está recollida a correspondencia de Seoane co grupo Galaxia e cos intelectuais bonaerenses, na que se inclúen materiais inéditos. Saliéntase a accesibilidade do formato, que se describe como “áxil” e “útil”, grazas ao sistema de notas.

**González Bolado**, Areta, “Premio á conciencia crítica”, *Grial*, n.º 201, “O espello das letras”, xaneiro, febreiro e marzo 2014, pp. 74-75.

Achégase unha recensión das dúas obras vencedoras do premio Álvaro Cunqueiro para textos teatrais: *A cegueira* (Xerais, 2013), de Marcos Abalde Covelo, e *Isóbaras* (Xerais, 2013), de Gustavo Pernas Cora. D’*A cegueira*, obra sobre a banalidade do mal, salientase a súa mostra da loita descarnada pola supervivencia, emparentada co teatro do absurdo e da crueldade. Por outra banda, ao tratar *Isóbaras* menciónase que presenta convencións máis habituais, aínda que tampouco segue a estrutura aristotélica e está marcada pola linguaxe fragmentada e desarticulada. Conclúese salientando que os dous textos presentan unha alarma ante os problemas da actualidade.

**Hermo**, Gonzalo, “Ao bordo do cantil”, *Tempos Novos*, n.º 200, “ProTexta”, “ProPostas”, n.º 01, xaneiro 2014, pp. 94.

Recensiónse o poemario *Ningún precipicio* (Toxosoutos, 2013), de Olalla Cociña. Ponse en relación a palabra “precipicio” do título da obra co tema do “exceso” e o carácter dionisiaco do poemario, que se organiza en secuencias significativas. Saliéntase o feito de que “desarticula a infancia como espazo de consolo”, dándolle un novo significado no que a reminiscencia da nenez non só e tenra, senón tamén dolorosa.

**Ínsua**, Emilio Xosé, “Os libros de Hugin e Munin”, *Aulas libres*, n.º 1, abril 2014, p. 34.

Comenta que a editora galega Hugin e Munin traballa con títulos e autoras e autores de literatura non galega de prestixio e véteos ao galego. Indica que o seu catálogo está focalizado na narrativa e que xa chega aos vinte títulos. Describe que comezaron con obras de Charles Bukowski (*Servizo de Correos*) e de Mark Twain (*O forasteiro misterioso*) para logo ofrecer unha variada colección de autores estadounidenses, británicos, italianos, franceses, cataláns, bascos, sardos, nixerianos, suecos e gregos. Finalmente apunta que en 2014 esta editora vén de pór en marcha o selo “Volvense os paxaros contra as escopetas” con seis breves volumes de variada temática.

**Ínsua**, Emilio Xosé, “Entrevista con Olalla Cociña”, *Aulas libres*, n.º 2, maio 2014, pp. 24-28.

Achégase unha entrevista coa escritora Olalla Cociña, na que se tratan temas diversos. Fálase da súa formación e peripecias vitais, dos premios de poesía que gañou ao longo dos anos, dos temas e a estética da súa obra e da iniciativa de lecturas poéticas “Picaversos” que leva a cabo con Branca Novoneyra. Por último, reflexiónase sobre a situación da educación e a chamada lei Wert.

**Leal Eimil**, Rebeca, “A faceta tradutora de Aquilino Iglesia Alvariño. A súa tradución do *Privilegium Veneris*”, *Caderno de Estudos Chairegos*, n.º 7, 2014, pp. 125-144.

Despois dunha exposición dos obxectivos do estudo ofrécese un contexto histórico, literario e biográfico arredor da figura de Aquilino Iglesia Alvariño seguido das razóns e propósitos do autor para traducir. A continuación, sinálanse as características da tradución ao galego do texto latino *Privilegium Veneris* levada a cabo por este autor e preséntase a tradución do mesmo acompañada do texto orixinal e con comentarios sobre estrutura e contido. Por último, achégase unha análise da tradución e sinálase a súa influencia no sistema literario galego.

**Lema**, Carlos, “Literatura, feminismo e retórica do progreso”, *Grial*, n.º 201, “Ensaio”, xaneiro, febreiro e marzo 2014, pp. 137-139.

Coméntase a tradución castelá das obras de Chus Pato *Hordas de escritura* e *Secesión*, a cargo de Ana Gorría, prestando especial atención ao limiar, no que a tradutora encadra a obra no marco da retórica da diferenza e o multiculturalismo. Debátese o intento de Gorría por encadrar a obra de Chus Pato na idea de produción de subxectividade de Jameson, sinalando o seu acerto, pero tamén as súas contradicións.

**López**, Paulo Carlos, “Roi Casal, dono do seu destino”, *Tempos Novos*, n.º 205, “cultura e pensamento”, xuño 2014, pp. 80-82.

Nunha entrevista ao músico Roi Casal alúdese a un poema de Rosalía de Castro como inspiración para o tema Rosa do seu novo disco *Donos do noso destino*.

**López**, Ruth, “Un xeito de volver á casa”, *Luzes*, n.º 8-9, “Reportaxe”, xullo e agosto 2014, pp. 46-50.

Cóntase como o escritor Xerardo Quintá regresou á vida no campo co seu irmán. Neste contexto, alúdese á obra *Finísimo po nas ás* (Galaxia, 2006), na que o autor presenta relatos sobre a súa infancia.

**López Pérez**, Lucía Flora, “Tempos novos para Rosalía”, *Aulas libres*, n.º 1, novembro 2013, p. 21.

Apoiándose nos versos de Rosalía “Este vaise, aquel vaise, e todos todos se van” escritos hai cento cincuenta anos reflexiona sobre o éxodo actual de homes e mulleres. Recalca que agora Galicia fica tamén sen mulleres e comenta que se hoxe Rosalía publicase *Cantares gallegos* non sabería como chamalo: en castelán-inglés, como o faría Manquía; en galego, como Ferrín, ou en portugués, como Fagim.

**López Silva**, Inma, “Desmitificando vellos mitos”, *Tempos Novos*, n.º 202, “Teatro”, “Crítica”, marzo 2014, pp. 88.

Fai unha recensión da posta en escena da obra *Barbazul. Unha sabotaxe amorosa*, baixo a dirección de Marta Pazos. Saliéntase que esta nova aproximación o mito é unha “opereta para soprano e clown”, de modo que se perde a solemnidade do xénero operístico. Destácase a construción sonora da obra como equilibrio entre dous extremos: a fala antiteatral de Borja Fernández e a linguaxe de ópera interpretada por Mónica de Nut. Por outra banda, críticanse a montaxe rudimentaria e a descompensación rítmica. Conclúe sinalando o interese da obra como mostra das novas linguaxes escénicas.

**Lopo**, María, “Mareas célticas”, *Unión libre*, n.º 12, 2014, pp. 209-214.

Faise un repaso polas achegas de distintos escritores galegos ao tópico celta. Comeza mencionando *Na noite estrelecida*, de Ramón Cabanillas, para pasar a tratar a importancia do grupo Nós para o estudo deste tema e o interese que suscitou en autores como Vicente Risco ou Manuel Murguía. Recolle que o celtismo foi reivindicado e explicado por Ánxel Fole e retomado por Álvaro Cunqueiro na súa obra *Merlín e familia*. Entre os autores que seguen a tratar a temática celta na literatura contemporánea menciónase a Claudio Rodríguez Fer, Luz Pozo Garza e Olga Novo.

**Lopo**, María, “Fole e o celtismo”, *Unión libre*, n.º 12, 2014, pp. 224-240.

Analízase a presenza do tema celta na obra de Ánxel Fole. No primeiro apartado, “Fole e o mundo céltigo”, trata os artigos didácticos do autor sobre o pobo celta e introduce a súa visión do tópico. A seguir, en “A celtitude galega”, coméntase a idea dun celtismo fundador da nación galega e a pertenza de Fole ao grupo Nós, no que se alimentaba o concepto da “celtitude” de Galicia. Analízase por extenso a preocupación de Fole co tema do saudade, trazo característico dos pobos celtas. O derradeiro apartado, “Contos e contadores”, está dedicado a recreación de historias da tradición popular levada a cabo por Fole, na que se fai un paralelismo co autor Per-Jakez Hélias. Conclúese salientando a admiración de Fole pola cultura celta.

**Lopo**, María, “Tempo da palabra”, *Unión libre*, n.º 12, 2014, p. 313.

Faise unha breve presentación da escrita de Ánxel Fole, salientando a frescura da súa ollada de admiración cara o rural, o seu ton conversacional e a súa sensibilidade.

**Lopo**, María, “No bosque mariño”, *Unión libre*, n.º 12, 2014, p. 314-322.

Trátase, en tres apartados, a presenza do bosque na obra de María Mariño. A primeira sección, “A nena e o bosque”, dedícase á relación establecida entre a natureza e a muller a través da palabra poética. A seguir, en “Ollar de ría”, desgránanse os elementos esenciais da súa aproximación ao bosque, a saber, os piñeiros, os soutos e os seus recendos. Por último, en “Os ollos da árbore”, recóllense as referencias da autora a distintas árbores.

**Lorenzo**, Fran P., “Un libro dentro dun libro”, *Tempos Novos*, n.º 202, “ProTexta”, “ProPostas”, n.º 02, marzo 2014, pp. 81.

Faise unha recensión da novela *O derradeiro libro de Emma Olsen* (Xerais, 2013), de Berta Dávila. Descríbese a obra como “ficción confesional” e resúmese brevemente o argumento. Saliéntase o xogo metaliterario e o poder narrador para desdebuxar o espazo da obra, o pobo de Faith, que pasa de lugar xeográfico a unha especie de limiar doutra dimensión. Conclúese poñendo en relación a obra co conto *Children on their birthday*, de Truman Capote e a película *Brokeback Mountain*, de Ang Lee.

**Marante Arias**, Antía, “As palabras baixo o subsolo”, *Grial*, n.º 201, “O espello das letras”, xaneiro, febreiro e marzo 2014, pp. 72-73.

Saliéntase o poemario *Raíz da fenda* (Xerais, 2013), de Berta Dávila, que se describe como unha sucesión de “poemas-vivencia”, nos que se trata o estado da “desolación absoluta” en temas como a enfermidade ou o desamor. Sublíñase o diálogo que establece o eu poético coa familia, os obxectos e lugares e as perdas.

**Marante**, Antía, “Reformas de interior”, *Grial*, n.º 202, “O espello das letras”, abril, maio e xuño 2014, pp. 113-114.

Coméntase *Refuxio* (Toxosoutos, 2013), poemario de Verónica Martínez Delgado. Comézase por contextualizar a obra, mencionando outros poemarios na mesma liña como *Balea2* (Positivas, 2011), de Estevo Creus ou o *Libro das mentiras* (Espiral Maior, 2012), de Emma Pedreira; para pasar a situala dentro da produción da autora. Descríbese a obra resaltando que utiliza unha estrutura tripartita para evocar procesos de deconstrución e reconstrución en tres instantes. Conclúese salientando as múltiples lecturas que ofrece o libro.

**Mariño**, Henrique, “Comeza unha nova época, temos que volver a unha cultura combativa e solidaria”, *Luzes*, n.º 7, “Entrevista”, xuño 2014, pp. 53-57.

Faise unha entrevista a Pepe Ribas, fundador de *Ajoblanco*, publicación en catro idiomas nacida en 1974 como revista contracultural, na que publicaban autores como Xosé Luís Méndez Ferrín e Manuel Rivas. A entrevista céntras en temas de actualidade política, aínda que se alude tamén á posibilidade dunha terceira época de publicación da revista.

**Mariño Ferro**, Xosé Ramón, “Aquiles, Martuxiña, as amazonas e os roles de xénero”, *A trabe de ouro*, n.º 100, “Acoutacións”, outubro, novembro e decembro 2014, pp. 489-501.

No contexto dun repaso por distintas personaxes míticas e tradicionais nas que se invirten os roles de xénero, alúdese á figura das “martuxiñas”, mulleres disfrazadas de

home na literatura galega e recóllese un conto oral lembrado pola fiadora Dolores Mato Castro e recollido por Said Armesto.

**Martínez González**, Xurxo, “*Murguía* (2012), de Xosé Ramón Barreiro Fernández”, *A Trabe de Ouro*, n.º 98, “Publicacións”, abril, maio e xuño 2014, pp. 261-264.

Faise unha recensión da biografía de Manuel Murguía publicada pola Editorial Galaxia. Saliéntase a mestura entre o academicismo e a orientación didáctica. Dase unha breve descrición do seu autor, expresidente da Academia Galega. Coméntanse algúns dos capítulos máis interesantes, para rematar por concluír que Barreiro ofrece un retrato “persoal e íntimo de Murguía” (p. 264).

**Mato Fondo**, Miguel A., “E ti, campana de Anllóns...’ de Eduardo Pondal”, *A Trabe de Ouro*, n.º 99, “Acoutacións”, xullo, agosto e setembro 2014, pp. 349-355.

Tras unha breve introdución sobre o tópico das campás na literatura, na que se fai mención a Allan Poe, John Keats ou Milan Rúfus, dá comezo o apartado “Orixe e fortuna do poema”, no que se explica a primeira publicación da composición, as referencias que fan a ela escritores como Emilia Pardo Bazán ou Ramón Otero Pedrayo e as circunstancias nas que se compuxo. A continuación, desentráñanse as características formais do poema, prestando atención ao simbolismo e á sonoridade. Remátase cunha reflexión sobre o tema da melancolía ao longo dos tempos.

**Méndez**, Oriana, “Entretecer o poema fronte aos días”, *Tempos Novos*, n.º 202, “ProTexta”, “ProPulsión”, n.º 02, marzo 2014, pp. 82.

Achégase unha recensión do poemario *A guerra* (Barbantesa, 2013), construído a catro mans por María do Cebreiro e Daniel Salgado. Coméntanse os temas do poemario, no que se alternan o público e o privado, mantendo como núcleo o tema político.

**Méndez Ferrín**, X. L., “O padre Feixóo e o conflito ideolóxico no Ourense decimonónico”, *A Trabe de Ouro*, n.º 100, “Acoutacións”, outubro, novembro e decembro 2014, pp. 503-512.

Recóllese o texto dunha conferencia citada no Liceo de Ourense no Nadal do 2014, na que trata sobre a figura do padre Feixóo, a súa reedición ao longo do tempo e a súa obra como pano de fondo dunha discusión ideolóxica entre pensadores de dereita e de esquerda. Menciona a influencia do pouso da obra de Feixóo en distintas controversias dos intelectuais en Ourense no século XIX, entre os que se contan Curros Enríquez, Emilia Pardo Bazán, Vicente Risco e Ramón Otero Pedrayo.

**Migúelez-Carballeira**, Helena, “Ser indíxena”, *Tempos Novos*, n.º 206, “ProTexta”, “ProPulsión”, n.º 04, xullo 2014, p. 78.

Coméntase o poemario *Cativa en su lughar/Casa pechada* (Progresele, 2013) de Luz Pichel, a quen se describe como a voz poética dunha indíxena galega. Sinálase o feito de que os poemas de *Cativa en su lughar* están escritos en castrapo e traducidos ao galego normativo en *Casa pechada*, de xeito que se suxire unha tradución. Remátase salientando a visión anti-nostálgica da tribo, expresada no símbolo recorrente do “ghato”.

**Monteagudo**, Xosé, “Unha novela brillante”, *Grial*, n.º 201, Tomo LII, “O espello das letras”, xaneiro, febreiro e marzo 2014, pp. 62-63.

Ofrécese unha recensión da obra *O derradeiro libro de Emma Olsen* (Galaxia, 2013) de Berta Dávila, gañadora do Premio Repsol 2013. Destácase o punto de vista do manuscrito autobiográfico póstumo que presenta, o cal entronca coa literatura galega ao presentarse coma unha tradución. Saliéntase a frecuencia de imaxes que explican situacións, a percepción proustina que domina a novela, a caracterización dos personaxes con poucos trazos a través de episodios, os breves relatos e as notas a rodapé atribuídas ao tradutor que configuran a narración. Faise fincapé no uso metaliterario dos recursos retóricos na construción do argumento, centrado no nacemento dunha identidade sexual estigmatizada e tamén no emprego do estilo sinxelo, a elipse e a suxestión.

**Monteagudo**, Henrique, “(Re)Mapping Galician Studies in North America”, *Grial*, n.º 202, “O rego da cultura”, abril, maio e xuño 2014, pp. 10.

Dáse conta da celebración do simposio (Re)Mapping Galician Studies in North America na Universidade de Wisconsin-Milwaukee, no que se debatiu sobre os estudos galegos nos Estados Unidos. Saliéntase o carácter transdisciplinar dos estudos galegos.

**Monteagudo**, Henrique, “Tempo de derrotas. Castelao en Nova York, 1938-1940”, *Grial*, n.º 202, “Castelao alén do mar”, abril, maio e xuño 2014, pp. 30-39.

Fálase da estadia de Castelao en Nova York. Estrutúrase nos seguintes apartados: “Castelao en América: Arxentina ou Estados Unidos?”, “Compañeiros de viaxe: Lois Soto e María Docampo”, “Obxectivos da viaxe”, “Referente simbólico ou líder político? Unha figura polisémica”, “Actividades: xullo-setembro, 1938; marzo-setembro, 1939”, “Apéndice. Produción de Castelao en Norteamérica e Cuba (1938-40) e “Bibliografía e documentación máis relevante”. Aínda que o artigo se centra na experiencia de Castelao en América e no seu pensamento político, tamén se fai referencia a algunha das súas obras artísticas e literarias, como *Milicianos* ou *Sempre en Galiza*.

**Monteagudo**, Henrique, “Tres cartas de Castelao e unha de Virxinia Pereira, 1939”, *Grial*, n.º 202, “Documentos”, abril, maio e xuño 2014, pp. 81-87.

Tras unha breve introdución na que se inclúe un contexto histórico, transcribíense tres cartas de Castelao dirixidas a Luis Amado Blanco e unha carta de Virxinia Pereira,

esposa de Castelao, a Isabel Fernández, esposa de Amado Blanco. Xunto coas transcricións proporciónanse reproducións fotográficas das cartas.

**Monteagudo**, Henrique, “Nélida Piñón, académica de honra”, *Grial*, n.º 203, “O rego da cultura”, xullo, agosto e setembro 2014, pp. 10.

Dáse noticia do ingreso na Real Academia Galega de Nélida Piñón, co discurso *A épica do coração*, como académica de honra. Saliéntase a relevancia da autora e a importancia de que recibira este recoñecemento por parte da Academia.

**Monteagudo**, Henrique, “A xénese de *En las orillas del Sar*. A reconversión de Rosalía a poeta en castelán (1882-84)”, *Grial*, n.º 204, “Documentos”, outubro, novembro e decembro 2014, pp. 55-61.

Con motivo dun repaso da obra poética de Rosalía en castelán, alúdese á publicación de *Cantares gallegos* e *Follas novas*, para situar a produción da autora. Trala breve introdución na que se relata o cambio de Rosalía de poetá en galego a poeta en castelán, preséntanse as variantes dos textos publicados no poemario *En las orillas del Sar* que xa apareceran antes no xornal *La Nación Española*.

**Nogueira**, Chus, “Recoñecemos na mudanza”, *Tempos Novos*, n.º 205, “ProTexta”, n.º 03, “Cara e cruz”, maio 2014, p. 80.

Ofrécese unha recensión da obra *Corpos transitivos* (Fervenza, 2013), de Elvira Riveiro gañadora do Premio de Poesía Avelina Valladares. Sinálanse as características estilísticas, temáticas e estruturais da obra, entre as que se salienta o tránsito como fío principal, así coma as referencias metaliterarias. Destácase a vertente política da obra e a súa achega sobre a experiencia colectiva da perda do lugar e tamén o emprego do humor e a ironía. Por último, resáltanse a política e a exploración das opcións e límites lingüísticos do discurso como as dúas liñas da poesía contemporánea nas que se enmarca a obra.

**Noia**, Camiño, “Unha novela social”, *Tempos Novos*, n.º 200, “ProTexta”, “Cara e cruz”, n.º 01, xaneiro 2014, pp. 91.

En páxinas enfrontadas cunha recensión levada a cabo por Marta Rodríguez Álvarez, coméntase a novela *Matarte lentamente* (2013), de Diego Ameixeiras. Destaca a traxectoria do autor, próxima á novela policial e á parodia da novela negra; que nesta última obra deixou paso a unha maior relación coa sociedade actual. Descríbese o volume, no que se contan catro historias en cincuenta e sete capítulos, todas elas enmarcadas na Galicia contemporánea.

**Oriol Fuguet**, Natàlia, “O tempo de espertar o mundo”, *Grial*, n.º 201, “O espello das letras”, xaneiro, febreiro e marzo 2014, pp. 73-74.



Faise unha recensión da obra *Presente continuo* (Xerais, 2013) de María Reimóndez, poemario no que a autora fala da súa experiencia da India e fai un paralelismo entre a muller india e a galega. Saliéntase a súa ironía e a creación dunha nova linguaxe feminina que poida romper o silencio, así como o compromiso de loita social que está presente na obra.

**Otero Varela**, Inma, “Os “eus” no eu”, *Grial*, n.º 201, “O espello das letras”, xaneiro, febreiro e marzo 2014, pp. 63-64.

Ofrécese unha recensión da obra *A lúa da colleita* (Galaxia, 2013) de Anxos Sumai. Destácase que constitúe unha obra psicolóxica de símbolos e que ten como cerna a identidade. Resúmese o argumento da novela salientando que a protagonista regresa á vila mariñeira, onde sufriu un feito traumático, tentando recompoñer a súa vida. Saliéntase a relevancia dos acontecementos no interior da protagonista e dos personaxes secundarios, a importancia da autorreflexión, das connotacións alegóricas e das figuras femininas na análise da identidade. Indícase que o dualismo e a combinación de opostos e a elipse son os eixos sobre os que se articula a novela. Alúdese ao emprego da sinestesia, a linguaxe depurada e a construción do mundo novelesco a través das imaxes.

**Outeiriño**, Manuel, “Esquemas e lembranzas (aforismos inéditos de Otero Pedrayo”, *A Trabe de Ouro*, n.º 100, “Textos”, outubro, novembro e decembro 2014, pp. 513-521.

Tras unha breve introdución aclaratoria a cargo de Manuel Outeiriño, preséntanse os “Esquemas e lembranzas de Ramón Otero Pedrayo”.

**Pastor Rodríguez Santamaría**, Xoán, “O escritor de Boiro Ramón Martínez López e a etnografía galega”, *Barbantia*, n.º 10, 2014, pp. 77-83.

Ofrécese un percorrido pola traxectoria literaria e cultural de Ramón Martínez López destacando o seu interese pola literatura medieval galega, o seu labor como editor da *General Estoria* en 1963 e a súa colaboración na revista *Nós* antes de centrarse na súa labor etnográfica. Achégase unha definición da disciplina e máis as contribucións neste eido levadas a cabo en Galicia por diferentes persoeiros, salientando os estudos de Sarmiento, Vicente Risco e Florentino López Cuevillas, así como a relevancia do Seminario de Estudos Galegos do que Ramón Martínez foi membro fundador. Recóllense as influencias da Xeración Nós sobre a Xeración de 1922 á que pertencía o autor. Dáse conta da influencia da obra etnográfica de Vicente Risco cos seus ensaios na revista *Nós*, e tamén da influencia de Florentino López Cuevillas, Ramón Otero Pedrayo e Armando Cotarelo Valledor sobre a xeración do escritor. Destácase a labor etnográfica de Fermín Bouza Brey, Xosé Filgueira Valverde, Antonio Fraguas, Xaquín Lorenzo e Xosé Ramón Fernández Oxea (Ben-Cho-Sei). Ofrécese unha achega ás contribucións do autor no eido da etnografía galega, maioritariamente publicadas na revista *Nós*, pero tamén noutras publicacións como *A Nosa Terra*. Finalízase cunha mención ás figuras do Barbanza interesadas nos estudos antropolóxicos e etnográficos.

**Patterson**, Craig, “Castelao, Galicia e o antisemitismo”, *Grial*, n.º 202, “Castelao alén do mar”, abril, maio e xuño 2014, pp. 52-63.

Trázase a evolución da perspectiva de Castelao cara aos xudeus, dende a súa visión prexuízosa inicial até a actitude máis flexíbel en canto á raza. Recóllense comentarios relativos aos xudeus na obra de Castelao, tanto nas súas colaboracións para *A Nosa Terra* coma en *Sempre en Galiza*. Conclúese relacionando a actitude antisemita de Castelao coa de Vicente Risco e describindo a evolución do antisemitismo en España e Europa.

**Pérez Prieto**, Victorino e Manuel **Rivas**, “Por que doe Filgueira?”, *Luzes*, n.º 10, “Debates intrépidos”, setembro 2014, pp. 40-41.

En dúas columnas paralelas, Victorino Pérez Prieto e Manuel Rivas tratan a polémica sobre a dedicación do Día das Letras Galegas de 2015 a Filgueira Valverde. Pérez Prieto en “Ética vs. Estética?” trata a figura de Filgueira, recoñecendo que, se ben traballou para a cultura galega, representaba a pervivencia do vello réxime. Pola súa banda, Manuel Rivas ofrece “O sabio en Siracusa”, no que defende a importancia e o carácter imprescindíbel do legado de Filgueira para a cultura a galega.

**Pexegueiro**, Alfonso, “Querida DORES...”, *Dorna. Expresión poética galega*, n.º 37, “Poéticas”, 2014, pp. 126-27.

Recóllese unha carta literaria de Alfonso Pexegueiro a Dore Tembrás na que se alude a Xohana Torres entre outros autores da literatura universal.

**Presa**, Iria, “Ricardo Mella”, *Luzes*, n.º 13, “Ás ceibas”, decembro 2014, p. 95.

Alúdese ao texto de Manoel Antonio *O estado* para poñelo en relación coa obra de Ricardo Mella *La ley del número*, no contexto dun comentario sobre a vida e obra deste autor. .

**Rabuñal**, Henrique, “Os textos de Abrente 40 anos despois”, *Grial*, n.º 201, “O espello das letras”, xaneiro, febreiro e marzo 2014, pp. 75-76.

Faise unha recensión do volume *40 anos daquel Abrente* (Xunta de Galicia, 2013), levado a cabo por Roberto Pascual Inma L. Silva e Dolores Vilavedra. Saliéntase a boa edición do libro, que supera as oitocentas páxinas, e destácase o labor de reivindicación de persoeiros olvidados que contribuíron á liberación do espazo teatral, como os autores das pezas premiadas no Concurso Abrente.

**Ramos**, Alberto, “Do amencer á invernía. Trinta anos do Centro Dramático Galego”, *Luzes*, n.º 4, “República”, “Reportaxe”, marzo 2014, pp. 113-117.

Co gallo do trinta aniversario da creación do Centro Dramático Galego faise un repaso pola traxectoria do organismo e as postas en escena que se levaron a cabo. Alúdese á montaxe de obras como *Agasallo de sombras*, *A fiesta valdeira*, *O incerto señor don Hamlet*, *A lagarada*, *Noite de Reis*, *As actas escuras* e *A óperados tres reás*.

**Reigosa**, Antonio, **Capelão** Rosa M. e **Blanco Torrado** Alfonso, “Usos, abusos e outras prácticas relacionadas coas santas medicinas (mesa redonda)” *Escrita contemporánea*, n.º 20, letra V, 2014, pp 41-51.

No contexto dun debate sobre ritos e reliquias alúdese ás visións de Álvaro Cunqueiro e a Manuel María sobre o asunto.

**Requeixo**, Armando, “Desandar a luz”, *Tempos Novos*, n.º 200, *ProTexta*, “ProPostas”, n.º 01, xaneiro 2014, pp. 92.

Coméntase o poemario *Caderno do Nilo* (Xerais, 2013) de Cesáreo Sánchez Iglesias. Saliéntase a madurez e ton artesanal do libro, que xurdiu a partir das súas viaxes a Exipto en 1989, 2003 e 2007. Dáse conta da influencia no poemario de autores como Herodoto, Pierre Loti, Ali Bay, Edmond Jabès ou George de la Tour.

**Reyna Muniain**, Facundo, “Políticas culturais no exilio galego. Centro Gallego de Buenos Aires. 1940-1960”, *Grial*, n.º 201, “Historia e memoria”, xaneiro, febreiro e marzo 2014, pp. 123-127.

Faise un repaso pola actividade cultural do Centro Gallego de Bos Aires entre 1940 e 1960, atendendo a diversas manifestacións culturais. No que atinxe á literatura galega, alúdese á publicación de autores galegos na revista *Galicia*, como Castelao, Ramón Piñeiro, Francisco Fernández del Riego e Xosé Filgueira Valverde. Menciónase, ademais, a creación dunha editorial propia, “Edicións Galicia”, na que se editaron textos de diversos autores galegos, comezando pola *Historia de Galicia (Resumen)* de Manuel Murguía.

**Rodríguez Álvarez**, Marta, “Unha banda deseñada en branco e negro”, *Tempos Novos*, n.º 200, “*ProTexta*”, “Cara e cruz”, n.º 01, xaneiro 2014, pp. 90.

Faise unha recensión da novela *Matarte lentamente* (2013), de Diego Ameixeiras. Saliéntase a capacidade do autor para crear personaxes e relatos que se achegan á realidade e a súa habilidade para implicar ao lector.

**Rodríguez**, Pastor, “Barbantia. Balance anual”, *Barbantia. Anuario de Estudos do Barbanza*, n.º 10, 2014, pp. 153-184.

Co gallo do décimo aniversario da publicación, dáse noticia da presentación do libro de Anxo Rei Ballesteros *Presenza dunha ausencia* (Axóuxere, 2013), coa presenza do profesor e poeta Arturo Casas, da presentación do número nove do *Anuario de Estudos*

do Barbanza, da presentación da novela *A Lúa da colleita* (2013), de Anxos Sumai, da presentación das obra de poesía *Prosopagnosia* (2013) e *Como foi o conto e outras pezas teatrais* (2013), de Alberte Pagán, así como da novela *Cadeas* (2013), de Xabier López López, Premio Xerais de Novela 2013. Tamén se informa da presentación da novela costumista *Anacos* (2013), de Ángeles Malvárez e do libro *Xosé María Díaz Castro. Vida e obra* (2014), de Armando Requeixo, do Premio de Narrativa Breve Repsol de Novela: *O derradeiro libro de Emma Olsen* (2013), de Berta Dávila, da novela histórica sobre María Soliño, *A voz do vento* (2013), de Pemón Bouzas e do poemario de Najla Shami *Na lingua que eu falo* (2013), da presentación da obra *Vento e chuvia. Mitoloxía da antiga Gallaecia* (2013), de Manuel Gago, de *Paisaxes de pan* (2013), de Ánxela Gracián, d' *A visión do invisible. Ensaio epistolar contra a banalidade intranscendente* (2013), de Pedro Castelao, da novela sobre a guerra civil *A maleta de Victoria Kent* (2013), de Xerardo Agrafoxo, da *Guía persoeiros da cultura Arousa Norte* (2013), de Pastor Rodríguez, do poemario de María Pérez Rei *Boca de gárgola*.

**Rozados**, Lara, “No corazón da barbarie”, *Tempos Novos*, n.º 202, “ProTexta”, “ProPostas”, n.º 02, marzo 2014, p. 75.

Achégase unha recensión do libro de Manuel Darriba *O bosque é grande e profundo* (Xerais, 2013). Describese o volume, que se divide en dúas partes, “Hansel” e “Gretel”, xunto con dous episodios “Entrevista” e “Antes”, que volven sobre o personaxe de Hans. A novela resúmese como alegoría da loita pola supervivencia e salientase a súa técnica cinematográfica, que conta a historia de maneira “limpa”.

**Salgado**, Ana, “Natureza, sincronía, cultura”, *Grial*, n.º 201, “O espello das letras”, xaneiro, febreiro e marzo 2014, pp. 65-66.

Ofrécese unha recensión da obra *O bosque é grande e profundo* (Xerais, 2013) de Manuel Darriba. Sinálase o formalismo e a desigual extensión das dúas partes da novela. Salientase a importancia do enfrontamento entre a natureza e a cultura, a consideración dos valores ilustrados dende o cuestionamento do humanismo e a influencia d' *O gran caderno* de Agota Kristof e d' *A estrada*, de Cormac McCarthy sobre a novela. Destácase a capacidade do autor para conxugar elisión e afondamento nos mecanismos de poder, así coma o seu sentido da historia e da sociedade tradicional.

**Salgado**, Daniel, “Ulises e nós”, *Luzes*, n.º 3, “República”, “Reportaxe”, febreiro 2014, pp. 106-110.

Co gallo da publicación da tradución ao galego do *Ulises* (Galaxia, 2013), de James Joyce, unha ducia de autores relatan cal foi a súa relación con esta obra canónica. A ducia confórmana Xurxo Borrazás, María Xosé Queizán, Agustín Fernández Paz, Rebeca Baceiredo, Manuel Rivas, Marilar Aleixandre, Cid Cabido, Inma López Silva, Suso de Toro, Xosé Luís Méndez Ferrín, María do Cebreiro e Bieito Iglesias. Cada un deles aporta a súa visión particular sobre a obra de Joyce, salientando algún dos seus aspectos.

**Salgado**, Ana, “Odio a socialdemócratae tamén a todo mexamorniño”, *Luzes*, n.º 5, “*República*”, “Entrevista”, abril 2014, pp. 106-111.

Faise unha entrevista á escritora Teresa Moure, a raíz da publicación do seu poemario *Eu violei o lobo feroz* (Através Editora, 2013). A conversa trata temas como o feminismo “da diferenza”, a idea de sistema literario, a súa decisión de escribir en norma reintegracionista e a publicación do ensaio *Politicamente incorrecta. Ensaio para un tempo de presas* (Através, 2001).

**Salgado**, Daniel, “Catro poemas de Amiri Baraka”, *A Trabe de Ouro*, n.º 98, “Textos”, abril, maio e xuño 2014, pp. 227-256.

Recóllense catro poemas do poeta afroamericano Amiri Baraka, traducidos ao galego e co seu orixinal en inglés en páxinas enfrontadas. Os poemas van precedidos por unha introdución de Daniel Salgado na que se bosqueja a figura do escritor e se sitúan os poemas dentro da súa produción. Ao remate dos textos inclúense unhas notas nas que se contextualiza cada poema e se dan explicacións sobre a tradución.

**Salgado**, Xosé. M., “Amorín!: un poema esquecido de Ramón Otero Pedrayo”, *A Trabe de Ouro*, n.º 99, “Textos”, xullo, agosto e setembro 2014, pp. 357-359.

Recóllese o poema de Ramón Otero Pedrayo “Amorín”, acompañado dunha breve introducción na que se salienta a extensa produción do escritor. Inclúese unha imaxe do poema publicado en *Tipografía Regional* en 1956.

**Sampedro**, Francisco, “Beleza antidialéctica”, *Luzes*, n.º 6, “*República*”, “Crítica”, maio 2014, pp. 118-119.

Faise unha recensión da obra *Carne de Leviatán* (Galaxia, 2013), de Chus Pato, que pecha a pentalexía “Decrúa”. Destácase o posicionamento filosófico do texto, de carácter anti-hegeliano, que constitúe un “repudio enteiro do simbólico”. Conclúese salientando a beleza do poemario, que se integra na produción de Chus Pato.

**Sánchez Iglesias**, Cesáreo, “Limiar da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega”, *Escrita Contemporánea*, n.º 20, letra V, 2014, pp. 7-8.

Na presentación da edición dun novo número de *Escrita Contemporánea*, contendo as actas da Xornada de Literatura Oral sobre “Amuletos e reliquias. Usos e crenzas” alúdese ás verbas de Antón Avilés e a Ramón Otero Pedrayo para facer referencia á especificidade da tradición galega neste eido.

**Sancho Mas**, Fco. Javier, “O adeus de Basilio Losada”, *Luzes*, n.º 13, “*República*”, “Especial”, decembro 2014, pp. 100-103.

Co gallo do aniversario da colección poética “El Bardo”, Basilio Losada reflexiona sobre *Longa noite de pedra*, de Celso Emilio Ferreiro, primeiro *best-seller* da colección. Fai un relato das circunstancias que levaron á publicación do libro, salientando o seu carácter de “poesía belixerante” e lembrando os problemas da censura. Conclúe reflexionando sobre o éxito editorial do poemario e o labor de José Batlló ao fronte de “El Bardo”.

**Santiago**, Carlos, “Non lle imos facer a cantarela a Filgueira Valverde”, *Luzes*, n.º 8-9, “Entrevista”, xullo e agosto de 2014, pp. 22-27.

Nunha entrevista ao dúo cómico “Os da Ría” aluden a que non van facer unha “cantarela” para con motivo do Día das Letras Galegas adicadas a Filgueira Valverde.

**Santorum**, Gracia, “Unha lectura que a ninguén desagradará”, *Tempos Novos*, n.º 202, “ProTexta”, “Cara e cruz”, n.º 02, marzo 2014, pp. 76.

Preséntase unha recensión do libro *A lúa da colleita* (2013), de Anxos Sumai, en páxina enfrontada con outra achega sobre a mesma obra de Marta Boubeta Resille. Saliéntase o carácter envolvente da novela, que volve os ollos do lector sobre a violencia diaria.

**Seara**, Teresa, “Filigrana”, *Grial*, n.º 201, “O espello das letras”, xaneiro, febreiro e marzo 2014, p. 70.

Faise unha recensión do volume *Poesía completa* (Espiral Maior, 2013), de Gonzalo López Abente, a cargo de Miro Villar. Descríbese o libro que, ademais da obra, conta cun apéndice con tres textos de homenaxe e un partitura inspirada no poema “O meu lar”. Saliéntase a capacidade do poeta para transmitir o espírito da Costa da Morte e o seu xeito de plasmar as vivencias máis dolorosas para o ser humano.

**Sola**, Alfonso, “PontePoética da diversidade”, *Tempos Novos*, n.º 206, “Todo é peixe”, xullo 2014, pp. 8-9.

Dáse conta da celebración de *PontePoética*, o festival de poesía de Pontevedra, no que participaron autores como Yolanda Castaño, Xavier R. Baixeiras, Anxo Angueira e Leticia Costas.

**Solar**, María, “Remontar o río”, *Encrucillada*, n.º 188, “Recensión”, maio-xuño 2014, pp. 101-103.

Faise unha recensión do poemario *Remontar o río* (2014), de Helena Villar Janeiro. Saliéntase o aspecto físico do libro, dando conta do carácter luxoso da edición. Do poemario, destácase a súa madurez e contundencia ao tratar o tema do “río da vida que non cesa” (p. 102).

**Solla**, Calros, “Amuletos, talismáns e pedras da fartura. Obxectos de poder da Galiza tradicional )” *Escrita Contemporánea*, n.º 20, letra V, 2014, pp 69-116.

No contexto dun relatorio sobre reliquias alúdese a Marcial Valladares que recolleu a voz “lavanisco” no suplemento de 1884 ao seu “Diccionario gallego-castellano”. Inclúese o fragmento da obra de A. Reigosa e N. López *Libro das marabillas do Nadal* (2011) intitulado “O Xan Fiz” e alúdese a Gonzalo Navaza e á súa obra *A Torre da derrota* (1992).

**Suárez**, Beatriz, “O vínculo político e sexual”, *Tempos Novos*, n.º 201, “Libros”, “Crítica”, febreiro 2014, pp. 84-85.

Faise unha recensión da obra de Teresa Moure *Eu violei o lobo feroz* (2013). Saliéntase a subversión de estereotipos literarios, partindo xa dende o personaxe de Carapuça e estendida ao tratamento do sexo e á figura da muller. Conclúese confrontando o ton épico do poemario co seu final de carácter intimista.

**Tembrás**, Dorés, “roupa afumada...”, *Dorna*, n.º 37, “Poéticas”, 2014, p. 126.

Récollese a composición poética de Dorés Tembrás “roupa afumada...” como resposta á carta literaria dirixida por Alfonso Pexegueiro á autora.

**TN Redacción**, “Pistas e ferramentas para sermos máis felices”, *Tempos Novos*, n.º 201, “Cultura e pensamento”, “Conversa”, febreiro 2014, pp. 74-81.

Achégase unha entrevista co Xaime Subiela, autor de *Para que nos serve Galiza?* (2013), e Marcos Lorenzo, autor de *Karlotti, un poema crónico* (2013), co gallo de falar sobre a felicidade. Na conversa trátanse diversos temas, como o pensamento sobre Galicia e comentarios sobre política e actualidade. No que atinxe á literatura galega, Marcos Lorenzo comenta sobre a súa obra que parte de reflexións persoais e que trata de analizar as pequenas condutas, de xeito que entronca co feminismo.

**Toro**, Suso de, “A forxa dun romancista”, *Tempos Novos*, n.º 200, “ProTexta”, “ProPostas”, n.º 01, xaneiro 2014, p. 87.

Coméntase a novela *A memoria da choiva* (Xerais, 2013), de Pedro Feijoo. Ponse en relación coa primeira obra do autor *Os fillos do mar* (2012), sinalando que é superada por esta nova achega. Saliéntase a precisión coa que se debuxa o contexto xeográfico e social, así como a súa ironía e o arrepiante dos crimes que aparecen no libro.

**Toro**, Antonio R. de, “Os fragmentos de *Ulysses* traducidos para o galego por Otero Pedrayo”, *Grial*, n.º 203, “Ulises, Joyce e Galicia”, xullo, agosto e setembro 2014, pp. 24-31.

Tras facer un repaso polas causas da simpatía entre os intelectuais galegos e irlandeses, pasa a analizar o movemento panceltista europeo, presente na revista *Nós*, xunto co interese polas letras irlandesas. Neste contexto de exaltación do espírito céltico, pasa a comentar a tradución do *Ulysses* levada a cabo por Ramón Otero Pedrayo directamente do inglés, e a súa influencia tanto na obra do propio Otero como na de Vicente Risco. Remata reivindicando o espazo de *Devalar* como novela seguidora do *Ulysses* anterior a *Tiempo de silencio* de Luis Martín Santos.

**Valverde**, Alberte, “Aproximación a Risco”, *Tempos Novos*, n.º 205, “ProTexta”, n.º 03, “ProPostas”, maio 2014, p. 71.

Dáse conta da reedición da obra *Risco segundo Risco* (Galaxia, 2013), de Antón Risco e Arturo Lezcano, un libro de conversas entre os autores sobre a biografía de Vicente Risco. Destácase que na obra se dan a coñecer datos do autor sobre o franquismo, o abandono da escrita en galego, a súa interpretación do réxime, a situación da familia no franquismo, de España e da Galicia da época e tamén sobre a figura do seu fillo. Ofrécese unha análise das novas liñas sobre o atlantismo, a ligazón entre etnografía e literatura ou a escrita literaria en castelán como continuo da práctica en galego que achega a obra.

**Valverde**, Alberte, “Ás voltas co feito literario”, *Grial*, n.º 202, “O espello das letras”, abril, maio e xuño 2014, pp. 120-121.

Faise unha recensión do ensaio *Dama Saudade e o Cabaleiro Sombra. As relacións entre o imaxinario literario e o imaxinario nacional na literatura galega contemporánea* (Frank&Timme, 2013), escrito por Manuel Forcadela. Comézase contextualizando a obra dentro da colección iBroLit, que ten por obxecto estudar o campo literario iberorrománico, pasa pasar a especificar que se estudan autores como Antonio Noriega Varela, Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo, Castelao, Vicente Risco, Álvarez Blázquez, Álvaro Cunqueiro, Carlos Casares, Xosé Luís Méndez Ferrín, María Xosé Queizán, ou membros do Grupo Galaxia. Explícase que Forcadela parte da metodoloxía de F. Jameson, establecendo unha semiótica marxista para estudar a construción da literatura nacional. Descríbese a división do volume en dúas partes: a primeira focalizada na fase romántica, que parte do celtismo e a saudade, e a parte dedicada á etapa contemporánea, na que se centra en autores da Nova Narrativa Galega. Remátase salientando a coherencia xeral da obra, a pesares de partir dun conxunto de artigos e capítulos para volumes colectivos.

**Valverde**, Alberto, “Memoria musical”, *Tempos Novos*, n.º 206, “ProTexta”, “ProPostas”, n.º 04, xullo 2014, p. 72-73.

Achégase unha recensión do libro-cd *De Voces Ceibes a Milladoiro. Unha memoria do Movemento Popular da Canción Galega 1973-1978* (Galaxia, 2013), de Antón Seoane. No que atinxe á literatura galega, alúdese a autores de composicións que foron musicadas, como Celso Emilio Ferreiro, F. Vergara Vilariño ou Xosé Luís Méndez Ferrín, así como á reincorporación da literatura popular.



**Veiga**, Martín, “Un prontuario interdisciplinar da poética lupiana”, *Grial*, n.º 203, “O espello das letras”, xullo, agosto e setembro 2014, pp. 79-80.

Faise unha recensión do volume *Lupe Gómez: libre e estranxeira. Estudos e traducións* (Frank & Timme, 2013), editado por Burghard Baltrusch. Comeza por sinalar a rareza deste tipo de obras que estudan a un autor en vida, para pasar a describir as tres seccións do libro e rematar salientando a importancia da monografía para abrir novos camiños de investigación na obra de Lupe Gómez.

**Vialle**, Antón, María A. **Seisdedos**, Xabier **Queipo** e Eva **Almazán**, “Psicopatoloxía dun soño. Traducir o *Ulises* de Joyce”, *Grial*, n.º 203, “Ulises, Joyce e Galicia”, xullo, agosto e setembro 2014, pp. 13-17.

Dáse conta do proceso de recepción e tradución do *Ulises* de Joyce en Galicia. Tras uns parágrafos introdutorios, comeza o apartado “O mito da primeira tradución”, no que se pon de relevo a tradución pioneira e inacabada de Ramón Otero Pedrayo. Deseguido, pasa a analizarse o traballo colectivo como tradutores dos autores do artigo, co apoio de Víctor F. Freixanes, na sección “O comezo: un reto inabarcábel a nivel individual”. O seguinte apartado, “As etapas e a dinámica dos grupos de traballo” desentraña o proceso de traballo, no que unha primeira tradución foi levada a cabo por Vialle e Queipo para seren revisada por Almazán e Seisdedos. Pecha o artigo a sección “A conclusión: un traballo en equipo do principio á fin”, no que resume o labor tradutor e os criterios para seleccionar un termo ou outro, como resultado do proceso de traballo en equipo.

**Vicente**, Denís, “Novas achegas de Neira Vilas”, *Grial*, n.º 201, Tomo LII, “O espello das letras”, xaneiro, febreiro e marzo 2014, pp. 66-67.

Ofrécese unha recensión das obras *Memoria gráfica* (Editorial Bolanda, 2012) e *Aquel Neno* (Edicións Embora, 2013) de Xosé Neira Vilas. Sinálase que a primeira constitúe unha escolma de cen fotografías sobre a vida do autor acompañadas dunha breve autobiografía. Destácase que a través das imaxes se reconstrúe o relato vital do escritor e os fitos fundamentais da emigración, como a fundación da Editorial Follas Novas en Bos Aires, a participación de figuras como Ramón Otero Pedrayo ou Francisco Fernández del Riego no Centro Galego ou a creación da Sección Galega do Instituto de Literatura e Lingüística, ademais da relación do escritor con Ricardo Carvalho Calero, Uxío Novoneyra, Rafael Dieste, Lorenzo Varela ou Isaac Díaz Pardo. Saliéntase que a segunda obra está formada por un conxunto de máis de cento sesenta estampas acompañadas de pequenas descrições do autor sobre elementos constitutivos da vida nunha aldea galega dos anos trinta e corenta que amosan a riqueza etnográfica, antropolóxica e cultural desta realidade a través dun narrador en terceira persoa omnisciente que toma como referente a visión dun neno da aldea.

**Vidal**, Pepe, “Piratas na Galicia do XVIII”, *Tempos Novos*, n.º 211, “*ProTexta*”, “*ProPostas*”, n.º 06, decembro 2014, p. 70.

Achégase unha recensión da obra *Costa do Solpor* (Xerais, 2013), de Xosé María Lema. Tras introducir o autor e a obra, da que se salienta que foi finalista do Premio Xerais en 2011 e que obtivo o Premio de creación da Crítica de Galicia, coméntase a narración, destacando o seu carácter de obra de aventuras e a capacidade do autor para equilibrar historiografía e ficción.

**Vilavedra**, Dolores, “Rosalía como motor de fabulación”, *Grial*, n.º 201, “O espello das letras”, xaneiro, febreiro e marzo 2014, pp. 64-65.

Ofrécese unha recensión da obra *A memoria da choiva* (Xerais, 2013), de Pedro Feijoo. Destácase a articulación da trama a través dos poemas de Rosalía de Castro, a importancia do metaliterario, da evasión e da herdanza literaria da poeta para os lectores actuais, considerando ademais a súa xenealoxía editorial. Saliéntase o entrecruzamento entre verdade histórica e ficción narrativa, a pouca fondura psicolóxica dos personaxes, próximos ao estereotipo, caracterizados a través da hipérbole, dos diálogos e da narración en primeira persoa ou en estilo indirecto libre. Sinálase o protagonismo da trama, a división da obra en cinco actos e os desaxustes no conxunto da fabulación.

**Villalaín**, Damián, “O caso Filgueira”, *Tempos Novos*, n.º 206, “Arredores”, xullo 2014, p. 84-85.

Dáse conta da polémica acontecida a partir da escolla do homenaxeado para o Día das Letras Galegas 2015, Xosé Filgueira Valverde. Faise unha descrición biográfica de Filgueira, na que se pon de manifesto tanto o seu galeguismo como a súa vida política. Remata reflexionando sobre a influencia que tivo o novo pensamento no nacionalismo de esquerdas na discusión sobre a elección da Real Academia Galega.

**Villamarín**, Damián, “Canción perplexa de Manuel Janeiro”, *Grial*, n.º 202, “O espello das letras”, abril, maio e xuño 2014, pp. 106-107.

Faise unha recensión d’*O sexo masculino dos anxos* (Galaxia, 2013) de Manuel Janeiro. Descríbese a novela, escrita en dúas partes e situada nas décadas dos sesenta e setenta, con referencia aos guateques e coches de época, aínda que se suxire que non debe considerarse unha novela “xeracional”. Saliéntase a segunda parte da obra como un “canto elexíaco á mocidade ida”. Conclúese describindo a novela como un relato do transcorrer da vida.

**Villamor**, Luís, “Tan iletrado é o Goberno de Madrid con Rajoy coma o goberno de Galicia con Feijóo”, *Tempos Novos*, n.º 205, “En foco entrevista”, xuño 2014, pp. 34-39.

Co gallo da publicación da obra *Outra política para outros tempos* (Galaxia, 2014), de Xosé Luís Franco Grande, recóllese unha entrevista ao autor na que achega a súa opinión sobre o panorama lingüístico, cultural e literario de Galicia así coma sobre a situación política autonómica respecto a cal resalta a súa dialéctica Xosé Luís Méndez Ferrín, pero tamén nacional e internacional. Tamén se ofrece unha descrición biográfica

da traxectoria de Xosé Luís Franco Grande onde se recolle que é membro da Real Academia Galega e se resalta o seu labor galeguista, destacando as obras *Os anos escuros. A resistencia cultural da xeración da noite (154-1960)* e o *Diccionario Galego-Castelán*.

**Villar**, Miro, “Poemas para o combate nun tempo de vencidos e derrotas”, *Grial*, n.º 201, “O espello das letras”, xaneiro, febreiro e marzo 2014, pp. 71-72.

Achégase unha recensión da obra *Sobre ruínas* (Alvarellos Editora, 2013) de Xesús Rábade Paredes. Describese o volume, que está estruturado en catro partes e dáse conta do que se recolle en cada unha delas. Saliéntase a liña cívica e política do poemario, que remata por definirse como “lectura necesaria”.

**Zernova**, Elena, “A poesía de Ramón Cabanillas en lingua rusa. Notas sobre a recepción da literatura galega en Rusia”, *A Trabe de Ouro*, n.º 99, “Acoutacións”, xullo, agosto e setembro 2014, pp. 331-339.

Recóllese o texto da conferencia “A poesía de Ramón Cabanillas en lingua rusa” pronunciada no acto “Cabanillas en ruso” no Auditorio da Xuventude de Cambados o 10 de outubro de 2014. Fálase da tradución ao ruso da obra de Cabanillas levada a cabo no Centro de Estudos Galegos na Universidade de San Petersburgo, así como da recepción da literatura galega en Rusia. Remóntase á tradución dun poema trobadoresco de Pai Gómez Chariño no *Curso de historia da literatura medieval* de Villemain en 1836, pasando pola antoloxía *Poesías españolas en versións rusas* e chegando até autores como Rosalía de Castro, Valentín Lamas Carvajal, Eduardo Pondal ou Manuel Curros Enríquez. Saliéntase a aparición dun artigo dedicado á literatura galega na *Pequena Enciclopedia Literaria*, a cargo de Z. Plavskin, e outro do mesmo autor na *Grande Enciclopedia Soviética*, no que se fai unha breve historia literaria dende os trobadores até poetas modernos como Lorenzo Varela, Celso Emilio Ferreiro, Uxío Novoneira e Manuel María. Tras este percorrido histórico, pasa a comentar os problemas de tradución que presentaron os textos de Cabanillas incluídos na antoloxía *Poesía de Galicia*, publicada pola editora Nauka en Rusia. Os textos de Cabanillas que se inclúen proceden das obras *No desterro* (2013), *Vento mareiro* (1915), *Da terra asoballada* (1917), *A historia do bendito San Amaro*, *A rosa de cen follas. Breviario dun amor* (1927) e dous poemas soltos, “Vendima en Salnés” (1930) e “Da medianoite ó día” (1931). Remata salientando o bo son da poesía de Cabanillas en ruso, o que a autora atribúe ás estruturas melódicas dos seus versos, coincidentes coas particularidades da versificación rusa.

## V. ENSAIO. TEORÍA XERAL. CRÍTICA

### V. 6. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ESTUDOS E RECENSIÓNS

**Alonso Montero**, Xesús, “Ánxela Gracián, o compango das palabras”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “En galego”, 14 febreiro 2014, p. 20.

Comenta a saída do prelo do poemario de Ánxela Gracián, *Paisaxes de pan* (2013), na colección “Bourel” de Editorial Ribeira. Apunta a traxectoria literaria da autora e describe de xeito conciso o fío argumental que une as composicións.

**Araguas**, Vicente, “Peneira que algo queda”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, p. 22/ *Diario de Ferrol*, “Nordésia”, n.º 810, p. 30/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 810, p. 30, “más Libros”, 5 xaneiro 2014.

Trae á memoria a saída do prelo en 2013 da *Antoloxía de referencia (Etapas de expansión)*, de Xavier Lama e Branca Novoneyra en Editorial Bubela. Critica a escolma de textos recollidos nela, pertencentes na súa inmensa maioría ás poetas Berta Dávila, Helena Salgueiro ou Celia Parra, entre outras, así como a presenza dunha estética “after punk” non exenta de certo humorismo.

**Araguas**, Vicente, “Poemas ao día”, *Diario de Ferrol*, “Nordésia”/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 811, “máis Libros”, 12 xaneiro 2014, p. 30.

Lembra a saída do prelo en 2013 do volume de poesía política de Daniel Salgado, *Dos tempos sombrizos*, en Edicións Xerais. Subliña o formato de dietario adoptado e o I Premio Gonzalo López Abente convocado polo Concello de Muxía do que foi merecente e a composición intitulada “Oza (Teo)”, dedicada a Martiño, recollida no volume.

**Araguas**, Vicente, “Risco por Risco”, *Atlántico Diario/ La Región*, “La Revista”, n.º 109, “Con texto”, “Rabo de nube”, 19 xaneiro 2014, p. 14.

Refírese á saída do prelo en 2013 do volume biográfico *Risco segundo Risco*, da autoría de Antón Risco e Arturo Lezcano, en Editorial Galaxia. Despois de mencionar a novela *Deus sentado nun sillón azul* (1996), de Carlos Casares e súa versión en lingua castelá en Editorial Alfaguara, repasa brevemente a traxectoria vital risquiá, da que salienta feitos que aparecen no volume narrados polo director do xornal *La Región*, Ricardo Outeiriño, tales como o faladoiro ourensán creado por Risco no que participou o propio Lezcano.

**Araguas**, Vicente, “A saia da Carolina”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, p. 24/ *Diario de Ferrol*, “*Nordésia*”, n.º 812, p. 30/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 812, p. 30, “más Libros”, 19 xaneiro 2014.

Céntrase no volume de María Xosé Queizán, *O solpor da cupletista*, en Edicións Xerais. Apunta certos eventos importantes na vida da protagonista desta escrita, Agustina Carolina Otero Iglesias, noutrora coñecida como “La Bella Otero”, e salienta o ensaio breve incluído no volume, “Carolina Otero. A liberdade arrogante”, así como o punto de vista empregado para retratala.

**Araguas**, Vicente, “Memoria da novela da memoria”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, p. 24/ *Diario de Ferrol*, “*Nordésia*”, n.º 813, p. 30/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 813, p. 30, “más Libros”, 26 xaneiro 2014.

A respecto da novela *O café do idioma*, de Xosé Enrique Acuña, en Fricción de Culturas Editora e alude ao Premio da Crítica de Galicia do que foi merecente en 2012 e describe a liña temática e o seu fío argumental.

**Araguas**, Vicente, “Delicatessen”, *Diario de Ferrol*, “*Nordésia*”/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 816, 16 febreiro 2014, p. 30.

Sobre a novela curta de Berta Dávila, *O derradeiro libro de Enma Olsen* (2013) en Editorial Galaxia, sinala primeiramente que acadou o VII Premio de Narrativa Breve Repsol e despois debulla a trama da historia.

**Araguas**, Vicente, “Outra volta de tornelo”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, p. 22/ *Diario de Ferrol*, “*Nordésia*”, n.º 818, p. 30/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 818, p. 30, “más Libros”, 2 marzo 2014.

Comenta a saída do prelo en 2013 do poemario de Xesús Rábade Paredes, *Sobre ruínas*, en Alvarellos Editora. Destaca a estrutura organizada ao redor de catro seccións: “Poéticas”, “Soñar no exilio”, “Recadeiros de luces e de sombras” e “Sobre ruínas”, así como as composicións “Palestina”, “Nada que celebrar” e “Contrapenélope”. Salienta o acertado senso do ritmo e a métrica ao longo do volume.

**Araguas**, Vicente, “O libro do sosego”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, p. 24/ *Diario de Ferrol*, “*Nordésia*”, n.º 819, p. 30/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 819, p. 30, “más Libros”, 9 marzo 2014.

Refírese ao volume *O rastro que deixamos*, de Agustín Fernández Paz, tirado do prelo en 2012 por Edicións Xerais. Destaca en primeiro lugar o formato de escolma de diversas escritas do autor, para despois mencionar a súa novela *Cartas de inverno* (1995), e o feito de ir xa pola vixésimo oitava edición. Conclúe cunha referencia a Isabel Soto, encargada da selección de textos para o presente volume.

**Araguas**, Vicente, “Un poema, un poeta, un libro”, *Diario de Ferrol*, “*Nordesia*”/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 820, “máis Libros”, 16 marzo 2014, p. 30.

Comenta o volume de Armando Requeixo, *Xosé María Díaz Castro. Vida e obra*, tirado do prelo en 2013 por Edicións Xerais. Subliña, a favor do argumentado no volume, a iniciativa de dedicarlle un Día das Letras Galegas a Ricardo Carvalho Calero, e lembra o poemario *Nimbos* (1961), que recolle a composición intitulada *Penélope*.

**Araguas**, Vicente, “Dublín-Ourense-Vigo”, *Diario de Pontevedra/ La Región*, “*La Revista*” n.º 117, “Con texto”, “Rabo de nube”, 16 marzo 2014, p. 14.

Analiza a historia da tradución ao galego do *Ulysses* (1922), de James Joyce, levada a cabo por Eva Almazán, María Alonso Seisdedos, Xavier Queipo e Antón Vialle, intitulada *Ulises* e tirada do prelo en 2013 por Editorial Galaxia. Tras indicar a primeira tradución –inacabada– de Otero Pedrayo para a revista *Nós* en 1926, destaca o prólogo do presente volume de Víctor F. Freixanes, que cita a tradución de *Diario do artista cando novo* realizada por Vicente Araguas en 1994, e critica o feito de que o seu apelido apareza como Araugas.

**Araguas**, Vicente, “Do dereito e do revés”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”, p. 24/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesia*”, n.º 821, p. 30/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 821, p. 30, “Máis libros”, 23 marzo 2014.

Comenta o poemario de Mercedes Leobalde, *Chamádeme Eva*, tirado do prelo en 2013, co gallo da autora ser merecente do VIII Premio de Poesía Erótica Illas Sisargas. Sinala a súa colaboración no volume colectivo *Outra rolada* (2013), e destaca o emprego dun léxico que emparenta erotismo e gastronomía.

**Araguas**, Vicente, “Os anos primeiros”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”, p. 24/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesia*”, n.º 822, p. 34/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 822, p. 34, “máis Libros”, 30 marzo 2014.

Dá conta da novela de Manuel Janeiro, *O sexo masculino dos anxos*, tirada do prelo en 2013 por Editorial Galaxia. Cita tamén o seu poemario *Primera edad* (1976), e desenvolve o fío argumental do presente relato.

**Araguas**, Vicente, “Pasaxe á India”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”, p. 26/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesia*”, n.º 823, p. 30/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 823, p. 30, “máis Libros”, 6 abril 2014.

Comenta o poemario de María Reimóndez, *Presente continuo*, tirado do prelo en 2013 por Edicións Xerais. Destaca os compoñentes de tipo exótico, argumentador e humano presentes nos seus versos, así como a ausencia de convencionalismos e unha métrica rigorosa en exceso. Conclúe cunha referencia ao seu poemario *Moda galega* (2002).

**Araguas**, Vicente, “Da eficacia sinxela”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, p. 24/ *Diario de Ferrol*, “Nordésia”, n.º 825, p. 30/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 825, p. 30, “más Libros”, 20 abril 2014.

Trata a saída do prelo en 2013 do poemario de Pilar Mera, *A mares do alén*, na colección Roibén de Edicións Lastrura, dirixida por Xavier Frías. Desanobela o fio argumental que une as diversas composicións, das que salienta “Pasos e beixos”.

**Araguas**, Vicente, “Obradoiro Labañou”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, p. 28/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 829, p. 30/ *Diario de Ferrol*, “Nordésia”, n.º 829, p. 30, “máis Libros”, 18 maio 2014.

Fálase da obra *7x2,15 Obradoiro Labañou* (2014) indicando que se trata dunha escolma editada por Xulio L. Valcárcel que recolle as composicións de sete poetas que asistiron con el a un obradoiro literario. Fálase do talento e da versatilidade dos escolmados e elóxiase a figura e a obra de Xulio L. Valcárcel. Destácase a peculiaridade da antoloxía, sinalando que posúe “un espírito moi pavelo”.

**Araguas**, Vicente, “Sorrisos e gargalladas”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, p. 26/ *Diario de Ferrol*, “Nordésia”, n.º 55, p. 30/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 855, “Máis libros”, 29 xuño 2014, p. 30.

Sinala a preferencia polas lecturas doadas e intelectualmente enxeñosas, en vez das de estilo extremadamente complexo e pesada dixestión. Destaca o humor ategado de retransa e ironía do que fai gala a presente historia, as reflexións sobre a lingua galega; a volta ao conto clásico xunto á presenza dunha infinidade de microrrelatos, e a inclusión do relato intitulado “Cocido familiar”. Estabelece finalmente unha semellanza entre a súa escrita e a de Suso de Toro, Quim Monzó e Sergi Pamies.

**Araguas**, Vicente, “Agoiro que me prendes”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, “Máis libros”, p. 32/ *Diario de Ferrol*, “Nordésia”, n.º 838, “Máis libros”, p. 30/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 838, “máis Libros”, p. 30, 20 xullo 2014.

Cualifica ao poemario *Moralla* (2013), da ourensá Yolanda López López, como un libro forte, intenso e moi meditado e da súa autora afirma que practica “esa vella poética da tendencia ou da belixerancia”. Asemade apunta que *Moralla* presenta unha certa estratexia surreal e salienta un “poema exemplar” dedicado a Dylan Thomas.

**Araguas**, Vicente, “Os silencios de Olga”, *Diario de Arousa*, p. 22/ *Diario de Ferrol*, “Nordésia”, n.º 846, p. 30/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 846, p. 30, “Máis libros”, 14 setembro 2014.

Coméntase *Silencio habitado* (2013) de Olga Patiño Nogueira, salientando o prólogo “expresionista” de Luz Pozo Garza e a cuberta de Juan Carlos Mestre. Detense nas tres partes ben diferenciadas do volume e coméntanse os poemas favoritos de quen recensionista, ademais de constatar que se trata dun libro “complexo e enteiro”.

**Araguas**, Vicente, “Xente de Bilbao”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, p. 24/ *Diario de Ferrol*, “Nordésia”, n.º 851, p. 30/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 851, p. 30, “máis Libros”, 19 outubro 2014.

Recensiónase a antoloxía poética *Esferografías* (2014), coordinada por Xavier Frías Conde e Lidia López Miguel, salientando o coidado labor de maquetación xunto á inclusión de composicións de Luz Pichel, Ana Cibeira, Verónica Martínez Delgado, Begoña Regueiro, Montserrat Villar González, o propio Xavier Frías, Luís Luna, Manuel Pereira e Rafael Yáñez. Admírase a escrita en galego fóra de Galicia.

**Araguas**, Vicente, “Eis o libro, Rafa Yáñez”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, p. 18/ *Diario de Ferrol*, “Nordésia”, n.º 861, p. 30/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 861, p. 30, “máis Libros”, 28 decembro 2014.

Dá conta do primeiro libro do autor, *Onte chovía* (2000) e da súa participación na escolma *Hipnotopía* (2013). Infórmase de que *Farewell* (2014) é a edición bilingüe (galego-española) dun libro orixinalmente escrito en castelán. Fálase brevemente do título e das ilustracións de Raquel F. Sáez e indícase que esta obra é unha “tensa e intensa elexía” que o autor lle dedica ao seu propio pai. Destácase que Rafa Yáñez “espalla un pranto que é como un prego tanxerino”. Faise referencia a un poema en concreto e afirmase que “ao redor del hai moita música de rostros, flores, chuvia, jazz ou de Jaime Gil de Biedma”.

**Bernárdez**, Carlos L., “40 anos sen Urbano Lugrís”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 489, “Arte/Exposicións”, 20 febreiro 2014, p. III.

Realiza un percorrido pola traxectoria literaria e vital do pintor Urbano Lugrís, co gallo do cuadrexésimo aniversario do seu pasamento. Así, describe seu lenzo *O cuarto do vello mariño* (1946) fronte á fotografía de Alexander Ródchenko [sic], *Natureza morta con Leica* (1930), ou ao cadro de Maruja Mallo, *Elementos para o deporte* (1927), todos eles centrados no emprego da natureza morta. Nun epígrafe á parte comenta o tema do mar e o mariño en canto elemento imprescindíbel na súa obra e sinala a Francisco Miguel, un pintor galego considerado o seu precedente, vinculado á revista *Alfar*.

**Blanco Casás**, Laura, “Cruel e tenro”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 486, “Libros”, 30 xaneiro 2014, p. VI/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 439, “Letras galegas”, 1 febreiro 2014, p. 10.

Apunta os premios que acadou Olalla Cociña ao longo da súa traxectoria –Avelina Valladares e Fiz Vergara–, e sobre a súa última entrega, *Ningún precipicio* (Toxosoutos, 2013), salienta o acertado emprego da voz lírica, o prólogo de Ildefonso Rodríguez, a inxenuidade e realismo da prosa poética e a cita de Borges que pecha o volume.



**Blanco Casás**, Laura, “Narración trepidante”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 490, “Libros”, 27 febreiro 2014, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 443, “Letras galegas”, 1 marzo 2014, p. 10.

Lembra a saída do prelo en 2013 da tradución ao galego da novela de György Dragomán, *O rei branco*, en Rinoceronte Editora. Destaca en primeiro lugar o Premio Sándor Márai do que foi merecente o autor, para despois desenvolver o fío argumental do relato e subliñar a presenza de escenas vertixinosas e ateigadas de crueldade ao longo da narración, xunto a parágrafos demasiado extensos e sen diálogos.

**Blanco Casás**, Laura, “Universo risquiano”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 491, “Libros”, 6 marzo 2014, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 444, “Letras galegas”, 8 marzo 2014, p. 10.

Recorda a publicación en 2013 da reedición do ensaio *Risco segundo risco*, de Antón Risco e Arturo Lezcano, en Editorial Galaxia, co gallo do quincuaxésimo aniversario do pasamento do escritor Vicente Risco. Tras mencionar o título da primeira edición, *Paralel a Vicente Risco* (1997), destaca a conservación do limiar a cargo de Carlos Casares no presente volume e menciona as liñas temáticas que o conforman.

**Blanco Casás**, Laura, “Co estandarte da lingua”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 496, “Libros”, 10 abril 2014, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 449, “Letras galegas”, 12 abril 2014, p. 10.

Dá conta do ensaio de Héitor Picallo Fuentes, *Coa lingua na terra*, tirado do prelo en 2014 por Editorial Toxosoutos, co gallo do Premio Reimóndez Portela de Xornalismo 2012 do que foi merecente. Apunta algúns datos da traxectoria vital do autor e destaca a dedicatoria á Asociación O Fervedoiro, aos equipos de normalización lingüística e aos mestres Avelino Pousa Antelo e Isaac Díaz Pardo; o prólogo de Xosé María Lema; a introdución de Picallo Fuentes e a estrutura dividida en tres eixes: “Verbas no alento”, “Illas de palabras sobre un mar de terra” e A palabra no vento: manifestos”.

**Caneiro**, Xosé Carlos, “Galaxia Ulises”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 553, “A outra mirada”, “Club dandi”, 4 xaneiro 2014, p. 9.

Trae á memoria a tradución inacabada ao galego do *Ulises* (1926) de James Joyce, levada a cabo por Ramón Otero Pedrayo baixo a dirección de Vicente Risco. Destaca asemade o labor de Víctor Freixanes á fronte de Editorial Galaxia.

**Caneiro**, Xosé Carlos, “Goce”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 555, “A outra mirada”, “Club dandi”, 18 xaneiro 2014, p. 10.

Realiza un percorrido polo emprego da técnica literaria da novela fragmentaria renacida no Modernismo e aduce como exemplos a Macedonio Fernández, Sterne, Blanco Amor, Otero Pedrayo, Cunqueiro ou Xabier López. Deste último cita a novela *Cadeas* (2013), merecente do premio Xerais 2013, e comenta seu fío argumental e liña temática, toda

vez que critica o carácter desorientador da súa escrita. Menciona finalmente a novela *O corazón da branca neve* [sic] (2013), de Francisco Castro, galardoado no Certame La Voz.

**Caneiro**, Xosé Carlos, “Risco/Riscos”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 557, “A outra mirada”, “Club dandi”, 1 febreiro 2014, p. 9.

Comenta dous volumes tirados do prelo ao redor da obra literaria de Vicente e Antón Risco: a novela en lingua castelá *La puerta de paja* (1953), do propio Vicente para Ediciones Planeta, e *Risco segundo Risco* (2013), de Arturo Lezcano para Editorial Galaxia. Salienta do segundo o formato adoptado de entrevista entre Antón e Arturo, e menciona finalmente a *Antoloxía da literatura fantástica en lingua galega* (1991), recompilada por Antón e editada por Galaxia.

**Caneiro**, Xosé Carlos, “Históricos”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Ficción”, “Club dandi”, 14 febreiro 2014, p. 19.

Recomenda a lectura de tres volumes saídos do prelo en 2014 e 2013, respectivamente: o libro-disco *De Voces Ceibes a Milladoiro. Unha memoria do Movemento Popular da Canción Galega 1973-1978*, de Antón Seoane; *A lúa da colleita*, de Anxos Sumai e *Obras completas I, II e III*, de Roberto Vidal Bolaño. Describe do primeiro a liña temática e os contidos do CD, de entre os que destaca as gravacións de Bibiano, Miro Casabella e Pancho Álvarez, entre outros e outras, e do segundo, salienta o Premio García Barros do que foi merecente e a súa prosa lírica. Do terceiro, menciona o labor de coordinación de Xosé Manuel Fernández Castro e a inclusión no volume III de tres soliloquios do dramaturgo.

**Caveiro**, Laura, “Para celebrar o *Bloomsday*”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 486, “Libros”, 30 xaneiro 2014, p. VI/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 439, “Letras galegas”, 1 febreiro 2014, p. 10.

Recensiona a tradución ao galego do *Ulises* (2013) de James Joyce, en Editorial Galaxia, grazas á tradución conxunta de Eva Almazán, María Alonso Seisdedos, Xavier Queipo e Antón Vialle. Reproduce asemade as verbas do director da editorial, Víctor Freixanes, responsábel tamén do limiar do volume, ao respecto da tradución inicial de Otero Pedrayo.

**Castro Soliño**, Dorinda, “Novos vieiros”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 483, “Libros”, 9 xaneiro 2014, p. VI/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 436, “Letras galegas”, 11 xaneiro 2014, p. 10.

Céntrase na *Antoloxía de referencia (Etapa de expansión)* (2013), de múltiple autoría, en Editorial Bubela. Destaca primeiramente o feito de constituír esta unha terceira entrega, despois de *Etapa de Fundación* e *Etapa de Implantación*, para despois aludir á gran presenza feminina de poetas na escolma das composicións. Así, menciona os nomes de Berta Dávila, Cristina Ferreiro, Xurxo Martínez González, Celia Parra, Elías

Portela, Ismael Ramos e Helena Salgueiro. Salienta por último o epílogo de Branca Novoneyra e o limiar de Xabier Lama.

**Dopico**, Montse, “No ronsel de Eros”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 484, 16 xaneiro 2014, “Reportaxe”, p. II.

Leva a cabo un percorrido pola historia da literatura erótica nas letras galegas a partir das reflexións da profesora Rexina Vega e menciona títulos como *Lusocuria* (2012), de Verónica Martínez; *Carnia Haikai* (2012), de Elvira Riveiro –merecente do Premio no Certame Illas Sisargas-; *Eu violei o lobo feroz* (2013), de Teresa Moure; *Teatro* (2013), de Roi Vidal, ou *Chamádeme Eva* (2013), de Mercedes Leobalde. Nun epígrafe á parte comenta a influencia e presenza do erótico na literatura galega segundo os estudos de Carlos Callón, Claudio Rodríguez Fer, Carmen Blanco, ou Miguel-Anxo Fernán Vello e remata cunha referencia a *Rotación violeta* (1996), de Vázquez Pintor; *Tigres coma cabalos* (1990), de Xela Arias; *Amantes* (2011), de María Lado; *Dominio público* (2014), de Ramón Neto, todos eles merecentes do Premio Illas Sisargas.

**Dopico**, Montse, “Retornar á aldea”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 489, “Reportaxe”, 20 febreiro 2014, p. VII.

Percorre a evolución do ruralismo no eido literario galego, tomando como base o estudo de Dolores Vilavedra, *A narrativa galega na fin de século* (2010), e o labor de investigación de Mario Regueira e Xosé Manuel Eyré, a través das novelas de Paco Castro Alvaredo, con *Nunha presa de terra* (2014); Xosé Neira Vilas con *Memorias dun neno labrego* (1961); Silvio Santiago con *Vilardevós* (1961); Suso de Toro con *Polaroid* (1986); Manolo Rivas con *Os comedores de patacas* (1991); Xosé Luís Méndez Ferrín con *Arraianos* (1991); Santiago Jaureguizar con *Fridom Spik* (1996, 2003); Anxo Angueira con *Pensa Nao* (1999); Iria (2012); Lupe Gómez con *Fisteus era un mundo* (2001); Xurxo Souto; Afonso Eiré con *Os bicos de Tina* (2009); Manuel Iglesias Turnes con *As rapazas de Xan* (2012), e a obra de Rosalía, Pondal, Cunqueiro, Otero Pedrayo e Ánxel Fole. Nunha epígrafe á parte comenta esta mesma evolución dentro da poesía en galego e subliña, así pois, a poética de Díaz Castro, Uxío Novoneyra, Xerardo Quintiá, Olalla Cociña; *Terra Cha* (1954), de Manuel María; *Morrer en Castrelo de Miño* (1978), de X. Fernández Ferreiro; *Tempos serodios* (1996), de Emilio Araújo; *Raíces rurais* (1996), de Rodríguez Troncoso ou *Retallos daquela infancia* (2013), de Bautista Álvarez.

**Dopico**, Montse, “Remover os marcos”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 508, “Reportaxe”, 10 xullo 2014, p. VII.

Indica que Anxo Angueira defende no seu ensaio *Das copras de Sarmiento ós cantares de Rosalía* (2013) que a literatura galega contemporánea xorde co *Coloquio de 24 galegos rústicos* de Sarmiento e que, asemade, esta obra marca o comezo do Rexurdimento. Coméntase que o autor quere propor un debate historiográfico onde reivindica a figura de Martín Sarmiento e de quen recalca que era máis ben un ensaísta e non un literato. Finalmente apúntase que Angueira detecta pegadas de Sarmiento non só en Rosalía de Castro, senón tamén no restos dos autores do Rexurdimento.

**Feixó**, Xosé, “Clásico e innovador”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 494, “Libros”, 27 marzo 2014, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 447, “Letras galegas”, 29 marzo 2014, p. 10.

Informa da sétima entrega da colección “Gótica” de Urco Editora, *Contos do ciclo do soño*, de H.P. Lovecraft, traducida ao galego por Tomás González Ahola e tirada do prelo en 2013. Describe os contidos desta antoloxía en canto á súa estrutura tripartita: “Ciclo do soño”, “Historias macabras” e “Ciclo de Cthulhu”, e sinala a liña temática que une estes bloques.

**Feixó**, Xosé, “Literatura de xénero”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 495, “Libros”, 3 abril 2014, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 448, “Letras galegas”, 5 abril 2014, p. 10.

Informa da antoloxía *Contos no nicho*, tirada do prelo en 2013 por Urco Editora na colección Alcaían. Sinala o carácter de homenaxe deste volume ao da serie televisiva *Tales from the Crypt* (1989-1996) e salienta a autoría de Bergantinhos, Botana, Couto, Duncan, Gayoso, Martínez, Moledo, Barral, Plaza e Rodrigues. Remata cunha referencia ao labor de ilustración a cargo de Aneiros, Ares, Carro, Delgado, Faks, Regos, Rey, Zalo, Sucasas, Valladares e Jara. Cómpre sinalar que a cuberta do volume que acompaña esta noticia está errada.

**García**, MV, “Balbordo dos que nada teñen”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 484, “Teatro”, 16 xaneiro 2014, p. VIII.

Dá conta da saída do prelo da peza *Isóbaras* (2013), de Gustavo Pernas Cora, en Edicións Xerais. Sinala que foi merecente do Premio Álvaro Cunqueiro de Textos Dramáticos 2012, describe súa trama e liña temática e menciona outras pezas como *The Theatre in Life* (1927), de Nikolai Evreinov; as novelas *A Brave New World* (1932), de Aldous Huxley; *1984* (1949), de George Orwell; e os textos *Apocalypse*, de Xoán o Evanxelista e *Proletarier aller Länder, vereinigt euch!* (1848), de Marx e Engels. Nun epígrafe á parte intitulado “Hikikomori” define este termo e fai referencia á peza de Harold Pinter, *Mountain Language* (1988).

**García**, M. V., “Nos inicios dunha dramaturxia nova”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 491, “Teatro”, 6 marzo 2014, p. VIII.

Leva a cabo un percorrido pola historia da dramaturxia galega a partir do volume *Abrente: unha clave para o teatro galego* (2013), editado pola Xunta de Galicia. Sinala en primeiro lugar o prólogo de Xesús Vázquez Abad, que destaca a celebración da “Mostra de Teatro Abrente” que daría lugar á “Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia” (MIT); a creación da Asociación Cultural Abrente e a organización do Concurso de Textos Dramáticos e a dramaturxia de Euloxio Ruibal, Roberto Vidal Bolaño, Manuel Lourenzo, Camilo Valdehorras, Manuel Guede, Manuel María, Ánxeles Penas, Bernardino Graña, X.L. López Cid, Manuel Domínguez Quiroga ou

Millán Picouto. A seguir, menciona o estudo de Dolores Vilavedra e Inma López Silva, *Un abreinte teatral* (2002), e describe os contidos do presente volume, de entre os que subliña a coordinación de Roberto Pascual, Dolores Vilavedra e Inma López Silva; a presentación de Xesús Alonso Montero e o labor de Xosé Manuel Fernández Castro en canto editor dos textos da súa propia autoría incluídos nesta escolma. Nun epígrafe á parte, dá conta das “Jornadas de Teatro” realizadas en Vigo ao tempo da MIT, con compañías como Joglars, Comediantes, Ditirambo, Aquelarre, Esperpento, TEI, Gangarilla, Caterva, Teatro de la Ribera e PTV, e relatores como Miguel Bilbatúa, Andrés Dobarro, Pepe Monleón, Juan Diego ou Lauro Olmo. Conclúe cunha referencia aos comezos do Festival de Sitges e o FITEI de Porto, en 1975 e 1978, respectivamente.

**Gómez, Marta**, “Ramón Torrado. ‘Na literatura doutros países non hai nada parecido a Rosalía’”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras en”, “Galego”, 21 febreiro 2014, p. 2.

Trata a saída do prelo, grazas a Ramón Torrado Romero, dun poema inédito de Rosalía de Castro, “Dinche o corazón da man”, na revista *Casa da Gramática*, editada polo Instituto Virxe do Mar de Noia. Destaca o feito de que este profesor atopase a composición en 1998, e resume seus comentarios ao redor dos estudos rosalianos e os lugares comúns da súa poesía.

**Gómez Montero, Javier**, “A orixe dun clásico do cine”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 554, 11 xaneiro 2014, p. 9.

Destaca a tradución ao galego que en 2013 a Fundación Risco, por medio de Paz Huete Iglesias, levou a cabo da novela de Heinrich Mann, *O profesor Unrat* (*Professor Unrat*, 1905), orixe á súa vez, do filme *Der blaue Engel* (1930), protagonizado por Marlene Dietrich. Unha vez descritas as liñas temáticas e o fío argumental da novela, salienta o labor da tradutora en canto á escolla da linguaxe.

**Jaureguizar**, “Hai terceiras persoas”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Libros”, 11 xaneiro 2014, p. 46.

Trata a saída do prelo en 2013 da tradución ao galego da triloxía autobiográfica *Mocidade, Infancia e Verán*, de Coetzee, en Rinoceronte Editora e céntrase no tema da novela e conta as principais liñas argumentais.

**Lado, María**, “Expansión no Bou Eva”, *Tempos Novos*, n.º 209, “ProTexta”, “ProPostas”, n.º 05, outubro 2014, pp. 75-76.

Explica que o autor Suso Bahamonde, quen publicou o poemario *Expansión* (2014) cos seus propios medios, fai unha reflexión sobre a fragilidade da existencia e do amor que se rompen e volven formar. Salienta a capacidade do autor para crear escenarios evocadores, a xeito de escenas que conforman unha especie de narración longa que se estende por todo o poemario.

**López-Casanova**, Arcadio, “Sobre ruínas’, a plenitude dun poeta”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 25 febreiro 2014, p. 35/ “A plenitude dun poeta”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 10 abril 2014, p. 49.

Dá conta da saída do prelo en 2013 do poemario de Xesús Rábade Paredes, *Sobre ruínas*. Unha vez apuntados certos eventos da traxectoria bibliográfica do autor, como a publicación de *Matria de sombra* (1987), *Poldros de música* (1994), *Os dedos dos loureiros* (2000), salienta a “poética da privación” de Rábade Paredes, xunto á coidada e tripartita articulación estrutural deste poemario, así como a presenza de tres tipos de modulacións nos versos –elexíaca, imprecativa e satírica, e a relativa ao xogo de “imaxe no espello”– e unha linguaxe rica e expresiva no seu rexistro. Conclúe cunha referencia á polifonía do volume e á mestría na composición dos poemas que o conforman.

**López Fernández**, Xesús, “Fermín Penzol, o faraute”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, 3 febreiro 2014, p. 12.

Comenta a saída do prelo do volume *Cartas a Fermín Penzol* (2014), na colección Cadernos de Ramón Piñeiro, n.º XXVII. Subliña a escolma de epístolas recollidas na compilación da autoría de Ramón Piñeiro, Ben-Cho-Sey, Ramón Cabanillas ou Ramón Otero Pedrayo; a presenza de dous apéndices que inclúen certa correspondencia mantida entre Piñeiro e Isidoro Millán, Rodolfo Prada e Otero Pedrayo; e a calidade do prólogo do editor, Luís Cochón. Describe a seguir as liñas temáticas das epístolas en xeral e chama a atención sobre o termo “faraute”, empregado por Méndez Ferrín e Cabanillas. Critica finalmente a supresión de centos de vocábulos no dicionario da RAG.

**Martínez Bouzas**, Francisco, “Modernos peripatéticos”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 483, “Libros”, 9 xaneiro 2014, p. VI/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 436, “Letras galegas”, 11 xaneiro 2014, p. 10.

Céntrase na novela *Dióxenes en Dolorida* (2013), da autoría de Ignacio Vidal Portabales, en Edicións Xerais. Describe en primeiro lugar o fío argumental e prosegue cunha referencia á focalización narrativa, á presenza do humor e ao rexistro lingüístico empregado.

**Martínez Bouzas**, Francisco, “Ben articulado best-seller”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 489, “Libros”, 20 febreiro 2014, p. VI/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 442, “Letras galegas”, 22 febreiro 2014, p. 10.

Dá conta da saída do prelo da segunda entrega da *Triloxía do Baztán*, intitulada *Legado nos ósos* (2013), de Dolores Redondo, en Edicións Xerais. Tras mencionar o primeiro volume, *O gardián invisible* (2013), describe o seu argumento e os temas que trata e salienta a calidade da linguaxe, xunto a un ritmo narrativo apaixonante. Remata cunha concisa crítica á presenza de grallas na edición.

**Martínez Bouzas**, Francisco, “No corazón da selva”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 493, “Libros”, 20 marzo 2014, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 446, “Letras galegas”, 22 marzo 2014, p. 10.

Céntrase na tradución ao galego dunha escolma de contos que Horacio Quiroga escribira en castelán en 1917, intitulada *Contos de amor, loucura e morte*, e tirada do prelo en 2012 por Urco Editora. Sinala os principais temas que aparecen nestes relatos e describe a natureza dos personaxes.

**Martínez Bouzas**, Francisco, “Entretida narración”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 495, “Libros”, 3 abril 2014, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 448, “Letras galegas”, 5 abril 2014, p. 10.

Comenta a primeira novela da triloxía de Manel Loureiro, *Apocalipse. O comezo da fin*, tirada do prelo en 2013 por Urco Editora. Tras referirse ao argumentada narración, sinala o estilo gráfico e *gore* da escrita. Cómpre sinalar que a cuberta do volume que acompaña esta noticia está errada.

**Martínez Torres**, Dolores, “Fascinante *doppelgänger*”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 490, “Libros”, 27 febreiro 2014, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 443, “Letras galegas”, 1 marzo 2014, p. 10.

Recensión sobre a novela de Anxos Sumai, *A lúa da colleita* (2013), publicada pola Editorial Galaxia. Destaca primeiramente o concepto do dobre ou *doppelgänger* en canto fundamento da liña temática da historia, para despois abordar o argumento do relato e salientar o pulso firme da narración e a precisión psicolóxica na caracterización dos personaxes. Remata cunha referencia ao Premio García Barros que acadou a autora con este traballo.

**Martínez Torres**, Dolores, “Personaxes superficiais”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 492, “Libros”, 13 marzo 2014, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 445, “Letras galegas”, 15 marzo 2014, p. 10.

Lembra a saída do prelo en 2013 da novela de Eduardo Santiago, *A teoría do tempo imaxinario*, en Urco Editora. Describe o fío argumental e critica súa hipotética natureza feminista xunto a unha frívola caracterización dos personaxes.

**Montaña**, Estro “Sudarios de tristeza”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 502, “Libros”, 29 maio 2014, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 454, “Letras galegas”, 31 maio 2014, p. 10.

Comenta a reimpresión da novela *Os ditosos anos do castigo* (2014), de Fleur Jaeggy en Rinoceronte Editora. Destaca a presenza do erotismo nos espazos descritos na narración, xunto ao nihilismo da protagonista. Conclúe cunha mención a outras novelas súas anteriores grafadas en lingua italiana coma *L'angelo custode* (1971), *Le statue d'acqua* (1980), *La paura del cielo* (1994), *Proleterka* (2001), e *Vite confettulan* (2009).

**Nicolás, R.**, “Asomándose ao futuro”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “En galego”, 7 marzo 2014, p. 20.

Comentario sobre a novela fantástica de Eduardo Santiago, *A teoría do tempo imaxinario* (2013), en Urco Editora. Menciona seu relato anterior, *2044* (2012), e subliña a caracterización dos personaxes e a defensa da pluralidade lingüística que leva a cabo ao longo do volume.

**Nicolás, R.**, “Estética dos pequenos xestos”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Galego”, 28 marzo 2014, p. 19.

Aproveita a saída do prelo do poemario de Arsenio Iglesias Pazos, *Ático* (Positivas, 2013) para destacar aspectos como que resultou vencedor do certame de poesía Avelina Valladares en 2006 e gabar o discurso poético subxacente nos versos que conforman o volume.

**Nicolás, R.**, “Versos como espellos”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Galego”, 13 xuño 2014, p. 19.

Indica que no poemario *Maria* (2013), de Eli Ríos, se amosa a vontade de reconstruír e de facer visíbel, alén da figura de María Soliña, a vida e angueiras das mulleres anónimas que “cangan co peso da historia”.

**Nicolás, R.**, “Acheга innovadora do noso Rexurdimento”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Galego”, 3 outubro 2014, p. 12.

Comenta con brevidade a publicación do libro *Das Copras de Sarmiento ós Cantares de Rosalía* (2013) no que resalta a nova proposta de periodización do Rexurdimento que propón Anxo Angueira.

**Nicolás, Ramón**, “Un acto de xustiza”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 554, “A obra poética completa do poeta muxián”, 11 xaneiro 2014, p. 3.

Tras aludir ao acto de presentación celebrado en Muxía en 2012 do volume *Narrativa mariña*, que recollía novelas de temática centrada no mundo do mar, que contou coa presenza de Suso Sambade, Manuel Bragado e X. H. Rivadulla Corcón. En segundo lugar, destaca o volume *Poesía completa*, de Gonzalo López Abente, tirado do prelo co gallo do quincuaxésimo aniversario do pasamento do autor, e fai unha referencia ao coidado labor de investigación da súa poesía por parte de Miro Villar. Remata coa mención dos textos incluídos neste volume: *Escumas da ribeira* (1911), *Alento da raza* (1918), *Bretemada* (1922, 2011), *D’outono* (1924), *Nemancos* (1929), *Centileos nas ondas* (1958), *Decrúa* (1966) e *Monza de frores bravas para Nosa Señora da Barca* (1971).



**Nicolás**, Ramón, “Dous ensaios (moi) pertinentes”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 554, “Letras en galego”, 11 xaneiro 2014, p. 8.

Refírese á saída do prelo en 2013 de dous ensaios de diferente autoría sobre a ficción e vida de Juan Carlos Valle, “Karlotti”: *A xanela insólita. Unha historia reducida da ficción científica literaria*, de Jorge Emilio Bóveda en Urco Editora, e *Karlotti, un poema crónico*, de Marcos Lorenzo en Axóuxere Editora. Percorre o argumento de ambas as propostas e enumera os temas que tratan.

**Nicolás**, Ramón, “Poesía e música galega de concerto”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 555, “Letras en galego”, 18 xaneiro 2014, p. 9.

Dá conta da saída do prelo do libro-CD *Doce canciones gallegas* (2014), da soprano Begoña Salgueiro e o pianista Brais González, en edición bilingüe en Andavira Editora. Enxalza primeiramente o labor de editoriais como Monterrey, Bibliófilos Gallegos, Galaxia e a colección de poesía Benito Soto, para despois datar a publicación deste volume en 1951, baixo os auspicios da Deputación de Ourense. Destaca asemade a gravación do CD no Auditorio de Galicia, o limiar de Luís Costa, o proxecto inicial de Antonio Fernández-Cid, o traballo conxunto dos compositores Joaquín Rodrigo, Jesús Guridi, Xavier Montsalvatge, Frédéric Mompou, Ataúlfo Argenta ou García Leoz, entre outros e outras, a reflexión de Menca Estévez, o ensaio de Carlos L. Bernárdez, e a escolma dos textos a musicar, da autoría de Rosalía de Castro, Ramón Cabanillas, Curros Enríquez, Leiras Pulpeiro, Noriega Varela, Vicente Risco e Xosé Ramón Fernández-Oxea, “Ben-Cho-Sey”.

**Nicolás**, Ramón, “As sombras que nos habitan”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 555, “Letras en galego”, 25 xaneiro 2014, p. 9.

Comenta o argumento da novela de Anxos Sumai, *A lúa da colleita* (2013), en Editorial Galaxia, e valora que resultase gañadora do Premio García Barros 2013 co que foi galardoada. Salienta a natureza hipnotizadora da narrativa, a precisión descritiva, a rotundidade dos diálogos e a caracterización dos personaxes.

**Nicolás**, Ramón, “17 voces para o noso tempo”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 557, “Letras en galego”, 1 febreiro 2014, p. 8.

Dá conta da aparición da antoloxía poética prologada e editada por Ana Gorría, *Novas de poesía. 17 poetas* (2014), grazas á Fundación Uxío Novoneyra. Sinala en primeiro lugar a iniciativa de *crowdfunding* da Fundación, para despois gabar o labor ilustrativo de Anxo Pastor, de tradución do prólogo por parte de Alejandro Tobar, o formato bilingüe galego-castelán da edición e a existencia dunha edición electrónica do volume coa fin de publicitalo en América. Remata citando os autores e autoras presentes nesta antoloxía: Lucía Novas, Baldo Ramos, Antía Otero, Xabier Lama, Daniel Salgado, Elvira Riveiro, Mariña Pérez Rei, Dores Tembrás, Olalla Cociña, Mario Regueira, Xiana Arias, Oriana Méndez, Rosa Enríquez, Diana Varela, Carlos Fontes, Branca Novoneyra e Gonzalo Hermo.

**Nicolás**, Ramón, “Da distopía aos bucles da memoria”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “En galego”, 21 febreiro 2014, p. 20.

Comenta a saída do prelo da novela de suspense de Xosé Enrique Acuña, *O café do idioma* (2014), na editora pontevedresa Friccións. Tras debullar con coidado a trama da historia, destaca a multiplicidade de personaxes e fíos argumentais presentes ao longo da narración.

**Nicolás**, Ramón, “A ‘noir’ que chegou das letras vascas”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “En galego”, 28 febreiro 2014, p. 20.

Recensión centrada na tradución do éuscaro ao galego realizada por Isaac Xubín da novela negra *Pasaia Blues*, de Harkaitz Cano, tirada do prelo por Editorial Hugin e Munin en 2013. Destaca a capacidade de intriga agochada na súa escrita, xunto á presenza de diversas metáforas e simboloxía.

**Nicolás**, Ramón, “Perseguindo soños”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “En galego”, 7 marzo 2014, p. 20.

Dá conta da saída do prelo da novela de Manuel Janeiro, *O sexo masculino dos anxos* (2014), en Editorial Galaxia. Destaca a presenza dun humor irónico como base da historia, e describe o fío argumental.

**Nicolás**, Ramón, “Para repensarnos de nós mesmos”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “En galego”, 18 abril 2014, p. 16.

Comenta o ensaio de Xaime Subiela, *Para que nos serve Galiza?*, tirado do prelo en 2013 por Editorial Galaxia. Salienta o estilo dinámico da exposición e a intencionalidade didáctica deste estudo.

**Nicolás**, Ramón, “Poesía como soño e viaxe”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “En galego”, 23 maio 2014, p. 21.

Opina que *Remontar o río* (2013), de Helena Villar Janeiro, é un obxecto artístico ao conformar un libro despregábel grazas ao traballo da deseñadora Aymara Ghiglione e á artista Luz Darriba. Recálcase o seu ton vitalista e que está escrito ao longo dunhas singraduras polo río Danubio dende a cidade de Budapest até a cidade austríaca de Linz.

**Nicolás**, Ramón, “Recoñecerse na distancia e no tempo”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “En galego”, 6 xuño 2014, p. 20.

Indica que coa novela *Nunha presa de terra* (2013) o seu autor, Paco Castro Alvaredo, se achega por primeira vez á narrativa galega. Ramón Nicolás salienta que é “todo un

achado”, destaca que presenta motivos memorialísticos e identitarios e considera que está construída con inequívoca vontade literaria e excelencia expresiva.

**Pena**, Xosé Ramón, “120 anos d’A tecedeira de Bonaval”, *Faro de Vigo*, “*El sábado*”, n.º 854, 5 abril 2014, portada.

Lembranza da novela de Antonio López Ferreiro, publicada na prensa galega en 1894 por entregas. Considera que se trata da primeira novela moderna en galego posto que *Majina*, de Marcial Valladares, é un texto bilingüe. Sinala algúns dos motivos que levaron ao autor a escribir este libro, resume o argumento e define o resultado da creación literaria como o “dunha narrativa hábil”.

**Pena Presas**, Montse, “Inventar un idioma”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 484, “Libros”, 16 xaneiro 2014, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 437, “Letras galegas”, 18 xaneiro 2014, p. 10.

Recensión centrada no poemario de María Reimóndez, *Presente continuo* (2013), en Edicións Xerais. Tras facer referencia a outros textos anteriores da autora como *Moda galega* (2002), *O club da calceta* (2006), *Usha* (2006), *Lía e as zapatillas de deporte* (2008), salienta os paratextos recollidos no presente volume, a presenza de estrofas narrativas e describe finalmente os principais temas que aparecen nas composicións.

**Pena Presas**, Montse, “Escribir diseccionando”, *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 438, “Letras galegas”, 25 xaneiro 2014, p. 10.

A propósito da novela de Berta Dávila, *O derradeiro libro de Enma Olsen* (Editorial Galaxia, 2013), VII Premio de Narrativa Breve Repsol dá conta do argumento e enxalza o carácter metaliterario e o aparello crítico pseudorrealista presentes no texto, xunto á meticulosidade na composición dos personaxes.

**Pena Presas**, Montse, “A vida ía en serio”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 492, “Libros”, 13 marzo 2014, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 445, “Letras galegas”, 15 marzo 2014, p. 10.

Comenta a novela de Manuel Janeiro, *O sexo masculino dos anxos* (Editorial Galaxia, 2013). Recoñece que o autor afonda na mesma temática xa tratada por autores como Xosé Luís Méndez Ferrín en *No ventre do silencio* (1999) ou *Esta historia* (2006) de Xosé Monteagudo.

**Penas**, Ánxeles, “Papagaio: A pegada dos sentidos”, *El Ideal Gallego*, “Opinión”, “Crítica de arte”, 20 xullo 2014, p. 23.

Refírese ao acto poético celebrado o 16 de xullo de 2014 en homenaxe á poetisa Luísa Villalta co gallo dunha mostra fotográfica que testemuña a desfeita do barrio coruñés do

Papagaio. Saliéntase que participaron trece poetas e dous músicos e que en 2006 Luísa Villalta publicara *Papagaio*, con vinte poemas seus, en Laiovento.

**Ponte**, Pilar, “Vestir e espir o mito”, *La Opinión*, “Saberes”, n.º 438, “Letras galegas”, 25 xaneiro 2014, p. 10.

Con respecto a *O solpor da cupletista*, de María Xosé Queizán (Edicións Xerais, 2013), salienta a dupla perspectiva dende a que a autora acomete a redacción, consistente na creación narrativa dunha banda e o ensaio “A liberdade arrogante”, doutra. A seguir, refírese ao argumento e salienta seu poder de evocación.

**Raña**, Román, “Irmán Antonio”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 484, “Libros”, 16 xaneiro 2014, p. VI/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 437, “Letras galegas”, 18 xaneiro 2014, p. 10.

Lembra a saída do prelo do opúsculo de Antonio Gamoneda intitulado *Fonación, palabra y escritura, pensamiento poético*, en Editorial Trifolium. Destaca seu poemario *Arden las pérdidas* (2003), a “Addenda” incorporada no presente volume e o comentario final dunha peza de Méndez Ferrín.

**Raña**, Román, “Intensas brevidades”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 486, “Libros”, 30 xaneiro 2014, p. VI/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 439, “Letras galegas”, 1 febreiro 2014, p. 10.

Comenta o poemario *Caderno do Nilo* (Edicións Xerais, 2013), de Cesáreo Sánchez Iglesias. Tras citar outro poemario seu, *Silencios e conversas de inverno* (1978), e salienta o rol do suxeito lírico, así como a frecuencia e a calidade das descrições.

**Raña**, Román, “Entusiasmo sen fisuras”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 487, “Libros”, 6 febreiro 2014, p. VI/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 440, “Letras galegas”, 8 febreiro 2014, p. 10.

Refírese á saída da entrega número XVIII da *Revista de lenguas y literaturas catalana, gallega y vasca*, de autoría varia, editada pola UNED en 2013. Enxalza o labor de dirección de Julia Butiñá e Josep-A. Ysern, así como as análises de Antonio Cortijo e Rocío Peñalta Catalán; os estudos de Xoán Babarro, Xosé M<sup>a</sup> Sánchez e Estefanía Mosquera Castro, e de M<sup>a</sup> Victoria Navas e Joan Miquel Ribera; o traballo de investigación de Javier Rivero Grandoso, e a reflexión de Luis Luna.

**Raña**, Román, “Dicción pausada”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 488, “Libros”, 13 febreiro 2014, p. VI/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 441, “Letras galegas”, 15 febreiro 2014, p. 10.

A respecto do poemario *Sobre ruínas*, de Xesús Rábade Paredes (Alvarellos Editora, 2013), salienta as composicións que integran as seccións primeira e terceira da súa

estrutura, “Poética(s)” e “Recadeiros de luces e de sombras”, respectivamente. Non deixa fóra, porén, as outras dúas seccións, “Soñar no exilio” e “Sobre ruínas”, das que subliña o marcado carácter de indignación implícito nos versos. Remata cunha mención á homenaxe que o poeta rende a Celso Emilio e Curros Enríquez ao longo dos poemas recollidos no volume.

**Raña**, Román, “Sentenzas visionarias”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 490, “Libros”, 27 febreiro 2014, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 443, “Letras galegas”, 1 marzo 2014, p. 10.

Analiza o poemario de Daniel Salgado García, *Dos tempos sombrizos* (Edicións Xerais, 2013). Salienta a presenza constante do pensamento dialéctico na súa poesía, así como o estilo sentencioso dos seus versos, e remata cunha mención ás composicións “Ponte Mourelle”, “A Peneda”, “A horta do notario”, “Catro camiños” ou “As quendas”, recollidas no volume.

**Raña**, Román, “Necesaria reflexión”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 493, “Libros”, 20 marzo 2014, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 446, “Letras galegas”, 22 marzo 2014, p. 10.

Comenta o estudo de Anxo Angueira, *Das copras de Sarmiento ós cantares de Rosalía de Castro. Cara unha nova periodización do Rexurdimento*, tirado do prelo en 2013 por Editorial Frank & Timme. Salienta a análise do *Coloquio de 24 galegos rústicos* (1746), da autoría do Padre Martín Sarmiento e o feito de que para Angueira constituía unha obra de carácter fundacional. Refírese finalmente á súa publicación en 1859 grazas a Xoán Manuel Pintos.

**Requeixo**, Armando, “Presenza do ausente Anxo. A. Rei Ballesteros”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”, p. 25/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesia*”, n.º 810, p. 32/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 810, p. 33, “letras Atlánticas”, 5 xaneiro 2014.

Dá conta da saída do prelo en 2013 do ensaio *Presenza dunha ausencia. Sobre Maurice Blanchot*, da autoría de Anxo A. Rei Ballesteros, na colección Polimnia de Axóuxere Editora. Primeiramente repasa a traxectoria literaria do autor, da que destaca os volumes *Dos anxos e dos mortos* (1977), *Loaira* (1992), *A sombra dos teus sonhos* (1998), *Tempo e vinganza* (2003), *Non sei cando nos veremos* (2005), *Urda e mundo* (2008) ou *A noite do moucho* (2009). A seguir, destaca o prólogo a cargo de María Xesús Armada Castaño, o apéndice intitulado “Notas de Edición”, o encarte fotográfico de Juan Carlos, “Tríptico (para Anxo Rei Ballesteros)”, e describe finalmente o fío argumental en relación á temática.

**Requeixo**, Armando, “O futuro actual de Xosé Enrique Acuña”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”, p. 25/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesia*”, n.º 811, p. 32/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 811, p. 33, “letras Atlánticas”, 12 xaneiro 2014.

Comentario centrado na novela *O café do idioma* (Fricción de Culturas, 2013), de Xosé Enrique Acuña. Cualifica o texto como un thriller político cun fondo social, resume o argumento da historia e sinala que aborda a traizón, a fragilidade das relacións humanas, a vinganza e o desamor. Recoñece os recursos dunha metanovela e invita o lectorado a se recrear nesta “prosa matérica”.

**Requeixo**, Armando, “Choiva de entretemento”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 484, “Libros”, 16 xaneiro 2014, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 437, “Letras galegas”, 18 xaneiro 2014, p. 10.

Con respecto á novela *A memoria da choiva* (Edicións Xerais, 2013), de Pedro Feijoo, menciona primeiramente a súa novela *Os fillos do mar* (2012), merecente do Premio Arcebispo Juan de San Clemente 2013, para despois centrarse nunha proposta que define como un thriller con asasinato e un pescudado e á que non se lle pode pedir outra cousa ca o entretemento, o cal vivifica o mercado literario galego.

**Requeixo**, Armando, “Anxos Sumai en plenilunio”, *Diario de Ferrol*, “*Nordesia*”/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 812, “letras Atlánticas”, 19 xaneiro 2014, p. 32.

Recensión da novela de Anxos Sumai, *A lúa da colleita* (Editorial Galaxia, 2013). Tras subliñar que acadou o Premio García Barros convocado polo Concello da Estrada e percorrer a traxectoria da escritora, sinala que nesta entrega afonda nas identidades de seres perdidos e mesmo bipolares. Apunta que Sumai se mergulla nos abismos do ser e da conciencia e que na historia aflora a súa “singradura propia”.

**Requeixo**, Armando, “Versos coma pólders”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”, p. 27/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesia*”, n.º 813, p. 32/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 813, p. 33, “letras Atlánticas”, 26 xaneiro 2014.

Tras se queixar dos problemas de distribución dos libros editados por algúns organismos públicos, refírese ao poemario de Ramón Neto, *As lavandas adaptáanse a todo erro de navegación* (Deputación da Coruña, 2012), Premio de Poesía Miguel González Garcés, alude primeiramente a outro poemario de seu, *A estación única dunha illa* (2010), merecente do Premio Xosemaría Pérez Parallé, para despois comentar que nestes versos a voz poética trata de se comprender a si mesma e achegarse á alteridade cunha imaxinería surreal que “ancora na contemplación desas pasaxes suspensas entre dunas e lavandas dun mar de pólders”.

**Requeixo**, Armando, “Ulises entre nós”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”, p. 27/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesia*”, n.º 814, p. 32/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 814, p. 33, “letras Atlánticas”, 2 febreiro 2014.

Comenta a saída do prelo en 2013 da tradución á lingua galega do *Ulysses* joyceano a cargo de Eva Almazán, Xavier Queipo, Antón Vialle e María Alonso Seisdedos. Tras mencionar a edición de 1922 do *Ulysses* tirada do prelo por Sylvia Beach, e as traducións ao galego *Dublinese*s (1990) e *O retrato do artista cando novo* (1994),

salienta o prólogo deste volume asinado por Víctor Freixanes, director de Galaxia, e as anteriores traducións ao castelán do *Ulysses* realizadas por José Salas Subirat, José María Valverde, Francisco García Tortosa e María Luisa Venegas.

**Requeixo**, Armando, “O segredo de Emma Olsen”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, p. 27/ *Diario de Ferrol*, “Nordésia”, n.º 815, p. 32/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 815, p. 33, “letras Atlánticas”, 9 febreiro 2014.

Analiza a novela de Berta Dávila, *O derradeiro libro de Enma Olsen* (Editorial Galaxia, 2013). Menciona o poemario da autora *Raíz da fenda* (2012), galardoado co Premio de Poesía Johán Carballeira, co cal a cualifica de “autora do momento”. A seguir, sinala que a novela proporciona unha lectura intensa e marcada pola tensión, nun mundo situado na vila de Faith en Dakota do Sur. Valora a presenza de temas como o amor, a traizón ou o desamparo que propón unha reflexión sobre a escrita.

**Requeixo**, Armando, “Literatura e Nación”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 488, “Libros”, 13 febreiro 2014, p. VI/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 441, “Letras galegas”, 15 febreiro 2014, p. 10.

Arredor do ensaio de Manuel Forcadela, *Dama Saudade e o Cabaleiro Sombra* (Editorial Frank & Timme, 2013), describe en detalle seus contidos que xiran sobre as relacións entre imaxinario literario e nacional na literatura contemporánea. Comenta que establece dous ciclos (un romántico dende o Rexurdimento até comezos do século XX, e outro contemporáneo) e tres criterios para a construción literaria (o temático, o filolóxico e o sistémico). Cualifica o ensaio de “denso e revelador”, apoiado con achegas teóricas de diversas escolas e autores de diversos períodos.

**Requeixo**, Armando, “Sinfonía poética”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, p. 23/ *Diario de Ferrol*, “Nordésia”, n.º 818, p. 32/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 818, p. 33, “letras Atlánticas”, 2 marzo 2014.

Dá conta da saída do prelo en 2013 na Editorial Eneida da antoloxía *Sinfonía atlántica. Antología general de la poesía gallega*, da autoría de Carlos Clementson. Destaca en primeiro lugar o formato bilingüe galego-castelán desta edición, para despois enxalzar o limiar do autor, que consiste nun estudo diacrónico da lírica galega escrita. Enumera a seguir os cinco eixos que conforman este volume e critica a presenza dalgunhas reiteracións de espazos comúns da tradición crítica, así como a natureza híbrida das composicións trasladadas ao castelán. Conclúe cunhas verbas de agradecemento a Luís Sotuela, editor do volume e director da editorial responsábel da edición.

**Requeixo**, Armando, “Tempo de areas movedizas”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, p. 25/ *Diario de Ferrol*, “Nordésia”, n.º 821, p. 32/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 821, p. 33, “letras Atlánticas”, 23 marzo 2014.

Comenta a novela de Manuel Janeiro, *O sexo masculino dos anxos*, tirada do prelo en 2013 por Editorial Galaxia. Menciona primeiramente os seus poemarios *Primera edad*

(1977), *Poemas sobrereros* (1999), *Ensayos para el que habla* (2009) e os volumes de literatura infantil e xuvenil *Pucho o habitador dos tellados* (2006), *A fada das lapas* (2008) e *A abella abesullona* (2009). Indica despois que se trata dunha novela ambientada na España dos anos setenta do século XX e que os seus personaxes se moven nun territorio de áreas movedizas nun Madrid predemocrático. Destaca a narración fluída, o realismo dos diálogos e da caracterización dos personaxes e páxinas ategadas de humor.

**Requeixo**, Armando, “Ver e reparar”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 524, “Libros”, 18 decembro 2014, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 476, “Letras galegas”, 27 decembro 2014, p. 10.

Fai referencia a unha serie de características propias da escrita de Manuel Núñez Singal: “humor xenuíno, contemplación reflexiva, crítica sarcástica, depuración estilística” e “condensación estilística”. A seguir, faise un percorrido polas súas obras publicadas e anúnciase a publicación de *Instrucións para tomar café*, volume de textos que inclúe dende “contos de denuncia migratoria veloz, ata absurdos desencontros familiares, o mesmo críticas á desidia da Administración e os responsábeis públicos que relatos sobre equívocos entre descoñecidos”. Saliéntase a “ironía revisión da esquizofrenia lingüística” e móstrase o humor coma unha saída para a intolerancia, a estupidez, a envexa ou a cobiza. Finalmente, recoméndase a lectura da obra por constituír “unha viaxe ao reverso impensado e impensable do vivir de nós”.

**Rozas**, Ramón, “Arredor dunha novela”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 19 xaneiro 2014, p. 76/ *El Progreso*, “Vivir”, 18 xaneiro 2014, p. 57, “Cultura”, “Libros”.

Informa da saída do prelo da primeira novela de Xosé Enrique Acuña, *O café do idioma* (2013), en Editorial Fricción. Destaca a figura da protagonista, a composición da trama, describe o desenvolvemento da historia e critica a profundización superficial nos personaxes principais.

**Rozas**, Ramón, “Labirintos e silencios”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 23 febreiro 2014, p. 83/ *El Progreso*, “Vivir”, 22 febreiro 2014, p. 65, “Cultura”.

Comenta o poemario de Olga Patiño Nogueira, *Silencio habitado* (Editorial Pigmalión Poesía, 2013). Describe a liña temática que une as composicións tras mencionar o Premio Nacional de Poesía outorgado a Manuel Álvarez Torneiro, e destaca a estrutura circular do volume e a calidade do lirismo empregado.

**Rozas**, Ramón, “Lavando os trapos sucios”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 2 marzo 2014, p. 77/ *El Progreso*, “Vivir”, 1 marzo 2014, p. 55, “Cultura”, “Libros”.

Dá conta da novela de Ignacio Vidal Portabales, *Dióxenes en Dolorida*, tirada do prelo en 2013 por Edicións Xerais. Subliña en primeiro lugar o Premio Blanco Amor do que foi merecente en 2012, para despois sinalar a presenza do humor ao longo do relato e dá conta do seu argumento e dos principais temas que aparecen.



**Rozas**, Ramón, “Fin da viaxe”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 23 marzo 2014, p. 85/ *El Progreso*, “Vivir”, 22 marzo 2014, p. 57, “Cultura”, “Libros”.

A propósito da novela de Berta Dávila, *O derradeiro libro de Enma Olsen* (Editorial Galaxia, 2013), describe en primeiro lugar o fío argumental e a liña temática que conforman o relato, para despois enxalzar a destreza narrativa da autora.

**Rozas**, Ramón, “Cando a raíz faise fenda”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 11 maio 2014, p. 77/ *El Progreso*, “Vivir”, 10 maio 2014, p. 51, “Cultura”.

Salienta que a escolma poética *Raíz de fenda* (2013), de Berta Dávila, tivo unha excelente acollida ao acadar o premio de poesía Johán Carballeira e mais o premio da Crítica Galega. Apunta que estes galardóns “referendan un proxecto, pero sobre todo a unha autora, Berta Dávila”. Asemade, caracteriza a poesía de *Raíz de fenda* como un exercicio cargado de potencia e inzado de virtudes.

**Seoane**, Lucía, “Esplendoroso e decadente”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 487, “Libros”, 6 febreiro 2014, p. VI/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 440, “Letras galegas”, 8 febreiro 2014, p. 10.

Recensión sobre a tradución ao galego da novela *O edificio Yacoubian* (Rinoceronte Editora, 2013), de Alaa Al Aswany, un traballo de Fátima Tourari. Describe o fío argumental e destaca o éxito acadado desta obra até o de agora no eido da narrativa árabe.

**Vieites**, Manuel F., “Unha empresa en man común”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 497, “Teatro”, 24 abril 2014, p. II.

Subliña a importancia do Centro Dramático Galego como buque insignia do teatro galego e repasa as primeiras obras representadas polo Centro Dramático Galego (*Woyzeck*, de Antón Büchner, baixo a dirección de Xulio Lago, e mais *Agasallo de sombras*, dirixida por Roberto Vidal Bolaño) e polo seu primeiro grande éxito *Os vellos non deben de namorarse*, de Castelao. Saliéntase que o Centro Dramático Galego ten sido un axente fundamental no proceso de construción dun sistema teatral galego de seu e recálcase o papel xogado pola serie “Os libros do Centro Dramático Galego” na análise de autores e textos escenificados.

## ***V. ENSAIO. TEORÍA XERAL. CRÍTICA***

### **V. 7. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ARTIGOS DE OPINIÓN E COLABORACIÓNS FIXAS**

**Agís Villaverde**, Marcelino, “Con Alfonso Zulueta en Vigo”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Al sur”, 28 xullo 2014, p. 2.

Con motivo da celebración da homenaxe a alfonso Zulueta de Haz en Vigo polo seu noventa aniversario, lembra a súa traxectoria no ámbito da cultura e política galegas: asóciase a súa figura ao galeguismo vigués da Xeración Galaxia, infórmase de que puxo en marcha o Ateneo de Pontevedra na década dos sesenta, apúntase que fundou o Partido Galego Social-Demócrata e que presidiu o Consello da Cultura Galega entre os anos 2002 e 2006.

**Alcalá**, Pablo, “Alargada sombra en la selva de Esm”, *ABC*, “Galicia”, “Análisis”, 13 xullo 2014, p. 65.

Fala das discrepancias existentes en torno á elección de Filgueira Valverde como homenaxeado no Día das Letras Galegas.

**Alcalá**, Xavier, “Joyce reinterpretado”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “A voo de tecla”, 28 xaneiro 2014, p. 16.

Alude á publicación do *Ulises* traducido ao galego e publicado pola Editorial Galaxia. Exalta o traballo de tradución e a importancia de traer á nosa lingua a obra de clásicos universais.

**Alcalá**, Xavier, “Castelao segundo Chiessino”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “A voo de tecla”, 12 agosto 2014, p. 11.

Fala do testemuño de Bartolomé Chiessino, o responsábel de compor e imprimir *Sempre en Galiza* en Arxentina, sobre a figura de Castelao a quen define coma republicano, antiborbónico, fumador, un xenio do deseño, partidario da unión ibérica e defensor do galego coma idioma irmán do portugués.

**Alonso Montero**, Xesús, “María Victoria Moreno e os Novísimos”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 554, “A outra mirada”, “Beatus qui legit”, 11 xaneiro 2014, p. 10.

Lembra o cuadraséximo aniversario da antoloxía bilingüe *Os novísimos da poesía galega* realizada por María Victoria Moreno Márquez e publicada en 1973 por Akal Editor en Madrid. Fálase da composición do libro, dos motivos da escolma da estudosa e dos dez escritores que a integraron.

**Alonso Montero**, Xesús, “Marx e Aquilino na Vilagarcía de 1939”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 556, “A outra mirada”, “Beatus qui legit”, 25 xaneiro 2014, p. 10.

Fálase da incidencia de Carlos Lessner, afillado de Karl Marx que residiu en Vilagarcía de Arousa dende comezos do século pasado, e salienta a incidencia que tivo na formación de Aquilino Iglesia Alvariño como filólogo clásico.

**Alonso Montero**, Xesús, “Celso Emilio Ferreiro, de novo”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 557, “A outra mirada”, “Beatus qui legit”, 1 febreiro 2014, p. 9.

Co gallo da celebración dunha mesa redonda en Vigo sobre o período venezolano de Celso Emilio Ferreiro, dá conta da historia editorial de *Viaxe ao país dos ananos*, marcada pola censura do réxime franquista.

**Alonso Montero**, Xesús, “Fontenla Leal, 150 anos”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “*Letras*”, “En galego”, “Beatus qui legit”, 7 febreiro 2014, p. 20.

Realiza un perfil da traxectoria vital e profesional no eido das artes gráficas de José Fontenla Leal cando se cumpren cento cincuenta anos do seu nacemento. Sublíñase a súa incesante actividade cultural na Habana, que lle propiciou unha considerábel cultura e unha notábel conciencia crítica.

**Alonso Montero**, Xesús, “O bou ‘Eva’: traxedia”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “*Letras*”, “En galego”, “Beatus qui legit”, 21 febreiro 2014, p. 20.

Relata a historia de episodio do barco de pesca “Eva”, e dáse noticia da lectura dramatizada realizada no Instituto Santa Irene de Vigo de *Morte lanzal*, obra de teatro de Julián Rodríguez Novo que recrea o acontecemento histórico.

**Alonso Montero**, Xesús, “Sabino Torres: ‘laudatio’”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “*Letras*”, “En galego”, “Beatus qui legit”, 28 febreiro 2014, p. 20.

Dá noticia da celebración dunha homenaxe a Sabino Torres Ferrer, co gallo do seu nonaxésimo aniversario, en Madrid. Cóntase a historia da colección de poesía Benito Soto en relación a Torres Ferrer e ponse de manifesto a súa implicación no eido da creación literaria.

**Alonso Montero**, Xesús, “Platero e mais eu”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “*Letras*”, “En galego”, “Beatus qui legit”, 7 marzo 2014, p. 20.

Con motivo da celebración dos cen anos da publicación de *Platero y yo* de Juan Ramón Jiménez, céntrase na publicación en 1965 dun calendario titulado *Platero e mais eu* que contiña textos en galego como a tradución de quince capítulos do libro con cadansúa ilustración, e cóntase a historia da súa edición.

**Alonso Montero**, Xesús, “Manuel Neira Pol, in memoriam”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Galego”, “Beatus qui legit”, 14 marzo 2014, p. 21.

Con motivo do pasamento de Manuel Neira Pol sinala a importancia do avogado lugués na defensa das persoas represaliadas polo réxime franquista.

**Alonso Montero**, Xesús, “O BAO: un gran tesouro”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Galego”, “Beatus qui legit”, 4 abril 2014, p. 19.

Dá noticia da entrega da Bilioteca e o Arquivo Ogea á Real Academia Galega. Describe o contido do legado e realiza un breve percorrido pola traxectoria vital e profesional de José Ogea.

**Alonso Montero**, Xesús, “Ribadavia: taberna e poesía”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Galego”, “Beatus qui legit”, 2 maio 2014, p. 20.

Comparte cos lectores as veladas poéticas celebradas na taberna do “Papuxa”, en Ribadavia, dando a coñecer as temáticas sobre as que versan os poemas recitados.

**Alonso Montero**, Xesús, “Homenaxe a Lugrís Freire”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Galego”, “Beatus qui legit”, 9 maio 2014, p. 20.

Co motivo da homenaxe realizada na Real Academia Galega a Manuel Lugrís Freire, oitenta anos despois de ser nomeado presidente desta institución, lembra as labores realizadas polo intelectual a prol da cultura e lingua galegas, como a publicación da *Gramática do idioma galego* (1922).

**Alonso Montero**, Xesús, “Cita en San Petersburgo”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “ En galego”, “Beatus qui legit”, 30 maio 2014, p. 18.

Comenta o premio outorgado á Directora do Centro de Estudos Galegos na Universidade de San Petersburgo, Elena Zernova. Tamén dá conta das diferentes actividades celebradas co gallo do Día das Letras Galegas, no que a tradutora tamén foi protagonista.

**Alonso Montero**, Xesús, “Amadeo Varela, xusticiero”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “ En galego”, “Beatus qui legit”, 6 xuño 2014, p. 20.

Comenta que o 24 de maio a Irmandade Xurídica Galega, homenaxeou a Amadeo Varela, avogado que foi unha peza fundamental na confrontación agraria do 15 de maio de 1966.

**Alonso Montero**, Xesús, “Ramón de Valenzuela: cen anos”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Galego”, “Beatus qui legit”, 13 xuño 2014, p. 19.

Co motivo do centenario de Ramón de Valenzuela, destaca a publicación do monográfico *Dos vidas y un exilio: Ramón de Valenzuela y María Victoria Villaverde. Estudio y antología*, de Carmen Mejía Ruiz e María Victoria Navas, na que se recollen aspectos relevantes da biografía e bibliografía de Valenzuela.

**Alonso Montero**, Xesús, “Francesc Vallverdú: ‘in memoriam’”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Galego”, “Beatus qui legit”, 20 xuño 2014, p. 21.

Dado o falecemento de Francesc Vallverdú, destaca as súas facetas como sociolingüista, poeta e crítico literario catalán, e ademais salienta a súa bibliografía galega coa publicación, entre outros, do poema dedicado a Castelao co título “Una veu que ens ve de lluny” (“Unha voz que nos vén de lonxe”).

**Alonso Montero**, Xesús, “Antía Cal, de novo”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Libros de verano”, “Beatus qui legit”, 4 xullo 2014, p. 6.

Anuncia a publicación da obra da pedagoga Antía Cal, *Enciclopedia pro neno galego*, de 1958, que foi premiada nese mesmo ano polo Lar Galego de Caracas, pero que se mantivo inédita até agora.

**Alonso Montero**, Xesús, “Con Benedicto”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Galego”, “Beatus qui legit”, 11 xullo 2014, p. 6.

Lembra o primeiro recital musical de Benedicto García Villar e destaca o nacemento de Voces Ceibes como unha ferramenta cultural para cuestionar o franquismo. Finalmente, destaca a homenaxe realizada a García Villar no Teatro Principal de Santiago.

**Alonso Montero**, Xesús, “Bibliofilia en Boiro”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “En galego”, “Beatus qui legit”, 25 xullo 2014, p. 18.

Fala da asistencia a unhas xornadas literarias na aldea de A Galea, Boiro, onde está o “Museu bibliográfico” -creado e dirixido por un mecánico, Guillermo Caxaraville- especializado en primeiras edicións no eido da bibliografía galega. Saliéntase a especialidade en libros e opúsculos sobre os escritores das terras do Barbanza.

**Alonso Montero**, Xesús, “José Rubia Barcia: memorias”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “En galego”, “Beatus qui legit”, 1 agosto 2014, p.12.

Fala da importancia da figura de José Rubia Barcia, que escribiu no exilio a súa obra máis relevante, algúns de cuxos libros publicou Isaac Díaz Pardo. Co gallo da celebración do centenario do seu nacemento, vense de publicar *Unha vida contada*, longa entrevista que lle fixo o profesor José Manuel González Herrán en 1985.

Apúntase que falta por recoller a obra dispersa de Rubia Barcia que foi na Guerra Civil un combatente coa pluma e co fusil: fundou e dirixiu na zona leal naqueles anos unha revista titulada *Armas y Letras*.

**Alonso Montero**, Xesús, “Alexandre Bóveda e Filgueira”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Galego”, “Beatus qui legit”, 22 agosto 2014, p. 13.

Fala do asasinato de Alexandre Bóveda en 1936 e das persoas que o condenaron. Apúntase que na biografía de Bóveda, que Xerardo Álvarez Gallego publicou en 1972, hai afirmacións incertas coma a que sinala que Filgueira Valverde se negou a testemuñar no xuízo de Bóveda, xa que naquel tempo era de obrigado cumprimento.

**Alonso Montero**, Xesús, “Filgueira e Otero Pedrayo”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Galego”, “Beatus qui legit”, 29 agosto 2014, p. 10.

Fala do epistolario de Filgueira, publicado hai cinco anos, que contén 229 cartas de Ramón Otero Pedrayo. Destácase o episodio no que se reflicte como Filgueira mediou co Ministerio para que readmitisen a Otero Pedrayo na cátedra de Xeografía do Instituto de Ourense da que fora destituído en 1937.

**Alonso Montero**, Xesús, “Gamallo Fierros (1914-2014)”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Galego”, “Beatus qui legit”, 5 setembro 2014, p. 13.

Fala da traxectoria vital e literaria de Gamallo Fierros da que se destaca a súa faceta de investigador literario e o seu especial interese pola obra de Bécquer.

**Alonso Montero**, Xesús, “EBA co P. Feijoo”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Galego”, “Beatus qui legit”, 19 setembro 2014, p. 13.

Fala da *Antología popular* que preparou Eduardo Blanco Amor sobre a obra do P. Feijoo publicada en 1966 en Ediciones Galicia do Centro Galego de Buenos Aires. Sinala a utilidade de volver reeditala agora cando se cumpren 250 anos do pasamento do intelectual. Saliéntase un dos capítulos do libro no que Blanco Amor reproduce un texto en que o P. Feijoo fai inscursións nas realidades de Galicia e a lingua galega, cuestión á que prestou escasa atención.

**Alonso Montero**, Xesús, “Lueiro Rey en Bos Aires”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Galego”, “Beatus qui legit”, 3 outubro 2014, p. 12.

Fala do volume titulado *Manuel Lueiro Rey (1916-1990). A liberdade ferida* (Xerais, 2013) publicado a modo de homenaxe ao escritor e da reedición que vén de publicar a editorial porteña Alborada, da Federación de Sociedades Gallegas. Anótase os nomes das persoas que coordinan e colaboran no volume. Saliéntase a querencia de Lueiro Rey por Machado.

**Alonso Montero**, Xesús, “Harri eta Herria’: 50 anos”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Galego”, “Beatus qui legit”, 10 outubro 2014, p. 13.

Fala do poemario *Herri eta Herri (Pedra e pobo)* de Gabriel Aresti que se publicou por primeira vez en 1964 e que foi decisivo para o cambio de percepción da literatura vasca. Dáse conta da traxectoria de Aresti coma escritor e tradutor e da recepción dos seus traballos no ámbito nacionalista vasco.

**Alonso Montero**, Xesús, “Celestino F. de la Vega: centenario”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Galego”, “Beatus qui legit”, 16 outubro 2014, p. 12.

Fala da importancia do pensador e escritor lugués Celestino Fernández de la Vega na “reinvención” da cultura galega nos anos cincuenta e sesenta. Apúntanse os seus traballos máis destacados e salientase a importancia do seu epistolario, non sempre tido en conta.

**Alonso Montero**, Xesús, “Viqueira e os esfameados”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Galego”, “Beatus qui legit”, 14 novembro 2014, p. 7.

Dá conta da celebración dun acto de homenaxe a Xohán Vicente Viqueira en Bergondo. Lémbrese que no ano 74 se lle dedicou o Día das Letras Galegas, mais a censura franquista non facilitou que os glosadores dese ano puxeran o acento en que foi un dos alumnos predilectos da *Institución Libre de Enseñanza*. Apúntase a súa relación co galeguismo e a achega da súa formación europea e das súas ideas socialistas ás Irmandades da Fala.

**Alonso Montero**, Xesús, “Filgueira Valverde e Lorca”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Galego”, “Beatus qui legit”, 5 decembro 2014, p. 13.

Céntrase na relación que mantiveron o profesor pontevedrés Filgueira Valverde e o poeta andaluz Lorca. Destácase que Filgueira asistiu a unha conferencia que pronunciou Lorca en Santiago de Compostela e que, posteriormente, o acompañou na representación da compañía universitaria La Barraca de dous entremeses cervantinos polas rúas de Pontevedra. Sinálase que Filgueira Valverde estaba traballando na primeira *Antoloxía consultada de poesía galega* e que lle solicitou a realización dun inquérito. Infórmase de que até ese momento Lorca só publicara un poema en lingua galega “Madriral á cibdá de Santiago” (1932). Dise que a antoloxía de Filgueira Valverde non se publicou até 2006, porén aínda que non contén as respostas nin os poemas de Lorca porque estas foron enviadas, segundo Filgueira Valverde, a un enderezo trabucado.

**Alonso Montero**, Xesús, “Rosalía en hindi”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Galego”, “Beatus qui legit”, 26 decembro 2014, p. 11.

Informa da conversa con Vikash Kumar Singh, licenciado en Filoloxía Hispánica, profesor de Español na Universidade de Nova Delhi e profundamente interesado na lingua e literatura galegas. Recolle referencias a varios artigos publicados por K. Singh en relación coa obra de Rosalía de Castro e a tradución para o hindi de dous dos seus poemas. Comenta a intención de facer unha edición bilingüe dunha antoloxía de *Cantares gallegos* (1863) e *Follas novas* (1880).

**Ameixeiras**, Diego, “Pasaia vestida de negro”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 554, “1280 almas”, 11 xaneiro 2014, p. 9.

Dá noticia da tradución ao galego, asinada por Isaac Xubín para a Editorial Hugin e Munin, de *Pasaia blues*, novela de trama negra do escritor vasco Harkaitz Cano. Engádase un exhaustivo repaso pola traxectoria profesional e literaria do autor .

**Ameixeiras**, Diego, “O país hipersensible”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 554, “1280 almas”, “Letras en galego”, 18 xaneiro 2014, p. 9.

Céntrase no ensaio de Helena Miguélez *Galicia, a sentimental nation: gender, culture and politics*, publicado en 2013 por University of Wales Press, comentando que versa sobre a responsabilidade da historiografía española do século XIX na xénese dese tópico da Galicia desmobilizada e melancólica, propensa ao ensimismamento poético.

**Ameixeiras**, Diego, “Nin tristes, nin solitarios, nin finais”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “No ficción”, “1280 almas”, 14 febreiro 2014, p. 18.

Ofrece un percorrido pola historia do xénero da novela negra en Galicia, a partir da primeira achega de Carlos G. Reigosa con *Crime en Compostela*, de 1984.

**Ameixeiras**, Diego, “O fútbol que nos contan”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Libros de verano”, “1280 almas”, 4 xullo 2014, p. 5.

Recomenda as obras *Todo ven* (1985), de Manuel Rivas; *Lume de biqueira* (1999), de Xosé Vázquez Pintor; e, *O penalti de Fuco* (2012), de Afonso Eiré; que teñen ao fútbol como base das súas tramas narrativas.

**Araguas**, Vicente, “Valseando con Sabino Torres”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Agora xa foi”, 2 marzo 2014, p. 43.

Dá conta da homenaxe a Sabino Torres na Casa de Galicia de Madrid co gallo da celebración do seu noventa aniversario. Fálase sobre as persoas que participaron e a temática dos seus discursos.

**Araguas**, Vicente, “Cantando ‘Negra Sombra’”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Agora xa foi”, 9 marzo 2014, p. 42.



Con respecto á publicación na Editorial Galaxia da tradución de *Ulises* de Joyce ao galego, a cargo de Almazán, Alonso Seisdedos, Queipo e Vialle, destaca o adecuado trasvasamento ao galego da sonoridade do estilo literario do autor irlandés, o prezo axustado e o financiamento do Ireland Literature Exchange.

**Araguas**, Vicente, “Ulises volve a Ítaca”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Agora xa foi”, 30 marzo 2014, p. 42.

Relata os acontecementos do acto de conmemoración do día despois do aniversario de Rosalía de Castro.

**Araguas**, Vicente, “Dous autores que me prestan”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Agora xa foi”, 10 agosto 2014, p. 41.

Fai unha gabanza a Ánxel Vázquez de la Cruz, pola publicación do seu libro de relatos *Luz de tiniebla*, cheos de humanismo e escritos cun estilo finísimo. Dise que o prólogo do libro é de Manuel Rivas, o segundo autor do que se fala, de quen se destaca o seu cosmopolitismo. Fálase da crítica publicada por Eileen Battersby en *The Irish Times* sobre o seu libro *Todo é silencio*.

**Araguas**, Vicente, “Santiago: primeiros días”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Agora xa foi”, 26 outubro 2014, p. 43.

Lembra un poema de Rosalía de Castro, “Santa Escolástica”, que convida a visitar a escultura homónica do noiés Xosé Ferreiro, en San Martiño Pinario.

**Baltar**, Ramón, “Xa son teimas de amolar”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Desde otra ventana”, 8 agosto 2014, p. 2.

Defende a candidatura de Xosé Filgueira Valverde coma homenaxeado no Día das Letras Galegas polas súas innúmeras e valiosas achegas a prol da lingua galega. Apúntase que como galeguista, na súa etapa como alcalde de Pontevedra, mirou pola conservación das señas de identidade de Galicia. Sinálase que a decisión da Real Academia Galega de honrar a un galguista de dereitas serviron á normalización lingüística e á convivencia.

**Beloso Neira**, Loli, “Isaac Díaz Pardo: O pai de Galicia”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, “Tribuna abierta”, 7 xaneiro 2014, p. 20.

Artigo centrado na traxectoria vital e da morte de Isaac Díaz Pardo en clave metafórica, destacando o seu compromiso con Galicia e a súa vertente humana.

**Berengua Mosquera**, Antonio, “Don José”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión”, “Análisis”, “Tribuna abierta”, 22 agosto 2014, p. 25.

Fai unha semblanza da actividade docente desenvolvida por Xosé Filgueira Valverde no Instituto de Pontevedra e apoia que sexa homenaxeado no Día das Letras Galegas.

**Bergantiños**, José, “Díaz Castro”, *Diario de Ferrol*, “Opinión”, “Apunte”, 18 marzo 2014, p. 20.

Breve perfil biográfico dedicado a Xosé María Díaz Castro no que se repasa a súa formación intelectual e a súa traxectoria literaria.

**Bergantiños**, José, “Lingua proletaria”, *Diario de Ferrol*, “Opinión”, “Apunte”, 16 setembro 2014, p. 19.

A partir dos versos de “Deitado fronte ao mar”, de Celso Emilio Ferreiro, explícanse os motivos polos que se opta pola escrita dos artigos de opinión en galego.

**Bermúdez de Castro**, Ignacio, “Anova y Filgueira Valverde”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Paso sin huellas”, 11 xullo 2014, p. 16.

Critica a actitude de Anova ao opoñerse a elección de Xosé Filgueira Valverde como homenaxeado no Día das Letras Galegas 2015.

**Blanco Valdés**, Juan L., “Roberto, don Paco e o crocodilo”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Bágoas de crocodilo”, 11 xaneiro 2014, p. 34.

Recorda a figura do xornalista e poeta republicano Roberto Blanco Torres, asasinado no outono de 1936, en relación ao discurso que un emocionado Francisco Fernández del Riego lle dedicou co gallo da efeméride do Día das Letras Galegas de 1999.

**Blanco Valdés**, Juan L., “Filgueira”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Bágoas de crocodilo”, 26 xullo 2014, p. 39.

Co gallo da polémica suscitada tras o nomeamento de Xosé Filgueira Valverde como homenaxeado no Día das Letras Galegas, fala da conveniencia de valorar o esteticamente valioso fronte a continxencias bibliográficas. Exemplifícase a idea cos casos de Ramón María del Valle-Inclán, Pemán ou Álvaro Cunqueiro.

**Blanco Valdés**, Roberto, “La RAG, Filgueira, mi padre y los fariseos”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “El ojo público”, 13 xullo 2014, p. 20.

Crítica a actitude daqueles que se opoñen á elección do homenaxeado no Día das Letras Galegas do vindeiro ano e reflexiona sobre a posición política de Xosé Filgueira Valverde durante o franquismo.

**Blas**, Ceferino de, “El último chiste de Castelao”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, 9 xuño 2014, p. 15.

Lembra a traxectoria de Castelao como humorista gráfico de *Faro de Vigo*, e rescata o último dos seus “chistes”.

**Blas**, Ceferino de, “El intelectual que salvaguardó Pontevedra”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, 14 xullo 2014, p. 12.

Destaca o papel de Xosé Filgueira Valverde preservando o valor da cidade de Pontevedra e o da cultura galega, en oposición daqueles que critican a elección do mesmo como homenaxeado no Día das Letras Galegas polo seu pasado político.

**Blas**, Ceferino de, “Los excluidos de las Letras”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, 21 xullo 2014, p. 15.

Conta a xénese da creación da efeméride, a historia do Día das Letras Galegas e a mutación ideolóxica da Real Academia Galega iniciada nos anos sesenta que identifica a defensa da lingua e dos valores galegos coa esquerda. A este respecto, recóllese a opinión de Enrique Moreno Baez sobre a conveniencia de que cada ano se polarizase a celebración do Día das Letras Galegas cara a un dos grandes escritores galegos. Incídese en que as loitas de poder na institución fixeron que as decisións se basearan en criterios excluíntes –lingua e filiación política- que explican que autores como Valle-Inclán, Pardo Bazán ou Cela non teñan sido galardoados.

**Blas**, Ceferino de, “El secreto del vapor ‘Rita’”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, 25 agosto 2014, p. 14.

Fala da confirmación da residencia de Rosalía de Castro e o seu home en Vigo e explícanse os argumentos e probas que así poden mostralo.

**Bragado**, Manuel, “Carlos Oroza, poeta maior”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Campo de granada”, 28 xaneiro 2014, p. 25.

Informa da homenaxe celebrada no Balneario de Mondariz en homenaxe ao poeta Carlos Oroza co gallo do seu noventa aniversario e da publicación dunha edición popular de *Évame*. Repásase a traxectoria vital e literaria do autor e reivíndicase a súa estreita filiación coa cidade de Vigo.

**Bragado**, Manuel, “Medio inverno fóra”, *Faro de Vigo*, “Opini3n”, “Campo de granada”, 4 febreiro 2014, p. 25.

Explica a orixe do refr3n “Cando a Candeloria chora, medio inverno vai fóra”, e a historia da festa hom3nima que se celebra en varios lugares de Galicia.

**Bragado**, Manuel, “Vigo e Jules Verne”, *Faro de Vigo*, “Opini3n”, “Campo de granada”, 11 febreiro 2014, p. 25.

Alude ao traballo de investigaci3n do historiador Eduardo Rolland Etchevers *Verne en la bahía del tesoro*, publicado por Ediciones Paganel no ano 2013, salientando que recolle as notas que Verne redactou nas súas visitas a Vigo. Reclámase unha maior atenci3n á figura de Verne na cidade de Vigo, pois o autor francés é un dos máis importantes propagandistas da súa condici3n de cidade portuaria atlántica.

**Bragado**, Manuel, “Fen3meno Rosalía”, *Faro de Vigo*, “Opini3n”, “Campo de granada”, 25 febreiro 2014, p. 26.

Fai un balance das actividades celebradas co gallo da efeméride do Día de Rosalía e das publicacións e exposicións que se organizaron con motivo do sequiscentenario da saída do prelo de *Cantares gallegos*.

**Bragado**, Manuel, “Centenario do tranvía”, *Faro de Vigo*, “Opini3n”, “Campo de granada”, 19 agosto 2014, p. 20.

Co gallo da lembranza do centenario da inauguraci3n dos tranvías en Vigo, dáse conta dunha referencia ao tranvía fantasma citado por Xosé Luis Méndez Ferrín en “Testamento de Ghebo”.

**Braxe**, Lino, “Miguel González Garcés”, *La Opinión*, “Opini3n”, 15 decembro 2014, p. 13.

Cr3nica da homenaxe realizada na Biblioteca Púbrica de A Coruña a Miguel González Garcés, vinte e cinco anos despois da súa morte. Percorre a súa vida destacando as obras que publicou e as diferentes actividades que desenvolveu, e lembra que foi ant3logo de dúas pezas “fundamentais para a comprensi3n da poesía do século XX” e do seu traballo como poeta. Saliéntase o poemario *Un home só na néboa* por ser unha obra “portadora dunha complicidade única e irrepetible para cos sensibles e humildes”.

**Calaza**, Juan José R., “A propósito de Filgueira Valverde”, *Faro de Vigo*, “Opini3n”, 4 outubro 2014, p. 26.

Congratula, a propósito da polémica xurdida polo nomeamento de Xosé Filgueira Valverde coma homenaxeado polo Día das Letras Galegas, os intelectuais galegos que defenderon a proposta na prensa e rexeita as opini3ns dos nacionalistas que están en

desacordo coa decisión da Real Academia Galega. Fálase das consecuencias do decreto de 2007 sobre o Plan de Normalización da Lingua galega cuxas directrices considéranse perxudiciais para os intelectuais galeguistas que non son independentistas.

**Campo**, Marica, “Un soturno caimán”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, p. 27/ *El Progreso*, “Opinión”, p. 23, “A tecelá en outono”, 10 xaneiro 2014.

A propósito dos fatais incidentes ocorridos nas costas galegas pola imprudencia de persoas que se achegan en exceso aos acantilados, lémbrese versos de Bernardino Graña e personaxes de *Cousas de Castelao*.

**Campo**, Marica, “Resistencia”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”/ *El Progreso*, “Opinión”, “A tecelá en outono”, 31 xaneiro 2014, p. 27.

Co gallo da celebración da romaría de San Amaro, lémbrese a obra de Ramón Cabanillas, *O bendito San Amaro*.

**Campo**, Marica, “¡Aire!, que o aire me falta”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, p. 27/ *El Progreso*, “Opinión”, p. 31, “A tecelá en outono”, 21 febreiro de 2014.

A partir dun verso de *Follas novas* de Rosalía de Castro, fai unha denuncia explícita da pobreza dos países do Terceiro Mundo, da emigración de noso e da corrupción política e económica.

**Campo**, Marica, “Carta de Luísa Villalta”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, p. 25/ *El Progreso*, “Opinión”, p. 27, “A tecelá en outono”, 7 marzo 2014.

Co gallo de se cumpriren os dez anos do pasamento de Luísa Villalta, reivindicase a súa figura coma escritora e violinista, amén de animar á lectura da súa obra para rememoralala.

**Campo**, Marica, “Non é xusto, señores e señoras da Academia”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, p. 21/ *El Progreso*, “Opinión”, p. 29, “A tecelá en outono”, 18 abril 2014.

Reivindica a figura de Ricardo Carballo Calero como homenaxeado no Días das Letras Galegas 2015. Arguméntase a importancia da súa obra na historia da literatura galega e réstaselle importancia á escolla da normativa elixida polo autor para elaborar os seus materiais literarios.

**Campo**, Marica, “Alegrando a paxarela”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, p. 25/ *El Progreso*, “Opinión”, p. 29, “A tecelá de outono”, 26 setembro 2014.

Fala da celebración das xornadas internacionais de Literatura Galega baixo o auspicio da Universidade Complutense e mais da UNED das que se salienta a participación de Marga do Val, que presentou unha proba de que Rosalía de Castro tivo un irmán. Reflexiónase sobre o papel dos eruditos foráneos da investigación e divulgación da literatura galega en comparación os que residen en Galicia. Sinálase tamén a Carmen Mejía Ruiz, directora da revista *Madrygal*, coma unha das grandes divulgadoras da literatura galega .

**Campo**, Marica, “Maneiras de cruzar o río”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, “A tecelá en outono”, 31 outubro 2014, p. 25.

Lembra o título dun libro de Darío Xohán Cabana, *Canta de cerca a morte*, e fala de deixar de facer da morte un tabú e afrontala con maior naturalidade, actitude que se exemplifica coa de Begoña Caamaño.

**Caneiro**, Xosé Carlos, “Feliz negror”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “No ficción”, “Club dandi”, 28 febreiro 2014, p. 19.

Comenta o Premio Ramón Piñeiro de Ensaio do ano 2012, *Para que nos serve Galiza?* (Editorial Galaxia, 2013), un texto de Xaime Subiela do que se salienta o seu aperturismo. Infórmase das xornadas sobre novela negra celebradas no CCG e gaba a historia recente deste xénero en Galicia.

**Caneiro**, Xosé Carlos, “Como Alicia”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Ficción”, “Club dandi”, 14 marzo 2014, p. 20.

Comenta dúas novelas: *Dióxenes en Dolorida*, de Ignacio Vidal Portabales e *O sexo masculino dos anxos*, de Manuel Janeiro. Da primeira, trixésimo Premio Blanco Amor, destácase a orixinalidade do protagonista, o humor, a ironía e a prosa dinámica; da segunda, a dicción da súa prosa, a emotividade e o tratamento acertado do tempo histórico do final da ditadura franquista.

**Caneiro**, Xosé Carlos, “Mulleres”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Ficción”, “Club dandi”, 28 marzo 2014, p. 17.

Recomenda a lectura de dous libros: *O derradeiro libro de Emma Olsen*, de Berta Dávila, Premio de Narrativa Breve Repsol 2013, da que se destaca a madurez da súa escrita e o alto grao de elaboración literaria da novela; e *Moda galega reloaded* de María Reimóndez, que se considera unha riquísima contribución á poesía galega actual. Saliéntase a relevancia das mulleres na Galicia literaria actual.

**Caneiro**, Xosé Carlos, “Metempsicose”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “No ficción”, “Club dandi”, 11 abril 2014, p. 17.

Fala do gran talento dos autores galegos e da valía do sistema literario galego, que se sitúa á mesma altura doutros sistemas culturais e literarios normalizados. Destácase *Maternosofía*, de Inma López Silva, un relato sobre o proceso de maternidade cheo de candor e ironía e un humor finísimos, escrito con billantez ideomática. Tamén fala do poemario de Xavier Seoane, *Espiral de sombras*, que interpreta a historia de Galicia, un libro culto, metaliterario, que se sitúa na máis alta cultura lírica do país.

**Caneiro**, Xosé Carlos, “Hai que ler a Pereira”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “No Ficción”, “Club dandi”, 25 abril 2014, p. 18.

Pon de relevo a importancia de recuperar a obra de Antonio Pereira, destacando a súa brillantez por riba doutras literaturas de éxito actual que considera nalgúns casos de “débiles e frívolos”.

**Caneiro**, Xosé Carlos, “Revisitar”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “No Ficción”, “Club dandi”, 9 maio 2014, p. 18.

Destaca o dominio da lingua literaria galega por parte de Álvaro Cunqueiro, e lembra como o autor foi “minimizado” e “afastado do canon literario de Nós”, polas súas ideoloxía políticas.

**Caneiro**, Xosé Carlos, “Alta cultura”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Libros de verano”, “Club dandi”, 4 xullo 2014, p. 4.

Recomenda a lectura do libro *La caza de los intelectuales*, de César Antonio Molina e explica que o libro afonda nas relacións dos intelectuais e o poder.

**Caneiro**, Xosé Carlos, “Contra o país suicida”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, 29 xullo 2014, p. 15.

Enxalza a decisión de que a RAG lle dedicase o Día das Letras Galegas a Xosé Filgueira Valverde, a partir do seu compromiso coa lingua e cultura galegas, deixando de lado o cargo político a favor do franquismo que desempeñou durante a ditadura. Recordar asemade o volume *Testamento xeométrico* (1975), de Rafael Dieste; o personaxe Amalfitano da novela *2666* (2004), de Roberto Bolaño, e o Día das Letras Galegas dedicado a María Mariño en 2007.

**Caneiro**, Xosé Carlos, “Literatoides”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Agenda”, “Club dandi”, 26 setembro 2014, p. 9.

A partir dunha cita de Vicente Risco, fálase da arrogancia literaria e da falta de paixón dos novelistas galegos. Recoméndase a lectura de *Raiñas no meu xardín* de Manuel G. Trigo e *Caderno do Nilo* de Cesáreo Sánchez Iglesias.

**Canosa**, María, “Princesa”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Pingas de cristal”, 18 agosto 2014, p. 10.

Fala sobre as crianzas e os nomes cariñosos que reciben (princesas ou parrulas), o que lle vale para citar uns anacos de “A Marquesiña” de Castelao publicada en *Cousas*.

**Carreño**, Antonio, “Los espacios de la memoria: latexos e lembranzas”, *La Región*, “Opinión”, “Crónicas desde la Ribeira Sacra”, 10 maio 2014, p. 29.

Describe a obra de José Elías Ferreiro Álvarez, *Latexos e lembranzas* dando conta dalgunhas das composicións incluídas. Reproduce varios poemas do autor.

**Castaña**, Fernando, “Marcelino, poesía de un discapacitado”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 874, “Tribuna libre”, 31 marzo 2014, p. 3.

Dá noticia da publicación de *Alén do silencio*, antoloxía poética preparada por José Estévez López, e indica que se inclúen poemas de cento corenta e tres poetas de diversas partes do mundo. Destácase a participación de Marcelino Romero, a quen defende do menosprezo que sofre por parte dalgunhas persoas por ter unha discapacidade.

**Castiñeira**, Francisco X., “Día das letras bis”, *Diario de Arousa*, p. 36/ *Diario de Ferrol*, p. 20/ *El Ideal Gallego*, p. 22, “Opinión”, “Tirando bandeiras”, 20 xullo 2014.

Co gallo da polémica polo nomeamento de Xosé Filgueira Valverde como homenaxeado no Día das Letras Galegas, fai unha parodia da institucionalización e celebración do día e propón a creación doutro alternativo á marxe da efeméride oficial.

**Castro Ratón**, Xosé, “Negra sombra”, *Diario de Arousa*, “Opinión”, “Outra ollada”, 5 abril 2014, p. 23.

A partir dos versos máis coñecidos do poema “Negra sombra” de Rosalía de Castro, faise un retrato de asuntos de política actual que teñen como protagonista o ditador Teodor Obiang e a súa relación coas institucións españolas.

**Castro Ratón**, Xosé, “Festa da palabra escrita”, *Diario de Arousa*, “Opinión”, “Outra ollada”, 15 maio 2014, p. 25.

Co motivo da celebración do Día das Letras Galegas, recolle as razóns que levaron á celebración deste día a partir do ano 1963.

**Castro**, Víctor, *El Ideal Gallego*, “En Brión se expone la muestra de Cantargrafías, sobre la importante obra de Rosalía de Castro”, “Atalaya Mariñana”, 1 maio 2014, p. 20.



Anuncia a mostra “Cantargrafías” que contén 30 imaxes fotográficas e dous pirograbados sobre a obra de Rosalía de Castro.

**Cerviño González**, Francisco, “Literatura e política”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, 29 xullo 2014, p. 15.

Ofrece a súa opinión sobre a decisión da RAG de dedicar o Día das Letras Galegas a Xosé Filgueira Valverde centrándose en dúas facetas da biografía do estudoso: o labor literario e o político. Destaca a súa amizade co escritor Alexandre Bóveda, a creación do Museo de Pontevedra, o volume *Seis cantigas de amor “in modo antico”*. *Poemas galegos* (1941), e, doutra banda, a colaboración de Álvaro Cunqueiro na redacción de *Corona de sonetos para José Antonio Primo de Rivera* (1939).

**Cochón**, Luís, “Crónica dunha transición intransixente”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Tribuna libre”, 30 abril 2014, p. 43.

A propósito do II Premio Lueiro Rey de Poesía, faise referencia á publicación do libro de Manuel Lueiro, *Palabras, as miñas* (1985) que recolle os artigos publicados na prensa como cronista político na época da transición.

**Cochón**, Luís, “Vidal Bolaño ou o chapeu na carballeira”, *El Correo Gallego*, “2domingo”, “Lembranza”, 24 agosto 2014, p. 7.

Lembra os últimos anos de vida de Roberlo Vidal Bolaño en Santa Minia de Brión e faise unha semblaza da súa relación co teatro e a literatura dramática.

**Conde**, Alfredo, “A Literatura segue viva”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Os outros días”, 8 xaneiro 2014, p. 4.

Alude á presentación na librería Couceiro da novela publicada por Xerais *O bosque é grande e profundo* (2013), de Manuel Darriba. Destácase que, acompañado por Fran Alonso, editor, e por Diego Ameixeiras, compañeiro escritor, o autor falou da intencionalidade política do todo texto literario e recomenda a lectura da novela.

**Conde**, Alfredo, “¿E que sobra o traballo dalgún?”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Os outros días” 25 xullo 2014, p. 4.

Con motivo da dedicación do Día das Letras Galegas a Xosé Filgueira Valverde, rememora os seus anos como docente o ensino secundario en Pontevedra e do seu maxisterio. Fálase da conveniencia de que o Día das Letras Galegas celebre a obra literaria dos autores e autoras, co independencia da súa traxectoria política, pois apúntase que un proxecto de país se constrúe co esforzo colectivo.

**Conde**, Alfredo, “Dogmas endemoniados”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Los otros días”, 21 setembro 2014, p. 4.

Debate, a propósito da polémica xurdida pola escolla de Xosé Filgueira Valverde para o Día das Letras Galegas, sobre a conveniencia de respectar a valía da obra dos autores sen teren en conta as súa militancia política.

**Conde**, Alfredo, “La capacidad de narrar”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Los otros días” 22 outubro 2014, p. 4.

Fala da correspondencia entre Álvaro Cunqueiro e Alberto Casal así como da morte do xénero epistolar.

**Cora**, José de, “De libros en Madrid”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&análisis”, p. 15/ *El Progreso*, “Opinión”, p. 25, “El punto je”, 9 xuño 2014.

Describe unha das xornadas na Feira do Libro de Madrid e nomea a varios autores galegos presentes: Manuel Rivas, Marta Rivera ou César Antonio Molina, entre outros.

**Dacosta**, Henrique, “Alvares da nosa novela negra”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “La ventana”, 25 setembro 2014, p. 12.

Fala da historia e vixencia do xénero da novela negra no sistema literario galego.

**Dacosta**, Henrique, “A esmorga’: un filme para facer país”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “La ventana”, 20 novembro 2014, p. 10.

Co gallo da celebración dunha táboa redonda na galería de Sargadelos de Ferrol, que contou coa presenza do director do filme *A Esmorga*, faise unha análise minuciosa da película.

**Dacosta**, Henrique, “Chamábanlle a ‘Anarquista’”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “La ventana”, 31 decembro 2014, p. 12.

En primeiro lugar, comenta o relato “A marquesiña” incluído no libro *Cousas* (1926) de Castelao. Refírese ao relato como un poema narrativo con ritmo e música. Cita un fragmento e sinala que a repetición paralelística de “chámanlle a marquesiña” mantén a tensión básica do texto. Deseguido, fala da novela *O anarquista*, de Leandro Pita Romero, publicada en Lar en 1924 e apunta o éxito deste xénero na época. Ao cabo dá conta do argumento da obra, centrada nos abusos caciquís producidos no agro galego.

**Díaz**, Caetano, “A nobreza do (derradeiro?) mohicano”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Cartas asombradas”, 14 setembro 2014, p. 6.

Dirixe a Manuel Rivas para loar a súa escrita en galego, o seu galeguismo activo e a súa defensa da lingua e cultura galegas.

**Díaz-Fierros Viqueira**, Francisco, “Sementador fecundo da terra galega”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, p. 28/ *La Opinión*, “Sociedad, cultura y ocio”, p. 35, 13 xullo 2014.

Argumenta os motivos da elección de Xosé Filgueira Valverde como homenaxeado no Día das Letras Galegas, poñendo de relevo o valor e significación da súa obra.

**Dopico**, Montse, “Renovar o pensamento”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 517, “Reportaxe”, 30 outubro 2014, p. VII.

Fala da historia do ensaio no sistema literario galego e da evolución que vive o xénero na actualidade, tanto nas publicacións en papel coma en internet.

**Eiré**, Afonso, “Rematar coas Letras Galegas”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Enfiando”, 18 maio 2014, p. 3.

Salienta que a Xunta de Galicia está a acabar co libro en galego por culpa da falta de apoio económico á edición e agora co plan de dixitalización do libro de texto co que se porá en mans das multinacionais a edición dixital de libros en galego.

**Enríquez**, Rosa, “Sobre ruínas”, *La Región*, “Opinión”, 17 abril 2014, p. 21.

Do poemario de Rábade Paredes, *Sobre ruínas* (Alvarellos Editoria, 2013), destaca o intento de reivindicar o loito pola perda da Galiza rural e o retrato dos síntomas dunha sociedade galega que persevera no esquecemento.

**Enríquez**, Rosa, “Corpos transitivos”, *La Región*, “Opinión”, 19 xuño 2014, p. 23.

Destaca o discurso, a “mestría na construción do poema”, e a ironía, característicos no poemario *Corpos transitivos*, de Elvira Riveiro.

**Enríquez**, Rosa, “Letras Galegas 2015”, *La Región*, “Opinión”, 24 xullo 2014, p. 26.

Recolle algúns fragmentos dunha entrevista que se fixo a Xosé Filgueira Valverde sobre Franco na que se fala da relación entre ambos. Apúntase o cinismo de Filgueira na medida en que non amosou arrepentimento ou vergonza por colaborar co réxime, en contraposición á figura de Bóveda. Sinálase que a connivencia do intelectual pontevedrés co réxime franquista imposibilita a empatía da sociedade galega coa decisión da Real Academia Galega de homenaxear a súa figura no Día das Letras Galegas, sobre todo se se pensa noutros autores que non teñen sido honrados coma Carvalho Calero.

**Enríquez, Rosa**, “Mediocridade”, *La Región*, “Opinión”, 21 agosto 2014, p. 19.

Fala da mediocridade da literatura galega á que fai referencia Dolores Vilavedra en *BiosBardia* e reivindicase a capacidade das escritoras para valorar a calidade do que escriben, sen teren en conta a aprobación ou indiferenza dun sistema cultural tan endogámico coma o galego.

**Enríquez, Rosa**, “A esmorga”, *La Región*, “Opinión”, 16 outubro 2014, p. 25.

Fala do estreno no 19º Festival de Cine Internacional de Ourense da película *A esmorga* dirixida por Ignacio Vilar.

**Estévez, José**, “Alén do silencio”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Tribuna libre”, 5 febreiro 2014, p. 43.

Anuncia a publicación de *144 voces no firmamento literario con luz propia*, explica a súa xénese e agradécelles aos poetas e ás institucións a súa participación.

**Fernández Areal, Manuel**, “Filgueira, sí”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “De aquí y de allá”, 15 xullo 2014, p. 2.

Faise un alegato a favor do nomeamento de Xosé Filgueira Valverde como escritor homenaxeado no Día das Letras Galegas. Alúdese ao artigo de opinión no que Marcelino Agís consigna os méritos literarios e lingüísticos do polígrafo pontevedrés, a quen a Universidade de Vigo nomeou doutor honris causa antes do seu pasamento. Faise unha gabanza as persoas que publicamente felicitaron á Real Academia Galega pola decisión.

**Fernández Areal, Manuel**, “El galleguismo de Filgueira”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “De aquí y de allá”, 5 agosto 2014, p. 2.

Dá conta da publicación do número 51 da revista *Museo de Pontevedra* en 1997 que recolle a primeira parte das tres que constituíron a homenaxe escrita a Xosé Filgueira Valverde a instancias do Patronato do Museo. Afirmase que Filgueira practicou un galeguismo sen odio, pacífico e benéfico, polo que respalda a decisión da Real Academia Galega de dedicarlle o Día das Letras Galegas xa que non é apropiado mesturar inxustamente as conviccións políticas persoais cos méritos literarios esixíbeis.

**Fernández, Frutos**, “A propósito de ‘pulpo’”, *La Región*, “Opinión”, 9 xaneiro 2014, p. 25.

Apóstase pola pertinencia da inclusión da voz “pulpo” no dicionario da Real Academia Galega, que se argumenta con datos literarios e históricos.

**Fernández**, Frutos, “Necrofilia cultural”, *La Región*, “Opinión”, 3 xullo 2014, p. 24.

Co motivo do trinta e cinco aniversario do pasamento de Eduardo Blanco Amor, critica a celebración excesiva de homenaxes a autores, que en moitos casos non foron valorados en vida. Destaca a necesidade de reeditar e publicar aquelas obras que axudan a afondar no coñecemento destes autores, pero oponse a estas celebracións que califica de “oportunismo baleiro”.

**Fernández López**, Ángel, “O gran poeta de Paradela”, *El Progreso*, “Sarria”, 19 decembro 2014, p. 18.

Sobre a figura de Manuel Oreste Rodríguez López, salienta que é un “poeta que canta nos seus versos as necesidades das xentes máis humildes, dentro dunha sociedade caracterizada polas desigualdades, a pobreza e a inxustiza”. Recóllese varios fragmentos das súas obras centrados na defensa da lingua galega, o amor por Galicia e concretamente por Paradela. Afirmase que o escritor comeza a ser coñecido e valorado grazas aos certames literarios que convoca o Concello de Paradela.

**Fernández Prieto**, Lourenzo, “Filgueira e o pasado incómodo”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, 15 xullo 2014, p. 15.

Rexéitase a postura de quen critica o nomeamento de Xosé Filgueira Valverde como autor homenaxeado no Día das Letras Galegas por tres motivos: identificar a lingua e cultura galegas con determinadas opcións políticas que non logran ser maioritarias; insitir na idea de que a guerra foi perdida polos demócratas, a esquerda e o galeguismo leva a unha metáfora da derrota; e a forma e as propostas que xorden da crítica recordan ás estratexias resistencialistas dalgúns sectores do nacionalismo dos anos setenta e oitenta que inciden na marxinalidade da que lle custou saír.

**Ferreiro**, Celso, “Filgueira Valverde y los ‘enemigos’ de la Real Academia Gallega”, *La Opinión*, “Opinión”, “Desde Los Cantones”, 25 xullo 2014, p. 27.

Sinala a polémica desatada arredor da designación de Filgueira Valverde coma figura homenaxeada no Día das Letras Galegas, e critica a falta de formación académica e intelectual dos máis recentes membros da Academia. Solicítase que sexa a RAG que asuma o traballo de política lingüística que se atopa actualmente dispersado en institucións diversas e deféndese a conveniencia de homenaxear a Xosé Filgueira Valverde.

**Ferro Ruibal**, Xesús, “Filgueira O Grande: Galicia inmensa”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “De cotío”, 8 agosto 2014, p. 15.

Fai un repaso polo curriculum académico e literario de Filgueira Valverde para dar conta de súa grande extensión e diversidade que o define coma o escritor enciclopédico da cultura galega.

**Ferro Ruibal**, Xesús, “Filgueira Valverde e a lingua galega”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “De cotío”, 13 agosto 2014, p. 15.

Fai un percorrido polos logros académicos, literarios e eruditos de Xosé Filgueira Valverde no ámbito da cultura galega dende a súa primeira conferencia impartida aos dezasete anos até a súa defensa nas Cortes da introdución do galego no sistema escolar como lingua vehicular en 1974, pasando pola creación do Seminario de Estudos Galegos, a descuberta do *Vocabulario galego* de Olea, a creación do Instituto P. Sarmiento de Estudos Gallegos e da editorial dos Bibliófilos Gallegos. Apunta que o seu traballo no Instituto de Pontevedra, no Museo e na Alcaldía foron ferramentas a prol da galegitude.

**Ferro Ruibal**, Xesús, “Filgueira e as artes galegas”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Tribuna”, 18 agosto 2014, p. 12.

Trata algúns dos logros literarios e académicos de Xosé Filgueira Valverde respecto da literatura infantil, do estudo da literatura medieval galega e do seu traballo no eido da música. Apunta que en 2015 vaise publicar a reedición dixital dos poemas musicados de Rosalía, Cabanillas ou Celso Emilio Ferreiro que os grandes compositores españois cantaron nos Festivais de Música Gallega que organizou en Pontevedra cando era alcalde. Saliéntase o saber enciclopédico de Filgueira e a súa prodixiosa memoria que lle permitía situar calquera feito histórico en relación multidisciplinar.

**Ferro Ruibal**, Xesús, “Filgueira, a esquerda e a dereita”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “De cotío”, 26 agosto 2014, p. 16.

Defende o traballo de Xosé Filgueira Valverde, autor homenaxeado no Día das Letras Galegas, a prol da lingua e literatura galegas durante o franquismo ante quen, pola súa participación na administración política franquista, o rexeitan. Afirmase que era de dereitas pero analízanse actos e publicacións súas que indican que respectou e axudou á esquerda.

**Franco**, Fernando, “Luz de Tebra está que se sale”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 4 xaneiro 2014, p. 11.

Fálase da proxección internacional na prensa de *Luz de Tebra*, de Ángel Vázquez de la Cruz, un feixe de historias autobiográficas cuxa trama se sitúa en Tui, Santiago, Vigo e A Coruña.

**Franco**, Fernando, “Doce canciones gallegas”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 14 xaneiro 2014, p. 10.

Dá conta da publicación do libro e cedé da soprano viguesa Begoña Salgueiro que inclúe textos poéticos de Cabanillas, Risco e outros autores galegos.

**Franco**, Fernando, “Celso Emilio, en el corazón”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 21 xaneiro 2014, p. 11.

Crónica dun acto organizado pola Asociación Galego Bolivariana Hugo Chavez na Cada del Libro, centrado na etapa venezolana da poesía de Celso Emilio Ferreiro.

**Franco**, Fernando, “Oroza se fue al balneario”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 29 xaneiro 2014, p. 10.

Refírese á noticia da homenaxe dedicada ao poeta Carlos Oroza que tivo lugar no Balneario de Mondariz.

**Franco**, Fernando, “A Xela Arias, que admiramos”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 13 marzo 2014, p. 11.

Lembranza de Xela Arias co gallo da homenaxe que o Instituto Álvaro Cunqueiro lle fixo á poeta polo décimo aniversario do seu pasamento.

**Franco**, Fernando, “O sexo masculino dos anxos”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 20 marzo 2014, p. 12.

Dá conta presentación do libro de Manuel Janeiro, *O sexo masculino dos anxos* (Editorial Galaxia, 2013). Menciona os participantes no acto e sinala que se abriu cunha peza breve de teatro.

**Franco**, Fernando, “A Cecebre por Wenceslao”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 17 abril 2014, p. 9.

Explica que o doutor en Literatura Española en Estados Unidos, Santiago Vilas, trasladouse até Cecebre para conmemorar o centenario do aniversario da chegada de Wenceslao Fernández Flore ao citado pobo.

**Franco**, Fernando, “El pueblo recita en el calvario”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 21 maio 2014, p. 10.

Describe as actividades que se desenvolveron no XI Certame de Poesía en Galego organizado pola Asociación de Veciños do Calvario.

**Franco Grande**, X. L., “Situacións de desconcerto”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Soleira”, 24 febreiro 2014, p. 11.

Céntrase na tradución do título da novela de Fernando Namora *O trigo e o joio*, a partir dunha anécdota autobiográfica con Celso Emilio Ferreiro e Rafael Morales.

**Franco Grande**, X. L., “Entre inquisidores e talibáns”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Soleira”, 21 xullo 2014, p. 13.

Defende o non colaboracionismo de Xosé Filgueira Valverde coa ditadura franquista: sinalase a súa defensa do ensino en galego nas Cortes franquistas; que non foi nomeado polo réxime para a alcaldía de Pontevedra; que sempre se negou a facer o saúdo fascista; que nunca compuxo poemas de gabanza a Franco e que non pertenceu á Fiscalía de Taxas. Indica que para o autor é vergoñento que por ideas ou condutas se rexeite a súa figura coma homenaxeado no Día das Letras Galegas.

**Franco Grande**, X. L., “Coa axuda de Filgueira”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Soleira”, 11 agosto 2014, p. 13.

Trata os distintos camiños que tomaron quen participaron no galeguismo: mentres que uns pensaban que o que cumpría era estar preparados para cando o sistema se viñera abaixo, outros, como Xosé Filgueira Valverde, crían na posibilidade de influír dende dentro do sistema para chegar a pequenos logros. Apunta que, pese as diverxencias, o obxectivo era común. Indica que o autor acusa a quen rexeitan a candidatura de Filgueira de non coñecer nin o saber enciclopédico do polígrafo pontevedrés, nin o seu compromiso coa lingua e cultura galegas.

**Franco Grande**, X. L., “Desprezo pola cultura”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Soleira”, 25 agosto 2014, p. 13.

Con motivo da reflexión sobre o desprezo pola cultura, sinala a polémica pola concesión a Xosé Filgueira Valverde da homenaxe no Día das Letras Galegas argumentando que, aqueles que rexeitan a candidatura, non valoran o traballo a prol da lingua e cultura do autor pontevedrés.

**Freixanes**, Víctor F., “Toda a luz do mundo”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Vento nas velas”, 5 xaneiro 2014, p. 17.

Informa da publicación no prelo da Universidade de Santiago dunha edición facsimilar dun texto de Francisco Fernández del Riego, a cargo de Henrique Monteagudo, sobre o movemento estudantil e universitario de Compostela no tempo da Segunda República.

**Freixanes**, Víctor F., “Cristina Novoa”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Vento nas velas”, 22 xuño 2014, p. 21.



Fai referencia a todas as mulleres que tiveron un papel destacado na esfera pública do galeguismo, destacando a Cristina Novoa debido ao seu falecemento, quen participou na Editorial Galaxia e na colección Illa Nova.

**Freixanes**, Víctor F., “Pepe Cal”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Vento nas velas”, 19 outubro 2014, p. 17.

Fai unha semblanza da vida de Pepe Cal co gallo do seu pasamento: infancia, as relacións familiares, militancia política, o galeguismo e o seu carácter persoal.

**Freixanes**, Víctor F., “Sherezade”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Vento nas velas”, 2 novembro 2014, p. 22.

Con motivo da morte da xornalista e escritora Begoña Caamaño, fálase das súas novelas e da súa aportación, dende a ollada feminina, á literatura galega actual.

**García-Bodaño**, Salvador, “A AELG 34 anos despois”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “No pasar dos días”, 31 agosto 2014, p. 3.

Dá conta do financiamento que a Deputación da Coruña ofreceu á Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega e descríbese con detalle a actividade cultural que desenvolve.

**García Carragal**, Ángel, “Marín, vinculación con Rosalía de Castro”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, 12 maio 2014, p. 12.

Comenta a polémica xurdida en Marín para nomear a súa Alameda co nome da escritora galega Rosalía de Castro.

**García Carragal**, Ángel, “Marín rememora a ‘Sempre en Galiza’”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, 9 xuño 2014, p. 14.

Transcribe, como homenaxe ás sete décadas que se cumpren da publicación de *Sempre en Galiza* de Castelao, un dos textos que describe o amor dos galegos pola súa terra. Ademais, recolle varias opinións sobre a influencia e importancia da citada obra.

**García Iglesias**, José Manuel, “Con Filgueira”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Notas de actualidade”, 17 xullo 2014, p. 2.

Defende a elección de Xosé Filgueira Valverde coma homenaxeado no Día das Letras Galegas e argumenta que o merecemento é incuestionábel se se atende á labor literaria que desenvolveu a prol da lingua e cultura galegas ao longo da súa vida. Pregunta se a obra de Filgueira tería sido mellor se houbo militado contra o franquismo.

**García Negro**, María do Carme, “Herexías e a RAG”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, p. 13/ *El Progreso*, “Opinión”, p. 23, 21 xullo 2014.

Denuncia que se pon en cuestión a liberdade de opinión daqueles librepensadores da sociedade galega por rexeitaren a decisión da Real Academia Galega de dedicar o Día das Letras a Xosé Figueira Valverde.

**García Negro**, María Pilar, “Os pinos de Pondal”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Tribuna”, 20 febreiro 2014, p. 18.

Rebate as ideas de Francisco Vázquez expostas nun artigo anterior publicado no mesmo periódico sobre o pensamento político de Eduardo Pondal. Explicase o contexto histórico que determina a españolización que amedrenta os rexionalistas galegos na Restauración, e acúsase a o ex-alcalde da Coruña de desprezo pola cultura galega.

**García Negro**, María Pilar, “Iletrados e bárbaros”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 15 xullo 2014, p. 15.

Rexéitanse os adxectivos descalificativos cos que algúns críticos e escritores galegos retrataron ás persoas que critican a elección de Xosé Filgueira Valverde como autor homenaxeado no Día das Letras Galegas 2015. Faise un percorrido polos cargos políticos que ocupou nos anos da ditadura franquista nos que se desprezou a lingua e cultura galegas. Incídese en que durante os anos nos que Filgueira dirixiu o Museo de Pontevedra non puido expoñerse a obra de Castelao.

**Gómez Blanco**, José, “Filgueira Valverde”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Tribuna libre”, 17 xullo 2014, p. 4.

Fala do cuestionamento da idoneidade da candidatura de Xosé Filgueira Valverde como figura honrada na celebración do Día das Letras Galegas. Críticase aos detractores da candidatura, ponse en dúbida a lexitimidade de representación da Mesa pola Normalización Lingüística e dos militantes do Bloque Nacionalista Galego, acusados de arrogárense a esencia do galeguismo. Por último, denuncia a publicación do comunicado de Xesús Alonso Montero no que se considera que serviu para aclarar o seu propio voto.

**Gómez Blanco**, José, “De nuevo, Filgueira Valverde”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Tribuna libre”, 15 agosto 2014, p. 38.

Como resposta ao artigo publicado por Marcos Maceiras, sobre a improcedencia de dedicarlle o Día das Letras Galegas a Xosé Filgueira Valverde, fai unha serie de puntualizacións sobre a etapa franquista que inciden na idea de que durante a posguerra houbo que facer un país de novo en medio da penuria. Atribúeselle o mérito aos intelectuais que como Filgueira quedaron no país e cuestión a lexitimidade da representatividade da Mesa pola Normalización Lingüística na consideración do que é ou non é galeguista.

**González Macías, Fernando**, “Un ‘Dezasete de maio’ para la polémica”, *La Opinión*, “Opinión”, “Al trasluz”, 8 xullo 2014, p. 22.

Destaca a polémica desatada tras a decisión dos académicos de dedicar o Día das Letras Galegas de 2015 a Xosé Filgueira Valverde e presenta os motivos polos cales existe a oposición de parte de determinados sectores.

**González Martínez, Xosé**, “Na bandeira unha estrela e no bico un cantar”, *La Región*, “Opinión”, 7 febreiro 2014, p. 22.

Dá noticia da publicación de *De Voces Ceibes a Milladoiro*, de Antón Seoane, que define como un exercicio memorístico que explica as orixes e artellamento de movemento popular da canción galega hai corenta anos.

**González Martínez, Xosé**, “Blanco Amor connosco”, *Atlántico Diario*, 7 abril 2014, p. 14/ *Diario de Pontevedra*, Opinión&Análisis, 3 abril 2014, p. 26/ *El Progreso*, 17 abril 2014, p. 32/ *La Región*, 4 abril 2014, p. 24, “Opinión”.

Explica como se xestou a convocatoria do Premio de Novela Blanco Amor. Dedicadas unhas liñas a describir algúns actos conmemorativos realizados pola primeira convocatoria do premio, no ano 1981.

**González Martínez, Xosé**, “Empresarios e académicos”, *Atlántico Diario*, “Opinión”, 24 abril 2014, p. 22/ *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, 22 abril 2014, p. 24/ *El Progreso*, “Opinión”, 27 abril 2014, p. 34/ *La Región*, 23 abril 2014, p. 24, “Opinión”.

Comenta que o Foro E. Peinador propúxolle a Real Academia Galega a posibilidade de dedicar o Día das Letras 2015 a Enrique Peinador Lines ou a Isidro Parga Pondal coa intención de que o discurso da galegitude sexa transversal.

**González Martínez, Xosé**, “En Salceda de Caselas trabállase polo futuro da nosa lingua”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, 26 maio 2014, p. 20/ *El Progreso*, “En Salceda de Caselas trabállase polo futuro da nosa lingua”, 5 xuño 2014, p. 34. *La Región*, “Salceda de Caselas e a nosa lingua”, “Opinión”, 29 maio 2014, p. 30.

Destaca a iniciativa levada a cabo polo Concello de Salceda de Caselas, “En galego, agora e sempre”, e explica a necesidade de estimular a presenza do galego en máis ámbitos a parte do literario.

**González Martínez, Xosé**, “Alexandre Bóveda detrás dunha porta de aluminio”, *El Progreso*, “Opinión”, 24 agosto 2014, p. 25/ *Faro de Vigo*, “Esquelas/Cierre”, “Tribuna del lector”, 25 agosto 2014, p. 57.

Con motivo da celebración anual do Día da Galiza Mártir dedicado á memoria de Alexandre Bóveda, incídese na necesidade de mellorar o actual mausoleo, carente de valor arquitectónico, que conserva os restos do galeguista. Reclámase que a Fundación Alexandre Bóveda e o Concello de Pontevedra se sumen á iniciativa da Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística no Día da Restauración da Memoria Lingüística e busquen no cemiterio de San Amaro outro emprazamento para os restos de Alexandre Bóveda acorde coa súa relevancia histórica.

**González Tosar**, Luís, “Cunqueiro en Salman Rushdie”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 556, “Letras en galego”, “Retrato en sepia”, 25 xaneiro 2014, p. 9.

Relata a historia da visita de Salman Rushdie a Compostela co gallo da celebración do Congreso Mundial de Escritores en 1993, explícase o risco que supuxo a súa visita, pois estaba xa condenado a morte en Irán, e subliñase o interese do escritor pola figura e a obra de Cunqueiro.

**González Tosar**, Luís, “Con ollos de entusiasmo”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “No ficción”, “Retrato en sepia”, 7 febreiro 2014, p. 18.

Salienta a importancia da obra do intelectual García-Sabell co gallo da presentación na RAG do libro de Ramón López Vázquez titulado *Domingo García-Sabell e a fenomenoloxía*.

**González Tosar**, Luís, “A Fisterra do poeta”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “No ficción”, “Retrato entre liñas”, 4 abril 2014, p. 17.

Dá noticia da publicación de *Fisterra, a derradeira perla de occidente*, de Modesto Fraga. Saliéntase, na súa faceta de poeta, o seu dominio da lira amorosa e do libro que se comenta destaca a maxia e a emoción do relato, así como os datos inéditos que achega.

**González Tosar**, Luís, “Palabra cósmica”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Ficción”, “Retrato entre liñas”, 13 xuño 2014, p. 17.

Leva a cabo unha viaxe pola traxectoria literaria de Francisco Xavier Carro Rosende, co gallo da saída ao prelo da súa novela *Tempo ordinario (Historias de Compostela)* (2014) en Edicións Follas Novas, na colección “Libros da Frouma”. Tras traer á memoria certas xeracións de escritores e escritoras composteláns como a dos poetas das Festas Minervais ou a da Nova Narrativa, menciona algunhas novelas como *Palabra de Honor* (1967), de Arcadio López-Casanova ou *Cambio en tres* (1969), de Carlos Casares, coa fin de introducir as de *As calexas do cigurath* (1973) e *A obra literaria de Eduardo Blanco-Amor* (1993), de Carro Rosende, das que salienta a imaxinación aldea do autor, xunto ás historias traxicómicas e de carácter insólito presentes na súa narrativa.

**González Tosar**, Luís, “América”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “No ficción”, “Retrato entre liñas”, 25 xullo 2014, p. 21.

Incide na idea de que no se teñen estudado abondo os corenta anos que Eduardo Blanco Amor viviu en Buenos Aires nin as súas viaxes polo continente onde impartiu conferencias, cursos en universidades, escribiu artigos e contactou cos galegos.

**González Tosar**, Luís, “Bóvedas e Blancos, todos Amor”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Retrato entre liñas”, 11 xuño 2014, p. 18.

Fala das relacións existentes entre Eduardo Blanco Amor e os seus irmáns, e destaca a presenza dos mesmos nos seus escritos, desmentindo as posíbeis fracturas entre os Bóveda Amor e os Blanco Amor.

**González Tosar**, Luís, “Páramo feliz”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Ficción”, “Retrato entre liñas”, 15 agosto 2014, p. 10.

Trae á memoria a figura do poeta Arcadio López Casanova co gallo da amizade que lles une. Recorda a visita feita á terra natal do poeta, O Páramo, na que percorre os lugares onde o poeta pasou a nenez e a adolescencia. Salienta varios lugares e alude, por último, ao poema “Un ar limpo de outono...”.

**González Tosar**, Luís, “FV e os da América”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “No ficción”, “Retrato entre liñas”, 12 setembro 2014, p. 10.

Dá conta da boa relación que tivo Xosé Filgueira Valverde cos nacionalistas galegos exiliados nos países hispanoamericanos, a quen nunca calificaron de traidor colaboracionista polos seus cargos políticos e administrativos durante a ditadura franquista.

**González Tosar**, Luís, “Amiga cómplice”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “No ficción”, “Retrato entre liñas”, 10 outubro 2014, p. 12.

Dá conta da relación persoal con Nélida Piñón a partir dun encontro en Toronto no 54º Congreso Internacional de PEN. Descríbese o carácter da escritora e a súa relación con Galicia.

**González Tosar**, Luís, “Ela e mais eu”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Retrato entre liñas”, 31 outubro 2014, p. 10.

Fala de Úrsula Heinze con motivo da lembranza da participación no Interntional PEN de 1989 en Maastricht. Lo a escritora alemá da que destaca o seu compromiso coa lingua e literatura galegas.

**González Tosar**, Luís, “Churrianas”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “No ficción”, “Retrato entre liñas”, 7 novembro 2014, p. 10.

Dá conta da estrea do filme dirixido por Ignacio Vilar, *A esmorga*, e fálase da presenza da prostitución na literatura.

**Iglesias**, Bieito, “Dar na tella”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Pan e coitelo”, 10 xullo 2014, p. 41.

Convida a analizar os méritos literarios e mais filosóficos dos elixidos para celebrar o Días das Letras Galegas deixando á marxe outro tipo de consideracións, e fai referencia a algúns dos escritos do homenaxeado no 2015.

**Jaboís**, Manuel, “Sabino Torres”, *El Mundo*, “Opinión”, “Apuntes en sucio”, 20 agosto 2014, p. 2.

Fala da figura de Sabino Torres e da historia da colección Benito Soto que publicou nos anos corenta, en pleno franquismo, poemas de posguerra en galego.

**Jaureguizar**, Santiago, “A platónica República das Letras”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 30 marzo 2014, p. 84/ *El Progreso*, “Vivir”, 29 marzo 2014, p. 58, “Cultura”, “Cidade xardín”.

Sinala a presenza de escritores e escritoras nos partidos políticos galegos e, a raíz da novela *Nueva York con Normal Mailer*, trátase a cuestión do compromiso político do intelectual.

**Jaureguizar**, Santiago, “Unha enchente de apelidos vascos”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 6 abril 2014, p. 82/ *El Progreso*, “Vivir”, 5 abril 2014, p. 64, “Cultura”, “Cidade xardín”.

A propósito do progresivo prestixio que alcanzaron as cifras fronte á palabra comprensíbel dende a crise económica, dáse conta do espectáculo Eurozone, de Chévere.

**Jaureguizar**, “Cuatro esquinitas tiene mi cama”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 18 maio 2014, p. 84/ *El Progreso*, “Vivir”, 17 maio 2014, p. 68, “Cultura”.

Recolle as verbas de Manuel Guede, Avelino González e Celso Parada, en torno ao actual panorama do teatro galego.

**Jaureguizar**, Santiago, “Rosalía, modelo para armar”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 13 abril 2014, p. 76/ *El Progreso*, “Vivir”, 12 abril 2014, p. 72, “Cultura”, “Cidade xardín”.

Co gallo da mostra “Apostolado galaico” na Sala X de Pontevedra, reflexiónase sobre a carencia de iconas na cultura galega. No ámbito da literatura, refírese á figura de Rosalía de Castro, a construción dun mito que cadaquén achega ao modelo que máis lle convén.

**Jaureguizar**, Santiago, “Amancio Prada e Biblos lembran o paso de Lorca por Galicia en 1932”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, p. 84/ *El Progreso*, “Vivir”, p. 66, “Cultura”, “Cidade xardín”, 31 maio 2014.

Explica que Amancio Prada canta no seu disco *Federico García Lorca, poeta en Galicia*, os seis poemas escritos polo autor tras a súa estadía en Galicia.

**Jaureguizar**, Santiago, “O ano que eliximos perigosamente”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, p. 76 /*El Progreso*, “Vivir”, p. 52, “Cultura”, “Cidade xardín”, 13 xullo 2014.

Reflexiona sobre os argumentos daqueles que están en desacordo coa elección de Xosé Filgueira Valverde para o Día das Letras Galegas 2015. Destaca a súa labor investigadora e divulgadora e explica as discrepancias existentes entre os intelectuais debido ao pasado político de Filgueira Valverde.

**Jaureguizar**, Santiago, “Un día para que o celebren e ‘traballen’ os escolares e as axencias de viaxes”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Cidade xardín”, 12 xullo 2014, p. 52.

Comenta as verbas de Raimundo González ao cuestionar a elección do homenaxeado no Día das Letras Galegas 2015 pola dificultade de ser traballado nas aulas.

**Jaureguizar**, Santiago, “A Rentriña, un combate a doce asaltos”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Cidade xardín”, 6 setembro 2014, p. 60.

Fala de varias novelas galegas (*Olympia*, 1934, de Xabier López, ou *Historia da bicicleta do home lagarto*, de Fina Casalderrey) nas que se trata o tema da Guerra Civil Española e da Segunda Guerra Mundial.

**Jaureguizar**, Santiago, “O irmán de Rosalía subiría a audiencia”, *El Progreso*, “Vivir”, 20 setembro 2014, p. 60/ *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 21 setembro 2014, p. 84, “Cultura”, “Cidade xardín”.

Fala da posíbel existencia dun irmán de Rosalía de Castro, idea baseada na análise das memorias de Luis Tobío Campos. Dáse conta da celebración na Universidade de Vigo do noveno ciclo Escritores na Universidade e do que se salienta a participación de Leticia Costas e Manuel Portas, quen disertaron sobre o proceso de escritura da novela contemporánea; Rosalía Fernández Rial e Samuel L. París tamén trataron o tema da influencia da poesía dos anos oitenta.

**Jaureguizar**, Santiago, “Uns calzóns postos de luns a domingo”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 12 outubro 2014, p. 84/ *El Progreso*, “Vivir”, 11 outubro 2014, p. 62, “Cultura”, “Cidade xardín”.

Apunta a sobredimensión da figura de Castelao, de quen se opina que tivo méritos coma político e humorista mais careceu dunha visión de Galicia coa abstracción e globalidade precisas. Debátese sobre o futuro do sistema literario galego.

**Larrauri**, Pedro, “Rosalía y ‘Castellanos de Castilla’: una manipulación xenófoba”, *Atlántico Diario*, “Opinión”, 23 xuño 2014, p. 15.

Critica o emprego dos versos de Rosalía de Castro como unha “declaración política” daqueles que defenden “unha ideoloxía xenófoba” contra os que pertencen a culturas foráneas a galega.

**Limia de Gardón**, Xabier, “Baldo Ramos & Carlos G. Villar”, *La Región*, “Ourense”, “Arte et alia”, 31 marzo 2014, p. 7.

Comentario centrado na exposición “Onde beben os cervos que amasou o calígrafo” no Centro Cultural Marcos Valcárcel e na publicación do libro artesanal que compendia cinco gravados e outros tantos poemas de Carlos G. Villar e Baldo Ramos, respectivamente. Destácase a permeabilidade e a interinfluencia do traballo, ademais da súa gran calidade artística.

**Limia de Gardón**, Xabier, “Blanco Amor, mundo Tosar”, *Atlántico Diario*, 2 decembro 2014, p. 19/ *La Región*, 1 decembro 2014, p. 6, “Opinión”, “Arte et alia”.

Realiza unha crónica da homenaxe pública e laica no cemiterio de San Francisco a Blanco Amor, “o gran literato de Ourense que tivo pouca sorte cos tempos que lle tocou vivir”, tendo como marco as pezas de obra plástica de Acisclo Manzano dedicadas ao ourensán. Destaca as críticas das que foi vítima o escritor con motivo da súa orientación sexual e informa de que Eugénio González Tosar, “paladín de Eduardo Modesto Blanco Amor no XXXV aniversario do seu pasamento”, e Marcos Valcárcel traballaron para o recoñecemento público do autor ourensán. Anuncia a realización dun triduo cultural no Liceo coa presenza de escritores, estudosos, e a presentación d’*A moneca de Blanco Amor* de María Xosé Queizán.



**Lizancos**, Plácido, “En febreiro tres aniversarios: Pondal, Rosalía e Concepción Arenal”, *La Opinión*, “Opinión”, 12 febreiro 2014, p. 22.

Con motivo do aniversario de tres figuras relevantes da intelectualidade galega, Eduardo Pondal, Rosalía de Castro e Concepción Arenal, destácase a importancia das súas obras na historia do pensamento e da literatura en Galicia.

**López Silva**, Inma, “Bosques de Mondariz”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Caleidoscopio”, 24 agosto 2014, p. 16.

Percorre a historia de Mondariz-Balneario, cos irmáns Peinador á cabeza, e alude á presenza de Ramón Cabanillas neste concello.

**López Silva**, Inma, “Mar Maior”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Caleidoscopio”, 24 outubro 2014, p. 16.

Fala da posta en marcha do proxecto editorial Mar Maior que pretende espallar a cultura galega no exterior. Saliéntase que a literatura galega traspasou fronteiras durante a emigración, característica que hai que aproveitar positivamente.

**López Silva**, Xosé Antonio, “No barco de Mar Maior”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “De profundis”, 22 outubro 2014, p. 35.

Dá conta da presentación na Casa do Lector en Madrid do proxecto editorial Mar Maior que ten como obxectivo proxectar a cultura galega no mundo en calquera soporte e en calquera lingua.

**López Silva**, Xosé Antonio, “Circe no autobús”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “De profundis”, 5 novembro 2014, p. 42.

A partir da reflexión sobre os modos de lectura dixitais fronte aos libros en papel, conta unha anécdota que fai referencia ao falecemento de Begoña Caamaño e ás súas novelas.

**Loureiro**, Ramón, “Lo que no pasa”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 554, “Letras no ficción”, “Velut umbra”, 11 xaneiro 2014, p. 5.

Reflexiona sobre o eterno presente da inmortalidade a partir do Belén de Nadal do imaxineiro ferrolán Alfredo Martín, que recreu en dioramas a vida de Rosalía de Castro.

**Loureiro**, Ramón, “De la escritura”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Ficción”, “Velut umbra”, 28 marzo 2014, p. 16.

Dá noticia da saída ao prelo de tres libros: *Paradise* de Ramón Pernas, gañador do Premio Azorín, da que indica que é unha novela sobre a difícil arte de existir e a

presencia da morte; o segundo, *A ferida da beleza en “Nimbos”*, ensaio do teólogo Segundo Leonardo Pérez López centrado no redescubrimento das raíces da transcendencia do poeta Díaz Castro; e, por último, *Addis Addis*, de Carlos Agulló.

**Loureiro**, Ramón, “Salir del agua”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Ficción”, “Velut umbra”, 11 abril 2014, p. 19.

Fálase da nova obra de Bernargo Atxaga publicada en Alfaguara, *Días de nevada*, e destácase o amor pola súa lingua e a súa terra e a súa faceta de gran conversador.

**Loureiro**, Ramón, “Tal vez a lápiz”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Ficción”, “Velut umbra”, 2 maio 2014, p. 19.

Dá a coñecer a publicación do último poemario de Manuel Álvarez Torneiro, *Onde nunca é mañá*.

**Maceira**, Marcos, “Día das Letras Galegas vivo e frutífero como a lingua”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, p. 28 / *La Opinión*, “Sociedad, cultura y ocio”, p. 35, 13 xullo 2014.

Crítica a elección de Xosé Filgueira Valverde, como homenaxeado no Día das Letras Galegas 2015, pola seu pasado como dirixente político na ditadura franquista.

**Maceira**, Marcos, “Un exemplo para quen?”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, 29 xullo 2014, p. 15.

Crítica a decisión da Real Academia Galega de nomear a Xosé Filgueira Valverde para o Día das Letras Galegas 2015, tomando como punto de partida o alto cargo político que desempeñou durante a ditadura franquista e o que iso supuxo para a cultura e lingua galegas.

**Martínez Sevilla**, J. A., “Entre el rencor y la concordia”, *El Ideal Gallego*, “Opinión”, “La columna”, 10 xullo 2014, p. 24.

Destaca o impulso institucional e cultural de Xosé Filgueira Valverde en favor da lingua galega, e critica a aqueles que se opoñen a elección deste como homenaxeado no Día das Letras Galegas.

**Martínez Sevilla**, J. A., “El Ensanche, kilómetro cero”, *Diario de Arousa*, p. 22/ *El Ideal Gallego*, p.24, “Opinión”, “La columna”, 19 agosto 2014.

Fala da participación de Urbano Lugrís na revista “Atlántida” publicada na Coruña nos anos da posguerra.

**Méndez Ferrín, X. L.**, “Na morte do alalá”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Os camiños da vida”, 3 xaneiro 2014, p. 23.

Lamenta a morte do alalá en Galicia, que cualifica de canto solitario e ancestral do país, a partir dunha anécdota das vidas de Celso Emilio Ferreiro e Xosé Reza na súa visita á Casa da Moura, un dolmen enorme na Nosa Señora de Anamán.

**Méndez Ferrín, X. L.**, “Na procura de Jules Verne”, *Faro de Vigo*, “El sábado”, n.º 841, “No fondo dos espellos”, 4 xaneiro 2014, p. 4.

Breve referencia á publicación do volume *Historias, mitos e monstros do mar en Galicia*, as *Actas da VI Xornada de Literatura da Tradición Oral* da Asociación de Escritores en Lingua Galega. Pídese a colaboración do lector na busca do libro de Eduardo Rolland sobre unhas notas inéditas de Jules Verne sobre a súa visita a Vigo.

**Méndez Ferrín, X. L.**, “Vigo e a Historia”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Os camiños da vida”, 10 xaneiro 2014, p. 22.

Denuncia o espolio artístico e cultural do patrimonio cultural vigués, auspiciado hai anos pola política municipal, e destacan as figuras de Algel Ilarri, X. M<sup>a</sup>. Álvarez Blázquez ou o arquitecto Garrido como persoeiros preocupados en inverter esta tendencia e ensinar aos vigueses que a súa cidade ten Historia.

**Méndez Ferrín, X. L.**, “Salutación da pintura submarina de Urbano Lugrís”, *Faro de Vigo*, “El sábado”, n.º 842, “No fondo dos espellos”, 11 xaneiro 2014, p. 4.

Refírese á tradución ao galego de *Vingt mille lieues sous les mers* de Jules Vernes na editorial Ir indo a cargo de Llerena Perozo Porteiro e Mercedes Pacheco Vázquez, con portada ártabro-surrealista de Lugrís. Saliéntase a importancia da función argumental da Ría de Vigo na arquitectura narrativa da novela.

**Méndez Ferrín, X. L.**, “Fidel en Navy Bar”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Os camiños da vida”, 17 xaneiro 2014, p. 25.

Lembranza dedicada ao poeta Manuel Antonio en relación a un bar de Vigo, o Commerce, no que hai cincuenta anos entraron Méndez Ferrín, X. L. F. Testa, Manuel Germande e Perfeuto Balado, un nove de xaneiro cando, o Exército Rebelde de Fidel Castro entrara na Habana, ao que recoñece coma referente intelectual. Cóntase que lle mudaron o nome ao bar polo de Nayy Bar, en memoria de Manuel Antonio.

**Méndez Ferrín, X. L.**, “De Jules Verne e de Pondal”, *Faro de Vigo*, “El sábado”, n.º 843, p. 4/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 437, contracuberta, “No fondo dos espellos”, 18 xaneiro 2014.

Compara a obra de Jules Verne e a de Eduardo Pondal en tanto que veneran a memoria dos mesmos revoltados contra a opresión imperialista.

**Méndez Ferrín**, X. L., “Ponte do Capitán Nemo”, *Faro de Vigo*, “*El sábado*”, n.º 844, “No fondo dos espellos”, 25 xaneiro 2014, p. 4.

Cpnta unha serie de sucesos protagonizados polo profesor Aronnax e mais Nemo, da novela *20.000 leguas baixo dos mares* de Jules Verne, que acontecen na illa de San Simón e na Ría de Vigo. Reivindícase que a actual ponte de Rande reciba o nome de *Ponte do Capitán Nemo*, como homenaxe ao personaxe de Nemo pola súa conduta de apoiar as loitas de liberación dos pobos co ouro dos galeóns de Rande.

**Méndez Ferrín**, X. L., “Merlín e familia”, *Faro de Vigo*, “*El sábado*”, n.º 848, p. 4/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 442, contracuberta, “No fondo dos espellos”, 22 febreiro 2014.

Percorre a historia do personaxe de Merlín na literatura europea, dende a fixación da súa imaxe en tres obras de Geoffrey of Monmouth escritas en latín na Inglaterra do século XII, até a súa proxección na obra de J. R. R. Tolkin, pasando por Cunqueiro ou Valle-Inclán.

**Méndez Ferrín**, X. L., “Con Escocia”, *Faro de Vigo*, “*El sábado*”, n.º 849, p. 4/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 443, “No fondo dos espellos”, contracuberta, 1 marzo 2014.

Tras aludir a lingua e á literatura de Escocia como país colonizado, rememora a presenza de Escocia na obra de Pondal e na educación sentimental de varias xeracións de adolescentes galegos a través da figura de Sir William Wallace das novelas de Walter Scott.

**Méndez Ferrín**, X. L., “Entroidos superpostos”, *Faro de Vigo*, “*Opinión*”, “Os camiños da vida”, 14 marzo 2014, p. 27.

A partir do comezo de *Maxina ou a filla espúrea*, de Marcial Valladares, fala da presenza do Entroido na literatura galega. Alerta da non conveniencia de mesturar as figuras tradicionais do Entroido galego cos novos disfraces imaxinativos.

**Méndez Ferrín**, X. L., “O Vigo literario de Alberto Casal”, *Faro de Vigo*, “*El sábado*”, n.º 851, “No fondo dos espellos”, 15 marzo 2014, p. 4.

Co gallo do pasamento de Alberto Casal Rivas, lembra a actividade literaria e intelectual do Vigo do anos cincuenta que tivo como protagonistas autores como Cunqueiro, Álvarez Blázquez, Castroviejo ou Paz Andrade, entre outros.

**Méndez Ferrín**, Xosé Luís, “Decía la señorita Kent...?”, *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 446, “No fondo dos espellos”, 22 marzo 2014, contracuberta.

Aborda a figura de Castelao dende a perspectiva do anecdotario sociopolítico que circulaba por Pontevedra na década dos anos cincuenta. Ofrecense datos que aseguran a veracidade dalgunhas anécdotas e a consideración do intelectual, político e debuxante como mito urbano.

**Méndez Ferrín, X. L.**, “Cunqueiro e a intelixencia laica”, *Faro de Vigo*, “*El sábado*”, n.º 858, p. 4/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 451, contracuberta, “No fondo dos espellos”, 3 maio 2014.

Lembra como Álvaro Cunqueiro defendeu nunha columna d’*El Progreso*, o poema que o escritor italiano Salvatore Quasimodo lle dedicara ao satélite ruso Sputnik, e que fora ridiculizado no seu tempo.

**Méndez Ferrín, X. L.**, “Bóveda poético”, *Faro de Vigo*, “*El sábado*”, n.º 863, p. 4./ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 456, contracuberta, “No fondo dos espellos”, 14 xuño 2014.

Fala da celebración, no Centro Social “O carneiro alado” de Lugo, do nacemento de Alexandre Bóveda. Lembra que no ano 1946 o Consello de Galiza instituíu o 17 de agosto, día no que Bóveda foi asasinado, como o Día dos Mártires Galegos. Tomando este dato como referente, fai un breve percorrido pola traxectoria política de Bóveda.

**Méndez Ferrín, X. L.**, “Castelao é noso. Un”, *Faro de Vigo*, “*El sábado*”, n.º 866, p. 4/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 459, contracuberta, “No fondo dos espellos”, 5 xullo 2014.

Lembra como no ano 1953 chegou a el o exemplar de *Sempre en Galiza*, cando a citada obra circulaba unicamente na clandestinidade, e o que significou a lectura da mesma no seu convencemento da necesidade de autodeterminación de Galiza.

**Méndez Ferrín, X. L.**, “Castelao é noso. Dous”, *Faro de Vigo*, “*El sábado*”, n.º 867, p. 4/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 460, contracuberta, “No fondo dos espellos”, 12 xullo 2014.

Comenta como en 1968 un grupo de emigrantes galegos “próximos a Franco” quixo facer unha homenaxe a Castelao, considerándoo como “un intento da dereita (...) de apoderarse da figura de Castelao” e explica como “a pluma satírica de Celso Emilio Ferreiro” e mais a voz de Miro Casabella, conseguiron desbaratar o intento.

**Méndez Ferrín, X. L.**, “A Esmorga’ en cine”, *Faro de Vigo*, “*Opinión*”, “Segunda feira”, 1 decembro 2014, p. 14.

A propósito da adaptación cinematográfica da novela *A esmorga* (1959) de Eduardo Blanco-Amor, comenta que contén trazos do que Cela denominou “tremendismo”, toma tipos da tradición ourensá de Álvarez de Novoa Lamas e Pérez Placer e “achégase á violencia gratuíta tal e como aparecera en Camus”. A seguir salienta que se trata dunha

“historia circular e itinerante” pola cidade de Auria e sinálase que a novela sufriu as consecuencias da censura franquista e só puido ser publicada integramente en Bos Aires por Luís Seoane. Destácase que Blanco-Amor quixo afastarse con esta obra do “aldeanismo de Fole e da fantasía idealista da prosa de Cunqueiro”. Con respecto ao filme cita o seu director e os actores protagonistas, precisando que ten episodios que se viron mellorados, como o da boneca e o fidalgo, e así mesmo escenas convencionais que se afastan do espírito do texto coma as do prostíbulo.

**Mera**, Manuel, “Moito máis ca un xantar”, *La Región*, “Opinión”, 8 abril 2014, p. 25.

Lémbrese o aniversario do Banquete de Conxo de 1856, acontecemento histórico para a clase obreira galega no que se destacan as figuras do poeta Aurelio Aguirre, Eduardo Pondal, Rodríguez Seoane ou Rosalía de Castro.

**Miragaya**, Carlos, “La casa natal de Carvalho Calero en Ferrol”, *Diario de Arousa*, p. 25/ *Diario de Ferrol*, p. 21/ *El Ideal Gallego*, p. 24, “Opinión”, “A fondo perdido”, 4 abril 2014.

Denuncia a situación de abandono da casa natal de Ricardo Carballo Calero en Ferrol e o incumprimento por parte das autoridades municipais de levar adiante a súa rehabilitación.

**Neira Vilas**, Xosé, “Asun, poeta do mar”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “De todo un pouco”, 19 xaneiro 2014, p. 2.

Faise un percorrido pola traxectoria literaria da poeta buenense Asun Estévez e infórmase da presentación do seu último poemario, *Medrar nas mans*.

**Neira Vilas**, Xosé, “Emigrantes”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “De todo un pouco”, 19 xaneiro 2014, p. 2.

Tras varias citas de poetas como Rosalía de Castro, Curros Enríquez ou Castelao sobre a emigración en Galicia, fálase da actual riada migratoria da mocidade galega a partir do ano 2008. Estabelécense as diferenzas entre esta e a da segunda metade do século pasado, e laméntase que o país perda unha xeración con formación universitaria que supón unha forza laboral técnica necesaria.

**Neira Vilas**, Xosé, “O legado de Antón”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “De todo un pouco”, 20 abril 2014, p. 2.

Anuncia a incorporación do legado literario de Antón Pérez Prado á Fundación Penzol de Vigo. Faise un breve percorrido pola súa traxectoria vital e profesional e destácase o seu amor por Galicia.

**Neira Vilas**, Xosé, “Vintecinco anos”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “De todo un pouco”, 4 maio 2014, p. 2.

Dá conta do acto conmemorativo celebrado en Oleiros tras os vintecinco anos da inauguración do instituto de bacharelato que leva o seu nome.

**Neira Vilas**, Xosé, “Fóisenos Rexino”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “De todo un pouco”, 10 agosto 2014, p. 2.

Alude ao seu libro *Galegos no Golfo de México* para falar dun mariñeiro galego, Manuel Varela, e do seu sobriño, Rexino Varela, en quen se centra neste artigo co gallo do seu pasamento.

**Neira Vilas**, Xosé, “Lembranza de Pepe Velo”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “De todo un pouco”, 24 agosto 2014, p. 2.

Lembra a figura de Xosé Velo, dende a súa militancia nas Mocidades Galeguistas até o asalto do transatlántico Santa María. Entre os recordos, cita a tradución de Rosalía de Castro que Pepe Velo realizou ao portugués.

**Neira Vilas**, Xosé, “Cartas”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “De todo un pouco”, 7 setembro 2014, p. 2.

Fala da importancia da correspondencia como sistema de comunicación na emigración galega en América. Destácase a publicación dos volumes que recollen o epistolario entre Neira Vilas e Celso Emilio Ferreiro, Valentín Paz Andrade, Francisco Fernández del Riego ou Isaac Díaz Pardo.

**Neira Vilas**, Xosé, “Castelao no pico Sacro”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “De todo un pouco”, 14 setembro 2014, p. 2.

Rememora a estancia de Castelao na Estrada, terra da súa muller Virxinia Pereira, no contexto duns actos onde se leu o *Alba de Groria*. O autor lembra a lectura na súa mocidade bonaerense do *Sempre en Galiza*.

**Nicolás**, Ramón, “Tecía palabras”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 28 outubro 2014, p. 40.

Valora a importancia da obra de Begoña Caamaño dentro da literatura galega logo da súa recente morte.

**Nogueira**, María Xesús, “Outra Rosalía”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, p. 25/ *El Progreso*, “Opinión”, “Un falar”, p. 33, 25 xaneiro 2014.

Comenta a novela de Pedro Feijoo, *A memoria da choiva*, que inscribe no contexto da conmemoración dos cento cincuenta anos da publicación de *Cantares gallegos* de Rosalía de Castro. Sinala que a narración, do xénero da novela negra, salienta os episodios escuros no tratamento que a figura de Rosalía recibiu na cultura galega.

**Nogueira**, María Xesús, “A poesía”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, p. 25/*El Progreso*, “Opinión”, p. 29, “Un falar”, 22 marzo 2014.

Co gallo da celebración do Día Mundial da Poesía, fala da súa presenza como xénero no sistema literario galego. Contrapón o extraordinario prestixio do que goza no patrimonio e identidade galegas ao escaso éxito de lectura que cotiza fóra do ámbito académico.

**Nogueira**, María Xesús, “Violencia de xénero e poesía”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, p. 21/*El Progreso*, “Opinión”, p. 27, “Un falar”, 10 maio 2014.

Explica a súa intervención no Curso de Primavera da Facultade de Humanidades que versou sobre o tema da violencia na cultura e na historia, e dá conta da súa contribución que consistiu no estudo do tratamento da violencia de xénero na poesía asinada por mulleres.

**Nogueira**, María Xesús, “Viaxe a Pontivy”, *El Progreso*, “Opinión”, “Un falar”, 23 agosto 2014, p. 29.

Fálase da literatura de viaxe a partir dos textos de Álvaro Cunqueiro.

**Nogueira**, María Xesús, “Un conto triste”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, p. 23/*El Progreso*, “Opinión”, p. 31, “Un falar”, 27 setembro 2014.

Co gallo da polémica xurdida polo proxecto de reforma da lei do aborto, fálase de dous relatos de Castelao sobre a maternidade frustrada e das indicacións autorais sobre a tristura e comicidade dos contos.

**Nogueira**, María Xesús, “A poesía, os nomes e a memoria”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, p. 25/*El Progreso*, “Opinión”, p. 27, “Un falar”, 25 outubro 2014.

Fala da función da literatura, en especial da poesía, como antídoto contra a desmemoria grazas á exhaustividade da onomástica que lembra o nomes das persoas represaliadas que a historia oficial quixo borrar.

**Nogueira**, María Xesús, “O libro que chegou tarde”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, p. 23/*El Progreso*, “Opinión”, p. 31, “Un falar”, 25 outubro 2014.



Co gallo do falecemento da xornalista e escritora Begoña Caamaño, fai unha semblanza das dúas novelas que publicou –*Circe ou o pracer do azul* e *Morgana en Esmelle*– que tratan dúas claves temáticas coñecidas: as lendas homéricas e a materia de Bretaña dende un punto de vista feminino e solidario.

**Nogueira**, María Xesús, “Volver á ‘Esmorga’”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, p. 25/ *El Progreso*, “Opinión”, p. 35, “Un falar”, 6 decembro 2014.

Comenta a adaptación cinematográfica da novela *A esmorga* (1959) de Eduardo Blanco Amor. Destaca a arquitectura que o escritor ourensán construíu para narrar a historia, fundamentalmente polos silencios que corresponden ás palabras do xuíz ao longo do interrogatorio. Critica de maneira positiva a lingua empregada no filme e afirma que o traballo lingüístico realizado “podería constituír un modelo para o audiovisual galego”.

**Novoa**, Tino, “Na noite escura”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “En la frontera”, 20 agosto 2014, p. 12.

Fai referencia ao editor dos poemas de Federico García Lorca en galego, Ánxel Casal, na lembranza dos asasinatos da Guerra Civil española.

**Otero**, David, “24f de Rosalía de Castro”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 839, “Tribuna libre”, 24 febreiro 2014, p. 3.

Co gallo do Día de Rosalía de Castro, gaba a figura da autora como símbolo da identidade lingüística e nacional do pobo galego.

**Pazo Blanco**, Xosé Manuel, “Carvalho Calero: por que non?”, *Diario de Ferrol*, “Opinión”, “O pinguelo”, 10 xuño 2014, p. 20.

Explica que o 25 de marzo de 2015 cumpríranse vinte e cinco anos do pasamento de Carvalho Calero e comenta a posibilidade de que a Real Academia Galega dedique o ano 2015 ao autor ferrolán.

**Pena**, Xosé Ramón, “Pondal en versión Sir Paco”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “De bolina”, 22 febreiro 2014, p. 26.

Rebate as ideas expostas nun artigo anterior publicado por Francisco Vázquez sobre a ideoloxía de Eduardo Pondal, a quen define como un convencido defensor da unidade e a integridade de España. Alúdese a un estudo publicado pola RAG e a Editorial Sotelo Blanco no que se demostrou que Pondal puxou por unha Unidade Ibérica.

**Penedo**, José Luis, “¿Pulpo o polbo?”, *La Región*, “Opinión”, 9 xaneiro 2014, p. 25.

Dedica o artigo á polémica sobre o uso de *pulpo* ou polbo e asegura que Curros Enríquez, Rosalía ou Álvaro Cunqueiro optarían por dicir *pulpo*.

**Pereiro**, Xosé Manuel, “Filgueira e a segregación”, *La Opinión*, “Página dos”, “si home si”, 12 xullo 2014, p. 2.

Fai unha reflexión sobre as consideracións que levan á Real Academia Galega a elixir os homenaxeados no Día das Letras Galegas.

**Piñeiro**, Antonio, “34 horas en tren”, *La Región*, “Opinión”, “Ourensalia”, 18 febreiro 2014, p. 22.

Fálase da existencia, a partir dunha carta que Manuel Curros Enríquez lle envía a Luis de Magalhães, dun tren que a finais do século XIX tardaba 34 horas en facer o traxecto de Madrid a Ourense, xa que pasaba por Portugal.

**Piñeiro**, Antonio, “Casares”, *La Región*, “Opinión”, “Ourensalia”, 11 marzo 2014, p. 23.

Co gallo da inauguración do roteiro dedicado a Carlos Casares en Ourense, felicítase a Javier Casares polo seu cargo de novo presidente do Liceo da cidade.

**Piñeiro**, Antonio, “Platero e Curros”, *La Región*, “Opinión”, “Ourensalia”, 3 abril 2014, p. 25.

A partir dun documento divulgado por Henrique Monteagudo, fala da admiración que Unamuno sentía pola obra de Curros e da referencia que do poeta de Celanova fai Juan Ramón Jiménez en *Platero y yo*, libro do que se celebra o seu centenario. A este respecto, pregúntase sobre se na actualidade, co Estado das Autonomías, haberá escritores das comunidades castelánfalantes que lean obras nas linguas cooficiais.

**Piñeiro**, Antonio, “¿De quen é Castelao?”, *La Región*, “Opinión”, “Ourensalia”, 5 xullo 2014, p. 27.

Crítica a actitude que Xosé Manuel Beiras Torrado tivo con respecto á homenaxe que o Parlamento de Galicia realizou co motivo da celebración dos sesenta anos da publicación de *Sempre en Galiza*, de Castelao.

**Piñeiro**, Antonio, “Referendos”, *La Región*, “Opinión”, “Ourensalia”, 10 xullo 2014, p. 27.

Reflexiona en torno á polémica existente pola elección de Xosé Filgueira Valeverde como homenaxeado no Día das Letras 2015, e destaca o carácter privado da RAG e polo tanto a responsabilidade da mesma para elixir a aqueles que considere oportunos.

**Piñeiro**, Antonio, “Curros e Feijóo”, *La Región*, “Opinión”, “Ourensalia”, 23 agosto 2014, p. 21.

Fala da obra de teatro que Curros Enríquez redactou e que leva o título d’*El Padre Feijóo, loa dramática en un acto y en verso*. Cóntanse as circunstancias na que se escribiu e se levou a escena.

**Piñeiro**, Antonio, “Celanova ten un vento”, *La Región*, “Opinión”, “Ourensalia”, 30 agosto 2014, p. 27.

Transcrebe os versos de Celso Emilio Ferreiro, sobre o vento de Celanova, co gallo da celebración de varios concertos de música na vila.

**Piñeiro**, Antonio, “Marcos e Otero”, *La Región*, “Opinión”, “Ourensalia”, 16 decembro 2014, p. 27.

Informa da concesión a Marcos Valcárcel, a título póstumo, da medalla que reconece a súa traxectoria. Coméntanse as palabras do propio Marcos Valcárcel, cando recibiu o Premio Otero Pedrayo, sobre a intención de difundir a obra de. Afirmase que “Otero debía ser lido por todos” e que se debe reivindicar xa que “foi un dos grandes clásicos do mundo europeo do século vinte”.

**Ponte Hernando**, Fernando, “Filgueira y García Alén”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “A toda vela”, 23 xullo 2014, p. 31.

Destaca o traballo de Xosé Filgueira Valverde e Alfredo García Alén á fronte do Museo de Pontevedra na segunda metade da década dos setenta: fálase do traballo sobre cultura galega que se facía ou do bo trato que ambos dispensaban aos becarios e aos investigadores que traballaron alí. Deféndese a candidatura de Filgueira como homenaxeado no Día das Letras Galegas e reclámase que se lle dedique tamén no futuro a García Alén.

**Ramos**, Fernando, “Mis recuerdos de Alberto Casal”, *Atlántico Diario*, “Opinión”, 20 marzo 2014, p. 24.

Con motivo do seu pasamento, fálase do xurista Alberto Casal, de quen se destaca a súa relación con escritores e intelectuais como Cunqueiro, Paz-Andrade, Fernández del Riego que o vinculou de xeito especial con José María Castroviejo, amizade sobre a que se recollen diversas anécdotas humorísticas.

**Ramos Castro**, David, “Carta al poeta Antón Borrazas (Descanse en la poesía)”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “La ventana”, 17 setembro 2014, p. 10.

Dedica unha carta ao poeta Antón Borrazás con motivo do seu falecemento e na que se relatan as vivencias compartidas na cidade da Coruña.

**Reigosa**, Carlos G., “Blanco Amor”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 554, “Vagalume”, 11 xaneiro 2014, p. 10.

Lembra a confesión da dor de Blanco Amor pola falta de recoñecemento entre os membros da Real Academia Galega. Opina que a institución principou tarde a reparación do dano ao dedicarlle o Día das Letras Galegas en 1993 e apóstase por saldar a débeda que o mundo da cultura galega ten con el.

**Reigosa**, Carlos G., “Fernández Flórez”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Ficción”, “Vagalume”, 7 febreiro 2014, p. 19.

Recorda a figura de Wenceslao Fernández Flórez, de quen destaca a súa faceta como cronista, co humor por arma literaria e xornalística, en particular o seu traballo *Acotaciones de un oyente*, sobre as sesións do Congreso, que se publicaron en *ABC* entre 1916 e 1933 por encargo de Torcuato Luca de Tena.

**Reigosa**, Carlos G., “Berces do humor”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Ficción”, “Vagalume”, 4 abril 2014, p. 18.

Expón a idea da supremacía humorística de Galicia e fala de autores como Fernández Flórez, Umbral, Cunqueiro ou Castelao como exemplos da variedade e densidade humorística galega.

**Reigosa**, Carlos G., “O noso realismo máxico”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Ficción”, “Vagalume”, 8 agosto 2014, p. 12.

Fala do “realismo máxico”, concepto que tanta fortuna fixo en América latina e advírtese que na literatura galega xa existía tal categoría estética. Apúntase que foi José Antonio Durán o primeiro que chamou a atención sobre o feito de que as narracións de Valle-Inclán e Castelao tiñan moita semellanza coas dos cultivadores americanos do realismo máxico. Sinálase que foi Cunqueiro con quen o realismo máxico galego acadou a máis alta expresión.

**Reigosa**, Carlos G., “Os valores de Filgueira”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Querido mundo”, 18 agosto 2014, p. 11.

Con motivo da non comparecencia de Xosé Filgueira Valverde no consello de guerra que condenou a morte a Alaxandre Bóveda, fala do medo instaurado nos anos da guerra civil que impedía ás persoas que desexaban ir declarar nun xuízo a favor da vítima, cuestión sobre a que se relata un caso particular ocorrido en Mondoñedo.

**Reimóndez**, Luis, “O discurso de Isaac”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 825, “Dende a miña aldea”, 10 febreiro 2014, p. 3.

Dá noticia da decisión da vila de Boiquexón de nomear Fillo Adoptivo do concello a Xosé Neira Vilas. A este respecto relata o acto que se celebrou o nove de outubro de 1982 en Gres, organizado por Manuel Reimóndez Portela, para homenaxear públicamente a Neira Vilas.

**Rego Nieto**, Manuel, “San Pedro de Moreiras”, *La Región*, “Opinión”, 22 agosto 2014, p. 30.

Transcribe os versos que Lamas Carvajal dedicou a San Pedro de Moreiras, a cuxa descrición histórica, cultural e etnográfica, se dedica o artigo.

**Requeixo**, Armando, “No centenario de Cilistro”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 512, 25 setembro 2014, cuberta.

Fala da figura de Celestino Fernández de la Vega de quen se destaca a súa faceta como ensaísta e tradutor. Reclámase a elección do seu nome para homenaxealo no Día das Letras Gelegas e o estudo e recompilación da súa obra.

**Requeixo**, Armando, “Francisco L. Bernárdez: entrando en materia”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”, p. 27/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, n.º 852, p. 33/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 852, p. 33, “letras Atlánticas”, 26 outubro 2013.

Ponse a valor a figura do escritor porteño-galego Francisco L. Bernárdez, poeta e ensaísta en galego. Faise un percorrido pola súa traxectoria vital e literaria, con especial atención a súa relación co galeguismo.

**Rodríguez**, Carlos Luis, “Una Biblia interpretable”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “A bordo”, 6 xullo 2014, p. 2.

Co motivo do sesenta aniversario da publicación de *Sempre en Galiza*, de Castelao, destácase a capacidade do autor para chegar a “alma do país” a través da súa obra. Explicase que o autor chegou á política obrigado polas circunstancias da época.

**Rodríguez**, Adrián, “Olvidar a Filgueira”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí!”, “Pontevedreando”, 24 outubro 2014, contracuberta.

Critica a decisión do Concello de Pontevedra de non impulsar actos con motivo da celebración do Día das Letras Galegas 2015 dedicado a Filgueira Valverde pola súa relación co réxime franquista. Ademais acúsaos de esquecer outros autores como Valle-Inclán ou Torrente Ballester.

**Sarille**, Xosé Manuel, “Non hai nacións de esquerdas”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Pan e coitelo”, 8 xullo 2014, p. 2.

Debido a elección de Xosé Filgueira Valverde como homenaxeado no Día das Letras Galegas do 2015, crítica a actitude da Real Academia Galega considerando que “á maioría dos académicos resúltalles satisfactoria esta cultura agónica e sulbalterna”.

**Sarille**, Xosé Manuel, “Filgueira para principiantes”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Pan e coitelo”, 26 agosto 2014, p. 2.

Acusa a quen rexeitan a homenaxe a Xosé Filgueira Vaverde polo Día das Letras Galegas de non teren lido nada da súa obra.

**Senén**, Felipe, “De cociña e cocido galego”, *La Opinión*, “Opinión”, “O labirinto do alquimista”, 16 febreiro 2014, p. 30.

Percorre a obra de autoras e autores como Pardo Bazán ou Cunqueiro en cuxos libros, *Cocina española antigua* e *A cociña galega*, aparece mencionado o cocido galego.

**Senén**, Felipe, “As filloas”, *La Opinión*, “Opinión”, “O labirinto do alquimista”, 23 febreiro 2014, p. 32.

Artigo centrado na historia das filloas en Galicia, no seu recetario e na súa presenza na cultura galega. Lembra as palabras de Cunqueiro que amosan a súa predilección polas filloas.

**Senén**, Felipe, “Tamén desafiuzado o patrimonio cultural labrego”, *La Opinión*, “Opinión”, “O labirinto do alquimista”, 9 marzo 2014, p. 28.

Lembranza da figura de Benigno Eiriz López, e do que se gaba o seu propósito por conservar o seu importante legado da cultura material labrega, petición desatendida polas institucións locais pola que si se interesou Alija del infantado, en León, onde se abriu o Museo Etnográfico Eiriz López en 2001. Ante o seu peche, crítica de novo o desinterese da Administración galega para a súa recuperación.

**Senén**, Felipe, “O testamento de Díaz Pardo”, *La Opinión*, “Opinión”, “O labirinto do alquimista”, 16 marzo 2014, p. 30.

Céntrase aa historia de Sargadelos, no traballo dos intelectuais galegos na época da ditadura a prol da cultura galega e reproduce longos fragmentos de Díaz Pardo nos que se denuncia o acoso e declive do tecido empresarial e cultural que implica a marca.

**Senén**, Felipe, “Canteiras, canteiros e canteirías”, *La Opinión*, “Opinión”, 22 xuño 2014, p. 32.

Dá conta do papel relevante que a pedra ten na cultura galega dende o punto de vista arquitectónico, monumental e mesmo como símbolo da identidade galega, destacando a obra de Castelao, *As cruces de pedra na Galiza e As cruces de pedra na Bretaña*.

**Senén**, Felipe, “A Academia, un ‘Día’, Filgueira e outros”, *La Opinión*, “Opini3n”, 20 xullo 2014, p. 25.

Introduce de cheo a polémica sobre a elecci3n de Xosé Filgueira Valverde como homenaxeado do Día das Letras Galegas e fala igualmente da cidade de Pontevedra, do seu Museo e dos cargos políticos desempeñados por Filgueira, desexando que se clarifiquen todas as contradicci3ns existentes sobre a súa persoa.

**Senén**, Felipe, “Francisco Carballo, vello sabio que non envelleceu”, *La Opinión*, “Opini3n”, “O labirinto do alquimista”, 7 decembro 2014, p.30

Anuncia o falecemento de Francisco Carballo Carballo, feito que aproveita para percorrer a súa vida destacando os estudos realizados e as diferentes actividades que desenvolveu. Recolle todas as obras da súa autoría e das que foi colaborador. Afirmase que Carballo Carballo “foi parte sólida do final desa ponte que vén da Xeraci3n Nós”.

**Serantes**, Arantxa, “El bardo de Rosalía”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “A duermevela”, 21 xuño 2014, p. 52.

Describe a presentaci3n do último traballo do cantautor Amancio Prada, no que pon música aos versos en galego de Federico García Lorca.

**Suárez Abel**, Miguel, “Filgueira trinchado na mesa”, *Diario de Pontevedra*, “Opini3n&Análisis”, p. 26/ *El Progreso*, p. 24, “Opini3n”, 11 xullo 2014.

Destaca a polémica existente entre a Mesa pola Normalizaci3n Lingüística e a RAG, tras a elecci3n de Xosé Filgueira Valverde como homenaxeado no Día das Letras Galegas. Por outra banda, defende a labor cultural e literaria do elixido.

**Teijeiro Rey**, Iolanda, “Onde estaría hoxe Murguía”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “La ventana”, 5 maio 2014, p. 6.

Trata a figura de Manuel Murguía e de Rosalía de Castro como defensores da cultura galega. Despois se centra no historiador para poñelo en relaci3n con feitos actuais e recrear cal sería hoxe a súa posici3n.

**Teijeiro Rey**, Iolanda, “O galego coma un arcaísmo”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “Opini3n”, 17 maio 2014, p. 15.

Comenta a crise que está a vivir a lingua galega na actualidade, poñendo de manifesto a disxuntiva ante a que se atopan moitos falantes e escritores, entre escoller un galego que se sitúe preto dos clásicos, ou aquel que se achega ao portugués e mesmo ao castelán.

**Teijeiro Rey**, Iolanda, “Por onde virá Castelao?”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “La ventana” 14 xullo 2014, p. 6/ *Faro de Vigo*, “Esquelas/Cierre”, “Tribuna del lector”, 19 xullo 2014, p. 53.

Co gallo da dedicación do Día das Letras Galegas a Xosé Filgueira Valverde, rexeita a súa homenaxe polo seu colaboracionismo co réxime franquista e pola súa actividade política durante a ditadura. Lémbrese a loita política e a resistencia cultural dos exiliados nos anos cincuenta coma Castelao, Pedrayo ou Seoane.

**Teijeiro Rey**, Iolanda, “Seguiremos no ventre do silencio”, *Faro de Vigo*, “Esquelas/Cierre”, “Tribuna del lector”, 28 xullo 2014, p. 41.

Fala do libro *No ventre do silencio*, de Xosé Luis Méndez Ferrín, no que se rememora a Compostela dos anos cincuenta, época da que se profesa admiración e morriña de non ter podido vivir esa época.

**Teijeiro Rey**, Iolanda, “Déronse morte a porfía”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “La ventana”, 24 agosto 2014, p. 10.

Co gallo da celebración do Día da Patria Galega, méntase a Xosé Luís Méndez Ferrín, Francisco Añón, Domingo Fontán, Ramón Cabanillas, Rosalía e Castelao coma símbolos da conciencia galeguista e da esquerda.

**Teijeiro Rey**, Iolanda, “Os biosbardos homenaxean a Blanco Amor”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “La ventana”, 22 decembro 2014, p. 4.

Comenta a relación entre Eduardo Blanco Amor e a cidade de Ferrol. Indícase que no ano 1976 inaugurou o Ateneo Ferrolán cunha conferencia sobre Cabanillas e o futuro da cultura galega. Critícase tamén a homenaxe realizada a Blanco Amor pola Xunta, á que asistiron varias personalidades. Deféndese a intención pedagóxica da totalidade da obra do escritor ourensán e recóllense varios fragmentos onde se percibe a crítica á clase política e a idea de que a xustiza está ao servizo da oligarquía.

**Trabanca**, Antón, “Que din os rumorosos”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, 19 agosto 2014, p. 3.

Entre outros asuntos, atende á polémica decisión de dedicarlle o Día das Letras Galegas a Filgueira Valverde.



**Valcárcel**, Xulio, “Lugares para volver: Laiño, a terra de Eusebio Lorenzo”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, p. 24/ *Diario de Ferrol*, “Nordésia”, n.º 852, p. 30/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 852, p. 32, “Páxina Literaria”, 26 outubro 2014.

Dá conta da traxectoria biográfica, literaria e profesional do poeta Eusebio Lorenzo Baleirón. Destácanse os trazos do seu carácter, os seus anos de estudo en Santiago, as súas preferencias literarias e os seus traballos de poesía e estudos sobre a obra de Aquilino Iglesia Alvariño, Luis Pimentel ou Álvaro Cunqueiro.

**Vázquez**, Francisco, “El pino de Pondal”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Tribuna”, 17 febreiro 2014, p. 11.

A partir da anécdota da caída do piñeiro que flanqueaba o monolito dedicado a Eduardo Pondal na Coruña, criticase a atribución de determinados posicionamentos políticos aos escritores. Deféndese, aludindo a unha carta do propio Pondal, que este era rexionalista e contrario ao independentismo.

**Vázquez Gil**, Lalo, “Homenaje a Carlos Oroza”, *Atlántico Diario*, “Opinión”, 4 febreiro 2014, p. 22.

Fálase da homenaxe ao poeta Carlos Oroza, nomeado membro do grupo de Vigueses Distinguidos, organizado por Ediciones Elvira. Repásase brevemente algunha etapa da súa traxectoria literaria.

**Vázquez-Monxardín**, Afonso, “Unha emigración e catro vidas”, *La Región*, “Opinión”, 1 febreiro 2014, p. 21.

Aborda o tema de emigración en Galicia, exemplificado na historia persoal de Xosé Neira Vilas, e expón a súa postura sobre o debate vixente entre a bondade ou maldade do fenómeno migratorio.

**Vázquez-Monxardín**, Afonso, “O roteiro Carlos Casares”, *La Región*, “Opinión”, 8 marzo 2014, p. 22.

A propósito do tema da conservación e aproveitamento do patrimonio cultural, fálase da creación do roteiro Carlos Casares que a fundación homónima, o Liceo e a editorial Galaxia botan a andar en Ourense.

**Vázquez-Monxardín**, Afonso, “Xabier Prado ‘Lameiro’, de novo”, *La Región*, “Opinión”, 17 maio 2014, p. 26.

Coa reedición da obra de Xabier Prado “Lameiro”, ao coidado de Delfín Caseiro, lembra as achegas culturais do autor ao galeguismo.

**Vázquez-Monxardín**, Afonso, “Filgueira Valverde, 2015”, *La Región*, “Opinión”, 8 xullo 2014, p. 22.

Lembra a traxectoria política e cultural de Xosé Filgueira Valverde, así como comenta as controversias existentes polas súas opcións políticas tras a súa elección para o Día das Letras Galegas 2015.

**Vázquez-Monxardín**, Afonso, “Galeguismo e UPG”, *La Región*, “Opinión”, 2 agosto 2014, p. 29.

Relata os inicios do galeguismo e do Partido Galeguista, coa idea de traballar xuntos, e exemplifica idea cos casos de Castelao, que non atacou aos membros da Dereita Galeguista como Xosé Filgueira Valverde, Vicente Risco ou Manuel Beiras. Apúntase que esa vontade de atracción viuse alterada hai menos de cincuenta anos cando se espaxeou a influencia da UPG, organización que promove un discurso radical exclusivista que afasta á sociedade do sentimento de indentificación coa cousa galega.

**Vázquez-Monxardín**, Afonso, “A esmorga’, o Berto e Ourense”, *La Región*, “Opinión”, 25 novembro 2014, p. 24.

Reflexiona sobre a confusión que se produce entre a creación literaria e a reportaxe histórica con *A esmorga* de Blanco Amor. Destaca a importancia da cidade de Auria e alude á creación do roteiro sobre a devandita obra. Sinala a existencia doutros Ourense literarios: “o señorito, fidalgo e liceístico” de Méndez Ferrín, o dos fidalgos pedraianos e o da “tensión burguesa e modernista” de Vicente Risco. Sinala que *A esmorga* non tivo unha boa acollida entre o público galego ao presentar “un mundo de putas e borrachos” que chocaba cos gustos dominantes.

**Veiga**, Marta, “Filgueira Valverde, no aramio”, *El Progreso*, “Lo que vendrá en 2015”, “Cultura”, 31 decembro 2014, p. 55.

Anúnciase á polémica que suscitou a noticia de que o Día das Letras Galegas estará dedicado ao pontevedrés Filgueira Valverde. Infórmase de que algúns colectivos xa anunciaron a súa insubmisión, basicamente pola biografía do escritor, na que se inclúen algúns cargos políticos durante o franquismo. Faise un breve percorrido pola súa vida e polas actividades que realizou, e por último, destácase a precaria situación da lingua galega, posto que “un de cada catro nenos asegura non saber falar en galego”.

**Vidal Villaverde**, Manuel, “Arredor da memoria”, *Atlántico Diario*, “Opinión”, “Mar de fóra”, 4 xaneiro 2014, p. 18.

Fala da tradución ao galego do *Ulises* de Joyce e posteriormente dedica unhas liñas ao *Arredor de si* de Ramón Otero Pedrayo mantendo como pano de fondo relacionado coa memoria persoal.

**Vidal Villaverde**, Manuel, “Il ritorno”, *Atlántico Diario*, “Opinión”, “Mar de fóra”, 8 xaneiro 2014, p. 22.

Entre outras cousas, alude a Antón Avilés de Taramancos e á obra poética de Luís Pimentel, en concreto, ao debate sobre quen traducía os seus poemas en castelán.

**Vidal Villaverde**, Manuel, “Xoguets e lilailas”, *Atlántico Diario*, “Opinión”, “Mar de fóra”, 19 febreiro 2014, p. 22.

Tras falar de varios temas alude aos títulos *Xoguets para un tempo prohibido* e *Vento ferido*, de Carlos Casares.

**Vidal Villaverde**, Manuel, “Xornadas de inverno”, *Atlántico Diario*, “Opinión”, “Mar de fóra”, 22 febreiro 2014, p. 22.

Explica o inicio da súa relación con Luz Pozo Garza co gallo do Premio Laxeiro que recibirá a poeta en Vigo.

**Vidal Villaverde**, Manuel, “Alberto Casal Rivas”, *Atlántico Diario*, “Opinión”, “Mar de fóra”, 24 marzo 2014, p. 14.

Dedica unhas liñas a falar da súa relación con Alberto Casal, que acaba de morrer, e enumera algúns dos intelectuais do Vigo de metade de século cos que Casal tivo relación.

**Vieites**, Manuel F., “Límites e desafíos do texto dramático”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 513, “Teatro”, 2 outubro 2014, p. VIII.

Fala de *Sabes que mamá quería ser bailarina*, de Miguel Sande, novo título do texto *Á alba pide conmigo vivir* co que quedou finalista do Premio de Teatro Calderón de la Barca en 1985. Despois de situar o texto orixinal no contexto de creación teatral dos anos oitenta e o posdrama en Europa e Galicia, faise unha breve análise dos aspectos máis salientábeis da obra.

**Villar**, Mariluz, “Navidad, literatura, premios, teatro”, *La Región*, “Opinión”, “Mujeres”, 14 decembro 2014, p. 26.

En primeiro lugar, destácase o traballo do grupo de teatro Baralláns, do Instituto Blanco Amor, pola representación das obras do escritor ourensán Blanco Amor. A seguir, indícase que a novela de María Jesús González Vázquez, *Si habitas en el viento*, recibiu un premio literario. A continuación, recóllense as diversas actividades de teatro que organiza Milucha Rodríguez con Cercanoteatro. Por último, faise referencia á mostra de beléns situada no Liceo da cidade.

**Villar Janeiro**, Helena, “Tras o ano de ‘Cantares’”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Notas de actualidade”, 3 xaneiro 2014, p. 3.

Faise balance da celebración do sesquicentenario de *Cantares gallegos* e celébrase o éxito da efeméride entre o público pola vixencia que seguen a ter os libros de Rosalía de Castro en relación a temas como os problemas da lingua galega, a emigración, a desigualdade social e económica e a análise da condición humana.

**Villar Janeiro**, Helena, “Homenaxe a Xosé Chao Rego”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Notas de actualidade”, 18 xullo 2014, p. 3.

Anuncia o acto de homenaxe a Xosé Chao Reglo en Vilalba, organizado pola Asociación Xermolos e a Irmandade Manuel María. Faise unha semblanza da traxectoria intelectual, literaria a profesional do homenaxeado da que se destaca o seu traballo por unha igrexa galega, o cultivo do ensaio sobre temas teolóxicos e de antropoloxía social e a súa adicación docente no ensino secundario en Santiago.

**Villar Janeiro**, Helena, “Anticipando o san Froilán”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Notas de actualidade”, 22 agosto 2014, p. 3.

No marco da celebración das festas de San Froilán de Lugo, anúnciase que se vai facer unha ofrenda floral a Rosalía de Castro no seu parque e recoñécese o traballo de Luz Darriba en prol da divulgación da obra da poeta.

## V. ENSAIO. TEORÍA XERAL. CRÍTICA

### V. 8. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ENTREVISTAS

**A. A.**, “Olivia Rodríguez. ‘Aguirre tivo moita influencia en Rosalía, recoñecible nos seus versos e imaxes”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 27 de xaneiro 2014, p. 26.

Entrevista na que a estudosa comenta a importancia de Aurelio Aguirre dentro da literatura galega e detense na revisión crítica da súa obra completa que verá a luz en febreiro de 2014.

**Abelenda**, Ana, “Yolanda Castaño. ‘Na poesía as palabras amplían o seu círculo de amizades”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Poesía”, 6 xuño 2014, p. 19.

A poeta fala do seu poemario *A segunda lingua* do que subliña que naceu en Málaga en agosto de 2013, que é un libro que xoga con lume e mais que escribiu foi case como ter un monstro entre as mans.

**Abilleira**, Marina, “Ramón García. ‘O grupo teatral Armadiña estreárase o 28 de marzo”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Y además”, 25 xaneiro 2014, p. 22.

Breve conversa na que fala do inicio das actividades do grupo teatral Armadiña, que comezaron en maio de 2013, e que agora contan con doce membros e mais cun director que tamén forma parte do grupo Pinga Teatro.

**Acuña**, Ramón Luis, “Otero Pedrayo: ‘El Padre Feijóo no estaba solo contra una nación ignorante”, *La Región*, “Ourense”, 25 agosto 2014, p. 7.

Reproducción da entrevista que Otero Pedrayo concedeu ao xornal *La Región* no ano 1964 co motivo da concesión do premio do “Instituto Padre Sarmiento” á súa obra *El Padre Feijoo: su vida, doctrina e influencias*. Otero Pedrayo fai unha breve descrición da personalidade e a obra do Padre Feijoo, embarcado na tarefa de acabar coa superstición e procurar a intelixencia. Neste sentido alinébase coa aristocracia xa que, segundo a opinión do clérigo, o pobo encarnaba a imaxinación e a superstición.

**A. C. V.**, “Paco Castro. ‘A obra non é só entretemento. É unha viaxe de retorno a nós mesmos para recoñecernos”, *El Progreso*, “Sarria”, 8 xaneiro 2014, p. 16.

Fala da súa primeira novela titulada *Nunha presa de terra* na que se retrata a esencia dunha cultura labrega desaparecida nos últimos anos do século XX. Indica que a súa experiencia vital é a esencia deste libro e mais que estamos perante unha obra simbólica e alegórica. Finalmente detalla as súas lembranzas de xuventude na súa etapa en Bemposta co Padre Silva.

**Ághata de Santos**, “Antonio Durán ‘Morris’. ‘Esta era una película necesaria en la historia del cine gallego”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 9 novembro 2014, p. 43.

O actor que intepreta a Milhomes na adaptación cinematográfica d’*A esmorga*, analiza nesta entrevista o seu papel, a complexidade na interpretación e a construción do seu personaxe. Logo comenta algunhas cuestións sobre a película e a figura do Cibrán.

**Baena**, Ana, “Moncho Iglesias. ‘O muro de Palestina cumpríu dez anos e xa forma parte da realidade do país”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, “Entrevista”, 5 xaneiro 2014, p. 14.

Conversa na que o poeta reflexiona sobre a situación do polo palestino co gallo da conferencia titulada “Os valados de Palestina” que impartiu o 31 de xaneiro de 2014 na librería Andel de Vigo.

**Baena**, Ana, “Amparo Castaño. ‘A miña filla usaba a poesía para entenderse a si mesma”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 11 marzo 2014, p. 14.

A nai de Xela Arias afirma nesta conversa que se senten agraecidos polas mostras de afecto no décimo cabodano da morte da poetisa con homenaxes da RAG ou do IES A Sangriña da Guarda.

**Becerra**, Javier, “Narf. ‘Rosalía hoxe sería tamén roqueira”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Música”, 10 xaneiro 2014, p. 10.

Entrevista a Fran Pérez, de Narf Trío, grupo gañador do Premio Galego da Música na categoría de Rock, o cal realizou o traballo *Nas tardes escuras*, un libro-disco no que lle poñen música aos poemas de Rosalía.

**Blasco**, A., “Antonio Giráldez. ‘Apostamos por un hermanamiento con Nantes en una Autopista del Mar Literaria”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, 18 febreiro 2014, p. 11.

Fala dos vencellos existentes entre as cidade de Vigo e a cidade bretoa de Nantes grazas á figura de Jules Verne recalando que a Cidade de Olívica contou coa súa presenza en 1878.

**Bran**, Vanesa, “Arcadio López Casanova. ‘O Páramo tamén está presente no poemario que sae en setembro”, *El Progreso*, “Sarria”, 8 agosto 2014, p. 21.

Tras anunciar a homenaxe que o 10 de agosto se renderá ao poeta Arcadio López Casanova na súa vila familiar do Páramo, así como a publicación do seu poemario *As voces da máscara* para o vindeiro mes de setembro, recóllense declaracións do poeta nas que recorda con morriña os seus anos de mocidade no Páramo, un espazo vital que ten un dobre significado na escritura dos seus poemas: como espazo histórico ou lugar das súas raíces, e como espazo mitolóxico ou lugar idílico.

**Bran**, Vanesa, “Toni Deaño. ‘A literatura mameína na miña casa dende pequeno’”, *El Progreso*, “A Mariña”, 22 decembro 2014, p. 11.

Acóllese a entrevista a Toni Deaño, profesor de literatura xubilado e sobriño do escritor Dionisio Gamallo, figura que pretende dar a coñecer. Destácase a presentación da obra de teatro *Os Putativos* (ano) da que é director. Refírese o argumento da obra, as representacións e a recepción do público.

**Calveiro**, P., “Cesáreo Sánchez. ‘O último libro naceu dos meus cadernos de viaxe en Exipto’”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Santiago”, 17 xaneiro 2014, p. L2.

Breve conversa na que dá conta da presentación do seu poemario *Cadernos do Nilo* do que indica que naceu das súas anotacións durante tres viaxes a Exipto.

**Calveiro**, P., “Begoña Salgueiro. ‘En ‘Doce canciones gallegas’ inclúense cinco temas inéditos’”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Santiago”, 16 febreiro 2014, p. L8.

Fala da xénese do proxecto, que comezou en Madrid en 2000, e que culminou co volume *Doce canciones gallegas* (2013) no que se inclúen cinco temas totalmente inéditos.

**Casal**, J., “Sheila Serantes. ‘Me aficioné al teatro tras ver ‘Hoy no me puedo levantar’”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Y además”, “En 3 minutos”, 10 xaneiro 2014, p. 24.

A integrante do grupo Teatro do Mar de Portonovo comenta que a súa afección polo teatro vén do musical “Hoy no me puedo levantar” e tamén reflexiona sobre as dificultades de vivir hoxe en día do teatro.

**Crespo**, Carlos, “Quico Cadaval. ‘Ao teatro galego fáltalle tensión co público’”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Teatro”, “Agenda”, 30 maio 2014, pp. 12-13.

O dramaturgo analiza nesta conversa a súa montaxe *Da Vinci tiña razón* no que se combina o sainete de situación e a comedia policial dende unha estética *kitsch* e cunha importante carga de profundidade.

**C. V.**, “Luís González Tosar. ‘Temos unha literatura florecente pero hai un descoido na calidade da lingua’”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 14 setembro 2014, p. 43.

Luis González Tosar, escritor e presidente da Fundación Insua dos Poetas, fala do estado do sistema literario galego. Considera que a literatura galega, dentro da nosa identidade como pobo, é “o territorio absolutamente liberado”. O principal problema da

literatura en Galicia, ao ser ver, é a pouca atención que se lle dedica, non tendo en conta os niveis lingüísticos. Segundo González Tosar, hai que facer un esforzo para “que todos os galegos falen, escriban e vivan en galego”. Para iso é necesario recuperar o orgullo de ser un pobo cunha terra e cunha fala propia.

**D. V.**, “Vitor Ramil. ‘Musiquei un poema de Rosalía para o festival’”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Cantos na maré”, 10 xaneiro 2014, p. 2.

O compositor e músico brasileiro comenta que se sente feliz ao ter musicado un poema de Rosalía de Castro e participar no festival Canto na Maré.

**D. V.**, “Uxía Senlle. ‘Xa se consolidou, a xente confía na proposta artística’”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Cantos na maré”, 10 xaneiro 2014, p. 3.

Como directora de Cantos na Maré, detalla que este festival é un punto de encontro dos países lusófonos e que o fio musical desta edición será a poesía de Rosalía de Castro e o sesquicentenario da publicación de *Cantares Gallegos*.

**E. Á.**, “Manuel Guede. ‘O centro aguantou 30 anos porque nunca toleou’”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, 21 marzo 2014, p. 3.

Comenta as orixes do CDG, e indica que a institución “nunca toleou” e opina que a súa época dourada coincidiu coa representación d’*A lagarada* no Pazo de Trasalba ou coa xira de *Ricardo III*.

**F. E.**, Pablo, “Carlos Rodríguez. ‘Estrenaremos dos versiones de la película, una en gallego y otra en castellano’”, *Atlántico Diario*, “Área metropolitana”, “Val Miñor”, 7 maio 2014, p. 14.

O produtor executivo da versión cinematográfica d’*A praia dos afogados* detalla que a rodaxe desta película é un grande acontecemento para os habitantes de Nigrán e que conta que estea nos cines en marzo de 2015. Comenta que o guión foi elaborado por Felipe Vega e que nel colaborou o propio autor da novela, Domingo Villar. Finalmente fala do proceso de elaboración dunha montaxe cinematográfica.

**F. E.**, Pablo, “Francisco Vidal. ‘En 1975 comencé a coleccionar libros, en la actualidad tengo sobre 8.000 ejemplares’”, *Atlántico Diario*, “Área metropolitana”, “Val Miñor”, 22 xuño 2014, p. 15.

O bibliófilo valdeorrés afirma que dende 1975 está a coleccionar libros e que conta con 8.000 exemplares entre os que están un orixinal de *Longa noite de pedra* asinado por Celso Emilio Ferreiro e que dixitalizará os seus volumes dándolle prioridade á literatura galega.



**Formoso**, Susana, “Xosé Neira Vilas. ‘Sempre tiveron máis contacto co outro lado do río que con Cruces’”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 808, 24 xaneiro 2014, contracuberta.

Co gallo do nomeamento como fillo adoptivo de Boqueixón o propio autor reflexiona sobre os seus vencellos con Boqueixón e con Vila de Cruces e comenta que nos anos 1946 e 1947 redactou en galego “atranques” nos entroidos dos Xenerais do Ulla, en Ledesma.

**Fraga**, Xesús, “Xesús Alonso Montero. ‘Agora aparece en Rusia ‘Nimbos’ en galego e ruso’”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 15 maio 2014, p. 47.

Detalla nesta conversa que viaxará a San Petersburgo para falar sobre Castelao e mais que nesa cidade lle farán unha homenaxe a Elena Zernova. Tamén se detén no seu heterónimo Pedro Petouto, cuxos textos serán reeditados por Xerais.

**Fraga**, Xesús, “Mauro Armiño. ‘Flaubert era un obseso del estilo’”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 17 agosto 2014, p. 36.

Aborda nesta entrevista as dificultades ás que se enfronta no seu traballo como tradutor, e en particular sobre os problemas aos que se tivo que enfrontar para traducir a Flaubert ao castelán. Ademais fala da súa tradución ao castelán de parte da obra de Rosalía de Castro, basicamente *Cantares gallegos* e algúns poemas de *Follas novas*, unha tarefa bastante difícil para manter o ritmo dos poemas en galego.

**Fraga**, Xesús, “Siro López. ‘Castelao foi en arte un depredador intelixente con moito talento’”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 17 novembro 2014, p. 27.

Entrevístase a Siro López, debuxante e humorista, experto na obra de Castelao, o cal falará sobre as influencias de artistas estranxeiros na obra plástica de Castelao o martes 17 de novembro no marco dunhas xornadas dedicadas ao autor galego convocadas pola Universidade de Vigo en Ourense. Ademais de considerar a Castelao como un creador con talento e de moita calidade, que soubo adaptar as influencias foráneas, Siro López fala do carácter polifacético da súa obra, tanto na novela coma no teatro, no conto ou na ilustración.

**García**, Conchi, “Xosé María Gómez Vilabella. ‘Aínda que marchei moi novo de Castroverde sempre foi a miña terra’”, *El Progreso*, “*Festas de Santiago*”, “Castroverde”, 23 xullo 2014, pp. 40-41.

Conversa na que se fala da súa obra recopilatoria de información do seu concello natal, Castroverde. Na súa opinión aínda hai moito que descubrir sobre o concello e pensa que é necesaria a creación dun museo e a conservación de oficios tradicionais que se están a perder.

**García, Rodri**, “M.<sup>a</sup> Xesús Lama. ‘Estes textos descubren o proxecto dun libro que non se coñecía’”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 18 xaneiro 2014, p. 38.

Conversa na que a descubridora duns versos inéditos de Rosalía de Castro en español se detén neste achado e comenta que se asemellan a un diálogo coa morte e que chegou a eles grazas ao arquivo da RAG.

**García, Rodri**, “Víctor Freixanes. ‘Os fundadores de Galaxia xa tiñan un mapa de expansión’”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, 26 decembro 2014, p. 10.

Conversa con Víctor F. Freixanes, director xeral de Galaxia, con motivo da presentación do proxecto Mar Maior, baseado na existencia dun mapa de expansión de Galaxia deseñado por Xaime Isla e Xosé Meixide. Destaca que a intención desta iniciativa é “ser un escaparate da cultura galega no mundo” coa pretensión de se expandir cara ao hispanismo e a lusofonía mediante unha serie de publicacións en Arxentina e coa colaboración con empresas en Brasil. Ademais, fala da *Historia de Galicia* de Ramón Villares como o buque insignia da editorial.

**Gómez, Joel**, “Anxos Sumai. ‘Esta novela está construída como se fose unha pintura’”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Santiago”, 13 marzo 2014, p. L2.

Comenta que a súa última novela, titulada *A lúa da colleita*, é un libro complexo e asemade alude a que levaba dende 2007 sen publicar narrativa longa.

**Gómez, Joel**, “Helena Villar. ‘Son fundamentalmente unha poeta ontolóxica, existencialista’”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Santiago”, 9 maio 2014, p. L2.

Considera o seu libro *Remontar o río* un produto de feitura orixinal que naceu nunha viaxe sobre o río Danubio en xuño de 2010, e repasa brevemente a súa produción poética dende os anos 70 do século XX.

**Gómez, Joel**, “Elías Torres Feijó. ‘O espazo da lingua portuguesa abre boas potencialidades para Galicia’”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Santiago”, 7 agosto 2014, p. L2.

Entrevista co profesor na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela e que fala do posto ocupado como presidente da Associação Internacional de Lusitanistas (AIL) durante os últimos seis anos e que deixou a finais do mes de xullo. Torres Feijó destaca o labor do AIL a nivel internacional, a presenza galega na asociación e as perspectivas investigadoras que esta asociación ofrece. Ademais, considera que a aprobación da Lei Paz Andrade polo Parlamento galego é unha posibilidade fabulosa pero que depende da vontade política de quen governe.

**Gómez, Joel**, “Concepción Rodríguez. ‘A síndrome posvacacional é só unha cuestión de adaptación’”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, 31 agosto 2014, p. L4.

Entrevista con Concepción Rodríguez, Vogal do Colexio Oficial de Psicoloxía e Coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero e Responsable de Dinámica Sociocultural. Ademais de falar da inexistencia do síndrome posvacacional e dos problemas de relacións (incluíndo os casos de violencia doméstica), a psicóloga fala da súa vertente literaria como poeta, asinando como Concha Rousia. Considera a literatura como parte da súa vida e tamén a utiliza na súa vida profesional.

**Gómez, Joel**, “Rosario Mascato. ‘Portugal revisa a relación con España e con Galicia’”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, 26 setembro 2014, p. L2.

Esta investigadora do grupo Valle-Inclán da Universidade de Santiago de Compostela comenta a recepción da súa obra *Valle-Inclán lusófilo: documentos (1910-1936)* (2013) no país luso e o interese xerado no público portugués. Informa que prosegue coa súa investigación sobre o escritor galego e que tamén a abre a novas personalidades como Manuel Lustre Rivas.

**Gradín, Tere**, “*Amancio Prada. ‘Un poema tiene que emocionarme para ponerle melodía’*”, *Faro de Vigo*, “Visado”, “*Cantos na maré*”, 10 xaneiro 2014, p. 4.

Indica que na súa participación en *Cantos na Maré* se centrará en interpretar a Rosalía de Castro. Tamén comenta os escritores que máis versionou foron Rosalía, San Juan de la Cruz, Lorca e García Calvo e asemade anuncia que vén de gravar os seis poemas galegos de Federico García Lorca.

**H. C.**, “Tareixa Navaza. ‘Querían enterrar o Castelao político e a súa figura como pai do nacionalismo galego’”, *Diario de Pontevedra*, p. 29/ *El Progreso*, p. 33, “Galicia”, “Unha efeméride histórica”, 28 xuño 2014.

A xornalista fala da retransmisión que fixo para TVE co gallo da chegada do féretro de Castelao a Galicia, o que lle custou a súa marxinación para ler partes de *Sempre en Galiza* e cando Uxío Novoneyra dixo que Castelao era un “patriota galego”.

**Jaureguizar**, “M.<sup>a</sup> Xesús Lama. ‘Rosalía quería facer un libro cos poemas inéditos de ‘Postrimerías’”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, 23 xaneiro 2014, p. 52/ *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 22 xaneiro 2014, p. 54.

Describe nesta conversa como atopou en outubro de 2012 varios poemas inéditos de Rosalía de Castro mentres estaba traballando nunha biografía da padronesa, e asegura

que todo apunta a que forman parte dun libro que proxectaba publicar co título de *Postrimerías*.

**Jaureguizar**, “Antón Lopo. ‘Encántame tirarme dos trampolíns do río Cabe, encántame voar”, *El Progreso*, “*deVerano*”, “A entrevista”, 10 agosto 2014, p. 52.

Entrevista con este escritor, xornalista e artista, na que se contesta a preguntas relacionadas cos diversos lugares nos que viviu e a súa especial relación co mar e coa auga (o río de Monforte, a illa de Ons). Tamén fala da representación da súa performance *Lampíricos*, unha experiencia sen palabras, física, de corpo, que será levada a espazos de Galicia que non se usan habitualmente para o contacto co público.

**Jaureguizar**, “Juan Tallón. ‘Ourense necesita un novo vodka e un novo Baltar para despegar”, *El Progreso*, “*deVerano*”, “A entrevista”, 17 agosto 2014, p. 48.

Nesta conversa o escritor fala das súas actividades durante o verán. Sinala que neste tempo de descanso, abandona as súas colaboracións con *El Progreso* e coa cadena SER para relaxarse en compañía da súa cadela Gilda en Peñíscola/Palo Alto. Ademais, alude á súa relación con Ourense, co vodka e co fútbol tras o Mundial e á publicación do seu libro *Manual de fútbol*.

**Llano**, Juan, “Neira Vilas. ‘En suramérica aínda queda a laboriosidade dos nosos emigrantes”, *La Región*, “Ourense”, “Foro La Región”, 16 xaneiro 2014, p. 8.

Reflexiona nesta breve conversa sobre a repercusión da emigración galega en América da que destaca que favoreceu que os fillos dos emigrantes fosen á universidade. Apunta tamén que emigrar é un dereito humano.

**López**, Ana, “Gabriel Álvarez. ‘O que máis me gusta de Murakami é o mundo tan persoal que creou”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 22 xaneiro 2014, p. 56.

Alude a que unhas das meirandes complicacións á hora de traducir unha obra en xaponés é o referente aos aspectos culturais e asemade o de manter as características estilísticas do texto orixinal. Tamén comenta as súas tradución dende o xaponés ao español e ao galego como *Tras do solpor* (2008) ou *Eloxio da sombra* (2010), ambas publicadas en Galaxia.

**López**, Ana, “Yolanda Castaño. ‘A poesía galega ten moito que dicir”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 28 xuño 2014, p. 66.

Entrevista co gallo da celebración do festival PontePoética, do cal subliña a importancia de reunir as mellores voces poéticas das cinco linguas do estado. Apunta a necesidade de atender a un xénero minoritario como é a poesía polo que ten de significativo para a sociedade e sinala a importancia de apoiar á xente nova. Confirma que a situación do

xénero poético en Galicia é dunha saúde excelente coa convivencia de varias xeracións que achegan diversidade e calidade aínda que bota en falta mercado e promoción.

**López**, Belén, “Sabino Torres. ‘Eu aínda sigo crendo na poesía, pero probablemente son un becho raro’”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, 18 febreiro 2014, pp. 68-69.

Conversa na que o escritor se detén na análise da situación da lingua galega. Lembra a Pontevedra dos anos 40 do século XX, como fundou a colección “Benito Soto” e está agradecido pola homenaxe que lle tributará o madrileño grupo Bilbao de poesía galega.

**López**, Belén, “Augusto Fontam. ‘O que eu defendo é a antipoesía’”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Cultural”, 10 novembro 2014, p. 7.

Conversa con Augusto Fontam co gallo da saída do prelo do seu poemario *Carne crúa. Dura lex efémero* e máis a presentación do mesmo na sé da Asociación Amigos da Cultura, na Casa das Campás, en Pontevedra. As cuestións xiran arredor dos comezos do autor no eido da composición poética en 1988, da poesía de xorne político, do galego reintegracionista e do verso libre empregados na elaboración da súa poesía.

**López**, Elizabeth, “Álvarez Torneiro. ‘He descubierto que es una delicia estar aburrido’”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 1 marzo 2014, p. 50.

Comenta a entrevista co poeta coruñés Manuel Álvarez Torneiro, recentemente honrado co Premio Nacional de Poesía pola súa obra *Os ángulos da brasa*, na que o autor fala do seu proceso de creación lírica e da súa obra publicada.

**Lorenzo**, Ana, “John Rutherford. ‘Uns obreiros foron os meus primeiros profesores de galego’”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 29 outubro 2014, p. 38.

Entrevista co profesor e tradutor ao galego John Rutherford, Doutor honoris causa pola Universidade da Coruña, que visitou para dar unha charla. Fala dos seus primeiros contactos con Galicia e coa lingua galega e da súa experiencia como tradutor ao galego de obras como *El Quijote* ou *La Regenta* e tamén como tradutor ao inglés da obra de Ferrín.

**Losada**, Óscar, “Narf. ‘Os poemas de Rosalía acáenlle ben á linguaxe eléctrica do rock’”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 484, “Entrevista”, 16 xaneiro 2014, p. V.

Entrevista na que o cantautor indica que co traballo *Nas tardes escuras* se achega á obra poética de Rosalía de Castro da man do rock and roll, e que case todos os poemas proveñen de *Follas novas* agás un de *Cantares gallegos*.

**Machado**, Mayra, “María Canosa. ‘La Ingeniería y la Literatura tienen mucho en común: las dos crean obras’”, *El Correo Gallego*, “Entrevistas”, “Oro en paño”, 4 xaneiro 2014, p. 20.

Conversa na que fala da súa infancia, do seu traballo na TVG e, con respecto á súa escrita, afirma que escribe principalmente para nenos e para a xuventude, que a súa principal influencia é a da súa nai, a escritora Concha Blanco, e que ademais de escribir tamén lle gusta o mar e estar coa xente que quere.

**Machado**, Mayra, “Olga M.<sup>a</sup> Patiño Nogueira. ‘La poesía siempre es percepción vital, acto de insubordinación y también de libertad’”, *El Correo Gallego*, “Entrevistas”, “Oro en paño”, 12 abril 2014, p. 20.

A poetisa afirma que a poesía é un acto de insubordinación e de liberdade, que Rosalía de Castro é unha escritora universal e mais que Galicia é mítica e mística. Subliña que lle entusiasma a lírica medieval e que a peza teatral *Mulleres fronte ao espello* foi só un apuntamento teatral.

**Malvido**, Gemma, “Tatiana Likhacheva. ‘Nos alegra pensar que después de diez años seguimos existiendo y teniendo alumnos’”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y cultura”, 9 novembro 2014, p. 14.

Conversa cunha das fundadoras do grupo Teatro del Andamio. Tras dez anos de traballo do grupo no barrio dos Rosais da Coruña, a fundadora Tatiana Likhacheva repasa a traxectoria do grupo, sinalando que comezaron como unha escola de actores e agora ofrecen espectáculos infantís todos os fins de semana, tamén teatro para adultos, e viaxan coa súa propia compañía por outras salas con espectáculos propios.

**Mato**, Mar, “Ramón Villares. ‘A lingua galega debe deixar de ser motivo de debate e denotación’”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 28 maio 2014, p. 40.

Analiza a situación da lingua galega nesta entrevista e apunta que Rosalía de Castro, Castelao e Curros son clásicos dentro da literatura galega dado que interesan a moita xente.

**Nicolás**, Ramón, “Miro Villar. ‘A primeira vez que se reivindicou a poesía do mar na literatura galega foi con López Abente’”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 554, “A obra poética completa do poeta muxián”, 11 xaneiro 2014, p. 3.

Reflexiona sobre a importancia de Gonzalo López Abrente dentro da literatura galega, e, con respecto ao volume *Poesía Completa. Gonzalo López Abrente* (2013), comenta que nel se xuntan oito libros xunto con textos inéditos e dispersos e a súa breve poesía en español. Tamén se refire á Fundación López Abrente, nada en 2010, e conclúe subliñando que dende esta fundación se está recuperar a peza teatral *María Rosa* para a súa próxima representación.

**Obelleiro**, Paola, “Xesús Alonso Montero. ‘Filgueira Valverde no era falangista ni técnicamente un franquista’”, *El País*, “Galicia”, 22 setembro 2014, p. 25.

Trata as cuestións que xiraron en torno á preparación do seu volume sobre a vida e obra do escritor Xosé Filgueira Valverde; a polémica sobre o tribunal militar de Alexandre Bóveda e a suspensión de Otero Pedrayo; os cargos políticos que desempeñou durante a ditadura franquista e o debate suscitado ao redor da súa elección como homenaxeado no Día das Letras Galegas 2015.

**Ocampo**, E., “Ramón Gutiérrez Izquierdo. ‘Quixen crear a ficción de ‘oír’ a Shakespeare cantar en galego’”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”/ *La Opinión*, “Sociedad, cultura y ocio”, “Día del libro”, 24 abril 2014, p. 35.

Explica a orixe da súa paixón pola obra do escritor inglés e reflexiona sobre a actualidade da súa produción literaria.

**Reboredo**, Arturo, “Aida Sánchez Expósito. ‘O reto é dignificar o modo de vida do rural’”, *El Progreso*, “A Ulloa”, 18 agosto 2014, p. 9.

Entrevista con esta nova directora teatral do roteiro escénico que ten lugar en Palas a primeira fin de semana de setembro, coincidindo coa cuarta edición de Son d’Aldea. A directora fala da importancia de que a xente coñeza a vida tradicional da aldea, de que se recuperen espazos desta forma de vida e de despertar a conciencia das cousas que a vida no rural ofrece, unha vida que, segundo a súa opinión, é tan digna coma a da cidade.

**Regueira**, Susana, “José Fernando Filgueira. ‘En la vida solo hay dos formas, o tragar o escupir, y Filgueira no podía escupir siempre’”, *Faro de Vigo*, p. 39/ *La Opinión*, “Cultura y ocio”, p. 34, “Sociedad”, 13 xullo 2014.

O fillo de Filgueira Valverde sinala nesta conversa que o seu pai defendeu “el gallego” e que facer actos alternativos ao Día das Letras Galegas de 2015, na honra do seu pai, será desvirtuar para sempre esa festividade.

**Rico**, M. J., “Amancio Prada. ‘Los Seis poemas galegos me pedían música dende hace mucho tiempo’”, *Diario de Ferrol*, “Comarca”, 23 maio 2014, p. 17.

Conversa na que o berciano fala do espectáculo *A Rosalía de Federico* que se presentará no teatro Jofre de Ferrol e na que detalla que comezou a musicar a Rosalía cando tiña dezasete anos.

**Rico**, M. J., “Cándido Pazó. ‘Hai teatros polas vilas adiante que son como barcos sen mar polo que navegar, sen público’”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, 3 outubro 2014, p. 15.

Conversa con motivo da súa actuación o 4 de outubro no Pazo da Cultura de Narón, xunto cos actores Celso Sanmartín e Carlos Blanco nun espectáculo chamado *Noite de retranca*. O actor fala dos monólogos que os tres actores van representar e do humor que os tres transmiten. Así mesmo, gaba o labor que dende Narón se fai para apoiar o teatro galego. Por outra banda, sinala a falta de público en moitos proxectos teatrais en Galicia; na súa opinión, non se traballou o fomento dun público crítico do teatro actual galego.

**Rodil, A.**, “Antón Valcarce. ‘Eu non son escritor de profesión polo que é un traballo que me gusta, pero resulta complicado’”, *El Progreso*, “Ribeira Sacra”, 5 xaneiro 2014, p. 15.

Comenta que o seu volume *O que non che contaron de Monforte* xorde da tradición oral e que os catro relatos que o conforman se representaron en varios bares de Monforte de Lemos dentro do chamado “Movemento Tabernario”. Tamén apunta que é un músico cantautor e un afeccionado á escrita.

**Rodríguez, Ángeles**, “Xesús Alonso Montero. ‘A nosa lingua ten grandes desafíos’”, *O SIL*, “Entrevista”, agosto 2014, pp. 18-19.

Entrevista co presidente da Real Academia Galega Xesús Alonso Montero na que responde a preguntas relacionadas coa función da institución centenaria, apunta a importancia do seu labor normalizador do galego e a necesidade de máis apoio da Xunta para evitar a perda da lingua. Ademais, aborda a prioridade de achegarse á sociedade para que a xente coñeza a RAG. Tamén comenta algunhas das polémicas nas que a RAG se viu envolta estes últimos anos, como a súa accidentada chegada á presidencia ou a elección de Xosé Fernando Figueira Valverde como homenaxeado nas Letras Galegas de 2015.

**Rodríguez, Miguel**, “Francisco Pillado. ‘Vivimos tempos nos que a presentación dun libro é case que un acto clandestino’”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y Cultura”, 9 marzo 2014, p. 11.

Ofrece unhas declaracións sobre a súa saída da dirección de Edicións Laiovento e sobre a situación desoladora do panorama editorial, nomeadamente en lingua galega, onde vende máis Belén Esteban que García Lorca, Otero Pedrayo, Valle Inclán ou Álvaro Cunqueiro.

**Rodríguez, Susana**, “Rubén Vizcaíno. ‘As vacacións escolares entre as cousas están entre as cousas que un estraña cos anos’”, *El Progreso*, “Xente de aquí”, “Moi persoal”, 16 marzo 2014, p. 16.

Conversa na que o compositor fala sobre a importancia da música e sobre a banda sonora que compuxo para o documental sobre o poeta Díaz Castro que se vén de estrear.



**Romar**, R., “Francisco Díaz-Fierros. ‘Estanse a facer acusacións graves non demostradas contra Filgueira”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 13 xullo 2014, p. 47.

Defende nesta conversa que o Día das Letras Galegas de 2015 se lle dedique a Filgueira Valverde, dado que non foi un franquista activo e que evitou ao máximo adherirse á causa do réxime ditatorial.

**Rozas**, Ramón, “Xosé Carlos Valle. ‘Os seus méritos son desbordantes. Foi unha das grandes personalidades da cultura galega”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, pp. 72-73/ *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, p. 52, 13 xullo 2014.

Conversa na que o historiador fai unha loanza á figura de Filgueira Valverde ao tempo que realiza un repaso pola súa traxectoria e detalla a súa amizade con el. Indica que foi unha das grandes personalidades do século XX e comenta a súa importancia dentro do Museo de Pontevedra, onde o sucedeu na dirección en 1987.

**S. G.**, “Xosé M.<sup>a</sup> Lema. ‘A xente que leu ‘Costa do Solpor’ di que engancha”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 26 febreiro 2014, p. 39.

Fala do éxito da súa novela *Costa do Solpor* (2013) que vai pola segunda edición e que se pode adquirir tamén por Internet e asemade apunta que “non haberá nin segunda parte nin segunda novela”.

**Torre**, Sonia, “Ignacio Vilar. ‘Cada ourensán ten a esmorga dentro, é o noso espazo común”, *La Región*, “19º Festival de Cine Internacional de Ourense”, 14 novembro 2014, p. 11.

Entrevista con Ignacio Vilar, director da película *A esmorga*, adaptación ao cine da obra de Eduardo Blanco Amor. A conversa tivo lugar o día antes da estrea en Ourense e o director fala da fidelidade da película ao libro, do duro traballo para atopar os actores e as localizacións precisas e do intento por facer deste filme unha experiencia vital.

**Varela**, Lourdes, “Manuel Veiga. ‘O maior perigo que corre un xornalista é caer no cinismo”, *La Opinión*, “Saberes”, n.º 434, “Entrevista”, 4 xaneiro 2014, p. 11.

Comenta que a literatura debe nutrirse da experiencia, e con referencia a *Os xornalistas utópicos* detalla que na novela hai moito de autobiográfico, que non é unha crónica social e asemade comenta que a movida dos 80 “foi a anestesia da reconversión”.

**Varela**, Lourdes, “Begoña Salgueiro. ‘A ópera é o máis achegado a Deus... se é que existe”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 485, “Entrevista”, 23 xaneiro 2014, p. V.

Entrevista na que a soprano fala do libro-disco *Doce canciones gallegas* onde recupera e interpreta unha ducia de textos de Rosalía de Castro, Ramón Cabanillas, Curros Enríquez, Leiras Pulpeiro ou Vicente Risco.

**Varela**, Lourdes, “Cesáreo Sánchez Iglesias. ‘Somos un instrumento de normalización social do idioma’”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 487, 6 febreiro 2014, p. V/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 441, 15 febreiro 2014, p. 11, “Entrevista”.

Conversa na que o presidente da AELG afonda na relación entre a súa institución e a RAG, na próxima celebración do Día de Rosalía, o 24 de febreiro de 2014, e mais relevancia de presentar a Xosé Luís Méndez Ferrín como candidato ao Premio Nobel de Literatura.

**Varela**, Lourdes, “Ismael González. ‘Aurelio Aguirre foi o primeiro mestre poético de Rosalía de Castro’”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 488, “Entrevista”, 13 febreiro 2014, p. V/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 442, “Entrevista”, 22 febreiro 2014, p. 11.

Entrevista na que o carballiñés fala da estrea da súa ópera folk titulada *Rosaliana*. Subliña que o seu protagonista é Aurelio Aguirre e describe a relación que mantivo con Rosalía de Castro e Aurelio Aguirre dende que se coñeceron no Liceo de la Juventud así como a importancia da figura de Manuel Murguía na vida de Rosalía.

**Varela**, Lourdes, “Xoán Eiriz. ‘Este disco leva cancións eternas, vertidas por vez primeira ao galego’”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 489, “Entrevista”, 20 febreiro 2014, p. V.

O cantautor detense nesta conversa na análise do seu disco *Dende as cordas do meu corazón*. Comenta que está composto por dezaioito temas que foron escollidos polos seus seareiros no Facebook entre os que se encontran temas de Rosalía de Castro e Álvaro Cunqueiro.

**Varela**, Lourdes, “Ana Acuña. ‘Algúns dos primeiros *madrigalegos* non coñecían a Castelao’”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 490, 27 febreiro 2014, p. V/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 443, 1 marzo 2014, p. 11, “Entrevista”.

Debullla nesta demorada conversa como xurdiu a idea de escribir o ensaio *Conciencia política e literatura galega en Madrid (1959-2000)* (2014) e para isto apóiase en catro dos colectivos madrileños máis salientábeis daquela altura: a Mocidade Universitaria Castelao, o Seminario da Cultura Galega do Club de Amigos da UNESCO de Madrid e mais o grupo Bilbao xunto co grupo Brais Pinto.

**Varela**, Lourdes, “Henrique Monteagudo. ‘Sería enriquecedor para Galicia que existisen varias revistas como *Grial*’”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 491, 6 marzo 2014, p. V/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 444, 8 marzo 2014, p. 11, “Entrevista”.

Co gallo da publicación do número 200 da revista *Grial*, Henrique Monteagudo detalla nesta conversa a evolución histórica desta revista e subliña os seus vencellos coa Editorial Galaxia.

**Varela**, Lourdes, “Henrique Alvarellos. ‘A crise empeorou a industria cultural, pero non tocou a creatividade’”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 494, 27 marzo 2014, p. V/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 447, 29 marzo 2014, p. 11, “Entrevista”.

Comenta que a editorial Alvarellos que dirixe está a vivir un bo momento coas obras *Cantares gallegos hoxe. Unha lectura actualizada de Rosalía de Castro* (2013), de Pilar García Negro, *Sobre ruínas* (2013), de Xesús Rábade, ou coa tradución dende o italiano medieval ao galego de *I Fioretti di san Francisco* (2013), a cargo de Darío Xohán Cabana.

**Varela**, Lourdes, “Dolores Redondo. ‘O xénero negro debe beber tamén doutras fontes’”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 495, 3 abril 2014, p. V/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 448, 5 abril 2014, p. 11, “Entrevista”.

A escritora describe nesta conversa o éxito d’*O gardián invisible* que a confirmou como unha autora best sellers xunto coa “Triloxía do Baztán”, publicados todos ao mesmo tempo en galego, catalán e éuscaro. Apunta que *Ofrenda á tormenta* sairá do prelo en outono de 2014 e que esta triloxía, inspirada nun grupo de personaxes da mitoloxía de Euskal Herria, ten a muller como figura central.

**Varela**, Lourdes, “Berta Dávila. ‘A miña escrita é un documento xeolóxico do que eu son’”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 499, “Entrevista”, 8 maio 2014, p. V/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 453, “Entrevista”, 24 maio 2014, p. 11.

A escritora debulla nesta conversa súa novela *O derradeiro libro de Emma Olsen* (2013) da que subliña que presenta como protagonista a unha muller cunha enfermidade terminal e que para crear esta personaxe se inspirou nunha fotografía da poeta Anne Sexton. Asemade apunta que convive coa poesía e coa narrativa dun xeito simultáneo e mais que acha difícil que escriba teatro.

**Varela**, María, “María Lado e Lucía Aldao. ‘A xente adoita disociar o feito de pasalo ben coa poesía’”, *Diario de Pontevedra*, “*reviSta!*”, n.º 715, “Entrevista”, 30 marzo 2014, pp. 4-5.

As dúas poetas reflexionan nesta entrevista sobre a poesía e céntranse na análise de *A pota de trota* que é cualificada como unha “divertida historia tradicional danesa publicada en galego por OQO”. Indican que levaron ao escenario do Pazo da Cultura de Pontevedra. Asemade, repásase a traxectoria de ambas ás que se cualifica de “poetas todoterreo” que dende hai nove anos que percorren conxuntamente Galicia levando os seus versos por diferentes lugares.

**Varela**, Manuel, “Candido Pazó. A escena galega está a pasar polo seu peor momento en trinta anos”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y Cultura”, 16 xaneiro 2014, p. 12.

Comenta que o CDG está nunha parálise moi grande e apunta tamén que en Galicia existen moitos exemplos de xente que fai humor comprometido e fai referencia ao espectáculo *Noites de retranca*.

**Varela**, Manuel, “Xabier Díaz. ‘Rosalía falaba de moitas miserias que se están reproducindo hoxe’”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y Cultura”, 19 marzo 2014, p. 11.

O músico comenta nesta entrevista que coa obra *A rosa d’Adina* (2013), baseada en seis poemas de Rosalía de Castro, descubriu que a obra da padronesa ten unha musicalidade notábel e que se inspira en gran medida na música popular e tradicional galega.

**Varela**, Manuel, “Fran Pérez. ‘Un poema é como unha illa e o mar que a rodea son as cancións que nacen del’”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y Cultura”, 23 abril 2014, p. 10.

O cantante, máis coñecido como Narf, comenta que no seu disco *Nas tardes escuras* lle pon rock á poesía de Rosalía de Castro e comenta os seus vencellos coa lusofonía.

**Varela**, Manuel, “Manuel Lourenzo. ‘Unha lareira pode ser un lugar de encontro entre mortos e vivos para manter a memoria’”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y Cultura”, 23 decembro 2014, p. 28.

Acóllese una conversa con Manuel Lourenzo con motivo da actuación en *Contos da Lareira*, xunto con Quico Cadaval e Celso Sanmartín, na que se destaca a importancia destas dúas figuras no teatro galego. Dáse conta igualmente da representación do seu primeiro monólogo *A técnica do Taratantaleo*.

**Vidal**, Nicolás, “Xabier Deive. ‘A obra é unha autoparodia; os papeis que nos ofrecen soen ser de malos’”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, 7 xuño 2014, p. 13.

Conversa na que o actor describe o seu espectáculo *Sede de mal* como unha peza chea de humor e rock and roll que autoparodia a serie da TVG *Matalobos*.

**Vila**, Sara, “Antonio Durán ‘Morris’. ‘A esmorga’ é unha película dura, que impacta ao espectador”, *Diario de Pontevedra*, “reviSta!”, n.º 744, “Entrevista”, 19 outubro 2014, pp. 4-5.

Conversa cun dos actores do filme *A esmorga* na que se fai un repaso aos seus últimos proxectos. Anuncia que acaba de rematar unha miniserie para a Televisión de Galicia na que se reconstrúe o caso do roubo do *Códice Calixtino* e tamén fala da súa participación na adaptación cinematográfica da citada novela de Eduardo Blanco Amor. Por último recorda un dos seus personaxes máis populares, o de Antón Santos en *Pratos Combinados*.

## ***V. ENSAIO. TEORÍA XERAL. CRÍTICA***

### **V. 9. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: NOTAS, PRESENTACIÓNS E ESCRITOS VARIOS**

**A. Á. B. e T. M.**, “O espírito de Joselín revive nas bocas dos contadores actuais”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Escenarios”, 11 xullo 2014, p. 15.

Fala da estrea o 12 de xullo do espectáculo teatral dirixido por Quico Cadaval baseado nos contos de Joselín, contos que, segundo Cadaval, están “cheos de astucia, de calidade literaria, de sentido do humor e de crítica social”.

**Abad Suárez**, Marila, “Unha ollada a Rosalía dende a nosa afección”, *La Región*, “Ciudadanos”, “Coleccionando”, 15 marzo 2014, p. 10.

Dá conta da emisión dunha serie de selos postais coa figura de Rosalía de Castro e explica a súa orixe como contribución á consolidación do Día de Rosalía.

**A. B.**, “Maridaxe de viño e literatura da man de Pedro Feijóo en Padriñán”, *Diario de Arousa*, “Sanxenxo”, 19 xuño 2014, p. 16.

Anuncia a presentación na Adegade Eidos, en Padriñán, da última novela de Pedro Feijóo, *A memoria da choiva* (2013), e apunta que a obra é unha homenaxe a Rosalía de Castro, de quen se inclúen varios poemas –algúns inéditos– que funcionan como fio condutor. Sinálase que é unha novela de acción e intriga, con escenas de gran crueldade e cheas de plasticidade, cuxo estilo está influído pola música, o cine e escritores da xeración do autor.

**Abelenda**, Ana, “Os equilibristas da palabra”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Tender pontes entre linguas”, 28 novembro 2014, pp. 2-3.

Coméntase o oficio do tradutor e explica o novo pulo que toma grazas a algunhas apostas editoriais, premios e diversas iniciativas. Remítese á tradución d’*A divina comedia* de Dante, traducido por Darío Xohán Cabana, ou á proposta pioneira de Yolanda Castaño, “Con barqueira e remador”, entre outras cousas. Fai referencia igualmente a Daniel Salgado, Marilar Aleixandre e Isaac Xubín, de quen se inclúen declaracións relacionadas co seu traballo.

**Abilleira**, Xosé, “Evaristo de Sela, tradutor de Homero”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, 25 xuño 2014, p. 60.

Fai unha semblanza da figura de Evaristo de Sela, poeta e profesor galego, dando conta da súa formación académica e dos anos que pasou en diferentes cárceres galegas pola súa rebelión contra o golpe de Estado de Franco. Salienta a súa faceta como poeta e

destácase a súa obra *Amar* (1945), o seu libro póstumo *Versos de preso e outras rimas* e o seu labor como helenista e tradutor, en especial da épica de Homero.

**A. C. V.**, “A AELG homenaxea a Xela Arias polo seu ‘compromiso’ e ‘amor á lingua’”, *El Progreso*, “Sarria”, 7 setembro 2014, p. 17.

Trata a homenaxe á poeta Xela Arias por parte da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG). Indica a colocación dunha placa conmemorativa da obra da poeta e do seu pai, Valentín Arias, e salienta a presenza e participación no evento de distintos intelectuais galegos. Por último, menciona o poemario *Darío a diario* (1996), que Xela Arias lle dedicara a seu fillo, e o IV Premio de Tradución Plácido Castro do que fora merecente a poeta en 2004.

**A. C. V.**, “Una placa honrará en Sarria la memoria de Pousa Antelo”, *El Progreso*, “Sarria”, 2 outubro 2014, p. 26.

Comenta a homenaxe á figura de Avelino Pousa Antelo co gallo do centenario do seu nacemento, por parte do seu antigo alumnado da Granxa de Barreiros, en colaboración co Seminario de Estudos Sarriaos Francisco Vázquez Saco. Destaca a colocación dunha placa conmemorativa e a celebración de diversos actos culturais. Trae á memoria varios méritos do galeguista, como a creación do personaxe do Tamborileiro Municipal de Sarria; a presidencia do Partido Galeguista e a Fundación Castelao; a organización e dirección da Escola Primaria de Orientación Agrícola da Granxa de Barreiros; a posta en marcha do grupo musical “Os Argalleiros de Barreiros”; a colaboración no programa de festas de San Xoán e o merecemento do Premio Ramón Piñeiro Facer País en 2008, convocado pola asociación cultural Val de Láncara.

**Acuña**, Xoán, “A esmorga’: Un país, unha xente, e unha historia de autodestrución”, *Atlántico Diario*, “Sociedad / Cine”, 29 novembro 2014, p. 53.

Fai unha crítica do filme *A Esmorga* do director Ignacio Vilar, ofrecendo os seus puntos positivo e negativos. Así valora positivamente o elenco de actores empregados e encomia a súa interpretación á vez que eloxia a preocupación de Ignacio Vilar por empregar a gran pantalla para transmitir a lingua e a cultura galegas. En cambio valora negativamente a película no sentido técnico e táchaa como demasiado plana, e, tamén, lle parece desapropiada a elección dunha narrativa lineal e non en paralelo como a da novela de Blanco Amor.

**Agulla**, A., “O grupo de teatro de Queremos Galego presenta mañá a súa primeira obra”, *Diario de Pontevedra*, “Marín”, “O Morrazo”, 26 xuño 2014, p. 14.

Dise que se estrea a primeira obra do grupo de teatro nacido ao abeiro da Asociación Queremos Galego de Marín no salón de actos do IES Illa de Tambo. Trátase da *Farsa de Inés Pereira*, dirixida polo dramaturgo Zé Paredes. Reivindícase o teatro como unha ferramenta máis coa que promocionar a lingua e a cultura galegas.

A. I., “Primer libro póstumo de Tomás Antón Pereiras”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 21 xaneiro 2014, p. 28.

Infórmase de que o Hostal dos Reis Católicos acollerá a presentación da primeira obra póstuma de Tomás Antón Pereiras, o poemario *Tentando ir ás cegas, non se chega a ningures* (2013), que edita Galaxia, coma as súas anteriores obras.

A. I., “Un modelo a seguir para todos los que lo conocieron”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 23 xaneiro 2014, p. 29.

Recolle as palabras que o conselleiro de cultura, Xesús Vázquez, lle dedicou ao escritor Tomás Pereiras no día da súa homenaxe. Destacou a súa faceta literaria e humana, e fixo unha análise sobre as intencións literarias e a proxección da obra deste autor ademais do uso dun léxico particular.

A. I. S., “Homenaje a Tomás Pereiras en la presentación de su sexto libro”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 23 xaneiro 2014, p. 29.

Presenta a sentida homenaxe ao avogado e escritor Tomás Pereiras, que tivo lugar no Hostal dos Reis Católicos da capital galega. O acto, dirixido pola súa viúva, serviu tamen de presentación para o primeiro dos seus libros póstumos, *Tentando ir a cegas non se chega a ningures* (2013).

A. I. S., “Espectáculo poético musical en clave feminina en la galería Bus Station”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 11 marzo 2014, p. 24.

Preséntase o acto que acollerá a Galería Bus Station como evento complementario da exposición da artista Yolanda Dorda. Trátase dun espectáculo poético musical a cargo do grupo Ouriol que busca reflexionar sobre o papel da muller na sociedade.

A. I. S.: “Apasionada lectura de los ‘Cantares gallegos’”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 16 setembro 2014, p. 26.

Fai referencia ao acto de apertura do curso académico 2014-2015 no Instituto Rosalía de Castro en Santiago de Compostela edDestaca o discurso inaugural do presidente da Fundación Rosalía de Castro, titulado “Algunhas reflexións sobre o Rexurdimento”, e a lectura dalgúns poemas incluídos en *Cantares gallegos* (1863). Sinala asemade a edición do poemario antedito a cargo de Anxo Angueira e a admiración de Federico García Lorca pola figura rosaliana.

A. L., “A comisión executiva da RAG di que non avalou a proposta de Filgueira”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 11 xullo 2014, p. 39.

Informa da publicación dunha nota aclaratoria na que a executiva da Real Academia Galega elude – aínda que asumen como propia a decisión- a responsabilidade da escolla de Xosé Filgueira Valverde para o Día das Letras Galegas. Explicase o procedemento sobre as propostas dos candidatos para a súa elección e sinálase que as dúas que chegaron á votación final foron as de Celestino Fernández e a de Xosé Filgueira Valverde. Apúntase o rexeitamento á candidatura de Filgueira por parte de diversos sectores debido ao seu pasado política nos tempos da ditadura franquista.

**Alonso Girgado**, Luis, “Os ‘libros da Frouma’, setenta títulos”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Tribuna libre”, 18 xuño 2014, p. 43.

Fai un percorrido pola historia da colección de poesía “Libros da Frouma” que publicou, dende os anos noventa, a Librería Follas Novas de Santiago para apoiar a lingua galega na súa dimensión literaria e contribuir ao desenvolvemento da lírica. Indica que o último volume é unha colaboración entre Xosé María Álvarez Cáccamo e Baldo Ramos no que conflúen poesía e ilustración. Apúntase a relevancia cuantitativa da colección e fálase das directrices da colección. Finalmente, infórmase de que a colección será substituída pola de “Libros do Loureiro”.

**Álvarez**, E., “A Esmorga’ llega a las salas de cine”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Patio de vecinos”, 18 novembro 2014, contracuberta.

Dáse noticia da vindeira estrea da adaptación cinematográfica da novela *A esmorga* de Blanco Amor nas salas de cine das Cancelas, precedida dunha presentación dos mesmos actores na Facultade de Ciencias da Comunicación da USC.

**Álvarez**, Mario, “Representación en Lisboa de ‘Saxo Tenor’”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 16 setembro 2014, p. 26.

Comenta o acto de presentación do programa do teatro luso Dona Maria II de Lisboa, a cargo de Xesús Vázquez Abad. Subliña a creación do proxecto Nós Territorio (Es)cénico Portugal Galicia, así como a colaboración entre o Teatro Nacional Dona Maria II de Lisboa e o Centro Dramático Galego na peza *Saxo Tenor*, de Roberto Vidal Bolaño. Destaca asemade a representación da peza *Xardín suspenso*, de Abel Neves, e a posta en marcha do programa “Portugal-Galicia: escenarios para un encontro”.

**Álvarez**, Miguel, “Cuatro textos inéditos de Rosalía de Castro arrojan luz sobre su obra”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 17 xaneiro 2014, p. 67.

Refírese á descuberta de catro manuscritos rosalianos en galego e en castelán e sinala que non serían os únicos inéditos, pois crese que existe o libro *La historia de mi abuelo*, que estaría nas mans dunha familia de Compostela.

**Álvarez**, Miguel, “Catro inéditos de Rosalía removen os marcos da súa obra”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 17 xaneiro 2014, p. 42.



Dá conta da aparición de catro textos inéditos de Rosalía pertencentes a diferentes etapas da súa creación e comenta que estes poemas autógrafos, de enorme valor, están dispoñíbeis na páxina web da Real Academia Galega xunto co seu estudo correspondente.

**Álvarez**, N., “La poesía invade las calles de la ciudad”, *Faro de Vigo*, “Vigo 4 Costados”, 21 outubro 2014, p. 8.

Informa da posta en marcha da cuarta edición do Festival Polipoético de Vigo, o Kerouac 2014 e destaca o labor de coordinador do evento de Marcos de la Fuente; as presentacións do poemario *Abolición de la pena de muerte* (2014), de Javier Gallego “Crudo” e o proxecto EWA; as actuacións de Cinta Adhesiva e Dandy Landy, proxectos de Silvia Penas e Iria Pinheiro; o espectáculo infantil Manikids Poetry e as intervencións de Miguel A. Diz, Patricia Meira e Ruth Oliveira. Doutra banda, sinala a resposta amplamente satisfactoria por parte do público asistente, así como o carácter altruísta dos participantes.

**Alvariño**, Pilar, “Secuestro”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 28 agosto 2014, p. 40.

Sección que acolle relatos presentados ao concurso “Contos de verán” do xornal *El Progreso*. Neste caso reproducése o escrito por Pilar Alvariño, titulado “Secuestro”.

**Amo**, Luis del, “La traducción al gallego de ‘Ulises’, en ‘El sábado libro’”, *El Correo Gallego*, “Medios”, 26 abril 2014, p. 53.

Comenta a saída ao prelo en lingua galega da tradución conxunta do *Ulises* (2013) de James Joyce e salienta a presentación oficial do volume no programa radiofónico *El sábado libro*, en Radio Obradoiro. Anuncia os vindeiros XXV Encontros da Asociación Española James Joyce na Universidade de Santiago de Compostela organizados por José Manuel e Margarita Estévez Saá e Teresa Caneda.

**Andrade**, Alfonso, “O descubridor do poema de Rosalía achou outros de Aurelio Aguirre”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 27 xaneiro 2014, p. 26.

Recolle información sobre as pesquisas de textos coas que deu o mestre rianxeiro Ramón Torrado. *Dinche o corazón na man*, de Rosalía de Castro e *Recuerdos de agosto*, de Aurelio Aguirre, o cal atopou no arquivo do Museo de Pontevedra.

**Aneiros**, María, “Ferrol dedica a Carvalho Calero la XXV Feria del Libro”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 6 xuño 2014, p. 46.

Comenta a vixésimo quinta edición da Feira do Libro de Ferrol, dedicada á figura de Ricardo Carvalho Calero. Apunta asemade a celebración da Festa da Lectura, do Libro e

da Palabra, destacando a presenza de José Manuel Rey Valera, Anxo Lorenzo, Nani Regueira e Susana Martínez Galdós. Salienta asemade a actuación do Real Coro Toxos e Flores; o pregón a cargo de Paula Carballeira; o programa educativo municipal “Xadrez nas escolas”; a sinatura por parte de distintos autores e a exposición ao redor de Carvalho Calero, titulada “De Ferrol para el mundo”, na Fundación Novacaixagalicia.

**Aneiros**, María, “Filgueira Valverde, elección da RAG cada vez máis tensa”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 9 xullo 2014, p.36.

Dáse conta da rolda de prensa que deron en Ferrol Xosé María Dobarro, Manolo Pazo e Bernardo Cuétara co gallo do rexeitamento da proposta da Comisión Promotora da candidatura de Carvalho Calero de non dedicarlle o Día das Letras Galegas ao lingüista ferrolán e apúntanse as diversas opinións ofrecidas nela.

**Angel**, Miguel, “El complejo mundo de Blanco Amor”, *La Región*, “Ciudad”, 10 agosto 2014, pp. 14-15.

Informa da homenaxe rendida en Ourense a Eduardo Blanco Amor co gallo do trixésimo quinto aniversario do seu pasamento, por parte da Deputación de Ourense, Xunta de Galicia, RAG e Pen Club. Destaca, dunha banda, a presenza e participación no acto de Xesús Alonso Montero e, doutra, eventos como a estrea da longametraxe de Ignacio Vilar; a edición de volumes epistolares da correspondencia de Blanco Amor con outros persoeiros amigos; e un pleno extraordinario da cidade ourensá, todos eles na honra do escritor.

**Angueira**, M, “Las aguas de Caldas obraron en mí un milagro”, *Diario de Arousa*, “Ulla-Umia”, 26 febreiro 2014, p. 21.

Céntrase na homenaxe que o Concello de Caldas lle rendeu a Rosalía aproveitando a publicación online de dezaseis cartas da autora na web do Consello da Cultura Galega. Nunha destas misivas, Rosalía diríxese a Eduardo Pondal explicándolle os efectos positivos das augas de Caldas para a súa saúde.

**Angueira**, M, “Amancio Prada, entre Rosalía y Lorca”, *Diario de Arousa*, “Ulla-Umia”, 16 maio 2014, p. 21.

Comenta a posta en marcha do espectáculo de poesía, música e teatro “A Rosalía de Federico”, de Amancio Prada, no Auditorio de Valga, co gallo do Día das Letras Galegas. Destaca en primeiro lugar a presenza de Ana Isabel Vázquez e José María Bello Maneiro, para despois subliñar os vindeiros destinos do espectáculo en Vilagarcía, Cangas e Tui. Salienta por último a musicación de *Seis poemas galegos* (1935), de García Lorca, como parte do concerto.

**Angueira**, M., “Actividades e música para todos os públicos nos catro días das festas patronais de Caldas”, *Diario de Arousa*, “Especial”, 14 agosto 2014, p. 16.

Dá conta de que o grupo de teatro da Asociación de Xubilados e Pensionistas Caldadeses representarán a obra *MamáNela* dentro das Festas de San Roque de Caldas.

A. R., “Escenarios de cristal”, *O SIL*, maio 2014, p. 15.

Informa da campaña promocional “Teatro nos escaparates”, organizada polo Barco Centro Comercial Aberto (CCA) e en colaboración con Gargallada Teatro. Tras explicar en que consiste a devandita campaña, enumera os diversos escaparates onde terán lugar as postas en escena de diversas pezas e anuncia o sorteo de vales de compra entre o público asistente ás representacións.

A. R., “O teatro, a música ou o cine saen ás rúas”, *O SIL*, “Cultura”, xuño 2014, p. 55.

Dá conta da segunda edición de “De perto. Espazos de Cultura” no Barco, cun programa de trece actos culturais en diferentes zonas do municipio. Dise que a performance do poeta e director Pablo Fidalgo Lareo, *O estado salvaxe. España 1939*, que conta coa súa avoa, natural do Barco, encetará o programa. Indícase que se continuará con propostas coma *O anel máximo* de Gargallada Teatro, *O fillo de Maciste* de Paco Campos e Xosé Taboada e *Tradición 2.0*, un exemplo de narración oral de César Cambeiro.

A. R., “A Esmorga’, del papel a los cines de toda Galicia”, *ABC*, “Galicia”, 18 novembro 2014, p. 63.

Comenta a estrea do filme *A esmorga*, adaptación do clásico de Eduardo Blanco Amor, achéganse datos da súa rodaxe e declaracións do seu director, Ignacio Vilar.

Araujo, Emma, “La Nadal Comedy de Chévere llega a siete comercios de Teo”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Área metropolitana”, 9 decembro 2014, p. L7.

Dá conta da segunda edición do programa de colaboración “Cacheiras Nadal Comedy”, entre a compañía teatral Chévere e os comerciantes de Teo, en Santiago de Compostela. Tras sinalar o Premio Nacional de Teatro do que foi merecente a compañía, indica a posta en escena das pezas *Quince horas contando*, de Carlos Blanco; *Veñen a por nós!*, *Xa sei que tes un traxe*, de Olga Martínez Novias e *Unha queixa e un agasallo?*, xunto a un combate de libros na librería O Trasno Viaxeiro.

Arca, “Vilatuxe disfrutou da ‘Noite de medo’”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 942, 10 xuño 2014, p. 6.

**Infórmase da posta en escena desta obra no auditorio de Vilatuxe, dentro do programa da Esmutelín (Escola Municipal de Teatro de Lalín).**

**Arca**, A., “Lecturas de Rosalía na biblioteca local”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 825, “Dende a miña aldea”, 10 febreiro 2014, p. 6.

Dáse conta de que a Biblioteca Municipal Varela Jácome de Lalín acolle lecturas en voz alta da obra de Rosalía de Castro, unha das actividades do mes que se lle dedica a esta escritora.

**Argüeso López**, Alfonso, “Can”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Relato”, 23 agosto 2014, p. 30.

Comenta esta sección que acolle relatos que durante todo agosto ofreceu *La Voz de Galicia* para, ao rematar o mes, dar a coñecer o gañador das dúas categorías: menores de quince anos e adultos. Neste caso reproducécese o realizado por Alfonso Argüeso, titulado “Can”.

**Arias**, Cristina, “As Pontes rinde homenaxe a Castelao no seu 64 cabodano”, *El Progreso*, “A Chaira”, 19 xaneiro 2014, p. 20.

Dá conta do acto que a delegación da Mesa pola Normalización Lingüística das Pontes leva a cabo dende hai máis dunha década en memoria do intelectual galeguista Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, finado hai sesenta e catro anos en Bos Aires. A homenaxe consistiu na lectura dun dos contos de *Cousas*, nunha ofrenda floral e na interpretación do himno galego como peche.

**Arias**, Cristina, “O músico esquecido de ‘Lela’”, *El Progreso*, “A Chaira”, 8 febreiro 2014, p. 16.

Explica a orixe da melodía de “Lela”, canción que nacera para a representación d’*Os vellos non deben de namorarse* de Castelao, e que se converteu nun fito musical. Trátase do traballo dun vilalbés vencellado á música, Rosendo Mato Hermida, quen, pese ao seu labor e a enorme difusión desta peza, viu o seu nome relegado ao esquecemento.

**Arias**, Cristina, “Un libro e 60 anos de silencio”, *El Progreso*, “A Chaira”, 3 decembro 2014, p. 21.

Comenta a posta en marcha do documental *Tita. O documental. A historia dun libro urxente que nunca chegou ao seu destino*, sobre a pedagoga Antía Cal. Destaca en primeiro lugar a vindeira saída ao prelo da enciclopedia pedagóxica *O libro dos nenos* nunha edición da Deputación de Lugo, para explicar a continuación a liña temática do volume e o obxectivo da reportaxe. Sinala os comentarios do director da gravación, Miguel Piñeiro, e remata cunha referencia aos diferentes tipos de reportaxes que devirán do documental, como unha reportaxe interactiva en Internet.

**Arias Serrano**, Fernando, “Saque de curruncho”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 30 agosto 2014, p. 37.

Sección que acolle relatos presentados ao concurso “Contos de verán” do xornal *El Progreso*. Neste caso reproducéase o escrito por Fernando Arias, titulado “Saque de curruncho”.

**Arnáiz**, A., “Publican ‘O que non che contaron de Monforte’”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 15 febreiro 2014, p. 43.

Anúnciase a publicación de *O que non che contaron en Monforte*, recompilación de lendas populares de Antón Valcarce, editada por Agrasar.

**Arnáiz**, Ángel, “El pazo de Tor, plató para el rodaje de ‘A esmorga’”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 14 febreiro 2014, p. 43.

Infórmase sobre a recreación da casa dos Andrada da novela de Blanco Amor no pazo de Tor, situado no municipio lugués de Monforte de Lemos.

**Baena**, A., “Galaxia crea dos nuevas firmas para vender en el exterior”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 6 agosto 2014, p. 8.

Leva a cabo un percorrido pola nova etapa de modernización da Editorial Galaxia co gallo do lanzamento de Galaxia Dixital, Mar Maior Editorial e Gatipedro. Da plataforma dixital destaca seu obxectivo de promover, difundir e comercializar todo tipo de produtos culturais e presenta uns dous centos libros dispoñíbeis para descarga dixital. Salienta a saída ao prelo dos volumes en lingua castelá *Historia de Galicia* (2004), de Ramón Villares e *El vidrio roto*, de Emilia Pardo Bazán, xunto á promoción da literatura galega noutros países europeos. Doutra banda subliña os comentarios do director da Editorial, Víctor Freixanes.

**Baena**, Ana, “Sete fotografías e un óleo para a marca galega con máis sona”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, “Día de Rosalía”, 25 febreiro 2014, p. 12

Fala da presentación no Auditorio Municipal de Vigo e na Casa Galega da Cultura de *Rosalía de Castro. Imaxe e Realidade*, de Fernando Pereira.

**Baena**, Ana, “Poesía e música únense para lembrar o legado de Xela Arias”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 11 marzo 2014, p. 14.

Con motivo da rodaxe do filme *A esmorga*, infórmase da celebración no IES Álvaro Cunqueiro de Coia dunha homenaxe á escritora Xela Arias pasados dez anos do seu pasamento

**Baena**, Ana, “Chegan 113 caixas de cartas, fotos e historia”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 5 abril 2014, p. 13.

Informa sobre a doazón de documentos gráficos e escritos que a Fundación Penzol recibirá por parte da filla de Antonio Pérez Prado, o derradeiro intelectual galego da outra beira do Atlántico

**Baena**, Ana, “Villares: ‘Antonio Pérez Prado fixo patente o que era escuro’”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 9 abril 2014, p. 11.

Dá conta do acto oficial de presentación da doazón da obra de Antonio Pérez Prado á Fundación Penzol en Vigo. Comenta o gran valor para o eido da analítica social que desprende a súa obra, de cuxos contidos enxalza a correspondencia mantida entre o estudoso e Eduardo Blanco Amor, Castelao ou Miramontes, así como os traballos de investigación sobre poesía, a lingua lunfarda, Castelao e a loita contra os chistes de galegos na Arxentina.

**Baena**, Ana, “El Día del Libro multiplicó por cuatro las ventas”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 24 abril 2014, p. 12.

Comenta a celebración do Día do Libro en Vigo e os satisfactorios resultados de venda acadados nas librarías. Menciona os libros máis solicitados: *Fillos do mar* (2012) e *Memoria da Choiva* (2013), de Pedro Feijoo; *A praia dos afogados* (2009), de Domingo Villar; e *Maternosofía* (2014), de Inma López. Despois reproduce os comentarios de varios libeiros sobre os beneficios económicos anuais na venda de libros en formato papel.

**Ballester**, Amelia, “Remontar o río”, o novo poemario de Helena Villar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 22 abril 2014, p. 34.

Dá conta do acto de presentación no Centro do Viño da Ribeira Sacra, en Monforte de Lemos, do poemario de Helena Villar Janeiro, *Remontar o río* (2014), ilustrado por Luz Darriba. Destaca, en primeiro lugar, a presenza de Marica Campo, Darriba e Pilar López, para despois indicar as diversas liñas temáticas do volume, o seu formato en papel pregado e nunha soa peza, e o proxecto literario do que forma parte, Tirar do fío.

**Barge Bustabad**, Amalia, “O espectador”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Relato”, 18 agosto 2014, p. 28.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia* para, ao rematar o mes, dar a coñecer o gañador das dúas categorías: menores de quince anos e adultos. Neste caso reproducése o realizado por Amalia Barge, titulado “O espectador”.

**Barja López, Ana**, “A beleza do oxímoro”, *El Progreso*, “*deVerano*”, “Contos de verán”, 18 agosto 2014, p. 26.

Sección que acolle relatos presentados ao concurso “Contos de verán” do xornal *El Progreso*. Neste caso reproducéase o escrito por Ana Barja, titulado “A beleza do oxímoro”.

**Becerra, Marta**, “Teatro para pasar el invierno”, *El Progreso*, “Lugo”, “El despertador”, 9 febreiro 2014, p. 4.

Coméntanse os espectáculos teatrais ofertados a tarde anterior en Lugo, entre os que figuran unha representación do clásico *O asno de ouro* a cargo de El Brujo e, no Círculo de Belas Artes, a peza *A miña sogra é increíble*, do grupo barallés A Rabela, que xa ten percorrido outros municipios lucenses.

**Becerra, Marta**, “A Cada Canto abre el día 20 el ciclo ‘Lubicán’ con un homenaje a Rosalía”, *El Progreso*, “Lugo”, “El despertador”, 12 febreiro 2014, p. 9.

Anúnciase a apertura do ciclo “Lubicán” polo cuarteto ACadaCanto na Casa do Saber de Lugo, cunha homenaxe á poesía de Rosalía co seu traballo *A Rosa d’Adina*.

**Becerra, Marta**, “Ritmo para los más pequeños”, *El Progreso*, “Lugo”, “El despertador”, 21 marzo 2014, p. 9.

Entre outras cousas, infórmase da presentación de *A peito descuberto*, de Yago Rodríguez Yáñez (2013), e aprovéitase a nova para ofrecer un percorrido pola obra do autor.

**Becerra, Marta**, “Larga vida al teatro breve”, *El Progreso*, “Lugo”, “El despertador”, 2 maio 2014, p. 4.

Alude ao programa de actividades teatrais de Microefectos Dramatúrxicos co gallo do primeiro aniversario da súa creación. Destaca, así pois, a posta en escena no Clavi de Lugo das pezas *Cago en Bill Gates* (2014), de Anxo Manoel; *E logo onde imos* (2014), de Lourdes Abuide; *Amor con retraso* (2014), de Germán Frasio, e *Espiz Deitin* (2014), de Microefectos Dramatúrxicos.

**Becerra, Marta**, “Palabras de Castelao para sentir la patria”, *El Progreso*, “Lugo”, “El despertador”, 25 xullo 2014, p. 10.

Informa do acto organizado pola Área de Cultura da Deputación de Lugo e celebrado no Museo Provincial de Lugo co gallo da conmemoración do septuaxésimo aniversario da saída ao prelo de *Sempre en Galiza* (1944), de Castelao. Salienta a lectura colectiva do volume en cuestión.

**Bellver**, Mónica G., “Adicado a Antonio Machado”, *O SIL*, “Cultura”, xuño 2014, p. 58.

Apunta a celebración do XXVIII Encontro de Poetas no Centro Cultural Avenida da Rúa, no Concello de O Sil, co gallo do septuaxésimo quinto aniversario do pasamento de Antonio Machado. Destaca a organización a cargo de María del Carmen Gago e a presenza e actuación de Esther do Bierzo e Jaime Correa, con recitais de poemas de seu disco *Peregrino* (2014), como “Decir Galicia”, grafado por Gago, ou “Sentir”, de Carmen Álvaro.

**Bermúdez**, María, “Bares”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 21 agosto 2014, p. 35.

Sección que acolle relatos presentados ao concurso “Contos de verán” do xornal *El Progreso*. Neste caso reproducése o escrito por María Bermúdez, titulado “Bares”.

**Bermúdez**, Teresa R., “De la quinta de Felipe VI”, *Diario de Pontevedra*, “reviSta!”, n.º 727, “Reportaje”, 22 xuño 2014, pp. 2-3.

Acóllese unha reportaxe sobre catro homes galegos que naceron no mesmo ano que Felipe VI, 1968, entre os que figuran os escritores lucenses Quique Alvarellos e Xulio Pardo de Neyra, de quen se anota a súa traxectoria académica e profesional. Pídeselles que definan a súa xeración e consideran que ten a responsabilidade de restabelecer valores coma a solidariedade, a xustiza ou honradez. Pregúntaselles polos recordos da infancia sobre a figura de Felipe VI, a quen non lembran con especial relevancia, e sobre como ven o futuro do país.

**Bermúdez Salinas**, José Luis, “O corpo do mapa”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 27 agosto 2014, p. 35.

Sección que acolle relatos presentados ao concurso “Contos de verán” do xornal *El Progreso*. Neste caso reproducése o escrito por José Luis Bermúdez, titulado “O corpo do mapa”.

**Bernárdez**, Carlos L., “Con Galiza como centro”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 500, “Letras galegas 2014”, 17 maio 2014, p. XII.

Realiza un percorrido ao longo dos primeiros cincocentos números do suplemento *Faro da Cultura*, en base ao seu labor de crítica artística de escritas en galego. Dende as súas orixes en 2002 até a actualidade, salienta as seccións de arte, libros, andel de novidades, teatro, música e entrevista que o conforman; a promoción e difusión da cultura galega ou o rol de guía áxil e útil sobre arte e literatura en galego para o lectorado. Nun epígrafe á parte, indica a relevancia do diálogo entre a tradición artística galega e o crítico de arte, tomando como punto basal as accións da Xeración Nós ou o Movemento Renovador da Arte Galega no seu tempo.



**Besteiro**, Nuno, “Un audiolibro recolle os poemas galegos de Federico García Lorca”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 17 maio 2014, p. 43.

Dá conta do acto de presentación do audiolibro *Federico García Lorca, poeta en Galicia* (2014), tirado do prelo por Vaso Roto Edicións, no Consello da Cultura Galega en Santiago de Compostela. Destaca a inclusión de *Seis poemas galegos* (1935), de Federico García Lorca e a posta en marcha da xira de Amancio Prada no Teatro Principal de Santiago. Subliña a posta en escena do Concerto das Letras Galegas no Círculo das Artes de Lugo, baixo o patrocinio do Consello da Cultura Galega.

**B. L.**, “Amancio Prada ábrele camiño a Cantos na Maré recitando a Rosalía”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, 11 xaneiro 2014, p. 61.

Infórmase sobre a charla musicada acerca de Rosalía e García Lorca que presentou o cantautor Amancio Prada para dar comezo ao festival da Lusofonía. Anúncianse tamén outras actividades previas a este festival dedicadas á figura de Rosalía e menciónase os artistas que participarán nesta edición.

**B. L.**, “Castaño: ‘A produción literaria está moi pouco recoñecida neste país’”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 21 maio 2014, p. 57.

Dá conta do acto de presentación do poemario de Yolanda Castaño, *A segunda lingua* (2013), no Café Moderno de Pontevedra. Tras apuntar o feito da autora ser merecente do Premio de Poesía Novacaixagalicia, destaca a presenza no evento de Gloria Rodríguez e Fina Casalderrey, así como os comentarios da poeta con respecto ás orixes do título do volume e á situación actual do panorama literario en galego.

**B. L.**, “Versos libres no Teatro Principal de Pontevedra”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 29 xuño 2014, p. 75.

Dá conta da clausura de Pontepoética coa celebración dun recital colectivo cos oito autores que participaron este ano no festival: Ana Luísa Amaral, Benjamín Prado, Àngels Gregori, Íñigo Astiz, Elvira Riveiro, Anxo Angueira, Xavier Rodríguez Baixeiras e Leticia Costas. Apúntase que por primeira vez os recitais saíron de Teatro Principal pois no evento involucráronse outro espazos da cidade como oito librarías e o local Lady Carmina. Recónllense as palabras da coordinadora, Yolanda Castaño, sobre a riqueza de reunir nun só lugar a algunhas das mellores voces dos versos nas cinco linguas do estado español.

**B. L.**, “Triatrerros improvisa sobre a corrupción política na montaxe de ‘Improperio D. F.’”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Cultural”, 17 decembro 2014, p. 11.

Anuncia a actuación deste grupo coa que se pecha o ciclo Ponteatro e destaca o traballo que fan coa improvisación en *Improperio D. F.*

**Botrán, C.**, “Vagalumes lembra ao fillo de Castelao nos cen anos do seu nacemento”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 811, 27 xaneiro 2014, p. 7.

Anúnciase o acto que a Asociación Cultural Vagalumes da Estrada está a preparar para lembrar a figura de Castelao e a do seu fillo, Alfonso Xesús.

**Botrán, C.**, “Discapacitados intelectuais do Sar achéganse ao mundo rosaliano”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 828, 13 febreiro 2014, contracuberta.

Dáse conta da actividade realizada por varias entidades que pretenden achegar a persoas con discapacidade ao mundo rosaliano. Sinálase que a iniciativa consiste nunha visita guiada pola casa-museo da poetisa e nunha ruta programada por aqueles lugares que foran significativos na súa vida.

**Botrán, C.**, “Terras súmase con múltiples actos ao 177 aniversario do nacemento de Rosalía de Castro”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 839, 24 febreiro 2014, p. 7.

Dá conta dos diferentes actos que tiveron lugar en municipios da provincia da Coruña co gallo do aniversario do nacemento de Rosalía.

**Botrán, C.**, “Sentidas lembranzas a Pousa Antelo no centenario do seu nacemento”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 917, 15 maio 2014, p. 6.

Comenta a homenaxe rendida polo IES de Negreira e o IES Xulián Magariños a Avelino Pousa Antelo co gallo do centenario de seu nacemento. Tras subliñar a presenza de Amancio Giraut, Faustino Salgado, Carlos Mella e os membros da asociación Afonso Eanes do Cotón, destaca a ofrenda ante o monolito en Teo e a lectura da súa biografía, artigos e escritos conservados na Unión Barcalesa da Habana e no seo da familia do escritor, por parte do alumnado de centros educativos de Negreira e A Baña.

**Botrán, C.**, “Versos de Rosalía inspiran as receitas de usuarios de Amipa”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 860, 17 marzo 2014, contracuberta.

Recolle a actividade levada a cabo por usuarios de Amipa integrada no proxecto *Rosalía nos cinco sentidos*, e que consistiu na elaboración de cinco pratos inspirados no poema *Has de cantar meniña gaiteira* onde Rosalía presenta receitas tradicionais galegas.

**Botrán, C.**, “Cuando el teatro se convierte en medio de integración social”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.058, 6 outubro 2014, contracuberta.

Alude a que dentro das funcións teatrais solidarias do Auditorio de Galicia o grupo teatral Asпамite representará *Morte dun caniche*, da que se indica o seu argumento.

**Botrán, C. e M. Toledo**, “Marcial Valladares, Antón Losada e Luis Seoane, tres petrucios das nosas Letras”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 918, 16 maio 2014, p. 6.

Leva a cabo un percorrido pola traxectoria vital de tres escritores homenaxeados no Día das Letras Galegas: Marcial Valladares, Antón Losada Diéguez e Luís Seoane López. Do primeiro salienta a autoría da novela *Maxina ou a filla espúrea* (1870); *Cantigueiro popular* (1867); *Ayes de mi país* (achado en 2010); e o diario *Memorias de familia* (?). De Losada Diéguez, destaca a súa pertenza ás Irmandades da Fala; o labor como un dos fundadores da revista *Nós*; e a súa participación no Seminario de Estudos Galegos. Xa por último, subliña, de Luís Seoane, as ilustracións de *Mar ao Norde* (1932), e *Poemas do sí e non* (1933), de Cunqueiro; xunto a seu constante labor reivindicativo.

**Botrán, Cristina**, “Tras os pasos de Castelao, no 128 aniversario do seu nacemento”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 817, 2 febreiro 2014, contracuberta.

Infórmase sobre o acto que tivo lugar en memoria do ilustre galego Castelao na súa vila natal, Rianxo. Anúncianse as actividades que se levarán a cabo en memoria deste persoeiro nos centros de ensino e na Universidade.

**Botrán, Cristina**, “Onde comeza a vida”, o tributo musical a Ardeiro”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 810, 26 xaneiro 2014, p. 7.

Recóllese a presentación que tivo lugar en Negreira dun CD recompilatorio con seis cancións que poñen música e ritmo a varios poemas do finado poeta barcalés Xosé Manuel López Ardeiro. Sinálase que os músicos X. M. Lago e Óscar Martínez elixiron o título dun dos seus poemas, “Onde comeza a vida”, para homenaxear o poeta.

**Botrán, Cristina**, “Rosalía, o facho literario que segue guiando e inspirando a cultura galega”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 914, 12 maio 2014, p. 4.

Trae á memoria a figura de Rosalía de Castro co gallo da institucionalización, por parte da Real Academia Galega, da celebración do Día das Letras Galegas o 17 de maio, a partir da saída do prelo de *Cantares Gallegos* (1863). A seguir, leva a cabo un percorrido pola traxectoria vital da poeta deitando especial énfase a súa obra literaria, como “Como chove miudiño” (1863), ou *Padrón y las inundaciones* (1881).

**Botrán, Cristina**, “Jesús Sánchez plasma la esencia de Castelao”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 962, 1 xullo 2014, p. 7.

Anuncia a inauguración da mostra de pintura de Jesús Sánchez Gallego en Rianxo sobre o mar, o traballo das mariscadoras, a pesca e a figura de Castelao. A exposición, que

pretende ser unha homenaxe ás mulleres, componse de vintecinco cadros de propiedade privada que serán cedidos para a ocasión. Infórmase de que Jesús Sánchez doará un cadro sobre Castela ao Concello de Rianxo.

**Botrán**, Cristina, “Ánxel Casal e Avelino Pousa, dous galeguistas na memoria”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.012, 20 agosto 2014, contracuberta.

Sinala a homenaxe a Avelino Pousa Antelo e Ánxel Casal, organizada polo Concello de Teo e a Asociación A Oliveira en Cacheiras, co gallo dos seus cabodanos. Salienta a posta en escena dunha peza musical da autoría de Nicolás Otero Conde pola Banda de Música Municipal de Teo; a presenza do edil de Arzúa, Pilar Castro; a entrega do II Caxato Avelino Pousa ao Concello de Teo e, por último, a colocación dunha placa conmemorativa na casa natal de Avelino Pousa.

**Botrán**, Cristina, “A correspondencia de Ken Keirades, a un golpe de clic”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.075, 23 outubro 2014, p. 7.

Informa do acto de presentación organizado pola Asociación Cultural Vagalumes na sala de exposicións Abanca, no concello da Estrada, da publicación dixital que recolle a correspondencia entre os escritores Ken Keirades e Ben Cho Sey como parte do proxecto Cultura Aberta Tabeirós-Montes. Destaca a audición dunha gravación inédita de Xosé Ramón Fernández-Oxea durante o evento e conclúe cunha referencia ao labor de recuperación de documentos en galego por parte dos membros do antedito proxecto.

**Bragado**, Manuel, “Narrarmos país”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 500, “Letras galegas 2014”, 17 maio 2014, p. X.

Leva a cabo un percorrido pola situación da narrativa galega contemporánea, partindo dende mediados da década de 1980. Unha vez traída á memoria unha escrita de Francisco Álvarez de Nóvoa, *Pé das Burgas* (1896), menciona os nomes de escritores e escritoras que deron orixe á diversas xeracións narrativas como a Xeración de Fin de Século, a Xeración Lamote e a Xeración da Esperanza.

**Bran**, Vanesa, “La AELG organiza un homenaje a la poeta Xela Arias el sábado en Sarria”, *El Progreso*, “Sarria”, 3 setembro 2014, p. 22.

Comenta o acto de homenaxe a Xela Arias, organizado pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG), celebrado na Vilerma, en Maside. Destaca a participación de distintos escritores no evento e trae á memoria o anterior acto conmemorativo da poeta, celebrado no IES Álvaro Cunqueiro de Vigo e organizado tamén pola AELG. Finalmente, subliña a traxectoria vital de Xela Arias a partir do seu labor na Editorial Xerais, na que tirou do prelo as traducións *Amor de perdición* (2003), de Camilo Castelo Branco; *O bosque animado* (2009), de Fernández Flórez, ou seus poemarios *Denuncia do equilibrio* (1986), *Tigres coma cabalos* (1990), *Darío a diario* (1996) e *Intempériome* (2003).

**Bran**, Vanesa, “Un monolito honra la figura del poeta Arcadio López Casanova en O Páramo”, *El Progreso*, “Sarriá”, 11 agosto 2014, p. 13.

Informa da homenaxe á figura de Arcadio López Casanova celebrada no Páramo. Destaca a presenza e participación de Tareixa Campo, Xesús Alonso Montero, Valentín García, Regina Polín e Pablo Armesto, así como a lectura dun manifesto na honra do poeta, o descubrimento dun monolito na súa lembranza, construído coa colaboración do Centro de Artesanía e Deseño da Deputación de Lugo (CENTRAD), e a lectura do fragmento dun poema inédito incluído no volume de vindeira publicación *Arcadio na casa do Páramo*.

**C. A.**, “Os Baralláns sigue haciendo del teatro una tradición”, *Faro de Vigo*, “Especial Baixo Miño/Louriña”, 25 xaneiro 2014, p. 5.

Percórrese a traxectoria do grupo de teatro infantil e adulto Os Baralláns, de Salceda de Caselas, que baixo a dirección de Trinidad Serramito Ramirez, levou a cabo a posta en escea de numerosas pezas nos últimos anos, con especial interese nas comedias.

**C. A.**, “La escritora Ofelia López presenta el 17 en Muras su libro ‘Fume de cerna’”, *El Progreso*, “A Chaira”, 1 xuño 2014, p. 21.

Dáse noticia da presentación do primeiro poemario de Ofelia López, *Fume de cerna* (2013), no local social de Muras, onde terá lugar unha actuación das Cantareiras de Alende.

**C. A.**, “La asociación Avelino Díaz busca promocionar al poeta de Meira con unas jornadas”, *El Progreso*, “A Chaira”, 26 decembro 2014, p. 12.

Informa da xornada de traballo da asociación Avelino Díaz, que agrupa a colectivos de Riotorto e Meira, e que traballa por difundir a obra do escritor e propón o seu nome para que se lle dedique un Día das Letras Galegas.

**Caballero**, Laura, “El ‘metroteatro’ para en la ciudad”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y cultura”, 5 setembro 2014, p. 8.

Dá conta da posta en marcha do proxecto “Metroteatro”, por parte dos donos do local coruñés LaTuerka27, Iria Ares e Daniel Currás. Tras apuntar os xermolos do local na microarte multidisciplinar ou microteatro en 2011, explica o funcionamento da sala e salienta as pezas que se representarán nela, como *15 viaxes en ascensor* (2014), de Paco Alvarellos, Xavier Pan, Alfonso Zurro e Xoán Carlos Mejuto; *El manual de la buena madre* (2014), de Ariel Capone; *La mujer que espera* (2014), de Gutier Rolán; ou o concerto *Ad Hominem* (2014), de Calle Santiago.

**Calveiro, P.**, “Arte con acento gallego en contra de la discriminación sexista”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, “Para todos los públicos”, 9 xaneiro 2014, p. L6.

Comenta o festival solidario “Implicate!”, que conta con actuacións de autores galegos de diversas especialidades para loitar contra discriminación de xénero. Indícase que a recadación do festival destinarase a proxectos que Implicadas no Desenvolvemento leva a cabo na India.

**Calveiro, P.**, “Digitalizan la obra de Del Riego en la diáspora”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 10 xaneiro 2014, p. 39.

Dáse conta do tributo que o Consello da Cultura Galega rende no centenario do nacemento do intelectual galeguista Fernández del Riego, por medio dun apartado na súa web baixo o título de “Francisco Fernández del Riego. Correspondente para América”. Saliéntase que se trata dunha compilación de máis de trescentos artigos publicados na diáspora, ademais de artigos sonoros que permiten escoitar os seus discursos.

**Calveiro, P.**, “Conmemoran a Castelao en el primer Día da Ilustración”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, 25 xaneiro 2014, p. L2.

Infórmase da creación do Día da Ilustración, o 30 de xaneiro, en memoria do nacemento de Castelao, quen fora un grande impulsor das artes gráficas. Enuméranse as actividades que terán lugar con motivo deste encontro, que busca eloxiar a figura de Castelao, Colmeiro e Seoane, e introducir os máis novos no mundo da ilustración.

**Calveiro, P.**, “Guiso de habas, música y poesía”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Para todos los públicos”, 25 xaneiro 2014, p. L6

Nota que se refire á presentación do proxecto “Unha faba, unha vida: as fabas lobas da casa” de Ugia Pedreira e Marina Oural, con cita na Casa das Crechas de Compostela. Indícase que a idea naceu do chamado *fooding*, termo creado por críticos gastronómicos franceses, que consiste na mestura de certos platos con outras artes, de xeito que participen os cinco sentidos.

**Calveiro, P.**, “Matanza’ en Compostela”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, 2 febreiro 2014, p. L8.

Anúnciase o estreo de *Matanza* no Salón Teatro de Santiago de Compostela, unha traxicomedia producida pola compañía Triatreiros, e que parte dun texto de Roberto Salgueiro, director da Aula de Teatro de Compostela, cunha adaptación dirixida por Beatriz Campos. Dise que a trama se centra na historia de dous porcos que dialogan antes de ser acoitelados para alimentar á súa comunidade.

**Calveiro, P.**, “Mostran a través de cartas a cara máis íntima de Rosalía”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 25 febreiro 2014, p. 39.

Dáse conta da publicación que o Consello de Cultura Galega fixo na súa web dun epistolario que contén dezaseis misivas asinadas por Rosalía de Castro.

**Calveiro, P.**, “Una función por Matías”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Santiago”, 7 marzo 2014, p. L6.

Infórmase de que a compañía Tangatutanga donará a recadación da estrea de *Urraca* en Santiago de Compostela a un neno de Teo que sofre unha parálise cerebral. Dise que é a última obra da compañía, presentada como unha “traxicomedia historicamente incorrecta”.

**Calveiro, P.**, “El Salón Teatro desempolva su telón”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Santiago”, 27 marzo 2014, p. L5.

Informa sobre a publicación de *Salón Teatro. No corazón do espectáculo* (2014), un libro divulgativo que fai un percorrido pola vida desta sala compostelá dende a súa creación até a actualidade.

**Calveiro, P.**, “Un viaje musical y lírico entre Andalucía y Galicia”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Agenda”, “Música”, 16 maio 2014, p. 4.

Comenta a posta en marcha da xira de Amancio Prada entre Galicia e Andalucía titulada “De Federico a Rosalía”. Destaca as adaptacións musicadas de *Seis poemas galegos* (1935), de García Lorca, así como a interpretación de Cuco Pérez e Juan Carlos Mestre; a dirección escénica a cargo de Carlos Aladro, a montaxe de José Luís Gómez; e a saída ao prelo do libro-disco *Federico García Lorca, Poeta en Galicia* (2014) en Vaso Roto Ediciones, e o CD *Resonancias de Rosalía* (2014).

**Calveiro, P.**, “Sempre en Galiza”, texto visionario, memorias ou biblia nacionalista?”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 5 xullo 2014, p. 42.

Recolle diversas opinións sobre a significación e a vixencia do *Sempre en Galiza* de Castelao: Carlos Mella apunta o carácter visionario do texto; Justo Beramendi considera que é unha especie de testamento xeracional; Xosé Manuel Beiras opina que é un libro de pensamento político cuxa vixencia é indiscutíbel; e o editor Víctor Freixanes defende que *Sempre en Galiza* é un libro de memorias cunha carga importante de proposta política.

**Calveiro, P.**, “Teo apoia os seus pasos sobre o caxato de Avelino Pousa”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Área metropolitana”, 21 agosto 2014, p. L8.

Trata o acto institucional de homenaxe á figura de Avelino Pousa no concello teense e describe a ofrenda floral e a entrega do II Caxato Avelino Pousa ao Consistorio de Teo por parte das Irmandades de Manuel María da Terra Chá e Avelino Pousa. Informa da participación do gaitero Raúl Galego; os recitais de Nora Pousa e Fina Casalderrey; a interpretación do poema “Penélope” (1961) por Mini e Mero; e, por último, a intervención de Alfonso Blanco Torrado, galardoado co I Caxato Avelino Pousa.

**Calveiro, P.**, “Impulsan un Bono de Teatro Galego con mayor cobertura”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, “Para todos los públicos”, 16 setembro 2014, p. L6.

Comenta o lanzamento do Bono de Teatro Galego en Santiago de Compostela e destaca a inclusión de postas en escena a cargo de compañías galegas no Salón Teatro, no Teatro Principal e nos espazos escénicos da Zona C. Doutra banda, salienta o acto inaugural da programación teatral da tempada de inverno e subliña a representación no Teatro Principal das pezas *A idade de pavia*, do grupo Sarabela Teatro; *D.E.P.*, de Malasombra Producións; *W.C.ircus*, de Pistacatro; *Perplexo*, de Il Maquinaria Teatro; *Eurozone*, de Chévere; e *O xardín das pernas roubadas*, de Tuerka Teatro; e no Salón Teatro da peza *A Tempestade*, de Voadora.

**Calveiro, P.**, “Galicia conmemora ao seu ilustrado máis universal, o Padre Feijoo”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, 27setembro 2014, p. 38.

Trata a inauguración de diversas exhibicións como homenaxe á figura do ensaísta ourensán Padre Feijoo co gallo do 250 aniversario do seu pasamento. Destaca, así pois, a exposición “O ronsel dun sabio”, da que subliña as seccións “Feijoo e o seu século” e “Feijoo máis alá do seu tempo”, que conteñen obras do escritor como *Theatro critico universal* (1726-1740), ou *Cartas eruditas y curiosas* (1742-1760), visíbel na Biblioteca e Arquivo de Galicia e subvencionada pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria; a mostra “O Padre Feijoo, cidadán libre da República Literaria”, no centro social Afundación e organizada polo Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense; a serie de curtametraxes *As viaxes do Capitán Gardador* no Arquivo Histórico Provincial, e o seminario “B. J. Feijoo, renovador do pensamento”, organizado polo Consello da Cultura Galega no Liceo de Ourense.

**Calveiro, P.**, “El CDG arranca una temporada marcada por el intercambio teatral”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, “Para todos los públicos”, 7 outubro 2014, p. L6.

Trata o acto de presentación do programa do Centro Dramático Galego (CDG) para a tempada 2014-2015 e subliña a posta en escena como parte do programa das pezas *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*; *Xardín suspenso*; *Saxo tenor*; e *Ganas de ouvear*. Salienta asemade os proxectos “Nós” e “Pangeia”, resultantes da colaboración entre as compañías Voadora, Limiar Teatro e Acaso Danza. Nun epígrafe á parte destaca as postas en escena no Salón Teatro de Santiago de Compostela e a Mostra de Teatro Universitario de Galicia.



**Calvo**, Ana, “Una plaza para Vidal Bolaño en su barrio de Vista Alegre”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 13 xaneiro 2014, p. 17.

Dáse conta da inauguración da praza Saxo Tenor no barrio compostelán de Vista Alegre como recoñecemento ao dramaturgo Vidal Bolaño e a unha das súas principais obras. Saliéntase que o acto contou cunha importante presenza musical

**Calvo**, Ana, “Raxoi distingue con su medalla de oro a García-Bodaño”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 17 decembro 2014, p. 23.

Informa da concesión da medalla de ouro da cidade de Santiago de Compostela a Salvador García-Bodaño Zunzunegui pola súa traxectoria. Destácase o seu labor como escritor, periodista e a súa colaboración en diferentes institucións culturais.

**Campos**, María, “Sentido homenaje en Compostela al ‘ejemplo’ de Casal”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 20 agosto 2014, p. 25.

Comenta o acto conmemorativo do alcalde santiagués, Ánxel Casal, co gallo do septuaxésimo oitavo aniversario do seu pasamento. Tras realizar una breve referencia á Editorial Lar fundada polo persoeiro, destaca a presenza e intervencións no evento de Miguel Anxo Seixas, Rubén Cela e Lucía Vázquez, das que reproduce as verbas máis relevantes.

**Caño**, X. M. del, “Ourense estrena la ruta de Casares, en la que se oirá la voz del escritor”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 9 marzo 2014, p. 48.

Infórmase sobre a homenaxe permanente que a cidade de Ourense lle rende ao escritor Carlos Casares coa inauguración dun roteiro literario polos lugares de Auria que marcaron a vida e a obra do autor.

**Carreira Viso**, Félix B., “Ouveo”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Relato”, 19 agosto 2014, p. 30.

Sección que acolle relatos que durante todo agosto ofreceu *La Voz de Galicia* para, ao rematar o mes, dar a coñecer o gañador das dúas categorías: menores de quince anos e adultos. Neste caso reproducése o realizado por Félix Carreira, titulado “Ouveo”.

**Carro Pérez**, Marta, “Lembranzas”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Relato”, 28 agosto 2014, p. 30.

Sección que acolle relatos que durante todo o mes ofreceu *La Voz de Galicia* para, ao rematar o mes, dar a coñecer o gañador das dúas categorías: menores de quince anos e adultos. Neste caso reproducése o realizado por Marta Carro, titulado “Lembranzas”.

**Caruncho**, J., “Caión a través de poemas y relatos”, *La Opinión*, “Arteixo”, 5 xullo 2014, p. 18.

**Casal**, J., “Teatro Orballo se reinventa para volver a los escenarios”, *Diario de Pontevedra*, “O Salnés”, “Sanxenxo”, 6 agosto 2014, p. 18.

Dá conta dos cambios experimentados polo colectivo Teatro Orballo na súa nova etapa e comenta as orixes da compañía en 2010 a partir da posta en escena da peza *Hay que deshacer la casa*, de Sebastián Junyent, por parte dos alumnos e alumnas de Teatro do Mar de Portonovo. Conclúe cunha referencia aos vindeiros proxectos, como a procura de novos actores e actrices e a posta en escena da peza *Viva el cuponazo*.

**Castedo**, Bernabé, “A Carracha”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 18 agosto 2014, p. 24.

Sección que acolle relatos presentados ao concurso “Contos de verán” do xornal *El Progreso*. Neste caso reproducése o escrito por Bernabé Castedo, titulado “A Carracha”.

**Castro**, Marta, “El escenario del banquete de Conxo, en un abandono total”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 18 marzo 2014, p. 25.

Denuncia á actual situación do posíbel lugar onde se celebrou o Banquete de Conxo en 1856, coa presenza dos poetas Eduardo Pondal, Aurelio Aguirre e Luís Rodríguez Seoane.

**Castro**, Víctor, “El teatro aficionado volverá a Betanzos el próximo mes”, *El Ideal Gallego*, “Área metropolitana”, “Atalaya mariñana”, 16 xaneiro 2014, p. 20.

Exponse a programación do V Encuentro de Teatro Aficionado, que organiza a Agrupación Teatral Mariñán en colaboración co concello de Betanzos. Indícase que algunhas das actuacións previstas son *República de Gundián* de Andaravía Teatro, *Urraca* de Tangatunga Teatro, *Historia de una escalera* escenificada pola Compañía Municipal de Teatro e *Martini Seco*, pola betanceira Agrupación Teatral Mariñán.

**Castro**, Víctor, “El teatro aficionado alza esta noche el telón en Betanzos”, *El Ideal Gallego*, “Área metropolitana”, “Atalaya mariñana”, 1 febreiro 2014, p. 20.

Anúnciase o inicio do V Encontro de Teatro Afeccionado de Betanzos co sainete futurista *República de Gundián*, do grupo Andaravía Teatro de Vedra, baixo a dirección de Carlos Santiago. Dise que o encontro é unha iniciativa da Agrupación Teatral Mariñán, que dirixe Juan J. Vázquez, apoiada polo concello e institucións.

**Castro**, Víctor, “La muestra ‘Isaac Díaz Pardo. Luz e compromiso’, en Brión”, *El Ideal Gallego*, “Sada”, 5 febreiro 2014, p. 20.

Dáse conta da exposición que terá lugar no IES de Brión en lembranza ao creador de Sargadelos, Isaac Díaz Pardo. A intención desta mostra é contribuír á difusión do traballo de Díaz Pardo, facendo un percorrido pola súa vida e obra.

**Castro**, Víctor, “El café bar Ancar, un local de ocio acogedor en Los Rosales”, *El Ideal Gallego*, “Oleiros”, “Atalaya mariñana”, “TangaTutanga actúa esta noite en el quinto Encontro de Teatro Aficionado de Betanzos”, 8 febreiro 2014, p. 22.

Anúnciase a representación da traxicomedia *Urraca* dentro do V Encontro de Teatro Aficionado de Betanzos.

**Castro**, Víctor, “El V Encontro de teatro de Betanzos baja hoy el telón”, *El Ideal Gallego*, “Área metropolitana”, “Atalaya mariñana”, 22 febreiro 2014, p. 20.

Coméntase a inmediata clausura do V Encontro de Teatro Afeccionado de Betanzos na Aula de Cultura Xulio Cuns, coa comedia *Martini seco*, adaptada do orixinal de Allan Steward Könisberg, que representará a agrupación teatral Mariñán, dirixida por Juan J. Vázquez. Coméntase o argumento, que xira arredor dun adúltero, e o cadro de personaxes, actores e actrices.

**Castro Pumares**, María Cruz, “Foguetes para un morto”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 19 xullo 2014, p. 34.

Sección que acolle relatos presentados ao concurso “Contos de verán” do xornal *El Progreso*. Neste caso reproducése o escrito por Maria Cruz Castro, titulado “Foguetes para un morto”.

**C. B.**, “Rosalía nos cinco sentidos’ acerca a la escritora a las personas con discapacidad”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 813, 29 xaneiro 2014, p. 7.

Informa da posta en marcha do proxecto cultural para achegar a Rosalía a persoas con discapacidade intelectual no Concello de Rois.

**C. B.**, “Alonso Montero ofrece en Teo outra visión de Rosalía en ‘Cantares Gallegos’”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 826, 11 febreiro 2014, p. 7.

Recóllese a conferencia que o presidente da Real Academia Galega levou a cabo no IES de Cacheiras e que consistiu nunha reinterpretación persoal dende un punto de vista “marxista gramsciano” de *Cantares gallegos*.

**C. B.**, “Homenaxe musical en Rois a Rosalía con Tempo Catro”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 835, 20 febreiro 2014, p. 7.

Infórmase dunha actividade organizada pola escola municipal de música de Rois, na que Tempo Catro presentará o seu novo CD, *Rosalía de Castro: os ollos que falan*.

**C. B.**, “Rochi Novoa lleva sus ‘Farrapos de boneca’ al Airiños”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 837, 22 febreiro 2014, p. 5.

Anúnciase o concerto recital da poeta Rochi Novoa no café cultural Airiños de Padrón, onde presentará o seu libro-disco *Farrapos de boneca*.

**C. B.**, “Pilar García Negro habla de ‘Cantares Gallegos, hoy’”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 843, 28 febreiro 2014, p. 6.

Dáse conta da presentación de *Cantares gallegos, hoxe* (2013), de Pilar Gargía Negro, na sala de exposicións de Novagalicia Banco na Estrada.

**C. B.**, “Teo acolle a representación de Abril de Lume e Ferro”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 891, 18 abril 2014, p. 7.

Dáse conta da representación de *Abril de lume e ferro* no centro sociocultural da Ramallosa de Teo. Infórmase do seu contido, que lembra feitos históricos como a Batalla de Cacheiras e dun roteiro que se fará para conmemorar a mesma.

**C. B.**, “Aprazada a Ruta Rosaliana por mor do mal tempo”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 926, 24 maio 2014, p. 7.

Refírese o aprazamento da Ruta Rosaliana polos municipios de Rois, Dodro e Padrón vinculados á autora, pola previsión de malas condicións meteorolóxicas.

**C. B.**, “Acto en lembranza de Pousa Antelo”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.013, 21 agosto 2014, p. 6.

Informa do acto no Concello de Teo de lembranza do histórico galeguista, Avelino Pousa Antelo.

**C. B.**, “O portal Tabeirósmontes estrea nova sección coas misivas de García Barros”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.078, 26 outubro 2014, p. 7.

Dá conta da iniciativa da Asociación Cultural Vagalumes da Estrada de colocar na Internet unha sección dedicada a García Barros, que recolle entre outra documentación a correspondencia con Ben-Cho-Shey.

**C. B.**, “Reinterpretan o pensamento de Castelao nun curso na Estrada”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.086, 4 novembro 2014, contracuberta.

Comenta a celebración dun curso de Estudos Superiores organizado pola Universidade Internacional de Menéndez Pelayo (UIMP), no Museo Estradense da Madeira e o Moble (MOME), no Concello da Estrada, versado na figura e o pensamento de Castelao. Destaca a presenza no acto de inauguración do curso de Valentín García, José López, Xesús Alonso Montero e Carlos Bello e conclúe cunha referencia ao volume *Sempre en Galiza* (1944).

**C. B.**, “A Festa da Poesía encherá a Estrada de verbas literarias”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.103, 21 novembro 2014, p. 6.

Dáse noticia da celebración da novena edición da Festa da Poesía do Concello da Estrada, conformada por tres partes ben diferenciadas, a saber, o memorial Xosé Couceiro Bugallo, a entrega do Premio Avelina Valladares e a lectura do pregón da festa.

**C. B. e J. T.**, “A rosa d’Adina enche A Estrada dun fondo sentimento rosaliano”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 841, 26 febreiro 2014, contracuberta.

Recolle os diferentes actos que tiveron lugar na Estrada e na Costa da Morte para lembrar a poeta no 177 aniversario do seu nacemento.

**C. G.**, “Lalín acollerá a obra ‘Contos de Nadal’”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 792, 8 xaneiro 2014, p. 7.

Infórmase da posta en escena por parte do grupo Verbas de Marín desta obra de Charles Dickens, *Contos de Nadal*, en Lalín.

**Chao, Alba**, “Galicia celebra, con Castelao en el horizonte, el Día de la Ilustración”, *El Correo Gallego*, “*Tendencias*”, 31 xaneiro 2014, p. 42.

Infórmase sobre a celebración do Día da Ilustración, que pretende enxalzar a figura de Castelao e levar a cabo diferentes actividades para achegar ao público un sector creativo de gran tradición en Galicia.

**Cheda, P.**, “A Rabela Teatro actúa esta tarde en el centro sociocultural de Baleira”, *El Progreso*, “*Comarcas*”, 22 febreiro 2014, p. 26.

Dáse conta da representación, por parte de A Rabela Teatro, de *A miña sogra é increíble* no centro sociocultural de Baleira, unha das actividades enmarcadas dentro do programa cultural do concello.

**C. G.**, “Susó Bahamonde presenta mañana en Cee su libro ‘Expansión’, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.004, 12 agosto 2014, p. 6.

Infórmase do acto de presentación da obra *Expansión* de Susó Bahamonde nun pub ceense.

**Coira**, Ramón, “O trasno refraneiro”, *El Progreso*, “*deVerano*”, “Contos de verán”, 17 agosto 2014, p. 42.

Sección que acolle relatos presentados ao concurso “Contos de verán” do xornal *El Progreso*. Neste caso reproducése o escrito por Ramón Coira, titulado “O trasno refraneiro”.

**Corral Martín**, Carmen, “A cestaría”, *El Progreso*, “*deVerano*”, “Contos de verán”, 23 agosto 2014, p. 79.

Sección que acolle relatos presentados ao concurso “Contos de verán” do xornal *El Progreso*. Neste caso reproducése o escrito por Carmen Corral, titulado “A cestaría”.

**Costa Gómez**, Antonio, “Cunqueiro en Isfahan”, *El Progreso*, “*deVerano*”, “Crónica de un viaje”, 16 agosto 2014, p. 56.

Realiza un percorrido por Irán a partir das referencias literarias na narrativa cunqueiriana. Menciona en primeiro lugar as atopadas nos volumes *Historia del caballero Rafael* (1939), *Escuela de Curanderos* (1960), *Si el viejo Simbad volviese de las islas* (1961), ou *El año del cometa con la batalla de los cuatro reyes* (1974). Describe, polo miúdo, os lugares que visita no país persiano e como as escritas cunqueirianas vanse dotando de realidade.

**C. P. R.**, “O instante eterno”, sobre Díaz Castro, se proyecta en Guitiriz”, *El Progreso*, “Comarcas”, 22 febreiro 2014, p. 21.

Anúnciase o pase do documental *O instante eterno* na casa Habanera de Guitiriz e coméntanse algúns aspectos sobre o seminario “Díaz Castro: transferencias poéticas e visuais”.

**C. P. R.**, “El teólogo y escritor Xosé Chao Rego entrará en el Paseo dos Soños”, *El Progreso*, “Comarcas”, 15 xullo 2014, p. 18.

Anúnciase a homenaxe que a asociación Xermolos e a Irmandade Manuel María farán en Vilalba ao escritor Xosé Chao Rego, a quen se lle dedicará o noveno Hectómetro Literario do Paseo dos Solos da capital chairega. Apúntase que entre os poñentes que participarán no evento figuran Marica Campo, Xoán Xosé Fernández Abella ou Helena

Villa Janeiro e que o acto central será a inauguración do monolito en honor ao escritor vilalbés.

**C. P. R.**, “O señor das palabras”, *El Progreso*, “A Chaira”, 19 xullo 2014, p. 19.

Comenta a inauguración en Vilalba do Hectómetro Literario, da autoría de Sonia Ferreiro e Marcos Ladra, como homenaxe á figura de Xosé Chao Rego. Destaca o labor organizativo da Irmandade Manuel María e a Asociación Xermolos, xunto á presenza no acto de Luís Aldegunde, Marica Campo, Xosé Manuel Carballo, Xoán Xosé Fernández Abella, Daniel López Muñoz, Xesús Rábade Paredes, Helena Villar Janeiro, Moncho Paz e Rubén Aramburu, así como a recitación do “Himno a Santa Mariña”, musicado por Mini e Mero.

**C. R.**, “Universidade e Fundación Rosalía incrementarán os proxectos conxuntos”, *Atlántico Diario/ La Región*, “*Universitas*”, 11 setembro 2014, p. 4.

Trata o convenio de colaboración asinado entre a Universidade de Vigo e a Fundación Rosalía de Castro, co obxectivo de continuar a investigación literaria sobre a poeta compostelá. Salienta asemade o fortalecemento que este convenio supón para a Casa Museo Rosalía de Castro en canto espazo cultural de referencia no seo da Universidade de Vigo e remata cunha mención á inclusión deste espazo no programa de visitas culturais dirixido ao alumnado internacional da universidade viguesa.

**C. R.**, “Escritores rachan fronteiras lingüísticas nos Encontros Literarios”, *Atlántico Diario/ La Región*, “*Universitas*”, 6 novembro 2014, p. 7.

Sinala a inauguración da vixésimo cuarta edición dos Encontros Literarios no Liceo de Ourense, a cargo da sección de Literatura do Liceo en colaboración coa Cátedra Carlos Casares da Vicerreitoría do Campus de Ourense e a Deputación. Destaca a presenza no acto de Bernardo Atxaga e Xosé Luís Méndez Ferrín en canto convidados de honra, así como a de José María Faílde, Manuel Baltar, Xabier Casares ou Xosé Luís Troitiña. Conclúe cunha referencia á comunicación de Atxaga, titulada “Traxectoria literaria”.

**Creo**, Carmiña, “Ames, Vedra y Melide se vuelcan con el teatro”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 863, 20 marzo 2014, p. 7.

Revísase a oferta escénica na fin de semana dos concellos de Ames, Melide e Vedra. Mentres a de Ames atende primeiro ao público infantil coa peza *Xango: A moi extraordinaria historia do home que foi engulido por unha máquina*, de Talía Teatro, e logo ao adulto con *Curriculum Vitae* de Redrum Teatro; os melidenses Charamela Teatro estrearán *O cantar dos cantares* –baseada nunha obra de Eduardo Blanco Amor– e os estradenses Disfunción continua farán o mesmo con *Eran outros tempos, ou non?*

**Creo**, C., “Música, literatura e arte serán os protagonistas da fin de semana en Arzúa”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 944, 12 xuño 2014, p. 7.

Dá conta da celebración de diversas sesións de música, arte e literatura en Arzúa como parte do programa “Música no Camiño”. Destaca o concerto na Capela da Madanela a cargo do alumnado de Canto da Escola Municipal de Música; o acto de presentación do poemario *Remontar o río* (2014), de Helena Janeiro, e ilustrado por Luz Darriba, e a exposición de catorce artistas orixinarios de Arzúa.

**Crespo, C.**, “E Rosalía volveu nacer”, *La Región*, “Ciudad”, 25 febreiro 2014, p. 8.

Comenta os diferentes actos que tiveron lugar na cidade de Ourense e no Carballiño con motivo do Día de Rosalía, como unha exposición organizada pola Bela Auria ou un acto no Liceo ourensán.

**Cruz, José**, “El comercio de O Barco recurre al teatro para promocionarse”, *La Región*, “Provincia”, “Valdeorras”, 15 maio 2014, p. 16.

Fala da campaña “Teatro nos Escaparates” promovida polo Centro Comercial Aberto de O Barco en colaboración co grupo Gargallada Teatro. Salienta, en primeiro lugar, a presenza no acto inaugural de Luis Enrique Rodríguez Arias, Ángel Álvarez Núñez e Gabriel Prada Rodríguez, para despois mencionar os escaparates onde se representan as pezas e o éxito acadado.

**C. S.**, “En memoria de Rosalía”, *Diario de Pontevedra*, “É Venres!”, “Fin de semana”, p. 4/ *El Progreso*, “d\_finde”, “d\_nocheydía”, p. 36, 10 xaneiro 2014.

Infórmase sobre o Festival Internacional da Lusofonía “Cantos da Maré”, desta volta centrado na poesía, concibido como o remate final do ano rosaliano. Faise a presentación dos diferentes artistas galegos e foráneos, que porán voz e música a este encontro.

**C. S.**, “Casas de poetas y campamentos romanos”, *La Región*, “Fitur 2014: Ourense destino turístico”, “Geodestino Celanova-A Limia”, “Museos”, 22 xaneiro 2014, p. 11.

Nota que achega a información sobre a situación na vila de Celanova da Casa-Museo de Curros Enríquez, unha das figuras clave do Rexurdimento. Faise unha descrición deste espazo que tamén alberga capacidade para outros escritores, e das actividades que se levan a cabo nel. Alúdese tamén aos restos arqueolóxicos do Concello de Bande, onde se atopa o Aquis Querquennis, campamento romano que data do século I d. C. e que conta cun Centro de Interpretación. Para rematar, dá conta do Museo Etnográfico do Concello de Vilar de Santos, unha mostra das actividades máis representativas tradicionalmente da comarca.

**D. A.**, “A Poesía de Ramón Cabanillas en lingua rusa’ llega al auditorio”, *Diario de Arousa*, “Cambados”, 10 outubro 2014, p. 10.



Informa do acto literario e musical sobre Ramón Cabanillas no auditorio da Xuventude de Cambados, que contará coa conferencia de Elena Zernova titulada “A poesía de Ramón Cabanillas en lingua rusa”.

**Díaz, Bruno**, “Un banquete de poesía y música en Conxo”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Patio de vecinos”, 23 marzo 2014, contracuberta.

Recolle o acto que tivo lugar na escaleira do pavillón central do Psiquiátrico de Conxo en conmemoración do Banquete de Conxo celebrado o 2 de marzo de 1856, e no cal participou o poeta Aurelio Aguirre.

**Díaz, Caetano**, “Que foi de...Úrsula Heinze”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Cartas asombradas”, 30 novembro 2014, p. 6.

Leva a cabo un percorrido pola traxectoria literaria de Úrsula Heinze e salienta o seu matrimonio con Ramón Lorenzo; a saída da súa novela *Culpable de asesinato* (1993), merecente do “Premio Blanco-Amor”; o seu labor ensaístico e de tradución; o “Premio Merlín” co que foi galardoada en 1987; o seu rol como activista cultural; a súa participación na fundación do PEN Club de Galicia e posterior presidencia sucedendo a Alfredo Conde; a organización do Congreso Mundial do PEN en 1993 en Santiago de Compostela, con convidados como Camilo José Cela, Saramago, Sábato, Jorge Amado, Manuel Rivas ou Torrente Ballester; e, por último, a Medalla Castelao que lle foi outorgada e a súa vicepresidencia do PEN Club de Galicia.

**Díaz Fernández, Toño**, “Recordos da infancia”, *El Progreso*, “*deVerano*”, “Contos de verán”, 14 agosto 2014, p. 32.

Sección que acolle relatos presentados ao concurso “Contos de verán” do xornal *El Progreso*. Neste caso reproducése o escrito por Toño Díaz, titulado “Recordos de infancia”.

**Díaz-Fierros Viqueira, Francisco**, “Benxamín Casal e a ‘Gran Enciclopedia Galega’”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 16 xaneiro 2014, p. 42.

Gaba o papel de Benxamín Casal á fronte de diversas institucións, en particular na súa tarefa como director e coordinador da Gran Enciclopedia Galega, labor que levou a cabo dende a obxectividade e cunha total dedicación.

**Díaz Martínez, Diego**, “Corazón de verán”, *El Progreso*, “*deVerano*”, “Contos de verán”, 30 xullo 2014, p. 34.

Sección que acolle relatos presentados ao concurso “Contos de verán” do xornal *El Progreso*. Neste caso reproducése o escrito por Diego Díaz, titulado “Corazón de verán”.

**Díaz**, Montse, “Mandiles y fusiles ocuparon el escenario”, *El Progreso*, “*deVerano*”, “Cultoretadas”, 10 agosto 2014, p. 40.

Indica que a Deputación de Lugo recreou o alzamento de Solís e o fusilamento dos mártires de Carral coa representación *Abril de lume e ferro*, da asociación teatral homónima.

**Dios Almeida**, Marcos, “O faro da discordia”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Relato”, 16 agosto 2014, p. 30.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia* para, ao rematar o mes, dar a coñecer o gañador das dúas categorías: menores de quince anos e adultos. Neste caso reproducése o realizado por Marcos Dios, titulado “O faro da discordia”.

**Dopico**, Montse, “No cumio das vendas”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 483, “Reportaxe”, 9 xaneiro 2014, p. VIII.

Fala sobre diversas obras galegas infantís, xuvenís e para adultos que tiveron éxito nos últimos anos como é o caso d’*Os fillos do mar* (2012) e *A memoria da choiva* (2013), de Pedro Feijoo, *Todo é silencio* (2010) e *As voces baixas* (2012), de Manuel Rivas, *Non hai noite tan longa* (2011), de Agustín Fernández Paz, *Herba Moura* (2005), de Teresa Moure, *A praia dos afogados* (2009), de Domingo Villar e *A esmorga* (1959), de Eduardo Blanco Amor.

**Dopico**, Montse, “Arredor da lembranza”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 490, “Reportaxe”, 27 febreiro 2014, p. VII.

Realiza unha síntese dos documentais de autoría galega que viron a luz ao longo do 2013. Fai un percorrido pola súa temática e destaca que predominan os que se centran na memoria histórica.

**Dopico**, Montse, “A palabra que estoura”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 495, “Reportaxe”, 3 abril 2014, p. VII.

Comenta as xornadas centradas nas figuras de Luísa Villalta e Xela Arias, celebradas no Consello da Cultura Galega en Santiago de Compostela. Alude ás clasificacións das poéticas por parte de Estíbaliz Espinosa, Chus Nogueira, Arturo Casas ou Ana Romaní, para despois mencionar a liña temática do poemario *En concreto* (2004), de Villalta. Fai referencia aos debates e mesas redondas sobre o feminismo ou a identidade nestas xornadas e, nun epígrafe á parte, describe a presentación de dous documentos audiovisuais da produtora Illa Bufarda sobre as poetas, da autoría de Antía Otero e Rafa Janeiro.

**Dopico**, Montse, “O facho aceso”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 500, “Letras galegas 2014”, 17 maio 2014, p. XII.

Comenta a andaina do suplemento cultural *Faro da Cultura* co gallo da saída ao prelo do número 500. Destaca a consecución dun diálogo entre a cultura galega e a universal ou a dunha normalización lingüística e despois subliña a decisión de adoptar única e exclusivamente a lingua galega para as críticas artísticas do suplemento. Nun epígrafe á parte sinala a cuestión da crítica de arte en canto contido imprescindible deste tipo de suplementos culturais, segundo Carlos Valle, Inés Román e Iñaki Martínez.

**Dopico**, Montse, “Xornalismo e cultura”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 500, “Letras galegas 2014”, 17 maio 2014, p. XIII.

Enxalza o labor de promoción do teatro galego por parte do *Faro da Cultura*, co gallo do número 500, a partir dos comentarios de Manuel Guede, Ramón Villares, Xosé Ramón Pena, Manuel Bragado, Ernesto X. González e Víctor Freixanes. Nun epígrafe á parte, comenta a decisión de ampliar as bases lectoras deste tipo de suplementos culturais segundo a opinión de Xosé Ballesteros, director de Editorial Kalandraka.

**Dopico**, Montse, “Andar a contraño”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 507, “Reportaxe”, 3 xullo 2014, p. VII.

Informa da posibilidade de consultar o epistolario de Luís Seoane na web [epistolarios.consellodacultura.org](http://epistolarios.consellodacultura.org) que ve a luz en virtude dun proxecto do Consello da Cultura Galega e a Fundación Luís Seoane. Inclúense algúns fragmentos das cartas que dende o exilio Seoane enviaba a Francisco Fernández del Riego, Domingo García-Sabell ou Ramón Piñeiro sobre temas como o Centro Galego de Bos Aires, a Editorial Galaxia, os *Cadernos Grial*, a revista *Galicia*, Sargadelos, o Museo Carlos Maside ou o xornal *La Noche*.

**Dopico**, Montse, “Repensar os relatos”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 518, “Reportaxe”, 6 novembro 2014, p. VII.

Dá conta do transcurso das IV Xornadas de Literatura e Ensino, “A Xeración Nosoutr@s”, a cargo da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG), en Santiago de Compostela. Salienta algún dos temas abordados nelas como a misoxinia en certos poemas de Pondal; a relectura de *Morgana en Esmelle* (2012), de Begoña Caamaño; o mito de Penélope proposto por Rosalía de Castro ou Xohana Torres; a exigua presenza de mulleres na Real Academia Galega; os diferentes feminismos no sistema literario galego e a linguaxe dominante do patriarcado. Nun epígrafe á parte, comenta a relación entre literatura e política e o rol de Inma López Silva e Rosa Aneiros en canto mulleres e máis narradoras.

**Dopico**, Montse, “Redes de difusión”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 524, “Reportaxe”, 18 decembro 2014, p. VII.

Dá conta do debate sobre a cabida da cultura galega nos medios de comunicación escritos e electrónicos que tivo lugar durante o XI Simposio “O libro e a lectura”, organizado pola Asociación Galega de Editores. Recolle as argumentacións de especialistas na materia como Raquel C. Pinto, Ana Romaní ou Carme Vidal, que destacan a crecente presenza de páxinas web dedicadas á literatura galega.

**D. R.**, “La Casa da Cultura acoge hoy la obra de teatro titulada ‘O anel máxico’”, *El Ideal Gallego*, “Área metropolitana”, 4 maio 2014, p. 17.

Anúnciase a representación, na Casa da Cultura de Sada, da obra *O anel máxico*, orixinalmente unha comedia do italiano Carlo Goldoni coa estrutura habitual da Commedia dell’Arte. Lémbrese que o público sadense vén de gozar de *75 puñaladas, un suicidio sospeitoso* da compañía de Miro Magariños.

**E. Á.**, “Paco Castor. A sociedade tradicional tíñalle un rol asignado aos avós, esta non”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Patio de vecinos”, 6 febreiro 2014, contracuberta.

Alúdese a presentación do libro *Nunha presa de terra*, de Paco Castro, destacando que se centra na vida rural labrega e nos roles tradicionais, e o xeito en que estes se foron transformando.

**ECG**, “Antoloxías sentimentalistas’ en Bus Station”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 22 xaneiro 2014, p. 27.

Anúnciase a presentación da obra *Antoloxías sentimentalistas* (2013), volume que asinan 21 autores, na galería compostelana Bus Station.

**ECG**, “Una veintena de poetas en la galería Bus Station”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 24 xaneiro 2014, p. 28.

Infórmase da presentación de *Antoloxías sentimentalistas*, escolma poética que se presenta na galería Bus Station de Santiago.

**ECG**, “Nuevos ‘Picaversos orientais’ con tres poetas gallegos”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 4 marzo 2014, p. 24.

Anúnciase unha sesión de lecturas poéticas con Claudio Pato Díaz, Agustín Delicias e Arantza Villar, no pub Modus de Santiago de Compostela.

**ECG**, “Consortio, Xunta e Alvarellos presentan ‘Salón Teatro. Corazón do espectáculo’”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 26 marzo 2014, p. 27.

Dá conta da publicación do libro divulgativo *Salón Teatro. Corazón do espectáculo* (2014), asinado por Jesús Ángel Sánchez García e da súa presentación no Consorcio de Santiago, coa presenza de cargos institucionais.

**ECG**, “Cultura colabora co Premio de Poesía Novacaixagalicia”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 11 abril 2014, p. 44.

Infórmase de que a Consellería de Cultura colabora por vez primeira co Premio de Poesía Novacaixagalicia, algo que o conselleiro Xesús Vázquez considera unha gran satisfacción.

**ECG**, “Recital poético en Mondoñedo o próximo 1 de maio”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 11 abril 2014, p. 44.

Refírense os preparativos dun recital poético-musical, “Mondoñedo é poesía”, que levará a cabo o Grupo Literario Leiras Pulpeiro e a Asociación As San Lucas, nas rúas e escenarios de Mondoñedo.

**ECG**, “Inauguran un busto de Rosalía na horta da Casa da Matanza”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 16 maio 2014, p. 37.

Indica o acto de inauguración na Casa da Matanza en Padrón dunha escultura de bronce dedicada a Rosalía de Castro, elaborada por Cuqui Piñeiro a partir do monolito de Lorenzo Coullaut Valera. Remata cunha alusión ao cambio de sitio do busto dedicado a Maruxa Villanueva.

**ECG**, “Pasos firmes para asentar o Museo do Títere en Lalín”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 925, 23 maio 2014, p. 5.

Sinala a reunión mantida entre José Crespo, Anxo Bastera e Viravolta co obxectivo de concordar a cesión de monicreques á exposición permanente do Museo Galego do Títere no pazo de Liñares en Lalín.

**ECG**, “Teatro y foliada para celebrar las fiestas del barrio de San Pedro”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 26 xuño 2014, p. 30.

Preséntanse, no marco das tradicionais festas do barrio de San Pedro, variadas actividades de teatro e música; entre as primeiras figura *Shakespeare low cost* de Carauta Teatro, e entre as segundas concerto dos John Deeres, Familia Caamagno ou Sacha na Horta, entre outros.

**ECG**, “Fortes críticas da Mesa á elección de Figueira Valverde para o Día das Letras”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 7 xullo 2014, p. 26.

Informa de que a elección de Xosé Filgueira Valverde como próximo homenaxeado no Día das Letras Galegas non conta co apoio da Mesa pola Normalización Lingüística pola traxectoria política de Filgueira ligada ao réxime franquista, que perseguíu a lingua e a cultura galegas. Ademais engade que o recoñecemento á figura do ponteverés supón un insulto a todas as persoas que pagaron coa prisión, o exilio ou a morte a defensa da lingua galega nas peores circunstancias políticas.

**ECG**, “Takekazu Asaka acaba de publicar en xaponés ‘Contos da miña terra’”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 31 xullo 2014, p. 40.

Dá conta da publicación de *Contos da miña terra*, de Rosalía de Castro, traducido ao xaponés por Takekazu Asaka. Informa de que o libro leva un prólogo de María do Carme Ríos Panisse e un CD coa lectura do texto.

**ECG**, “Triatrereros representó ‘A Matanza’”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 1.004, 12 agosto 2014, p. 6.

Dáse conta da representación da peza teatral *Matanza*, de Triatrereros, dentro do programa Verán Cultural de Ordes.

**ECG**, “Reunión para constituir a Fundación Blanco Amor”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 15 setembro 2014, p. 47.

Comenta a xuntanza constituínte da Fundación Blanco Amor e as persoas e institucións que participan.

**ECG**, “Estreno de la obra *Despois do tranvía* en la Zona C”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 24 setembro 2014, p. 25

Anuncia a estrea da peza *Despois do tranvía* dirixida por Carlos Neira, inspirada no clásico de Tennessee Williams. Tamén comenta a representación de *D.E.P* de Malasombra Producións no Teatro Principal de Santiago de Compostela e refire brevemente o argumento da obra.

**E. F.**, “A vida e obra de Isaac Díaz Pardo, nunha exposición no instituto negreirés”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Comarcas”, 20 marzo 2014, p. L9.

Informa da mostra que acolle o instituto Xulián Magariños de Negreira baixo o título *Luz e compromiso*, dedicada á vida e obra de Isaac Díaz Pardo.

**E. G.**, “Éxito de público en el Festival Poético Musical de A Guarda”, *Faro de Vigo*, “Baixo Miño”, “Área metropolitana”, 8 abril 2014, p. 17.

Dá conta do Festival Poético Musical celebrado no Centro Cultural de A Guarda e organizado pola Asociación Poetas do Baixo Miño. Salienta a participación do Coro Cantabile; o Conservatorio Elemental de Música de A Guarda; o grupo Xamaraina; as pandereteiras de A. C. Guardesa e os poetas Emilia Rosende, Castor Rodríguez e Oliva María Pereira. Destaca, por último, a presenza no evento do concelleiro Antonio Lomba.

**E. G.**, “Amancio Prada ofrecerá en Tui ‘A Rosalía de Federico’, baseado en poemas de Lorca”, *Faro de Vigo*, “Baixo Miño”, “Área metropolitana”, 18 maio 2014, p. 18.

Informa da posta en escena no Teatro Municipal de Tui do espectáculo de Amancio Prada titulado “A Rosalía de Federico”, organizado pola Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Tui. Destaca a presenza e intervención de Moisés Rodríguez e Ana Isabel Vázquez, así como o labor de dirección escénica de José Luís Gómez, xunto a *Seis poemas galegos* (1935), de Federico García Lorca, eixe central do evento.

**Elvira, S.**, “O espectáculo ‘Mistura de Mel e Cerna’ abre os actos culturais do Cocido 2014”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 793, 9 xaneiro 2014, p. 6.

Explica as diferentes mostras artísticas que terán lugar en Lalín con motivo da 46 Feira do Cocido, que será inaugurada co espectáculo do grupo A Carballeira do Cercio, *Mistura de Mel e Cerna* o cal rende homenaxe a Rosalía no 150 aniversario da publicación de *Cantares Gallegos*.

**Elvira, Sol**, “Más de cuarenta mil filloas se degustaron ayer en Lestedo”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 853, 10 marzo 2014, p. 7.

Dá conta da celebración da Festa da Filloa en Lestedo, evento que contou con Xosé Neira Vilas como pregoeiro.

**E. P.** e E. Ocampo, “Filgueira Valverde, no olimpo das Letras Galegas”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 6 xullo 2014, p. 40.

Fala da elección do pontevedrés Xosé Filgueira Valverde como homenaxeado no Día das Letras Galegas do ano 2015. A Real Academia Galega acordou renderlle homenaxe tras resultar o autor máis apoiado polos académicos e impoñerse a outras propostas, como Ricardo Carvalho Calero, Xela Arias e Celestino Fernández de la Vega.

**E. P.**, “Filgueira Valverde ‘estaba siempre haciendo patria’, asegura su hijo”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 28 xullo 2014, p. 28.

Comenta a defensa que da figura do estudoso Xosé Filgueira Valverde fai o seu fillo Xosé Fernando Filgueira Iglesias ante a tensión xurdida tras a decisión da Real Academia Galega de dedicarlle o Día das Letras Galegas 2015. Salienta a fundación do Seminario de Estudos Galegos e o Museo de Pontevedra, a recuperación do Instituto

Padre Sarmiento e a inauguración do Consello da Cultura Galega como as contribucións máis importantes á cultura galega levadas a cabo por Filgueira Valverde.

**E. P.**, “Unha librería coruñesa non venderá libros do homenaxeado”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 13 xullo 2015, p. 47.

Infórmase de que a librería Suévia da Coruña non organizará presentacións de libros laudatorios de Filgueira Valverde polo seu pasado político e que promoverá un día alternativo das Letras Galegas.

**Estévez**, José, “Ponte Sampaio homenaxea a Medal en el aniversario de su Biblioteca Pública”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 19 agosto 2014, p. 8.

Comenta a inauguración da Semana Cultural que organiza a asociación de veciños Santa María de Ponte Sampaio organizada co gallo do décimo aniversario da Biblioteca Pública Antonio Medal. Entre o material acumulado pola biblioteca destaca os poemas de Manuel Cuña Novás.

**Faginas**, Sandra, “A ver se este ano chega por fin a bicicleta!”, *La Voz de Galicia*, “Extra Voz”, n.º 156, “En portada”, “En primera línea”, 5 xaneiro 2014, pp. 2-3.

Recolle os recordos e a ilusión cos que os escritores Manuel Rivas e Méndez Ferrín vivían de nenos a noite de reis. En momentos e lugares diferentes, ambos coinciden en que ningún obtiña as súas peticións, e no feito de que os regalos puñan de manifesto as diferenzas económicas entre as familias

**Fariña**, Rafa, “La Asociación cultural ‘A pedra Flojám’ presenta ‘Abuelita-Avoíña’”, *Diario de Pontevedra*, “Gente”, “A diario”, 25 xaneiro 2014, p. 70.

Infórmase da presentación da obra *Abuelita-Avoíña* (2013), de Moncho Iglesias Míguez, edición bilingüe dentro da colección Poetikas.

**Fariña**, Rafa, “Presentación del cuento ‘O meu marabilloso sombreiro’ de la autora Suevia Sobral”, *Diario de Pontevedra*, “Gente”, “A diario”, 2 febreiro 2014, p. 86.

Dáse conta da presentación do conto bilingüe galego-xaponés, *O meu marabilloso sombreiro* (2013), na librería Paz de Pontevedra.

**Fariñas**, Xesús, “Vuelve el grupo de teatro Valle Inclán”, *La Región*, “Vida”, n.º 2.117, “Encuentro”, 5 xaneiro 2014, p. 24.

Apunta que grupo de teatro Valle Inclán se reúne co gallo da tradicional comida de Nadal, desta volta co incentivo de regresar aos escenarios.



**F. E.,** Pablo, “La playa de los ahogados’ dice hasta pronto a Nigrán”, *Atlántico Diario*, “Área metropolitana”, “Val miñor”, 15 xuño 2014, p. 17.

Informa da finalización da rodaxe de *Praia dos afogados* en Nigrán, en galego e castelán de xeito simultáneo, despois de seis semanas. Recóllense as palabras do director de filme, Gerardo Herrero, que, ante a satisfacción das conclusións obtidas, propuxo a posibilidade de adaptar a primeira entrega da triloxía do escritor vigués *Ollos de auga*. Apúntase como Carlos Rodríguez explicou o proceso de financiamento do proxecto e pechou o estreno da película para o primeiro trimestre de 2015.

**Fernández,** Laura, “La casa natal de Curros, espacio expositivo en auge”, *La Región*, “Provincia”, 6 maio 2014, p. 22.

Trata a posta en marcha da sexta mostra ao redor de Eusebio Lorenzo Baleirón na Casa dos Poetas en Celanova, co gallo do vixésimo quinto aniversario do certame poético na súa honra. Salienta a presenza de distintas personalidades para despois comentar o uso da Casa dos Poetas como lugar de exposicións, entre as que destaca a da obra pictórica de Xosé Conde Corbal; “Tra-la máscara”, organizada polo alumnado do obradoiro de emprego San Rosendo; “Nimbos de luz”, sobre Xosé María Díaz Castro; a pintura de Rosario Palacios Urive; “Onde beben os cervos que amansou o calígrafo”, de Baldo Ramos e Carlos González; “Libros prohibidos”, sobre *Aires da Miña Terra* (1880); ou “Platero y yo”, ao redor da inserción dun poema de Curros na escrita de Juan Ramón Jiménez.

**Fernández,** Laura, “Celanova intenta la unión de los empresarios en el exterior”, *La Región*, “Provincia”, “Celanova”, 13 agosto 2014, p. 13.

Dá conta da I Xuntanza de Fillos das Terras de Celanova no Mosteiro de San Rosendo en Celanova, co gallo da entrega dos Premios Alecrín 2014 da Federación de Entidades Galegas en Cataluña. Destaca a presenza de José Luís Ferro, Elías Villanueva, Antonio Piñeiro e Manuel Carrete e indica a seguir os galardoados e galardoadas como Moncho Borrajo, Manuel Outomuro, a Fundación Curros Enríquez, Xosé Luís Franco, a Banda de Música de Celanova e Margarita Ledo. Conclúe cunha mención ao vindeiro galardoado destes Premios, Xosé Manuel Piñeiro.

**Fernández,** Pablo, “Rodar en Galicia es un reto debido al clima”, *Atlántico Diario*, “Área metropolitana”, “Val Miñor”, 24 maio 2014, p. 12.

Trata o proceso de gravación do filme *A praia dos afogados* (2014), de Gerardo Herrero, en diversas localizacións do sur de Galicia. Tras apuntar a adaptación da novela negra homónima de Domingo Villar, trae á memoria outras longametraxes de Herrero como *Heroína* (2005), ou *La mujer invisible* (2007), e, en dous epígrafes á parte, comenta o labor da actriz Celia Freijeiro e o actor Pedro Alonso.

**Fernández González**, José Manuel, “Un mal touro”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Relato”, 24 agosto 2014, p. 32.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia* para, ao rematar o mes, dar a coñecer o gañador das dúas categorías: menores de quince anos e adultos. Neste caso reproducécese o realizado por José Manuel Fernández, titulado “Un mal touro”.

**Fernández Martínez**, Isolina, “Unha vez”, *El Progreso*, “*deVerano*”, “Contos de verán”, 25 agosto 2014, p. 32.

Sección que acolle relatos presentados ao concurso “Contos de verán” do xornal *El Progreso*. Neste caso reproducécese o escrito por Isolina Fernández, titulado “Unha vez”.

**Fernández Valado**, Marisol, “Aturuxos do monte”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Relato”, 26 agosto 2014, p. 30.

Sección que acolle relatos que durante todo agosto ofreceu *La Voz de Galicia* para, ao rematar o mes, dar a coñecer o gañador das dúas categorías: menores de quince anos e adultos. Neste caso reproducécese o realizado por Marisol Fernández, titulado “Aturuxos no monte”.

**Ferreira**, Antón, “El Teatro de Tui acoge voz la lírica de Rosalía y García Lorca”, *Atlántico Diario*, “Área metropolitana”, “Baixo Miño”, 18 maio 2014, p. 12.

Subliña o acto de presentación do recital de Amancio Prada, “A Rosalía de Federico”, no Teatro Municipal de Tui. Destaca a presenza de Moisés Rodríguez e Ana Isabel Vázquez, para despois indicar o poemario *Seis poemas galegos* (1935), de García Lorca, no que se basea o concerto, e salientar a interpretación de Prada e Cuco Pérez, así como o labor organizativo da Deputación de Pontevedra e o Concello de Tui.

**Ferreira**, Rosario, “O recordo e a obra de Rosalía viven na memoria colectiva”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 16 xullo 2014, p. 35.

Informa do acto conmemorativo do aniversario do pasamento de Rosalía de Castro celebrado na Casa-Museo Rosalía de Castro en Padrón. Indica a presenza e participación de Anxo Angueira, Xesús Vázquez Abad, Luís González Tosar, Gonzalo Hermo, Leticia Costas, Luz Pozo e Cesáreo Sanchez, para despois destacar a presentación da nova entrega da *Revista Galega de Educación*; dos volumes *Tres Rosalías* (2014), de Pepe Barro e *Letras de Díaz Castro*, de Ramón Villares; e do volume elaborado a partir dos galardoados e galardoadas do II Premio de Poesía Escolar Rosalía de Castro, a cargo de José Manuel Blanco.

**Ferro Novás**, Celia, “Unha viaxe a Madrid”, *El Progreso*, “*deVerano*”, “Contos de verán”, 28 agosto 2014, p. 38.

Sección que acolle relatos presentados ao concurso “Contos de verán” do xornal *El Progreso*. Neste caso reproducéase o escrito por Celia Ferro, titulado “Unha viaxe a Madrid”.

**F. F.**, “Alonso Montero. ‘Castelao tiña que vir convocando multitudes’”, *El Correo Gallego*, “Galicia”, “Testemuñas”, 28 xuño 2014, p. 23.

Recolle as palabras de Xesús Alonso Montero sobre a chegada do corpo de Castelao a Santiago hai tres décadas. Lembra como foi inmovilizado por axentes da Garda Civil no aeroporto de Lavacolla cando foi recibir o cadaleito e lamenta que só determinados sectores acudiran a recibilo xa que tiña que ser o pobo, consciente da importancia da figura de Castelao, quen, en multitude, agardase a súa chegada.

**F. F.**, “Carlos Pajares. ‘Houbo moita xente incómoda cos incidentes’”, *El Correo Gallego*, “Galicia”, “Testemuñas”, 28 xuño 2014, p. 23.

Comenta que Carlos Pajares, reitor da Universidade de Santiago de Compostela en 1984, lembra os incidentes acontecidos co gallo da chegada do cadaleito de Castelao á cidade. Subliña que houbo moita xente que estivo incómoda co suceso e confirma que actualmente o uso da lingua galega na universidade está normalizado a diferenza do que ocorría entón.

**F. F.**, “Neira Vilas. ‘Leva os meus ósos a Galicia e entérrame nun castro’”, *El Correo Gallego*, “Galicia”, “Testemuñas”, 28 xuño 2014, p. 23.

Indica que Xosé Neira Vilas relata un episodio que lle contou Alonso Ríos, secretario do Consello de Galiza creado e presidido por Castelao, sobre o desexo do escritor de que fose levado a Galicia anos despois da súa morte e enterrado nun castro.

**Fidalgo**, Marta, “Nélida, la niña que comía cuentos”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 23 setembro 2014, p. 32.

Leva a cabo un percorrido pola traxectoria vital da escritora Nélida Piñón, co gallo da súa investidura como académica de honra da Real Academia Galega. Subliña a súa presenza e participación no evento do vixésimo quinto aniversario do PEN Club de Galicia, a saída ao prelo en 1984 da súa novela *A república dos soños* e o seu nomeamento como doutora Honoris Causa da Universidade de Santiago de Compostela.

**Filgueira**, Blanca, “Nélida Piñón, Ferrín e Rivas pechan hoxe a VI Bienal Literaria”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 3 outubro 2014, p. 42.

Comenta a clausura da sexta edición da Bienal Literaria organizada polo PEN Galicia na Cidade da Cultura. Destaca a mesa redonda titulada “Novelistas; o faladoiro entre diversos poetas; ou a conferencia “Encontro en Compostela”, con Nélida Piñón, Xosé

Luís Méndez Ferrín, Manuel Rivas e Luís González Tosar. Remata cunha referencia ao grandioso labor de promoción da literatura galega por parte do PEN Galicia.

**Flowers**, Margarito, “Narf y Rosalía de Castro”, *El Correo Gallego*, “Gente”, 8 xaneiro 2014, p. 47.

Informa do concerto co que o sexteto Tempo Catro renderá homenaxe a Rosalía musicalizando os seus poemas, e sinala que este concerto clausura as actividades que conmemoran o 150 aniversario da figura de Rosalía.

**Flowers**, Margarito, “Rosalía”, *El Correo Gallego*, “Gente”, 9 xaneiro 2014, p. 47.

Crónica da rolda de prensa e o posterior concerto que terán lugar para a presentación do libro-disco de Narf *As tardes escuras*, o cal se basea en poemas de Rosalía de Castro.

**Flowers**, Margarito, “Homenaje al genial poeta Carlos Oroza, el último ‘hippie’”, *El Correo Gallego*, “Gente”, 22 xaneiro 2014, p. 51.

Infórmase sobre a homenaxe ao poeta Carlos Oroza, importante figura da poesía de transición entre os séculos XX e XXI que terá lugar no balneario de Mondariz. Sinala que o acto consistirá na presentación da musicalización de varios dos seus poemas e nunha posterior cea para os achegados ao poeta.

**Flowers**, Margarito, “Pedro Feijoo en la librería Cronopios”, *El Correo Gallego*, “Gente”, 14 febreiro 2014, p. 55.

Dáse conta do encontro co escritor Pedro Feijoo na librería Cronopios de Santiago de Compostela, onde falará da súa última novela, *A memoria da choiva* (2013).

**Flowers**, Margarito, “Premio Picadillo de cocina para la escritora Helena Villar”, *El Correo Gallego*, “Gente”, 25 febreiro 2014, p. 48.

Dá conta do galardón na modalidade de Cultura polo Fórum Gastronómico da Coruña que a escritora Helena Villar vén de recibir. Menciónase o proxecto no que a escritora está traballando, un libro de recetas tradicionais de baixo custo.

**Flowers**, Margarito, “Rosalía, siempre Rosalía”, *El Correo Gallego*, “Gente”, 26 febreiro 2014, p. 55.

Informa sobre a homenaxe a Rosalía de Castro polo 177 aniversario do seu nacemento no IES compostelán Antón Fraguas. Anuncia a conferencia de Pilar García Negro como acto inaugural do conxunto de actividades celebradas.

**Flowers**, Margarito, “Sesión de ‘picaversos’ con música y poesía en la Casa de Europa”, *El Correo Gallego*, “Gente”, 22 abril 2014, p. 47.

Anúnciase unha sesión de lecturas poéticas con Claudio Pato Díaz, Agustín Delicias e Arantza Villar, no pub Modus de Santiago de Compostela.

**Flowers**, Margarito, “La RAG vuelve al balneario de Mondariz al cabo de un siglo”, *El Correo Gallego*, “Gente”, 5 maio 2014, p. 55.

Dá conta da celebración da xornada presidida por Enrique Peinador Lines no Balneario de Mondariz, organizada pola Fundación Mondariz Balneario e o Foro E. Peinador. Destaca a presenza de Xesús Alonso Montero e Xosé Ramón Barreiro e trae á memoria a investidura de Antonio Rey Soto e Ramón Cabanillas como académicos da Real Academia Galega en 1920 neste mesmo lugar.

**Flowers**, Margarito, “Ribadeo celebra el centenario de Dioniso Gamallo”, *El Correo Gallego*, “Gente”, 21 agosto 2014, p. 48.

Comenta que a vila de Ribadeo celebra o centenario do escritor Dioniso Gamallo Fierros programando unha serie de actividades que contarán coa asistencia de personaxes do mundo cultural como Xesús Alonso Montero ou Olivia Rodríguez Tudela.

**Formoso**, S., “Música e baile no nomeamento de Neira Vilas como Fillo Adoptivo de Boqueixón”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 807, 23 xaneiro 2014, p. 7.

Informa do acto de nomeamento como fillo adoptivo de Boqueixón de Neira Vilas, tras un acordo plenario por unanimidade. Detalla o programa do acto e a presenza de cargos institucionais.

**Formoso**, S., “Boqueixón salda a súa débeda cun ‘bo e xeneroso’”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 810, 26 xaneiro 2014, contracuberta.

Infórmase sobre o acto que tivo lugar na casa da cultura de Camporrapado para render homenaxe ao escritor Xosé Neira Vilas, no seu nomeamento como fillo adoptivo do municipio de Boqueixón.

**Formoso**, S., “O laboratorio teatral de Vedra baixa o telón con grande éxito”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.066, 14 outubro 2014, contracuberta.

Informa do acto de clausura do Laboratorio Teatral de Vedra (LTV), organizado polo colectivo Vedramáticos en Vedra. Destaca a satisfactoria recepción do evento entre o público asistente e a posta en escena das pezas *O divorcio*, *Unha xaula de grillos* e *Romance de Micomicón e Adhelala*, por parte do alumnado do LTV. Conclúe cunha

referencia á opinión do coordinador do acto, Daniel García, e á intención de formar unha compañía como a de Andaravía Teatro.

**Formoso**, Susana, “A síntese de 85 anos de andainas”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 818, 3 febreiro 2014, p. 7.

Dá conta da publicación da primeira autobiografía de Xosé Neira Vilas quen, baixo o título de *Xosé Neira Vilas, Memoria gráfica*, relata as súas máis de catro décadas cheas de recordos. Indica que se trata dun volume dividido en catro etapas e que vai acompañado de fotografías que axudan a ambientar a información, ademais de poemas do autor, caricaturas e críticas.

**Formoso**, Susana, “O reino de ‘Dragal’ chega ao Pico Sacro con 232 escolares”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 953, 21 xuño 2014, p. 4.

Indica que as crianzas participarán nun xogo de rol en vivo no citado monte. Subliña que o acto está relacionado coa triloxía de novelas xuvenís de Elena Gallego.

**Fraga**, Xesús, “Un documental recolle a historia do teatro galego dende a posguerra”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 13 febreiro 2014, p. 45.

Dáse conta do proxecto que Iago Vázquez, fillo dos actores Tuto Vázquez e Mariajo Mosteiro está a levar a cabo, e que consiste nun documental que recolle o teatro galego da segunda metade do século XX.

**Fraga**, Xesús, “Valiosos achados no último ano”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, 21 febreiro 2014, p. 3.

Nota centrada no achado de dous poemas de Rosalía de Castro. Un, por parte do político e filólogo Francisco Rodríguez quen deu na Biblioteca Nacional cun poema en castelán da escritora, e outro, pertencente a unha obra inédita de Rosalía, atopado pola investigadora María Xesús Lama.

**Fraga**, Xesús, “Testemuños, arte e poesía arredor de Celso Emilio”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 4 marzo 2014, p. 47.

Anúnciase a edición dun dobre DVD sobre a figura de Celso Emilio Ferreiro que inclúe, ademais da longametraxe *100% CEF* outras curtametraxes cun carácter máis artístico e unha achega aos documentais.

**Fraga**, Xesús, “Novoneyra, poeta para botánicos”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 4 maio 2014, p. 47.

Comenta a saída ao prelo da guía *A flora de Os Eidos. Un percorrido botánico polo Courel da man de Uxío Novoneyra* (2014), de Javier Guitián, en Ézaro Ediciones. Indica o feito de basear a súa guía nos versos do poeta courelao e reproduce os seus comentarios sobre os contidos de tales versos, ao respecto especialmente do concepto de eido, a natureza ou a mitoloxía. Conclúe cunha referencia ao limiar de Carmen Blanco.

**Fraga**, Xesús, “Galaxia abre unha nova etapa co selo Mar Maior e unha aposta polo dixital”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 6 agosto 2014, p. 30.

Informa da creación por parte de Editorial Galaxia dunha plataforma dixital para fomentar a comercialización da literatura en galego. Tras reproducir os comentarios do director da editorial, Víctor Freixanes, ao respecto, salienta a colaboración das empresas Mar Maior e Gatipetro, baseadas en Bos Aires e Bruxelas, e menciona os títulos que se lanzarán dende a plataforma.

**Fraga**, Xesús, “Nélida Piñón, unha autora mestiza que busca fixar a memoria do mundo”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 28 setembro 2014, p. 39.

Comenta o acto de nomeamento de Nélida Piñón como académica de honra da Real Academia Galega e salienta a presenza e participación de Fina Casalderrey, Pegerto Saavedra e Xesús Alonso Montero. Tamén trae á memoria a novela *A república dos soños* (1984), e gaba o discurso de agradecemento de Piñón. Nun epígrafe á parte, comenta a réplica de Ramón Villares ás verbas pronunciadas pola escritora, enxalzando a perspectiva da emigración adoptada.

**Fraga**, Xesús, “Falece en Compostela a escritora e xornalista Begoña Caamaño”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 28 outubro 2014, p. 40.

Sinala o pasamento da escritora Begoña Caamaño en Santiago de Compostela e cita as súas novelas *Circe ou o pracer do azul* (2009), e *Morgana en Esmelle* (2012), para despois comentar o seu labor na Radio Galega e nos programas televisivos *O expreso da medianoite* ou *Club Cultura*. Doutra banda, describe brevemente os fíos argumentais e liñas temáticas de senllas novelas e conclúe cunha referencia á inclusión da súa novela de 2009 no proxecto Mar Maior por parte de Editorial Galaxia.

**Franco**, Fernando, “Una de teatro universitario”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 23 abril 2014, p. 8.

Entre outras cousas, destácase que a Mostra de Teatro Universitario de Vigo baixa ao centro da cidade para representar unha das pezas no auditorio do Concello, *Nocturnos*, a cargo de Teatro Normal da UDC.

**Franco**, Fernando, “Bieito Ledo. Cuando era cura, defendía lo mismo que ahora predica el Papa Francisco”, *Faro de Vigo*, “Estela”, n.º 654, “Memorias”, 30 novembro 2014, pp. 12-13.

Leva a cabo un percorrido pola traxectoria literaria do editor Bieito Ledo ao longo de diversos apartados que abranguen datos biográficos, académicos, editoriais e literarios. Destaca a creación da librería Ir Indo en Vigo e anos despois da editorial do mesmo nome. Finalmente nomea a numerosas persoas que compartiron con el tramos da súa vida.

**Franco Grande**, X. L., “Sempre serviu a Galicia”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 12 xullo 2014, p. 38.

Deféndese a ideoneidade da homenaxe a Xosé Filgueira Valverde no Día das Letras Galegas 2015 pola defensa da lingua galega en tempos da ditadura franquista, réxime no cal participou pero que non exaltou nin celebrou.

**Franjo**, F., “A volta a Galicia do irmán Daniel”, *El Correo Gallego*, “Galicia”, 28 xuño 2014, pp. 22-23.

Relata a chegada dos restos mortais de Castelao a Santiago de Compostela en 1984 e lembra os acordos políticos e institucionais que se acadaron para honrar á figura do rianxeiro e os enfrontamentos que se viviron na rúa entre a policía e os sectores do galeguismo que se opunían á manipulación da herdanza ideolóxica de Castelao.

**Franjo**, Fernando, “Falabaratos ofrecerá doce espectáculos de humor no primeiro trimestre de 2014”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 9 xaneiro 2014, p. 23.

Destaca o éxito da primeira edición de Falabaratos celebrada en 2012 e a súa consolidación como ciclo teatral. Anuncia as datas da edición deste ano e as obras que se representarán.

**Franjo**, Fernando, “La prensa histórica impulsa la Biblioteca de Galicia en la CdC”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 21 agosto 2014, p. 24.

Leva a cabo un percorrido polo labor da Biblioteca Dixital de Galicia (Galiciana), situada na Cidade da Cultura en Santiago de Compostela. Salienta, en primeiro lugar, a recente dispoñibilidade da colección completa do xornal *La Zarpa*, fundado por Basilio Álvarez, e algúns dos contidos literarios e artísticos que ofrece. Remata coa mención da apertura dun micrositio dixital en Galiciana que abrangue a obra de Manuel Murguía, Alfredo Brañas ou Valentín Lamas Carvajal.

**Franjo**, Fernando, “Un libro recopila a traxectoria do Salón Teatro compostelano”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 27 marzo 2014, p. 25.

Recolle a presentación do libro *Salón Teatro. No corazón do espectáculo* (2014), que supón unha crónica da historia desta sala, inaugurada en 1920.



**Freire Anido**, María Jesús, “A Casa das Okupas”, *El Progreso*, “*deVerano*”, “Contos de verán”, 15 agosto 2014, p. 38.

Sección que acolle relatos presentados ao concurso “Contos de verán” do xornal *El Progreso*. Neste caso reproducése o escrito por María Jesús Freire, titulado “A Casa das Okupas”.

**Fresneda**, Javier, “El escritor gallego Manuel Rivas, Premio Son Atlántico”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 10 agosto 2014, p. 42.

Comenta a entrega do Premio Son Atlántico ao escritor Manuel Rivas co gallo do seu constante labor a favor dunha cultura galega e sostíbel. Salienta o apoio do escritor a plataformas como Nunca Máis ou Greenpeace en España; o Premio Artemiso Precioso do que foi merecente no vixésimo quinto aniversario de Greenpeace; o Manifesto da Dignidade (2003), que tirou do prelo en Madrid, e a participación nos documentais *Hay motivo!* coa curtametraxe *Mayday*, e en *Nunca Máis* co fragmento *Punto final*. Indica a seguir distintos volumes do escritor e conclúe cunha referencia ao recente nomeamento de Rivas como membro da Real Academia Galega.

**García**, Javier, “Edítase un inédito de Pardo Bazán en formato dixital”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 10 abril 2014, p. 41.

Comenta o acto de presentación do libro en formato dixital *Emilia Pardo Bazán: Apuntamentos dunha viaxe. De España a Xenebra (1873)* (2014), no Salón Reitoral do Colexio San Xerome en Santiago de Compostela. Destaca os contidos do volume, especialmente os apuntamentos persoais da escritora sobre súas viaxes por Europa, e o estudo introdutorio e a transcripción a cargo de González Herrán.

**García**, Javier, “O Parlamento réndelle tributo á gran herencia común de ‘Sempre en Galiza’”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 5 xuño 2014, p. 41.

Dá conta da celebración dun acto organizado polo Consello da Cultura Galega e a Fundación Castelao no Parlamento de Galicia con motivo do septuaxésimo aniversario da publicación de *Sempre en Galiza* de Castelao no que participaron diversas autoridades do mundo da política e da academia. Apúntase que os profesores Ramón Máiz, Henrique Monteagudo e Xusto Beramendi fixeron un percorrido por distintos aspectos da obra do rianxeiro. Recóllense as palabras de Núñez Feijóo, Xosé Manuel Beiras, Pilar Rojo ou Beramendi coas que expresaron a idea de que a obra de Castelao é patrimonio de toda Galicia.

**García**, Javier, “Non hai discusión posible’ arredor de Filgueira, di a Xunta”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 8 xullo 2014, p. 34.

Informa de que o secretario xeral de Política Lingüística da Xunta, Valentín García, sentenciou que non hai discusión posíbel sobre a importancia do homenaxeado do Día

das Letras Galegas 2015, Xosé Filgueira Valverde, pois todo o relativo á traxectoria política do autor non é relevante para esta distinción. O voceiro do grupo municipal da Coruña, Xosé Manuel Carril, posicionouse en contra da decisión por mor da traxectoria política de Filgueira Valverde.

**García**, Javier, “Lectura pública del ‘Alba de Gloria’ el 19 de julio en el Pico Sacro”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 14 xullo 2014, p. 30.

Anuncia que Galiza Cultura organizou para o 19 de xullo unha lectura pública do *Alba de Gloria* de Castelao no Pico Sacro co obxectivo de rememorar á xeración do Seminario de Estudos Galegos. Apúntase que Galiza Cultura explicou que se cumpren noventa anos dende que Castelao acudiu en 1924 en peregrinación até o lugar. Sinálase que o acto representa ademais o rexeitamento a honrar a Xosé Filgueira Valverde polo seu pasado político.

**García**, Rodri, “El ‘Folk Lore’ gallego que Pardo Bazán intentó llevar a otros países”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 2 xaneiro 2014, p. 28.

Artigo que recolle o interese de Emilia Pardo Bazán polo folclore popular galego, presente na súa obra cunha importante recorrencia de meigas, gaiteros..., ademais do interese da propia autora de promocionar este folclore máis alá das fronteiras, con intentos en Portugal e mais en Francia. Tamén se dá conta da correspondencia que tanto ela coma Murguía mantiñan con Antonio Machado Álvarez, pai de Antonio e Manuel Machado.

**García**, Rodri, “Lembranza a Del Riego como ‘o catalizador da cultura galega’”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 8 xaneiro 2014, p. 39.

Informa da homenaxe que a RAG fixo na súa sede a Del Riego no que sería o seu 101 aniversario. Cítanse as verbas que os diferentes participantes no acto dedicaron á figura de Del Riego.

**García**, Rodri, “Atopan textos inéditos dos inicios de Rosalía e dun libro que non rematou”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 17 xaneiro 2014, p. 38.

Refírese ao achado de catro textos de Rosalía descubertos pola investigadora María Xesús Lama, un deles situado na primeira fase da autora, e os demais, en castelán, suxiren a existencia dunha derradeira e incompleta obra dunha natureza máis escura. Infórmase tamén sobre a existencia doutros manuscritos rosalianos todavía sen descubrir.

**García**, Rodri, “Os tradutores do ‘Ulises’, tras ‘a bandeira de Otero e Risco’”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 25 xaneiro 2014, p. 44.

Infórmase da presentación do clásico do irlandés James Joyce, *Ulises*, dentro da colección de “Clásicos Universais de Galaxia”, un volume que conta cun traballo en equipo de catro tradutores, sen ningunha observación, buscando así un texto “espido” que permita ao lector a libre interpretación. Saliéntase o interese que mostrara por este título o escritor Otero Pedrayo.

**García, Rodri**, “O Consello da Cultura Galega difunde na Rede o epistolario de Luis Seoane”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 25 xaneiro 2014, p. 44.

Anuncia a publicación na web do Consello da Cultura Galega do epistolario de Luís Seoane, dentro dun proxecto que busca poñer á disposición de investigadores e usuarios as correspondencias das principais figuras da cultura galega.

**García, Rodri**, “Fernández Flórez hizo posible ‘Bienvenido Mister Marshall’”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 29 marzo 2014, p. 38.

Recolle o final do *Simposium Internacional Costumismo, humor, melancolía, reflexividade: impronta de Wenceslao Fernández Flórez*, no que se traballou sobre a importancia do escritor na industria cinematográfica.

**García, Rodri**, “A RAG recibe o manuscrito de ‘Donosiña’ como ‘unha alfaia’”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 9 abril 2014, p. 38.

Comenta o acto oficial de entrega á Real Academia Galega de diversa documentación da autoría de Antón Villar Ponte por parte do escritor Pepe Carballude. Destaca a presenza nela da peza *Donosiña: drama en tres autos e un prólogo* (1919), tirada do prelo en 1920 por Xaime Quintanilla Martínez, e alude a outros escritos do autor como *Saudade*, *Alén*, ou *O nazionalismo musical galego*. Doutra banda, salienta a presenza no evento de Esperanza Casal Rodríguez, Henrique Monteagudo, Xesús Alonso Montero e o propio Carballude.

**García, Rodri**, “Luz Pozo prepara un epistolario con cien cartas de Vicente Aleixandre”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 16 xuño 2014, p. 38.

Dá noticia da preparación, por parte de Luz Pozo Garza, dunha edición da correspondencia entre Vicente Aleixandre e Eduardo Moreiras, marido da poeta, integrada por cen cartas. Apúntase que a edición crítica estanna a facer os Pociña e infórmase de que o contido das misivas versa sobre a autocrítica da súa obra por parte de Aleixandre, dos seus amores, da súa relixión, de política e de todo os autores da Xeración do 27. Infórmase de que a poeta publicará este mesmo ano un libro seu titulado *La rosa de Borges*.

**García, Rodri**, “‘Sempre en Galiza’ cumpre 70 anos chegando a móbiles e tablets”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 8 agosto 2014, p. 35.

Informa da presentación do *Sempre en Galiza* de Castelao habilitado para novas tecnoloxías (móviles e *tablets*) e editado por Editorial Galaxia e o Consello da Cultura Galega.

**García, Rodri**, “A literatura galega, polo Mar Maior”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, 26 decembro 2014, p. 10.

Comenta a intención que tenta acadar o novo selo da Editorial Galaxia, Mar Maior, buscando a apertura da literatura e da cultura galega cara ao exterior. Nesta liña sitúa as traducións de nove títulos: *Flores del año mil y pico de ave*, *Tertulia de boticas prodigiosas y escuela de curanderos*, *Vida y fugas de Fanto Fantini Della Gherardesca*, *El año del cometa con la batalla de los cuatro reyes* de Álvaro Cunqueiro; *El Vidrio roto. Cuentos para las Américas* de Emilia Pardo Bazán; *Historia de Galicia* de Ramón Villares; *Futuro imperfecto* de Xulia Alonso; *Laura en el desierto* de Antón Riveiro Coello e *Circe o el placer del Azul* de Begoña Caamaño.

**García Márquez, Marta**, “El sexteto Tempo Catro viste a Rosalía de vals y pasodoble”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 30 xaneiro 2014, p. 40.

Comenta a presentación do traballo do sexteto Tempo Catro sobre a obra de Rosalía de Castro, titulado *Os ollos que falan*. Engade que o grupo percorrerá outros lugares para presentar estas composicións.

**García Márquez, Marta**, “Galaxia edita un ‘Ulises’ de condición libre e sen apuntes”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 25 xaneiro 2014, p. 15.

Recolle a presentación na sede da Real Academia Galega da tradución da obra do irlandés James Joyce, *Ulises*. Apunta que a obra se inclúe na colección “Clásicos Universais” de Galaxia e conta cun limiar no que se pon en relación o clásico coa Xeración Nós.

**García Márquez, Marta**, “A poesía de Yolanda Castaño viaxe en frechas de chocolate”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 11 febreiro 2014, p. 15.

Descríbese o proxecto que firma a reposteira ourensá Fina Rei xunto con Yolanda Castaño con motivo de San Valentín: unhas frechas de chocolate cos versos da poeta que poden ser adquiridos por internet.

**García Márquez, Marta**, “Noite Bohemia reviste a ‘Romeo y Julieta’ de século XXI con música de Pink e imáxenes en 3D”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 25 febreiro 2014, p. 15.

Anúnciase o estreo desta versión do clásico *Romeo e Xulieta* da man da compañía afeccionada Noite Bohemia no teatro Colón. Indícase que prescinde de barroquismos e

incorpora música actual en directo, imaxes en 3D, coreografías e un abano de trinta actores e actrices.

**García Márquez**, Marta, “A pequena historia do teatro galego”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 18 marzo 2014, p. 15.

Explica o proxecto que Iago Vázquez, fillo dos actores Tuto Vázquez e María José Mosteiro, está a realizar e que consiste nun documental audiovisual sobre a historia do teatro galego.

**García Márquez**, Marta, “Unha recua daqueles que foron quen de sacarles brillo ás letras máis doces do mundo”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 18 maio 2014, pp. 12-13..

Trata a visita guiada polo camposanto coruñés de San Amaro e indica as personalidades visitadas: Fiz de Cotobelo, Wenceslao Fernández Flórez, Andrés Martínez Salazar, Xenaro del Valle, Pablo González, Ramona Monge, Conchita Ruíz Picasso, Ramón Babe y Gely, os irmáns Villar Ponte, Manuel Curros Enríquez, Nicomedes Pastor Díaz, Marcial del Adalid, Manuel Murguía, Eduardo Pondal, Clara Corral, Elisa Lestage, Eladio Rodríguez, Galo Salinas, Evaristo Martelo, Francisco de la Iglesia e Francisca Herrera.

**García**, R. R., “Filgueira Valverde gañou por un voto”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 12 xullo 2014, p. 38.

Recolleas declaracións de varios membros da Real Academia Galega (Euloxio Rodríguez Ruibal, Xosé Fernández Ferreiro e Francisco Díaz-Ferros) sobre a polémica pola elección de Xosé Filgueira Valverde como homenaxeado no Día das Letras Galegas 2015. Destaca algunhas cuestións relacionadas coa polémica sobre o pasado político do homenaxeado.

**García Mondelo**, Andrea, “O tren dos sonhos”, *El Progreso*, “*deVerano*”, “Contos de verán”, 22 agosto 2014, p. 36.

Sección que acolle relatos presentados ao concurso “Contos de verán” do xornal *El Progreso*. Neste caso reproducése o escrito por Andrea García, titulado “O tren dos sonhos”.

**Gay**, Gonzalo, “Neira Vilas. Os emigrantes pagaron 310 escolas en Galicia para alfabetizar ós nenos”, *La Región*, “Foro la Región”, 17 xaneiro 2014, p. 9.

Recóllense as palabras do escritor Xosé Neira Vilas durante a conferencia “Débeda de Galicia coa emigración”, quen subliñou os beneficios mutuos deste intercambio de culturas. Fala tamén sobre o nacemento, fóra das fronteiras, de símbolos identitarios galegos como a bandeira, a Academia Galega ou a primeira representación do himno.

**Gay**, Gonzalo, “Homenaje a Blanco Amor en el 35 aniversario de su muerte”, *Atlántico Diario*, “Sociedad”, p. 52/ *La Región*, “Ciudad”, p. 11, 29 novembro 2014.

Informa da celebración das Xornadas sobre Eduardo Blanco Amor no Liceo de Ourense por mor do trixésimo quinto aniversario do pasamento do escritor. Lembra os volumes de Blanco Amor como *La catedral y el niño* ou *A Esmorga*, e salienta a estrea do filme homónimo dirixido por Ignacio Vila. Por último destaca o proxecto, en colaboración co xornal *La Región*, de recompilación e edición dos artigos Blanco Amor dende 1920.

**Gil**, M., “El Virxe do Mar inicia una semana de actividades con Alonso Montero”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 840, 25 febreiro 2014, p. 6.

Faise eco do acto que tivo lugar no IES Virxe do Mar de Noia para homenaxear Rosalía, ao tempo que deu comezo a unha semana de actividades culturais de diversa índole.

**Gil**, M., “Ducias de persoas volven a rendir homenaxe en Noia a Avilés e Mariño”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 920, 18 maio 2014, p. 5.

Sinala o acto de homenaxe organizado polo Concello de Noia aos poetas Antón Avilés de Taramancos e María Mariño co gallo da celebración do Día das Letras Galegas. Destaca a ofrenda floral perante os bustos dos poetas na Alameda e a interpretación de Serafin Marcos. Conclúe cunha referencia ás homenaxes recibidas polos poetas no Día das Letras Galegas en 2003 e 2007, respectivamente.

**Gil**, M., “El gobierno noiés propone dedicar el Día das Letras Galegas de 2017 a Xosé Agreló”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 958, 26 xuño 2014, p. 5.

Recolle a noticia de que a corporación municipal de Noia reunirase en pleno ordinario para abordar, entre outros asuntos, unha moción do grupo do goberno tripartito para solicitar á Real Academia Galega o Día das Letras Galegas de 2017 a Xosé Agreló Hermo. Faise unha semblanza da traxectoria académica e literaria do noiés e da súa faceta coma director teatral.

**Gil**, Manuel, “A poesía de Avilés, María Mariño e Añón enriquece á comarca de Noia”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 916, 14 maio 2014, p. 4.

Trae á memoria a tres dos poetas máis emblemáticos da comarca de Noia e homenaxeados no Día das Letras Galegas: Antón Avilés de Taramancos, María Mariño e Francisco Añón. Enumera e salienta a obra de cada dun dos poetas e as súas colaboracións literarias na prensa e revistas.

**Gil Rey**, Ana María, “A memoria do corazón”, *El Progreso*, “*deVerano*”, “Contos de verán”, 26 agosto 2014, p. 37.

Sección que acolle relatos presentados ao concurso “Contos de verán” do xornal *El Progreso*. Neste caso reproducécese o escrito por Ana María Gil, titulado “A memoria do corazón”.

**Gil Rey**, Cristina, “Unha nova estrela”, *El Progreso*, “*deVerano*”, “Contos de verán”, 27 agosto 2014, p. 34.

Sección que acolle relatos presentados ao concurso “Contos de verán” do xornal *El Progreso*. Neste caso reproducécese o escrito por Cristina Gil, titulado “Unha nova estrela”.

**Gimeno**, Maite, “Los ‘papeles’ de Pérez Prado, listos en la Fundación Penzol”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 9 abril 2014, p. 44.

Sinala o acto de doazón da obra de Antonio Pérez Prado á Fundación Penzol en Vigo por parte da súa filla Aixa Pérez-Prado. Salienta a presenza de Gudiño, Antón Vidal, Carballa, Ramón Villares, María Dolores Cabrera e Francisco Domínguez, para despois comentar un escrito de Víctor Freixanes sobre a relación de amizade entre o escritor e Francisco Fernández del Riego, responsábel este da decisión de Pérez Prado de doar os seus estudos.

**Gimeno**, Maite, “Zulueta de Haz: 90 años de compromiso social y cultural”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 29 xullo 2014, p. 35.

Informa do acto de homenaxe a Alfonso Zulueta celebrado na Fundación Penzol de Vigo no cal se destacaron distintas facetas deste activista cultural e participaron diversas institucións e personalidades da cultura galega.

**Gómez**, Chus, “Rosalía glosa as máxicas augas de Caldas”, *Diario de Pontevedra*, “*Diario de Caldas*”, n.º 399, “Vivir en Caldas”, 26 febreiro 2014, p. 4.

Dá conta da homenaxe que o Concello de Caldas realizou á autora de *Cantares gallegos* aproveitando a publicación de dezaseis misivas da escritora na web do Consello da Cultura Galega, onde se recolle unha carta de Rosalía a Eduardo Pondal na que lle explica o seu paso polo balneario de Caldas e os resultados positivos desta visita para a súa saúde.

**Gómez**, Chus, “Resistencia”, unha novela que engaiolou ás lectoras”, *Diario de Pontevedra*, “*Diario de Caldas*”, n.º 406, “Vivir en Caldas”, 16 abril 2014, p. 5.

Apunta que *Resistencia* (2002), de Rosa Aneiros, foi a última novela comentada no club de lectura da Biblioteca de Caldas de Reis e dáse conta brevemente do seu argumento.

**Gómez**, Joel, “Una ruta visita 11 espacios rosalianos de Compostela”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, 23 febreiro 2014, p. L8.

Informa sobre a ruta por diferentes espazos de Santiago que a profesora Mercedes Espiño levou a cabo como homenaxe a Rosalía e á súa vida na capital galega.

**Gómez**, Joel, “Neira Vilas alaba la filloa internacional”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, 10 marzo 2014, p. L3.

Recolle a intervención do autor de *Memorias dun neno labrego* como pregoeiro da Festa da Filloa de Lestedo.

**Gómez**, Joel, “Homenaxe para a ‘voz ceibe’ de Benedicto”, *Loz de Galicia*, “Cultura”, 6 xuño 2014, p. 41.

Subliña o acto de presentación do volume *Benedicto. Polo mar da liberdade* (2014), de Xerardo Estévez e Salvador García-Bodaño no Ateneo de Santiago. Destaca a presenza de Ricardo Gurriarán, Xesús Alonso Montero, Emilio Pérez Touriño, Xoán María Castro, Sánchez Aguión, Juan Casares, e o propio Benedicto, e salienta os contidos máis representativos do volume. Conclúe cunha referencia ao concerto no Teatro Principal de Santiago por parte de Carlos Blanco e coa actuación de Uxía Senlle e João Afonso.

**Gómez Corbeira**, María Isabel, “O desexo de Nadia”, *El Progreso*, “*deVerano*”, “Contos de verán”, 26 xullo 2014, p. 36.

Sección que acolle relatos presentados ao concurso “Contos de verán” do xornal *El Progreso*. Neste caso reproducése o escrito por María Isabel Gómez, titulado “O desexo de Nadia”.

**González**, Eva, “Prodigiosa fidelidad al Teatro de Tui”, *Faro de Vigo*, “Baixo Miño”, 14 xaneiro 2014, p. 13.

Informa sobre a posición do Teatro Municipal de Tui dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios, sendo o que máis público e espectáculos acolle dende a súa apertura hai xa máis dunha década. Achega datos respecto do número de asistentes ás representacións ademais da diversa natureza das mesmas.

**González**, Eva, “La poesía como antídoto contra la crisis”, *Faro de Vigo*, “Baixo Miño”, 9 maio 2014, p. 18.

Informa do encontro educativo titulado “A cidade con ollos de poeta” que se realizou en Tui e no cal participaron numerosos institutos. Ademais dá conta do recital poético celebrado no Teatro Municipal.



**González, Pablo**, “Blanco Amor escribiu o seu libro, eu fixen a miña película”, *Diario de Pontevedra*, “*revista!*”, n.º 741, “Entrevista”, 28 setembro 2014, p. 4.

Conversa con Ignacio Vilar co gallo da estrea d’*A esmorga* (2014), na apertura da XIX Edición do Festival de Cine Internacional de Ourense. As cuestións tratadas xiraron ao redor das condicións de rodaxe; os actores Miguel de Lira, Karra Elejalde e Antonio Durán, “Morris”; a versión previa do filme de Gonzalo Suárez na década de 1970; a idea de Víctor Fernández Freixanes de levar a novela de Blanco Amor á pantalla; a situación actual do cinema elaborado en galego e outras cuestións. En tres epígrafes á parte describe de xeito conciso os inicios do seu labor como director de cinema, as series realizadas para TV, as longametraxes e o Premio Carlos Velo do que foi merecente polo guión *Ollo birollo* (1989).

**González Campos, Lucía**, “Nai”, *El Progreso*, “*deVerano*”, “Contos de verán”, 6 agosto 2015, p. 37.

Sección que acolle relatos presentados ao concurso “Contos de verán” do xornal *El Progreso*. Neste caso reproducése o escrito por Lucía González, titulado “Nai”.

**González Ferro, Ángela**, “A bruma que abruma”, *El Progreso*, “*deVerano*”, “Contos de verán”, 20 agosto 2014, p. 34.

Sección que acolle relatos presentados ao concurso “Contos de verán” do xornal *El Progreso*. Neste caso reproducése o escrito por Ángela González, titulado “A bruma que abruma”.

**González Gil, María Carolina**, “Fantasía”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Relato”, 10 agosto 2014, p. 38.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia* para, ao rematar o mes, dar a coñecer o gañador das dúas categorías: menores de quince anos e adultos. Neste caso reproducése o realizado por María Carolina González, titulado “Fantasía”.

**González Lindoso, Patricia**, “Ourense fixo súa a película”, *O SIL*, “*Festival de Cine*”, decembro 2014, pp. 2-3.

Conversa con Ignacio Vilar co gallo da estrea de seu filme *A Esmorga* (2014), adaptado da novela homónima de Eduardo Blanco Amor. Tras aludir á presentación celebrada no Festival de Cine de Ourense, desenvolve cuestións relacionadas coas orixes da adaptación; a fidelidade ao texto orixinal e ao contexto histórico; a versión anterior de *La parranda* (1977), de Gonzalo Suárez; os exteriores empregados na gravación do filme; a distribución do filme por toda Galicia e a relación de filmes previos de Vilar como *Pradolongo* ou *Vilamor*.

**González Otero**, Belén, “Soño de verán”, *El Progreso*, “*deVerano*”, “Contos de verán”, 26 agosto 2014, p. 36.

Sección que acolle relatos presentados ao concurso “Contos de verán” do xornal *El Progreso*. Neste caso reproducéase o escrito por Belén González, titulado “Soño de verán”.

**Granell Otero**, Daniel, “A música da fala”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Relato”, 29 agosto 2014, p. 28.

Sección que acolle relatos que durante todo agosto ofreceu *La Voz de Galicia* para, ao rematar o mes, dar a coñecer o gañador das dúas categorías: menores de quince anos e adultos. Neste caso reproducéase o realizado por Daniel Granell, titulado “A música da fala”.

**Gutiérrez Maseda**, Borja, “Cambio de drogas”, *El Progreso*, “*deVerano*”, “Contos de verán”, 18 agosto 2014, p. 28.

Sección que acolle relatos presentados ao concurso “Contos de verán” do xornal *El Progreso*. Neste caso reproducéase o escrito por Borja Gutiérrez, titulado “Cambio de drogas”.

**H. C.**, “30 anos do segundo enterro de Castelao”, *Diario de Pontevedra*, pp. 28-29/ *El Progreso*, pp. 32-33, “Galicia”, “Unha efeméride histórica”, 28 xuño 2014.

Lembra os incidentes que tivero lugar en Santiago co gallo do regreso a Galicia do corpo embalsamado de Castelao hai tres décadas. Destácase o acordo parlamentario que posibilitou o acontecemento coa oposición do BN-PG e outras forzas nacionalistas extraparlamentarias. Relátanse os incidentes entre os manifestantes e a policía que a TVE Galicia retransmitiu en directo. Apúntase que, finalmente, se celebrou a misa e Castelao foi enterrado no Panteón de Galegos Ilustres.

**Hermida**, Patricia, “Terceiro intento para que o Día das Letras Galegas sexa para Carvalho Calero”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 25 marzo 2014, p. 43.

Recolle o apoio de trinta entidades no terceiro intento para que o Día das Letras Galegas do 2015 sexa para Carvalho Calero, ano no que se cumpren 25 anos do seu pasamento.

**Hermida**, Patricia, “Ferrol: xungla de asfalto, xungla lírica”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 25 abril 2014, p. 44.

Dá conta da inauguración na casa natal de Carvalho Calero, en Ferrol, da VII Semana da Poesía Salvaxe, promovida polos poetas Karlotti e Guillermo Ferrández. Salienta a asistencia de quince poetas vidos de Galicia, León e Alemania (Aldolado, García MC,

Pedro Campos, Roger de Flor ou Estevo Creus), para despois agradecer o apoio do Concello de Ferrol a esta iniciativa que comezou hai sete anos.

**Hernández**, Mercedes, “O segredo de Ánxela”, *El Progreso*, “*deVerano*”, “Contos de verán”, 20 agosto 2014, p. 35.

Sección que acolle relatos presentados ao concurso “Contos de verán” do xornal *El Progreso*. Neste caso reproducése o escrito por Mercedes Hernández, titulado “O segredo de Ánxela”.

**H. J. P.**, “Con Anisia Miranda na Costa da Morte”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, “Paralel”, 3 novembro 2014, p. 25.

Fálase do aparición do libro *Con Anisia Miranda na Costa da Morte* (2014), unha homenaxe á súa defunta dona e no que recupera a intensa relación que ambos os dous mantiveron coa Costa da Morte.

**H. P. J.**, “A editora Axóuxere pecha a súa Residencia de Escritores por falta de axudas”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 11 marzo 2014, p. 43.

Anúnciase o peche da Residencia de Escritores que a Editorial Axóuxere habilitara en Rianxo por falta de axuda institucional.

**I. V.**, “Arcadio López Casanova será el homenajead el día 18 de agosto en O Páramo”, *El Progreso*, “Sarria”, 15 xullo 2014, p. 13.

Anúnciase a realización dunha homenaxe ao escritor e crítico literario lucense Arcadio López Casanova e infórmase do programa do acto. Faise un breve resumo da relevancia de O Páramo na súa obra poética.

**Iglesias**, A., “Una llamada en ‘facebook’ da como resultado un poemario con 143 voces”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 9 marzo 2014, p. 27.

Recolle a presentación en Compostela do poemario *Alén do silencio. 143 voces no firmamento literario con luz propia* (2014), proxecto levado a cabo por José Estévez, e que consiste nunha recompilación de textos en galego, galego-portugués ou portugués chegados vía *Facebook* de diferentes países.

**Iglesias**, A., “Poesía para recordar el banquete de Conxo de 1856”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 23 marzo 2014, p. 28.

Dá conta do acto conmemorativo do histórico Banquete de Conxo de 1856 no que participara o escritor Aurelio Aguirre. Apunta que o acto consistiu nunha conferencia e nun recital poético-musical no que se recordou o escritor.

**Iglesias**, Ana, “Un inicio de curso muy poético en el instituto Rosalía de Castro”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 16 setembro 2014, p. 26.

Comenta o acto de apertura do curso académico 2014-2015 no Instituto Rosalía de Castro na capital compostelá co recital poético de Anxo Angueira; o discurso de benvinda do director do IES, Ubaldo Rueda; a celebración do Concurso Literario Arcebispo Juan de San Clemente e o Certame de Ensaio Bento Spinoza; a xubilación da profesora Carmen Alonso; a entrega de diplomas o alumnado do Bacharelato Internacional e a presenza no evento de Mercedes Rosón, Rubén Cela, Manuel Guerra e Antonio López.

**Iglesias**, Raquel, “Una revista escolar de Noia ya publicó el poema en gallego hace medio año”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 18 xaneiro 2014, p. 38.

Dá conta do achado do poema de Rosalía *Dinche o corazón na man* no Arquivo Municipal da Coruña polo profesor Ramón Torrado. Salienta que este estudoso rosaliano publicara o texto na revista escolar *Casa da Gramática* do instituto noiés Virxe do Mar.

**Iglesias Nanín**, Manuel, “A sentinela”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Relato”, 18 agosto 2014, p. 28.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia* para, ao rematar o mes, dar a coñecer o gañador das dúas categorías: menores de quince anos e adultos. Neste caso reproducése o realizado por Manuel Iglesias, titulado “A sentinela”.

**Iglesias Seoane**, Rubén, “Venres pola tarde”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 31 agosto 2014, p. 38.

Sección que acolle relatos presentados ao concurso “Contos de verán” do xornal *El Progreso*. Neste caso reproducése o escrito por Rubén Iglesias, titulado “Venres pola tarde”.

**J. A. N.**, “Batallán musica poemas de Cunqueiro, Rosalía y María Mariño con sabor cubano”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 31 xullo 2014, p. 38.

Informa da saída do prelo do disco-libro de Luís Emilio Batallán, *Había que chegar* (2014). Tras mencionar o álbum anterior, *Ahi ven o maio* (1975), destaca os arranxos de Dagoberto González e a inclusión dun DVD que recolle a posta en escena no Teatro Principal de Santiago e unha conversa con Víctor F. Freixanes. Conclúe cunha referencia ao vindeiro proxecto en lingua castelá xunto a Joaquín Sabina e Pablo Milanés.

**Jaureguizar**, “A paisaxe resignada”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Libros”, 4 xaneiro 2014, p. 40.

Compara as obras *Risco segundo Risco* (2013) e *Para que nos sirva Galiza?* (2014) para realizar un achegamento persoal ao problema da nación galega.

**Jaureguizar**, “A cultura galega lembrará a Benxamín Casal en Lugo”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 14 xaneiro 2014, p. 43.

Informa sobre o acto que terá lugar no Círculo das Artes de Lugo para homenaxear o intelectual e político galeguista Benxamín Casal. Indica que no acto colaboran diversas entidades como a Xunta, o Consello da Cultura Galega, a Real Academia Galega e o Club Valle Inclán, e o lema desta cerimonia é “A forza da intelixencia”.

**Jaureguizar**, “Xabier DoCampo revélase coma un Gulliver polas ‘illas habitadas’ que son os libros”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 30 xaneiro 2014, p. 49.

Anuncia a publicación d’*A illa de todas as illas* (2013), novela do escritor Xabier DoCampo, da que destaca que está concibida como homenaxe ás lecturas do autor, pois trátase dunha novela na que viven os protagonistas dos libros clásicos de aventuras. Alude tamén que o volume conta tamén con trinta e cinco ilustracións de Xosé Cobas.

**Jaureguizar**, “Villar Janeiro regresa á súa orixe en Becerreá cunha obra sobre o Danubio”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Literatura”, 10 abril 2014, p. 47.

Comenta o acto de presentación do poemario de Helena Villar Janeiro, *Remontar o río* (2014), tirado do prelo por Editora Tirar do Fío e ilustrado por Luz Darriba, no Museo Interactivo de Historia de Lugo (MIHL). Destaca o proceso de creación e deseño do volume; a inclusión de música clásica de Vivaldi, Debussy ou Pachelbel nos contidos; a edición manual do impresor e trae á memoria seu poemario *Alalás* (1972).

**Jaureguizar**, “Villar Janeiro regresa á súa orixe en Becerreá cunha obra sobre o Danubio”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 25 abril 2014, p. 63.

Informa sobre a presentación no Museo Interactivo de Historia de Lugo do libro *Remontar o río* (2013), de Helena Villar Janeiro e coa colaboración de Luz Darriba. Destaca o singular formato que presenta o libro.

**Jaureguizar**, “Pedro Feijoo: ‘Rosalía é máis ca unha camiseta; eu escapo dos extremos’”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Literatura”, 9 maio 2014, p. 55.

Comenta a cata literaria celebrada no MIHL de Lugo feita ao redor da novela *A memoria da choiva* (2013), de Pedro Feijoo. Describe a liña temática do volume, centrada no pasamento de Adriano Murguía de Castro, e as razóns que o levaron a

basear seus estudos na figura da poeta galega. Trae á memoria, doutra banda, a súa novela *Os fillos do mar* (2012), e remata cunha referencia á presenza no acto do dúo 2na Fronteira, formado por Carmen Penín e Maurizio Polsinelli, e ao seu recital de poemas de *Nimbos* (1961), de Xosé Díaz Castro.

**Jaureguizar**, “Antón Lopo ofrece na Deputación a luz contra a crise de ‘Lampíricos’”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 5 xuño 2014, p. 58.

Sinala a posta en escena do espectáculo de Antón Lopo, “Lampíricos”, na sede da Deputación de Lugo. Describe os contidos temáticos da peza, así como os xermolos da súa creación, o protagonismo do trasunto de Lopo, “O señor que anda”, e a mestura de poesía e interpretación de que consta a *performance*.

**Jaureguizar**, Santiago, “Torres Queiruga: ‘Celestino e Rosalía elevan a saudade a rango filosófico’”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 23 novembro 2014, p. 56.

Dá conta da clausura das xornadas celebradas en Lugo en torno á figura de Celestino Fernández de la Vega co gallo do centenario de seu nacemento. Destaca a presenza e participación de Andrés Torres Queiruga, María Xesús Vázquez Lobeiras e Francisco Cond e analiza as cuestións tratadas nesta terceira edición das xornadas, como a saudade galega nas obras de Rosalía de Castro e Fernández de la Vega en canto aspecto filosófico; a interpretación da saudade no pensamento de Heidegger, Hölderlin e Agostinho da Cruz; e a cuestión do humor n’*O segredo do humor*.

**Jaureguizar**, Santiago, “Sono, mexo e luxuria”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 16 febreiro 2014, p. 76/ *El Progreso*, “Vivir”, 15 febreiro 2014, p. 54, “Cultura”, “Cidade xardín”.

Relata a súa experiencia no Madrid dos anos 90 cando contactou con dous editores para traducir as súas novelas ao castelán.

**Jaureguizar**, Santiago, “Becerreá, última morada del intelectual gallego Casal Rivas”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”/ *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 8 marzo 2014, p. 61.

Dá conta do pasamento do notario Alberto Casal Rivas, figura moi presente na recuperación da historia da cultura galega tras o franquismo, o cal tivera unha intensa relación con escritores como Álvaro Cunqueiro.

**Jaureguizar**, Santiago, “Paco Nieto. ‘Gardo a voz de Manuel María anunciando ‘colchones Flex’”, *El Progreso*, “Vivir”, “Comunicación”, 18 marzo 2014, p. 41.

Comenta a colección de voces que o xornalista de Radio Lugo, Paco Nieto, realiza dende hai trece anos.

**Jaureguizar**, Santiago, “Carmen Blanco reivindica a Mercedes Pimentel, a ‘gran esquecida da revista Ronsel’”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 28 xuño 2014, p. 69.

Dá conta da conferencia de Carmen Blanco, organizada pola Asociación Cultura do País no Museo Provincial de Lugo, sobre a figura de Mercedes Pimentel para reivindicar o seu republicanismo e a obra tradutora do alemán ao castelán nas publicacións culturais de Lugo. Sinala que exiliou pola súa militancia política durante a ditadura franquista. Falou da formación en lingua alemá da que gozou Pimentel e que lle permitiu levar a cabo con éxito a encarga de Evaristo Correa Calderón de traducir seis poemas para a revista *Ronsel* e *Yunque*.

**Jaureguizar**, “Neira Vilas: ‘Memorias dun neno labrego’ escribina nun café en dous meses”, *El Progreso*, “Cultura”, “Vivir”, 12 setembro 2014, p. 67.

Comenta a intervención do autor Xosé Neira Vilas na cata literaria arredor da súa vida e da súa obra, organizada pola Concellería de Cultura de Lugo. Neira Vilas falou dos motivos que o levaron a escribir *Memorias dun neno labrego*, así como da importancia e repercusión que tivo esta obra dende o día da súa publicación en 1961.

**Jaureguizar**, Santiago, “Manuel Lourenzo: ‘Non fago moito cine, soamente o que me piden os amigos’”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Cine”, 17 setembro 2014, p. 47.

Informa do acto de homenaxe tributado ao actor Manuel Lourenzo no Pazo de San Marcos en Lugo, por parte da Semana de Cine de Lugo, co gallo da súa participación nos filmes *O baile das ánimas* (1993), de Pedro Carvajal, ou *O lapis do carpinteiro* (2002), de Antón Reixa. Enumera asemade a súa colaboración noutros filmes e series, e lembra, por último, a discusión entre o actor e Chano Piñeiro na preparación dunha escena nun dos filmes, as clases impartidas polo seu profesor de teatro, José Estruch, e a colaboración nas curtametraxes de Xosé Peinó.

**Jaureguizar**, “De la Vega: ‘Fixen o libro do humor porque outros escribiron tonterías’”, *El Progreso*, “Cultura”, “Vivir”, 24 setembro 2014, p. 49.

Fala da charla dada por Paco Nieto sobre as gravacións que Celestino Fernández de la Vega deixou na fonoteca de Radio Lugo. Esta charla atópase integrada no programa das xornadas *Cilistro na memoria viva de Lugo* con motivo do centenario deste intelectual.

**Jaureguizar**, “Tareixa Campo: ‘O mellor dos 25 anos de Achádego foi o público de Lugo’”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 28 novembro 2014, p. 61.

Fálase do acto de presentación do libro en Lugo no que estiveron presentes, entre outros, a directora do grupo Tareixa Campos e o delegado de Cultura da Deputación, Mario Outeiro. Fíxose un repaso por algunhas das obras mais destacadas e a directora

agradeceu a axuda da Deputación en momentos críticos. O delegado de Cultura falou da creatividade, cultura e ilusión que brotaron destes 25 anos de actividade teatral.

**Jaureguizar**, “Paco Martín. O primeiro que lin foi o ‘Lazarillo’; aínda o leo cada ano”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 18 decembro 2014, p. 63.

Coméntase a intervención do escritor Paco Martínez nas xornadas “Somos os libros que soñamos” organizadas en Lugo poala Asociación Gáliz (Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil), na que contou a súa experiencia como lector ao longo da súa xuventude. Destaca tamén as intervencións de Xosé Ballesteros, editor de Kalandraka, e Marilar Aleixandre, escritora e profesora da USC, relacionadas coas internacionalización do libro infantil e xuvenil en galego; e de Ana Luna, profesora da Facultade de Tradución de Vigo, que comentou as diferentes fases que vive a literatura galega de cara á súa exportación.

**J. C.**, “Doce escaparates de O Barco ofrecen teatro a los viandantes”, *La Región*, “Valdeorras”, 14 maio 2014, p. 18.

Trata a inauguración no Concello do Barco da campaña “Teatro nos Escaparates”, organizada polo grupo Gargallada Teatro en colaboración co Centro Comercial Aberto de O Barco, presidido por Ángel Álvarez Núñez. Enumera os escaparates nos que terán lugar as postas en escena de diversas pezas e alude ao sorteo de vales de compra entre o público asistente ás representacións e ao concurso fotográfico promovido ao través de Facebook.

**J. G., U. L., E. A. e N. R. N.**, “Voz para a Rosalía máis universal”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Santiago”, 25 febreiro 2014, p. L7.

Enumera as actividades que tiveron lugar na comarca de Santiago de Compostela co gallo do 177 aniversario do nacemento da poeta.

**Jiménez**, Irene, “La RAG homenajea a Fernández del Riego tras el 101 aniversario”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 8 xaneiro 2014, p. 33.

Información relacionada coa celebración na sede da RAG na Coruña dunha homenaxe á figura de Del Riego. Menciona que no acto, ao que acudiron personalidades da cultura galega, se eloxiou a súa traxectoria ademais dos seus valores.

**J. M.**, “Ciclo de teatro en la casa de cultura de Vimianzo”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 820, 5 febreiro 2014, p. 7.

Dáse conta da posta en escena de *Eran outros tempos, ou non?*, que representará a compañía Disfunción Continua na casa da cultura de Vimianzo.



**J. M.**, “El coruñés Nacho Mora incluíra en su nuevo disco un poema de Miro Villar”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 835, 20 febreiro 2014, p. 7.

Coméntase que este músico coruñés escolleu un poema de Miro Villar para o seu novo disco, no que tamén inclúe temas compostos a partir de textos doutros poetas galegos como Pondal, Cabanillas, Cunqueiro ou Novoneyra, entre outros.

**J. M. R.**, “Vimianzo acogerá ‘No bico un cantar’ en versión teatral”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 905, 3 maio 2014, p. 6.

Infórmase da representación da peza teatral *No bico un cantar*, baseada nos poemas de Rosalía, do horario e do lugar de representación, que non é outro que o auditorio da casa da cultura de Vimianzo.

**J. M. R.**, “A Festiletras’14 arrincou cunha homenaxe a Pondal”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 917, 15 maio 2014, p. 4.

Sinala a inauguración en Ponteceso da “Festiletras”, festival homenaxe ás Letras Galegas. Subliña as actividades levadas a cabo, como a ofrenda floral á figura de Eduardo Pondal na Igrexa de San Tirso; a interpretación de “Ai amor” e o “Himno Galego” pola Coral da Oliveira, da Asociación Monte Branco; a posta en marcha do programa “Aldeas literarias”; o obradoiro de maios e a posta en escena da peza *A casa da oralidade*, por Isabel Risco e Xosé A. Touriñán.

**J. M. R.**, J. T., M. S., “Pondal, López Abente e López Ferreiro, tres plumas ilustres das Letras Galegas”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 917, 15 maio 2014, p. 6.

Rescata da memoria a tres persoeiros homenaxeados no Día das Letras Galegas: Eduardo pondal, Gonzalo López Abente e Antonio López Ferreiro. Salienta distintos datos biográficos dos tres escritores, as súas obras máis coñecidas e indica os títulos dalgúns dos seus libros.

**J. M. R.**, “Susó Bahamonde presentó ‘Expansión’”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 933, 1 xuño 2014, p. 6.

Dáse noticia da presentación do poemario *Expansión* de Susó Bahamonde en Cee.

**J. M. R.**, “Lema levou su ‘Costa do solpor’ a Vilán”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 942, 10 xuño 2014, p. 6.

Refírese á presentación da novela *Costa do solpor* (2013) de Xosé María Lema no faro de Vilán.

**J. M. R.**, “La Feira do Libro de Cee recibíu a visita de tres escritores”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.008, 17 agosto 2014, p. 6.

Alude á Feira do Libro de Cee e á presenza dos escritores Miro Villar, Xosé Iglesias e Modesto Fraga.

**J. M. R.**, “O Couto recibe a Xosé Neira Vilas y otro de sus libros”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.063, 11 outubro 2014, p. 7.

Dáse noticia da presentación da obra *Con Anisia Miranda na Costa da Morte* (2014) na Casa dos Veciños de O Couto, en Ponteceso, nun acto organizado pola Fundación Eduardo Pondal.

**J. M. R.**, “Lleno en O Couto en la presentación del nuevo libro de Xosé Neira Vilas”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.073, 21 outubro 2014, p. 7.

Informa da presentación de *Con Anisia Miranda na Costa da Morte* (2014) na Casa dos Veciños do Couto (Ponteceso) nun acto promovido pola Fundación Eduardo Pondal.

**J. M. R.**, “Recital poético en el edificio de usos múltiples muxiano”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.074, 22 outubro 2014, p. 7.

Anuncia a celebración de *Tempo escuro*, un recital poético organizado por Dezdedez co apoio do Concello de Muxía e a Deputación da Coruña, no que participarán Paco Souto, Rosalía Fernández Rial, Serxio Moreira e Peter Schneider.

**J. M. R.**, “Triatrerros trae la obra ‘Matanza’ a los Venres Teatrais”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.095, 13 novembro 2014, p. 7.

Informa da representación da peza teatral *Matanza*, da compañía Triatrerros, baixo a dirección de Beatriz Campos, na casa da cultura do Concello da Laracha.

**J. M. Ramos**, “Cine, cuentos, teatro y deportes en la Semana Cultural da Barca de Muxía”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.012, 20 agosto 2014, p. 6.

Sinala o acto de presentación da Semana Cultural da Barca no concello de Muxía. Salienta a xornada de contacontos “Contos da lareira”, co Corvo Roque, Mari Rey e Ana Martínez; a posta en escena da peza *Maribel e a estraña familia*, da man da Escola Municipal de Teatro de Muxía; e, por último, una exhibición deportiva. Nun epígrafe á parte subliña a saída ao prelo dunha guía promocional de Muxía intitulada *Descubre Muxía* (2014).

**Jorde Vidal**, Ánxela, “A pana mollada”, *El Progreso*, “*deVerano*”, “Contos de verán”, 17 agosto 2014, p. 44.

Sección que acolle relatos presentados ao concurso “Contos de verán” do xornal *El Progreso*. Neste caso reproducéase o escrito por Ánxela Jorde, titulado “A pana mollada”.

**Jorge Vidal**, Sabela, “Querido Roque.”, *El Progreso*, “*deVerano*”, “Contos de verán”, 16 agosto 2014, p. 54.

Sección que acolle relatos presentados ao concurso “Contos de verán” do xornal *El Progreso*. Neste caso reproducéase o escrito por Sabela Jorge, titulado “Querido Roque”.

**Juan David**, “A Academia reconece a súa ‘débeda histórica’ con Xosé Filgueira Valverde”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 6 xullo 2014, p. 41.

Infórmase que a Real Academia Galega elixiu a Xosé Filgueira Valverde para o Día das Letras Galegas en 2015. Apúntase que o presidente, Xesús Alonso Montero, reconeceu que se tiña unha débeda histórica pola traxectoria profesional do homenaxeado e pola súa contribución á lingua e impulso institucional. Faise un resumo da obra intelectual do escritor, incídese no seu perfil erudito, califícase como prolífica e anúnciase que a escolla vai ser polémica.

**Kantero**, “Xermolos recuerda a Díaz Castro en el aniversario de su muerte”, *El Progreso*, “A Chaira”, 3 outubro 2014, p. 20.

Informa da ofrenda floral da Asociación Cultural Xermolos na tumba de Díaz Castro, con motivo do seu cabodano.

**Lamas**, Jorge, “Manuel Guede acusa al teatro gallego de no haber evolucionado”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 13 maio 2014, p. 37.

Desenvolve as opinións de Manuel Guede ante a falta de evolución do teatro galego e salienta a ausencia da incorporación do teatro de repertorio ao teatro de circunstancias no seu debido momento. Tamén recolle as verbas de Manuel Vieites, director da Escola Superior de Arte Dramática, concordando coa opinión de Guede, e as de Salvador del Río, presidente da Asociación Galega de Empresas de Artes Escénicas e fundador da compañía Teatro de Ningures, refutándoa.

**Lamas**, Jorge, “Gerardo Herrero rueda en Vigo y nigrán ‘La playa de los ahogados’”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 24 maio 2014, p. 44.

Comenta o proceso de rodaxe do filme *A praia dos afogados* (2014), dirixido por Gerardo Herrero. Tras indicar a maioría galega no elenco de actores e actrices, apunta o labor de produción e as subvencións recibidas. A seguir, menciona a gravación en

lingua galega e castelá e alude, finalmente, á novela negra homónima de Domingo Villar da que se adaptou o filme e ao elevado custo de produción.

**Leiro**, David, “Poio conmemorará coa tradicional ofrenda floral o Día de Galiza Mártir”, *Diario de Pontevedra*, “Poio”, “Comarca”, 14 agosto 2014, p.11.

Sinala os actos na memoria do galeguista asasinado Alexandre Bóveda e a entrega do premio da Fundación que leva o seu nome aos escritores Claudio Rodríguez Fer e Carme Blanco.

**Lema**, X. M., “Palabras y canciones desde la emigración en tierras suizas”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 958, 26 xuño 2014, contracuberta.

Fala do traballo poético de Manuel Durán, emigrado galego en Suíza, que participou na inauguración do centro español de Murten cun recital das súas “cantigas”, composicións escritas a modo de regueifas nas que foi narrando a morriña do emigrante.

**L. F.**, “Compañeiro Daniel”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Patio de vecinos”, 8 xaneiro 2014, contracuberta.

Fala do acto que tivo lugar no Panteón de Galegos Ilustres con motivo do sexaxésimo cuarto aniversario do falecemento do prolífico e polifacético Alfonso Daniel Rodríguez Castelao.

**Limia de Gardón**, Xabier, “O Roteiro de Casares, un elixir”, *La Región*, “Ciudadanos”, “Arte et alia”, 10 marzo 2014, p. 7.

Preséntase o roteiro acabado de estrear que Ourense acolle como homenaxe á figura de Carlos Casares e que consiste nunha “viaxe urbana” que permite achegarse ao universo do escritor.

**Lombos Gracia**, Jorge, “A muller de Akha”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Relato”, 1 agosto 2014, p. 28.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia* para, ao rematar o mes, dar a coñecer o gañador das dúas categorías: menores de quince anos e adultos. Neste caso reproducése o realizado por Jorge Lombos, titulado “A muller de Akha”.

**Llano**, Juan, “Ourense será escenario de ‘A Esmorga’ a partir de febrero”, *La Región*, “Ciudad”, 30 xaneiro 2014, p. 11.

Anúnciase a rodaxe en Ourense da adaptación cinematográfica que o autor Ignacio Vilar levará a cabo do clásico da literatura galega *A esmorga*. Valórase o feito de que a

ambientación en escenarios de Ourense servirá para respectar o espírito creado por Blanco Amor.

**López**, Belén, “A Feira do Libro bota o peche”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 12 maio 2014, p. 52.

Informa da clausura da Feira do Libro Novo de Pontevedra e destaca a presenza no evento de Fina Casalderrey, Manel Loureiro, Juan de Sola, Kiko Dasilva, José de Cora, Elvira Riveiro, Elena Gallego, Alexander Vórtice, Borja Caamaño, Anxos Sumai, Ricardo Grobas, Isabel Blanco, Pemón Bouza, Loli Beloso e Pedro Feijoo. Subliña asemade o recital de Lois Pérez, “César de Fina e outros naufraxios” e a posta en marcha da Feira do Libro Antigo e de Ocasión.

**López**, Belén, “Benjamín Prado participará no festival Pontepoética 2014”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 21 xuño 2014, p. 69.

Anúnciase que Benjamín Prado será un dos oito poetas que participarán no festival Pontepoética de Pontevedra, que coordinará Iolanda e organiza o Ateneo en colaboración co Concello de Pontevedra. Apúntase que o festival esténdese a espazos fóra do teatro Principal: farase un roteiro poético por oito librarías da cidade que colocarán nos seus escaparates poemas dos poetas participantes.

**López**, Belén, “O Parlamento expón no Museo as súas Medallas das Letras Galegas”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Cultural”, 19 novembro 2014, p. 11.

Analiza a exposición “51 páxinas das nosas letras” e destaca os contidos da mostra, consistentes nunha serie de perfís biográficos dos persoeiros homenaxeados no Día das Letras Galegas dende 1963 até a actualidade, xunto a cadansúa medalla ou altorrelevo en resina, elaboradas por Siro López e Manuel Ferreiro Badía, e un vídeo divulgativo.

**López**, Elizabeth, “Álvarez Torneiro ultima o seu novo libro de poemas con Kalandraka”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, 1 marzo 2014, p. 60.

Recolle o testemuño do recentemente galardoado co Premio Nacional de Poesía, o coruñés Manuel Álvarez Torneiro, quen está a ultimar a publicación con Kalandraka dunha obra que será a continuación d’*Os ángulos da brasa*, libro co que foi premiado.

**López**, Elizabeth, “Se quere ser atendido en galego, pulse 2”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 10 abril 2014, p. 44.

Informa do acto de entrega na Coruña do XI Premio de Poesía Fundación Novacaixagalicia a Yolanda Castaño polo seu poemario *A segunda lingua* (2014), incluído na colección “Arte de trobar”. Resume a seguir os comentarios da poeta ao redor da politización da lingua galega e o seu carácter patrimonial e sinala o eixe vertebrador das composicións deste volume.

**López**, Elizabeth, “Yolanda Castaño: ‘O galego tende a ser unha segunda lingua de Galicia’”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, p. 52/ *El Progreso*, “Vivir”, “Poesía”, p. 46, “Cultura”, 10 abril 2014.

Dá conta do acto de entrega na Coruña do XI Premio de Poesía Fundación Novacaixagalicia outorgado a Yolanda Castaño polo seu poemario *A segunda lingua* (2014), inserido na colección “Arte de trobar”. Menciona os comentarios da poeta en torno á politización da lingua galega e ao cambio de estilo na súa poesía. Conclúe cunha referencia a outros galardóns recibidos pola poeta e a colaboracións en diversas revistas.

**López**, Elizabeth, “Castaño: ‘A lingua galega está politizada’”, *La Región*, “Sociedad”, 10 abril 2014, p. 51.

Indica os comentarios de Yolanda Castaño con respecto á politización da lingua galega, durante o acto de entrega do XI Premio de Poesía Fundación Novacaixagalicia que lle foi concedido polo seu poemario *A segunda lingua* (2014), tirado do prelo na colección “Arte de trobar”.

**López**, Gustavo, “Un libro-disco ensalza la poesía de Galicia a través de la música”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 13 febreiro 2014, p. 24.

Infórmase sobre a presentación no Centro Galego de Arte Contemporáneo de *Doce canciones gallegas*, unha compilación de poesías de autores galegos como Rosalía, Curros ou Cabanillas musicadas por diferentes compositores.

**López**, Ruth, “Óliver Laxe prepara unha versión para o cine do ‘Merlín e familia’ de Cunqueiro”, *El Progreso*, “Vivir”. “Cultura” “Cine”, 27 novembro 2014, p. 52.

Trata da concesión dunha axuda económica ao cineasta Óliver Laxe co fin de levar ao cinema a novela *Merlín e familia* (1955), de Álvaro Cunqueiro. Sinala algúns recoñecementos e logros do cineasta deica ser considerado un referente do Novo Cinema Galego.

**López**, Uxía, “A casa de Rosalía é ‘máis grande’ coa exposición do seu retrato pintado en vida”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Comarcas”, 12 febreiro 2014, p. L9.

Infórmase sobre a cesión de varios bens por parte da Deputación da Coruña á Casa-Museo de Rosalía de Castro. O máis destacado é o retrato da autora feito en vida por Modesto Brocos.

**López**, Uxía, “Recetas inspiradas en Rosalía de Castro”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Comarcas”, 15 marzo 2014, p. L9.

Dá conta da realización dunha actividade do proxecto *Rosalía nos cinco sentidos* que consistiu na elaboración, por parte de persoas con discapacidade do Sar, de pratos tradicionais inspirados no poema *Has de cantar*.

**López**, Uxía e X. F., “Os escritores propoñen que o 24 de febreiro sexa o día de Rosalía”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 24 febreiro 2014, p. 26.

Recolle as actividades que a Asociación de Escritores en Lingua Galega xunto coa padronesa Casa-Museo de Rosalía organizou para celebrar o Día de Rosalía e pechar o ano rosaliano.

**López**, Uxía, “Versos e música para Rosalía”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*” “Comarcas”, 16 xullo 2014, p. L9.

Dá conta do acto conmemorativo da figura de Rosalía de Castro celebrado na Casa-Museo da Matanza, en Padrón, co gallo do aniversario do seu pasamento. Salienta a presenza dos alcaldes de Padrón e Rois, os secretarios xerais de Cultura e Política Lingüística, Anxo Angueira, Anxo Lorenzo, Ramón Villares, Méndez Ferrín, Ana Blanco e Xosé Luís Axeitos, e conclúe cunha referencia á presentación do poemario *De papoulas e destrución* (2014), de José Manuel Blanco, que recolle as composicións merecentes do Premio Escolar Rosalía de Castro.

**López Dorado**, Beatriz, “Lesión de menisco”, *El Progreso*, “*deVerano*”, “Contos de verán”, 15 agosto 2014, p. 36.

Sección que acolle relatos presentados ao concurso “Contos de verán” do xornal *El Progreso*. Neste caso reproducése o escrito por Beatriz López, titulado “Lesión de menisco”.

**López Fernández**, José, “A inocencia e candidez da condesiña de Montefermoso”, *El Progreso*, “*deVerano*”, “Contos de verán”, 24 agosto 2014, p. 36.

Sección que acolle relatos presentados ao concurso “Contos de verán” do xornal *El Progreso*. Neste caso reproducése o escrito por José López, titulado “A inocencia e candidez da condesiña de Montefermoso”.

**López Silva**, Xosé Antonio, “...Fermosa no Mar Maior” *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”, p. 26/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, n.º 851, p. 33/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 851, p. 32, “Viaxe inconstante”, 19 outubro 2014.

Analiza o acto de presentación do proxecto editorial Mar Maior, da Editorial Galaxia, na Casa do Lector en Madrid. Fai un percorrido polas orixes da editorial, dende a súa creación en 1950 e destaca o seu labor de promoción da cultura. Sinala, a seguir, os obxectivos do proxecto Mar Maior e os primeiros títulos que se publicarán.

**Lopo**, Antón, “Do paseo a Filgueira Valverde”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 522, 4 decembro 2014, p. I.

Recolle as diversas hipóteses ao redor do vínculo entre Xosé Filgueira Valverde e o franquismo xurdidas tras a decisión de homenaxealo no Día das Letras Galegas 2015. Cita a distintos estudosos que nas súas obras trataron a figura de Filgueira Valverde en relación á súa posición política durante o franquismo.

**Lorenci**, Miguel, “El Premio Nadal cumple hoy 70 años de firme pulso literario”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 6 xaneiro 2014, p. 26.

Dá conta da celebración do septuaxésimo aniversario do Premio Nadal, que nace en 1944 en memoria de Eugenio Nadal, periodista e editor de Destino. Indica que se trata dun galardón máis modesto economicamente ca outros coma o Planeta, e que conta con varios galegos como Cunqueiro ou Elena Quiroga entre os seus galardoados.

**Lorenzo**, Fran P., “Cartas a Penzol do tempo no que ‘non pasaba nada’”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 29 xaneiro 2014, p. 42.

Artigo dedicado á publicación do vixésimo sétimo volume dos Cadernos Ramón Piñeiro, baixo a edición de Luís Cochón. Apunta que se trata dunha compilación da correspondencia dirixida ao bibliófilo galeguista Fermín Penzol, a gran maioría de Ramón Piñeiro, Ramón Cabanillas, Ben-Cho-Shey e Otero Pedrayo.

**Lorenzo**, Fran P., “Harkaitz Cano trae o seu ‘Pasaia blues’ a Santiago”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 5 febreiro 2014, p. 42.

Anúnciase a presentación de *Pasaia blues*, novela de Harkaitz Cano recentemente incorporada ao catálogo do selo compostelán Hugin e Munin, na librería Couceiro de Santiago de Compostela, onde estará acompañado polo editor, Alejandro Tobar e polo escritor e xornalista Diego Ameixeiras.

**Lorenzo**, Fran P., “Harkaitz Cano. Esta novela fala sobre a permeabilidade das ideas”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 6 febreiro 2014, p. 42.

Dáse conta da publicación en galego da novela do autor guipuscoano Harkaitz Cano, *Pasaia Blues*, publicada orixinalmente en 1999 e traída ao galego por Isaac Xubín coa editora compostelá Hugin e Munin. Indica que a novela achega unha reflexión sobre o conflito vasco ademais dun retrato das relacións humanas.

**Lorenzo**, Fran P., “Paisaxes de pan’ de Ánxela Gracián, na Librería Couceiro”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 6 marzo 2014, p. 42.



Fala da presentación desta obra poética, *Paisaxes de pan* (2013) e na cal participarán Xesús Alonso Montero, Antonio Piñeiro e Xurxo Fernandes.

**Lorenzo**, Fran P., “Joyce dedicou a súa obra a deconstruír o xenio romántico”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 30 abril 2014, p. 41.

Dá conta do congreso celebrado na Universidade de Santiago de Compostela ao redor da tradución ao galego do *Ulises* (2013) de James Joyce. Destaca as intervencións de Víctor F. Freixanes, Francisco García Tortosa e María Luisa Venegas (tradutores do *Ulises* ao castelán), e Álvarez Amorós e Margarita Estévez Saá. Nun epígrafe á parte describe os contidos das conferencias de Antonio Raúl de Toro Santos e José Miguel Alonso-Giráldez.

**Lorenzo**, Fran P., “aCadaCanto: cancións que levan dentro a Rosalía, esta noite no Salón Teatro”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 9 maio 2014, p. 41.

Sinala a presentación no Salón Teatro de Compostela do novo traballo discográfico de aCadaCanto, grupo formado por Guadi Galego, Xabier Díaz, Xosé Lois Romero e Guille Fernández, *A rosa d’Adina* (2013), co gallo do sesquicentenario da saída ao prelo de *Cantares Gallegos* (1863), de Rosalía de Castro.

**Lorenzo**, Fran P., “A escrita poética de Helena Villar remansa no libro ‘Remontar o río’”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 9 maio 2014, p. 41.

Trata o acto de presentación do poemario *Remontar o río* (2014), grafado por Helena Villar Janeiro, ilustrado por Luz Darriba e tirado do prelo por Tirar do Fío Edicións, na Igrexa da Universidade de Santiago de Compostela. Tras subliñar o labor de maquetación e deseño de Aymara Ghiglione nunha tiraxe limitada de cincocentos exemplares, indica a presenza no evento de María Solar, Marica Campo e Francisco Durán.

**Lorenzo**, Fran P., “Sempre en Galiza’ revive na rede da man do Consello da Cultura Galega”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 28 xuño 2014, p. 45.

Dá conta da presentación da campaña de difusión de *Sempre en Galiza* de Castelao que o Consello da Cultura Galega ten previsto realizar. Anúnciase que co gallo da conmemoración dos setenta anos da súa publicación en Bos Aires, farase unha xornada conmemorativa no Parlamento Galego e que haberá de diversas accións divulgativas como a realización de lecturas colectivas e a creación dunha aplicación para dispositivos móbiles e dunha web.

**Lorenzo**, Fran P., “Ningún dos membros da executiva da RAG apoiou o nomeamento de Filgueira”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 11 xullo 2014, p. 41.

Dáse noticia da publicación na páxina web da Real Academia Galega dunha nota aclaratoria na que os integrantes da comisión reitoral da institución eluden responsabilidades e fan pública a súa única condición de mediadores na polémica elección da figura de Xosé Filgueira Valverde como figura homenaxeada no Día das Letras Galegas. Indícase que no comunicado tamén se fan públicos os nomes dos membros numerarios que apoiaron cada unha das candidaturas que se presentaron.

**Lorenzo**, Fran P., “A dixitalización da revista ‘Céltiga’ rescata un fito da prensa galega da diáspora”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 1 outubro 2014, p. 43.

Comenta o acto de presentación da dixitalización dunha edición conmemorativa dos noventa anos da primeira entrega da revista *Céltiga* (1924-1932). Destaca a presenza de distintas personalidades e a colaboración entre diversas institucións para levar adiante esta tarefa.

**Lorenzo**, Fran P., “Vinte e cinco anos do PEN galego”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 2 outubro 2014, p. 40.

Leva a cabo un percorrido pola traxectoria da Fundación PEN de Galicia, dende a súa creación en 1921. Destaca, entre outras, a proposta en 1977 de implantar un PEN Internacional por parte de Eduardo Blanco Amor, Bernardino Graña, Álvaro Cunqueiro e Gonzalo Torrente Ballester; o congreso de 1989 en Maastricht, ao que asisten Luís González Tosar e Ursula Heinze e no que se orixina o PEN galego; o labor dos presidentes do PEN como Alfredo Conde, Ursula Heinze, Carlos Casares e Luís González Tosar, e a creación dos premios de poesía Afundación e Rosalía de Castro e a colección poética “Arte de trobar”.

**Lorenzo**, Fran P., “Ferrín, Rivas e Nélida Piñón evocan a ‘coraxe’ e o ‘compromiso’ da escrita”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 4 outubro 2014, p. 41.

Dá conta da VI Edición da Bienal Literaria celebrada na Cidade da Cultura en Santiago de Compostela e organizada polo PEN de Galicia. Tras apuntar as verbas de Xosé Luís Méndez Ferrín sobre a saudade e as amizades comúns no seo da literatura galega, sinala a participación de Nélida Piñón, Luís González Tosar e Manuel Rivas. Indica a seguir as orixes do PEN galego así como outras actividades desta institución. Nun epígrafe á parte informa da saída do prelo da recompilación da obra de Úrsula Heinze nun proxecto do PEN Club.

**Lorenzo**, Fran P., “A literatura e o xornalismo galegos perden a voz libre de Begoña Caamaño”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 28 outubro 2014, p. 44.

Leva a cabo un percorrido pola traxectoria vital e literaria de Begoña Caamaño co gallo do seu pasamento. Salienta o seu labor na radio, nas revistas e a autoría das novelas *Circe ou o pracer do azul* (2009) e *Morgana en Esmelle* (2012), tiradas do prelo por

Editorial Galaxia. Doutra banda, enzalza o seu posicionamento político e social, o seu feminismo e a defensa da lingua e cultura galegas.

**Lorenzo**, Fran P., “Voces amigas, música e poesía no adeus en Boisaca de Begoña Caamaño”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 29 outubro 2014, p. 36.

Crónica das actividades musicais e poéticas realizadas en memoria da escritora falecida Begoña Caamaño.

**Lorenzo**, Fran P., “O manancial inesgotábel de Álvaro Cunqueiro revive co Mar Maior”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 19 decembro 2014, p. 41.

Céntrase na estrea do selo Mar Maior da Editorial Galaxia, o lanzamento das traducións ao castelán de catro obras de Álvaro Cunqueiro: *Flores del año mil y pico de ave*, *Tertulia de boticas prodigiosas y escuela de curanderos*, *Vida y fugas de Fanto Fantini*, *El año del cometa con la batalla de los cuatro reyes*, con epílogos de Xosé Antonio López Silva, Víctor F. Freixanes, Carlos G. Reigosa e César Cunqueiro, respectivamente. Anuncia que outras obras seleccionadas son *El Vidrio roto. Cuentos para las Américas. Argentina*, de Emilia Pardo Bazán, relatos que a autora publicara na prensa arxentina e que recolleu o profesor González Herrán; *Historia de Galicia* de Ramón Villares, *Futuro imperfecto* de Xulia Alonso, *Laura en el desierto* de Antón Riveiro Coello e *Circe o el placer del Azul*, de Begoña Caamaño.

**Losada**, Óscar, “Segundo paso de aCadaCanto”, *La Opinión*, “Saberes”, n.º 436, 11 xaneiro 2014, p. 11.

Dáse conta do segundo álbum do cuarteto aCadaCanto, titulado *A Rosa d’Adina*, salientando que nel se mergullan no universo de Rosalía de Castro e que a voz é a protagonista. Indícase tamén que forma parte das diferentes propostas musicais de inspiración rosaliana que viron a luz en 2013.

**Lousada**, Óscar, “As poesías de Rosalía serviron o ano pasado de inspiración musical a diversos artistas”, *La Opinión*, “Especial Letras Galegas”, 17 maio 2014, p. X.

Trata a saída de cinco traballos discográficos co gallo do 150 aniversario da publicación de *Cantares Gallegos* (1863), de Rosalía de Castro: *Rosalía pequeniña* (2014), de Uxía Senlle; *Na lingua que eu falo* (2014), de Najla Shami; *Os ollos que falan* (2014), do grupo Tempo Catro; *A miña primeira Rosalía* (2014), coordinada por Xiana Lastra; e *Nas tardes escuras* (2014), de Fran Pérez, “Narf”.

**Lucava**, José, “Lugo”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 19 agosto 2014, p. 35.

Sección que acolle relatos presentados ao concurso “Contos de verán” do xornal *El Progreso*. Neste caso reproducése o escrito por José Lucava, titulado “Lugo”.

**L. T.**, “Fernán Vello presenta ‘Habitación del asombro’ en Biblos”, *El Ideal Gallego*, “Betanzos”, 19 marzo 2014, p. 22.

Informa da presentación na librería Biblos de Betanzos do poemario de Miguel Anxo Fernán Vello *Habitación del asombro*, XXVIII Premio de Poesía Cidade de Ourense.

**M. A.**, “Homenaxe a Rosalía dos escritores da AELG”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 24 febreiro 2014, p. 44.

Dáse conta do acto que a Asociación de Escritores en Lingua Galega organizou no Panteón de Galegos Ilustres co gallo do 177 aniversario do nacemento de Rosalía de Castro.

**M. A. C.**, “El grupo Lúa Chea representará el próximo domingo la obra ‘Historias dunha praza’”, *Diario de Pontevedra*, “Poio”, “Comarca”, 20 marzo 2014, p. 12.

Anúnciase a actuación en Tui de Lúa Chea, o grupo de teatro do Centro Social de Poio dirixido por Manuel Solla, coa obra *Historias dunha praza*, unha comedia de enredo, que fai humoristicamente rendíbeis escenas do cotián.

**M. A. C.**, “Lúa Chea levará ‘Historias dunha praza’ el sábado a Samieira”, *Diario de Pontevedra*, “Poio”, “Comarca”, 22 outubro 2014, p. 11.

Dáse noticia da representación da peza teatral *Historias dunha praza* na Casa do Pobo de Río de Bois, en Samieira, dentro do Ciclo Poio Escena.

**Macieira, Ú.**, “Homenajes con música para Ánxel Casal”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Patio de vecinos”, 20 agosto 2014, contracuberta.

Anuncia as homenaxes tributadas a Ánxel Casal por parte do Concello de Teo e a Asociación A Oliveira en Teo e Santiago de Compostela co gallo do septuaxésimo oitavo aniversario do seu fusilamento. Destaca o proxecto conxunto de Ánxel Casal e Federico García Lorca que deu como resultado a publicación dos *Seis poemas galegos* (1935).

**M. A. N.**, “Creación con sentimento”, *El Progreso*, “A Mariña”, 7 xaneiro 2014, p. 23.

Conta a historia de Jaime Baltar, un mariñeiro que xa adulto, e influído por grandes autores galegos, se dedica á poesía. Indica, que, animado por varios veciños, compilou os seus poemas, agora en proceso de dixitalización.

**Manteiga, M. e S. Formoso**, “Música para el poeta Ardeiro de X. M. Lago y Óscar Martínez”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 789, 5 xaneiro 2014, p. 6.

Dá conta do disco tributo que os cantautores Xosé Manuel Lago e Óscar Martínez compuxeron poñendo música ás verbas do poeta Xosé Manuel López Ardeiro

**Manteiga, M.**, “Tributos a Ardeiro de Lago y Martínez”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 823, 8 febreiro 2014, p. 7.

Infórmase do concerto de Óscar Martínez e Xosé Manuel Lago na librería Couceiro de Santiago de Compostela, un tributo ao poeta Ardeiro.

**Manteiga, Marcos**, “A Barcala vai ter de centenario a dous ilustres galeguistas”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 797, 13 xaneiro 2014, p. 6.

Artigo dedicado ao labor do historiador Amancio Liñares para difundir os logros acadados polos galeguistas Xulián Magariños e Avelino Pousa Antelo cumpridos cento dez e cen anos, respectivamente, dos seus nacementos. Explica o papel que ambos os persoeiros levaron a cabo no seo da cultura galega.

**Manteiga, Marcos**, “Mostra en Negreira de Díaz Pardo e os lazos de Montero”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 878, 4 abril 2014, p. 7.

Dá conta do acto de inauguración da mostra *Luz e compromiso* que acolle o IES Magariños de Negreira sobre a figura e traxectoria de Isaac Díaz Pardo.

**Manteiga, Marcos**, “Actrices rurales de Santa Sabiña, a la capital xalleira”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 882, 8 abril 2014, p. 6.

Celébrase a chegada á Cooperativa Xallas dun grupo de teatro afeccionado con oito anos de historia que nace na Asociación de Mulleres Rurais de Santa Sabiña, en Santa Comba. Dise que a obra que presentarán é *Cenizas ou café*. Saliéntanse outras actividades de dinamización do rural acometidas pola entidade citada.

**Manteiga, Marcos**, “Eanes, Xan Braña e Castiñeiras buscan relevo lírico na Barcala, Xallas e A Maía”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 934, 2 xuño 2014, p. 4.

Trae á memoria a calidade lírica de tres poetas galegos: Pepe Xan Baña, Maximino Castiñeiras, “o Poeta da Maía”, e Afonso Eanes. Tras aludir á escrita de Xosé Manuel López, “Ardeiro”, á creación do colectivo *Novas verbas* e o Premio Ardeiro, e ao volume *Cando as luces rebentan o silencio* (2003), salienta a “vulgaridade labrega” da

poesía de Baña; o labor en canto edil de Ames por parte de Castiñeiras; a fundación da asociación Afonso Eanes e a reedición da súa obra da man de Silvia Gaspar, merecente do Premio Vila de Negreira.

**Martínez, A.**, “Faro entronizou la Festa do Albariño”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 10 xullo 2014, p. 37.

Infórmase da conferencia, pronunciada por Ceferino de Blas na última xornada do curso “Cunqueiro, Cambados e o viño”, sobre a relación entre o diario decano da prensa galega e a celebración festiva. Faise un resumo da alianza dende 1953, cando se inicia, até a metade da década dos oitenta no que se conta a contribución do periódico no éxito crecente da festa e destácase a labor de Álvaro Cunqueiro en relación á festa do viño.

**Martínez, Mar**, “Neira Vilas leerá el pregón de la Festa da Filloa en Lestedo”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 851, 8 marzo 2014, p. 9.

Anúnciase a 31 edición da Festa da Filloa de Boqueixón, a cal será presentada pola actriz María Mera, e será Neira Vilas, fillo adoptivo de Boqueixón, quen procederá á lectura do pregón.

**Martínez, Nuria**, “Desde Otero Pedrayo hasta Cota y Xabier Fortes”, *Diario de Pontevedra*, “125 aniversario”, 30 maio 2014, pp. 32-33.

Leva a cabo un percorrido polas recensións literarias de maior relevancia saídas ao prelo no *Diario de Pontevedra* ao longo dos últimos cento vinte e cinco anos. Destaca, así pois, as asinadas por Xosé Filgueira Valverde, Ramón Otero Pedrayo, José María Castroviejo, Antón Fraguas, Francisco Fernández del Riego, Augusto Casas, Juan Novás, Álvaro Ruibal, Sebastián Risco, Xosé Conde Corbal, Manolo Morán, Fina Casalderrey, Miguel Suárez Abel, Arturo Ruibal, Manuel Jabois, Rodrigo Cota, Xabier Fortes, Adrián Rodríguez e Ramón Rozas.

**Martínez, R.**, “El callejero homenajea a Vidal Bolaño a través de ‘Saxo tenor’”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Santiago”, 13 xaneiro 2014, p. L2.

Infórmase sobre a inauguración dunha praza baixo o nome de Saxo Tenor para render homenaxe ao dramaturgo Vidal Bolaño, no que fora o seu barrio en Compostela, Vista Alegre. Coméntase que foi un acto presidido polo alcalde compostelán Ángel Currás; por Dolores Alende, quen reivindicou que a praza fose así bautizada, e por Roi Vidal, fillo do dramaturgo.

**Martínez González, Xurxo**, “O legado do sorriso irlandés”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 485, 23 xaneiro 2014, cuberta.

Fala da figura de Fermín Penzol e da súa importancia en Vigo, grazas á doazón do seu arquivo e biblioteca persoais. Comenta algúns aspectos biográficos do protagonista e subliñase o seu compromiso político.

**Martínez González**, Xurxo, “Unha relación de parentesco”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 509, 4 setembro 2014, cuberta.

Pon en relación familiar a Eduardo Chao e Rosalía de Castro achegando algúns datos a partir da árbore xenealóxica. Salienta asemade a influencia dos Chao na traxectoria literaria de Rosalía e conclúe cun breve repaso das máis relevantes publicacións da poeta.

**Martínez González**, Xurxo, “Mondoñedo, cunquiña deleitosa...”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 518, “Literatura”, 6 novembro 2014, p. IV.

Gaba ao poeta mindoniense Manuel de Leiras Pulpeiro polo 160 aniversario do seu nacemento, exaltando o seu labor poético, o seu carácter bondadoso e humilde, a súa postura crítica e de denuncia coas inxustizas sociais e os seus principios ético-políticos, polos cales defendía o galeguismo, a república e un sistema federal. Tamén se comenta que no centenario da súa morte no ano 2012 houbo unha gran difusión da poesía deste autor, onde floreceron diversas iniciativas.

**Martínez Graña**, Paula, “Sempre el”, *El Progreso*, “*deVerano*”, “Contos de verán”, 22 agosto 2014, p. 34.

Sección que acolle relatos presentados ao concurso “Contos de verán” do xornal *El Progreso*. Neste caso reproducése o escrito por Paula Martínez, titulado “Sempre el”.

**Maseda Prado**, Andrea, “O tirafundas do tío Manolito”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Relato”, 11 agosto 2014, p. 34.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia* para, ao rematar o mes, dar a coñecer o gañador das dúas categorías: menores de quince anos e adultos. Neste caso reproducése o realizado por Andrea Maseda, titulado “O tirafundas do tío Manolito”.

**Matilde**, “Nombres que dejan huella”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, “Escaparate”, 20 marzo 2014, p. 15.

Anuncia a presentación en La Fiesta de los Maniqués (Vigo) d’*O sexo masculino dos anxos* (2013), o último libro do poeta Manuel Janeiro.

**Mato**, M., “Galicia recupera su historia argentina con la digitalización de ‘Céltiga’”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 2 outubro 2014, p. 40.

Sinala o acto de presentación oficial da dixitalización da colección completa da revista *Céltiga* (1924-1932), grazas á colaboración de varias institucións. Destaca o obxectivo deste evento de conmemorar a saída do prelo da primeira entrega da revista en Bos Aires.

**Mato**, M., “O chimpo galego á tradución internacional”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 2 outubro 2014, p. 40.

Leva a cabo un percorrido polas recentes traducións de obras galegas a linguas europeas co gallo do Día da Tradución. Sinala distintos títulos para despois salientar o labor de diversas editoriais galegas a este respecto. Subliña as opinións de Moisés Barcia, Laura Sáez e José Luis Morais e indica a situación actual dos tradutores e tradutoras; a falta dun colexio oficial; a existencia da Asociación Galega de Profesionais da Tradución e Interpretación (AGPTI), a Asociación de Tradutores Galegos (ATG), e o *Libro blanco de la traducción editorial en España* (2010).

**Mato**, Mar, “El rodaje de ‘La playa de los ahogados’ comienza este año”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 12 xaneiro 2014, p. 43.

Infórmase sobre a futura rodaxe da novela de Domingo Villar, *A praia dos afogados* en escenarios de Vigo, Panxón, a Madorra e Nigrán. Ademais, menciónanse outros proxectos do ámbito audiovisual tamén de autoría galega.

**Mato**, Mar, “A Revista Galega de Teatro edita o cómic ‘2132’ de Diego Blanco e Vidal Bolaño”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 13 xaneiro 2014, p. 16.

Infórmase da publicación que a *Revista Galega de Teatro* realizou da obra *2132* de Vidal Bolaño. Destácase que se trata dunha peza inacabada de ciencia ficción con temática galega, ilustrada por Diego Blanco. Á vez dáse conta da inauguración da praza Saxo Tenor en Compostela en honra deste dramaturgo.

**Mato**, Mar, “Preto de 40 poetas experimentan cos versos de Rosalía”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 21 febreiro 2014, p. 45.

Anúnciase a publicación do volume *De Cantares hoxe. Os Cantares gallegos de Rosalía de Castro no século XXI* (2013), unha proposta que busca adaptar a composición dos versos ao século XXI contando coa colaboración de trinta e seis autores.

**Mato**, Mar, “A eterna poesía de Xela Arias”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 11 marzo 2014, p. 43.



Informa do acto que a Asociación de Escritores en Lingua Galega levará a cabo como homenaxe póstumo á escritora Xela Arias no IES Álvaro Cunqueiro. Anuncia ademais a elaboración dun volume coas súas obras completas publicadas.

**Mato**, Mar, “El Centro Dramático Galego cumple 30 años como la cuarta compañía pública de España”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, p. 64/ *La Opinión*, “Sociedad, cultura y ocio”, p. 55, 24 marzo 2014.

Comenta o trinta aniversario do Centro Dramático Galego, que é a cuarta compañía pública de España, e que pese a ter pasado períodos complicados, segue a producir estreas. Recolle declaracións do director do CDG, Manuel Guede, sobre o presente e o futuro da institución.

**Mato**, Mar, “A complicada rodaxe de ‘A esmorga’”, *Faro de Vigo*, “Tv/Espectáculos”, 8 abril 2014, p. 59.

Desenvolve o proceso de rodaxe do filme *A Esmorga* (2014), dirixido por Ignacio Vilar, e baseado na novela homónima de Eduardo Blanco Amor. Menciona os filmes anteriores deste director, como *Pradolongo* (2008), ou *Vilamor* (2012), para despois comentar as dificultades de atopar os protagonistas por mor da caracterización tan específica dos personaxes. Conclúe cunha referencia ao aspecto da introspección psicolóxica dos personaxes á hora de preparar os actores, á creación da atmosfera da novela e ao emprego do galego.

**Mato**, Mar, “Vigo recibe el legado de Pérez Prado, que luchó contra los chistes sobre gallegos en Argentina”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 9 abril 2014, p. 35.

Leva a cabo un percorrido pola traxectoria vital e literaria do escritor Antonio Pérez Prado co gallo do acto de presentación da doazón da súa obra á Fundación Penzol en Vigo por parte da súa filla Aixa Pérez-Prado. Entre outras cuestións detaca o guión do filme-documental *Castelao. Biografía de un ilustre gallego* (1980), dirixido por Jorge Prelorán; o seu labor como doutor no Hospital Municipal de Bos Aires; a correspondencia mantida con Avelino Pousa Antelo, Eduardo Blanco Amor, Francisco Fernandez del Riego, Xosé Neira Vilas, Isaac Díaz Pardo ou Luís Seoane, e a súa faceta de artista plástico.

**Mato**, Mar, “Internet descubre el primer libro, inédito, de Pardo Bazán tras 141 años de olvido”, *Faro de Vigo*, p. 38/ *La Opinión*, “Cultura y ocio”, p. 29, “Sociedad”, 10 abril 2014.

Comenta o descubrimento nos fondos da Real Academia Galega dun volume inédito de Emilia Pardo Bazán. Salienta a inexactitude da crenza de que o seu primeiro libro fora *Estudio crítico de las obras de Feijoo* (1877), xa que este volume inédito data de 1873. A seguir, resume os contidos desta guía de viaxes da escritora, xunto a unha posíbel razón pola cal non se tirase do prelo no seu tempo.

**Mato**, Mar, “El casting de ‘La playa de los ahogados’”, *Faro de Vigo*, “Tv/Espectáculos”, 15 abril 2014, p. 59.

Informa do comezo da rodaxe en Panxón do filme *A praia dos afogados* (2014), baseada na novela de Domingo Villar e producida por Carlos Rodríguez. Menciona en primeiro lugar os actores e actrices Carmelo Gómez, Antonio Garrido, Marta Larralde, Celia Freijeiro, Luis Zahera e Carlos Blanco, que darán vida a algúns dos personaxes como Leo Caldas ou Rafa Estévez, para despois enumerar outros emprazamentos do filme en Vigo ou Val Miñor.

**Mato**, Mar, “70 anos da Biblia da galegitude”, *Faro de Vigo*, p. 38/ *La Opinión*, “Cultura y ocio”, p. 30, “Sociedad”, 4 xullo 2014.

Recóllense as palabras de Ramón Villares sobre *Sempre en Galiza* con motivo da celebración do septuaséximo aniversario da súa publicación. Acláranse as circunstancias políticas e persoais de Castelao durante a escrita do libro, explícase a xénese do título e a importancia do ensaio de Castelao que se converteu no referente ideolóxico e intelectual do nacionalismo galego.

**Mato**, Mar, “Sentido homenaje a Zulueta de Haz, alma generosa de Penzol, Juan XXIII y Sálvora”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 29 xullo 2014, p. 35.

Dá conta da homenaxe a Alfonso Zulueta de Haz ofrecida por María Teresa Fernández, Víctor Freixanes, Xesús Alonso Montero, Francisco Domínguez, Antón Vidal, Xavier Martínez e Carmela Silva na Fundación Penzol en Vigo, co gallo do seu nonaxésimo aniversario. Destaca o seu labor na SEPT –Sociedade de Estudos, Publicacións e Traballos-, na Editorial Galaxia e na Fundación Penzol e conclúe cunha referencia á placa conmemorativa que lle foi entregada.

**Mato**, Mar, “El corazón de la poesía late en Salvaterra”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 5 setembro 2014, p. 39.

Comenta o vixésimo oitavo aniversario do Festival da Poesía do Condado, celebrado en Salvaterra do Miño, en Pontevedra, baixo o *slogan* “Escrever nas margens” e organizado por Lara Soto. Salienta a presenza e participación no acto do poeta Ismael Ramos e da dramaturga Paula Carballeira. Remata cunha referencia aos criterios de selección de poetas para a presente edición deste Festival.

**Mato**, Mar, “El retorno de Suso de Toro a la narrativa encabeza las novedades de otoño gallegas”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, p. 34/ *La Opinión*, “Sociedad, cultura y ocio”, p. 29, 6 setembro 2014.

Enumera as novidades literarias de 2014 de diversas editoriais galegas co gallo do retorno de Suso de Toro á narrativa grafada en galego. Repasa, en primeiro lugar, os máis relevantes volumes deste escritor, e, a continuación, sinala as saídas do prelo de

distintas novidades na Editorial Xerais. Realiza a mesma análise para as editoriais Ir Indo, Alvarellos Editora, Editorial Ouvirmos, Nova Galicia Edicións e OQO Editora. Por último, nun parágrafo á parte, cita dúas novidades de Demo Editorial.

**Mauleón**, A., “Escritores y admiradores rendirán homenaje al poeta Carlos Oroza”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 11 xaneiro 2014, p. 37.

Dáse conta do acto que terá lugar no balneario de Mondariz para homenaxear o poeta Carlos Oroza, relevante figura da transición entre os séculos XIX e XX. No acto presentárase a musicalización de dous poemas da súa autoría por Pablo Costas e Honorato.

**Mauleón**, Amaia, “La viveza de Rosalía en su 177 aniversario”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, p. 35/ *La Opinión*, “Sociedad, cultura y ocio”, p. 29, 25 febreiro 2014.

Fai una síntese dos diferentes actos e publicacións que serviron para loar a figura de Rosalía de Castro no día do 177 aniversario do seu nacemento.

**Mauleón**, Amaia, “El Vigo cotidiano del siglo XX entra en las aulas”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 20 marzo 2014, p. 41.

Anuncia o curso que o historiador Xavier Castro impartirá na UNED Senior en Vigo e que terá por protagonista o Vigo cotián do século pasado.

**Mauleón**, Amaia, “La Feria del Libro calienta motores”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, 21 maio 2014, p. 10.

Dá conta da celebración da Feria do Libro en Vigo e salienta as presentacións dos textos *Os fillos do mar* (2012), de Pedro Feijóo –cunha tradución simultánea á lingua de signos; *A viaxe de Gagarin* (2014), de Agustín Fernández Paz; *Recinto gris* (2014), de Leticia Costas; *O fío vermello* (2014), de An Alfaya; *A voz do vento* (2014), de Pemón Bouzas; *Pedro Petouto* (2014), de Xesús Alonso Montero; *Maternosofía* (2014), de Inma López Silva e *Cuatro esquinitas tiene mi cama* (2014), de Fernando Méndez.

**Meijide**, Nazareth, , “La agrupación Metátese Teatro, de Palas de Rei, conquista Grecia con una gira”, *El Progreso*, “Comarcas”, 23 xullo 2014, p. 21.

Dá conta da presenza da Asociación Teatral Metátese Teatro en Atenas coa obra *Coma un anano* da que se indica o seu argumento.

**Méndez**, C., “Teatro para viajar hasta el siglo pasado”, *El Progreso*, “Comarcas”, 7 setembro 2014, p. 21.

Infórmase dos actos celebrados durante as xornadas “Son d’aldea” de Palas de Rei que contaron coa representación por parte de Metátase Teatro de pequenas pezas teatrais que recreaban un pedazo da historia pasada.

**Méndez, C.**, “Una llama literaria que sigue viva”, *El Progreso*, “Comarcas”, 9 setembro 2014, p. 20.

Informa dos actos de homenaxe realizados a Manuel María en Outeiro Rei co gallo do seu décimo cabodano e a entrega do Premio Navalla a Suso Vaamonde a título póstumo.

**M. G.**, “Melodías y poesía se darán mañana la mano en Lar”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 793, 9 xaneiro 2014, p. 6.

Anúnciase o espectáculo poético musical *Non somos nós*, de Manuel L. Rodríguez e Manuel Mariño, no que se recitarán poemas de *Antítese nativa*, do noiés Manuel L. Rodríguez, mesturados coa música do grupo 7Luvás.

**M. G.**, “Farrapos de boneca’ es el último libro de Rochi Nóvoa”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 796, 12 xaneiro 2014, p. 7.

Dáse conta da presentación do libro de poesía *Farrapos de boneca*, con CD incluído, na Casa da Cultura de Noia.

**M. G. M.**, “Narf Trío musica a golpe de guitarra eléctrica los poemas de Rosalía en el teatro Colón”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 9 xaneiro 2014, p. 17.

Explica o proxecto *As tardes oscuras* de El Patito Editorial, libro ilustrado de poemas de Rosalía aos que Fran Pérez, “Narf”, pon música.

**M. G. M.**, “Una isla poblada de caras conocidas”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 24 abril 2014, p. 15.

Preséntase *O xardín das pernas roubadas* de Tuerka Teatro, en gran formato, no teatro Colón e infórmase de que é un título reestreado, rescatado do baúl para coidar todos os detalles, do vestiario á perruquería ou á banda sonora, cunha dirección de Xoán Carlos Mejuto e Marita Martínez.

**Miguel, Isabel**, “Aprender a distinguir los buenos y malos”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Patio de vecinos”, 12 xuño 2014, contracuberta.

Dáse noticia, entre outras cousas, do recital poético árabe-galego do sirio Ali Admad Saíd Esber, Adonis, xunto con poetas da nosa terra, na Cidade da Cultura de Santiago de Compostela.

**Miguez, M. e E. López**, “A RAG salda a súa ‘débeda histórica’ con Filgueira Valverde e dedícalle as Letras Galegas de 2015”, *Diario de Arousa*, “Galicia”, p. 43/ *Diario de Ferrol*, “Galicia”, p. 25/ *El Ideal Gallego*, p. 15, “A Coruña”, 6 xullo 2014.

Informa que Xosé Filgueira Valverde será o autor homenaxeado no Día das Letras Galegas en 2015, decisión que saldará unha débeda histórica por parte da Real Academia Galega, segundo declaracións do seu presidente, Xesús Alonso Montero. Apúntase que Alonso Montero incidiu no perfil erudito de Filgueira Valverde e salientase que no día no que se deu a coñecer o nome do homenaxeado celebrouse en Madrid o Día das Letras e o Día de Galicia cun acto cultural que consistiu nunha conferencia de Armando Requeixo sobre Díaz Castro.

**M. M.**, “Uns 40 poetas reinterpretan os versos de Rosalía de Castro”, *La Opinión*, “Sociedad, cultura y ocio”, 20 febreiro 2014, p. 29.

Anúnciase a publicación do volume *De Cantares hoxe. Os Cantares gallegos de Rosalía de Castro no século XXI*, unha proposta que busca adaptar a composición dos versos ao século XXI contando coa colaboración de trinta e seis autores.

**M. M.**, “La casa de la cultura vilalbesa albergará una exposición sobre Manuel Rodríguez”, *El Progreso*, “A Chaira”, 13 agosto 2014, p. 9.

Informa dos actos na casa da cultura de Vilalba que arrancan coa inauguración da exposición “Manuel Rodríguez López, emigrante galego-poeta obreiro”.

**M. M.**, “La escuela de teatro de Castro inicia su cuarta temporada”, *El Progreso*, “A Chaira”, 18 outubro 2014, p. 23.

Comenta que entre as obras que formarán parte da cuarta temporada da Escola Municipal de Teatro de Castro de Ribeiras de Lea está unha comedia ambientada nos anos 50, do grupo de teatro Os Trocos, titulada *Almacéns Nova Chaira*.

**M. M. e M. G.**, “El bajo coste con calidad llega a la hostelería”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Patio de vecinos”, 26 febreiro 2014, contracuberta.

Dáse conta da homenaxe a Rosalía de Castro que tivo lugar no IES Antón Fraguas de Santiago de Compostela, na que participou cunha conferencia a escritora Pilar García Negro, entre outras actividades.

**M. N.**, “A Universidade celebrou a actualidade da poetisa”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, “Día de Rosalía”, 25 febreiro 2014, p. 13.

Presenta as actividades coas que a Facultade de Filoloxía de Vigo e a Casa da Cultura Galega renderon homenaxe a Rosalía no seu día.

**M. M. O.**, “Lago y Martínez versionan a Ardeiro”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 831, 16 febreiro 2014, p. 7.

Dáse conta da actuación dos músicos Óscar Martínez e Xosé M. Lago no IES de Negreira, que tocarán temas do seu disco *Onde comeza a vida*, tributo ao poeta Ardeiro.

**Moldes**, David, “Gerardo Herrero rueda ‘La playa de los ahogados’ en el sur de Pontevedra”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Sociedad”, p. 61/ *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Cine”, p. 63, 24 maio 2014.

Comenta a escolma de lugares de gravación do filme *A praia dos afogados* (2014), dirixido por Gerardo Herrero e baseado na novela negra homónima de Domingo Villar. Así pois, sinala Vigo, Nigrán, A Guarda e O Rosal, e menciona o labor de interpretación de Carmelo Gómez, Leo Caldas; Antonio Garrido e Rafael Estévez; describe o carácter do personaxe Caldas e critica o feito da choiva como responsábel de certo atraso na rodaxe.

**Montero**, Luis, “O CDG impulsa o intercambio teatral con Portugal e Cataluña”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 7 outubro 2014, p. 35.

Analiza o acto de presentación do programa e obxectivos do Centro Dramático Galego (CDG), para a tempada 2014-2015. Subliña as postas en escena das pezas *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*; *Xardín suspenso*; *Saxo tenor*; *A tempestade* e *Ganas de ouvear*. Destaca o labor da ESAD co proxecto “Nós Territorio (ES)cénico Portugal-Galicia”, en colaboración co Teatro Nacional Dona Maria II, o Teatro Nacional São João do Porto, e as escolas superiores de Teatro e Cinema (ESTC) de Lisboa, e Música, Artes e Espectáculo (ESMAE) do Porto.

**Montero**, Tamara, “Un libro recupera a memoria do Fernández del Riego universitario”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 4 xaneiro 2014, p. 37.

Dá conta da publicación da edición facsímil do discurso de apertura de curso de Fernández del Riego no libro *Sementar os ares novos* e sinala algúns dos contidos centrais daquela intervención.

**Montero**, Tamara, “Diego Ameixeiras. O caso Pokémon dá para moitas tramas e historias”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “En portada”, 14 febreiro 2014, pp. 2-3.

Reprodúcense as declaracións de Diego Ameixeiras e Bieito Iglesias, autores de novela negra galega, con respecto á evolución da temática deste xénero e á separación existente entre novela negra e xornalismo.

**Moreno**, C., “Nélida Piñón se muestra ansiosa por ocupar su sillón de académica de honor en la RAG”, *Diario de Ferrol*, p. 27 /*El Ideal Gallego*, p. 30, “Galicia”, 15 agosto 2014.

Trata o nomeamento de Nélida Piñón como membro da Real Academia Galega, coincidente co trixésimo aniversario da súa novela *La república de los sueños* (1991). Tras indicar o Premio Príncipe de Asturias das Letras 2005 do que foi merecente, menciona algúns volumes da súa autoría como *La dulce canción de Cayetana* (1987), *Voces del desierto* (2005), ou *Aprendiz de Homero* (2008), así como o seu labor de presidenta ao fronte da Academia Brasileira das Letras e a Academia Mexicana da Lingua.

**Mosteiro**, Marga, “As mulleres comúns fixeron a historia e crearon o país”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, 29 abril 2014, p. L6.

Informa do acto de presentación do volume *Historia das mulleres galegas* (2014), de Pepe Carreiro, durante o transcurso da Feira do Libro en Santiago de Compostela. Describe brevemente o fío argumental da escrita e comenta a presentación do volume *Contra a morte das linguas. O caso do galego* (2014), de Miguel Moreira, a cargo de Teresa Moure e Manuel Bragado, así como a sinatura de libros por parte de Pedro Feijoo, autor de *Los hijos del mar* (2013), ou Berta Dávila, con *Corpo baleiro* (2007), *Bailarei sobre a túa tumba* (2008), e *A arte do fracaso* (2010).

**Moure**, Laura, “El Club de Opinión Portocelo recuerda hoy a Rosalía con música y flores”, *Diario de Pontevedra*, “O Morrazo”, “Marín”, 13 maio 2014, p. 14.

Dá conta da homenaxe do Club de Opinión Portocelo de Marín e o Padroado Fundación Rosalía de Castro á autora de *Cantares gallegos*, co gallo da celebración do Día das Letras Galegas. Destaca o labor de coordinación Ángel García Carragal; o título da homenaxe, “Recordando a Rosalía”; a conferencia “O que queda por saber de Rosalía”, a cargo de Pilar García Negro; o recital poético de Josefa Area, Teresa Landín, María Luisa Pintos e Asun Estévez; e a interpretación do poema “Cada noite eu chorando pensaba”, por parte do coro de cámara Thalassa.

**Moure**, Laura, “Flores y música para recordar a Rosalía”, *Diario de Pontevedra*, “O Morrazo”, “Marín”, 14 maio 2014, p. 15.

Dá conta da homenaxe á figura de Rosalía de Castro por parte do Padroado-Fundación Rosalía de Castro en colaboración co Club de Opinión Portocelo de Marín co gallo da celebración do Día das Letras Galegas. Tras sinalar o lema do evento, “Recordando a Rosalía”, salienta algunhas das actividades que tiveron lugar, como a conferencia “O que queda por saber sobre Rosalía”, a cargo de Pilar García Negro, presentada por Asun Estévez no Museo Manuel Torres; o recital de poemas de Josefa Area, Teresa Landín, Asun Estévez e María Luisa Pintos; e a interpretación do poema “Cada noite eu chorando pensaba”, polo coro de cámara Thalassa. Nun epígrafe á parte, menciona os nomes dos merecentes do XIII Premio de Narración Curta para escolares Concello de Marín.

**M. T.**, “Presentan en Negreira un disco baseado nos poemas de Ardeiro”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 808, 24 xaneiro 2014, p. 6.

Anúnciase a presentación do disco *Onde comeza a vida*, baseado nos poemas de Xosé Manuel López Ardeiro, no Auditorio de Negreira.

**M. T.**, “Ames conmemora o Día de Rosalía o vindeiro domingo”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 833, 18 febreiro 2014, p. 6.

Infórmase de que o Concello de Ames conmemorará o Día de Rosalía de Castro cun acto na Casa da Cultura de Bertamiráns no que participarán Carlos Negro, Dolores Vilavedra e outros representantes de distintos ámbitos culturais, así como alumnos de diversos centros de ensino amienses.

**M. T.**, “Exposición de imaxes sobre Rosalía en Brión”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 895, 23 abril 2014, p. 7.

Anúnciase a inauguración da exposición *Cantargrafías* en Brión, que recolle imaxes fotográficas e gravados sobre a obra de Rosalía de Castro realizadas polo alumnado do Instituto de Ensino Secundario Virxe do Mar.

**M. T.**, “Ofrenda en Negreira e Teo ao galeguista Pousa Antelo”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 916, 14 maio 2014, p. 6.

Dáse noticia de que as localidades de Negreira e Teo renderán homenaxe a Avelino Pousa Antelo no centenario do seu nacemento con ofrendas florais.

**M. V.**, “Gargallada Teatro representa ‘O anel máxico’ en O Barco”, *La Región*, “Verano”, “Teatro”, 11 xullo 2014, p. 25.

Preséntase, dentro do festival “De Perto-Espazos de Cultura no Barco”, *O anel máxico*, obra de Cándido Pazó dirixida por Manuel Caramés a cargo de Gargallada Teatro. Trátase da adaptación de *Commedia, un xoguete para Goldoni*.

**MVI**, “Jaureguizar e Tallón analizan en Santiago a relación entre xornalismo e literatura”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Literatura”, 3 outubro 2014, p. 66.

Analiza o acto inaugural da Bienal Literaria celebrada na Cidade da Cultura. Comenta a mesa redonda de Santiago Jaureguizar, Juan Tallón, Luís Pousa e Camilo Franco sobre o valor literario aplicábel á prensa de autor, e indica o recital poético de Alba Cid, Berta Dávila, Gonzalo Herme e Román Raña; a mesa redonda dos novelistas Marilar Aleixandre, Alfredo Conde, Víctor F. Freixanes e Inma Silva; a dos poetas Miguel



Anxo Fernán Vello, Manuel Forcadela, María do Cebreiro, Xavier Seoane e Luciano Rodríguez; e o encontro entre Nélida Piñón, Xosé Luís Méndez Ferrín e Manuel Rivas.

**N. A.**, “Xosé Lois Ripalda se adentra en el oficio de los carpinteros de ‘ribeira’”, *Faro de Vigo*, “*Vigo 4 Costados*”, 28 xaneiro 2014, p. 7.

Anúnciase a publicación do último ensaio do mestre xubilado e escritor Xosé Lois Ripalda, o cal presenta a historia do oficio dos carpinteiros en Galicia no seu traballo *Os carpinteiros de ribeira*, publicado no Almanaque Agrícola ZZ por ser gañador do certame “Rescatando un anaco da nosa cultura”.

**Naya**, Jael A. e J. C., “Homenaje poético a los héroes de Angrois”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Galicia”, 4 xullo 2014, p. 16.

Dáse conta da presentación do poemario *Angrois* (2014), que reúne corenta e unha composicións escritas con motivo do Día das Letras Galegas para render tributo aos veciños de Angrois. Sinálase que no acto léronse varios poemas recollidos na obra.

**Nespereira**, Mario, “Viaxe sen retorno”, una mirada de la emigración de Mandianes”, *Atlántico Diario*, “Sociedad”, p. 30/ *La Región*, “Provincia”, p. 16, 27 agosto 2014.

Comenta a presentación do volume de Manuel Mandianes, *Viaxe sen retorno* (2014), na Casa da Cultura de Xinzo. Tras describir de xeito conciso seu fío argumental e liña temática, establece unha comparación entre Mandianes e Galicia semellante á de Celso Emilio Ferreiro e Celanova.

**Nicolás**, R., “Poesía de acción”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Letras”, Galego”, 6 febreiro 2015, p. 12.

Sitúa *Rastros con enrugas* (2014), de Xosé Carlos Domínguez Alberte, na mellor tradición da lírica de combate e onde se percibe a ollada crítica coa realidade.

**Nicolás**, R., “Portugueses en Galicia”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Letras”, “En galego”, 14 febreiro 2014, p. 20.

Preséntase o ensaio que o historiador e economista Dionísio Pereira realizou baixo o título *Emigrantes, Exiliados e Perseguidos*, no cal reflicte a vida das persoas de orixe portuguesa perseguidas tras a Guerra Civil.

**Nicolás**, R., “Un clásico da novela fantástica”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Letras”, “En galego”, 21 febreiro 2014, p. 20.

Comentario centrado na tradución de Alejandro Tobar para Urco da novela de Robert E. Howard *Almuric* (2013), que define como unha novela de acción con matices filosóficos e relixiosos.

**Nicolás**, Ramón, “Os Risco fronte a fronte”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “En galego”, 7 febreiro 2014, p. 20.

Explícase a orixe da monografía *Risco segundo Risco* (2013), na que Arturo Lezcano, veciño dos Risco de toda a vida, amiga co fillo do autor d’*O porco de pé* formulándolle preguntas que artellan esta obra xunto con outros materiais.

**N. N.**, “El Aula de Teatro del Concello estrena en el marco de las fiestas su última creación”, *El Progreso*, “Festas de San Xoán”, “Sarria”, 20 xuño 2014, p. 76.

Infórmase da estrea, no marco das festas de San Xoan en Sarria, da peza *O achado do castro*, da autoría de Manuel Núñez Singala, coa que a Aula de Teatro do Concello de Sarria virá a sumar tres producións de diferentes rexistros neste curso. Explicítanse algúns aspectos do argumento, da duración, da cantidade de autores ou da propia Aula de Teatro, atendendo ás palabras da súa directora, Lorena do Val.

**Nogueiras Álvarez**, Rita, “O baúl”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Relato”, 17 agosto 2014, p. 32.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia* para, ao rematar o mes, dar a coñecer o gañador das dúas categorías: menores de quince anos e adultos. Neste caso reproducése o realizado por Rita Nogueiras, titulado “O baúl”.

**Novás**, Gracias, “O Día das Letras Galegas festexará a Filgueira Valverde, gran humanista”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 6 xullo 2014, p. 46.

Dáse conta de que o Día das Letras Galegas homenaxeará no ano 2015 ao escritor Xosé Filgueira Valverde pola súa extensa obra de carácter divulgativo que o converte nunha das figuras centrais da cultura galega do século vinte. Apúntase que Filgueira foi unha figura central para institucións claves na conformación da cultura galega coma o Seminario de Estudos Galegos, Museo de Pontevedra, Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento ou Museo do Pobo Galego, entre outras. Destácase a súa traxectoria política coma alcalde de Pontevedra no franquismo ou Conselleiro de Cultura no goberno de Fernández Albor.

**N. P.**, “Panxón se mete en el papel”, *Faro de Vigo*, “Val Miñor”, “Área metropolitana”, 6 maio 2014, p. 14.

Comenta a sesión de gravación en Panxón do filme *A praia dos afogados* (2014), dirixido por Gerardo Herrero e baseado na novela homónima de Domingo Villar. Tras mencionar algúns dos protagonistas, como Carmelo Gómez, Marta Larralde, Celia

Freijeiro, Tamar Novás e Antonio Garrido, sinala o labor de produción de Foresta Films e outros emprazamentos da gravación, como Monteferro, A Ramallosa, Nigrán ou Vigo.

**N. V.**, “Pereira Martínez plasma a dureza persoal do Alzheimer desde a poesía”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, 15 maio 2014, p. 12.

Dá conta do acto de presentación do estudo de Carlos Pereira Martínez, *Río Alzheimer* (2014), tirado do prelo por Alvarellos Editora e merecente do XXXVII Premio do Certame Literario de Vilalba. Tras sinalar a gabanza recibida por parte dos críticos Armando Requeixo, Ramón Nicolás e Alfredo Conde, subliña a presenza e intervención no evento de Eliseo Fernández, presidente do Ateneo de Ferrol, e Eva Veiga, prologuista do volume. Conclúe cunha referencia ás orixes do estudo na propia familia do autor.

**N. V.**, “Histeria Teatro recrea o ‘Berlín’ de Lou Reed nunha intensa adaptación escénica”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, 26 setembro 2014, p. 24.

Comenta que O Leo i Arremecághona!!! e mais Lara Rozados estrearon *Berlín*, peza teatral baseada no músico Lou Reed, dentro da programación cultural da Fundación Artabria de Ferrol

**Núñez**, Carlos, “Julio Verne y las señas de identidad viguesas”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, 18 febreiro 2014, p. 11.

Compara a cidade de Vigo descrita polo francés Jules Verne en *Vinte mil leguas baixo dos mares* no ano 1866 e o Vigo actual.

**O. B.**, “Amancio Prada une a Rosalía e Lorca nun concerto gratuito”, *Diario de Arousa*, “Vilagarcía”, 17 maio 2014, p. 4.

Subliña o acto de presentación do concerto “A Rosalía de Federico”, de Amancio Prada, no Auditorio de Vilagarcía. Destaca o labor organizativo do Concello e a Deputación de Vilagarcía, xunto á presenza de Ana Isabel Vázquez e Rocío Llovo. Sinala, doutra banda, a celebración do concerto no Auditorio de Valga e a interpretación de Cuco Pérez, a dirección de Carlos Aladro e a colaboración de Juan Carlos Mestre e Marco Herreros.

**O. B.**, “Xermán Torres analiza la figura de Filgueira Valverde”, *Diario de Arousa*, “Vilagarcía”, 21 outubro 2014, p. 8.

Informa da conferencia de Xermán Torres, no salón de actos da igrexa parroquial, sobre a figura de Xosé Filgueira Valverde

**Obelleiro**, Paola, “El rechazo a homenajear a Filgueira multiplica los actos del Día das Letras”, *El País*, “Galicia”, 14 xullo 2014, p. 20.

Fala do rexeitamento por parte dalgúns escritores e institucións, como a Mesa pola Normalización Lingüística, pola elección de Xosé Filgueira Valverde como homenaxeado no Día das Letras Galegas de 2015. Critícase a súa relación coa ditadura franquista fronte aos membros da Xunta de Galicia que aplauden a súa escolla polos méritos e a obra do autor.

**Ocampo**, E., “El centenario de Del Riego se cierra con la edición de un discurso de 1933”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 4 xaneiro 2014, p. 35.

Sinala que con motivo do nacemento de Del Riego, a Universidade de Santiago de Compostela edita *Sementar os ares novos*, unha publicación facsímil que recolle o discurso emitido por Del Riego en outubro de 1933 como representante do estudantado. Apunta que se trata dunha figura clave do galeguismo e da difusión das letras en Galicia e que Del Riego recibe esta obra como homenaxe póstuma.

**Ocampo**, E., “El libro sale en busca de lectores”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, 24 maio 2014, p. 11.

Comenta o desenvolvemento da Feira do Libro de Vigo e destaca a presenza de distintas personalidades para despois salientar o auxe do *ebook* na presente edición; o pregón a cargo de Pedro Feijoo; ou a presentación da novela de Agustín Fernández Paz, *A viaxe de Gagarin* (2014). En dous epígrafes á parte, subliña a aparición na feira da librería O Calvario, rexida por Eva Prada, en representación da Banda Deseñada, e a librería Lafer, de José Carlos Lago Rial, con corenta anos de participación.

**Ocampo**, E., “A RAG salda unha ‘débeda histórica”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, p. 41/*La Opinión*, “Sociedad, cultura y ocio”, p. 33, 6 xullo 2014.

Dáse conta da elección de Figueira Valverde para o vindeiro Día das Letras Galegas. Apúntase que se requiriu de tres votacións, feito que evidenciou as discrepancias no plenario da Real Academia Galega ante a escolla do candidato. Recóllense as palabras de Xesús Alonso Montero que, consciente da polémica que vai suscitar a decisión, defende a necesidade de homenaxear a figura do intelectual. Engádense as verbas do fillo do homenaxeado, Fernando Filgueira, nas que se expresa o agradecemento da familia por este nomeamento.

**Ocampo**, Elena, “La cultura trasatlántica que viajó por tinta”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 5 febreiro 2014, p. 37.

Anúnciase a publicación en formato dixital da correspondencia do artista Luis Seoane, unha iniciativa levada a cabo polo Consello da Cultura Galega, que pretende achegar o epistolario deste intelectual aos máis curiosos.

**Ocampo**, Elena, “Donde Shakespeare habla gallego”, *Faro de Vigo*/ **E. Ocampo**, *La Opinión*, “Cultura y ocio”, “Sociedad”, 24 abril 2014, p. 35.

Leva a cabo un percorrido pola traxectoria profesional de Miguel Pérez Romero, tradutor das obras de Shakespeare ao galego, co gallo da conmemoración do 450 aniversario do poeta inglés. A seguir, enxalza a tradución de Ramón Gutiérrez dos *Sonetos* shakespeareanos, así como a edición bilingüe en Xerais en 2011, e as traducións de Astrana Marín e Ángel Luis Pujante nas que se baseou Pérez Romero para elaborar as súas.

**Ocampo**, Elena, “Despedida a la mujer que nació con el ‘virus’ de ser escritora”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, p. 45/ **E. O.**, *La Opinión*, “Sociedad, cultura y ocio”, 24 abril 2014, p. 35.

Con motivo do pasamento da escritora Ana María Matute, escritores e académicos galegos lembran a súa figura e fan distintas valoracións sobre a súa traxectoria literaria: Xabier P. Docampo; Agustín Fernández Paz; Darío Villanueva, Fina Casalderrey; e Manuel Rivas.

**Otero**, M., “Treinta años de trayectoria en el retrovisor”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Patio de vecinos”, 6 novembro 2014, contracuberta.

Dáse noticia da presentación en Santiago de Compostela da antoloxía poética *Memoria de abril* (2014), de Francisco Fernández Naval, nun acto en que participou o Secretario Xeral de Política Lingüística, que valora enormemente “a proxección do noso idioma no mundo”.

**Otero Gómez**, Mercedes, “As xoaniñas”, *El Progreso*, “*deVerano*”, “Contos de verán”, 25 agosto 2014, p. 29.

Sección que acolle relatos presentados ao concurso “Contos de verán” do xornal *El Progreso*. Neste caso reproducése o escrito por Mercedes Otero, titulado “As xoaniñas”.

**Otero Ricart**, J. A., “Fieles a la tecla”, *Faro de Vigo*, “*Estela*”, n.º 608, “Tres siglos de la máquina de escribir”, 12 xaneiro 2014, pp. 2-3/ *La Opinión*, “*El Domingo*”, n.º 667, 26 xaneiro 2014, pp. 2-3.

Dá conta dos tres séculos que cumpre a máquina de escribir e do uso cada vez menor que este invento de mediados do século XIX ten na actualidade. Menciónanse escritores como Neira Vilas ou Méndez Ferrín que seguen a empregar este instrumento para deixar constancia das súas verbas; outros, como Luz Pozo, hai tempo que o cambiaron polo ordenador. Tamén se fai mención á colección destas máquinas en Vigo.

**Otero Ricart**, J. A., “El gallego Cortázar”, *Faro de Vigo*, “*Estela*”, n.º 614, “Reportaje”, 23 febreiro 2014/ *La Opinión*, “*El Domingo*”, n.º 672, 2 marzo 2014, pp. 4-6.

Informa sobre a vinculación con Galicia que tivo o escritor arxentino Julio Cortázar, retratando as conexións do escritor tanto na esfera persoal como na profesional. Saliéntase a súa relación con intelectuais como Luís Seoane ou Rafael Dieste.

**Otero Ricart**, J. A., “La cantera del teatro gallego”, *Faro de Vigo*, “*Estela*”, n.º 650, “Reportaje”, 2 novembro 2014, pp. 2-3.

Leva a cabo un percorrido pola traxectoria da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia (ESAD) co gallo do décimo aniversario da súa fundación. Comenta a creación da compañía teatral Il Maquinario Teatro en 2012; as de Catro Cadeiras, Aporía Escénica e A Panadaría; o labor de dirección de Diana Mera á fronte de Aporía Escénica; a actuación de Sheila Fariña na serie da TVG; e o labor de escenógrafa de Laura Iturralde. Nun epígrafe á parte sinala a duración dos estudos da ESAD, o nivel do profesorado e os recursos cos que conta a Escola na actualidade.

**P. A.**, “La polémica sobre Filgueira Valverde evidencia heridas abiertas en la RAG”, *ABC*, “Galicia”, 13 xullo 2014, p. 65.

Comenta a división que hai entre os diferentes membros da Real Academia Galega pola elección de Xosé Filgueira Valverde como homenaxeado no Día das Letras Galegas 2015. A este motivo tamén se lle unen as discrepancias que se dan no seo desta institución entre os seguidores do anterior presidente, Xosé Luís Méndez Ferrín, que dimitiu por problemas institucionais, e os seus detractores que apoian ao actual presidente, Xesús Alonso Montero.

**Padín**, Marta, “Pontevedra acogerá el rodaje de una película sobre la vida de Castelao”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, 21 febreiro 2014, p. 68.

Anúnciase a rodaxe en Pontevedra dun filme do director Miguel López que busca retratar a vida do intelectual e político galeguista Castelao no seu paso pola cidade do Lérez.

**Padín**, Marta, “O Castelao nunca visto”, *Diario de Pontevedra*, 24 abril 2014, contracuberta.

Comenta a inauguración da mostra “Castelao. Exposición gráfica, bibliográfica e documental” na galería teucra About Art, co gallo da celebración do Día do Libro. Salienta os elementos inéditos sobre a figura e obra de Castelao, Rafael Dieste, Emilio Pita, Eduardo Blanco Amor ou Arturo Cuadrado, que forman parte da exhibición, así como outras pertenzas do político rianxeiro. Conclúe cunha referencia ao volume de Castelao, *50 hombres por dos pesos* (1925).

**Padín, Marta**, “La Feira do Libro de Pontevedra espera aumentar el volumen de ventas del 2013”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 7 maio 2014, p. 49.

Dá conta da inauguración da Feira do Libro de Pontevedra e recolle as declaracións dos libreiros sobre os positivos resultados de vendas. Subliña os títulos dos exemplares máis vendidos en lingua galega: *A lúa da colleita* (2013), de Anxos Sumai, e *Memoria da choiva* (2013), e conclúe cunha referencia á lectura do pregón inaugural a cargo de MD Trío, un grupo formado por Susa Herrera, Merchy Rozas e Teresa Gómez.

**Padín, Marta**, “Filgueira Valverde será o homenaxeado no Día das Letras Galegas 2015”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, p. 83/ *El Progreso*, “Vivir”, p. 47, “Cultura”, 6 xullo 2014.

Recóllense as declaracións dalgunhas institucións pontevedresas ao coñeceren a noticia de que Xosé Filgueira Valverde e engade un resumo da traxectoria académica, docente, literaria e cultural de Filgueira.

**Padín, Marta**, “Meu pai nunca cantou o ‘Cara el sol’ e nunca puso unha camisa azul”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Sociedad”, 8 xullo 2014, p. 52.

Recóllense as declaracións de José Fernando Filgueira Iglesias a propósito da polémica pola nomeamento do seu pai, Xosé Filgueira Valverde, coma figura homenaxeada no Día das Letras Galegas 2015. Apúntase que, respecto ás críticas formuladas polos representantes da Mesa pola Normalización Lingüística, o seu pai non foi un alcalde franquista senón un alcalde nos tempos da ditadura.

**Padín, Marta**, “Os profesores póñense mans á obra”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 21 xuño 2014, p. 68.

Preséntase, no Teatro Principal de Pontevedra, a obra *Prescripción Facultativa*, que porán en escena docentes do Instituto Valle-Inclán, que forman o grupo “Argallada”, e infórmase de que se trata dunha peza de enredo, na que a pulsión humorística é fundamental.

**Palmou, Ángel**, “López Abente, rumbo ao norte”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 554, “En portada”, 11 xaneiro 2014, p. 2.

Infórmase sobre os proxectos que se están a levar a cabo na vila de Muxía como recoñecemento ao escritor polifacético López Abrente, a quen se lle dedica o Día das Letras Galegas en 1971. Destácase que, cumpridos tres anos da apertura dunha fundación baixo o seu nome, ven a luz varios proxectos como a creación do Centro de Estudos Poéticos Gonzalo López Abrente ou o Centro de Interpretación da Vida e Obra de López Abrente.

**Pardeiro Álvarez**, Laura, “De cando me matei a min mesmo”, *El Progreso*, “*deVerano*”, “Contos de verán”, 16 agosto 2014, p. 36.

Sección que acolle relatos presentados ao concurso “Contos de verán” do xornal *El Progreso*. Neste caso reproducése o escrito por Laura Pardeiro, titulado “De cando me matei a min mesmo”.

**Pardo Rodríguez**, Raquel, “Infieis”, *El Progreso*, “*deVerano*”, “Contos de verán”, 2 agosto 2014, p. 42.

Sección que acolle relatos presentados ao concurso “Contos de verán” do xornal *El Progreso*. Neste caso reproducése o escrito por Raquel Pardo, titulado “Infieis”.

**Pastoriza**, Francisco R., “Amancio Prada y los poemas gallegos de García Lorca”, *Faro de Vigo*, “*El sábado*”, n.º 860, 31 maio 2014, cuberta/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 455, 7 xuño 2014, contracuberta.

Trata as diversas musicacións galegas dos poemas de Federico García Lorca dende a saída ao prelo en 1935 de *Seis poemas gallegos*. Unha vez traída á memoria a composición “Madrigal á cibdá de Santiago” (1932), tirada do prelo na revista *Yunque*, alude ás orixes da iniciativa de Lorca de escribir en galego; á publicación na Editorial Nós destes poemas grazas a Eduardo Blanco Amor; á notábel recepción crítica e á influencia da lírica galaico-portuguesa nalgúns poemas. Conclúe cunha referencia á saída ao prelo do libro-disco de Amancio Prada, *Poeta en Galicia* (2014), ilustrado por Carlos Mestre.

**Pastoriza**, Francisco R., “Anda suelto el animal”, *Faro de Vigo*, “*El sábado*”, n.º 875, 6 setembro 2014, cuberta

Fai un percorrido biográfico de Xulio Formoso e destaca a composición de música para distintas pezas. Sinala, doutra banda, a obra poética en lingua galega de Farruco Sesto Novás, para despois salientar a estreita colaboración entre Sesto e Formoso nas composicións que forman parte de *Anda suelto el animal*. Conclúe cunha referencia á colaboración de Elena Gil e Lilia Vera nalgúns destes temas.

**Paz**, José, “El cronista que dejó de escribir”, *La Región*, “Ourense”, 4 maio 2014, p. 10.

Leva a cabo un percorrido biografía de Anselmo López Morais co gallo do seu pasamento. Destaca o seu labor de cronista de Ourense entre 1907 e 1909 e trata a cuestión da designación dos cronistas por parte da Concellería de Cultura, tomando como base a primeira que tivo lugar en 1893. Tamén trae á memoria o labor de cronista de Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo e doutros autores.

**Paz**, José, “Na procura das ninfas”, *Atlántico Diario/ La Región*, “*La Revista*”, n.º 129, “Su book”, 8 xuño 2014, p. 3.



Alude á creación poética de Yolanda Castaño en canto referente poético na creación galega actual e destaca os comentarios da poeta ao redor do rol comunicativo da lírica, a inspiración, a sensibilidade necesaria para compoñer poesía e os seus vinte anos como poeta.

**Paz Otero**, Héctor, “Da pantalla animada”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 493, 20 marzo 2014, cuberta.

Anuncia o simposium co que a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña renderán tributo ao escritor coruñés Wenceslao Fernández Flórez no cincuenta aniversario do seu pasamento. *Costumismo, humor, melancolía, reflexividade: Impronta de Wenceslao Fernández Flórez no cinema español* é o título deste proxecto que contará con especialistas que analizarán as particularidades do escritor máis adaptado ao cine.

**P. C.**, “Mercedes Leobalde. Eva é o prototipo de muller que todo o mundo coñece e din que pecou”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “A pie de calle”, 10 xaneiro 2014, contracuberta.

Dáse conta do premio que a librería compostelá Lila de Lilith outorgou a Mercedes Leobalde pola súa primeira obra poética, *Chamádeme Eva* (2013), a cal xa fora galardoada co Premio de Poesía Erótica Illas Sisargas no 2012.

**P. C.**, “Santiago recuerda las raíces del folk gallego”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Patio de vecinos”, 6 febreiro 2014, contracuberta.

No apartado “Versos en la lengua materna” infórmase da presentación do poemario *Feitizo crepuscular* (2013), de Julio José Fernández Rodríguez, na Facultade de Historia de Santiago de Compostela.

**P. C.**, “A idea do libro naceu a partir dunha fotografía de Anne Sexton”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “A pie de calle”, 8 febreiro 2014, contracuberta.

Anuncia a publicación d’*O derradeiro libro de Emma Olsen*, obra editada por Galaxia coa que a autora compostelá Berta Dávila acadou o Premio Repsol 2013.

**P. C.**, “Neira Vilas revisa tres das súas obras en ‘Galicia en Cuba’”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 19 marzo 2014, p. 45.

Dáse noticia da presentación do volume publicado *Galicia en Cuba. Lingua. Rosalía. Loitas* (2013) que recolle tres obras de Xosé Neira Vilas (*A lingua galega en Cuba*, *Rosalía de Castro e Cuba e Galegos que loitaron pola independencia de Cuba*) revisadas e actualizadas por el. Sinálase que no acto participaron tamén Ramón Villares, Valentín García Gómez e o cónsul de Cuba.

**P. C.**, “Los primeros apuntes de Pardo Bazán reflejan a una joven conservadora”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “A pie de calle”, 10 abril 2014, contracuberta.

Sinala a saída do prelo en formato dixital da inédita guía de viaxes de Emilia Pardo Bazán intitulada *Emilia Pardo Bazán: Apuntes de un viaje. De España a Ginebra* (2014), grafada en 1873, grazas á colaboración entre a Universidade de Compostela e a Real Academia Galega. Destaca o labor de edición e notas de José Manuel González Herrán e describe de xeito conciso os contidos do volume.

**P. C. R.**, “O grupo de teatro do campus de Ferrol pon en escena ‘Welcome!’, a súa nova produción”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, 27 marzo 2014, p. 14.

Anúnciase a preestrea de *Welcome!* na sala Normal da UDC, unha peza que tematiza os desafuzamentos e a inxustiza social e que é o espectáculo deste ano do Grupo de Teatro Universitario de Ferrol.

**Pedrouso**, Ánxela, “Pontevedra saca o teatro á rúa”, *Diario de Pontevedra*, “*Vivir aquí*”, 3 xullo 2014, p. 58.

Anúnciase a quinta edición das visitas teatralizadas da compañía Migallas Teatro en Pontevedra, as cales están pensadas tanto para turistas que chegan á cidade por primeira vez como para os seus cidadáns.

**Pedrouso**, Ánxela, “Cando hai poder no verdadeiro amor, este convértese nun estado de graza”, *Diario de Pontevedra*, “*Vivir aquí*”, “Cultura”, 22 outubro 2013, p. 52.

Entrevista con Olga Patiño con motivo da presentación do libro de poemas *Silencio habitado* (2013) na Casa das Campás de Pontevedra. Nela fálase do título da obra, dos sentimentos que esperta e da poetización –posíbel ou non? – do amor.

**Pena**, Xosé Ramón, “Colón na voz dos poetas galegos”, *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 436, 11 xaneiro 2014, contracuberta.

Artigo centrado nas diversas teorías arredor das posíbeis orixes galegas de Colón, teses que defenden nas súas obras autores como García de la Riega, Eduardo Pondal, baixo a influencia de Constantino Horta, ou mesmo Ramón Cabanillas.

**Pena**, Xosé Ramón, “120 anos d’A tecedeira de Bonaval”, *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 450, 26 abril 2014, contracuberta.

Realiza un percorrido pola traxectoria histórica da novela *A tecedeira de Bonaval* (1894), de Antonio López Ferreiro, co gallo do 120 aniversario da súa publicación. Trata a cuestión do emprego da lingua galega por parte dos protagonistas da presente

novela e fai referencia á vontade do autor de reivindicar o patrimonio galego. Nun epígrafe á parte, sinala os obxectivos da novela, entre os que destaca os de “ensinar deleitando” e deixar lembranza das epopeas galegas; a liña temática e fío argumental, e salienta a habilidade e axilidade narrativas do escritor.

**Pereira**, José, “Un poemario póstumo que viaja por el sentimiento y las raíces arousanas”, *Diario de Arousa*, “Vilagarcía”, 22 novembro 2014, p. 8.

Informa do acto de presentación de *Periplo de amor e mar*, obra póstuma de Gonzalo Bouza Brey no salón de actos do Liceo Casino de Vilagarcía. Destaca a intervención de Fermín Bouza, co recital do poema “15-M”, e de Ánxela García.

**Pérez**, Abraham, “Entre fume”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 9 agosto 2014, p. 42.

Sección que acolle relatos presentados ao concurso “Contos de verán” do xornal *El Progreso*. Neste caso reproducése o escrito por Abraham Pérez, titulado “Entre fume”.

**Pérez**, Cristina, “Pardiñas, a romaría ‘máis grande que poida existir”, *El Progreso*, “deVerano”, “Ao son de Guitiriz”, 4 agosto 2014, pp. 28-29.

Trata da xornada do XXXV Festival de Pardiñas, celebrado en Guitiriz e salienta as verbas da pregoeira, Pilar García Negro, así como a posta en escena dos versos musicados de Xosé María Díaz Castro por parte do grupo A Quenlla, a presentación da fotobiografía *Desorballando outonos* (2014), de Alfonso Blanco, e a do volume de Xosé López e José Manuel García.

**Pernas**, Lorena, “Poemas, música y flores para recordar a las víctimas”, *El Progreso*, “Galicia”, 20 xullo 2014, p. 22.

Dá conta da saída do prelo da antoloxía poética *Angrois* (2014) co gallo da conmemoración do aniversario da traxedia homónima e indica que o volume conta coa subvención da Asociación de Amigos del Camino de Santiago.

**Peña**, Isidoro, “Artefactos”, *El Correo Gallego*, “Crisol”, 18 agosto 2014, p. 48.

Recensiona de xeito conciso tres volumes de narrativa: *Purgatorio* (2014), de Borja Caamaño; *El silencio de un sol ciego* (2014), de David Pais, e *Pasión y muerte de Iosu Expósito* (2014), de Beñat Arginzoniz. Tamén trae á memoria as escritas de Laurence Sterne, *Viaje sentimental por Francia e Italia* (1768); Arístides Silveira, “Lendo certo período menstrual” en *Cantigas de escarnio e maldecir* (1968), musicado por Miro Casabella.

**Pernas**, Patricia, “Un documental recupera la Galicia de hace 80 años con catorce personajes”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 14 maio 2014, p. 56.

Dá conta do acto de presentación en Santiago da serie documental *Regalo de memoria*. Salienta en primeiro lugar a presenza do director do Festival de Cine Amal, Ghaleb Jaber Martínez, xunto a Ghaleb Jaber Ibrahim, Ramón Villares e Xosé Luís Barreiro Rivas, para despois mencionar a calidade da interpretación dos protagonistas Xosé Neira Vilas, Xerardo Fernández Albor, Baldomero Pestana, Pilar Briones, Luis Torrás, Peña Guitián, Manuel Barreiro, Antía Cal, Pepe Solla ou o Padre Calo. Por último, subliña o carácter de homenaxe do filme á memoria histórica de Galicia e seu legado cultural.

**Pernas**, Patricia, “La Fundación Castelao ve ‘abandonada’ la figura del autor”, *Atlántico Diario*, “Sociedad”, p. 36/ *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, p. 50, 30 xuño 2014.

Recóllese a opinión de Carlos Mella, director da Fundación, sobre o abandono no que se atopa a figura do autor e relata as actividades de divulgación que se leva a cabo dende a Fundación. Asemade reivíndicase a Castelao como referente político e a personalidade máis importante de Galicia no século vinte.

**Pernas**, Patricia, “La Fundación Castelao denuncia que la figura del autor de ‘Sempre en Galiza’ está ‘abandonada’”, *Diario de Arousa*, p. 18/ *Diario de Ferrol*, p. 14/ *El Ideal Gallego*, p. 14, “Galicia”, 30 xuño 2014.

Recolle a opinión de Carlos Mella, director da Fundación Castelao dende hai ano e medio, sobre o abandono no que se atopa a figura do autor, xa que gran parte da súa obra non se le nin se coñece. Enuméranse as actividades de divulgación e reivíndicase a Castelao como o mellor político e a figura máis importante de Galicia no século vinte. Infórmase da publicación da edición de *Sempre en Galiza* co gallo do seu setenta aniversario por parte da Fundación Castelao e da editorial Galaxia.

**Pernas**, Patricia, “A Castelao nin se o le nin se o coñece”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 30 xuño 2014, p. 44.

Informa da opinión de Carlos Mella, director da Fundación, sobre o abandono no que se atopa Castelao. Enuméranse as actividades de divulgación que fai a Fundación e reivíndicase a Castelao como o mellor político e a figura máis importante de Galicia no século vinte no eido social, económico e político. Infórmase da publicación da edición de *Sempre en Galiza*.

**Pereira**, Nonito, “Versos de Rosalía con guitarras desgarradas”, *Diario de Arousa*, “O Salnés siradella”, p. 29/ *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, n.º 810, p. 43/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 810, p. 43, “todo Música”, 5 xaneiro 2014.

Refírese a que co gallo do 150 aniversario da publicación de *Cantares Gallegos* Narf Trío musicalizou poemas de Rosalía, no álbum titulado *Nas Tardes Escuras*, no cal se recollen doce poemas de Rosalía, achegándose a ela con respecto e liberdade.

**Pérez**, Antares, “La Academia salda su deuda con Viqueira 40 años después”, *La Opinión*, “Sada/Betanzos”, 30 xullo 2014, p. 17.

Informa da colocación dunha placa conmemorativa do escritor Xoán Vicente Viqueira no cemiterio coruñés de Ouces co obxectivo de saldar a débeda contraída pola Real Academia Galega ao esquecer levalo a cabo en 1974, tras dedicarlle o Día das Letras Galegas. Destaca a instancia dos concelleiros de Anova por medio do voceiro, Juan Fariña, a partir do estudo do historiador Xesús Torres Regueiro, e sinala o acto de homenaxe tributado ao escritor.

**Pichucho**, “Remake (fábula do lobo agripado)”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 23 agosto 2014, p. 80.

Sección que acolle relatos presentados ao concurso “Contos de verán” do xornal *El Progreso*. Neste caso reproducése o escrito por Pichucho, titulado “Remake (fábula do lobo agripado)”.

**Pillado**, N., “Panxón borra a Carlos Casares”, *Faro de Vigo*, “Val Miñor”, “Área metropolitana”, 27 agosto 2014, p. 15.

Critica a destrución do recorrido literario da obra de Carlos Casares no paseo marítimo de Panxón, en Nigrán. Subliña a indignación dos veciños e veciñas do lugar, así como a do voceiro do PSOE, Juan González. Destaca asemade a consideración deste feito como perda irreparábel de parte do patrimonio local e conclúe cunha referencia a volumes do escritor como *Vento ferido* (1967), *Os mortos daquel verán* (1987), e *Deus sentado nun sillón azul* (1996).

**Pillado**, Neli, “Victoriano Taibo volta a Gondomar”, *Faro de Vigo*, “Val Miñor”, “Área metropolitana”, 30 novembro 2014, p. 13.

Informa do acto de cesión e custodia da obra de Victoriano Taibo ao Instituto de Estudos Miñoranos (IEM), e ao seu director, Carlos Méixome, na aula de cultura Ponte de Rosas en Gondomar, por parte dos membros da súa familia. Repasa distintas etapas da vida e as actividades literarias do poeta. Nun epígrafe á parte salienta a saída ao prelo en 1922 de seu poemario *Abrente*, seus volumes *Da vella roseira, cántigas orixinás* (1925); *Da agra aberta* (1950?) e a redacción dos inéditos *Cabrinfolas*, *Enxangadas* e *Abicedo*, así como o seu ingreso na RAG e militancia nas Irmandades da Fala.

**Piñeiro**, Iago, “Historia dun chanteiro”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 23 xullo 2014, p. 34.

Sección que acolle relatos presentados ao concurso “Contos de verán” do xornal *El Progreso*. Neste caso reproducéase o escrito por Iago Piñeiro, titulado “Historia dun chanteiro”.

**Piñeiro Millares**, Iago, “Historia dun chanteiro”, *El Progreso*, “*deVerano*”, “Contos de verán”, 21 agosto 2014, p. 36.

Sección que acolle relatos presentados ao concurso “Contos de verán” do xornal *El Progreso*. Neste caso reproducéase o escrito por Iago Piñeiro, titulado “Historia dun chanteiro”.

**Plaza**, Vicente, “Valle-Inclán y Díaz Pardo, las dos mitades de un tributo a la cultura”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 8 xaneiro 2014, p. 43.

Dá conta das homenaxes que tiveron lugar, por separado, no cemiterio de Boisaca en Compostela ao creador de Sargadelos, Díaz Pardo, e mais ao creador do esperpento, Valle Inclán. Infórmase sobre as persoas presentes en ambos os actos e sobre o impulso da dramaturxia que a Fundación Valle Inclán está a levar a cabo mediante a compañía teatral Valle Innova ou por medio de proxectos de investigación literaria publicados na súa revista *Bradomín*.

**Plaza**, Vicente, “Programa especial da Radio Galega polo Día de Rosalía”, *El Correo Gallego*, “Medios”, 22 febreiro 2014, p. 53.

Dáse conta da programación que a Radio Galega e a TVG teñen preparada para o Día de Rosalía.

**Plaza**, Vicente, “A RAG resolve a quen lle dedica as Letras de 2015”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 5 xullo 2014, p. 44.

Informa do inminente anuncio por parte da Real Academia Galega da persoa escollida para o Día das Letras Galegas de 2015. Dáse a coñecer o nome das persoas propostas – Xela Arias Castaño, Celestino Fernández de la Vega, Manuel María, Ricardo Carvalho Calero e Xosá Filgueira Valverde, acompañados dunha breve alusión ás súas obras máis senlleiras e explícase a historia da efeméride.

**Plaza**, Vicente, “Rodríguez Fer e Blanco, premiados co ‘Galiza Mártir’”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 17 agosto 2014, p. 35.

Comenta que a Fundación Alexandre Bóveda outorgoulle o galardón Galiza Mártir a Claudio Rodríguez Fer e a Carme Blanco, polo seu labor na reconstrución da memoria histórica galega tanto nas súas correspondentes obras literarias como na súas vidas profesionais.

**Porto**, Héctor J., “Trinta anos de novela negra galega”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 6 febreiro 2014, p. 37.

Recollen as tres décadas da vixencia da novela negra en galego con motivo da xornada-debate organizada polo Consello da Cultura, que ten como protagonista a Carlos G. Reigosa quen, con *Crime en Compostela* principiou a este xénero.

**Porto**, Héctor J., “Carlos Conde encarna ao heroe da transición”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 7 febreiro 2014, p. 43.

Dáse conta do trinta aniversario da novela de Carlos G. Reigosa, *Crime en Compostela*, obra pioneira do xénero negro galego, cuxos personaxes, Nirvardo Castro e Carlos Conde, dan vida a personaxes arquetípicos da transición.

**Porto**, Héctor J., “Case 90 anos da viaxe galega de Leopold Bloom”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Tender pontes entre linguas”, 28 novembro 2014, pp. 4-5.

Analiza a saída do prelo da tradución ao galego do *Ulysses* (2013), de James Joyce, e indica os nomes dos tradutores, das primeiras crónicas publicadas en Galicia sobre o orixinal e a outros tradutores de extractos ao castelán, como Dámaso Alonso ou Antonio Marichalar e conclúe cunha referencia ao labor da Xeración Nós, ás Irmandades da Fala e ao Seminario de Estudos Galegos en torno á estabilización e normativización filolóxica da lingua galega.

**Pousa**, Luís, “O espírito do PEN”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, 31 outubro 2014, p. 10.

Comenta a sexta edición da Bienal Literaria do Centro PEN Galicia na capital compostelá, co gallo do vixésimo quinto aniversario da súa fundación. Destaca en primeiro lugar a presenza e participación no evento de Roberto Alifano, Nélida Piñón, Manuel Rivas, Xosé Luís Méndez Ferrín, ou Luís González Tosar, para despois dar conta do labor deste Centro na promoción e defensa da lingua e cultura galegas.

**Ramil**, Ana, “Hallados cuatro poemas inéditos de Rosalía de Castro en archivos de la RAG”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 17 de xaneiro 2014, p. 34.

Infórmase sobre a descuberta de catro poemas inéditos de Rosalía de Castro nos arquivos da RAG. Un destes, en galego, correspondería co inicio da súa obra, mentres que os outros tres, en castelán, formarían parte dunha obra inacabada da autora, cunha temática máis lúgubre. Insístese sobre a relevancia destes textos para os investigadores, e apúntase que non é o único material da autora que todavía non saíu á luz.

**Ramos**, J. M., “Día de Rosalía de Castro con teatro y música en Fisterra”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 809, 25 xaneiro 2014, p. 7.

Anúnciase un acto homeaxe a Rosalía de Castro en Fisterra, no salón de actos do concello.

**Ramos, J. M.**, “Cultura respalda la promoción de la obra de Eduardo Pondal”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 834, 19 febreiro 2014, contracuberta.

Infórmase sobre o acordo firmado entre a Consellería de Cultura e a Fundación Eduardo Pondal co fin de afondar na figura do autor e preservar e difundir a súa obra.

**Ramos, J. M.**, “Fe y diversión compartirán espacio con la literatura”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.005, 13 agosto 2014, p. 8.

Informa da inauguración da Feira do Libro en Cee, da que salienta a presenza e participación de Armando Requeixo, en calidade de pregoeiro, e os expositores “A Lus do Candil”, “Trago y Brañas”, “Roget” e “Ler”, así como a presentación da sétima entrega da revista *Thaumazen*. Conclúe cunha referencia ao estudo de Requeixo, *Xosé María Díaz Castro: vida e obra*

**Ramos, J. M.**, “Cine, cuentos, teatro y deportes en la Semana Cultural da Barca de Muxía”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.012, 20 agosto 2014, p. 6.

Sinala o acto de presentación da Semana Cultural da Barca no concello de Muxía. Salienta a xornada de contacontos “Contos da lareira”, co Corvo Roque, Mari Rey e Ana Martínez; a posta en escena da peza *Maribel e a estraña familia*, da man da Escola Municipal de Teatro de Muxía; e, por último, una exhibición deportiva. Nun epígrafe á parte subliña a publicación de *Descubre Muxía* (2014), de Xan Fernández Carrera.

**Ramos, José. M.**, “Arte y teatro solidarios en la Terra de Soneira y Malpica”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 883, 10 abril 2014, p. 6.

Móstranse dous exemplos de actividades solidarias con quen máis o necesita na Costa da Morte, dende a subasta de vinte e dous cadros de alumnado da Escola Municipal de Arte, até a obra *Manciñas de sol*, protagonizada por un grupo de actores locais da compañía Os amigos de Malpica, dirixida por Andrés Mourente.

**Ramos, J. M.**, “A Fiestra do Teatro presenta ‘A farsa de Inés Pereira’”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.094, 12 novembro 2014, p. 7.

Informa da posta en escena de *A farsa de Inés Pereira*, por parte de A Fiestra Teatro, na vila de Laxe o día 16 de novembro.

**R. E. e I. C.**, “Mario Regueira. A poesía é moito máis que a poesía escrita”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “A pie de calle”, 8 agosto 2014, contracuberta.



Comenta o inicio do taller de poesía *A escaleira de incendios do verso* que imparte o poeta Mario Regueira e que abrangue distintos períodos da historia da literatura galega e universal.

**Regueira**, Susana, “Sorpresa en el mundo cultural de Pontevedra por la división de la RAG en la elección de Filgueira”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 12 xullo 2014, p. 35.

Recolle as declaracións de diversas personalidades do ámbito da cultura en Pontevedra con motivo da publicación do comunicado da Real Academia Galega no que se aclara que a comisión executiva se desmarcou da elección de Filgueira Valverde como homenaxeado no Día das Letras Galegas.

**Requeixo**, Armando, “A esmorga de Ignacio Vilar”, *Diario de Ferrol*, “*Nordésia*”, n.º 855, p. 32/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 855, p. 33, “letras Atlánticas”, 16 novembro 2014.

Comenta a estrea do filme *A Esmorga* (2014), dirixido por Ignacio Vilar e adaptado da novela homónima de Eduardo Blanco Amor. Repasa a obra cinematográfica de Vilar e analiza os personaxes principais, Cibrán, Bocas e Milhomes, interpretados por Miguel de Lira, Karra Elejalde e Antonio Durán “Morris”, respectivamente. Conclúe cunha referencia ao excelente labor de interpretación dos personaxes secundarios por parte de Mela Casal e Covadonga Berdiñas, así como á impecabilidade do guión, o vestiario, a música e a dirección artística.

**Rexes**, Lionel, “O día que choveron himnos”, *El Progreso*, “*deVerano*”, “Contos de verán”, 14 agosto 2014, p. 34.

Sección que acolle relatos presentados ao concurso “Contos de verán” do xornal *El Progreso*. Neste caso reproducése o escrito por Lionel Rexes, titulado “O día que choveron himnos”.

**Rial**, Olegario, “O feito extraordinario”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Relato”, 19 agosto 2014, p. 30.

Sección que acolle relatos que durante todo agosto ofreceu *La Voz de Galicia* para, ao rematar o mes, dar a coñecer o gañador das dúas categorías: menores de quince anos e adultos. Neste caso reproducése o realizado por Olegario Rial, titulado “O feito extraordinario”.

**Río**, Sara del, “Medalla de Ouro e Fillo Adoptivo de Compostela a García-Bodaño”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 27 decembro 2014, p. 20.

Dá conta da concesión, por parte da Corporación Municipal, da Medalla de Ouro da cidade de Compostela e do título de Fillo Adoptivo a Salvador García-Bodaño, en

recoñecemento á súa obra literaria e ao seu papel como intelectual, sempre vinculado á capital galega, alentando moitas iniciativas culturais.

**Riobó**, Iria, “Una ruta de epitafio en epitafio”, *El Progreso*, “Vivir”, “El más acá”, 22 xaneiro 2014, pp. 50-51.

Fai un percorrido polos catro camposantos galegos que figuran na actualidade dentro da Association of Significant Cemeteries of Europe: o de San Amaro, Camariñas, Cambados e Lugo, dentro dunha ruta que enlaza os cemiterios coa historia e a beleza de todo o continente.

**Riobó**, Iria, “Camposantos gallegos en una ruta europea no apta para supersticiosos”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, p. 26/ *Diario de Ferrol*, “Nordesia”, n.º 815, p. 33/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 815, p. 32, “En detalle”, 9 febreiro 2014.

Dá conta dos catro camposantos galegos que integran a Association of Significant Cemeteries of Europe. Indica que a máis recenté inclusión é o cemiterio de Santa Mariña de Dozo, do Concello de Cambados.

**Rivas**, “O ramal”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 13 agosto 2014, p. 36.

Sección que acolle relatos presentados ao concurso “Contos de verán” do xornal *El Progreso*. Neste caso reproducése o escrito por Rivas, titulado “O ramal”.

**R. L.**, “La RAG recuerda a Fernández del Riego con un homenaje a toda su trayectoria”, *Diario de Ferrol*, “Provincia”, p. 21/ *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, p. 13, 8 xaneiro 2014.

Informa do acto co que a RAG rendeu homenaxe á figura do galeguista Del Riego e ao seu labor dinamizador da cultura e a literatura galegas.

**R. L.**, “aCadaCanto réndelle tributo a Rosalía co álbum ‘A rosa d’Adina’”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 12 xaneiro 2014, p. 47.

Infórmase de que o cuarteto aCadaCanto lle rende homenaxe a Rosalía coa musicalización de catro poemas de *Cantares gallegos* e dous de *Follas novas* gravados na catedral de Tui. Indícase que o interese destes artistas é trasladar o coñecemento tradicional rosaliano ao século XXI, achegando deste xeito a cultura popular galega aos tempos modernos.

**R. L.**, “Neira Vilas, na vindeira Cata Literaria do MIHL de Lugo”, *El Progreso*, “Vivir”, 29 agosto 2014, p. 62.

Informa da posta en marcha da sexta edición da Cata Literaria no Museo Interactivo da Historia de Lugo (MIHL), protagonizada por Xosé Neira Vilas e súa novela *Memorias dun neno labrego* (1961). Salienta unha serie de actos que forman parte da Cata, como a elaboración de comida por parte do alumnado do Ciclo Superior de Cociña e Restauración do IES San Xillao, ou a dispoñibilidade de viño de Adegas Miguel Ángel Garrido.

**R. L.**, “El río de Helena Villar Janeiro”, *El Progreso*, “Vivir”, “Sociedad”, 12 novembro 2014, p. 54.

Informa da presentación do libro *Remontar o río* (2013), de Helena Villar Janeiro, que trae un formato innovador ao se despregar as súas follas nunha única de oito metros. Cita que no acto participaron Luz Darriba, Marica Campo, Regina Polín e a propia autora.

**R. M.**, “Boqueixón estrecha lazos afectivos con Neira Vilas”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Área metropolitana”, 26 xaneiro 2014, p. L9.

Dá conta da particular homenaxe que o municipio de Boqueixón rendeu ao escritor Xosé Neira Vilas, facéndoo Fillo Adoptivo da localidade. Un recoñecemento que o autor de *Memorias dun neno labrego* recolleu “conmovido” e que foi arroupado por autoridades que loaron a súa traxectoria.

**R. M.**, “La Feira do Libro cierra con éxito de público y ventas”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Santiago”, 5 maio 2014, p. L2.

Dá conta da clausura da Feira do Libro de Santiago e da posta en marcha da de Pontevedra. Subliña a actual diversidade da oferta editorial; os actos de presentación de trece volumes e a presenza de escritores e escritoras que asinaron exemplares: Manuel Rivas, Rosa Aneiros, Víctor Freixanes, Pedro Feijoo, Helena Gallego, Berta Dávila, Pemón Bouzas, Manuel Gago, Pepe Carreiro, Francisco Narla e José de Cora.

**R. M.**, “El Concello concede la medalla de oro al escritor García Bodaño”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Santiago”, 27 decembro 2014, p. L3.

Dáse conta do acordo da corporación municipal de Santiago de Compostela de concederlle a medalla de ouro e o título de fillo adoptivo a Salvador García-Bodaño por mor das súas iniciativas culturais ligadas á cidade.

**Roca**, María, “Una muestra vincula los árboles más singulares de la comarca con la literatura”, *El Progreso*, “A Chaira”, 13 maio 2014, p. 11.

Comenta o acto de presentación da mostra de Ricardo Polín, “Árbores literarias na paisaxe cultural da Terra Chá. Escritos na floresta”, no IES Basanta Silva de Vilalba. Menciona os escritores cuxas obras aparecen na exposición, como Manuel María, Xosé

Manuel Carballo, Darío Xohán Cabana, José Crecente Vega, Aquilino Iglesia Alvariño e Xosé María Díaz Castro, xunto ás árbores a elas vinculadas. Xa por último, indica a posta en escena da peza *Memorias dun neno labrego*, de Candido Pazó.

**Rodríguez**, “Quen da caverna?”, *El Progreso*, “*deVerano*”, “Contos de verán”, 24 agosto 2014, p. 38.

Sección que acolle relatos presentados ao concurso “Contos de verán” do xornal *El Progreso*. Neste caso reproducése o escrito por Rodríguez, titulado “Quen da caverna?”.

**Rodríguez**, Andrés, “El escritor Tomás Pereiras ‘vivirá’ para siempre en la rúa del Hórreo”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 9 xaneiro 2014, p. 22.

Informa do acto que tivo lugar na rúa do Hórreo de Compostela co fin de render homenaxe ao escritor vedrés Tomás Pereiras, mediante o descubrimento dunha placa na súa vivenda da capital galega.

**Rodríguez**, Antón S., “Lorca en Betanzos, 82 años después”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 1 xuño 2014, p. 45.

Comenta a celebración na praza Fernán Pérez de Andrade, en Betanzos, da poesía de Federico García Lorca co gallo do centenario do seu nacemento. Salienta a organización do evento a cargo da librería Biblos, as asociacións Lar de Unta e Amigos del Casco Histórico, a Adegas Lastras, o PEN Club de Galicia e a AELG; e a lectura e interpretación de *Seis poemas galegos* (1935), por parte do grupo 2na Fronteira.

**Rodríguez**, Lara, “Padre Feijoo, un ‘ciudadán libre da República literaria’”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 23 setembro 2014, p. 36.

Leva a cabo un percorrido pola traxectoria vital da escritora Nélida Piñón, co gallo da súa investidura como académica de honra da Real Academia Galega. Subliña a súa presenza e participación no evento do vixésimo quinto aniversario do PEN Club de Galicia, a saída do prelo en 1984 da súa novela *A república dos sonhos* e o seu nomeamento como doutora honoris causa da Universidade de Santiago de Compostela.

**Rodríguez**, Lorena, “Cartas ‘online’ de Rosalía”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 25 febreiro 2014, p. 34.

Preséntase o novo apartado que o Consello da Cultura Galega publicou no seu Epistolario Online e que consiste na edición de dezaseis cartas de Rosalía que serven para coñecer mellor á poeta.

**Rodríguez**, Lorena, “Culturgal crece en apoios profesionais e gaña un novo espazo para a gastronomía”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 10 abril 2014, p. 40.

Dá conta da sétima edición da Feira das Industrias Culturais (Culturgal), en Pontevedra, organizada pola Asociación Galega de Editores, e sinala as principais novidades, como a incorporación dun espazo gastronómico; a institución dun pagamento de baixo custo para poder acceder ao evento e, nun epígrafe á parte, destaca o obxectivo da Feira de involucrar a todos os axentes e sectores culturais posíbeis.

**Rodríguez, Lorena**, “Centros de estudos galegos traducirán a obra de Blanco Amor”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 24 xuño 2014, p. 34.

Dá conta das actividades que se realizarán para conmemorar os trinte e cinco anos do pasamento de Blanco Amor como as traducións dos textos do autor ourensán. Rescátase a estrea da película *A esmorga*, dirixida por Ignacio Villar, e faise mención ao anuncio do presidente da Real Academia Galega, Xesús Alonso Montero, sobre a realización dunha compilación de artigos publicados polo autor no diario *La Región*, así como da correspondencia enviada por diversas personalidades a Blanco Amor.

**Rodríguez, M.**, “Los emigrantes gallegos en Cataluña entregaron los premios Alecrín”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 13 agosto 2014, p. 34.

Indica a entrega dos Premios Alecrín no Mosteiro de Celanova, convocada pola Federación de Entidades Culturais Galegas de Cataluña (FEGALCAT). Enumera a seguir os persoeiros merecentes do galardón como Margarita Ledo Andión, Moncho Borrajo, Manuel Outomuro, Xosé Luís Franco Grande, José Zaldo e a Fundación Curros Enríquez.

**Rodríguez, Miguel**, “El libro sale al encuentro”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y cultura”, 30 xullo 2014, p. 11.

Dá conta da XLIII Edición da Feira do Libro da Coruña, celebrada nos xardíns de Méndez Núñez. Subliña os actos de presentación de varios libros e indica a presenza e participación nesta Feira de Miguel Anxo Fernán Vello, Carlos González Reigosa, Alfredo Conde, Doras Tembrás, Manuel Rivas, Inma López Silva e Yolanda Castaño, que asinaron os seus volumes.

**Rodríguez, Pacho**, “Galaxia lleva a Madrid el sello Mar Maio”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 23 outubro 2014, p. 39.

Comenta o acto de presentación do selo Mar Maior, pertencente á Editorial Galaxia, na Casa del Lector, en Madrid. Destaca a presenza e participación no evento de César Antonio Molina, Ángel Basanta, María Isabel de Andrés, Antón Riveiro Coello, Xulia Alonso, Ramón Villares, Víctor F. Freixanes, Antón Patiño, Menchu Lamas e Amancio Prada. Indica, doutra banda, os primeiros volumes publicados da autoría de Antón Riveiro Coello, Xulia Alonso e Ramón Villares.

**Rodríguez**, Salvador, “¿Qué ocurrió entre Aurelio y Rosalía?”, *Faro de Vigo*, “Estela”, n.º 631, “La última”, “Blues de la frontera”, 23 marzo 2014, p. 16.

Dá conta da publicación de *Recuerdos de agosto*, obra crítica na que Xurxo Martínez e Olivia Rodríguez González recuperan a obra do escritor Aurelio Aguirre e desmenten a súa posíbel relación con Rosalía.

**Rodríguez**, Salvador, “Los últimos días de Daniel”, *Faro de Vigo*, “Estela”, n.º 631, 22 xuño 2014/ *La Opinión*, “El Domingo”, n.º 679, 29 xuño 2014.

Relata os últimos catro anos de vida de Castelao e dos problemas de saúde que o levaron en xuño do 49 a excusar a súa presenza en todos os actos mentres preparaba a edición d’*As cruces de pedra na Galiza*. Faise unha semblanza do papel que Gumersindo Sánchez Guisande, médico e amigo de Castelao que o atenderá até a súa morte, desempeñou no exilio boanerense. Achéganse datos do funeral e do traslado do cadáver ao cemiterio de La Chacarita.

**Rodríguez**, Xosé Manoel, “La ‘troula’ más cinéfila”, *La Voz de Galicia*, 30 xaneiro 2014, contracuberta.

Infórmase sobre a rodaxe d’*A esmorga*, que terá lugar en varios puntos da provincia ourensá. Recóllense declaracións do seu director, Ignacio Vilar, nas que indica que será respectada a esencia da novela e que polo tanto Ourense será o grande escenario.

**Rodríguez**, Xosé Manoel, “Novas de ‘O tío Marcos d’a Portela’”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 17 xuño 2014, p. 42.

Dáse conta da posta á venda da *Obra Completa de Xavier Prado “Lameiro”* (2014), que recolle a produción poética e dramática do autor en catro volumes. Sinálase que a obra conta cun quinto volume elaborado por Delfín Caseiro, no que se aborda a figura e a obra do autor, destacando que levou a cabo a recuperación do semanario *O Tío Marcos d’a Portela*, creado por Valentín Lamas Carvajal.

**Rodríguez**, Xosé Manoel, “Unha publicación recollerá a correspondencia que garda o arquivo de Eduardo Blanco Amor”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 24 xuño 2014, p. 41.

Informa de que Ourense vai celebrar o Ano Blanco Amor cunha serie de actividades que inclúen a edición dos libros do escritor, unha exposición bibliográfica, a celebración da Festa da Palabra, a instalación dunha escultura homenaxe na Insua dos Poetas, a edición de unidades didácticas para o ensino secundario e a celebración dunha xuntanza extraordinaria da Real Academia Galega en Ourense coma homenaxe polo trisécimo quinto aniversario do pasamento do escritor ourensán.

**Rodríguez Cabanas**, María Francisca, “Estamos no tempo da sacha”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Relato”, 9 agosto 2014, p. 30.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia* para, ao rematar o mes, dar a coñecer o gañador das dúas categorías: menores de quince anos e adultos. Neste caso reproducécese o realizado por María Francisca Rodríguez, titulado “Estamos no tempo da sacha”.

**Rodríguez Casal**, Francisco, “A electricidade”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 23 agosto 2014, p. 78.

Sección que acolle relatos presentados ao concurso “Contos de verán” do xornal *El Progreso*. Neste caso reproducécese o escrito por Francisco Rodríguez, titulado “A electricidade”.

**Rodríguez García**, Gersan, “Pluma azul”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 19 agosto 2014, p. 37.

Sección que acolle relatos presentados ao concurso “Contos de verán” do xornal *El Progreso*. Neste caso reproducécese o escrito por Gersan Rodríguez, titulado “Pluma azul”.

**Rodríguez Martínez**, Maribel, “Abuso da inocencia”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Relato”, 27 agosto 2014, p. 30.

Sección que acolle relatos que todo agosto ofreceu *La Voz de Galicia* para, ao rematar o mes, dar a coñecer o gañador das dúas categorías: menores de quince anos e adultos. Neste caso reproducécese o realizado por Maribel Rodríguez, titulado “Abuso da inocencia”.

**Rozas**, Mercedes, “O derradeiro soño de Isaac Díaz Pardo”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Arte”, “Exposición”, 23 maio 2014, p. 15.

Dá conta da posta en marcha da mostra centrada na cerámica de Isaac Díaz Pardo no Museo do Pobo Galego en Santiago de Compostela. Tras apuntar o “informalismo descomprometido” típico do persoeiro, comenta a creación do primeiro obradoiro de cerámica en Castro de Samoedo, en Sada; a “estética do granito”; a apertura da fábrica da Magdalena en Bos Aires; a fundación do Laboratorio de Formas e Edicións do Castro e a inauguración do Museo Carlos Maside, o Seminario de Estudos Galegos e o Instituto Galego da Información.

**Rozas**, Ramón, “Unha nova vida”, *Diario de Pontevedra*, 17 maio 2014, contracuberta.

Repasa a traxectoria de publicacións novelísticas en lingua galega ao longo de 2014 a partir duns libros atopados xunto ao lixo na rúa. Así, menciona *A viaxe de Gagarin* (2014), de Agustín Fernández Paz; *A illa de todas as illas* (2013), de Xabier P.

Docampo; *Cadeas* (2013), de Xabier López; *O derradeiro libro de Emma Olsen* (2013), de Berta Dávila; e *A lúa da colleita* (2013), de Anxos Sumai.

**R. T.**, “Salvaterra y Salceda en el Día de Rosalía”, *Atlántico Diario*, “Área metropolitana”, “Condado/Louriña”, 27 febreiro 2014, p. 19.

Dá conta da homenaxe do colectivo Follas Novas de Salceda a Rosalía de Castro no día dedicado á poeta, que consistiu nunha ofrenda floral na placa da rúa que leva o seu nome. Coméntase igualmente que o concello de Salvaterra do Miño organizou outra homenaxe.

**R. T.**, “Valenzuela recibirá otro homenaje en un acto con Alonso Montero y Neira Vilas”, *Diario de Pontevedra*; “Deza. Tabeirós”, 17 decembro 2014, p. 19.

Refírese unha homenaxe a Ramón Valenzuela, autor de *Non agardei por ninguén* (1957), primeira novela galega sobre a Guerra Civil. Entre os actos destácase o bautizo da biblioteca local da Bandeira co nome do autor e a proxección dun documental. Sinálase a presenza do presidente da Real Academia Galega, Xesús Alonso Montero e dos escritores Xosé Neira Vilas e Modesto Hermida García.

**Sacido Romero**, Jorge, “A gratitude das carpas”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Relato”, 5 agosto 2014, p. 24.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia* para, ao rematar o mes, dar a coñecer o gañador das dúas categorías: menores de quince anos e adultos. Neste caso reproducése o realizado por Jorge Sacido, titulado “A gratitude das carpas”.

**Sánchez**, Manuel Antonio, “Aquel Cadillac azul”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Relato”, 25 agosto 2014, p. 32.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia* para, ao rematar o mes, dar a coñecer o gañador das dúas categorías: menores de quince anos e adultos. Neste caso reproducése o realizado por Manuel Antonio Sánchez, titulado “Aquel Cadillac azul”.

**Sánchez**, S., “Angrois’, un libro de poemas que homenaxea a los héroes de este barrio”, *Diario de Ferrol*, “Galicia”, 4 xullo 2014, p. 24.

Dáse conta da presentación en Compostela da antoloxía *Angrois* (2014). Indícase que a obra é unha homenaxe ás persoas que axudaron no accidente ferroviario sucedido neste lugar.



**Santos**, Ágatha de, “El inspector Caldas despliega sus dotes detectivescas en Nigrán”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 13 maio 2014, p. 35.

Trata a nominación do actor Carmelo Gómez para o papel do inspector Leo Caldas no filme *A praia dos afogados* (2014), dirixido por Gerardo Herrero e baseado na novela homónima de Domingo Villar. Apunta asemade o rol de Antonio Garrido como o axente Rafael Estévez e o de Luis Zahera como mariñeiro; o labor de produción de Carlos Rodríguez en Foresta Films; a gravación da secuela, *Ojos de agua*; e os emprazamentos en Vigo e a praia da Madorra, en Panxón, para a rodaxe. Remata cunha referencia ás verbas de Gómez sobre a experiencia de filmar en lingua galega.

**Santos**, Ágatha de, “Teatro de base que apunta muy alto”, *Faro de Vigo*, “TV/Espectáculos”, 13 outubro 2014, p. 59.

Faise un repaso pola situación do mundo do teatro afeccionado en Galicia e entremedias cítase á compañía Lúa do Sul coa representación da súa peza *Os vellos non deben de namorarse*.

**Santos**, Ágatha de, “La fibra óptica conectará ‘A esmorga’ con el público en una campaña sin precedentes”, *Faro de Vigo*, “Tv/Espectáculos”, 6 novembro 2014, p. 59.

Analiza a posta en marcha da campaña de promoción da longametraxe *A Esmorga* (2014), de Ignacio Vilar, adaptada da novela homónima de 1959 de Eduardo Blanco Amor. Salienta en primeiro lugar o protagonismo de Antonio Durán “Morris” co personaxe de Xanciño “Bocas”, Miguel de Lira co de Cibrán “O castizo”, e Karra Elejalde co de Aladino “Milhomes”, para despois indicar a súa participación no Festival Internacional de Cine de Ourense, así como a organización de diversos actos promocionais, que inclúen videoconferencias.

**Sarille**, Xosé Manuel, “Un de académicos”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Pan e coitelo”, 15 xullo 2014, p. 2.

Celébrase a polémica xurdida no seo da Real Academia Galega se serve para enfrontar a “casta” cultural galega e a política lingüística institucional. Sínálase que as asociacións lingüísticas contrarias ao nomeamento de Filgueira Valverde ademais de propoñer un día alternativo para a celebración das Letras Galegas, deberían propoñer un proxecto completo que mirara por reorganizar as institucións lingüísticas e culturais sostidas con cartos públicos.

**Sartier**, Bernardo, “Todo sobre Filgueira”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Así está España”, 24 xullo 2014, contracuberta.

Trae á memoria o volume *Vida, paixón e morte de Alexandre Bóveda* (1972), de Xerardo Álvarez Gallego, do que comenta os contidos en relación ao Día das Letras Galegas e á biografía histórica do intelectual galeguista.

S. E., “Un espectáculo homenaxe a Rosalía abre o Feito en Lalín”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 801, 17 xaneiro 2014, p. 5.

Dáse conta do espectáculo *Mistura de mel e cerna*, que forma parte do programa Feito en Lalín, organizado coincidindo coa da Feira do Cocido, e que supón unha homenaxe á muller, á poesía en galego e a Rosalía de Castro.

S. E., “A mostra sobre as Letras Galegas chega a Camariñas”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 983, 22 xullo 2014, p. 6.

Informa sobre a exposición *51 páxinas das nosas letras* que organiza o Parlamento galego e que se dedica a cada unha das figuras homenaxeadas no Día das Letras Galegas dende a súa primeira edición.

S. E., “El documental sobre Valenzuela reunió al mundo de la cultura”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.130, 19 decembro 2014, p. 5.

Fálase dos actos organizados por Política Lingüística a raíz da proxección do documental de Xan Leira *Ramón Valenzuela, as olladas da esperanza*. Entre as actividades mencionadas destacan a mesa redonda na que participaron o presidente da Real Academia Galega, Alonso Montero e os escritores Xosé Neira Vilas e Modesto Hermida; así mesmo, cítase o cambio do nome da biblioteca da Bandeira polo do nome do escritor, profesor e político silledense.

Sertal, Carolina, “Mil cores para a poeta loitadora”, *Diario de Pontevedra*, “O Morrazo”, “Marín”, 24 febreiro 2014, p. 8.

Dá conta da inauguración no Museo Manuel Torres da exposición coa que a Asociación Queremos Galego Marín rende homenaxe a Rosalía, e que consiste nunha mostra de diferentes obras de ilustradores galegos baixo o nome *Mil cores para Rosalía*.

S. F., “Primer paso para el futuro museo de Tomás Pereiras”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 789, 5 xaneiro 2014, p. 7.

Coméntase que xa se deu o primeiro paso para a creación da futura casa-museo de Tomás Pereiras en Vedra, na súa vivenda familiar, que a súa muller, Nieves Olmedilla, espera reformar. Dáse conta igualmente da presentación da súa primeira obra póstuma, *Tentando ir ás cegas, non se chega a ningures* (2013).

S. F., “Neira Vilas, pregoeiro da Festa da Filloa de Lestedo”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 824, 9 febreiro 2014, p. 7.

Infórmase de que Neira Vilas, recentemente nomeado fillo adoptivo de Boqueixón, será o pregoeiro da XXXI Festa da Filloa de Lestedo, declarada de Interese Turístico Galego.

**S. F.**, “A casa da cultura reestrea o seu espazo expositivo con ‘51 páxinas das nosas letras’”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.061, 9 outubro 2014, p. 7.

Dá conta da inauguración da exposición *51 páxinas das nosas letras*, promovida polo vicepresidente do Parlamento galego, Miguel Santalices. A exposición recolle un panel de información por cada homenaxeado no Día das Letras Galegas dende a primeira edición de 1963.

**Segade**, María e **I. C.**, “Luz Fandiño. ‘Ningunha terra é tan pobre como para non manter aos seus fillos’”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “A pie de calle”, 3 xullo 2014, contracuberta.

Anuncia a presentación na Librería Pedreira do poemario *O pracer de envellecer* (2014), de Luz Fandiño. Coméntase que a obra recolle a visión crítica da autora sobre o mundo baixo a súa experiencia como emigrante.

**S. L.**, “Beiras llama ‘canallas’ a los diputados del PP por vincular a Bóveda y Filgueira”, *La Voz de Galicia*, “Galicia”, 15 xullo 2014, p. 5.

Dáse conta da contestación de Xosé Manuel Beiras ao portavoz do Partido Popular que reivindicou a aposta pola reconciliación nacional coa imaxe do fillo de Xosé Filgueira Valverde e o neto de Alexandre Bóveda xuntos publicada en *La Voz de Galicia* para conmemorar o Día das Letras Galegas.

**Seoane Cazón**, Eva, “A serpe”, *El Progreso*, “*deVerano*”, “Contos de verán”, 21 agosto 2014, p. 34.

Sección que acolle relatos presentados ao concurso “Contos de verán” do xornal *El Progreso*. Neste caso reproducése o escrito por Eva Seoane, titulado “A serpe”.

**S. N.**, “Homenaje a los autores del Día de las Letras Galegas”, *La Región*, “Sociedad”, “Galicia: Agenda cultural”, 3 abril 2014, p. 53.

Recolle a homenaxe ao Día das Letras Galegas que acolle o Centro Cultural Marcos Valcárcel de Ourense en colaboración coa Xunta de Galicia e coa Real Academia Galega, que consiste nunha exposición na que se honra a todos os escritores homenaxeados nesta data dende 1963.

**Sobral Iglesias**, Antón, “Lisboa”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Relato”, 15 agosto 2014, p. 30.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia* para, ao rematar o mes, dar a coñecer o gañador das dúas categorías: menores de quince anos e adultos. Neste caso reproducéase o realizado por Antón Sobral, titulado “Lisboa”.

**Soto**, Juan, “Vila de Viveiro alegre”, *ABC*, “El verano, todos los veranos”, 19 agosto 2014, contracuberta.

Recomenda a visita turística a Viveiro a partir dos versos dun poema de Antonio Noriega Varela e os lenzos de Manuel Bujados, ambos os dous nativos do lugar. Alude, así pois, ás cacharelas de San Xoán, ás festividades de Santa María e San Roque, e a O Naseiro; ás praias de Covas, Area, Sacido, Abrela, Esteiro, Areagrande ou San Román; aos naufraxios do bergantín Palomo e a fragata Magdalena e á historia do pazo de Grallal.

**Souto**, S., “María Lado va a impartir desde el sábado un taller de poesía erótica”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 848, 5 marzo 2014, p. 6.

Infórmase dun taller de poesía erótica que María Lado vai impartir no auditorio de Rianxo, no que a través da lectura dos seus propios textos ensinará igualmente a recitar en público.

**Souto**, S., “Eran outros tempos, ou non?”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 903, 1 maio 2014, p. 6.

Infórmase da representación da peza teatral *Eran outros tempos, ou non?*, de Disfunción Continua Teatro, dentro do marco da VIII Mostra de Teatro Xosé Agreló de Muros, especificando o horario da función e aportando algún dato sobre o elenco de actores.

**Souto**, Suso, “La editorial Axóuxere cierra su residencia de escritores en Rianxo”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 789, 5 xaneiro 2014, p. 7.

Comenta o peche da residencia de escritores que a editorial Axóuxere tiña en Rianxo pola falta de apoio económico dalgunha institución. Infórmase de que esta residencia era un pequeno espazo de escritura para autores de diferentes países que quixesen comprometerse a instalarse nela para realizar as súas creacións, ao mesmo tempo que participaban en encontros culturais na vila.

**Souto**, Suso, “Castelao, Dieste, Manuel Antonio: tres ilustres innovadores da literatura galega”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 915, 13 maio 2014, p. 4.

Estabelece un percorrido por Rianxo co gallo de homenaxear a Castelao, Dieste e Manuel Antonio, de quen describe as traxectorias vitais e literarias. Salienta as obras dos tres autores, o compromiso galeguista e cadansúa celebración do Día das Letras Galegas.

**Souto**, Suso, “Seis mujeres de bandera en las calles de Barbanza, Noia y Sar”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 951, 19 xuño 2014, contracuberta.

Salienta a historia das únicas seis mulleres que figuran nun libro publicado pola Asociación de la Prensa de A Coruña: Sofía Casanova; Clara Campoamor; Concepción Arenal; Francisca Herrera; Rosalía de Castro e Emilia Pardo Bazán.

**S. S.**, “Ribeira acoge el día 31 la Xornada de Literatura Galega e Paz”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 813, 29 xaneiro 2014, p. 7.

Anuncia a celebración da I Xornada de Literatura Galega e Paz organizaba polo PEN Club e o Instituto de Mediación Educativa de Ribeira.

**S. S.**, “Velada poética con Yolanda Castaño y Najla Shami”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 815, 31 xaneiro 2014, p. 5.

Anúnciase un acto poético pola paz no que participarán a poeta Yolanda Castaño e a cantante galega de raíces palestinas Najla Shami.

**S. S.**, “Gala de Yolanda Castaño y Najla Shami”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 819, 4 febreiro 2014, p. 6.

Coméntase a exitosa velada poético-musical da cantante galega de raíces palestinas Najla Shami e Yolanda Castaño.

**S. T.**, “Tosar criticó la falta de placas en la escultura de Blanco Amor”, *La Región*, “Ourense”, 15 setembro 2014, p. 6.

Dá conta da ofrenda floral en Ourense a Eduardo Blanco Amor, co gallo do trixésimo quinto aniversario do seu pasamento, da creación da Fundación Blanco Amor. Inclúe as críticas do presidente do Pen Club de Galicia, Luís González Tosar, con respecto á actitude do Concello co escritor. Nun epígrafe á parte comenta o transcurso do encontro sobre a posta en marcha da Fundación e a exhibición dunha serie de retratos do escritor realizados por Siro.

**Suárez**, Sandra, “En el rincón de las letras perdidas. Herminia Fariña (I)”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Sociedad”, 26 febreiro 2014, pp. 56-57.

Trátase dun resumo da vida de Herminia Fariña nada en Compostela no 1904, escritora e intelectual de renome, mais que finalmente ficou no olvido.

**Suárez**, Sandra, “El rincón de las letras perdidas (II)”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Sociedad”, 27 febreiro 2014, p. 61.

Explica os motivos polos cales a figura da escritora Herminia Fariña quedou relegada ao esquecemento. Ademais, fai un percorrido pola temática abordado por esta autora e anuncia a conferencia que terá lugar en Pontevedra en memoria desta escritora.

**S. V.**, “El presidente de la RAG inaugura hoy el XIII Memorial Filgueira Valverde”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 5 novembro 2014, p. 11.

Sinala a posta en marcha do XIII Memorial Filgueira Valverde no Museo de Pontevedra por parte de Xesús Alonso Montero cunha comunicación titulada “Ciencia e conciencia na biografía intelectual de Filgueira Valverde”. Destaca a presenza de Juan Manuel Corbacho e Carlos Valle, e comenta a vindeira intervención de Ramón Villares, baixo o título de “Filgueira Valverde: do Seminario de Estudos Galegos ao Consello da Cultura Galega”.

**Tébar**, Roma, “Manuel Rodríguez Troncoso es ya primer ‘Hijo Predilecto de A Cañiza’”, *Atlántico Diario*, “Área metropolitana”, “Condado/Louriña”, 27 agosto 2014, p. 17.

Dá conta do acto institucional de homenaxe a Manuel Rodríguez Troncoso, organizado polo Concello da Cañiza. Destaca o nomeamento deste escritor e médico como primeiro Fillo Predilecto desta vila e sinala, doutra banda, a intervención de Bieito Ledo, na que enxalzou seu volume *Historia dunha aldea galega* (2005). Nun epígrafe á parte indica a súa traxectoria biobibliográfica.

**Tébar**, Roma, “La voz del poeta Ramón Cabanillas volvió a sonar en la Villa de Mondariz”, *Atlántico Diario*, “Área metropolitana”, “Condado/Louriña”, 3 decembro 2014, p. 19.

Sinala a homenaxe a Ramón Cabanillas rendida pola Asociación Ecocultural Búrbida no Centro Social de Mondariz. Destaca as conferencias de Luis Rei e tres alumnas do CPI de Mondariz sobre diversos asuntos sobre o Poeta da Raza. Conclúe cunha referencia á mostra itinerante en Mondariz e Mondariz Balneario, centrada na figura do escritor.

**Terceiro**, C., “Los expertos analizan la huella de James Joyce en los escritores gallegos”, *Diario de Ferrol*, p. 25/ *El Ideal Gallego*, p. 28, “Galicia”, 2 maio 2014.

Indica a celebración do XXV Encontro da Asociación Española James Joyce na Universidade de Santiago de Compostela e sinala o patrocinio deste evento por parte das universidades galegas. Conclúe cunha referencia á relevancia de Santiago en canto emprazamento escollido para o congreso, xa que foi alí onde os autores da Xeración Nós, como Otero Pedrayo ou Vicente Risco, tomaron contacto coa escrita do autor irlandés.

**Terceiro**, Cristina, “La huella gallega de James Joyce”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Literatura”, 2 maio 2014, p. 49.

Trata a celebración do XXV Encontro da Asociación Española James Joyce na Universidade de Santiago de Compostela, coordinado por Margarita Estévez Saá. Sinala a coincidencia deste congreso coa saída ao prelo da tradución ao galego do *Ulises* de Joyce na Editorial Galaxia e co vixésimo quinto aniversario da creación da devandita asociación. Remata cunha mención sobre a importancia deste tipo de asociacións literarias.

**Terrafeita Aenlle**, Carme, “*Janela Aberta*, unha abertura para a luz”, *O SIL*, “Cultura”, maio 2014, p. 51.

Comenta a saída ao prelo da compilación de relatos *Janela aberta* (2013), de José Alberte Corral. Salienta, en primeiro lugar, a mestura do real e do ficticio na súa escrita, así como a presenza do onírico e o mitolóxico, para despois enxalzar a multiplicidade de dimensións en cada relato e a caracterización psicolóxica dos personaxes. Remata cunha breve descrición do fío argumental e liña temática.

**T. G.**, “Música y poesía viajan por el Atlántico”, *Faro de Vigo*, “Visado”, “Cantos na maré”, 10 xaneiro 2014, pp. 4-5.

Informa sobre a undécima edición do Festival Internacional da Lusofonía, “Cantos na Maré”, desta volta dedicado á poesía con motivo do ano rosaliano. Dáse conta dos artistas que compoñen o cartel entre os cales se atopan Amancio Prada, Vítor Ramil, Budiño ou Gabriela Mendes.

**T. M.**, “Un placa recuerda a Tomás Antón Pereiras”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Patio de vecinos”, 9 xaneiro 2014, contracuberta.

Dáse conta da inauguración da placa conmemorativa ao escritor vedrés Tomás Antón Pereiras, na súa residencia compostelá da rúa do Hórreo.

**T. M.**, “Seis detectives de sobrada personalidad gallega”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, 14 febreiro 2014, p. 3.

Fai unha relación dos detectives máis salientábeis da novela negra galega, como Nirvardo Castro, creado por Reigosa ou Frank Soutelo, de Miguel Anxo Fernández.

**Toledo**, M., “Brión inaugura hoxe un busto de Roberto Vidal Bolaño en Santa Minia”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 992, 31 xullo 2014, p. 6.

Anuncia a descuberta dun busto de Roberto Vidal Bolaño en Brión por parte do alcalde e da súa viúva, Belén Quintáns. Engade que no acto tamén intervirán Anxo Lorenzo,

Rosario Álvarez, Henrique Monteagudo, Avelino González, Francisco Macías, Víctor Freixanes e Xosé Vizoso.

**Toledo**, M., “Promoven dende Esteiro a candidatura de Xosé Agrelo para as Letras Galegas”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.102, 20 novembro 2014, p. 7.

Comenta a iniciativa da Asociación Cultural O Xeito de Esteiro a prol de que lle dediquen o Día das Letras Galegas de 2017 a Xosé Agrelo.

**Toledo**, Mar, “Touro festexa as Letras cun festival de teatro na rúa”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 912, 10 maio 2014, p. 5.

Coméntanse as actividades de conmemoración do Día das Letras Galegas en Touro, que engloban teatro, música e poesía co VII Festival das Letras. Apúntase que algunhas das representacións serán *Na procura da fantasía* da escola municipal de teatro de Laxe, un roteiro teatral e musical a cargo da aula de teatro do CPI de Touro e *Faíscas*. Pola súa banda. Dise que A Estrada inicia a súa Feira do Libro.

**Toledo**, M., “Vedra lembrará mañá o ‘escribidor’ Tomás Antón Pereiras cunha sobria homenaxe”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 917, 15 maio 2014, p. 6.

Sinala a homenaxe no Concello de Vedra a Tomás Antón Pereiras Gómez go gallo da celebración do Día das Letras Galegas. Destaca, así pois, a participación de Valentín García, Carlos Martínez Carrillo e María Nieves Pereiras que eloxiaron a figura do escritor.

**Toledo**, Mar, “Vedra lembra a estela de Tomás Pereiras como ‘cidadán da Ulla’”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 919, 17 maio 2014, contracuberta.

Trata a homenaxe rendida a Tomás Antón Pereiras Gómez, “O cidadán da Ulla”, en Vedra, co gallo do Día das Letras Galegas. Destaca en primeiro lugar a presenza de Valentín García, María Nieves, Víctor Furelos, Carlos Martínez, José Manuel Quintanar, Francisco Durán e Mercedes Rosón, que enxalzaron á súa traxectoria literaria no Val do Ulla.

**Toledo**, Mar, “Un busto de Vidal Bolaño en Brión para lembrar o seu legado”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 993, 1 agosto 2014, contracuberta.

Comenta a homenaxe á figura de Roberto Vidal Bolaño na carballeira de Santa Minia, no Concello de Brión, a partir do busto esculpido por Xosé Vizoso, co gallo do sexaxésimo cuarto aniversario do seu nacemento. Destaca a presenza no acto de Anxo Lorenzo, Belén Quintáns, Xosé Luís García, Francisco Macías e Henrique Monteagudo.

**Toledo**, Mar “El teatro de Aspamite iza el telón más solidario”, *El Correo Gallego*,



“*Terras de Santiago*”, n.º 1.071, 18 outubro 2014, contracuberta.

Indica que profesionais e usuarios da Asociación de Pais de Persoas con Discapacidade de Teo (Aspamite) representaron a obra *Morte dun caniche* no Auditorio de Galicia de Santiago de Compostela, obtendo un aforo completo e unha longa ovación ao remate.

**Torre, S.**, “Carlos González y Baldo Ramos unen sus creaciones en un libro”, *La Región*, “Ciudad”, 7 marzo 2014, p. 9.

Dá conta de dúas exposicións que ocupan o Centro Cultural Marcos Valcárcel e o Auditorio de Ourense: unha exposición conxunta de Baldo Ramos e Carlos González Villar, baixo o nome *Onde beben os cervos que amansou o calígrafo*. A mostra que acolle o Auditorio é unha exposición de debuxos e acrílicos de José Luis Álvarez “Alva”, respectivamente.

**Torre, Sonia**, “O roteiro Casares lembra as tres facetas do escritor”, *La Región*, “Ciudad”, 8 marzo 2014, p. 10.

Preséntase o primeiro roteiro dedicado ao escritor limiao Carlos Casares coincidindo co décimo segundo aniversario do seu pasamento. Infórmase de que se levará a cabo unha homenaxe na que se explicará a idea e se levará a cabo un percorrido físico por aquelas zonas de Ourense presentes na súa obra.

**Torre, Sonia**, “Xocas, a cara da ourensanía”, *La Región*, “Ourense”, 20 xullo 2014, p. 9.

Dá conta da homenaxe tributada no cemiterio ourensán de San Francisco a Xaquín Lorenzo, “Xocas”, co gallo do vixésimo quinto aniversario do seu pasamento. Salienta en primeiro lugar o labor organizativo do evento por parte do Museo do Pobo Galego e a Asociación Marcelo Macías, así como a presenza de Francisco Fariña Busto, Xesús Vázquez, Miguel Santalices, Manuel Baltar, Rogelio Martínez, Justo Beramendi, Ana Garrido, Xulio Rodríguez, Jesús de Juana e Xosé Carlos Sierra, para despois indicar nun parágrafo á parte o inxente labor etnográfico do homenaxeado, xunto a outros datos relevantes da súa biografía.

**Trillo, J.**, “El faro Vilán acoge el acto de ‘A Costa do Solpor’”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 939, 7 xuño 2014, p. 5.

Anúnciase a presentación da novela *Costa do solpor* (2013) de Xosé María Lema no faro Vilán de Camariñas ás 19:30 da tarde.

**Trillo, J.**, “Manuel Rivas cede parte dos seus libros ao pobo de Vimianzo”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.029, 6 setembro 2014, contracuberta.

Comenta o acto de doazón de parte da biblioteca persoal do escritor Manuel Rivas ao Concello de Vimianzo, celebrado na Casa da Cultura vimiancesa. Salienta en primeiro lugar a lectura de Rivas de seu poema “O pan negro”, para despois poñer énfase na súa novela *O lapis do carpinteiro* (1998). Destaca finalmente a presenza no evento da dona do escritor, Isabel López, e do alcalde, Manuel Antelo Pazos.

**T. S.**, “Terras homenaxea a Rosalía de Castro no seu 177 aniversario”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 840, 25 febreiro 2014, contracuberta.

Recolle os actos que tiveron lugar nos diferentes concellos da comarca de Santiago o 24 de febreiro como homenaxe a Rosalía de Castro.

**Turnés**, Alfonso, “Un artículo homenajea a la figura de Tomás Pereiras y de su madre labrega”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.067, 15 outubro 2014, p. 7.

Sinala a saída ao prelo dun artigo sobre a figura de Tomás Antón Pereiras, asinado pola súa dona Nieves Olmedillas, e describe a súa traxectoria laboral, dende a xefatura provincial de Transportes Terrestres en Ávila até o seu labor como escritor; a importancia da figura materna, Teresa Gómez, ao longo da súa vida; a profesión de mestre de seu avó, Manuel Gómez Lorenzo, e a súa emigración a Arxentina, deixando atrás muller e fillos.

**U. L.**, “A Fundación Rosalía pecha o 150 aniversario de Cantares Gallegos”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, 20 febreiro 2014, p. L9.

Preséntase o acto que porá fin ao 150 aniversario de *Cantares Gallegos* e que consiste, entre outras cousas, na publicación de *De Cantares hoxe. Os Cantares gallegos de Rosalía de Castro no século XXI* (2013) en colaboración coa radio autonómica.

**U. L.**, “A horta da Casa-Museo de Rosalía, en Padrón, estrea novo busto”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Comarcas”, 16 maio 2014, p. L9.

Sinala que na Casa-Museo de A Matanza, en Padrón, inagrouse un monolito dedicado a Rosalía de Castro doado polo Concello de Padrón co gallo do Día das Letras Galegas. Indica, finalmente, a colocación do busto de Maruxa Villanueva na horta da Casa-Museo.

**U. L.**, “As xentes do mar soben en dornas ata Padrón para homenaxear a Rosalía”, *La Voz de Galicia*, “Comarcas”, 13 xullo 2014, p. L9.

Dáse conta da ruta que percorreron as dornas de Arousa como homenaxe das xentes do mar a Rosalía de Castro, acto promovido pola fundación que leva o seu nome e pola Asociación Cultural Dorna de Arousa.

**Uriza**, André, “Tributo a Blanco Amor aos 35 anos do seu pasamento”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 29 novembro 2014, p. 42.

Comenta a celebración, no Liceo de Ourense, das xornadas sobre Eduardo Blanco Amor, organizadas polo PEN Club de Galicia co gallo do trixésimo quinto aniversario do pasamento do escritor. Trae á memoria a I Xornada de Homenaxe a Blanco Amor, posta en marcha en 2004 por Marcos Valcárcel e Luís González Tosar, e destaca a presenza de distintas personalidades e os diversos actos que se celebraron: conferencias, presentacións de libros, a estrea do filme d’*A Esmorga* (2014), dirixido por Ignacio Vilar, ou mesas redondas. Por último destaca o proxecto de recompilación e edición da correspondencia de Blanco Amor grazas á colaboración co xornal *La Región*.

**Uz**, Xerardo, “A caixa de voz”, *El Progreso*, “*deVerano*”, “Contos de verán”, 22 agosto 2014, p. 32.

Sección que acolle relatos presentados ao concurso “Contos de verán” do xornal *El Progreso*. Neste caso reproducése o escrito por Xerardo Uz, titulado “A caixa de voz”.

**Valcarce**, I., “Nove casetas, na feira do libro de Monforte”, *El Progreso*, “Ribeira Sacra”, 19 agosto 2014, p. 15.

Informa da inauguración da XVII Edición da Feira do Libro de Monforte e destaca a participación das librarías Agrasar, Pedreira, Aenea e Cartabón, xunto á editorial A Serpe Edicións. Cita asemade a presentación de distintos volumes coa presenza dos seus autores.

**Valcárcel**, Xulio, “Lugares para volver: Lóuzara”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”, 22 xuño 2014, p. 22/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesia*”, n.º 834, p. 28/ *El Ideal Gallego*, “*la Galería*”, n.º 834, p. 28, “páxina Literaria”, 22 xuño 2014.

Dáse da conta da convocatoria anual do premio “Fiz Vergara Vilariño” de poesía que a Asociación Ergueitos e da organización dun roteiro que percorre os lugares queridos polo poeta de Lóuzara. Apúntase que a dimensión literaria do roteiro se enriquece cunha serie de intervencións escultóricas de Álvaro de la Vega, Eduardo Valiñas ou Paco Pestana, entre outros, que conforman un museo ao aire libre como non hai outro en Galicia.

**Varela**, Manuel, “Rosalía debuxada con rock and roll”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y Cultura”, 9 xaneiro 2014, p. 12.

Informa da presentación do libro-disco *Nas tardes escuras*, que terá lugar no teatro Colón. Detalla que se trata dunha edición especial de poemas de Rosalía, que conta con ilustracións de Fausto Isorna e a música de Narf Trío.

**Varela**, Manuel, “Rosalía con aires de lunfardo”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y Cultura”, 23 xaneiro 2014, p. 12.

Informa sobre a presentación no teatro Rosalía de Castro da Coruña, do disco *Os ollos que falan*, co que o sexteto Tempo Catro rende homenaxe a Rosalía, poñendo música a versos de *Cantares gallegos*. Comenta que se trata dunha musicalización libre que torna estes poemas en ritmos orixinais, converténdose en fados, pasodobres, tangos...e que supón unha nova visión de Rosalía.

**Varela**, Manuel, “A vida de Luis Seoane en cartas”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y Cultura”, 29 xaneiro 2014, p. 10.

Anuncia a presentación por parte da Fundación Luís Seoane da edición dixital do epistolario deste pintor e escritor galego con varias figuras da nosa cultura e outras persoas como Ernesto Sábato.

**Varela**, Manuel, “Os fillos de medio século de teatro”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y Cultura”, 18 febreiro 2014, p. 10.

Preséntase o proxecto que Uxía e Iago Vázquez, fillos dos actores Tuto Vázquez e María José Mosteiro están a realizar baixo o nome *O que hai que facer para non ir ao mar!* e que consiste nun documental que pretende facer un percorrido pola dramaturxia galega da segunda metade do século pasado.

**Varela**, Manuel, “Poñer música ás ‘Cousas’ de Castelao”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y Cultura”, 18 marzo 2014, p. 10.

Informa sobre a actuación no Teatro Colón da Coruña de Golden Piano Trío, que incluírá no seu repertorio un tema do pianista Manuel López Jorge inspirado nun relato de *Cousas*.

**Varela**, Manuel, “O público ilumina os nocturnos”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y Cultura”, 25 marzo 2014, p. 8.

Descríbense os trazos fundamentais da nova produción da compañía Teatro Normal da Universidade da Coruña, *Nocturnos*, unha obra de Paco Zarzoso dirixida neste caso por Rubén Ruibal, preparada para que haxa múltiples puntos de vista e cunha liña máis poética que narrativa.

**Varela**, Manuel, “Cunqueiro feito monólogo”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y Cultura”, 13 maio 2014, p. 10.

Recensiona a posta en escena da peza *Os feirantes* (2014), no Teatro Colón da Coruña. Destaca a adaptación da novela de Álvaro Cunqueiro, *Os outros feirantes* (1979), por parte de Ramiro Neira e Jordi López, ao través da técnica da “stand up comedy”, e

subliña a representación dos contos “O Gatipetro”, “Tristán García” ou “A orella dereita de Antón de Leivas”, como parte da función.

**Varela**, Manuel, “Humor para salvarse de ‘ser tan imbéciles’”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y Cultura”, 26 maio 2014, p. 20

Dáse conta da estrea no Ágora da comedia *Somos tan imbéciles* por parte do grupo teatral Valacal, da ONCE, dirixido por Lino Braxe. Indícase que a peza procura unha reflexión sobre os hábitos de consumo televisivos e alimenticios.

**Varela**, Manuel, “A cidade, un libro para ler camiñando”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y Cultura”, 21 outubro 2014, p. 10.

Subliña a posta en marcha dos “Paseos pola Coruña literaria”, organizada pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG). Destaca a presenza e participación de Xurxo Souto, Inma López Silva, Xavier Seoane e Cesáreo Sánchez, e indica algunhas referencias literarias tiradas de Manuel María, Devesa Monterroso ou Luísa Villalta. Salienta, doutra banda, as novelas *Memoria de cidades sen luz* (2008), de López Silva e *A dama da noite* (2014), de Seoane.

**Vázquez**, Dolores, “Unha poeta, distintos acentos, música universal”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Música”, “Agenda”, “Cantos na maré”, 10 xaneiro 2014, p. 2.

Infórmase sobre a programación do “Cantos da Maré” 2014, salientando que se trata dun festival que busca achegar as culturas galega e lusófona. Apúntase que nesta undécima edición, que xira arredor da figura de Rosalía, búscase o achegamento dos artistas ao público con charlas ou sesións didácticas.

**Vázquez**, Dolores, “O traballo rosaliano de ‘A rosa d’Adina’ procurounos unha prórroga”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Música”, “Agenda”, 21 marzo 2014, p. 7.

Comenta a xira que o cuarteto de folk aCadaCanto está a realizar coa presentación de *A rosa d’Adina*, o seu segundo traballo e a súa contribución á celebración do 150 aniversario de *Cantares gallegos*, pois musican seis poemas de Rosalía.

**Vázquez**, Sara, “Dez anos a ‘lume e ferro’ en Carral”, *La Opinión*, “Cambre”, “Culleredo”, 8 xuño 2014, p. 18.

Leva a cabo un percorrido pola traxectoria da Asociación teatral e cultural Abril de Lume e Ferro co gallo do décimo aniversario da súa creación para protexer a memoria dos Mártires de Carral. Salienta, así pois, seus inicios en 1996; a mantenza da obra de Manuel María; a fundación do *Xornal dos Mártires*; a edición do *Poemario dos Mártires* (2014); o proxecto dun CD de poemas musicados de Manuel María e Castelao por parte de Mini e Mero, Tino Baz e Miro Casavella; ou a creación do Premio dos Mártires da Liberdade.

**Veiga, Marta**, “A semente de Benxamín Casal”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Literatura”, 18 xaneiro 2014, p. 55.

Recóllense as diferentes intervencións na emotiva homenaxe que a cultura galega lle rendeu ao intelectual galeguista Benxamín Casal no Círculo das Artes de Lugo. Nesta cerimonia, na que participaron familiares e representantes de autoridades como a Xunta, a Real Academia Galega ou o Consello da Cultura, gabáronse as enormes achegas deste humanista no eido da cultura galega.

**Veiga, Marta**, “O misterio do pergameo de Monforte”, *El Progreso*, “Bibliofilia”, “Cultura”, “Vivir”, 12 de marzo 2014, p.61.

Dá conta do achado do *Libro da montaría*, un tratado de caza da tradición literaria lusa que foi atopado no Arquivo Provincial de Lugo, procedente dun fondo notarial de Monforte.

**Veiga, Marta**, “Marina Mayoral enfronta en Lugo o ‘risco’ de coñecer os seus lectores”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Literatura”, 30 maio 2014, p. 61.

Dá conta do encontro entre Marina Mayoral e o seu lectorado na Praza Maior no Círculo das Artes de Lugo. Alude primeiramente aos volumes que se debateron, como a novela epistolar *Querida amiga* (1995), e *Dar el alma y la vida* (1996), para despois comentar seus respectivos fíos argumentais e a relación da autora coa escrita feminista.

**Vela, Luís**, “A voz de Casares guiará un roteiro polos lugares da súa vida e obra”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 9 marzo 2014, p. 40.

Dá conta da inauguración dun novo roteiro literario en Ourense, desta volta en memoria da vida e obra do escritor Carlos Casares. Informa de que se trata dun percorrido que conta con dezanove placas con códigos QR que permiten a reprodución de discursos e lecturas de textos do escritor.

**Vélez Latorre, Xosé Manuel**, “Contra Menéndez Pelayo”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 514, “Literatura”, 9 outubro 2014, p. VIII.

Leva a cabo un percorrido pola figura de Ramón Otero Pedrayo a partir da súa evolución ideolóxica e analiza, en primeiro lugar, a reacción conservadora que partillou con Xosé Filgueira Valverde ou Vicente Risco. En segundo lugar, achega algúns datos sobre a posíbel heterodoxia pedraiana tomando como base as novelas *O señorito da Reboraina* (1960), e *O espello no serán* (1966).

**Vélez Latorre, Xosé Manuel**, “Memoria e heterodoxia”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 521, “Literatura/Pensamento”, 27 novembro 2014, p. IV.

Analiza polo miúdo a presenza do erasmismo na narrativa de Ramón Otero Pedrayo, a partir do seu artigo “No craustro de Fonseca”. Describe o fío argumental do texto e a presenza nel dun diálogo tirado dos *Colloquia* de Erasmo e destaca, doutra banda, o traballo de edición de diversas escritas oterianas, especialmente as aparecidas no xornal antedito entre 1945 e 1949 e, por último, nun epígrafe á parte intitulado “Fíos soltos”, comenta a atitude de Otero Pedrayo perante o conservadurismo e o pensamento de Menéndez Pelayo.

**Vez López**, Marta, “Xemelgas”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 24 agosto 2014, p. 37.

Sección que acolle relatos presentados ao concurso “Contos de verán” do xornal *El Progreso*. Neste caso reproducése o escrito por Marta Vez, titulado “Xemelgas”.

**Vidal**, Nicolás, “O traballo pola candidatura de Carvalho Calero ao Día das Letras segue sumando apoios”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, 25 marzo 2014, p. 16.

Informa do labor que está a realizar a comisión promotora da candidatura do escritor e catedrático galeguista Ricardo Carvalho Calero como homenaxeado no día das Letras Galegas do 2015.

**Vidal**, Nicolás, “Ferrol reivindica a figura de Carvalho Calero no seu 24 cabodano”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, 26 marzo 2014, p. 15.

Dá conta do acto conmemorativo da figura de Carvalho Calero que tivo lugar na súa cidade natal, Ferrol, cumpridos vinte e catro anos do seu pasamento. Indica que o acto cobrou un valor simbólico pola tentativa da candidatura deste persoeiro para o Día das Letras Galegas do 2015.

**Vidal**, Nicolás, “Esta edición é unha homenaxe a Carvalho Calero, un poeta que nos ten asombrados”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, 23 abril 2014, p. 15.

Trata a posta en marcha da VII Edición da Semana de Poesía Salvaxe en Ferrol, organizada polos poetas Karlotti e Guillermo Ferrández que pretende mostrar a importancia da poesía galega en Ferrol e potenciar o encontro de autores e autoras consagrados e novos. Destaca, doutra banda, o descubrimento da calidade da obra de Ricardo Carvalho Calero no obradoiro de poesía na Biblioteca Central ferrolá.

**Vidal**, Nicolás, “Ferrol ten dous vetos, un ao naval e outro a Ricardo Carvalho Calero”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, 9 xullo 2014, p. 11.

Recóllense as declaracións da comisión para a dedicatoria das Letras Galegas de 2015 a Ricardo Cavalho Calero nas cales afirman a súa frustración tras non conseguir que sexa homenaxeada a figura do escritor ferrolán outro ano máis. Alúdese ao grande apoio

popular que recibiu a candidatura e apélase ao dano económico que tamén supón o seu rexeitamento para a cidade.

**Vidal**, Nicolás, “A ‘Escolma Salvaxe’ resume seis anos de poesía ética e estética en Ferrol”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, 7 decembro 2014, p. 15.

Fai referencia á presentación do volume *Escolma salvaxe. Ferrol, 2007-2013*, dirixido por Karlotti e Guillermo Fernández, no Ateneo Ferrolán a cargo de José Torregrosa. Destaca asemade o feito de ser o resultado do evento “Semana da Poesía Salvaxe” celebrado en Ferrol.

**Vieites**, Manuel F., “O Salón Teatro de Compostela”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 499, 8 maio 2014, p. VIII.

Desenvolve un percorrido histórico pola traxectoria do Salón Teatro de Compostela, tomando como punto basal o labor de José Romera Castillo. Salienta, a seguir, os traballos de investigación sobre a vida escénica das cidades de José Benito Díaz Pardeiro; Tomás Ruibal Outes; Paulino Aparicio Moreno; ou Eva Ocampo García. Describe a seguir os contidos de *Corazón do espectáculo* (2013); a restauración do vello edificio na actual sede do Centro Dramático Galego en 1999 ou a posta en escena da peza *Se o vello Sinbad volveuse ás Illas*, dirixida por Fabio Mangolini.

**Vieites**, Manuel F., “Un faro para o teatro”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 500, “Letras galegas 2014”, 17 maio 2014, p. XXI.

Estabelece un percorrido pola traxectoria das artes escénicas na cidade de Vigo e cita os nomes daqueles dramaturgos aparecidos nel como Teresa González Costa, Vanesa Sotelo, Santiago Cortegoso, Olivia Pena, Marcos Abalde e Fran Peleteiro. Destaca asemade as traducións de pezas de autoría estranxeira e conclúe cunha referencia á *Revista Galega de Teatro* e ás pezas *A bombilla máxima*, de Teatro do Atlántico e *O home almofada*, de Il Maquinario.

**Vieites**, Manuel F., “Escenas da Matanza”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 519, “Teatro”, 13 novembro 2014, p. VIII.

Alude a que esta representación teatral xorde do texto *Matanza* (2001), de Roberto Salgueiro, que quedara finalista no premio Rafael Dieste. Indica que é unha peza que rexistra un xeito de escribir aberto, afastado do convencional, e do que destaca o excelente traballo dos seus actores.

**Vila**, Sara, “En abril, todos tolos polos libros!”, *Diario de Pontevedra*, “miniDiario”, 6 abril 2014, pp. 2-3.

Informa das actividades previstas pola Biblioteca de Pontevedra para o mes de abril, entre as que salienta a celebración do Día do Libro.



**Vila Falcón**, Manuel, “O cabaleiro”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Relato”, 31 agosto 2014, p. 36.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia* para, ao rematar o mes, dar a coñecer o gañador das dúas categorías: menores de quince anos e adultos. Neste caso reproducéase o realizado por Manuel Vila, titulado “O cabaleiro”.

**Villaverde**, Bibiana, “O neto de Bóveda defende que o Día das Letras se lle dedique a Filgueira”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 9 xullo 2014, p.41.

Recóllese a conversa que mantiveron Valentía García Bóveda, neto de Alexandre Bóveda, e Xosé Fernando Filgueira Iglesias, fillo de Xosé Filgueira Valverde, figura homenaxeada no Día das Letras Galegas 2015. Pregúntaselles pola polémica que xurdiu arredor da efeméride por ter sido alcalde no franquismo e ser acusado de non ter defendido a Bóveda no xuízo que acabou no seu fusilamento.

**Viñas**, María L., “La chungu de la Ora’ ou o teatro en 15 minutos”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Teatro”, 27 marzo 2014, p. 49.

Entrevista ao grupo Microefectos Dramatúrxicos na que fan balance do seu primeiro ano de existencia. Indícase que este grupo de Lugo escribe, monta e pon en escena pezas de teatro de quince minutos todos os primeiros xoves de mes.

**X. F.**, “A Galicia máxica de García Márquez”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 22 abril 2014, p. 32.

Recensiona o estudo de Carlos G. Reigosa, *A Galicia máxica de García Márquez* (2014), tirado do prelo por Edicións Xerais de Galicia. Tras desenvolver brevemente o fío argumental do volume, salienta a calidade da introdución a cargo de Fernando Salgado; o prólogo de Dasso Saldívar; os epílogos, dedicados a Francisco Porrúa e Álvaro Cunqueiro, e o paratexto gráfico.

**X. V.**, “Elogio póstumo de la figura de Tomás Pereiras”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Patio de vecinos”, 23 xaneiro 2014, contracuberta.

Informa sobre o acto de homenaxe a Tomás Pereiras celebrado no Hostal dos Reis Católicos e que contou coa presenza de distintas autoridades da Xunta de Galicia.

**X. V.**, “San Francisco peregrinará en las cartas”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Patio de vecinos”, 22 febreiro 2014, contracuberta.

Infórmase de que Manuel Lourenzo Baleirón, autor da biografía *Sen agardar a Ulises. Vida de Rosalía*, presentou esta obra aos seus alumnos do IES Macías O Namorado de Padrón con motivo do 177 aniversario do nacemento da escritora.

**X. V.**, “El encaixe de Camariñas conquista América”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Patio de vecinos”, 10 abril 2014, contracuberta.

Anúnciase o inicio da exposición “Manuel Rodríguez López, emigrante galego, poeta obreiro” no Museo do Pobo Galego de Santiago de Compostela.

**X. V.**, “Reinventarse’ o morir con la crisis”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, 27 abril 2014, p. L3.

Anuncia a posta en marcha da XXXIII Feira do Libro de Santiago e indica o programa de actividades, entre as que destaca a sinatura de volumes por parte de Pedro Feijoo, Berta Dávila, Diego Ameixeiras, Manuel Rivas, Manuel Gago, Rosa Aneiros, Elena Gallego ou Roi Vidal, entre outros. Conclúe cunha referencia aos comentarios de Xosé Antón Pedreira, vicepresidente da Federación de Libreiros de Galicia, sobre a crise económica actual do sector e as posibilidades de reinvención para superala.

**Xesús Fraga**, “Unha voz internacional para Galicia”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 26 setembro 2014, p. 27.

Dá conta do acto conmemorativo do vixésimo quinto aniversario da creación da Fundación PEN de Galicia. Lembra distintos sucesos e iniciativas ao longo destes anos, enumera as persoas que ocuparon a presidencia e remata cunha referencia á bienal organizada na compostelá Cidade da Cultura e á participación na mesma de Nélida Piñón e Roberto Alifano.

## ***VI. CLÁSICOS GRECO-LATINOS TRADUCIDOS***

### **VI. 1. PUBLICACIÓN EN REVISTAS**

**Valverde García**, Alejandro, “Un poema grego do século III a. C. O *Mimiambo* primeiro de Herodas”, *Grial*, n.º 201, “O espello das letras”, xaneiro, febreiro e marzo 2014, pp. 90-93.

Preséntase a primeira tradución para o galego do poema grego titulado “A alcaiota” escrito por Herodas no século III a. C, tras incluír unha fotografía da composición. Infórmase de que se trata do máis antigo testemuño literario de asunto celestinesco e que é o primeiro poema da obra do autor *Os mimiambos*, que se descubriu no ano 1891 nun pairo do Antigo Exipto. Destácanse a comicidade e a ironía da peza, así como a abundancia de refráns populares e referencias á vida cotiá da Alexandría da época helenística. A continuación, ofrécese a sinopse da composición seguida da tradución ao galego.

## VII.1. NARRATIVA

### VII. 1. 1. NARRADORES GALEGOS

**Alfaya**, An, *O fío vermello*, ilust. Fran Bueno, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, n.º 235, de 11 anos en diante, marzo 2014, 125 pp. (ISBN: 978-84-9914-632-4).

An Alfaya (Vigo, 1964) abre esta obra cunha cita d’*O Principiño* de Antoine de Saint-Exupéry, á que segue unha dedicatoria: “Dedico estas páxinas a quen confíe nas infinitas posibilidades dos soños, nas azarosas probabilidades do Universo, e a quen se deixe guiar polo brillo das estrelas”, “A Mando, Tania e Mario, no meu universo privado” para a seguir, repetindo a fórmula empregada en *A sombra descalza* (Xerais, col. Fóra de xogo, 2006), conta a historia de Carlo, un rapaz que preocupado polo destino do seu irmán maior, Nicola, decide manifestarse trasladándose a vivir á terraza. O motivo do enfado vén provocado polos silencios familiares que tratan de ocultar a verdade sobre o paradiro do irmán desaparecido na guerra. Xa dende o título, a autora bota o gancho para que os ávidos lectores se mergullen nun relato onde os segredos e as relacións interfamiliares cimentan as bases dunha historia sinxela na súa exposición, mais chea de matices e mensaxes cargadas de significado. Precisamente o título recolle parte da carga simbólica do relato, aludindo a un dos elementos arredor do que se tece o argumento da obra: un fío vermello. O mesmo que o protagonista empregará para manterse comunicado co medio exterior que rodea o lugar do seu encerro voluntario. Mais non só será o protagonista o danado polos segredos familiares, senón que é nas mulleres da familia onde están as verdadeiras vítimas deste conflito. Atrapadas nos seus segredos, vense obrigadas a loitar soas ante o sufrimento que supón a desaparición dun fillo na guerra. Serán elas, a nai e a avoa do protagonista, como elementos fortes da estrutura familiar, as que carguen coa responsabilidade de sacar adiante unha familia rota pola dor. Non obstante, dentro do dramatismo que circunscribe a historia, o relato equilibrase coa narración das sorprendentes ocorrencias de Carlo que, movido pola súa teimosía, se converte non só no elemento máis entrañábel e divertido da historia, senón que encarna a naturalidade e a sinceridade dos actos de amor que impulsan os afectos e accións dos máis novos. Nas ilustracións de Fran Bueno (Santiago de Compostela, 1967) faise uso de cores moi saturadas e planas en espazos tenues realizadas a partir da montaxe dixital. A imaxe é xeométrica e destaca polo carácter arquitectónico do espazo. Os personaxes son moi esquemáticos e moi expresivos. A liña bosquexada está presente en todas as escenas das ilustracións. A imaxe presenta o que acontece no texto.

#### Recensións:

- Mónica Álvarez, “An Alfaya volve sorprenden coa novela ‘O fío vermello’”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 17 setembro 2014, p. 42.

Destaca o argumento d’*O fío vermello*, de An Alfaya, e fai unha breve análise dos eixes característicos nas obras da autora: a presenza da guerra, o simbolismo dos seus títulos, as fendas familiares e a fortaleza das mulleres.

## Referencias varias:

- Amaia Mauleón, “La Feria del Libro calienta motores”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, 21 maio 2014, p. 10.

Dá conta da celebración da Feria del Libro en Vigo e salienta, dunha banda, as presentacións das obras de Literatura Infantil e Xuvenil *Recinto gris* (2014), de Leticia Costas; e *O fío vermello* (2014), de An Alfaya. Destaca, doutra banda, a presenza da escritora Elena Gallego Abad, do editor Manuel Bragado e a presentación de *Toc, toc* (2013), de Pablo Díaz; *Brinca vai!* (2014), de Pablo [sic] Nogueiras; e *Pitusa Semifusa* (2014), de Olga Brañas.

- Olalla Sánchez, “Las apuestas literarias infantiles más refrescantes para el verano. Unha emotiva historia para non perder a cabeza”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Infantil”, 27 xuño 2014, pp. 16-17.

Anuncia a publicación desta novela, unha “aventura emocional de gran dignidade”. Refire o argumento brevemente e explica que os personaxes representan o afán de superación e a importancia dos soños. Comenta que se desenvolven varias peripecias infantís, guiadas pola amizade e pola esperanza. Por último, indica que é unha “historia de crecemento persoal, doce pero amarga, que convida á reflexión”.

- An Alfaya, “O fío vermello”, *El Progreso*, “Pícaros”, “O conto”, 8 novembro 2014, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *O fío vermello*, escrita por An Alfaya e ilustrada por Fran Bueno.

**Álvarez**, Francisco (Koki), *Un neno na emigración/Un niño en la emigración/An immigrant child*, ilust. Marta Iglesias Rodríguez, trad. ao castelán Edicións do Cumio e trad. ao inglés Miguel Falquerz-Certain, Ponte Caldelas-Pontevedra: Edicións do Cumio, [lectorado autónomo], maio 2014, 33 pp. (ISBN: 978-84-8289-481-2). n

Tras a dedicatoria (A Breogán, Jasmine e Lourenzo pola súa autenticidade), neste álbum de tendencia realista, Francisco Álvarez (A Guarda-Pontevedra, 1957), a través dun narrador omnisciente relátase a historia de Breogán, un neno galego que emigra a Nova York con seus pais. Alí coñece a moitos nenos de diferentes países que están na mesma situación ca el. Todos aprenden inglés na escola pero na casa seus pais ensínanlles a lingua e cultura propias do seu país de procedencia. Nos veráns Breogán viaxa a Galicia para visitar os avós, cos que sempre fala galego, mesmo nas conversas telefónicas dende Nova York, e tamén vén visitar moitas cidades de Galicia, diferentes e con características propias, das que logo se lembra cando ve as fotos na súa casa de Nova York, onde a súa vida cotiá é moi semellante á dos seus compañeiros, a quen fai partícipes das características e marabillas de Galicia para atraelos e defende que todos os emigrantes debían facer o mesmo. Os debuxos de Marta Iglesias (Madrid, 1951) acompañan o relato e amosan un certo aire naif, a partir do uso do lapis acuarelábel, deixando ver nalgúns ocasións a pegada do grafito que amosa a textura do papel de gran gramaxe.

### Recensións:

- Fernando Franco, “Breogán neno en Nova York”, *Faro de Vigo*, “El sábado”, n.º 876, 13 setembro 2014, p. 3.

Salienta a polifacética e premiada actividade de Francisco Álvarez, gañador, entre outros galardóns, do premio García Lorca; a súa vida ao servizo da cultura, como é o feito de que sexa fundador do colectivo “Celso Emilio Ferreiro” na cidade onde reside, Nova York; o ter conseguido outros galardóns no mundo das letras, concretamente no teatro con *Quemar las naves*. Di que agora se somerxe na literatura xuvenil con *Un neno na emigración* para contar que Breogán, o protagonista, emigra con seus pais a Nova York, ao barrio de Astoria, dende onde describe as súas novas compañías e paisaxes e fala do que supón a aprendizaxe doutra lingua sen esquecer a súa. Finaliza referíndose a que este tema é moi próximo a todos por ter como eixo central a emigración.

### Referencias varias:

- Lourdes Varela, “Hai que traducir máis a outras linguas para que nos coñezan”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 512, 25 setembro 2014, p. V/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 464, 4 outubro 2014, p. 11, “Entrevista”.

Conversa co autor na que destaca que “os nenos están libres de todas as ataduras e contradicións” e que “entenden sen malicia a mensaxe dos soños”. Entre outros aspectos sobre a literatura galega en xeral, afirma que “teríamos que ter unha canle de tradución cara ao exterior” para que “nos coñezan e valoren”.

- X. F., “Un neno na emigración”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 15 decembro de 2014, p. 26.

Infórmase que nesta obra se trata o tema da emigración dende unha perspectiva infantil. Refire o argumento da obra e fala do protagonista, Breogán, un neno galego que vive en Nova York, onde entra en contacto con outras linguas e cativos doutras culturas sen esquecer as súas orixes. Por último, destácase que a edición sexa trilingüe.

**Aneiros**, Alberto G., *O tesouro do Dourado. Relato dunha expedición clandestina*, Premio XIII Certame literario de relatos de aventuras “Antón Avilés de Taramancos”, ilustr. Montse Pernas, Noia-Pontevedra: Toxosoutos, col. Nume, [lectorado mozo], 74 pp. (ISBN: 978-84-942224-5-0).

Relato de Alberto G[ómez] Aneiros (Ferrol) a modo de epopea, onde Pedro Castelo narra en primeira persoa a súa aventura como pertencente a unha expedición clandestina, sen permiso real, polas terras do que antigamente se coñecía como Nova Granada (Colombia na actualidade), e que tiña como obxectivo a procura do mítico tesouro do *Dorado*. A trama transcorre a principios do século XVII, durante o reinado de Felipe III, e conta todas as penurias que pasan os expedicionarios para acadar o seu fin, entre as que se atopan o clima tropical, as enfermidades, os bichos e os constantes enfrontamentos aos que se ven sometidos cos nativos e defensores da cidade onde se cre

que se atopa o lendario tesouro. O texto complementase coas ilustracións interiores de Montse Pernas.

### **Recensións:**

- A. S., “O tesouro do Dourado”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, “Para ler”, 9 decembro 2014, p. 37/ *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 523, “Libros”, 11 decembro 2014, p. VI.

Coméntase que con este libro Alberto G. Aneiros gañou o certame de relato de aventura Antón Avilés de Taramancos de 2013. Ofrece o argumento da obra e destaca que é un relato con “acción e sorpresas”.

**Aneiros**, Rosa, *Ámote Leo A. Estación de tránsito*, deseño da capa Desoños, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Milmanda, serie Ámote Leo, n.º 2, [mocidade], febreiro 2014, 288 pp. (ISBN: 978-84-9914-623-2).

Segunda entrega da triloxía “Ámote Leo A.” de Rosa Aneiros (Meirás-Valdovino, 1976), dedicada “A Patricia, fermosa estrela de Reis. A J. R. e a quen sempre os acompañará na súa viaxe”. Nela nárrese a continuación da viaxe de Leo, comezada na primeira entrega *Destino Xalundes* (2013). Os elementos paratextuais dan continuidade á triloxía. Séguese o relato en terceira persoa da viaxe de Leo por lugares tan diferentes como a Anatolia, Praga ou París. Como xa ocorrera no volume anterior, o texto mestúrase con elementos como “chíos” de Twitter e correos electrónicos. A través destes elementos introdúcese unha nova historia, na que se mesturan os elementos característicos da viaxe coa relación amorosa de Leo e Andrés, viaxeiro que coñecera na primeira parte da súa aventura. As cidades visitadas, marcadas pola inscrición “Ámote Leo, A”, introducen referencias literarias e novas intrigas, como o relato do bisavó e a División Azul durante a Segunda Guerra Mundial, precipitado pola visita de Leo a Praga. O deseño da cuberta de Desoños segue o estilo do primeiro libro da triloxía, e amosa con debuxos o que Leo ten na imaxinación como consecuencia das súas viaxes.

### **Recensións:**

- Verónica Casais, “Unha ollada aberta á viaxe”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 9 outubro 2014, p. 44.

Salienta que nesta obra, como nas anteriores que conforman a triloxía, de acordo coa organización tradicional de inicio, nó e desenlace, se narra unha parte da viaxe de Leo, que estará marcada pola anónima declaración de amor que encabeza a triloxía. Faise referencia a que en cada un dos libros se trata unha serie de destinos e temas particulares, pero de xeito que se integran ben na historia global e a que os paratextos de cada volume presentan un deseño moderno, que suxire elementos característicos da viaxe, como os debuxos dos lugares a visitar que se integran na cuberta. A seguir coméntanse os argumentos de cada unha das obras centrados nunha viaxe que non só abrangue varios continentes e numerosas amizades, senón que tamén serve como caixa de resonancia para os seus sentimentos con respecto á súa familia e amigos. Saliéntase,

entre outros aspectos, a grande actualidade desta triloxía, a intriga ben dosificada e a eficacia na resolución das tramas.

### Referencias varias:

- C. G., “Rosa Aneiros anima ás estudantes de Caldas a ‘meterse na pel’ de Leo A.”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Caldas”, 6 xuño 2014, p. 20.

Fálase do encontro que mantivo a autora desta obra cos integrantes do club de lectura do IES Aquis Celenis de Caldas. Saliéntase que forma parte da triloxía composta por *Destino Xalundes* (2013) e *Estación de tránsito* (2014).

- M<sup>a</sup> Jesús Fernández, “Ámote Leo A. Estación de tránsito. Rosa Aneiros”, *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 260, “Libros”, “más de 14 años”, xullo-agosto 2014, p. 69.

Comenta que é a segunda entrega dunha triloxía na que Rosa Aneiros constrúe un relato de viaxes dunha protagonista que se encontra a si mesma e que vivirá relacións de amizade e amor, aínda que cun aire de fugacidade da vida en tránsito. Apunta que recibiu o premio Irmandade do Libro da Federación de Librarías de Galicia, na categoría Infantil e Xuvenil.

- Sara Vila, “Rosa Aneiros: Quixen amosar o amor dende a perspectiva da liberdade, non da escravitude”, *Diario de Pontevedra*, “revista!”, n.º 738, “Entrevista”, 7 setembro 2014, pp. 4-5.

Conversa con Rosa Aneiros na que explica que as novelas que conforman a triloxía “Ámote Leo A.” contan a historia dunha moza que acaba a carreira e emprende unha longa viaxe arredor do mundo e a súa intención de centrarse na idea de que non pasa nada por trabucarse. Posiciónase en defensa da igualdade de xénero. Finalmente ofrécense trazos biográficos da autora.

**Aneiros**, Rosa, *Ámote Leo A. Terminal de... chegadas?*, deseño da capa Desoños, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Milmanda, serie Ámote Leo, n.º 3, [mocidade], xuño 2014, 331 pp. (ISBN: 978-84-9914-683-6).

Volume final da triloxía “Ámote Leo, A”, iniciada coas entregas *Destino Xalundes* e *Estación de tránsito*. Os elementos paratextuais serven para dar continuidade á serie. Nárranse en terceira persoa as últimas aventuras da viaxe de Leo, quen decide dar o salto cara ao descoñecido e viaxar a América do Sur, antes de regresar coa súa familia. No seu periplo até lugares como o Perito Moreno, segue a atopar a inscrición “Ámote Leo, A” que dá título á triloxía. Co seu antigo compañeiro de viaxe Andrés tamén en América, continúan as dúbidas de Leo sobre a súa relación. Do mesmo xeito que nas entregas anteriores, a historia de Leo mestúrase con referencias literarias, correos electrónicos e mensaxes de Twitter. Conclúe a viaxe e resólvense os misterios que se formularan nas entregas anteriores da triloxía: o accidente do pai e o irmán de Leo, o porqué súa nai non apoia que marche de viaxe e, sobre todo, quen está detrás da misteriosa frase “Ámote Leo, A”. Neste último deseño da serie, a cuberta de Desoños



presenta unha maleta aberta con todas as cousas que Leo leva das viaxes e que configuran a súa identidade.

### **Recensións:**

- Verónica Casais, “Unha ollada aberta á viaxe”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 9 outubro 2014, p. 44.

Salienta que nesta obra, como nas anteriores que conforman a triloxía, de acordo coa organización tradicional de inicio, nó e desenlace, se narra unha parte da viaxe de Leo, que estará marcada pola anónima declaración de amor que encabeza a triloxía. Faise referencia a que en cada un dos libros se trata unha serie de destinos e temas particulares, pero de xeito que se integran ben na historia global e a que os paratextos de cada volume presentan un deseño moderno, que suxire elementos característicos da viaxe, como os debuxos dos lugares a visitar que se integran na cuberta. A seguir coméntanse os argumentos de cada unha das obras centrados nunha viaxe que non só abrangue varios continentes e numerosas amizades, senón que tamén serve como caixa de resonancia para os seus sentimentos con respecto á súa familia e amigos. Saliéntase, entre outros aspectos, a grande actualidade desta triloxía, a intriga ben dosificada e a eficacia na resolución das tramas.

**Babarro González, Xoán**, *Eu e nós durmindo nun garaxe*, ilust. Antonio Seijas, A Coruña: Edicións Embora, [lectorado autónomo], novembro 2014, [91] pp. (ISBN: 978-84-92644-87-2).

Narración infantil de Xoán Babarro González (Calvelo de Zorelle-Maceda, Ourense, 1947) encabezada por un fragmento de *Le avventure di Pinocchio. Storia di un burattino* (1881), de Carlo Collodi. Conta cun capítulo inicial de presentación dos personaxes da historia e da súa estrutura, a modo de matrioskas, na que a avoa, narradora en primeira persoa, que alterna a súa voz narrativa co neto, lle explica que o garaxe fora hai anos unha corte e que ela consegue polas noites que os trastes cos que a familia e os veciños encheran o garaxe poidan rememorar “lembranzas curiosas” que gardan na súa memoria e que verbalizan a través dela. O resto de capítulos son os recordos dese obxecto e presentan a mesma disposición: un debuxo do obxecto, unha breve presentación dese obxecto en primeira persoa, sintetizando o seu pasado e o seu presente e o relato dunha lembranza. Todas as historias secundarias achegan personaxes e vivencias semellantes ás recollidas nos contos da tradición oral, nun xogo así mesmo de intertextualidades e acenos cara ao lectorado ao que se dirixe en primeira instancia a narración, a través do breve diálogo entre avoa e neto no final de cada historia secundaria, comentando as súas impresións. Nas ilustracións de Antonio Seijas (Ares-A Coruña, 1976) aparecen os personaxes e os obxectos máis salientábeis de cada unha das “lembranzas curiosas”.

**Blanco, Concha**, *Catuxa quere saber máis*, ilust. Dani Padrón, A Coruña: Everest Galicia, col. Leer é vivir, serie laranxa, a partir de 5 anos, [34] pp. 2014, (ISBN: 978-84-403-1257-0).

Relato fantástico-realista de Concha Blanco (Lires-Cee, A Coruña, 1950) protagonizado pola nena Catuxa, caracterizada no propio título. Nárrase, dende a perspectiva dun narrador omnisciente, que nas vacacións do verán Catuxa anda descalza sobre a herba fresca e se baña no río próximo á súa casa de cinco ventás, aínda que non nada tan ben como a cadela Landra. Saliéntase que a Catuxa “o que máis lle gusta de todo, no verán e no inverno, é saber. Saber MÁIS” polo que cada día, antes de durmir, lle fai preguntas a seu avó sobre as estrelas e soños, ás que el lle responde contándolle “contos cativos” que inventa para a súa neta. A historia remata co espertar da nena e coa afirmación: “Catuxa era a princesa da súa casa, porque todos a adoraban”. O texto complementase coas ilustracións de Dani Padrón (Ourense, 1983), quen nutre con novos detalles a historia de Concha Blanco e acompaña o relato amosando a atmosfera e acentuando o contraste entre o acontecido cando Catuxa está esperta (fondos planos totalmente brancos) e cando chega a noite (fondos cun negro azulado levemente texturado). As cores predominantes son as alaranxadas e azuis, todas de gran saturación, servíndose sempre do contraste entre elas para enriquecer cromaticamente a composición. Nas súas ilustracións destaca o uso de gran variedade de texturas dixitais e tamén o tratamento que fai das luces e das sombras para crear a ilusión de volume nos personaxes e elementos dos primeiros planos. O uso que fai do clarescuro e as alteracións de tamaño e proporcións empregadas dotan os personaxes de grande expresividade.

### Referencias varias:

- J. M. Ramos e S. Souto, “Blanco y Veiga presentan en Cee y Ribeira nuevas obras”, *El Correo Gallego*, “*Tierras de Santiago*”, n.º 1.062, 10 outubro 2014, p. 7.

Dá noticia da presentación desta narración e comenta que esta obra comparte a protagonista con *Catuxa quere saber* (2012), aínda que son “libros independientes”. Remata sintetizando o argumento.

**Blanco**, Concha, *As noites de Xián*, ilust. Dani Padrón, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merliño, [prelectorado e lectorado autónomo], abril 2014, [36] pp. (ISBN: 978-84-9914-634-8).

Conto de tendencia fantástico-realista dedicado pola autora Concha Blanco (Lires-Cee, A Coruña, 1950) á súa neta Ana López Canosa por deixarlle que a encha de “bicos”. Nárrase, en terceira persoa, a historia de Xián cando tivo que desprazarse dende un lugar preto do mar, onde durmía cada noite co seu rumor, até a nova residencia familiar, onde non había mar. Ese cambio provocou no neno dificultades para durmir, pero unha noite tivo que se erguer da cama por mor dunha música que viña de lonxe. Asomouse á fiestra e viu unha luz moi especial e brillante que saía da lúa, viu un castelo de onde saíu unha princesa que o agasallou cunha caixiña de música, de cor tan azul coma a do mar da súa vila. Ao xirar a manivela da caixa escoitou o rumor do mar e, dende aquela, Xián volveu sentir o son do mar e xa puido durmir, a morriña desapareceu. O texto aparece incorporado nas ilustracións a dobre páxina de Dani Padrón (Ourense, 1983). Os seus debuxos gardan un certo carácter onírico que amplía e complementa o texto de Concha Blanco. Neste caso Dani Padrón traballa cunha liña rápida e xestual sen ocultar as características da ferramenta dixital utilizada. As súas ilustracións xogan coa mestura de tons fríos e cálidos, coma o negro, azul, gris, marrón, vermello e verde, fronte ao

amarelo e laranxa. Reflicítense as situacións narradas, intercalando imaxes reais, cun toque idealista, con aquelas que se centran en accións, non descritas no relato, que transmiten os desexos de Xián, o protagonista.

### Referencias varias:

- Concha Blanco, “As noites de Xián”, *El Progreso*, “*Pícaros*”, “O conto”, 10 maio 2014, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *As noites de Xián*, escrita por Concha Blanco e ilustrada por Dani Padrón.

- José M. Ramos, “A Xunqueira arranca en Cee con libros y notas musicales”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.006, 15 agosto 2014, p. 7.

Infoma do programa de actividades en relación coa celebración da XVI Feira do Libro. Comenta que o pregón correu a cargo do escritor e crítico Armando Requeixo e destaca a presenza, entre outras, de Concha Blanco para asinar exemplares do seu novo libro, *As noites de Xián*.

**Bóveda**, Jorge Emilio, *O sol do pasado*, ilust. da capa José Ángel Ares, Santiago de Compostela: Urco Editora, col. Urco Xuvenil, [lectorado mozo e mocidade], marzo 2014, 152 pp. (ISBN: 978-84-15699-43-9).

Jorge Emilio Bóveda (Ourense, 1975) dende un prólogo inicial, que remite a coñecementos do presente transmitidos nas unidades escolares, arremete contra a sociedade actual, crea un mundo ficticio cheo de similitudes co presente e fai unha crítica mordaz a un sistema no que, penses como penses, estás destinado a cumprir cuns obxectivos sociais impostos. Sitúase nun futuro afastado, onde as liñas do espazo e do tempo se confunden e permiten as viaxes temporais grazas á tecnoloxía. Os protagonistas son os membros dunha familia composta por Breogán, os pais e a súa irmá Sabela, que se ven na obriga de emigrar para ter traballo e rematan nun lugar de principios do século XXI chamado Aurea. Nesta sociedade futurista todas as familias teñen que ter unha cabeza, neste caso chamada o alfa, e este, ten que procurar o sustento dos seus integrantes, sometidos a un devir perfectamente planificado polas burocracias superiores que loitan por manter os seus privilexios. Porén, Breogán, farto desta situación consegue romper moldes e escapar da rutina para ser el mesmo, aínda que o final inesperado desvela que en realidade se trata dunha invención creada pola súa irmá Sabela a partir dos seus coñecementos sobre informática.

### Recensións:

- Ramón Nicolás, “Un porvir que demanda pasado”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “*Letras*”, “*Galego*”, 5 setembro 2014, p. 13.

Comeza incidindo en que este autor é un “narrador abeirado” á ficción científica. Salienta que esta narración é “suxestiva e de calidade” e que ademais resulta

“operativa”, xa que “exhibe unha visión crítica, xustamente, dun tempo ben recoñecible”.

- Paula Fernández, “Potente contido social”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 513, “Libros”, 2 outubro 2014, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 465, “Letras galegas”, 11 outubro 2014, p. 10.

Comeza destacando desta novela “o ton pesimista dos protagonistas que arelan o tempo pasado por mellor”. Resume o argumento da trama e incide na “visión catastrofista”, na deshumanización e carencia de pensamento, así como na “perda de valores, dignidade e respecto polas persoas” por mor da crise económica. Incide na “dicotomía evidente entre o pasado e o futuro”, na simboloxía da historia e no xeito de presentar o argumento “máis verosímil e asumible”. Remata afirmando que o lectorado xuvenil “poderá tirar conclusións sociais ou morais logo dunha fonda reflexión”.

#### **Referencias varias:**

- M. M., “En zancos por el Camino de Santiago”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Patio de vecinos”, 2 maio 2014, contracuberta.

Entre outras novas, dáse conta da presentación desta obra na Feira do Libro de Santiago de Compostela, onde estará o autor asinando exemplares.

**Caamaño**, Borja J. e **Álex Sampayo**, *Roedores*, ilustr. Rodrigo Chao, Os Tilos-A Coruña: Redrum Producciones, [lectorado autónomo], setembro 2014, [27] pp. (ISBN: 978-84-617-1339-4).

Narración en formato álbum de Borja J. Caamaño (Santiago de Compostela) e Álex Sampayo (Lalín-Pontevedra, 1978) que, como se indica na obra, forma parte dun proxecto para a educación na igualdade que se complementa coa posta en escena homónima estreada en Santiago de Compostela en novembro de 2014. Nela preséntanse os dous protagonistas: Peludiño, un hámster refinado co pelo gris e sen cola, que soña con visitar París ao lombo dun gato; e Munda, unha rata traballadora co pelo escuro e o rabo longo, que desexa ter tempo para xogar e subir o Everest. Pese ás grandes diferenzas existentes entre eles, os dous roedores viven no mesmo mundo e son iguais ante o medo. A narración péchase coa oración “todos somos roedores” e complementase coas ilustracións de Rodrigo Chao (Boiro-A Coruña, 1976), centradas nos personaxes da trama.

#### **Referencias varias:**

- A. I. S., “Redrum, Redrum y sus ‘Roedores’”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 15 novembro 2014, p. 31.

Informa da presentación do álbum *Roedores* na librería Lila de Lilith. Destaca que comparte título cun espectáculo que fomenta a igualdade e informa da presenza do autor Álex Sampayo e do ilustrador Rodrigo Chao.

**Canosa, María**, *Pasen e miren*, ilust. Dani Padrón, A Coruña: Editorial Bululú, [prelectorado e lectorado autónomo], setembro 2014, [36] pp. (ISBN: 978-84-942917-0-8).

Neste relato curto de María Canosa (Cee-A Coruña, 1978), de tendencia fantástico-realista e en formato de álbum ilustrado, preséntanse os diferentes integrantes dun circo durante unha das súas funcións. Ábrese coa aparición de Amelia, unha xirafa-presentadora encargada de capitanear a tripulación, que dá paso á intervención dos diferentes personaxes. Eles mesmos, a propia Amelia ou un narrador externo en terceira persoa, contan a súa particular historia, explicando o seu espectáculo e cómo chegaron ao circo. As ilustracións de Dani Padrón (Ourense, 1983) cun toque caricaturesco, complementan a narración e reforzan o ton hilarante do relato. Texto e ilustración aparecen en páxinas diferenciadas, ocupando estas últimas o prego dereito, a continuación do texto ao que se vinculan. Dani Padrón centra o interese nos personaxes, presentados sobre cálidos fondos claros e suavemente texturizados, que se manteñen até o final da narración. As figuras, con liñas de contorna definidas en negro, destacan pola súa calidez tonal avermellada, cromatismo saturado e uso de texturas. Cabe salientar tamén o uso que se fai do branco do papel, creando áreas onde o “baleiro” crea un contraste moi especial co resto da imaxe.

**Canosa, María**, *Ana xa chegou*, ilust. Dani Padrón, A Coruña: Editorial Everest Galicia, col. Leer é Vivir, a partir de 5 anos, 36 pp. (ISBN: 978-84-403-1253-2).

Conto en formato álbum de María Canosa (Cee-A Coruña, 1978) no que se relata o nacemento de Ana, a protagonista resaltada no propio título e a quen llo dedica, dende a perspectiva dun narrador omnisciente e tamén testemuña do acontecido: o seu primeiro boneco de peluche. A historia relatada comeza no momento no que o boneco chega nunha maleta como agasallo futuro para Ana, cando naza, de parte dunha moza que lle chamou “Orelliñas”. Dende ese momento o boneco dá conta da premura de Ana por nacer, a súa reacción ante el, os seus xestos e comportamentos cara á súa familia e sobre todo cara á súa nai, a saída do hospital para a casa, as visitas familiares, os seus choros ante o medo nocturno á escuridade e ao silencio, o seu descubrimento das cores, dos sons e das formas, a hora do baño e os seus obxectos preferidos. A historia remata cando a nena protagonista comeza a falar, dicindo non só “papá, mamá, nena...” senón o nome do boneco. As ilustracións de Dani Padrón (Ourense, 1983) complementan a perspectiva do boneco dende a que o narrador omnisciente enfoca a historia.

**Carballude, Pepe**, *Marxinados*, foto da capa Catalin Petolea/Shutterstock, Vigo: Editorial Galaxia, col. Costa Oeste, [lectorado mozo], marzo 2014, 136 pp. (ISBN: 978-84-9865-518-6).

Pepe Carballude (A Estrada, 1956) nesta novela xuvenil recrea as vivencias dun grupo de rapaces e rapazas de diferentes idades que viven nun centro de menores. A obra, dedicada “Ó Centro de Menores ‘Lar A Mercé’, de Santa Cruz (Oleiros)”, comeza coa chegada de Vitor Antelo, un mozo que viviu nesta institución e se converteu nun recoñecido xogador de baloncesto, pero que no mellor momento da súa carreira deportiva decide abandonar e formarse como psicopedagogo para exercer de educador

no centro de menores. A través da vida diaria no internado danse a coñecer as duras circunstancias que levaron os menores a esta situación. Así, descríbese a ilusión coa que Noelia, unha nena de sete anos, recibe as visitas esporádicas de súa nai, incapaz de coidala pola súa adición ás drogas; a timidez e os prexuízos de Said, educado por seu pai nunha sociedade pouco igualitaria; o descaro e actitude desafiante de Nuria, que tenta seducir e chantaxear a Vitor; ou a actitude dispar que teñen ante a vida os irmáns Santi e Román, o primeiro marcado pola esquizofrenia e os constantes problemas de actitude, o segundo, pola súa intelixencia e extraordinaria capacidade de traballo. Ademais da vida dos internos, tamén se aborda a relación entre os coidadores, nuns casos marcada pola tensión, noutros pola gran tenrura e comprensión, e insírense na trama os correos electrónicos que envía dende Malawi Inés, educadora do centro e parella de Vitor, que sentiu a chamada das misións e marchou para África, onde atopa a morte. A través de todos estes personaxes configúrase unha novela fragmentaria, que avanza con gran rapidez e desvela as diferentes vías que seguen para superar a súa marxinalidade, vítimas dunha sociedade na que acaban por integrarse con éxito grazas á súa afouteza. A fotografía que presenta a cuberta de Catalin Petolea/Shutterstock é significativa do que o lectorado atopará no interior: a mirada torva do mozo e a cabeza cuberta pola carapucha avanza unha historia de rapaces con problemas, como tamén apunta o título.

### **Recensións:**

- Isabel Mociño, “Superar a marxinalidade na infancia e na xuventude”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 21 maio 2014, p. 43.

Dá conta da liña argumental da obra, que incide en diferentes tipos de carencias e marxinalidades. Explica a importancia de visibilizar problemas que afectan a infancia e xuventude, como a soidade, o desamparo e a falta de afectividade e seguridade que proporciona un fogar, problema que sofren os protagonistas, pero a través dos que o autor fai ver que a forza de vontade consegue superar estas limitacións. Saliéntase tamén o optimismo a capacidade de integración dos protagonistas, a xenerosidade e entrega de persoas que desinteresadamente se achegan a estes nenos e nenas para ofrecerlles a posibilidade de seren felices e o estilo, baseado en episodios curtos e fragmentados, de marcado carácter cinematográfico e con abondosos diálogos. Conclúese que se trata dunha reveladora lectura para mozos e adultos por canto achega da natureza humana e pola reflexión que propicia sobre as carencias dos máis novos na sociedade actual, aos que só con agarimo e respecto se lles pode axudar.

- Paula Fernández, “Ben artellada ficción”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 508, “Libros”, 10 xullo 2014, p. VI.

Dáse conta da publicación desta novela e coméntase que se trata dunha novela xuvenil ambientada nun centro de menores. Considérase que, a pesar de caer nalgúns tópicos do xénero, é una boa lectura, ben artellada, rápida e dinámica. Explicase a obra dende a figura de Vitor, antigo xogador de baloncesto e que agora é un educador do centro, abordando temas como as drogas, a soidade e os problemas dos rapaces por intentar ser mellores e dos profesores que os queren axudar, tarefa non sempre considerada doada.

Para rematar, dise que está narrado como se dun filme se tratase, insístease no uso de tópicos e cualifícase de boa lectura, que fai assimilar os feitos como reais.

- Xosé Neira Vilas, “Carballude e a novela testemuño”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “De todo un pouco”, 21 setembro 2014, p. 2.

Comeza afirmando que Pepe Carballude inaugura con esta obra a chamada novela testemuño, un “xénero” que considera se lle debe ao cubano Miguel Barnet. Logo manifesta que non se trata dunha novela histórica senón dun testemuño do que ocorre á beira. Despois de dar uns breves datos biográficos do escritor, di que a obra é una narración social sobre nenos e nenas. Termina referíndose ao contido da obra e dá os parabéns ao escritor polo xeito solidario co que trata este tema que incide nas “latexantes situacións”.

- Vicente Araguas, “As boas intencións”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, p. 24/ *Diario de Ferrol*, “Nordésia”, n.º 848, p. 30/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 848, p. 30, “Máis libros”, 28 setembro 2014.

Cóntase que *Marxinados* podería ter sido escrito hai corenta anos, xa que é unha novela exemplar, aclara que non á maneira cervantina, aínda que teña un estilo clásico, todo seguido, sen tempo para reflexións. Comenta que a obra transcorre nun reformatorio con monxas boas e monitores moi entregados co alumnado. A seguir refírese a que as intencións do autor son do “mellorciño”, serven como propaganda duns reformatorios humanísimos onde grazas aos profesores se consegue recuperar os rapaces e actuar seguindo a máis moderna forma de vida, como se reflicte a través da varios personaxes. Deles destaca a Ines, filla dun construtor, de boa familia, que o abandona todo, incluso o amor de Vítor para marchar a Malawi. Salienta que é abraiante o que fai Inés e tamén o relevo que collen dela os seus pais. Finaliza recomendando a súa lectura para os que lles guste a novela “realista”, o subxénero do “bo rollismo”, as “boas intencións”, xa que este libro cumpre ben ese papel.

- M<sup>a</sup> Jesús Fernández, “Marxinados”, *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 261, “Libros”, “Más de 14 años”, setembro-outubro 2014, p. 68.

Comeza dando conta do argumento da novela de Pepe Carballude, relato coral arredor do personaxe de Vítor Antelo, co que se accede ao día a día dun Centro de Acolliada de Menores. Dise que o relato amosa “un mundo duro y difícil, donde, a pesar de todo, también habitan la entrega desinteresada y la esperanza de futuro”.

### **Referencias varias:**

- Sangiao, “Pepe Carballude presenta ‘Marginados’”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 923, 21 maio 2014, p. 6.

Dáse noticia do acto de presentación desta obra no Mome da Estrada.

**Carreiro**, Pepe, *Os Bolechas van a Bergondo*, 23 pp. (ISBN: 978-84-617-3058-2)/ *Os Bolechas van ao Caan*, 31 pp. (ISBN: 978-84-617-1953-2)/ *Os Bolechas van a Lolilandia*, 19 pp. (ISBN: 978-84-617-3255-5)/ *Os Bolechas van a Lousame*, 31 pp. (ISBN: 978-84-617-1637-1)/ *Os Bolechas van á Mariña Lucense*, 32 pp. (ISBN: 978-

84-617-1337-0)/ *Os Bolechas van a Quiroga*, 31 pp. (ISBN: 978-84-617-16385-8)/ *Os Bolechas van a Santa Comba*, 23 pp. (ISBN: 978-84-616-9986-5)/ *Os Bolechas van ás Terras do Ulla, Tambre e Mandeo*, 24 pp. (ISBN: 978-84-617-0524-5)/ *Os Bolechas van nunha nave espacial*, 19 pp. (ISBN: 978-84-617-3222-7), ilustr. do autor, [A Coruña]: Bolanda Ediciones y Marketing, col. Guías, [lectorado autónomo], 2014.

Estas aventuras dos irmáns Bolechas, creados por Pepe Carreiro (Vigo, 1954), encádranse na viaxe que realizan a cada unha das localidades e centros que visitan, acompañados de amigos seus que viven neses lugares ou de toda a familia Bolechas, ou ben a centros como Caan (Centro de Acollida e Protección de Animais Abandonados) ou a espazos imaxinarios, caso da viaxe que fan a bordo da nave espacial inventada por Braulio polo espazo intergaláctico na procura de extraterrestres. En todos estes libros, a modo de guía, fábase da xeografía e a historia dos lugares visitados e mesmo nalgúns se disfrazan de personaxes antigos desas zonas. Ademais complementábase con fichas de persoeiros destacados e con mapas nos que se resaltan lugares turísticos desas localidades. Nas ilustracións do propio autor fai uso da técnica da fotomontaxe que se caracteriza a partir do emprego de cores planas e a contorna dunha liña moi marcada que recorda o trazo do rotulador. Todas as imaxes, en cores saturadas e alegres, seguen un plano panorámico para observar os monumentos máis significativos dos lugares visitados. Os personaxes seguen un mesmo patrón característico nos corpos e nos rostros, e expresan ledicia e un carácter aventureiro, mentres que o texto, como en toda a serie, se dispón nunha franxa branca na parte inferior das imaxes. A cuberta presenta a todos os personaxes que interveñen na historia e o título forma parte da imaxe.

### Referencias varias:

- M. Manteiga, “Divulgan o Concello de Santa Comba cun novo libro que protagonizan Os Bolechas”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 932, 30 maio 2014, p. 6.

Dáse conta da saída do prelo d’*Os Bolechas van a Santa Comba*, no que Os Bolechas toman como escenario esa vila galega.

- Víctor Castro, “Taller para prevenir riesgos laborales en las ganaderías”, *El Ideal Gallego*, “Área metropolitana”, “Atalaya mariñana”, 4 outubro 2014, p. 20.

Apúntase brevemente o argumento d’*Os Bolechas van a Lousame*, salientando a gran promoción turística que suporá que os personaxes de Pepe Carreiro visiten os máis fermosos escenarios de Lousame.

- S. S., “Presentación del libro de Pepe Carreiro”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.078, 26 outubro 2014, p. 6.

Dá conta brevemente da presentación d’*Os Bolechas van a Lousame*, de Pepe Carreiro, na Casa da Cultura de Lousame. Destaca a presenza da alcaldesa Teresa Villaverde.

- Víctor Castro, “Presentación del libro ‘Os Bolechas van a Lousame’”, *El Ideal Gallego*, “Betanzos”, “Atalaya mariñana”, 12 novembro 2014, p. 20.



Anúnciase a presentación na Casa da Cultura de Lousame d’*Os Bolechas van a Lousame*. Destácase a presenza de Pepe Carreiro, que dedicou exemplares a todos os cativos que asistiron, mentres que a alcaldesa de Lousame, Teresa Villaverde, lle agradeceu o traballo do escritor por dar a coñecer “a riqueza deste fermoso municipio”. Tamén se sinala que Pepe Carreiro lles lembrou aos máis pequenos que “os Bolechas teñen visitado moitas vilas, pois son moi viaxeiros e mesmo foron a Pekín”.

**Casalderrey**, Fina, *Historia da bicicleta dun home lagarto*, ilustr. Laura Súa Campo, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Sopa de libros, n.º 52, a partir de 10 anos, outubro 2014, 161 pp. (ISBN: 978-84-9914-754-3).

Fina Casalderrey (Xeve-Pontevedra, 1951) nesta novela relata o paso da nenez á primeira mocidade de Mundo, un cativo da vila aragonesa de Albarracín, fillo de pastor, que ve como a súa realidade vai mudar definitivamente por dous feitos illados, pero coincidentes no tempo: a Guerra Civil e a chegada do teléfono ao lugar. Se o primeiro deles coincidirá coa misteriosa desaparición do seu pai, o segundo traerá á vida de Mundo a presenza de Camilo, vello amigo do anterior, e que se encarga da instalación da rede telefónica na zona. As súas continuas visitas á casa familiar axudarán a derrubar o muro de silencio que rodea cada vez máis a vida da nai e beneficiarán de xeito decisivo o neno, que aprende a montar en bicicleta, a ler mellor nos seus libros de Miguel Hernández e, sobre todo, descobre o fascinante mundo do teléfono, ese avance tecnolóxico que fora concibido para conectar a persoas afastadas e que chega xusto cando a guerra rachou as canles de comunicación entre veciños e familiares. As ilustracións, da man da santanderina Laura Súa Campo, completan o texto coa recreación dun universo coherente e suxestivo que transporta o lector ás fotografías de época e que reinterpreta a complexidade emocional dos personaxes. Emprega unha gran saturación cromática e fai uso dos degradados para crear a ilusión de volume e conferir luminosidade.

### **Recensións:**

- Ramón Rozas, “A forza da palabra”, *El Progreso*, “Vivir” 29 novembro 2014, p. 81/*Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, 30 novembro 2014, p. 85.

Salienta desta obra de Fina Casalderrey que é un “afoutado relato sobre o valor das palabras”. Refire o argumento da obra e fala brevemente do personaxe principal, Mundo. Indica que no libro se mestura o mundo dos cativos co dos maiores, posto que se trata dun texto infantil que se insire na Guerra Civil. Por último, destaca as ilustracións “cheas de viveza” de Laura Súa Campo.

- Berta Dávila, “Obra contra a desmemoria”, *El Correo Gallego*, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Tendencias”, “ELOS de lectura”, 9 decembro 2014, p. 36.

Salienta desta obra de Fina Casalderrey a forza evocadora do protagonista infantil que afronta a existencia dos males da vida adulta sen vitimismo, que medra a pesar da dor que o rodea e que é capaz de aprender a vivir cando os maiores esqueceron o verdadeiro sentido da vida ou só poden limitarse a sobrevivir. Despois de recordar a historia que se conta, destaca a habelencia da autora na procura da palabra precisa e da frase breve,

medida e directa, a organización textual de pezas mínimas, cunha estrutura fragmentaria realmente complexa e eficaz. Tamén salienta a especial forma de pensar a guerra que se transmite e o seu interese para o lectorado actual, o dominio do ton narrativo onde a emotividade chega a través do auténtico e a reflexión esquiva en todo momento o prexuízo e a lección moral. Remata referíndose ás fotografías de época que complementan o texto e que reinterpretan a complexidade emocional dos personaxes sen caer en maniqueísmos nin subterfuxios, senón cunha ollada nova sobre a historia recente.

### Referencias varias:

- X. F., “Historia da bicicleta dun home lagarto”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 13 outubro 2014, p. 26.

Faise eco da presentación desta narración e explícase que o home lagarto protagonista, Mundo, é un celador de telefonía que sempre vai acompañado da súa bicicleta en todas as súas viaxes. Indícase ademais que nesta narración pasan dous sucesos moi importantes: a desaparición do pai de Mundo e uns tronos que anuncian a guerra. Tamén se fai referencia ao libro *El rayo que no cesa*, que o celador lle agasalla a Mundo.

- María Varela, “Fina Casalderrey: Todos os temas poden ser abordados na literatura infantil”, *Diario de Pontevedra*, “revista!”, n.º 749, “Entrevista”, 23 novembro 2014, pp. 4-5.

Conversa con Fina Casalderrey pola publicación do seu último libro, *Historia da bicicleta dun home lagarto*. Indícase que esta obra se desenvolve durante a guerra civil española e que a escritora conseguiu suavizar o tema coa mirada inocente do protagonista e co humor. Ademais destácase que todas as temáticas poden ser tratadas na Literatura Infantil e Xuvenil. Dáse conta da súa presenza e labor como membro da Real Academia Galega. Posteriormente fábase da elección de Filgueira Valverde como homenaxeado no Día das Letras Galegas, do eido da educación e da situación da lingua galega na actualidade.

- Lourdes Varela, “Fina Casalderrey: Estou na idade de relativizar todo, menos os afectos”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 522, “Entrevista”, 4 decembro 2014, p. V / *La Opinión*, “Saberes”, “Entrevista”, 13 decembro 2014, p. 11.

Conversa con Fina Casalderrey con motivo da publicación do seu último libro, *Historia da bicicleta dun home lagarto*. En primeiro lugar fala da súa presenza e labor como membro da Real Academia Galega. Comenta a influencia de Avelino Pousa Antelo e os premios que recibiu a escritora ao longo da súa carreira. A continuación refírese á dedicatoria e temática da obra para rematar destacando a importancia da Literatura Infantil e Xuvenil e a necesidade de adaptarse ás novas tecnoloxías.

**Castro**, Francisco, *Tes ata as dez*, ilustr. da capa Hayat Husein, Vigo: Editorial Galaxia, col. Costa Oeste, [mocidade], outubro 2014, 291 pp. (ISBN: 978-84-9865-562-9).

Novela de amor de Francisco Castro (Vigo, 1966) dedicada á memoria de súa nai e con trazos de narración histórica. Está estruturada en cincuenta e seis capítulos e narrada en primeira persoa por Toni, editor dunha pequena empresa especializada en guías de viaxe e fillo dun coñecido director dun xornal vigués. A trama arrinca no momento en que Toni coñece a morte de seu pai e se despraza dende a Coruña, cidade na que reside, a Vigo, onde está asentada a súa familia. Un día despois da morte do pai, e cando está tentando asimilar a perda desta figura tan importante na súa vida, recibe un correo electrónico asinado polo proxenitor, no que lle dá de prazo até as dez, de aí o título da novela. Esta mensaxe convértese no enigma que Toni terá que resolver e que pasa a ser o centro da súa vida. Coa axuda de Celia, a súa colaboradora na editorial, comezará a pescudar o sentido desta mensaxe, que é a primeira de diferentes pistas que irá descubriendo en lugares familiares, como o despacho de seu pai no xornal, ou noutros descoñecidos, aos que o guían as indicacións do proxenitor morto. Deste modo, a través de capítulos moi breves que lle imprimen un ritmo moi áxil á narración, o protagonista desvela feitos históricos e familiares que van mudar a súa vida para sempre, descubriendo segredos agochados que agora, dende a madurez, adquiren pleno sentido e revelan a verdadeira dimensión humana das persoas ás que quixo dende que era un neno. Salienta nesta viaxe de descuberta do pasado a importancia dos libros e das lecturas infantís de Toni, todas elas guiadas por seu pai, que agora as emprega nas pistas que lle envía para que coñeza a verdadeira historia da súa familia e tamén do tempo que lle tocou vivir, a ditadura franquista, e a súa actividade pública e privada durante este réxime. A imaxe da cuberta de Hayat Husein, polos obxectos que amosa e a estética destes, pode ser atractiva para o público mozo ao que se dirixe a obra en primeira instancia.

### **Recensións:**

- Ramón Nicolás, “A ollada do náufrago”, *La Voz de Galicia*, “Letras” “En galego”, 12 decembro 2014, p. 6.

Comeza precisando que a última obra de Francisco Castro é unha narración de fronteira que transita “da mocidade ao lectorado adulto”. Coméntanse brevemente algunhas escenas da obra coma o enterro do pai e destácase que o protagonista é “un naufrago á procura de supervivencia”. Saliéntase a importancia da cidade de Vigo e a mestura de varias temáticas, entre as que se mencionan o amor, o desamor, a aventura, a investigación, as orixes familiares e o franquismo. Indícase que un dos aspectos máis atractivos da novela é que se trata “dun libro de amor aos propios libros”.

- Ramón Rozas, “Á pescuda do persoal”, *El Progreso*, “Cultura”, “Vivir” 13 decembro 2014, p. 57 / *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, 14 decembro 2014, p. 85.

Destaca que, ademais das pescudas que conseguen atrapar o lector, Francisco Castro amosa a busca íntima e persoal do protagonista, un home ao que lle tocou vivir nun mundo non moi agradábel. Salienta que na obra se mostra a complexidade das relacións humanas, a falta de liberdade de expresión durante o franquismo e as condutas soterradas. Informa da importancia da cidade de Vigo na novela e de como se percibe o amor que o propio autor ten polos libros. Dá conta do bo manexo dos recursos do xénero e comenta que esta obra ensina as zonas escuras da vida.

## Referencias varias:

- A. Baena, “Francisco Castro propón unha de intriga con escenario vigués”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 5 novembro 2014, p. 14.

Dáse conta da presentación desta obra de Francisco Castro, na Casa do Libro, coa presenza da escritora Inma López Silva e do director xeral de Galaxia, Victor Freixanes. Recóllense as palabras do autor sobre a importancia da cidade de Vigo na súa obra e a existencia de similitudes entre el e o protagonista. Indícase o argumento do libro e coméntase que recibiu unha boa acollida entre os lectores.

- Xosé M. Piñeiro, “Tés ata as 10”, *La Región*, “Sociedad”, “Neurovisión”, 15 novembro 2014, p. 59

Informa da publicación do novo libro de Francisco Castro. Destaca o seu traballo como escritor, editor e como colaborador na televisión. Indica que as súas obras están traducidas a outros idiomas.

**Colectivo Fabaloba**, *O neno e a estrela*, ilust. dos autores, [Laracha-A Coruña]: Fabaloba edicións, [lectorado autónomo], abril 2014, [48] pp. (ISBN: 978-84-616-9499-0).

Nesta obra do Colectivo Fabaloba relátase a través dun narrador omnisciente o que lle sucedeu a un neno, chamado Xosé, que un día se atopou cunha estrela no pozo da súa casa en Guitiriz e como a axudou a volver á súa casa, o universo. Para facelo vai ao lugar que considera máis cerca do ceo, pero no camiño un demiño róuballe a estrela, que consegue recuperar coa axuda dunha pega. Cando xa se atopaban no lugar máis preto do ceo, intentou que a estrela volveuse para a súa casa, pero non foi capaz de darlle o impulso preciso, polo que a estrela quedou entre a terra e o universo. Con isto conseguiu que a Terra xa non se atopara escura, senón que todo estivera alumado, mesmo as persoas. As ilustracións dos propios autores que complementan o relato están realizadas con tons rechamantes e con cores que a maioría non se corresponden coa realidade; non son proporcionais, senón que destacan uns obxectos sobre outros mediante o tamaño.

**Costas**, Leticia, *Escarlatina, a cociñeira defunta*, XXIX Premio Merlín de Literatura Infantil 2014, ilust. Víctor Rivas, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, n.º 238, serie laranxa, de 11 anos en diante, outubro 2014, 167 pp. (ISBN: 978-84-9914-739-0).

Esta obra de Leticia Costas (Vigo, 1979) está conformada por doce capítulos nos que un conxunto de ingredientes como a aventura, a emoción, a maxia, os soños, o amor e un desbordante humor, asociados a un elenco de personaxes sorprendente, informan do interese dun rapaz de dez anos que ansía ser un gran chef, da aventura dunha cociñeira falecida no século XIX e a súa arrepiante araña con acento francés, da vida dun avó encoveirado que viste como un rapazolo e compite nas carreiras de bólidos, de como o tirano Amanito morrera tras inxerir unha *Amanita Phalloides* e de como Nicotina, unha esqueleta con gravata, conduce o mortobús que comunica o Máis Acá co Máis Alá. Unha mestura de recreacións dese Inframundo, no que Escarlatina e Román procuran un

manxar que guste a vivos e mortos para alcanzaren os seus desexos. Esta obra está condimentada coas ilustracións de Víctor Rivas (Pontevedra, 1965), vinculado ao mundo do cómic, o que fai que as descrições dos personaxes sexan moi precisas e axuden o lectorado a introducirse na historia.

### **Recensións:**

- Ramón Rozas, “Unhas receitas de medo”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Libros”, 1 novembro 2014, p. 53.

Faise unha valoración moi positiva da obra, considerando que “fará as delicias dos cativos e dos maiores”. Dáse conta brevemente do argumento e destácase a ambientación vitoriana do libro e o achegamento ao universo de Tim Burton. Saliéntase a importancia da cociña e a súa inclusión no mundo literario. Remátase destacando que a novela mostra un “xogo de dous mundos, o da realidade e máis o do alén”.

- Eulalia Agrelo, “Gorentosa receita literaria”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 12 novembro 2014, p. 44.

Despois de comentar o importante labor de Edicións Xerais de Galicia co Premio Merlín de Literatura Infantil dende 1986, salienta a creatividade da autora e o conxunto de ingredientes que acostuman darlles sabor aos textos literarios para a nenez, como a aventura, a emoción, a maxia, os soños, o amor e un desbordante humor que, nun inicio, poderían resultar un tanto recorrentes, mais que tivo a suficiente habilidade para asocialos cun elenco de personaxes sorprendente e cunhas compoñentes ligadas con harmonía e vertidas nun consistente molde narrativo, que abre cada capítulo cunha gorentosa receita que lle dá paso a cada un dos bocados dunha historia que, segundo avanza, estimula o apetito do lector, combinado con escollos léxicas moi coidadas e xiros propios da fala dos máis pequenos. Remata cunhas notas sobre as que considera “magníficas” ilustracións de Víctor Rivas.

- María Navarro, “Olores e sabores fantásticos”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 519, “Libros”, 13 novembro 2014, p. VI/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 471, “Letras galegas”, 22 novembro 2014, p. 10.

Coméntase que o novo libro de Leticia Costas conta a historia de Román, un neno que soña con converterse en chef. Saliéntase que esta obra mestura “personaxes do mundo dos vivos e dos mortos”, “espazos reais e do Inframundo” e “realidade e ficción”. Indícase que é unha aventura pouco convencional que se afasta dos estereotipos e que presenta o tema da morte, desmitificándoo. Dáse conta do “desfile de olores e sabores fantásticos” que mostra o libro, imaxes repugnantes e tenras que manteñen a intriga. Por último, infórmase de que cada un dos doce capítulos comeza cunha receita.

- Olalla Sánchez, “Unha lectura succulenta e moi amena que desdramatiza a morte con humor”, *La Voz de Galicia*, “Fugas” “Letras”, “Infantil”, 5 decembro 2014, p. 11.

Coméntase que é unha obra moi orixinal e que a través do “humor negro e delirante” se desmitifica a morte. Destácase a relación desta “fantasía tétrica e gastronómica” coas obras de Roald Dahl ou Tim Burton. Refírese o argumento do libro e infórmase de que

os personaxes son “atraentes e disparatados”. Ademais, polo que se refire ao texto, indícase que é “lúcido e lúdico”, con xogos de palabras, anécdotas e ironía. Por último, coméntase que esta obra estimula a curiosidade infantil pola cociña.

- M<sup>a</sup> Jesús Fernández, “Escarlatina, a cociñeira defunta”, *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 262, “Libros”, “De 10 a 12 años”, novembro-décembro 2014, p. 65.

Comeza destacando que esta obra de Leticia Costas entronca coa tradición galega do humor macabro. Dá conta do argumento da historia e salienta o ton desenfadado da narración en primeira persoa e a combinación do humor cos elementos macabros do mundo de ultratumba e os seus habitantes. Finalmente comenta as ilustracións de Víctor Rivas que “participan del mismo espíritu humorístico-macabro del relato”.

### Referencias varias:

- Lourdes Varela, “Leticia Costas: Son unha escritora que funciona por instinto”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 517, 30 outubro 2014, p. V/ “Leticia Costas: Non creo nas receitas nin nas fórmulas máxicas para escribir”, *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 469, “Entrevista”, 8 novembro 2014, p. 11.

Entrevista a Leticia Costas con motivo da concesión do Premio Merlín por esta novela, da que afirma que é “unha historia de humor macabro, unha aventura disparatada con personaxes histriónicos e divertidos”. Indica que a súa obra “son dous libros que conviven e interactúan un co outro: un recetario de cociña e unha novela sobre a morte, mais tamén sobre o gran valor que teñen os momentos compartidos cun ser querido”. Destaca o traballo do ilustrador Víctor Rivas, comenta as súas lecturas durante a infancia e a adolescencia, fala do seu proceso de creación e defende o valor da Literatura Infantil e Xuvenil. A continuación, comenta o argumento da súa próxima obra *Un animal chamado néboa* sobre a Segunda Guerra Mundial.

**Costas**, Leticia, *Recinto Gris*, montaxe fotográfica da cuberta Antonio Seijas, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de xogo, n.º 152, [mocidade], febreiro 2014, 149 pp. (ISBN: 978-84-9914-608-9).

Narración de ficción científica na que Leticia Costas (Vigo, 1979) ofrece a historia dunha meniña que, debido á súa peculiar personalidade, é recluída pola forza nun recinto afastado da sociedade cando un exército de lobos irrompe na súa cidade, decidido a acabar con todas aquelas persoas que representan unha ameaza para a imposición da súa tiranía, polo seu comportamento ou polos seus dotes diferenciais. Os lobos, a pesar do seu corpo humano, preséntanse coa cabeza das bestas, con armas e uniformes escuros marcados con letras vermellas, para mostrar o seu poder e inspirar o medo ao irracional, tanto entre as persoas, coma entre os seus familiares e amigos, que son incapaces de reaccionar ou rebelarse contra a inxustiza. A captura e o sometemento a traballos forzados de Nube suavízase grazas á presenza no recinto do seu avó, un experimentado inventor de enxeños eléctricos, e á amizade que establece con Mun, un rapaz albino, afouto e disposto a sacrificarse por recuperar a liberdade arrebatada que, amosando un instinto protector parello ao do avó, non dubida en poñerse en perigo para salvar a vida da protagonista. Finalmente ofrécese un desenlace feliz pero aberto,

centrado na fuxida dos presos, malia a implacábel persecución dos lobos, pois os sometidos non teñen a posibilidade de rematar coa súa opresión, de acordo co remate tópico que caracteriza este xénero. Antonio Seijas (Ares-A Coruña, 1976), na ilustración da cuberta, xa anuncia o protagonismo do lobo, a partir do uso da montaxe fotográfica e dun trazo dinámico, que semella o do rotulador para contornear, con cores escuras e saturadas, as figuras e os efectos da pelaxe do lobo, personaxe xerarquizado por riba dos outros elementos.

### Recensións:

- María Navarro, “Ficción distópica”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 495, “Libros”, 3 abril 2014, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 448, “Letras galegas”, 5 abril 2014, p. 10.

Comenta esta obra de Leticia Costas e salienta que acolle un texto sorprendente polo cambio de ton na liña temática das obras anteriores da autora, como *Unha estrela no vento* e *O corazón de Xupiter*. Despois detense no argumento da obra, situándoa no que denomina “ficción distópica” debido a que explora estruturas sociais, económicas e políticas dun pobo. Metaforicamente considera que se achega a condutas, ideoloxías e pensamentos da actualidade. Para finalizar salienta aqueles que na novela se esforzan por cambiar o mundo.

- Xesús Alonso Montero, “Un apólogo efectivo”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Letras”, “Galego”, “Beatus qui legit”, 2 maio 2014, p. 20.

Comeza apuntando á dificultade que entraña o eido da literatura belixerante e, sobre todo, cando se dirixe a un público xuvenil. Comenta o bo facer de Leticia Costas e di que esta obra conxuga elementos propios do xénero e “doses de filiación fantástica”. Salienta a descrición minuciosa dos espazos e dos perfís sociais duns personaxes que non encaixan nunha sociedade marcada polo totalitarismo.

- Alba Rozas Arceo, “A aposta pola liberdade”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 2 xullo 2014, p. 43.

Destaca que no panorama editorial actual a elaboración de distopías que discorren entre a fantasía e a realidade é un procedemento moi empregado á hora de crear historias con suxestivas doses de intriga e de crítica social dirixidas á xuventude, que son moi ben acollidas por mediadores e lectorado e que teñen garantido o seu éxito. Sitúa a obra na liña dos recoñecidos clásicos *1984* (1949), de George Orwell, e *Brave New World* (1932), de Aldous Huxley. A seguir dá notas sobre a historia que se conta e insiste nas características que definen a protagonista, Nube, como a madurez, intelixencia, honestidade, coñecementos, soidade e a súa valentía. Finaliza comentando que esta historia atemporal e núa de artificios favorece unha reflexión sobre o funcionamento dos sistemas de poder ao permitir detectar paralelismos entre a sociedade actual e o mundo recreado na novela e que se centra na evolución dos personaxes dende o asoballamento propiciado polo medo, tal como reflicte a ilustración da cuberta.

### Referencias varias:

- Manuel Varela, “As plumas volven aos mundos da infancia”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y Cultura”, 2 abril 2014, p. 12.

Fala da celebración do Día Internacional do Libro Infantil e recomenda, entre outros, *Recinto Gris*, de Leticia Costas.

- Lourdes Varela, “Leticia Costas: Son unha escritora que funciona por instinto”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 517, 30 outubro 2014, p. VI/ “Leticia Costas: Non creo nas receitas nin nas fórmulas máxicas para escribir”, *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 469, “Entrevista”, 8 novembro 2014, p. 11.

Conversa con esta escritora, á que se cualifica como “unha das voces emerxentes dunha xeración de galegos que comezaron a publicar as súas obras no século XXI”, sobre o proceso de creación da súa escrita.

- Amaia Mauleón, “La Feria del Libro calienta motores”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, 21 maio 2014, p. 10.

Dá conta da celebración da Feira do Libro de Vigo e salienta, dunha banda, as presentacións das obras de Literatura Infantil e Xuvenil *Recinto gris* (2014), de Leticia Costas; *O fio vermello* (2014), de An Alfaya. Destaca, doutra banda, a presenza da escritora Elena Gallego Abad, do editor Manuel Bragado e a presentación do espectáculo *Toc, toc* (2013), de Pablo Díaz; *Brinca vai* (2014), de Pablo [sic] Nogueiras e *Pitusa Semifusa* (2014), de Olga Brañas.

- M<sup>a</sup> Jesús Fernández, “Recinto Gris. Leticia Costas”, *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 259, “Libros”, “más de 14 años”, maio-xuño 2014, p. 71.

Indícase que a autora ofrece un “relato distópico como metáfora” da represión e a violencia do poder irracional. Saliéntase que no medio dese horror xorde a amizade desinteresada e a solidariedade.

**Dávila**, Berta, *A fuxida*, ilust. Inma Doval, Cesuras (Pontevedra): Biblos Clube de lectores, [lectorado autónomo], 2014, [36] pp. (ISBN: 978-84-15086-43-7).

Ficción sobre a conmovedora realidade dun dos sucesos que ten como consecuencia a guerra: os desprazados, que a escritora Berta Dávila (Santiago de Compostela, 1987) focaliza a través do desacougo que representa para os cativos esta situación e que Inma Doval actualiza a través dunha proposta ilustrativa, fiel á liña argumental, baseada na recreación do imaxinario dos máis novos. A protagonista da historia é unha nena que, sempre abrazada ao seu osiño, non deixa de facer preguntas ante os inminentes desprazamentos que implica para a súa familia a chegada da guerra, pois non remata de entender o motivo destes. Así, o conto desenvolve, a partir da revisión das súas vivencias, a aventura compartida a raíz da fuxida sen retorno do mundo coñecido. O personaxe do pai, a través das respostas destinadas a satisfacer a curiosidade da cativa, manifesta o seu instinto protector ao tratar que a nena só pense nas vantaxes dos novos lugares de residencia, procurando esquecer o baleiro que deixa o conflito. A esta intención contribúen, cara ao final da obra, os membros que se van incorporando á unidade familiar en cada viaxe, que axudan a consolidar unha historia sobre os que non



se renden e que van portando ilusións particulares, sabedores da importancia de permaneceren xuntos e persistiren na procura dun lugar onde establecerse de novo. Ábrese así o desenlace que manifesta a ledicia de vivir.

### **Recensións:**

- Alba Rozas Arceo, “Guerra, fuxida e esperanza”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 16 abril 2014, p. 38.

Ademais de destacar que as ilustracións da obra on moi axeitadas para nenos a partir dos cinco anos e sen límite de idade e destaca, unha vez que comenta tema e argumento, que se trata dunha obra exenta de temor e dramatismo, atemporal e núa de artificios, que permite evocar no lector esa sensación de universalidade. Das imaxes destaca a técnica mixta sobre lenzo de Inma Doval e que constitúen o perfecto contrapunto para ilustrar o conto, reflectindo a través da gama cromática o mundo escuro devastado pola guerra e a inqueda que supón o desprazamento continuo, mentres as chegadas e a viaxe final son representadas a través de cores máis cálidas e intensas. Finaliza referíndose á inclusión na obra de retratos da protagonista co seu boneco e tamén dos familiares que se suman á aventura, o que contribúe a darlle unha maior sensación visual e unha riqueza de texturas.

### **Referencias varias:**

- ELOS, “Berta Dávila (Santiago, 1987)”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 2 abril 2014, p. 42.

Destácanse as liñas temáticas e argumentais da obra e sinálanse algúns dos galardóns recibidos pola autora, como o premio Ánxel Casal ao mellor libro de ficción coa novela *O derradeiro libro de Enma Olsen* (Galaxia, 2013).

**Fariña**, Anxo, *Os Megatoxos e o dragón de xade*, ilust. do autor, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Os Megatoxos, nº5, [lectorado autónomo], 2014, 200 pp. (ISBN: 978-84-9914-733-8).

Este quinto volume da serie “Os Megatoxos”, de Anxo Fariña (Vigo, 1977), é un relato fantástico de aventuras, dividido en catorce capítulos nos que un narrador omnisciente conta a nova aventura dos Megatoxos (Ruxe, Faísca, Lúa e Ninfa) na súa viaxe improvisada ao Xapón Medieval no intento de parar un terremoto no colexio causado por Namuzu, unha aparición oriental en forma de peixe-gato. Unha vez chegados ao Xapón a través dunha máquina transportadora terán que facerlle fronte a diversos altercados, nos que defenden a princesa Mitsuki dos ninjas e dun casamento non desexado e tamén un dos Tesouros Imperiais máis valiosos, o espello. Fano acompañados polo dragón de xade, co que farán boas migas e será crucial no seu paso por Xapón. Nas ilustracións do propio autor emprega a técnica da acuarela a partir de cores escuras, de tonalidades verdes, azuis, violáceas e sienas, cunha sombra moi suave. As personaxes son gráficas cunha estética dos debuxos xaponeses do Manga. Presentan un carácter de fortaleza e loitador. A cuberta presenta os protagonistas da historia co

dragón inimigo ao fondo. O título ten unha textura plastificada para destacar sobre a imaxe e ofrece unha primeira impresión do contido da historia fantástica.

**Fraga, Xesús, *Reo*, Premio Raíña Lupa de Literatura Xuvenil 2013, ilustr. Rob Draper, Vigo: Editorial Galaxia, col. Costa Oeste, [mocidade], agosto 2014, 140 pp. (ISBN: 978-84-9865-542-1).**

Nesta obra de Xesús Fraga (Londres, 1971) relátase a historia de Reo, un rapaz calquera dun barrio calquera, “un ninguén”, un graffiteiro como Virus e Oni, que denuncian a realidade que os rodea para combatir desa maneira o illamento e incompreensión aos que os somete a sociedade actual. Tamén relata a estraña relación que mantén o protagonista con Cora, que os leva a Madrid, e a persecución á que é sometido pola policía, que acaba por condenalo a cumprir con traballos sociais para a comunidade durante un verán. Nese momento Ignacio, o seu profesor de Historia da Arte, decide propoñer un castigo diferente que axude a Reo a tirar partido da súa creatividade: traballar nun estudio de deseño gráfico dirixido polo mesmo Coma, un dos mitos da vella escola do graffiti, xa retirado. Todo isto sempre que Reo cumpra unha importante condición: debe deixar os *tags* para sempre. Rob Draper amosa na cuberta a imaxe dun graffiti, que dá título á novela, realizado con ferramentas dixitais e simulando a estética do aerógrafo e a ilusión dun muro rompendo e, así mesmo, transforma en sinatura ou “tag” o nome do escritor Xesús Fraga. No interior hai unha imaxe, de novo un “tag”, do betanceiro “GarOne”.

### **Recensións:**

- Ramón Nicolás, “O graffiti e a vida”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Galego”, 26 setembro 2014, p. 11.

Dise que *Reo* é unha gran obra de literatura xuvenil, gañadora de diversos premios. Coméntase que fala do mundo dos graffitis e que o fai a través dun caderno de bitácora no que o protagonista conta as súas experiencias vitais sen obviar as miradas realistas ao tempo incerto que atravesa. A seguir fálase do ben que están as caracterizacións de espazos e personaxes e da linguaxe usada, xa que se adapta ao mundo dos graffiti e á súa xerga particular. Saliéntase que na obra se fai referencia a autores como Neira Vilas e aos problemas propios da xuventude urbana, en especial a incomunicación social ou os problemas para plasmar a súa arte, e todo no contexto particular de francotirador solitario a ritmo de rap.

- Laura Blanco Casás, “Reo, ao pé de nós”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 517, “Libros”, 30 outubro 2014, p. VI/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 469, “Letras galegas”, 8 novembro 2014, p. 10.

Comeza comentando brevemente algúns dos títulos anteriores do escritor para a seguir indicar que o protagonista ten como base o Balbino de *Memorias dun neno labrego* e como referencia o clásico de Salinger. Refire brevemente o argumento da novela e destaca que é “unha temática moi atractiva para o lectorado mozo”. Comenta que a obra mostra o graffiti como experiencia artística, “expresión da propia identidade e vía de escape ás preocupacións, teimas e rebeldías típicas da adolescencia”. Informa de que o

graffiti ten unha función para o protagonista: denunciar a realidade, loitar co illamento e a incompreensión. Por último, afirma que é unha novela ideal para adolescentes.

- Arcadio López Casanova, “Literatura xuvenil e modelo de novela”, *Grial. Revista galega de cultura*, n.º 204, “O espello das letras”, outubro, novembro e decembro 2014, pp. 82-83.

Tras situar o autor no contexto da renovación do sistema literario xuvenil galego, coméntase a orixinalidade do libro, que presenta en primeira persoa a historia dun “rapaz de barrio”. Resúmense brevemente as dúas partes do libro, que mostran as dúas facetas do personaxe: a súa vida familiar e social, fronte á súa identidade como Reo, autor de graffitis. Saliéntanse a estrutura mítica do relato, baseada nos conceptos de “aventura” e “heroe” e a linguaxe expresiva na que está escrita.

### Referencias varias:

- Rodri García, “Xesús Fraga. Xornalista e escritor. O rap é un xénero axeitado para contar a realidade”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 14 setembro 2014, p. 39.

Conversa con Xesús Fraga pola publicación da súa última novela, gañadora do premio Raíña Lupa de literatura xuvenil. Indica o motivo que o levou a tomar como protagonista a un graffiteiro de dezasete anos. Afirma que a novela “propón unha reflexión sobre o que somos, o que queremos ser e como nos ven os demais, a través dos nomes e alcumes que eliximos ou que nos poñen”. Comenta a actualidade da temática e a linguaxe directa con uso do argot técnico. Por último, destaca a influencia de Xosé Neira Vilas e Holden Caulfield.

**Frías Conde**, Xavier, *As aventuras de Enrico Müller*, ilust. Enrique Carballeira, A Coruña: Edebé-Rodeira, serie Tucán8+, setembro 2014, 100 pp. (ISBN: 978-84-96352-78-0).

Nesta novela de tendencia fantástica, Xavier Frías Conde (Salamanca, 1965) por medio dun narrador en terceira persoa conta as aventuras de Enrico, un cazador de dragóns, denominados criaturas estrañas que aparecen baixo a aparencia de persoas. Enrico Müller, que xa dende a súa infancia cría nesas criaturas dispares e de sempre se sentiu atraído por elas, aos oito anos decide dedicarse a perseguilas pero nunca atopou unha, por iso para gañar a vida procurou un traballo normal, vendedor de cintos de seguranza. Ía de porta en porta vendendo, cun aspecto de home apacíbel, pero sempre rexistraba calquera movemento estraño nos cuartos que visitaba, para logo pola noite percorrer a cidade en busca de criaturas estrañas. A súa primeira experiencia como cazador foi coa súa veciña, pois pensaba que cando chegaba á casa quitaba o disface e se convertía nunha criatura que camiñaba a catro patas pola casa. Resultou que xogaba co seu gato, percorría todo o corredor cunha sela de cabalo ás costas e facía montar ao gato. Doutra volta, pensou que a porta da cociña era unha criatura estraña, e moi afastado non andaba, pois foi atacado por ela, polo que se desfíxo desta. Finalmente atópase cunha verdadeira dragoa disfrazada baixo a aparencia dunha muller que traballaba nun circo. A pesar de dar con ela, finalmente decide non darlle caza e dedicarse a protexer a este tipo de criaturas que viven no circo, incluso se chega a namorar da dragoa. A obra está ilustrada por Enrique Carballeira (Asturias, 1970) e as imaxes espaxadas polo libro

presentan cores vivas e complementan a narración textual coa descrición das estrañas criaturas que saen da imaxinación do escritor.

**Gracián**, Ánxela, *Xoaniña, reirrei, dime con quen casarei*, ilustr. Daniel Díaz, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Infantil, n.º 56, dos 8 anos en diante, 78 pp. (ISBN: 978-84-7824-644-1).

Relato de Ánxela Gracián (Castroverde-Lugo, 1968) que dá continuación a *As bolboretas douradas* (1999) e se abre coas dedicatorias: “A Sara e Rocío Vega González, admiradoras incondicionais de *As bolboretas douradas*” e “A Xurxo e Fernanda, precisamente, e agora tamén a Xacobe e Antón”. Ao longo de doce capítulos intitolados, nárrese en terceira persoa a voda entre dúas bolboretas, María e Pisco; todo está disposto até que Sonia, unha viúva negra, aparece na celebración causando o pánico. Tras escapar das celas do carballo Albar, a araña envelena a noiva. Finalmente, a bolboreta Lume salva os asistentes da voda, Pisco esperta a María cun bico de amor e Alendaí, a raíña das bolboretas douradas, decide cederlle o posto a Lume polo seu valor. O libro péchase cun texto da propia autora (“A autora fala de si”) no que reflexiona brevemente sobre a publicación do seu primeiro libro, sobre o estado da Literatura Infantil e Xuvenil galega e sobre a importancia que o mundo das bolboretas douradas ten na súa vida. O texto complementase coas ilustracións de Daniel Díaz referidas aos personaxes principais.

**González Ahola**, Tomás, *Alaia e a deusa*, ilustr. da capa José Ángel Ares, Santiago de Compostela: Urco Editora, col. Urco Xuvenil, [lectorado mozo], abril 2014, 144 pp. (ISBN: 978-84-15699-56-9).

Novela épica de Tomás González Ahola (Cobres, Vilaboa, Pontevedra, 1981) na que se narran os últimos días da cidade mítica de Thaladé, afundida baixo as augas do océano como castigo á soberbia e tiranía dos seus habitantes. A protagonista é Alaia, unha nena do clan dos nerios que aos trece anos marcha servir á labiríntica cidade dos thaladianos, considerados os últimos exiliados da mítica Atlantis. Durante o seu período de serva coñece a vida dos oprimidos escravos, aínda que tenta evadirse mergullándose polas innumerábeis canles sobre as que asenta a cidade e que levan a auga do mar a cada vivenda. Nestes paseos polos túneles anegados da cidade, Alaia descobre un pasadizo vermello que a leva até o Templo das Cunchas, lugar sagrado no que está cativa a Deusa Serpe Cornuda, á que os thaladianos ofrecen sacrificios humanos para que protexa a cidade. A partir dese momento Alaia visita con regularidade a deusa, alimentándoa de polbos vivos e facéndolle compañía, aínda que mantendo un segredo que de ser descuberto lle custaría a vida. Durante estas incursións nocturnas é descuberta polos gardas, dos que se agocha entrando pola ventá aberta de Tálice, unha moza thaladiana que se converte na súa mellor amiga e tamén no primeiro amor da súa vida, até que son descubertas e condenadas a morte para aplacar as iras do ceo e do mar. Este feito ten lugar no mesmo día no que Alaia asiste ao nacemento de tres crías da Deusa Serpe Cornuda, presaxio de que o final de Thálade está próximo e que se produce cunha treboada que colapsa os principais edificios da cidade e provoca a morte de todos os thaladianos, agás Tálice, que se salva xunto cos escravos nerios, guiados por Alaia, que foxen en dúas naves, aínda que ela desaparece baixo as augas mentres pon a salvo a Deusa Serpe Cornuda e as súas tres fillas.

### Recensións:

- María Navarro, “Fantasía épica”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 505, “Libros”, 26 xuño 2014, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 459, “Letras galegas”, 5 xullo 2014, p. 10.

Primeiramente fala de que o autor desta obra asegura que a súa orixe xurdiu na praia do Rostro na comaraca de Fisterra. A seguir, indica a interrelación presente na trama entre o mundo real e o fantástico. Tamén describe a protagonista e comenta o tratamento de temas como a amizade ou a loita contra a opresión aos máis febles, entre outros. Para rematar, dadas as súas características, comenta a posibilidade de incluír esta obra no “subxénero” de fantasía épica ou heroica.

### Referencias varias:

- X. F., “Alaia e a deusa”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 10 setembro 2014, p. 32. Lucía Pardo Rei.

Faise referencia á apertura dunha nova colección de textos fantásticos e de terror na editorial Urco. Sinala que Tomás González Ahola propón unha historia ambientada no pasado máis afastado de Galicia e protagonizada por unha moza chamada Alaia, que a través dunha grande aventura terá que superarse e loitar co mellor e co peor do ser humano, caso da crueldade e do amor.

**Grimalt**, Francesc, *Sanatoria. Historia dos nenos raros*, ilust. do autor, intr. Félix Vidal, A Coruña: Baía Edicións, [lectorado autónomo], novembro 2014, 59 pp. (ISBN: 978-84-9995-138-6).

Relato coral en formato álbum do autor e debuxante Francesc Grimalt. Vai encabezado pola introdución intitulada “A substancia dos sonhos” na que Félix Vidal critica que os manicomios pasaron a ser hospitais psiquiátricos nos que internan a “inocentes sen culpa”, lembrando que a palabra “sanatorio” se vincula á saúde e, así mesmo, á sensatez, sendo este último un “síntoma que padecen os excepcionalmente imaxinativos”, aos que se tacha de “raros”. Reivindica a necesidade do ser humano de manter interiormente “un anaco da maxia da infancia” para non se converter nun fracasado e sintetiza os trazos definitorios dos protagonistas. A seguir acóllese un “prólogo” do autor e ilustrador no que define este relato como “un libro para nenos raros e sobre nenos raros” e diríxese ao lectorado para adiantarlle que “se non es raro parecerache unha parvada e se non es neno quizais deberías ir ao médico” e resumirlle brevemente a historia e os trazos dos protagonistas. O relato artéllase en sete capítulos numerados: os cinco primeiros intítulanse cos nomes dos sete nenos protagonistas e neles preséntanse as súas habelencias e explícase o motivo da súa inclusión en Sanatoria, unha torre con forma de proxectil semienterrada nun cráter e cuxa entrada é unha efíxie colosal da cabeza do doutor Pío Carcasa; e o capítulo seis, “Terapia”, no que se recollen a práctica clínica do doutor Carcasa e da súa axudante, sor Tránsito. A seguir ofrécese unhas páxinas dedicadas ao gato Brais, que acompaña os nenos raros nas súas vivencias cotiás. E no capítulo sete, “Plan B”, recóllese a estratexia elaborada polos

nenos para lograr a súa fuxida de Sanatoria. As ilustracións do propio autor céntranse en salientar os trazos definitorios da personalidade dos personaxes protagonistas.

**Iglesias**, Arturo, *Historia das exploracións galegas. Exeria. Nos límites do mundo*, ilust. Xosé Tomás, [Santiago de Compostela]: ASPG, [lectorado autónomo], 2014, 67 pp. (ISBN: 84-938747-2-8).

Crónica de viaxes de Arturo Iglesias (Ferrol, 1961) sobre o percorrido emprendido por Exeria, unha muller nacida en Brigantium que soña con viaxar a Constantinopla e aos lugares máis afastados do Imperio romano. A protagonista é unha muller curiosa e aventureira que conta, en primeira persoa, os seus soños de coñecer, polo que un día decide partir para contemplar as grandes cidades do Imperio e sae de Gallaecia en busca da aventura da súa vida. Ao chegar a Cauca atópase co novo Emperador (Teodosio I), con quen ten boa relación e ofrécelle que o acompañe até Aquilea, onde se separarán. Exeria sobe a un barco que a leva polo Mare Adriaticum até Constantinopla, onde queda abraçada coa cidade e se volve atopar con Teodosio. Un tempo despois parte cara a Aelia e, ao chegar, descobre unha magnífica cidade, se ben non tarda moito en partir a Alexandría e en remontar o Nilo en barca para visitar as pirámides e os templos de Menfis e Tebas. Cando acaba de ver todo o que quere, descende polo Nilo para ir ao Pelusio e volver a Aelia. Decide quedar na cidade un tempo e así visitar lugares célebres como o monte Sinaí, o deserto do Farán e o monte Nebó. A pesar de estar encantada coas viaxes, a protagonista acaba sentindo morriña da súa terra e decide regresar. No camiño de volta pasa por Antioquía e Edesa até Constantinopla, onde, debido ao seu fêbel estado de saúde, pensa que non volverá ver a terra onde naceu e decide escribir todo o que viviu. No epílogo, o autor explica que a historia é unha adaptación das crónicas de Exeria, un personaxe que existiu na vida real. O texto complementase coas ilustracións de Xosé Tomás (Betanzos, 1971) sobre os lugares que visita a protagonista, acompañan o relato e axudan a percorrer as aventuras de Exeria. Os seus debuxos gardan unha estética próxima ao cómic e á técnica da serigrafía, marcando as contornas cunha liña negra para definir as formas e, deste xeito, algunhas sombras. As cores son cálidas e ocupan toda a páxina, ademais dun mapa que mostra o itinerario que seguiu Exeria

**Jaureguizar**, Santiago, *O veneno da risa*, ilust. Matalobos, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Un misterio para Tintimán en Lugo, nº 4, setembro 2014, 147 pp. (ISBN: 978-84-9914-664-5).

Jaureguizar (Bilbo, 1965) publica a cuarta entrega de Tintimán, reporteiro de dezaseis anos, audaz, valente e cun toque un tanto ególatra e mesmo machista, que vive diferentes aventuras, neste caso ambientada na cidade de Lugo. A historia transcorre durante as festa do Arde Lucus, onde asasinan a un importante arqueólogo, caso que lle encargan seguir a Tintimán dende o xornal no que traballa e que tratará de descubrir coa axuda do alcalde da vella cidade romana e da policía. O protagonista ofrece un percorrido pola historia de Lugo até descubrir o asasino, un coleccionista de obras de arte interesado nunha antiquísima peza de ouro castrexa, quen para conseguila rouba os planos da muralla romana e tenta cambialos pola peza desexada. Toda a historia se desenvolve dende o punto de vista do rapaz, entre amores e desacougos, cun toque de

antigas relixións romanas que tentan dar á narración verosimilitude e misterio a partes iguais. Nas ilustracións Matalobos emprega unha técnica que semella os trazos da tinta chinesa, moi dinámicos e que suxiren acción e movemento da escena, con uso do clarescuro e algunhas pinceladas que fan referencia ao goteo e trazos de pintura acrílica branca. As imaxes son representadas dunha maneira gráfica, pero cun carácter moi expresivo, mentres que a ilustración da cuberta presenta o protagonista de perfil nun momento da aventura, onde centra o título nun telón vermello. Combina nun primeiro plano a imaxe gráfica cun fondo dunha montaxe fotográfica e con cores saturadas e planas.

**Ledo**, Bieito, *O meu reloxo*, ilust. Eva R. Bravo, Vigo: Ir Indo Edicións, col. O parrulo, n.º 30, [prelectorado e lectorado autónomo], 2014, [24] pp. (ISBN: 84-7680-041-X/978-84-7680-751-6).

Álbum narrativo no que Bieito Ledo (Padroso-Xunqueira de Ambía, Ourense, 1944) a través dun diálogo entre un avó e un neto reflexiona sobre o tempo, as relacións familiares entre diversas xeracións, a comparación con elementos próximos ao neno para a identificación temporal, anos do avó, del, da carballeira do lugar de nacemento do avó que o neno quere transmitir aos seus amigos e chegar a ser coma o avó: editor e escritor. O avó lévao a outra comparación entre o reloxo e o corazón, nomes que se van intercambiar. As ilustracións de Eva R. Bravo complementan a narración textual.

**López Paz**, Óscar, *Historias para contar arredor da lareira*, ilust. DNL, A Coruña: Everest Galicia, col. Punto de Encontro, [lectorado mozo], 2014, 124 pp. (ISBN: 978-84-403-1229-7).

Óscar López (A Coruña, 1976) presenta vinte narracións curtas, ao modo das que oralmente se relataban ao redor da lareira na Galicia profunda nos anos posteriores á guerra civil. Son relatos independentes, pero que gardan unha orde cronolóxica, xa que van dende o estoupido da guerra civil até o día do pasamento de Franco. Nalgúns lembra contos típicos galegos, como o home do saco; noutros achégase ao fútbol como en “Un Domingo en Riazor”, onde se conta a historia de Pepiño, un fanático do fútbol, que oía cada partido do seu equipo, o Deportivo da Coruña, pola radio, até que seu tío o convida a asistir ao campo do Riazor, día que ademais do estadio coñece a cidade da Coruña, xa que nunca saíra da súa aldea. Tamén hai contos románticos como “O feitizo de amor”, a historia dun home namorado da muller máis fermosa da súa parroquia e arredores, que nunca conseguira falar con ela, até que unha tarde visita a casa dunha meiga para conquistala a través dun feitizo. Porén, para sorpresa do lector, o feitizo fixo efecto e o protagonista casa, pero coa irmá, xa que colocou o feitizo na almofada equivocada. Todas as historias xiran ao redor de tres puntos que constitúen a Galicia antiga: cregos e igrexa, franquismo e humor. Esta edición vai acompañada de ilustracións de Daniel Puente Bello (A Coruña) ao comezo de cada capítulo, de tipo figurativo e cores cálidas, a partir de imaxes fotográficas co motivo do lume, da lareira e os diferentes elementos cotiáns que representa a tradición galega, tendo moi presente o enfoque na temática do bodegón ou nas naturezas mortas. As cores son escuras e prevalece a cor vermella do lume.

**Maceiras**, Andrea, *Volverás, golfiño*, ilustr. Víctor Rivas, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, nº 239, serie laranxa, de 11 anos en diante, outubro 2014, 137 pp. (ISBN: 978-84-9914-579-2).

Andrea Maceiras (A Coruña, 1987) nesta novela de misterio, en dezasete capítulos e por medio dunha primeira persoa, relata a extraña experiencia que tivo Iris, unha nena coruñesa que se instala na casa do seu avó na Costa da Morte. A historia comeza coa apertura dun vello baúl agochado no sobrado da casa, ao que chega co apoio da luz dun faro que a ilumina até alí dende a súa fiestra. O baúl resulta ser dun antigo barco inglés que naufragou na zona e nel vive o espírito dun rapaz que non é quen de cruzar para o outro mundo. Iris namórase do espírito do rapaz e inicia unha profunda investigación para saber a causa do naufraxio, descubrindo que na viaxe ía o rapaz cun irmán na procura dun terceiro que desaparecera e que non deron atopado debido a que o bravo mar da Costa da Morte se interpuxo no seu camiño. Iris, coa axuda do seu amigo Andrés e coa das historias de naufraxios do seu avó, descobre que o irmán desaparecido está soterrado nun cemiterio da vila, xa que o seu barco tamén naufragou nesas costas, feito que lle conta ao neno inglés para que poida descansar e marchar cos seus irmáns en forma de golfiño, prometéndolle que se atoparán de novo. Iris, velliña, vese feliz con Andrés na casa do avó, pero unha noite a luz do faro, que vira de nena, volveuna guiar até a praia, onde a espera un golfiño para dicirlle que é a hora. Iris, leda por un reencontro soñado, marcha para sempre. Os debuxos de Víctor Ribas (Pontevedra, 1965), tanto da cuberta coma do interior amosan unha mirada fantástica que concorda e engade novos matices ao relato de Andrea Maceiras. Estes debuxos realízanse a partir do coloreado dixital, pero fundamentalmente amosa un gran control da liña para definir as formas, os volumes e a profundidade dun xeito moi natural.

**Maceiras**, Andrea, *Miña querida Sherezade*, VI Premio Meiga Moira de Literatura Infantil e Xuvenil 2014, ilustr. Antonio Seijas, A Coruña: Baía Edicións, col. Meiga Moira, n.º 28, [lectorado mozo], decembro 2014, 134 pp. (ISBN: 978-84-9995-144-7).

Relato de Andrea Maceiras (A Coruña, 1987) dividido en dezaseis capítulos intitolados e precedido de varios peritextos: unha dedicatoria “Para o meu pai, que ten os pés na terra pero comprende que eu ande sempre nas nubes”, unha “Nota da autora”, a “Ficha técnica da obra” e unha carta do protagonista. Conta a historia dun exemplar en edición luxosa d’*As mil e unha noites*, dende o seu nacemento na imprenta de Saturnino Calleja en 1908 até a actualidade. A voz protagonista relata o seu percorrido vital en distintos lugares con diferentes donos, cuxas vidas se entrecruzan nalgún momento e aos que a súa lectura lles deixará unha pegada indelével. Primeiro en Cuba será o mensaxeiro da historia de amor entre Cecilia, sobriña dun empresario, e o xardineiro Anselmo, un rapaz galego emigrado; logo en Galicia coñecerá a realidade das familias dos emigrantes retornados e, tras entreter a familia de Anselmo nas noites a carón da lareira, será o agasallo a Cecilia, filla do médico que lle salva a vida á muller de Anselmo. Tamén vivirá a amizade e o amor entre Cecilia e o neno Xosé; o abandono durante a Guerra Civil española e o terror dos fuxidos, agochados en casas abandonadas antes de escapar do país; a paixón de Carlos, un bibliófilo que o levará a Madrid para formar parte da súa colección; e, finalmente, o rexurdir á vida en Nova York ao ser localizado por internet no mercado de segunda man e adquirido como agasallo pola muller de Luís, neto de Carlos. As ilustracións en branco e negro de Antonio Seijas (Ares, 1976) amosan o protagonista, personaxes e escenas da trama.



**Moure**, Anxo, *Salgadiña, a estrela de Fisterra*, ilustr. Cristina Ouro, Santiago de Compostela: Urco Editora, col. Infantil, 2014, [22] pp. (ISBN: 978-84-15699-42-2).

Relato de marcado carácter ecoloxista e pacifista de Anxo Moure Fariña, no que os protagonistas son a estrela Salgadiña, que se encarga de parar as guerras e de cumprir os desexos das persoas en forma de estrela fugaz, e un corvo mariño que a salva de morrer afogada por causa dunha marea negra cando acode á chamada dunha nena de Muxía. Deste encontro xorde o amor do corvo pola estrela, á que lle dedica o seu traballo imparábel limpando o mar de lixo para que non volva sufrir. Este traballo tan esgotador provoca a morte do paxaro, que se converte tamén en estrela e pasa a vivir no ceo con Salgadiña. O texto alterna en páxinas sucesivas coas ilustracións de carácter figurativo de Cristina Ouro, quen a partir da témpera contornea as imaxes con rotulador negro e cores saturadas e alegres, para así salientar a amizade, a contaminación do chapapote no mar e o coidado da terra. A cuberta presenta a amizade que hai entre os protagonistas, o corviño do mar e a estrela.

**Núñez**, Toño, *De como Chispo, o esquío, puido co frío*, ilustr. Xosé Tomás, Vigo: Editorial Galaxia, col. Tartaruga, [prelectorado e lectorado autónomo], 2014, [34] pp. (ISBN: 978-84-9865-527-8).

Conto de Toño Núñez (Vilameixide, 1959) no que un narrador en terceira persoa relata como un esquío chamado Chispo se prepara para o inverno. Unha tarde, aproveitando unhas raiolas de sol, saíu e chegou a un vello muíño no que quedou xogando. Mentres tanto, uns homes cortaron entre outras a árbore na que tiña a súa casa. Sen saber onde ir, camiñou até chegar a un piñeiro que lle ofreceu quedar nas súas pólas, pero ao día seguinte todo estaba nevado. Baixou do piñeiro e viu nunha das canas a unha esquío femia, que o convidou a vivir con ela. Namoráronse e tiveron tres fillos. As ilustracións de Xosé Tomás (Betanzos, 1971) complementan a historia e ofrecen a súa visión da historia de Chispo, ese esquío ao que retrata cun debuxo denso de pequenos trazos superpostos e no que fai uso do clarescuro e tamén da liña para dotar de volume ás súas formas. As tonalidades en cores cálidas de tostados e ocres reforzan o momento do ano no que ten lugar a historia e a cada personaxe.

### **Recensións:**

- María Navarro, “Exemplar solidariedade”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 514, “Libros”, 9 outubro 2014, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 466, “Letras galegas”, 18 outubro 2014, p. 10.

Comeza salientando a unión de Toño Núñez e Xosé Tomás para realizar esta obra e céntrase no argumento e no seu protagonista. Dise que nesta obra está moi presente a solidariedade entre os animais e que, a pesar da xerarquía que tamén existe no reino animal, cada un ocupa unha función necesaria para o desenvolvemento do ecosistema. Para finalizar resalta as ilustracións feitas a toda páxina que dan un toque natural, dado que reflicten unha serie de paisaxes dos montes, tanto como son, coma poderían chegar a ser se non se coidan.

### Referencias varias:

- Toño Núñez, “De como Chispo, o esquío, puido co frío”, *El Progreso*, “Pícaros”, “O conto”, 5 xullo 2014, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *De como Chispo, o esquío, puido co frío*, escrita por Toño Núñez e ilustrada por Xosé Tomás.

**Pérez, Rocío**, *Leandro e os números*, ilust. Lidia Brea Pereira, Vigo: Bailarete, [lectorado autónomo], 2014, [22] pp. (ISBN: 978-84-941160-3-2).

Relato en formato álbum de Rocío Pérez Castro (Dodro) que se encabeza con dúas dedicatorias: a primeira “Para Claudia e Mateo / por facerme soñar / e por compartir comigo / a fantasía dos vosos sonhos” e a segunda, “E para ti, avoíño, / porque nos deixaches / para converterte nunha estrela / que agora me iluminará para sempre”. A seguir, un narrador en terceira persoa conta a historia de Leandro, un neno ao que “non lle gustaban as mates nin os números” e pensaba que non importaba se decidía non aprendelos, mais todo cambia cando recibe a invitación para o aniversario de Lucas, que contén información numérica. Finalmente, tras perderse intentando chegar á festa do seu amigo, Leandro dáse conta de que necesita aprender matemáticas e, coa axuda de Lucas, comprobará que estas son máis amenas do que el pensaba. O texto complementase coas ilustracións de Lidia Brea Pedreira centradas no personaxe protagonista.

### Referencias varias:

- C. B., “Leandro e os números”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 925, 23 maio 2014, p. 6.

Dáse noticia da presentación do libro desta autora dodrense na biblioteca de Rois.

- M. G., “Rocío Pérez Castro ofrece una sesión de cuentacuentos”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 926, 24 maio 2014, p. 6.

Anúnciase a sesión de contacontos coa que Rocío Pérez presentará o seu libro no Centro de Interpretación do Castro de Baroña

- C. Botrán, “A comarca do Sar dá moitos talentos; debe ser algo que hai na néboa da mañá”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 928, 26 maio 2014, p. 6.

Fálase da presentación en Rois e no Son desta obra, que conforma a primeira da autora.

- C. B., “Leandro e os números’ en Dodro”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 947, 15 xuño 2014, p. 6.

Dáse noticia da presentación desta obra na biblioteca municipal de Dodro.

**Pérez Varela**, Luis Antonio, *O trasno de Bóveda e a chave máxica*, XI Premio de Literatura Infantil e Xuvenil “Pura e Dora Vázquez”, ilust. Patricia Ramón Ortega, [lectorado autónomo], Ourense: Deputación de Ourense, xuño 2014, 101 pp. (ISBN: 978-84-92554-72-0). ■

Relato de aventuras de Luís Pérez Varela (Ourense, 1966), que mereceu o XI Premio de Literatura Infantil e Xuvenil Pura e Dora Vázquez, no que as ilustracións gañadoras son de Patricia Román (Alcázar de San Juan, Ciudad Real). A trama xira ao redor da busca que dous nenos, Olaia e Iago, acompañados do trasno Grexo e o vedoiro Xoel, fan por diferentes lugares encantados de Galicia na busca da chave de ouro que abre a porta máxica que comunica o mundo real co paralelo de Kordok, onde viven magos e seres fantásticos. O itinerario que seguen durante as súas pescudas convértese nun percorrido que serve para a reescrita e actualización de mitos e lendas da cultura popular, como as lendas do río do Esquecemento, da moza encantada na Lagoa da Antela, a do señor do Castelo do Pico Sacro, das covas do rei Cintolo e da raíña Lupa, entre outras, que se complementan coas referencias ao libro de ler e desler ou Ciprianillo, aos mouros, encantos ou tesouros agochados. Con todos eles se enfrontan e dialogan os protagonistas, que finalmente lograrán o seu obxectivo e a paz e a harmonía regresarán a ambos os dous mundos, á espera de novas aventuras.

#### **Recensións:**

- Isabel Mociño, “Reescribir a transmisión oral”, *El Correo Gallego*, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Tendencias”, “ELOS de lectura”, 23 outubro 2014, p. 44.

Despois de sinalar a importancia que teñen os premios para a visibilización dos creadores e das obras literarias, céntrase neste relato, do que sinala a liña argumental e destaca a reescrita de lendas e mitos da cultura popular, que se actualizan e aproximan aos máis novos para que coñezan historias que son parte da súa cultura e do imaxinario colectivo. Tamén se destaca o acerto do autor na recreación da actitude de incredulidade e cuestionamento que manteñen os nenos protagonistas ante o que contan os adultos, por considerar que será coincidente coa do potencial lectorado, aínda que todos caerán rendidos ante o poder da fantasía. Remata solicitando maior coidado editorial e a continuación de novas aventuras destes personaxes.

**Pita**, Charo, *Estamos no verán!!!*, ilust. Iván R., música Xoán Curiel, Vigo: Editorial Galaxia, col. árbore/galaxia, serie sonárbore.+ grandes, [lectorado autónomo], 2014, 66 pp. (ISBN: 978-84-9865-520-9). Inclúe CD.

Libro-disco de Xoán Curiel e Charo Pita (A Coruña, 1966), que conta coas ilustracións de Iván R., co que se inaugura a serie “+grandes”, da colección “sonárbore”, que até o de agora acolleu álbums ilustrados que achegan aos máis novos poesía tradicional e de autor acompañada de versións musicais. Con esta obra, que continúa cun fructífero diálogo entre literatura e música, achégaselles a rapaces e rapazas preadolescentes un volume que responde ás súas inquietudes e conecta cos seus gustos musicais e faise a través da forma de diario, no que se relatan as vivencias de Xoán durante o verán de cuarto curso, tempo no que crea un grupo musical cuns amigos, compón as súas primeiras cancións e mesmo ofrece un concerto para familiares e coñecidos. A obra

salienta pola aposta ilustrativa de Iván R. que lle imprime un estilo particular, moi próximo aos cadernos escolares ou diarios adolescentes nos que o texto decorre de modo complementario a múltiples elementos gráficos, xa sexan anotacións espontáneas, debuxos de obxectos, animais ou persoas, retratos a modo de fotografías pegadas... que fan da obra un diario-álbum cheo de detalles que amplían e enriquecen o texto. A prosa é fluída, áxil e sinxela, acorde cos deseños de trazos moi simples, do mesmo modo cá letra das cancións, que aparecen reproducidas na parte final da obra. Trátase de doce temas musicais, que se inscriben en estilos heteroxéneos, que van dende as reminiscencias do *rock and roll*, pasando polo *blues* e o *funky*, até a *bossa nova* ou o *reggae*, tan diversos como os propios gustos dos máis novos.

### **Recensións:**

- Isabel Mociño, “Un libro con banda sonora”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 5 agosto 2014, p. 32.

Comeza destacando a importancia que ten a música na vida dos máis pequenos dende que nacen, de aí que considere moi importante a publicación da colección “sonárbore”. Considera que estes libros-disco contribúen á formación literaria e artística dos máis pequenos e sinala algúns dos títulos editados. A seguir céntrase en *estamos no verán!!!*, que amplía o potencial público destinatario, ao se dirixir a preadolescentes que demandan obras máis próximas ás súas inquietudes e gustos musicais. Dáse conta do argumento desta entrega e salientase o grafismo arriscado, o estilo particular, próximo aos cadernos escolares e diarios adolescentes, así como a prosa e o estilo heteroxéneo dos temas musicais.

### **Referencias varias:**

- P. Calveiro, “Notas y letras de cara al verano”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Santiago”, 14 maio 2014, p. L6.

Infórmase da presentación no Teatro Principal de Santiago desta primeira novela-disco en galego e que se dirixe a nenos de 8 a 12 anos.

- Charo Pita, “Estamos no verán!!!”, *El Progreso*, “Pícaros”, “O conto”, 31 maio 2014, p. 3.

Insírese nesta sección fíxa un fragmento da obra *Estamos no verán!!!*, escrita por Charo Pita, ilustrada por Iván R e con música de Xoán Curiel.

**Quintas Canella**, Xosé, *A flol de Celdeila. Un conto chinés*, ilustr. Ánxeles Ferrer, limiar Mero (Baldomero Iglesias Dobarrio), A Coruña: Everest Galicia, col. Leer e vivir, serie verde, a partir de 10 anos, 2014, 97 pp. (ISBN: 978-84-403-1228-0).

Tras as dedicatorias do autor “Ás xentes da Miña Terra... Allariz” e o limiar de Baldomero Iglesias, Xosé Quintas (Ourense, 1947) presenta un relato de tendencia fantástico-realista que aborda temas como a exclusión, marxinación e intolerancia. O narrador en terceira persoa, coa presenza de voces en primeira persoa, conta a historia

de Lhosiña ou Rosiña, unha chinesa que é excluída da sociedade por ser diferente e non saber pronunciar o “ele”. As necesidades por parte da “China Imperial e Milenaria” e o seu Emperador por atopar un intérprete que puidese comunicarse co recentemente chegado a China, o embaixador e fillo do rei de Persia, dá inicio á misión de atopar un intérprete. Este reto será superado por un dos soldados que, tras meses de misión e seguindo as pistas que lle facilitaban os habitantes das diferentes provincias, atopa en Rosiña a intérprete que necesita. Rosiña é conducida ao pazo para realizar a súa misión, producíndose aquí o namoramento co embaixador de Persia, Ricardiño. Co casamento en Persia, a protagonista pasa a ser recoñecida co título de “Plincesa do Imperio Chinés”. As ilustracións de Ánxeles Ferrer (Valdeorras-Ourense, 1957) ofrecen datos dalgún episodio e son de estilo figurativo. Os personaxes e contornas están feitos con debuxos que permiten valorar de xeito visual os acontecementos descritos na parte textual. Para iso emprega fundamentalmente cores cálidas, tanto con técnicas augadas, coma con pinturas de máis densidade, sobre as que traza suaves liñas de cera branca, logrando maior definición nas súas composicións.

**Reimóndez, María,** *Volvo! O regreso de Usha*, ilust. Iván Sende, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, n.º 232, de 11 anos en diante, marzo 2014, 118 pp. (ISBN: 978-84-9914-627-0).

Relato de María Reimóndez (Lugo, 1975) no que dá continuidade á narración *Usha* (2006) e que se inicia resaltando a falta de choiva en Devastana, para retrotraerse ao primeiro día do curso escolar que se pechaba coa reválida. Ao longo dos capítulos críticanse os comentarios despectivos cara á muller, nárrese a chegada dun novo compañeiro de clase, procedente doutro estado veciño, e os ruxe-ruxe sobre o compañeiro que non regresou das vacacións de verán. Valóranse positivamente a chegada de innovacións á cidade, caso da apertura de “centros de informática”, a existencia de conexión a Internet neses centros e nalgúns centros de traballo e os desprazamentos de persoal sanitario ás aldeas e, sobre todo, o cambio de mentalidade dende hai dous anos en Devastana, que permitiu emprender unha “alianza pola saúde menstrual” e celebrar a “cerimonia da puberdade”. A parte final da trama xira ao redor da amizade xurdida entre a protagonista e os amigos da escola con Gagamma, unha rapaza con necesidades especiais que vive nunha aldea e coñece historias baseadas na transmisión oral; e a aparición do caderno de Usha, que recupera tras perdelo no aeroporto, acompañado de múltiples cartas nas que lle preguntan polo seu pai. Menciónanse aínda que se acollerán no libro de Gagamma, que verá a luz proximamente e que intertextualiza co *Pachatantra* e tamén na páxina en liña que Usha creará para dar resposta a esas cartas recibidas. O relato ten un final aberto, no que se recollerán as vivencias de Depark, como se adianta na liña final, ao precisar que terán cabida nun novo relato. As ilustracións de Iván Sende (Vedra-A Coruña, 1977) céntranse en todos os personaxes pero sobre todo nas reaccións da protagonista ante as distintas vivencias.

### **Recensións:**

- R. Nicolás, “Máis que divertimento narrativo”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Galego”, 16 maio 2014, p. 13.

Di que nesta obra se abordan asuntos que preocupan os rapaces como a amizade, os cambios corporais, a sexualidade, a reprodución e a atracción física. Tamén expresa o bo facer do ilustrador Iván Sende.

#### **Referencias varias:**

- María Reimóndez, “Volvo! O regreso de Usha”, *El Progreso*, “Pícaros”, “O conto”, 25 outubro 2014, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *Volvo! O regreso de Usha*, escrita por María Reimóndez e ilustrada por Iván Sende.

**Rivadulla Corcón**, X. H., *Soños de mar*, ilust. Viki Berre, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, n.º 234, de 11 anos en diante, marzo 2014, 111 pp. (ISBN: 978-84-9914-631-7).

X. H. Rivadulla Corcón (A Coruña, 1962), despois de citar textos de Johan de Cangas (“Eu serei por el coitada/ pois el é por min coitado”), de Meendinho (“E cercaron-mi-as ondas que grandes son:/ non hei barqueiro nen remador”) e de Martín Códax (“Ai ondas!, eu vin veer/ se me saberedes dizer/ por que tarda meu amigo/ sen min?”) ofrece una novela de aventuras, en dezasete capítulos, narrada polo seu protagonista, Alex, un rapaz de Muxía que conta as súas vivencias nesa localidade ao pouco de falecer o seu avó. Alex curiosear no soto dunha igrexa e atópase cunha cantiga medieval dun autor descoñecido até o momento. Colleuno e deullo a ler á súa amiga Lola, quen queda moi triste ao ver que o poema estaba sen rematar. Para namoralalo, Alex viaxará ao pasado nos seus soños, alí atoparase con seu avó e co autor do cancionero. Despois de vivir na Muxía do século XIII grandes aventuras obedece o seu avó, que lle recomenda volver ao presente e concretamente ao soto da igrexa para atopar o final do poema. Alí, xunto co seu amigo inseparábel Moncho e a súa namorada Lola atopan o final da composición que ve inacabada. Para rematar, tanto Alex coma Lola comezan a ser mozos e estarán sempre unidos por ese poema que tantos soños lles fixo ter. Nas ilustracións interiores, que ás veces ocupan unha páxina enteira, Viki Berre fai uso dun grafismo sinxelo pero melodioso a partir das curvas que emprega para todas as escenas, unha característica moi propia. Os personaxes destacan pola súa contorna en cor negra e empréganse cores planas, vivas e saturadas para reflectir ben que a historia transcorre nun mundo de fantasía.

#### **Referencias varias:**

- X. H. Rivadulla Corcón, “Soños de mar”, *El Progreso*, “Pícaros”, “O conto”, 21 xuño 2014, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *Soños de mar*, escrita por X. H. Rivadulla Corcón e ilustrada por Viki Berre.

**Santiago**, Eduardo, *O Gran Reino*, VI Premio Jules Verne de Literatura Xuvenil 2014, cuberta Antonio Seijas e ilustr. interiores Raquel Santiago, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de xogo, nº 155, outubro 2014, 322 pp. (ISBN: 978-84-9914-738-3).

Novela de Eduardo Santiago (Pontevedra, 1964) que se abre con dous epígrafes de Celso Emilio Ferreiro e George Orwell, que acenan cara ao elemento central da trama: a existencia dun mundo imaxinario creado por unha adolescente que se refuxia na lectura compulsiva, vítima dun trastorno alimentario. A estrutura da obra asenta no desenvolvemento paralelo de dous planos: o da realidade e o da imaxinación, que se van intercalando para confrontar a vida diaria da moza protagonista, Galadriel, co complexo universo imaxinario que ela mesma crea, chamado Margonia, que se configura como unha metáfora dos catro elementos da natureza. Gala é unha rapaza que está cursando segundo da ESO, cun forte espírito competitivo e unha grande intelixencia, pero de repente sente que a súa vida é unha contradición, que está soa e é moi infeliz, polo que comeza un proceso de autoillamento que a leva a refuxiarse na lectura compulsiva e convencerse de que só pode acceder ao mundo de Margonia se non inxire ningún tipo de alimento. Esta situación provoca que súa nai busque axuda en psicólogos, pero Gala é tan intelixente que logra enganar a todos os que a rodean, incluso aos especialistas. Porén o seu deterioro físico é tal que ten que ser internada nunha unidade de psiquiatría, onde chega a manipular a todas as internas. Deste modo a vida real da moza, primeiro no ambiente familiar e escolar, despois na unidade somática, corre parella ao desenvolvemento do mundo imaxinario que ela describe nun caderno vermello, onde o seu papel é atopar os catro anacos dun amuleto para lograr unir o Gran Reino. O final sorprendente da obra busca a implicación activa do lector, animándoo a desvelar o enigma que rodea a súa enfermidade. Unha temática novidosa, na que salienta o diálogo entre realidade e fantasía, a habelencia para achegarse aos trastornos psicolóxicos, cuestionar a percepción social da loucura e propiciar a reflexión sobre as moitas vías que poden seguir os conflitos internos para manifestarse nos comportamentos individuais. A ilustración da capa, de Antonio Seijas (Ferrol-A Coruña, 1976), realizada con ferramentas de pintura dixitais, presenta a protagonista do relato coa face iluminada polo debuxo duns seres indescifráveis; formas amarelas que a rodean e que parecen emanar do seu mundo interior, no cal está sumida. As ilustracións interiores de Raquel Santiago son debuxos esquemáticos realizados en grafito, esquemas rápidos de criaturas descoñecidas.

### **Recensións:**

- Isabel Mociño, “A novela ‘O gran reino’, o xiro ó redor da infelicidade”, *El Correo Gallego*, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Tendencias”, “ELOS de lectura”, 1 decembro 2014, p. 46.

Destácase desta novela de Eduardo Santiago o interese dos creadores por abordar temáticas consideradas tabú. Sinálase que é unha obra interesante polas reflexións sobre os conflitos familiares, a incompreensión ou as consecuencias da bulimia e a anorexia. Explicase brevemente o argumento da novela e a súa estrutura, baseada na vida real da protagonista e no mundo imaxinario que crea, Margonia, que é unha metáfora da percepción distorsionada da realidade baseada no concepto dos universos refractarios. Conclúe que se trata dunha excelente novela para reflexionar sobre os trastornos

psicolóxicos, analizar as múltiples causas que os provocan e a importancia de factores como a familia e as amizades.

### Referencias varias:

- Lourdes Varela, “Eduardo Santiago: O realismo puro e duro non me interesa como elemento narrativo”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 518, 6 novembro 2014, p. V / *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 470, 15 novembro 2014, p. 11, “Entrevista”.

Conversa con Eduardo Santiago con motivo da concesión do Premio Jules Verne 2014 pola novela *O Gran Reino*. Nela fala do interese do autor pola ficción científica e pola fantasía. Comenta as súas lecturas durante a adolescencia e cita a Le Guin e Tolkien como referencias. Informa da orixe da protagonista do seu libro e reconece unha conexión co País das Marabillas de Lewis Carroll. Por último, comenta que debido ao recibimento dos lectores escribirá unha segunda parte.

**Tobaruela**, Pere, *Formig4s. Misión París*, ilust. Andrés Meixide, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Formig4s, n.º 1, [lectorado autónomo], outubro 2014, 105 pp. (ISBN: 978-84-9914-731-4).

Pere Tobaruela (Barcelona, 1965), por medio dun narrador omnisciente e dos diálogos entre os personaxes, conta o acontecido na cidade de París cando o doutor Paumao, científico malvado e ambicioso, pretende cambiar o rumbo da historia e se converter no amo de mundo. Será a brigada dos formig4s, formada por Fornel4, Forx4n, Form4il e Formos4, os encargados de deter o malvado. Todo comeza no cemiterio Pere Lachaise, onde o vixiante chama os formig4s e lles conta que viu como uns homes dispararan a unha rapaza e que esta desapareceu. A brigada comeza as investigacións e as probas encontradas no cemiterio lévanos até o cadro “A liberdade guiando o pobo”, no que doutor Paumao, coa axuda do director do museo do Louvre e un aparello de última tecnoloxía, conseguiu dotar de vida o protagonista. Pouco tempo despois chégalles a noticia de que un personaxe estafalario estaba diante da catedral de Notre Dame. Era Napoleón, do cadro “A coroación de Napoleón”, a quen o doutor tamén conseguira dotar de vida. Ante as sospeitas, os formig4s deciden seguir en todo momento o director do Louvre, que os guía até a Torre Eiffel, onde se encontra o doutor Paumao co seu derradeiro experimento, unha estatua ecuestre de Nerón, intencións que logran frustrar. As ilustracións de Andrés Meixide (Vigo, 1970) ofrecen datos e ilustran moitas situacións da narración. Son de estilo figurativo e en branco e negro. Nos debuxos aparecen numerosas onomatopeas e a tipografía varía dependendo da énfase da situación, dos nomes dos personaxes e dos nomes das obras.

**Tobaruela**, Pere, *Formig4s. Misión Nova York*, ilust. Andrés Meixide, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Formig4s, n.º 2, [lectorado autónomo], outubro 2014, 112 pp. (ISBN: 978-84-9914-732-1).

Nova entrega protagonizada polos Formig4s, na que seguirán a desaparición dun dos emblemáticos monumentos da cidade de Nova York, a Estatua da Liberdade, tentando descubrir quen é o causante deste suceso. Nesta historia de Pere Tobaruela (Barcelona, 1965), a estatua déixase ver en diversas ocasións polas rúas máis concorridas da cidade,



feito que contribuirá a que os Formig4s inicien a súa investigación, seguíndoa e recompilando pistas de onde se agocha o monumento e de quen lle dá vida. Coas coordenadas que lles vai indicando Form4il, o resto dos Formig4s inspeccionan o Río Hudson até que dan cun antigo túnel de metro atopado xusto debaixo do edificio Flatiron. Neste lugar encóntranse cun vello coñecido seu, o doutor Paumao, quen lle dá mobilidade á estatua grazas a un aparello chamado “resurrector”. A emblemática estatua volve cobrar vida e diríxese á bolsa neoiorquina para proporcionarlle a Paumao e aos seus dous aliados o control dos mercados de valores do mundo. Neste momento, e recreando a escena de David e Goliath, Form4il converte a súa *tablet* nunha pedra, guindándolla á estatua e derribando así o centro de operacións de Paumao, que consegue escapar prometendo vinganza. As ilustracións de Andrés Meixide (Vigo, 1970) son maioritariamente viñetas e bosqueños figurativos, nos que mesmo inclúe onomatopeas que recordan as imaxes dun cómic. Ademais, non fai uso da cor, senón que edita os debuxos nunha variedade acromática, empregando técnicas de sombreado, puntillismo e o uso de liñas cinéticas, que lles dan vida ás ilustracións.

**Trigo, Ramón**, *Leviatán*, Premio Lazarillo de Álbum Ilustrado 2012, ilust. do autor, Pontevedra: Factoría K de Libros, [lectorado mozo], 2014, [34] pp. (ISBN: 978-84-15250-82-1).

Neste álbum de Ramón Trigo (Vigo, 1965) nárrese, de forma textual e visual, neste caso cunha proposta pictórica, a historia do imparábel, do inalcanzábel e de todo aquilo que non está baixo o control da man do home a través dun grupo de mariñeiros que tentan alcanzar o que semella unha illa que se move entre a néboa e resulta ser unha balea de tremendas dimensións que conseguen capturar. Malia crer que a controlan, sucumben á forza do monstro e rematan aceptando que a balea debe ser liberada e non é posíbel atrapala, até que outro home volva tentar a súa persecución. Faise referencia explícita a episodios bíblicos, como o que conta a historia de Xonás e a balea, ademais do fragmento dos *Salmos* (104: 26): “Alá van os barcos, alá está ese Leviatán, a quen ti creaches para que xogase no mar” co que se pecha a obra, así como á novela *Moby-Dick* (1851) do escritor estadounidense Herman Melville.

### Referencias varias:

- A. Baena, “Tres visiones artística de ‘Leviatán’, en libro, en dibujo y en escultura”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 31 decembro 2014, p. 19.

Refírese brevemente o argumento do libro e a temática. Indícase que, durante a presentación da obra, se levou a cabo unha exposición de bocetos e pezas escultóricas.

**Varela, Xosé Manuel, Icíá Varela Gómez e Xosé Tomás**, *O grilo Millelo*, ilust. Xosé Tomás, Ferrol: Edicións Embora, [prelectorado e lectorado autónomo], decembro 2014, [34] pp. (ISBN: 978-84-92644-97-1).

Relato en formato álbum de Xosé Manuel Varela e Icíá Varela Gómez dedicado a Bego e a Lois. Nel relátase que o protagonista, o grilo Millelo, canta a todas horas até que unha mañá non o consegue. Para solucionar o seu problema visita os seus amigos do

prado: a abella, a xoaniña, a bolboreta, a vaca, a cabra, a ovella, o saltón, a galiña, o cabalo, que lle prestan axuda pero, como se reitera despois de cada tentativa frustrada, “aínda así non podía cantar”. Péchase a historia cun final feliz: o grilo Míllelo volve cantar, tras acudir ao veterinario. As ilustracións de Xosé Tomás (Betanzos-A Coruña, 1971) representan detalles da flora e fauna, creando unha ambientación de vida e cor. As cores son cálidas e alegres e a técnica que se emprega é o debuxo a lapis, pero pintado a través do computador, onde se traballa con cores saturadas e manipulando as sombras e volumes a partir dos pinceis dixitais. Os fondos son planos, onde vai engadido o texto, nalgúns casos en cor branca e noutros en cores vivas. Na cuberta preséntase a figura do grilo, cun forte carácter realista rodeado da natureza en tons azuis, deixando o centro en branco para enfocar o título.

## VII. 1. 2. REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSIMILES. TEXTOS RECUPERADOS

**Abella Chouciño**, Xelucho, *As aventuras de Pelusa*, A Coruña: Deputación Provincial da Coruña, [lectorado autónomo], 2014, 128 pp. (ISBN: 978-84-9812-234-3). ◆

Reedición do relato de Xelucho Abella Chouciño (Malpica-A Coruña 1945), que publicara en 1998 Edicións Casals na súa colección “O Trolebús”, con ilustracións de Suso Blanco Cubeiro, como se indica no *Informe de Literatura 1998*. Esta nova reedición preséntase como publicación gratuíta realizada pola Deputación da Coruña e nela suprimense as ilustracións e engádense fotografías da paisaxe galega, da ruta realizada polo alumnado do IES Urbano Lugrís de Malpica de Bergantiños co seu mestre daquela, o autor do relato. Nelas destaca a costa de Malpica, onde non se emprega ningún tipo de filtro fotográfico, representando a natureza mesma. Ademais, como complemento didáctico, engádese un vocabulario final das palabras destacadas a cor vermella ao longo do relato.

### Referencias varias:

- J. M. Ramos, “Abella presentó la reedición de ‘As aventuras de Pelusa’”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 903, 1 maio 2014, p. 6.

Dáse conta da presentación desta reedición na capela de San Adrián de Malpica e infórmase dos asistentes.

**Alonso**, Fran, *Silencio*, ilust. Antonio Seijas, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de xogo, n.º 153, [mocidade], xuño 2014, 95 pp. (ISBN: 978-84-9914-635-5).

Reedición ampliada da obra homónima publicada en 1995 na colección “TusiTa” da editorial Nigra e posteriormente por Edicións Xerais de Galicia en 2001 na colección “Xerais de Peto”. Esta nova reedición ve a luz na colección “Fóra de xogo” e engade as ilustracións de Antonio Seijas, eliminando ademais o limiar de Ramón Nicolás que aparecía na reedición de 2011. O novo texto está integrado por dous relatos curtos de contido onírico e simbólico. Fran Alonso (Vigo, 1963) ofrece, a través dunha traxedia emocional, unha mostra das relacións persoais marcadas pola soidade e a incomunicación. A primeira historia, “Silencio”, céntrase nas vivencias dun xornalista que, apartado da profesión a raíz das investigacións desenvolvidas en Galicia, emigra a Madrid coa pretensión de retomar a súa traxectoria periodística. A través do punto de vista deste personaxe sen nome, caracterizado pola curiosidade, capacidade de observación, análise e introspección, vaise tecendo o illamento humano que implica a actual vida urbana. A soidade deriva na eiva psicolóxica do protagonista, que mestura a realidade co esotérico, o irracional e o inverosímil, como consecuencia da súa obsesión por resolver o misterio que envolve o comportamento ritual e as repulsivas inclinacións culinarias do seu veciño, un home con varios fillos pequenos idénticos. E finalmente ofrécese un desenlace climático que supón o remate das perturbacións emocionais do protagonista, simbolizado a través da desaparición e morte dos causantes, despois de rachar coa súa situación de soidade. A modo de contrapunto, o segundo relato,

“Veciños”, baséase na relación establecida entre o inquilino dun piso e a súa ruidosa veciña, nai de dous nenos. Neste caso, o desenlace feliz é aberto, pois remite ao inicio do conto, inserindo a historia nunha sorte de ciclo do eterno retorno ineludíbel.

### **Recensións:**

- Ramón Rozas, “Medos nocturnos”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 22 xuño 2014, p. 77/ *El Progreso*, “Vivir”, 21 xuño 2014, p. 65, “Cultura”.

Despois de se referir a como está ilustrada a cuberta da obra, céntrase na magnitude da angustia, dos medos e da profunda busca no fondo da mente que transmite a obra. Logo descríbese o argumento centrándose na vida dun reporteiro que se asenta en Madrid, nas dúbidas e os sentimentos de soidade e as diferenzas metafóricas entre o interior e o exterior dun grande apartamento. Dise que é un libro kafkiano que se adentra nos medos e angustias existenciais e deixa o lector caviloso máis alá da lectura.

- H. P. J., “Silencio”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, “Un libro cada día”, 30 xuño 2014, p. 26.

Salienta desta narración, publicada por vez primeira en 1995, as doses de axilidade, vivacidade, trazos kafkianos e elementos da novela negra que a caracterizan. Na parte final reflexiona sobre a situación do protagonista, quen se atopa inmerso nun universo falto de comunicación e protección.

- Alba Rozas Arceo, “Sobre a opresión da soidade humana en forma de traxedia”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 11 setembro 2014, p. 43.

Comeza referíndose a algunhas obras nas que salientan os contidos oníricos e simbólicos para se referir a seguir ao contido dos relatos desta obra, que cualifica como historias atemporais e núas de artificios, coas que o autor pretende evocar no lector a sensación de universalidade con ironía e sarcasmo, para rematar referíndose ao rexistro directo e fluído da voz protagonista que favorece, en ambos os dous casos, a comunicación cos lectores á hora de descubrir e afondar na complexidade psicolóxica das persoas marcadas polo illamento ante a incompreensión da realidade cotiá máis próxima.

- Laura Blanco Casás, “Un climático final”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 516, 23 outubro 2014, p. VI/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 468, 1 novembro 2014, p. 10.

Comeza falando das anteriores edicións deste drama psicolóxico en Nigra Imaxe e Edicións Xerais de Galicia. Indica que é unha narración de fronteira, é dicir, de interese para o lectorado mozo e tamén para o adulto. Refire o argumento da obra e informa da situación do protagonista, obrigado a emigrar a Madrid para poder retomar a súa profesión. Comenta que os “raros experimentos culinarios e inusuais rituais esotéricos van facendo medrar no protagonista desta historia unha obsesión irracional que non lle permite facer unha vida normal”. Destaca a complexidade psicolóxica e o illamento emocional no que se insire. Afirmar que case vinte anos despois da súa publicación a

narración segue a suscitar o interese de críticos e lectores. Por último, explica que o autor é lector de Fran Kafka, Edgard Allan Poe e Xosé Luís Méndez Ferrín.

- Vicente Araguas, “Boureo de máis”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, p. 26/ *Diario de Ferrol*, “Nordésia”, n.º 852, p. 31/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 852, p. 30, “Más libros”, 26 outubro 2014.

Destácase que pese a estar ben dosificada, ter un progreso axeitado e unha “atmosfera construída notoriamente”, o final resulta demasiado truculento, “ese remate pechado, pechado de súpeto, que desconcerta”. Infórmase do argumento da obra e destácase a presenza dun ton esperpéntico, dubida se kafquiano ou iralevinesco (Ira Levin).

**Caride**, Ramón, *As viaxes de Ruki*, ilust. Manolo Uhía, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Sopa de libros, n.º 50, a partir de 8 anos, marzo 2014, 104 pp. (ISBN: 978-84-9914-599-0).

Reedición deste relato de Ramón Caride Ogando (Cea-Ourense, 1957) que fora publicado en 2003 por Casals baixo o título de *Ruki, o rato robot* e do que se pode ver a descrición no *Informe de literatura* correspondente. O texto foi actualizado segundo as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega vixentes dende 2003 e vai acompañado das ilustracións de Manolo Uhía (Portonovo-Pontevedra, 1944), que foron remozadas, a partir do emprego da técnica da acuarela dunha maneira tenue para representar unha historia fantástica, na que os animais están caracterizados como persoas e onde as imaxes reflicten dunha maneira clara o que se está a contar no texto.

### Referencias varias:

- Sabela Pinal, “Nunha época ninguén me quería publicar e este ano teño tres libros”, *La Región*, “Ourense”, 16 agosto 2014, p. 7.

Achega á traxectoria de Ramón Caride, sinalando algúns dos seus títulos, entre eles esta reedición, e os galardóns recibidos, as traducións a outras linguas e a súa visión da faceta de escritor, así como da literatura galega, na que opina que hai grandes autores e editoriais que os visibilizan no exterior, como Kalandraka, Urco e Rinoceronte, amais de considerar o libro electrónico como responsábel da situación crítica que está a vivir o libro en papel.

**Carballude**, Pepe, *Andainas de Pedro Chosco*, ilust. José María Barreiro, A Coruña: Everest Galicia, [mocidade], 2014, 101 pp. (ISBN: 978-84-403-1200-6).

Reedición da obra de Pepe Carballude (A Estrada, 1956) publicada no ano 1989 por Ediciones SM na colección “O barco de vapor” con ilustracións de Xan López Domínguez. Esta reedición, publicada agora por Everest Galicia, presenta ilustracións de José María Barreiro, onde fai uso da técnica da acuarela e o rotulador negro para o grafismo e a contorna dos obxectos e personaxes. Emprega cores saturadas e vivas para representar escenas cargadas de información sobre a paisaxe e elementos cotiáns do fogar onde se desenvolve a narración. A cuberta presenta a figura dun meigo e o título,

que vai enmarcado nun recadro na parte inferior, onde se emprega unha veladura negra, fan destacar o protagonista e a ambientación da obra.

**Casalderrey**, Fina, *Cuca e o abrigo marrón*, ilust. Patricia Castelao, A Coruña: Edebé-Rodeira, col. Tren azul. Os meus contos favoritos, a partir de 5 anos, febreiro 2014, 29 pp. (ISBN: 978-84-8349-370-0).

Reedición do conto de Fina Casalderrey (Xeive-Pontevedra, 1951) publicado no ano 1998 na colección “A Maxia das Palabras” da Xunta de Galicia, tal e como se pode seguir polo *Informe de literatura* correspondente, que ve a luz en Edebé-Rodeira na colección “Tren azul” e con ilustracións de Patricia Castelao (Santiago de Compostela, 1974) en lugar das de Lázaro Enríquez. Esta edición está dedicada “A Teresa, nai en calquera estación. / A todas as nais. / E a ti, claro” e tanto o relato coma as ilustracións están realizados de xeito realista. O texto atópase ben integrado nos debuxos de Patricia Castelao, onde emprega cores moi saturadas, planas, escuras, en tons marróns nas que fai fincapé ao primeiro plano da escena, deixando o fondo plano en branco. As imaxes recordan a estética da compañía de Walt Disney, os personaxes mostran emocións e expresións moi significativas. A técnica empregada é a montaxe dixital para conseguir cores planas e unha contorna de liña moi controlada. Na cuberta preséntase a protagonista da historia enmarcada nun recadro azul e segue o mesmo patrón estético cás imaxes do interior.

### **Recensións:**

- Verónica Casais Vila, “Cuca: amizade na miseria”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 9 xullo 2014, p. 35.

Comeza reflexionando o interese do álbum para os máis novos e destaca a colección de Rodeira “Os meus contos favoritos de Tren Azul” por recuperar *Cuca e o abrigo marrón* (2014). Da obra salienta que texto e debuxos constitúen un conxunto harmonioso no que se narra a historia de Cuca e que se tratan temas como a miseria, a amizade, a solidariedade ou o sacrificio. Salienta que, lonxe do edulcorado universo de Disney esta obra contén unha historia de profundo realismo, no que se achega a unha realidade actual sen esconder a súa crueza, tanto por medio do texto coma das ilustracións, aínda que cunha mensaxe de esperanza nun futuro mellor.

### **Referencias varias:**

- Cuca M. Gómez, “Planes listos para Semana Santa”, *Diario de Pontevedra*, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 8 abril 2014, p. 78.

Comenta que Fina Casalderrey presentou a súa obra *Cuca e o abrigo marrón* en Santiago de Compostela.

- P. Calveiro, “Cuca e o abrigo marrón”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 8 abril 2014, p. 38.

Destácase que nesta obra Fina Casalderrey se mete na pel dunha cadela para reflectir a situación que están a vivir moitas persoas. Salienta que se abordan temas como a humildade, a diferenza de clases, a soidade e a pobreza extrema, entre outros.

- Olalla Sánchez, “Fina Casalderrey: Gustaríame que o conto servise para espertar conciencias”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Infantil”, 18 abril 2014, p. 10.

Conversa con Fina Casalderrey por mor da publicación desta obra e na que destaca que este relato é unha “metáfora” de temas actuais, como a pobreza, a diferenza de clases sociais, a importancia do mundo dos afectos, a melancolía da ausencia dos días felices e da dignidade dos máis pobres. Recoñece que “a literatura non cambia o mundo pero si pode ser incómoda”, que “todos os temas poden ser abordados a calquera idade”, que “un mesmo relato pode ter lecturas moi distintas, pode facer rir a un rapaz e chorar a un adulto”, como lle dixeron respecto a *O estanque dos parrulos pobres* (1996). Remata salientando que na Literatura Infantil e Xuvenil se precisa “seguir chamando a atención sobre a súa situación”, polo que defende que en 2015, cando se cumpren trinta anos da concesión do Premio Barco de Vapor a *Das cousas de Ramón Lamote* (1984), cómpre lembrar esta narración porque “tralo seu éxito, a literatura infantil comezou a publicarse de forma continuada, sen complexos”.

- Ana López, “Os nenos poden cambiar o mundo”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, 16 maio 2014, p. 69.

Dáse conta da presentación desta obra nun acto organizado pola librería Seijas en Pontevedra, no cal Fina Casalderrey salientou o tratamento da dignidade e da pobreza extrema na trama.

**López López**, Xabier, *Biff, Bang, Pow*, montaxe fotográfica Hayat Husein, Vigo: Editorial Galaxia, col. Costa Oeste, [lectorado mozo], decembro 2014, 216 pp. (ISBN: 978-84-9865-579-7).

Reedición desta novela policial de Xabier López López (Bergondo, 1974) que vira a luz no ano 1997 da man de Sotelo Blanco Edicións na colección “Docexvintedous”, como se recolle no *Informe de Literatura 1997*. Esta nova edición realízase para a editorial Galaxia e axústase ás características da colección “Costa Oeste”, na que é salientábel a cuberta cunha montaxe fotográfica, realizada por Hayat Husein a partir da fotografía “Sherlock and Watson” de Ollyy (Shutterstock), na que insire unha imaxe do propio autor, tirada por Beatriz Seoane.

## VII. 1. 3. TRADUCIÓNS, ADAPTACIÓNS OU VERSIÓNS. REEDICIÓNS

**Abad**, Arturo, *Un anaquiño de horizonte*, ilust. Miguel Cerro, trad. Paco Liván, Pontevedra: OQO Editora, col. Q, 8-12 anos, novembro 2014, 40 pp. (ISBN: 978-84-9871-508-8).

Conto de Arturo Abad no que se narra a historia do agasallo dun anaquiño de horizonte, situado á dereita de onde se pon o sol, feito polo propio horizonte a un pirata, que buscou distintas estratexias para lograr descubrir o que se agocha na fin do mundo. A trama comeza co pirata xogando ao escondite inglés, cantando a fórmula “Unha, dúas, tres. Zapatiño quieto é”, mentres navega e se pregunta constantemente sobre o que existe detrás do horizonte. Unha mañá de febreiro decide investigalo e emprende unha viaxe cara ás costas da fin do mundo sen éxito, por máis voltas que deu. Cando estaba a piques de darse por vencido, o horizonte que, até aquel momento semellaba afastarse cada vez máis do pirata, nun “doce xogo do gato e o rato”, comezou a rir burlándose da súa fame e do seu frío, “como un neno que xoga co seu barco de xoguete”. Nese intre, o pirata tivo a idea de virar lentamente mentres gritaba a fórmula do escondite inglés, até quedar de costas ao horizonte, e así logrou que este recoñecera que o pirata gañara, por iso lle permitiu tocar a esfera do sol e contemplar a fin do mundo. A trama remata narrando que todas as semanas o pirata regresa para xogar ao escondite inglés co horizonte, quen, en agradecemento, o agasallou cun “cacho pequeno, á dereita de onde se pon o sol”. As ilustracións de Miguel Cerro destacan a importancia do horizonte no devir da trama e o instinto de superación do protagonista para acadar o seu soño.

**Aceituno**, David, *O dragón que cambiaba de conto cada vez que esbirraba* (*El dragón que cambiaba de cuento cada vez que estornudaba*, Barcelona: Penguin Random House Grupo Editorial, 2014), ilust. Miguelanxo Prado, trad. Isabel Soto, Santiago de Compostela: El Patito Editorial, [lectorado autónomo], marzo 2014, [36] pp. (ISBN: 978-84-942206-0-9).

Álbum de David Aceituno (Badalona-Barcelona, 1977) dedicado “Para Iker e Hugo. Para Laura e Thomas”. Está protagonizado por un dragón alérxico que, debido ao arrecendo dunha rosa, esbirra e inicia unha viaxe literaria dende o seu conto de princesas e cabaleiros a outros contos da transmisión oral na compañía do gato Ernesto Felino, atopándose un Mundo ao Revés con cambios evidentes nesas historias. Así, descubren que o lobo é vexetariano e se fixo amigo dos tres porquiños; interveñen na carreira da lebre e o sapoconcho; e visitan a unha fada con aspecto de bruxa. Cun final aberto, o dragón regresa ao seu conto. As ilustracións de Miguelanxo Prado (A Coruña, 1958) están dedicadas ao seu sobriño Miguel, “porque a tenrura non ten idade”, e parten da acuarela para ofrecer, cun estilo moi expresivo, a partir da contorna dunha liña fina e suave, un carácter realista dos personaxes animais, que son personalizados a partir das vestimentas e da súa participación no diálogo no que se usan cores alegres e un ton suave. Esta combinación de imaxe e texto conséguese tamén a partir de panorámicas, onde se introduce unha veladura branca, que permite visibilizar o texto e incluír onomatopeas que aparecen ao longo do álbum.



## Recensións:

- Carmen Ferreira, “Divertida viaxe polos contos”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 26 setembro 2014, p. 42.

Resúmese o argumento deste álbum e salientase que o protagonista, un dragón alérxico, realiza unha “viaxe literaria” por diferentes contos coñecidos na compañía do gato Ernesto Felino; mais atópanse co Mundo ao Revés, xa que conteñen cambios “que modifican dunha maneira lúdica e divertida estas coñecidas historias”, ofrecendo “novas lecturas actualizadas”. Destácase o simbolismo da rosa, presente nas “fermosas” ilustracións de Miguelanxo Prado que complementan o texto.

## Referencias varias:

- ECG, “El Patito Editorial celebra o Día do Libro Infantil”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 28 marzo 2014, p. 41.

Informa que El Patito Editorial celebrará o Día do Libro con proxectos como *O dragón que cambiaba de conto cada vez que esbirraba* e *Animal Fun!*.

- Alaitz Monteagudo, “Intenso Día del Libro con numerosos actos en toda Galicia”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 23 abril 2014, p. 35.

Apunta que, para celebrar o Día Internacional do Libro, editoriais, escritores e institucións culturais levarán a cabo distintos actos co obxectivo de impulsar o fomento da lectura. Dá conta da programación elaborada pola Consellería de Cultura da Xunta de Galicia e da presentación de novidades editoriais, entre elas *O dragón que cambiaba de conto cada vez que esbirraba*.

- X. F., “O dragón que cambiaba de conto cada vez que esbirraba”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 26 abril 2014, p. 44.

Comenta o “excelente” labor ilustrativo de Miguelanxo Prado n’*O dragón que cambiaba de conto cada vez que esbirraba*, de David Aceituno.

- Marga Mosteiro, “Los jóvenes se asoman al escultor Asorey”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Patio de vecinos”, 31 outubro 2014, contracuberta.

Entre outras cousas fala da presentación, na Librería Cronopios de Compostela, d’*O dragón que cambiaba de conto cada vez que esbirraba*, coa presenza do ilustrador Miguelanxo Prado

**Alonso**, Fernando, *O homiño vestido de gris e outros contos*, Premio Lazarillo 1977, ilustr. Ulises Wensell, trad. Ramón Nicolás, Pontevedra: Editora Kalandraka, col. Seteleguas, [lectorado autónomo], 88 pp. (ISBN: 978-84-8464-890-1).

Nestes oito relatos líricos de Fernando Alonso (Burgos, 1941), con tipografía en bandeira, trátanse temas como o valor da palabra, a solidariedade, a tenrura, o amor, a felicidade, os sonhos, a xustiza, a igualdade, a democracia, a tolerancia e a liberdade. Así,

en “O homiño vestido de gris”, recrea a historia dun home cunha vida monótona e rutineira até que finalmente se libera dela e reivindica a creatividade e a autoestima ao facerse cantante; en “O barco de chumbo”, cóntase como un barco de chumbo que non acaba de atopar o seu lugar, despois de ser elemento decorativo e xoguete, acaba por se converter en vivenda dos peixes dunha peceira; en “As árbores de pedra” amósase a solidariedade e o traballo colaborativo dun grupo de rapaces que, cansos de vivir nun mundo de pedra, deciden buscar e repoboar o seu mundo con árbores de coral; en “O vello reloxo” nárrese a historia da rehabilitación do vello reloxo do avó que Ramón atopa no faiado e ao que lle dá unha segunda oportunidade; en “O barco na botella” créase a ruptura co mundo irreal dun barco metido nunha botella como elemento decorativo para conseguir a liberdade; en “O gardián da torre” ficcionalízase a soberbia e avaricia do gardián da torre que se sente superior por vivir no lugar máis alto, até que os veciños a rehabilitan e converten nunha casa de planta baixa; en “O espantallo e o bailarín” faise un canto á rebeldía, personificada nun espantallo que se enfronta á prohibición do seu amo de xogar cos paxaros e bailar; e, por último, en “A paxariña de papel” preséntase a soidade e tristura da paxariña de papel do neno Tato para a que o pai decide facer outras moitas paxariñas que a acompañen. As ilustracións orixinais de Ulises Wensell (Madrid, 1945-2011) de estilo expresionista representan escenas descritivas, detalles de obxectos e personaxes ou símbolos decorativos, xa sexa a páxina enteira ou a media páxina.

**Asimov**, Isaac, *Amigos robots*, ilustr. David Shannon, trad. Alejandro Tobar, actividades Gabriel Casas, Barcelona: Vicens Vives Primaria, col. Cucaina, n.º 19, [lectorado autónomo], 2014, 96 pp. (ISBN: 978-84-682-1589-1).

Compilación de dous contos longos de Isaac Asimov (Petrovichi, 1920-Nova York, 1992), que van acompañados das ilustracións do artista estadounidense David Shannon (Washington D.C., 1959). O primeiro dos relatos xira ao redor da relación dun robot, Robbie, coa rapaza Gloria. O ente mecánico sélvelle de asistente e amigo á pícara, xa como compañeiro de xogos, xa como coidador. Porén, a nai, entre medorenta e desconfiada, amósase reticente á hora de deixar sen máis a cativa nas mans dun robot, e por iso envía a Robbie lonxe do fogar. A partir de aí, a nena, que ignora o paradoiro exacto do seu amigo, fica desconsolada. Pouco e pouco sospeitará o paradoiro do robot e logra que regrese. O segundo relato, “Sally”, aínda que cambia o narrador omnisciente por unha voz en primeira persoa, tamén está centrado na relación humano-robot. Neste caso, Sally é un automóbil que, coma o resto dos coches nun garaxe particular, recibe os mellores coidados por parte do dono, Jake, voz e eixe do relato. A pracenteira vida deste cos seus autos vese truncada cando recibe a visita de Gellhorn, un mangante da contorna que trata de extorsionalo para que lle venda ou lle ceda algúns dos seus automóviles para poder facer negocio con eles no mercado negro. Tras unha serie de incidentes, os coches rebeláanse e o trampulleiro aparece morto nunha gabia, provocando en Jake o paso do respecto polos coches ao temor. O libro conta ademais cun apéndice de actividades complementarias dirixidas ao ensino que afondan na temática e na expresión destes dous relatos.

**Asimov**, Isaac, *Robbie e outros relatos*, intr. Paul Cornell, ilustr. David Shannon, trad. Alejandro Tobar, notas e propostas de traballo María Raich e Juan Sánchez-Enciso,

Barcelona: Vicens Vives Primaria, col. Aula das Letras, n.º 14, [mocidade], 140 pp. (ISBN: 978-84-682-1589-1).

Escolma de relatos de Isaac Asimov (Petrovichi, 1920-Nova York, 1992) que se abre cunha introdución dedicada a repasar a vida e a obra do autor e na que se insiren epígrafes que desenvolven o seu carácter de escritor fecundo e o seu amplo labor no eido da ficción científica e da divulgación científica. Destácase tamén o seu interese polos robots, que introduce nos seus relatos sempre con connotacións positivas, así como a creación das Leis da Robótica que determinan o seu comportamento. A seguir, inclúense os catro relatos escolmados, que van acompañados das ilustracións do artista estadounidense David Shannon (Washington D.C., 1959). En “Robbie” –relato pertencente ao volume *Eu, Robot* (1950) e o primeiro da serie sobre robots– unha voz en terceira persoa narra a historia da familia Weston (integrada polo pai, George; a nai, Grace; e a súa filla, Gloria), ambientada no ano 1998 da Era Común. Xira ao redor da relación de Gloria con Robbie, compañeiro de xogos e amigo da cativa até o punto de que a nai quere evitar sexa como for que estean xuntos. É por iso que se desfai do robot, mais, a partir de aí, a nena, que ignora o paradoiro do seu amigo, fica desconsolada. Con todo, a narración ten un final feliz, co regreso de Robbie á casa dos Weston. No segundo relato, “Todos os problemas do mundo”, que forma parte do libro *Nove mañás* (1959), un narrador omnisciente conta como o ordenador xigante Multivac controla o mundo enteiro e evolucionou até ser capaz de predicir o comportamento futuro de cada individuo e mesmo de facilitar solucións para calquera tipo de problema persoal. De súpeto, as autoridades deteñen a Joseph Manners, pois o ordenador detectou que planea asasinar a alguén, malia que o responsábel de tal acto non será el. O desenlace reserva un xiro inesperado desta trama de intriga. En “Sally”, que apareceu no volume *Anoitecer e outros relatos* (1969), unha narración en primeira persoa na voz de Jacob Folkers, este vello chofer retirado encárgase dunha granxa na que se conservan con esmero os coches robotizados en desuso. Sally é un deses automóviles, mais a súa agradábel vida nese lugar vese truncada cando recibe a visita de Gellhorn, un mangante da contorna que pretende facer negocio no mercado negro cos coches. Tras unha serie de incidentes, os vehículos rebélanse e o trampulleiro aparece morto nunha cuneta. O relato acaba cun aquel de misterio, coas reflexións de Jake, que se pregunta até que punto os coches automáticos son capaces de argallar unha estratexia e mesmo de se facer co control da situación, algo que se supuña monopolio dos seres humanos; de feito, a intriga desemboca en medo: o protagonista pasa de respectar os coches a temelos. Finalmente, a escolma péchase con “Dereito de voto”, relato pertencente ao volume *A Terra é grande dabondo* (1957), que conta a historia de Norman Muller, un home sensato pero mediocre a quen Multivac elixiu para votar nas eleccións presidenciais controladas polo omnipotente ordenador. A historia comeza *in media res* e condúcenos até un desenlace determinado porque Muller accede a participar no proceso electoral contestando as preguntas que lle formula Multivac. Co deseño desta situación, Asimov aproveita para presentar unha visión sociopolítica do futuro escasamente confortadora. O libro contén un apéndice de actividades dirixidas ao ensino con textos auxiliares sobre a ficción científica e cuestións que afondan na temática dos relatos e no carácter ético e social que se inclúen neles.

**Baum**, L. Frank, *O mago de Oz*, adapt. Germán Vives, ilustr. Robert Ingpen, trad. Isabel Soto, actividades Josep Santamaría, Barcelona: Vicens Vives Primaria, col. Cucaina, n.º 20, [lectorado autónomo], 2014, 160 pp. (ISBN: 978-84-682-1571-6).

Adaptación do clásico do norteamericano Lyman Frank Baum (Chittenango, 1856-Hollywood, 1919) acompañado das ilustracións do australiano Robert Ingpen (Geelong, Victoria, 1936). O relato estrutúrase en dezaioito capítulos titulados que recollen as principais peripecias da protagonista, Dorothy, unha nena que acaba no máxico reino de Oz co seu can Totó despois de que a súa casa en Kansas voe polo aire a causa dun tornado. Cando aterra no País dos Gaspallos, a fada do norte agradécelle que acabase coa bruxa malvada do leste esmagándoa debaixo da casa e explicalle que para conseguir regresar a Kansas deberá viaxar á Cidade Esmeralda e pedirlllo ao mago de Oz. No camiño, Dorothy bate con tres personaxes que se converten nos seus inseparábeis amigos: un espantallo que debece por ter un cerebro, un leñador de lata que precisa un corazón e mais un león covarde que só quere ter valor. Os catro diríxense á Cidade Esmeralda e son recibidos polo mago de Oz, aínda que para conseguir o que cada un desexa deberán acabar coa bruxa malvada do oeste. Tras se enfrontaren a unha chea de perigos, os protagonistas volven onda o mago, pero axiña descubren que en realidade os enganou porque non ten poder ningún. Unha nova viaxe ao País dos Cacholáns, onde vive a fada Glinda, fará que por fin acaden cadanseu soño. Como é habitual nesta colección, o libro conta cun apéndice de actividades complementarias dirixidas ao ensino que afondan na temática e na expresión do relato. Así mesmo, a obra péchase cunha páxina dedicada a ofrecer unha nota biográfica sobre Lyman Frank Baum.

### **Recensións:**

- María Navarro, “Bo siso e afouteza”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 518, “Libros”, 6 novembro 2014, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 470, “Letras galegas”, 15 novembro 2014, p. 10.

Coméntase esta adaptación dunha “das novelas destinadas ao público infantil máis coñecidas do século pasado”, indicando que inclúe notas aclaratorias e un apéndice de actividades. Dáse conta do argumento e destácase a intención de facer reflexionar os lectores “sobre a errónea mitificación á que sometemos as nosas vidas, considerando que o benestar se acada con bens materiais e obviando que o realmente importante non se merca”. Coméntase o carácter metafórico do texto e a mestura entre o “ton agresivo de determinados personaxes” e o “carácter pacífico da protagonista”.

**Boyne, John**, *O que lle aconteceu a Barnaby Rooket (The Terrible Thing That Happened to Barnaby Rooket*, 2012), ilustr. Oliver Jeffers, trad. Carlos Acevedo, Pontevedra: Fictoria K de libros, [mociade], outubro 2014, 259 pp. (ISBN: 978-84-15250-74-6).

Esta novela de John Boyne (Irlanda, 1971) ten como protagonista a Barnaby Rooket, un neno de oito anos que flota. A súa familia caracterízase por ser a máis normal de Sydney e os seus pais só buscan normalidade nas súas vidas. Para poder saír á rúa e que ninguén repare nel, a súa nai échelle a mochila con sacos de area, para así mantelo fiel á lei da gravidade. Un día, esta decide rematar co sufrimento de ter un fillo non “normal” e corta a mochila de xeito que os grans de area caen e Barnaby marcha flotando. Aí comeza a grande aventura de Barnaby, onde coñecerá todo tipo de personaxes e viaxará a lugares como Brasil, Nova York, Canadá, África ou mesmo ao

espazo, sempre acompañado de persoas e situacións que escapan da normalidade. Finalmente volta a Sydney, onde os médicos atopan a solución para que deixe de flotar. Pero el decide seguir flotando e vivir máis aventuras, desta volta acompañado do seu can, o Capitán W.E. Johns. Oliver Jeffers (Port Hedland, Australia, 1977) non é a primeira vez que pon imaxes aos textos de John Boyne. Jeffers emprega o debuxo e axúdase da mancha para crear os volumes e a sensación de profundidade. O uso do espazo na composición xera unha sutil narración, un contexto poético e un imaxinario no que o lector se introduce de inmediato. Todas as ilustracións están feitas en gama de grises agás a cuberta, única en cores frías, que resulta moi atraente polo surrealismo da historia (un can nunha cidade deserta mira cara ao ceo onde está voando un neno) e pola perspectiva da rúa e o tratamento da luz que conduce a mirada do espectador cara ao descoñecido.

**Bruno**, Pep, *Os camiños das árbores (Los caminos de los árboles)*, ilust. Mariona Cabassa, trad. María Alonso Seisdedos, Fraga (Huesca): Edicións la fragatina, col. Lo Mullarero, [prelectorado e lectorado autónomo], abril 2014, [30] pp. (ISBN: 978-84-942502-0-0).

Narración de Pep Bruno (Barcelona, 1971) que principia con dúas dedicatorias: a do autor “A Juan e a José, avós dos meus fillos” e a da ilustradora, “Para os avós de Martín, os que xa non están: Yanque e Cecília. E para os que aínda lle aprenden moitos camiños: a *baba* Montse, o *avi* Santi e a *amama* Mertxe”. Relátase a historia de superación dun cativo que quere subir ao alto dunha ameixeira, mais pensa que non é suficientemente forte ou alto para acadar o seu propósito. O avó do neno ensínalle que cada árbore ten o seu camiño e que é preciso ter paciencia para descubrir o mellor xeito de gabeala. Finalmente, avó e neto gozan dun fermoso solpor. O texto complementase coas ilustracións de Mariona Cabassa, centradas no protagonista da trama.

**Cisneros**, Sandra, *A casa de Mango Street (The house on Mango Street)*, 1983), trad. do castelán Alicia Meléndez, Cangas de Morrazo: Sushi Books, de cinco a quince anos, 2014, 103 pp. (ISBN: 978-84-936101-9-7).

Narración da vida cotiá de Sandra Cisneros (Chicago, 1954) dedicada “Ás mulleres” e que agora se reedita sen máis cambios que os de selo editorial, xa que se acolle agora para lectorado de cinco a quince anos no selo Sushi Books, pertencente á propia Rinoceronte Editora que publicara a tradución no ano 2008 na colección “Contemporánea”, como se describe no *Informe de Literatura 2008*.

### **Recensións:**

- R. Nicolás, “Resortes de reacción”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Galego”, 11 xullo 2014, p. 21.

Comenta que a autora desta obra crea un mundo singular, o cal se caracteriza por secuencias narrativas que poñen en funcionamento “resortes de reacción” ante a discriminación exercida sobre un colectivo en particular.

**Conan Doyle**, Arthur, *O can dos Baskerville* (*The Hound of the Baskerville*, 1901), intr. Fernando González, ilust. Iassen Ghiuselev, trad. Eva Almazán, actividades e notas Clara Bremón, Barcelona: Vicens Vives, col. Aula das Letras, n.º 9, [mociidade], 2014, 268 pp. (ISBN: 978-84-682-1445-0).

Tradución da novela clásica de Arthur Conan Doyle (Edimburgo, 1859-Crowborough, 1930), *O can dos Baskerville* que vai precedida dunha introdución na que se repasa polo miúdo a biografía do escritor, salientando a súa infancia ateigada de penurias e marcada polo alcoholismo do pai; a súa formación no campo da medicina e as influencias que recibiu como axudante do doutor Joseph Bell, adoito na observación e na dedución e grazas a quen aprendeu a observar, exercer a memoria e seleccionar datos e síntomas – unha figura fundamental na creación do personaxe de Sherlock Holmes–; a súa teima creativa dende moi novo; así como a súa consagración como escritor. Analízase así mesmo a creación do personaxe do seu famoso detective e o deseño do seu método de investigación científico e mais os detalles que rodearon a escrita desta novela, dende o seu xermolo argumental, suxerido polo xornalista Bertram Fletcher Robinson arredor da lenda dun sabuxo que roldaba polas inhóspitas gándaras de Dartmoor, en Devon, no suroeste de Inglaterra, até os seus personaxes principais e a súa estrutura. A seguir, inclúese a novela, centrada no misterio arredor da lenda que arrodea a familia Baskerville, que resucita tras aparecer morto sir Charles e no momento no que o seu sucesor, Henry, debe tomar posesión do pazo familiar. Preséntase dividida en tres partes. A primeira correspóndese coa presentación do misterio dos Barskerville e coas pescudas iniciais de Holmes (capítulos I-V); a segunda, o nó, coas investigacións que leva a cabo Watson en solitario en Dartmoor (capítulos VI-XI), ateigadas de pistas falsas; e a terceira, coa reaparición de Holmes, o desenlace e a acostumada explicación do detective (capítulos XII-XV). Destaca a trepidante acción, a presenza de intrigantes personaxes, a ambientación terrorífica e tebrosa do relato, que o aproxima aos códigos da novela gótica e o papel esencial que desempeñan o diálogo e a descrición, en particular para plasmar o terror asociado ao can. O libro contén un apéndice de actividades dirixidas ao ensino con textos auxiliares e cuestións que afondan na estrutura, personaxes e temática da novela.

### **Recensións:**

- Paula Fernández, “Apaixonante relato”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 523, “Libros”, 11 decembro 2014, p. VI / *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 475, “Letras galegas”, 20 decembro 2014, p. 10.

Destaca que esta obra vai dirixida fundamentalmente para o alumnado de secundaria, posto que inclúe unha serie de actividades que contribúen á asimilación da lectura dos clásicos. Informa que a tradución de Eva Mª Almazán García é impecábel e lembra que pertence ao equipo de tradutores do *Ulises* de Joyce que recibiu o Premio Nacional á mellor tradución en 2014. Refire o argumento da obra protagonizada por Holmes e Watson, indica que é un libro “apaixonante” e salienta que, pese ao paso do tempo, non perdeu grandeza nin interese.

**Conan Doyle**, Arthur, *O signo dos catro* (*The Sign of the Four*, 1890), introdución, notas e actividades Rebeca Martín, ilust. Svetlin, trad. Eva Almazán, Barcelona: Vicens Vives, col. Aula das Letras, n.º 8, [mocidade], 2014, 194 pp. (ISBN: 978-84-682-1307-1).

Tradución da segunda novela na que Arthur Conan Doyle (Edimburgo, 1859-Crowborough, 1930) utilizou a Sherlock Holmes como protagonista tras *Estudo en escarlata* (1887), acompañada das ilustracións de Svetlin (Rouse, Bulgaria, 1971). O volume encomeza cunha introdución na que se repasa polo miúdo a biografía do escritor, dende a infancia ategada de penurias, a súa formación no campo da medicina e as influencias que recibiu como axudante do doutor Joseph Bell, adoitado na observación e na dedución e grazas a quen aprendeu a observar, exercitar a memoria e seleccionar datos e síntomas –unha figura fundamental na creación do personaxe de Sherlock Holmes–; a súa teima creativa dende moi novo, así como a súa consagración como escritor e a súa relación de amor odio con Holmes. A novela arrinca cando Mary Morstan se presenta na rúa Baker para pedirlle axuda a Holmes, quen se atopa ensumido nun estado semidepresivo que só consegue soportar inxectándose cocaína. Por fortuna, o caso da señorita Morstan é atractivo dabondo como para devolverlle a Holmes toda a súa enerxía e o seu instinto de sabuxo. Así, o detective enfróntase a unha serie de sucesos na aparencia inconexos: a desaparición do pai da súa clienta, capitán do exército destacado na India, dez anos atrás; a presenza dun descoñecido que, dende hai seis, lle envía unha lustrosa perla á dama e agora desexa reunirse con ela; e o arrepianete asasinato de Bartholomew Sholto, fillo dun vello coñecido do capitán Morstan. Tras estes feitos, agóchase unha estraña sociedade que asina como «O signo dos catro», formada por un inglés, Jonathan Small, e tres estranxeiros, Mahomet Singh, Adbullah Khan e Dost Akbar. A clave do enigma atópase, como acabará descubrindo Holmes, nuns macabros sucesos que tiveron lugar trinta anos atrás, durante o Motín dos Sipaios (1857-1858), na remota India. Sen deixar de cingirse á fórmula presentación-resolución que caracteriza a meirande parte dos relatos de Holmes, *O signo dos catro* combina unha trama policial cos dous xéneros predilectos de Conan Doyle, o relato histórico e o de aventuras, entretecidos na trepidante narración de Jonathan Small. Conan Doyle atreveuse ademais a adobiar a súa novela cunha trama amorosa e sentimental na que o protagonista é o propio Watson: ao tempo que axuda a Holmes nas súas pescudas, o doutor cae rendidamente namorado de Mary Morstan, con quen acaba comprometéndose. Ao cabo, nunha conclusión que nos devolve o Holmes máis escuro e sombrío, o detective entrégase de novo á cocaína, mentres Watson pensa na súa vida futura con Mary Morstan. O libro contén un apéndice de actividades dirixidas ao ensino con textos auxiliares e cuestións que afondan na estrutura, personaxes e temática da novela.

### **Recensións:**

- Paula Fernández, “Innegable atractivo”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 501, “Libros”, 22 maio 2014, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 453, “Letras galegas”, 24 maio 2014, p. 10.

Comeza sinalando a tradución desta obra ao galego por Eva María Almazán na editorial Vicens Vives. A seguir, comenta que esta edición contén unha introdución á vida e obra de Conan Doyle, unha aproximación ao texto da novela e unha multiplicidade de

actividades. Comenta brevemente o argumento e descríbea como unha novela das “de sempre”.

**Delicado**, Federico, *Ícaro*, VII Premio Internacional Compostela para álbums ilustrados, ilustr. do autor, trad. Manuela Rodríguez, Pontevedra: Kalandraka Editora, [lectorado autónomo], novembro 2014, [36] pp. (ISBN: 978-84-8464-903-8).

Neste álbum fantástico-realista de Federico Delicado (Badaxoz, 1956), relátase a historia, por medio da narración textual e visual, do neno Ícaro. Faise dende a institución onde está recluído o protagonista, debido a que seus pais xa voaron e el quedou só. Cóntalles aos seus coidadores que seus pais se converteron en paxaros, coma os seus antepasados, e que regresarán a buscalo en canto aprenda a voar e atopen un niño no que se reuniren. Os coidadores non o cren até que emprende o voo coma os seus antepasados. As ilustracións figurativas, do propio autor, ademais de seguir páxina a páxina o relato textual, ofrecen detalles sobre os personaxes, o lugar de reclusión e a soidade, por exemplo, e nelas a cor reproduce os dous planos da historia, escuras para os momentos reais e coloristas para os fantásticos, os momentos de convivencia da familia.

#### Referencias varias:

- R. Nicolás, “Comezar o voo”, *La Voz de Galicia*, “Fugas” “Letras”, “Galego”, 14 novembro 2014, p. 7.

Salienta o desasosiego que provoca “o común transformado en extraordinario” e destaca a “potencialidade narrativa inusual”.

**Fellola**, Soledad, *A cociñeira do rei*, ilustr. Sandra de la Prada, trad. do castelán Eva Mejuto, Pontevedra: OQO Editora, col. O, [lectorado autónomo], xuño 2014, [32] pp. (ISBN: 978-84-9871-501-9).■

Neste álbum ilustrado, Soledad Felloza (Uruguai) por medio da protagonista Mencía e das ilustracións, cheas de cores vivas, de Sandra de la Prada (Barcelona) amósase a tristura do rei por non conseguir pensar. A historia céntrase en como solucionar o problema. Os médicos recoméndanlle entre outras cousas unha boa alimentación que non conseguen os seus cociñeiros até que Mencía, personaxe cantarín e alegre, entra na cociña real, a pesar de ser só para homes, e elabora unha receita que fai que o rei rememore a súa infancia e xuventude e comece a rir. A rapaza rematará por converterse na cociñeira do Rei, que por medio dos seus ingredientes principais: amor e ilusión, curará. As ilustracións ofrecen un mundo de sabores e aromas a partir dunha proposta plástica chea de frescura e cor. As imaxes limpas e luminosas permiten seguir as andanzas da pequena. Para enfatizar o ton humorístico do conto, acompañan a Mencía dous gatos que aparecen en case todas as páxinas e que aínda que non falen conseguen converterse tamén en protagonistas polas trasnadas e axudas á protagonista.

#### Referencias varias:



- Olalla Sánchez, “Las apuestas literarias infantiles más refrescantes para el verano. Literatura con sabor para os máis pequenos”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Infantil”, 27 xuño 2014, pp. 16-17.

Comenta a publicación deste álbum ilustrado de Soledad Felloza que “reivindica a cociña tradicional coma espazo de ledicia”. Refire o argumento da obra e destaca o ton humorístico e o optimismo. Indica que o título da obra é “un canto ás cousas miúdas e cotiás”. Afirmar que a proposta plástica reforza o carácter desenfadado do relato e está chea de frescura e cor.

**Güettler**, Kalle, Rakel **Helmsdal** e Áslaug **Jónsdóttir**, *Monstro Pequeno di non! (Nei! sagði litla skrímslið)*, 2004), ilust. Áslaug Jónsdóttir, trad. Equipo Sushi, Cangas: Sushi Books, [lectorado autónomo], 2014, [32] pp. (ISBN: 978-84-15920-24-3).

Nesta obra fantástico-realista, Kalle Güettler (Suecia, 1949), Rakel Helmsdal (Dinamarca, 1966) e Áslaug Jónsdóttir (Islandia, 1963), a través dun narrador en primeira persoa e por medio dos diálogos entre os personaxes e as ilustracións, narran a historia dun monstro pequeno que está enfadado porque o seu amigo monstro grande sempre quere mandar. Cando xogan os dous ás agochadas sempre apanda o monstro pequeno, o outro sempre se ri del, estrágalle os rotuladores e róuballe no bolso de súa nai. Pero monstro pequeno non se atreve a dicirlle nada, até que un día cando peta na súa porta, ao abrírlle, bóttalle un berro e dille que non quere xogar máis con el, porque sempre está a mandar e a portarse mal. Dende aquelas monstro grande promételle que xa nunca máis o volverá molestar, nin a estragar as pinturas e que se portará ben. As ilustracións de Áslaug Jónsdóttir (Islandia, 1963) son moi sinxelas mais atractivas na expresión e emoción dos protagonistas, así como nas cores alegres. As imaxes son planas, distribuídas nun fondo de cor crema. A técnica asemella a serigrafía, onde os personaxes se presentan nun volume de cor negra e empréganse ceras para imitar a pelaxe dos corpos e os trazos dos rostros. Tamén se utiliza a colaxe para a representación das escenografías, como anacos de xornais e papeis de diferentes cores. A tipografía varía de tamaño e tipo para diferenciar o diálogo entre o monstro pequeno e o grande.

### Recensións:

- María Navarro, “Aprender a dicir non”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 515, “Libros”, 16 outubro 2014, p. VI// *La Opinión*, “Saberes”, n.º 467, “Letras galegas”, 25 outubro 2014, p. 10.

Dáse conta do argumento do libro e da pretensión de que os cativos “perciban comportamentos e actitudes e discriminen formas de proceder”. Destácase que a interpretación é sinxela para o lector e que mediante o uso de seres fantásticos se transmiten ensinanzas da vida cotiá. Saliéntanse as ilustracións que Áslaug Jónsdóttir realiza dos protagonistas, Pequeno e Grande.

**Güettler**, Kalle, Rakel **Helmsdal** e Áslaug **Jónsdóttir**, *Os monstros grandes non choran (Stór skrímsli gráta ekki)*, 2006), ilust. Áslaug Jónsdóttir, trad. Equipo Sushi,

Cangas: Sushi Books, [lectorado autónomo], 2014, [32] pp. (ISBN: 978-84-15920-28-1).

Neste álbum fantástico Kalle Güettler (Suecia, 1949), Rakel Helmsdal (Dinamarca, 1966) e Áslaug Jónsdóttir (Islandia, 1963) recrean a historia de amizade entre Monstro Grande e Monstro Pequeno a través da visión do primeiro que observa como o seu amigo é moito máis hábil ca el na realización de certas actividades e xogos e que mesmo se chega a mofar da súa torpeza. Monstro Grande cre que nunca debe manifestarlle os seus sentimentos até que un día, farto, bótase a chorar e Monstro Pequeno faille ver que hai moitas cousas que o seu amigo lle pode aprender. As ilustracións de Áslaug Jónsdóttir (Islandia, 1963) son moi sinxelas pero atractivas na expresión e emoción dos protagonistas, así como nas cores alegres. As imaxes son planas, distribuídas nun fondo de cor crema. A técnica asemella a serigrafía e nalgúns partes aparece a estampación de obxectos, onde os personaxes se presentan nun volume de cor negra e empréganse ceras para imitar a pelaxe dos corpos e os trazos dos rostros. Tamén se utiliza a colaxe para a representación das escenografías, coma anacos de papeis de diferentes cores, e inclúense debuxos de nenos. A tipografía varía de tamaño e tipo para diferenciar o diálogo entre o monstro pequeno e o grande.

### **Recensións:**

- María Navarro, “Pola autoestima”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 507, “Libros”, 3 xullo 2014, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, nº 460, 12 xullo 2014, p. 6, “Letras galegas”.

Primeiramente describe a Monstro Grande, o personaxe principal desta obra, quen se caracteriza pola súa visión pesimista e derrotista ante diversas situacións cotiás. Tamén fala de Monstro Pequeno, cuxos trazos son opostos aos do Monstro Grande, e da presenza do pranto como unha reacción natural en determinadas circunstancias. Faise eco dos valores presentes na obra, como a superación, a reflexión sobre o autoconcepto e a aceptación das diferenzas. Para rematar, felicita a Áslaug Jónsdóttir polo seu labor ilustrativo.

**Jansson, Tove**, *A chegada do cometa* (*Kometen kommer*, Schildts Förlags Ab, Finland, 1946, 1968), ilust. do autor, trad. Moisés Barcia, [lectorado autónomo], Cangas do Morrazo (Pontevedra): Sushi Books, col. intermedio, 2014, 139 pp. (ISBN: 978-84-15920-50-2).

Relato de Tove Jansson (Helsinki-Suecia, 1914-2011) no que a tranquilidade da familia Mumin se ve afectada pola nova da posíbel chegada dun cometa. Mumintroll e o seu amigo Sniff deixan atrás os seus paseos cotiáns polo bosque, durante os cales descubriran unha cova, e inician unha viaxe en balsa até o observatorio existente nas Montañas Solitarias, enviados polos pais de Mumintroll para coñecer de primeira man se o cometa chegará até o val onde eles viven. Esa viaxe física e de madurez interior permíttelles coñecer a personaxes moi diferentes, caso de Hemul, o coleccionista de selos, e da señorita Snork. Con eles establecen amizade e regresan ao seu val cando a calor xa se incrementou abondo, se ben aínda están a tempo de se gorecer toda a familia e os seus novos amigos na cova que descubriran para se protexeren do cometa. As

ilustracións do propio autor céntranse nas reaccións dos personaxes ante o temor pola chegada do cometa.

**Jansson**, Tove, *O sombreiro do mago* (*Trollkarlens Hatt*, 1948, Schildts Förlags Ab), ilust. do autor, trad. Moisés Barcia, [lectorado autónomo], Cangas do Morrazo (Pontevedra): Sushi Books, 2014, 139 pp. (ISBN: 978-84-15920-51-9).

Novo relato de Tove Jansson (Helsinki-Suecia, 1914-2011) protagonizado polos Mumin, uns trolls nórdicos brancos co fuciño de hipopótamo. Principia cun mapa de Val Mumin, no que vive a familia Mumin, composta polo pai, a nai e o fillo Mumintroll, que é o personaxe principal. A seguir, ofrece un índice co nome dos apartados e unha pequena introdución. Estrutúrase en sete capítulos nos que se conta a historia de como despois de invernar, Mumintroll, Osmón e Sniff descubren un sombreiro máxico. A familia tentará fuxir sen resultado do feitizo deste obxecto que provoca tantos problemas. Finalmente, o dono do sombreiro, que nun primeiro momento ten malas intencións, acaba por facerse amigo dos Mumin. O relato xira ao redor dos mundos máxicos e da existencia de seres míticos. O texto complementase coas ilustracións do propio autor, nas que destaca o sombreiro pola súa relevancia no transcorrer da trama.

**Kipling**, Rudyard, *O libro da selva* (*The Jungle Book*, 1894), ilust. cuberta Carlos Arrojo, trad. Rafael Salgueiro, Cangas do Morrazo (Pontevedra): Sushi Books, col. avanzado, 2014, 174 pp. (ISBN: 978-84-15920-32-8).

Tradución dirixida ao lectorado infantil e xuvenil da obra do autor clásico Rudyard Kipling (Bombay, 1865-Londres, 1936) que Rafael Salgueiro traducira para Edicións Morgante no ano 2010, como se pode seguir polo *Informe de literatura* correspondente. Na ilustración da cuberta, realizada por Carlos Arrojo, represéntanse os personaxes de maneira esquemática a partir de cores saturadas e vivas para expresar a natureza que se atopa na selva e, por medio dun degradado cara a cores escuras, ofrécese profundidade no centro do debuxo para destacar o título do libro.

### Recensións:

- Alba Rozas Arceo, “Chamada á aprendizaxe”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 14 xuño 2014, p. 43.

Despois de comentar que no panorama editorial actual a adaptación e tradución de contos clásicos é un procedemento moi empregado á hora de achegar ao público obras imprescindíbeis da literatura universal, refírese a esta obra e describe o seu contido, para rematar precisando que se trata dun compendio de historias atemporais e núas de artificios, que serven ao constante proceso de aprendizaxe do ser humano, pois os diferentes animais ofrecen leccións morais, a partir dun mundo salvaxe que aparece dominado pola superioridade racional do home, como queda reflectido no debuxo da cuberta do libro, coas feras xurdindo da frondosidade da selva e un meniño sentado nunha póla, entre elas.

- María Navarro, “Mowgli e a India”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 512, “Libros”, 25 setembro 2014, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 464, “Letras galegas”, 4 outubro 2014, p. 10.

Cóntase que da man de Sushi Books chega a tradución d’*O libro da selva*, un clásico da literatura universal que os lectores aprecian polas ensinanzas que extraen del. Di que as historias se basean na selva india, onde os animais ensinan leccións morais, centrando a súa ollada nunha natureza agreste e sen ser regulada polo home. Coméntase o contido dalgúns dos relatos, sinálase que en todos está a consigna de que a intervención do home na natureza non trae nada bo para eles e dise que o carácter antropomórfico dos animais fai posíbel coñecer os seus sentimentos, grazas ás personificacións. Salienta que o autor da obra usa esteriotipos dos animais; que o ser humano saca o peor deles; e que o home teme categorizar situacións concretas, aínda que metaforiza situacións xerais.

**Lindgren**, Astrid, *Os nenos de Bullerbyn*, ilustr. Ingrid Vang Nyman, trad. Moisés Barcia, Cangas do Morrazo (Pontevedra): Sushi Books, col. Intermedio, [lectorado autónomo], 2014, 260 pp. (ISBN: 978-84-15920-22-9).

Acolle tres obras infantís da autora Astrid Lindgren (Suecia, 1907-2002), escritas entre 1947 e 1952: *Os nenos de Bullerbyn*, *Novas aventuras en Bullerbyn* e *Que divertido é Bullerbyn!*. Tres historias que se desenvolven en Bullerbyn, aldea que só conta con tres casas, onde conviven os seis nenos que protagonizan o libro. Lisa, rapaza de oito anos que vive na Casa do Medio, relata o seu día a día cos seus irmáns e os nenos e nenas das casas veciñas. Trátase de relatos de ambientación costumista, nos que se narran aventuras cotiás e sinxelas, como o paseo até a escola ou até a tenda en Storbyn, o traballo no campo ou os xogos na palleira, que se atopan divididos en tres partes: *Os nenos de Bullerbyn* ten carácter introdutorio, pois nel preséntanse os personaxes protagonistas: Lisa, os seus irmáns maiores Lasse e Bosse, o veciño Olle e as veciñas Anna e Britta. A seguir, en *Novas aventuras en Bullerbyn*, o relato céntrase nas celebracións tradicionais, nas que os nenos participan activamente, coma o Nadal, a Pascua ou o un de abril, día dos inocentes. Por último, en *Que divertido é Bullerbyn!* retómanse as situacións cotiás, nas que se inclúen a caída dos dentes de leite, a noite de San Xoán ou ir pescar cangrexos. A maioría dos capítulos do libro presentan unha aventura dende o comezo até a fin, polo que poden lerse de xeito independente. As ilustracións de Ingrid Vang Nyman (Vejlen-Jutlandia, 1916-Copenhague, 1959) destacan pola súa sinxeleza e o seu carácter anecdótico de recordos infantís, os momentos de xogo e as trasnadas. As imaxes son en branco e negro e tratadas con rotulador negro. A cuberta presenta o plano dunha árbore onde se dispoñen os nenos xogando nas diferentes ramas. Empréganse cores suaves e alegres a partir da técnica da acuarela, destacando sempre o grafismo do rotulador.

**Lund Kirkegaard**, Ole, *A aventura de Hodia de Piort* (*Hodja fra Piort*, Gyldendal, København, 1975), trad. Sushi Books, ilustr. do autor, Cangas do Morrazo (Pontevedra): Sushi Books, 2014, col. intermedio, 104 pp. (ISBN: 978-15920-46-5).

Conto de Ole Lunk Kirkegaard (Aarhus, Dinamarca, 1940-1979) no que un narrador en terceira persoa relata as fazañas do neno Hodia que vive en Piort, unha cidade ficticia inspirada no mundo árabe. A trama desenvólvese ao redor das ansias do neno por

coñecer e viaxar polo mundo e de como é capaz de satisfacelas no momento que consegue, inesperadamente, unha alfombra voadora. Mantéñense as ilustracións orixinais do autor, aínda que non se indica.

**Lund Kirkegaard, Ole**, *Orla Tragarrás (Orla Fro-snapper*, Gyldendal, København, 1969), trad. Sushi Books, Cangas do Morrazo (Pontevedra): Sushi Books, col. intermedio, 2014, 103 pp. (ISBN: 978-84-15920-42-7).

Nova tradución do relato de Ole Lund Kirkegaard (Aarhus-Dinamarca, 1940-1979) que fora verquido ao galego por vez primeira en 1990 por Sara Alonso Pimentel para Alfaguara Editorial na serie “Xuvenil Alfaguara”. Nesta nova tradución, a cargo de Sushi Books e revisada por Moisés Barcia, mantéñense as ilustracións orixinais do autor, aínda que non se indica. No primeiro capítulo explícanse as vantaxes de ser pequeno e destácase como único inconveniente que “os matóns e outros rapaces grandes e estúpidos” non deixan en paz o narrador protagonista en primeira persoa nin a outros nenos “encantadores”. No segundo capítulo descríbese o peor dos matóns, Orla, e o segredo que idea o protagonista para se burlar del ante o ferreiro. Nos restantes capítulos narráanse as ocorrencias do neno protagonista para deixar en ridículo a Orla cando este se quere burlar del, cando chega o Circo Benito á cidade. Céntrase a atención na función que representa ese circo e nas consecuencias que ten para Orla saír do canón do Home Bala.

**Lund Kirkegaard, Ole**, *Otto é un rinoceronte (Otto er et naesehorn*, Gyldendal, København, 1981), trad. Sushi Books, Cangas do Morrazo (Pontevedra): Sushi Books, col. intermedio, 2014, 99 pp. (ISBN: 978-84-15920-34-2).

Nova tradución do relato de Ole Lund Kirkegaard (Aarhus-Dinamarca, 1940-1979) que fora verquido ao galego por vez primeira en 1989 por Sara Alonso Pimentel para Alfaguara Editorial na serie “Xuvenil Alfaguara”. Nesta nova tradución, a cargo de Sushi Books e revisada por Moisés Barcia, mantéñense as ilustracións orixinais do autor, aínda que non se indica. No primeiro capítulo descríbese a casa vermella, fronte ao porto, na que vive Topper, o neno protagonista, coa súa familia. No segundo capítulo nárrese a súa afección por coleccionar cousas variadas e descríbense os trazos da súa noiva, o carriño de bebé Cachifallo, as vacacións de verán e as aventuras que vive grazas ao emprego dun lapis “estraño” que borra de seguido o escrito agás os debuxos, que cobran vida, como acontece cun rinoceronte amarelo, que protagoniza diferentes peripecias con Topper e a súa familia, que buscan como alimentalo e atoparlle un espazo axeitado para vivir, debido aos problemas de convivencia na casa vermella e na cidade. Ao final da historia o xefe da policía emprende unha viaxe cara ás illas Fitti-Huli para levar o rinoceronte e o pai do protagonista decide cambiar o nome do seu café, Café o Bacallau Azul, e nomealo como o rinoceronte.

**Lund Kirkegaard, Ole**, *Tarzán de goma (Gummi Tarzan*, Gyldendal, København, 1975), trad. Sushi Books, Cangas do Morrazo (Pontevedra): Sushi Books, col. intermedio, 2014, 90 pp. (ISBN: 978-84-15920-38-0).

Nova tradución desta narración de Ole Lund Kirkegaard (Aarhus-Dinamarca, 1940-1979) que fora verquida ao galego por vez primeira en 2007, en Edicións Xerais de Galicia, na súa colección “Merlín”, serie verde, tras merecer Laura Sáez Fernández o 1º Accésit de Tradución da Universidade de Vigo 2004. Nesta nova tradución, realizada por Sushi Books e revisada por Moisés Barcia, mudan as ilustracións de Andrés Meixide por outras das que non se indica o nome do autor, e que van inseridas no texto por medio de frases de presentación ou de fragmentos textuais nas propias ilustracións.

**Mazo**, Margarita del, *Feroz, o lobo* (*Feroz, el lobo*), ilustr. Leire Salaberria, trad. do castelán Marisa Núñez, Pontevedra: OQO Editora, [lectorado autónomo], abril 2014, [38] pp. (ISBN: 978-84-9871-497-5).

Reescrita ideolóxica en formato álbum de Margarita del Mazo (Toledo, 1960) do conto protagonizado pola Carapuchiña Vermella, na que rompe cos prexuízos sobre a figura malvada do lobo Feroz. Dedicado pola autora á súa irmá pequena “porque ao seu lado é moi fácil medrar” e pola ilustradora Leire Salaberria (Andoain-Gipuzkoa, 1983) “aos lobos e a Viole, por coidar dos bosques”, nel relátase que, dende hai varios días, o lobo Feroz pasa as noites a deambular polo bosque e ao día seguinte vai na procura da Carapuchiña Vermella, acudindo á casa da avoa, á da propia Carapuchiña e á dos tres porquiños, sen obter resposta ningunha polo medo á súa figura. Consegue atopala nun prado e, no momento en que tenta sacar un coitelo do seu saco, esta asústase e o cazador dispáralle, deixando o lobo inconsciente. Esta acción provoca o desgusto da nena, que non comprende que o cazador tentaba “ser o bo dos contos”, polo que este marcha desgustado e maquinando presentar unha queixa. A historia péchase cun final feliz no que o lobo Feroz lle entrega a Carapuchiña unha torta polo seu aniversario. As ilustracións céntranse en plasmar a sorpresa do lobo ante o constante rexeitamento que sofre na súa procura da Carapuchiña.

**Mazo**, Margarita del, *As lentes de ver* (*Las gafas de ver*), ilustr. Guridi, trad. María Alonso Seisdedos, Fraga (Huesca): Edicións la fragatina, col. Lo Mullarero, [lectorado autónomo], abril 2014, [32] pp. (ISBN: 978-84-942019-8-1).

Neste álbum realista de Margarita del Mazo (Toledo, 1960), un narrador onisciente conta a historia dun neno chamado Carliños que está moi namorado dunha rapaza maior ca el, Inés, pero que a pesar dos intentos por achegarse a ela, nunca se fixaba nel. Nin tan sequera o día que ela puxo lentes se decatou da súa existencia. Carliños cría que a solución pasaba porque el tamén usara unhas lentes, para que todos, incluída Inés, se fixasen nel. Así que probou todas as lentes que había na súa casa, até que finalmente ao ter que poñer de ver de verdade, feitas á súa medida, sucedeu algo que non agardaba: viu unha nena chamada Ximena, que sempre estivera ao lado de Inés, pero el nunca vira, por iso cando ela lle falou quedou claro que o que Carliños precisaba eran unhas lentes de ver. Raúl Nieto Guridi (Sevilla, 1970) emprega, nas súas ilustracións, a técnica a lapis de cores e planos de cor nalgúns obxectos, coma na serigrafía mediante a montaxe dixital. As imaxes sinxelas, pero moi expresivas representan o protagonista dun xeito humorístico. Xerarquizan a figura do can como o personaxe inimigo. A cuberta presenta o protagonista mediante a súa silueta ou sombra chinesa, cun manchón gordo de pintura verde para introducir o título do libro. Ambas as gardas preséntanse nun fondo laranxa plano cos trazos a lapis que identifican o movemento das moscas.

**Martín Francés**, María José, *As tres princesas pálidas*, ilustr. Carole Hénaff, trad. Manuela Rodríguez, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. “MareMar”, [prelectorado e lectorado autónomo], xullo 2014, [32] pp. (ISBN: 978-84-8464-878-9).

Conto de María José Martín Francés (Madrid, 1958) que se inicia coa fórmula clásica “Había unha vez” para presentar a historia, ambientada nun reino e tempo remoto, dun vello monarca viúvo que deixa nas mans do pobo a elección da súa sucesora, de entre as súas tres fillas. Mais como as tres son moi pálidas e brancas teñen que recorrer á natureza para encherse de cor. Así, a máis maior come un anaco de ceo e a súa face queda azul; a segunda déitase na herba e colle a cor verde; e a máis pequena coas raiolas de sol ponse vermella. O pobo rexeita as dúas irmás maiores e decide que a sucesora sexa a máis nova por estar sa. Salienta o uso da rima nos diálogos e o simbolismo dos elementos da natureza. As ilustracións de estilo oriental de Carole Hénaff (Orange-Francia, 1973) usan trazos sinxelos e tons pasteis, realizadas con lapis de cores nas que abundan os detalles vexetais e celestes.

#### **Referencias varias:**

- María José Martín Francés, “As tres princesas pálidas”, *El Progreso*, “Pícaros”, “O conto”, 19 xullo 2014, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *As tres princesas pálidas*, escrita por María José Martín Francés e ilustrada por Carole Hénaff.

**Meroto**, Tina, *Hansel e Gretel*, ilustr. Iratxe López de Munáin, Pontevedra: OQO Editora, col. O, [lectorado autónomo], febreiro 2014, [32] pp. (ISBN: 978-84-9871-487-6). Inclúe CD.

Nova versión en álbum do conto de *Hansel e Gretel*, dos irmáns Jacob (Hanau-Hesse, Alemania, 1785-Berlín, 1863) e Wilhelm (Hanau-Hesse, Alemania, 1786-Berlín, 1859) Grimm, na que Tina Meroto recupera o personaxe da nai, mantén o título orixinal e incide no amor fraternal e no perdón, pois os pais senten pena e culpa por teren que abandonar os seus dous fillos no bosque, por iso os nenos ao seu retorno non lles gardan rancor e comparten os tesouros con todos os habitantes da rexión, salvando a situación de miseria que sofre a súa bisbarra. Nas ilustracións, Iratxe López de Munáin combina a técnica do *gouache*, que achega planos de cor uniformes, cos lapis de cores, alternando cores para recrear dous ambientes distintos: azuis, grises e amarelos para o bosque e morados, vermello e rosas para a bruxa. O libro acompáñase dun CD cunha selección instrumental de distintos fragmentos da ópera de *Hansel e Gretel*, composta en 1891 e 1892 por Engelbert Humperdinck, gravada pola Orquestra Filharmónica Cidade de Pontevedra.

#### **Recensións:**

- Carmen Ferreira Boo, “A nova casiña da bruxa con chocolate e mazapán”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 25 xuño 2014, p. 34.

Analízanse as semellanzas e diferenzas textuais e paratextuais entre o álbum *Hansel e Gretel* e as versións, adaptacións e traducións ao galego deste afamado conto dos irmáns Jacob e Wilhelm Grimm, salientando a recuperación do personaxe da nai, o mantemento do título orixinal, os coñecementos de Gretel sobre as propiedades das plantas ou as causas do abandono, á vez que incide no amor fraternal, a unión familiar e na xenerosidade dos nenos ao seu retorno. Apúntase que Iratxe López de Munáin combina a técnica do *gouache* cos lapis, “alternando cores para recrear dous ambientes distintos”; e que se acompaña dun CD cunha selección instrumental de distintos fragmentos da ópera *Hansel e Gretel*, composta en 1891 e 1892 por Engelbert Humperdinck, gravada pola Orquestra Filarmónica Cidade de Pontevedra.

### Referencias varias:

- M. B., “Pratos exclusivos para saborear só no Salón do Libro de Pontevedra”, *Diario de Pontevedra*, “XV Salón do Libro Infantil e Xuvenil”, 14 marzo 2014, p. 6.

Fálase das actividades programadas no XV Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra, entre as que salienta, entre outras, o concerto “A casiña de chocolate”, no que se proxectarán imaxes do conto *Hansel e Gretel* versionado por OQO Editora.

**Mejuto**, Eva, *Maruxa*, ilust. Mafalda Milhões, Pontevedra: OQO Editora, col. O, [prelectorado e lectorado autónomo], febreiro 2014, [20] pp. (ISBN: 978-84-9871-490-6).

Neste álbum narrativo, Eva Mejuto (Pontevedra, 1975), a partir dunha canción tradicional polaca, e por medio dun diálogo poético entre unha parella adulta e as abundantes ilustracións que complementan o relato, conta a historia dunha muller que, cansada de que o seu home non lle axude nos labores da casa, decide darlle unha lección. O home vai aprender que para preparar a comida tamén se require dun grande esforzo. A muller mándalle facer varios recados para conseguir os ingredientes precisos para realizar eses labores. Este esforzo sèrvelle ao home para se decatar de que o día a día dunha casa tamén require moito traballo. Nas ilustracións de Mafalda Milhões (Mirandela-Portugal, 1978) emprégase pintura acrílica e aplícase textura e volume para crear a forte expresividade que reflicten as diferentes emocións nos rostros dos personaxes. Cada escena, en cores saturadas e planas, detalla polo miúdo o lugar onde se atopan os protagonistas e as gardas do libro presentan un percorrido pola historia a través dun debuxo máis esquemático sen a aplicación do volume do interior e da cuberta.

**Padullés**, Estefanía, *O desexo do gato Klops*, ilust. da autora, trad. Charo Baleirón Sónora, A Coruña: Hércules de Ediciones, col. Novas lecturas de Hércules, [prelectorado e lectorado autónomo], 2014, [18] pp. (ISBN: 978-84-92715-78-7).



Neste álbum de Estefanía Padullés Estévez (Vilada-Barcelona, 1978), seguindo a estrutura do conto de transmisión oral, nárrese a historia de Klops, un gato que atopa unha estrela na cheminea, á que decide pedirlle un desexo: converterse en algo diferente, xa que moitos outros seres, como podería ser un dragón ou un paxaro, teñen calidades mellores que as dun simple gato. O personaxe da avoa é o ser máis querido do gato, quen sabe que se deixase de ser quen é, a súa relación se vería afectada. Así, e tras moito pensar, a indecisión de Klops lévao a crer que realmente non hai nada mellor que ser un mesmo e pídelle á estrela continuar sendo un gato. Este relato complementábase cunhas ilustracións da propia autora nas que se utilizan fondos abstractos para representar, as dúbidas de Klops, pero que invitan os lectores a interpretalos libremente, evocando así á imaxinación tan propia do receptor ao que se dirixe esta historia en primeira instancia. Están realizadas cunha ampla variedade de técnicas, como a acuarela, a textura con xeso modelado, os lapis de cores e a contorna das figuras a rotulador negro; os personaxes dunha maneira moi sinxela pero cunha forte carga cromática, onde destacan as cores azuis, verdes, amarelas e sienas. A estratexia está na inclusión das ilustracións en diferentes partes do conto cunha veladura branca para facilitar a súa visión e crear unha onda por riba do protagonista.

**Páez**, Enrique, *Moito conto*, ilust. Marjorie Pourchet, trad. do castelán Marisa Núñez, Pontevedra: OQO Editora, col. Q, [lectorado autónomo], marzo 2014, [28] pp. (ISBN: 978-84-9871-493-7).

Reescrita lúdica de contos da transmisión oral realizada por Enrique Páez (Madrid, 1955), na que a protagonista, a bela durminte, espertou cun bico dun príncipe pedíndolle que casara con el, pero en realidade era o soldadiño de chumbo. Bela, a protagonista, moi estrañada polo acontecido, comeza a preguntarse onde está o seu príncipe de verdade, entón o soldadiño cóntalle como cambiaron as historias mentres ela durmía: o seu príncipe azul casara coa serea, Cincenta e Carapuchiña viven na casa do leñador co lobo como mascota e o gato con botas pediulle que o adopte como mascota. Finaliza a obra coa aparición da bibliotecaria, quen coloca a cada un no seu sitio e reestabelece así a pertenza de cada personaxe ao conto clásico no que é recoñecido polo lectorado. O texto complementábase coas ilustracións figurativas de Marjorie Pourchet (Besançon-Francia, 1979), quen combina un estilo gráfico mediante o trazo a lapis coa técnica da estampación de motivo floral a partir da acuarela. Emprega cores suaves, pero destacando a saturación do vermello e o marrón de estampacións vexetais da paisaxe, mentres que o fondo é tenue, de cor siena, enmarcando case sempre o texto dentro dun adorno robusto a partir da serigrafía. Os personaxes teñen carácter expresivo e realista e a cuberta presenta os protagonistas da historia dispostos ao redor do título nun fondo escuro para destacar a estampación floral que enmarca a escena.

### Referencias varias:

- M<sup>a</sup> Jesús Fernández, “Moito conto. Enrique Páez”, *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 260, “Libros”, “de 8 a 10 años”, xullo-agosto 2014, p. 66.

Comenta que os contos tradicionais son punto de partida e fonte de inspiración dos escritores de Literatura Infantil e Xuvenil, que os empregan nas súas recreacións, parodias e transgresións. Indica que, neste caso, ademais do “divertido texto”, son de

salientar as ilustracións de Marjorie Pourchet que combinan “delicados e meticulosos dibujos llenos de detalles con técnicas de grabado y estampación” e que inclúe coñecidos personaxes dos contos e retratos de creadores como Perrault, Grimm e Andersen.

**Pita**, Charo, *A rúa da tixola*, ilustr. Maximiliano di Lauro, trad. do castelán Charo Pita, Pontevedra: OQO Editora, col. O, [primeiros lectores e lectorado autónomo], xaneiro 2014, [34] pp. (ISBN: 978-84-9871-485-2).

Conto acumulativo en forma cíclica de Charo Pita (1966) que se inicia cos choros dun neno que provocan unha serie de reaccións encadeadas nos veciños da rúa da Tixola e nos seus animais. O enfado do veciño de abaixo repercute no gato, que aterra sobre o carteiro, quen perde, por vez primeira, unha carta da porteira, quen co desgusto vai mercar laranxas, mais o froiteiro dálle mazás e case atropela unha ra, polo que o garda toca o pito con tanta forza que esmaga as flores exóticas do xardín do señor Magnolia. A partir dese momento da historia invértese a orde enumerativa dos personaxes, cando cada un deles lle pregunta ao seguinte qué lle sucede e lle entrega un ramo de flores do señor do xardín, que este lle dera no primeiro momento ao garda para o froiteiro. A trama da historia péchase cando o neno deixa de chorar grazas ao propio conto da rúa da Tixola, que o veciño de abaixo lle narra, mais queda aberto o final da narración por medio da fórmula dunha pregunta: “Cóntoche outra vez a historia?”. Maximiliano di Lauro emprega nas súas ilustracións a técnica a partir da pintura acrílica e trazos a rotulador, manexando diferentes cores vivas e saturadas. Destaca o uso do puntillismo para representar as sombras arroxadas que aparecen nos obxectos e nas persoas. Os personaxes son sinxelos pero moi expresivos e destacan polos trazos faciais: ollos resgados, papada moi voluminosa e cabezas moi redondeadas.

### **Recensións:**

- María Navarro, “As flores reconciliadoras”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 496, “Libros”, 10 abril 2014, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 449, “Letras galegas”, 12 abril 2014, p. 10.

Comeza ofrecendo un breve resumo do argumento e salientando o carácter optimista dun dos personaxes. A seguir, comenta que se trata dun “conto acumulativo” e recalca a súa idoneidade para o eido pedagóxico. Fala do bo facer do ilustrador Maximiliano di Lauro e da reflexión sobre as relacións interpersoais que provoca a lectura desta obra.

### **Referencias varias:**

- M<sup>a</sup> Jesús Fernández, “A Rúa da Tixola. Charo Pita”, *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 259, “Libros”, “de 0 a 5 años”, maio-xuño 2014, p. 66.

Apúntase o argumento deste álbum que, a través do texto e as ilustracións, ofrece un conto encadeado e circular sobre as consecuencias de que un neno chore na rúa da Tixola.

**Poe**, Edgar Allan, *O gato negro e outros contos de horror*, introdución, notas e actividades Manuel Broncano, ilust. Jesús Gabán, trad. Carlos Acevedo, Barcelona: Vicens Vives, col. Aula das Letras, n.º 10, [mocidade], 2014, 178 pp. (ISBN: 978-84-682-1446-7).

Esta escolma de relatos de Edgar Allan Poe (Boston, 1809-Baltimore, 1849) ábrese cunha introdución que percorre polo miúdo os avatares da biografía deste escritor, salientando a súa condición de romántico particular e repasando o seu legado narrativo. A seguir, aparecen os oito relatos escolleitos, acompañados das ilustracións de Jesús Gabán (Pozuelo de Alarcón, 1957). “O gato negro” (“The Black Cat”, 1843) é a análise arrepiante dun personaxe dominado polo “instinto de perversidade” ou a tendencia a facer o mal de maneira inconsciente. Narrado en primeira persoa, o conto adopta a forma dunha confesión xudicial que pretende convencer por igual a xuíces e lectores das razóns que levaron o protagonista a cometer as atrocidades polas que está condenado. En “A verdade sobre o caso do señor Valdemar” (“The Facts in the Case of M. Valdemar”, 1845), un narrador en primeira persoa adopta un ton racional para describir un experimento científico baseado no hipnotismo de resultados nefastos. O verdadeiro tema do conto é, non obstante, a inmortalidade humana –o anónimo protagonista busca deter os avances da morte, e incluso a morte mesma, por medio da ciencia–, e a crítica aos excesos aos que pode levar a ciencia cando se desvirtúan os seus fins. En “A barrica de amontillado” (“The Cask of Amontillado”, 1846) lévase a vinganza a extremos de suma crueldade e refinamento, pois a vítima acaba emparedada e o narrador, de novo en primeira persoa, confesa ao cabo dos anos o abxecto crime cometido contra un amigo que confiaba plenamente nel. A ambientación sitúase nun pasado remoto –seguramente na Idade Media ou no Renacemento italiano– e os personaxes pertencen á nobreza. A acción desenvólvese nun subterráneo e contén elementos típicos do relato gótico. A seguir inclúese “A mascarada da Morte Vermella” (“The Masque of the Red Death”, 1842), un relato alegórico arredor da imposibilidade de vencer a morte e a vaidade que demostra o ser humano nese empeño. A acción desenvólvese nun espazo imaxinario e pechado e nun pasado remoto para contar como o orgulloso príncipe Próspero e os seus cortesáns se illan do mundo exterior para se protexeren do avance inexorábel da morte, sen atopar escapatoria posíbel. En “Hop-Frog” (“Hop-Frog”, 1849), Poe volve adoptar o ton lendario para recrear a historia dunha vinganza ambientada nun pasado e nun reino remotos e atacar a tiranía que representa o monarca e mais os seus sete conselleiros, afeitos a gobernar ao seu antollo e sen respecto pola dignidade dos seus súbditos. Hop-Frog e Tripetta, ambos os dous ananos e unidos pola súa servidume obrigada, fan causa común perante os constantes abusos dos que son obxecto e convértense en executores do tirano e dos seus secuaces. En “O pozo e o péndulo” (“The Pit and the Pendulum”, 1842), Poe consegue manter o suspense até o final, no que un acontecemento inesperado arrebatada o protagonista e narrador das fauces do pozo que está a piques de engulilo, tras unha agonía, vítima dos máis refinados tormentos enxeñados pola Inquisición española. Publicado en 1843, “O corazón delator” (“The Tell-Tale Heart”) consiste nun monólogo no que un asasino defende perante o lector a súa cordura tras cometer un crime que describe con detalle, argumentando que a loucura é incompatíbel coa acción racional. A escolma conclúe con “A caída da Casa Usher” (“The Fall of the House of Usher”, 1839), un relato que reúne moitos dos temas e motivos da narrativa do escritor, como a análise do efecto do medo sobre os personaxes, a ambientación nun espazo simbólico ou a parodia do xénero gótico. O anónimo narrador acode á casa Usher tras recibir unha desesperada invitación do seu amigo da infancia Roderick Usher, que comparte a súa reclusión coa súa irmá xemelga, lady Madeline. Alí vivirá uns feitos arrepiantes que

conclúen coa morte de ambos os dous irmáns. Como é habitual nesta colección, o libro contén un apéndice de actividades dirixidas ao ensino con textos auxiliares relacionados con Poe e cuestións que afondan na temática dos relatos.

### **Recensións:**

- Paula Fernández, “Próximo e elegante”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 520, “Libros”, 20 novembro 2014, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 472, “Letras galegas”, 29 novembro 2014, p. 11.

Dáse conta da publicación dunha escolma de contos do escritor americano Edgar Allan Poe. Indícase o nome dos oito relatos que conforman a obra e refírese brevemente o argumento de cada un. Infórmase dos temas recorrentes como a morte, o escuro, o inexplicábel. Dise que os adolescentes senten predilección por esta temática e destácase que este tipo de lecturas “atrapan pola súa verosimilitude e manteñen o ritmo e a tensión”.

**Queralt**, Carmen, *Quen é ese becho? (¿Quién es ese bicho?, 2014)*, ilust. da autora, trad. Manuela Rodríguez, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Duros, a partir de 3 anos, outubro 2014, [26] pp. (ISBN: 978-84-8464-899-4).

Neste álbum fantástico de Carmen Queralt (Madrid, 1952), por medio do relato textual e visual, un narrador ofrece unha breve descrición de todos os bechos protagonistas da obra, as súas características, forma ou tamaño, gustos, maneira de vestir ou ser. Ao rematar, identificados todos os personaxes, o lector ten a posibilidade de poñer a súa foto no álbum, facéndose tamén protagonista da obra e achegando respecto á diversidade. Nas ilustracións, da propia autora, emprégase a técnica da colaxe a partir das texturas que lle ofrecen os diferentes papeis e tamén utiliza as ceras de cores. As páxinas do conto son grosas dunha capa acartonada. As personaxes son realizadas dun xeito moi sinxelo e recorda os debuxos infantís. As cores son saturadas e de tons escuros, combinados co vermello ou rosado, mentres que o texto se amosa nos fondos planos da imaxe, cunha tipografía coma se fose estampada. A cuberta presenta a mesma estética có interior, cos protagonistas da historia.

**Ruá**, Aurora, *Debuxos no muro (Dibuixos al mur, 2013)*, ilust. da cuberta Andreiuc/Shutterstock, trad. Ramón Nicolás, Vigo: Editorial Galaxia, col. Costa Oeste, [lectorado mozo], marzo 2014, 80 pp. (ISBN: 978-84-9865-519-3).■

Nesta novela breve de Aurorá Ruá (Valencia, 1969) recreáanse episodios da Guerra Civil española a partir dos debuxos que durante a confrontación fixo no faiado dunha vella clínica un dos prisioneiros. A novela transcorre en dous momentos históricos que se van alternando, o mes de agosto de 2011 e momentos da vida do mozo Josep en 1937 e, sobre todo, en 1938, en plena contenda bélica. Dende o presente, Pablo, un mozo de quince anos, fillo dun médico, vese obrigado a abandonar o lugar de veraneo, castigado por seu pai a acompañalo á clínica na que traballa para preparar o exame de Historia que suspendeu e ao que ten que presentarse en setembro. A viaxe á retirada clínica na que seu pai exerce supón un contratempo para o mozo. Porén, a chegada ao lugar pono en

contacto con Vicent, o encargado de mantemento do lugar que, coñecedor das dotes artísticas do rapaz, lle amosa unha sala do faiado que ten as paredes decoradas con grandes debuxos que recrean diferentes escenas. A partir desta visión, Pablo dedicará as tardes a reproducir eses debuxos e a buscar información sobre o autor e os personaxes que aparecen pintados. A medida que reproduce cada unha das escenas, prodúcese o salto temporal ao momento no que tiveron lugar, cando a clínica foi convertida nun campo de concentración de prisioneiros republicanos, entre eles Josep e Ferran. Deste modo o lectorado pode coñecer a través dos debuxos ocultos durante sesenta anos no faiado as vivencias de dous mozos, vítimas da represión franquista. A ilustración da cuberta, da autoría de Andreiuc/Shutterstock, é unha imaxe fotográfica realizada a contraluz dentro dunha cova. Ao fondo da imaxe aparece o foco de luz onde se representa a silueta dun home observando o horizonte. As cores son saturadas e escuras en tons pardos e tostados.

### **Recensións:**

- Paula Fernández, “Con estilo áxil”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 507, “Libros”, 3 xullo 2014, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 460, 12 xullo 2014, p. 6, “Letras galegas”.

En primeiro lugar, fala das múltiples novelas que xiran ao redor da Guerra Civil. A seguir, ofrece un breve resumo do argumento e salienta a traxectoria paralela que experimenta o protagonista entre o momento actual e a década de 1930. Comenta o uso dun estilo áxil e unha narrativa urbana, que permite ao lector pasar rapidamente dunha época a outra. Finalmente, expresa que esta obra convida a unha reflexión sobre a presenza da pegada histórica.

- Isabel Mociño, “Escoita as paredes e as voces do pasado que falan”, *El Correo Gallego*, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Tendencias”, “ELOS de lectura”, 4 setembro 2014, p. 44.

Comézase sinalando o tarde que a temática da guerra civil española apareceu en relatos e novelas dos diferentes sistemas literarios do Estado, como amosa a monografía *A guerra civil española na narrativa infantil e xuvenil* (Xerais, 2008). A seguir, cita a Antonio García Teijeiro, Agustín Fernández Paz e An Alfaya como os creadores a destacar na ficcionalización deste asunto da literatura para os máis novos en lingua galega, para deseguido centrarse na temática desta novela, da que explica o argumento, a estrutura e algunha das estratexias, entre as que salienta o xogo temporal que dosifica as descubertas e converte a obra nun quebra cabezas, no que as pezas van encaixando a medida que avanza a trama. Destaca tamén a perspectiva adoptada pola autora, a dosificación da tensión e o rico retrato histórico para, finalmente, recomendar a súa lectura a mozos e adultos por tratarse dun solvente exercicio de memoria histórica.

### **Referencias varias:**

- Xosé Carlos Caneiro, “A calor dos días”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Ficción”, “Club Dandi”, 18 xullo 2014, p. 19.

Neste comentario, ademais de se referir ao libro de Agustín Fernández Paz, *A viaxe de Gagarin*, do que di que é unha novela común que “non está á altura do autor”, fala de *Debuxos no muro*, de Aurora Rúa, unha novela simple, “de linguaxe plana, escasamente literaria”. Indica que estas dúas novelas conteñen unha “innecesaria corrección política”. Por último, comenta a “calidade e calidez” de *Escrito en cafeterías* de Miguel Anxo Murado, colección de artigos publicados en *La Voz de Galicia*.

**Sánchez, Ana e Marta Marín**, *Santiago de Compostela contado aos nenos*, debuxos Pilarín Bayés de Luna, trad. Paula Fernández González, Granada: Ediciones Miguel Sánchez, 2014, [46] pp. (ISBN: 978-84-7169-148-4).

Historia de Ana Sánchez e Marta Marín protagonizada por un neno e unha nena que viaxan cos seus pais á cidade de Santiago de Compostela, onde descubren que non soa a música nin se pode cantar. Atópanse cunha meiga que pensa neles para resolver o misterio de que os instrumentos quedasen mudos e para isto dálles unha apócema que os fai viaxar ao pasado. Ambos os dous vanse atopando ao longo da aventura con persoas da actualidade e da antigüidade que lles contan a orixe das construcións que hai na cidade, moitas delas dedicadas a uns fins para os que orixinalmente non foran construídas. Toda a obra está chea de ilustracións de Pilarín Bayés de Luna (nome artístico de Pilar Bayés i de Luna, Vic-Barcelona, 1941) de trazo simple e cores dinámicas, que axudan á lectura e representan a historia da peregrinación a Santiago de Compostela por medio da acuarela e de contornear a escena a partir da liña a rotulador negro. Ofrecen gran información sobre a paisaxe da cidade de Santiago e, sobre todo, da ornamentación da catedral, o seu exterior e o seu interior, caso do Pórtico da Gloria. Os personaxes son representados coas expresións da cara e un carácter alegre. O texto dispónse nun fondo branco, acompañando a forma da imaxe, e a cuberta presenta unha panorámica da catedral de Santiago pola noite, nun momento de celebración católica, coma o día do Apóstolo, coa representación dos peregrinos nun primeiro plano.

**Sendak, Maurice**, *Na cociña de noite* (*In the night Kitchen*, Harper Collins Children's Books, 1970), ilust. do autor, trad. Xosé Manuel González, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Tras os Montes, [prelectorado e lectorado autónomo], marzo 2014, [44 pp]. (ISBN: 978-84-8464-852-9).

Este álbum de Maurice Sendak (Nova York, 1928-Connecticut, 2012), unha oda ao imaxinario e ao inconsciente infantil, é o resultado dunha das viaxes do autor á memoria da súa infancia, cando un día, con 11 anos de idade, se marabillou ante un escaparate da pastelaría *Sunshine Bakers*, cuxo lema era “nós forneamos para ti mentres dormes”, aguzando a súa curiosidade e o desexo de saber o que entón acontecía “na cociña de noite”. De aí nace o soño –ou o seu insomnio pola misteriosa pastelería– de Miguel, o neno protagonista que, montado nun pequeno avión de masa de pan, voa sobre a cidade de Nova York e observa as súas rúas cintilantes, construídas con latas de conserva, tarros de marmelada, garrafas e utensilios de cociña. A exploración de suxestións metafóricas/simbólicas ligadas ao universo onírico, como a asociación creativa e humorística de personaxes, épocas e xéneros, favorecen a creación de “mundos posibles e alternativos” e permiten a Miguel chegar á parte máis alta da Vía Láctea, mergullarse nunha garrafa de leite e xuntarse con tres panadeiros –con rostros do célebre Oliver Hardy– para a confección de pans de leite.

## Recensións:

- Carina Rodrigues, “Mergullo nos relatos do álbum ‘Na cociña de noite’”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 5 xuño 2014, p. 43.

Anúnciase a tradución e edición nas cinco linguas do marco ibérico dunha decena de obras de Maurice Sendak, que se inicia co célebre e controvertido álbum *Na cociña de noite*, cuxa edición orixinal data de 1970, segundo volume da *loose trilogy* que inaugurou en 1963 con *Onde viven os monstros* (Kalandraka, 2000) e completou en 1981 con *Outside over there*. Indícase o argumento no que o neno protagonista explora “suxestións metafóricas/simbólicas ligadas ao universo onírico” que lle permiten viaxar até a Vía Láctea. Finalmente, apúntanse as influencias da *pop art*.

- Iria Sobrino Freire, “Na cociña de noite. Maurice Sendak”, *Revista Galega de Educación. Publicación de Nova Escola Galega*, n.º 59, “Outras lecturas”, xuño 2014, p. 96.

Comézase indicando que Kalandraka Editora pretende traducir ao longo de 2014 a obra de Maurice Sendak ás diversas linguas da Península Ibérica. Coméntase que *Na cociña de noite* é a primeira en saír do prelo e faise referencia ao argumento. Saliéntase a estética pop da ollada infantil que redimensiona os obxectos cotiáns nun acto surrealista, presente tamén no texto, “rimado ao modo dunha *nursery rhyme*”. Ponse de relevo que, a diferenza dos héroes dos contos tradicionais, o protagonista de *Na cociña de noite* experimenta a transgresión sen padecer ningún tipo de castigo. Finalmente, sinálase que esta obra foi censurada no 1970 polas ilustracións que incluía e menciónase a concepción de Sendak sobre o libro infantil: unha forma simple na que o autor se pode expresar absolutamente.

## Referencias varias:

- Maurice Sendak, “Na cociña de noite”, *El Progreso*, “Pícaros”, “O conto”, 29 marzo 2014, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *Na cociña de noite*, escrita e ilustrada por Maurice Sendak.

- CLIJ, “La cocina de noche. Maurice Sendak”, *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 259, “Libros”, “de 0 a 5 años”, maio-xuño 2014, p. 66.

Coméntase que é un dos títulos de referencia do álbum ilustrado e que foi prohibido nas bibliotecas e escolas dos Estados Unidos, debido á desnudez do protagonista, mentres que foi ben acollido por crítica e lector. Saliéntanse as “extraordinarias” imaxes, que homenaxeán a *Little Nemo*, de Winsor McCay, e os breves textos rimados. Finalmente, indícase que Kalandraka o rescata dentro da súa iniciativa “2014 Ano Sendak en Kalandraka”.

**Schmidt Urzúa**, Alejandra, *A nai da nai da miña mamá* (*La mamá de la mamá de mi mamá*, Empresa Editora Zig-Zag, 2010), pról. Soledad Gómez León, ilust. María José Olavarría Madariaga, trad. Charo Baleirón Sónora, A Coruña: Hércules de Ediciones, [prelectorado e lectorado autónomo], 2014, [40] pp. (ISBN: 978-84-92715-83-1).

Neste álbum de Alejandra Schmidt Urzúa (Bos Aires-Arentina) relátanse dúas historias, segundo se lea pola cuberta ou pola contracuberta. A primeira céntrase nas vivencias dunha anciá, que conta como se sente nos últimos intres da súa vida, recordando a súa mocidade e gozando da relación especial coa súa bisneta, quen a fai sentirse querida. A segunda cóntase dende o punto de vista da bisneta, que incide no coñecemento por parte da pequena da sabedoría da súa avoa e na relación entre ambas, representada por unha suave bufanda vermella, que simboliza as similitudes entre nenez e vellez. Nas ilustracións poéticas e metafóricas de María José Olavarría Madariaga (Chile) predominan cores moi relacionadas coa natureza. Os tons do outono e do inverno, mesturando a calidez dos vermellos e ocreos coa frialdade dos verdes e azulados, amosan unha imaxe de contraposición entre vellez e mocidade facéndoa máis evidente, aludindo así tanto aos cálidos recordos, coma aos problemas de saúde e ás inquietudes que supón a vellez, utilizando como decoración das vestimentas das protagonistas a estampación floral. Pola outra cara, pódese ler a experiencia da bisneta, tanto visual coma textualmente, onde se fai evidente o coñecemento por parte da pequena da sabedoría da súa avoa en conxunto con ese vínculo entre ambas, representado por unha suave bufanda vermella. Esta prenda tamén se interpreta como un símbolo de igualdade entre as dúas protagonistas; unha igualdade que fai referencia ás similitudes entre nenez e vellez, ademais do feito inevitábel de facerse maior e as cuestións existenciais que ambos estados implican.

### **Recensións:**

- Inés Sánchez Díaz-Marta, “A nai da nai da miña mamá”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 17 novembro 2014, p. 44.

Comeza incidindo na educación en valores a través dos álbums e dos libros ilustrados, para a seguir centrarse nesta obra, da que explica o argumento e salienta as ilustracións poéticas e metafóricas de María José Olavarría Madariaga, destacando valores como o aprecio, a paciencia e o agarimo e que a duplicidade do formato “leva implícita a rapidez temporal da vida” e alude a que “a infancia e a vellez non se atopan tan afastadas unha da outra, polo menos no que se refire ao recordo”. Remata recomendado este álbum para “aqueles lectores que convivan con maiores, tanto nenos como adultos, con problemas de memoria e certas enfermidades que a provocan”

**Tobery**, Lea, *Vapor*, ilust. da cuberta Daniel Puente Bello, trad. Ana Boullón, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Milmanda, [mocidade], febreiro 2014, 249 pp. (ISBN: 978-84-9914-624-9).

Nesta novela xuvenil de tendencia realista de Lea Tobery (Albuquerque-Estados Unidos, 1982) trátanse temas como o amor, a amizade e o interese pola lectura.



Mediante un narrador omnisciente relátase o que lle acontece a Helena, a protagonista do libro, que ten dezanove anos e foi a única supervivente dun accidente de avión, no cal viaxaban tamén seus pais. Dende ese accidente Helena agocha un segredo dentro do seu interior que non lle permitirá levar un ritmo de vida normal, xa que se ve obrigada a loitar contra unha voz interior negativa que a persegue. Ao longo de toda a obra aparecen persoas importantes coas que Helena consegue certa confianza e cóntalles o seu segredo. Unha delas é a súa compañeira de piso, coa cal vive moitas aventuras e é a que lle atura os seus cambios de humor continuos que lle afectan dende o accidente. Como calquera outra adolescente, Helena ten unha relación amorosa que se complica pero que ao final todo acaba como os dous personaxes desexan. A meirande parte da acción do libro ten lugar nunha librería, lugar onde coñece o seu noivo, na que afianza unha relación de amizade co dono, xa que lle axuda cos seus problemas e dálle consellos para superar a enfermidade pola que atravesa dende que quedou orfa. Na ilustración da cuberta de Daniel Puente Bello (A Coruña) emprégase unha montaxe fotográfica na que se ofrecen unhas zapatillas rodeadas dunha contorna de madeira. Faise uso dun filtro dixital para destacar as vetas da madeira do chan e dun baúl ao fondo, e para resaltar a saturación das cores. A imaxe diríxese cara a un público xuvenil polo contexto das zapatillas. O título está situado na parte superior da imaxe, onde se lle aplica unha leve transparencia para reflectir a textura do fondo como parte do texto.

### Referencias varias:

- Marga Mosteiro, “Tobaruela, en la Feira do Libro: ‘Hai que dar oportunidades aos novos escritores’”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, 30 abril 2014, p. L6.

Infórmase da presentación desta obra na Feira do Libro de Santiago. Sinálase que o autor, que realizou a novela baixo un pseudónimo expresou a súa opinión sobre a situación actual do eido editorial.

**Turín**, Adela, *Unha feliz catástrofe* (*Una fortunata catastrofe*, 1975), ilust. Nella Bosnia, trad. G. Tolentino, Pontevedra: Kalandraka Editora, [lectorado autónomo], 2014, [34] pp. (ISBN: 978-84-8464-888-8).

Obra fantástica na que Adela Turín (Italia, 1939), por medio dun narrador en terceira persoa, os diálogos entre os personaxes e as ilustracións relata o que lle acontece á familia Rato, composta por un matrimonio con oito fillos, que vivían nunha fermosa casa na que a nai Flora se acupaba de realizar todas as tarefas do fogar e facilitarlle a vida a toda a familia. O señor Rato era un aventureiro que contaba centos de historias que lle aconteceran ao longo da súa vida e que fascinaban os seus fillos, que o tiñan como un heroe, até que un día se lles inundou o fogar debido a unha avería, o que provocou que a Rata Flora e os seus fillos tivesen que ir na busca doutra casa, xa que a súa estaba destruída. Cando isto aconteceu o señor Rato non estaba na casa, polo que Flora tivo que facerse cargo de todos os cativos e entre eles construíron un novo fogar nun caixón, mentres se divertían coma nunca. Isto fixo que o señor Rato se percatase que era hora de que el tamén debía axudar nas tarefas do fogar para que Flora tivese tempo de pasalo ben cos seus fillos. A estética das ilustracións de Nella Bosnia (Italia, 1946), garda un certo aire de pasado, pero aínda así os seus debuxos seguen a conectar

pola proximidade e tenrura que amosan os personaxes creados. Personifica os ratos, que aparecen vestidos e con ocupacións moi humanas; as figuras, de cores vivas e satinadas, defínense por medio dunha liña suave e orgánica; o volume e a profundidade nos espazos conséguenos modulando a intensidade da cor e atendendo aos contrastes lumínicos entre planos; e todas as ilustracións, incluída a da cuberta, ocupan a dobre páxina e tratan de evocar un espazo doméstico. O texto intégrase nalgúns casos nas ilustracións e noutros aparece sobre un recadro.

### **Recensións:**

- María Navarro, “Plataforma coeducativa”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 522, “Libros”, 4 decembro 2014, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 474, “Letras galegas”, 13 decembro 2014, p. 10.

Despois de dar conta do argumento da obra, dise que se trata dunha historia de superación representada por unha familia de ratos. Indícase que os personaxes terán que afrontar as adversidades da vida e sobrepoñerse ás situacións negativas. Infórmase da existencia de dous valores fundamentais que aparecen representados na nai, a valentía e a afouteza. Dise que o libro é un “canto á figura feminina e á súa fortaleza”, unha reivindicación do papel da muller na sociedade. Por último, infórmase brevemente das ilustracións de Nella Bosnia.

### **Referencias varias:**

- Adela Turín, “Unha feliz catástrofe”, *El Progreso*, “*Pícaros*”, “O conto”, 25 outubro 2014, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *Unha feliz catástrofe*, escrita por Adela Turín e ilustrada por Nella Bosnia.

**Ungerer**, Tomi, *Adelaida* (*Adelaide, das fliegende Känguruh*, Diógenes Verlag, 1980), ilustr. do autor, trad. Sandra e Óscar Senra Gómez, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Tras os montes, [prelectorado e lectorado autónomo], 2014, [40] pp. (ISBN: 978-84-8464-821-5).

Neste álbum Tomi Ungerer (Estrasburgo, 1931) homenaxea o Reino Animal por medio da ficcionalización de seres que encarnan o ben, salvan vidas e se dotan dunha profunda humanidade. A obra está protagonizada por unha canguro alada que consegue os seus soños: viaxar e vivir intrépidas aventuras a pesar de ser tan diferente e de sorprenden os pais ao nacer con ás. As ilustracións, realizadas en tons sepia e azul –nunha gama afastada da versión orixinal (Harper&Row, 1959) e baseada na edición alemá (Diogenes Verlag, 1980)–, non só acentúan a expresividade e sensibilidade dos personaxes, senón que complementan e acrecentan pormenores á mensaxe verbal, axudando a estimular no lector a reflexión e o cuestionamento.

### **Recensións:**

- María Navarro, “O voo de Adelaida”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 494, “Libros”, 27 marzo 2014, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 447, “Letras galegas”, 29 marzo 2014, p. 10.

Primeiramente salienta a traxectoria literaria e creativa de Tomi Ungerer. A seguir, céntrase en *Adelaida*, fixándose na personaxe principal, quen se traslada a lugares afastados do seu punto de referencia e fai uso de valores como a superación. Tamén destaca o carácter metafórico co que se sitúa en puntos xeográficos afastados, favorecendo o cosmopolitismo e o afán de coñecer outros costumes e culturas. Finalmente, cualifica este álbum como un “substancioso conto” no que “animais e persoas se atopan ao mesmo nivel relacional para amosar comportamentos parellos”.

- Carina Rodrigues, “Adelaida”, de Tomi Ungerer”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de Lectura”, 8 maio 2014, p. 43.

Indica que, con *Adelaida*, Tomi Ungerer quixo homenaxear o Reino Animal cunha “historia con aroma de fábula” protagonizada por unha canguro alada. Salienta o uso do “humor, do insólito e dunha sutil ironía” para tratar “tópicos como a descuberta e a aceptación do Eu (e do Outro), o autocoñecemento e a afirmación da identidade”. Apunta que as ilustracións acentúan a expresividade e sensibilidade dos personaxes e que o álbum pode funcionar como “unha chamada á ética social igualitaria”.

### Referencias varias:

- Tomi Ungerer, “Adelaida”, *El Progreso*, “*Pícaros*”, “O conto”, 1 marzo 2014, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *Adelaida*, escrita e ilustrada por Tomi Ungerer.

**Ungerer**, Tomi, *Onde está o meu zapato?* (*One, Two, Three, Where's my Shoe?*, Nova York: Harper&Row, 1964), ilust. do autor, trad. Xosé Ballesteros, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Tras os montes, [prelectorado], xuño 2014, [34] pp. (ISBN: 978-84-8464-871-0).

Neste álbum de pequeno formato e practicamente exento de texto, Tomi Ungerer (Estrasburgo, 1931) constrúe baixo un principio moi sinxelo: a busca dunha imaxe –ou dun obxecto perdido, máis concretamente, un zapato– encuberta noutra imaxe (como, por exemplo, nunhas bolboretas, nun crocodilo, nuns corvos, nun navío etc.). Para encontrar os diferentes zapatos disimulados (dende o calzado deportivo ao elegante zapato de tacón alto, pasando polas exóticas babuchas ou polas imponentes botas militares), o lector terá que buscar e examinar polo miúdo, entre formas e detalles, cada un dos diferentes escenarios representados. As ilustracións axudan a descubrir os obxectos cos que se xoga no álbum.

**Verne**, Jules, *A illa misteriosa* (*L'Île Mystérieuse*), trad. e notas Ánxela Gracián, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Xabaryl, n.º 14, xuño 2014, 635 pp. (ISBN: 978-84-9914-152-7).

Novela de aventuras de Jules Verne (Nantes, 1828-Amiens, 1905) na que se recrean as vivencias de cinco náufragos que en 1865 durante a Guerra de Secesión dos Estados Unidos foxen do asedio de Richmond nun globo aerostático. Sacudidos por un furacán, acaban estrelándose nunha illa deserta, na que permanecerán incomunicados durante anos. Os cinco protagonistas son Gedeon Spilett, Nab, Pencroff, Harbert Brown, Cyrus Smith e o can Top, que grazas ao seu enxeño conseguen adaptarse ao medio e vivir aproveitando todos os recursos que lles ofrece a natureza, mentres van explorando o territorio e tentando pescudar onde se atopan. A novela está estruturada en tres partes tituladas, que son “Os náufragos do ar”, na que se narra a fuxida e a adaptación dos protagonistas a este territorio ignoto; “O abandonado”, que se centra no coñecemento e contacto cun home abandonado pola tripulación do barco do Capitán Grant durante doce anos nunha illa próxima á dos fuxidos, a Tabor, á que se desprazan nun barco construído por eles mesmos para rescatalo; e “O segredo da illa”, parte final da novela na que se desvela o misterio que ao longo da trama se vai presentindo que domina este territorio, e que xira ao redor da descuberta da identidade dun personaxe que ao longo dos catro anos de illamento os salvou en situacións comprometidas, aínda que nunca puideron descubrir de quen se trataba.

### Recensións:

- Isabel Mociño, “Odisea de cinco robinsóns”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 3 outubro 2014, p. 38.

Coméntase que Edicións Xerais de Galicia vén de editar un novo título deste autor francés en tradución de Ánxela Gracián, que foi xa publicada na rede na Biblioteca Virtual de Literatura Universal en Galego. Saliéntase que se trata dunha obra mestra da novela de aventuras e cuxa lectura é moi aconsellábel tanto para os adolescentes coma para os adultos. Destácase que esta obra de Verne mantén un intenso diálogo intratextual con outras dúas novelas, *Vinte mil leguas de viaxe submarina* e *Os fillos do Capitán Grant*, ao completar a trama destas e introducir os personaxes en novas peripecias. Descríbese a estrutura da obra en tres partes e explícase o contido de cada unha delas, para rematar sinalando os múltiples coñecementos dos que fai gala o escritor ao longo da obra.

**Verne**, Jules, *Miguel Strogoff*, adapt. José María Pérez Zúñiga, ilustr. Javier Serrano, trad. Isabel Soto, actividades Emilio Sales, Barcelona: Vicens Vives Primaria, col. Cucaina, n.º 15, [lectorado autónomo], 2014, 176 pp. (ISBN: 978-84-682-1442-9).

Adaptación do clásico do francés Jules Verne (Nantes, 1828-Amiens, 1905) acompañada das ilustracións de Javier Serrano (Valladolid, 1946). Nela cóntase como para levar a cabo unha importante misión, o protagonista que lle dá nome emprende unha perigosa viaxe a través do Imperio ruso ao longo da cal terá que sortear toda clase de dificultades e sufrir a barbarie dos rebeldes tártaros. Tras se producir unha sublevación en Siberia, o capitán Miguel Strogoff é escollido polo propio tsar para acometer unha misión moi difícil e secreta: entregar unha carta en man ao gran duque. No camiño cadrará varias veces cos xornalistas Alcide Jolivet e Harry Blount que se cruzarán decontino na súa ruta, mais a súa compañeira será Nadia, unha rapaza que

viaxa para se reunir co seu pai, deportado a Siberia, e coa que vivirá os maiores perigos, en particular, sufrir as aldraxes do traidor Iván Ogareff, principal instigador da revolta contra o tsar, asistir ao sufrimento da súa nai e ser condenado á cegueira por espía. Estas e outras experiencias poñen a proba a lealdade e a bravura do protagonista. Coma noutras novelas de Verne, a viaxe determina a estrutura deste relato, pois serve para que o personaxe principal percorra o mundo, aprenda e se coñeza a si mesmo, ademais de integrar a aventura, a emoción e a intriga. Como é habitual nesta colección, o libro conta cun apéndice de actividades complementarias dirixidas ao ensino que afondan na temática e na expresión do relato, e cunha páxina dedicada a ofrecer unha nota biográfica sobre Jules Verne.

**VV. AA.**, *Os dereitos da infancia*, pról. Francesco Tonucci, ilust. Emilio Urberuaga, trad. Begoña Varela, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, [lectorado autónomo], novembro 2014, 86 pp. (ISBN: 978-84-9914-746-8).

Volume composto por textos narrativos de distintos autores, verquidos ao galego por Begoña Varela, agás “O voo das bolboretas”, de Agustín Fernández Paz. Iníciase cunha introdución do Comité español de UNICEF, na que se lembra o compromiso adquirido por esta institución hai vinte e cinco anos para protexer e promover os dereitos da infancia, e cun prólogo de Francesco Tonucci, intitulado “Queridos nenos, coidado cos adultos!”, no que lembra a aprobación da Declaración Universal dos Dereitos do Neno o 20 de novembro de 1959 para garantir que a infancia tivera, por parte dos adultos, “os coidados, a protección e a educación necesarios”; e, trinta anos máis tarde, a aprobación da Convención sobre os Dereitos do Neno, na que se considera que son cidadáns, polo que “teñen dereito a participar, a decidir e a protestar”, como exemplifica cos artigos 12, 13 e 31. A seguir reproducense os principios da Declaración Universal dos Dereitos do Neno, que se exemplifican cos seguintes textos: principio 1, “As mondas da lúa” (pp. 21-24), de Gustavo Martín Garzo; principio 2, “A nena perdida” (pp. 27-30), de Antonio Rodríguez Almodóvar; principio 3, “No Mundo dos Seres Estraños” (pp. 33-36), de Ana María Shua; principio 4, “Chamarse Elna” (pp. 39-42), de Mariasun Landa, dedicado a Lourdes Murua; principio 5, “A cabeza dun sabio” (pp. 45-48), de Gonzalo Moure; principio 6, “Un pai, unha nai, un gato” (pp. 51-54), de Daniel Nesquens; principio 7, o único relato escrito orixinalmente en galego, “O voo das bolboretas” (pp. 57-60), de Agustín Fernández Paz, no que unha nena vai lembrando en primeira persoa o que lle aconteceu dende o momento en que súa nai e ela emigraron dende Senegal para se reunir co seu pai, quen traballaba en España dende había catro anos; principio 8, “Non che pasará nada” (pp. 63-66), de Lorenzo Silva; principio 9, “A transparencia da chuvia” (pp. 69-72), de Gloria Cecilia Díaz; e principio 10, “Confusión” (pp. 75-78), de Eliacer Cansino. A seguir acóllese un “Epílogo” onde se explica a orixe da Declaración Universal dos Dereitos do Neno e se reproducen os dez principios que a conforman. Emilio Urberuaga (Madrid, 1954) ofrece, tanto no interior do libro coma na cuberta, unhas ilustracións de trazos sinxelos e expresivos. No exterior, a imaxe comprende a cuberta e a contracuberta onde traballa coa tinta negra en combinación coa pintura acrílica de cores vivas. Esta imaxe aparece tamén no epílogo e ten gran forza compositiva. No interior ofrece dous tipos de ilustracións, unhas pequenas, situadas xunto á frase que describe o dereito ao que se fai referencia, e outras que ocupan a totalidade da páxina e que aparecen vinculadas aos relatos curtos de cada escritor. As primeiras son pequenos debuxos realizados a mancha, con aspecto de pintura acrílica moi xestual e expresiva, sen tratamento do fondo. As segundas son ilustracións a toda

páxina, onde destaca o dominio na composición e onde se empregan acrílicos e incluso ceras nalgũa ocasión. Son ilustracións menos icónicas e máis narrativas, onde o autor completa e trata de conectar o lectorado co relato.

## VII. 2. POESÍA

### VII. 2. 1. POETAS GALEGOS

**Aleixandre**, Marilar, *A ovella descarreirada*, ilustr. Óscar Villán, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Milmanda, outubro 2014, 96 pp. (ISBN: 978-84-9914-763-5).

Poemario de Marilar Aleixandre (nome literario de María Pilar Jiménez Aleixandre, Madrid, 1947) dividido en tres partes, de once poemas cada unha, que conforman unha variedade de animais e temáticas complexas que encaixan unhas noutras para dar forma a unha especie de cosmovisión. Cada un dos animais protagonistas négase a tomar o camiño previsíbel ou agardado. Reivindícase así a liberdade de ser o que se desexa ser ou o que eticamente é escollido, de maneira que o individuo é rescatado fronte á masa ou ao rabaño, sempre en loita coas cartas marcadas da identidade preconfigurada. Esta cuestión materialízase como unha rebeldía liberadora, que amplía os horizontes da identidade máis alá dos límites da especie e, se se quere, dos límites do xénero. O catálogo de animais e plantas escollidos dá cabida a un universo de espécimes que non teñen con frecuencia un tratamento equiparábel na literatura infantil ao dos mamíferos amábeis dos debuxos animados de importación. Así, o polbo, a faneca, o ourizo cacho, a sardiña ou a buguina son protagonistas xunto coa camelia, o tileiro, o freixo, a flor do toxo e outros seres que nos son próximos e que falan dun mundo autóctono, rico en nomes propios que se arrepoñen con dignidade igual que o fan os topónimos nun dos poemas da segunda parte. No uso de formas e fórmulas hai unha mestura intelixente e eficaz de esquemas tradicionais que se recuperan aquí (a regueifa, por exemplo) ou frecuentes na poesía para a infancia (os recursos de repetición e os versos encadeados) con recursos da poesía contemporánea, nun continuo que marcha sen estridencias, mérito tamén da organización estrutural das pezas e da actualización do tradicional para enxergar un discurso contemporáneo, de xeito que non se establece nunca un debate maniqueo entre tradición e innovación senón unha confluencia valiosa de ambas achegas.

#### Referencias varias:

- Elisa Álvarez, “Marilar Aleixandre, ‘A lingua galega debería ser percibida como unha riqueza’”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, 12 decembro de 2014, p. L2.

Conversa coa autora Marilar Aleixandre, co gallo da presentación da obra na librería Couceiro de Santiago de Compostela. Fálase da importancia da reescritura para a escritora, dos procesos de creación na literatura, da tradución de textos galegos e da situación lingüística actual.

**Alonso**, Miguel Ángel, *O sonho de Esther*, ilustr. Luz Beloso, Vigo: Nova Galicia Edicións, [prelectorado e lectorado autónomo], 2014, [44] pp. (ISBN: 978-84-15164-89-0).

Conto rimado en formato álbum de Miguel Ángel Alonso (Madrid, 1976), encabezado pola dedicatoria do autor e da ilustradora "para todos os nenos e nenas de hoxe e de sempre,/ e en especial para ti./ Porque aprender ten que ser divertido,/e divertido ten que ser vivir" e un poema que Bernardino Graña lles dedica ao autor e á ilustradora. Iníciase cunha fórmula semellante á dos contos da transmisión oral, "houbo unha nena...", para presentar a protagonista, unha nena chamada Esther, que goza xogando cos números do un ao dez en lugar de desexar aprender as vogais. A seguir, a través dunha voz en terceira persoa omnisciente, dáse conta dunha treboada no inverno, que derruba a casa da nena, polo cal esta emprende unha viaxe para fuxir do vento que a persegue, ameazándoa con que a vai coller. Na súa fuxida desesperada atopa unha bicicleta antiga na que escapa até que a vence o sono e dorme nun recuncho, no que a esperta un paporrubio. A historia péchase cando Esther descobre que está no seu cuarto e que todo fora un soño. As ilustracións a toda páxina de Luz Beloso (Pontevedra) son realistas e teñen trazos suaves con cores alegres ao comezo e ao remate da historia e cores máis escuras en momentos da noite e treboada. Intégranse no texto como un todo e complementan a historia con moita información, mostrando que a casa de Esther ten forma da vogal "A", a randeireira de "E", os lirios do río de "I", a roda da bicicleta na que escapou de "O" e o recuncho no que quedou durmida de "U" e a nena vestida de cor vermello, en clara alusión á Carapuchiña Vermella. Este motivo remárcase no poema final "*Soña a nosa pequenA, terras de doce bercE, e nubes de carmesÍ. Cos teus ollos de ceO tamén quero soñar eU*" e cunha ensinanza: "*O coñecemento é o contrario do medo*".

### **Recensións:**

- R. Nicolás, "Para ler, soñar e aprender", *La Voz de Galicia*, "Fugas", "Letras", "Galego", 25 abril 2014, p. 20.

Salienta a simbiose realizada entre Miguel Ángel Alonso, no que se refire á escrita, e a ilustradora Luz Beloso. Destaca as doses de creatividade e trazos pertencentes ao eido fantástico.

### **Referencias varias:**

- Rodrigo Argüelles, "Las editoriales hacen su 'agosto'", *La Opinión*, "Sociedad", "Cultura y ocio", 4 agosto 2014, p. 18.

Afirma que as editoriais son conscientes de que o verán é unha época axeitada para a lectura, de aí que aposten por acudir a feiras do libro para tentar frear a caída da facturación dos últimos anos. Recolle as opinións dos editores Manuel Bragado, de Edicións Xerais de Galicia; Laura Rodríguez, de Hércules de Ediciones; Francisco Castro, da Editorial Galaxia; e Carlos del Pulgar, de Ediciones Nova Galicia. Así mesmo destaca que para incrementar as vendas as editoriais galegas están a facer unha aposta polos libros electrónicos, polos audio-libros (caso de Galaxia, con *Xiqui xoque, fíu fíu*, de María Fumaça, que nun mes superou os 1.000 exemplares) e polo uso dos blogs de éxito en visitas na Rede (caso de *Lovely Pepa*, polo que Hércules de Ediciones optou). Remata apuntando que nas feiras do libro se poden descubrir as tendencias literarias do lectorado, de aí que o escritor Miguel Anxo Alonso Diz acuda á



presentación dunha tradución da súa obra *O soño de Esther*, "el libro más vendido de la editorial Nova Galicia en literatura infantil".

**Canosa**, María, *Vagalume de Versos*, ilust. Yago Puentes Fernández, Vigo: Editorial Galaxia, col. Árbore, n.º 193, [a partir dos 8 anos], 2014, [81] pp. (ISBN: 978-84-9865-552-0).

Poemario de María Canosa (Cee, A Coruña, 1976) composto por trinta e seis poemas realizados en cuartetos, xeralmente de rima asonante. Achéganse temas variados que inciden en valores universais, como a soidade do veleiro ou o amor a través da andoriña mensaxeira; sorprenden algúns co sentimento de agradecemento do cabaliño, revalorizan a beleza do desacreditado sombreiro ou anuncian a importante función que ten o galo. Destaca o eu poético falando sobre "A Noite de San Xoán". Faise unha invitación a coñecer máis sobre certos animais, elementos inanimados ou da natureza a través da combinación de humor, emoción e ritmo. As ilustracións están realizadas por Yago Puentes Fernández (O Porriño-Pontevedra, 1989), que na cuberta presenta unha man que escribe, que adianta o contido da obra poética, mentres que as ilustracións interiores complementan dun xeito descritivo cada poema. Son debuxos case monocromáticos nos que a cor violeta está presente en todos eles para acentuar algún elemento do gris dominante das imaxes. A cor violeta é ademais a dos títulos dos poemas relacionando así texto e imaxe, que nalgúns casos ocupan a páxina enteira.

### Referencias varias:

- Jesús Trillo, "Vagalume de versos", *El Correo Gallego*, "Terras de Santiago", 1 de novembro de 2014, p. 7.

Dáse conta da publicación do poemario desta enxeñeira varias veces premiada polo seu exercicio literario, María Canosa. Coméntase que esta obra, ilustrada por Yago Puentes Fernández, recolle unha serie de poemas sobre a natureza, concretamente sobre a marabillosa paisaxe que se pode ver nas noites estreladas de verán coa compañía da luz dos vagalumes.

**Gonda**, Araceli, *Os amigos de Santi*, ilust. Xosé Tomás, Vigo: Editorial Galaxia, col. Tartaruga, [lectorado autónomo], 2014, [27] pp. (ISBN: 978-84-9865-528-5).

Araceli Gonda (Morgadães-Gondomar-Vigo, 1976) presenta o tema da amizade neste conto versificado que combina rimas asonantes e consonantes, onde un narrador en terceira persoa conta como Santi vai na busca de novos amigos e como os seus pais non están de acordo, argumentando razóns coma que o rato Honorato asustaba a nai, que a ra Ramira asustaba o pai, que a lagarta Marta era infecciosa ou que o piollo Birollo non era seu amigo de verdade porque lle comía a cabeza. Todo isto sucedeu até que o can Nicanor apareceu, para na casa quedar. As ilustracións a toda a páxina de Xosé Tomás (Betanzos, 1971) percorren gran parte da gama cromática, son ilustracións figurativas e hai moitos debuxos de Santi ao longo do conto. Cada unha destas imaxes reflicte os acontecementos que relata a historia, dando equilibrio entre texto e relato.

**Luna Sanmartín**, Xosé, *O libro dos bicos*, pról. Rosalía Morlán, ilustr. Nuria Díaz, Ferrol: Edicións Embora, col. Fardel dos sonhos, [lectorado autónomo], xuño 2014, [34] pp. (ISBN: 978-84-92644-81-0).

Poemario de Xosé Luna Sanmartín (A Estrada, 1965) no que a temática xeral son os bicos. Ao longo das composicións os bicos son relacionados con diversos e variados elementos, como por exemplo o mar (area, illas, faros), o aire, a chuva, as nubes, o mel e tamén as cores. Conta ademais con tres poemas inspirados en obras doutros autores como William Shakespeare, Federico García Lorca e Rosalía de Castro. Despois da dedicatoria “á miña raíña”, hai un prólogo de Rosalía Morlán no que reflexiona sobre a poesía do autor. O volume conta coas ilustracións de Nuria Díaz (Vilagarcía de Arousa-Pontevedra, 1982), nas que aparecen integradas as composicións, nutríndose ambos do contacto, da sensibilidade do xesto gráfico e da fantasía que emana de cada poema. Os debuxos, de aire naïf e certo arrecendo surrealista, engaden novas miradas ao texto, ampliándoo cun debuxo sinxelo e inxenuo que combina a plasticidade do grafito coa aplicación de cores suaves e gran variedade de texturas. O resultado son unhas ilustracións que desprenden tenrura, ensoñación e poesía visual, o que fai que texto e imaxe se amosen complementados dun xeito moi natural.

#### **Referencias varias:**

- M. Toledo, “Juegos, poesía y libros se juntan en la celebración de los Pereiriños”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 954, 22 xuño 2014, p. 7.

Dá noticia, entre outras actividades que forman parte da Festa dos Pereiriños da Estrada, da presentación deste poemario de Xosé Luna, organizada pola ANPA Alecrín.

**Morlán Vieites**, Rosalía, *O Castelo da Rocha Forte*, intr. Xosé Luna, deseño cuberta e contracuberta Esperanza Lema Bouzas, [Santiago de Compostela]: Asociación Cultural “Rocha Forte”, [lectorado autónomo], 45 pp. (ISBN: 84-697-0106-1).

Rosalía Morlán Vieites (Trazo, A Coruña, 1959) asina esta compilación de poemas cos que busca dar a coñecer un dos monumentos máis emblemáticos do medievo compostelán. Despois dun perfil biobibliográfico da autora, achégase unha breve introdución de Xosé Luna, na que explica o significado e a importancia do castelo, protagonista deste poemario, comenta que se atopa en pleno proceso de restauración e que este é o motivo de que, dende a asociación que leva o seu nome, queiran dalo a coñecer. Así mesmo, Luna gaba a escrita da autora, a forza das súas verbas nos poemas, a sensibilidade que abrolla en cada momento e, en xeral, a “sinxeleza creativa do seu corpus poético”. A seguir, inclúese un limiar asinado polo presidente da Asociación Cultural “Rocha Forte”, Carlos Delgado Fernández, que dá paso aos poemas, que se intercalan entre ilustracións de nenos. Son vinte e unha composicións que xiran ao redor do castelo, protagonista do libro, con princesas que o poboan, gatos, pombas e incluso pantasmas que sempre volven a el, estacións que pasan sen que mude, camelias que atopan asento nel e moito máis.

## Referencias varias:

- Marga Mosteiro, “Quería enterrar la leyenda negra del castillo de A Rocha”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, 19 xuño 2014, p. L2.

Dáse conta da presentación desta obra no Centro Galego de Arte Contemporánea de Santiago de Compostela. Tamén se recolle unha entrevista coa autora, na que se abordan aspectos como a escollo do castelo da Rocha.

- ECG, “Recital de poesía del libro ‘O Castelo da Rocha Vella’”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 25 outubro 2014, p. 20.

Dáse noticia da presentación desta obra no centro sociocultural da Rocha Vella, asociación que edita este poemario dedicado aos máis pequenos con motivo do vinte e cinco aniversario da súa fundación.

- Cristina Botrán, “Pote de bicos e poesía para celebrar o Día das Bibliotecas no Foxo”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.077, 25 outubro 2014, p. 7.

Dá conta da realización dun acto cultural no CEIP O Foxo, na Estrada. Entre outras actividades, comenta a presentación do poemario de Rosalía Morlán.

**Moure**, Anxo, *O paraugas dameaugas*, ilust. Cristina Ouro, Santiago de Compostela: Urco Editora, [lectorado autónomo], 2014, [22] pp. (ISBN: 978-84-15699-53-8).

Conto rimado de estrutura circular de Anxo Moure que se inicia coa tristeza da terra ante a falta de auga porque a nube Cristina non aprendeu a ler. Un narrador invoca a nenez na procura desesperada de axuda, que chega coa idea dun neno, Iván, pintando con ceras de cores un paraugas vello que atopara no chan. Consegue así unha choiva de “contos e palabras” e todo tipo de ilusións esperanzadas, xa que a nube aprendeu a ler e retorna deste xeito a felicidade á terra. As sinxelas ilustracións de Cristina Ouro (Chantada-Lugo) reflicten a inocencia do debuxo infantil. Están realizadas con acuarela e lapis de cores en tonalidades saturadas que amosan en ocasións a pegada do seu trazo.

**Negro**, Carlos, *Penúltimas tendencias*, montaxe fotográfica da cuberta Antonio Seijas, debuxo de Mario Moure Negro, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, n.º 151, [mocidade], febreiro 2014, 69 pp. (ISBN: 978-84-9865-525-4).

Este poemario de Carlos Negro (Lalín, 1970), dedicado “A todas as mozas que non admiten costuras nos labios” e con citas de Amy Winehouse, Emma Pedreira, Yolanda Castaño e Lupe Gómez, divídese en sete apartados, cuxos títulos anuncian poemas nos que se desafían os contidos típicos das chamadas revistas femininas para adolescentes. O recurso ao paródico serve para articular un discurso que denuncia a representación da adolescente como consumidora baleira de identidade, e resulta literariamente hábil e eficaz para reverter, dende dentro, o clixé e a preconfiguración da imaxe da muller. Prodúcese así, derivado deste xogo, un contraste entre a homoxeneización das mensaxes que se atopan no tipo de produtos parodiados e as voces líricas que enuncian os poemas do libro, verdadeiras rebeldes que se opoñen precisamente á tendencia marcada. Tamén

as referencias intertextuais á simboloxía machista dos contos tradicionais, así como ao best-seller contemporáneo (non exento dos mesmos tópicos perniciosos) axudan a construír este libro-réplica, no que se afonda en cuestións ben máis profundas, como son a importancia do criterio propio e o autoconcepto saudábel, a autoafirmación, o establecemento dos límites que non se desexa sobordar e a conciencia da tiranía da imaxe. A ilustración da cuberta de Antonio Seijas (Ares-A Coruña, 1976) presenta unha montaxe fotográfica a partir de cores planas e fluorescentes, na que fai uso dunha técnica semellante á serigrafía, atractiva para o público xuvenil. Empréganse tamén onomatopeas e símbolos que identifican o asombro ou a exclamación para destacar a silueta da moza encadeada.

### Recensións:

- Armando Requeixo, “Disolución do rosa”, *Diario de Ferrol*, “*Nordesia*”, n.º 820, “*Letras Atlánticas*”, p. 32/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 820, “*Letras Atlánticas*”, p. 33, 16 marzo 2014.

Nomea distintos títulos do autor, facendo fincapé na obra *Makinaria* (2009), na que se abordaba a vertixe que impregna a realidade na que vive un grupo de rapaces. A seguir, comenta que *Penúltimas tendencias* se complementa co título anterior e trata sobre “esta sociedade de Barbie girls”, na que prima a obsesión por estar á última e ter unha talla mínima. Remata considerando que este volume conecta cos lectores mozos.

- Patricia Penelas Devesa, “Poesía xuvenil sen complexos”, *Grial. Revista galega de cultura*, n.º 202, “O espello das letras”, abril, maio e xuño 2014, pp. 116-117.

Comézase por dar unha breve descrición do poeta Carlos Negro, salientando o seu labor docente e a orientación da súa produción cara a un público xuvenil. Contrástase este poemario, que parte do mundo feminino, co anterior *Makinaria* (2009), no que os temas estaban máis enfocados ao masculino. Saliéntanse o uso de temas próximos á adolescencia, a sinxeleza da linguaxe e o simbolismo da obra.

- Berta Dávila, “A poesía, penúltima arma”, *El Correo Gallego*, “*Tendencias*”, “*Literatura Infantil e Xuvenil*”, “*ELOS de Lectura*”, 26 abril 2014, p. 42.

Despois de se referir a *Makinaria* (2009), poemario anterior do autor que considera “un artefacto poético de alta potencia”, comenta *Penúltimas tendencias* (2014) que di “queren ser un xogo moi serio na loita contra as cartas marcadas”. Cualifica toda a poesía desta obra como “unha pílula enerxética capaz de se converter en catalizadora dunha rebelión contra os roles establecidos e as construcións de xénero estereotipadas, as mesmas que acosan o lectorado adolescente por todas as fronte e entre as que este trata de sobrevivir mentres a semente da propia identidade vai medrando”. A seguir describe o poemario, o seu contido e salienta a parodia que lle “serve para articular un discurso que denuncia a representación da adolescente como consumidora baleira de identidade” e tamén as “referencias intertextuais á simboloxía machista dos contos tradicionais, así como ao best-seller contemporáneo”. Finaliza destacando que este poemario cobre un espazo na poesía xuvenil, non por pouco cultivado menos necesario, “a posibilidade de que o adolescente ache na literatura, e concretamente no xénero poético, as respostas que precisa como unha arma para épocas convulsas”.

- Vicente Araguas, “Poemas travestidos”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, p. 22/ *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, n.º 826, p. 30/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 826, p. 30, “Más libros”, 27 abril 2014.

Comeza informando da súa lectura reiterativa desta obra. A seguir, fala da protagonista, quen tenta loitar contra as ideas preconcebidas no que ás mulleres se refire. Destaca a orixinalidade e a intencionalidade que entraña esta obra, mais considera pouco críbel que a voz dunha rapaza poida soar dun xeito tan radical na actualidade no tocante á súa perspectiva sobre o xénero masculino.

- Isabel González Avión, “Penúltimas tendencias, de Carlos Negro”, *Aulas libres. Revista de pensamento, información e debate do STEG*, n.º 2, “para ver, para ouvir, para ler”, maio de 2014, p. 35.

Faise un percorrido biobibliográfico sobre Carlos Negro e a seguir céntrase na análise deste poemario. Afirmase que este libro é unha obra que reflexiona sobre a opresión que a sociedade capitalista de hoxe en día utiliza contra as mulleres, nomeadamente contra as adolescentes.

#### **Referencias varias:**

- Emilio Xosé Ínsua, “Entrevista Carlos Negro”, *Aulas libres. Revista de pensamento, información e debate do STEG*, n.º 3, outubro de 2014, pp. 10-14.

Conversa na que Carlos Negro repasa a súa etapa como estudante en Lalín e en Compostela, así como as súas primeiras lecturas. Tamén fala da situación da lingua galega no ensino e na sociedade e do mundo editorial e detense nos seus libros *As laranxas de Alí Babá* (1988), *Héleris* (2003), *Cultivos transxénicos* (2008), *Abelcebú* (2010), *Makinaria* (2009) e mais *Penúltimas tendencias*.

**Neira Vilas**, Xosé, *Cantos de sol a sol*, limiar Fina Casalderrey, preámbulo do autor, ilustr. Xosé Vizoso, A Coruña: Galinova Editorial, [lectorado autónomo], 59 pp. (ISBN: 978-84-9737-218-3). Inclúe CD.

Poemario-disco de Xosé Neira Vilas (Gres-Vila de Cruces-Pontevedra, 1928) dedicado “Para a nena Irene Santos Redondo”. Iníciase co limiar “O mago de Gres” de Fina Casalderrey, no que loa a figura do autor, de quen salienta que é “un burbulla incansable de sabedoría” e que “é capaz de obrar o prodixio de facer que, na palma dunha man, caiba o mundo enteiro” e ademais cualifica o poemario como “unha sorte de biografía das emocións”. A seguir, acóllese o preámbulo do autor, intitulado “Palabras cantadas”, no que explica quen interpretou musicalmente os seus poemas, que se reproducen a seguir. Como indica Fina Casalderrey no limiar trátase de “poemas que nos van levando polos cambios estacionais ao través dos animais, dos froitos, das festas, dos xogos, das árbores, das flores do mar, do río, da memoria...”. Ese percorrido, encabezado polo poema intitulado “Limiar. A miña fala”, comeza con “Ano novo” e péchase con “Nadal”.

## Referencias varias:

- ECG., “Xosé Neira Vilas presentará hoxe ‘Cantos de sol a sol’”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 14 outubro 2014, p. 30.

Dáse noticia da presentación deste libro-CD no Salón Teatro de Santiago de Compostela. Sinálase que no acto participarán, ademais do autor, María do Ceo, Manoele de Felisa, Lucía Azurmendi e Carmen Rey.

- M. Mato, “Las nuevas ‘cantarolas’ de Vilas”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 15 outubro 2014, p. 40.

Dá noticia da presentación deste novo libro de cantarolas de Xosé Neira Vilas. Describe a obra e salienta que os poemas foron musicados por Xosé Lueiro, mentres que os artistas encargados de darlles voz son María do Ceo, Carmen Rey e Felisa Segade, entre outros. Dise que a presentación tivo lugar no Salón Teatro de Santiago de Compostela e que contou con numerosas personalidades do ámbito cultural galego, que definiron a obra como unha biografía de emocións.

- Cristina Botrán, “Cantos de sol a sol’, ou como musicar a esencia da natureza”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 1.103, 22 novembro 2014, p. 7.

Dá conta da presentación desta obra na Estrada, acto ao que asistiron varios dos artistas que colaboran no proxecto, destacando a presenza de Valentín García, secretario xeral de Política Lingüística.

**Patinho**, Pepablo, *3,2,1...*, ilust. Dani Padrón, Ferrol: Edición Embora, col. Fardel dos sonhos, [lectorado autónomo], xuño 2014, [36] pp. (ISBN: 978-84-92644-82-7).

Conto rimado, en formato álbum, de tendencia fantástica, escrito por Pepablo Patinho (Ferrol, 1971), onde en terceira persoa se conta a viaxe dun cosmonauta terrestre. Mentres viaxa polos planetas vai lembrando os mellores recordos que ten da Terra, até que un día se atopa cunha extraterrestre coa que fai moi boas migas e lle fai entender que o auténtico fogar está no corazón. As ilustracións de Dani Padrón (Ourense, 1983) completan a narración, son de carácter figurativo e nelas predominan as cores frías, probabelmente para representar a soidade do espazo.

**Riveiro**, Elvira, *As redes de Inés*, ilust. Fino Lorenzo, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merliño, [lectorado autónomo], abril 2014, [36] pp. (ISBN: 978-84-9914-633-1).

Este novo poemario para o lectorado infantil de Elvira Riveiro (Cerponzóns-Pontevedra, 1971), en formato álbum, está organizado como un poema longo cun fío condutor narrativo. Debulla no aspecto argumental o quefacer diario da redeira Inés e as historias que acontecen arredor do seu traballo paciente no peirao. Dentro del cántase o oficio de anoar as cordas, o vaivén da lanzadeira e a habelencia no manexo dos paus dunha Inés cuxas redes, malia todo, nunca se enredan. E como nunca se enredan, fica moito tempo para contar e vivir outros enredos diferentes: os das xentes de vidas extraordinarias que rodean o oficio. Fálase así das historias que traen consigo os que pasan arredor: as sollas

que se fartan da auga salgada e deciden beber café, as mozas que fan un vestido de redes para bailar con el, os mariñeiros que pescan un polbo por mes e o avó Olegario e a avoa Esmeralda, antecesoras na mesma arte das redes. Todos eles forman os fíos da arte de Inés, depositaria dunha herdanza que dá a recoñecer os oficios do mar, nomeadamente os exercidos por mulleres, con frecuencia máis acalados, e intenta sementar a conciencia do valor do propio, xa sexa ecolóxica ou cultural. Nas ilustracións de Fino Lorenzo (Baiona-Pontevedra, 1962) emprégase a técnica da colaxe para representar a poética nas imaxes. Constrúe o grafismo da rede a partir de ceras de cores, creando unha cuadrícula, e tamén engade algún grafismo para completar a imaxe, que é sinxela, de cores alegres que conseguen imprimirlle dinamismo á escena. O texto vai incluído no fondo branco acompañando a ilustración, mentres que a cuberta presenta o grafismo da cuadrícula da rede a partir da cera, cun fondo de peixes realizados de maneira moi gráfica e a forma do título imita a onda do mar.

### **Recensións:**

- Berta Dávila, “Enredando nos versos de sal con ‘As redes de Inés’”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Elos de lectura”, 5 novembro 2014, p. 44.

Despois de describir este novo poemario de Elvira Riveiro, salientase a herdanza deste libro pois dá a posibilidade de recoñecer os oficios do mar e de achegar o mar como un contexto interesante, máxico por veces, para un cativo non sempre afeito, nin sequera cando corresponde á súa contorna próxima, a coñecer o nome das cousas, o valor das tradicións que son espellos para explicar a historia. Di que cada palabra pode converterse aquí nun tesouro soterrado e exposto agora con novo brillo, e a isto contribúe o manexo hábil de fórmulas como o xogo de sons e palabras, o disparate, a mestura do cotián co inesperado e o coidado delicado de aspectos como a rima e a medida do verso, que configuran un ritmo sen tropezos, atractivo e vibrante. Das ilustracións de Fino Lorenzo destaca o estilo, sempre recoñecíbel e enormemente suxestivo. Remata dicindo que este novo libro segue a confirmar e consolidar a Elvira Riveiro como unha autora que ten un oco de seu na poesía infantil contemporánea.

### **Referencias varias:**

- Olalla Sánchez, “Las apuestas literarias infantiles más refrescantes para el verano. Novo título para afacer aos nenos á linguaxe poética”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Infantil”, 27 xuño 2014, pp. 16-17.

Destaca que, con este último poemario, Elvira Riveiro amplía o horizonte da poesía infantil. Indica que os poemas se centran nas lendas do mar e que intentan achegar os cativos a este oficio tradicional. Explica que o volume, para favorecer a imaxinación, vai acompañado de imaxes a modo de colaxe, técnica que xa empregara en *PALAbraS brAncAs*.

- Elvira Riveiro, “As redes de Inés”, *El Progreso*, “Pícaros”, “O conto”, 25 outubro 2014, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *As redes de Inés*, escrita por Elvira Riveiro e ilustrada por Fino Lorenzo.

- María Fumaça, “As redes de Inés”, *El Progreso*, “*Pícaros*”, “O conto”, 25 outubro 2014, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *As redes de Inés*, escrita por María Fumaça e ilustrada por P. Pastor.

**Sendón**, Pepe, *Animal fun! Versos de animalíños en galego e inglés*, ilust. Fausto Isorna, Santiago de Compostela: El Patito Editorial, [lectorado autónomo], marzo 2014, 56 pp. (ISBN: 978-84-942206-4-7).

Álbum de rimas infantís en galego e inglés sobre animais, de Pepe Sendón (Lira-Carnota, 1964), que nas páxinas impares se complementan coas ilustracións coloristas de cada animal protagonista do verso da man de Fausto Isorna (Catoira-Pontevedra, 1961). Ao final da obra engádense tres páxinas de vocabulario inglés-galego. Nas ilustracións emprégase a técnica da colaxe, aplicando o desgarre do papel para imitar a textura ou pelaxe dos diferentes animais que representa, como tamén os vexetais e a paisaxe que os rodea. As cores son alegres e os animais expresan ledicia ou características da súa maneira de ser.

### Referencias varias:

- Manuel Varela, “As plumas volven aos mundos da infancia”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y Cultura”, 2 abril 2014, p. 12.

Fala da celebración do Día Internacional do Libro Infantil e recomenda, entre outros, *Animal Fun!*, con ilustracións de Fausto Isorna.

- Xabier Sanmartín Cuevas, “El cómic, esa aldea gala que resiste”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 20 abril 2014, pp. 42-43.

Fala sobre a situación actual do cómic e recomenda, entre outros, *Animal Fun!*, de Pepe Sendón.

- Mar Mato, “Galicia salta a los libros bilingües para niños en inglés y gallego con ‘Animal fun!’”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 12 maio 2014, p. 17.

Fálase desta obra de Pepe Sendón como escritor e Fausto Isorna como ilustrador, na que se presentan diversos animais a través de versos en inglés e coa súa correspondente tradución ao galego.

**Terrafría**, Martinho, *Don Bento, o porco fedorento*, ilust. Vladimir Zatonski, Santiago de Compostela: Urco Editora, col. Os libros da merenda, [lectorado autónomo], 2014, [34] pp. (ISBN: 978-84-15699-59-0).



Conto rimado en formato minilibro de Martinho Terrafría protagonizado polo porco caracterizado no propio título. Ao longo do texto trátase o rexeitamento que sofre este animal por parte de todos os que se atopa cando vai camiñando: unha vaca, un cadelo, galiñas, un galo, un cordeiro e unha ovella, un gato e un burro. Decide seguir o consello dun vello cabalo e lavarse no río, co que consegue que todos os seus veciños lle falen e lle fagan unha festa. O texto acompáñase dun apartado final de carácter didáctico, “Agora pintas ti!”, onde se recollen as ilustracións sen cores de Vladimir Zatonski que complementan o texto, nuns deseños que optan polo esquemático, a sinxeleza nas liñas, as cores planas e os fondos brancos. A cuberta adianta o personaxe protagonista empregando as mesmas cores e características que terá logo no interior.

**Terrafría**, Martinho, *Fariñeiro, o burro larpeiro*, ilust. Vladimir Zatonski, Santiago de Compostela: Urco Editora, col. Os libros da merenda, [lectorado autónomo], 2014, [34] pp. (ISBN: 978-84-15699-58-3).

Conto rimado en formato minilibro de Martinho Terrafría protagonizado polo burro caracterizado no propio título e do que se conta como polas noites comía o chocolate e caramelos que lles roubaba ás agachadas ás fillas do granxeiro e agochaba no palleiro até que unha noite esbirrou e o resto de animais da granxa descubriron o seu segredo. Ante o enfado da ovella e o consello do quirico, decidiu compartir as súas larpeiradas e comer de todo e só nalgúns ocasións “algún petisco larpeiro”. O texto acompáñase dun apartado final de carácter didáctico, “Agora pintas ti!”, onde se recollen as ilustracións sen cores de Vladimir Zatonski que complementan o texto, nas que opta polo esquemático, a sinxeleza nas liñas, as cores planas e os fondos brancos. A cuberta adianta o personaxe protagonista empregando as mesmas cores e características que terá logo no interior.

**Terrafría**, Martinho, *Señor Fiz, o repolo feliz*, ilust. Vladimir Zatonski, Santiago de Compostela: Urco Editora, [prelectorado e lectorado autónomo], 2014, [39] pp. (ISBN: 978-84-15699-60-6).

Conto rimado en formato minilibro de Martinho Terrafría protagonizado polo repolo caracterizado no propio título, do que se explica que, grazas ao seu carácter falangueiro e positivo, consegue animar e resolver problemas dos seus veciños: un salgueiro preocupado pola choiva, unha galiña e un galo que discutían, un porquiño fedorento, o cadelo rosmón do granxeiro, un toxo que lle picou. Ademais decide reunilos para berrarlles que “ser feliz é cousa boa!!!”. O texto acompáñase dun apartado final de carácter didáctico, “Agora pintas ti!”, onde se recollen as ilustracións sen cores de Vladimir Zatonski, que complementan o texto e que se caracterizan por un grafismo moi sinxelo, a partir da liña do rotulador, que recorda os debuxos infantís, con cores planas, saturadas e alegres en fondo branco, a semellanza da serigrafía, e que mostran a felicidade e amizade entre os personaxes.

**Terrafría**, Martinho, *Xoana, a ra lacazana*, ilust. Vladimir Zatonski, Santiago de Compostela: Urco Editora, [prelectorado e lectorado autónomo], 2014, [35] pp. (ISBN: 978-84-15699-61-3).

Conto rimado en formato minilibro de Martinho Terrafría protagonizado pola ra caracterizada no propio título, da que se explica que interrompe a súa vida de preguiza ante a chegada do porco fedorento á ribeira para bañarse. Marcha sen folgos e decide mudar a súa vida: xogando co cabalo e o galo e correndo tras o gato, convértese cunha ra forte que canta feliz. O texto acompáñase dun apartado final de carácter didáctico, “Agora pintas ti!”, onde se recollen as ilustracións sen cores de Vladimir Zatonski, que complementan o texto e mostran que os personaxes están cantando, a partir dun grafismo moi sinxelo, cun uso da liña a lapis que recorda os debuxos infantís con cores ademais de planas, saturadas e alegres en fondo branco, que asemella a técnica da serigrafía. A colaxe, cunha partitura de música, mostra tamén sentimentos de felicidade e amizade.

**Villar Janeiro**, Helena, *As señoras cousas*, ilust. M<sup>a</sup> Fe Quesada, Vigo: Editorial Galaxia, col. árbore/galaxia, serie laranxa, n.º 192, a partir dos 8 anos, xuño 2014, [49] pp. (ISBN: 978-84-9865-529-2).

Helena Villar Janeiro (Becerreá, 1940) neste poemario dedicado “A Helena, a netiña que xa anda coas cousas” achégase a todo o que está arredor de nós: a chuvia, os xoguetes, o sol, o día, a noite, a primavera, a neve, o vento, os paxariños... Todo o que vemos ou sentimos, todas as cousas que nos rodean, poden falar con nós e nós con elas. Son vinte e catro os poemas cos que se intenta achegar ao cotián, preguntan á botella polo sabor da auga, a que sabe a fonte, néboa, folerpa... observando a chegada da primavera coas súas flores e os paxariños facendo o niño, as arañas que tecen colchas e manteis e, que se chove, constrúen un cordel onde secan a roupa que tenden nel. Unha andoriña que leva na maleta un pasaporte e lentes de sol, as estrelas que chegan coa noite, a vasoira do vento que entra polas regañas e que nin as bruxas a queren. A neve, o silencio, o río, que sabe dende sempre que vai parar ao mar. Refráns e rimas que ás veces parecen cancións son as encargadas de mostrar un universo onde tamén hai claras mencións ao mundo dos valores: o pacifismo, o respecto pola natureza... Nas ilustracións de M<sup>a</sup> Fe Quesada (Zaragoza, 1957), que acompañan o poema, úsanse cores esenciais: negra, branca e laranxa. As imaxes representan mundos de fantasía con personaxes imaxinarios. Son moi expresivas, alegres e reflicten a felicidade, son feitas cun trazo moi fino a partir da técnica da tinta chinesa, con pequenas partes recheas con planos de cor. Algunhas das paisaxes que aparecen crean un sinxelo marco ao redor dos poemas. Na cuberta preséntanse a un neno e unha nena como protagonistas, rodeados dos personaxes animados que aparecen nos poemas; nela empréganse cores alegres diferenciando pola metade, mediante un cromatismo por un lado máis claro e por outro máis escuro, a noite e o día.

## VII. 2. 2. REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSIMILES. TEXTOS RECUPERADOS

**Oli** (adapt.), *Once damas atrevidas*, ilust. Helle Tomasen, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Os contos do trasno, [prelectorado e lectorado autónomo], outubro 2014, [32] pp. (ISBN: 978-84-8464-085-1).

Segunda edición desta adaptación do conto tradicional realizada por Oli (nome artístico de Xosé Manuel González, Cangas, Pontevedra, 1960) en formato álbum en marzo de 2001 na colección “Minilibros para soñar”, sendo o primeiro volume do estoxo intitulado “Minilibros para soñar 2”, composto ademais por *Os dous corcovados*, *O traxe novo do rei*, *¿Onde perdeu lúa a risa?*, *Paco e Tío Lobo*. A segunda edición de 2014 publícase como título independente e noutra colección, “Os contos do trasno”, nun formato de maior tamaño pero mantendo as ilustracións de Helle Thomassen (Dinamarca, 1963) que levan o lector por diferentes lugares do mundo a través das páxinas que van seguindo o esquema da rima: así na páxina esquerda a ilustración a páxina completa presenta o contexto xeral e a situación xeográfica do relato, mentres que a da dereita se centra na historia do personaxe que deixa o relato. Así que en cada ilustración dedúcese o lugar onde están as protagonistas ao recoñecer elementos típicos. As ilustracións destacan por un trazo solto, o que lles dá moito dinamismo, xunto ao colorido e á expresividade dos personaxes que crea. Para iso sérvese dunha técnica mixta na que emprega acrílicos, ceras, debuxo... A cuberta resulta moi atractiva ao presentar a todas as personaxes dispostas para a viaxe en moto co estilo dinámico da ilustradora.

**Sánchez**, Gloria, *A raíña de Turnedó*, ilust. Pablo Otero, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Seteleguas, [lectorado autónomo], agosto 2014, [54] pp. (ISBN: 978-84-8464-881-9).

Poema encadeado de Gloria Sánchez (Vilagarcía, 1958) publicado orixinariamente por Edicións Xerais de Galicia en 1996 e que xa fora descrito no *Informe de Literatura 1996*. Agora reedítao Kalandraka Editora nunha edición encadernada en cartón que mantén as ilustracións de Pablo Otero “Peixe” (Ourense, 1970), quen aproveita o ritmo do relato para presentar os diferentes personaxes da historia. Os seus debuxos, non obstante, non continúan sempre a estrutura acumulativa que impulsa Gloria Sánchez, centrando a atención, principalmente, na expresividade dos personaxes e nalgúñas situacións sorprendentes que van xurdindo. Recorre ao cubismo, combina de forma orgánica unha liña negra de trazo áxil con algunhas masas translúcidas de cor vermella e aspecto acuarelado que reforzan a frescura das ilustracións, cun certo aire picassiano e moi próximo ao debuxo infantil.

### Recensións:

- R. Nicolás, “A reedición dun clásico”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Galego”, 17 outubro 2014, p. 12.

Coméntase a reedición da obra *A raíña de Turnedó*, de Gloria Sánchez, afirmando que se trata dunha “homenaxe á tradición oral, sabiamente enguedellada no ronsel do lirismo e da expresión parateatral”. Destácase a presenza da figura literaria do *nonsense*, da simpatía e do humor. Ademais, indícase que a obra esixe a participación activa e creativa do lector.

- M<sup>a</sup> Jesús Fernández, “A raíña de Turnedó”, *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 262, “Libros”, “De 6 a 8 años”, novembro-décembro 2014, p. 63.

Céntrase na recuperación d’*A raíña de Turnedó*, de Gloria Sánchez, publicada por vez primeira en 1996. Dise que a autora é unha das voces máis persoais da Literatura Infantil e Xuvenil galega e que o ilustrador, Pablo Otero, é coñecido “por su estilo vanguardista y arriesgado”. Coméntase que o texto está a camiño “entre el poema narrado y la pieza teatral”, así como que está libremente inspirado na rima inglesa infantil *The House That Jack Built*. Fernández dá conta de como se estrutura a obra e salienta que presenta os trazos característicos da produción de Gloria Sánchez (humor próximo ao *nonsense*; uso do lúdico na linguaxe; presentación de situacións disparatadas; ritmo áxil). Finalmente cualifica de atractiva e coidada a nova edición desta obra.

## VII. 2. 3. TRADUCIÓNS E VERSIÓNS

**Donaldson**, Julia, *A filla do grúfalo* (*The Gruffalo's Child*, Macmillan Childrens's Book, 2004), ilust. Axel Scheffler, trad. Piño Sáez e Laura Sáez, [Pontevedra]: patasdepeixe editora, [lectorado autónomo], 2014, [32] pp. (ISBN: 978-84-939350-5-4).

Conto rimado en formato álbum de Julia Donaldson (North London-Londres-Reino Unido, 1948) protagonizado, como se adianta no título, pola filla do grúfalo. Dedicado pola autora “Para Franzeska” e polo ilustrador “Para Freya e Cora”, iníciase unha noite estrelada e fría coa advertencia do pai: “ningún grúfalo debía entrar xamais na escura e fonda fraga” para non atoparse co rato feroz. A filla, aburrida e curiosa, desoe o consello e entra na fraga mentres o pai ronca. Alí vai descubrindo, polas pegadas na neve, a presenza dunha serpe, un moucho, un zorro, aos que pregunta se son o rato feroz, xa que non responden aos trazos cos que o describira o pai. Todos responden negativamente e asústana dicíndolle que o rato feroz está a comer ou beber grúfalo. Cando por fin bate cun rato e se dispón a comelo, este pídelles que lle deixe subir a unha abeleira para chamar o rato feroz para que a filla do grúfalo poida coñecelo. Esta cae no engano do ratiño e asústase da sombra xigante que este adquire, ao saír a lúa, polo que foxe correndo e regresa á súa cova rochosa a acubillarse a carón do pai, que segue a roncar. A historia remata co ratiño observándoos dende fóra da cova, a onde chegou seguindo as pegadas da filla do grúfalo na neve. As ilustracións de Axel Scheffler complementan o texto ao resaltar a loita interna da filla do grúfalo debaténdose entre as advertencias de seu pai e as súas ansias de demostrarse a si mesma que non ten medo ao rato feroz.

**Ordóñez**, Rafael, *Elefante comellón*, ilust. Marc Taeger, trad. Manuela Rodríguez, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. “MareMar”, [prelectorado e lectorado autónomo], abril 2014, [36] pp. (ISBN: 978-84-8464-835-2).

Conto rimado de carácter acumulativo en formato álbum de Rafael Ordóñez (Aguilar de Campos-Valladolid, 1964) encabezado pola súa dedicatoria “Para Belén, polos seus zumes e mecos” e a do ilustrador Marc Taeger (Berna-Suíza, 1963), “Para Leoni, Max e Lucas”, quen ademais agradece aos profesores da EMAO de Vigo, Alba Pardo e Federico Fernández, a “grande axuda prestada na impresión destes gravados”. No texto o protagonista é un león que rememora o seu soño de comer un melocotón. Antes de comezar a súa andaina pola sabana na procura do seu soño descobre outros animais que tamén soñaran con froitas: a pantera soñara cunha pera; unha gacela, cunha ameixa; unha galiña, cunha piña; unha ra, cunha mazá; unha rata, cunha pataca; unha leituga, cunha eiruga. Todos eles emprenden camiño na busca desas froitas soñadas e atópanse cunha eiruga á que asustan mentres “come, mastiga, saborea, goza...” distintas froitas que mercara na froitería de detrás da palmeira. Todos os animais marchan á prisa cara á froitería, mais descóbrense baleira e enfádanse co mono froiteiro, quen decide marchar. Chega o elefante comellón que come os dous feixóns que quedaban e o doutor que ía na súa procura, preocupado por todo o que comera. A historia remata coa carreira de todos os animais, desesperados pola fame, na busca sen éxito do elefante comellón, quen está “tan campante” baixo unha palmeira. As ilustracións de Marc Taeger (Berna-Suíza, 1963) presentan a estampación de xilografías nas que crea os diferentes tipos de animais da sabana. Caracterízase a imaxe neste tipo de técnica pola liña irregular que se

consegue na madeira e os regos en branco por onde non filtra a cor. Empréganse cores planas e destacan os tons pardo, azul e verde. O texto sitúase ao fondo, xogando coa imaxe. A cuberta presenta o elefante protagonista da historia, de perfil, recordando as imaxes exipcias onde se dispón o ollo do animal colocado de fronte.

### Referencias varias:

- A. Mauleón, “Un cuento con mucho oficio”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 7 abril 2014, p. 18.

Informa que Marc Taeger ilustra o libro *Elefante comellón* facendo uso da técnica do linogravado xunto a membros da Escola de Artes e Oficios de Vigo.

- Sara Vila, “Historia de la vida de un cuento”, *Diario de Pontevedra*, “reviSta!”, n.º 729, “Reportaje”, 6 xullo 2014, pp. 6-7.

Fálase de Marc Taeger, ilustrador desta obra, quen describe o proceso de creación dun libro dende os bosquejos iniciais até a súa posta á venda.

- Rafael Ordóñez, “Elefante comellón”, *El Progreso*, “Pícaros”, “O conto”, 20 setembro 2014, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *Elefante comellón*, escrita por Rafael Ordóñez e ilustrada por Marc Taeger.

**Roda**, Eugénio, *Tanto Como (Tanto quanto)*, ilust. Gémeo Luís, trad. Xosé Ballesteros, Pontevedra: Faktoría K de libros, [lectorado autónomo], 2014, [18] pp. (ISBN: 978-84-8464-883-3). ■

Neste álbum realista, Eugénio Roda (pseudónimo de Emílio Remelhe, Barcelos-Portugal, 1965) narra o proceso que segue unha persoa á hora de crear unha obra escrita. Axudan a comprender a obra as pequenas definicións, adaptadas á temática do poema, que apoian o texto. A voz poética vai mostrando, coa axuda das ilustracións, o que lle sucede á protagonista, unha personaxe anónima, que pasa diferentes fases para poder escribir, dende que as ideas se lle amorean na cabeza, a confusión para organizalas, a mestura entre as múltiples ideas que lle van xurdindo até que toda a creatividade que ten se vai concretando ao transmitila en alto a outros e adquire sentido lóxico, dando lugar a unha grande obra. As ilustracións de Gémeo Luís (pseudónimo de Luís Mendonça, Maputo-Mozambique, 1965) están feitas de sombras e recortes en papel negro. Á par co texto, as imaxes parecen sombras chinesas que xeran un universo propio, no que salienta a complicidade autor/ilustrador, dado que os recortes negros aos que Gémeo Luís lle imprime unha forte sensación de movemento poñen imaxes ao pensamento de Roda, achegando o lector ao complexo proceso de creación do escritor. Co seu traballo, o ilustrador mozambicano fai extensiva esa complexidade alén da escritura e transmite a dificultade de calquera que sexa a linguaxe creativa.

## VII.3. TEATRO

### VII. 3. 1. DRAMATURGOS GALEGOS

**Alonso Montero**, Xesús, *Un xuízo oral ("bilingüe") nunha vila galega no outono de 1942*, pról. do autor, cuberta e ilust. Rosa Herraiz, A Estrada: Edicións Fervenza, col. A Pinguela, n.º 84, 2014, 16 pp. (ISBN: 978-84-933317-8-8).

Peza teatral de Xesús Alonso Montero (Vigo, 1928), situada en Ribeira na época franquista, exactamente no ano 1942. No prólogo o autor explica como chegou a escribir a obra e dedicalla ao seu amigo Xosé Luna por animalo a publicala. Despois de describir os personaxes e dunhas breves observacións para os lectores, iníciase a peza, que se sitúa no xulgado no que está Balbino Neira, o protagonista, un humilde e analfabeto fillo dunha familia que traballa ao servizo dos Frade Seivane, ilustres da vila. O secretario do xulgado explícalle os feitos aos membros do xurado, aclarando que o acusado vai falar galego debido a que é analfabeto e inculto. Posteriormente, o fiscal acusa a Balbino de propinarlle un brutal golpe na faciana a Manuel, fillo do demandante. O acusado deféndese dicindo que só lle deu unha pequena labazada debido a que Manuel insultara e menosprezara a súa nai por ter a condición de costureira e traballar para a súa familia. O xuíz, ao escoitar a defensa en galego, pídelle ao avogado defensor que lle traduza ao castelán os argumentos de Balbino, atribuíndolle adxectivos coma “antipatriótica” ou “jerigonza dialectal de los separatistas gallegos”, ademais de rifarlle por cualificar o galego como un idioma. Posteriormente, tanto o xuíz coma o fiscal seguen defendendo que Balbino ten que cumprir unha condena pola agresión, explicando que as testemuñas teñen a súa mesma opinión. O protagonista aclara que a manteñen debido a que lle deben favores ao pai de Manuel, mentres que outras testemuñas non queren declarar por medo a perder o seu emprego. A obra remata co xuíz levantando a sesión para escribir a sentenza a Balbino, mentres súa nai alega que a xente das aldeas está indefensa ante a lei, xa que todos os seus dereitos son eliminados por falar outro idioma ou por pensar distinto.

#### Recensións:

- R. Nicolás, “Teatro instrutivo”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Galego”, 29 agosto 2014, p. 10.

Destácase que se trata da primeira incursión deste autor no xénero dramático. Saliéntase que nela “disecciona a realidade lingüística e social da posguerra” e que a lingua é un elemento chave.

#### Referencias varias:

- A. A., “Montero presenta na Estrada o seu mestre subversivo ‘Pedro Petouto’”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 1.097, 15 novembro 2014, p. 7.

Infórmase do acto celebrado no Teatro Principal da Estrada con motivo da reedición do libro *Pedro Petuto. Traballos e cavilacións dun mestre subversivo* e da peza teatral *Un xuízo oral (bilingüe) nunha vila galega no outono de 1942* do presidente da Real

Academia Galega, Xesús Alonso Montero. Indícase que neste acto o autor estivo acompañado polo Secretario Xeral de Política Lingüística, Valentín García.

**Díaz Núñez**, Celia, *Velaí vai o papaventos*, ilust. Marina Seoane, Ourense: Rodi Artes Gráficas, [lectorado autónomo], abril 2014, 63 pp. (ISBN: 978-84-616-8769-5).

Peza teatral en tres actos de Celia Díaz Núñez (O Páramo-Lugo, 1961) encabezada coa dedicatoria “A todos os que apoiaron a Papaventos e axudaron a que por fin eleve o voo. Voa, voa, Papaventos!”. Narra a historia dun papaventos chamado Berto que soña con vivir aventuras e percorrer o mundo. Coa axuda dos seus amigos (o oso Celeste, a boneca Carlota e o pallaso Tristán) consegue fuxir pola ventá. Deste xeito, inicia unha viaxe na que coñecerá seres de todo tipo, algúns terribes e outros maravillosos. Finalmente, despois de todas as experiencias vividas, Berto decátase da importancia da verdadeira amizade e decide regresar cos seus amigos. O texto complementase coas ilustracións de Marina Seoane (Madrid, 1957) centradas na evolución que experimenta o papavento a raíz da viaxe que emprende polo mundo.

**Freire**, Isabel, *Aos Reis Magos non lles gustan os caramelos de menta*, ilust. María Lires, Vigo: Editorial Galaxia, col. árbore/galaxia, serie azul, n.º 191, a partir dos 10 anos, 2014, [59] pp. (ISBN: 978-84-9865-530-8).

Peza de Isabel Freire (A Coruña, 1960) en tres actos, na que se presenta a historia de Nela e os Reis Magos. A obra comeza cando Nela, unha nena de 8 anos, que estaba a comer un caramelo de menta lle nega este feito a súa nai e cando cuspe o caramelo cae nun dos vasos con auga preparados para que os Reis Magos beban. Cando estes chegan, Baltasar bebe do vaso e queda durmido sen que ninguén poida espertalo, pois a auga está enfeitizada por culpa da mentira que Nela contou. Ao non espertar, os Reis teñen medo de que a noite máxica chegue ao seu fin e os demais nenos queden sen agasallos. Para solucionalo deciden espertar a nena. Despois de cavilar un bo anaco, Melchor lembra unha idea tirada dun libro do “mundo ao revés” que propón darlles a volta a todas as cousas malas, polo que se pon boca abaixo e repite unha fórmula que fai volver á nena á escena na que lle mentiu á súa nai, para agora dicir a verdade, salvando así a noite de Reis. A obra vai acompañada das ilustracións de María Lires (Vigo, 1973), quen aposta pola liña curva e expresiva. Os seus trazos lembran a xestualidade do grafito e aparecen combinados con fondos e texturas en tonalidades verdosas. Cabe tamén destacar a utilización que se fai das texturas téxtiles e de debuxos que a modo de colaxe se introducen na composición e recordan o estilo vitoriano.

### Referencias varias:

- Isabel Freire, “Aos reis magos non lles gustan os caramelos de menta”, *El Progreso*, “Pícaros”, “O conto”, 22 novembro 2014, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *Aos reis magos non lles gustan os caramelos de menta*, escrita por Isabel Freire e ilustrada por María Lires.



## VII. 3. 2. REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSIMILES. TEXTOS RECUPERADOS

**Núñez Singala**, Manuel, *O achado do castro*, Premio Xiria de Creación Teatral 1987, Vigo: Editorial Galaxia, col. Costa Oeste, [lectorado mozo], 2014, 77 pp. (ISBN: 978-84-9865-536-0).

Manuel Núñez Singala (Lugo, 1963) é o artífice desta peza teatral que a Editorial Galaxia incorporou á súa colección “Costa Oeste”, logo de ser publicada, en 1991, por Sotelo Blanco Edicións. As súas orixes están nunha función estreada en 1983 polo grupo de teatro do Instituto de Bacharelato Basanta Silva de Vilalba, do que tamén formaba parte o autor, aínda que o seu maior recoñecemento lle chegou en 1987, ao recibir o premio Xiria de Creación Teatral. Para a presente edición o texto foi revisado de acordo cos estándares normativos actuais e corrixióronse certos erros, ademais de efectuarse un cambio menor na actuación do Presentador que, en troques de dar unha palmada para iniciar a acción, agora chasca os dedos para evitar o inoportuno aplauso do público. O resto do texto respecta a versión primixenia desta breve obra ambientada na Roma antiga, pero que dialoga coa actualidade xa dende a cuberta, na que a postura adoptada polas pernas duns mozos suxiren un episodio amoroso. En dous actos integrados por dúas e unha escena, respectivamente, desenvólvese a trama argumental destes restos textuais atopados nun castro, que se arriscan a alterar as clásicas convencións teatrais. Carmiñae é Manolitus son dous mozos namorados, con máis beleza ca cerebro, que manteñen unha relación amorosa non consentida polos seus respectivos proxenitores: un Emperador gordo e vulgar e a rica e rabuda comerciante Arpexia. A historia ensaríllase ao cruzárense estes amores prohibidos coa antitética parella de ladróns formada por Catulo e Caleno, que tentan roubarlle o medallón ao Emperador para conseguiren o trono, así como coa participación de dous soldados marciais, o adúlador sabio Citrón e o esperto e irónico escravo de cor. Todos eles propician a sucesión dunha restra de escenas un tanto disparatadas, nas que espontan sobre todo os ocorrentes e graciosos diálogos asentados na combinación dun latín macarrónico e un galego recheo de estruturas coloquiais. En oposición ao desenlace trágico de Romeo e Xulieta, n’*O achado do Castro* acaban por emparellarse todos os membros das familias enfrontadas.

### Recensións:

- María Navarro, “Fresca comicidade”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 513, “Libros”, 2 outubro 2014, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 465, “Letras galegas”, 11 outubro 2014, p. 10.

Saliéntanse aspectos, matices, conformación... que caracterizan os personaxes da obra e sobre todo o feito de que os protagonistas, mesmo pertencentes á Antiga Roma, falen usando un vocabulario moi característico do século XXI.

### VII. 3. 3. TRADUCIÓNS OU VERSIÓNS E REEDICIÓNS

**Falconi**, María Inés, *Ruído nunha noite de verán. Versión libre de Soño dunha noite de verán de William Shakespeare* (Ediciones Quipu, 2008), ilustr. da cuberta Santy Gutiérrez, trad. Rafael Salgueiro, Cangas do Morrazo (Pontevedra): Sushi Books. Rinoceronte Editora, [mocidade], 2014, 126 pp. (ISBN: 978-84-15920-21-2).

Na dedicatoria (A Damián, por sempre Puck), María Inés Falconi (Bos Aires-Arentina, 1954), presenta a un dos personaxes desta comedia teatral de estilo fantástico. A peza está dividida en vinte e dúas escenas que teñen lugar en catro noites. Comezan polo anuncio das Vodas de Teseo e Hipólita e remata coa súa celebración na última escena. Mestúranse na obra os romances de catro mozos, o reparto duns actores que realizarán unha obra para as vodas de Teseo e o mundo fantástico que envolve o bosque: a confrontación entre Titania, raíña das fadas, e Óberon, rei dos trasnos. Óberon trama cambiar as cousas entre os mozos a través dunha flor vermella que provoca que un se namore do primeiro que ve ao espertar e tamén idea usala para sacarlle a Titania o seu paxe. Mándalle ao trasno Punk empregala en Demetrio e mais en Titania pero trabúcase de home e os dous rapaces acaban loitando pola rapaza equivocada (Helena), xa que aman ambos os dous a súa amiga (Hermia). Titania namórase de Lanzadeira, un dos actores da obra das vodas de Teseo, transformado en medio burro. Polo tanto, Óberon decide desfacer o encantamento con outra flor e simular que todo foi o soño dunha noite. As únicas ilustracións da obra figuran na cuberta e contracuberta, pero Santy Gutiérrez axuda o espectador a ambientarse cun rap inicial e outro final nos que se resume o acontecido na obra. Tamén ofrece, na primeira folla, as acoutacións escénicas: os personaxes, o espazo e a música que se pode usar.

#### Recensións:

- María Navarro, “Nobres sentimentos, baixas paixóns”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 498, “Libros”, 1 maio 2014, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 451, “Letras galegas”, 3 maio 2014, p. 10.

Comenta que esta obra de María Inés Falconi, traducida ao galego por Rafael Salgueiro, é unha versión do clásico shakesperiano *O soño dunha noite de verán*. Ofrece un breve resumo do argumento e salienta o carácter inherente que entraña o destino. Finalmente di que o humor e unha linguaxe accesíbel constitúen os piares deste volume.

Vidal Bolaño, **Roberto**, *Obras completas. Volume IV. Integral. As ladaíñas pola morte do Meco. Ruada das papas e o unto. Antroido na rúa. Touporroutou da lúa e do sol. Xáxara, Peituda, Paniogas, Tarelo, o Rapaz e o Cachamón*, dir. e coord. das *Obras Completas de Roberto Vidal Bolaño* Xosé Manuel Fernández Castro, ed. do vol. IV Francisco Macías, nota introdutoria Xosé Manuel Fernández Castro e Francisco Macías, Santiago de Compostela: Edicións Positivas, [2014], 218 pp. (ISBN obra completa: 978-84-939812-4-2, ISBN volume IV: 978-84-939812-8-0).

Recompilación de seis pezas teatrais de Roberto Vidal Bolaño (Santiago de Compostela, 1950-2002) que principia cunha nota introdutoria sobre a edición de Xosé Manuel Fernández Castro e Francisco Macías. As pezas incluídas neste volume teñen en común o intento de preservar o teatro popular e tradicional galego. Ademais destaca a presenza continuada do Entroido. A primeira peza, *Ladaíñas pola morte do Meco*, é unha farsa que critica a perpetuidade do vello poder e que xira ao redor dun personaxe tradicional do entroido galego, o Meco. A segunda, *Ruada das papas e o unto* e a quinta, *Xaxara, Peituda, Paniogas, Tarelo, o Rapaz e o Cachamón*, están destinadas especificamente a un público infantil, como se indica no propio volume. A terceira, *Antroido na rúa*, retoma a idea da primeira peza (a protección do Entroido). A cuarta, *Touporroutou da lúa e o sol*, defende o teatro tradicional e da rúa. A sexta, *Romance dos figos de ouro*, é unha farsa para monicreques. O volume complementáase cun glosario e un índice.

## VII. 3. 4. POSTAS EN ESCENA

### VII. 3. 4. 1. CICLOS, ENCONTROS, FESTIVAIS, MOSTRAS, SALAS ALTERNATIVAS E SEMANAS

#### A Gostiño coa cultura

Programa cultural de verán organizado polo Concello de Cee. Nesta edición do ano 2014 celebrouse entre os días 2 e 30 de agosto. Contou coa participación de Peter Punk, con *Peor imposible*; Bandullo Azul, con *Robinson Crusoe*; Duende Sico, con *Non sabes quen és*; Títeres Cascanueces, con *Mr. Pancho e a última función*; Títeres Falcatrúa, con *Linocho e a lúa*; e Tanxarina Títeres, con *Os narigudos*. Para un público adulto actuaron: Malasombra Teatro, con *Mision sapiens*; Ancora Producións, con *Snakizados. Comedia da fin do mundo*; Boneca lareta, con *Sede de mal*; e Talía Teatro, con *Demolición*.

#### Referencias varias:

- José M. Ramos, “Circo, magia, títeres y una gala folclórica para completar el mes”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.005, 13 agosto 2014, p. 9.

Dáse conta das actuacións de diferentes especialidades artísticas como espectáculos de maxia ou representacións teatrais que terán lugar en Cee no ciclo *A Gostiño coa cultura*.

#### A Rúa é vosa, II Festival cómico festivo

Certame organizado polo Concello de Monforte de Lemos, a Deputación de Lugo e Boneca Lareta Producións. Trátase da segunda edición dunha serie de espectáculos (teatro, circo, música e cinema) celebrados en Monforte de Lemos nos días 12, 13, 14 e 16 de agosto de 2014 e que contou coa participación de grupos tanto galegos como estranxeiros. No repertorio galego actuaron para un público infantil: Peter Punk con *Peor imposible... ou case*; e Títeres Alakran, co espectáculo *Un pekeno kabaret de tolos*. Para un público adulto: Boneca Lareta, con *Sede de mal*; e Os Sete magníficos+1, con *O vaso da morte*.

#### Referencias varias:

- J. R., “Clowns, actores, músicos y títeres llenarán de humor las calles”, *El Progreso*, “*Festas da Virxe de Monserrat*”, “Monforte”, 11 agosto 2014, p. 50.

Infórmase sobre os oito espectáculos que forman parte deste festival, facendo unha pequena descrición deles e indicando o horario das diferentes sesións.

- Ana Rodil, “Las fiestas de Monforte son puro teatro”, *El Progreso*, “deVerano”, “La traca final”, 17 agosto 2014, p. 43.

Informa dos actos programados para a clausura das festas patronais de Monforte, onde só se valora positivamente o festival teatral “A rúa e vosa” con actuacións de compañías como Titeres Alakran ou The Chipilotas que lograron conectar co público.

#### **Alxén, XV Xornadas de Teatro de**

Xornadas organizadas polo grupo teatral Ata Sempre, de Alxén (Salvaterra), e que conta coa colaboración da Deputación de Pontevedra e da Comunidade de Montes de Alxén. Nesta edición, que se celebrou entre os días 16 e 18 de maio, participaron o Grupo de Teatro de Xinzo (Ponteareas), con *Todo queda na casa*; alumnado de teatro do CEP de Alxén, con *O teu noivo é un zombi*; Ata Sempre, con *Unha de romanos*; e Grupo Codia e Miolo coa obra *Tres contos tres, do dereito e do revés*.

#### **Referencias varias:**

- V. P., “Alxén celebra sus decimoquintas jornadas de teatro durante tres días”, *Faro de Vigo*, “Condado-Paradanta”, 16 maio 2014, p. 15.

Anúncianse as decimoquintas xornadas de teatro organizadas polo grupo teatral Ata Sempre, de Alxén, en Salvaterra. Algunhas das representacións agardadas son *Todo queda na casa*, do grupo de teatro de Xinzo, de Ponteareas; *O teu noivo é un zombi*, do alumnado de teatro do CEIP de Alxén; *Unha de romanos*, de Ata Sempre e *Tres contos tres, do dereito e do revés*, para público infantil.

#### **Bande, XIX Encontros de Teatro Escolar e Amateur de**

Encontros organizados polo Concello de Bande, o IES Aquis Querquernis e o CEIP Xaquín Lourenzo, no que colaboran os centros de ensino da localidade. Na edición de 2014, que transcorreu entre os días 12 e 16 de maio, participaron o alumnado do CEIP Xaquín Lourenzo, con *Sopa de xarope de amora*; do CEIP Mestre Vide, con *O bosque máximo do raposo*; do IES Blanco Amor de Ourense, con *O principión percorre varios asteroides*; e do IAD-12 Universidade Laboral, con *A verdade vestida*.

#### **Bebescena**

Ciclo de teatro para bebés de un a tres anos organizado pola Concellería de Cultura do Concello da Coruña e celebrado no Centro Ágora da cidade herculina. Ademais de postas en escena leváronse a cabo diversos talleres e conferencias familiares. Nesta segunda edición do ano 2014, que irá dende o 21 de setembro de 2014 ao 8 de marzo de 2015, representáronse as seguintes pezas teatrais: *Gatuxo*, de Magín Blanco; *O día que chegou a nube e choveu*, de Trompicallo; e *Chove!*, de Titereficiós. Tamén participaron as compañías foráneas Teatro Paraíso (Vitoria), que levou a escena *En el jardín*; Enámbar Danza (Albacete), con *Babaol*; Teloncillo (Valladolid), con *Nidos*;

Ultramarinos Lucas (Guadalajara), con *Mira mira*; Nats Nus Dansa (Barcelona), con *Minimón*; e Arena en los bolsillos (Granada), con *Cuando vuelve la luna*.

### **Begonte, II Ciclo de Teatro de**

Organizado dende 2013 por Castiñeiro Milenario en colaboración coa Asociación Cultural de Illán e dentro do proxecto Buxiganga da Deputación Provincial de Lugo. A edición de 2014 celebrouse entre os días 6 de agosto e 27 de setembro na Casa da Cultura de Pacios e na Escola de Illán. Contou coa representación para un público infantil de *Vacacións no mar*, a cargo de Mircromina Títeres e *O rato de biblioteca*, a cargo de Palimoquiños. Tamén se representaron as pezas para público adulto *Oé, oé, oé*, por Ollomao e *Nabiza girl*, por Isabel Risco.

### **Ben veñas Maio 2014, XVIII Semana Teatral**

Mostra teatral ofrecida polo alumnado dos Institutos de Ensino Secundario de Pontevedra na que se presentan pezas dos grupos de teatro dos centros de ensino da cidade. A edición de 2014 foi organizada polo IES Frei Martín Sarmiento e desenvolveuse os días 7, 8 e 9 de maio no Teatro Principal de Pontevedra. Participaron o Grupo de Teatro Fiúncho do IES Luís Seoane, con *Mulleres*; e o grupo Skene do IES Valle Inclán, con *O soño dunha noite de verán*.

### **Bonecos do Atlántico, I Encontro**

Festival pioneiro e único en Galicia organizado polo Concello de Ourense e a distribuidora cultural Urdime que pretende recuperar a tradición dos bonecos, xigantes, cabezudos e títeres en Ourense. Aproveitando que este ano a cidade das Burgas ostenta a capitalidade cultural do Eixo Atlántico Galicia-Norte de Portugal, nove son as compañías de teatro de monicreques galegas e portuguesas que participan no encontro: Títeres Mircromina con *Vacacións no mar*, Marionetas Trécola con *Traxicomedia de Calixto e Celestino*, Fantoques Baj con *RodariRodari*, Larraitz Urruzola con *O crebanoces* e Títeres Cascanueces con *Mr. Pancho e a última función* e os grupos lusos Filandorra Teatro do Nordeste, Cia Fio d'Azeite, S. A. MarionetasTeatro & Bonecos e Títeres Mao.

### **Referencias varias:**

- S. N., “Nove compañías de Galicia e Portugal”, *La Región*, “*Fiestas de Ourense*”, “I Encontro Bonecos do Atlántico”, 20 xuño 2014, p. 6.

Informa sobre o I Encontro “Bonecos do Atlántico” que terá lugar en Ourense co gallo de recuperar a tradición dos bonecos nas festas populares. Indica que se trata dun festival pioneiro e que haberá funcións a cargo dos grupos galegos Títeres Micromina, Marionetas Trécola, Fantoques Baj, Larraitz Urruzuola e Títeres Cascanueces.

-A. Á. B. e M. C., “Ourense busca pór en valor ós xigantes e cabezudos”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Agenda”, “Teatro”, 20 xuño 2014, p. 15.

Informa de que a distribuidora cultural Urdime organiza en Ourense o I Encontro “Bonecos do Atlántico” co gallo de valorar a tradición.

- M. V., “Cuatro arpas y cuatro voces con Lulavai”, *La Región*, “Fiestas de Ourense”, 20 xuño 2014, p. 12.

Informa sobre o espectáculo “Typical” en Ourense, a cargo de Nacho Vilar e Guasapa Produccións.

- M. V., “Sesión de teatro con ‘Café liberdade’”, *La Región*, “Fiestas de Ourense”, 20 xuño 2014, p. 13.

Anuncia a programación cultural para o venres en Ourense, destacando a sesión de títeres dos Bonecos do Atlántico, a representación *Cling*, a cargo da compañía Trécola Teatro, e *Café Liberdade*, de Maricastaña, a Aula de Teatro Universitaria de Ourense.

- S. N., “Teatro y espectáculo de títeres en la calle”, *La Región*, “Fiestas de Ourense”, 20 xuño 2014, p. 12.

Anuncia os espectáculos encadrados dentro do programa “Bonecos do Atlántico” para a xornada de hoxe, como son *Vacaciones no mar*, a cargo de Títeres Micromina, *Mr. Pancho e a última función*, de Títeres Cascanueces e *Habitus Mundi*, de Nacho Vilar e Guasapa Produccións.

- María Mouriño, “El teatro pone emoción a las calles”, *La Región*, “Ciudad”, 24 xuño 2014, p. 10.

Fala sobre as actuacións na rúa en Ourense e ofrece a programación para a xornada de hoxe.

### **Brinca Gaiás, Ciclo Infantil**

Ciclo organizado pola Consellaría de Cultura e Educación da Xunta de Galicia coa intención de achegarlle os máis pequenos a paixón polo teatro. Nesta segunda edición do ano 2014 participaron Teatro dos Ghazafellos, con *Bon appetit*; A nena e o grilo, con *A nena e o grilo*; e a compañía sevillana Barataria, con *Al agua pato*.

### **Referencias varias:**

- ECG, “A la venta las entradas para la comedia ‘Bon Appetit’”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 4 febreiro 2014, p. 24.

Anuncia a posta en venda de entradas para o espectáculo *Bon Appetit*, que se encadra no BrincaGaiás, organizado pola Cidade da Cultura.

## **Brión, XIX Festival de Títeres de**

A edición de 2014 celebrouse os días 2 e 3 de xaneiro no Centro Social Polivalente de Brión. Contou coa participación das compañías Títeres Cachirulo, con *A figueira do Demo* e Os monicreques de Kukas, con *Xan Perillán e a maleta máxica*

### **Referencias varias:**

- ECG, “Brión acoge el XIX Festival de Títeres del 2 al 3 de enero”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.143, 31 decembro 2014, p. 7.

Dáse conta do XIX Festival de Títeres celebrado os días 2 e 3 de xaneiro no Centro Social Polivalente de Pedrouzos en Brión. Coméntase que o primeiro día a compañía Monicreques de Kukas presentou *Xan Perillán e a maleta máxica*, e o segundo día representouse a *Figueira do Demo*, baseada na obra de Roberto Vidal Bolaño *Romance dos Figos de Ouro*, por parte da compañía Títeres Cachirulo.

## **Buxiganga, VI Circuitos**

Organizado dende o ano 2008 polo Consello de Cultura da Área de Cultura da Deputación de Lugo e coa cooperación do Consello Asesor de Teatro. Ten como obxectivo achegar o teatro aos diversos concellos da provincia e realizar tamén accións formativas. Na edición de 2014 representáronse as seguintes pezas para público infantil *Chuvia de historias* e *Lambetadas de fantasía*, de Alentía Teatro; *Romeo e Xulieta*, do grupo da biblioteca municipal de Antas de Ulla; *Historias de títeres*, de Chimchiribote; *Mercados revoltos*, de Érase unha vez... e *A fada da malla*, de Ti e Mais Eu Teatro. Tamén se escenificaron as seguintes pezas para un público adulto: *O barco sen mariñeiro*, de Achádego Teatro; *Sen seu amor*, d'A Adala; *Xustiza de lei*, do grupo Ardora; *Descontrol hospitalario*, de Axóuxeres; *Retirativos*, d'O Batán; *Noite de lobos*, d'Os Baluros; *A fonte dos sonhos*, d'O Bordelo; *A cousa nosa*, de Edita Teatro; *E isto é arte?*, de Falcatrueiros; *Emperador, que pensas? Fala!*, de Hipócrita Teatro; *Os aparecidos*, de Teatro Lucho Hospital Xeral-Calde de Lugo; *Xan, o gardián das pitas*, de Lusco Fusco Teatro; *Non son d'Acó (nin D'acolá)*, de Do Miolo e Cía; *A gran final* e *Facemos a guerra?*, de Metátese Teatro; *Radio universo*, de Nostrum Cai; *In pacem*, de Nova Escena; *Oé, oé, oé* e *Os vellos non deben de namorarse*, de Ollomao; *O rato de biblioteca*, de Palimoquiños; *Os perseguidores de sonhos*, de Pinchacarneiro; *Miña sogra é increíble*, de A Rabela; *O achado do castro*, de Rebuldeira; *Os putativos*, do Grupo de Teatro de Ribadeo; *Xoguetes cómicos* e *Para que serven os homes?*, de TeatroCrea; *Camping gas*, d'Os Trocos e *Lisístrata*, de Zampalladas.

### **Referencias varias:**

- Pablo Rodríguez, “Buxiganga espera patrocinar este ano máis de 80 representacións teatrales”, *El Progreso*, “Comarcas”, 14 marzo 2014, p. 16.

Comenta a inminente convocatoria do programa Buxiganga, a cargo da Deputación de



Lugo, e fala sobre o proceso de inscrición.

### **Cabaré, VIII Festival Galego de**

Celebrado na Coruña, dende o 24 até o 28 de setembro de 2014. Nel, houbo un Maratón de Cabaret e Café Cantante. Participaron o Colectivo Femme Fatale, coa peza *Máxico Circus Cabaret*, de Cayetano Lledó. Tamén se levou á escena o espectáculo para o público adulto *Babel. Canto de sereas* e Faltriqueira, con *The pockettes*.

### **Referencias varias:**

- Rodri García, “O cabaré pangalaico amosa o seu poderío”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Teatro”, 26 setembro 2014, p. 8.

Recolle as declaracións de Nelson Quinteiro sobre a nova edición do Festival Galego de Cabaré e informa da programación do mesmo.

### **Cambados, Ciclo de Teatro Infantil de**

Ciclo de teatro realizado no Auditorio da Xuventude de Cambados. Na edición de 2014, celebrada entre o 19 de xaneiro e o dous de febreiro, representáronse as obras *A nena e o grilo*, de A nena e o grilo; *Osiño*, de Trompicallo; *Chapuzas a domicilio*, de Expresións Produccións; e *O soldadiño de chumbo*, de Baobab Teatro.

### **Cambados, VI Mostra de Teatro Escolar de**

Mostra de teatro escolar realizada no Auditorio Municipal A Xuventude de Cambados no mes de maio. Nesta edición de 2014 só se presentou o colexio Antonio Magariños coa obra *De vagar*. A obra representouse o día 28 de maio no auditorio municipal.

### **Referencias varias:**

- L. R., “La Mostra Escolar vuelve a escena, pero a medio gas”, *Diario de Arousa*, “Cambados”, 28 maio 2014, p. 11.

Comenta a influencia dos recortes educativos no eido teatral e anuncia a posta en escena de *De vagar*, a cargo de escolares do colexio Antonio Magariños en Cambados.

### **Candilejas Don Bosco, XVII Certame de Teatro Escolar e Afeccionado**

Certame de teatro afeccionado organizado polo colexio Calvo Sotelo da Coruña. Na edición de 2014, que tivo lugar dende o 11 de abril até o 15 de xullo, representáronse as pezas *O gato con botas*, dos alumnos do CEIP Tarrío de Cullerero; *Noites de amor e troula*, *Noites de amor e troula* e *As bruxas de Salem*, do Grupo Arjé Teatro de

Pontedeume; *Os cavernícolas*, *Os malandríns*, *A lenda de Robin Hood*, *O club anti-machotes* e *A bela non durminte* de Vagalume Animación de Carballo; *A familia Rufo*, da Asociación Socio Cultural de Minusválidos de Narón; *O crebanoces*, do alumnado do CEIP Emilia Pardo Bazán; *Entremeses: tres de tres*, do Grupo Portasabertas Teatro; *Eirugas*, do Grupo de Teatro Ateaco; *O caso da rúa de Lourcine* e *A Gramática*, do Colexio Compañía de María; *Urraca*, de Tangatutanga Teatro de Santiago de Compostela; *Inés desapercibida*, de Grupo Caruncho Teatro; *A cea dos idiotas*, de Teatro Liceo de Noia; *A princesa prometida*, da Asociación de Teatro del Andamio; *Pecas, dragonciña e o tesouro*, da Aula de Teatro do Colexio Salesianos; *Ímonos de voda*, de Unión Democrática de Pensionistas de Sofán de Carballo; *Un xoguete para Goldoni*, do CIFP Ánxel Casal; *Tralo telón*, do Grupo Pinchacarneiro Teatro de Santiago de Compostela; *De leria con Castela*, da Compañía de Teatro Galeatro; *E dálle coas laranxas*, do CEIP Ponte dos Brozos; *Tomate Vai*, da Asociación Melandrainas; *Boas noites* e *Os mundiños*, de Escola de Teatro CasaHamlet; *Soñar non custa nada*, do Colexio Ramón de la Sagra; *Dina, a nena que...*, de Escola de Teatro Xosé María Pérez Pallaré de Fene; *A consulta do doutor* e *O diálogo*, do Colexio Labarta; *Don Quixote*, *Don Perlimplín* e *Belisa no xardín*, *Moito ruído e poucas noces* e *As laranxas, máis laranxas...*, do Colexio Andaina de Culleredo; *O fantasma do castelo*, *O mercader de Venecia* e *Os cinco camiñantes*, do Grupo O Polo Saltón da Fundación Wenceslao Fernández Flórez; *Pezas*, do Instituto Elviña; *Ela, a miña amante e a miña señora*, de Quemaistén Teatro; *O achado do castro*, de Grupo Porta Aberta Teatro de Vigo; *Noites de amor e troula*, de Arjé Teatro; e *A lenda da perla rosa*, do Instituto Alfredo Brañas. Tamén se representaron obras en castelán.

### **Carballiño, XXV Festival de Teatro Galego do (FETEGA)**

Organizado pola compañía Nove-Dous Teatro e Arteficción en colaboración co Concello do Carballiño e con subvencións da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC), Novagalicia banco e Caja Madrid. Na edición de 2014 entregáronse os galardóns á mellor actor e actriz a Celso Parada, de Teatro do Morcego e Rosi Álvarez, de Lagarta Lagarta, e ao espectáculo máis valorado polo público, *Bye, bye, honey*, da compañía teatral Obras Públicas. Participaron Lagarta Lagarta, con *O país do pato Donald*; Teatro do Morcego, con *Misterio Cómico* e Obras Públicas, con *Bye, bye, honey*. Tamén se levaron á escena as pezas para público infantil *A nena e o grilo*, de Magín Blanco; *Contos de lobos*, de Ghazafellos; *Fábula galénica*, de Fantoches Baj e *Antía, Wamba e o regato pequeno*, de A Tropa de Trapo. Escenificouse o espectáculo de circo *Impreuna*, de Pistacatro.

### **Referencias varias:**

- S. N., “Bye bye honey’ e ‘Impreuna’, en la recta final de FETEGA”, *La Región*, p. 60/  
*Atlántico Diario*, p. 30, “Sociedad”, “Teatro”, 4 setembro 2014.

Refire as datas e os horarios das catro representacións que pechan o Festival de Teatro Galego do Carballiño. Ademais, indica que haberá malabares e un taller de instrumentos raros.

- Sabela Pinal, “O teatro é un conto de nenos”, *La Región*, “Carballiño”, 4 setembro 2014, p. 18.

Informa aos lectores dunha das funcións deste Festival dedicado por primeira vez aos bebés, a través do espectáculo dos Nanocontos. A función foi realizada por Raquel Queizás, da compañía de Teatro da Semente e indícase que foi un espectáculo moi completo e visual, de ritmo tranquilo e fantástico. Remata o artigo con información sobre outras montaxes da mesma compañía do estilo dos “Nanocontos” e coa programación do festival para o resto do día.

- Xabier Sanmartín G., “Fetega premia a Celso Parada, Rosa Álvarez y la compañía Obras Públicas”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Ciencia”, “Cultura”, “Ocio”, 6 setembro, p. 34.

Dá conta da celebración do festival e da entrega dos premios nas súas distintas categorías.

### **Carballiño**, VI Festival de Títeres do

Organizado pola Concellería de Cultura do Concello ourensán do Carballiño. A sexta edición de 2013 celebrouse durante o mes de agosto e representáronse as pezas infantís *O traxe novo do rei*, a cargo de Títeres Tarabelos; *O murmurio do mar*, a cargo de Xanela do Maxín; *Viaxe de Fisterra a Bangladesh*, de Titiricleta; *Nº 8 Rúa dos Contos*, de Teatro de Marionetas Trécola; e *Xoán Perillán e a maleta máxica*, de Monicreques de Kukus.

### **Cariño**, XXXVI Mostra de Teatro Galego de

Mostra teatral para compañías profesionais e afeccionadas e para diversos tipos de público, que ten lugar no Auditorio Municipal do concello ferrolán. Na edición de 2014, celebrada entre o 18 e o 22 de agosto, tiveron lugar dez representacións, cinco para o público adulto e cinco para o infantil. Para o público infantil, representáronse *O día que chegou a nube e choveu* e *Osiño*, de Títeres Trompicallo; *Ñam!*, de Caramuxo Teatro e *Fíos e Babs*, de Baobab. E tamén participaron as compañías Abrapalabra Creacións Escénicas, con *As do peixe*; Malasombra Producións, con *Go on!* e *Misión sapiens*; Ancora Producións, con *Snakizados* e Redrum, con *Amor flexible*.

### **Colorín Colorado**, Ciclo Teatral

Ciclo de teatro organizado polo Concello da Estrada. Tras o éxito recollido na edición de Nadal, a institución pública organizou outro novo programa para a primavera. Os espectáculos tiveron lugar todos os primeiros sábados de mes, dende febreiro até xuño, no Teatro Principal. Participaron as seguintes compañías: Sarabela Teatro, con *A voar*; Voadora Teatro, con *Waltz*; Talía Teatro, con *O método Grönholm*; Educa Teatro, con *Os tres porquiños*; Centro Dramático Galego, con *Longa viaxe cara a noite*; Producións Excéntricas, con *Da Vinci tiña razón*; Titeresficcións, con *Chove!*; e Baobab Teatro, con *O soldadiño de chumbo*.

### Referencias varias:

- C. G., “Ciclo teatral para niños en A Estrada”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 1.139, 27 decembro 2014, p. 7.

Dá noticia do inicio deste ciclo teatral que se alongará até o 2 de xaneiro de 2015.

- C. Botrán, “Teatro para nenos dende o 26 con Colorín Colorado Nadal”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 1.136, 24 decembro 2014, p. 5.

Informa do programa do Colorín Colorado Nadal que se inicia na Estrada o día 26 de decembro.

### Consorcio das Mariñas, X Festival Internacional de Títeres do

Promovida polos nove concellos que conforman o Consorcio das Mariñas: Abegondo, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Culleredo, Oleiros e Sada. Nesta edición do ano 2014, as obras representáronse entre o 27 de setembro e o 31 de outubro. Representáronse as seguintes obras para un público infantil: *Pinocho* e *A figueira do demo*, de Títeres Cachirulo; e *Chincha rabincha*, da Xanela do Maxín. Tamén participaron outras compañías estranxeiras, de dentro e fóra de España até acadar vinte e catro funcións.

### Coristanco, Outono Cultural de

Programa de teatro organizado polo Concello de Coristanco e no que colabora a Deputación da Coruña. Os actos da edición do ano 2014 celebráronse no Edificio de Servizos Múltiples. Nesta edición, que se desenvolveu entre o 6 de novembro e o 30 de decembro, participaron as seguintes compañías galegas con obra para público infantil: Ghazafellos, con *Contos para escagarriñarte*; Baobab Teatro, con *Martes* e *Bailando cos contos*; Teatro en punto, con *Merenda de libros*; Mago Cayetano Lledó, con *Máxico Circus Cabaret*; Garabato de Xogos, con *Popín Palomero*; e Mamá Cabrá, con *Concerto Corocorico*. Tamén se representou a seguinte obra en castelán: *La noche de los monstruitos* de Duende Sico.

### Referencias varias:

- J. M. Ramos, “El Outono Cultural trae a Coristanco espectáculos para todos los auditorios”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 1.086, 4 novembro 2014, p. 6.

Sinala a hora e lugar da posta en escena de *Contos para escagarriñarse* e que o festival chegará até o mes de decembro.

- Jesús Trillo, “Centenares de escolares, en el Outono Cultural de Coristanco”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 1.097, 15 novembro 2014, p. 6.

Dá conta da programación do Outono Cultural de Coristanco, que conta cunha oferta multicultural dirixida a todas as ideades. Entre as actividades propostas destácanse os espectáculos teatrais orientados cara a un público infantil como os ofrecidos polas compañías Duende Sico, Ghazafellos ou Baobab Teatro.

### **Culleredo, I Certame de Teatro Afeccionado de**

Organizado pola Compañía Teatro El Ruiseñor de Culleredo e coa colaboración do Concello de Culleredo. O certame acolleu no mes de as representación das cinco obras finalistas. Os actos tiveron lugar os sábados no Conservatorio Municipal de Música. Os premios foron: 600 euros (primeiro premio), 300 euros (segundo premio) e 200 euros (terceiro premio). Tamén se enganden os trofeos á mellor dirección, escenografía, vestuario e interpretación.

### **Referencias varias:**

- A. P., “El teatro gana afición”, *La Opinión*, “Cambre”, “Culleredo”, 29 maio 2014, p. 16.

Dáse noticia da posta en marcha o primeiro certame de teatro afeccionado de Culleredo, ante a constatación do pulo desta actividade no municipio e infórmase de que a compañía El Ruiseñor, dirixida por Susana Crespo e recente gañadora do premio autonómico Buero, asume a organización da iniciativa.

### **Cultura no Camiño**

Programa escénico e musical organizado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, coa colaboración da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) e da Axencia de Turismo de Galicia. A segunda edición de 2014 desenvolveuse nos concellos das rutas xacobeas de abril a setembro como parte da programación conmemorativa do oitavo centenario da peregrinación de San Francisco de Asís a Santiago. Representáronse as pezas infantís *As fabulosas viaxes de Wilson e Fabrice*, de Adarme Visual; *A historia de Martín e Os novos músicos de Bremen*, de Animar-T; *Contos para facelo indio*, de Troula Animación; *4 tempos*, de Teatro do Miolo; *Os tres porquiños*, de EducaTeatro Producións; *Ensalada de instrumentos*, d’Os tres tenedores; *Xan Perillán compra queixo compra pan* e *Contos do vento acatarrado*, d’Os monicreques de Kukas; *Mr. Pancho e a última función* e *O fillo do panadeiro*, de Títeres Cascanueces; *Linocho e a lúa*, de Títeres Falcatrúa; *Os narigudos e Titiricircus*, de Tanxarina Títeres; *Sabela e o paxaro máxico, A que cheiran os contos?* e *Amoriños contei*, de Tarabelos; *Contos e outras andrómenas* e *Pelegrín Circus*, de DINAMOTeatro; *Catro contos da China*, de Títeres Cachirulo; *Contacontos. Xan das ondas* e *Contacontos. Pepiña Maruxiña quere voar*, de Barafunda; *Dous pallasos en máis apuros*, de Os Sete Magníficos + 1; *Contacontos e Contos para un caldiño*, de Baobab Teatro; *Historias da maletra* e *Caso pechado*, de Raquel Queizás; *Ne me quitte pas* e *Cabaret de mans*, d’O Retrete de Dorian Gray; *Oh, que bonito é Panamá*, de Panamesiana Teatro; *A frauta máxica, Vida, crimes e prisión de Toribio de Mañón* e

*Titiriteiros*, de Viravolta Títeres; *Jiñol*, de Títeres Trompicallo; *Bon apetitt*, *O frautista de Hamelín* e *Contos de lobo*, de Ghazafellos; *Chincha rabincha*, d'A Xanela do Maxín; *Cinderela Mix*, de Artello-Teatro; *As pombas de Carboeiro* e *Velocíclopes*, de Fantoques Baj; *O libro máxico*, de Migallas Teatro; *Martín Martín*, de Mircromina; *Coas mans na masa* e *Contos de medo que deixan durmir*, d'A trastenda dos contos; *O cadro do espantallo*, de Ti e Mais Eu Teatro; *O paporrubio na granxa* e *Cocer e cantar*, de Seisdedos Títeres; *Lobo bobo*, de Elefante Elegante; *A maxia dos soños* e *a maleta viaxeira*, d'A Illa dos nenos; *Ulo swing!*, d'A Run Run; *Memorias dun neno labrego*, de Abrapalabra Producións Escénicas; *A nena e o grilo*, de Magín Blanco; *A biblioteca dos libros perdidos*, de Fanfarra Títeres; *O espello de Francisquiña* e *As aventuras de Polichinela*, de Danthea Teatro; *Merenda con pan de millo*, *Vai ser boa!* e *Un avó especial*, de Migallas Teatro; *Antía*, *Wamba* e *o Regato Pequeno*, d'A Tropa de Trapo; *Laranxus7*, de Teatro Avento; *Kiricreques*, de Hermanager Producións e *Cocido sinfónico*, d'Os tres tenedores. Tamén se levaron a escena as pezas para público adulto *A traizón*, d'Os Quinquilláns; *Rosa de dous aromas*, de Teatro Proscrito; *Os patios da memoria*, de Teatro do Morcego; *Profundizando na Galicia Profunda* e *Radio Torreiro*, de DINAMOTeatro; *O turista madrileño* e *Cociña económica*, de Mofa e Befá; *Candideces*, de Abrapalabra Creacións Escénicas; *A charca inútil*, de Teatro do Atlántico; *Snakizados –Comedia da fin do mundo–*, de Ancora Producións; *Alberte Contador*, *O mago Carlos*, *Como cho conto* e *Á dereita do pai*, de Hermanager Producións; *As do peixe*, de Abrapalabra Creacións Escénicas; *Os perseguidores de soños*, do grupo de teatro Pinchacarneiro; *Curriculum Vitae*, de Redrum Producciones; *Tacóns na corda*, de VerdeVeras Expresións Artísticas; *Errantes*, de Troula Animación; *Dous son parella... e o demais son calumnias*, de Acontrabutaca Producións; *PULP (Poesía Última de Lois Pereiro)* e *O asombro de Díaz Castro*, de Fantoques Baj; *Ración de Breogán*, de Airapro Producións; *Desasosegó (Cabaret poético)*, de Dandylady; *Go on!*, de Malasombra Producións; *Bicos con lingua*, de Talía Teatro; *Feirantes*, de Artestudio Teatro e *Viva a crise!*, de Fulano, Mengano e Citano.

## **Chapela**, II Ciclo de Teatro da Asociación Cultural e Social de

Ciclo de teatro organizado pola Asociación Cultural e Social de Chapela coa colaboración do Concello de Redondela. Celebrouse os días 24 e 31 de maio e o 7 de xuño no multiusos de Chapela. Participaron o Grupo de Teatro Teatreiros B de Trasmañó coa obra *Arrasadeiras* e *Historia dun bemen*; a Agrupación Teatral Fonte da Tella de Sotomayor con *Aquí non paga ninguén*; e o Grupo de Teatro Arte Pingüe con *Microvidas*.

## **Domingos do Principal**, Ciclo de Teatro Infantil de Pontevedra

Ciclo de teatro dirixido a un público familiar, que se vén organizando dende o ano 2000 como campaña teatral que parte da iniciativa do Concello de Pontevedra e do grupo Teatro Akatro, que é o encargado, como especialista en teatro para a nenez, de seleccionar os espectáculos que cobren esta programación. Nas dúas primeiras edicións celebrouse durante os meses da primavera, pero a partir da de 2002 pasou a celebrarse no inverno. No ano 2014 as actuacións celebráronse entre o día 11 de xaneiro e o 1 de marzo. As compañías galegas que participaron foron: Caramuxo Teatro, con *As fabas*

*máxicas*; e Teatro dos Ghazafellos, con *3, 2, 1...* Tamén representaron pezas as compañías foráneas: Teatro Paraíso, Gorakada, Marcel Gross, Au Ments e Lasal.

### **Referencias varias:**

- Belén López, “Pompas de xabón e José Saramago”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 10 xaneiro 2014, p. 66.

Fala da programación de Domingos do Principal, da que salienta a posta en escena de *Clinic* e unha adaptación d’*A illa descoñecida*, a cargo de compañías foráneas.

- Sara Vila, “Teatro para expertos”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Cultural”, 16 decembro 2014, p. 12.

Coméntase que para elaboración deste ciclo buscouse contar cun programa onde se combinen diferentes modalidades de actuación teatrais, como indica o seu coordinador Xacobe Rodríguez. Así destácanse algunhas funcións como *3, 2, 1...* da compañía Ghazafellos, *Bailando sin zapatos* de LaSal Teatro e *As fabas máxica* de Caramuxo Teatro.

- Sara Vila, “As citas coa cultura do ano que vén”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Cultural”, 30 decembro 2014, p. 10.

Adianta que para xaneiro volve este ciclo de teatro para as crianzas que se desenvolverá entre o 11 de xaneiro e o 1 de marzo.

### **Os Domingos... Teatro ás 6, Ciclo de Teatro Infantil de Cambados**

Ciclo organizado polo Concello de Cambados dirixido a un público infantil. Na edición de 2014, que se desenvolveu entre o mes de xaneiro e febreiro, participaron as seguintes compañías: A Nena e o Grilo, con *A nena e o grilo nun barquiño*; Trompicallo, con *Osiño*; Expresións Producións, con *Chapuzas a domicilio*; e Baobab Teatro, con *O soldadiño de chumbo*.

### **Referencias varias:**

- L. R., “La exitosa ‘A nena e o grilo’ abre un nuevo ciclo de teatro infantil”, *Diario de Arousa*, “Cambados”, 18 xaneiro 2014, p. 11.

Fala do programa “Os domingos... Teatro ás 6!”, que contará cos espectáculos *A nena e o grilo nun barquiño!* e *Osiño*, da compañía Trompicallo, *Chapuzas a domicilio*, de Expresións Producións e unha versión do conto *El soldadito de plomo*, a cargo de Baobab Teatro.

### **Dumbría a escena, I Xornadas de Teatro**

Ciclo organizado polo Concello de Dumbria, en colaboración coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, a Deputación da Coruña, AGADIC e Talía Teatro, que pretende tomar o relevo da finada Mostra de Teatro de Cee. Esta primeira edición de 2014 celebrouse do 22 ao 31 de agosto e nela leváronse a escena as pezas para público infantil *Xango, a moi extraordinaria historia do home que foi engulido por unha máquina* e a *Biblioteca dos Libros Perdidos*, de Fanfarra Títeres. Tamén participaron as compañías para adultos Abrapalabra Creacións Escénicas, con *As do peixe*; Aturuxo de Melpómene-Carrachanacacha, con *A ratoeira*; Mofa e Befá, con *Cociña económica*; Talía Teatro, con *Demolición* e a Escola de Teatro Municipal de Muxía, con *Maribel e a estraña familia*.

### Referencias varias:

- J. M. Ramos, “Olveira será escenario de las I Jornadas de Teatro Dumbria a Escena”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.008, 17 agosto 2014, p. 7.

Refire as datas e os horarios das representacións que se insiren dentro das I Jornadas de Teatro Dumbria a escena. Informa do nome das compañías que participan e das obras que se representan. Ademais, indica que haberá obradoiros de clown e malabares.

- J. M., “Abrapalabra trae hoy a Olveira la obra ‘As do peixe’”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1015, 23 agosto 2014, p. 5.

Informa da posta en escena de distintas obras e doutras actividades incluídas nestas xornadas.

### En Familia

Ciclo de teatro dirixido a un público familiar que organiza o Concello de Carballo dentro do programa Venres Culturais. A edición de 2014 tivo lugar entre os días 24 de xaneiro e 30 de marzo. Representáronse as seguintes pezas para o público infantil: *Xango: a moi extraordinaria historia do home que foi engulido por unha máquina*, de Talía Teatro; *O Kikiroxote, aventuras e desventuras dun galo de curral*, de Os Monicreques de Kukas e *O príncipe e o parrulo*, de EME 2 Emoción&Arte.

### Escena en Familia

Ciclo de teatro de longa duración protagonizado por teatro de títeres e de actor que se celebra na sala compostelá Arteria Noroeste, organizado pola SGAE-Fundación Autor Santiago. Está pensado como un espectáculo visual e musical para bebés e crianzas de entre 6 meses e 3 anos. Na edición de 2014 participaron as compañías Títeres Cachirulo, con *Cucú Tastás*, *A figueira do demo*, *Do Re Mi*, *Mozart xoga aquí*, *Camiño de aventuras* e *Alicia no País das Marabillas*; Títeres Brincadeira, con *Oreallas de trapo* e *Micaela, a cabra poeta*; A Xanela do Maxín, con *Chincha Rabincha*, *O murmurio do mar* e *Titeremusiconos*; Compañía Lírica de Galicia, con *Érase unha vez... a ópera*; The Pinga Teatro, *O bufón do reino* e *Croac*; Producións Dispersas, *Na procura da canción perdida*; e Danthea Teatro, *Amadú*.



### Referencias varias:

- A. I. S., “Marionetas para bebés con la compañía Cachirulo”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 16 febreiro 2014, p. 29.

Infórmase da posta en escena de *Cucú Tastás*, espectáculo de marionetas de Títeres Cachirulo, adicado a nenos e bebés de seis meses a tres anos, e que terá lugar na Fundación Autor da SGAE de Santiago de Compostela, dentro do ciclo Escena en familia.

- A. I. S., “La Fundación SGAE se suma al Día Mundial del Teatro Infantil y Juvenil”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 20 marzo 2014, p. 30.

Comenta que na SGAE se leva a cabo unha mostra intitulada “Escena en familia”, co gallo de achegar os máis pequenos ao eido teatral. Tamén anuncia a posta en escena de *A Figueira do Demo*, a cargo de Títeres Cachirulo.

### Mostra de Escolas de Teatro

Organizado polo Concello da Coruña, Forum Metropolitano e pola Asociación Cultural Manicómicos e que as escolas de teatro representan a final de curso. Na edición de 2014 celebrouse os días 10, 11, 12 e 28 de xuño no Forum Metropolitano da Coruña.

Actuaron as seguintes compañías: CasaHamlet, con *A taberna de Bastián*; Escolas de Teatro de Narón e Médicos sen Fronteiras, con *Contos sen fronteiras*; Asociación Cultural Manicómicos, con *Merda e Mostra fin de curso*.

### EstéNarúa, Festival Galego de Teatro Amador

Festival organizado por Ti e mais eu teatro. A edición de 2014 celebrouse o 24 de maio en Ferrol. Levouse a escena a peza para público infantil *Teddy Bear*, de Teatro Estepario. Tamén participaron a Escola Municipal de Teatro de Vigo, coa peza *Manipulación*; Folerpas Teatro, con *Viaxe no tempo*; Pan e Rosas, con *Falemos de sexo*; A Fiestra Teatro, con *Se o sei, morro antes*; Arte Pingüe, con *36M3*; Metátese Teatro, con *A gran final*; Quemaisten Teatro, con *A escola*; Artías Teatro, con *Odio aos meus fillos*; Moreashow, con *Dime que me queres* e el Ruiseñor, con *Vermello*.

### Estrada, II Festival de Teatro Escolar de A

Festival organizado pola Aula de Teatro do IES Antón Losada Diéguez da Estrada co apoio do propio concello. Nesta segunda edición, que se celebrou o día 4 de maio de 2014, representáronse as seguintes obras: *Na procura da fantasía*, por parte da Escola Municipal de Teatro de Laxe e o Obradoiro Municipal de Teatro de Palas Rei; e *Faíscas*, de Avelaiñas Teatro.

### Referencias varias:

- M. Manteiga, “Teatro desde A Estrada y orellas, tanto dulces como saladas, en Vedra”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 907, 5 maio 2014, p. 5.

Fala do II Festival de Teatro Escolar que tivo lugar na rúa na Estrada e da representación *Na procura da fantasía e Faíscas*, a cargo de alumnos do IES Antón Losada e outras escolas.

### FalaRedes

Ciclo de teatro familiar organizado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia e incluído no programa de dinamización lingüística. O ciclo inclúe actuacións musicais, obradoiros e pezas de teatro para un público infantil. No ano 2014, que corresponde á terceira edición, representáronse en distintos lugares de Galicia a peza *As fabas máxicas*, de Caramuxo Teatro.

### Referencias varias:

- Ana Iglesias, “Canciones para aprender a amar el gallego”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 27 marzo 2014, p. 29.

Anuncia o concerto Toc Toc, explicando que se encadra no programa de dinamización lingüística FalaRedes 2014, terá lugar no Auditorio compostelán.

- ECG, “FalaRedes impulsa o galego entre o público familiar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 12 maio 2014, p. 43.

Refírese ao programa promovido pola Secretaría Xeral de Política Lingüística FalaRedes, que propón dinamizar a lingua con actividades que levan por diferentes concellos pontevedreses, como o espectáculo *Os Bolechas e o Sabichón*.

- ECG, “Actuación de Os Bolechas hoy en el cultural de Sigüeiro”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.049, 27 setembro 2014, p. 7.

Dáse noticia dun espectáculo de Os Bolechas no centro cultural de Sigüeiro e da gratuidade das entradas até completar aforo.

- R. L., “A Xunta inicia na vila a xira dun espectáculo infantil que despide o ‘FalaRedes 2014’”, *Diario de Arousa*, “Cambados”, 1 novembro 2014, p. 12

Sínálase o peche do FalaRedes 2014 coa presentación do concerto-obradoiro infantil “Brinca vai de aquí a acolá!” que conta coa presenza de varias personalidades e do músico, Paco Nogueiras. Indícase que mediante as cancións, a música, o humor e o enxeño se pretende que os cativos se acheguen ás tradicións, á natureza, aos xogos e ás festas populares. Anúnciase que esta é a cuarta actividade infantil posta en marcha polo FalaRedes, iniciativa impulsada pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación

Universitaria en 25 concellos coa intención de fomentar o uso do galego. Dá conta da xira prevista para a obra en Galicia.

- Ana Iglesias, “Canciones para aprender a amar el gallego”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 27 marzo 2014, p. 29.

Informa de que o concerto Toc Toc, o cal se encadra no programa de dinamización lingüística FalaRedes 2014, terá lugar no Auditorio de Santiago.

## **Faranduleando**

Integrado no Festival Rueiro das Artes Escénicas, está organizado polo Concello da Coruña e vai dirixido a todos os públicos de maneira gratuíta. Nesta edición do ano 2014 as representacións realizáronse entre o 1 e o 24 de agosto por distintos lugares da cidade. Os espectáculos das compañías galegas dirixidos a un público infantil foron: *Contos encantados*, de Magín Blanco; *Oh! Qué bonito é Panamá*, de Panamesiana Teatro; *Catalina, Lino, Lina*, de Glup Glup Teatro; *Fábula galénica*, de Fantoques Baj; *Vacacións no mar*, de Títeres Micromina; *Dous pallasos en máis apuros*, de Os sete magníficos+1; *Improcadabra*, de La Tuerka 27; *Historia dunha semente*, de Caramuxo Teatro; *Carrapuchiña Vermella e o lobo*, de Danthea Teatro; *Petiscos musicais*, de Os Tres Tenedores; *Marusía*, de Teatro Babaluva; *Bon appetit*, de Teatro Ghazafelhos; *O frautista de Hamelín*, de Viravolta Títeres; *Titiriteiros*, de Viravolta Títeres; e *Un día de praia*, de Desastronauts.

## **Referencias varias:**

- R. L., “El programa infantil Faranduleando incluye cerca de 200 citas en 31 barrios”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 30 xullo de 2014.

Fala do programa cultural “Faranduleando” dirixido aos máis pequenos. Ana Fernández, conselleira de Cultura, explica en qué consistirá este programa: dignificar as artes escénicas dirixidas aos cativos e sobre todo para que poidan acercarse a elas. A conselleira asegura que o programa vaise consolidando xa que este ano levarase a cabo en máis barrios, con máis representacións etc. No programa colaborarán compañías tanto galegas, nacionais e internacionais. Ademais o último día haberá un circo no que os nenos disfruten das diferentes actividades circenses.

## **Festiclown, XVI Festival Internacional de Clown de Galicia**

Festival internacional de clown realizado en Vigo, logo de se desenvolver as primeiras edicións en Pontevedra e Santiago. Conta con diversas seccións: a Sección Oficial, destinada a compañías femininas; Festiclown & Amigos, onde actúan compañías que formaron parte do festival dende os seus inicios; Formaclown, un taller de formación en clown impartido por profesionais; Maraclown, espazo para aquelas compañías que levan a cabo os seus espectáculos na rúa; Mostra Internacional, onde teñen cabida compañías de ámbito estatal e europeo; Certame Intergaláctico, onde cinco compañías presentan os seus espectáculos para seren valorados polo público; Clown Off, que acolle

novos proxectos aínda en proceso; Clown Session, zona de improvisación aberta para todos aqueles que desexen participar; e Isto non é Walt Disney, sección adicada exclusivamente aos máis pequenos. A edición de 2014, celebrada entre o 4 e o 11 de outubro, contou coa participación dos grupos con obras para un público infantil: Código Morsa, con *Supergalácticos*; Circo Chosco, con *Chosco*; Os 7 magníficos +1, *Médicos en apertos*; e Peter Punk, *Peor imposible*.

### Referencias varias:

- Ágatha de Santos, “El Festiclown celebra sus quince años repitiendo la fórmula de la multisede”, *Faro de Vigo*, “TV/Espectáculos”, 17 setembro 2014, p. 51.

Informa sobre a conmemoración do Festival Clown, onde o propio Iván Prado expón a intención de internacionalizar este evento tras os éxitos acadados nos últimos quince anos. Tamén se nos informa dos diferentes sitios que visitarán na súa xira, entre os que se encontran os territorios ocupados de Gaza onde celebrarán a segunda edición de Festiclown Palestina. Neste evento participarán máis de corenta artistas entre os que se atopará o propio Pepe Viyuela, membro da ONG “Payasos sin fronteras”. A finalidade deste evento é visitar os colexios e hospitais coa intención de transmitir un sorriso a eses nenos que tanto o necesitan .

- A. S., “Pepe Viyuela y Johnny Melville, entre los 20 artistas del II Festiclown Palestina”, *Faro de Vigo*, “TV/Espectáculos”, 29 setembro 2014, p. 59.

Neste artigo faise referencia ao II Festival Internacional de Clown de Palestina o cal terá lugar do 1 ao 9 de outubro, e ao que acudirán máis de vinte artistas nacionais e internacionais como Iván Prado ou Pepe Viyuela. Esta iniciativa trata de paliar as consecuencias psicolóxicas de conflitos ao redor do mundo e xa vai pola súa segunda edición nos territorios de Xerusalén, Ramala, Nablus e Belén.

- Montse Dopico, “As fontes da utopía”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 513, “Reportaxe”, 2 outubro 2014, p. VII.

Relata os comezos e as posteriores edicións deste festival dirixido por Iván Prado dende o ano 2000. Por outra parte indica que a empresa Coperactiva Cultural (Culturactiva) serve de base para o festival pero tamén para o fomento de compañías como Os 7 magníficos+1. Asemade tamén se resalta o compromiso social e político, sobre todo coa causa de Palestina. Finalmente, a autora destaca que o festival supón un dos “máis importantes de renovación das linguaxes clown e de novo circo”.

### Festival de Nadal

Na edición do ano 2014 celebrouse entre os días 26 e 30 de decembro na sede da Fundación SGAE. Participaron as seguintes compañías con obras para público infantil: A Xanela do Maxín, con *A pequena Lúa*; Danthea Teatro, con *Carrapuchiña vermella ou o conto do lobo*; Títeres Cachirulo, con *Cucú Tastás*; Producións Dispersas, con *Na procura da canción perdida* e Títeres Cachirulo, con *A historia do Apalpador*.

## **Galicia Escena Pro, II Mostra de artes escénicas**

Organizada dende 2013 pola Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) en cinco espazos de Santiago de Compostela: o Salón Teatro, o Auditorio da Universidade, o Teatro Principal, a Fundación SGAE e o Auditorio Novacaixagalicia. Nesta segunda edición de 2014, celebrada entre os días 3 e 5 de novembro, representáronse as pezas dirixidas a un público infantil e familiar *A casa do avó*, de Tanxarina; *Ra, ra, ra*, de Abrapalabra Creacións Escénicas; *Rumpelstikin, o anano saltarín*, de Trompicallo e Kalina Teatro; *Roedores*, de Redrum Teatro; *Pedro e o lobo*, de Fantoques Baj; *Gatuxo*, de Magín Blanco e *Cocido sinfónico*, de Os Tres Tenedores, entre outras actuacións de danza, maxia e novo circo. Tamén participaron as compañías para o público adulto Berrobambán, que levou a escena *Avestruz en terra allea*; Talía Teatro, con *Demolición*; Sarabela Teatro, con *Pequenas certezas*; A Panadaría, con *Pan! Pan!*; Producións Teatrais Excéntricas, con *Bobas & Galegas (Mofa e Befá no Século d'Ouro)*; Il Maquinario Teatro, con *Perplexo*; Antón Coucheiro, con *Psicópata*; Aporía, con *30 e tantos ósos*; A Artística, con *Illas Atlánticas*; B. B. Producións, con *Muller cine e Chévere*, con *As fillas bravas*.

### **Referencias varias:**

- Luis Montero, “Santiago, epicentro do sector escénico galego ata mañá”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 4 novembro 2014, p. 36.

Destaca que Santiago de Compostela se converte no centro do mundo teatral galego e informa da celebración de once espectáculos.

- Luis Montero, “A segunda edición de Galicia Escena Pro rematará hoxe na capital galega”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 5 novembro 2014, p. 43.

Informa da finalización da segunda edición desta mostra e recapitula o acontecido.

- Irene Jiménez, “Galicia Escena PRO pecha cun balance ‘moi positivo’ logo de 23 espectáculos”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 7 novembro 2014, p. 41.

Resume os actos e as representacións dramáticas desta mostra e destaca o número de espectáculos así como a diversidade.

## **Galicreques, XIX Festival Internacional de Títeres**

Este festival vense organizando dende o ano 1996 en Santiago de Compostela pola Asociación Barriga Verde, baixo a dirección de Xurxo Rey. Dende o ano 1998 comezou a levar representacións a outras cidades galegas como Lugo, Betanzos e Pontevedra. Actualmente, o festival ten lugar en Lugo, Compostela e mais os concellos pertencentes ao Consorcio das Mariñas. A asociación organizadora contou co patrocinio de cada un dos Concellos nos que se celebrou e, dende a edición de 2000, co apoio do IGAEM (Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais), agora substituído pola AGADIC (Axencia Galega das Industrias Culturais, e o INAEM (Instituto Nacional de Artes

Escénicas y Musicales). O nome de “Galicreques” adoptouno no ano 2002. As representacións están divididas en dous apartados: Títeres nos Teatros, que teñen lugar nas diferentes salas; e Títeres na Rúa, que se desenvolven nas prazas e barrios dos concellos participantes. Na edición de 2014, que tivo lugar entre o 27 de setembro e o 5 de outubro, participaron vinte e unha compañías entre as que destacan as galegas: Educa Teatro con *Os tres porquiños*; Títeres Cachirulo con *Cu-cú, Tas-tás*; A Illa dos Nenos con *Ledicias*; e Viktor Antonov con *Circus on the strings*.

### Referencias varias:

- ECG, “Festival de Títeres Galicreques a finais de mes”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 12 setembro 2014, p. 28.

Anuncia o inicio do festival a última fin de semana do mes de setembro na Fundación SGAE de Santiago de Compostela.

- Daniel Álvarez, “Galicreques abre una nueva edición con 21 compañías”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 24 setembro 2014, p. 29.

Informa da presentación da nova edición deste festival, da programación e da venda das entradas. Subliña a posta en escea de grupos foráneos de países como Brasil, Rusia ou Bélxica.

- P. Calveiro, “Faremos unha gran gala para contribuír co pobo de Gaza”, *La voz de Galicia*, “Santiago”, 24 setembro 2014, p. L6.

Fala con Jorge Rey, director dende hai dezanove anos xunto con Carmen Domech, do festival internacional Galicreques. Recórdase que o festival realizárase en Santiago de Compostela e que nesta ocasión ofrecerá sesenta e cinco funcións de teatro de marionetas, a cargo de vinte e unha formacións tanto galegas coma de fora de Galicia.

- S. E., “El festival internacional de títeres llega el día 1 a A Estrada”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 1.047, 25 setembro 2014, p. 7.

Dá noticia do comezo deste festival que se celebrará no Auditorio da Estrada e das compañías foráneas participantes.

- C. C., “Monicreques do mundo unidos”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Teatro”, 26 setembro 2014, p. 8.

Anúnciase o comezo deste festival que contará coa presenza de vinte e unha compañías chegadas de diferentes países e das actividades que completan a programación.

- ELOS, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 3 outubro 2014, p. 38.

Infórmase das datas de celebración da XIX edición do Festival Internacional de Títeres Galicreques na que participan as compañías galegas Os Quinquilláns e Títeres Cachirulo.

- ECG, “Los Galicreques se solidarizan con Palestina”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 7 outubro 2014, p. 20.

Dáse conta da gala benéfica organizada pola Fundación Araguaney-Puente de Culturas e o Festival Internacional de Títeres Galicreques co fin de recaudar diñeiro para a compra de medicamentos destinados aos habitantes da franxa de Gaza.

### **Infantil & Familiar**, Ciclo de espectáculos

Ciclo de espectáculos que organiza o Concello de Santiago de Compostela, dende o seu Departamento de Cultura, adicado a nenas, nenos e bebés e celebrado en distintos lugares da cidade: o Teatro Principal, a Zona C, o CGAC, a Sede SGAE/Fundación Autor e a Sala Agustín Magán do CSC de Santa Marta. As actividades celébranse en dous períodos: un entre o 22 de xaneiro e o 1 de xuño e outro entre o 2 de novembro e o 29 de decembro. Son de todo tipo: concertos, música clásica, teatro para bebés, contos musicais, cinema... Entre as postas en escena para público infantil, están *Martes*, de Baobab Teatro; *Os tres porquiños*, de EducaTeatro Producións; *Sopa de sapo*, de Talía Teatro; *Zapatos*, *Pío* e *Glub, Glub*, de Caramuxo Teatro; *O pequeno Verne*, de Teatro Negro IRÚ; *A verdadeira historia de Robinson Crusoe e venres*, de Bandullo Azul; *Dous pallasos en máis apuros*, de Os 7 magníficos+1; *Contos do vento acatarrado* e *Xan Perillán compra queixo e pan*, de Monicreques de Kukas; *Chove!*, de Títreficcións; *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*, do Centro Dramático Galego; *Rumpelstikin, o anano saltarín*, de Trompicallo; e *Roedores*, de Redrum Teatro.

### **Referencias varias:**

- A. Iglesias, “Ópera, teatro, circo y música clásica para todos los públicos”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 10 maio 2014, p. 36.

Anúnciase a programación cultural para a fin de semana en Santiago de Compostela, marcada pola variedade. Dise que se inicia con Bandullo Azul e *A verdadeira historia de Robinson Crusoe e Venres*, continuando con outras postas en escena e actividades varias.

### **Laxe**, VII Mostra de Outono de Teatro do Concello de

Organizada pola Concellería de Cultura do Concello de Laxe e a Asociación Municipal Folerpas. A edición de 2014, celebrada entre o 26 de outubro e o 30 de novembro, contou coa presenza de Ghazafellos coa obra para público infantil *Contos para escagarriñarse*. Tamén saíron a escena para un público adulto os grupos Metátese Teatro, que levará a escena *A gran final*; Sen Tempo Teatro, con *O calzurras*; A Fiestra Teatro, con *A farsa de Inés Pereira* e Tangatutanga, con *Urraca*.

### **Lauro Olmo**, V Ciclo de Teatro Afeccionado

Ciclo organizado pola Concellería de Cultura do Barco de Valdeorras. A edición de 2014 celebrouse do 24 de outubro ao 1 de novembro. Levouse a escena a peza para público infantil *Cipriano de Bequelar*, do Aturuxo de Melpómene Carrachanacacha. Nela tamén participaron os grupos para un público adulto Metátese Teatro, con *A gran final*; a Asociación Teatral Paso de Valverde, con *Sánatos* e Gargallada Teatro, con *Estación sombrío*.

#### **Referencias varias:**

- A. R., “O Barco, en clave de comedia”, *O SIL*, “Cultura”, outubro 2014, p. 40.

Refire as datas e os horarios das representacións que se insiren dentro do V Ciclo de Teatro Afeccionado Laura Olmo. Indica que se analizan diversas temáticas a través da comedia coma o deporte, a emigración, as lembranzas, o amor ou a morte. Destaca que o ciclo está incluído nos Circuitos da Federación Galega de Teatro Afeccionado, organizado por Gargallada en colaboración coa Concellería de Cultura do Barco.

#### **Manicómicos, Festival Internacional de Teatro Cómico**

Organizado pola asociación cultural herculina Manicómicos, coa colaboración do Concello da Coruña, da Deputación Provincial e de Gadis, acollía actuacións galegas e internacionais. No ano 2012, a Concellería de Cultura do Concello da Coruña eliminouno do programa das festas da cidade pero o colectivo Manicómicos decidiu recuperar o festival xusto o seguinte ano. A XIV edición, correspondente ao ano 2014 e que contou coa colaboración do Concello da Coruña, da Deputación Provincial e de Gadis, desenvolveuse entre o 21 e o 24 de outubro. Acolleu diversos espectáculos de teatro cómico en diferentes espazos da cidade. Participaron a compañía galega O Retrete de Dorian Gray, con *Cabaret de mans* e Producións Manicómicas, con *Channel Shit*. Tamén actuaron compañías foráneas Malas Compañías.

#### **Referencias varias:**

- Manuel Varela, “La risa escapa del manicomio”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y Cultura”, 22 outubro 2014, p. 14.

Informa das obras, compañías e horarios que conforman a programación deste festival. Tamén recolle a declaración de Willy Éter como cofundador e coordinador deste evento.

#### **María José Jove, X Festival de Títeres**

Festival organizado pola Fundación María José Jove e o Concello da Coruña a través do Instituto Municipal Coruña Espectáculos (IMCE). É unha continuación do Festival de Teatro e Cine infantil iniciado no ano 2003. Nesta edición de 2014, que se celebrou entre o días 26 e 30 de decembro, participaron as seguintes compañías galegas: Títeres Cachirulo, con *Cu cu tas tas*; Caramuxo Teatro, con *As fabas máxicas*; Baobab Teatro,



con *Martes*; e Danthea Teatro, con *Amadú*. Tamén participaron as compañías foráneas Teatro Arbolé, El Retablo Títeres, Dissset Teatre e El Retablo.

### Referencias varias:

- M. G. M., “Teatro del Andamio ofrece un maratón escénico para niños en su octavo festival navideño”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 26 decembro 2014, p. 11.

Informa da posta en función da obra “Cu Cu Tas Tas” de Cachirulo na sede da institución na Grela.

### MIT, XXX Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia

Mostra de teatro creada en 1973 baixo o nome Mostra de Teatro Abrente. Organizada pola Concellaría de Cultura do Concello de Ribadavia, está dirixida por Roberto Pascual e ten como marco a Praza Maior de Ribadavia, o Auditorio do Castelo dos Sarmientos e as rúas do barrio xudeu, así como a Igrexa da Madalena ou mesmo outras rúas e prazas da vila. Dende o ano 2000, ao longo do transcurso da Mostra, o público pode elixir a mellor obra representada, que é galardoada cunha figura representativa que se entrega no último día da mostra e que supón a invitación para participar na seguinte edición. Nesta ocasión foi a compañía Ron Lalá, con *En un lugar del Quijote*. A edición de 2014, celebrada entre os días 19 e 26 de xullo, representáronse as pezas dirixidas a un público infantil *Lume*, de Títeres Babaluva e *Mr. Pancho e a última función*, de Títeres Cascanueces e Títeres Alakrán. Tamén contou coa participación das compañías Teatro do Vilar, coa peza *Aquí non paga ningún*; Voadora, con *A tempestade*; Ut-tópico Teatro, con *Diante do espello*; Triatreros, con *Improperio*; Abrapalabra Creacións Escénicas, con *Decamerón* e Chévere, con *Ultranoite no país dos ananos*. Ademais representouse o espectáculo circense *Impreuna*, de Pistacatro e participaron tamén as compañías foráneas Artistas Unidos (Portugal), Maduixa (Valencia), Sud Costa Occidentale (Italia), Teatro Stabile di Napoli (Italia), Théâtre Nacional de Bruxelles (Bélxica), Ron Lalá (Madrid), Jorge Eiro (Arxentina), La Rous (Andalucía), Jashgawronsky Brothers (Italia) e Cheek by Jowl (Francia).

### Recensións:

- Camilo Franco, “Dramas familiares, conflitos públicos”, *Tempos Novos. Revista mensual de información e opinión para o debate*, nº 205, *ProTexta*, nº 03, “cultura e pensamento”, agosto 2014, pp. 58-63.

Ofrécese unha análise en profundidade desta mostra teatral. Despois de achegar unha división sobre os tipos de teatro que a caracterizan, fálase do público asistente e reflexiónase sobre a revisión que achega este espectáculo sobre a realidade. A continuación, ofrécese unha crítica da posta en escena das pezas *Ubu Roi* de Cheek by Jowl, *Le sorelle Macaluso* de Emma Dante, *A Tempestade* de Voadora, *Ultranoite no país dos ananos* de Chévere, *A 20 de novembro* de Artistas Unidos e *Sudado* a cargo da compañía de Jorge Eiro. Saliéntase a calidade da primeira peza, que mestura diferentes tipos de interpretación e estilos de teatros distantes. Apúntase que *Le sorelle Macaluso*

constitúe un drama sobre as fillas contra a figura paterna. Destácase a dimensión metateatral d'*A Tempestade*. Sinálase a vertente política das pezas *Ultranoite no país dos ananos* e *A 20 de novembro*, destacando a dimensión satírica da primeira antes de indicar que a segunda recolle os argumentos dun rapaz rexeitado antes de disparar a compañeiros e profesores de instituto. Por último, apúntase que *Sudado* supón o traslado da vida corrente ao teatro. Esta achega estrutúrase nos epígrafes “Ubu Roi, Le sorelle Macaluso e A tempestade” e “Teatro político con Chévere e Artistas Unidos”.

- Inma López Silva, “Magnífico Ubu”, *Tempos Novos. Revista mensual de información e opinión para o debate*, nº 205, *ProTexta*, nº 03, “crítica”, agosto 2014, p. 88.

Ofrécese unha crítica da posta en escena da obra *Ubu roi* representada na MIT de Ribadavia a cargo de Cheek by Jowl. Sinálase que a obra xira arredor dun adolescente que verte sobre a súa familia e amigos a ollada da ficción de *Ubú rei*. Saliéntase a interpretación actual do texto, a calidade da interpretación dos actores para combinar a farsa e os bonecos co naturalismo burgués, a importancia da escenografía e o traballo de vídeo así coma o emprego da imaxe para ofrecer a lectura comparada entre o tempo de Jarry e o actual.

#### **Referencias varias:**

- Mario Álvarez, “A Mostra de Teatro de Ribadavia aposta polos grandes nomes”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 20 xuño 2014, p. 46.

Explicase que se revalida o apoio da Xunta de Galicia a esta mostra, lembrando a súa transcendencia histórica no teatro galego e infórmase da carteleira da próxima cita, que apostará por compañías galegas como Voadora ou Chévere e grandes nomes da escena internacional como Declan Donellan ou Emma Dante.

- Sabela Pinal, “A Mostra de Teatro resaltará a liña musical na súa 30 edición”, *La Región*, “Provincia”, “Ribeiro”, 20 xuño 2014, p. 27.

Dá noticia de que se cumpren 30 anos da MIT de Ribadavia, e informa de que a organización detalla algúns aspectos da vindeira edición na presentación desta, que tivo lugar en Santiago. Comenta que Declan Donellan e Emma Dante son apostas internacionais que se conxugarán cos grupos galegos Chévere ou cun ciclo sobre o novísimo teatro arxentino.

- Mónica G. Bellver, “30º aniversario da MIT”, *O SIL*, “Cultura”, xullo 2014, p. 47.

Infórmase de que Ribadavia volverá acoller un dos seus eventos definidores, a 30ª Mostra Internacional de Teatro e dise que a musicalidade é unha das liñas chave deste ano, observábel no cabaré nihilista de Chévere ou na parodia musical con clown e ironía sobre a reciclaxe e o consumo dos Jashgawronsky Brothers, entre outros.

- Sabela Pinal, “La Mostra de Teatro llama a batir un récord con un brindis de Ribeiro”, *La Región*, “Verano”, “10 xullo 2014, p. 20.

Preséntase o programa de actividades paralelas á 30 edición da Mostra Internacional de Teatro (MIT) de Ribadavia, que se celebrará en xullo. Explicase que coas actividades a

organización pretende recuperar o espírito das primeiras edicións, entrelazando teatro, audiovisual, premios e cursos.

- Marta Meira, “La MIT da alta cultura a precios accesibles”, *La Región*, “Verano”, 18 xullo de 2014, p. 21.

Entrevista co director da mostra, Roberto Pascual Rodríguez, que trata distintos aspectos da mostra de Ribadavia.

- Marta Meira, “El mejor teatro internacional se cita en la capital del Ribeiro”, *La Región*, “Verano”, 19 xullo 2014, p. 19.

Dá conta do inicio desta mostra dramática dirixida por Roberto Pascual e relata as compañías con cadansúa obra que se presentan na programación. Céntrase na descrición da xornada inaugural.

- Marta Meira, “La MIT se gana al público”, *La Región*, “Verano”, 21 xullo 2014, p. 17.

Dá as cifras de asistencia aos primeiros espectáculos da mostra de Ribadavia e recolle as expectativas que segundo a organización chegara até os 15.000 asistentes.

- Marta Meira, “La hostelería se llena de teatro”, *La Región*, “Verano”, 22 xullo 2014, p. 26.

Destaca que a celebración desta mostra atrae a un público que anima e dinamiza a economía local. Tamén informa sobre algunhas das actuacións de compañías internacionais.

- Marta Meira, “La MIT, mucho más que teatro”, *La Región*, “Verano”, 25 xullo 2014, p. 26.

Subliña que a mostra ofrece máis opcións e propostas fóra do ámbito dramático. Así informa que haberá presentacións de libros ou exhibición de documentais, centrándose na presentación do documental de *Ultranoites*, da compañía Chévere.

- Marta Meira, “Ribadavia brinda por la MIT”, *La Región*, “Verano”, 27 xullo 2014, p. 22.

Fai unha crónica do último día e peche da mostra cun brinde multitudinario. Tamén destaca a valoración dos organizadores que definiron esta edición como un “rotundo éxito de público”.

- E. P., “Ribadavia clausura su festival internacional con más de 9.000 espectadores en 8 días”, *Faro de Vigo*, “TV/Espectáculos”, 28 xullo 2014, p. 45.

Informa do peche da trixésima edición da Mostra Internacional de Teatro (MIT) de Ribadavia. Indica o resultado dos votos do público nesta edición, no primeiro posto a compañía Ron Lalá, no segundo Chévere e no terceiro a inglesa Cheek by Jowl e a italiana Sud Costa Occidentale. Destaca o éxito do festival polo número de asistentes e pola dimensión internacional.

- Vicente Plaza, “Ribadavia concluye con 9.000 espectadores”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 28 xullo 2014, p. 30.

Informa sobre o peche da trixésima edición da mostra, que congregou a 9.000 espectadores, e que o grupo Ron Lalá levou o principal premio da mostra: “Premio do público Rubén García ao mellor espectáculo”. Comenta, ademais, os outros dous grupos que quedaron na segunda e terceira posición.

## **MITEU, XIX Mostra Internacional de Teatro Universitario Galego**

Mostra que tivo a súa orixe en 1994, organizada pola Aula de Ourense baixo o nome de I Mostra de Teatro Galego Universitario de Ourense. En 1996 pasou a constituírse na I MITEU (Mostra Ibérica/Internacional de Teatro Universitario). Entre os seus obxectivos están potenciar o intercambio artístico entre grupos galegos e grupos da Península ou de fóra dela. Celébrase anualmente no Teatro Principal, aínda que tamén sae por veces a outros lugares. Ao remate das funcións establécese un coloquio sobre a obra e sobre as distintas xestións dos grupos universitarios. As datas de celebración son sempre na segunda quincena de abril. Está organizada pola compañía Sarabela Teatro xunto coa Aula de Teatro Universitario de Ourense Maricastaña, baixo a dirección de Fernando Dacosta e a coordinación de Elena Seijo. Conta tamén co patrocinio da Universidade de Vigo, a Área de Cultura do Concello de Ourense e a Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC). Dende 1999 celébrase tamén o “Premio de Dramaturxia Carlos Couceiro”, que na edición de 2011 engadiu a figura de Begoña Muñoz ao seu nome, para premiar con 600 euros unha das compañías participantes, ademais dos premios do público e da MITEU de cada edición. Nesa edición incluíuse un novo premio, á mellor resolución técnica, denominado “Susó Díaz”. Na de 2014, que se celebrou entre o 25 de abril e o 9 de maio, acolleu a representación da peza infantil *Os soños de Xulia*, a cargo de Geppetto, Aula Universitaria de Teatro Infantil de Ourense. Tamén participaron as compañías galegas Boneca Lareta, con *Sede de mal*; Rosaura, Aula de Teatro Universitaria de Ourense, coa peza *Chispeando*; Cordelia, Aula Universitaria de Teatro de Ourense, con *Galería Berkvam 2.14*; Iolanda Muíños e Camila Bossa, con *Malos hábitos*; a Aula de Teatro da USC-Lugo, con *Miosotis. Non me esquezas*; a Aula de Teatro Normal da Universidade da Coruña, con *Nocturnos* e Quico Cadaval, con *Nove illas ou dez (Das cotovías)*. Así mesmo, contou coa participación das compañías foráneas Grupo Estable da Aula de Teatro da Universidade de Burgos, La Coquera Teatro (Barcelona), Teatro Crítico Universal da Universidade da Rioxa, Las Grotesques e Teatro de Cámara Cervantes (Madrid), Hisako Horikawa (Xapón), Fam Ya Mina Production (Guinea Ecuatorial), Yllana (Madrid), Teatro el Mayal da Universidade de León, Teatro Universitário do Porto (Portugal), Grupo de Teatro da Universidade Pública de Navarra, Johnny Melville (Escocia), Gruppo Límpido (Italia), Grupo Experimental da Universidade de Aveiro (Portugal), Teatr’ubi (Portugal), Teatro dos Estudantes da Universidade de Coimbra (Portugal).

## **Referencias varias:**

- S. N., “Comienza la Miteu con 31 compañías de todo el mundo”, *La Región*, “Sociedad”, “Galicia: agenda cultural”, “Teatro”, 24 abril 2014, p. 52.

Infórmase do inicio desta mostra e noméanse algunhas das obras representadas.

- C. Crespo, “Ourense levanta el telón durante tres semanas”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Teatro”, “Agenda”, 25 abril 2014, p. 16.

Coméntase o programa da XIX Mostra de Teatro Universitario de Ourense, informando de que trinta e unha compañías de nove países e catro continentes chegarán á cidade con teatro, danza, circo, música, obradoiros, actividades na rúa e monicreques para adultos. Dise que o grupo Rosaura da Aula de Teatro Universitaria de Ourense inaugura a mostra con *Chispeando*, no parque de San Lázaro.

- C. R., “A chispa do teatro prende un ano máis coa Miteu”, *Atlántico Diario/ La Región*, “Universitas”, 30 abril 2014, p. 1.

Reséñase o inicio da 19ª edición da MITEU, con dúas das aulas de teatro do Campus estreando os seus espectáculos. Infórmase de que trinta e unha compañías de nove países sucederanse en Ourense, ofrecendo unha mostra do mellor teatro contemporáneo profesional e afeccionado. Noméanse algunhas obras que se estrearán.

- S. N., “La fantasía de los contrastes’ y ‘Best of Johnny’, en la Miteu”, *Atlántico Diario*, p. 32, “Teatro”/ *La Región*, p. 56, “Sociedad”, “Galicia: agenda cultural”, 2 maio 2014.

Noméanse dúas pezas que se representarán nesta mostra: *La fantasía de los contrastes*, da Aula Universitaria de Navarra cunha temática ligada á crise económica, e *Best of Johnny*, do clown Johnny Melville, pequenos sketches parodiando os pros e contras da UE.

- C. C., “Mimo, danza y, por supuesto, mucho teatro en Ourense”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Escenarios”, 2 maio 2014, p. 14.

Infórmase de que esta mostra chegou ao seu ecuador cun dos seus pratos fortes, a actuación do mimo e clown escocés Johnny Melville e tamén de que se celebrará o cuarto Encontro de Danza Interuniversitaria.

- S. N., “Acto de clausura y entrega de premios para la Miteu 2014”, *La Región*, “Sociedad”, “Galicia: agenda cultural”, “Teatro”, 8 maio 2014, p. 52.

Anúnciase a clausura da Miteu coa entrega de premios do xurado e do espectador e as representacións das obras *Café Liberdade* no Teatro Principal e do espectáculo *Sede de mal* no Auditorio Municipal. Dise que o broche final póñeno Camila Bossa e Yolanda Muíños con *Malos hábitos* no Café Auriense.

- C. R., “A Miteu despediuse con éxito ata o ano que vén”, *La Región/ Atlántico Diario*, “Universitas”, 15 maio 2014, p. 7.

Realízase un balance final da 19ª Mostra de Teatro Universitario de Ourense, que ocupou o remate de abril e o inicio de maio con trinta e unha compañías de teatro

profesional e afeccionado. Saliéntanse algúns espectáculos e a acollida do público, reproducindo unha afirmación de Fernando Dacosta, director da Miteu.

### **Monecadas, I Festival de**

Organizado polo Concello de Brión e Titiriteiros da Comarca. Terá lugar na Carballeira de Santa Minia nas tardes do 4, 5 e 6 de xullo. Esta iniciativa combina os obradoiros para os máis pequenos con actuacións de importantes compañías de monicreques. Nesta edición participaron Títeres Cachirulo con *Pinocho*, A Xanela do Maxín e Títeres Alakrán.

#### **Referencias varias:**

- Arca, “Brión organiza dende mañá o I Festival de Monecadas”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 964, 3 xullo 2014, p. 5.

Anuncia a primeira edición do Festival Monecadas organizado polo Concello de Brión e Titiriteiros da comarca.

### **Monforte, XXII Certame Municipal de Teatro para Centros de Ensino de**

Certame de teatro organizado polo departamento de Cultura do Concello de Monforte. Na edición de 2014, celebrada entre os días 24 de abril e 20 de maio na Casa da Cultura, participaron os alumnos do CEE Infanta Helena, coa peza *A unión fai a Terra*; Prodeme, con *A cidade non é para min*; Colexio P. Ferroviario, con *Convídote a soñar*; IES A Pinguela, con *O misterio das risas*; CEIP A Gándara, con *Aventuras de Zongalo Quirico*; CEIP de Monforte, con *¡Ai, mamasiña, que medo!*; e Colexio PP. Escolapios, con *Aprendendo a ler*.

#### **Referencias varias:**

- A. Rodil, “El certamen escolar de teatro se cierra con gran éxito de público”, *El Progreso*, “Ribeira Sacra”, 21 maio 2014, p. 26.

Informa da clausura do certame de teatro de Monforte e nomea os centros educativos que participaron.

### **Monicreques de Verán**

Ciclo organizado polo Concello de Bueu que se celebrou todos os martes dende o 29 de xullo até o 26 de agosto de 2014, na Praza Massó. En caso de mal tempo as representacións fariáanse no Centro Social do Mar. Nesta edición participaron as seguintes compañías: Títeres Seisdedos con *O galo Quirico*; Fantoques Baj con *Fábula galénica*; Títeres Seisdedos con *Cocer e cantar*; Títeres Tarabelos con *O traxe novo do emperador*; e Micromina Títeres con *Vacacións no mar*.

### Referencias varias:

- Nerea Pazos, “Fantoques Baj pone en escena esta noite en Bueu la ‘Fábula Galénica””, *Diario de Pontevedra*, “O Morrazo”, 5 agosto 2014, p. 14.

Informa do espectáculo “Monicreques de verán”, que se celebrará no municipio galego de Bueu cada martes do mes de agosto. Por orde cronolóxica, cita as obras que se representarán: *Fábula Galénica*, de Fantoques Baj; *Cocer e cantar*, de Títeres Seisdedos; *O traxe novo do rei*, de Títeres Tarabelos; e *Vacacións no mar*, de Mircromina Títeres.

### MOTECES, XIII Mostra de Teatro de Ensino Secundario

Organizada por primeira vez no ano 2002 pola área de Educación, Universidade e Xuventude do Concello de Ourense en colaboración co Instituto Blanco Amor, naceu coa vontade de establecer un espazo na cidade para o teatro que nace nos centro de ensino, ao tempo que dá proxección e incentiva o labor desenvolvido por estes escolares. Na edición de 2014 celebrouse en sesións matinais no salón de actos da Escola Municipal de Artes Escénicas entre os días 6 e 15 de maio e nela participaron grupos de oito centros de ensinanza da cidade: Grupo de Teatro do IES E. Blanco Amor, coa peza *Praza do Bispado*; o Grupo de Teatro do IES As Lagoas, con *Soño dunha noite de San Xoán*; o Grupo de Teatro do IES Otero Pedrayo, con *Sabina e as Bruxas*; os alumnos do CPR Santo Ángel, con *Antes morta...*; e os alumnos do IES Universidade Laboral, con *A Verdade Vestida*. En castelán representáronse por parte do Grupo de Teatro do CIFP A Carballeira, *La Casa de Bernarda Alba*; o alumnado do IES Universidade Laboral, *Solo*; e clausurou o Grupo de Teatro do CIFP A Carballeira con *Caperucita Roja y el Lobo Veloz*.

### MOTESMO, XVIII Mostra de Teatro de Ensino Secundario do Morrazo

Certame organizado polo IES As Barxas de Moaña. Na XVIII edición, correspondente ao ano 2014 e celebrada entre os días 28 e 30 de abril, participaron os seguintes centros educativos: o Teatro que Ri do IES As Barxas, con *A familia Ohei*; Colexio Eduardo Pondal, con *As asembleistas*; o Obradoiro de Teatro do IES María Soliño, con *Acariñando os cabelos*; o Grupo de Teatro A Réplika do IES Rodeira, con *O ladrón de palabras*; os Comediantes Anónimos do IES Johan Carballeira, con *Gallaegaria*; e o Grupo de Teatro 100 Tolas con *Quéreme ben*.

### MOTI, XI Mostra de Teatro Infantil de Ourense

Está organizada polo concello, o Teatro Principal e a Universidade de Vigo (campus de Ourense), dende o ano 2004 co obxectivo de converterse nunha oferta cultural da cidade de Ourense para o público infantil nas datas de Nadal. Dirixida por Fernando Dacosta ten como escenarios o Teatro Principal, o Auditorio e a Universidade de Ourense. Parte da recadación destínase a UNICEF. A edición de 2014, celebrada entre o 21 e o 26 de

decembro, contou coa posta en escena de *Moti: de 0 a 100*, de Trécola Teatro; *A casa do avó*, de Tanxarina; *Choruma*, de Trécola Teatro; *As aventuras de Polgariña*, de Geppetto; e *As fabas máxicas*, de Caramuxo Teatro. Participaron compañías foráneas como Teatro Paraíso (Euskadi), Maduixa Teatre (Valencia) ou Mundo Mandarin (Arxentina).

#### **Narón e Ferrol, Mostra de Teatro Infantil e Xuvenil de**

Organizada por primeira vez en 1998, quere achegar o teatro a miles de escolares do Concello de Narón e bisbarra e á vez recuperar a vella mostra infantil “Xeración Nós”, que celebraban dende 1984 os sete concellos da Mancomunidade. O obxectivo principal da mostra é actuar como axente socializador, permitindo o acceso de novos públicos ao mundo das artes escénicas. Durante os anos 2001 e 2002 sumouse ao Concello de Narón o Padroado de Cultura do Concello de Ferrol e contou coa colaboración do IGAEM (Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais), agora substituído pola AGADIC (Axencia Galega das Industrias Culturais), e da Deputación da Coruña. A edición de 2014 celebrouse entre os días 6 e 18 de novembro de 2014. Participou como única compañía galega Títeres Tanxarina, con *A casa do avó*; e tamén as compañías foráneas Aracaladanza e Teatro de Malta.

#### **Negreira, V Ciclo Teatral de**

Organizado polo Concello de Negreira en colaboración coa Deputación da Coruña. A edición de 2013 desenvolveuse entre os venres 24 de abril e o 7 de xuño. Representouse para o público infantil, a peza *Pío!*, de Caramuxo Teatro. Tamén participaron os grupos de teatro municipal de Ames, con *Véndese*; a Escola Municipal de teatro de Laxe e o Obradoiro Municipal de Teatro de Palas de Rei, con *Na procura da fantasía*; Metátese Teatro, con *A gran final*; Pinchacarneiro, con *Os perseguidores de sonhos*; a Escola Municipal de Teatro de Negreira, con *2033 Cabaret musical*; Teatro Solidario As Ínsuas, con *Disques* e Malasombra, con *Go on!*

#### **Referencias varias:**

- M. M. O., “El Ciclo de Teatro de Negreira sigue los días 23 y 24”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 909, 7 maio 2014, p. 7.

Refire o horario de dúas postas en escena que se representarán neste ciclo teatral, *Os perseguidores de sonhos*, de Pinchacarneiro e *Go on*, de Malasombra.

#### **Novembro Cultural de Fisterra**

Ciclo teatral organizado polo Concello de Fisterra e que conta coa colaboración da Deputación da Coruña. Na edición do ano 2014 houbo unha obra de maxia e no apartado teatral participou o día 8 de novembro Os 7 magníficos+1, con *Dous pallasos en máis apuros*.



## Núbebes, II Festival das

Organizado pola Concellaría de Benestar Social e Cultura do Concello de Pontevedra celebrou a súa segunda edición entre os días 19 e 28 de setembro de 2014. Preséntase como un festival de artes escénicas para bebés e familia, con teatro, contos, música, danza e obradoiros. Os espazos en que se representaron as obras foron o Teatro Principal, a Casa das Campás, Praza do Teucro, Facultade de Belas Artes e a Casa Azul. Nesta segunda edición participou a compañía galega Baobab Teatro, con *Durme Roque*, *durme* e tamén compañía madrileña Okina Teatro.

### Referencias varias:

- Isabel B. Campo, “El festival para bebés Núbebes llama a participar al sector hostelero”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 17 xullo 2014, p. 10.

Dá conta da celebración do festival, da súa programación e da asistencia de máis de 3.000 persoas na pasada edición. Recolle as declaracións da concelleira de cultura e a proposta de implicar á hostalaría no festival.

- Isabel B. Campo, “El Festival das Núbebes celebrará un acto de ‘despedida’ de chupetes”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 4 setembro 2014, p. 10.

Informa de que o festival durará seis días e terá espectáculos de teatro, danza, música, obradoiros e contacontos. Este ano utilizarase a Facultade de Belas Artes para levar a cabo actividades cos nenos e que os pai teñan un lugar de descanso. Contouse coa colaboración da Asociación “Medrando á par”, a Asociación “Tetameiga” e a Asociación de diábetes “Anedia”. Daráselle moita importancia á muller e ao vínculo co bebé e trátase o xeito de crear un ambiente confortábel.

- Belén López, “Pontevedra ponse a cuberto ante a ameaza de Núbebes”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 20 setembro 2014, p. 58.

Comenta a grande acollida que tivo o Festival que tivo como espectáculo inaugural a Beatriz Campos, Pablo Díaz e Golfiños cunha posta en escena con monicreques, teatro e música. Sinala que debido a pouca oferta e gran demanda que hai de espectáculos para Bebés este ano o festival aumentou o número de funcións e implicou a hostalería no ciclo, habendo bares que ofrecían menús para cativos e a posibilidade de quentar biberóns.

- A. López, “Un festival para subirse a las Núbebes”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 22 setembro 2014, p. 53.

Fai referencia ao festival Núbebes, que se levou a cabo na fin de semana en Pontevedra; consistente en diferentes actividades destinadas tanto para os pequenos como as súas familias. Dise que a rapazada puido gozar de contacontos, teatro, xogos etc. e as familias de charlas sobre comida saudábel e diferentes actividades.

- Belén López, “Desprazamento de Núbeyes”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 29 setembro 2014, p. 52.

Recolle as declaracións de Andrea Bayer, organizadora do evento, nas cales subliña a experiencia dun festival dirixido a bebés. Recapitula as actuacións destes días, informa sobre a posta que puxo o peche e da novidade que resultou a involucración do sector hosteleiro.

### **Palas de Rei, VII Festival de Teatro Escolar de Palas de Rei**

Organizado polo Concello de Palas de Rei. Na edición do ano 2014, celebrada o día 5 de abril, participaron as seguintes compañías: Aula de Teatro do IES Antón Losada Avelaíñas Teatro e Aula de Teatro do CPI de Touro, que representaron *Faíscas*; e a Escola Municipal de Teatro de Laxe e o Obradoiro Municipal de Teatro de Palas de Rei, que representou *Historias de Caramelo*.

### **Referencias varias:**

- F. G., “Cuatro grupos participan en el VII Festival Escolar de Palas de Rei”, *El Progreso*, “Comarcas”, 29 marzo 2014, p. 12.

Dáse conta do inicio deste festival, da organización do mesmo e dos grupos participantes.

### **Poio Escena, V Ciclo de Teatro**

Ciclo de teatro afeccionado organizado pola Sociedade Cultural e Deportiva de Raxó, a Sociedade Cultural e Deportiva de Samieira e a asociación Armadiña de Combarro, en colaboración co Concello de Poio. Nesta edición de 2014, celebrada ao longo dos dous semestres do ano, levouse a escena a peza para público infantil *Croac*, de Pinga Teatro. Tamén participaron as compañías para público adulto Intres Teatro, con *Paquita and family*, a Aula de Teatro Municipal de Pontevedra, con *Os suicidas*; o grupo teatral Fonte da Tella, con *Aquí non paga ninguén*; Armadiña Teatro, con *Saúde Private Hospital*; Teatro Atlántida de Matamá, con *Visións dun cego*; Pinga Teatro, con *Intim*; o grupo de teatro O Faro, con *Menciñeiro á forza*; Pinga Teatro, con *Intim*; Lúa Chea, con *Historias dunha praza*; o grupo da Asociación Cultural Mariñán, con *Martini seco* e Teatro Carauta, con *Shakespeare low cost*.

### **Referencias varias:**

- M. A. C., “Intres Teatro representará la obra ‘Paquita and family’ mañana en el Xaime Illa”, *Diario de Pontevedra*, “Poio”, “Comarca”, 27 febreiro 2014, p. 15.

Anúnciase a posta en escena de *Paquita and family*, de Intres Teatro no Centro Cultural Xaime Illa de Raxó, dentro do ciclo Poio Escena.

- M. A. C., “Poio Escena presenta ‘Intim’, de Pinga Teatro, el próximo día 28”, *Diario de Pontevedra*, “Poio”, “Comarca”, 22 marzo 2014, p. 14.

Dá conta da representación de *Intim*, obra sobre o mercado laboral, por parte do grupo Pinga Teatro no salón de actos da Comunidade de Montes de Combarro, á vez que se comenta o aprazamento de *Saúde Private Hospital* de Armadiña Teatro por motivos alleos á organización do ciclo.

- M. A. C., “La Agrupación Teatral Mariñán actuará el viernes en el Xaime Illa”, *Diario de Pontevedra*, “Poio”, “Comarca”, 28 maio 2014, p. 11.

Infórmase dunha nova entrega deste ciclo, protagonizada pola Agrupación Teatral Mariñán coa posta en escena de *Martini Seco*, no Centro Cultural Xaime Illa de Raxó.

- M. A. C., “Poio Escena ofrecerá unha obra extra este mes, el día 14 en Raxó”, *Diario de Pontevedra*, “Poio”, “Comarca”, 6 xuño 2014, p. 11.

Dise que se ofrece unha nova obra dentro do ciclo teatral Poio Escena, *Os suicidas*, adaptación libre de textos de Manuel Rivas, Suso de Toro, Manuel Lorenzo e Jacobo Paz levada á escena pola Aula Municipal de Teatro de Pontevedra.

- Carolina Sertal, “PoioEscena amplía la oferta cultural del municipio hasta el mes de diciembre”, *Diario de Pontevedra*, “Poio”, “Comarca”, 12 xullo 2014, p. 9.

Preséntase a programación completa deste ciclo, informando de que entre as representacións figuran *Visións dun cego* de Teatro Atlántida de Matamá, *Intim* de Pinga Teatro, *Menciñeiro á forza* do Grupo de teatro O Faro, *Historias dunha praza* de Lúa Chea, etc.

### **Ponte... na escena. II Edición do Festival Internacional de Teatro Lusófono**

Organizado pola asociación Ponte... nas ondas, Limiar Teatro e a Concellaría de Cultura do Concello de Gondomar. A edición de 2014, celebrada do 8 ao 11 de maio, contou coa participación da compañía galega Viravolta Títeres, que levou a escena a peza para público infantil *Barriga verde*. Tamén representaron as súas obras compañías foráneas como Goudu Theatre (Francia), Fafe Cidade das Artes (Portugal) e Cía Bocaccione, Maren Vargens, Toca de Teatro e Por volta de logo e depois (Brasil).

### **Referencias varias:**

- A. De Santos, “Compañías de Galicia, Brasil y Portugal componen el cartel de Ponte... na escena”, *Faro de Vigo*, “TV/Espectáculos”, 16 abril 2014, p. 55.

Anúnciase a segunda edición do Festival de Teatro Ponte... na escena, unha iniciativa ao abeiro do proxecto Ponte... nas Ondas! que se celebrará en maio no municipio pontevedrés de Gondomar, en prol do patrimonio inmaterial galaico-portugués. Canda unha mancha de compañías do ámbito portugués e brasileiro, coa lusofonía francesa incluída, actuará a compañía lalinense Viravolta Títeres co proxecto “Barriga Verde”.

- Lorena Rodríguez, “Gondomar, capital do teatro lusófono grazas a Ponte... Na Escena”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 3 maio 2014, p. 34.

Infórmase do acto de presentación da 2ª edición do Festival Internacional de Teatro Ponte... Na Escena, ligado ao programa de intercambio cultural galego-portugués Ponte... Nas Ondas, que se celebrará en Gondomar na segunda semana de maio. Saliéntanse algúns aspectos da programación e o importante número de nomes femininos en máis da metade das montaxes, ora na dirección, ora na interpretación.

- Pablo F. E., “Gondomar recupera con éxito al títere Barrigaverde”, *Atlántico Diario*, “Área metropolitana”, “Val Miñor”, 9 maio 2014, p. 13.

Incídese na recuperación do títere Barrigaverde, creado por José Silvent na primeira metade do século XX, cuxa revitalización centrou a primeira xornada do festival internacional de teatro “Ponte... na escena”, iniciativa enmarcada no programa “Ponte... nas ondas”. Afóndase na tradición da que bebe Barrigaverde e nalgúns detalles do festival, marcado pola presenza de compañías lusófonas.

- C. C., “Se levanta el telón lusófono”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Escenarios”, “Agenda”, 9 maio 2014, p. 13.

Anúnciase a programación do festival internacional de teatro Ponte... na escena, que se celebra a fin de semana en Gondomar. Performers e compañías brasileiras, parisiñas, portuguesas e galegas pasarán por esta cita. Dáse conta de que materializando un desexo dialogante con quen vive o teatro intensamente, o programa inclúe un encontro entre os grupos participantes, os programadores e todo tipo de público interesado.

- Fran P. Lorenzo, “A nosa idea é que Gondomar acolla este festival como seu”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 11 maio 2014, p. 44.

Entrevístase a Fran Núñez, programador de “Ponte... na escena”, festival de teatro nacido no seo do proxecto “Ponte... nas ondas”, con motivo das súa clausura en Gondomar, e na conversa salienta a necesidade de implicar os proxectos culturais no tecido social e revisa algunhas das expresións que nel se deron cita e as aprendizaxes extraídas do contacto con outras compañías.

### **Ponteceso, XXI Ciclo de Teatro**

Organizado pola Concellaría de Cultura de Ponteceso, en colaboración coa Asociación Cultural Monte Branco. A edición de 2014 tivo lugar os sábados do mes de novembro no local desta Asociación. Representáronse *A verdadeira historia de Robinson Crusoe e Venres*, de Bandullo Azul e *As do peixe*, de Abrapalabra Creacións Escénicas. E para o público adulto *Demolición*, de Talía Teatro.

### **Referencias varias:**

- J. M. R., “Cuatro funciones en Ponteceso”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.081, 30 outubro 2014, p. 7.

Informa sobre a programación (compañías, horarios, espazos) deste ciclo.

### **Redondela**, Memorial Juanjo Amoedo, XV Festival Internacional de Títeres de

Organizado por primeira vez no ano 2000 polo grupo Tanxarina e o colectivo Erre que erre, conta co patrocinio do Concello de Redondela, a Consellería de Cultura, a Deputación Provincial e a obra social de “La Caixa”, ademais dun grupo de cen pequenos empresarios. Dirixido por Miguel Borines co apoio dos compoñentes do colectivo Xente Titiriteira, ten como obxectivo fundamental o achegamento dos monicreques ao público infantil e mostrar as distintas técnicas de manipulación que se empregan actualmente no teatro de marionetas, así como servir de homenaxe a Juanjo Amoedo, falecido en 1999 e promotor desta iniciativa. A XV edición de 2014 tivo lugar dende o 20 até o 25 de maio e contou coa participación das compañías Tanxarina Títeres, coa peza *A casa do avó*; e Emedous, con *O príncipe e o parrulo*. Tamén representaron pezas as compañías foráneas: La Tartana (Madrid), Sa Marionetas (Portugal), Teatro Milagros (Chile), Rocamora Teatre (Cataluña), Spasmo Teatro (Arxentina), Pizzicatto (Arxentina) e Les Goulus (Francia).

### **Referencias varias:**

- Antonio Pinacho, “Los títeres incorporan banda sonora”, *Faro de Vigo*, “Redondela”, “Área metropolitana”, 2 abril 2014, p. 21.

Destaca a publicación dun disco con dezaioito temas dedicados ao mundo do teatro e a participación no festival de agrupacións internacionais chegados dende distintos continentes.

- I. L. M., “Un documental sobre Juanjo Amoedo abre el Festival de Títeres de Redondela”, *Faro de Vigo*, “Redondela”, “Área metropolitana”, 20 maio 2014, p. 15.

Anuncia o inicio do XV Festival Internacional de Títeres de Redondela coa proxección dun documental sobre Juanjo Amoedo e a representación titulada *A casa do avó*, a cargo da compañía Tanxarina.

- Clara Aldán, “Para O Morrazo voy”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Y además”, 22 maio 2014, p. 23.

Informa sobre o Festival Internacional de Títeres de Redondela e a actuación titulada *A Rosalía de Federico*, a cargo de Amancio Prada no auditorio municipal de Cangas.

- Antonio Pinacho, “Los títeres animan Redondela”, *Faro de Vigo*, “Redondela”, “Área metropolitana”, 25 maio 2014, p. 13.

Fala sobre a primeira xornada do Festival Internacional de Títeres de Redondela, na que participaron as compañías teatrais Spasmo Teatro, Txo Titelles e L'Excuse Teatre. Fai eco do seu éxito.

### **Rianxo, Outono Cultural de**

Organizado pola Área de Educación, Cultura e Normalización Lingüística do Concello de Rianxo, coa colaboración da Deputación da Coruña e outras entidades. O teatro ocupa un papel fundamental neste programa, en que tamén teñen oco as presentacións literarias, as exposicións, os concertos e até unha acampada na biblioteca municipal. No 2014 celebrouse durante os meses de outubro, novembro e decembro e leváronse a escena as postas para público infantil *Nuncabunga*, de Elefante Elegante e *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*, do Centro Dramático Galego. Tamén contou coas seguintes postas en escena: *Mision sapiens* e *Go on*, a cargo de Malasombra Producións; *Santa Perpetua*, de NNC; *A ratoeira*, a cargo do Aturuxo de Melpómene-Carrachanacacha; *Celtas sen filtro*, do Grupo de Teatro Airiños; *As do peixe*, de Abrapalabra Creacións Escénicas e *Colón debe morrer*, de Criaturas.

### **Referencias varias:**

- Suso Souto, “La programación del Outono Cultural de Rianxo incluye seis obras teatrales”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.074, 22 outubro 2014, p. 7.

Anúncianse as seis obras de teatro que se levarán a escena neste outono cultural durante o mes de novembro, así como os días e o horario das representacións.

### **Riveira, XVII Mostra de Teatro Infantil de**

Mostra de teatro organizada pola Concellería de Cultura e Festexos e coa colaboración da Deputación da Coruña que se celebra en Riveira. Na edición de 2014, que tivo lugar no auditorio da localidade dende o 25 de outubro até o 5 de decembro, representouse para público infantil a peza *Memorias dun neno labrego*, de Abrapalabra Creacións Escénicas. Tamén se levaron a escena para o público adulto as pezas *Demolición*, de Talía Teatro; *Sede de mal*, de Boneca Lareta; *Vaia tropa*, de Max Teatro; *Misión Sapiens*, de Malasombra Producións; *O segredo de Uxía*, de Xoré Teatro e *Amor flexible*, de Redrum.

### **Referencias varias:**

- S. S., “La XVII Mostra Infantil de Teatro será del 26 al 30”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 926, 24 maio 2014, p. 6.

Dáse noticia da presentación desta mostra infantil e infórmase do lugar, hora e gratuidade das sesións.

## **Sábados en familia**

Ciclo de teatro infantil organizado pola Sala Gurugú da Coruña. Na edición de 2014 participaron as compañías Caramuxo Teatro, con *Glub Glub*; Títeres Seis Dedos, con *O galo Quirico*; Talía Teatro, con *Valentino Rufini e Ákil Pillabán de viaxe a Milán (e van sen un can)*; Títeres Cachirulo, con *A historia do apalpador*; ;Monicreques de Kukas, con *Xan Perillán e a maleta máxica*; e Ghazafellos, con *Contos para escagarriñarse*; Caramuxo Teatro, con *Ñam*.

## **Sociedade de Amigos da Paisaxe Galega, XXV Xornadas de Teatro da**

Ciclo escénico organizado pola Sociedade de Amigos da Paisaxe Galega en colaboración co Concello de Mugardos, a Deputación da Coruña e Novacaixagalicia. Na edición de 2014, celebrada os días 5, 6, 7 e 8 de decembro, representouse para o público infantil,...3, 2, 1, por parte de Ghazafellos. Tamén participaron para un público adulto os grupos Pérez Parallé, con *Enganados* e Donas Amistad, con *Consulta do Doutor Casimiro Bernalgas Mirón*.

## **Teatrapa, VII Festival de Teatro Escolar**

Comezou seno un festival organizado polas compañías Metátese Teatro e Alentía Teatro e na edición de 2012 coincidiu coa finalización do Curso da Escola de Teatro Municipal de Laxe. Dende aquela convocan o Concello de Laxe e a Deputación da Coruña. A VII edición, correspondente ao ano 2014, celebrouse entre o 31 de maio e o 1 de xuño. Participaron as compañías da Escola Municipal de Laxe e a dos concellos de Touro, Palas de Rei, Vedra, Melide e A Estrada.

## **Teatro con G**

Programa organizado pola Coordinadora de Equipos de Normalización Lingüística de Ferrol, celebrado no centro cultural Torrente Ballester e no Teatro Jofre. No ano 2014 celebrouse entre os días 27 de maio e 3 de xuño, e contou coas representacións das seguintes obras: *O testamento do tío Nacho*, do IES Sofía Casanova; *A semente de Xilbardeira*, do IES Carvalho Caleor; *A verdadeira historia da Carapuchiña vermella*, *Zongalo Quirico* e *O plan xeral* de Atios (Valdoviño); *Acuario*, de María Canosa e Ghazafellos; *Pelos na lingua*, de Talía Teatro; e *Contos para escagarriñarse*, de Ghazafellos.

## **Teatro en Familia de Betanzos, VI Ciclo de**

Organizado polo Concello de Betanzos coa colaboración da Xunta de Galicia, da Deputación da Coruña, de Gadis e de Agadic. Celébrase na Aula de Cultura Xulio Cuns de Betanzos os sábados do mes de Nadal. Nesta VI edición, celebrada entre o 6 e o 27 de decembro, participaron Ghazafellos, con *Contos mariñeiros*; Elefante Elegante, con *Aurora*; Sarabela Teatro, con *A voar*; e Baobab Teatro, con *Martes*.

## Teatrofilia, XI Mostra de Teatro Amador

Festival de Teatro Amador organizado pola Asociación Cultural Papaventos, coa colaboración do concello de Vedra, FEGATEA e Ullán Teatro. Na edición de 2014, celebrada no Centro Social da Terceira Idade de Vedra dende o 21 de marzo até o 13 de abril, representáronse as pezas destinadas a un público infantil *Os cinco dedos e vive a túa vida*, do Grupo da AC Cotomandelo; *Cipriano de Bequelar*, de Carrachanacacha; *Moito conto*, de Redrum Teatro; *A caixiña e as máscaras*, dos nenos de San Miguel de Sarandón; *Un conto*, de Tira e Afloxa Cativos e *O polígrafo*, de Tira e Afloxa. Tamén participaron as compañías Disfunción Continua Teatro, con *Eran outros tempos, ou non?*; Teatro Atlántida de Matamá, con *Visións dun cego*; o grupo municipal de teatro de Ames, con *Véndese*; Andaravía Teatro, con *República de Gundián*; A Panadaría, con *Pan, pan*; a Aula de Teatro do CPI de Vedra, con *O último canto*; Artías Teatro, con *Dixo pene: a nai que os pariu!*; o grupo de teatro do Centro Social da Terceira Idade de Vedra, con *A de Fungueiro o tacho* e 100tolas, con *Quéreme ben*.

### Referencias varias:

- M. Toledo, “La asociación Papaventos prepara la XI muestra de teatro aficionado de Vedra”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 800, 16 xaneiro 2014, p. 7.

Anuncia a undécima Mostra Teatrofilia, á que precede un concurso de carteis, do que se detallan as bases e os premios. Salienta que, aínda que esta sexa unha mostra de teatro amador, sempre actúa unha compañía profesional, este ano Redrum Teatro, que levará a escena *Moito conto*.

- M. T., “A obra de Andrea Valado será o cartaz de Teatrofilia”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 815, 31 xaneiro 2014, p. 5.

Refire o cartaz gañador do concurso, autoría de Andrea Valado, de Ourense.

- M. T., “Teatrofilia arrancará en Vedra o vindeiro venres 21”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 855, 12 marzo 2014, p. 5.

Informa do próximo arrinque desta mostra, así como das primeiras representacións, da data de peche da mesma e das entradas.

- Susana Formoso, “Teatrofilia regresa á escea con preto de 20 representacións”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 861, 18 marzo 2014, p. 7.

Dáse noticia desta mostra de Vedra, que ofrecerá preto dunha vintena de representacións durante as próximas catro fins de semana. Dise que se inaugura con *Eran outros tempos, ou non?* dos estradenses Disfunción Continua, peza á que seguen representacións de diferentes compañías compostelás, amienses e locais, coma Andaravía Teatro.

- C. Creo, “Buen arranque del ciclo Teatrofilia en la casa da terceira idade de Vedra”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 867, 24 marzo 2014, p. 5.



Coméntanse as primeiras sesións deste ciclo ao que asistiron unha media dun cento de persoas en cada actuación. Entre as xa representadas, noméanse unha obra de Disfunción Continua e *Véndese* do Grupo Municipal de Teatro de Ames.

- M. T, S. F., S. S. e M. M., “Abril cultural en Silleda para ayudar al pueblo saharai”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 870, 27 marzo 2014, p. 7.

Dá conta, entre outras cousas, da actuación de Andaravía Teatro dentro deste ciclo.

- M. Toledo, “Teatrofilia baixará o telón esta fin de semana na Festa do Viño de Vedra”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 882, 8 abril 2014, p. 6.

Confírmase o avance de Teatrofilia, salientando a súa organización e algunhas das pezas que se levarán a escena.

- S. Formoso, “Teatrofilia baja el telón con una media de noventa espectadores por sesión”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 888, 15 abril 2014, p. 7.

Realízase un balance final deste ciclo que finalizou cun pasarrúas dentro dos actos da Exaltación do Viño da Ulla. Infórmase de que preto dunha decena dos actores da Asociación Cultural Papaventos participaron nesta representación salientando aspectos da cultura do Val do Ulla. Dise que, aínda rexistrando unha leve baixada de asistentes, as vinte representacións que se sucederon en Vedra colleitaron opinións moi positivas.

- M. Toledo, “Convoncan en Vedra el concurso de carteles para anunciar Teatrofilia”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.141, 30 decembro 2014, p. 7.

Anúnciase a convocatoria do concurso de carteis para difundir esta décimo primeira Mostra de Teatro Amador de Vedra, Teatrofilia.

### Certame de **Teatro Escolar da Coruña**, XXV edición

Ciclo dramática organizado polo Servizo Municipal de Educación do Concello da Coruña e que ofrece obras de teatro para distintas idades que serán representadas no en centros educativos, no Teatro Rosalía de Castro e no Teatro Colón. As obras interpretadas poden estar en galego, castelán e inglés e se premian as mellores pezas segundo categoría (grupos infantil, primaria e secundaria). Na edición do ano 2014 as representacións sucederon entre o día 24 de marzo e o 29 de maio. Representáronse as seguintes obras en lingua galega: *Unha historia tola*, do CEIP Wenceslao Fernández Flórez; e *O meu reino non é deste mundo*, do alumnado do CEE María Mariño;

### **Teo**, VII Mes do Teatro

Organizado polo Concello de Teo en colaboración coa Deputación da Coruña e AGADIC. Na edición de 2014, que comezou o día 3 de outubro e rematou o 2 de novembro, representouse *O mundo ao revés*, de GarabaTo de Xogos e *A modernidade chega á vila*, de Fanfarra Títeres. Tamén contou coa participación de Obras Públicas,

que levou a escena *Bye bye honey*; Andaravía Teatro, con *República de Gundián*; Chévere, con *As fillas bravas*; Malasombra Teatro, con *Smoke city. A cidade do fume* e Boneca Lareta, con *Sede de mal*.

### Referencias varias:

- M. T., “Teo sube el telón del VII Mes do teatro con la pieza ‘Bye bye honey’ en Reis”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.053, 1 outubro 2014.

Refire as datas e os horarios das representacións que se insiren dentro da sétima edición do mes do teatro do Concello de Teo. Destaca que se inicia coa peza *Bye bye honey* da compañía Obras públicas e que se pecha con *Sede de mal* de Boneca Lareta-Culturactiva.

### Titirideza

Festival de títeres organizado por Viravolta Títeres celebrado no auditorio Municipal da capital do Deza, Lalín, e nas rúas e prazas desta cidade, que conta ademais cunha edición específica celebrada durante os carnavais, o Titerentroido. Na edición de 2014, celebrada entre os días trinta de agosto e dous de setembro, participaron as compañías galegas Fantoques Baj, con *Fábula Galénica*; Polichinela e o empresario cos seus espectáculos de rúa; ademais das foráneas Antzezkizuna, con *El ladrón de cuentos*, Ymedioteatro con *Siete*, Okarino Trapisonda con *Pinocho corazón de madera* e Movimiento Incriativo con *A visita do rinoceronte*. O programa desta cita complétase coa proxección do documental *Morreu o demo e acabouse a peseta*, sobre a figura de Barriga Verde, de Tintimán Audiovisual.

### Referencias varias:

- M. Toledo, “El festival de Titirideza subirá el telón en Lalín el día 28”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1012, 20 agosto 2014, p. 6.

Informa do calendario e do programa do festival.

- ECG., “El XIII Festival Titirideza desembarca en Lalín del 28 al 31 de agosto”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1019, 27 agosto 2014, p. 7.

Dá conta dos espectáculos que acolle este festival na súa décimo terceira edición.

### Titirinoia, II Edición do Festival de Monicreques

Ciclo de títeres organizado polo Concello de Noia e que coordina a distribuidora Urdime. Nesta segunda edición de 2014, celebrada entre os días 11 e 13 de xullo no Campo da Feira de Noia, participaron as seguintes compañías galegas: Viravolta Títeres, con *Barriga Verde*; Títeres Cachirulo, con *A figueira do demo*; e Títeres

Cascanueces, con *Mr. Pancho e a última función*. Para o público adulto contouse con Fantoques Baj e o seu *O asombro de Díaz Castro*.

### Referencias varias:

- M. G., “El festival TitiriNoia se celebrará del 11 al 13 de julio”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 864, 21 marzo 2014, p. 6.

Anúnciase a segunda edición deste festival e apórtanse comentarios dos responsábeis da organización, como a aposta pola internacionalización do mesmo.

- M. G., “Titirinoia cierra el cartel con grupos de Cataluña, Aragón, Galicia y Madrid”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 944, 12 xuño 2014, p. 7.

Anuncia a celebración da segunda edición do festival Titirinoia en Noia, no que participarán as compañías galegas Viravolta Títeres, Marionetas Trécola, Inacio Vilariño, Marta Ortiz, Títeres Cachirulo, Raquel Queizás e Títeres Cascanueces.

- M. Gil, “Cine, títeres, teatro y mucha música volverán a animar Noia este verano”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 949, 17 xuño 2014, p. 2.

Informa da celebración do II Festival Internacional de Títeres Titirinoia, que se encadra dentro da programación de verán 2014 denominada *Ruás vivas* e que contará con grupos procedentes de Galicia, Aragón, Cataluña e Madrid.

- Arantxa Á. Bao/ T. M., “Noia llena sus calles de vida en miniatura”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “*Escenarios*”, 11 xullo 2014, p. 15.

Informa da celebración do II Festival Internacional de Títeres Titirinoia, que contará con grupos procedentes de Galicia, Aragón, Cataluña e Madrid.

- Manuel Gil, “El festival de títeres ya anima el Campo da Feira de Noia”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 973, 12 xullo 2014, p. 7.

Relata os actos organizados durante este festival que inclúe representacións dramáticas e actividades de lecer. Informa sobre as pezas representadas e os seus correspondentes lugares.

### Ti-ti-Ritando de Emoción, VII Mostra Teatral

Mostra teatral organizada pola Concellería de Cultura de Riveira, en colaboración co departamento municipal de Educación, dedicada ás marionetas con motivo do seu protagonismo na programación do Xuño da Cultura e as Artes deste concello. Días 1, 5, 12 e 26 de abril Esta mostra consta de tres funcións representadas os sábados do mes de abril do 2014. As compañías participantes foron Títeres Cascanueces coa peza *Mr. Pancho e a última función*; Títeres Tanxarina con *Trogloditas* e El Retrete de Dorian Gray con *Cabaret de mans*.

### **Referencias varias:**

- Suso Souto, “Pisos presentó la VII Mostra de Títeres”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 871, 28 marzo 2014, p. 6.

Anúnciase a sétima edición desta mostra dirixida a escolares e infórmase dos días nos que terán lugar as representacións.

- Suso Souto, “La Mostra de Monicreques de Ribeira incluye cuatro obras y una exposición”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.229, 1 abril 2015, p. 11.

Informa das representacións desta nova edición e recolle as declaracións da concelleira de cultura.

### **Todo Público, Ciclo**

Ciclo de teatro organizado polo colectivo “Todo Público” no que se representan unha serie de obras coa finalidade de achegar as artes escénicas aos máis pequenos. Cada edición deste ciclo dá comezo a finais de ano para extenderse até ben entrado o ano seguinte. A última edición comezou o 18 de outubro de 2014 e continuou até o 18 de abril de 2015. Participaron as seguintes compañías galegas: Katarsis e Omar Álvarez con *Se eu fose maior*; e Baobab Teatro, con *Soldadiño de chumbo*; Tamén estiveron presentes as compañías foráneas Teatro Arbolé, Quelli de Grock, Puro Grupo Teatro, Maduixa Teatre, La Rous Teatro, Marie de Jongh e Compañía Taat.

### **Touro, VII Festival das Letras de**

Festival organizado co gallo do Día das Letras Galegas polo Concello de Touro. Na edición do ano 2014 o acto celebrouse o día 10 de maio no Teleclub Loxo e representáronse as seguintes obras: *Na procura da fantasía*, por parte da Escola Municipal de Teatro de Laxe e o Obradoiro Municipal de Teatro de Palas Rei; e *Faíscas*, de Avelaíñas Teatro.

### **Referencias varias:**

- M. T., “Éxito do Festival das Letras de Touro”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 915, 13 maio 2014, p. 4.

Dáse conta deste festival que inundou as rúas e prazas de Fonte Díaz, en Touro, e que supón unha cita co mundo do teatro afeccionado. Infórmase de que participaron nel, entre outras asociacións, a aula de teatro do CPI.

### **Troco X Troco, II Intercambio Teatral Portugal-Galicia**

Circuíto de difusión teatral organizado pola Xunta de Galicia dende 2013, a través do que se busca potenciar o intercambio entre Galicia e Portugal, ao tempo que se favorece a comunicación intercultural e a proxección no ámbito da lusofonía. Consiste en traer o teatro portugués a Galicia e de levar o teatro galego a Portugal. Na edición de 2014, que continúa no primeiro semestre do ano a edición do ano anterior, levouse a escena, para o público infantil, a peza *Touporroutou da lúa e do sol*, de Teatro do Noroeste, en coprodución co Centro Dramático Galego. Tamén se representaron as pezas para un público adulto *Os cantares das musas*, de Sarabela Teatro; *A charca inútil*, de Teatro do Atlántico; e *A función do Tequila*, de Teatro do Morcego. As compañías portuguesas que representaron as súas obras en Galicia foron a Companhia de Teatro de Braga, Seiva Trupe, A Escola da Noite e o Centro Dramático de Évora.

### Referencias varias:

- R. M., “El Salón Teatro se llenará de espectáculo hasta junio”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, “Para todos los públicos”, 17 abril 2014, p. L6.

Anuncia o cartel deste circuíto que inclúe teatro, danza, música, circo e cinema. Destaca a celebración de tres galas benéficas e a participación do Centro Dramático de Évora.

- E. G., “El mejor teatro gallego y portugués llega a Tui”, *Faro de Vigo*, “Baixo Miño”, “Área metropolitana”, 24 maio 2014, p. 15.

Refírese ao peche da primeira edición do circuíto “Troco x Troco” de intercambio escénico entre Galicia e Portugal celebrado en Tui, con *Autos da revolução* do Centro Dramático de Évora, que acolle fragmentos do escritor António Lobo Antunes. Explicase que o programa, promovido pola Consellería de Cultura e a asociación portuguesa Cena lusófona, ofreceu trinta e dúas actuacións en catro escenarios galegos e catro portugueses.

### Valdoviño, VI Mostra de Teatro Infantil de

Mostra teatral organizada pola Asociación Os Amigos e ACR Rosalía de Vilaboa, coa colaboración Concello de Valdoviño e do CPI de Atios. Na edición de 2014, que se celebrou o día 31 de maio, participaron o Grupo de Teatro Infantil Rosalía de Vilaboa coa obra *A beata*; o Grupo de Teatro do CPI de Atios con *A verdadeira historia de carapuchiña vermella*, *O Plan Xeral* e *Zóngalo Quirico*; e Bandullo Azul, con *A verdadeira historia de Robinson Crusoe e Venres*.

### Verán na rúa

Ciclo teatral e circense para un público infantil e familiar que se celebra de xeito gratuíto nas rúas compostelás. A edición de 2014 tivo lugar durante entre o 30 de xullo e o 29 de agosto na praza de San Martiño Pinario, Praterías e no parque da Alameda. En canto ás compañías galegas que actuaron están: Fantoques Baj, con *As pombas de Carboeiro*; Supergalácticos, con *Código Morsa*; Peter Punk, con *Peor imposible*; e Retrete de Doran Gray, con *Ne me quitte pas*.

## Referencias varias:

- H. Gesteira, “O Verán na Rúa enche a cidade de espectáculos”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 30 xullo 2014, p. 23.

Fai referencia ás actividades lúdicas que se van acoller a partir do día 14 con motivo da celebración do Verán Cultural e indica a programación que presenta María Antón e as actividades que terán lugar ao aire libre entre as prazas de San Martiño Pinario, Praterías ou o Parque da Alameda. Haberá representacións teatrais, concertos por parte da Banda de Música de Santiago ou funcións de circo, entre outras.

- Raquel Embodas e P.C., “El espectáculo con Verán na Rúa”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Patio de vecinos”, 31 xullo 2014, contracuberta.

Preséntase a representación *As pompas de Carboeiro*, espectáculo que dá apertura a este ciclo enmarcado dentro das festas do Apóstol.

- Margarito Flowers, “Títeres con globos y sin palabras en un espectáculo diferente”, *El Correo Gallego*, “Gente”, 12 agosto 2014 p. 48.

Dáse noticia da representación de *Ne me quite pas*, de O retrete de Dorian Gray, dentro deste ciclo compostelán.

- Margarito Flowers, “La magia del espectáculo inunda las rúas de Santiago”, *El Correo Gallego*, “Gente”, 13 agosto 2014, p. 52.

Fálase da oferta cultural da capital galega e preséntase o espectáculo *Next player*, da compañía Acrópatas, que forma parte deste ciclo.

- ECG, “Kote presenta o espectáculo ‘Cikote’”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 15 agosto 2014, p. 24.

Informa da actuación deste pallaso e malabarista dentro deste ciclo.

- Raquel Embodas, “Adrián Costa, de California a Compostela”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Patio de vecinos”, 30 agosto 2014, contracuberta.

Informa da actuación de Peter Punk co seu espectáculo *Peor imposible*, dentro do ciclo de actividades deste ciclo.

## Vila de Sarria, IV Semana de Teatro Cómico

Xornada teatral celebrada na Casa da Cultura da vila de Sarria. A edición de 2014, celebrada do 6 ao 10 de agosto, púxose en escena a peza *Uxía lambona e a banda molona*, de Teatro do Miolo, destinada a un público infantil. Tamén contou coas representacións das pezas *O achado do castro*, da Aula de Teatro do Concello de Sarria;

*Pack cósmico*, de Bértola Teatro; *Cociña económica*, de Mofa e Befá; *Sede de mal*, de Boneca Lareta Producións e catro pezas de teatro breve de *Microefectos dramatúrxicos*.

### Referencias varias:

- Vanesa Bran, “La Semana de Teatro reunirá a Luis Iglesias, Javier Deive y Mofa e Befá”, *El Progreso*, “Sarria”, 23 xullo 2014, p. 16.

Informa sobre o acto de presentación que realizou o concelleiro de cultura quen informou das actuacións desta edición.

- V. Bran, “La obra ‘o achado do castro’ abre mañana la cuarta Semana de Teatro Cómico de Sarria”, “Sarria”, 5 agosto 2014, p. 17.

Dáse noticia da inauguración da mostra coa peza *O achado do castro*, do grupo anfitrión e detállanse algunhas das postas en escena que terán lugar os días vindeiros no marco do festival.

### Xosé Agrelo, VII Mostra de Teatro

Mostra de teatro escolar organizada polo Concello de Muros. A edición de 2014 tivo lugar dende o 23 de abril até o 17 de maio e estivo dedicada a Xosé Manuel Olveira “Pico”. Nela representáronse as pezas *Aurora*, de Elefante Elegante; *O principião*, do Obradoiro de Teatro Ricardo Tobío de Esteiro; *O soldadiño de Chumbo*, de Baobab Teatro e *Xango, a moi extraordinaria historia do home que foi engulido por unha máquina*, de Talía Teatro. Así mesmo representáronse, para o público adulto *Que demo de demo*, a cargo do grupo de teatro do Centro Ocupacional de Valadares; *Antiheroica*, de Ut-tópico Teatro; *Comedia bífida*, de O Xeito Teatro; *Eran outros tempos, ou non?*, de Disfunción Continua; *O máximo e tolo Camiño a Compostela*, a cargo do Obradoiro de Teatro do CEIP-Louro; *O príncipe feliz* e *Repetimos. Acción*, do Obradoiro de Teatro do CEIP Ramón de Artaza; *Marina*, do Obradoiro de Teatro de Muros; *Disques*, de Teatro Solidario as Ínsuas e *Figurantes*, de Aquelando Teatro.

### Referencias varias:

- M. G./S. E., “Figurantes’ pone el broche a la Mostra de Teatro Xosé Agrelo”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 918, 16 maio 2014, contracuberta.

Explica que esta mostra se clausura coa obra *Figurantes* de Aquelando Teatro e nomea algunhas das pezas que se levaron a escena con anterioridade.

## VII. 3. 4. 2 ESTREAS

### VII.3. 4. 2. 1 GRUPOS ESTÁBEIS E PROFESIONAIS

Os 7 magníficos +1 (1): *Feliciano*

#### Referencias varias:

- C. P. R., “La casa de cultura de Castro acoge el sábado el espectáculo cómico ‘Feliciano’”, *El Progreso*, “A Chaira”, 31 decembro 2014, p. 15.

Anúnciase a representación deste espectáculo teatral cómico da compañía Os 7 magníficos + 1, indicando que forma parte do programa Nadal en Rede 2014, posto en marcha pola Rede de Dinamización Lingüística da Xunta de Galicia.

Os 7 magníficos +1 (2): *Médicos en apertos*

Ver Festiclown, XVI Festival Internacional de Clown de Galicia

**Abrapalabra** Creacións Escénicas: *Ra ra ra*, texto e dirección Cándido Pazó

Ver Galicia Escena Pro, II Mostra de artes escénicas

#### Referencias varias:

- L. R., “El autor Cándido Pazó se atreve con el teatro infantil y estrena en la villa el espectáculo ‘Ra ra ra’”, *Diario de Arousa*, “O Salnés”, 31 outubro 2014, p. 14.

Infórmase da presentación do espectáculo “Ra Ra Ra” da produtora Abrapalabra Creacións Escénicas. Coméntase que esta obra, creada e protagonizada por Cándido Pazó, vai dirixida para os máis pequenos. Dáse conta do elenco e refírese o argumento da obra e que o espectáculo parte dun texto adaptado dun escrito realizado para unha escola de teatro. Destácase que “a temática é o medo como mecanismo de defensa, pero que cando se instala na mente acaba creando monstros”.

Grupo de Teatro **Airiños**: *Mulleres que rompen moldes*

**Alentía** Teatro: *Chuvia de historias*,

Ver Buxiganga, VI Circuitos

Teatro do **Andamio**: *5 historias para unha man*



**Atrezo Teatro:** *A gata chufona*

**Avelaíña Teatro:** *Faíscas*

**Avoa Youja:** *Soñei que era unha árbore*

**Referencias varias:**

- M. Toledo, “Espectáculo para los peques de Silleda”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1078, 26 outubro 2014, p. 7.

Informa sobre a representación desta obra, dirixida a un público de entre 0 e 3 anos, na biblioteca de Silleda.

**Bandullo Azul:** *A verdadeira historia de Robinson Crusoe e Venres*

**Referencias varias:**

- R. M., “El Salón Teatro se llenará de espectáculo hasta junio”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, 17 abril 2014, p. L6.

Fala da programación do Salón Teatro en Santiago, na que participan compañías como Bandullo Azul, Malasombra e Eme2. Tamén menciona o programa de intercambio Troco x Troco.

**Baobab Teatro (1):** *Martes*

Ver Coristanco, Outono Cultural de  
Ver Infantil & Familiar, Ciclo de espectáculos  
Ver María José Jove, X Festival de Títeres  
Ver Teatro en Familia de Betanzos, VI Ciclo de

**Referencias varias:**

- Belén López, “Baobab lánzase a conquistar o espazo sideral dende Pontevedra”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, 1 abril 2014, p. 69.

Anuncia a posta en escena no Pazo da Cultura de Pontevedra de *Martes*, a cargo da compañía Baobab.

-ECG, “Nuevo espectáculo infantil de Baobab Teatro en Abanca”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 31 outubro 2014, p. 28.

Dáse conta da representación no Auditorio Abanca de Santiago de Compostela e que da montaxe se encargarán Óscar Ferreira e Andrea Bayer.

**Barafunda** Teatro: *Pepiña Maruxiña quere voar*

Ver Cultura no Camiño

#### **Referencias varias:**

- C. G., “E ti, que libro recomendarías?”, *Diario de Pontevedra*, “*Diario de Caldas*”, n.º 408, “Vivir en Caldas”, 30 abril 2014, p. 5.

Dá noticia de que na Biblioteca Pública de Caldas se levou a cabo a emisión dun programa de radio co gallo do Día do Libro. Tamén comenta que en Moraña se representou *Maruxiña quere voar*, a cargo de Barafunda Teatro.

**Berrobambán:** *O refugallo*, texto Paula Carballeira, dirección Chiqui Pereira

**Bértola** Teatro Desmontable: *O pack cósmico*, texto e dirección Mario Iglesias

Títeres **Brincadeira** (1): *Micaela, a cabra poeta*

Ver Escena en Familia

#### **Referencias varias:**

- ECG, “Nuevo montaje de Títeres Brincadeira”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 18 xaneiro 2014, p. 30.

Anúnciase a representación da nova montaxe de Títeres Brincadeira, *Micaela, a cabra poeta*, na sé da SGAE en Santiago de Compostela.

Títeres **Brincadeira** (2): *Orellas de trapo*

Ver Escena en Familia

Títeres **Cachirulo:** *A figueira do demo*, adaptación e dirección de Jorge Rey, baseado no *Romance dos figos de ouro* de Roberto Vidal Bolaño

Ver Brión, XIX Festival de Títeres de  
Ver Consorcio das Mariñas, X Festival Internacional de Títeres do  
Ver Escena en familia  
Ver Titirinoia, II Edición do Festival de Monicreques

#### **Referencias varias:**

- A. I. S., “La Fundación SGAE se suma al Día Mundial del Teatro Infantil y Juvenil”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 20 marzo 2014, p. 30.

Comenta que na SGAE se leva a cabo unha mostra intitulada “Escena en familia”, co gallo de achegar os máis pequenos ao eido teatral. Tamén anuncia a posta en escena de *A Figueira do Demo*, a cargo de Títeres Cachirulo.

#### **Cámara Ditea: *Animaliños***

#### **Referencias varias:**

- J. M., “Cámara Ditea presenta ‘Animaliños’ en Vimianzo”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1078, 26 outubro 2014, p. 7.

Infórmase sobre a posta en escea de *Animaliños*, obra que pechará o ciclo Outubro co Teatro de Vimianzo. Fálase tamén das actividades musicais previstas para o mes de novembro.

#### **Teatro Caracol: *O bicho***

#### **Caramuxo Teatro: *As fabas máxicas*, dirección Laura Sarasola**

Ver Domingos no Principal, Ciclo de Teatro Infantil de Pontevedra  
Ver FalaRedes  
Ver María José Jove, X Festival de Títeres  
Ver MOTI, XI Mostra de Teatro Infantil de Ourense

#### **Referencias varias:**

- M. T., “Exposición sobre a vida de Díaz Castro en Dubra”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 914, 12 maio 2014, p. 5.

Refírese, entre outras cousas, a posta en escena desta peza no auditorio do concello do Val do Dubra.

- ECG, “La obra ‘As fabas máxicas’ llega a la capital dezana”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 926, 24 maio 2014, p. 6.

Dáse noticia da representación desta obra no auditorio municipal de Lalín, dentro do programa de dinamización lingüística FalaRedes.

- P. Calveiro, “Todo o infantil parece estar un pouco desprestixiado”, *La Voz de Galicia*, 17 decembro 2014, p. L6.

Juan Rodríguez, actor e membro de Caramuxo teatro, fala da presentación no Auditorio de Galicia desta obra e sinala que traballar con crianzas é moito máis difícil que con maiores. Fala tamén dos perigos das actuacións realizadas na rúa onde o público máis pequeno cólase nas obras

**Centro Dramático Galego (1):** *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*, texto Carlos Casares, dirección José Caldas

Ver Infantil & Familiar, Ciclo de espectáculos  
Ver Rianxo, Outono Cultural de

### Referencias varias:

- P. Calveiro, “Se buscan estrellas en Santiago”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, “Para todos los públicos”, 16 maio 2014, p. L6.

Informa do proceso de selección por parte do Centro Dramático Galego para a elección de seis “actores-músico-cantantes” para a montaxe teatral *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*, de Carlos Casares.

- J. C. Raquel Embodas, “El CDG revisa ‘As laranxas’ de Casares para abrir la temporada”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, 3 setembro 2014, p. L6.

Dá conta dos ensaios desta representación que está a levar a cabo o Centro Dramático Galego en Santiago de Compostela e infórmase da súa estrea o tres de outubro en Ourense.

- S. Torre, “O Centro Dramático revisa o teatro infantil de Casares”, *La Región*, “Ciudad”, 1 outubro 2014, p. 10.

Co gallo da presentación en Ourense desta peza, infórmase de que o venres tres de outubro se estreará no Teatro Principal da cidade.

- Xosé Manoel Rodríguez, “Revisitando o mundo do neno Carlos Casares”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 5 outubro 2014, p. 43.

Fala sobre esta obra que representa o Centro Dramático Galego e cita os compoñentes da posta en escena: o director José Caldas, o director musical Bernardo Martínez, a

escenógrafa Marta Silva e a todos os personaxes creados por Casares que “engaiolan ao público infantil”. A obra busca achegar novos espectadores ao teatro cunha xira que percorrerá Galicia.

- ELOS, “Centro Dramático Galego e José Caldas”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 9 outubro 2014, p. 44.

Saliéntanse a reestrea, por parte do Centro Dramático Galego, d’*As laranxas máis laranxas de tódalas laranxas* (1973), de Carlos Casares, unha peza clásica da literatura dramática infantil e xuvenil galega, que xa se representara en 2004 baixo a dirección do portugués José Caldas, autor tamén de teatro, que é responsable desta reestrea á que se engadiron novas achegas musicais e interpretativas por parte de novos actores no reparto. Apúntase que a estrea en 2004 tivera un grande éxito e que esta peza segue a ter unha moi boa acollida na actualidade. Precísase que José Caldas sumou a esta peza, en ambas as dúas representacións, motivos tirados de obras narrativas, xa clásicas, de Casares, caso d’*A galiña azul* e *O can Rin e o lobo Crispín* para buscar “poesia pressentida nas estrelinhas e nestas quase personagens”.

- Vieites, Manuel F., “Toromelos, laranxas e tortilla”, *Faro de Vigo*, “Faro Cultura”, n.º 515, “Teatro”, 16 outubro 2014, p. VIII.

Fálanos da reposición teatral desta obra de Carlos Casares e valora que malia ser unha obra dirixida ao público infantil pode ofrecer unha interpretación para todos os públicos. Considera que é “excesivamente funcional e non axuda en case nada”, pero destaca a aportación musical por parte de Bernardo Martínez que califica de excelente, sendo un dos elementos motrices do espectáculo. Por outra banda, subliña o elenco de actores e actrices que realizan unha interpretación soberbia facendo que o público “ría a cachón coas andanzas dun fato de persoas excéntricas e rechamantes”.

- M. Mato, “El extraño caso de un huerto surrealista del CDG llega a Vigo”, *Faro de Vigo*, “TV/Espectáculos”, 1 novembro 2014, p. 71.

Infórmase da posta en escena desta peza no Teatro AFundación de Vigo e que o propio escritor, Carlos Casares, a definiu coma un “disparate cómico”. Refírese brevemente o argumento da obra e recóllense as palabras dun dos actores sobre o traballo de dirección realizado por José Caldas, a música e a iluminación da peza. A continuación, destácase a escenografía “con toques de circo” e refírese o elenco.

- Sangiao, “As laranxas máis laranxas de todas as laranxas”, en Tabeirós”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 1.059, 7 decembro 2014, p. 6.

Dá conta da representación desta obra no Teatro Principal da Estrada.

- D. A., “As ‘Laranxas’ de Carlos Casares no Salón Teatro”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 13 decembro 2014, p. 23.

Informa do inicio da Campaña de Nadal do Centro Dramático Galego coa representación desta obra.

- P. Calveiro, “El CDG exprime en casa ‘As laranxas’ más maduras”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Para todos los públicos”, 13 decembro 2014, p. L6.

Informa sobre as interpretacións, durante o Nadal, da obra de Carlos Casares *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas* por parte do Centro Dramático Galego no Salón Teatro de Santiago de Compostela.

**Centro Dramático Galego (2):** *Longa viaxe cara a noite*, dirección Manuel Guede Oliva

Ver Colorín Colorado, Ciclo Teatral

**Código Morsa:** *Supergalácticos*, dirección Fran Rei

Ver Festiclown, XVI Festival Internacional de Clown de Galicia

### **Referencias varias:**

- M. Angueira, “Superheroes con ADN cuntese”, *Diario de Arousa*, “Ulla-Umia”, 15 maio 2014, p. 20.

Preséntase a aposta de Saleta Fernández e Alberto Torres, que buscan coa peza *Supergalácticos* consolidarse no círculo profesional do teatro, logo da súa experiencia en Teatro do Astracán e de case unha década de traxectoria na agrupación de teatro afeccionado Escola Artística de Cuntis. Coméntase a formación de ambos os dous e as características desta peza de pequeno formato.

- A. Á. B. e M. C., “Os Supergalácticos salvarán o mundo coa risa”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, 22 agosto 2014, p. 8-9.

Anúnciase a representación desta obra cómica en Compostela dirixido a nenos e nenas maiores de tres anos.

**DINAMOTEatro:** *Pelegrín circus*

Ver Cultura no Camiño

**Duende Sico** Animación: *Non sabes quen és*

Ver A Gostiño coa cultura

**Educa Teatro** Producións: *Os tres porquiños*, director Luís Crespo

Ver Colorín Colorado, Ciclo Teatral

Ver Cultura no Camiño  
Ver Galicreques, XIX Festival Internacional de Títeres  
Ver Infantil & Familiar, Ciclo de espectáculos

### Referencias varias:

- Sangiao, “Recala na Estrada ‘Os tres porquiños’”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 865, 22 marzo 2014, p. 7.

Anúnciase a posta en escena desta comedia musical no Teatro Principal da Estrada.

- C. B., “El Principal colgó el cartel de lleno con ‘Os tres porquiños’, que regresa el 12”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 874, 31 marzo 2014, p. 5.

Dáse conta da representación desta peza para o público infantil no Teatro Principal da Estrada e explícase que, debido á gran demanda, repetirase en días vindeiros a posta en escena.

- C. B., “Teatro, música e contacontos no Día do Libro en Ames”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 914, 12 maio 2014, p. 4.

Dáse conta das actividades do programa de Literatura na praza celebrado en Bertamiráns, entre as que salienta a posta en escena desta peza da man de Educa Teatro Producións.

- M. Angueira, “Os tres porquiños’ foxen do lobo feroz en Portas a ritmo de muiñeira”, *Diario de Arousa*, “Ulla-Umia”, 29 maio 2014, p. 21.

Informa da posta en escena en A Azucreira de Portas da representación *Os tres porquiños*, a cargo da compañía EducaTeatro.

- Chus Gómez, “Teatro, cine, gastronomía y claqué en la Belle Époque”, *Diario de Pontevedra*, “Caldas”, “Deza”, “Tabeirós”, 6 setembro 2014, p. 15.

Infórmase sobre a programación da Festa da Belle Époque no concello de Cuntis, programación que conta con diversas actividades entre as que atopamos a posta en escea de “Os tres porquiños”.

- A. Mauleón, “Nuevos tiempos para ‘Os tres porquiños’”, *Faro de Vigo*, “Tv/Espectáculos”, 8 novembro 2014, p. 63.

Infórmase do inicio da xira da produtora EducaTeatro Producións coa adaptación teatral deste clásico. Afirmase que é unha revisión da tradicional da fábula para adaptala aos novos tempos e coméntase a formación da compañía EducaTeatro e a xira prevista para a obra en Galicia.

- Marta Becerra, “Navidades para no quedarse en casa”, *El Progreso*, “Lugo”, “El despertador”, 23 decembro 2014, p. 6.

Dá conta da representación desta obra clásica do teatro infantil.

**Elefante Elegante (1): *O forno*, musical**

**Referencias varias:**

- M. G., “FalaRedes leva a Noia e Lousame o espectáculo de Elefante Elegante”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.063, 11 outubro 2014, p. 7.

Anúnciase a posta en escena deste innovador musical da compañía Elefante Elegante en Noia, dentro do programa FalaRedes, que promove a Secretaría Xeral de Política Lingüística.

**Elefante Elegante (2): *Lobo bobo*, texto e dirección María Torres e Gonçalo Guerreiro**

Ver Cultura no Camiño

**Referencias varias:**

- J. Rodríguez, “Motor, teatro, cine y gastronomía se unen en el otoño cultural de Touro”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1063, 11 outubro 2014, p. 7.

Dáse conta das actividades propostas polo Concello de Touro con motivo do Outono cultural, entre as cales encóntrase a posta en escea de *Lobo lobo*.

- J. M., “Elefante Elegante presentó el espectáculo ‘Lobo bobo’”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.074, 22 outubro 2014, p. 7.

Refírese a representación desta peza teatral no salón de actos de Cee, dentro dos actos do mes da Fundación Fernando Blanco.

**Fanfarra Títeres (1): *A modernidade chega á vila***

Ver Teo, VII Mes do Teatro

**Fanfarra Títeres (2): *A biblioteca dos libros perdidos***

Ver Cultura no Camiño

Ver Dumbría a escena, I Xornadas de Teatro

**Referencias varias:**



- J. M., “Abrapalabra trae hoy a Olveira la obra ‘As do peixe’”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.015, 23 agosto 2014, p. 5.

Informa das I Xornadas de Teatro Dumbria coa posta en escena desta obra.

**Fantoques Baj (1):** *O asombro de Díaz Castro*

**Referencias varias:**

- A. R., “A cidade festexa as Letras con carreiras, teatro e música”, *O SIL*, “*Especial Letras Galegas*”, “Concellos”, “Ourense”, maio 2014, p.7.

Dá conta das actividades propostas en Ourense para celebrar o Día das Letras Galegas. Salienta, entre outras, a representación titulada *O asombro de Díaz Castro*, a cargo de Fantoques Baj.

**Fantoques Baj (2):** *Pedro e o lobo*, texto e dirección Inácio Vilariño

Ver Galicia Escena Pro, II Mostra de artes escénicas

**Referencias varias:**

- Bélen López, “Fantoques Baj estrea a súa versión de ‘Pedro e o lobo’ coa Banda de Música”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Cultural”, 23 novembro 2014, p. 12.

Dá conta da estrea da obra de *Pedro e o lobo* da compañía Fantoques Baj dentro do ciclo “Concertos en familia”, que conta coa colaboración da Banda de Música de Pontevedra. Tamén se di que para facer a adaptación desta peza de Prokofiev apostaron pola técnica xaponesa do bunkaro o que lle dá unha maior expresividade aos monicreques empregados no espectáculo.

**Garabato de Xogos (1):** *Popín Palomero*

Ver Coristanco, Outono Cultural de

**Garabato de Xogos (2):** *O mundo ao revés*

Ver Teo, VII Mes do Teatro

Teatro **Garabullo:** *Unha pinga de mel*

**Referencias varias:**

- P. Calveiro, “Teatro, música, danza y humor en la Feira do Libro”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, “Para todos los públicos”, 26 abril 2014, p. L6.

**Katarsis** e Omar Álvarez: *Se eu fose maior*

Ver Todo Público, Ciclo

Os Monicreques de **Kukas** (1): *Xan Perillán, compra queixo e compra pan*

Ver Cultura no Camiño

Ver Infantil & Familiar, Ciclo de espectáculos

### Referencias varias:

- Víctor Castro, “Monicreques de Kukas representa en Brión, ‘Xan Perillán, compra queixo e compra pan’”, *El Ideal Gallego*, “Área metropolitana”, “Atalaya mariñana”, 14 marzo 2014, p. 22.

Infórmase da estrea desta peza teatral no Centro Social de Brión, como conmemoración dos 35 anos dos Monicreques de Kukas, compañía de Santiago de Compostela.

- M. T., “Espectáculo dos monicreques de Kukas”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 861, 18 marzo 2014, p. 6.

Dáse conta da representación desta obra de monicreques no Centro Social polivalente de Brión, con motivo do día mundial do consumidor.

- P. C., “Los escenarios y calles de la ciudad se llenan de actividades”, *La Voz de Galicia*, “*Especial Fiestas de Santiago*”, “En cartel”, 29 maio 2014, p. 3.

Anuncia a programación para as festas da Ascensión en Santiago e salienta a representación *Xan Perillán compra queixo e compra pan*, a cargo de Os Monicreques de Kukas, *Sopa de Sapo*, de Talía Teatro e *Animaliños*, de Vidal Bolaño, por parte de Teatro de Cámara Ditea.

Os Monicreques de **Kukas** (2): *O Kikiroxote, aventuras e desventuras dun galo de curral*

Ver En Familia

**Hermanager** Producións: *Kiricreques*

Ver Cultura no Camiño

**Magín Blanco (1):** *Gatuxo*, texto Magín Blanco, Jorge Juncal, María Faltri e Raquel Queizás, dirección Raquel Queizás

Ver Bebesena

Ver Galicia Escena Pro, II Mostra de artes escénicas

#### **Referencias varias:**

- C. C., “Mi Magín me mima”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Espectáculos”, 28 marzo 2014, p. 9

Refírese a estrea deste espectáculo dirixido a bebés de 0 a 3 anos no Pazo da Cultura de Pontevedra, dentro do Salón do Libro Infantil

- C. Botrán, “Teatro para nenos dende o 26 con Colorín Colorado Nadal”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 1.136, 24 decembro 2014, p. 5.

Informa do programa do Colorín Colorado Nadal que se inicia na Estrada o día 26 de decembro.

**Magín Blanco:** *Contos encantados*

Ver Faranduleando

**Malasombra Teatro:** *D.E.P.*

#### **Referencias varias:**

- R. M., “El Salón Teatro se llenará de espectáculo hasta junio”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Santiago”, 17 abril 2014, p. L6.

Fala da programación do Salón Teatro en Santiago, na que participan compañías como Bandullo Azul, Malasombra e Eme2. Tamén menciona o programa de intercambio Troco x Troco.

- Cristina Botrán, “Malasombra Teatro, máis de dez anos arrincando gargalladas”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 1.061, 9 outubro 2014, p. 7.

Fala da representación desta obra e relata a historia da compañía destacando o seu traballo, ilusión, excelencia e calidade.

Producións **Manicómicas:** *Channel Shit*

Ver Manicómicos, Festival Internacional de Teatro Cómico

**Matarile Teatro:** *Homes bisagra*

**María Lado e Lucía Aldao:** *A pota que trota*

**Micromina Teatro:** *Cinco historias para unha man*, texto e dirección Arturo Pérez

**Migallas Teatro (1):** *Os contos do chupete*, sesión de contacontos

#### **Referencias varias:**

- M. Manteiga, “Máis actividades da Feira do Libro para Brión con música, mostras e teatro”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 924, 22 maio 2014, p. 5.

Anuncia a programación da Feira do Libro de Brión e salienta a representación d’*O ovo máis bonito*, a cargo de Sarabela, *Aventuras na cociña*, de Trinketrinke e *Os contos de chupete*, de Migallas Teatro.

**Migallas Teatro (2):** *Vai ser boa!*, baseada no libro-disco Pan de Millo

Ver Cultura no Camiño

#### **Referencias varias:**

- B. Yáñez, “Dornas, baile, teatro e libros para honrar as Letras”, *Diario de Arousa*, “O Salnés”, 17 maio 2014, p. 10.

**Migallas Teatro (3):** *Merenda con pan de millo*, texto e dirección María Campos e Carlos Yus

Ver Cultura no Camiño

Teatro do **Miolo** (1): *4 tempos*

Ver Cultura no Camiño

Teatro do **Miolo** (2): *Uxía lambona e a banda molona*

Ver Vila de Sarria, IV Semana de Teatro Cómico

**Os Moinantes:** *Lavandeiras*

**Referencias varias:**

- Chus Gómez, “Teatro, cine, gastronomía y claqué en la Belle Époque”, *Diario de Pontevedra*, “Caldas”, “Deza”, “Tabeirós”, 6 setembro 2014, p. 15.

A **Panadaría:** *Pan! Pan!*, texto Areta Bolado, Noelia Fernández e Ailén Kendelman

Ver Galicia Escena Pro, II Mostra de artes escénicas

Ver Teatrosfilia, XI Mostra de Teatro Amador

**Recensións:**

- Inma López Silva, “Western a ritmo de pan”, *Tempos Novos*, n.º 211, *ProTexta*, “Teatro”, “Crítica” n.º 06, decembro 2014, pp. 68-69.

Dise que é unha peza de pequeno formato que utiliza a linguaxe do western para contar unha historia cargada de sentido do humor e metateatralidade. Saliéntase a adscrición da obra ao teatro familiar, posto que pode dirixirse tanto ao público infantil coma ao adulto.

**Pavís, Pavós:** *Palma, repalma, contos para bebés*

**Peter Punk:** *Peor imposible*

Ver A Gostiño coa cultura

Ver A Rúa é vosa, II Festival cómico festivo

Ver Verán na rúa

Ver Festiclown, XVI Festival de Clown de Galicia

**Referencias varias:**

- M. V., “Peter Punk difunde su nuevo espectáculo ‘Peor imposible’”, *La Región*, “Verano”, “Humor”, 11 xullo 2014, p. 25.

Fai eco deste espectáculo no que colabora Walter Velázquez.

- S. C., “Peter Punk presenta hoxe en San Martiño Pinario ‘Peor imposible’”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 29 agosto 2014, p. 25.

Dáse conta da presentación do novo espectáculo deste pallaso, o cal reflicte a súa situación actual. O espectáculo conta con diversos números dotados de comicidade.

- M. Manteiga/ M. Toledo, “Boqueixón celebró su magosto con actuaciones y galardones Neira Vilas”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.092, 10 novembro 2014, p. 5.

Entre outras actividades, infórmase da posta en escena de *Peor Imposible* na casa da cultura de Camporrapado (Boqueixón). Ademais, fálase do acto de entrega dos premios do I Concurso de relatos Xosé Neira Vilas e noméanse os autores premiados neste certame literario infantil e xuvenil.

**Pinga Teatro:** *Croac*, dirección María Carrera e Miquel Condal

Ver Escena en Familia

Ver Poio Escena, V Ciclo de Teatro

#### **Referencias varias:**

- M. A. C., “Pinga Teatro interpretará el sábado en Río de Bois la obra para todos los públicos ‘Croac’”, *Diario de Pontevedra*, “Poio”, “Comarca”, 24 abril 2014, p. 11.

Anuncia a posta en escena desta obra na Casa do Pobo de Río de Bois.

**Pista Catro:** *Cair*

#### **Referencias varias:**

- A. I. S., “Distintas propuestas de teatro para un público familiar muy entregado”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 20 xullo 2014, p. 27.

Fálase das propostas culturais de diversa índole que oferta a capital galega, entre as cales se atopa a posta en escena desta obra.

Os **Quinquilláns:** *Espantallo amigo*, texto Xosé Neira Vilas

**Redrume Teatro:** *Roedores*, texto Álex Sampayo e Borja F. Caamaño, dirección, Álex Sampayo

Ver Galicia Escena Pro, II Mostra de artes escénicas

Ver Infantil & Familiar, Ciclo de espectáculos

#### **Referencias varias:**

- ECG, “Redrum Teatro trae ‘Roedores’ para los escolares”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 23 novembro 2014, p. 27.

Informa da posta en escea desta obra con Sheila Fariña e con Guillermo Carbajo no Auditorio Abanca de Santiago de Compostela.

#### **O Retrete de Dorian Gray:** *Cabaret de mans*

Ver Cultura no Camiño

Ver Manicómicos, Festival Internacional de Teatro Cómico

Ver Ti-ti-Ritando de Emoción, VII Mostra Teatral

#### **Referencias varias:**

- C. C., “Dispuestos para llevar al límite la capacidad del asombro”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, 23 maio 2014, pp. 12-13.

Anuncia a posta en escena en Ourense desta obra a cargo da compañía O Retrete de Dorian Grey.

**Sal-Monela** Teatro: *Vodevil*, texto Hugo de Marcos, dirección Modesto Gómez

**Sarabela** Teatro (1): *O ovo máis bonito*

#### **Referencias varias:**

- M. Manteiga, “Máis actividades da Feira do Libro para Brión con música, mostras e teatro”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 924, 22 maio 2014, p. 5.

Anuncia a programación da Feira do Libro de Brión e salienta a representación d’*O ovo máis bonito*, a cargo de Sarabela, *Aventuras na cociña*, de Trinketrinke e *Os contos de chupete*, de Migallas Teatro.

**Sarabela** Teatro (2): *Pequenas certezas*, escrita por Bárbara Colio

#### **Referencias varias:**

- S. N., “Pequenas certezas’, una exploración de las ausencias”, *Atlántico Diario*, “Sociedad”, “Agenda cultural”, 25 setembro 2014, p. 31.

Infórmase sobre a representación no Auditorio Municipal de Ourense de *Pequenas Ausencias*, dirixida por Ánxeles Cuña. Faise un breve resumo do texto da obra, da autora

mexicana Bárbara Colio, que foi Premio Internacional María Teresa León 2004 para Autoras Dramáticas.

**Sarabela** Teatro (3): *O último dragón*

Títeres **Seisdedos** (1): *Cocer e cantar*, dirección Anxo García

Ver Cultura no Camiño  
Ver Monicreques de Verán

#### **Referencias varias:**

- Laura Moure, “La compañía títeres Seisdedos interpreta ‘Cocer e cantar’ esta noche en Bueu”, *Diario de Pontevedra*, “O Morrazo”, “Marín”, “Cangas!”, “Bueu”, 12 agosto 2014, p. 14.

Dáse noticia da representación desta peza adicada ao público infantil en Bueu, informando de que, se houber inclemencias meteorolóxicas, cambiarase de espazo.

Títeres **Seisdedos** (2): *O paporrubio na granxa*

Ver Cultura no Camiño

Teatro da **Semente**: *Chíos. Poesía sensorial para bebés*

**Sen Tempo** Teatro: *Os calzurras*

#### **Referencias varias:**

- J. M., “Fin de semana con Talía en Muxía y en Vimianzo”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 1061, 9 outubro 2014, p. 6.

**Talía** Teatro (1): *Como facer unha boa sopa de sapo*

Ver **Infantil & Familiar**, Ciclo de espectáculos

#### **Referencias varias:**

- María Varela, “Así sabe o primeiro concerto da vida”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 24 marzo 2014, p. 53.



Fala da programación do Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra, na que salienta, entre outros, a posta en escena *Como facer unha boa sopa de sapo*, a cargo de Talía Teatro.

- Suso Souto, “Talía representará hoy la obra ‘Sopa de sapo’ en Boiro”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.067, 17 outubro 2014, p. 7.

Dáse conta da posta en escena de *Sopa de Sapo* na casa da cultura de Boiro, e faise unha pequena ficha técnica da obra.

**Talía Teatro (2):** *O método Grönholm*, texto Jordi Galcerán, dirección Xúlio Lago

Ver Colorín Colorado, Ciclo Teatral

### **Referencias varias:**

- J. M., “Fin de semana con Talía en Muxía y en Vimianzo”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.061, 9 outubro 2014, p. 6.

**Tanxarina** Títeres: *A casa do avó*, texto e dirección Cándido Pazó

Ver Galicia Escena Pro, II Mostra de artes escénicas

Ver MOTI, XI Mostra de Teatro Infantil de Ourense

Ver Narón e Ferrol, Mostra de Teatro Infantil e Xuvenil de

Ver Redondela, Memorial Juanjo Amoedo, XV Festival Internacional de Títeres de

### **Referencias varias:**

- Rosario Ferreira, “Cultura achega 270 actuacións de teatro, danza, circo e maxia”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 13 agosto 2014, p. 40.

Infórmase sobre a carteleira da Rede Galega de Teatros e Auditorios, a Rede Galega de Música ao Vivo e a Rede Galega de Salas, que conta con dous centos setenta espectáculos para todos os públicos, entre os que se atopa a representación de *A Casa do avó*, dirixida a un auditorio máis infantil.

**Ti e máis eu** Teatro (1): *A fada da malla*, texto Josefa Deibe Pico

Ver Buxiganga, VI Circuitos

**Titreficcións:** *Chove!*

Ver Bebesцена

Ver Colorín Colorado, Ciclo Teatral

Ver Infantil & Familiar, Ciclo de espectáculos

**Titiricleta:** *Viaxe de Fisterra a Bangladesh*

Ver Carballiño, VI Festival de Títeres do

**A Trastenda dos contos:** *Coas mans na casa*

Ver Cultura no Camiño

**Trécola Teatro (1):** *Cling*

#### **Referencias varias:**

- M. V., “Sesión de teatro con ‘Café liberdade’”, *La Región*, “*Fiestas de Ourense*”, 20 xuño 2014, p. 13.

Anuncia a programación cultural para o venres en Ourense, destacando a sesión de títeres dos Bonecos do Atlántico, a representación *Cling*, a cargo da compañía Trécola Teatro, e *Café Liberdade*, de Maricastaña, a Aula de Teatro Universitaria de Ourense.

**Trécola Teatro (2):** *De 0 a 100*

Ver MOTI, XI Mostra de Teatro Infantil de Ourense

**Trécola Teatro (3):** *Choruma*

Ver MOTI, XI Mostra de Teatro Infantil de Ourense

Os **Tres Tenedores:** *Cocido Sinfónico*, dirección Pepablo Patinho Pena

Ver Cultura no Camiño

Ver Galicia Escena Pro, II Mostra de artes escénicas

#### **Referencias varias:**

- C. G., “Ciclo teatral para niños en A Estrada”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.139, 27 decembro 2014, p. 7.

Dá noticia do inicio deste ciclo teatral que se alongará até o 2 de xaneiro de 2015.

- C. Botrán, “Teatro para nenos dende o 26 con Colorín Colorado Nadal”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.136, 24 decembro 2014, p. 5.

Informa do programa do Colorín Colorado Nadal que se inicia na Estrada o día 26 de decembro.

Compañía do **Trinketrinke** (1): *Aventuras na cociña*

#### **Referencias varias:**

- C. B., “Velada literaria e musical en Teo para Díaz Castro”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 915, 13 maio 2014, p. 4.

Entre outras cousas, salientase a posta en escena desta obra dentro do programa da semana grande das Letras Galegas de Teo, na Casa Común dos Tilos.

- M. Manteiga, “Máis actividades da Feira do Libro para Brión con música, mostras e teatro”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 924, 22 maio 2014, p. 5.

Anuncia a programación da Feira do Libro de Brión e salienta a representación d’*O ovo máis bonito*, a cargo de Sarabela, *Aventuras na cociña*, de Trinketrinke e *Os contos de chupete*, de Migallas Teatro.

- M. M., “Recta final de la Feira do Libro brionesa”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 930, 28 maio 2014, p. 6.

Dáse noticia da posta en escena desta peza de Trinketrinke Teatro, que forma parte dos actos da Feira do Libro de Brión.

Compañía do **Trinke Trinke** (2): *Traballiños de verán*

#### **Referencias varias:**

- J. M. R., “Trinke Trinke trae a Baio ‘Traballiños’”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 924, 22 maio 2014, p. 6.

Dáse conta da representación desta obra na axencia de lectura de Baio, en Zas.

Compañía do **Trinke Trinke** (3): *As illas do tesouro*

#### **Referencias varias:**

- J. M. Ramos, “Animación con Trinketrinke en Baio”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.070, 18 decembro 2014, p. 6.

Informa da representación desta obra no centro de lectura municipal de Baio.

Títeres **Trompicallo** e **Kalina** Teatro: *Rumpelstikin, o anano saltarín*, texto e dirección Plamen Dipchikov

Ver Galicia Escena Pro, II Mostra de artes escénicas

Ver Infantil & Familiar, Ciclo de espectáculos

#### **Referencias varias:**

- Marta Castro, “Marionetas, teatro y magia para los más pequeños en Navidad”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 15 decembro 2014, p. 16.

Fala da oferta cultural programada na cidade de Santiago de Compostela durante o período das vacación de Nadal e dirixida as crianzas. Destácase a interpretación da obra *Rumpelstikin, o anano saltarín* por parte das compañías teatrais Trompicallo e Kalina Teatro no Auditorio Abanca.

A **Xanela do Maxín**: *Títeresmusicontos*

Ver Escena en Familia

**Xoré** Teatro: *O segredo de Uxía*

#### **Referencias varias:**

- C. Botrán, “O segredo de Uxía saca á luz os abusos e malos tratos a menores”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 864, 21 marzo 2014, contracuberta.

Informa da estrea en Valga d’*O segredo de Uxía*, do pedagogo Ramón Torrente e a cargo da compañía Xoré Teatro.

## VII. 3. 4. 3. POSTAS EN ESCENA QUE CONTINUÁN EN CARTEL

### VII.3. 4. 3. 1 GRUPOS ESTÁBEIS E PROFESIONAIS

Os **7 magníficos +1** (1): *O gordo e o calvo van ao médico*, dirección Iván Prado

#### Referencias varias:

- M. G., “Programan en los próximos días cuatro galas teatrales”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 820, 5 febreiro 2014, p. 7.

Infórmase, entre outras cousas, da posta en escena desta obra no Liceo de Noia, dentro da programación cultural do concello.

Os **7 magníficos +1** (2): *Dous pallasos en máis apuros*, texto e dirección Iván Prado e Carlo Colombaioni

Ver Cultura no Camiño

Ver Faranduleando

Ver Infantil & Familiar, Ciclo de espectáculos

**Abrapalabra** Creacións Escénicas: *Memorias dun neno labrego*

Ver Cultura no Camiño

Ver Riveira, XVII Mostra de Teatro Infantil de

#### Referencias varias:

- M. M., “Teatro para los alumnos de Negreira”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 871, 28 marzo 2014, p. 5.

Refírese a representación desta peza protagonizada por Cándido Pazó no centro sociocultural de Negreira, á que asistiron alumnos do IES Xulián Magariños e do IES de Brión.

- J. M. Ramos, “Títeres e unha mostra en homenaxe a Díaz Castro no maio máis literario de Fisterra”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 905, 3 maio 2014, p. 6.

Anuncia os actos de celebración do Día das Letras Galegas que conta, entre outras actividades, coa representación desta obra.

- Jesús Trillo, “Cee rindió tributo ayer a su filántropo Fernando Blanco”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.071, 19 outubro 2014, contracuberta.

Relata a celebración do 218 aniversario do mecenas Fernando Blanco e destaca, entre outras actividades, a posta en escea desta obra.

**Achádego** Teatro: *O barco sen mariñeiro*

**Adarme** Visual: *As fabulosas viaxes de Wilson e Fabrice*

Ver Cultura no Camiño

Títeres **Alakrán**: *Pekeno kabaret de tolos*

Ver A Rúa é vosa, II Festival cómico festivo

**Alentía** Teatro: *Lambetadas de fantasía*

Ver Buxiganga, VI Circuitos

Teatro del **Andamio**: *O baixiño*

**A nena e o grilo**: *A nena e o grilo nun barquiño*

Ver Brinca Gaiás, Ciclo Infantil

Ver Cambados, Ciclo de Teatro Infantil de

Ver Carballiño, XXV Festival de Teatro Galego do (FETEGA)

Ver Os Domingos... Teatro ás 6, Ciclo de Teatro Infantil de Cambados

### **Referencias varias:**

- L. R., “La exitosa ‘A nena e o grilo’ abre un nuevo ciclo de teatro infantil”, *Diario de Arousa*, “Cambados”, 18 xaneiro 2014, p. 11.

Fala do programa “Os domingos... Teatro ás 6!”, que contará cos espectáculos *A nena e o grilo nun barquiño!* e *Osiño*, da compañía Trompicallo, *Chapuzas a domicilio*, de Expresións Producións e unha versión do conto *El soldadito de plomo*, a cargo de Baobab Teatro.

- Lara Eiré, “Musicales infantiles en el entroido del Gaiás”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 13 febreiro 2014, p. 29.

Salienta que dentro da programación do Gaiás para celebrar o Entroido se encadra o espectáculo teatral *A nena e o grilo*, a cargo de Magín Blanco.

- M. Manteiga, “Sigue o teatro en Ames ao abeiro do novo programa de lecer Primavera 2014”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 884, 11 abril 2014, p. 7.

Comenta que tivo lugar en Bertamiráns a posta en escena d’*A nena e o grilo nun barquiño*.

- Manuel Varela, “Tres días para celebrar o idioma”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y Cultura”, 16 maio 2014, p. 12.

Informa das diversas actividades organizadas co gallo da celebración do Día das Letras Galegas e entre as cales destaca a posta en escena desta obra.

- Gemma Malvido, “Música e contos polas letras galegas”, *La Opinión*, “A Coruña”, 17 maio 2014, p. 11.

Dá conta das actividades que se organizaron para a celebración do Día das Letras Galegas e entre as cales destaca a posta en escena desta obra.

- Gemma Malvido, “Un paso adiante pola lingua nai”, *La Opinión*, “A Coruña”, 18 maio 2014, p. 12.

Fala das actuacións preparadas polo Concello da Coruña e nomea a interpretación desta compañía.

- Sofía Maestu, “Éxito rotundo del espectáculo infantil”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, “FP14”, 14 agosto 2014, p. 4.

Salienta o éxito que tivo, dentro das Festas da Peregrina de Pontevedra, esta peza de teatro infantil.

- C. M., “A nena e os grilos’ organiza una velada de teatro infantil en Soutomaior”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Comarca”, 14 agosto 2014, p. 12.

Informa da representación da obra *A nena e os grilos* en Arcade, que ten como director a Magín Blanco. Indica que vai dirixida a un público familiar e o éxito que tivo ata o momento. Destaca que a obra semella un contacontos musicalizado e que pretende inculcar nos espectadores valores coma o respecto pola natureza e a solidariedade.

- S. N., “A nena e o grilo’, de Magín Blanco”, *La Región*, “Navidad en la Comarca de Valdeorras”, “A Rúa”, 20 decembro 2014, p. 80.

Destaca a interpretación de Magín Blanco do seu libro-disco *A nena e o grilo* e que forma parte das actividades de Nadal programada polo Concello da Rúa.

**Animar-T (1):** *A historia de Martín*, texto Miguel Strada

Ver Cultura no Camiño

**Animar-T (2):** *Os novos músicos de Bremen*

Ver Cultura no Camiño

Grupo de Teatro **Artellar:** *O pavo fachendoso*,

**Artello** Teatro Alla Scala 1:5: *Cinderela Mix*, texto R. Hurtado, S. Montenegro e S. Piñón, dirección Manuel Pombal e Santiago Montenegro

Ver Cultura no Camiño

Teatro **Arume:** *Farsa de Bululú*, texto de Manuel María

O **Aturuxo de Melpómene:** *A ratoeira*, texto Agatha Christie

Teatro do **Atlántico:** *A charca inútil*, texto David Desola, dirección Julio Lago

**Avento Producións.** *Laranxus 7*

Ver Cultura no Camiño

Títeres **Babaluva (1):** *O crebanoces*

### **Referencias varias:**

- B. H., “Tarde de marionetas”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Agenda”, “Espectáculos”, 3 xaneiro 2014, p. 6.

Anúnciase a representación de *O crebanoces*, espectáculo inspirado no conto de Nadal de Hoffman que terá lugar no Fórum Metropolitano da Coruña.

- M. T., “Chegan a Sigüeiro os monicreques”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 792, 8 xaneiro 2014, p. 7.

Dáse conta da posta en escena desta peza para o público familiar no centro cultural Fernando de Casas e Novoa, en Sigüeiro.

Títeres **Babaluva (2):** *Lume*



Ver MIT, XXX Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia

Títeres **Babaluva** (3): *Marusia*

Ver Faranduleando

**Bandullo Azul:** *A verdadeira historia de Robinson Crusoe e Venres*, adaptación e dirección Evaristo Calvo

Ver A Gostiño coa cultura

Ver Infantil & Familiar, Ciclo de espectáculos

Ver Ponteceso, XXI Ciclo de Teatro

Ver Valdoviño, VI Mostra de Teatro Infantil de

### Referencias varias:

- R. M., “El Salón Teatro se llenará de espectáculo hasta junio”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, “Para todos los públicos”, 17 abril 2014, p. L6.

Fala da programación do Salón Teatro en Santiago, na que participan compañías como Bandullo Azul, Malasombra e Eme2. Tamén menciona o programa de intercambio Troco x Troco.

- A. Iglesias, “Ópera, teatro, circo y música clásica para todos los públicos”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 10 maio 2014, p. 36.

Informa da programación cultural para a fin de semana en Santiago, entre as que salienta a representación *A verdadeira historia de Robinson Crusoe e Venres*, a cargo de Bandullo Azul e *Antiheroica*, de Vanesa Sotelo, Toni Salgado e Fran Godón.

- J. M. R., “Números circenses en las calles de Cee y Ponteceso”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.010 agosto 2014, p. 7.

Entre outras actividades, anuncia a representación desta peza teatral da compañía Bandullo Azul en Cee.

**Baobab** Teatro (1): *Babs*, texto Andrea Bayer, dirección Óscar Ferreira e Andrea Bayer

Ver Cariño, XXXVI Mostra de Teatro Galego de

**Baobab** Teatro (2): *Fíos*, texto Andrea Bayer, dirección Óscar Ferreira e Andrea Bayer

Ver Cariño, XXXVI Mostra de Teatro Galego de

**Baobab Teatro (3):** *Contos para un caldiño*, texto Andrea Bayer, dirección Óscar Ferreira e Andrea Mayer

Ver Cultura no Camiño

#### **Referencias varias:**

- S. E., “La biblioteca de Silleda se suma al ‘Ler conta moito’”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 863, 20 marzo 2014, p. 7.

- U. L., “As Terras de Iria súmanse á festa da lingua”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Comarcas”, 15 maio 2014, p. L9.

Anuncia as actividades previstas polo Concello de Padrón para conmemorar o Día das Letras Galegas. Destaca, entre outras, a representación *Contos para un caldiño*, a cargo de Baobab Teatro.

- M. T., “Encontros entre xeracións e contos en Dodro”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 917, 15 maio 2014, p. 5.

Saliéntase a posta en escena desta montaxe teatral infantil dentro da programación para as Letras Galegas do Concello de Dodro.

**Baobab Teatro (4):** *O soldadiño de chumbo*, dirección Óscar Ferreira e Andrea Bayer

Ver Cambados, Ciclo de Teatro Infantil de

Ver Colorín Colorado, Ciclo Teatral

Ver Os Domingos... Teatro ás 6, Ciclo de Teatro Infantil de Cambados

Ver Todo Público, Ciclo

Ver Xosé Agrelo, VII Mostra de Teatro

#### **Referencias varias:**

- L. R., “La exitosa ‘A nena e o grilo’ abre un nuevo ciclo de teatro infantil”, *Diario de Arousa*, “Cambados”, 18 xaneiro 2014, p. 11.

Fala do programa “Os domingos... Teatro ás 6!”, que contará cos espectáculos *A nena e o grilo nun barquiño!* e *Osiño*, da compañía Trompicallo, *Chapuzas a domicilio*, de Expresións Producións e unha versión do conto *El soldadito de plomo*, a cargo de Baobab Teatro.

**Baobab Teatro (5):** *Bailando cos contos*, dirección Óscar Ferreira e Andrea Bayer

Ver Coristanco, Outono Cultural de

**Baobab** Teatro (6): *Durme, Roque, durme*

Ver Núbebes, II Festival das

**Barafunda**: *Xan das ondas*

Ver Cultura no Camiño

**Berrobambán**: *A folla máis alta*, adaptación do poemario *Contatrás* de Paula Carballeira, dirección Paula Carballeira

Títeres **Cachirulo** (1): *Cucú Tastás*, texto e dirección Jorge Rey

Ver Escena en familia

Ver Festival de Nadal

Ver Galicreques, XIX Festival Internacional de Títeres

Ver María José Jove, X Festival de Títeres

#### **Referencias varias:**

- A. I. S., “Marionetas para bebés con la compañía Cachirulo”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 16 febreiro 2014, p. 29.

Infórmase da posta en escena desta obra para nenos e bebés de seis meses a tres anos, na Fundación Autor da SGAE de Santiago de Compostela, dentro do ciclo Escena en familia.

- L. F., “Espectáculo para niños”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, 18 febreiro 2014, contracuberta.

Sínálase que os nenos das escolas infantís Cativos de Santiago e comarca pasaron unha boa tarde no auditorio da SGAE en Salvadas, disfrutando dunha sesión exclusiva de Títeres Cachirulo, que levaron a escena este espectáculo visual e musical.

- C. Botrán, “Teatro para nenos dende o 26 con Colorín Colorado Nadal”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 1.136, 24 decembro 2014, p. 5.

Informa do programa do Colorín Colorado Nadal que se inicia na Estrada o día 26 de decembro.

- M. G. M., “Teatro del Andamio ofrece un maratón escénico para niños en su octavo festival navideño”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 26 decembro 2014, p. 11.

Informa da posta en función desta obra na sede da institución na Grela dentro do Festival María José Jove.

Títeres **Cachirulo** (2): *A guerra das Galicias*, texto e dirección Jorge Rey

Títeres **Cachirulo** (3): *Alicia no país das marabillas*, texto e dirección Jorge Rey

Ver Escena en Familia

### **Referencias varias:**

- F. F., “Roi Casal en A Xunqueira e títeres na rúa, na oferta de hoxe”, *Diario de Arousa*, “Vilagarcía”, 19 agosto 2014, p. 7.

Infórmase da programación cultural de Vilagarcía con actividades como pasarrúas, concertos ou unha adaptación para marionetas desta obra

Títeres **Cachirulo** (4): *O libro da selva*, texto Rudyard Kipling, dirección Jorge Rey

Títeres **Cachirulo** (5): *Pinocho*, adaptación do texto de Carlo Collodi, dirección Jorge Rey

Ver Consorcio das Mariñas, X Festival Internacional de Títeres de  
Ver Monecadas, I Festival de  
Ver Titirideza

Títeres **Cachirulo** (6): *Catro contos da China*, texto e dirección Jorge Rey

Ver Cultura no Camiño

Títeres **Cachirulo** (7): *Do, re, mi, Mozart xoga aquí*, texto e dirección Jorge Rey

Ver Escena en Familia

Títeres **Cachirulo** (8): *Camiño de aventuras*, texto e dirección Jorge Rey

Ver Escena en Familia

Títeres **Cachirulo** (9): *A historia do apalpador*, texto e dirección Jorge Rey

Ver Festival de Nadal

## **Caramuxo Teatro (1): *As fabas máxicas***

### **Referencias varias:**

- J. M. Ramos, “Caramuxo Teatro trae a Corcubión o espectáculo infantil ‘As fabas máxicas’”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 906, 4 maio 2014, p. 6.

Informa do programa de actividades do Concello de Corcubión para celebrar as Letras Galegas. Salienta o espectáculo *As fabas máxicas*, de Caramuxo Teatro, que se enmarca nas actividades de dinamización lingüística do programa FalaRedes da Xunta de Galicia.

- M. Manteiga, “Premios na capital barcalesa e lírica en Brión no mes da literatura galega”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 910, 8 maio 2014, p. 7.

Comenta a presentación do programa de actividades para celebrar o Día das Letras Galegas e destaca a representación desta obra.

- ECG, “Fabas máxicas’ por o Galego”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 921, 19 maio 2014, p. 5.

Infórmase da posta en escena deste espectáculo de monicreques na Casa da Cultura de Ordes con motivo da celebración do Día das Letras Galegas.

- M. M., “Caramuxo Teatro representa ‘As fabas máxicas’ en el auditorio vilalbés”, *El Progreso*, “A Chaira”, 31 maio 2014, p. 19.

Dáse noticia da representación desta obra no auditorio municipal Carmen Estévez de Vilalba, dentro do programa FalaRedes e infórmase do horario e da gratuidade das entradas.

- J. M. R., “As fabas máxicas’ e ‘Os Bolechas llegan a Cee”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 958, 26 xuño 2014, p. 6.

Refírese a posta en escena desta obra en Cee, dentro do programa FalaRedes impulsado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística.

- P. Calveiro, “Todo o infantil parece estar un pouco desprestixiado”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, 17 setembro 2014, p. L4.

Fala da presentación no Auditorio de Galicia da obra *As fabas máxicas*, adaptación contemporánea da súa compañía. O actor sinala que traballar con nenos e nenas é moito máis difícil que con maiores e fala tamén dos perigos das actuacións realizadas na rúa onde o público máis pequeno cólase nas obras. O entrevistado cóntanos que a súa compañía de teatro crea obras para todas as idades dende bebés até secundaria. Considera que dende os comezos toda a súa compañía traballou en galego, pois foi o idioma no que aprenderon, aínda que destaca que fora de Galicia representan as obras en castelán.

**Caramuxo Teatro (2):** *Glub glub*, dramaturxia e dirección Juan Rodríguez

Ver Infantil & Familiar, Ciclo de espectáculos

**Referencias varias:**

- ECG, “Caramuxo Teatro vuelve a la Zona C con ‘Glub Glub’”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 21 xaneiro 2014, p. 26.

Infórmase de que Caramuxo teatro regresou a Santiago de Compostela despois do éxito de *Ñam!* e *Zapatos*, con estoutra peza para bebés que conta a historia dun pez e dun barquiño de papel afundido.

- A. Canide, “La afición al teatro nace en la cuna”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Patio de vecinos”, 28 xaneiro 2014, contracuberta.

Saliéntase que esta obra teatral é o primeiro espectáculo para bebés presentado en Galicia. Coméntase que Juan Rodríguez é o que o dirixe e interpreta, e que acadou notable éxito entre o público que presenciou a posta en escena na Zona C de Santiago de Compostela.

**Caramuxo Teatro (3):** *Historia dunha semente*

Ver Faranduleando

**Referencias varias:**

- R. L., “Agosto es una fiesta en Foz”, *El Progreso*, “Festas de San Lourenzo en Foz”, 8 agosto 2014, p. 53.

Logo da información sobre as distintas actividades en Foz, sinala a representación desta obra dentro das xornadas de teatro infantil e títeres no patio do colexio número un.

**Caramuxo Teatro (4):** *Ñam!*, dramaturxia e dirección Laura Sarasola e Juan Rodríguez

Ver Cariño, XXXVI Mostra de Teatro Galego de

**Referencias varias:**

- ECG, “A Zona C acolle ‘Ñam’, espectáculo de teatro infantil”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 3 xaneiro 2014, p. 27.

Dáse conta da posta en escena de *Ñam!* na Zona C de Santiago de Compostela, salientando que público e actores comparten escenario e que é unha peza que fala de gastronomía.

- B. H., “Para oler y sentir”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Agenda”, “Espectáculos”, 3 xaneiro 2014, p. 6.

Infórmase da representación desta obra teatral para bebés e nenos até os seis anos de idade na Zona C de Santiago de Compostela e coméntase a relación deste espectáculo co mundo da cociña, amais de salientar que público e actores comparten escenario.

- L. M., “Un calendario de atractivas mascotas”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Patio de vecinos”, 4 xaneiro 2014, contracuberta.

Saliéntase que os máis pequenos da casa pasárono xenial con este espectáculo representado na Zona C de Santiago de Compostela, e que se volverá representar esta tarde.

**Caramuxo Teatro (5):** *Zapatos*, dramaturxia e dirección Juan Rodríguez

Ver Infantil & Familiar, Ciclo de espectáculos

#### **Referencias varias:**

- B. H., “La vida en los pies”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Espectáculos”, 10 xaneiro 2014, p. 6.

Anúnciase a representación desta peza que Caramuxo Teatro adica aos nenos e bebés de entre un e catro anos, na Zona C de Santiago de Compostela e coméntase o seu argumento.

**Caramuxo Teatro (6):** *Pío*

Ver Infantil & Familiar, Ciclo de espectáculos

Ver Negreira, V Ciclo Teatral de

**Carrachanacacha:** *Cipriano de Bequelar*, texto e dirección de Leandro Lamas

Ver Lauro Olmo, V Ciclo de Teatro Afeccionado

Ver Teatrofilia, XI Mostra de Teatro Amador

Títeres **Cascañueces (1):** *Mr. Pancho e a última función*

Ver A Gostiño coa cultura

Ver Bonecos do Atlántico, I Encontro

Ver Cultura no Camiño  
Ver MIT, XXX Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia  
Ver Titirinoia, II Edición do Festival de Monicreques  
Ver Ti-ti-Ritando de Emoción, VII Mostra Teatral

### **Referencias varias:**

- J. M. Ramos, “Títeres e unha mostra en homenaxe a Díaz Castro no maio máis literario de Fisterra”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 905, 3 maio 2014, p. 6.

Anuncia os actos de celebración do Día das Letras Galegas que conta, entre outras actividades, coa representación desta obra.

Títeres **Cascañueces** (2): *O fillo do panadeiro*, dirección Lázaro Duyos

Ver Cultura no Camiño

**Cayetano Lledó**: *Máxico Circus Cabaret*, texto e dirección Cayetano Lledó

Ver Cabaré, VIII Festival Galego de  
Ver Coristanco, Outorno Cultural de

**Circo Chosco**: *Chosco*, dirección Walter Velázquez

Ver Festiclown, XVI Festival Internacional de Clown de Galicia

**Compañía Lírica de Galicia**: *Érase unha vez a ópera*, dirección Fernando Balboa

Ver Escena en Familia

**Danthea Teatro** (1): *O espello da Francisquiña*

Ver Cultura no Camiño

**Danthea Teatro** (2): *As aventuras de Polichinela*

Ver Cultura no Camiño

**Danthea Teatro** (3): *Amadú*

Ver Escena en Familia



Ver María José Jove, X Festival de Títeres

**Danthea** Teatro (4): *Carrapuchiña vermella e o lobo*

Ver Faranduleando

Ver Festival de Nadal

Ver Teatro G

Ver Valdoviño, VI Mostra de Teatro Infantil de

**Desastronatus**: *Un día de praia*

Ver Faranduleando

**DINAMOTEatro** (1): *Contos e outras andrómenas*

Ver Cultura no Camiño

**Duendesico** Animación: *Elías contra Calvi: o destrutor da natureza*

**Elefante Elegante** (1): *Aurora*, texto e dirección María Torres e Gonçalo Guerreiro

Ver Teatro en Familia de Betanzos, VI Ciclo de

Ver Xosé Agrelo, VII Mostra de Teatro

### Referencias varias:

- Marta García Márquez, “Elefante Elegante introduce a videocreación en ‘Aurora’”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 22 febreiro 2014, p. 12.

Anuncia a posta en escena no Fórum de *Aurora*, a cargo de Elefante Elegante e salienta a relevancia de cultivar o interese pola cultura nos máis pequenos.

- A. I. S., “Distintas propuestas de teatro para un público familiar muy entregado”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 20 xullo 2014, p. 27.

Fálase das propostas culturais de diversa índole que oferta a capital galega, entre as cales se atopa a posta en escena desta obra.

**Elefante Elegante** (2): *O aviador*, texto Gonçalo Guerreiro e María Torres

**Elefante Elegante** (3): *Nuncabunga*, texto Gonçalo Guerreiro e María Torres

Ver Rianxo, Outono Cultural de

**Eme2** Producións: *O príncipe e o parrulo*

Ver En Familia

Ver Redondela, Memorial Juanjo Amoedo, XV Festival Internacional de Títeres de

### **Referencias varias:**

- R. M., “El Salón Teatro se llenará de espectáculo hasta junio”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, 17 abril 2014, p. L6.

Fala da programación do Salón Teatro en Santiago, na que participan compañías como Bandullo Azul, Malasombra e Eme2. Tamén menciona o programa de intercambio Troco x Troco.

- C. Creo, “Música, teatro y mercado medieval centran la oferta cultural de agosto”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 983, 22 xullo 2014, p. 6.

Presenta a programación das Festas de San Roque en Melide, que inclúe a posta en escena desta obra na casa da cultura.

Teatro **Estepario**: *Teddy bear*, dirección Ravin Mehta

Ver EstéNaRúa, Festival Galego de Teatro Amador

Producións Teatrais **Excéntricas**: *Da Vinci tiña razón*

Ver Colorín Colorado, Ciclo Teatral

**Expresión** Producións: *Chapuzas a domicilio*

Ver Cambados, Ciclo de Teatro Infantil de

Ver Os Domingos... Teatro ás 6, Ciclo de Teatro Infantil de Cambados

**Falcatrúa**: *Linocho e a lúa*, texto Esteba Losada

Ver A Gostiño coa cultura

Ver Cultura no Camiño

**Fanfarra Títeres**: *A Biblioteca dos libros perdidos*

### Referencias varias:

- Víctor Castro, “Curso de informática básica para mujeres inmigrantes”, *El Ideal Gallego*, “Área metropolitana”, “Atalaya mariñana”, 29 outubro 2014, p. 20.

Entre outras cousas, dáse conta da posta en escena deste espectáculo de monicreques no salón de actos do centro cultural Fernando Casas y Novoa de Sigüeiro. Infórmase de que o acto forma parte da celebración do Día da Biblioteca.

**Fantoques Baj (1):** *As pombas do carboeiro*, texto e dirección Inacio Vilariño

Ver Cultura no Camiño

Ver Verán na rúa

### Referencias varias:

- C. Creo, “O mosteiro de Carboeiro encherase de actividades culturais o 7 de xuño”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 928, 26 maio 2014, p. 7.

Salienta a representación que se encadra dentro da programación dos XV Encontros de Música Tradicional no Mosteiro do Carboeiro.

- Andrés Rodríguez, “A Banda Municipal, a RFG e Tinariwen + Narf Trío, na axenda de hoxe das festas”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 30 xullo 2014, p. 22.

Dáse conta da programación do día co gallo das festas do Apóstolo. Ademais de concertos, preséntase o espectáculo de música e títeres *As pombas de Carboeiro*

**Fantoques Baj (2):** *Pulp (Poesía Última de Lois Pereiro)*, texto Lois Pereiro

**Fantoques Baj (3):** *RodariRodari (Contos do tranvía)*, dirección Inacio Vilariño

Ver Bonecos do Atlántico, I Encontro

**Fantoques Baj (4):** *Fábula galénica*, texto e dirección Inacio Vilariño

Ver Carballiño, XXV Festival de Teatro Galego do (FETEGA)

Ver Faranduleando

Ver Monicreques de Verán

Ver Titirideza

**Fantoques Baj (5):** *Velocíclopes*, texto e dirección Inacio Vilariño

Ver Cultura no Camiño

Teatro dos **Ghazafellos** (1): *3, 2, 1...*

Ver Domingos no Principal, Ciclo de Teatro Infantil de Pontevedra  
Ver Sociedade de Amigos da Paisaxe Galega, XXV Xornadas de Teatro da

Teatro dos **Ghazafellos** (2): *Bon appétit*, adaptación do libro de recetas *A cociña galega* de Álvaro Cunqueiro, dirección Pepablo Patinho

Ver Brinca Gaiás, Ciclo Infantil  
Ver Cultura no Camiño  
Ver Faranduleando

### Referencias varias:

- ECG, “A la venta las entradas para la comedia ‘Bon Appetit’”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 4 febreiro 2014, p. 24.

Dá conta da representación desta obra dentro do festival BrincaGaiás.

- ECG., “Títeres, teatro y la magia de Cayetano en el fin de la Semana Cultural”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 1.018, 26 agosto 2014, p. 7.

Infórmase sobre o programa cultural desta localidade, dentro do cal atopamos a representación de *Bon appétit*. Fálase tamén dos cambios na programación no caso de condicións meteorolóxicas adversas.

Teatro dos **Ghazafellos** (3): *Contos de lobos*, texto e dirección Pepablo Patinho

Ver Carballiño, XXV Festival de Teatro Galego do (FETEGA)  
Ver Cultura no Camiño

Teatro dos **Ghazafellos** (4): *Contos para escagharriñarse*

Ver Coristanco, Outono Cultural de  
Ver Laxe, VII Mostra de Outono de Teatro do Concello de  
Ver Sábados en familia  
Ver Teatro con G

### Referencias varias:

- M.M.-M.G.-J.M.R., “Terras se rinde al teatro con representaciones en Noia, A Maía y Laxe”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 1.089, 7 novembro 2014, p. 7

Comenta a presentación en Laxe da obra *Contos para escagarriñarse* da compañía Ghazafellos Teatro dentro da IX Mostra de Teatro Afeccionado e refire as datas e os horarios das outras representacións gratuítas que se insiren. En segundo lugar, informa de que xa se pode votar polos monólogos do Concurso de Teatro Lido de Ames e anuncia a representación en Noia da obra *Un Ramón de mandarinas* da compañía Mundo Mandarina.

Teatro dos **Ghazafellos** (5): *Nana para un soldado*, texto e dirección Pepablo Patinho

Teatro dos **Ghazafellos** (6): *O país dos mandóns*

### Referencias varias:

- ECG., “Teatro en pro de la igualdad para los más pequeños de Cee”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.087, 5 novembro 2014, p. 6.

Dáse noticia da representación desta peza teatral no salón de actos da casa consistorial de Cee e infórmase de que a función estaba enmarcada no programa de promoción da igualdade de xénero que impulsou a Deputación da Coruña.

Teatro dos **Ghazafellos** (7): *Contos mariñeiros*

Ver Teatro en Familia de Betanzos, VI Ciclo de

**Glup, glup Teatro** (1): *Catalina nun lugar da Mancha*

**Glup, glup Teatro** (2): *Catalina, Lino, Lina*, texto María J. García, dirección Petra Hofmann

Ver Faranduleando

Compañía Maxia e Teatro A **Illa dos nenos** (1): *A maxia dos sonhos e a maleta viaxeira*

Ver Cultura no Camiño

Compañía Maxia e Teatro A **Illa dos nenos** (2): *Chapuzas a domicilio*

Compañía Maxia e Teatro A **Illa dos nenos** (3): *Ledicias*

Ver Galicreques, XIX Festival Internacional de Títeres

**Katarsis:** *Pacama*

**Referencias varias:**

- Manuel Varela, “El talento de escapar del sueño”, *La Opinión*, “Ciudad y Cultura”, 14 abril 2014, p. 7.

Fala da posta en escena no Teatro del Andamio de *Pacama*, a cargo de Katarsis, que prepara a súa xira por Canadá e Estados Unidos.

- M. G. M., “Porque no todo viene de EEUU”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 9 xuño 2014, p. 9.

Informa de que a compañía Katarsis levou o espectáculo *Pacama* a Norteamérica co gallo de promulgar o teatro dirixido a bebés.

Monicreques de **Kukas**: *Xan Perillán e a maleta máxica*

Ver Brión, XIX Festival de Títeres de  
Ver Carballiño, VI Festival de Títeres do

**Larraitz Urruzola**: *O crebanoces*

Ver Bonecos do Atlántico, I Encontro

**Malasombra Teatro (1)**: *Go on!*, texto Xosé Luis Prieto, dirección Marcos Orsi

Ver Cariño, XXXVI Mostra de Teatro Galego de  
Ver Negreira, V Ciclo Teatral de  
Ver Rianxo, Outono Cultural de

**Referencias varias:**

- J. M. Ramos, “Malasombra trae a Vimianzo la odisea cómica ‘Go on!’”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 827, p. 6.

Dáse conta de que o auditorio da casa da cultura de Vimianzo acollerá a representación desta obra, unha odisea cómica de dous exploradores que se adentran en terras galaicas.

**Mamá Cabra**: *Concerto Corocorico*

Ver Coristanco, Outono Cultural de

**Metátese Teatro:** *Coma un anano*

**Referencias varias:**

- Nazareth Meijide, “La agrupación Metátese Teatro, de Palas de Rei, conquista Grecia con una gira”, *El Progreso*, “Comarcas”, 23 xullo 2014, p. 21.

Comenta a posta en escena de *Coma un anano*, realizada pola compañía Metátese Teatro, durante a súa xira por Grecia.

**Migallas Teatro (1):** *O libro máxico*, texto e dirección María Campos e Carlos Yus

Ver Cultura no Camiño

**Migallas Teatro (2):** *Un avó especial*, texto e dirección María Campos e Carlos Yus

Ver Cultura no Camiño

Títeres **Mircromina (1):** *Vacacións no mar*, dirección Ton Arenas e Zoila Gulín

Ver Begonte, II Ciclo de Teatro de Begonte

Ver Bonecos do Atlántico, I Encontro

Ver Faranduleando

Ver Monicreques de Verán

**Referencias varias:**

- Nazareth Meijide, “Micromina Títerese ofrece hoy en Rábade una representación teatral”, *El Progreso*, “Comarcas”, 13 agosto 2014, p. 19.

Dáse noticia de que esta compañía representará esta peza en Rábade dentro do programa “Musiqueando pola provincia de Lugo”.

Títeres **Mircromina (2):** *Martín Martín*

Ver Cultura no Camiño

Os **Monicreques de Kukas:** *Contos do vento acatarrado*, dirección Isabel Rey Pousada, Kukas e Gena Baamonde

Ver Cultura no Camiño

Ver Infantil & Familiar, Ciclo de espectáculos

**Mundo Mandarina:** *Un ramón de mandarinas*

**Referencias varias:**

- M. G., “Música y teatro centran los actos culturales para los próximos días en Noia”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.062, 10 outubro 2014, p. 7.

Anuncia a programación da Concellería de Cultura de Noia que inclúe teatro, música e a presentación do libro de José Manuel Bermúdez.

**Mundo Piruleta:** *Érase unha vez... unha estantería*

**Musicreques:** *As aventuras de quebranoces*

Teatro do **Noroeste:** *Touporroutou da lúa e do sol*, texto Roberto Vidal Bolaño, coprodución co Centro Dramático Galego

Ver Troco X Troco, II Intercambio Teatral Portugal-Galicia

**Referencias varias:**

- Ana Baena, “La oferta cultural se amplía con más música, teatro y humor”, *Atlántico Diario*, 30 xaneiro 2014, p. 18.

Revisase a oferta cultural viguesa para o semestre que inicia, salientando a importancia dos espectáculos homenaxe e dos monólogos. No eido teatral, sublíñase a adaptación do libro de Toni Bentley, *La rendición*, xunto coa montaxe *Touporroutou da Lúa e do Sol*, adaptación dunha peza infantil de Roberto Vidal Bolaño.

**Palimoco Teatro:** *Real ou non*, dirección Paloma Lugilde

Os **Palimoquiños:** *O rato de biblioteca*, dirección Paloma Lugilde

Ver Begonte, II Ciclo de Teatro de  
Ver Buxiganga, VI Circuitos

**Panamesiana Teatro:** *Oh, que bonito é Panamá*

Ver Cultura no Camiño  
Ver Faranduleando



**Pinga Teatro:** *O bufón do rei*

Ver Escena en Familia

**Pistacatro:** *Impreuna*, dirección Pablo Reboleiro “Trasno”

**Producións Dispersas:** *Na procura da canción perdida*, texto Diego Freire

Ver Escena en Familia

Ver Festival de Nadal

**Raquel Queizás (1):** *Caso pechado*, texto e dirección Raquel Queizás

Ver Cultura no Camiño

**Raquel Queizás (2):** *Historias da maleta*, texto e dirección Raquel Queizás

Ver Cultura no Camiño

**Redrum Teatro:** *Amor flexible*, texto e dirección Álex Sampayo

**O Retrete de Dorian Gray:** *Ne me quitte pas*

Ver Cultura no Camiño

Ver Verán na Rúa

### **Referencias varias:**

- M. B., “Globos que emocionan”, *Diario de Pontevedra*, “Faiponting”, 4 outubro 2014, p. 3.

Comenta o espectáculo *Ne me quitte pas*, a partir de declaracións dos seus responsábeis, da compañía de teatro *O Retrete de Dorian Grey*. Dise que contén tres pezas de cabaret, onde se conta a historia dun grande intérprete da canción francesa, representado por un monicreque feito con globos, que sorprende a todo tipo de público por ser creado diante del. Tamén explica que esta representación curta, que xa ten nove anos, viaxou por máis países e por varias cidades de España, onde tivo boa acollida. Dá conta que mañá o público pontevedrés poderá gozar desta función.

**A Run Run Teatro:** *Ulo swing?*

Ver Cultura no Camiño

**Sarabela** Teatro (1): *Cebra Camila*, texto Marisa Núñez

**Sarabela** Teatro (2): *A voar!*, adaptación da novela *Mi padre es un hombre pájaro* de David Almond, dirección Fina Calleja

Ver Colorín Colorado, Ciclo Teatral  
Ver Teatro en Familia de Betanzos, VI Ciclo de

Títeres **Seisdedos**: *O galo Quirico*

Ver Monicreques de Verán  
Ver Sábados en familia

**Sillobre Agarimo**: *Alma en pena*

**Talía** Teatro (1): *Mundos contados*, sesión de contacontos

#### **Referencias varias:**

- J. M. R., “Talía Teatro lleva a Laracha su obra ‘Mundos contados’”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 881, 7 abril 2014, p. 6.

Entre outras cousas, dáse conta da posta en escena desta peza, un espectáculo de narración oral integrado nun ciclo de teatro infantil de Laracha co obxectivo de fomentar a lectura.

**Talía** Teatro (2): *Xango: A moi extraordinaria historia do home que foi engulido por unha máquina*, texto e dirección Diego Rey

Ver Dumbría a escena, I Xornadas de Teatro  
Ver En Familia  
Ver Galicia Escena Pro  
Ver Xosé Agrelo, VII Mostra de Teatro

#### **Referencias varias:**

- Carmiña Creo, “Ames, Vedra y Melide se vuelcan con el teatro”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 863, 20 marzo 2014, p. 7.

Revisase a oferta escénica na fin de semana dos concellos de Ames, Melide e Vedra. Dise que mentres a de Ames atende primeiro ao público infantil coa peza *Xango: A moi extraordinaria historia do home que foi engulido por unha máquina*, de Talía Teatro, e logo ao adulto con *Curriculum Vitae* de Redrum Teatro; os melidenses Charamela Teatro estrearán *O cantar dos cantares* –baseada nunha obra de Eduardo Blanco Amor– e os estradenses Disfunción continua farán o mesmo con *Eran outros tempos, ou non?*

- Rosario Ferreira, “Cultura achega 270 actuacións de teatro, danza, circo e maxia”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 13 agosto 2014, p. 40.

Infórmase sobre a carteleira da Rede Galega de Teatros e Auditorios, a Rede Galega de Música ao Vivo e a Rede Galega de Salas, que conta con dous centos setenta espectáculos para todos os públicos, entre os que se atopa a representación de *Xango: A moi extraordinaria historia do home que foi engulido por unha máquina*, dirixida a un auditorio máis infantil.

**Talía Teatro (3):** *Bicos con lingua*, dirección Avelino González

**Tanxarina Títeres (1):** *Titiricircus*, texto e dirección Eduardo Rodríguez e Miguel Borines

Ver Cultura no Camiño

**Tanxarina Títeres (2):** *Os narigudos*, texto Terry Jones, dirección Cándido Pazó

Ver A Gostiño coa cultura  
Ver Cultura no Camiño

**Tanxarina Títeres (3):** *Trogloditas*, dirección Evaristo Calvo

Ver Ti-ti-Ritando de Emoción, VII Mostra Teatral

Títeres **Tarabelos (1):** *O traxe novo do Rei*

Ver Carballiño, VI Festival de Títeres do  
Ver Monicreques de Verán

### **Referencias varias:**

- Nerea Pazos, “Representación de ‘O traxe novo do Rei’ hoy a las 21.30 en Bueu”, *Diario de Pontevedra*, “O Morrazo”, “Marín”, “Bueu”, 19 agosto 2014, p. 14.

Dáse conta da representación desta obra a cargo do grupo de teatro “Tarabelos” dentro do programa “Monicreques de Verán”.

Títeres **Tarabelos** (2): *Sabela e o paxaro máximo*

Ver Cultura no Camiño

Títeres **Tarabelos** (3): *A que cheiran os contos?*

Ver Cultura no Camiño

Títeres **Tarabelos** (4): *Amoriños contei*

Ver Cultura no Camiño

**Teatro en punto:** *Merenda de libros*

Ver Coristanco, Outono Cultural de

**Ti e máis eu** Teatro (1): *O cadro do Espantallo*

Ver Cultura no Camiño

**Titereficciós:** *Cantos Contos Contas*

### **Referencias varias:**

- R. G., “A festa de sempre con música do país”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Agenda”, “Música”, 16 maio 2014, p. 4.

Dá conta da representación en Culleredo de *Cantos Contos Contas*, a cargo da compañía Titereficciós.

**O Trasno Novo Teatro:** *Conversas dende a cuneta mentres a vida pasa alá fóra*

**A Trastenda dos Contos:** *Contos de medo que deixan durmir*

Ver Cultura no Camiño

**Trécola** Teatro (1): *Traxicomedia de Calixto e Celestino*

Ver Bonecos do Atlántico, I Encontro

**Trécola** Teatro (2): *Nº 8 Rúa dos Contos*

Ver Carballiño, VI Festival de Títeres do

**Os Tres Tenedores:** *Petiscos musicais*

Ver Faranduleando

Títeres **Trompicallo** (1): *O día que chegou unha nube que choveu*, dirección Luís González

Ver Bebesцена

Ver Cariño, XXXVI Mostra de Teatro Galego de

#### **Referencias varias:**

- C. P. R., “Títeres, música, cine y fútbol sala despiden la Navidad en As Pontes”, *El Progreso*, “A Chaira”, 2 xaneiro 2014, p. 10.

Entre outras actividades que forman parte da programación de Nadal do concello de As Pontes, infórmase da representación desta peza na escola infantil A Barosa.

Títeres **Trompicallo** (2): *Jiñol*, texto e dirección Beatriz Sánchez

Ver Cultura no Camiño

#### **Referencias varias:**

- D. R., “Duncán presenta otro libro de ‘As crónicas do Bran’”, *El Ideal Gallego*, “Sada”, 12 xuño 2014, p. 22.

Dáse noticia, entre outras cousas, da posta en escena desta peza teatral na Casa da Cultura de Sada, e explícase o seu argumento. Infórmase de que a representación dorma parte da axenda cultural da vila.

- ECG., “Títeres, teatro y la magia de Cayetano en el fin de la Semana Cultural”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 1.018, 26 agosto 2014, p. 7.

Infórmase sobre o programa cultural desta localidade, dentro do cal atopamos a representación de *Jiñol*. Fálase tamén dos cambios na programación no caso de condicións meteorolóxicas adversas.

Títeres **Trompicallo** (3): *Osiño*, dirección Kevin Stewart

Ver Cambados, Ciclo de Teatro Infantil

Ver Cariño, XXXVI Mostra de Teatro Galego de

Ver Os Domingos... Teatro ás 6, Ciclo de Teatro Infantil de Cambados

### Referencias varias:

- C. P. R., “Títeres, música, cine y fútbol sala despiden la Navidad en As Pontes”, *El Progreso*, “A Chaira”, 2 xaneiro 2014, p. 10.

Entre outras actividades que forman parte da programación de Nadal do concello de As Pontes, infórmase da representación desta pezana Casa Dopeso da localidade.

- L. R., “La exitosa ‘A nena e o grilo’ abre un nuevo ciclo de teatro infantil”, *Diario de Arousa*, “Cambados”, 18 xaneiro 2014, p. 11.

Fala do programa “Os domingos... Teatro ás 6!”, que contará cos espectáculos *A nena e o grilo nun barquiño!* e *Osiño*, da compañía Trompicallo, *Chapuzas a domicilio*, de Expresións Producións e unha versión do conto *El soldadito de plomo*, a cargo de Baobab Teatro.

**A Tropa de Trapo:** *Antía, Wamba e o regato pequeno*, texto e dirección Brais Gutiérrez e Marta Ortiz

Ver Carballiño, XXV Festival de Teatro Galego do (FETEGA)

Ver Cultura no Camiño

**Troula** Animación: *Contos para facelo indio*

Ver Cultura no Camiño

**La Tuerka 27:** *Improcadabra*

Ver Faranduleando

**Viravolta** Títeres (1): *Vida, crimes e prisión de Toribio Mañón*, texto Luz Méndez e Viravolta Títeres, dirección Anxo García

### Referencias varias:

- M. T., “Viravolta hizo disfrutar a los pequeños”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 789, 5 xaneiro 2014, p. 6.

Dáse conta da representación desta peza na biblioteca municipal de Lalín, unha das actividades do programa de Nadal da vila.

**Viravolta** Títeres (2): *Barriga Verde*, texto tradicional e Viravolta Títeres, dirección Anxo García

Ver Ponte... na escena. II Edición do Festival Internacional de Teatro Lusófono  
Ver Titirinoia, II Edición do Festival de Monicreques

#### **Referencias varias:**

- M. C., “Barriga Verde volvió a San Froilán”, *El Progreso*, “Lugo”, “San Froilán 2014”, 8 outubro 2014, p. 8.

Entre as distintas actividades do San Froilán das que se fala, informa da representación desta obra no patio do Seminario de Lugo e que define como un “clásicos de las barracas en las patronales”.

**Viravolta** Títeres (3): *A frauta máxica*

Ver Cultura no Camiño

**Viravolta** Títeres (4): *Titiriteiros*, dirección Anxo García

Ver Cultura no Camiño  
Ver Faranduleando

**Viravolta** Títeres (5): *A frautista de Hamelín*, dirección Anxo García

Ver Faranduleando

**Voadora** Teatro: *Waltz*, dirección Marta Pazos

Ver Colorín Colorado, Ciclo Teatral

**A Xanela do Maxín** (1): *A pequena lúa*

Ver Festival de Nadal

#### **Referencias varias:**

- P. Calveiro, “La Panorama monta una gran verbena infantil”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, 27 decembro 2014, contracuberta.

Anuncia a posta en escena desta obra durante as xornadas do Festival de Nadal que comezou na fundación SGAE de Santiago de Compostela.

A **Xanela do Maxín** (2): *O murmurio do mar*

Ver Carballiño, VI Festival de Títeres do  
Ver Escena en Familia

A **Xanela do Maxín** (3): *Chincha rabincha*, texto Celtia Figueiras, dirección Luis Vallecillo

Ver Consorcio das Mariñas, X Festival Internacional de Títeres do  
Ver Cultura no Camiño  
Ver Escena en Familia



## VII. 4. CÓMIC

### VII. 4. 1. GALEGOS

**Bueno**, Fran, *Catálogo oneroso de beleza gratuíta*, VIII Premio Castelao de Banda Deseñada 2013, pról. Miguelanxo Prado, ilustr. do autor, A Coruña: Deputación da Coruña, [mocidade], [54] pp. (ISBN: 978-84-9812-248-0). ■

Banda deseñada de Fran Bueno (Santiago de Compostela, 1967) que comeza cunha dedicatoria “Para Eva, Marcelo e Nicolao” e cun fragmento dunha canción do grupo musical Radio Futura. A seguir, inclúe un prólogo de Miguelanxo Prado no que aborda o mundo da banda deseñada e a figura de Fran Bueno, de quen nomea algunhas das súas obras; así como unha introdución e unha pequena presentación ante o lector por parte do autor en primeira persoa. A obra está composta por unha enumeración de elementos que compoñen a realidade mediante corenta e seis fichas, que se presentan illadas nas respectivas páxinas do libro, pero que á súa vez se conectan co resto de fichas, dando forma ao que adiantaba Miguelanxo Prado no seu prólogo ao afirmar que é “outro xeito de construír a continuidade, de contar unha historia dunha forma que non semella estar sendo contada”.

**Cota**, Rodrigo (guión) e **Jano** (debuxos), *Nacho Camacho*, A Coruña: Demo Editorial, [mocidade], 2014, [51] pp. (ISBN: 978-84-940349-8-5).

Cómic humorístico-realista de Rodrigo Cota e Jano (nome artístico de Alejandro Viñuela), onde se conta a historia do protagonista, Nacho, que ten un fillo chamado Junior que é homosexual. Relátanse diferentes situacións nas que Nacho intenta que o seu fillo deixe de ser homosexual: acode a psicólogos, á bebida para deixar de lembralo e mesmo chega a facer o Camiño de Santiago para pedirlle o milagre ao Apóstolo Santiago. Reflictese en varias situacións que Nacho é un home atrasado, materialista, homófobo, bebedor e machista, que non é quen de aceptar a realidade e a liberdade de cada un.

#### Referencias varias:

- Ana López, “A historia dun tipo demasiado macho”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 5 agosto 2014, pp. 50-51.

Dáse a noticia da publicación deste cómic, froito do traballo conxunto do escritor Rodrigo Cota e do ilustrador Alejandro Viñuela, máis coñecido como Jano. Dise que o único obxectivo da obra é, a través da perspectiva do humor, acabar cos prexuízos que por desgraza, están moi asentados na sociedade actual, como é o caso do racismo, o machismo ou a homofobia.

- Mar Mato, “Tokio se sumerge en un crimen en el Vigo de los 80 entre la movida y las huelgas”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 6 setembro 2014, p. 34.

Destaca, entre as novidades editoriais, *A causa do crime*, presentada en “Viñetas desde o Atlántico”, na que Tokio rescata unha obra que publicara por entregas n’*A Peneira* e que contextualiza no Vigo industrial dos anos 80 “con el efervescente movimiento terrorista de aquellos años y la protesta sindical”. Explica que a protagonista, vinculada ao mundo sindical, decide investigar o crime e que ademais, como banda sonora, a través dun código QR que enlaza cunha listaxe de Spotify, se acollen actuacións de grupos como Siniestro Total ou Os Resentidos, xa que, segundo aclarou Manel Cráneo, os escoitou para se concentrar e traballar na historia. Engade que no mesmo selo editorial, Demo Editorial, verá a luz no outono *Nacho Camacho*, un antiheroe machista e retrógrado que se enfronta a un gran temor: ter un fillo adolescente homosexual. Remata adiantando que El Patito Editorial publicará a novela gráfica *Cidade de cristal*, de Paul Auster.

**Cráneo**, Manuel, *Diario de Pichük. O longo longöbio de Longölia*, ilust. do autor, A Coruña: Everest Galicia, col. Ler é vivir, serie Diario de Pichük. Planeta Mincha, a partir de 5 anos, 2014, [34] pp. (ISBN: 978-84-403-1254-9).

Nova entrega das aventuras de Pichük, de Manel Cráneo (A Coruña, 1973), na que o protagonista, xunto co seu colega e colaborador Riböt, viaxa a Longölia para resolver o enigma de desvelar onde se atopa a cabeza e a cara dunha especie que se chama longöbio, un ser dotado de miles de patas do que se di que hai miles de anos que ninguén lle ve a cara. Cansos de tanto camiñar e co tempo rematado para esta misión, o doutor Pichük e o seu axudante teñen que abandonar Longölia sen descubrir a misteriosa cara do longöbio. As ilustracións de carácter figurativo do propio autor amplían o texto, ao achegar informacións relevantes para a comprensión da historia.

**Fernández Serrano**, Jacobo, *Marcopola. A illa remeira, 3. Dragoneta!*, ilust. do autor, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Mérlyn cómics, serie Dragoneta! 3, [lectorado autónomo], outubro 2014, 54 pp. (ISBN: 978-84-9914-669-0).

Terceira entrega da serie “Marcopola. A illa remeira” que Jacobo Fernández Serrano (Vigo, 1971) iniciou con *As orixes de Marcopola* (2012). Nesta ocasión Demoneta, grazas á apócema máxica do alquimista Brisgovius transfórmase na “dragoíña máis pequena do mundo”, Dragoneta, quen manterá ese aspecto se fai unha boa acción. A trama consiste en dúas historias paralelas: as tentativas de Dragoneta para tentar axudar os que o precisen (un avó e a súa neta nunha gamela varada pola falta de vento, no preso ladrón Black The Tiger) e as aventuras da illa Marcopola e do oso Libro para evitar o plan malvado de Hurdo e Lurda. Ao final converxen ambas as dúas historias secundarias nunha, na que participan todos os personaxes e mesmo se adianta unha nova historia, Avoa Power, artellada ao redor das maldades que está a realizar o ladrón Black The Tiger na costa das patacas, onde vive a avoa do oso Libro. As ilustracións do propio autor céntranse nas accións emprendidas por todos os personaxes para lograr os seus obxectivos.

**Tokio**, *A causa do crime*, ilust. do autor, A Coruña: Demo Editorial, [mocidade], xullo 2014, 52 pp. (ISBN: 978-84-940349-9-2).

Banda deseñada de Tokio (nome literario de Alfredo López Fernández, Castrelos-Vigo, 1964) que se abre cunhas notas informativas do transcurso das accións da historia e un epígrafe no que se dá conta de que a banda sonora se pode baixar da aplicación Spotify que contén temas da movida viguesa. A seguir, reescíbese esta historia gráfica de ton policial e de misterio, que foi inicialmente publicada n' *A Peneira* nos anos oitenta, coa intención de se dirixir a un lectorado xuvenil e tamén ao adulto. A trama desenvólvese na cidade de Vigo en pleno apoxeo do narcotráfico, do movemento sindicalista e, sobre todo, da folga xeral galega contra o desmantelamento do tecido industrial e a reconversión naval. Alba, a protagonista, atópase facendo o seu traballo de electricista no evento de moda do teatro García Barbón, no que vai ser premiado Xilberte Merino, cando estoupa unha bomba que lle provoca a morte ao premiado. Tras este acontecemento, convértese en sospeitosa por se atopar no lugar dos feitos, por iso é interrogada e vixiada pola policía secreta e polo inspector Varela, altamente obsesionado co tema dos terroristas. Para demostrar a súa inocencia, Alba decide buscar probas e descubrir os culpábeis, misión na que é axudada polo seu compañeiro e veterano sindicalista Rique, desvelando a complexa trama que se agocha tras o atentado. As ilustracións figurativas e realistas do propio autor están reforzadas pola ausencia de cor, dado que só se usa o branco e negro para reflectir a época, a intriga, as inquiredanzas e, sobre todo, a esperanza que pouco a pouco se fai notar na lectura. Finalízase cunhas dedicatorias, a modo de epílogo, nas que reza: “Dedicado a Susín, ao Rata e ao Piti, espectros oníricos que me amosaron moitos camiños e me insinuaron algúns que nunca pisei. Ás/aos traballadoras/es que participaron nas mobilizacións dos 80, pois a súa loita permitiu un alento para a sociedade daqueles anos, e especialmente, ás/aos sindicalistas. A todas/os as/os que organizaron e participaron nos fanzines *Castrellis* e *Katarsis*, en especial aos irmáns Tizón, pois de seguro buscaban o xeito de deseñar outro mundo. A aquelas/es que fixeron posible a exposición de BD en Vigo en 1984, que quen sabe por onde andarán”.

### **Recensións:**

- R. S., “Reivindicación dos 80”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Cómic”, 22 agosto 2014, p. 11.

Dáse conta da publicación desta banda deseñada de Tokio. Despois de se referir á historia que se conta, destaca que contén moitos elementos que distraen, que resulta predicíbel e que o mellor é a reivindicación da xente que loitou.

### **Referencias varias:**

- Mar Mato, “Tokio se sumerge en un crimen en el Vigo de los 80 entre la movida y las huelgas”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 6 setembro 2014, p. 34.

Destaca, entre as novidades editoriais, a publicación desta banda deseñada en “Viñetas desde o Atlántico”, na que Tokio rescata unha obra que publicara por entregas n' *A Peneira*. Detense no argumento e salienta que a banda sonora se pode descargar a través dun código QR que enlaza cunha listaxe de Spotify, onde se acollen actuacións de grupos como Siniestro Total ou Os Resentidos, grupos que segundo o propio autor os escoitou para se concentrar e traballar na historia. Anuncia que no mesmo selo editorial verá a luz en outono *Nacho Camacho*, un antiheroe machista e retrógrado. Remata

adiantando que El Patito Editorial publicará a novela gráfica *Cidade de cristal*, de Paul Auster.

- Marta Veiga, “Tokio rescata o Vigo da reconversión naval e a movida en ‘A causa do crime’”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Literatura”, 8 novembro 2014, p. 59.

Anuncia a presentación desta novela gráfica na librería Totem de Lugo, do escritor Alfredo López, máis coñecido como Tokio. Indica que coa adaptación ao cómic do *thriller* policial publicado por entregas no ano 1987 pretende “rescatar a faciana máis esquecida e periférica dos anos oitenta”. Informa do argumento e da elección da protagonista coma un xeito de conectar coa actualidade. Destaca a importancia da música que acompaña a novela gráfica.

## VII. 4. 2. CÓMICS TRADUCIDOS, VERSIONADOS OU ADAPTADOS

**Karasik**, Paul e David **Mazzucchelli** (adapts.), *Cidade de cristal*, de Paul Auster, versión galega de Xavier Queipo, Santiago de Compostela: El Patito Editorial, [mocidade], 2014, 144 pp. (ISBN: 978-84-942206-9-2).

Adaptación á banda deseñada do relato *Cidade de cristal* de Paul Auster (Newark, New Jersey, 1947) –datado en 1985 e integrado na súa *Triloxía de Nova York*–, recoñecida pola prestixiosa revista estadounidense *The Comics Journal* como un dos “100 mellores cómics do século XX”, da man do escritor Paul Karasik (Washington D.C., 1956) e do debuxante David Mazzucchelli (Providence-EUA, 1960), e en tradución ao galego do escritor Xavier Queipo. Esta adaptación a unha nova linguaxe respecta as claves literarias inseridas por Auster e recorrentes na súa obra, como, entre outras, a importancia do azar, o xogo coas expectativas do lector, a abstracción ou a cidade de Nova York como espazo simbólico que inflúe na identidade do protagonista. O argumento arrinca cando Daniel Quinn, un escritor de novelas policiais, recibe unha chamada telefónica na que preguntan por unha axencia de detectives e lle ofrecen un caso. El acepta resolvelo, coma se se tratase dun profesional da investigación, e a partir deste episodio mergúllase en acontecementos estraños e divagacións varias que, de feito, o obrigan a asumir nomes diversos (ademais de Daniel Quinn, convértese en Paul Auster, Henry Dark e Peter Stillman), o cal acaba diluíndo a súa identidade e mergullándoo nun espazo de a cabalo entre a realidade e a ficción que mestura o xénero negro coa metaliteratura a través dunha planificación narrativa artellada en nove viñetas por páxina. Na obra percíbese unha atmosfera kafkiana e influencias a obras clásicas coma *O Quixote* e *Paradise Lost*.

### Referencias varias:

- Mar Mato, “Tokio se sumerge en un crimen en el Vigo de los 80 entre la movida y las huelgas”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 6 setembro 2014, p. 34.

Destaca, entre as novidades editoriais, a publicación desta banda deseñada en “Viñetas desde o Atlántico”, na que Tokio rescata unha obra que publicara por entregas n’*A Peneira*. Detense no argumento e salienta que a banda sonora se pode descargar a través dun código QR que enlaza cunha listaxe de Spotify, onde se acollen actuacións de grupos como Siniestro Total ou Os Resentidos, grupos que segundo o propio autor os escoitou para se concentrar e traballar na historia. Anuncia que no mesmo selo editorial verá a luz en outono *Nacho Camacho*, un antiheroe machista e retrógrado. Remata adiantando que El Patito Editorial publicará a novela gráfica *Cidade de cristal*, de Paul Auster.

**Zaldua**, Iban, *A vitoria final* (*Azken Garaipena*, 2012), Premio Euskadi de Literatura 2012, ilust. Julen Ribas, trad. Karlos Cid Abasolo e Ricardo Pichel Gotérrez, Santiago de Compostela: Urco Editora, 2014, [lectorado mozo], 52 pp. (ISBN: 978-84-15699-45-3).

Banda deseñada de ficción científica escrita por Iban Zaldúa (Donostia, 1966) e debuxada por Julen Ribas (Arrasate, 1981) que principia con dúas amplas dedicatorias: “O meu agradecemento para Julen e Dani, porque sen eles este proxecto tería sido imposíbel. Ao inventar ou ao reinventar a historia tiveron na miña mente, entre outros, a Philip K. Dick, Moebius, Jorge Luis Borges e Víctor Mora –aínda que eles non teñen a culpa do resultado: dígoo por se acaso–” e “O meu máis caloroso agradecemento a Olatz por estar sempre ao meu lado, a Dani pola confianza e axuda prestada, a Iban pola fermosa historia que creou, e á Asociación de Ikastolas por facer posíbel a revista de banda deseñada Xabiroi. Dedicado de corazón á miña familia: á miña nai, ao meu pai, ao meu irmán e especialmente a meu avó”. A trama parte da modificación dun acontecemento histórico: Alemaña gañou a Segunda Guerra Mundial, e narra unha historia de detectives ambientada na Alemaña do ano 2052. A protagonista é a tenente da policía Sigrid Frisch, unha muller que debece tanto polos cómics, que mesmo os le na comisaría cando ten tempo libre. Mentres está a ler un clásico que narra como Alemaña gañou a guerra, recibe o aviso de que uns cativos atoparon un cadáver nun canal. Sigrid desprázase ao lugar dos feitos e decátase de que non será un caso normal: unha Oberstandartenführer das SS e os seus soldados están a investigar e o cadáver ten embigo, algo imposíbel na Alemaña de 2052. A protagonista deberá correr riscos para descubrir a verdade, o que desembocará nun inesperado final.

## VII. 5. ENSAIO. TEORÍA XERAL. CRÍTICA

### VII. 5. 1. MONOGRAFÍAS, BIOGRAFÍAS, CRÓNICAS E LIBROS COLECTIVOS

**Beloso Neira, Loli**, *Luís Seoane para as nenas e nenos galegos*, limiares de Xosé Neira Vilas e Lino Lago, Santiago de Compostela: Finis Terrae Ediciones, 2014, 60 pp. (ISBN: 978-84-942091-6-1).

Biografía novelada de Luís Seoane (Bos Aires, 1910-A Coruña, 1979) realizada por Loli Beloso e encabezada por dous limiares. No primeiro, intitulado “Entrañable Seoane”, Xosé Neira Vilas salienta que esta autora, que o ano anterior publicara unha bibliografía novelada de Isaac Díaz Pardo, optou en 2014 por publicar outra sobre o seu amigo Luís Seoane; rememora a relación que el e a súa muller Anisia mantiveron con Seoane e resalta “a prosa eficaz e moi fluída” da autora neste libro, ao que cualifica “de gran significación porque é necesario que os nenos e nenas coñezan a traxectoria dos nosos grandes artistas e activistas culturais”. No segundo limiar, “Luís Seoane”, Lino Lago considera a Luís Seoane como “un dos artistas de principios do século XX que foron revolucionarios pola súa sinxeleza nas formas”, destaca que os seus debuxos “representaban aspiracións de algo mellor, de xuventude e forza de crear o futuro a golpe de traballo, orixinalidade e boas intencións” e remata valorando a escolla de Loli Beloso porque é unha canle “para que a vida e obra duns seres excepcionais, como Isaac Díaz Pardo e Luís Seoane, tamén chegue aos seus pais e avós”. A biografía artéllase nun capítulo inicial de presentación no que se explica que Manuel, Marta, Susiño e Loli, dos que hai un ano se narrara a excursión que fixeran ao Museo Carlos Maside no Castro e ás empresas de Sargadelos, emprenden agora unha nova visita, á que se sumaron tamén Nati e José, para coñecer nesta ocasión a Luís Seoane. A seguir nárrese a biografía deste creador: o seu nacemento, a súa fuxida a Bos Aires por mor da Guerra Civil española, a súa amizade con outros artistas galegos, o labor na imprenta Nós, a relevancia da súa muller María Elvira Fernández López, dos seus “colegas” e amigos xudeus en Bos Aires, o seu labor como fundador de editoriais e revistas, a súa produción literaria e artística, a creación do Laboratorio de Formas con Isaac Díaz Pardo, os galardóns recibidos, o seu regreso a Galicia, a inauguración do Museo Galego de Arte Contemporánea Carlos Maside e a derradeira viaxe a Galicia. Esta biografía novelada complementase coa “bibliografía”, os agradecementos e dedicatoria da autora e unha breve semblanza desta.

#### Referencias varias:

- Belén López, “Para que Díaz Pardo e Seoane queden gravados”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 5 xuño 2014, p. 59.

Fala da presentación desta obra no colexio de Marcón e da contribución da autora á Fundación xenómica de Carracedo, a través dos seus libros, para honrar a xenerosidade de Luís Seoane.

**Macedo**, Ana Cristina, Eulalia **Agrelo** e Sara **Reis da Silva** (coords.), *Formação leitora. Obras imprescindíveis / Formación lectora. Obras imprescindíveis*, Porto: Tropelias&Companhia, 2014, 270 pp. (ISBN: 978-989-8582-36-2).

Volume xurdido dos traballos e reflexións de diferentes estudosos galegos e portugueses, tras a súa participación nos 19<sup>os</sup> Encontros Luso-Galaico-Franceses do Livro Infantil e Juvenil, celebrados na cidade de Porto en novembro de 2013, como se refire na presentación das coordinadoras. A monografía divídese en estudos, unha entrevista, experiencias e propostas didácticas, ademais de recensións críticas de investigadores portugueses e galegos que se expresan nas súas linguas. En relación coa Literatura Infantil e Xuvenil galega acóllense os seguintes traballos:

- Marta Neira Rodríguez, “Obras imprescindíveis na Literatura Infantil e Xuvenil galega no século XX”, “Estudos”, pp. 13-37.

Despois dunha breve introdución na que se lembra cando se constituíu a Literatura Infantil e Xuvenil galega en sistema literario, préstaselle atención a un grupo de obras que marcaron o devir desta literatura e que poden ser consideradas obras imprescindíveis nos períodos que se establecen: “1950-1980” e “1980-2000” en dous subsistemas, o infantil e o xuvenil, nos cales se elixen mostras dos tres xéneros canónicos (narrativa, poesía e literatura dramática).

- Berta Dávila Fernández, “A formación do lector de poesía e a obra de Antonio García Teijeiro”, “Estudos”, pp. 39-55.

Analízanse algúns dos obxectivos e dos retos que se lle presentan ao mestre de Educación Primaria no proceso de formación do lector competente de poesía, situando o foco de atención na poesía infantil como xénero, nas achegas que comporta e nas dificultades que supón a súa introdución nas aulas. Exemplifícase coa obra de Antonio García Teijeiro.

- Carmen Ferreira Boo, “A colección ‘Tras os Montes’ de Kalandraka Editora”, “Estudos”, pp. 57-71.

Despois de salientar a importancia de Kalandraka Editora para esta literatura e para o álbum de calidade, faise un percorrido histórico polos títulos publicados dende 1998 a 2013 na colección “Tras os Montes”, dedicada á tradución de álbums de autores clásicos contemporáneos universais, entre os que figuran Arnold Lobel, Maurice Sendak, Leo Lionni, Eric Carle, Anthony Browne e Janosh, apuntando as súas características textuais e visuais.

- Blanca-Ana Roig Rechou, “Autores imprescindíveis de Kalandraka Editora”, “Entrevistas”, pp. 145-155.

Despois de aludir ao proceso de xestación de Kalandraka editora e ao seu proxecto cultural, ofrece unha aproximación á biografía e obra de tres dos autores que forman parte do seu catálogo: Chema Heras, Olalla González e Marc Taege. Tamén recolle os seus comentarios e reflexións sobre diferentes cuestións relacionadas coa Literatura Infantil e Xuvenil e a súa obra creativa.



- Eulalia Agrelo Costas e Carmen Ferreira, “Das reescrituras poéticas dos contos da transmisión oral á práctica lectora e creativa: *Rata linda de Compostela*, de Bernardino Graña e *A casa de había unha vez*, de Ana María Fernández”, “Formación lectora: experiencias e propostas”, pp. 159-196.

Repárase na transcendencia dos contos da transmisión oral para a Literatura Infantil e Xuvenil, nas súas características formais e estruturais, nos seus valores formativos. Logo céntranse nas reescrituras, exemplificándoas con *Rata linda de Compostela*, de Bernardino Graña, e *A casa de había unha vez*, de Ana M<sup>a</sup> Fernández. Realízase unha achega a estes autores e obras, ofrecendo unha proposta de actividades para potenciar a adquisición de competencias básicas e desenvolver a educación literaria e o hábito lector en diferentes contextos de aprendizaxe (aulas de ensino, bibliotecas, ludotecas etc.).

- Mar Fernández Vázquez, “A literatura dramática nas aulas. *As laranxas máis laranxas de tódalas laranxas*, de Carlos Casares. Visualización da versión teatral”, “Formación lectora: experiencias e propostas”, pp. 197-207.

Salienta a importancia de tratar a literatura dramática nas aulas pola dualidade texto e representación escénica que posúe o teatro. Exemplifica o tratamento da literatura dramática nas aulas coa galardoadada peza infantil *As laranxas máis laranxas de tódalas laranxas*, de Carlos Casares, un dos autores clásicos contemporáneos da Literatura Infantil e Xuvenil galega. Dá conta das representacións das que foi obxecto e propón actividades lúdicas, de comprensión lectora, de estímulo da creatividade, de análise da peza casariana, así como de ampliación dos coñecementos adquiridos por parte do alumnado de distintos niveis do ensino.

- Isabel Mociño González, Mar Fernández Vázquez e Carmen Ferreira Boo, “A ficción científica nas aulas do ensino secundario”, “Formación lectora: experiencias e propostas”, pp. 209-226.

Comezan incidindo na necesidade de buscar “obras literarias de calidade que estimulen o interese da adolescencia e mocidade pola lectura” e afirman que a narrativa de ficción científica resulta un produto literario que ofrece numerosas posibilidades, xa que conecta cos intereses e inquietudes do lectorado desas franxas de idade polo feito de que recrea universos futuristas e mundos distantes e de que conta cunha gran presenza en medios como o cinema. Fan unha sintetizada aproximación ás características e ás potencialidades da ficción científica á hora de fortalecer o hábito lector entre os máis novos. Propoñen actividades didácticas e outros materiais complementarios, caso de referencias bibliográficas e enlaces en liña, exemplificándoas co relato *Perigo vexetal* (Edicións Xerais de Galicia, 1995), de Ramón Caride Ogando.

- Mónica Álvarez, “*Literatura para a Infância e a Juventude e Educação literária* (2013), de Maria Madalena Marcos Carlos Teixeira da Silva e Isabel Mociño González (eds.)”, “Recensións críticas”, pp. 229-235.

Preséntase unha descrición exhaustiva de cada un dos traballos que se inclúen nesta monografía, diferenciándoos segundo os bloques temáticos nos que se estrutura: “Estudos”, “Entrevista”, “Formação leitora. Experiencias e propostas” e “Recensões críticas”. Do primeiro dos bloques, apunta que inclúe oito traballos que abordan a

relación entre Educación Literaria e Literatura Infantil e Xuvenil, a través da perspectiva teórica, da produción e da difusión. Do bloque “Entrevista”, comenta que se recollen as impresións dos creadores sobre as implicacións da difusión e da creación literarias, que no ámbito galego se relacionan coa celebración do vinte e cinco aniversario do Premio Merlín. No seguinte dos bloques, dá conta das catro propostas didácticas recollidas na monografía. E por último nomea o conxunto de monografías incluídas no bloque de “Recensións críticas”, xa que versan todas elas sobre Literatura Infantil e Xuvenil.

- Eulalia Agrelo Costas, “*La Familia en la Literatura Infantil y Juvenil/A Família na Literatura Infantil e Juvenil* (2013), Ana Margarida Ramos e Carmen Ferreira Boo (eds.)”, “Recensións críticas”, pp. 237-244.

Comeza reparando na variabilidade do concepto de familia, na súa plasmación na Literatura Infantil e Xuvenil e no feito de que os pais e nais recorren, cada vez con maior frecuencia, a textos desta literatura “para levar a cabo a tarefa de mediación entre os fillos que potencie o seu imaxinario, instale neles o hábito lector e contribúa, en definitiva, á súa formación”. A seguir céntrase na monografía, precisando en primeiro lugar que tivo o seu xermolo nas reflexións feitas nas II Jornadas Internacionais de Crítica e Investigación en Literatura Infantil y Juvenil, celebradas na Universidade de Vigo en maio de 2012. Indica que contén trinta textos “que corresponden a estudos, reflexións e experiencias” sobre a temática da familia en España, Portugal, Italia, Alemaña e Estados Unidos e remata afirmando que os traballos que conforman esta monografía “revelan análises e conclusións ben meditadas e esclarecedoras, ao tempo que contribúen a unha maior visualización da produción literaria infantil e xuvenil e mesmo a prestixiala por ser abordada dende presupostos teóricos e metodolóxicos actuais e multidisciplinares”.

- Laura Blanco Casás, “*La Guerra Civil española en la narrativa infantil y juvenil* (2012), B. A. Roig Rechou, V. Ruzicka Kenfel e A. M. Ramos (eds.)”, “Recensións críticas”, pp. 245-248.

Coméntase esta monografía publicada pola editora portuguesa Tropelias&Companhia e polo Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela. Coméntase a magnitude e repercusión que esta temática ten na literatura para a infancia e a xuventude do marco ibérico e a continuación sinálase a estrutura do volume, que consta de tres capítulos principais ben artellados (“1936-1975. Contexto socio-educativo y cultural. El inicio de la temática”, “1975-2008. Contexto sociopolítico y cultural. Creciente visibilidad de la temática” e “Estudio comparado y la recepción del proyecto”), que inclúen descritores da produción que serven para amosar a evolución desta temática na LIX. Por último, salientase a importancia do tema nas manifestacións literarias nacionais e internacionais e indícase que calquera interesado se poderá achegar a este traballo “imprescindible” en busca de obras “para os máis pequenos que os alerten e conciencien sobre as consecuencias de calquera conflito deste tipo”.

- Berta Dávila Fernández, “*Premios Literarios e de Ilustración na LIX* (2013), Blanca-Ana Roig Rechou, Isabel Soto López e Marta Neira Rodríguez (coords.)”, “Recensións críticas”, pp. 249-252.

Comeza precisando que nesta monografía se recollen achegas expostas no marco do X Curso de Formación da Rede LIJMI, nas que se analizan e avalían o impacto dos premios literarios no panorama da LIX. Destaca do estudo introdutorio de Anxo Tarrío a relación entre os premios e “conceptos como autoría, canonización, institución literaria ou best-séller, entre outros” e os trazos definitorios dos estudos sobre os premios literarios nos distintos ámbitos lingüísticos que abrangue a citada Rede LIJMI, reparando en que na panorámica sobre os premios da LIX galega, Blanca-Ana Roig e Isabel Soto conclúen que “os premios literarios supuxeron unha contribución importante na conformación da LIX en lingua galega e na canonización dunha serie de autores e a súa posterior visualización máis aló do ámbito galego”. Finaliza afirmando que esta monografía constitúe unha referencia obrigada para investigadores e tamén para aquelas persoas que interveñen como mediadores, xa que a reflexión sobre o influxo dos premios na canonización de obras e autores pode alimentar no mediador unha análise crítica da súa propia función no proceso e contribuír tamén a que asuma un papel máis consciente como actante na formación do universo cultural dos mozos lectores.

- Paulo Alexandre Pereira, “*Anuario de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil (AILIJ)*, volume 11 (2013)”, “Recensións críticas”, pp. 257-264.

Comeza resaltando a importancia da Literatura Infantil e Xuvenil ao incidir no feito de que os estudos ofrecidos neste número de *AILIJ* documentan a consolidada maturidade epistemolóxica da investigación en LIX e afirma a “pertinencia de averiguar a fecunda porosidade do discurso literario infantojuvenil en relación à cultura *highbrow* ou de examinar as recentes innovacións detetáveis nos planos da súa sintaxe ou elocución, ou aínda, na necesaria sondagem prospetiva em torno dos desafios compositivos e pragmáticos colocados pelos novos formatos literarios multimodais ou pela desconcertante proliferação de circuitos de difusión do texto (para)literario”. Resalta en xeral que os traballos ofrecidos acentúan a complicidade das interrogantes teórico-metodolóxicas coas que hexemonizan a máis recente reflexión no dominio da teoría da literatura e apunta brevemente os enfoques máis relevantes deses traballos. Finaliza subliñando que neste volume de *AILIJ* se inclúen, así mesmo, recensións de estudos monográficos, dos que afirma que “neles se intuí o mesmo saudábel ecletismo crítico que se destacou nos estudos resenhados” antes de rematar aledándose de que, á vista do contido deste volume, “vário e fecundo se anuncia, pois, o devir da investigação dedicada à produção literária para a infância e juventude”.

- Ana Isabel Pinto, “*De la Literatura Infantil a la Promoción de la Lectura* (2013), Sandra Álvarez Ledo, Carmen Ferreira Boo e Marta Neira Rodríguez (eds.)”, “Recensións críticas”, pp. 265-270.

Comeza resaltando a importancia de adquirir competencia lectora antes de centrarse na monografía, da que precisa o formato e os catro bloques de contidos. Salienta os aspectos máis relevantes dos distintos estudos recollidos no libro: a importancia da formación do mediador da lectura e no seu papel decisivo no proceso de formación lectora; a reivindicación da Literatura Infantil e Xuvenil como “arte”; a revista crítica *Malasartes: Cadernos de Literatura para a Infância e Juventude* como “um importante e útil instrumento de apoio a mediadores de leitura e investigadores”; e a necesidade de cursos de formación, como o realizado anualmente na Universidade de Santiago xa que, “dá a coñecer instrumentos didácticos cara á educación literaria, que se ofrecen, sobre todo, a partir de obradoiros, aspecto fundamental para a formación dos educadores e mediadores”. Respecto aos traballos ofrecidos no CD-Rom, sinala a liña de cada unha

das achegas e remata afirmando que esta monografía “vem, por un lado, reforzar a importancia da promoción da lectura literaria e, por outro, contribuir para un coñecemento máis significativo sobre a literatura infantil e as prácticas de promoción da lectura”, polo que ten que ser unha obra de referencia “para todos os mediadores de lectura (en especial pais, profesores, bibliotecarios e estudiosos)” e así “axudar a construír unha efectiva 'cidadanía de lectores’”.

### **Recensións:**

- Alba Rozas Arceo, “Ana Cristina Macedo, Eulalia Agrelo Costas e Sara Reis da Silva (coords.), *Formación lectora. Obras imprescindíbeis*”, *Anuario de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil (AILIJ)*, n.º 12, 2014, pp. 171-175.

Despois de achegar información xeral sobre o tema e a finalidade do volume de valorar a relevancia do conxunto de obras da Literatura Infantil e Xuvenil para a formación lectora, ofrécese unha recensión crítica da monografía *Formación lectora. Obras imprescindíbeis/Formação leitora. Obras imprescindíveis*, analizando o contido de cada un dos apartados que a compoñen en función das achegas e as eivas que presentan.

- Pilar Bendoiro, “Cara á educación literaria”, *El Correo Gallego*, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Tendencias”, “ELOS de lectura”, 19 novembro 2014, p. 44.

Despois de se referir á maior atención que está a suscitar a Literatura Infantil e Xuvenil e a educación literaria, entendida esta como unha metodoloxía de traballo que permite a consecución e activación de saberes culturais, literarios e sociais, valora o traballo que realizaron diferentes estudosos que participan nesta monografía, moitos deles membros da Rede Temática de Investigación LIXMI. Describe o contido do monográfico e considera a obra de sumo proveito para todo aquel que pretenda alcanzar un coñecemento máis profundo e sistemático de obras entendidas como básicas na formación dun lector competente e crítico, que se amplía coas recensións sobre publicacións actuais que enfocan, dende a crítica e investigación, esta Literatura de potencial recepción infantil e xuvenil.

### **Referencias varias:**

- ELOS, “Tropelias&Companhia”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 4 setembro 2014, p. 44.

Consideran protagonista a editorial portuguesa Tropelias&Companhia por afrontar a publicación da monografía *Formación lectora. Obras imprescindíbeis*, na que se inclúen os traballos que tiveron a súa orixe nos 19<sup>os</sup> Encontros luso-galaico-franceses do Libro Infantil e Xuvenil. Avánzanse os contidos abordados nos estudos, propostas lectoras, lecturas e comentarios críticos.

**Queizán**, María Xosé, *Emilia Pardo Bazán. Unha nena seducida polos libros*, cronoloxía e escolma Mónica Bar Cendón, ilust. Ana Santiso, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Sopa de Libros, n.º 51, a partir de 10 anos, xaneiro 2014, 101 pp. (ISBN: 978-84-9914-618-8).

Biografía de Emilia Pardo Bazán (A Coruña, 1951-Madrid, 1921) realizada por María Xosé Queizán. Iníciase cunha contextualización dos descubrimentos científicos e dos avances que se produciron no século XIX, no que nace a autora coruñesa, para que a nenez repare na súa “repercusión na vida diaria” e saiba que Emilia Pardo Bazán “foi testemuña e gozou destes importantes cambios”. Destaca que Pardo Bazán naceu co don da “curiosidade, o afán de saber, que non a vai abandonar en toda a súa vida” e co pracer da lectura, gozando da biblioteca de seus pais, sobre todo do *Quixote* e de “misteriosos libros” que eles colocaran no último estante porque “non eran adecuados para unha nena”, que paseaba pola praza de María Pita, que seus pais a casaran con Xosé Quiroga aos dezaseis anos, que o nacemento dos seus fillos coincidiu con recoñecementos e edicións das súas obras iniciais, até se converter na “gran creadora da narrativa moderna española de finais do século XIX e principios do XX”; que o oficio de escritor era considerado “masculino” e que criticaba as desigualdades sociais das mulleres, sen acceso á educación e á universidade. Incide en que foi unha activa feminista, que coñeceu de primeira man a decadencia da fidalguía galega, que abordou temáticas como a pena de morte, a defensa da xustiza e da verdade; que criticou os vicios da súa época e defendeu “unha sociedade máis humanitaria”. Remata recomendando a lectura de Emilia Pardo Bazán porque “será un pracer e un chafariz de coñecementos”. A seguir ofrécese unha “Cronoloxía” da vida desta autora coruñesa, que se acompaña de retratos familiares, e reproducése unha “Escolma” da extensa produción de Emilia Pardo Bazán, organizada nas seccións “Textos autobiográficos”, “Artigos” e “Novelas e contos”, encabezados cada un deles por unha breve nota explicativa do seu contido e da obra na que foi publicado. Esta biografía complementase coas ilustracións de Ana Santiso, onde emprega a acuarela dunha maneira saturada, destacando as cores frías e cun carácter realista, aínda que as escenas recordan os sonhos, están asiluetadas dunha liña sutil negra, creando pequenos trazos para representar as sombras. Tamén se empregan fotografías reais da traxectoria dende nena de Emilia Pardo Bazán.

### Recensións:

- Paula Fernández, “Imaxes de Dona Emilia”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 497, “Libros”, 24 abril 2014, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 450, “Letras galegas”, 26 abril 2014, p. 10.

Comeza indicando que esta obra tenta achegar a biografía de Emilia Pardo Bazán ao alumnado de Educación Primaria. Salienta as dificultades que entrañaba a época na que viviu a escritora para as mulleres polo mero feito de seren mulleres. Porén, destaca que Pardo Bazán foi quen de loitar polas súas pretensións e fai fincapé na súa faceta como precursora do feminismo en Galicia. Para rematar, comenta o bo facer da ilustradora Ana Santiso.

**Roig Rechou**, Blanca-Ana, Isabel **Soto López** e Marta **Neira Rodríguez** (coords.), *Inmigración/Emigración na LIX*, ilust. da cuberta e interiores Luis Baizán Arroba e Javier Vilas León, Vigo: Edicións Xerais de Galicia/LIJMI, 2014, 452 pp. (ISBN: 978-84-9914-723-9).

Décima entrega dos volumes monográficos da Red Temática “Las Literaturas Infantiles y Juveniles del Marco Ibérico e Iberoamericano” (LIJMI), no que se ofrece un achegamento a un corpus de obras centradas nos fluxos migratorios e que suscitan a reflexión dende un punto de vista sociolóxico, pois amosan novas identidades que fan visíbel a condición e as experiencias das persoas inmigrantes, ao tempo que inciden nunha visión da literatura como vehículo de comprensión cultural da sociedade multicultural que hoxe en día se lles ofrece aos máis novos, dándolles a oportunidade de interactuar con novas formas de ver e construír o mundo. O volume comeza coa presentación deste tema dende o punto de vista teórico, por parte da investigadora Margarida Castellano, nun estudo no que aborda os factores temáticos que entraron a formar parte da literatura a partir dos movementos migratorios que tiveron lugar ao longo do século XX, marcado ademais por procesos de descolonización e a globalización; e no que fala dunha produción identificada con etiquetas como “literatura de exilio”, “literatura periférica”, “literatura de inmigración” ou “literatura transnacional”, que reclama a revisión do concepto de identidade, a posta en valor do relato doutras voces e doutras experiencias diferentes e heteroxéneas e mesmo a reformulación do concepto de lectura. A seguir acóllese un apartado con estudos panorámicos tanto do ámbito ibérico, coma do iberoamericano; e “Unha selección para a educación literaria” e “Comentarios cara a formación lectora”, nos que se presentan análises pormenorizadas de sesenta e sete obras da selección, así como dalgunhas obras en lingua inglesa, coa intención de ofrecer claves de interpretación que resulten de utilidade para afondar na educación literaria. Péchase o volume cun traballo centrado na representación dos fenómenos de inmigración/emigración nas manifestacións artísticas, no que as investigadoras María Jesús Agra Pardiñas e Carmen Franco Vázquez afondan nas relacións que se establecen entre arte, emigración e ilustración. No primeiro apartado, realizan un breve percorrido polo século XX, centrando a atención na fotografía como medio para reflectir a migración e nalgúñas actuacións performativas desenvolvidas no século XXI; e no segundo apartado, analizan e interpretan o álbum *Emigrantes* (2007), de Shaun Tan.

En relación coa literatura galega, acóllense os seguintes traballos:

- Verónica Casais Vila, Mar Fernández Vázquez e Alba Rozas Arceo, “A representación da emigración/inmigración na narrativa infantil e xuvenil. Século XXI”, “Panorámicas do ámbito ibérico”, pp. 57-83.

Comezan ofrecendo unha breve introdución sobre a importancia das migracións e o seu estudo dende distintas disciplinas e delimitan o obxecto de estudo do traballo aos diferentes movementos migratorios de galegos cara ao exterior e do Outro cara a Galicia. A seguir, comentan e analizan a representación desta temática nas obras narrativas da Literatura Infantil e Xuvenil galega publicadas no século XX e na primeira ducia de anos do século XXI, agrupando por unha banda as que abordan a emigración e, por outra, as da inmigración, mais respectando a orde cronolóxica da publicación desas narracións. Propoñen unha tipoloxía desa produción narrativa e definen os trazos que diferencian as narracións causativas, das focais e das resultativas. Conclúen resaltando que as migracións non constitúen un tema “recorrente e central” na LIX galega, marcando os lugares cara a onde se emigra/inmigra, precisando as causas detonantes das migracións e incidindo na dobre perspectiva positiva e negativa que se representa destes fenómenos migratorios na narrativa infantil e xuvenil galega.

- Eulalia Agrelo Costas, “Unha emotiva expresión da inmigración: *Lúa do Senegal*, de Agustín Fernández Paz”, “Comentarios cara a formación lectora”, “Ámbito ibérico”, pp. 239-252.

Comézase aludindo ao feito migratorio e á súa presenza na Literatura Infantil e Xuvenil galega. A seguir, abórdase con detalle a obra *Lúa do Senegal* (2009), de Agustín Fernández Paz. Analízanse os seus elementos paratextuais e dáse conta dos elementos narratolóxicos máis relevantes desta ficción, así como se profunda na viaxe emocional e física que provoca a experiencia da emigración para Khoedi, a nena africana protagonista. Tamén se tratan os diálogos intertextuais que se abren con outras obras galegas e da literatura universal e incídese nos valores que salpican toda a obra (solidariedade, igualdade...). Entre as mensaxes que lle envía *Lúa do Senegal* ao lector, sobresaí a necesidade dos inmigrantes de implicarse na sociedade de recepción, sen por iso rexeitar a identidade de orixe, para camiñar con seguridade cara ao futuro.

- M<sup>a</sup> del Carmen Ferreira Boo, “A inmigración desde África: *A lagoa das nenas mudas*, de Fina Casalderrey”, “Comentarios cara a formación lectora”, “Ámbito ibérico”, pp. 175-189.

Ofrécese unha breve achega á traxectoria profesional e literaria de Fina Casalderrey e aos trazos temáticos e estilísticos xerais que caracterizan a súa produción de narrativa infantil e xuvenil. Despois resúmese o argumento d’*A lagoa das nenas mudas* (Xerais, 2006), analízanse os temas que se tratan en relación coa problemática da inmigración, como son as dificultades de adaptación, a falta de papeis, o proceso de regularización, a descuberta dunha nova realidade, a integración escolar, a incomunicación por cuestións lingüísticas, os feitos ou expresións que denotan racismo e os prexuízos. Tamén se repara no significado que achegan os paratextos e nas diferentes estratexias narrativas empregadas, entre as que salienta a alternancia das voces narrativas, entre o narrador en terceira persoa nos capítulos impares e a narración epistolar da protagonista nos capítulos pares, e a desdramatización pola vía do humor.

- Isabel Mociño González, “*Orballo da mañá...* ou a odisea da inmigración a Europa, de David D. Vázquez Álvarez”, “Comentarios cara a formación lectora”, “Ámbito ibérico”, pp. 313-327.

Achega á produción de David D. Vázquez Álvarez *Orballo da mañá...* (Baía Edicións, 2006), do que se sobrancea que en cada unha das súas novelas xuvenís abrolla un fondo sentido da xustiza, da igualdade e da convivencia en harmonía dos pobos, cunha especial atención ao papel das mulleres. Dise que estes elementos están presentes en *Orballo da mañá...*, novela na que se centra o comentario e análise do seu contido. Ponse de relevo a gran sensibilidade que amosa o creador ante o drama da inmigración ilegal, o afán por darlle voz aos miles de persoas que buscan un futuro mellor arriscando as súas vidas e descríbese o argumento da obra, ademais de deterse na análise do papel das mulleres, contrastando o seu labor de sustento no plano doméstico, fronte á supeditación no social; e na percepción do lugar de chegada, que devala entre o rexeitamento e a indiferenza, poñendo de relevo os atrancos e barreiras que presenta a nova cultura de acollida para os inmigrantes. Por todo isto conclúese que é un relato conmovedor que fomenta a reflexión e comprensión intercultural.

## Recensións:

- Pilar Bendoiro, “Inmigración e emigración na literatura para os novos”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 17 xullo 2014, p. 36.

Resúmese o contido desta monografía, destacando o traballo introdutorio e dando conta dos estudos panorámicos do ámbito ibérico e iberoamericano sobre esta temática, da selección de títulos e dos “Comentarios cara a formación lectora”, que afondan en como levar a cabo a educación literaria. Salienta que é un traballo centrado na representación dos fenómenos de inmigración/emigración nas manifestacións artísticas e un vehículo para a comprensión cultural da sociedade multicultural.

- Karina de Oliveira, “Blanca-Ana Roig Rechou, Isabel Soto López e Marta Neira Rodríguez (coords.), *Inmigración/Emigración na LIX*”, *Anuario de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil (AILIJ)*, n.º 12, 2014, pp. 183-187.

Despois dunha introdución sobre as implicacións dos fenómenos migratorios que constitúen o tema principal desta monografía, ofrécese unha recensión crítica analizando o contido de cada un dos capítulos que a compoñen, resumindo e destacando a información relevante que achegan.

- Ana Evaristo, “*Inmigración/Emigración na LIX*, Blanca-Ana Roig Rechou, Isabel Soto López e Marta Neira Rodríguez (coords.)”, *RUA-L, Revista da Universidade de Aveiro-Letras*, n.º 3 (II série), Edição Pública: Universidades e Municípios, coordenação João Manuel Nunes Torráo, “Recensões/Textos de Apresentação”, 2014, pp. 151-154.

Despois de se referir á Rede temática de investigación “Las Literaturas Infantiles y Juveniles del Marco Ibérico e Iberoamericano” (LIJMI), describe o volume, refírese a todos os seus artigos e di que se trata dunha obra de referencia para investigadores e profesionais de educación, pois permite alongar horizontes acerca das representacións literarias do fenómeno dos fluxos migratorios, contribuíndo a unha maior comprensión e aproximación entre pobos e culturas, xa que nel hai panorámicas do desenvolvemento desta temática en cada un dos ámbitos que constitúen a rede, así como comentarios dunha selección de obras cara á formación lectora que di pode axudar moito aos profesionais da educación. Destaca algún dos traballos e, en xeral, di que todos responden con reflexións de cariz teorizante que contextualizan as análises particulares, centradas sobre esas obras concretas e seleccionadas polo interese e relevo. Remata dicindo que é un volume que dá continuidade aos traballos deste grupo de investigadores que estudan a produción, recepción e mediación, divulgación, promoción da LIX, enriquecida polo marchamo teórico que sempre enmarca todos os seus traballos.

## Referencias varias:

- ELOS, “Edicións Xerais de Galicia”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 2 xullo 2014, p. 43.

Saliéntase esta editorial por manter a colección que acolle as investigacións anuais da Rede Temática LIJMI, que vén de publicar *Inmigración/Emigración na LIX*, sobre os



fluxos migratorios na Literatura Infantil e Xuvenil do ámbito ibérico e iberoamericano. Lémbrense os títulos anteriores desta colección.

**Soutullo**, Xosé Manuel (coord. ed.), *Agustín Fernández Paz. Na casa da esperanza*, Santiago de Compostela/Trasalba (Amoeiro-Ourense): Xunta de Galicia (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Secretaría Xeral de Política Lingüística), 2014, 115 pp. (ISBN: 978-84-617-0445-3). ◆

Ábrese o volume co texto “Compromiso coa lingua” asinado pola Fundación Otero Pedrayo e no que se sinala que a persoa merecente do Premio Trasalba 2014 é Agustín Fernández Paz, a quen consideran unha das personalidades máis sobranceiras da Literatura galega e máis comprometida na defensa, dignificación e uso social da lingua galega. Anúncianse os contidos que ofrece o presente volume e faise un breve repaso pola historia da Literatura Infantil e Xuvenil galega, dende a aparición d’*As Roladas* en 1922 até os anos 70 e 80, destacábeis polos movementos de renovación pedagóxica, que defendían unha escolarización comprometida coa lingua e a modernidade. Neste marco sitúase a Fernández Paz, que participou dun modo activo na creación de textos para a nova realidade de lectores a partir da década dos 80 e na reflexión, estudo e práctica pedagóxica dos novos mestres. Despois da laudatio presentada por Francisco Castro, no apartado “Dende o centro do mundo”, recóllense dous ensaios representativos do pensamento do autor -un referido á súa visión da literatura e outro sobre a situación da lingua galega nos últimos anos co título de “Do pasado e do futuro” (pp. 27-35). A seguir, no apartado “Andar camiño”, inclúense fotografías de diferentes etapas da súa vida e, no denominado “Cartas dos amigos”, reproducense textos nos que as súas amizades falan sobre a relación que os une ao escritor vilalbés. Péchase o volume cunha “Cronobiografía”, na que se recollen aqueles feitos máis relevantes da súa vida e obra. Os artigos relacionados con aspectos biobibliográficos de Fernández Paz son os seguintes:

- Francisco Castro, “Agustín Fernández Paz, enxeñeiro da utopía”, pp. 2-19.

A través de múltiples referencias, entre as que destacan as que aluden a Ramón Otero Pedrayo, sinala que Agustín Fernández Paz é un autor destacado de Literatura Infantil e Xuvenil e puntualiza que escribir para este lectorado é unha decisión artística, vital e educativa. Apunta que o autor vilalbés alcanzou o obxectivo de crear obras que engaiolen e encamiñen cara á lectura, como exemplifica coa achega que fai a algunha das súas creacións literarias (*Contos por palabras, Aire negro, Tres pasos polo misterio...*). Destaca tamén que escriba exclusivamente en lingua galega e que sexa un dos mellores escritores da actualidade. Menciona parte dos premios e recoñecementos que recibiu e recorda o labor de Fernández Paz a prol da normalización lingüística e da renovación pedagóxica. Esta laudatio complementase con pinceladas biográficas do autor de Vilalba e das súas obras.

- Agustín Fernández Paz, “Unhas poucas certezas”, “Dende o centro do mundo”, pp. 22-35.

Reprodúcese o texto lido por Agustín Fernández Paz no acto de entrega dos XXXVI Premios Literarios Minerva, que tivo lugar en Santiago de Compostela en 2008. Posteriormente, recolleuse como limiar do volume *Cun lirio branco no peito* (2009) e

incluíuse no libro de ensaios *O rastro que deixamos* (2012), do mesmo autor. O texto acolle as certezaas que lle quedaron logo de moitos anos de inmenso traballo: “As persoas necesitamos historias”, “Escribimos porque lemos”, “Escribimos para crear un mundo”, “Escribimos desde o centro do mundo”, “Escribimos cos fíos da vida” e “Escribimos para cambiar o mundo e cambiar a vida”. Ao longo destas certezaas, refírese a aspectos da súa biografía, ás súas lecturas, á opción de escribir na lingua do país, ao poder da literatura... Toda unha serie de consideracións que apoia nos textos doutros autores que o impresionaron.

- Rosa Aneiros, “Os dous homes de bigote”, “Cartas dos amigos”, pp. 94-95.

Recorda cando de pequena descubriu no faiado da casa *As flores radiactivas*, de Agustín Fernández Paz, que para ela fora un libro diferente, xa que “falaba de nós”, así como recorda o vello baúl traído de Cuba polo seu tío, á sombra do cal pasou horas escoitando historias. Sinala que a casualidade lle permitiu viaxar xunto a Fernández Paz a países de Hispanoamérica. Tamén relata que, xuntos, foron ao Centro Gallego da Habana, de onde non lle deixaron retirar a documentación do tío, entre a que aparecía a súa foto con bigote. Ante estes feitos, sinala que o autor de Vilalba lle dicía que gardaban unha novela, mentres ela afirma que alí a vida e a literatura pecharon un círculo invisíbeis, porque “aqueles dous señores de bigote sempre narraron para a nena que fun” e que se descubriu en todas e cada unha das protagonistas de Fernández Paz.

- Manuel Bragado, “Agustín editor”, “Cartas dos amigos”, pp. 96-97.

Fai un repaso polo traballo de editor de Agustín Fernández Paz, realizado sobre todo en Edicións Xerais de Galicia. Céntrase no material que elaborou para o ensino da lingua e literatura galega (*O noso galego*, *Canles*, *Nobelos de papel* e *Labia*), que considera foi o alicerce da actual edición dixital educativa. Alude ao seu labor na codirección da colección “Merlín” e no proxecto institucional de fomento da lectura “A maxia das palabras”, ademais de mencionar a súa colaboración en diferentes cabeceiras, como foi o caso d’*As Roladas-2* e *Revista Galega de Educación*. Remata indicando que, durante máis de trinta anos, Fernández Paz foi un “editor integral, activo nas tarefas previas de selección e preparación dos textos, mais tamén no debate do deseño gráfico e na composición da páxina”.

- Fina Casalderrey, “Un día na infancia dun enxeñeiro en soños”, “Cartas dos amigos”, pp. 97-98.

Recolle diferentes episodios da vida de Agustín Fernández Paz, sobre todo aqueles relacionados con lecturas que o impresionaron, como foi *Os crimes da rúa Morgue* ou a *Illa misteriosa*. Tamén fala dos seus desexos da infancia, entre os que aparecía a vontade por escribir historias con protagonistas afoutas e por ser mestre. Lembra cando o coñeceu, así como unha anécdota que viviron en Barcelona.

- Teresa Colomer, “Grazas, Agustín”, “Cartas dos amigos”, p. 99.

Sinala que coñeceu a Agustín Fernández Paz en 1994, cando recibiu o premio Edebé por *Trece anos de Branca* e comprobou que eran moitos os puntos que os unían (a procedencia dos movementos educativos, o desexo de alcanzar a mellor Literatura Infantil e Xuvenil e a defensa da lingua propia). Apunta que o segundo encontro tivo

lugar nas xuntanzas da mesa verde da Fundación Germán Sánchez Ruipérez, nas que Fernández Paz reivindicara que a literatura para nenos non fose invisíbel; mentres que o terceiro foi cando lle enviaba as súas obras acompañadas de correspondencia. Confesa que tivo “o privilexio de asistir en primeira fila ao percorrido dunha traxectoria que diversificaba sen cesar temas e xéneros detrás da sutileza construtiva, o simbolismo velado, o compromiso moral e o risco das formas”. Tamén alude á súa fugaz aparición como profesora da Universitat Autònoma en *Amor dos quinze anos, Marilyn*.

- Xabier P. Docampo, “Palabras coma ríos”, p. 100.

Recolle un poema dedicado a Agustín Fernández Paz, que está encabezado polas palabras de José Ángel Valente.

- Jonathan Dunne, “Polo fío da narrativa”, “Cartas dos amigos”, pp. 100-101.

Salienta que a colección de literatura xuvenil galega en inglés, “Galician Wave”, da editorial que dirixe, Small Stations Press, vai abrir con *Aire negro*, do escritor e “mellor amigo” Agustín Fernández Paz. Tamén sinala que o vilalbés chegou a combinar “estas visións, a física e a poética, nos seus libros (na súa maneira de vivir)”.

- María Jesús Fernández, “Amizade ao longo”, “Cartas dos amigos”, pp. 101-102.

Indica que o seu traxecto vital está determinado pola amizade que a une a Agustín Fernández Paz. Explica que pertence a unha xeración que viviu a infancia e a primeira xuventude nuns anos escuros, que foron moi ben retratados n’*A viaxe de Gagarin*. A seguir, alude a moitas das iniciativas nas que participou co mestre vilalbés: o Cine Club Coruña, a Asociación de Mestres, as Escolas de Verán de Mugardos, a publicación de *Papeles de Literatura*, a organización dos Salóns do Libro da Coruña, a creación de Gálix, o pulo á Literatura Infantil e Xuvenil galega etc.

- María Jesús Gil Iglesias, “Literatura tecida cos fíos da vida”, pp. 102-103.

Explica que a súa relación de amizade con Agustín Fernández Paz comezou en 1991, cando lle outorgaron o Premio Lazarillo por *Contos por palabras*. Comenta como se foi tecendo a súa amizade co envío de libros e cartas, ademais de mostrarlle o seu agradecemento pola súa xenerosidade, pola loita por dignificar a Literatura Infantil e Xuvenil, pola profunda dimensión da súa literatura e pola complicidade cos lectores.

- Xosé Lastra Muruais, “Camiño longo”, “Cartas dos amigos”, pp. 103-104.

Lembra que a súa relación comezou a finais dos setenta cando coincidiu con Agustín Fernández Paz en Ferrolterra como mestres e se decataron de que tiñan todo por facer para conseguir unha escola que puidese chamarse realmente galega. Cita algúns dos proxectos nos que compartiron moitas xeiras, dos que xurdiron materiais que lles permitiron a moitos rapaces e rapazas saber que o galego era unha lingua válida. Tamén lembra como, por mor dunha doenza de Fernández Paz, foi recoller o Merlín de 1989 por *As flores radiactivas*.

- Paco Martín, “Amigo”, “Cartas dos amigos”, pp. 104-105.

Manifesta o respecto, profunda admiración e enorme cariño que lle profesa a Agustín Fernández Paz.

- José Luís Polanco, “Lo suyo son las palabras”, “Cartas dos amigos”, pp. 105-106.

Comenta que a obra de Agustín Fernández Paz se caracteriza pola forza da imaxinación e a experimentación constante, pola riqueza dos recursos narrativos e pola profunda honestidade coa que lles fala aos mozos de asuntos complexos. Así mesmo, incide en que a súa obra contribuíu a dignificar a Literatura Infantil e Xuvenil. Tamén alude ao seu labor como docente, a como facía chegar a lectura ao seu alumnado e a outras intervencións, nas que amosou os seus coñecementos e entusiasmo. Considera que ese “todo indisoluble que conforman la vida y la obra de Agustín ensaya, me parece a mí, una parábola de la naturaleza humana”. Por último, faille unha serie de agradecementos, entre os que destaca o obstinado empeño co que traballa as palabras.

- Isabel Soto, “@AfernandezPaz”, “Cartas dos amigos”, p. 107.

Alude ás relacións de Agustín Fernández Paz coas novas tecnoloxías e xeitos de comunicarse (blogs, páxina web, Twitter...) e sinala que o seu foi unha evolución, “acorde cun carácter sempre atento á realidade que lle tocou vivir, esa que tan ben sabe plasmar tanto na súa obra literaria coma na súa presenza pública”. A seguir, explica como esa evolución se foi dando dun xeito natural e influíu na súa escrita, para a que se documenta con todo tipo de fontes, que converten as súas narracións en hipertextos. Conclúe sinalando que “Agustín, disfrazado de home dunha xeración anterior, é un mozo destes tempos”.

## VII. 5. 2. MONOGRAFÍAS E LIBROS COLECTIVOS TRADUCIDOS OU NOUTRAS LINGUAS

**Ezpeleta Aguilar**, Fermín, *Literatura infantil y juvenil. La crítica del siglo XXI*, Sevilla: Editorial Alegoría, col. Alegoría educación, xaneiro 2014, 277 pp. (ISBN: 978-84-15380-12.-2).

Despois dunha introdución na que fala da idade de ouro da Literatura Infantil e Xuvenil en España, salientando que nalgúns universidades se acolle esta literatura como materia académica e recordando conflitos anteriores en relación a conceptos e a consideración da Literatura Infantil e Xuvenil da man de varios estudiosos, fai un resumo do contido do libro, avisando que non pretende un repaso exhaustivo da crítica do século XXI. A seguir ofrece breves recensións dos libros que considera, entre os que figuran, no referido á Literatura Infantil e Xuvenil galega, monografías como a coordinada por Blanca-Ana Roig, Isabel Soto e Marta Neira, *A narrativa xuvenil a debate (2000-2011)* (2012), de Edicións Xerais de Galicia, ademais de introducir na bibliografía *La Literatura Infantil y Juvenil Gallega en el siglo XXI. Seis llaves para entenderla mejor* (2008), de Blanca-Ana Roig Rechou; *A Crítica e a Literatura Infantil e Xuvenil* (2011), coordinada por Blanca-Ana Roig; *Multiculturalismo e identidades permeábeis na Literatura Infantil e Xuvenil* (2006), coordinada por Blanca-Ana Roig, Pedro Lucas e Isabel Soto; *Teatro infantil. Do texto á representación* (2007), coordinada por Blanca-Ana Roig, Pedro Lucas e Isabel Soto; e as seguintes coordinadas por Blanca-Ana Roig, Isabel Soto e Marta Neira: *A poesía infantil no século XXI (2000-2008)*(2009); *Reescrituras do conto popular (2000-2009)* (2010); *O álbum na Literatura Infantil e Xuvenil (2000-2010)* (2011); e a recensionada *A narrativa xuvenil a debate (2000-2011)* (2012).

### Recensións:

- Olga Matilla Pariente, “Ezpeleta Aguilar, F. (2014). *Literatura infantil y juvenil. La crítica del siglo XXI*”, *Anuario de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil*, vol. 12, “Libros reseñados”, 2014, pp. 165-167.

Descríbese o volume, composto por trinta e tres recensións de “obras significativas”, de xeito que se repasa o material crítico e se pon de manifesto a interdisciplinariedade do campo. No que atinxe á Literatura galega, faise referencia ao estudo coordinado por Blanca-Ana Roig, Isabel Soto e Marta Neira neste ámbito.

**Ferreira Boo**, Carmen, *Hércules descubre a Elena Fortún*, ilust. Lucía Baeza, trad. ao galego Charo Baleirón Sónora, A Coruña: Hércules de Ediciones, col. As amigas de Hércules, [lectorado autónomo], 2014, [24] pp. (ISBN: 978-84-92715-76-3).

Biografía novelada de Elena Fortún (seudónimo literario de Encarnación Aragonés de Urquijo, Madrid, 1886-1952), realizada por Carmen Ferreira Boo. Nela o pequeno Hércules, despois de descubrir na Biblioteca do Olimpo a obra *Celia, lo que dice*, decide viaxar na máquina do tempo que lle regalara Cronos até un parque de Madrid. Alí, fronte á escultura dedicada á escritora, atopa unha enigmática anciá que lle relata a

vida de Elena Fortún. Así, coñece a súa infancia e mocidade como unha nena enfermiza e imaxinativa que se namora dun tenente do exército; os sonhos intelectuais e literarios que a levaron a romper cos estereotipos da época, a loitar polos dereitos das mulleres e a se converter nunha escritora de éxito cos libros protagonizados pola nena Celia. Tamén lle relata o exilio que viviu na Arxentina por mor da Guerra Civil e o seu retorno a España. Hércules dáse conta da importancia desta autora e decide regresar ao Olimpo para ler máis historias da pequena Celia.

**Roig Rechou**, Blanca-Ana e **Veljka Ruzicka Kenfel** (eds.), *The Representations of the Spanish Civil War in the European Children's Literature (1975-2008)*, Frankfurt am Main: Peter Lang GmbH Internationaler Verlag der Wissenschaften, col. Kinder- und Jugendkultur, -literatur und -medien. Theorie - Geschichte - Didaktik, Band 87), 2014, 303 pp. (ISSN1435-4721, ISBN Print 978-3-631-62245-2, ISBN E-Book E-ISBN 978-3-653-03787-6, DOI 10.3726/978-3-653-03787-6).

Volume colectivo que recolle artigos sobre a representación da Guerra Civil española na Literatura Infantil e Xuvenil europea. Consta dunha introdución e tres amplos apartados: o capítulo un, “The Representations of the Spanish Civil War in Children and Young Adult's Narrative in the Languages of the Spanish State”; o dous, “The Representations of the Spanish Civil War in Children and Young Adult's Narrative in other European Languages”; e o capítulo tres, “Illustration”. O primeiro capítulo contén traballos asinados por distintos estudosos sobre as literaturas galega, castelá, vasca e catalá. O segundo está conformado por artigos sobre as literaturas holandesa, alemá, portuguesa, francófona e inglesa. Todos os estudos teñen en común a aproximación ao tema dende a análise literaria, que se concreta en diferentes correntes de pensamento, como o comparativismo, o feminismo ou o poscolonialismo. O terceiro capítulo ofrece un estudo sobre a ilustración, no que se analizan os elementos paratextuais e os recursos máis utilizados nas literaturas do estado español á hora de tratar o tema da Guerra Civil. Nos casos pertinentes, os artigos van acompañados de fotografías en branco e negro que ilustran o explicado. En relación coa literatura galega, acóllense os seguintes traballos:

- Blanca-Ana Roig Rechou e Veljka Ruzicka Kenfel, “The Spanish Civil War in European Children's Literature”, pp. 7-22.

Comezan dando conta dos obxectivos marcados nun proxecto coordinado de investigación, “La Guerra Civil española en la narrativa infantil y juvenil (1975-2008)”, no que analizaron narracións infantís e xuvenís europeas que representaron este conflito bélico entre 1975 e 2008, reproducen os tópicos básicos preestablecidos para a análise desa produción e a escolla de organizar o corpus por décadas. A seguir, brevemente, contextualizan cada período e describen as narracións.

- Mar Fernández Vázquez, “Comparative Study of the Project Corpus”, pp. 23-31.

Comeza apuntando que das cento sesenta e sete narracións analizadas no proxecto de investigación “La Guerra Civil española en la narrativa infantil y juvenil (1975-2008)”, a maioría representan literariamente a guerra vivida, se ben existen, así mesmo, representacións da guerra recordada. Insírese unha táboa cuantitativa desa produción, distribuída por países e linguas de publicación antes de comparar todas as narracións que viran a luz en España e noutros países europeos entre 1975 e 2008, atendendo aos

tópicos preestabelecidos no proxecto e resaltando as diferenzas na produción de autoría masculina e feminina. Remátase destacando que a maioría das obras constitúen unha crítica á actuación do bando nacional e á súa férrea ditadura e enumerando seis deducións, resultado do seu estudo comparado.

- Eulalia Agrelo Costas, “Agustín Fernández Paz – A Tribute to the Memory of the Broken Dreams”, pp. 35-52.

Despois de se referir á relevancia de Agustín Fernández Paz como escritor de Literatura Infantil e Xuvenil, analiza os tres textos que configuran a “triloxía da memoria” ou “ciclo das sombras”: o relato “As sombras do faro” e as novelas *Noite de voraces sombras* e *Corredores de sombra*. Alúdese á súa orixe, estrutura, modalización narrativa, temáticas abordadas, xogos intertextuais..., aínda que a esencia do comentario radica na análise de como a Guerra Civil española foi tratada nestes tres textos, que recollen diferentes pasaxes que ilustran con gran mestría as duras consecuencias persoais e colectivas dun conflito que aínda segue palpitando na sociedade actual. Conclúese apuntando as características fundamentais destas historias que buscan poñer ao descuberto todo o que foi conscientemente ocultado durante tantos anos, coa finalidade de dignificar os miles de perdedores dunha guerra entre irmáns.

- María del Carmen Ferreira Boo e Isabel Mociño González, “The Representation of The Spanish Civil War in Marina Mayoral’s Juvenile Narrative Works”, pp. 57-71.

Coméntanse tres novelas xuvenís de Marina Mayoral, *Chamábase Luís* (Xerais, 1989; 1999), *Tristes armas* (Xerais, 1994) e *Quen matou a Inmaculada de Silva?* (Xerais, 2009), que tratan a Guerra Civil española como aludida, vivida e recordada, respectivamente. Analízanse as consecuencias do conflito bélico na vida dos personaxes e salientáanse algunhas das técnicas formais narrativas empregadas pola autora, entre elas o multiperspectivismo, os finais abertos, os diálogos inter e intratextuais e a preferencia polo protagonismo feminino. Conclúese que existen unhas constantes na escrita de Mayoral, como son a reiterada presenza temática do amor e a morte; o emprego intratextual de personaxes; o multiperspectivismo e diferentes voces narrativas que ofrecen visións diverxentes sobre os acontecementos narrados. En canto á temática, indícase que a Guerra Civil aparece de forma aludida, recordada e vivida, a través de recordos e vivencias dos personaxes, configurando un retrato descarnado das graves consecuencias dos conflitos bélicos para a infancia e a xuventude.

- Blanca-Ana Roig Rechou, “*Aqueles anos do Moncho* and the Early Years of the Story of the Civil War in Galician Children’s Literature”, pp. 103-113.

Analízase a obra *Aqueles anos do Moncho* (1961), de Xosé Neira Vilas, ofrécese unha biografía do autor e resáltase que se trata da primeira obra da literatura xuvenil galega na que se ficcionalizan episodios acontecidos durante a Guerra civil española. Deféndese que esta narración pertence á literatura xuvenil, entre outras características, porque forma parte d’*O ciclo do neno* (1978), o volume que incorpora outras dúas narracións deste autor que se dirixen explicitamente aos potenciais destinatarios infantís e xuvenís. Demostra que as tres narracións abordan temas recorrentes, presentan características formais que as unen e que deben incluírse no corpus da literatura xuvenil.

- María Jesús Agra Pardiñas e Carmen Franco Vázquez, “Imagery in the Spanish Children’s Literature”, pp. 289-303.

Comezan sinalando os trazos característicos das obras máis destacadas dos artistas españois que viviron a Guerra Civil española (1936-1939). A seguir analizan, nun primeiro bloque, o impacto das imaxes da guerra na mente da nenez, así como os criterios manexados polas editoriais para elixir as imaxes das cubertas dos libros. Rematan cun segundo bloque no que estudan polo miúdo as ilustracións das obras seleccionadas e comentadas nos anteriores apartados deste capítulo.

### **Recensións:**

- Verónica Casais Vila, “Visións da guerra: un canon”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 31 outubro 2014, p. 38.

Destaca que este monográfico está conformado como un conxunto de artigos, asinados por distintos estudosos, de grande interese para achegarse a este tema, pois ofrecen unha selección ben documentada de obras sobre esta temática, tanto da Literatura Infantil e Xuvenil española coma europea. Informa que a obra está dividida en tres capítulos e que “conforma unha escolma, un auténtico canon da literatura infantil sobre a Guerra Civil española”.

- Verónica Casais Vila, “Blanca-Ana Roig Rechou e Veljka Ruzicka Kenfel (eds.), *The Representations of the Spanish Civil War in European Children's Literature (1975-2008)*”, *Anuario de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil (AILIJ)*, n.º 12, 2014, pp. 177-181.

Descríbense os tres apartados do libro, achegando un breve resumo de cada un dos traballos que contén sobre as distintas literaturas do ámbito europeo. Saliéntase a relevancia do volume e a habilidade para presentar unha análise profunda da representación da Guerra Civil, aínda que se critica unha certa falta de equilibrio na selección e nas análises.

### **Referencias varias:**

- ELOS, “Peter Lang”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 26 setembro 2014, p. 42.

Faise eco da publicación de *The Representations of the Spanish Civil War in European Children's Literature (1975-2008)* a cargo da editorial alemá Peter Lang. Indícase que esta monografía escrita en inglés recolle os resultados dun proxecto de investigación que se desenvolveu entre 2009 e 2012 nas universidades de Santiago de Compostela e Vigo.

**Ruzicka Kenfel**, Veljka (ed.), *New Trends in Children's Literature Research. Twenty-first Century Approaches (2000-2012) from the University of Vigo*, Frankfurt am Main:



Peter Lang, col. Kinder-und Jugendkultur, -literatur und medien-, volume 90, 239 pp. (ISBN: 978-3-631-62203-2).

Volume colectivo dedicado ás tendencias de investigación na Literatura Infantil e Xuvenil que se levaron a cabo entre 2000 e 2012 na Universidade de Vigo. Acóllense traballos de natureza diversa, escritos por diferentes autores. Comeza cunha introdución a cargo da editora, Veljka Ruzicka Kenfel, na que resume o nacemento do volume e a investigación levada a cabo no contexto da Universidade de Vigo, especialmente pola Asociación ANILIJ. Cada un dos traballos conta cunha introdución, unha serie de apartados nos que se desenvolve o tema a tratar e unhas conclusións. Nos casos nos que é relevante, proporciónanse reproducións de paratextos, como as imaxes de cuberta dos libros dos que se está a falar. En relación coa literatura galega, inclúense os seguintes traballos:

- Lourdes Lorenzo, Ana Pereira e Ana Fernández, “Translation as a modelling tool to protect the values of the target culture: the case of Galician Children’s Literature translations within the dominant Spanish context”, pp. 165-170.

Trátase a tradución na Literatura Infantil e Xuvenil galega, centrándose no esforzo dos tradutores por achegar a cultura galega aos máis novos, nun contexto no que a lingua dominante é o castelán. Conta cunha introdución moi breve, na que se conta en poucas liñas a historia da supremacía do castelán sobre o galego. A seguir, atópase o apartado principal, “Translation of Children’s Literature as a modelling tool to protect and promote Galician cultural values”, no que se analizan os traballos de tradución ao galego como un medio para crear un corpus de textos que permitisen achegar a lingua aos máis novos. Proporciónanse como exemplo a tradución de *Peter Pan*, realizada por Alberto Avendaño, e a de *Harry Potter and the Philosopher’s Stone*, levada a cabo por Marilar Aleixandre. Cada un dos exemplos amosa a tendencia á “domesticación” na tradución de textos ao galego. Remátase cunha breve “Conclusión”, na que se recolle e resume a filosofía de tradución de Eva Almazán, tradutora de *Harry Potter and the Chamber of Secrets*, salientando o seu afán de achegar o texto á cultura galega, nun esforzo de resistir unha certa forma de colonización.

- Beatriz Rodríguez Rodríguez, “Children’s Literature in English and its Translations and Adaptations into Spanish and Galicia: A Critical Approach”, pp. 171-190.

Céntrase na tradución de obras de literatura infantil do inglés ao español e do inglés ao galego. Comeza cunhas breves liñas introdutorias para dar paso ao apartado “Literary translation quality assessment”, no que se presentan os criterios para considerar a calidade dunha tradución. A seguir, en “Proposal to assess the translation of children’s literature”, discútnense as normas de tradución que poden valorarse e propónse unha análise ecléctica e contrastiva. Saliéntase a importancia da lingua e cultura meta na tradución ao galego, utilizando como exemplo a tradución d’*O neno do pixama a raías*. No seguinte apartado, “Assessment of children’s adaptation: an example”, trátanse diferentes adaptacións de *Don Quijote de la Mancha* a diferentes medios e culturas meta. Remátase cunhas “Conclusións” nas que se fai un resumo do exposto e se salienta a necesidade da análise crítica das traducións dende unha perspectiva flexíbel.

## Recensións:

- Mercedes Ariza, “Ruzicka Kenfel, V. (ed.), *New Trends in Children’s Literature Research. Twenty-first Century Approaches (2000-2012) from the University of Vigo*, Frankfurt am Main: Peter Lang”, *Anuario de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil (AILIJ)*, n.º 12, “Libros reseñados”, 2014, pp. 189-193.

Saliéntase a vontade internacional do libro, publicado en inglés. Descríbense os traballos incluídos, que xiran ao redor da investigación en Literatura Infantil e Xuvenil desenvolta na Universidade de Vigo e que atinxen a diferentes ámbitos. Conclúese destacando a vitalidade da disciplina de estudo e o feito de que o volume supón unha proba tanxíbel dos resultados da investigación.

## VII. 5. 3. PUBLICACIÓNS EN REVISTAS

**Ballesteros**, Xosé, “El año Sendak de Kalandraka”, *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 260, “Colaboraciones”, xullo-agosto 2014, pp. 54-57.

Fai un achegamento á infancia de Maurice Sendak e á pegada dos contos que lle relataba seu pai. Logo apunta os títulos en castelán que no ano 1998, cando se creou a editorial Kalandraka, se podían atopar nas librarías españolas. A seguir, describe a fazaña editorial de Kalandraka dende o ano 2000, cando conseguiu publicar *Where the Wild Things Are*, até 2013, cando é escollida como a editora de Sendak en España e Portugal. Salienta que acordaron a publicación de dezaioito títulos entre 2014 e 2015 en cinco linguas, entre elas *Onde viven os monstros*. Comenta que unha das maiores calidades dos libros é a súa fidelidade coa obra primixenia que destaca pola “experimentación y la ambigüedad, la incorrección política y la vanguardia estética” e que recibiu numerosos e importantes galardóns por parte da crítica especializada, como aconteceu con *La cocina de noche*. Tamén destaca o labor dos tradutores. Por último, adianta os títulos de Sendak que verán a luz no ano 2015, quen representa unha ruptura na forma de entender a Literatura Infantil e Xuvenil, unha revolución e un torrente de xenialidade.

**Bernárdez Vilar**, Xoán, “Ulises en Galicia”, *Encrucillada*, n.º 186, “Crónica da cultura”, xaneiro-febreiro 2014, pp. 89-97.

Faise un repaso polo panorama cultural galego. Dáse conta da publicación da tradución do *Ulises* ao galego, mencionando brevemente a aproximación de Ramón Otero Pedrayo. No apartado “Premios” recóllense as seguintes novas: o VII Premio Arume de Poesía para nenos, concedido a María Xosé Lamas Fernández por “Cantigas para soñar”, con Mencións de Honra para Antón Cortizas por “Cando as follas voan”, María Canosa por “O libro dos medos que non o son” e Xosé Luna Martín por “Versos e Bicos”. Na sección “Varia” acóllense novas sobre actos, homenaxes e presentacións, entre as que se conta a publicación da obra *Homenaxe a Neira Vilas e a Balbino* (2013).

**Bernárdez Vilar**, Xoán, “Unha máis que merecida homenaxe”, *Encrucillada*, n.º 189, “Crónica da cultura”, setembro-outubro 2014, pp. 94-103.

Faise un repaso polo panorama cultural galego. No apartado “As letras” recóllese, entre outras novas, a entrega da Letra E da AELG a Xabier P. Docampo. No apartado “Banda deseñada” recóllese que o gañador da IX Edición do Premio Castelao de Banda deseñada foi *El infierno del dibujante* (2015) de Kiko da Silva. No apartado de “Premios” acóllense novas sobre diversos galardóns. No que atinxe á literatura galega menciónase a entrega do Premio Merlín a Leticia Costas por *Escarlatina. A cociñeira defunta* (2014) e o Premio Jules Verne para *O Gran Reino* (2014), de Eduardo Santiago. Por último, a categoría de letras do Premio da Cultura foi para Xosé Neira Vilas.

**Bernárdez Vilar**, Xoán, “Á procura do pasado”, *Encrucillada*, n.º 190, “Crónica da cultura”, novembro-décembro 2014, pp. 97-105.

Faise unha crónica do panorama cultural. No apartado “As letras” recóllense diversas novas relacionadas coa literatura, como a inclusión do álbum *Nicomedes o pelado* (2013) na listaxe internacional The White Ravens. No apartado premios, dáse conta do ditame e entrega de diversos galardóns, como o XI Premio Barriga Verde para rapaces a “O lobo e a Lúa”, de Andrea Bayer Roque.

**Campoy**, Comba, “Morreu Barriga Verde”, *Luzes*, n.º 11, “*República*”, “Reportaxe” outubro de 2014, pp. 108-114.

Dáse conta do labor da Asociación Cultural Morreu o Demo para recuperar a figura do monicreque Barriga Verde. Comézase por rastrexar as orixes deste personaxe na *comedia dell'arte* italiana, para pasar a tratar os seus antecesores na Península Ibérica. Trata logo a apropiación do personaxe por parte de José Silvent, procedente dunha familia francesa de artistas ambulantes, e finaliza coa recuperación da figura por parte de Anxo García e a compañía Viravolta, que volveron poñer en marcha o espectáculo.

**CLIJ**, “Lista de Honor de CLIJ 2013. Los 100 mejores libros del año”, *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 259, “Lista de Honor”, maio-xuño 2014, pp. 6-9.

Preséntase a Lista de Honor de CLIJ elaborada a partir dos case 300 títulos que foron recensionados na revista durante o ano 2013. Entre os galegos destácanse, nas franxas de idade que marcan, os seguintes: “De 0 a 5 años”, *O cascabel da gata* (OQO, 2013), de Pablo Albo; “De 6 a 8 años”, *Un paseo polo parque* (Kalandraka, 2013), de Anthony Browne; “De 8 a 10 años”, *Bandada* (Kalandraka, 2012), de M. J. Díaz Garrido; *Ovos duros* (OQO, 2012), de M. Núñez; e *Marcopola. A illa remeira. 1. As orixes de Marcopola* (Xerais, 2013), de J. Fernández Serrano; “De 10 a 12 años”, *Ai, Filomena, Filomena e outros contos* (Kalandraka, 2012), de Miquel Obiols; “De 12 a 14 años”, *Todos somos* (Xerais, 2013), de Marcos Calveiro, e *O aroma de liquidámbar* (Xerais, 2012), de An Alfaya; “Más de 14 años”, *Cartas de inverno* (Xerais, 2012), de Agustín Fernández Paz con ilustracións de Antonio Seijas, e *O corazón de Xúpiter* (Xerais, 2012), de L. Costas; e en “Cómic”, *Ardalén* (Norma, 2012), de Miguelanxo Prado.

**CLIJ**, “Los Premios de 2013-2014 (I)”, *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 259, “Informe”, maio-xuño 2014, pp. 10-31.

Neste “Informe”, despois de facer unha listaxe dos premios e dos galardoados nos diferentes xéneros, fanse uns breves comentarios sobre o creador galardoado, cítanse os outros galardóns alcanzados e achégase unha biobibliografía seleccionada e un descriptor da obra premiada. Dise que o autor galego que mereceu algún galardón foi: Miguelanxo Prado, Premio Nacional de Cómic 2013, con *Ardalén* (2012), unha historia sobre a memoria persoal. Así mesmo, indicase que o Premio Internacional Compostela para Álbums Ilustrados 2013 recaeu en *Mamá* (2014), de Mariana Ruiz Johnson, do que se valorou a vitalidade, a forza e manexo da cor e a homenaxe a grandes figuras da pintura.

**CLIJ**, “El niño perro. Fina Casalderrey y Francisco Castro”, *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 259, “Libros”, “De 10 a 12 años”, maio-xuño 2014, p. 69.

Dise que *O neno can* (Galaxia, 2012), de Fina Casalderrey e Francisco Castro, reúne cinco contos “realistas” e “crus”, inspirados na Declaración Universal dos Dereitos do neno, que teñen como elo un can de palheiro e que busca facer reflexionar sobre a infancia desfavorecida.

**CLIJ**, “Los premios de 2013-2014 (y II)”, *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 260, “Informe”, xullo-agosto 2014, pp. 6-20.

Entre os diferentes premios que se citan relacionados coa Literatura Infantil e Xuvenil, indícase que o gañador do Premio Merlín 2013 foi Antonio Fraga por *O castañeiro de abril* (Xerais, 2014). Achéganse os datos principais deste premio e faise unha pequena biobibliografía do autor.

**CLIJ**, “Lilus Kikus. Elena Poniatowska”, *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 260, “Libros”, “de 12 a 14 años”, xullo-agosto 2014, p. 68.

Apúntase que é o primeiro libro de ficción de Elena Poniatowska, Premio Cervantes 2013, no que se achega de forma novidosa a todo tipo de temas e rexistros. Indícase que é un conto “imaginativo y provocador” debedor da mellor tradición de nenos inocentes, fantasiosos e curiosos, que mantén a súa vixencia medio século despois da primeira edición. Saliéntase que é unha “bonita edición ilustrada” por Santy Gutiérrez que inicia a nova colección infantil Lunalimón da editorial Trifolium.

**Docampo**, Xabier P., “Escribimos lo que somos”, *Peonza*, n.º 108, marzo 2014, pp. 5-10.

Co gallo do número monográfico dedicado a Agustín Fernández Paz, Xabier P. Docampo repasa as vivencias que deixaron pegada na obra do autor. Recóllense as palabras de Fernández Paz divididas en tópicos: “Bicicleta”, “La radio”, “El río”, “Los trabajos”, “Las moras”, “Las mentiras”, “La escuela”, “El amor”, “El cine”, “Los cómics” e “La oralidad”. O artigo vai acompañado de ilustracións de Miguelanxo Prado.

**Domínguez**, Mónica, “La colección ‘Ouriolo’: el movimiento desde las periferias”, *Anuario de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil (AILIJ)*, n.º 12, “Artículos”, 2014, pp. 37-49.

Ofrécese unha análise dos catro álbums ilustrados que constitúen as primeiras traducións de Literatura Infantil e Xuvenil do éuscaro ao galego publicadas na colección “Ouriolo”. Estúdase o contexto e as razóns de publicación das obras, achégase información biográfica sobre os autores e ilustradores antes de analizar as características dos volumes e mais da tradución destes levada a cabo por Xesús Rábade e Helena Villar. Por último, achéganse datos sobre a difusión das traducións.

**Fernández**, M<sup>a</sup> Jesús, “¿Onde estás, Caracol? Susanna Isern”, *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 257, “Libros”, “De 0 a 5 años”, xaneiro-febreiro 2014, p. 50.

Resúmese o argumento de *Onde estás, Caracol?* (OQO, 2013), de Susanna Isern: Dise que é un “bonito álbum” que fala do amor entre Lagartixa e Caracol e que presenta un mundo de animais personificados nunha exuberante paisaxe natural potenciada polas coloristas ilustracións de Salaberria.

**Fernández**, M<sup>a</sup> Jesús, “O castaño de abril. Antonio Manuel Fraga”, *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 257, “Libros”, “De 12 a 14 años”, xaneiro-febreiro 2014, p. 54.

Indícase que o Premio Merlín 2013, *O castaño de abril* (Xerais, 2013), de Antonio Manuel Fraga, é un relato de “reminiscencias dickensianas”, non exento de humor. Saliéntase entre os acertos da obra, a escolla da voz narradora, a presenza dun personaxe máximo e o final que restabelece a xustiza.

**Fernández**, M<sup>a</sup> Jesús, “Ámote Leo A. Destino Xalundes. Rosa Aneiros”, *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 257, “Libros”, “De 12 a 14 años”, xaneiro-febreiro 2014, p. 55.

Coméntase o argumento de *Ámote Leo A. Destino Xalundes* (Xerais, 2013), de Rosa Aneiros, que achega o lector ás vivencias e evolución de Leo na súa viaxe por diferentes cidades. Apúntase que a novela, publicada fóra de colección, non se dirixe unicamente ao lectorado xuvenil.

**Fernández**, M<sup>a</sup> Jesús, “O raposo e a mestra”, *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 258, “Libros”, “De 8 a 10 años”, marzo-abril 2014, p. 64.

En primeiro lugar destácase que Manuel Rivas volve buscar inspiración na literatura popular para o seu novo libro infantil, *O raposo e a mestra* (2013). A seguir, dáse conta do argumento da historia, do final sorprendente e dos protagonistas, o raposo Pindo e a mestra Rosa, personaxes cuxos intereses entran en conflito.

**Fernández**, M<sup>a</sup> Jesús, “O estrambótico Principiño”, *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 258, “Libros”, “De 12 a 14 años”, marzo-abril 2014, p. 66.

A autora comeza lembrando que Pinto&Chinto volven achegarse á literatura clásica universal con esta obra, *O estrambótico Principiño* (2013), como xa fixeran cunha obra sobre Gulliver. Afirmar que recrean a coñecida historia sen que falte nela ningún dos elementos ou personaxes, mais introducen “notables cambios”, entre os que se atopa, por exemplo, que o Principiño sexa agora un “anciano rey”. Finalmente, dise que este álbum, aínda que dirixido a un amplo lectorado, lle gustará seguramente máis aos

lectores que coñezan a historia orixinal, pois percibirán mellor as chiscadelas propostas polos autores.

**Fernández**, M<sup>a</sup> Jesús, “A illa de todas as illas. Xabier P. Docampo”, *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 259, “Libros”, “De 12 a 14 años”, maio-xuño 2014, p. 70.

Tras resumir o argumento d’*A illa de todas as illas* (Xerais, 2013), de Xabier P. Docampo, coméntase que o autor emprega a insularidade para alterar as leis do cotián, rendendo homenaxe ás novelas de aventuras clásicas e reencontrándose con personaxes como Robinson ou John Silver. Tamén se salientan as fermosas ilustracións de Xosé Cobas que emprega referencias aos antigos gravados.

**Fernández**, M<sup>a</sup> Jesús, “*Onde viven os monstros*. Maurice Sendak”, *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 260, “Libros”, “De 0 a 5 años”, xullo-agosto 2014, p. 64.

Considérase esta obra de Sendak como o mellor álbum ilustrado da historia e paradigma de como texto e ilustracións dialogan conformando unha linguaxe específica. Indícase que esta obra foi obxecto de numerosos estudos e interpretacións, como a psicanálise, que considera que reflicte a ensoñación fantástica dos nenos para superar frustracións. Saliéntase a “magnífica edición actual” que permite gozar de toda a súa beleza.

**Fernández**, M<sup>a</sup> Jesús, “Galicia: calidad pese a los recortes”, *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 261, “Panorama”, setembro-outubro 2014, pp. 34-41.

Panorama do libro infantil e xuvenil en Galicia que comeza sinalando os aspectos negativos e positivos da produción en lingua galega en relación con anos anteriores. A seguir, divídese o artigo en sete apartados: “Álbumes”, “Álbumes-traducciones”, “Libros-disco”, “Libros para lectores de entre 7 y 12 años”, “A partir de 12 años”, “Para mayores de 14 años” e “Libros de contenido informativo”. No primeiro deles, despois de lembrar que un ano máis a maior parte da produción de libros editados se corresponde cos dirixidos aos prelectores e aos primeiros lectores e cos álbums, destácanse as obras *Cuca e o abrigo marrón*, de Fina Casalderrey, *O estrambótico Principiño*, de Pinto&Chinto, e varios títulos ilustrados por Dani Padrón, creador moi prolífico neste período: *Venres*, de Santiago Freire Cordero; *Papá que son os sorrisos?* e *Ana xa chegou!*, de María Canosa, e *A noite de Xián*, de Concha Blanco. Así mesmo, préstaselles atención a *As redes de Inés*, de Elvira Ribeiro; *O señor corpo quere xogar*, de Alicia Borrás Sanjurjo; *O longo longöbio de Longölia*, de Manuel Cráneo, nova entrega da serie protagonizada por PiChük; *Chímpate Pepa!*, de Paula Carballeira; *O dragón que cambiaba de conto cada vez que esbirraba*, de David Aceituno (obra traducida ao galego); *Raro*, de Marcos Calverio; e *A pantasma da Casa da Matanza*, de Miro Villar. En “Álbumes-traducciones” destácase, en primeiro lugar, o labor de Kalandraka ao reeditar a obra de Maurice Sendak, até o momento, *Na cociña de noite e Onde viven os monstros*. A seguir, sinálanse, como imprescindíbeis, *Adelaida*, de Tomi Ungerer; *Un paseo polo parque*, de Anthony Browne; e os libros *Cores* e *Números*, protagonizados por Frederick, de Leo Leonni. Así mesmo a autora detense brevemente

nos tres novos títulos que incrementan a colección “Do berce á Lúa”: *Piñeiro*, *Violín e Zapato*, de Miro Villar; e en *Mamá*, de Mariana Ruiz Johnson, gañadora do VI Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado. Da colección “Vintage”, da editorial Lata de Sal, noméanse os álbums *Un canguro polo Nadal* e *Un día de neve*, de Ezra Jack Keats. Entre os editados por OQO Editora atópanse *Non fai falta a voz*, de Armando Quintero; *Onde estás caracol?*, de Susana Isern; *Moito conto*, de Marjorie Pourchet; e *A rúa da Tixola*, de Charo Pita. No que aos “Libros-disco” se refire, destácase, como en anos anteriores, a tendencia notábel da edición deste formato. Dise que a maioría recollen cancións dirixidas ao público infantil, tanto compostas e interpretadas polos autores coma provenientes do folclore tradicional, que xiran arredor das festas do ano e doutras celebracións que forman parte do calendario escolar. Da editorial Galaxia, cítanse *Cartas que veñen e van*; *Toc, toc*; *Pitusa Semifusa* e *Xiqui Xoque, Fiú Fiú*, todos eles publicados na colección “Sonárbore”. De Kalandraka Editora noméanse *O Carnaval dos Animais*, *Pan de millo* e *Brinca vai!*. Como proposta innovadora destácanse os “relatos con banda sonora” tanto publicados por Galaxia coma por Xerais. Así, de Xerais noméase *A terra queima* e de Galaxia *Estamos no verán*. Finalmente, por mor da conmemoración da publicación de *Cantares gallegos*, infórmase da saída a lume d’*A miña primeira Rosalía*, volume que inclúe unha biografía da autora, unha antoloxía poética e doce poemas convertidos en cancións. No apartado “Libros para lectores de entre 7 y 12 años” María Jesús Fernández destaca o feito de que se editara un bo número de títulos que teñen como tema as relacións familiares. Neste senso destaca *O recendo das clementinas* e *O fio vermello*, de An Alfaya; *Cos ollos do avó*, de Concha Blanco; e *O poder de Amabel*, de Érica Esmoris. A seguir, detense na obra gañadora do Premio Merlín, *O castañeiro de abril*, de Antonio Manuel Fraga, en *Volvo! O regreso de Usha*, de María Reimóndez; e n’*O agasallo de Anya*, de Sabela Núñez Singala. Igualmente destaca a peza teatral *O refugallo*, de Paula Carballeira; e o relato *O capador de boinas*, de Xerardo Neira. Para os máis pequenos desta franxa de idade sinala que se atopa a fantasía n’*O raposo e a mestra*, de Manuel Rivas; *O pequeno mago*, de Roque Cameselle; e *Sónos de mar*, de X. H. Rivadulla Corcón. No que á historieta se refire cítase *A fraga Milmañas*, de Manel Cráneo e Carlos Amil; e entre as traducións *Bisa Bea*, *Bisa Bel*, de Ana María Machado; *A Guía Necsia*, de David Wapner e Marc Taeger; e o Premio Lazarillo de creación literaria 2006, *Contos como Pulgas*, de Beatriz Osés. Remata este apartado nomeando a aparición de *Astérix e os pictos* a cargo de Xerais. En “A partir de 12 años” comeza destacando a variedade de temas e estilos presentes nas obras para estas idades. Dise que un lugar destacábel o ocupa *A illa de todas as illas*, de Xabier P. Docampo, e, a seguir, repara en *Recinto gris*, de Leticia Costas, situado na denominada corrente de relatos distópicos ou antiutópicos. Finaliza este apartado cunhas palabras para *Vento e chuva, mitoloxía da antiga Gallaecia*, de Manel Cráneo, e, como mostra do xénero fantástico, na nova entrega da saga “Os Megatoxos”, *Os Megatoxos e os templarios da luz*, de Anxo Fariña. No apartado “Para mayores de 14 años” afirmase que o “xénero dominante” é o realismo, cunha visión crítica da realidade na maior parte dos casos. María Jesús Fernández pon como exemplos *Todos somos*, de Marcos Calveiro; *Marxinados*, de Pepe Carballude; *O corazón da Branca de Neve*, de Francisco Castro, aínda que tamén presta atención ás dúas primeiras entregas da triloxía “Ámote Leo A.”, de Rosa Aneiros, que se enmarcan nos relatos de viaxes e de iniciación. No xénero poético presta especial atención a *Penúltimas tendencias*, de Carlos Negro, e nas obras traducidas destaca a novela *Debuxos no muro*, de Aurora Rúa, que se achega ao tema da Guerra Civil. Finalmente, en “Libros de contenido informativo”, afirma que son moi escasos. Malia o dito, céntrase nos editados por Faktoría K de Libros *Inventario ilustrado dos mares* e



*Inventario ilustrado das árbores*. De Kalandraka Editora nomea *Un cadro de Van Gogh* e, de Xerais, *Emilia Pardo Bazán, unha nena seducida polos libros*.

**Fernández**, María Jesús, “Voces de mujer”, *Peonza*, n.º 108, marzo 2014, pp. 31-37.

Analízanse as voces femininas presentes na obra de Agustín Fernández Paz. Comézase no apartado “Las mujeres cuentan”, establecendo a vontade do autor por dar visibilidade á muller na súa escrita. A seguir, en “Las niñas son valientes”, trátase o personaxe de Alba, protagonista d’*As flores radioactivas* (1990), que se presenta como exemplo de valentía. O seguinte apartado, “Las mujeres son heroínas” dedícase á modernización da LIX que supuxo a obra de Fernández Paz. En “Las muchachas tienen un mundo propio lleno de interés”, analízase como o escritor reflectiu a vida familiar moderna, mostrando o mundo cotián a través da ollada feminina. A continuación, “Las jóvenes encarnan también la esperanza de un futuro mejor”, dedícase a analizar *Noite de voraces sombras* (2002), *Corredores de sombra* (2006) e *Non hai noite tan longa* (2011), novelas nas que as protagonistas se enfrontan á recuperación da memoria histórica. Por último, en “Ya he de terminar” conclúese salientando o imaxinario feminino plural e enriquecedor do autor, carente de estereotipos e prexuizos sexistas.

**Fernández Paz**, Agustín, “Unha carabela de camelias para levar a Trasalba”, *Grial*, n.º 202, “O rego da cultura”, abril, maio e xuño 2014, pp. 12-17.

Recóllese o discurso de Agustín Fernández Paz con motivo de recibir o Premio Trasalba 2014. Nel, reflexiona sobre temas como a influencia que tiveron sobre el a Xeración Nós ou Rosalía de Castro; a represión sufrida polo galego; a súa xeración de docentes; a súa achega á Literatura Infantil e Xuvenil xunto con outros escritores galegos e a presenza social do galego. Conclúe salientando a vitalidade do galego na rede, marcada pola aparición do dominio “puntoGAL”.

**Fernández Rial**, Rosalía, “*Rosa Caramelo* e *Artur e Clementina*. Adela Turín e Nella Bosnia. Kalandraka. Aulas sen paredes”, *Revista Galega de Educación*, n.º 58, “Outras lecturas”, febreiro 2014, p. 96.

Coméntase que *Rosa Caramelo* (2013) e *Artur e Clementina* (2013), de Adela Turín, son historias para cimentar a igualdade de xénero. Recórdase que formaban parte da colección “Della parte delle bambine” onde, nas décadas dos setenta e oitenta do século XX, se publicaron máis de vinte títulos en prol dun ensino non sexista. Saliéntase que ambos os dous contos presentan unha estrutura similar: a evolución dos personaxes femininos dende unha situación de marxinación machista até a autonomía persoal e a emancipación. Saliéntase que comparten tamén o estilo poético.

**Fernández Rial**, Rosalía, “*Pan de millo*. Migallas Teatro e Dani Padrón. Kalandraka”, *Revista Galega de Educación*, n.º 58, “Outras lecturas”, febreiro 2014, p. 97.

Destácase que *Pan de millo* (2013) achega os máis novos á cultura tradicional galega. Saliéntase que o punto feble é a música, da que se critica que denota falta de

elaboración, ao tempo que se considera que o mellor da obra son as ilustracións de Dani Padrón, figurativas e cunha importante carga simbólica.

**Ínsua**, Emilio Xosé, “Os libros de Hugin e Munin”, *Aulas Libres*, n.º 2, “para ver, para ouvir, para ler”, maio de 2014, p. 34.

Dáse conta do aumento no sector editorial das traducións ao galego e coméntase a creación da editora Hugin e Munin, que xa inaugurou as súas listaxes con traducións de varios autores, entre eles Mark Twain e Jules Verne.

**Melo**, “Viñetas desde o Atlántico. Un festival do cómic para as xentes”, *Tempos Novos*, n.º 208, “Todo é peixe”, setembro 2014, pp. 8-9.

Dáse conta da celebración de “Viñetas desde o Atlántico”, o salón do cómic da Coruña. Acóllense comentarios sobre os autores máis representativos que pasaron polo evento, así como as exposicións e feira de libros de cómic que acompañaron o acto.

**Mociño González**, Isabel, “La ciencia ficción en dos clásicos contemporáneos: Luísa Ducla Soares y Agustín Fernández Paz (1980-2000)”, *Anuario de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil (AILIJ)*, n.º 12, “Artículos”, 2014, pp. 49-61.

Despois dunha introdución na que se reflexiona sobre o estudo da Literatura Infantil e Xuvenil e sobre a modalidade xenérica da ficción científica, achégase una breve panorámica sobre os inicios desta modalidade nas Literaturas Infantís e Xuvenís portuguesa e galega. A continuación ofrécese unha análise da produción literaria de ficción científica de Luísa Ducla Soares e Agustín Fernández Paz, destacando o relato crítico da sociedade actual que ofrecen ambos os dous autores e sinalando as características representativas das súas obras, así como as semellanzas e diferenzas. Por último, achéganse unha serie de conclusións comparativas a raíz do estudo desenvolvido.

**Pawley**, Martin, “El cine de Agustín”, *Peonza*, n.º 108, marzo 2014, pp. 39-45.

Faise un repaso pola presenza do cinema na obra de Agustín Fernández Paz. Tras introducir brevemente o tópico do escapismo, comeza o apartado “El nuevo mundo”, no que se trata o impacto que tivo o cine en Fernández Paz cando era mozo. Saliéntase, de xeito especial, a influencia do celuloide en *Amor dos quince anos*, *Marilyn* (1995). A seguir, en “La gran estafa”, analízase a impacto da censura e as diferenzas entre as películas que Fernández Paz vira na súa xuventude e as versións sen censurar. Neste apartado, sinálase a presenza do cinema n’*O único que queda é o amor* (2007) e *Lúa do Senegal* (2009).

**Pena Presas**, Montse, “A relación de Carlos Casares co mundo da infancia. Os anos do pensador da cultura 1968-1985”, *Grial*, n.º 201, Tomo LII, “O espello das letras”, xaneiro, febreiro e marzo 2014, pp. 80-89.

Estúdase a contribución de Carlos Casares ás letras para a infancia e a mocidade entre 1968 e 1985. No apartado intitulado “Casares escritor para a infancia” ofrécese un repaso das achegas que levou acabo na LIX durante o período sinalado, recompilando as características das obras *A galiña azul* (1968); a tradución d’*O principião* (1972); *As laranxas máis laranxas de tódalas laranxas* (1963); *O can Rin e o lobo Crispín* (1983); *Este é Toribio* (1991) e *Lolo anda en bicicleta* (1996). Despois de destacar que a fantasía do real, o humor e a influencia constitúen os elementos principais da poética do autor e de dar conta das razóns do seu éxito entre o público infantil, baixo o epígrafe “Casares como mediador cultural: entre o gusto pola tradución e as necesidades dun campo literario incipiente” salientase o seu labor de tradutor. No apartado “Casares soñador dunha literatura para a infancia: a preocupación polo futuro da lingua galega” repárase na contribución do autor ao estudo da LIX en lingua galega. Por último en “A xeito de conclusión: O Grupo Galaxia e a literatura infantil: o papel de Carlos Casares” salientase o papel de Carlos Casares no grupo Galaxia e a súa figura como pensador da LIX.

**Polanco**, José Luis, “El oficio de educar”, *Peonza*, n.º 108, marzo 2014, pp. 23-30.

Faise un repaso pola influencia que tivo o labor docente de Agustín Fernández Paz na súa obra. No primeiro apartado, “Vida de maestro”, realízase un breve percorrido biográfico, no que se recontan os inicios do seu traballo como mestre. O seguinte apartado, “La escuela en sus libros”, está dedicado a analizar o espazo da escola como trasfondo das súas obras. Trátanse *Trece anos de Branca*, *No corazón do bosque*, *Avenida do Parque*, *17*; *Rapazas*, *A escola dos piratas* e as historias que conforman o “ciclo das sombras”.

**Polanco**, José Luis, “Agustín Fernández Paz”, *Peonza*, n.º 108, marzo 2014, pp. 52-59.

Co gallo do número monográfico dedicado ao escritor vilalbés, achégase unha entrevista con Agustín Fernández Paz na que se tratan diversos temas. Fálase sobre o seu labor en defensa da Literatura Infantil e Xuvenil e da situación deste sistema na actualidade; das ilustracións de Miguelanxo Prado; da promoción da lectura e a defensa da lingua galega; da recuperación da memoria histórica; do seu labor docente e da súa concepción da escrita.

**Ramos Rodríguez**, Xosé e Antón **Costa Rico**, “Nomes”, *Revista Galega de Educación*, n.º 58, “Panoraula”, febreiro 2014, pp. 82-90.

Entre outros asuntos, menciónase o ingreso na Real Academia Galega de Fina Casalderrey en novembro de 2013 e indícase que, así, entra na institución o ámbito da Literatura Infantil e Xuvenil en lingua galega.

**Senín**, Xavier, “Un escritor comprometido con su tiempo”, *Peonza*, n.º 108, marzo 2014, pp. 11-15.

Co gallo do número monográfico dedicado a Agustín Fernández Paz, reflexiónase sobre os temas de actualidade que reflectiu nas súas obras, partindo dos relatos do volume *Rapazas* e comentando *A cidade dos desexos*, *As flores radioactivas*, *A praia da esperanza*, *As fadas verdes* e *O meu nome é Skywalker*. Saliéntase, ademais, o seu relato da diversidade, exemplificado en *Lúa do Senegal* e *Valados*. Conclúese remarcando a influencia que tivo o seu labor docente na súa escrita.

**Soto, Isabel**, “La recuperación de la memoria histórica”, *Peonza*, n.º 108, marzo 2014, pp. 17-22.

Trátase a memoria histórica na obra de Agustín Fernández Paz, co foco de atención posto no chamado “ciclo das sombras” integrado por “As sombras do faro”, *Noite de voraces sombras* e *Corredores de sombra*. Analízase a presenza da guerra en cada un dos relatos, para rematar concluíndo que todos eles manifestan a vontade do autor de dar a coñecer a memoria do pasado.

**Vázquez Freire, Miguel**, “Ulises adaptado”, *Revista Galega de Educación*, n.º 58, “Recensións”, febreiro 2014, pp. 93-95.

Comézase manifestando estar en contra de certas adaptacións de clásicos para os máis novos por considerar que se trata de obras accesíbeis para ese lectorado e que toda adaptación supón unha mutilación da coherencia e unidade do orixinal. A continuación, faise referencia á adaptación d’*Odisea* proposta por Rosa Navarro Durán e vertida ao galego por Xavier Senín e Isabel Soto. Indícase que o texto respecta a estrutura do orixinal e que se poden atopar case todos os episodios da itinerancia do heroe. Censúrase, porén, o que se considera un exceso de infantilización na omisión de certos capítulos, no tratamento doutros (“deserotización” dos encontros de Ulises e Calipso) e na elección das ilustracións.

**Vázquez Freire, Miguel**, “30 anos debuxando soños. De cando Paco Martín descubriu as Cousas do señor Ramón Lamote”, *Revista Galega de Educación*, n.º 59, “Recensións”, xuño 2014, pp. 93-95.

Logo dunha sucinta reflexión sobre os motivos que converten unha obra nun clásico, coméntase que o protagonista de *Das cousas de Ramón Lamote* (1985), de Paco Martín, trinta anos despois da concesión do Premio Barco de Vapor, é un arquetipo dun tempo e dunha paisaxe. A continuación, realízase un breve repaso pola produción deste autor e analízanse os trazos definitorios de Ramón Lamote. Conclúe sinalando que o singular da obra de Paco Martín é que ten encarnado a reivindicación do papel da fantasía fronte ao funcionalismo practicista na figura dun home maior.

## VII. 5. 4. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ESTUDOS E RECENSIÓNS

**Agrelo**, Eulalia, “LIBROS de Agustín Fernández Paz”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +. 1980”, 19 xuño 2014, p. 43.

Comenta tres obras de Agustín Fernández Paz. En primeiro lugar, explica que, en *28 Libros da literatura infantil e xuvenil galega* (1989), se ofrece unha aproximación crítica a unha selección das obras máis salientábeis da Literatura Infantil e Xuvenil galega publicadas até finais do ano 1988; e anota que se realiza un comentario, no que se trata a estrutura, personaxes, recursos formais, linguaxe e valores. A seguir, sinala que noutra obra dese mesmo ano 1989, *Os libros infantís galegos* (Xunta de Galicia), Agustín Fernández Paz recolle unha “crónica periodística” sobre a evolución da literatura galega para as primeiras idades, tratando feitos relativos ás editoriais, autores, libros, revistas ou premios. Por último refírese a *Para lermos cómics* como unha achega a esta modalidade literaria dende unha múltiple perspectiva: dentro dos *mass media*, como medio narrativo e soporte ideolóxico e como un “sucinto” percorrido histórico.

**Agrelo**, Eulalia, “LIBROS: *Ler en Galego (I). Estratexias e libros para a animación á lectura dende as aulas* (1990), de Agustín Fernández Paz”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +. 1990”, 9 xullo 2014, p. 35.

Destácase que nas páxinas preliminares deste volume se explica que a súa orixe partiu dunha proposta feita polo Servicio de Creación de Material Didáctico, dependente da Dirección Xeral de Política Lingüística. A seguir fálase do obxectivo central e dise que pretende ser unha ferramenta útil para todos aqueles que desexen favorecer o desenvolvemento da lectura en lingua galega entre os máis novos, un aspecto que é considerado de vital relevancia dentro do proceso de normalización lingüística da sociedade galega. Saliéntase que o seu destinatario principal é o alumnado de Preescolar e do ciclo inicial da Educación Xeral Básica (EXB), aínda que tamén podía resultar de utilidade, tras as necesarias adaptacións, para o Ensino Medio.

**Agrelo**, Eulalia, “LIBROS: *A literatura infantil e xuvenil en galego* (Edicións Xerais, 1999), de Agustín Fernández Paz”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +. 1990”, 17 setembro 2014, p. 42.

Refírese á breve monografía *A literatura infantil e xuvenil en galego* (1999), de Agustín Fernández Paz. Destaca que dá conta do acontecido na Literatura Infantil e Xuvenil galega dende os anos sesenta até a publicación desta breve monografía. Comenta que Fernández Paz bosqueixa unha “necesaria” contextualización histórica e que se refire á situación sociolingüística de Galicia, para logo analizar a literatura galega dirixida ao lectorado máis novo en tres etapas: 1960-1978, 1978-1988 e 1989-1998. Detalla os contidos abordados en cada unha delas e sinala que o autor manifesta que a boa marcha da literatura para os máis novos só será posíbel na medida en que se esvaezan os

prexuízos lingüísticos e se avance na normalización lingüística. Tamén se salienta que na obra se ofrece un anexo dos premios que recoñeceron creacións da Literatura Infantil e Xuvenil.

**Agrelo**, Eulalia, “EN LIBROS: *A aventura de oír, contar e ler* (2002)”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +. 2.000”, 19 novembro 2014, p. 44.

Coméntase que este volume xurdiu a partir da Campaña de lectura para maiores que impulsou a Xunta de Galicia co slogan “Cóidate e le” e que foi realizado baixo a coordinación de Blanca-Ana Roig. Dise que é unha selección rica e variada de materiais da transmisión oral, coa que se lles recorda aos maiores todo un acervo cultural para que o trasladen ás novas xeracións, así como para fomentar o hábito lector. Destácase que no primeiro apartado, “Cantigas e rimas infantís”, se recollen as composicións coas que a infancia inicia o contacto coa lírica oral para a seguir ofrecer “Cancións e rimas de interrelación”, “Invocacións, conxuros, burlas, disparates e mentiras”, “Coplas e cantigas varias”, “Adiviñas e refráns” e “Romances”; e que no segundo apartado, “Narrativa de transmisión oral”, inclúese un monllo de narracións que foron atravesando os séculos preservadas pola memoria dos pobos.

**Agrelo**, Eulalia, “EN LIBROS: Realismo social y mundos imaginarios: una convivencia para el siglo XXI, de José Santiago Fernández, Ana Isabel Labra e Esther Laso (eds., 2003)”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +. 2.000”, 1 decembro 2014, p. 46.

Descríbese e coméntase este volume de forma xeral. Destácase que, en relación coa LIX galega, se acollen catro traballos: “El realismo social y el imaginario en el teatro infantil y juvenil gallego”, de Eulalia Agrelo e Amparo Raviña, no que tratan esta temática na literatura dramática; “La recepción, el imaginario y la realidad social en la literatura infantil y juvenil gallega”, de Blanca-Ana Roig e Isabel Soto, que analiza a recepción crítica en revistas, monografías, informes, guías etc.; “Peter Pan en gallego y en español: recepciones diferentes de un mismo mundo imaginario”, de Lourdes Lorenzo e Ana Mª Pereira, onde comentan a tradución desta obra clásica; e “Primera aproximación a la narrativa infantil de ficción científica en la literatura gallega”, de Isabel Mociño, quen comenta nove obras desta modalidade xenérica.

**Álvarez Pérez**, Mónica, “Edicións Xerais reedita os relatos de Sherlock Holmes”, *El Correo Gallego*, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Tendencias”, “ELOS de lectura”, 15 xaneiro 2014, p. 35.

Destaca a reedición da obra *Sherlock Holmes, Detective* (Xerais, 2013) e repasa brevemente os títulos incluídos no volume: “O ritual Musgrave”; “Silver Blaze”; “Os misterios do val de Boscombe”; “O intérprete grego” e “O rostro amarelo”. Subliña as excentricidades do detective británico e o característico humor do escritor Arthur Conan Doyle.

**Álvarez Pérez**, Mónica, “Nova entrega da saga de Cornelia Funke, ‘Reckless’”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 9 abril 2014, p. 43.

Coméntase a obra narrativa xuvenil *Reckless. Vida nas sombras* (Xerais, 2013), segundo volume da saga “Reckless” da autora alemá Cornelia Funke. Explicase que nesta segunda parte Jacok Reckless loitará por salvar a súa vida despois de ser maldito pola Fada Escura; e as principais intertextualidades presentes, como son o “imaxinario dos contos populares recoñecidos por todos os lectores. Brancaneves, Cincenta, Barbazul”.

**Álvarez**, Mónica, “LIBROS: *A voltas coa literatura pra nenos* (Do Castro, 1982), de Xulio Cobas Brenlla”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +. 1980”, 29 maio 2014, p. 51.

Preséntase unha breve descrición dos contidos referidos na obra de Xulio Cobas Brenlla, *A voltas coa literatura para nenos* (Edicións do Castro, 1982). Dise que ofrece cuestións teóricas sobre a definición e estética da “literatura para nenos”, as características psicolóxicas diferenciais e os temas de interese deste lectorado. Coméntase que na segunda parte, analiza xéneros e formas; na terceira repara nas motivacións lectoras; e na cuarta trata a faceta creativa da infancia. Indicase que conta con dous anexos e unha bibliografía.

**Álvarez**, Mónica, “LIBROS: *A recepción inmanente na obra de Neira Vilas* (Edicións do Castro, col. Ensaio, 1990) e *Historia da Literatura Galega* (1999), de Dolores Vilavedra”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +. 1990”, 27 agosto 2014, p. 36.

Preséntase unha breve descrición do contido e estrutura das obras de Dolores Vilavedra: *A recepción inmanente na obra de Neira Vilas* (Edicións do Castro, col. Ensaio, 1990) e *Historia da Literatura Galega* (Galaxia, 1999), onde se acolle un breve comentario sobre a Literatura Infantil e Xuvenil galega.

**Álvarez**, Mónica, “LIBROS. *Xosé Neira Vilas y Memorias dun neno labrego. Acercamiento a la novela gallega más popular de la segunda mitad del siglo XX* (Edicións do Castro, 2001), de Corinne Son”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela + 2000”, 31 outubro 2014, p. 38.

Indica que este ensaio, no que se analiza a relación entre autor e obra, se publica ao cumprirse corenta anos da publicación de *Memorias dun neno labrego*. Informa que o libro se divide en tres partes nas cales se estuda polo miúdo distintos aspectos da publicación, do autor e da repercusión literaria.

**Araguas**, Vicente, “Dous para nenos”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, “Más Libros”, p. 24/ *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, n.º 824, “Máis Libros”, p. 30/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 824, “Más Libros”, p. 30, 13 abril 2014.

Primeiramente reflexiona sobre os libros e películas que se dirixen a cativos e sobre a súa axeitada correspondencia ou non. A seguir, expresa a ledicia que lle provocou a lectura de *Moranda* (2013), de Paula Merlán, con ilustracións de Dani Padrón. Recomenda “vehementemente” a lectura de *Mediomedo* (2013), de Ana María Fernández e de Antonio Seijas como ilustrador.

**Blanco Casás**, Laura, “Un mosquito de nome Henri”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 28 xaneiro 2014, p. 42.

Dáse conta de que o pasado 2013 foi un ano de satisfactorios resultados para o autor de teatro Raúl Dans, por gañar o Premi Born e o Barriga Verde de textos para o teatro de monicreques coas obras *Unha corrente salvaxe* e *Un mosquito de nome Henri* (2013), respectivamente. Coméntase cómo xorde esta obra, única achega do autor á literatura para a infancia e xuventude, e o seu argumento. Finalmente, faise unha mención ao teatro de monicreques, salientando a súa importancia e algunhas das súas características, concluíndo que *Un mosquito de nome Henri* é un “bo texto para que os máis pequenos se acheguen ao teatro”.

**Blanco Casás**, Laura, “*O refugallo*, peza dramática chea de diversión e fantasía”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 1 marzo 2014, p. 43.

Explicase que Paula Carballeira xa lograra anos atrásco I Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil, que agora vén de gañar de novo na súa sexta edición coa obra *O refugallo* (Xerais, 2013). Indícase que se publicou posteriormente á súa posta en escena, que correu a cargo de Berrobambán, e coméntanse polo miúdo o argumento da obra e as características dos personaxes. Incídese na capacidade imaxinativa e fantasiosa da autora.

**Blanco Casás**, Laura, “Andrea Maceiras, novelista”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 2 abril 2014, p. 42.

Analízase *Nubes de evolución* (2013), de Andrea Maceiras, gañadora do premio da web Fervenzas Literarias na modalidade de “Mellor Libro de Literatura Xuvenil”, e que fora finalista do Premio da Fundación Caixa Galicia 2011. Indícase que esta autora, afeita a recibir galardóns malia a súa curta idade e traxectoria, escolleu, desta vez, unha historia de “casualidades, encontros e esperanza” protagonizada por Amanda, unha brillante rapaza pluriempregada e nai, marcada pola soidade e o fracaso. Refírese igualmente aos outros personaxes da novela, Uxío e Luís, que conforman, xunto con ela, un triángulo imperfecto e especial e, por último, coméntase a trama da obra, salientando a súa intelixente construción e sinalando que mantén atento o lector até o final.



**Blanco Casás**, Laura, “*O teatro infantil galego (1978) e O teatro galego (1979)*”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +. 1970”, 21 maio 2014, p. 43.

Coméntanse dúas monografías realizadas por Francisco Pillado Mayor e Manuel Lourenzo. Dise que n’*O teatro infantil galego* (1978), de Manuel Lourenzo, salienta a peza infantil *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas* (1973), de Carlos Casares, e o volume *Monicreques* (1974), das irmás Pura e Dora Vázquez; e que n’*O teatro galego* (Edicións do Castro, 1979), Manuel Lourenzo e Francisco Pillado establecen a “primeira sistematización da literatura dramática galega”, aínda que non analizan polo miúdo as pezas infantís e xuvenís.

**Blanco**, Laura, “LIBROS: *Teatro para nenos, Facer Teatro e Barriga Verde: farsa pra bonecos*”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +. 1990”, 18 agosto 2014, p. 36.

Descríbense tres publicacións sobre o teatro na década dos noventa. A primeira, de Antón Lamapereira López, Manuel F. Vieites García e Xoán Couto Palmeiro, intitulado *Teatro para nenos* (Xunta de Galicia, 1991), do que se destaca o breve percorrido histórico polo teatro infantil e xuvenil e análises de obras de autores galegos; da segunda, intitulada *Facer teatro* (Xerais, 1992) e asinada por Manuel F. Vieites, destácase que fai un breve repaso pola historia do teatro, polas súas correntes e tendencias e polas principios técnicas de expresión dramática; e da terceira, o feito de ser unhas das primeiras edicións crítico-divulgativas dunha peza teatral infantil: *Barriga verde: farsa pra bonecos* (Galiza, 1996).

**Blanco**, Laura, “LIBROS: *Un Abrente Teatral: as mostras e o concurso de teatro de Ribadavia* (Galaxia, 2002)”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +. 2000”, 12 novembro 2014, p. 44.

Dá conta da publicación de Inma López Silva e Dolores Vilavedra onde se realiza un estudo pormenorizado das Mostras de Ribadavia e tamén da creación da Asociación Cultural Abrente. Destácase na obra a influencia desta Mostra e Asociación durante a década dos anos setenta no desenvolvemento e posterior profesionalización do teatro galego. Na introdución que precede o volume. Dise que as autoras explican a necesidade de afondar nesta mostra teatral e no Concurso de Textos Teatrais organizados pola Asociación Cultural Abrente, verdadeiros alicerces sobre os que se ergue o teatro galego, pois Ribadavia daquela era un fervedoiro de autores, actores, afeccionados do teatro que se agruparon nesta Asociación para debater sobre a construción dunha infraestrutura estábel para o teatro galego. Logo ofrécese un percorrido polos catro apartados en que se divide o estudo. Cualifícase dunha monografía necesaria e de obrigada consulta para os interesados en coñecer a evolución e profesionalización do teatro galego e concretamente do infantil e xuvenil.

**Blanco**, Laura, “LIBROS: *Estudios críticos de traducción de literatura infantil y juvenil. Análisis de las traducciones de obras inglesas y alemanas a las cuatro lenguas*

*oficiales de España* (Septem Ediciones, 2003)”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +. 2000”, 9 decembro 2014, p. 36.

Coméntase que en maio de 2003 as profesoras da Universidade de Vigo, Veljka Ruzicka Kenfel e Lourdes Lorenzo García, coordinaron este primeiro volume en castelán dunha serie de estudos críticos e descritivos de tradución da Literatura Infantil e Xuvenil, que contén, coma reza o subtítulo, unha análise das traducións de obras inglesas e alemás ás catro linguas do Estado español, como é o caso d’*A Study in Scarlet*, de Sir Arthur Conan Doyle; e *Liebe Susi, Lieber Paul!*, de Christine Nöstlinger. De cada unha das obras preséntase unha introdución sobre o autor e a súa obra, as análises das correspondentes traducións ás catro linguas de España e un estudo comparado delas. Cítanse os autores que colaboraron no volume e salientase que se pretendeu abordar o estudo das traducións de Literatura Infantil e Xuvenil co fin de comparalas e atopar pautas do comportamento tradutor asociadas ao estatus da lingua meta, así como avaliar as solucións ofrecidas polos tradutores, con vistas a mellorar a práctica. Finalízase destacando que a obra principia cun “Preface” en inglés de Riitta Oittinen, ao que lle segue unha introdución das coordinadoras do volume e a posterior análise das obras, que se atopa precedida dunha pequena biografía do autor e dun comentario literario da obra orixinal.

**Dávila**, Berta, “A prol do fomento dunha cidadanía de lectores”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 19 xuño 2014, p. 43.

Comenta a monografía coordinada por Sandra Álvarez, Carmen Ferreira e Marta Neira, *De la literatura infantil a la promoción de la lectura* (2013), editada por CEU Ediciones. Dise que nela se recolle un bo número de achegas especializadas en literatura infantil, educación literaria e a problemática da consolidación do hábito lector para os máis novos. Destácase que se parte da consideración desta literatura como ferramenta e requisito indispensable para a consolidación da lectura da infancia e que na primeira sección, “Estudos”, aparecen traballos teóricos sobre a literatura infantil e a promoción da lectura; na segunda parte, “Reflexións de autores”, destaca as catro reflexións feitas polos propios creadores sobre as súas obras e sobre as súas motivacións na escrita para os máis novos; e na terceira a presentación de recursos útiles para a progresiva formación e autonomía dos mediadores, entre os cales salienta a revista crítica de Literatura Infantil e Xuvenil, *Malasartes: Cadernos de Literatura para a Infancia e Juventude* ou os cursos de formación continua dedicados ás *Literaturas infantís e xuvenís ibéricas* que se desenvolven cada ano en Santiago de Compostela. No derradeiro apartado, dá conta da presentación de propostas de prácticas educativas relacionadas coa literatura e coa promoción da lectura nas varias áreas de coñecemento e que se desenvolven no CD que acompaña o volume. En canto á presenza da LIX galega comenta as análises d’*O meu nome é Skywalker* e *Fantasmas de luz*, de Agustín Fernández Paz, e a narrativa xuvenil de Marcos Calveiro; a reescritura ideolóxica dos contos da transmisión oral na LIX galega (2000-2009); e as cuestións de xénero n’ *A sombra descalza*, de An Alfaya. Remata considerando que é esta unha obra indispensable para todos os mediadores da lectura, sexan pais, profesores, bibliotecarios ou estudosos, que desexen fomentar nos máis novos hábitos de lectura de textos literarios.

**Dávila**, Berta, “EN LIBROS: ‘A Literatura Infantil’, de Carmen Blanco”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +. 1980”, 25 xuño 2014, p. 34.

Dá conta da obra *Galicia 1950-1980. Trinta anos de cultura. Publicación conmemorativa do trinta aniversario da editorial Galaxia* (Galaxia, 1980), de Carmen Blanco. Detense nos factores explicativos que salienta a estudiosa, como é o caso da celebración do Ano Internacional do Neno en 1979 ou o labor da Agrupación Cultural “O Facho”, e na breve referencia aos autores máis destacados, reivindicando a achega da literatura realizada por mulleres e valorando os proxectos nos que se promove a creación feita polos propios nenos como arma contra a diglosia cara ao propio idioma. Tamén se detén en “A literatura infantil”, de Xosé M<sup>a</sup> Dobarro Paz, artigo incluído n’*A nosa literatura: unha interpretación para hoxe (II)* (Xistral, 1985), unha reflexión crítica en clave ideolóxico-cultural sobre a Literatura Infantil galega, negando a súa existencia máis alá de obras formativas, pois insiste en que o panorama non é óptimo e reclama que non se produza unha literatura infantilizada senón simplemente boa literatura. Finaliza coa descrición de “Literatura infantil y juvenil”, incluída en *Literatura gallega* (Taurus, 1988), de Anxo Tarrío, para salientar que inclúe por primeira vez un capítulo sobre esta literatura onde ofrece breves apuntamentos historiográficos e advirte xa da necesidade de que a Literatura Infantil e Xuvenil debería ser obxecto dun capítulo á parte de longa extensión pola súa transcendencia no sistema literario galego e pola necesidade de conquistar un lectorado firme na nosa lingua.

**ELOS**, “Monografías”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +. 2000”, 27 decembro 2014, p. 36/ 29 decembro 2014, p. 30.

Repaso por algunhas das monografías comentadas nesta sección en 2014, como *De la literatura infantil a la promoción de la lectura* (CEU, 2013), editada por Sandra Álvarez, Carmen Ferreira e Marta Neira, unha obra “A prol do fomento dunha cidadanía de lectores” que considera debería ser de consulta obrigada para os que median entre o libro e a lectura. Tamén se comenta *The Representation of the Spanish Civil War in European Children’s Literature (1975-2008)* (Peter Lang, 2014), coordinada por Blanca-Ana Roig Rechou e Veljka Ruzicka Kenfel, onde se reproducen artigos que achegan unha perspectiva cronolóxica sobre a representación da Guerra Civil española na Literatura Infantil e Xuvenil europea; e *Formación lectora. Obras imprescindibles* (Tropelias&Companhia, 2014), coordinada por Ana Cristina Macedo, Eulalia Agrelo e Sara Reis, volume que camiña “Cara á educación literaria” para acadar un lector competente e crítico pois acolle estudos que analizan obras básicas da LIX, unha entrevista, experiencias e propostas didácticas, e recensións críticas. Por último, dá conta de *Inmigración/Emigración na LIX* (Xerais, 2014), coordinada por Blanca-Ana Roig, Isabel Soto e Marta Neira e realizada por membros e colaboradores da Rede LIJMI, onde di que se acolle un estudo teórico sobre esta temática, panorámicas dos diferentes sistemas literarios, unha selección de obras infantís e xuvenís e comentarios cara á formación lectora.

**Fernández**, Paula, “Saber aceptarse”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 483, “Libros”, 9 xaneiro 2014, p. VI/ *La Opinión*, “Saberes”, “Letras galegas”, n.º 436, 11 xaneiro 2014, p. 10.

Para comezar indica que se trata dunha nova edición da obra *Renato* (2013), de Manolo Hidalgo, cun formato máis reducido e adaptada aos máis cativos. A continuación, ofrece un breve resumo do argumento e di que se abordan diversos valores como a aceptación e a solidariedade. Finalmente alude á empatía dos lectores co protagonista, Renato, quen ao remate do relato é capaz de comprender que cada un é como é.

**Fernández, Paula**, “Fermosa conxunción”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 484, “Libros”, 16 xaneiro 2014, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, “Letras galegas”, n.º 437, 18 xaneiro 2014, p. 10.

Primeiramente fala do volume *Canta connosco* (1996), no que se abordan temas como o consumismo ou o amor polos animais, entre outros. A seguir indica que no libro-disco *Pan de millo* (2013), de Migallas Teatro, se inclúen temas propios e temas populares adaptados por membros do grupo Treixadura. Di que o título fai alusión aos fornos de antes co gallo de revalorizar os costumes e as tradicións. Finalmente comenta o bo facer do ilustrador Dani Padrón.

**Fernández, Paula**, “Interesante proposta”, *La Opinión*, “*Saberes*”, “Letras galegas”, n.º 438, 25 xaneiro 2014, p. 10.

Primeiramente sinala que en *Venres* (2013), de Santiago Freire, se produce un cambio tanto de perspectiva coma de narrador, no que ao relato orixinal de Robinson Crusoe se refire. A seguir, fala da relación entre Robinson e Venres, quen se converte no protagonista da trama, e da súa amizade sincera. Finalmente, comenta o bo facer do ilustrador Dani Padrón.

**Fernández, Paula**, “Sempiterna narración”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 486, “Libros”, 30 xaneiro 2014, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, “Letras galegas”, n.º 439, 1 febreiro 2014, p. 10.

Primeiramente comenta que se trata dunha tradución de Vicens Vives na súa colección “Aula das Letras” e considéraa recomendábel para o alumnado do segundo ciclo da ESO e Bacharelato. A seguir, di que *A pantasma de Canterville e outros contos* (2013) se compón de sete contos nos que se abordan diversos valores. Para rematar, destaca a universalidade da escrita de Oscar Wilde.

**Fernández, Paula**, “Por un mundo mellor”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 487, “Libros”, 6 febreiro 2014, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 440, “Letras galegas”, 8 febreiro 2014, p. 10.

Despois de apuntar que *Toc Toc* conforma o segundo libro-disco de Pablo Díaz tras a boa acollida de *Tic-Tac* (2009), di que se abordan temas como a paz, a igualdade e as nosas tradicións, entre outros. Tamén fala da inclusión de estilos musicais diferentes e recalca o bo facer da ilustradora Nuria Díaz. Finalmente, considera que este libro entraña unha calidade notábel.

**Fernández, Paula**, “Sobre o proceso da reciclaxe”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 488, “Libros”, 13 febreiro 2014, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 441, “Letras galegas”, 15 febreiro 2014, p. 10.

Comeza indicando que os protagonistas d’*O misterio do lixo mutante* (2013), de Carlos Freire, son catro gatos posto que son os mellores coñecedores no que ao mundo do lixo se refire. Tamén comenta que a temática principal é a reciclaxe e faise eco da interactividade que alberga a lectura deste volume.

**Fernández, Paula**, “Dickens en galego”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 489, “Libros”, 20 febreiro 2014, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 442, “Letras galegas”, 22 febreiro 2014, p. 10.

Destaca que a tradución ao galego de *Oliver Twist* (2013), de Charles Dickens foi realizada por Isabel Soto e que, se encadra dentro da colección “Cucaína” da editorial Vicens-Vives. A seguir, ofrece un breve resumo do argumento e sinala que os problemas sociais constitúen o fío condutor da trama. Finalmente, engade que este volume abrangue unha serie de actividades dirixidas ao alumnado.

**Fernández, Paula**, “Fermosa historia”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 490, “Libros”, 27 febreiro 2014, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 443, “Letras galegas”, 1 marzo 2014, p. 10.

Primeiramente indica que n’*A Terra Queima* (2013), de Lalo Carnota e Xurxo Souto, se pon de manifesto a riqueza léxica do litoral galego e a defensa da Terra. Tamén refire que as ilustracións son da autoría de Sesé Barreiro, as fotografías de Xulio Rey e que inclúe un CD con seis temas que se corresponden coa estrutura do relato. A seguir, ofrece un breve resumo do argumento e recalca o interese de Xurxo Souto por abordar todo aquilo que teña relación con Galicia. Para rematar, enfatiza que este volume amosa “o auténtico respecto pola lingua e pola terra”.

**Fernández, Paula**, “Experiencia na maternidade”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 491, “Libros”, 6 marzo 2014, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 444, “Letras galegas”, 8 marzo 2014, p. 10.

Comeza indicando que Mariana Ruíz Johnson tenta con *Mamá* (2013) amosar a súa experiencia na maternidade, recalcando os sentimentos que se suscitan e rendendo unha homenaxe a todas as nais. A seguir, comenta que as ilustracións tamén son da autora e enfatizan o xeito no que se presentan diversos conceptos abstractos aos lectores máis cativos. Para rematar, comenta que esta obra acadou en 2013 o Premio Internacional Compostela para álbums ilustrados.

**Fernández, Paula**, “Para primeiros lectores”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 492, “Libros”, 13 marzo 2014, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 445, “Letras galegas”, 15 marzo 2014, p. 10.

Primeiramente comenta a idoneidade que *O polo Pepe* (2013), de Nick Denchield, entraña para prelectores debido a un texto sinxelo, ás ilustracións de Ant Parker e a diversos *popups*. Apunta que o autor fai uso de esaxeracións e comparacións para captar a atención e, asemade, fala de que bota en falta o uso dalgunha rima. Remata indicando que este volume se dirixe á nenez de entre 0 e 2 anos para achegala ao mundo da lectura.

**Fernández, Paula**, “Dinámica e divertida”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 493, “Libros”, 20 marzo 2014, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 446, “Letras galegas”, 22 marzo 2014, p. 10.

Dáse conta da segunda entrega da serie “Caídos do mapa”, *Cun pé no autobús* (2013), de María Inés Falconi, por parte de Sushi Books, e alúdese ao éxito acadado. Ofrecese un breve resumo do argumento e salientase a falta de eufemismos e o dinamismo que entraña a escrita. Remátase recomendando a súa lectura para adolescentes.

**Fernández, Paula**, “Labor multidisciplinar”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 494, “Libros”, 27 marzo 2014, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 447, “Letras galegas”, 29 marzo 2014, p. 10.

Primeiramente indica que *Tambo* (2013), xurdiu a partir dunha actividade dinamizadora da biblioteca do CEIP do Carballal de Marín e enfatiza o seu carácter multidisciplinar. A seguir refíre que contén unha serie de indicacións que guían axeitadamente o lector e nomea algúns colaboradores no que á parte musical se refire. Asemade, comenta que se abordan diversos valores e que a edición de traballos coma este volume serve de motivación tanto para profesorado coma para alumnado.

**Fernández, Paula**, “Un atrevido personaxe”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 495, “Libros”, 3 abril 2014, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 448, “Letras galegas”, 5 abril 2014, p. 10.

Comenta que a femia de hipopótamo que protagoniza *Chocolata* (2007, reimpresa en 2014), de Marisa Núñez, resulta “un personaxe atrevido e preocupado por experimentar”. Sintetiza o argumento e salienta que este conto aborda “o valor da amizade” e a “importancia do respecto polas diferenzas”.

**Ferreira Boo, C.**, “Humor, enxeño e exotismo”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 29 maio 2014, p. 51.

Coméntase a colectánea de dez contos *O corcovado e outros contos de ‘As mil e unha noites’* (2013), facendo fincapé na súa variedade temática, no uso do “humor, o enxeño e a ironía no tratamento de cuestións transcendentais” e na

posta en valor da verdade, honestidade, fidelidade, xustiza, perdón e honradez. Ademais apúntase brevemente o argumento dos contos, fábulas, chistes e disparates escollidos.

**Ferreira Boo**, Carmen, “Tradución. Contexto”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +. 2000”, 22 xaneiro 2014, p. 38.

Sinala o aumento e fortalecemento da tradución, grazas ás subvencións e axudas aos editores e tradutores que realizan certa planificación. Apunta as liñas máis salientábeis, como son a recuperación de autores clásicos da Literatura Universal, os contos da transmisión oral; o transvase de autores contemporáneos premiados a nivel nacional; e a banda deseñada. Tamén cita a actividade da unidade “Literatura infantil y Juvenil y su traducción”, creada en 2006 e conformada por grupos de investigación da Universidade de Vigo e de Santiago de Compostela.

**Ferreira Boo**, Carmen, “A miserenta vida dun neno en ‘O castañeiro de abril’”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 22 xaneiro 2014, p. 38.

Comenta *O Castañeiro de Abril* (2013), de Antonio Manuel Fraga Allegue, que mereceu por unanimidade o XXXVIII Premio Merlín de Literatura Infantil. Resume o argumento desta obra “adobiada de amor, sufrimento e maxia” por medio da visita do Castañeiro de Abril, quen emprega unha linguaxe críptica e poética para falar de desgrazas futuras. Salienta as ilustracións de Antonio Seijas que “dan luz e atmosfera de outono” a esta historia que trata a “superación de eivas e a busca da felicidade” e que garda certa semellanza con *A filla do ladrón de bicicletas*, de Teresa González Costas, ao botar man de elementos como “a orfandade do protagonista, a súa habilidade especial, as malas intencións dun familiar malvado e o poder informativo dos medios de comunicación”.

**Ferreira Boo**, Carmen “Tradución. Recreación da transmisión oral”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +. 2000”, 28 xaneiro 2014, p. 42.

Incídese na tradución, versión e adaptación de contos da transmisión oral que se acompañan de música, audio ou materiais lúdicos, salientando os irmáns Grimm, Charles Perrault e H. C. Andersen. Noméanse as coleccións para o lectorado infantil que máis títulos dedicaron aos contos da transmisión oral: “Os contos do trasno comodín” de Kalandraka Editora, “O. Contos a pedir de boca” de OQO Editora, “Sopa de Contos” de Edicións Xerais de Galicia e “árbore. Audiocontos” de Editorial Galaxia. Tamén se citan obras para o lectorado xuvenil, como *Dadahwat. Lendas indias norteamericanas* (2003), de J. F. Delgado, M. Desclot e H. Mas; *A flor da cerdeira* (2003), de J. F. Delgado, J. Jané, M. Manet e J. Massó i Torrens; e *Naiyakay* (2004), de Seve Calleja.

**Ferreira Boo**, Carmen, “Tradución e clásicos”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +. 2000”, 4 febreiro 2014, p. 42.

Cítanse títulos transvasados de autores clásicos da literatura universal para o lectorado mozo, como obras de ficción científica, novelas de misterio e fantásticas e novelas de aventuras. Tamén se nomean para o lectorado infantil títulos de Carlo Collodi, Roald Dahl e Astrid Lindgren, ademais da adaptación a partir de 2005 de obras de Jules Verne na colección “As mellores aventuras de Xulio Verne”.

**Ferreira Boo**, Carmen, “Tradución e contemporaneidade para o lectorado infantil”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +. 2000”, 12 febreiro 2014, p. 35.

Saliéntanse obras traducidas de autores contemporáneos para o lectorado infantil, como os volumes da colección protagonizada polo canciño Tonto, do uruguaio Ricardo Alcántara Sgarb; contos de autor da colección “O. Contos a pedir de boca” ou a colección “Iago” (2003), serie de álbums ilustrados do neerlandés Liesbet Slegers, entre outros.

**Ferreira Boo**, Carmen, “Tradución e contemporaneidade para o lectorado xuvenil”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +. 2000”, 18 febreiro 2014, p. 35.

Menciónanse, a modo de exemplo, novelas realistas, de tendencia fantástica, fantástico-realista, novelas de aventuras, surrealistas, autobiográficas e algunha peza teatral de autores contemporáneos dirixidas ao lectorado xuvenil que se traduciron neste principio do século XXI.

**Ferreira Boo**, Carmen, “Tradución, contemporaneidade e premios literarios”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +. 2000”, 1 marzo 2014, p. 43.

Cítanse obras transvasadas ao galego de autores contemporáneos que recibiron premios convocados no século XXI nas súas linguas de orixe. No caso da literatura infantil salienta autores como Andreu Sotorra, Paloma Bordóns, Teresa Núñez ou Pablo Albo. Na literatura xuvenil: Sandra Comino, Care Santos, Joanes Urkixo, Ricardo Gómez, Pau Joan Hernández, Mariasun Landa, Gonzalo Moure, Andreu Martín ou Jordi Sierra i Fabra.

**Ferreira Boo**, Carmen, “A evolución de Calpurnia Tate’, unha gran tradución”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 27 marzo 2014, p. 43.

Tras indicar que *A evolución de Calpurnia Tate* (2013), de Jacqueline Kelly vén de recibir o galardón ao “Mellor libro traducido ao galego para público infantil e xuvenil” dos Premios Fervenzas literarias 2013, comenta o argumento desta novela xuvenil, protagonizada por unha nena de case doce anos que se interesa por rexistrar a fauna e a



flora do lugar, reparando na súa evolución, e que manifestará a súa desconformidade cos desexos de súa nai de presentala na sociedade pechada, puritana e conservadora de Kansas. Tamén repara na importancia da figura do enigmático Capitán Walter Tate, o avó, con quen Calpurnia “forxará unha estreita e emotiva relación, baseada no interese científico naturalista”. Salienta que a obra “cruza as fronteiras temporais para amosar os avances científicos e a evolución histórica do papel da muller na sociedade”.

**Ferreira Boo**, Carmen, “LIBROS: *Contribución ao estudo da novela de protagonista infantil e xuvenil na literatura galega contemporánea*, de Pilar Lorenzo Rivas”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +. 1980”, 5 xuño 2014, p. 43.

Indícase a estrutura desta obra que acolle o traballo de Pilar Lorenzo para obter o grao de licenciatura. Apúntase que ofrece “unhas breves notas biobibliográficas” dos autores e que logo se centra no comentario narrativo de seis obras de protagonista infantil e xuvenil da Literatura galega contemporánea. Entre elas, detense en *Memorias dun neno labrego* (1961), de Xosé Neira Vilas, a primeira novela xuvenil galega, destacando a estrutura episódica e circular e o personaxe protagonista, Balbino. Salienta que os trazos innovadores teñen que ver co subxectivismo, a dimensión metafísica do protagonista e a adaptación do contido á mentalidade e expresión dun rapaz “complexo, multidimensional, redondo e dunha grande profundidade psicolóxica” que cunha actitude crítica e de rebeldía trata a realidade rural galega, o caciquismo, os métodos do ensino e a incultura xeral.

**Ferreira Boo**, Carmen, “LIBROS: *Autores galegos de literatura infantil*, de Xulio Cobas Brenlla”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +. 1980”, 14 xuño 2014, p. 43.

Descríbese a estrutura deste volume número 4 da colección “Andel” da Consellería de Cultura e Deportes da Xunta de Galicia, no que Cobas Brenlla salienta o valor da literatura infantil para a promoción da lectura e tamén da lingua e da cultura galegas; ofrece materiais de traballo e os criterios para a súa selección. Ofrece referencias biobibliográficas dos corenta e dous autores e autoras da Literatura Infantil galega por orde alfabética, breves anotacións críticas, premios obtidos e obras publicadas.

**Ferreira Boo**, Carmen, “LIBROS: *Camilo Díaz Baliño. Crónica de otro olvido inexplicable*, de José Antonio Durán”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +. 1990”, 2 xullo 2014, p. 43.

Indícase que José Antonio Durán se achega á figura do escritor Camilo Díaz Baliño, ofrecendo unha biografía, unha cronobiografía dende 1889 a 1938, fotografías, ilustracións, carteis, caricaturas, debuxos e a reprodución facsimilar do exemplar de *Conto de Guerra* (Nós, 1928). Comenta esta obra, centrándose no seu argumento e nas súas características narrativas e paratextuais. Salienta “o sentimento nostálgico da terra, a saudade e a morriña, cunha intencionalidade nacionalista” e “o destaque de elementos culturais propiamente galegos”.

**Ferreira Boo**, Carmen, “LIBROS: *Historia da literatura infantil e xuvenil galega*, de Xulio Cobas Brenlla”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +. 90”, 5 agosto 2014, p. 32.

Dáse conta da estrutura de *Historia da literatura infantil e xuvenil galega* (1991), de Xulio Cobas Brenlla, que consta dunha “Presentación” onde enumera os obxectivos; unha panorámica histórica, que ocupa seis capítulos, na que ofrece datos sobre o contexto socio-histórico-cultural, para a seguir centrarse no comentario dos temas e obras máis salientábeis dos tres xéneros (narrativa, lírica e literatura dramática) das seis etapas históricas marcadas. Ademais tamén repara noutras cuestións ao redor da promoción do libro e da lectura. Indícase que a obra se pecha cun “Remate”, un “Apéndice” e unha “Bibliografía” consultada.

**Ferreira Boo**, Carmen, “LIBROS: *A literatura galega infantil: Perspectiva diacrónica, descrición e análise na actualidade*, de Blanca-Ana Roig Rechou”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +. 1990”, 11 setembro 2014, p. 43.

Indícase que no ano 1994 Blanca-Ana Roig Rechou defendeu a tese de doutoramento *A literatura galega infantil: Perspectiva diacrónica, descrición e análise na actualidade*. Dáse conta da súa estrutura e coméntase que se achega “con profundidade e rigor ás fontes e manifestacións da Literatura Infantil”. Dise que parte da descrición dun percorrido polo contexto e produción da Literatura Infantil e Xuvenil en España dende a Idade Media até mediados o século XX, onde xa se dedica só a analizar o desenvolvemento da LIX galega, un percorrido diacrónico “comentando e analizando a produción deste sistema literario”. Saliéntase que se ofrece unha extensa bibliografía.

**Ferreira Boo**, Carmen, “EN LIBROS: ‘Literatura dramática e teatro para a infancia e a mocidade. Breve introducción para o seu estudio’ (pp. 193-234), de Manuel F. Vieites”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +. 1990”, 3 outubro 2014, p. 38.

Apunta que este capítulo de Manuel F. Vieites se insire na monografía *Do novo teatro á nova dramaturxia (1965-1995)* (Xerais, 1998) e que nela se recollen traballos de especialistas sobre a escrita e o espectáculo teatral en Galicia nos últimos trinta anos. Indica que o volume se pecha cun traballo do propio Vieites no que trata a problemática terminolóxica do teatro infantil e da literatura dramática, ofrece propostas para o desenvolvemento dun programa de educación teatral no ámbito escolar e extraescolar e realiza unha breve achega histórica a autores e obras de literatura dramática dirixidas á infancia e á mocidade dende o ano 1881, deténdose na produción dramática a partir de 1973 até 1995 e apuntando sete correntes (sociocrítica, crítica, popular, didáctica, mundos máxicos, mundos dos contos tradicionais e mundos da aventura). Tamén repara na escasa atención da crítica especializada e no labor de diferentes axentes, entre eles a Mostra de Teatro da Xeración Nós.

**Ferreira**, Carmen, “EN LIBROS: ‘Historia Crítica de la Literatura Infantil e ilustración Ibéricas (2000)’”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +. 2.000”, 17 outubro 2014, p. 42.

Dáse conta do contido do monográfico que acolle as actas do *IIIº Congreso de Literatura Infantil y Juvenil*, celebrado en Cáceres entre o 3 e o 6 de decembro de 1998, e do Precongreso, que tivo lugar o 25 e o 26 de setembro de 1998 en Rocamador/Barcarrota (Badaxoz). Comenta que tras as presentacións institucionais, o programa e o relatorio inaugural de Alice Vieira, se inclúen os relatorios panorámicos correspondentes ás diferentes literaturas infantís e xuvenís ibéricas (portuguesa, vasca, galega, catalá e castelá). En relación ao ámbito galego destaca os traballos realizados por Blanca-Ana Roig Rechou, Miguel Vázquez Freire e Isabel Soto, que fixo un traballo sobre M<sup>a</sup> Victoria Moreno e Marilar Aleixandre. Dá conta de que se insiren tamén as “Actividades de entorno”, como as sesións de contacontos para o alumnado de centros escolares ou os contidos da exposición da Escuela de Arte de Mérida e da mostra “Literatura Tradicional en Extremadura”, e que se reproducen os paneis das exposicións de literatura e ilustración que acompañaron cada un dos relatorios das diferentes áreas xeográficas. Finalmente, salienta que completan o monográfico as actas das actividades precongresuais coas achegas dos escritores convidados e a relación das actividades realizadas nese encontro.

**Ferreira**, Carmen, “EN LIBROS: ‘Literatura Infantil y Juvenil: Tendencias actuales en investigación (Universidade de Vigo, 2000)’”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +. 2.000”, 23 outubro 2014, p. 44.

Faise unha descrición deste volume, editado por Veljka Ruzicka, Celia Vázquez e Lourdes Lorenzo, que se abre cunha introdución na que as editoras propoñen unha serie de obxectivos para abordar a situación dos estudos da Literatura Infantil e Xuvenil en Europa. Noméanse os autores e os temas tratados nos traballos dedicados á Literatura Infantil e Xuvenil galega.

**Jiménez Casas**, Cipriano Luis, “Fantasías das montañas”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 494, “Libros”, 27 marzo 2014, p. VI/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 447, “Letras galegas”, 29 marzo 2014, p. 10.

Dá conta da saída do prelo d’*O Rei da Floresta* (2013) de Adela Figueroa, tras a edición de *Madeira de Mulher* (2011), e comenta que as ilustracións son de Celsa Sánchez. Comenta o argumento, salientando que se abordan diversas temáticas coñecidas e tradicionais, como é o caso do Apalpador, entre outros. Remata recomendando a súa lectura.

**Mociño**, Isabel, “EN LIBROS: Necesidade e transcendencia do libro infantil”, de Blanca-Ana Roig Rechou”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +. 1990”, 26 setembro 2014, p. 42.

Describe o contido deste artigo incluído no volume *O mundo editorial galego. Revisión dunha década 1978/1988* (Santiago de Compostela/Vigo: Concello de Santiago/Concello de Vigo, 1990), no que Blanca-Ana Roig Rechou fai unha reflexión sobre a importancia que ten a Literatura Infantil e Xuvenil no sistema literario galego e fai un breve percorrido pola evolución que experimentou o libro infantil galego na década dos oitenta, citando as principais coleccións e editoriais que contribuíron á proliferación de produtos en lingua propia.

**Mociño**, Isabel, “LIBROS: *Narrativa e promoción da lectura no mundo das novas tecnoloxías*”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +. 2000”, 5 novembro 2014, p. 44.

Detense nesta obra coordinada por Eulalia Agrelo Costas, Adelina Guisande Couñago, Isabel Mociño González, Amparo Raviña Rosende e Isabel Soto López e publicada en 2002 pola Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo da Xunta de Galicia. Salienta o grande interese tanto pola perspectiva multidisciplinar e comparatista que adopta, coma pola abordaxe temperá dunha inquietude dos estudosos da Literatura Infantil e Xuvenil dende os últimos anos do século XX, como demostran os máis de cincuenta traballos que abordan as tendencias narrativas nas Literaturas Infantís e Xuvenís do marco ibérico e a promoción da lectura, citando os autores galegos presentes na obra.

**Mociño González**, I., “Como se imaxinou o futuro”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 30 abril 2014, p. 42.

Comenta *Viaxe ao futuro. Relatos de ciencia ficción* (2013), despois de valorar que as editoriais aposten por trasladar á lingua galega obras canonizadas da literatura universal, en especial en edicións anotadas. Do volume explica que é unha selección feita polo escritor e filólogo Agustín Sánchez Aguilar para a colección “Aula das letras” de Vicens Vives e traducida á lingua galega por Alejandro Tobar, que está pensada en primeira instancia para as etapas máis altas da escolarización obrigatoria. Explica a organización do volume. Di que conta cunha introdución, abondosas notas aclaratorias a pé de páxina e un bo número de actividades para a análise literaria. Explica o contido de cada un dos apartados e o título dos textos seleccionados, para concluír que se trata duns suxestivos relatos que representan algunhas das principais tendencias seguidas pola ficción científica no século XX e que é unha proposta estimulante tanto por dar a coñecer autores, aínda ausentes nas traducións á lingua galega, coma por se centrar nunha literatura que exerceu unha grande influencia na creación literaria e no cinema.

**Mociño González**, Isabel, “Unha suxestiva novela das novelas de aventuras”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 20 marzo 2014, p. 42.

Refírese á novela de Xabier P. Docampo, *A illa de todas as illas* (2013). Comeza valorando a estreita colaboración do escritor co ilustrador Xosé Cobas en moitas das súas obras. Salienta que esta novela é unha homenaxe ás lecturas de adolescencia do autor, fundamentalmente ás novelas de aventuras. Indica que con ela tenta transmitir

que este legado cultural está na base da literatura universal e os máis novos non poden descoñecerlo, polo que os reta a unha lectura chea de descubertas e intertextualidades. Di que, como na maior parte das obras deste creador, sobrancea a capacidade da lectura como elemento capaz de transportarnos a outros mundos nos que desenvolver a imaxinación e o coñecemento. Destaca a relevancia do epílogo que complementa a obra, un texto entre o informativo e o confesional, no que se describen as novelas que tomou como referentes, os seus personaxes e as versións cinematográficas que delas se fixeron. Cualifícaa de ferramenta moi útil como itinerario de novas lecturas e recomenda a obra pola calidade literaria e o seu interese para os máis novos.

**Navarro**, María, “Divertido relato”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 483, “Libros”, 9 xaneiro 2014, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 436, “Letras galegas”, 11 xaneiro 2014, p. 10.

Primeiramente fala sobre Amabel, a protagonista da obra *O poder de Amabel* (2013), de Érica Esmoris, quen tenta atopar algo no que destacar e descoñece os efectos das súas accións. A seguir, salienta a credibilidade que impregna o relato, no que á contraposición mundo adulto-infantil se refire. Para rematar, comenta que este volume consta de dezaioito capítulos e comenta a sinxeleza da súa linguaxe.

**Navarro**, María, “Pingas de ritmo”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 484, “Libros”, 16 xaneiro 2014, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 437, “Letras galegas”, 18 xaneiro 2014, p. 10.

Indica que un raposo é o protagonista d’*O raposo e a mestra* (2013), de Manuel Rivas, e recalca a atracción que provocan os relatos protagonizados por animais, xa sexa polas súas calidades innatas ou por outras adquiridas. Comenta a reflexión que produce a lectura deste volume no que a tópicos e lembranzas se refire. Tamén di que se intercalan cantares populares no texto e alude ao bo facer do ilustrador Jacobo Fernández Serrano.

**Navarro**, María, “Estrutura recorrente”, *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 438, “Letras galegas”, 25 xaneiro 2014, p. 10.

En primeiro lugar ofrece un breve resumo do argumento de *Sopa verde* (2013), de Ángel Madeira e Till Charlier, facendo fincapé na idea que se deixa sentir no relato sobre como inflúe o aspecto externo dos alimentos á hora de que resulten atractivos ou non para a súa inxestión. Indica que a estrutura é repetitiva e recalca a presenza da temática no día a día dos máis cativos. Asemade, salienta a importancia de traballar os hábitos alimentarios dende idades temperás.

**Navarro**, María, “O papel da imaxinación”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 486, “Libros”, 30 xaneiro 2014, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 439, “Letras galegas”, 1 febreiro 2014, p. 10.

Comeza indicando que, no mesmo ano da publicación d’*O refugallo* (2013), a cargo de Edicións Xerais na súa colección “Biblioteca Dramática Galega”, se produciu a posta en

escena da peza por parte da compañía Berrobambán no Salón Teatro de Santiago de Compostela. A seguir, ofrece un breve resumo do argumento e recalca o papel que xoga a imaxinación na súa representación, para rematar recomendando a súa lectura.

**Navarro**, María, “Apuntar as emocións”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 487, “Libros”, 6 febreiro 2014, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 440, “Letras galegas”, 8 febreiro 2014, p. 10.

En primeiro lugar comenta que *O comezo* (2013), de María Inés Falconi, constitúe a primeira entrega da serie “Caídos do mapa” publicada pola editorial Sushi Books. A continuación ofrece un breve resumo do argumento e sinala que María Inés Falconi fai uso dos seus coñecementos sobre psicoloxía infantil e xuvenil para captar a atención dos lectores mozos. Finalmente, considera que o éxito deste volume reside no tratamento, dun xeito natural, das emocións propias destas idades.

**Navarro**, María, “Marabilloso agasallo”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 488, “Libros”, 13 febreiro 2014, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 441, “Letras galegas”, 15 febreiro 2014, p. 10.

Comeza indicando que a escrita de *Cartas que veñen e van* (2013), de Susana Herrera, se acompaña de música coa finalidade de potenciar a simbiose idónea que se produce entre verbas e sons. A continuación apunta quen son os receptores das cartas e faise eco da relevancia dunha interrelación entre os eidos musical e literario á hora de construír o pensamento. Para rematar, subliña o bo facer da ilustradora María Lires e da autora deste volume, Susa Herrera.

**Navarro**, María, “Homenaxe á aventura”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 489, “Libros”, 20 febreiro 2014, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 442, “Letras galegas”, 22 febreiro 2014, p. 10.

Comeza sinalando que *A illa de todas as illas* (2013) ofrece unha homenaxe, por parte de Xabier P. Docampo, aos libros que tomaron unha illa como base de acción. A continuación indica que son múltiples as referencias a outros títulos e recalca a orixinalidade subxacente ao texto e a coidada escrita do autor. Para rematar, subliña o bo facer do ilustrador Xosé Cobas.

**Navarro**, María, “Atractivo dos sons”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 490, “Libros”, 27 febreiro 2014, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 443, “Letras galegas”, 1 marzo 2014, p. 10.

Comeza indicando que o obxectivo de *Boas noites, bufo!* (2013), de Pat Hutchins, consiste en facer que os máis cativos sexan conscientes dos diversos sons que os arrodean. A continuación ofrece un breve resumo do argumento e recalca a mensaxe subxacente ao relato sobre a necesidade de respectar os demais no que á produción de ruído se refire.

**Navarro**, María, “Reinventada lenda”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 491, “Libros”, 6 marzo 2014, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 444, “Letras galegas”, 8 marzo 2014, p. 10.

Ofrécese un breve resumo do argumento d’*O capador de boinas* (2013), de Xerardo Neira, que toma como eixo a aparición dunha serie de boinas sen o seu rabo. Saliéntase a intriga que entrañan as lendas reinventadas, as cales constitúen “un enriquecemento do acervo cultural e popular”. Tamén se indica que as ilustracións son da autoría de Dani Padrón.

**Navarro**, María, “Vidas paralelas”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 492, “Libros”, 13 marzo 2014, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 445, “Letras galegas”, 15 marzo 2014, p. 10.

Comeza indicando que as protagonistas d’*O agasallo de Anya* (2013), de Sabela Núñez Singala, son dúas rapazas cuxas vidas comparten particularidades e diferenzas, mais co propósito común de mellorar a realidade que as rodea. Salienta as relacións que se establecen entre as protagonistas e outras persoas no transcurso da trama e a idea subxacente ao texto sobre a importancia da vontade como unha ferramenta necesaria para conseguir un obxectivo.

**Navarro**, María, “Emocións contraditorias”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 493, “Libros”, 20 marzo 2014, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 446, “Letras galegas”, 22 marzo 2014, p. 10.

Primeiramente indica que a protagonista de *Bisa Bisa, Bisa Bel* (2013), de Ana Maria Machado, dadas unha serie de circunstancias, realiza unha reflexión profunda sobre o mundo no que vive. Ofrece un breve resumo do argumento e salienta a simbiose entre realidade e fantasía presente no transcurso da trama. Remata apuntando que a tradución ao galego foi realizada por Ramón Nicolás e que forma parte da colección “Árbore” da editorial Galaxia.

**Neira**, Marta, “Chegan ‘Astérix e os pictos’”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 13 marzo 2014, p. 43.

Coméntase a nova entrega das aventuras protagonizadas por Astérix, a primeira na que non participan ningún dos seus creadores orixinais, René Goscinny e Albert Uderzo, senón que o fan o guionista Jean-Yves Ferri e o debuxante Didier Conrad, quen, no fundamental, recuperan as orixes desta banda deseñada que non pasara por bos momentos tras a morte de Goscinny e o fracaso das entregas realizadas por Uderzo en solitario. Sinala que *Astérix chez les Pictes*, traducido ao galego dende o francés por Isabel Soto e Xavier Senín co título *Astérix e os pictos* (Xerais, 2013), comparte trazos con outras entregas da serie, como o feito de representar o novo pobo co que entran en contacto os galos segundo tópicos cos que habitualmente é caracterizado, e salienta que presenta gags visuais e pelexas, moi do gusto dos pequenos, e xogos de palabras e

alusións á cultura clásica ou a figuras contemporáneas, entre outros trazos, que espertan o interese do lectorado máis avezado.

**Neira, Marta**, “LIBROS: *Escritoras galegas e Libros de mulleres*”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +. 1990”, 4 setembro 2014, p. 44.

Refírese ás obras de Carmen Blanco *Literatura galega de muller* (Xerais, 1991); *Escritoras galegas* (El Correo Gallego, 1992) e *Libros de mulleres. Para unha bibliografía de escritoras en lingua galega 1863-1992* (Cumio, 1994). Da primeira salienta o percorrido histórico da autora pola presenza e actividade da muller galega no eido literario dende a Idade Media até comezos dos anos noventa, citando a algunhas autoras que cultivaron con relevancia o “xénero” infantil. De *Libros de mulleres*, céntrase en “O xénero infantil e xuvenil”, no que menciona as autoras que publicaron Literatura Infantil e Xuvenil dende os anos sesenta e fai un repaso cuantitativo da produción destas escritoras, para destacar a súa importante contribución para a consolidación da LIX, así como “certa especialización” por esta literatura. No apartado “Catálogo bibliográfico de escritoras” salientase que recolle tamén os libros que as autoras escribiron para os máis novos.

**Neira, Marta**, “EN LIBROS: ‘A poesía infantil e xuvenil en Galicia’, de Blanca-Ana Roig Rechou”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +. 2.000”, 9 outubro 2014, p. 44.

Comenta que n’*A poesía infantil e xuvenil en Galicia* (2000) se ofrece un panorama diacrónico da poesía infantil e xuvenil galega dende a Idade Media até comezos do século XXI. Sinala as etiquetas establecidas para a organización e estudo da produción: “Poesía é xogo”, para referirse a textos baseados no folclore; “Poesía é música”, para aqueles nos que se descobre o xogo poético mediante sons e rimas; “Poesía é conto”, para as formas poéticas de carácter narrativo e, finalmente, “Poesía é maxia”, para aquelas obras de poetas que se achegan á infancia e mocidade a través da innovación métrica e versificadora. Detense en cada unha das etapas estudadas, as características que as definen e salienta o percorrido polos axentes que axudaron á constitución da LIX galega, así como as debilidades e fortalezas da produción poética analizada. Péchase o volume cunha guía de autores e títulos, un índice onomástico e a bibliografía.

**Neira Rodríguez, Marta**, “Crítica e investigación en obras non especializadas”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +. 2000”, 20 marzo 2014, p. 42.

Comenta que no século XXI os traballos que se centran no estudo da LIX galega en obras non especializadas experimentaron un importante incremento cuantitativo. Salienta entre as achegas que se atopan en monografías e obras colectivas orientadas á sistematización e valoración da literatura galega, o capítulo ‘Literatura infantil e xuvenil’, de Blanca Roig, incluído no volume *A literatura dende 1936 ata principios do século XXI: Narrativa e tradución* (Hércules, 2002), coordinado por Anxo Tarrío. Nel a autora aposta, a diferenza das panorámicas anteriores, pola agrupación dos autores a



partir das teorías de Mannheim e fala de unidades xeracionais no canto de xeracións ao estilo de Ortega y Gasset. Entre os dicionarios salienta o *Diccionario da literatura galega III. Obras* (2000), de Dolores Vilavedra, e o *Diccionario de termos literarios e-h* (2003), do Equipo Glifo, polas exemplificacións que ofrecen de LIX. Tamén salienta, entre os repertorios ou guías que atenden a literatura galega e que continúan o camiño iniciado en anos precedentes, os resultados do proxecto “Informes de Literatura”, que se poden consultar tanto en CD como en liña a través da web do Centro Ramón Piñeiro (<http://www.cirp.es/rec2/informes/>).

**Neira Rodríguez**, Marta, “Crítica e investigación en monografías individuais”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +. 2000”, 27 marzo 2014, p. 43.

Destaca entre as publicacións monográficas que estudan a Literatura Infantil e Xuvenil galega: *As orixes da literatura infantil galega* (USC, 2006), de Xulio Pardo de Neyra, obra na que se analizan as orixes da LIX en Galicia entre os anos 1918 e 1936 e na que o autor se detén na análise individual de autores, editores ou obras. Tamén se refire á obra *A literatura infantil e xuvenil galega no século XXI. Seis claves para entendela mellor* (Xunta de Galicia, 2008), de Blanca-Ana Roig Rechou, na que a investigadora, logo de facer un repaso á produción, mediación e recepción da Literatura Infantil e Xuvenil galega entre os anos 2000 e 2006 sinalando as debilidades e fortalezas de cada un dos xéneros canónicos, se detén en seis voces literarias que considera “clásicos contemporáneos”. A carón destas análises, de cariz historiográfico, aínda que non só, destaca outras dúas contribucións de Roig, *A poesía infantil e xuvenil en Galicia* (Teófilo Piñeiro Edicións, 2000) e “O contexto” en *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*, de Carlos Casares en versión de José Caldas (Xunta de Galicia, 2004), nas que a investigadora fai un repaso a dous xéneros tradicionalmente menos atendidos: a poesía e a literatura dramática.

**Neira Rodríguez**, Marta, “Crítica e investigación en monografías colectivas (I)”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +. 2000”, 2 abril 2014, p. 42.

Dá conta das monografías anuais que a Rede Temática de Investigación “Las Literaturas Infantiles y Juveniles del Marco Ibérico e Iberoamericano” (LIJMI) leva publicado dende o ano 2004, nas que se ofrecen estudos historiográficos, de xénero, temáticos... e seleccións e comentarios de obras orientados á educación literaria.

**Neira Rodríguez**, Marta, “Crítica e investigación en monografías colectivas (II)”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +. 2000”, 9 abril 2014, p. 43.

Fai un percorrido polas obras colectivas publicadas polos ámbitos galego e portugués da Rede Temática de Investigación “Las Literaturas Infantiles y Juveniles del Marco Ibérico e Iberoamericano” (LIJMI), nas que se tratan cuestións de historiografía, xéneros literarios e estudos temáticos que se realizaron a partir das reflexións expostas

polos investigadores que participaron nos Encontros Luso-Galaico-Franceses do Livro Infantil e Juvenil.

**Neira Rodríguez**, Marta, “Crítica e investigación en revistas”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +. 2000”, 16 abril 2014, p. 38.

Recorda as revistas especializadas que acollen a Literatura Infantil e Xuvenil galega, entre as que salienta *Malasartes. Cadernos de Literatura para a Infância e a Juventude*, o *Anuario de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil (AILIJ)* e *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*. Tamén se refire a aquelas de contidos máis amplos que acollen traballos sobre esta literatura, como é o caso das desaparecidas *Guía dos Libros Novos*, *Anuario de Estudios Literarios Galegos* e *Revista Galega do Ensino*, amais doutras que se seguen a publicar, como *Boletín Galego de Literatura*, *Grial* ou *Revista Galega de Educación*.

**Neira Rodríguez**, Marta, “Crítica e investigación en xornais e soportes electrónicos”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +. 2000”, 26 abril 2014, p. 42.

Refírese aos suplementos de xornais con seccións que se achegan á Literatura Infantil e Xuvenil galega. Salienta “Infantil/Xuvenil” de *Faro de Vigo*, asinada por María Navarro e Paula Fernández, o suplemento “*Protexa*”, de *Tempos Novos*; e a páxina semanal “Tendencias” de *El Correo Gallego* dedicada á literatura para os máis novos.

**Neira Rodríguez**, Marta, “LIBROS: *Literatura galega da muller*, de Carmen Blanco”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +. 1990”, 17 xullo 2014, p. 36.

Comenta a publicación de Carmen Blanco, *Literatura galega da muller* (Xerais, 1991), deténdose no capítulo “Mulleres na conformación do xénero infantil”, no que, despois de delimitar que entende por Literatura Infantil e de constatar a complexidade e ambigüidade do termo, comenta a súa situación no panorama galego, achégase de maneira xeral á autoría feminina no conxunto da Literatura infantil galega e explica as razóns do considerábel número de autoras e de que moitas delas só escriban para a nenez. A seguir, detense na “Literatura infantil galega feita por mulleres”, onde destaca e repasa a produción dun bo número de autoras e finalmente remarca a importancia que se lle dá á contribución das mulleres “ao nacemento, á conformación e ao despegue final da literatura infantil galega” e explicando as razóns polas que ten “un carácter marxinal dentro do contexto literario xeral”.

**Nicolás**, R., “Sinxeleza e acerto”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras en galego”, 21 marzo 2014, p. 19.

Considera que frecuentemente, tal e como ocorre con esta obra de María Canosa, *Papá, que son os sorrisos* (2013), nos relatos sinxelos é onde residen os maiores acertos.

Comenta que o volume inclúe un CD-Rom coa versión dixital do libro e unha serie de actividades interactivas.

**Nicolás**, Ramón, “O que a memoria é”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “En galego”, 18 abril 2014, p. 16.

Describe a obra *Cos ollos do avó* (2013), de Concha Blanco, como unha “sólida e orixinal entrega”, na que o eixo da temática é a memoria e as súas particularidades.

**Ramos**, Ana Margarida, “A igualdade entre xéneros”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 4 febreiro 2014, p. 42.

Comenta *Historia dos bonobos con lentes* (2013), de Adela Turín, na que trata a igualdade entre os xéneros, denunciando os comportamentos estereotipados e “valorando o comportamento participativo das mulleres na sociedade”. Salienta a narrativa simple “de inspiración fabulística” para recrear as consecuencias negativas da segregación feminina. Indica que as protagonistas femininas prefiren abandonar o grupo para se organizar segundo principios de igualdade, equilibrio e autodeterminación. Por último, apunta que as ilustracións de Nella Bosnia representan o espazo e os personaxes, subliñando as diferenzas entre os xéneros.

**Ramos**, Ana Margarida, “Pinto&Chinto e ‘Nicomedes’”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 6 marzo 2014, p. 43.

Comenta o álbum *Nicomedes, o Pelado* (2013), de Pinto&Chinto que di se caracteriza pola orixinalidade e a exploración da dimensión humorística. Resume o argumento, salientando que se basea en que o protagonista busca propostas “próximas ao absurdo e ao *nonsense*” ao seu problema de alopecia, facendo de forma implícita unha crítica á valoración excesiva da aparencia física. Indica que ao redor do personaxe do gato se vai construíndo a narrativa visual, caracterizada polo rexistro caricatural, que se cruza co textual, no momento no que o gato resolve o problema do seu dono. Salienta a articulación dos elementos paratextuais que apelan á atención do lector.

**Requeixo**, Armando, “Roemmers, soñador de altura”, *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, “Letras Atlánticas”, p. 32/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, “Letras Atlánticas”, p. 33, 22 xuño 2014.

Comeza salientando a estimulación que lle provoca a lectura d’*A volta do Xove Príncipe* (2013), de A.G. Roemmers, na que o Príncipe de Saint-Exupéry xa se fixo mozo. Ofrece un breve resumo do argumento e cualifícaa como unha “novela de aprendizaxe vital”, na que se reflexiona sobre aspectos de suma importancia para o desenvolvemento integral do ser humano. Recalca o bo facer do tradutor Luís González Tosar e da ilustradora Laurie Hastings.

**Rodrigues**, Carina, “Canto sinxelo á maternidade”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 12 febreiro 2014, p. 35.

Comenta *Mamá* (2013), da arxentina Mariana Ruiz Johnson, que conseguiu o VI Premio Internacional Compostela para álbums ilustrados. Indica que se trata dunha “admirable homenaxe á maternidade”, construída como un poema sinxelo “cun rexistro sustentado pola metáfora” no que se descubren os segredos da relación entre nai e fillo. Salienta a combinación entre o texto e a compoñente pictórica “expresiva e de notable calidade” con toques de orientalismo e exuberancia cromática que conforma “unha especie de síntese mítico-ritual a favor da figura feminina/materna”. Apunta o “estreito diálogo intertextual” con figuras relevantes da Historia da Arte e da Pintura, como Paul Klee.

**Rodrigues**, Carina, “Tradición e innovación no álbum ilustrado con Browne”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 18 agosto 2014, p. 36.

Coméntase a reedición en 2014 do álbum *No bosque* (2008), de Anthony Browne, que salienta pola súa complexidade, intertextualidade e calidade plástico-literaria e que se define como libro-xogo, pois “cada páxina se rebela como un desafío á atención e perspicacia do lector”. Dise que se “reconverte” a historia clásica da Carapuchiña para tratar os medos infantís e a familia nun “texto simple e condensado” que conta con ilustracións que “amplían os seus sentidos e exploran diferentes metáforas” para convidar a unha “lectura chea de complicidades”.

**Roig Rechou**, Blanca, “Bibliografía descrita sobre a Literatura Infantil e Xuvenil galega”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +. 2000”, 30 abril 2014, p. 42.

Indícase que esta sección acollerá, como recordo para os estudosos e interesados na Literatura Infantil e Xuvenil, unha bibliografía histórica e descrita, por orde cronolóxica de publicación e alfabética de autor, organizada por décadas e por apartados intitulados “Libros”, “En libros” e “En revistas”. Dise que esta bibliografía complementa o traballo do proxecto de investigación *Informes de Literatura* (1996-2012) do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

**Roig Rechou**, Blanca-Ana, “Literatura infantil en galego”, de Ramón Piñeiro”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +. 1960”, 8 maio 2014, p. 43.

Apunta que nun breve artigo publicado na monografía *Tres siglos de Literatura Infantil europea* (1968), de Bettina Hürliman, Ramón Piñeiro comenta que esta literatura “carece de tradición”, que se iniciou en 1922 coa revista *As Roladas*; cita o *Método de lectura* (1932), de Josefa Iglesias Vilarelle, a “Colección Fingoy”, e as coleccións que Galaxia coeditara coa editorial La Galera. Salienta que Ramón Piñeiro comenta que en 1967 “se inicia la publicación sistemática de literatura infantil”, malia esquecer citar obras do século XIX e da época das Irmandades da Fala.

**Rozas**, Ramón, “As illas de todos nós”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 11 xaneiro 2014, p. 47/ “As nosas illas”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 8 febreiro 2014, contracuberta.

En primeiro lugar expresa a súa ledicia coa lectura desta obra, *A illa de todas as illas* (2013), na que Xabier P. Docampo fai a súa propia homenaxe á Literatura Infantil e Xuvenil. A seguir, fala do cambio que experimentan os tres rapaces protagonistas ao longo do relato e dos múltiples acenos por parte do autor a outros títulos emblemáticos da literatura universal con relación ao espazo da illa. Para rematar recalca o bo facer do ilustrador Xosé Cobas.

**Rozas**, Ramón, “Voces de raposo”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 25 xaneiro 2014, p. 59/*Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, 26 xaneiro 2014, p. 77.

Comeza sinalando o bo facer de Manuel Rivas, autor d’*O raposo e a mestra* (2013). A continuación comenta a participación de Rivas no derradeiro Culturgal e ofrece un resumo do argumento. Tamén indica que as ilustracións son de Jacobo Fernández e recalca a importancia dunha relación axeitada entre os seres humanos e a terra, o cal se pon de manifesto no transcurso da trama. Finalmente di que este volume conforma unha ferramenta idónea para potenciar esta idea.

**Santamarta**, Rubén, “La herida que no cicatriza”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 555, “Cómic”, 18 xaneiro 2014, p. 4.

Refírese á transparencia coa que Carlos Giménez relata o que aconteceu durante a Guerra Civil e os anos seguintes. A seguir indica que a editorial El Patito publica nun só tomo e en galego *36-39 Malos Tempos* (2011), á vez que anuncia que a versión en francés foi nominada na sección oficial de Angulema como mellor cómic do 2013. Comenta que no relato se abordan vivencias do propio autor ou de persoas e espazos próximos a el. Asemade, apunta que a edición en galego respecta integramente a versión en castelán debido á presenza de xogos de palabras e outras particularidades que era preciso conservar.

**Soto López**, Isabel, “Banda deseñada: a novela gráfica e a edición institucional”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +. 2000”, 15 xaneiro 2014, p. 35.

Nomea as “novelas gráficas” dirixidas ao público xuvenil e adulto *A conta atrás* (Factoría K de Libros, 2008), de Carlos Portela e Sergi San Julián, e *O burato do inferno* (Factoría K, 2010), de José Manuel e Ramón Trigo. Ademais apunta a utilización da banda deseñada por institucións para afondar en temáticas como a defensa da natureza, a crítica social, a transmisión de valores cívicos ou o aproveitamento de efemérides.

**Soto López**, Isabel, “Tradución. Banda deseñada I”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +. 2000”, 6 marzo 2014, p. 43.

Incídese en iniciativas puntuais, como é o caso da editorial bilbaína Astiberri que comeza en 2004 a distribuír banda deseñada nas catro linguas do Estado e edita en galego o álbum infantil *O rei catástrofe. A Adalberto non lle falta cara*, dos franceses Thondheim e Parme; e de Do Cumio, que publica a serie manga de temática homosexual *Bícame, profe* (catro entregas entre 2008 e 2010), de Kazuma Kodaka. Salienta a aposta pola banda deseñada nos catálogos de editoriais como Factoría K ou Cerditos de Guinea.

**Soto López**, Isabel, “Tradución. Banda deseñada II”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +. 2000”, 13 marzo 2014, p. 43.

Repásase o labor tradutolóxico desenvolvido por El Patito Editorial, que nutre o seu catálogo con edicións en formato álbum de historietas dadas a coñecer previamente por entregas na revista xuvenil *Galimatías*, como é o caso de *Hexed. A marca de Lucifer* (2009), de Michael Alan Nelson e Emma Ríos, ou a tradución ao galego da obra de Miguelanxo Prado, entre outros. Indícase que tamén se dedica ás colaboracións de debuxantes galegos noutros mercados.

## VII. 5. 5. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ARTIGOS DE OPINIÓN E COLABORACIÓNS FIXAS

**Araguas**, Vicente, “Xente ao lonxe”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Agora xa foi ”, 22 xuño de 2014, p. 42.

Comenta que Claudia Caisso contactou con el a través da rede Internet para lle solicitar dúas traducións súas de Derek Walcott, *Verano* e *El viajero afortunado*. Tamén indica que Sara Seoane, alumna do IES Lagoa de Antela, fixo unha versión dun poema seu intitulado “O gato branco”.

**Bragado**, Manuel, “Fenómeno Rosalía”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Campo de granada”, 25 febreiro 2014, p. 26.

Fálase do éxito acadado en diversos eventos e lugares pola celebración do Día de Rosalía de Castro. Asemade, fai fincapé en títulos como *Rosalía pequeniña* (2013), de Uxía, *A miña primeira Rosalía* (2013), de Xiana e Xosé Lastra; e *Rosalía de Castro. Imaxe e realidade* (2014), de Fernando Pereira Bueno.

**Díaz**, Caetano, “O home que tece grandes historias cos fíos da vida”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, 6 xullo 2014, p. 6.

Recalca a humildade que caracteriza o escritor Agustín Fernández Paz.

**Mociño**, Isabel, “Literatura Infantil e Xuvenil (LIX): planificación e formación”, *Sermos Galiza*, n.º 91, ano III, 3 abril 2014, p. 40.

Despois de salientar a calidade e relevancia da Literatura Infantil e Xuvenil en Galicia sinala unha serie de medidas que é preciso acometer de modo urxente, como son a planificación coherente e consensuada dun Plan Lector adecuado ás diferentes etapas do currículo escolar, que marque un itinerario de lecturas imprescindíbeis para lograr unha planificación da educación literaria dos máis novos, e tamén adecuar a formación en Literatura Infantil e Xuvenil dos futuros docentes de infantil, primaria e secundaria, por seren os dinamizadores do mercado editorial e os que seleccionan as lecturas do alumnado de 3 a 16 anos. Conclúe dicindo que non se pode manter un sistema que lle dá moita importancia aos métodos de ensinanza pero non aos contidos desta.

**Neira Vilas**, Xosé, “Fina, a académica dos nenos”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “De todo un pouco”, 12 xaneiro 2014, p. 2.

Comenta o ingreso da escritora Fina Casalderrey na Real Academia Galega e recalca a súa dedicación tanto ao eido literario coma ao educativo durante moitos anos. Expresa a súa ledicia pola entrada da autora posto que “eleva aínda máis o prestixio da nosa literatura”.

**Senín**, Xavier, “Sorriso sen dentes”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 5 maio 2014, p. 4.

Fala sobre a narración *O meu nome é Skywalker* (2003), de Agustín Fernández Paz, que ten como eixe o problema da mendicidade. Ofrece un resumo do argumento da obra e salienta a invisibilidade que supón a figura dun mendigo que está a pedir na rúa para os múltiples transeúntes, concretamente para os maiores, en contraposición coa mirada dos máis pequenos.



## VII. 5. 6. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ENTREVISTAS

**Baena**, Ana, “A banda deseñada galega non existiría hoxe de non ser polos autores”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, “Entrevista”, 26 maio 2014, p. 13.

Conversa co ilustrador Kiko da Silva, na que fala sobre a situación da banda deseñada en Galicia e o proceso de normalización desta.

**Baena**, Ana, “Son contador de contos e de historias de vivos”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 7 novembro 2014, p. 12.

Entrevista a Celso Fernández Sanmartín por motivo da súa participación, xunto con Carlos Blanco, na recreación do lar galego en “Contos de Lareira”, que se representa no Teatro Salesianos de Vigo. Nela descríbese coma “un contador de contos e de historias de vivos”.

**López Silva**, Xosé Antonio, “Elena Gallego Abad: Escribir é un traballo de artesanía fina”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 4 febreiro 2014, p. 43.

Entrevista a Elena Gallego, autora da saga *Dragal* publicada por Edicións Xerais de Galicia, na que fala do seu labor xornalístico, da orixe dos seus volumes ou da súa escrita, entre outras actividades e preocupacións do entrevistador e da entrevistada.

**Martínez**, Nuria, “Kiko Da Silva: Pontevedra ten todo o que necesito para vivir feliz”, *Diario de Pontevedra*, “Festas da Peregrina”, 9 agosto 2014, p. 12.

Entrevista ao ilustrador e historietista Franciso Javier Da Silva Irago, tamén coñecido como Kiko da Silva, como encargado do pregón das Festas da Peregrina de Pontevedra. O ilustrador comeza mostrando a súa alegría por esta honra e sinala que será un pregón-cómic, no que unha banda deseñada de dez páxinas acompañará a presentación falada do ilustrador. Adianta que a temática estará cargada de historia, arte, ilustracións e banda deseñada relacionadas coa cidade de Pontevedra dende unha perspectiva diacrónica, feita a partir da propia experiencia de Kiko da Silva. Durante a entrevista recorda a visión que el tiña de Pontevedra cando era neno e como regresou anos máis tarde creando unha familia e grandes amizades. O creador de “O Garaxe Hermético” enumera as razóns polas que Pontevedra lle semella a cidade ideal para un debuxante (gran tradición cultural, facilidade á hora de moverse, o agradábel ambiente entre os compañeiros...). Afirmar que a súa familia está encantada coa idea de que realice o pregón, ao que el lle procurará dar unha nova visión, contando cousas que “seguro que moita xente de a pé non sabe”.

**M. J. R. e J. M.**, “Antonio Manuel Fraga: Gusto dos personaxes extremos, que axudan a tomar partido”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, p. 23/ *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, n.º 811, p. 29/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 811, p. 29, “La entrevista”, 12 xaneiro 2014.

Conversa con Antonio Manuel Fraga, autor do volume *Xildas* (2013), que vai ser traducido a outras linguas, e d'*O castañeiro de abril* (2013), que mereceu o Premio Merlín. Fálase do argumento destas obras, do labor ilustrativo de Antonio Seijas e da súa situación actual, entre outras reflexións.

**Molezún**, Fernando, “Benoît Drousie ‘Zidrou’ guionista de cómic. ‘Miguelanxo Prado é máis célebre e admirado en Francia que aquí’”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 7 agosto 2014, p. 34.

Entrevista a Benoît Drousie no marco da celebración de “Viñetas desde o Atlántico”. O entrevistado explica que ademais do cómic trata novos temas porque para el é un desafío para seguir vivo. Ante a pregunta de que vai rematar traballando como editor, di que non é a súa ilusión. Resalta os debuxantes españois e di que están conquistando o mercado francófono. En relación con Miguelanxo Prado, considera que é máis admirado en Francia que en España. Remátase a entrevista comentando a relación entre Oriol Hernández e Zidrou e explícase que se pode visitar no Quiosco Alfonso unha exposición da obra de ambos os autores.

**Varela**, Lourdes, “Eva Mejuto: As novas tecnoloxías e mais os libros non teñen porque ser excluínates”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 483, “Entrevista”, 9 xaneiro 2014, p. V.

Reprodúcese unha conversa con Eva Mejuto, voceira de OQO Editora, na que se abordan, entre outros, os sinais de identidade da editorial, o auxe da literatura infantil e xuvenil galega ou o proxecto que leva por nome *Cociña de contos*.

**Varela**, Lourdes, “Confío nos lectores máis novos porque non teñen prexuízos”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 486, 30 xaneiro 2014, p. V/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 440, 8 febreiro 2014, p. 11, “Entrevista”.

Conversa con Rosa Aneiros, autora de *Destino Xalundes* (2013), na que se fala sobre a orixe do relato, as particularidades do argumento ou o seu labor como xornalista, entre outros temas non tan relacionados con este sistema literario.

**Varela**, Lourdes, “Que Paco Ibáñez cante en galego é unha honra para os que amamos a nosa lingua”, *La Opinión*, “Saberes”, n.º 471, 22 novembro 2014, p. 11.

Conversa co escritor Antonio García Teijeiro con motivo da conferencia dada arredor da figura de Paco Ibáñez. Explórase a relación entre escritor e cantautor, os novos proxectos de García Teijeiro e o seu interese pola poesía dentro da Literatura Infantil e Xuvenil.

**Varela**, Manuel, “Os retos para vivir debuxando”, *La Opinión*, 9 agosto 2014, p. 9.

Entrevista a Montse Martín e Jano no Salón do Cómico “Viñetas desde o Atlántico”. Sinala como meta da súa profesión a de “poder debuxar para sobrevivir”. Jano propón unha reflexión acerca da difícil situación da banda deseñada en Galicia e declárase “inconformista por natureza”, aspecto que plasma detrás das súas creacións. Ao mesmo tempo descríbese a traxectoria de ambos os dous debuxantes.

**Vila**, Sara, “Xabier P. Docampo: Escribir foi o camiño para saber máis de min mesmo”, *Diario de Pontevedra*, “*reviSta!*”, n.º 721, “Reportaje”, 11 maio 2014, pp. 4-5.

Conversa con Xabier P. Docampo, quen resultou galardoado co Premio da AELG na modalidade de Literatura Infantil e Xuvenil por *A illa de todas as illas* (2013). Fálase, entre outros temas, sobre o argumento desta obra e a súa vocación pola lectura dende neno.

**Viñas**, María L., “Xabier P. Docampo: Son escritor porque me alimentei de historias, do amor por contar”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Literatura”, 21 xuño 2014, p. 63.

Conversa con Xabier P. Docampo, quen vai recibir unha homenaxe da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega en Castro de Ribeiras de Lea. Fálase sobre a súa reivindicación do rural, os beneficios da lectura e o seu labor como docente, entre outros temas.

**X. F.**, “Sabela González: O obradoiro é a escusa perfecta para usar a imaxinación”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 8 febreiro 2014, p. 50.

Reprodúcese unha conversa con Sabela González, autora da novela *Bágoa de lúa* (2013), na que se fala sobre a súa participación nos obradoiros de Francisco Castro e a dimensión social que entraña a escrita.

## VII. 5. 7. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: NOTAS, PRESENTACIÓNS E ESCRITOS VARIOS

**A. I.**, “A revista ‘Peonza’ saca á rúa un número especial dedicado o escritor Agustín Fernández Paz”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 27 maio 2014, p. 27.

Anuncia a presentación na Biblioteca Novagalicia Banco en Santiago de Compostela dun número especial dedicado a Agustín Fernández Paz na revista *Peonza*.

**A. I. S.**, “Música y poesía para los pequeños con ‘Toc Toc’”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 15 maio 2014, p. 29.

Informa que Pablo Díaz e a súa banda Tic Tac actuarán no Corte Inglés de Santiago de Compostela co gallo de conmemorar o Día das Letras Galegas.

**A. I. S.**, “Homenaje a Agustín Fernández Paz en la revista ‘Peonza’”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 28 maio 2014, p. 28.

Dá conta de que a revista *Peonza* dedica o seu último número ao escritor Agustín Fernández Paz, na que se inclúe un conto breve do propio autor.

**A. I. S.**, “Distintas propuestas de teatro para un público familiar muy entregado”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 20 xullo 2014, p. 27.

Informa da representación da peza *Ensalada de instrumentos* a cargo d’Os Tres Tenedores e describe as partes do espectáculo.

**A. F.**, “Enredando versos reúne a 250 escolares”, *Atlántico Diario*, “Área metropolitana”, “Baixo Miño”, 7 maio 2014, p. 16.

Anuncia a participación de alumnado do IES Poio, IES Ribeira do Louro-O Porriño, IES Sanxenxo, IES Vilalonga e IES San Paio-Tui no proxecto “Enredando versos”. Comenta que haberá diversos obradoiros impartidos polos poetas galegos Lucía Aldao, Fran Alonso, Rosalía Fernández Rial, María Lado e Elvira Riveiro.

**Aldán**, Clara, “Javier Refojo también te cuida”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Y además”, “A praza da verdura”, 26 abril 2014, p. 21.

Entre outras cousas, dáse conta da representación do espectáculo Toc Toc, de Pablo Díaz, no Salón García de Vilagarcía de Arousa, baseado nun libro disco do propio autor.

**Alén Guimeráns**, Nicolás, “O avó”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Relato”, 3 agosto 2014, p. 38.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia* para, ao rematar o mes, dar a coñecer o gañador das dúas categorías: menores de quince anos e adultos. Neste caso reproducíase o realizado por Nicolás Alén (15 anos), titulado “O avó”.

**Álvarez**, Mario, “Catrocentos nenos cantarán a Curros Enríquez”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 3 xuño 2014, p. 50.

Informa do concerto “No bico un cantar”, promovido polo Consello da Cultura Galega e a Consellería de Cultura. Refírese que terá lugar no Mosteiro de San Salvador en Celanova e coa poesía de Manuel Curros Enríquez (Celanova, 1851-A Habana, 1908) como eixe. Precisa que tamén se estreará a versión musical de Comesanha do poema “Nouturnio”.

**Álvarez**, Mario, “O concurso Os Bolechas e o Sabichón, en cincuenta vilas”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 7 xuño 2014, p. 44.

Dá conta da presentación do concurso infantil “Os Bolechas e o Sabichón” na Cidade da Cultura de Santiago de Compostela. Explicase que con este premio se tenta dinamizar a lingua galega entre os máis pequenos e as súas familias.

**Álvarez**, Mario, “La obra de Adiard, Oriol Hernández y Zidrou, en el XVII Salón del Cómic”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 1 agosto 2014, p. 34.

Faise referencia á XVII edición do salón do cómic da Coruña. Comeza anunciando que as súas portas se abren o próximo 4 de agosto e que se prolonga até o día 10. Reprodúcense palabras do director, quen di que “o fio condutor” deste ano será a crise, polo que durante esta semana se realizará un repaso ás alternativas polas que optan algúns debuxantes e guionistas para afrontala. Enuméranse as diversas actividades para os máis cativos e recóllense as palabras da Concelleira de Cultura, que remarca o obxectivo principal: aproveitar o salón do cómic para as obras dos debuxantes da comunidade e “repasar algunhas das alternativas que o mundo da historieta nos foi deixando”.

**A. R.**, “Un colexio do Xurés recibe un premio de Novagalicia Banco”, *El Correo Gallego*, “Galicia”, 8 febreiro 2014, p. 15.

Infórmase que alumnos do CEIP do Xurés resultaron gañadores do concurso “Debuxa o teu cole”, que organizou Novagalicia Banco e que, na xornada de entrega do premio, estiveron acompañados dos Bolechas, que animaron os cativos a participar en actividades didácticas varias.

**Argüelles**, Rodrigo, “Las editoriales hacen su ‘agosto’”, *La Opinión*, “Sociedad”, “Cultura y ocio”, 4 agosto 2014, p. 18.

Analiza o aumento das vendas de libros en formato electrónico, audio-libro ou *blog*, segundo datos estatísticos de diversas editoriais galegas como Hércules de Ediciones, Galaxia, Nova Galicia ou Edicións Xerais. Subliña, así pois, obras como *Xiqui xoque fiú fiú* (2012), de Maria Fumaça; *El mundo de Lovely Pepa* (2013), de Alexandra Pereira; *Vestirse por los pies* (2012), de David García Bragado; e *O soño de Esther* (2014), de Miguel Anxo Alonso Diz.

**Baena**, Ana, “Neira Vilas: ‘Aínda non sei que engancha de Balbino’”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 15 xaneiro 2014, p. 11.

Comenta que tivo lugar en Vigo a presentación da obra *Homenaxe a Neira Vilas e a Balbino* (2013), na que intelectuais, teólogos, profesores e investigadores reflexionan en diversas linguas sobre o que supuxo para eles *Memorias dun neno labrego* (1961), de Xosé Neira Vilas.

**Baena**, Ana, “O libro infantil celebra o seu bo estado de saúde en galego”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 3 abril 2014, p. 14.

Informa que a Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil, Gálix, programou unha multiplicidade de actividades en cincuenta bibliotecas e librarías galegas co gallo de conmemorar o Día Internacional do Libro Infantil.

**Baena**, Ana, “As editoriais viguesas, pioneiras nos libros-disco para nenos”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 26 decembro 2014, p. 8.

Dáse conta da gran repercusión que están a ter os libro-discos publicados por editoriais viguesas entre o público infantil. Así, coméntase que a editorial Galaxia, pioneira na publicación deste tipo de formato, conta con obras como *Cartas que veñen e van* ou *Xa me tardan estes magos* da agrupación Mamá Cabra, e que outras editoriais, como Xerais, se incorporou a esta modalidade co poemario de Fran Alonso *O meu gato é un poeta*; ou que a editorial pontevedresa Kalandraka conta con nove títulos desta modalidade. Tamén se fala de que personaxes literarios consolidados como os Bolechas, dos irmáns Carreiro, optan por introducirse neste tipo de publicación, como ocorre no título que conmemora os seus trece anos de vida, *Os Bolechas fan unha banda*.

**Becerra**, Marta, “Más de 600 escolares escriben sobre la mar”, *El Progreso*, “Lugo”, “El despertador”, 16 xaneiro 2014, p. 10.

Fala do certame de redacción escolar “Mariñeiros por un día”, impulsado pola delegación da Real Liga Española en Lugo, e nomea os galardoados.

**Becerra**, Marta, “La fuerza de la palabra”, *El Progreso*, “Lugo”, “El despertador”, 22 outubro 2014, p. 9.

Infórmase da actividade para nenos programada polo Museo Provincial que leva por título “Cociñando Contos” e que conta coa presenza do mago Martín Camino, entre outros. Indícase que esta actividade está enmarcada dentro da programación da V Semana do Libro e da Lectura, organizada pola Asociación Sociopedagóxica de Galicia e a área de Cultura da Deputación, en colaboración con OQO Editora. Dá conta do programa que inclúe contacontos e representacións teatrais.

**Bertojo**, Miguel, “Treinta años de tebeos y más...”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 29 decembro 2014, p. 31.

Infórmase da clausura da exposición “Mar interior”, que tivo lugar no Museo das Peregrinacións de Santiago de Compostela, onde se fai unha retrospectiva do traballo de banda deseñada, animación e ilustración, realizado polo autor e debuxante galego Miguelanxo Prado. Explica que esta exposición estaba dividida en dúas seccións: unha relacionada coa temática do mar, onde se podían ver obras como *De profundis*; e outra onde se agrupaban as ilustracións feitas para libros, os traballos de banda deseñada e os bosquexos para proxectos televisivos, coma os do Xabarín Club.

**B. L.**, “Kalandraka rescata a obra de Maurice Sendak e publícaa nas cinco linguas peninsulares”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, 28 xaneiro 2014, p. 77.

Anuncia que a editorial Kalandraka vai traducir ao galego, castelán, éuscaro, catalán e portugués a obra de Maurice Sendak. Tamén comenta que se recuperará a “Mini-biblioteca” do autor e que se dará a coñecer o seu labor como ilustrador de textos alleos.

**B. L.**, “Cumio publica ‘Tambo’, un libro nacido dun proxecto do colexio Carballal de Marín”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, 29 xaneiro 2014, p. 61.

Dá conta da saída do prelo de *Tambo* (2013), que xurdiu a partir dunha iniciativa da biblioteca escolar do CEIP Carballal de Marín. Comenta que colaboraron, entre outros, os coros infantís de Cambados e Vilagarcía e tamén a escritora Fina Casalderrey.

**B. L.**, “Merenda de pan de millo en Pontevedra”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 16 marzo 2014, p. 75.

Refire que o grupo Migallas participou no Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra co seu espectáculo “Merenda con pan de millo”. Tamén comenta que Susa Herrera presentou o seu libro-disco *Cantos animais*.

**Botrán**, Cristina, “Xosé Neira Vilas dá nome á biblioteca escolar do Foxo”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 10 xuño 2014, p. 5.

Faise eco da presenza de Xosé Neira Vilas no acto que tivo lugar no CEIP de Foxo, co gallo de darlle o seu nome á biblioteca escolar e renderlle unha homenaxe por parte da comunidade educativa.

**C. A.**, “Os alumnos do instituto de Guitiriz presentan a ficción ‘Os camiños esquencidos’”, *El Progreso*, “A Chaira”, 17 maio 2014, p. 24.

Dá conta de que o alumnado do IES Poeta Díaz Castro de Guitiriz presentou a curtametraxe de ficción intitulada “Os camiños esquencidos”, co gallo de conmemorar o Día das Letras Galegas.

**C. A.**, “La biblioteca de Xermade acoge un espectáculo para bebés”, *El Progreso*, “A Chaira”, 25 maio 2014, p. 20.

Dáse noticia dun espectáculo de contacontos dirixido a nenos menores de tres anos, intitulado “Palabras confeitadas” e levado a cabo pola actriz Sherezade Bardají, na biblioteca municipal de Xermade.

**Cabanelas**, Lucía M., “El gallego que conquistó a Spielberg”, *ABC*, “Galicia”, 11 agosto 2014, p. 46.

Faise referencia ás 59 pezas orixinais do debuxante Miguelanxo Prado que exporá no Museo das Peregrinacións en Santiago, destacando algunha delas. Ademais tamén menciona que se poderán ver os debuxos dos personaxes do Xabarín Club polos que tamén é coñecido. Acaba mencionando o salto a Hollywood cun dos premios máis famosos, en colaboración co cineasta Steven Spielberg, deseñando os personaxes na serie “Man in Black”.

**Calvar Giráldez**, María, “O diario da imaxinación”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Relato”, 6 agosto 2014, p. 28.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia* para, ao rematar o mes, dar a coñecer o gañador das dúas categorías: menores de quince anos e adultos. Neste caso reproducese o realizado por María Calvar, titulado “O diario da imaxinación”.

**Calveiro**, P., “Un carnaval con más orejas que nunca”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Patio de vecinos”, 28 febreiro 2014, contracuberta.

Entre outras cousas, infórmase da presentación d’*A burra Ramona* (2013), de Paula Carballeira e Xosé Tomás, na tenda Nikis Galicia Style en Santiago de Compostela.

**Cárdenas**, M., “Os Bolechas, o éxito do Nadal”, *Atlántico Diario*, p. 60/ *La Región*, p. 51, “Sociedad”, 9 xaneiro 2014.



Anuncia que rematou a xira de Nadal dos Bolechas, que levou o espectáculo intitulado *Os Bolechas cantan con Lady Vina* por Vilagarcía, Pontevedra, Vigo, Burela, Santiago, Cangas, Ourense, Narón, Lugo, A Coruña e Vilalba. Salienta a boa acollida do evento.

**Carrera**, Toño J., “Os Bolechas fomentan os bos hábitos entre os nenos”, *Atlántico Diario*, p. 37/ *La Región*, p. 49, “Sociedad”, 12 marzo 2014.

Dáse conta da presentación en Santiago do volume *Os Bolechas educan a Pepiño Chispa* (2013), no que se abordan hábitos saudábeis relacionados coa alimentación e o exercicio. Coméntase que esta iniciativa forma parte do plan de prevención da obesidade infantil que aprobará a Xunta de Galicia.

**Castro**, Víctor, “La biblioteca de Ordes acogerá el viernes una sesión de ‘Tardes de contos e lendas’”, *El Ideal Gallego*, “Sada”, “Atalaya Mariñana”, 29 xaneiro 2014, p. 22.

Anuncia que na biblioteca municipal de Ordes terá lugar unha nova entrega de “Tardes de contos e lendas” a cargo de Duende Sico, que presentará os relatos “A aventura dunha gota de auga” e “A árbore escola”.

**Castro**, Víctor, “El café bar Riobao, de Sada, estrenó una nueva gerencia”, *El Ideal Gallego*, “Sada”, “Atalaya mariñana”, 5 xuño 2014, p. 22.

Coméntase que a Casa da Cultura de Ordes acolleu unha representación teatral da obra de Manuel Rivas *A raposa e a mestra* (2013), da man dos alumnos de Educación Primaria do colexio Castelao.

**C. B.**, “Alumnos del colegio de O Foxo visitan la casa de Neira Vilas”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 807, 23 xaneiro 2014, p. 6.

Infórmase da visita dos alumnos do colexio do Foxo, da Estrada, á casa-museo de Neira Vilas en Vila de Cruces, onde están as instalacións da fundación que leva o nome do autor.

**C. B./ Sangiao**, “Encuentro literario con Francisco Castro en A Estrada”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 896, 24 abril 2014, p. 5.

Refírese ao encontro literario que Francisco Castro mantivo cos alumnos do IES n.º 1 da Estrada, que levou por título “Entre lecturas e palabras”.

**C. G.**, “Cuentacuentos de Miro Villar, hoy en Lestedo”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 823, 8 febreiro 2014, p. 6.

Anúnciase unha sesión de contacontos para os máis pequenos a cargo do escritor Miro Villar no Centro de Interpretación do Pico Sacro, sede da Asociación Cultural Mestre Manuel Gacio de Lestedo.

**C. G.**, “Cincuenta rapaces asisten á sesión de contos ‘A maleta da avoa’ de Raquel Queizás en Caldas”, *Diario de Pontevedra*, “Caldas. Deza. Tabeirós”, 3 abril 2014, p. 21.

Comenta que tivo lugar na Biblioteca Pública Municipal de Caldas a sesión de contos con monicreques “A maleta da avoa”, de Raquel Queizás.

**C. G.**, “Sesión de contacontos para os cativos”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 901, 29 abril 2014, p. 6.

Infórmase dunha sesión de contacontos de Raquel Queizás, “A maleta da avoa”, como conmemoración do Día do Libro, no Concello de Dodro.

**C. G.**, “Sesión de cuentacuentos para niños”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 902, 30 abril 2014, p. 6.

Infórmase dunha sesión de contacontos na biblioteca de Melide, actividade encadrada dentro da celebración do Día do Libro.

**C. G.**, “Os nenos de Touro en ‘Contos na tarde’”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 932, 30 maio 2014, p. 6.

Anúnciase o obradoiro “Colorín colorado, contos na tarde”, co que os pequenos de Touro gozaron na aula de usos múltiples do Concello.

**C. G.**, “Soledad Felloza cativa aos máis pequeniños co espectáculo Cabaliño Hop”, *Diario de Pontevedra*, “*Diario de Caldas*”, n.º 416, “Vivir en Caldas”, 25 xuño 2014, p. 4.

Dá conta de que a sesión de contos “Cabaliño Hop”, a cargo de Soledad Felloza, supuxo o remate da programación “Unha primavera de conto” da Biblioteca Pública Municipal Padre Martínez Ferro.

**Cheda, P.**, “Os nenos de Cervantes xogan coa literatura a través dos contos”, *El Progreso*, “A Montaña”, 7 xuño 2014, p. 15.

Informa da participación do alumnado do CPI de Cervantes no obradoiro de animación á lectura “Qontos en movemento”, organizado pola área de cultura da Deputación en colaboración con OQO Editora.

**C. Martínez**, “El espectáculo ‘Os Bolechas e o Sabichón’ llega el lunes a Marín con las Festas da Virxe”, *Diario de Pontevedra*, “O Morrazo”, “Marín”, 4 setembro 2014, p. 13.

Informa do espectáculo lúdico e didáctico “Os Bolechas e o Sabichón”, dirixida á nenez de tres a nove anos, que terá lugar con motivo das Festas da Virxe do Porto de Marín. Explica que este espectáculo é de monicreques e que se estrutura “a modo de concurso con un miniteatro que abre y cierra cada sesión”.

**Cota**, Rodrigo, “El botón”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 5 xaneiro 2014, contracuberta.

Fala de que a Banda de Música ofreceu un concerto na véspera de fin de ano e acompañados por Lores, Moreira, Louro e Fina Casalderrey, quen debían pulsar un botón cando o director así llo pedira. Salienta que a escritora foi a única que estivo á altura no transcurso do evento.

**C. P. R.**, “Begonte conmemora o Día do Libro cunha entrega de premios e un contacontos”, *El Progreso*, “A Chaira”, 21 abril 2014, p. 13.

Anuncia que o Concello de Begonte contará, para conmemorar o Día do Libro, cunha entrega de premios e co espectáculo “Coas mans na masa” por parte de Caxoto Contacontos.

**David**, Juan, “Os máis pequenos aprenderán galego e inglés cos Bolechas”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 10 xuño 2014, p. 35.

Dá conta da presentación do programa educativo “Os Bolechas. One 2 Three” en Santiago de Compostela. Explica que se emitirá na TVG e permitirá aos escolares de Educación Infantil e Primaria achegarse ás linguas galega e inglesa.

**Díaz**, Caetano, “O home que tece grandes historias cos fíos da vida”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, 6 xullo 2014, p. 6.

Recalca a humildade que caracteriza o escritor Agustín Fernández Paz.

**Díaz**, Pablo, “Toc toc”, *El Progreso*, “Pícaros”, “O conto”, 4 xaneiro 2014, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *Toc toc* (2013), escrita por Pablo Díaz e ilustrada por Nuria Díaz.

**Dopico**, Montse, “No cumio das vendas”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 483, “Reportaxe”, 9 xaneiro 2014, p. VIII.

Fala sobre diversas obras galegas infantís, xuvenís e para adultos que tiveron éxito nos últimos anos, como é o caso de *Memorias dun neno labrego* (1961), de Xosé Neira Vilas, e *Chamádeme Simbad* (2009), de Francisco Castro.

**ECG**, “Presentación de un libro sobre Isaac Díaz Pardo”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 19 marzo 2014, p. 27.

Anúnciase a presentación do libro de Loli Beloso *Isaac Díaz Pardo para nenas e nenos* (2013) na Fundación Granell de Santiago de Compostela.

**ECG**, “FalaRedes impulsa o galego entre o público familiar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 12 maio 2014, p. 43.

Refírese ao programa promovido pola Secretaría Xeral de Política Lingüística “FalaRedes”, que propón dinamizar a lingua con actividades que levan por diferentes concellos pontevedreses, como o espectáculo “Os Bolechas e o Sabichón”.

**ECG**, “Os nenos disfrutaron con ‘O aviador’”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, 19 maio 2014, p. 5.

Dáse noticia dunha sesión de contacontos levada a cabo pola compañía teatral Elefante Elegante no Concello de Oroso.

**ECG**, “El cómic asalta A Coruña toda esta semana”, *El Correo Gallego*, “Tendencias/Esquelas”, 5 agosto 2014, p. 33.

Faise referencia a unha nova edición do Salón do Cómic da Coruña e noméanse as sedes que acollerán as mostras programadas e tamén algúns dos debuxantes e autores que estarán presentes. Recóllese que Miguelanxo Prado, director do festival, manifestou que se fará unha achega das diferentes alternativas que os debuxantes e autores do cómic transitan para facer fronte á crise da historieta. Sinálase que moitos autores invitados impartirán clases maxistras, compartindo a súa experiencia cos diferentes profesionais do sector.

**ECG**, “Actuación de Os Bolechas hoy en el cultural de Sigüeiro”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 1049, 27 setembro 2014, p. 7.

Dáse noticia dun espectáculo d’Os Bolechas no centro cultural de Sigüeiro e da gratuidade das entradas até completar aforo.

**ELOS**, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 11 xaneiro 2014, p. 35.

Indícase que se ofrece nesta páxina semanal, a xeito de balance, unha selección de efemérides e actividades que tiveron lugar no 2013, de revistas especializadas e de obras de autores clásicos galegos e doutros ámbitos reeditadas tamén en 2013, por ser obxecto de comentario nesa páxina.

**ELOS**, “Protagonistas 2013”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 11 xaneiro 2014, p. 35.

Cítanse distintos dinamizadores que visualizaron a Literatura Infantil e Xuvenil e noméanse autores aos que se fai protagonistas con motivo dalgunha efeméride.

**ELOS**, “Resumo ELOS do 2013”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 11 xaneiro 2014, p. 35.

Salientan as obras editadas en 2013 que foron comentadas: a antoloxía *Un rato díxolle á lúa*, de Antonio García Teijeiro, realizada por Fran Alonso; *Cidades* (Xerais, 1997; 2013), de Fran Alonso; e a peza dramática infantil en edición facsimilar *Ruada das papas e o unto*, Mención honorífica do Concurso Nacional de Teatro Infantil O Facho en 1981, de Roberto Vidal Bolaño. No caso das obras traducidas: os álbums infantís *O soño de Matías* (1993; Kalandraka, 2013), de Leo Lionni; e *Un paseo polo parque* (1977; Kalandraka, 2013), de Anthony Browne; a colectánea de oito textos *Relatos de pantasma*s; os dous relatos policiais *O misterio dos bailaríns. Penca de prata*, de Arthur Conan Doyle; a obra xuvenil *Bisa Bea, Bisa Bel*, de Ana María Machado; e *Imos buscar un tesouro. A historia de como oso pequeno e tigre pequeno buscan a mellor cousa do mundo* (1979; Kalandraka, 2013), de Janosch.

**ELOS**, “Revistas”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +”, 11 xaneiro 2014, p. 35.

Noméanse as revistas que trataron a Literatura Infantil e Xuvenil e que foron comentadas nesta páxina durante o ano 2013: o n.º 10 do *Anuario de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil* (2012) e o *Anuario Iberoamericano sobre el Libro Infantil y Juvenil 2013* da Fundación SM.

**ELOS**, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 15 xaneiro 2014, p. 35.

Lémbrase o nacemento do autor americano Jack London (San Francisco, 12/01/1876-California, 1916), de quen se traduciu ao galego, *A chamada da selva* (Xerais, 1982; 2011 e Vicens Vives, 2012), *Cairo branco* (Xerais, 1997), *Unha odisea nórdica* (Sotelo Blanco, 1995) e *Polos Mares do Sur* (Sotelo Blanco, 2002).

**ELOS**, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 22 xaneiro 2014, p. 38.

Lémbrese o aniversario da escritora e periodista española Elvira Lindo, recoñecida pola creación do personaxe literario Manolito Gafotas.

**ELOS**, “Secretaría Xeral de Cultura”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 28 xaneiro 2014, p. 42.

Sinálanse as diferentes efemérides que se inclúen no Calendario do Libro e da Lectura que se elabora dende a Xunta de Galicia. Entre elas, destaca o Día da Ilustración que se celebra para fomentar o papel da ilustración na edición das obras e se establece que fose o día 30 de xaneiro, cando se cumpren anos do nacemento de A. D. Rodríguez Castelao, nado en Rianxo en 1886. Dan conta da páxina en liña onde se pode consultar: <http://www.cultura.gal/es/guia-poesia-3-8-anos>

**ELOS**, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 4 febreiro 2014, p. 42.

Apúntanse os 250 anos da publicación de *Viaje al centro de la tierra* (1864), de Jules Verne, obra que se traduciu ao galego en 1985 por Valentín Arias e que se reeditou en 2008 na colección “Xabaril” de Edicións Xerais de Galicia.

**ELOS**, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 12 febreiro 2014, p. 35.

Lémbrese o aniversario de nacemento da escritora galega Gloria Sánchez, quen deu a lume arredor de trinta obras, que se caracterizan pola reescrita e subversión de contos tradicionais, o humor ou o absurdo.

**ELOS**, “Premios 2013 de Fervenzas Literarias”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 12 febreiro 2014, p. 35.

Sinálanse as obras do ano 2013 galardoadas na sétima edición dos premios Fervenzas Literarias: *Nubes de evolución*, de Lourdes Maceiras, na modalidade “Mellor libro de Literatura Xuvenil”; *Un rato díxolle á lúa*, de Antonio García Teijeiro, en “Mellor libro de Literatura Infantil”; *A evolución de Calpurnia Tate*, de Jacqueline Kelly, en “Mellor libro traducido de LIX”; *Pan de Millo*, de Migallas, en “Mellor portada de LIX”.

**ELOS**, “CEU Ediciones”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 1 marzo 2014, p. 43.

Anúnciase a saída do prelo da monografía *De la Literatura Infantil a la Promoción de la Lectura* (2013), coordinada por Sandra Álvarez, Carmen Ferreira e Marta Neira. Dise que se trata dun libro-cd que acolle traballos en lingua castelá, galega e portuguesa, que está estruturado en catro bloques de contido e que nel participan recoñecidos autores e estudosos da LIX, tanto galega coma doutros ámbitos.

**ELOS**, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 6 marzo 2014, p. 43.

Faise eco do décimo aniversario de falecemento da poeta Xela Arias (Lugo, 1962-Vigo, 2003), quen traduciu obras de LIX para Edicións Xerais de Galicia e Ediciones SM.

**ELOS**, “Kalandraka Editora e Maurice Sendak”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 6 marzo 2014, p. 43.

Sínálase que en 2014 Kalandraka vaille prestar especial atención a Maurice Sendak, quen enriqueceu o imaxinario infantil cunha relevante produción artística e literaria. Explícase que no catálogo “Libros para Soñar” se incluírán máis dunha decena de títulos descatalogados ou inéditos que aparecerán nas linguas oficiais da Península. Así, apúntase que a *Onde viven os montros* se suman *Na cociña de noite*, a tradución *Outside over there* (1981) e os volumes da súa “Mini-biblioteca”, ademais doutras obras que el só ilustrou, como a colección “Osiño”, de Else Holmelund Minarik.

**ELOS**, “Le Petit Prince’, de Saint-Exupéry”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 13 marzo 2014, p. 43.

Saliéntanse as homenaxes con motivo do setenta aniversario da publicación de *Le Petit Prince*, do francés Antoine de Saint-Exupéry, entre elas: exposicións, edicións, reedicións, adaptacións etc. Indícase que foi traducida por vez primeira ao galego en 1972 por Carlos Casares e que ten sido fonte de inspiración, recentemente, para Pinto&Chinto, n’*O estrambótico Principiño* (Bululú, 2013) ou A. G. Roemmers, en *A volta do Xove Príncipe* (Galaxia, 2013).

**ELOS**, “XV Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 20 marzo 2014, p. 42.

Informa da celebración do XV Salón do Libro de Pontevedra “Cociñando contos”. Dá conta de que serán homenaxeados María Victoria Moreno, Xosé Neira Vilas e Anisia Miranda, Bernardino Graña, Xabier P. Docampo, Agustín Fernández Paz, Fina Casalderrey, Paco Martín, Gloria Sánchez e Marilar Aleixandre.

**ELOS**, “Secretaría Xeral de Cultura”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 27 marzo 2014, p. 43.

Salienta que a Secretaría Xeral de Cultura vén de acoller un novo recurso dixital no marco do programa de dinamización da lectura nas bibliotecas “Ler conta moito”. Indica que se trata dunha *Guía de poesía: de 3 a 8 anos*, na que se ofrecen propostas de actividades para seis poemarios, realizada por membros da Asociación de Investigación en Literatura Infantil e Xuvenil ELOS-Galicia.

**ELOS**, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 2 abril 2014, p. 42.

Lémbrese que o día 2 de abril se celebra en todo o mundo o Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil e comenta que esta data foi elixida para conmemorar o nacemento do escritor Hans Christian Andersen.

**ELOS**, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 9 abril 2014, p. 43.

Faise eco da saída do prelo do *Informe de Literatura 2012*, no que se acollen as obras editadas nese ano e a súa recepción. Indícase que, ademais de se publicar en CD-ROM, se pode consultar na páxina en liña do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (<http://www.cirp.es/rec2/informes/>).

**ELOS**, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 16 abril 2014, p. 38.

Lémbrese que hai vinte e cinco anos que se publicou a serie de álbums protagonizada por Elmer, do ilustrador David McKee. Indícase que a primeira tradución ao galego data de 1998 e que a máis recente a realizou Isabel Soto para a Editorial Vicens Vives en 2012.

**ELOS**, “Daniel Defoe (Londres, 24/4/1660-1731)”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 26 abril 2014, p. 42.

Faise eco do aniversario de nacemento do escritor Daniel Defoe e relátase o argumento de *Robinson Crusoe* (1719), novela de aventuras traducida ao galego por primeira vez en 1986 da man de Gonzalo Navaza para Edicións Xerais de Galicia.

**ELOS**, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 30 abril 2014, p. 42.

Indícase que a tradución de *Contos por teléfono*, reeditada por Kalandraka, foi seleccionada para a Lista de Honra do IBBY 2014 na categoría de tradución.

**ELOS**, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 8 maio 2014, p. 43.

Infórmase da celebración da XIV Campaña de Animación á Lectura de Kalandraka, na que se realizan diferentes actividades dirixidas a escolares, docentes e público xeral.



**ELOS**, “Marcos Calveiro (Vilagarcía, 1968)”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 8 maio 2014, p. 43.

Sitúase como protagonista a Marcos Calveiro porque a súa obra *Palabras de auga* (2012) foi incluída na prestixiosa Lista de Honra do IBBY do bienio 2012-2013. Cítanse outros premios recibidos por esta novela de formación e sobre a cultura suahili e puntualízase que tivo a súa orixe nunha noticia de prensa. Tamén se sinala que nela se recolle a historia de Amadou que, xunto aos membros do seu clan, teñen que loitar contra as adversidades provocadas pola seca e a violencia. Por último, anótase que esta obra xa alcanzou a cuarta reedición.

**ELOS**, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 21 maio 2014, p. 43.

Lémbrese os vinte e cinco anos da publicación de *Conta as estrelas*, da estadounidense Lois Lowry, que foi traducida ao galego en 2008.

**ELOS**, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 29 maio 2014, p. 51.

Infórmase do prazo de matrícula do XI Curso de Formación Continua, que organiza a Rede temática “As Literaturas Infantís e Xuvenís do Marco Ibérico e Iberoamericano” (LIXMI) e que tratará os “Movementos migratorios na Literatura Infantil e Xuvenil. Visións do feminino”. Tamén se apunta que se celebrará do 1 ao 4 de xullo en Santiago de Compostela.

**ELOS**, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 5 xuño 2014, p. 43.

Apúntase que cinco obras de Kalandraka se incluíron en “Los mejores Libros para niños y Jóvenes” do Banco do Libro de Venezuela: *El idioma secreto*, de M<sup>a</sup> José Ferrada; *Nueva York en Pijamama*, de M. Leblond e F. Bertrand; *Bandada*, de David Álvarez e Julia Díaz; *Grazas!*, de Isabel Minhós e Bernardo Carvalho; e *Palabras*, de Jesús Marchamalo e M. O. Gutiérrez Serna.

**ELOS**, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 14 xuño 2014, p. 43.

Lémbrese o prazo de inscrición do 10<sup>o</sup> Encontro Nacional de Investigación, organizado polo Centro de Investigación em Estudos da Criança (CIEC) do Instituto da Educación da Universidade de Braga.

**ELOS**, “Premio Príncipe de Asturias”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 14 xuño 2014, p. 43.

Refírese ao debuxante arxentino Quino, Premio Príncipe de Asturias de Comunicación e Humanidades, autor da serie gráfica protagonizada por Mafalda, da que se indica que en galego hai unha tradución realizada por Ramón Reimunde e Xoán Ramón Díaz para Distribuciones Souto, realizada nos anos 1984 (vols. 0-1), 1985 (vols. 2-3) e 1988 (vols. 4-5), recomendando a súa reedición.

**ELOS**, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 19 xuño 2014, p. 43.

Infórmase do prazo de matrícula do curso de formación continua “Movementos migratorios na Literatura Infantil e Xuvenil. Visións do feminino”, convocado pola USC e pola AELG, a través do ICE e do grupo de investigación LITER21.

**ELOS**, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 25 xuño 2014, p. 34.

Anuncia que o 30 de xuño e 1 de xullo se celebra o “Seminario/Workshop Internacional: Obras inolvidables na Literatura Infantil e Xuvenil. Visións do feminino, no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Enuncia as entidades organizadoras e sinala que nel se reunirán estudosos da LIX do ámbito ibérico e iberoamericano.

**ELOS**, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 17 xullo 2014, p. 36.

Lémbrase o nacemento do poeta chileno Pablo Neruda, autor d’*Oda a unha estrela* (2009), un álbum poético ilustrado por Elena Odriozola, que Kalandraka traduciu para o lectorado galego.

**ELOS**, “Montañas na cama’ (OQO, col. Q, 2013)”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 17 xullo 2014, p. 36.

Coméntase que o libro de Maricuela&Sonja Wimmer, *Montañas na cama* (OQO, 2013), recibiu o premio da Fundación Cuatro Gatos aos mellores libros para nenos e mozos de creadores iberoamericanos e destácanse as características principais deste.

**ELOS**, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 5 agosto 2014, p. 32.

Lémbrase que o número 108 da revista cántabra dedicada á Literatura Infantil e Xuvenil, *Peonza*, correspondente ao mes de marzo, está dedicado integramente ao escritor vilalbés Agustín Fernández Paz. Este volume monográfico ofrece traballos de Xabier P. Docampo, Xavier Senín, Isabel Soto, José Luis Polanco e Martín Pawley, entre outros, que se achegan a este “clásico contemporáneo” da LIX galega dende diferentes perspectivas.

**ELOS**, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 18 agosto 2014, p. 36.

Infórmase do prazo de inscrición no simposio internacional “La Literatura en pantalla: textos, lectores y prácticas docentes”, organizado por Gretel.

**ELOS**, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 27 agosto 2014, p. 36.

Infórmase do centenario do nacemento do escritor Julio Cortázar, do que se traduciu ao galego *Discurso do oso* (2008), relato incluído en *Historias de cronopios y famas*.

**ELOS**, “Juan Ramón Jiménez (Moguer, 1881-Porto Rico, 1958)”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 27 agosto 2014, p. 36.

Lémbrese o centenario da publicación de *Platero y yo*, lectura obrigatoria en moitas escolas que encerra unha “patente crítica social”. Indícase que no ano 1990 Manuel Beiras traduciu esta “fabulosa narración lírica” ao galego na colección “Narrativa” de Edicións do Castro.

**ELOS**, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 11 setembro 2014, p. 43.

Faise eco da celebración entre o día 19 e o 21 de novembro do “XV Congreso Internacional de la Sociedad Española de Didáctica de la Lengua y la Literatura (SEDLL)”, que terá lugar en Valencia.

**ELOS**, “Charlie e a fábrica de chocolate’, de Roald Dahl”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 11 setembro 2014, p. 43.

Co gallo dos 50 anos da publicación da obra *Charlie e a fábrica de chocolate*, do autor británico Roald Dahl, faise unha breve alusión ao seu argumento e ás súas características, ademais de indicar que en galego se conta con dúas traducións realizadas nos anos 1989 e 2005.

**ELOS**, “James Fenimore Cooper”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 17 setembro 2014, p. 42.

Con motivo do aniversario de nacemento, lémbrese a James Fenimore Cooper, quen escribiu a novela *The Last of the Mohicans* (1826), traducida ao galego por Xela Arias no ano 1993 co título *O último dos mohicanos* para a colección “Xabarán” de Edicións

Xerais de Galicia. Dáse conta do seu argumento e indicase que se encadra no realismo colonial e a ficción histórica.

**ELOS**, “LIJMI”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 3 outubro 2014, p. 38.

Di que elixiron como protagonista a Rede Temática de Investigación “Las Literaturas Infantiles y Juveniles del Marco Ibérico e Iberoamericano” (LIJMI) por cumprirse dez anos da súa creación, vinculada á Universidade de Santiago de Compostela e ao Centro Ramón Piñeiro, institucións ás que pertence a súa directora, Blanca-Ana Roig. Saliéntase que está formada por estudosos de universidades de España, Portugal e Iberoamérica e que se trata dun grupo de investigación interdisciplinar e multicultural que estuda sobre todo a produción, recepción e mediación das lecturas textuais e visuais destinadas á infancia e xuventude a través de actividades como reunións científicas, workshops, congresos... e publicacións varias. Remítese á súa páxina en liña para saber máis sobre esta Rede de investigación.

**ELOS**, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 9 outubro 2014, p. 44.

Lémbrase o aniversario de nacemento de Manuel María (nome literario de Manuel María Fernández Teixeiro, Outeiro de Rei, 1929-A Coruña, 2004), un autor clásico da Literatura Infantil e Xuvenil e da literatura de adultos. Destácanse, da súa produción para os máis novos o poemario *Os soños na gaiola* (1968), a peza dramática *Barriga verde* (1968) e a narración *A tribo ten catro ríos* (1991).

**ELOS**, “Centro PEN Clube de Galicia”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 17 outubro 2014, p. 42.

Salienta que o PEN Clube de Galicia foi galardoado en setembro, na modalidade “Proxección exterior”, dos Premios da Cultura galega 2014, que a Xunta de Galicia convoca para recoñecer o traballo e a singularidade da contribución de persoas, entidades e institucións a prol da cultura galega. Explica que este Centro, conformado por escritoras e escritores en lingua galega, é a sección galega do PEN internacional, que tivo como primeiro presidente a Alfredo Conde e que dirixe na actualidade Luís González Tosar. Lembra que nel participan escritores e críticos da Literatura Infantil e Xuvenil e mesmo o dirixiron Úrsula Heinze e Carlos Casares, autores xa clásicos desta literatura. Apúntase que, na decisión de lle conceder o galardón, se terían en conta as achegas á Literatura Infantil e Xuvenil, así como os seus vinte e cinco anos de actividades.

**ELOS**, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 31 outubro 2014, p. 38.

Faise unha lembranza de Uxío Novoneyra (Folgo do Courel, 1930-Santiago de Compostela, 1999) co gallo do seu décimo quinto cabodano e cítase algunhas das súas obras, como *O cubil do xabarán* (1991).

**ELOS**, “Xosé Neira Vilas (Gres, 1928)”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 31 outubro 2014, p. 38.

Refírese a Xosé Neira Vilas por ser galardoado co Premio Otero Pedrayo e na modalidade “Letras” dos Premios da Cultura galega 2014, convocados pola Xunta de Galicia que recoñecen o traballo e a singularidade da contribución de persoas, entidades e institucións en prol da cultura galega. Dise que Neira Vilas é un dos autores clásicos contemporáneos da Literatura Infantil e Xuvenil galega e que coa súa obra *Memorias dun neno labrego* se iniciou a Literatura Xuvenil. Saliéntase a súa ampla contribución a este sistema literario, tanto pola súa produción coma pola normalización que supón a convocatoria dende a Fundación que leva o seu nome dos premios Arume e Estornela, cos que se atende a poesía e o teatro, feito que probabelmente tamén se tivo en conta para concederlle os galardóns.

**ELOS**, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 5 novembro 2014, p. 44.

Lémbrese a concesión do Premio da Crítica ao Mellor debuxante de cómic 2014, organizado pola revista *Dolmen*, ao ourensán David Rubín, quen fundou o colectivo Polaquia en 2001 e colabora con numerosas revistas. Explicase que o xurado, composto por críticos e estudosos da banda deseñada, recoñeceu o seu labor ilustrativo na novela gráfica *Beowulf* (2013). Indícase que esta obra, con guión de Santiago García, tamén competía no galardón á Mellor Obra Nacional.

**ELOS**, “Galician Wave’, de Small Stations Press”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 5 novembro 2014, p. 44.

Destácase esta colección, promovida polo proxecto Small Stations Press, iniciado a finais de setembro de 2014 baixo a dirección de Jonathan Dunne e Tsvetanka Elenkova. Indícase que nesta colección ven a luz traducións ao inglés de obras da Literatura Infantil e Xuvenil galega de recoñecida calidade, da autoría de clásicos contemporáneos desta literatura ou de novas voces que entraron con forza neste sistema. Precísase que Jonathan Dunne realiza as traducións e Yana Levieva os deseños desta colección, á que se transvasaron catro obras publicadas por Edicións Xerais de Galicia: *Black Air* (*Aire negro*, 2000), de Agustín Fernández Paz; *Dove and cut throat* (*A pomba e o degolado*, 2007), de Fina Casalderrey; *The painter with the hat of mallows* (*O pintor do sombreiro de malvas*, 2010), de Marcos Calveiro, e *Dragal I: The Dragon’s Inheritance* (*Dragal I. A herdanza do dragón*, 2010), de Elena Gallego.

**ELOS**, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 12 novembro 2014, p. 44.

Lémbrese a data de peche de envíos de textos orixinais e inéditos para concorrer á modalidade de narración do XI Premio de Narración e Ilustración infantil e xuvenil Pura e Dora Vázquez. Indícase que a Deputación Provincial de Ourense concede este galardón dende 2003 e achégase o enlace web ás bases da convocatoria.

**ELOS**, “Cándido Pazó (Vigo, 1960)”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 12 novembro 2014, p. 44.

Faise protagonista a Cándido Pazó por ser galardoado no mes de setembro, na modalidade “Artes escénicas”, nos Premios da Cultura galega 2014, convocados pola Xunta de Galicia para recoñecer o traballo e a singularidade da contribución de persoas, entidades e institucións en prol da cultura galega. Saliéntase que Pazó iniciou a súa andaina como actor en 1975, que sempre tivo en conta os máis novos como autor e actor, director de compañías teatrais etc., que participou nos primeiros encontros da Mostra de Teatro de Ribadavia e finalmente que é autor da peza de teatro para a nenez *O merlo Branco* (1989).

**ELOS**, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 17 novembro 2014, p. 44.

Lémbrese que até o 28 de novembro segue aberto o prazo de matrícula do “Máster en Literatura Infantil y Juvenil como aporte a la formación y desarrollo de hábitos lectores”, organizado polo Instituto de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela e dirixido a licenciados e graduados de Ciencias Sociais e Humanidades que estean interesados en formarse para axudar á mellora dos índices de lectura.

**ELOS**, “Henrique Torreiro (Ourense, 1972)”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 17 novembro 2014, p. 44.

Saliéntase que Henrique Torreiro recibiu o Premio Ourense de Banda Deseñada na edición de 2014, un galardón, convocado por Espazo Xove e Sindicato del Cómic para recoñecer as mellores iniciativas de carácter persoal ou de entidades a prol da banda deseñada galega e que ten lugar no marco das Xornadas de Banda Deseñada de Ourense. A seguir ofrécese algúns datos biográficos do homenaxeado.

**ELOS**, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 1 decembro 2014, p. 46.

Lémbrese que o 29 de novembro se celebra o aniversario de nacemento do escritor irlandés Clive Staples Lewis (Belfast, 1898-Oxford, 1963), coñecido como C. S. Lewis. Destácase, entre a súa obra, a serie fantástica *Las crónicas de Narnia*, que aínda non se poden ler en galego.

**ELOS**, “Marica Campo”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 1 decembro 2014, p. 46.

Faise protagonista a Marica Campo por ser galardoada neste ano co Premio Ramón Piñeiro “Facer País”. Noméase, entre a súa produción, *Abracadabras* (Do Castro, 2006), poemario merecedor do premio Arume; as narrativas *E Xoel aprendeu a voar* (Obradoiro, 2009) e *Noutra dimensión* (Galaxia, 2011), obras nas que se di que se achega á soidade da preadolescencia, os conflitos familiares e a importancia da imaxinación para superar os traumas. Tamén se salienta que no 1983 recibiu unha mención honorífica no concurso de teatro O Facho por *O Premexentes non pode cos paxaros rebezos*.

**ELOS**, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 9 decembro 2014, p. 36.

Lémbrese que a vixésima edición dos Encontros Luso-Galaico-Franceses se celebrará o 12 e o 13 de decembro na Escola Superior de Educação (Porto, Portugal). Precísase que se tratará a representación das guerras na Literatura Infantil e Xuvenil, con motivo do Centenario da I Guerra Mundial e dos 75 anos do fin da Guerra Civil española. Refírese que neses Encontros intervirán membros da Asociación de Investigación ELOS e do ICE (USC) e tamén os escritores galegos Rafael Lema e Paula Carballeira.

**ELOS**, “The White Ravens”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 9 decembro 2014, p. 36.

Fanse protagonistas os álbums *Galiño Pelado* e *Nicomedes o pelado* por seren incluídos en The White Ravens 2014, da Internationale Jugendbibliothek de Múnic, que inclúe unha selección dos mellores 200 libros infantís e xuvenís escritos en máis de 30 idiomas e provenientes duns 50 países. Explicase que *Galiño Pelado*, de Paula Carbonell e ilustrado por Philip Giordano, pertence ao catálogo de OQO editora e danse uns datos sobre o seu contido, e tamén *Nicomedes o pelado*, de Pinto&Chinto, publicado por Kalandraka, obra da que se fai un brevísimos resumo.

**ELOS**, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 27 decembro 2014, p. 36/ 29 decembro 2014, p. 30.

Ofrécese un balance anual co deseño de Carmen Franco, como recordatorio dos apartados que conforman esta páxina mes a mes, comezando polos protagonistas galegos galardoados no ano, as monografías sobre LIX e as obras actuais galegas e traducidas que se publicaron e recensionaron durante o 2014, para recomendalas como agasallo de Nadal.

**ELOS**, “Galardoados 2014”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 27 decembro 2014, p. 36/ 29 decembro 2014, p. 30.

Elíxense, como protagonistas neste ano 2014 a aqueles autores e autoras que mereceron premios convocados en Galicia e fóra dela e ofrécese unha listaxe de autores e premios.

**ELOS**, “Lecturas para este Nadal”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 27 decembro 2014, p. 36/ 29 decembro 2014, p. 30.

Recórdase, coa finalidade de que poidan ser recomendadas como agasallo nas festas de Nadal, as obras galegas e traducidas que se comentaron dende xaneiro a decembro deste ano, pois considérase que merecen un lugar destacado nas librarías do público lector infantil e xuvenil e a seguir noméanse todas elas e danse unhas notas sobre o seu contido.

**Elzbieta**, “Onde van os bebés?”, *El Progreso*, “Pícaros”, “O conto”, 4 xaneiro 2014, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *Onde van os bebés?* (2011), escrita e ilustrada por Elzbieta.

**Fernández, L.**, “Os Bolechas conquistan Lobios”, *Atlántico Diario*, “Sociedad”, p. 45/ *La Región*, “Baixa Limia”, p. 17, 8 febreiro 2014.

Dise que Os Bolechas visitaron o CEIP do Xurés de Lobios para entregarlles o primeiro premio “Debuxa o teu cole” de Novagalicia Banco.

**Fernández, Martín**, “O humor dos Bolechas e máis de 100 figurantes animarán a Cabalgata”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 4 xaneiro 2014, p. 26.

Anuncia a participación dos Bolechas na Cabalgata de Reis de Santiago de Compostela.

**Fernández, Martín**, “Santiago exhibe a primeira mostra antropolóxica de Miguelanxo Prado”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 2 agosto 2014, p. 32.

Dáse noticia dunha exposición antolóxica do debuxante galego Miguelanxo Prado, na que reúne cincuenta e nove obras orixinais de toda a súa carreira. Explicase a estrutura da mostra e os materiais reunidos no Museo das Peregrinacións de Santiago de Compostela até o 31 de decembro.

**Formoso, S.**, “Xosé Neira Vilas pon nome á biblioteca do CPI Antonio Orza Couto de Boqueixón”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 920, 18 maio 2014, p. 5.

Informa da participación de Xosé Neira Vilas na última xornada celebrada no CPI Antonio Orza Couto de Boqueixón para conmemorar o Día das Letras Galegas. Tamén comenta que a biblioteca do centro pasou a ter o nome do escritor de Gres.



**Formoso**, Susana, “O reino do ‘Dragal’ chega ao Pico Sacro con 232 escolares”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 953, 21 xuño 2014, p. 4.

Fálase da participación de estudantes procedentes de cinco centros galegos nun xogo de rol no Pico Sacro, o cal tomou como eixe a triloxía de novelas xuvenís *Dragal*, de Elena Gallego Abad.

**Fraga**, Xesús, “Christie’s incluye a Miguelanxo Prado en su subasta de cómic”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 14 marzo 2014, p. 44.

Informa que a casa de poxas Christie’s acolle un cadro de Miguelanxo Prado, no que tomou como referencia o seu álbum *Trazo de tiza* (1992).

**Fraga**, Xesús, “A vida dos debuxantes do Norte’ reúne a 26 autores noveles”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 24 xullo 2014, p. 38.

Dáse noticia de que a escola de cómic “O Garaxe Hermético”, por segundo ano consecutivo e tras recompilar as súas obras, publica unha historia con protagonistas vinculados ao mundo do cómic. Recóllense as palabras do coordinador, Kiko da Silva, nas que explica que o espírito da obra é entender “Galicia como un país de historietas”. Tamén se comenta que o alumnado deberá elaborar novas obras con motivo dos traballos de fin de curso, ademais de mencionarse que as prazas para o próximo curso están xa cubertas.

**García**, Javier, “Un conto dos bolechas vai difundir a fórmula do acollemento familiar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 13 maio 2014, p. 36.

Faise eco da presentación da obra *Os Bolechas aumentan a familia* en Santiago de Compostela, coa que se tenta impulsar a divulgación do acollemento familiar por parte da Consellería de Traballo e Benestar.

**García**, P., “Todos con la magia de Os Bolechas”, *La Región*, “Ciudadanos”, 4 xaneiro 2014, p. 14.

Informa que tivo lugar no Auditorio Municipal de Ourense o espectáculo “Os Bolechas cantan con Lady Vina”, encadrado na súa xira de Nadal, e salienta o seu éxito.

**García Márquez**, Marta, “Todo un Castelao por descubrir”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 28 xaneiro 2014, p. 12.

Fala dos volumes que Inacio e Iván Suárez publicaron ao redor da figura de Castelao, *Titoán* (2011), *O pobre tolo* (2012) e *Máis alá!* (2013). Tamén anuncia que na cuarta entrega abordarán a infancia do escritor.

**G. G.**, “Un recorrido por la Pontevedra más ligada a Castelao”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Gente a diario”, 25 xaneiro 2014, p. 71.

Dáse conta da participación dun grupo de alumnos do IES Luís Seoane de Pontevedra no Roteiro Castelao, que percorre as rúas do centro histórico desa cidade.

**Gómez, Chus**, “Polo pracer de ler”, *Diario de Pontevedra*, “*Diario de Caldas*”, n.º 406, “Vivir en Caldas”, 16 abril 2014, p. 4.

Informa que na Biblioteca Pública de Caldas se leva a cabo o programa “Unha primavera de conto!”, no que se inclúen sesións de contacontos como “O lobo bobo”, a cargo da compañía Elefante Elegante; “Fala, Xosé!”, por Maquinarias Teatro; “Contos susurrados”, por Fátima Fernández; e “Cabaliño Hop”, a cargo de Soledad Felloza.

**Gómez, Chus**, “Contos susurrados’ na Biblioteca de Caldas”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Caldas”, 24 maio 2014, p. 19.

Informa da actividade “Contos susurrados”, que terá lugar na Biblioteca Municipal de Caldas de Reis dentro do programa “Unha primavera de conto!”. Engade que esta sesión de contacontos se dirixe á nenez de catro a doce anos e que a entrada é de balde.

**Gómez, Chus**, “Fina Casalderrey, de estreno en Caldas”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Caldas”, 22 xuño 2014, p. 23.

Indica que Fina Casalderrey exhibirá a curtametraxe *Dúas letras* (2012) na I Mestura coa Literatura, integrada no festival Orixe Candente. Tamén refire que Laura Casal e Laura Rodríguez protagonizarán un recital de poesía e microrrelato.

**González, Eva**, “Unha serea no conto viaxeiro”, *Faro de Vigo*, “Baixo Miño”, 31 xaneiro 2014, p. 17.

Informa que o alumnado do Colexio Suárez Marquier do Rosal e do Nº 2 de Tui foron os primeiros en achegar propostas á iniciativa transfronteiriza “Polo Correo do Vento”, a cargo de Quique Mauricio e Carlos Taboada.

**González, Eva**, “La poesía como antídoto contra la crisis”, *Faro de Vigo*, “Baixo Miño”, 9 maio 2014, p. 18.

Comenta a participación de alumnado e profesorado dos IES Poio, IES Ribeira do Louro-O Porriño, IES Sanxenxo, IES Vilalonga e IES San Paio-Tui nunha manifestación en Tui para reivindicar o valor da poesía. Explica que isto se encadra dentro do proxecto “Enredando versos”, no que se impartiron diversos obradoiros a

cargo dos poetas galegos Lucía Aldao, Fran Alonso, Rosalía Fernández Rial, María Lado e Elvira Riveiro, e dos casteláns Raquel Lanseros e Raúl Vacas.

**Iglesias, A.**, “Un libro recoge la labor de Díaz Pardo contada a los niños”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 20 marzo 2014, p. 30.

Fala da presentación que tivo lugar na Fundación Granell da obra *Isaac Díaz Pardo para nenas e nenos galegos* (2013), de Loli Beloso. Tamén recolle que parte da recadación do libro se destinará á investigación para loitar contra o cancro.

**Iglesias, Jesús**, “A cidade de cómic mergúllase de cheo na maxia das Festas da Peregrina 2014”, *Diario de Pontevedra*, “FP14Pontevedra”, 10 agosto 2014, p. 2.

Fai referencia ao Pregón das Festas da Peregrina, que este ano protagonizou o ilustrador de banda deseñada Kiko da Silva, quen comezou a súa intervención presentando unha caricatura do alcalde que animou o público. A seguir demostrou o afecto á súa vila adoptiva e homenaxeou a autores de bandas deseñadas nados na cidade, ademais de destacar que Pontevedra sempre foi unha cidade de cómic, pois até José Luís García López, debuxante de cómics como Batman ou Superman, era pontevedrés. Rematou as súas verbas dando paso ao alcalde e animando o público a gozar das celebracións.

**Janosch**, “Correo para tigre”, *El Progreso*, “Pícaros”, “O conto”, 3 maio 2014, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *Correo para tigre* (2011), escrita e ilustrada por Janosch.

**Janosch**, “Que bonito é panamá”, *El Progreso*, “Pícaros”, “O conto”, 8 maio 2014, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *Que bonito é Panamá* (2010), escrita e ilustrada por Janosch.

**Jaureguizar**, “Rivas fala do ‘amor á música que une un raposo e unha mestra’ en Lugo”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Literatura”, 4 abril 2014, p. 69.

Indica que Manuel Rivas fixo unha lectura dramatizada da súa última obra infantil *O raposo e a mestra* (2013) para o alumnado de catro colexios de Lugo.

**Jaureguizar**, Santiago, “Os prexuízos de Giotto contra a lectura como factor distraente da fe”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, p. 76/ *El Progreso*, “Vivir”, p. 70, “Cultura”, 28 xuño 2014.

Comenta que Xabier P. Docampo foi homenaxeado pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega en Castro de Rei e fala do amor que entraña o feito de relatar unha historia.

**J. C.**, “Un cómic recoge las peripecias de Os Bolechas en la villa de Trives”, *La Región*, “Provincia”, 3 xaneiro 2014, p. 21.

Anuncia a presentación en Trives do volume *Os Bolechas en Trives*, un cómic no que se toma como escenario os espazos máis coñecidos da vila.

**J. E.**, “Vuelve el ciclo ‘Tardes de contos e lendas’ en la biblioteca de Ordes”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 814, 30 xaneiro 2014, p. 7.

Dáse conta dunha das actividades deste ciclo que ten lugar na biblioteca municipal de Ordes, na que Duende Sico ofrecerá os relatos “A aventura dunha gota de auga” e “A árbore escola”.

**J. E.**, “Maxia Cómica para las Tardes de Contos e Lendas”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 869, 26 marzo 2014, p. 7.

Refírese unha nova edición do ciclo “Tardes de contos e lendas” que terá lugar na biblioteca municipal de Ordes.

**J. E.**, “Cuarenta chavales con ‘O soño do rato’”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 899, 27 abril 2014, p. 7.

Refírese ao contacontos ‘O soño do rato’ que tivo lugar no salón de actos do centro cultural de Sigüeiro conmemorando o Día do Libro.

**Jenkins**, Martin, “Simios”, *El Progreso*, “Pícaros”, “O conto”, 15 febreiro 2014, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *Simios* (2008), escrita por Martin Jenkins e ilustrada por Vicky White.

**J. I.**, “O increíble mundo de Barriga Verde’ llegará el sábado a la Residencia de Maiores”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 22 abril 2014, p. 9.

Dáse conta de que a Residencia de Maiores de Campolongo acollerá a representación da peza teatral *O increíble mundo de Barriga Verde*, a cargo da Aula Municipal de Teatro Infantil Á procura do tesouro, no marco dos “Obradoiros de Expresión Dramática, Plástica e Musical” da Concellaría de Cultura do Concello de Pontevedra que coordina Migallas Teatro.

**J. M. R.**, “Cuentacuentos con María Canosa”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 883, 9 abril 2014, p. 7.

Refírese o recitado de *Papá, que son os sorrisos?* (2013) por parte dos seus autores, María Canosa e o ilustrador Dani Padrón, na librería A Lus do Candil.

**J. M. R.**, “Concha Blanco y Rafael Lema en un curso de la USC”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 943, 11 xuño 2014, p. 6.

Anúnciase que os escritores Concha Blanco e Rafael Lema, entre outros, participarán o día 2 de xullo no Curso de Formación Continua “Movements Migratorios na Literatura Infantil e Xuvenil. Visións do feminino”, que organiza a Universidade de Santiago.

**J. M. R.**, “Un Simposio Pondaliano con ‘nombres propios’”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 1.088, 6 novembro 2014, p. 7.

Anúnciase a celebración do decimo noveno Simposio Pondaliano que conta coa presenza de varios escritores galegos actuais, “nomes propios que salvan aldeas”. Dá conta do programa de actividades que inclúe a presentación de varios libros e a realización dun obradoiro de regueifa.

**L. A. R.**, “Los personajes infantiles Os Bolechas, protagonistas de una guía turística de Sober”, *El Progreso*, “Ribeira Sacra”, 6 abril 2014, p. 21.

Anuncia que Os Bolechas protagonizan un conto para dar a coñecer os lugares máis emblemáticos de Sober.

**Liboreiro, Jorge/ L. C. LL.**, “Un instituto de Moaña creará una editorial de libros infantiles”, *La Voz de Galicia*, “Sociedad”, 17 xuño 2014, p. 32.

Informa que o IES As Barxas de Moaña foi o gañador do certame Proyecta Innovación, convocado polas fundacións Amancio Ortega e Santiago Rey Fernández-Latorre, e cuxa dotación económica será investida na creación dunha editorial de libros infantís.

**Llano, Juan**, “Os Bolechas’, o fenómeno infantil do momento, visitan hoxe Ourense”, *La Región*, “Ciudad”, 25 abril 2014, p. 10.

Informa da presenza dos Bolechas no Centro Comercial Paseo en Ourense, no cal se levarán a cabo diversas actividades, entre as que salienta un obradoiro a cargo de Pepe Carreiro sobre como debuxar estes personaxes.

**Lobel, Arnold**, “O porquiño”, *El Progreso*, “Pícaros”, “O conto”, 15 marzo 2014, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *O porquiño* (2009), escrita e ilustrada por Arnold Lobel.

**López, A.**, “Trece pezas que falan sobre a lacra da fame”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 15 marzo 2014, p. 59.

Explica que na XV edición do Salón do Libro de Pontevedra se poden ver trece pezas de granito que aluden a diversos poemas da obra *Follas Novas* (1880), de Rosalía de Castro.

**López, Adrián**, “Viñetas 2014 se despide tras una acogida ‘abrumadora’”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 11 agosto 2014, p. 30.

Recolle o balance de Miguelanxo Prado sobre esta edición de “Viñetas desde o Atlántico”, salientando que apostarán por actualizar a páxina en liña.

**López, Ana**, “Os colexios protagonizan a inauguración do Salón do Libro máis saboroso”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 15 marzo 2014, p. 58.

Fala do acto inaugural da XV edición do Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra baixo o lema “Cociñando contos” e salienta a participación de alumnado e profesorado do CEIP San Martiño de Salcedo e do CEIP Parada de Campañó.

**López, Ana**, “Estas casiñas están para comelas”, *Diario de Pontevedra*, 20 marzo 2014, contracuberta.

Informa que na XV edición do Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra tivo lugar un obradoiro titulado “Contos e chocolate” a cargo de OQO Editora, no que os rapaces tiñan que recrear a casa da bruxa do conto de *Hansel e Gretel*.

**López, Belén**, “Polo correo do vento... transfronteirizo”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, 29 xaneiro 2014, p. 61.

Comenta que Kike Mauricio e Carlos Taboada son os coordinadores do proxecto “Conto viaxeiro transfronteirizo”, cuxo obxectivo consiste na elaboración dun relato colectivo entre dez colexios galegos e dez colexios portugueses.

**López, Belén**, “Contos por teléfono’ de Kalandraka entra na lista de honra da IBBY”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Sociedad”, 6 febreiro 2014, p. 53.

Comenta que *Contos por teléfono* (2011), unha edición da obra de Gianni Rodari por parte da editorial Kalandraka, pasa a formar parte da lista de honra da IBBY. Tamén apunta que entra nesa lista *Palabras de auga* (2012), de Marcos Calveiro, obra publicada por Edicións Xerais de Galicia.

**López, Belén**, “O Salón do Libro Infantil e xuvenil pon o mandil”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 7 marzo 2014, p. 67.

Anuncia que o Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra levará este ano por lema “Cociñando contos” e fala sobre as diversas actividades propostas na súa programación.

**López, Belén**, “Premios e pocións de Iratxe López de Munáin”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, 19 marzo 2014, p. 58.

Anuncia que Iratxe López resultou gañadora do Premio Europeo de Ilustración “Cociña de contos”, un certame convocado pola editorial OQO, que consistía na realización dunha proposta para ilustrar o conto de *Hansel e Gretel*.

**López, Belén**, “A Feira do Libro bota o peche”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 12 maio 2014, p. 52.

Dáse conta do remate da Feira do Libro de Pontevedra e infórmase que contou con maior afluencia de visitantes que noutras edicións. Saliéntase que na última xornada Loli Beloso, Kiko da Silva e Manel Loureiro asinaron exemplares das súas obras.

**López, Belén**, “Título do libro ‘Dove and Cut Throat’; autora, Fina Casalderrey”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 23 xullo 2014, p. 59.

Comeza referíndose á tradución da obra de Fina Casalderrey *A pomba e o degolado*, que forma parte dunha serie publicada pola editorial Small Stations Press e dedicada á literatura infantil e xuvenil. Explicase que esta colección quere recoller o mellor desta literatura en galego e refírese ao tradutor, Jonathan Dunne, moi vinculado á cultura galega.

**López, Belén**, “No Torrente sacan os coitelos”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Cultural”, 9 novembro 2014, p. 11.

Infórmase da presentación de *Corazóns e coitelos*, un volume que recolle vinte e cinco relatos e un poema escritos por alumnos e ex-alumnos do instituto Torrente Ballester. Saliéntase a presenza do crítico literario Ramón Rozas, do director do instituto e do escritor Pedro Feijoo que apadriña o volume. Coméntase que Feijoo escribe o prólogo do libro e que a primeira frase da súa novela, *A memoria da choiva* (2013), inspirou en certa medida a xestión da obra. Destácase que este foi posíbel grazas ao éxito do primeiro volume publicado polo centro Torrente Ballester, *Petiscos* (2011). Remata indicando que o obxectivo principal destes proxectos é darlle presenza física e dignidade aos textos do alumnado.

**López**, Belén, “Orella pendella, vai á leña”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Cultural”, 26 novembro 2014, p. 11.

Coméntase a creación por parte dos pontevedreses Carlos Yus, María Campos e Kiko Fernández d’ *Orella Pendella*, unha páxina en liña onde se busca recoller ditos infantís da tradición oral de toda Galicia.

**López**, Belén, “Historia dun patíño pontevedrés”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Cultural”, 4 decembro 2014, p. 12.

Dáse conta de que a serie televisiva *Cocorico*, realizada pola sección audiovisual do selo editorial OQO e que emitiu a Televisión de Galicia dentro da programación infantil do Xabarín Club, está a traballar na súa segunda tempada. Infórmase que esta serie, baseada no álbum publicado no 2006 por Marisa Núñez, realízase a través da técnica *stop motion*, que consiste na animación foto a foto e para a que se teñen que realizar artesanalmente bonecos de tea.

**López**, Uxía, “Versos e música para Rosalía”, *La Voz de Galicia*, “Comarcas”, 16 xullo 2014, p. 9.

Lembra o acto conmemorativo da efeméride do pasamento de Rosalía de Castro hai cento vinte e nove anos. Explicase que nesta cita, organizada pola Fundación Rosalía, se reuniron escritores e que se iniciou coa presentación do libro *De papoulas e de instrucións*, que acolle poemas do alumnado que participou no II Premio escolar Rosalía de Castro.

**Lorenzo**, Fran P., “Barriga Verde regresa á feira”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 26 novembro 2014, p. 41.

Infórmase da exposición “Barriga Verde, de feira en feira”, que acolle o Museo do Pobo Galego, organizada pola Asociación Cultural “Morreu o Demo”, co obxectivo de recuperar o monicreque tradicional galego e, sobre todo, a figura de Barriga Verde. Explica que este personaxe fora introducido en Galicia polo estremeño José Silvent dende Portugal, e foi unha peza fundamental nas representacións de monicreques que se facían nas feiras galegas ao longo de gran parte do século XX.

**Machado**, Ana María, “Bisa bea, bisa bel”, *El Progreso*, “Pícaros”, “O conto”, 18 xaneiro 2014, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *Bisa bea, bisa bel* (2013), escrita por Ana María Machado e ilustrada por Almudena Aparicio.

**Malvido**, Gemma, “Cada niño entiende la historia de ‘Valados’ según la realidad que vive”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y Cultura”, 23 marzo 2014, p. 13.



Conversa con Ramiro Neira, actor que protagoniza a adaptación de *Valados*, de Agustín Fernández Paz, por parte do Grupo de Teatro Artestudio, que a representará no Teatro Colón da Coruña.

**Malvido**, Gemma, “El Salón del Cómic dedica sus talleres infantiles a las obras de creadoras gallegas”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Fiestas de María Pita’14”, 5 agosto 2014, p. 8.

Repaso polas actividades que terán lugar durante esta edición anual de “Viñetas desde o Atlántico” na Coruña.

**Manteiga**, M., “Contacontos para os novos de Ames nas bibliotecas”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 906, 4 maio 2014, p. 6.

Refírense, entre outras actividades, ás varias sesións de contacontos que terán lugar nas bibliotecas municipais de Ames, ademais de nos locais de Augapesada e Bugallido, dentro da programación do Mes das Letras.

**Martínez**, Ana, “Iván Prado: ‘Moitos políticos están facendo o pallaso, o pallaso do terror’”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, p. 60/ “El ‘chute’ de entusiasmo de Iván Prado”, *El Progreso*, “Cultura”, “Vivir”, p. 57, 15 xaneiro 2014.

Fala de Iván Prado, que dirixe Pallasos en Rebeldía, cuxo propósito consiste na realización de accións solidarias en diversos lugares “desfavorecidos”.

**Martínez**, Nuria, “Treinta y siete (+ seis) Pontevedreses del Año”, *Diario de Pontevedra*, “125 aniversario”, 30 maio 2014, p. 40.

Comenta os Premios Pontevedreses do Ano, unha iniciativa impulsada polo *Diario de Pontevedra*. Salienta que algúns dos galardoados nos últimos sete anos son a escritora Fina Casalderrey e a Editorial Kalandraka.

**Mato**, Mar, “Viñetas para salvar el mundo”, *Faro de Vigo*, p. 36/ *La Opinión*, “Cultura y ocio”, p. 30, “Sociedad”, 8 xullo 2014.

Comenta que Intermón-Oxfam fai uso do cómic para concienciar a cidadanía dos programas de cooperación no mundo e salienta que David Rubín é o único ilustrador galego participante no proxecto.

**Mato**, Mar, “Dos libros gallegos para niños entre los mejores del mundo”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 9 outubro 2014, p. 40.

Coméntase que dúas obras de editoriais galegas como son *Galiño Pelado*, de OQO, e *Nicomedes o pelado*, de Kalandraka, foron engadidas no catálogo The White Ravens,

que reúne os 200 mellores títulos infantís do ano a nivel mundial . Destácase que o libro *Nicomedes o pelado*, escrita en galego, é a única obra presente nesta lista que está editada nunha lingua cooficial do estado español distinta do castelán.

**Mauleón**, Amaia, “La Feria del Libro calienta motores”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, 21 maio 2014, p. 10.

Dá conta da celebración da Feira do Libro en Vigo e salienta as presentacións d’*Os fillos do mar* (2012), de Pedro Feijóo, cunha tradución simultánea á linguaxe de signos; *A viaxe de Gagarin* (2014), de Agustín Fernández Paz; *Recinto gris* (2014), de Leticia Costas; *O fio vermello* (2014), de An Alfaya; *A voz do vento* (2014), de Pemón Bouzas, merecente do Premio Ateneo de Novela Ciudad de Valladolid; a reedición de *Pedro Petouto* (2014), de Xesús Alonso Montero; *Maternosofía* (2014), de Inma López Silva; e *Cuatro esquinitas tiene mi cama* (2014), de Fernando Méndez. Destaca, doutra banda, a presenza de Elena Gallego Abad, Manuel Bragado, Modesto Hermida, Antón Costa, M<sup>a</sup> Xosé Queizán, Luís González Tosar, Armando Requeixo, Víctor Freixanes e Ricardo Grobas e a intervención de Pablo Díaz con *Toc, toc* (2013), Pablo Nogueiras con *Brinca Vai* (2014) e Olga Brañas con *Pitusa Semifusa* (2014).

**Mauleón**, Amaia, “Treinta años de dibujo en 60 trazos”, *La Opinión*, “Sociedad”, “Cultura y ocio”, 2 agosto 2014, p. 33.

Coméntase que Miguelanxo Prado, Premio Nacional do Cómic 2012, é o director de “Viñetas desde o Atlántico” da Coruña e autor das obras *De profundis*, *Ardalén* e *Trazo de tiza*. Fálase ademais da inauguración da exposición das obras de Miguelanxo Prado, unha mostra que reúne cincuenta e nove obras ao redor do mar e cos seus primeiros traballos, nos que se homenaxea o *Xabarín*.

**M. B.**, “Pratos exclusivos para saborear só no Salón do Libro de Pontevedra”, *Diario de Pontevedra*, “XV Salón do Libro Infantil e Xuvenil”, 14 marzo 2014, p. 6.

Fálase das actividades programadas no XV Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra, entre as que salienta, entre outras, o espectáculo “A pota que trota”, baseado nun álbum homónimo de OQO.

**M. G.**, “Babamor’ abarrotó de niños y padres la biblioteca municipal”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, 13 maio 2014, p. 6.

Refírese á sesión de contacontos que Larraitx Urruzola ofreceu aos pequenos na biblioteca municipal de Ribeira, *Babamor*.

**M. G. M.**, “Dos muros físicos e invisibles que levantan os maiores”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 1 abril 2014, p. 15.

Fala da posta en escena de *Valados*, de Agustín Fernández Paz, a cargo de Artestudio Teatro no Teatro Colón da Coruña.

**M. G. M.**, “Viñetas desde o Atlántico muestra a los supervivientes del cómic”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 5 agosto 2014, pp. 10-11.

Coméntase o traballo de Miguelanxo Prado e a súa intervención sobre os cambios e hábitos que permiten a supervivencia do cómic. Explícase que participa na décimo sétima edición de “Viñetas desde o Atlántico”, da Coruña, no que terán lugar diferentes talleres, traballos de autores/as, exposicións da historia do cómic etc.

**M. M.**, “Trajes tradicionales del mundo en Orfas. Cuentos musicales”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Patio de vecinos”, 3 xaneiro 2014, contracuberta.

Dá conta do espectáculo musical interpretado por Magín Blanco a partir dos contos *A nena e o grilo* (2010) e *A nena e o grilo nun barquiño* (2013), dentro da programación de Nadal da Biblioteca Ánxel Casal.

**M. M.**, “Os Bolechas clausuran su gira navideña el miércoles en el auditorio de Vilalba”, *El Progreso*, “A Chaira”, 5 xaneiro 2014, p. 16.

Anuncia a derradeira posta en escena do espectáculo *Os Bolechas cantan con Lady Viana* no auditorio municipal Carmen Estévez de Vilalba.

**M. M.**, “Para los pequeños no hay descanso”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Patio de vecinos”, 15 abril 2014, contracuberta.

Anúnciase, entre outras cousas, a exposición “Cantargrafías” que dedica a Rosalía de Castro o alumnado do IES Virxe do Mar de Noia.

**M. M.**, “Contos de Anxo Moure para Os Tilos”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 906, 4 maio 2014, p. 6.

Acóllese unha sesión de contacontos a cargo de Anxo Moure, pertencente a Contacontos Solidarios, centrada en ecoloxía, natureza e reciclaxe, entre outras temáticas.

**M. M. O.**, “Ponencia negreira de Rosa Aneiros”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 856, 13 marzo 2014, p. 6.

Infórmase dunha conferencia que impartiu Rosa Aneiros no instituto Xulián Magariños de Negreira.

**Molezún**, Fernando, “Cita con el pasado y el futuro del cómic en Viñetas desde o Atlántico”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 4 de agosto 2014, p. 22.

Dáse conta da 17ª edición de “Viñetas desde o Atlántico” da Coruña que é definida como unha parte importante da historia do deseño galego. Destácase a presenza do británico Charlie Adlard, debuxante da popular serie “The Walking Dead”; cítase ao guionista belga Benoît Drouise e a participación de debuxantes españois que están a triunfar fóra do ámbito nacional, como Marcos Martín, Javier Rodríguez, Montse Martín, Sento ou o artista local Jano. Tamén se anuncia unha serie de exposicións, como as do Palexco e Kiosko Alfonso, onde haberá obras de todos estes artistas, e se amosarán as novas rutas que está adoptando o cómic para sortear a crise.

**Monteagudo**, Alaitz, “Intenso Día del Libro con numerosos actos en toda Galicia”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 23 abril 2014, p. 35.

Comenta que para conmemorar o Día Internacional do Libro a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia elaborou unha programación especial e realizou un marcapáxinas cun texto tirado d’*As cousas de Ramón Lamote* (1985), de Paco Martín, obra da que resalta que foi “o primeiro libro galego en merecer o premio O Barco de Vapor e o Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil”.

**Montero**, Tamara, “¿Tú también estás emigrada?”, *La Voz de Galicia*, “Extra Voz”, n.º 169, “Reportaje”, 6 abril 2014, p. 8.

Recolle o labor desenvolvido por Xela Cuñarro nunha escola irlandesa, a través dun vídeo no que o seu alumnado recitou en galego, inglés e gaélico, “Adiós ríos, adiós fontes” de Rosalía de Castro.

**Moure**, Laura, “Jacobó Fernández enseña los secretos de un libro en el colegio de Seixo”, *Diario de Pontevedra*, “O Morrazo”, “Marín”, 28 maio 2014, p. 13.

Dá conta da visita do ilustrador Jacobo Fernández ao colexio de Seixo, co gallo de amosarlle ao alumnado do terceiro curso de Educación Primaria o proceso de elaboración dun libro.

**M. T.**, “Contacontos de Anxo Moure en Lalín”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 896, 24 abril 2014, p. 5.

Refírese ao espectáculo de contacontos que Anxo Moure levou a cabo na Biblioteca Varela Jácome para os cativos do colexio Sagrado Corazón de Santiago de Compostela.

**M. T.**, “Nova cita de Tardes de contos e lendas”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 902, 30 abril 2014, p. 6.

Infórmase dunha nova sesión das “Tardes de contos e lendas” na biblioteca pública de Ordes.

**M. T.**, “Teatro en Melide na celebración do Día da Biblioteca”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1074, 22 outubro 2014, p. 6.

Dáse noticia de que o concello de Melide, para festexar o Día da Biblioteca, programou unha xornada de teatro na que, entre outros, participou o alumnado do CEIP Martagona, representando a peza *Os ratos*.

**M. V. F.**, “El Salón del Cómic saca a los héroes del tebeo a la calle”, *La Opinión*, “A Coruña”, 1 agosto 2014, p. 11.

Faise referencia á XVII edición de “Viñetas desde o Atlántico” na Coruña que organiza Miguelanxo Prado. Indícase que o obxectivo deste salón é mostrar unha cidade aberta ao cómic, no cal o tema principal deste ano xirará sobre a crise e como afecta a este sector. Apúntase que haberá numerosos artistas convidados que ofrecerán encontros co público e sinaturas de exemplares publicados e que a exposición das obras se pode atopar no Kiosco Alfonso, en Palexco e na Sala Salvador de Madariaga, entre outros espazos. Remátase engadindo que se contará con talleres impartidos por autores locais.

**Neira**, Xerardo, “O capador de boinas”, *El Progreso*, “*Pícaros*”, “O conto”, 18 abril 2014, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *O capador de boinas* (2013), escrita por Xerardo Neira e ilustrada por Dani Padrón.

**Nicolás**, R., “Un trasno ben rebuldeiro”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “*Letras*”, “En galego”, 28 febreiro 2014, p. 20.

Dá conta da saída do prelo do volume *Xildas* (2013) por parte da editorial Sushi Books. Comenta que nel se reinterpretan elementos da tradición galega mitolóxica e recomenda a súa lectura.

**Nicolás**, Ramón, “Sinxeleza e acerto”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “*Letras*”, “*Galego*”, 21 marzo 2014, p. 19.

Comenta que, con sinxeleza e acerto, *Papá, que son os sorrisos?* (2013), de María Canosa, mergulla o lectorado nunha paisaxe postapocalíptica pero coa ilusión de que, despois dunha catástrofe, se fai realidade algo mellor. Informa, ademais, de que o libro trae un CD interactivo para os máis novos.

**Nicolás**, Ramón, “Eses seres extravagantes”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “*Letras*”, “*Galego*”, 18 xullo 2014, p. 20.

Trae á memoria en primeiro lugar outros volumes de narrativa de Carlos López dirixidos ao lectorado infantil como *Minimaladas* (2007), *A peripecia de Roi* (2009) e *Contos para nenos que dormen deseguida* (2010), para despois sinalar a decisión deste autor de cambiar dun lectorado infantil a outro adulto e salientar a expresividade do rexistro empregado, a presenza dunha imaxinación parella ao humor e o enxeño da súa escrita en xeral.

**Núñez**, María, “Migallas de pan de millo ben saboroso enchen o Pazo”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 17 marzo 2014, pp. 52-53.

Refire que o grupo Migallas participou no Salón do Libro de Pontevedra, no que interpretou, xunto cos rapaces asistentes, diversos temas do seu libro-cd *Pan de millo* (2013).

**Núñez Singala**, Sabela, “O agasallo de Anya”, *El Progreso*, “Pícaros”, “O conto”, 11 xaneiro 2014, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *O agasallo de Anya* (2013), escrita por Sabela Núñez Singala e ilustrada por Xosé Tomás.

**Ocampo**, E., “La herencia del ‘best seller’ de la literatura gallega”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 15 xaneiro 2014, p. 37.

Fala do libro *Homenaxe a Neira Vilas e a Balbino* (2013), que conta con cento tres colaboracións de distintas nacionalidades e con dezasete idiomas. Salienta o éxito da novela *Memorias dun neno labrego* (1961) que “marcou moito a sociedade galega”.

**O. L.**, “Novo proxecto infantil de Magín Blanco”, *La Opinión*, “Saberes”, n.º 474, 13 decembro 2014, p. 9.

Con motivo da publicación de *Gatuxo* (2013), o último traballo de Magín Blanco, faise unha reflexión sobre a calidade musical e os obxectivos que tenta acadar o guitarrista ourensán con esta obra. Así, coméntase que Magín Blanco busca “facilitar un corpus de cancións que axuden a crear a ligazón afectiva dos máis pequenos cos seus pais” e que a pesar de que a súa creación vai dirixida a un público infantil “non significa que teña que rebaixar o nivel musical”.

**P. C.**, “Las escuelas católicas se dan cita en Santiago”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Patio de vecinos”, “Creación ilustrada”, 8 febreiro 2014, contracuberta.

Coméntase a presentación na librería Kómic de Santiago de Compostela da banda deseñada *A fraga Milmañas* (2013), de Carlos Amil e Manel Cráneo, que xa fora publicada na revista *Golfiño* e que agora tira do prelo Demo Editorial.

**Piñeiro**, Xosé M., “O ‘Pan de millo’ de Migallas”, *Atlántico Diario*, p. 34/ *La Región*, “Sociedad”, “Neurovisión”, 4 xaneiro 2014, p. 56.

Dá conta do libro-disco que leva por título *Pan de millo* (2013), de Migallas, no que se inclúen catorce temas de música infantil galega dirixidos a todas as idades. Comenta a traxectoria de María Campos e Carlos Yus e nomea diversos colaboradores deste volume. Tamén recalca o bo facer do ilustrador Dani Padrón.

**Ponte Far**, José A., “O mellor da poesía galega”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de la Escuela”, 15 outubro 2014, p. 4.

Recóllense unha serie de fragmentos de obras en verso. Indícase que neste primeiro caderno se fai un “percorrido polas obras en verso máis celebradas das nosas letras”. Dá conta dun conxunto de poemas de Celso Emilio Ferreiro, Rosalía de Castro, Eduardo Pondal, Álvaro Cunqueiro, Federico García Lorca e Manuel Curros Enríquez.

**Ramos**, J. M., “Sesión de cuentos en Vimianzo con Paula Carballeira”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 855, 12 marzo 2014, p. 7.

Anúnciase o espectáculo *Contos para empezar a noite* que levará a cabo Paula Carballeira á casa da cultura de Vimianzo.

**Ramos**, J. M., “Encuentro literario con Manuel Rivas”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 862, 19 marzo 2014, p. 7.

Coméntase o encontro de Manuel Rivas cun cento de escolares de varios colexios de Cee, a quen lles falou d’*O raposo e a mestra* (2013).

**Ramos**, J. M., “Doble función de la Escola de Teatro Infantil vimiancesa”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 932, 31 maio 2014, p. 5.

Anúnciase, entre outras novas, esta posta en escena d’*O galo Quirico* na Casa da Cultura de Vimianzo.

**Ramos**, J. M., “Doble función de la Escola de Teatro Infantil vimiancesa”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 932, 31 maio 2014, p. 5.

Anúnciase, entre outras cousas, esta posta en escena de *Indo para o Samáin* na Casa da Cultura de Vimianzo.

**Ramos**, J. M., “Creatividad, música y animación en la praza dos Libros de Carballo”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 1.015, 23 agosto 2014, p. 5.

Anúnciase o programa de actividades da praza dos Libros de Carballo. Destácase a presentación de dúas obras, *Os Bolechas en Carballo* e *Contos da taberna*, libro no que participan máis de trinta creadores de textos e ilustradores. Preséntase unha listaxe con todos os escritores que achegarán as súas obras ao público.

**Ramos, J. M. e S. Souto**, “Blanco y Veiga presentan en Cee y Ribeira nuevas obras”, *El Correo Gallego*, “*Tierras de Santiago*”, n.º 1.062, 10 outubro 2014, p. 7.

Dá noticia da presentación da narración *A camioneta da media risa* de Concha Blanco, da que comenta que acadou a sétima edición en 2014. Indica a idade do lectorado, á que vai dirixida e que está ambientada na Costa da Morte.

**Ramos, José M.**, “Concha Blanco y su hija María Canosa editan nuevos libros”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 848, 5 marzo 2014, p. 6.

Comenta que a editorial Embora publicou a reedición do libro *Quero que veñan meus pais* (2013) e *Cos ollos do avó* (2013), de Concha Blanco, e *Papá, que son os sorrisos* (2013), de María Canosa.

**Ramos, José M.**, “A Xunqueira arranca en Cee con libros y notas musicales”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.006, 15 agosto 2014, p. 7.

Informa que, con motivo das festas da Xunqueira de Cee, se celebra a XVI Feira do Libro na alameda. Resalta das palabras do pregoeiro, Armando Requeixo, que “unha feira do libro é unha festa de vida e de emocións”.

**R. L.**, “Manuel Rivas protagonizará dos encuentros literarios”, *El Ideal Gallego*, “Oleiros”, 11 febreiro 2014, p. 20.

Informa que Manuel Rivas participará en dous encontros literarios dirixidos ao alumnado do terceiro e cuarto curso de Educación Primaria dos centros públicos de Oleiros e ao redor da súa obra *O raposo e a mestra* (2013).

**R. L.**, “Neira Vilas, na vindeira Cata Literaria do MIHL de Lugo”, *El Progreso*, “Vivir”, 29 agosto 2014, p. 62.

Anuncia que o escritor Xosé Neira Vilas será o protagonista da sexta cata literaria que se celebrará o 11 de setembro no Museo Interactivo de Historia de Lugo.

**Rodríguez, Lorena**, “María Canosa, historias ante una página en blanco”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 16 xuño 2014, p. 38.



Fala da escritora María Canosa, quen salienta a complexidade e a responsabilidade que entraña a escrita para un lectorado xuvenil e infantil.

**Rodríguez**, Susana, “Música e literatura nas aulas”, *El Progreso*, “*Pícaros*”, “Aula verde-azul”, 1 marzo 2014, p. 6.

Infórmase da visita da escritora Marica Campo e de membros do Conservatorio de Música de Lugo ao CEIP de Casás.

**Rodríguez**, Susana, “Lecturas en plena natureza”, *El Progreso*, “*Pícaros*”, “Aula verde-azul”, 10 maio 2014, p. 6.

Dáse noticia da xornada que a Biblioteca Municipal Antas de Ulla organizou para festexar o Día do Libro por medio da lectura en plena natureza.

**Rodríguez**, Susana, “Toda a súa arte sobre as táboas”, *El Progreso*, “*Pícaros*”, 14 xuño 2014, p. 6.

Informa da representación das pezas teatrais *O circo* e *Criaturas*, a cargo do grupo de teatro infantil e xuvenil da Biblioteca Municipal de Antas de Ulla, na Casa da Cultura.

**R. S.**, “Barcelona reivindica la vitalidad y reflejo social del cómic”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 19 maio 2014, p. 30.

Fai eco da trixésima segunda edición do Salón do Cómic de Barcelona, na que se reivindicou o papel do “tebeo” na cultura española contemporánea, o seu compromiso social e a súa innovación creativa, entre outros aspectos.

**Sangiao**, “Fina Casalderrey visita el Pérez Viondi”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 813, 29 xaneiro 2014, p. 6.

Dáse conta da visita de Fina Casalderrey a este centro educativo da Estrada, onde firmou libros aos escolares.

**Sanmartín C.**, Xabier, “Los Reyes también leen cómics”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 5 xaneiro 2014, p. 33.

Fala dos cómics *Ardalén* (2013), de Miguelanxo Prado, que mereceu o Premio Nacional do Cómic 2013; *Vampir*, de Joann Sfar; *Beowulf*, de Santiago García e David Rubín; e *Jerusalén*, de Boaz Yakin e Nick Bertozzi.

**Sanmartín C.**, Xabier, “Plan para que médicos y profesores logren un final feliz ante la obesidad”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 12 marzo 2014, p. 41.

Anuncia a presentación do libro *Os Bolechas educan a Pepiño Chispa* (2013), co que se tenta promover entre os máis pequenos hábitos saudábeis relativos á alimentación.

**Santos**, A. de, “Cocorico salta del papel a la pantalla”, *Faro de Vigo*, “TV/ Espectáculos”, 7 maio 2014, p. 55.

Anuncia que o personaxe da editorial OQO, Cocorico, protagonizará a súa propia serie animada na TVG. Comenta que a primeira tempada sairá con vinte e seis capítulos e que se dirixe a nenos de entre 3 e 9 anos.

**S. E.**, “La biblioteca de Silleda se suma al ‘Ler conta moito’”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 863, 20 marzo 2014, p. 7.

Apunta que a biblioteca Daniel Castelao de Silleda participa no programa “Ler conta moito”, dentro do que se encadrará a posta en escena de *Contos para un caldiño*, a cargo de Baobab Teatro; a narración *Vento e chuvia: os antigos deuses galaicos*, por parte de Sole Fezolla; e *Avoa Youja: Soñei que era unha árbore*.

**Sendak**, Maurice, “Onde viven os monstros”, *El Progreso*, “Pícaros”, “O conto”, 12 abril 2014, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *Onde viven os monstros* (2000), escrita e ilustrada por Maurice Sendak.

**S. N.**, “Os Bolechas y Lady Vina visitan mañana Ourense”, *Atlántico Diario/ La Región*, “Sociedad”, 2 xaneiro 2014, p. 44.

Anuncia o espectáculo d’*Os Bolechas cantan con Lady Vina* no Auditorio Municipal de Ourense, que se encadra dentro da súa xira do Nadal.

**S. N.**, “Cita con Os Bolechas en el Auditorio”, *La Región*, “Fiestas de Ourense”, 20 xuño 2014, p. 11.

Informa da realización do concurso “O sabichón e os Bolechas” no Auditorio Municipal de Ourense.

**Souto**, Suso, “Espectáculo de Marisa Irimia en Ribeira”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 930, 28 maio 2014, p. 6.

Refírese á sesión de contacontos “Contos de marmeleiro, anís e limón”, actividade que forma parte dos Sábados do Libro e que levou a cabo María Irimia na biblioteca de Ribeira.

**S. V.**, “Pratos á carta para maiores de 12 anos”, *Diario de Pontevedra*, “XV Salón do Libro Infantil e xuvenil”, 14 marzo 2014, p. 5.

Comenta que esta edición do Salón do Libro de Pontevedra contará, por vez primeira, cunha programación dirixida a adolescentes e fala das actividades previstas.

**S. V.**, “La Casa de Koli celebra o Día do Libro cunha sesión de contacontos no colo”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 23 abril 2014, p. 20.

Informa do espectáculo “Nanocontos”, que ofrecerá Raquel Queizás na Casa De Koli para celebrar o Día do Libro.

**Toledo, M.**, “Manuel Rivas presencia en Ordes a súa obra de teatro”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 937, 5 xuño 2014, p. 7.

Dá conta da asistencia de Manuel Rivas ao auditorio da Casa da Cultura de Ordes para ver a representación da súa obra *A raposa e a mestra* (2013), a cargo do alumnado do terceiro e do cuarto curso de Educación Primaria do colexio Castelao.

**Toledo, Mar**, “Touro festexa as Letras cun festival de teatro na rúa”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 912, 10 maio 2014, p. 5.

Anuncia a celebración do VII Festival das Letras do Concello de Touro. Salienta a representación da peza *Na procura da fantasía*, a cargo da Escola Municipal de Teatro de Laxe e do obradoiro de Palas de Rei, e de *Faíscas*, a cargo da aula de teatro do CPI de Touro.

**Trillo, J.**, “Creatividade na Praza dos Libros que hoxe abre as súas portas en Carballo”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 1.020, 28 agosto 2014, p. 5.

Informa da feira “Praza dos Libros” que organiza anualmente o concello de Carballo, indicando as datas nas que se celebrará, as actividades que terán lugar no Xardín Municipal de Carballo, así como a presentación da novidade editorial de Literatura Infantil e Xuvenil *Os Bolechas en Carballo*.

**Valiña, Xosé**, “Postales de Correos recorren el Camino”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Patio de vecinos”, 27 maio 2014, contracuberta.

Entre outras cuestións, refírese que o alumnado do colexio San Jorge tivo a oportunidade de presentar a peza *H*, coa que gañou o XIX Teatro Intercentros de Compostela e comarca, no Teatro Principal de Santiago de Compostela.

**Valiña**, Xosé, “Aires de Ons en el Museo do Pobo Galego”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Patio de vecinos”, 28 maio 2014, contracuberta.

Entre outros acontecementos, dáse noticia da saída do prelo e presentación do número 108 da revista *Peonza*, na biblioteca da Fundación Novacaixagalicia. Infórmase de que se trata dunha homenaxe a Agustín Fernández Paz.

**Varela**, Manuel, “Los retos para vivir dibujando”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Fiestas de María Pita”, 9 agosto 2014, p. 9.

Fai un repaso polas actividades que terán lugar nesta edición do “Salón Viñetas desde o Atlántico”. Recolle ademais as críticas feitas por Jano sobre a problemática da banda deseñada para asentarse pola falta dunha industria consolidada e, así mesmo, a necesidade de reflexionar sobre as causas da pobre situación editorial da banda deseñada en Galicia.

**Varela**, María, “O Salón do Libro convida a nenos e nenas a degustar uns días de conto”, *Diario de Pontevedra*, “*XV Salón do Libro Infantil e Xuvenil*”, 14 marzo 2014, pp. 2-3.

Anuncia a XV edición do Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra, cuxo lema é “Cociñando contos” e fala da súa programación.

**Vila**, Sara, “En abril, todos tolos polos libros!”, *Diario de Pontevedra*, “*miniDiario*”, n.º 427, 6 abril 2014, pp. 2-3.

Comenta as actividades levadas a cabo na Biblioteca de Pontevedra para conmemorar o Día do Libro Infantil e Xuvenil. Resalta a figura de Hans Christina Andersen e menciona algunha das súas obras.

**Vila**, Sara, “Os contos chegan trotando en maio”, *Diario de Pontevedra*, “*miniDiario*”, n.º 434, 25 maio 2014, pp. 2-3.

Fala da presenza dos irmáns Leo e Pol na Escola de Educación Infantil Concepción Crespo Rivas de Campolongo, onde relataron diversas historias e entregaron ao alumnado un libro con relatos escritos polos escolares da cidade, incluídos eles.

**Viñas**, María L., “Barriga Verde, o último heroe da cachaporra, volve subir o telón en Lugo”, *El Progreso*, “Cultura”, “Vivir”, 13 setembro 2014, p. 53.

Faise referencia á exposición “Barriga Verde, de feira en feira” que tivo lugar en Lugo. A Mostra, organizada pola asociación cultural Morreu o Demo, pretende mergullar os visitantes no fantástico mundo no que naceu Barriga Verde, o último monicreque popular galego, retirado de escena no ano 1960. Saliéntase que na mostra se poden contemplar numerosos postos artesáns e lembrar ademais xogos tradicionais. Tamén están presentes marionetas de personaxes da tradición europea. Destaca que en Galicia o último representante desta tradición foi Barriga Verde, un boneco marionetista, o único que falaba en galego.

**V. M. R.**, “Hipócrita Teatro organiza un campamento de artes escénicas para niños”, *El Progreso*, “Lugo”, 20 agosto 2014, p. 6.

Informa do inicio do campamento dirixido a cativos de entre 5 e 10 anos. Describe as distintas actividades de formación.

**X. V.**, “Quero que Isaac Díaz Pardo entre nos corazóns dos galegos”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “A pie de calle”, 20 marzo 2014, contracuberta.

Dá conta da presentación do libro *Isaac Díaz Pardo para nenas e nenos galegos* (2013), de Loli Beloso, quen tenta que con este libro que a vida e a obra do escritor entren “nos corazóns galegos”.

**X. V.**, “Los voluntarios toman el camino francés”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Patio de vecinos”, 23 abril 2014, contracuberta.

Dáse conta da inauguración dunha campaña municipal de animación á lectura en Santiago de Compostela, organizada polo concello e Kalandraka Editora, que leva por título “... Outro conto, mamá”, baseada na obra de Mariana Ruiz Johnson, que se fixo co premio Internacional Compostela de Álbums Ilustrados.

## VIII. LITERATURA DE TRANSMISIÓN ORAL

### VIII. 1. RECOMPILACIÓNS, MONOGRAFÍAS E LIBROS COLECTIVOS

**Quintía Pereira**, Rafael, *Patrimonio inmaterial de San Martiño de Salcedo. Lendas, historias e crenzas*, prol. Buenaventura Aparicio Casado, ilustr. Francisco Sutil e Miryam Quintía, Pontevedra: Sociedade Antropolóxica Galega, 2014, 568 pp. (ISBN: 978-84-16121-16-8). ♦

Recompilación do patrimonio inmaterial da parroquia pontevedresa de Salcedo, levado a cabo polo antropólogo Rafael Quintía Pereira (Vigo, 1971) que se abre co seguinte dito: “En cada terrón hai o seu uso, una galiña e máis un fuso”; e que está dedicado á familia do autor: “Dedicado á miña familia: os Pereira, da Casiña (O Carramal). En especial ós que xa non están: ó meu avó José e ós seus irmáns Pastor e Maruja, *in memoriam*”. O libro conta cun prólogo (pp. 15-18) asinado por Buenaventura Aparicio Casado no que reflexiona sobre a utilidade do patrimonio inmaterial á hora de coñecer as mentalidades populares. A modo de introdución inclúense dous textos: “San Martiño de Salcedo. Información básica” (pp. 19-22) e “Salcedo, a terra dos salgueiros” (pp. 23-24), que aportan algún dato sobre a historia e xeografía da parroquia. O material recollido repártese en trece grandes bloques. O primeiro, “Lendas de mouras” (pp. 25-78), agrupa, como o nome indica, dezanove lendas que tratan a figura da moura, na maioría dos casos asociada a un lugar concreto da parroquia como sucede en “A moura do Monte das Croas” ou “A moura da Fonte da Mina”. O segundo bloque, “Lendas e historias de tesouros” (pp. 79-104), recolle once textos sobre as riquezas que se agochan por San Martiño de Salcedo, en ocasións mostrando as variantes dun mesmo relato sobre a orixe do tesouro en discusión. O terceiro bloque está constituído por trece artigos sobre “Os seres míticos” (pp. 105-150) que habitan na parroquia, entre eles “O alicornio”, “Os Trubincos”, “O gato da morte” ou “A Cabra loca”. Baixo o rótulo “Cousas de animais” (pp. 151-168), agrúpanse sete textos nos que se da conta das crenzas e lendas que contan os veciños da parroquia sobre certos animais como a serpe, a vacaloura ou o lagarto. O quinto grupo titúlase “Cocos, homes do saco e outros asustanenos” (pp. 169-206), recollendo os contos utilizados para “asusta-los nenos e encarreiralos polo camiño das boas maneiras e a obediencia debida ós máis vellos”, normalmente a través de figuras coma “O Rachador”, “O Home do unto”, “Bruxas e meigas” ou “O Demo”. No sexto bloque, “A morte, os presaxios e outros sinais do alén” (pp. 207-232), inclúense trece textos sobre as distintas crenzas que rodean á morte en Salcedo. En “Os santos da parroquia” (pp. 233-264) fálase dos sete santos de Salcedo: San Roque, San Martiño, Santo Antón de Padua, San Brais, San Isidro Labrador, San Sebastián e San Xosé; de Santa Rita; e das tres virxes principais: a do Carme, a dos Dolores e a do Rosario. O oitavo bloque, “Xeografía mítica e lugares máxicos” (pp. 265-338) recolle unha serie de textos sobre a riqueza arqueolóxica da parroquia. No noveno bloque inclúense catorce textos que se clasifican como “Contos, anécdotas e outras historias” (pp. 339-374). O seguinte grupo, “A protección e a medicina popular” (pp. 375-432), reúne escritos sobre remedios naturais, rituais e amuletos fronte as enfermidades e a modo de protección. “Festas do ciclo do ano” (pp. 433-482), o décimoprimeiro bloque, achega información acerca dos costumes propios que rodean ás festividades. O décimosegundo grupo está composto por cinco textos sobre “A música,

as coplas e as cantigas” (pp. 483-520). No último bloque achégase unha listaxe de alcumes e chamadeiros de Salcedo (pp. 521-528). Finalmente, inclúense dous anexos: un con catro “Artigos sobre Salcedo e as súas cousas” (pp. 529-550) publicados previamente no suplemento “Revista” do *Diario de Pontevedra*; e outro con información sobre tres roteiros que se poden facer pola parroquia (pp. 551-564). Péchase coa información bibliográfica e cunha serie de agradecementos. Este volume acompáñase con debuxos do pintor Francisco Sutil Barbosa (Pontevedra, 1971), ilustracións de Miryam Quintía Pereira e fotografías en branco e negro feitas polo propio autor.

### Referencias varias:

- Belén López, “Aí vén o rachador”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Cultural”, 10 decembro 2014, p. 11.

Infórmase da presentación pública do libro o 11 de decembro na Casa das Campás da parroquia de Salcedo coa presenza do autor.

**Ripalda**, Xosé Lois, *Lendas, contos e historias ao pé do lume*, Vigo: Ir Indo Edicións, col. Reigame, decembro 2014, 168 pp. (ISBN: 978-84-7680-714-9).

Volume de contos que Xosé Lois Ripalda (Erbedeiro, Carballo, 1940) abre cunha dedicatoria ao seu curmán Cesarito e cunha cita do escritor Juan Rufo que alude á importancia da imaxinación á hora de contar historias. A continuación o autor, a modo introdutorio, explica o motivo polo que escribiu este libro con frases como “O feito de ter o meu berce nunha aldea, onde naquelas longas noites de invernía tiven ocasión de escoitar variadas historias (...)”, e a estrutura que seguiu. A obra está dividida en sete capítulos “Os vagalumes do mar”, “Os vixilantes dos cumios”, “Os señores da espada”, “Os defensores das liberdades”, “O sabio do monte”, “As rodas de pedra” e “Útilogo” e un apartado denominado “Remate”. Os seis primeiros comprenden historias sobre unha temática concreta, así ofrécese relatos tirados da cultura popular sobre os faros, os castelos e os seus habitantes, os lobos e os muíños. No derradeiro capítulo “Útilogo”, o autor narra catro contos de diferente temática que levan por título “O touro que acadou a liberdade”, “A lenda do búfalo que corre”, “O lapis que quería ser pequeniño” e “Cando morre os vellos carballos”. Destacan, como pretende o autor, a diversidade de lendas, contos e historias que hai en Galicia e a necesidade que hai de descubrilas para manter a cultura e a tradición oral galega viva.

**Rodríguez Ferreiro**, Élida e María **Mosquera Cruz** (coords.), *Oleiros na memoria*, Oleiros: Concello de Oleiros, 2014, 38 pp. (C 199-2014). ♦

O volume parte dunha iniciativa dos Talleres de memoria dos Servizos Sociais do Concello de Oleiros para recoller as lembranzas das persoas que foron testigos da historia do municipio. Iníciase cun saúdo do alcalde, Ángel García Seoane, e logo divídese en seis capítulos: “O castelo e as Torres” (pp. 4-12), “A lagoa” (pp. 13-19), “A carballeira” (pp. 20-23), “Ibarrola” (pp. 24-25), “A vida na ría” (pp. 26-31) e “A vida no campo” (pp. 32-38). A obra fai un recorrido histórico tomando como referencia os

lugares máis emblemáticos da vila coruñesa e recolle os testimonios da veciñanza. No segundo capítulo, “A lagoa”, recóllese incluso unha poesía e unha canción dunha comparsa (p. 19), que alude a un personaxe que traballou na fábrica de Mera, e a poesía, obra dunha alumna dos Talleres, alude á paisaxe local.

**VV. AA.**, *Amuletos e reliquias. Usos e crenzas. Actas da VII Xornada de Literatura de Tradición Oral*, limiar Mario Outeiro Iglesias, pról. Cesáreo Sánchez Iglesias, A Coruña: Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG), decembro 2014, 139 pp. (ISSN: 1889-9579) (D. L.: VG-1293-2005). Inclúe CD. ◆

Recompilación das comunicacións presentadas na “VIII Xornada de Literatura Oral” en Lugo en outubro de 2014, organizada pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) en colaboración coa Asociación Socio-Pedagóxica Galega (ASPG), e subvencionada pola Área de Cultura e Turismo da Deputación de Lugo. Mario Outeiro Iglesias asina un primeiro limiar no que sinala a liña temática destas Xornadas e a importancia do uso de amuletos e reliquias no imaxinario cultural galego. A seguir, nun segundo e breve prólogo, Cesáreo Sánchez Iglesias informa da edición dun novo número da revista *Escrita Contemporánea*, grazas ao labor de Antonio Reigosa e Isidro Novo xunto á Área de Cultura da Vicepresidencia da Deputación Provincial de Lugo, e trae á memoria as verbas de Ramón Otero Pedrayo ao respecto da cultura prerromana no seo do pobo galego. Nun terceiro e último apuntamento introdutorio, Novo e Reigosa destacan a riqueza de Galicia en canto a crenzas relixiosas e supersticiosas transmitidas de xeito oral por medio de amuletos e ollomaos. E tras a reprodución do programa das Xornadas, aparecen os seguintes relatorios:

-Rosa M. Capelão, “O racional e irracional do culto de reliquias”, pp. 13-27.

Cuestiona, identifica e define o carácter racional e, por veces, irracional, que o pobo portugués aplica ás reliquias partindo das perspectivas do cristianismo, a psicoloxía evolutiva, o discurso tridentino, a taumaturxia ou a medicina popular.

-Alfonso Blanco Torrado, “A capacidade sandadora do noso pobo”, pp. 29-39.

Explica a presenza de amuletos e reliquias na cultura galega a partir da súa experiencia persoal en diversas parroquias rurais. Destaca o sentido de comunidade da crenza neste tipo de protección espiritual, o recoñecemento da Nai Terra como sandadora universal, a presenza de santuarios como o do “Santo da Fala”, na Terra Chá, e a profunda relixiosidade popular implementada pola relixión no poder.

- Rosa M. Capelão, Alfonso Blanco Torrado e Antonio Reigosa, “Usos, abusos e outras prácticas relacionadascoas *santas medicinas* (mesa redonda)”, pp. 41-51.

Faladoiro co público asistente sobre cuestións como o olor de santidad, o *Pío Latrocinio*, as reliquias en canto elementos simbólicos, a veracidade das reliquias, os exvotos de cera, os santos catacumbais, e a xeografía dos santuarios galegos.

-Eusebio Rey Seara, “Amuletos e reliquias: usos e crenzas. Unha mirada na Antigüidade”, pp. 53-67.



Estuda os diferentes tipos de amuletos presentes na Galicia actual ao longo de varias seccións: definición e fontes manexadas, a maxia dos amuletos, amuletos animais, vexetais, minerais, fálicos, xemas máxicas e bulas.

-Calros Solla, “Amuletos, talismáns e pedras da fartura. Obxectos de poder da Galiza tradicional”, pp. 69-116.

Analiza polo miúdo, incluíndo fotografías a xeito de mostrario, os diversos amuletos, pedras da fartura e talismáns empregados na cultura galega dende súas orixes. Recolle asemade as cantigas e paremias usados nas curacións con estes obxectos de poder, que clasifica baixo o título de “A caixa da antaruxada”.

- Calros Solla, Eusebio Rey Seara e Isidro Novo, “Entre a maxia e a razón. O enigmático poder dos amuletos (mesa redonda)”, pp. 117-123.

Conversa cos asistentes ás Xornadas sobre cuestións como “os pos de ventecomigo”, os exvotos fálicos, “os detentes”, as caixas das pertenzas, os aneis das catro pedras, etnografía ou o ovo da Ponte Moureira.

A seguir aparece unha “Mostra de amuletos e reliquias ao vivo: usos e crenzas explicados por propietarios/as e usuarios/as”, que dá conta de trece exvotos, estampas e ollomaos por medio das verbas de seus donos/as e das correspondentes fotografías. Por último, algúns apuntamentos biográficos dos relatores, relatoras, coordinadores e coordinadoras que interviron nas Xornadas. Esta recompilación vén acompañada dun DVD que recolle os temas tratados neste encontro. Pecha o volume unha listaxe bibliográfica e un índice dos contidos.

## VIII. 2. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ARTIGOS DE OPINIÓN E COLABORACIÓNS FIXAS

**Alonso Montero**, Xesús, “Rita Beleiro e a musa popular”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “En galego”, “Beatus qui legit”, 15 agosto 2014, p. 11.

Homenaxéase a esta muller que, no ano 1903, lle transmitiu a Víctor Said Armesto, estudoso da poesía de tradición oral, romances aprendidos por ela cando nova. Explicase que mulleres coma ela, memorizando e cantando estes romances, fixeron posíbel que os textos poéticos creados pola musa tradicional galega ao longo dos séculos non se perderan.

**Bragado**, Manuel, “Recuperar a regueifa”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Campo de Granada”, 8 abril 2014, p. 27.

Coméntanse os diferentes xéneros da literatura de tradición oral galega, entre os que se encontra a regueifa, da que se explica que é un desafío dialéctico no que se utilizan estrofas de catro versos octosílabos no que dúas ou máis persoas (os regueifeiros) debaten sobre un tema. Como parte do patrimonio inmaterial da cultura galega, dise que a regueifa é merecedora de ser recuperada e non deixala esmorecer. Poén, gábanse as diferentes iniciativas que dende Vigo e outro lugares intentan fomentar a presenza da regueifa na cultura galega.

**Iglesias**, Bieito, “Nin un triste abalo”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Pan e coitelo”, 9 xaneiro 2014, p. 34.

Lamenta a imposibilidade de abalar a pedra de Muxía dende que un raio a partiu en 1978 e, á súa vez, recorda a orixe e o significado das pedras de abalar, vencelladas a ritos adiviñadores, a partir da lectura da *Historia de Galiza*, de Ramón Otero Pedrayo, e a *Guía da Galiza máxica*, de Vítor Vaqueiro.

### VIII. 3. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ENTREVISTAS

**Andión**, Andrea, “Buenaventura Aparicio. ‘A cultura popular galega é moi rica, pero comparte moitos aspectos con outras europeas’”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 12 febreiro 2014, p. 12.

Entrevista co coordinador actual do grupo de investigación arqueolóxica e etnográfica “A Laxe da Irena”, o profesor Aparicio, en que se informa de que impartiu unha conferencia na parroquia de Tomeza sobre os mitos e lendas da parroquia, en que resaltou a necesidade de coñecer o pasado da zona e falou dos vínculos que na época rupestre vinculaban Galicia con outros lugares de Europa.

**Jaureguizar**, “Calros Solla. ‘Os amuletos xorden cando a humanidade soubo que era finita’”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 29 outubro 2014, p. 61.

Entrevista co profesor e etnógrafo Calros Solla tras a súa participación na Xornada de Literatura Tradición Oral que se celebrou en Lugo, promovida pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, na que se fala das necesidades dos amuletos e talismáns nas sociedades primitivas.

**Montero**, Tamara, “Soledad Felloza. ‘Os contos están na xenética das persoas, son a memoria’”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Santiago”, 4 marzo 2014, p. L2.

Conversa con Soledad Felloza, directora do Festival Atlántica de narración oral que se celebrará en Santiago do 11 ao 22 de marzo, na súa segunda edición, onde se comenta o éxito da edición pasada, da presenza de narradores de toda a área atlántica e da necesidade dos contos para todas as persoas, non só para os nenos. Menciona que “os contos están na xenética das persoas, as palabras son a nosa identidade, a memoria, son o que somos”.

**T. M.**, “Soledad Felloza. ‘A nosa fiestra natural ao mundo é o Atlántico’”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Escenarios”, “Agenda”, 7 marzo 2014, pp. 2-3.

Entrevista con Soledad Felloza, directora do Festival Atlántica, na que fala sobre a dificultade de contar ben un conto, do poder das palabras, da riqueza mitolóxica de Galicia, da capacidade de mirar, que enriquece a maneira de contar, e dos vínculos galegos co Atlántico.

## VIII. 4. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: NOTAS, PRESENTACIÓNS E ESCRITOS VARIOS

**Baena, A.**, “Os contos da lareira chegan ao teatro de man de Carlos Blanco”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 29 outubro 2014, p. 11.

Infórmase da representación o 8 de novembro do espectáculo teatral *Contos da Lareira*, interpretado polos actores Carlos Blanco e Celso Sanmartín. Preséntase como unha homenaxe á tradición galega e recrearase unha antiga lareira onde os dous actores despregarán as súas habilidades como contistas. Dise que os textos son elección dos propios actores, que os escollen en función do público.

**Casal, J.**, “El tesoro oculto de Dorrón”, *Diario de Pontevedra*, “Sanxenxo”, “O Salnés”, 21 setembro 2014, p. 20.

Fálase da situación do castro de Dorrón, non excavado, e que ofrece un gran potencial turístico. Tamén se alude ás lendas vinculadas ao castro, como é a do criado e o peite de ouro.

**Calveiro, P.**, “Un conto, un potito”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Santiago”, 20 marzo 2014, p. L6.

No marco do certame internacional de narración oral Atlántica, explícase que este día se dedica a actividades solidarias e que Felloza, xunto a outros contacontos, participarán no colexio Alborada, de San Pedro, nun acto que ten como fin recadar alimentos para bebés de familias desfavorecidas, acto que se realiza en colaboración coa asociación compostelá Xuntos Podemos.

**Calveiro, P.**, “Duelo de ‘regueifeiros’ teatrales”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Santiago”, 22 maio 2014, p. L6.

Coméntase a reinvención das tradicionais regueifas nos bares de Compostela. Segundo Ánton Coucheiro, caracterízanse pola improvisación, os disfraces de cada unha das parellas que participa na regueifa e a colaboración do público, que decide quen son os gañadores. Apúntase que o final da liga de regueifa teatral terá lugar no Teatro Principal o 21 de xuño.

**E. O.**, “Contos na lareira’ recupera la ternura del relato de humor de la tradición oral”, *Faro de Vigo*, “TV/Espectáculos”, 29 outubro 2014, p. 59.

Anúnciase a presentación o 28 de outubro do espectáculo teatral *Contos na lareira*. Dise que Carlos Blanco, un dos actores da obra xunto con Celso Sanmartín, falou dunha volta ás orixes e da ternura que envolve a representación. Santiago Segret, de Rababieiro Promocións, indicou que o espectáculo se nutre de historias anónimas sobre anónimos personaxes. Indícase que a obra xirará por diversos lugares de Galicia.

**García**, Javier, “A USC ultima os actos do centenario de Said Armesto”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 12 xullo 2014, p. 38.

Infórmase dos actos preparados pola USC, baixo a dirección do profesor Darío Villanueva, para celebrar o centenario da morte de Víctor Said Armesto, primeiro catedrático en España de Literatura galego-portuguesa. Dise que en outono terá lugar un simposio sobre a vida e a obra de Said Armesto, patrocinado pola Deputación de Pontevedra, o Museo do Pobo Galego e a Fundación Barrié de la Maza. Indica que en outubro se presentará o libro *Said Armesto. Una vida de romance*, escrito polo catedrático de Historia da Música Carlos Villanueva, e que unha mostra organizada pola Fundación Barrié e uns concertos da Filharmonía de Galicia completan o programa de actividades.

**Hervella**, Carlos G., “O caso do home lobo, á luz dos expertos”, *O SIL*, outubro 2014, p. 41.

Faise eco da celebración das IV Xornadas sobre Manuel Blanco Romasanta, promovidas pola Fundación Vicente Risco en Allariz. Explicase que as sesións terán lugar os días 31 de outubro e 1 de novembro, coa presenza de expertos que botarán luz sobre o chamado “home lobo” de Allariz.

**Martínez**, Cecilia, “O novo disco de Retrouso pon voz e son á tradición oral de Bueu”, *Diario de Pontevedra*, “O Morrazo”, “Bueu”, “Cangas”, 4 xuño 2014, p. 22.

Coméntase a presentación oficial dun dobre disco editado pola Asociación Retrouso. Dise que o disco, co título de “Eleleos. Música de tradición oral no Concello de Bueu” será presentado no Centro Social do Mar desta vila o venres 27 de xuño. Apúntase que o primeiro disco recolle parte do traballo de campo que membros da asociación fixeron para recuperar cancións recordadas pola xente maior e que o segundo acolle reinterpretacións de temas tradicionais.

**M. G. M.**, “Poetas di(n)versos unirá el día 13 la regueifa cubana con la del país”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 11 xaneiro 2014, p. 14.

Alúdese á celebración dun encontro poético o 13 de xaneiro no centro Ágora da Coruña dentro do ciclo “Poetas di(n)versos”. Indícase que nesta ocasión o regueifeiro Luis “o Caruncho” fará parella co cubano Alexis Díaz-Pimienta, que tamén utiliza a improvisación nun xénero moi similar á regueifa chamado “repentismo” en Cuba. A coordinadora deste ciclo, Yolanda Castaño, falou da continuidade destes encontros que terán lugar no centro Ágora.

**M. N.**, “Historias modernas inspiradas nos ‘contos das vellas’”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 25 maio 2014, p. 9.

Fálase da representación o 24 de maio da peza escénica *Pasatempo* interpretada por Celso Fernández Sanmartín, dentro do ciclo “Material Memoria” organizado polo Museo de Arte Contemporánea de Vigo (MARCO). Segundo Sanmartín, “contar é un oficio que todos temos” e fala das persoas maiores como as súas musas e a súa devoción.

**N. V.**, “Narón convértese ao longo desta semana na capital da narración oral”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, 14 xaneiro 2014, p. 12.

Resúmese o programa de actividades da quinta edición do Festival Internacional de Narración Oral que terá lugar dende o xoves 16 de xaneiro até o sábado 18 de xaneiro en Narón. Dise que contará coa presenza de figuras desta disciplina como Félix Albo, Oswaldo Pai, Carolina Rueda, Quico Cadaval e Paula Carballeira, entre outros.

**Ramos**, José M., “Cantares’ de un emigrante a sus dos patrias: Galicia y Uruguay”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 1.090, 8 novembro 2014, contracuberta.

Fálase da vida do autor de *Cantares* (2014), Jesús Faustino Raño, que emigrou a Uruguai con once anos, a principios dos 30, e non volveu até os 80. Recórdase como comezou a súa afección a escribir cancións, que agora foron recompiladas e publicadas neste libro.

**Roca**, María, “Verbas para manter a cultura”, *El Progreso*, “A Chaira”, 21 maio 2014, p. 22.

Dáse noticia de que Elba Requeijo, natural de Abadín, vén de recoller un diploma promovido pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) que a recoñece como Mestra da Memoria. Coméntase que esta muller garda na memoria moitas mostras da cultura popular oral galega: romances, contos, poemas, cantigas e sucesos varios; moitas delas quedaron recollidas no libro *Da fala dos brañegos. Literatura oral do concello de Abadín*, así como en gravacións en vídeo feitas pola AELG.

**Villar**, M., “Tarde de regueifa en Nós”, *La Opinión*, “La gran Coruña”, 17 maio 2014, p. 13.

Comenta a xornada de regueifa á que asistirán Suso e Antonio de Xornes (Ponteceso), aos que considera como dous dos mellores representantes desta tradición popular. Indica a hora e lugar onde se celebrará o acto.

## IX. REVISTAS

Neste apartado acollemos as revistas con ISSN e as edicións facsimilares, das demais só se describen os traballos relacionados coa literatura galega no apartado “Publicacións en revistas” deste *Informe*.

***AILIJ (Anuario de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil)***  
(ISSN: 1578-6072) (D.L:VG-978-2001).

Anuario editado pola Asociación Nacional de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil (ANILIJ), cuxa sede se atopa na Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo, publicado por dita universidade e dirixido até o ano 2011 por Celia Vázquez García. Asemade conta coa axuda da Dirección Xeral de Investigación, desenvolvemento e innovación da Xunta de Galicia. Trátase dunha publicación científica, dirixida a un público nacional e internacional especializado, que acepta colaboracións de investigadores procedentes de calquera institución ou país, sempre que se trate de traballos de investigación orixinais (non publicados con anterioridade) e que o contido do artigo ou da recensión estea relacionado coa investigación que se vén realizando no campo da literatura para a nenez e a mocidade con carácter nacional ou internacional. O seu primeiro número, o número 0, saíu a lume o ano 2001 e dende o ano 2003 no que se publicou o número 1 ten periodicidade anual. As editoras foron Veljka Ruzicka Kenfel, Celia Vázquez García e Lourdes Lorenzo García. O comité de redacción estivo integrado até o número 9 por Margarita Carretero (Universidade de Granada), Pedro Cerrillo (Universidade de Castilla-La Mancha), Teresa Colomer (Universidade Autónoma de Barcelona), Marisa Fernández López (Universidade de León), Cristina García de Toro (Universidade de Castellón), Esther Laso y León (Universidade de Alcalá de Henares), Manuel López Gaseni (Universidade do País Vasco), Lourdes Lorenzo García (Universidade de Vigo), Antonio Moreno Verdulla (Universidade de Cádiz), M<sup>a</sup> José Olaziregi (Universidade do País Vasco), Isabel Pascua (Universidade das Palmas de Gran Canaria), Blanca-Ana Roig Rechou (Universidade de Santiago de Compostela), Veljka Ruzicka Kenfel (Universidade de Vigo), Victoria Sotomayor (Universidade Autónoma de Madrid), M<sup>a</sup> del Carmen Valero Garcés (Universidade de Alcalá de Henares), Celia Vázquez García (Universidade de Vigo) e Manuel Vieites (Universidade de Vigo). Esta publicación, que se estrutura en “Artículos” e “Reseñas/Reviews”, publicou no ano 2011 o número 9, que se anovou cun cambio na presentación da revista, un novo consello de dirección, composto por Blanca-Ana Roig Rechou, Veljka Ruzicka Kenfel e Lourdes Lorenzo García e un novo consello de redacción formado por Eulalia Agrelo Costa, M<sup>a</sup> Jesús Barsanti Vigo, Margarita Carretero González, M<sup>a</sup> José Corvo Sánchez, Xabier Etxaniz Erle, Mar Fernández Vázquez, Carmen Ferreira Boo, Cristina García del Toro, Esther Laso y León, Ana María Margallo González, Isabel Mociño González, Sara Reis da Silva, Carina Rodrigues, Beatriz Rodríguez Rodríguez e M<sup>a</sup> del Carmen Valero Garcés. No ano 2012 saíu do prelo o número 10, no que Isabel Mociño González cede o seu posto no consello de redacción a Manuel Vieites García. No ano 2014 saíu do prelo o número 12, no que abandonou o consello de redacción Beatriz Rodríguez Rodríguez. Os artigos relacionados coa literatura galega están descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

## Referencias varias:

- ELOS, “Revistas”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +”, 11 xaneiro 2014, p. 35.

Noméanse as revistas que trataron a Literatura Infantil e Xuvenil e que foron comentadas nesta páxina durante o ano 2013: o n.º 10 do *Anuario de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil* (2012) e o *Anuario Iberoamericano sobre el Libro Infantil y Juvenil 2013* da Fundación SM.

***AULAS LIBRES. Revista de Pensamento, Información e Debate do STEG***  
(ISSN: 2340-8618 / DL: C-2092-2013).

Revista editada polo Sindicato de Traballadores do Ensino de Galiza (STEG) que naceu en novembro de 2013, ao tirar do prelo o seu primeiro número, como plataforma impresa para a información, o debate e o pensamento sobre temas relacionados co ensino e mais co obxectivo de aglutinar vontades, suscitar reflexións e arroupar loitas xustas. A súa periodicidade é semestral e repártese de xeito gratuíto. Está dirixida pola Comisión Permanente do Secretariado Nacional do STEG, coordinada por Emilio Xosé Ínsua López e Sonia Fernández Casal, e mais presenta a Rosa Herraiz como deseñadora e maquetadora. Ao longo de 2013 publicouse unicamente o primeiro número desta revista, cuxa confección se pechou o 24 de outubro de 2013; presenta un “Editorial” seguido de variados artigos centrados no ensino, na lingua e literatura galega con recensións, estudos literarios e creación poética. Ao longo de 2014 publicáronse o número 2 cuxa confección se pechou en maio e o número 3 cuxa confección se pechou en outubro. O número 3 acolle na sección “Texto literario” unha escolma intitulada “Abelcebú” de Carlos Negro. Os artigos relacionados coa literatura galega están descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

***BARBANTIA. Anuario de Estudos do Barbanza***  
(ISSN: 1889-0946) (DL: C-2792-05).

Publicación anual inaugurada no ano 2005, editada pola Asociación Cultural Barbantia e coordinada por Antón Riveiro Coello en compañía, sucesivamente, de Xoán Pastor Rodríguez Santamaría, Lola Arxóns e Manuel Cartea. No número 4 do ano 2008 pasou a estar coordinada en solitario por Xoán Pastor Rodríguez Santamaría. No número 5 os encargados da coordinación foron Manuel Cartea, M<sup>a</sup> Xesús Armada, Antón Riveiro Coello e Alberto Piñeiro. Até o n.º 5 constaba dun “Limiar” de X. Ricardo Losada; varios artigos referidos á comarca do Barbanza sobre arte, xeografía, patrimonio, etnografía ou literatura; a sección “Aires de fóra”, dedicada a acoller textos traducidos de autores estranxeiros; “Cuarto acto”, que informa das actividades realizadas pola asociación e que no número 5 denominouse “O alustro dun lustro”, e “Publicacións no Barbanza”. No ano 2014 publicouse o número 10, no que figuran na coordinación Manuel Cartea e Xoán Pastor Rodríguez Santamaría. Este número estrutúrase nas seccións “Limiar”, “Aires de fóra” e “Barbantia, ano X”. A sección “Publicacións no Barbanza” (pp. 185-234), a cargo de Román Arén e Xoán Pastor Rodríguez Santamaría, acolle un repertorio bibliográfico sobre libros, folletos, separatas, revistas, artigos e



reedicións de autores do Barbanza dende o 1 de novembro de 2013 até o 30 de outubro de 2014, dividido en: “Poesía”, “Narrativa”, “Teatro”, “Ensaio”, “Literatura. Ensaíos, artigos, recensións e notas”, “Historia”, “Medio ambiente”, “Biografía”, “Bibliografía”, “Etnografía e antropoloxía”, “Arte e música”, “Revistas e xornais”, “Tradución”, “Entrevistas”, “Xeografía”, “Lingua”, “Deportes”, “Viaxes”, “Artigos de opinión”, “Noticias culturais”, “Ensino”, “Gastronomía”, “Ciencias” e “Varia”. Na sección “Aires de fóra” (pp.109-149) reproducíase a tradución de “Poemas en prosa” de Pierre Reverdy, realizada por Eme Cartea, xunto cos orixinais en francés e un “Limiar” a cargo de Román Arén. Todos os artigos referidos á literatura galega aparecen descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

### **Referencias varias:**

- Ricardo X. Losada, “Limiar”, *Barbantia. Anuario de Estudos do Barbanza*, n.º 10, 2014, pp. 5-8.

Co gallo da publicación do décimo número do Anuario de Estudos do Barbanza faise referencia á contribución de Fernando Lavandeira e Antón Riveiro Coello na fundación dunha asociación cultural no Barbanza e na saída da publicación.

**CÁTEDRA. Revista Eumesa de Estudios**  
(ISSN: 1133-9608) (DL: C-1702/93).

Revista anual editada polo Concello de Pontedeume que recolle artigos de investigación dedicados á antropoloxía, o pensamento, a arte e a historia da bisbarra do Eume. Publica, ademais, os traballos galardoados co Premio de Investigación Etnográfica Concello de Pontedeume, dende que foi creado no 1998. Botou a andar en 1994 e conta co apoio, a través de subvencións, da Fundación Caixa Galicia e a Deputación Provincial da Coruña. No seu consello de redacción figuran Alexandre Caínzos Corbeira, Carlos de Castro Álvarez, Andrés López Calvo e Sindo Vilariño Gómez. Acolle dúas seccións fixas: “Premio de Investigación Concello de Pontedeume” e “Escolma da nosa historia” (esta última dende o ano 2000). No ano 2012 publicouse o número 19 e pasou a formar parte do consello de redacción Rocío Pena Pena. A partir do ano 2014 conta só co apoio, a través de subvencións, da Deputación Provincial da Coruña e publicouse o número 21.

**DORNA. Expresión Poética Galega**  
(ISSN: 0213-3806) (DL: C-94-1982).

Publicación xeralmente de periodicidade anual que comezou a súa andaina como revista poética o 17 de maio de 1981, baixo a coordinación de Luís González Tosar “Che”, Manolo Loxo e Suso Molanes, editada pola Asociación Dorna. A partir do número 2, a súa publicación foi asumida polo Departamento de Filoloxía Galega da Universidade de Santiago de Compostela, en colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia. Henrique Monteagudo, Dolores Vilavedra, Xosé Manuel Salgado, Miro Villar, M<sup>a</sup> Xesús Nogueira e, dende o ano 2001, Inmaculada López Silva, no lugar de Iris Cochón, compoñían o comité de redacción, mentres que

Ramón Lourenzo ocupaba o posto de director. Dende o número 31, o comité de redacción está constituído por David Pérez González, Lorena López López, Mario Regueira e Xosé Manuel Salgado, actuando como secretario Miro Villar. Tamén se incorporou un comité asesor constituído polo reitor da USC, a Secretaría Xeral de Política Lingüística de Galicia, o decano da Facultade de Filoloxía Galega, o director do Departamento de Filoloxía Galega e o escritor Luís González Tosar. Asemade, a revista pasou a ser coeditada pola USC e a Secretaría Xeral de Política Lingüística. Dende o número 32, o comité de redacción está constituído por Alba Cid, David Pérez González, Lorena López López e Mario Regueira. Estrutura os seus contidos en tres grandes apartados: “Creación”, “Voces de fóra” e “Poéticas”. En 2014 saíu do prelo o número 37, que acolle na sección de “Creación” os textos poéticos “Un blues pangaláctico”, de Afonso Traficante; “O corpo e as bestas” de Alba Cid; “Rubí Xeado”, “A noite quente”, “DESERTO” de Ana Cibeira; “Gladío” e “Querida estás morta” de Antón Blanco Casás; “Chuvia ácida” de Arantxa Nogueira; “Rosalía xunto ó mar de Carril” de Arcadio López-Casanova; “O poema de Nick” de Arsenio Iglesias Pazos; “Tokonoma para Carlos González Vilar” de Baldo Ramos; “Nubol” de Brais Arroutado; “A historia do amor”, “O mar”, “Zhivago” de Branca Novoneyra; “gustaría de ter ante quen amosarme recitado...” de Carlos Lixó; “Luz de frío”, “Rustchuk”, “Coda a Marin Marais” de Carlos Penela; “Descomponse...” e “A fugacidade é só unha forma...” de Cristina Ferreiro; “Malas Pécoras [23:13, Janis Joplin de fondo]” e “Sasha III” de David Pobra; “A calor. Escenas” de Ismael Ramos; “Nostalgia Bárbara” de Jacobo Llamas; “Última morte de Lázaro”, “Buxaina” e “Dakus” de Jesús Castro Yáñez; “De amore”, “Nietzsche ante a loucura”, “Aquiles ante o caso”, “Insólitos monólogos: Adrián Solovio a Marlene Dietrich, Berlín, 1930” e “Monólogo de Sócrates á espera da cicuta” de Manuel Forcadela; “A re-volta dos afectos” de Marco Paone; “A fin da dor”, “Arder”, “O frío dos nomes” e “Queixume” de Miguel Rual; “Lobos”, “Isto non pode ser o mar”, “Reconquista” de Naír García; “intento de fuxir de min mesmo...”, “quero afogar na túa Galicia profunda...”, “son demasiado sexy pra ser guapo...” de Nuno Pico; “cidade libre” de Olalla Tuñas, “Alóngase a masa pardenta...”, “O noso nome é...”, “Toda plantación espellos terra veigas...” de Oriana Méndez; “Estibar o ácido” e “Sorbedoiros” de Paula Antía Rey Baliña; “Ad uterum (Pierre Henry, “Gene Piece, R. A. I. Bird”)” de Xabi Xardón e Rafa Balado; “Os cogomelos da risa”, de Mercedes Leobalde; “Fin de traxecto, reparar no chanzo ao baixar” de Pablo García Martínez; “...gavalon...” de Rosa Enríquez e “3es” de Xabier López López. Na sección “Voces de fóra” preséntase unha escolma bilingüe galés-galego de poemas de Ifor ap Glyn realizada por Philip R. Davies e David Miranda Barreiro, xunto cunha breve nota biobibliográfica do autor. Os poemas que se ofrecen son: “darnio/escachar”, “11.12.12/11.12.12”, “ystrad fflur/ ystrad fflur”, “entropi/entropía”, “glaw/choiva”, “swyddfa/oficina”, “hydref eto/outono de novo”, “boddi cynhaea’/afogando a colleita”, “a beth mae’r beirdd yn ei feddwl?/e que opinan os poetas?”, “protest/protesta”, “son et lumière/son et lumière”, “peblig: 87.4%/ peblig: 87.4%”, “hen gapel/igrexia antiga”, ““gwae ni chlyw organ a chlych’/«ai que non oe nin órgano nin campá»”, “gweledigaeth/unha visión”, “hunlle/pesadelo”, “bathodyn ‘cymraeg’/a insignia de ‘fala galés’”, “ceiliog mwyalchen/o merlo”. Na sección “Poéticas” recóllese unha carta de Alfonso Pexegueiro a Dores tembrás e o poema “roupa afumada...” desta última como resposta.

Publicación bimestral de pensamento cristián que, baixo a dirección de Andrés Torres Queiruga, comezou a súa andaina en xaneiro de 1977. Actúan como vicepresidente Pedro Fernández Castelao, como secretaria Engracia Vidal Estévez e como tesoureiro Xosé Manuel Pensado. Consta das seguintes seccións fixas: “Guieiro”, “Estudos”, “Achegas”, “Crónicas”, “Recensións”, “Libros chegados á redacción” e “Ilustracións”, porén, outras, como “Rostros”, “In memoriam”, “Experiencias”, “Documentos” ou “Editorial” (que desapareceu a partir do número 132, pero reapareceu no 156), son de aparición ocasional, porque son substituídas por monográficos de congresos ou romaxes, cartas ou entrevistas. No ano 2014, apareceron os números 186 (xaneiro-febreiro), 187 (marzo-abril), 188 (maio-xuño), 189 (setembro-outubro) e 190 (novembro-décembro). Os artigos relacionados coa literatura galega son descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

### **ESCRITA CONTEMPORÁNEA**

(ISSN: 1889-9579) (DL: VG-1293-2005).

Revista da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) que naceu no ano 2005 coa intención de ser instrumento de normalización cultural e literaria para que tamén os escritores e escritoras participen na construción dunha literatura nacional. A súa coordinación e estrutura é diferente en cada número, pois xeralmente ten carácter monográfico. No ano 2014 editouse o número 20 V. Os artigos relacionados coa literatura galega son descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

### **FERROLANÁLISIS. Revista de pensamiento y cultura**

(ISSN: 1576-4540) (DL: C-1106-1990// C-1873-03).

Revista que botou a andar en setembro de 1990. Recibe o patrocinio do Concello de Ferrol, Navantia, Unión Fenosa, Xunta de Galicia, Cámara de Ferrol, Puertos de Ferrol y San Cibrao, Asociación Clúster del Naval Gallego e Deputación Provincial da Coruña. Está editada polo Clube de Prensa da cidade ferrolá. Na presentación desta iniciativa editorial afirmábase que os temas tratados se ían centrar na comarca de Ferrol e que a súa periodicidade había de ser trimestral, mais este obxectivo truncouse de seguido debido á falta de apoio financeiro. Deste xeito, o número 2 saíu en xullo de 1991 e o número 3 en xuño de 1992. A partir das entregas 4 e 5, de 1993, aparecen as primeiras referencias á literatura galega. A revista pasou a ser de periodicidade anual. O seu director foi Germán Castro Tomé dende os inicios até o ano 2000, cando pasou a ocupar a Presidencia de Honra, deixando a dirección en mans de Xulia Díaz Sixto. O consello de redacción estivo composto por Luís Mera Naveiras, Xosé A. Ponte Far, Enrique Sanfíz Raposo, María Ares Sanmartín, Esperanza Piñeiro de San Miguel, Fernando Bores Gamundi e Xosé María Dobarro Paz. No ano 2006 quedou a dirección en mans de María Ares Sanmartín e o consello de redacción pasou a estar composto por Fernando Bores Gamundi, Xosé María Dobarro Paz, Hermenegildo Franco y Suanzes, Luis Mera Naveiras, Esperanza Piñeiro de San Miguel e Xosé Antonio Ponte Far. No ano 2009 a dirección pasou a Xosé Antonio Ponte Far e María Ares Sanmartín volveu ao consello de redacción. A revista conta coas seguintes seccións: “Ferrolterra”, “Separata Especial”, “Galicia”, “Internacional”, “Creación” e “Portafolio”. No ano 2007

aumentaron con “Cartulario” e “Documentación”, e “Separata especial” pasou a denominarse “Estudio Monográfico”. No ano 2014 publicouse o número 29.

### **Recensións:**

- Armando Requeixo, “En Ferrol Análisis”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, p. 29/ *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, n.º 819, p. 32/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 819, p. 33, “Letras Atlánticas”, 9 marzo 2014.

Comenta a admiración que sente por esta revista e analiza o número 28, doq eu explica que presenta case unha corentena de traballos nos que se inclúen un de Alonso Montero, no que repasa a vida e obra de Francisco Fernández del Riego, e mais outro de Francisco Rodríguez no que se pon en relación a Rosalía de Castro con Concepción Arenal.

**FESTA DA PALABRA SILENCIADA.** Publicación Galega Feminista (ISSN:1139-4854) (DL:VG-241-1983).

Revista feminista de pensamento e creación editada por FIGA (Feministas Independentes Galegas), subvencionada pola Concellería de Igualdade e Xuventude do Concello de Vigo, que empezou a súa andaina en 1983. Dirixida por María Xosé Queizán e deseñada por Margarita Ledo Andión, contou até o número 23 (2007) cun consello de redacción integrado por Mónica Bar Cendón e Marga R. Marcuño, ademais da directora. A revista ten unha nómina de colaboradores habituais entre os que se contan Xesús Alonso Montero, María Xesús Nogueira, Camiño Noia, Teresa Seara, Miro Villar, Euloxio R. Ruibal ou María do Carme Kruckenberg. A historia da publicación coñeceu tres etapas. Dende 1983 até 1995 a súa periodicidade foi variábel. De 1995 a 1999 tirou un volume anual até chegar ao número 15. No ano 2000 non se publicou ningún exemplar. No ano 2001 (número 16) a revista reapareceu e seguiu editando anualmente até a actualidade. Nesta terceira etapa, os apartados habituais “Monográfico”, “Temas Varios”, “Crítica” e “Creación” foron substituídos por dúas únicas seccións, “Monográfico” e “Actualidade”. No ano 2014 publicouse o número 29

### **Referencias varias:**

- Fernando Franco, “A Festa da Palabra Silenciada”, *Faro de Vigo*, “Vigo, “Mira Vigo”, 6 marzo 2014, p. 8.

Dáse conta de que o 7 de marzo de 2014 se apresentará no café De Catro a Catro de Vigo o número 29 da revista feminista *A festa da palabra silenciada*.

### **GALEGOS**

(ISSN: 1889-2590) (DL: VG 549-2008).

Publicación trimestral de gran formato aparecida no ano 2008. Está dirixida por Alejandro Diéguez e conta cun amplo número de colaboradores. O seu contido divídese

nas seguintes seccións: “Entrevistas”, “Crónicas”, “Noticias”, “Artigos”, “Humor”, un “Caderno” monográfico dedicado a diferentes intelectuais do eido da pintura, literatura, arquitectura etc. e “Encarte”, onde se acollen obras ou fragmentos de textos de creación, sobre todo de ensaio. A partir do número 4 (IV trimestre 2008) contou con ISSN. No ano 2014 desaparece a sección “Encarte” e publicouse o número 20/I. Os artigos referidos á literatura e cultura galegas aparecen descritos nas seccións correspondentes deste *Informe*.

***GRIAL. Revista Galega de Cultura***  
(ISSN: 0213-3806) (DL: C-94-1982).

Apareceu por primeira vez en 1951, pero foi silenciada máis de dez anos. Reapareceu en 1963 editada pola Editorial Galaxia, baixo a codirección de Ramón Piñeiro e Francisco Fernández del Riego, e dende entón non se deixou de publicar. Na primeira etapa publicáronse cen números subtitulados *Revista Galega de Cultura*. A partir do número cen, asumiu a súa dirección Carlos Casares e pasou a denominarse simplemente *Grial*. Nesta segunda etapa continuou a periodicidade trimestral. No ano 2003, co número 157, iniciouse a terceira etapa desta revista que recuperou o subtítulo da primeira etapa, *Revista Galega de Cultura*, dirixida agora por Víctor F. Freixanes e codirixida por Henrique Monteagudo, debido á morte prematura de Carlos Casares. Esta nova etapa conlevou un cambio que afectou ao deseño en xeral, dende o formato á inclusión da cor nas súas páxinas interiores, pero tamén aos contidos, que se repartiron en seccións como “Carta do editor”, “O rego da cultura”, “Entrevista” ou “Conversa con”, “Documentos”, “Creación”, “Crónica”, “O espello das letras”, “Cine, teatro e artes escénicas”, “Ciencia e tecnoloxía” ou “Comunicación e novas tecnoloxías”, “Arquitectura e artes plásticas”. Ademais de acoller artigos relacionados coas disciplinas humanísticas, a revista deu cabida a achegas procedentes do mundo das artes, das novas tecnoloxías, da creación plástica e dos xéneros xornalísticos. Cómpre sinalar, así mesmo, que cada número acolle un tema monográfico concreto, que se especifica xa dende a portada. No ano 2014 as seccións “Cine, teatro e artes escénicas”, “Ciencia e tecnoloxía”, “Comunicación e novas tecnoloxías”, “Arquitectura e artes plásticas” son substituídas por “Ciencia e técnica”, “Comunicación e sociedade” e “Arquitectura e galeguismo”, tamén se introducen as seccións “Historia e memoria”, “Temas do noso tempo”, “Ensaio” e “Fotografía e artes plásticas”. Neste ano saíron á rúa os números: 201 (xaneiro, febreiro, marzo), 202 (abril, maio, xuño), 203 (xullo, agosto, setembro) e 204 (outubro, novembro, decembro). O número 201, intitulado “Transmedia. Cara a unha nova forma de narrar”, recolle na sección “Creación” unha selección de poemas intitulada “Limiar” de Berta Dávila e o texto narrativo “As plantas caladas” (pp. 55-57) de Xesús Constela (pp. 59-61). No número 202, intitulado “Castelao, alén do mar, aquén da memoria”, reproducense na sección de “Creación” unha selección de poemas de Eli Ríos intitulada “As vacas brúan na madrugada” (pp. 97-99) e un texto narrativo de Santiago Lopo intitulado “Sorrí, Nené, sorrí!” (pp. 101-105). O número 203, intitulado “*Ulyses*, Joyce e Galicia”, acolle na sección de “Creación” textos poéticos de Antón Lopo intitulados “Non busco a beleza” (pp. 63-65) e un texto narrativo de Juana Vera intitulado “A nena dos Toxos e o deus do barco” (pp. 67-69). O número 204, intitulado “25 anos de cine en Galicia”, acolle na sección de “Creación” textos poéticos intitulados “Teoría das ruínas” de Alfredo Ferreiro (pp. 71-73) e o ensaio intitulado “As fotografías de Begoña Caamaño” de María Xesús Nogueira (pp. 75-76) máis os textos narrativos intitulados “Viaxar para ler o mundo Viaxar para lerre” de Begoña Caamaño

(pp. 77-79). Os artigos relacionados coa literatura galega están descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

### **Recensións:**

- Elisa Álvarez, “Grial’, a revista galega de cultura, cumpre medio século con vocación plural e universal”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, 4 abril 2014, pp. 12-13.

Repasa a historia desta revista dende o seu nacemento en 1963 e salienta que os fitos na historia da revista foron a publicación en 1975 dun número dedicado a Castelao, ao estar escrito integramente en galego, e outro centrado na polémica entre Rodrigues Lapa e Ramón Piñeiro sobre a norma da lingua galega. Tamén se salienta que desde 1963 colaborou xente de “todas as cores” mais que todos os artigos presentan solidez, argumentación e reflexión de fondo.

### **Referencias varias:**

- Fran P. Lorenzo, “O desafío de Grial é encontrar un sitio no mundo e que se nos vexa”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 11 abril 2014, p. 42.

Dáse conta do acto de presentación do novo número de *Grial* no auditorio da Fundación Novacaixagalicia de Santiago de Compostela e infórmase de que contou coa presenza de numerosas autoridades e con saúdos en gravados, entre outros, de Giuseppe Tavani, Xavier Queipo e John Rutherford.

- P. Calveiro, “A revista ‘Grial’ cumpre medio século mirando cara o futuro”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 11 abril 2014, p. 45.

Co gallo da publicación do número 200 de *Grial* coméntase que é a publicación decana da cultura galega e unha das máis antigas do Estado español e indícase que se pretende abrir novas filiais en Buenos Aires e en Brasil.

- Xosé Antonio López, “Proxectos, tarefas, textos”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 16 abril 2014, p. 37.

Comenta que a tarefa de *Grial* na segunda década do século XXI debe ser dobre, a de manter a herdanza e legado histórico da cultura galega e o de afrontar os novos retos.

- Salvador García-Bodaño, “Grial, a materialización dun soño”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, 20 abril 2014, p. 3.

Repasa o contido do primeiro número de *Grial*, publicado en 1963, e indica que no século XXI esta publicación segue a manter a súa defensa da lingua galega desde o europeísmo.

**LVCENSIA. Miscelánea de Cultura e Investigación**  
(ISSN: 01130-6831) (DL: LU 885-1990).

Publicación semestral editada dende 1990 pola Biblioteca do Seminario Diocesano de Lugo baixo a dirección de Gonzalo Fraga Vázquez. Actualmente forman o consello de redacción, ademais do director citado, Manuel Castro Gay, Nicandro Ares Vázquez, M<sup>a</sup> Dolores Carmona Álvarez, Manuel Rodríguez Sánchez, Daniel García García, David Gil Mato, David Varela Vázquez e Argimiro López Rivas, que actúa de secretario. A revista consta de catro seccións intituladas “Estudios”, “Comentarios”, “Texto” e “Libros”, onde se recollen traballos dedicados a diversas materias como historia, toponimia ou antropoloxía, en xeral relacionados coa historia de Lugo. En “Libros” ofrécense comentarios centrados nas novidades editoriais. No ano 2014 saíron do prelo os números 48 e 49 e incorpóranse ao consello de redacción Óscar González Murado e Luisa Doval García. Os artigos relacionados coa literatura galega están descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

### **Recensións:**

- Ferreiro Blanco, Vanesa, “*Xistral. Revista de creación poética...*”, *Lvcensia*, n.º 49 (Vol. XXIV), “Libros”, 2014, p. 410.

Faise unha recensión do número dezasete da revista Xistral. Saliéntase a variedade das temáticas dos poemas recollidos, así como a presenza de novos autores xunto cos máis consagrados. Destácanse, ademais, as ilustracións levadas a cabo pola pintora Noa Persán.

### **LUZES**

(DL: C 2260-2013).

Publicación mensual editada dende decembro do 2013, dirixida por Manuel Rivas e Xosé Manuel Pereiro e coordinada por Iago Martínez, que xorde como resposta contra a crise dos medios de comunicación. Conta cun suplemento cultural no interior, “República”, e coas seguintes seccións variábeis “Manifesto”, “Cartafof”, “Episodios galegos”, “Aquí un amigo”, “Entrevista”, “Ás ceibas”, “Reportaxe”, “Diario dun repunante”, “Debates intrépidos”, “Seres míticos”, “7 Estralos”, “En portada”, “Profundidade de campo”, “Perfil”, “Mundo papel”, “Creación”, “Retrovisor”, “Así somos”, “Caixa postal” e “A franquear en destino”. No ano 2014 saíron do prelo os números 2 (xaneiro), 3 (febreiro), 4 (marzo), 5 (abril), 6 (maio), 7 (xuño), 8/9 (xullo e agosto), 10 (setembro), 11 (outubro), 12 (novembro) e 13 (decembro), desaparecen as seccións “En portada”, “Perfil” e “Así somos” e incorpóranse as seccións “Mundo papel”, “Cablegramas”, “O pobo elixido”, “Colofón”, “Crónica”, “Non ficción” e “Retrato”. A sección “Creación” acolle no nº 2 o texto “Negocios de familia” de Suso de Toro, a nº 3 “Casapound” de Samuel Solleiro, o nº 4 “Rosalía/Pondal” de Alberto Lema, o nº 5 “Galegos no Vall d’Hebron” de Ánxel Vázquez de la Cruz, o nº 6 “Sortilexio medieval/Detención telefónica” de Lino Braxe, o nº 7 “Climatopolíticas: a nosa choiva é nosa” de Carlos C. Varela; o nº 8/9 “A morte tamén morre” de Tsvetanka Elenkova; o nº 10 “Re coñecérmonos” de Olalla Cociña, o nº 11 “Catalunya Dez” de Jordi Villaronga; nº12 “Conduce rápido” de Diego Ameixeiras, o nº 13 “A ferida é un rostro coñecido” de Ismael Ramos. Os artigos relacionados coa literatura galega están descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

**MADRYGAL.** Revista de Estudios Gallegos  
(ISSN:1138-9664) (ISSN electrónico: 1988-3258) (DL: M 15892-1987).

Publicación realizada no Centro de Estudios Gallegos da Facultade de Filoloxía da Universidade Complutense de Madrid, subvencionada pola Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, que comezou a súa andaina en 1998 cunha periodicidade anual. Actualmente o seu equipo directivo está formado polo finado Alonso Zamora Vicente como director honorífico, Carmen Mejía Ruiz (anteriormente subdirectora) como directora, e Asunción Canal Covelo e Javier Rivero Grandoso como secretarios, ademais dun amplo consello de redacción conformado por persoas relacionadas coa propia Universidade Complutense e de diversas procedencias: Ana Acuña Trabazo, Alejandro Alonso, Diana Bianchi, Denis Canellas de Castro Duarte, Xavier Frías Conde, Miguel Louzao, M<sup>a</sup> Victoria Navas Sánchez-Élez, M<sup>a</sup> Carmen Parafita, Roberto Pascual, Olivia Rodríguez, Claudio Rodríguez Fer e Rosario Suárez Albán. Contén as seccións “Artigos”, “Varia”, “Crónica”, “Creación”, “Tradución”, “Entrevista” e “Recensións”. No ano 2012 saíu do prelo o número 15 que na sección de “Creación” acolle en “Lírica” os textos poéticos “A música”, de Sebastián Alía Moral; “Adeus”, “A canle da fonte quedou seca”, “Con gosto a 15-M” e “Non teño por que dar explicacións”, de Gonzalo Bouza-Brey Villar; “De seis a sete acoitelo a alba...” e “Mazás do xardín de Tolstoi”, de Yolanda Castaño; “An Gorta Mór”, de Francesc Coimbra; “1. Preámbulo”, “Porque primeiro había un corpo e unha selva unidos por un ollo...”, “Porque xa no signo...”, “porque a boca constrúe o tempo...”, “Estas malditas palabras...”, “Porque a semente...”, “Por iso advértote...”, “porque ningún mediu nunca...”, “Esta tristeza que en min ancora...” e “Porque...”, de Estevo Creus; “*Beyond the lochs of the blood of children of men...*”, de Rho Dourado; “Delirio fundacional”, de Paulo Martínez Lema; “Illas Cíes”, “A terra”, “O home (2)”, “Ría do Miño” e “O barco”, de Javier del Prado Biezma; “Todo o corpo no sul”, “Outros idiomas me falan”, “Sabedoría da ignorancia”, “Mestre Mateus descobre o Aleph”, “A.”, “Un libro aberto” e “Divina Commedia”, de Román Raña; e “Argazos” e “Pensamentos”, de Jesús M<sup>a</sup> Varela Ogando; en “Narrativa” os textos narrativos “Amazónico mergullo”, de Xavier Alcalá; “Toma de declaración dun caso curioso”, de María Alonso Alonso; “Pluriemprego”, de Diego Ameixeiras; “A voz de Queipo”, de Vicente Araguas; “Tomango folgos (Microstorias)”, de Frantz Ferentz; “Pequean introdución de costumes”, de Xavier Queipo; “Axiña, é para onte”, de Vanesa Rodríguez Tembrás; e en “Teatro” a peza dramática “Círculo vicioso”, de Gustavo Pernas Cora. Na sección de “Tradución” recolle en catalán e en galego os poemas “Mercé/Mercé”, “Cançó per una bona mort/Canción para unha boa morte”, “No voldria res més ara/Non quixera máis agora”, “Vigila el mar/Vixía o mar”, “Alenar/Respirar”, “La danza de la primavera/A danza da primavera”, “El meu poeta/O meu poeta”, “Les veus de Raixa/As voces de Raixa” e “Lluna de pau/Lúa de paz”, de María del Mar Bonet, traducidos por María Asunción Canal Covelo e Juan Miguel Ribera Llopis; e en éuscaro e galego as composicións “1977ko urriko gau bat/Unha noite de outubro de 1977”, “Terra nova/Terra nova”, “Kaleko zakurra/Can sen dono”, “Belarra/Herba”, “Auto-zentsura/Autocensura”, “Labadora/Lavadora” e “Hondeamakinak/Escavadoras”, de Leire Bilbao, traducidos por Karlos Cid Abasolo e Ricardo Pichel Gotérrez. Os artigos relacionados coa literatura galega son descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.



## **Recensións:**

- Vicente Araguas, “Madrygal en Primavera”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, p. 24/ *Diario de Ferrol*, “Nordesia”, n.º 828, p. 30/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 828, p. 30, 11 maio 2014.

Comenta que a presentación do número 16 da revista multidisciplinar e madrileña *Madrygal* estivo acompañada coa presentación do volume *Conciencia política e literatura galega en Madrid (1950-2000)* de Ana Acuña. Da revista salientase, entre outras cousas, a súa boa maquetación e organización e analízase polo miúdo o contido do último número.

## **REVISTA GALEGA DE EDUCACIÓN**

(ISSN: 1132-8932) (DL: C-22/1986).

Revista de periodicidade irregular, de carácter educativo e interdisciplinar, que comezou a súa andaina no ano 1986 e que interrompeu a súa edición no ano 2002. É unha publicación da Nova Escola Galega, dirixida por Manuel Bragado Rodríguez, na súa primeira xeira, e editada por Edicións Xerais de Galicia. Na segunda xeira, que comezou no ano 2006, está dirixida por Suso Rodríguez e conta cun consello de redacción composto por Antón Costa Rico, Rosalía Fernández Rial, Xiana Lastra Pernas, Ana Mª Pose Blanco, Xosé Ramos Rodríguez, Miguel Vázquez Freire, Francisco Veiga García e Mª Helena Zapico Barbeito. Cunha periodicidade de tres números anuais publícase coa intención de constituír un material de axuda para os profesionais da educación e ser expoñente das súas necesidades e problemas, ademais de promover a actividade docente. Nela participan profesores das tres universidades galegas de Ciencias da Educación, xunto cun amplo grupo de profesionais do ensino. A revista conta con numerosas seccións, entre as que salientan: “O tema”, parte monográfica que trata unha temática diferente en cada número, “Entrevista”, “Novas tecnoloxías”, “A escola rural”, “Experiencias”, “Recursos do contorno”, “Pais e nais”, “Xoguetaínas e brinquetainas”, “Panoraula” e “Recensións”. No ano 2014 publicáronse os números 58, 59 e 60. Os artigos referidos á literatura galega atópanse descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

## **Referencias:**

- Rosario Ferreira, “O recordo e a obra de Rosalía viven na memoria colectiva”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 16 xullo 2014, p. 35.

## **TEMPOS NOVOS. Revista Mensual de Información para o Debate**

(ISSN: 1137-6945) (DL: C-588/97).

Revista fundada en abril de 1997 e editada polo Grupo Atlántica de Información e Comunicación de Galicia S.A. con periodicidade mensual. No primeiro editorial consignébanse os seguintes obxectivos: a creación dun medio de comunicación alternativo e de calidade que permitise artellar un movemento orixinal de desafío á mundialización tecnolóxica e á defensa e reforzo dunha identidade colectiva galega. O

director da revista é Luís Álvarez Pousa. Conta cun comité de redacción e con colaboradores habituais, entre os que se contan José Manuel Lens (Arte), Xurxo González (Cinema), Armando Requeixo e Teresa Seara (Libros), Alexandre Cancelo (Música) e Inma López Silva (Teatro), así como cunha nómina máis ampla de colaboradores eventuais. A revista consta das seccións estábeis “Opinión”, “Cataventos”, “A Contratempo”, “Horizontes” e “Voces e culturas”. En cada número de decembro faise un balance crítico do ano nas áreas de política, sociedade, economía e cultura. No ano 2007 a revista cambiou de formato e ampliou as seccións: “Obertura”, “Días Soltos”, “Todo é peixe”, “Editoriais”, “En Foco”, “Carta de axuste”, “Entrevista”, “As claves”, “Tres en raia”, “¡Guau Guau!”, “Debate”, “Entreculturas”, “Crítica”, “Redes cívicas”, “Espiral innovadora” e “Sen corsé”. Engadiu ademais a sección “Dossier TN”. *Tempos Novos* vén acompañada dende o inverno 2006/07 do suplemento *Protexa*, de periodicidade cuadrimestral, que tamén se distribúe cos xornais *El Ideal Gallego*, *Diario de Ferrol*, *Diario de Arousa* e *Diario de Bergantiños*. O seu director é Luis Álvarez Pousa e a presidenta Ana Fernández Puentes. Os nomes das distintas seccións, maioritariamente estábeis, son: “proVisión” (dedicada a un tema de actualidade da literatura galega), “proTagonista” (entrevistas), “proPostas” (recomendación de obras), “proLogo” (centrada nun autor), “proNtuario” (os libros dos lectores), “proNome” (entrevistas), “proPulsión” (produción literaria dun país), “proXectil” (achegas literarias de internet) e “proCura” (novidades editoriais). No ano 2012 a revista sacou do prelo doce números, do 176 ao 187. Neste mesmo ano o suplemento *Protexa*, coordinado por Ana Salgado, publicou o número 19. No ano 2013 a revista sacou do prelo doce números, do 188 ao 199, coas seccións habituais: “Obertura”, “Días Soltos”, “Todo é peixe”, “Editorial”, “Dossier TN”, “En Foco”, “Carta do director”, “Entrevista”, “E digo eu...”, “As claves”, “Entreculturas”, “Arredores”, “Altermundo”, “Crítica”, “Bengalas canadenses”. No ano 2014 integran o comité de redacción e son colaboradores fixos Natalia Poncela e Chus Martínez (Arte), Martín Pawley (Cinema), Aurelio Castro (Libros), Xoán Manuel Estévez (Música) e Inma López Silva (Teatro), así como cunha nómina máis ampla de colaboradores eventuais. Neste mesmo ano a revista sacou do prelo doce números, do 200 ao 211 e desaparecen as seccións “Obertura”, “Carta do director”, “Entreculturas” e “Altermundo” que son substituídas por “Cultura e pensamento” e “Noticias de ningures”. Neste mesmo ano, do suplemento *Protexa*, coordinado por Rexina Vega, desaparecen as seccións “proVisión” (dedicada a un tema de actualidade da literatura galega), “proLogo” (centrada nun autor), “proNtuario” (os libros dos lectores), “proNome” (entrevistas), “proXectil” (achegas literarias de internet) e “proCura” (novidades editoriais) e aparecen as seccións “Lonxe de nós e dentro” (literatura estranxeira), “ConTexto” (recensións de obras), “Cara e cruz” (dúas recensións sobre a mesma obra) e “ProMundo” (sobre cultura). Os artigos referidos á literatura galega atópanse descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

**TRABE DE OURO, A. Publicación Galega de Pensamento Crítico**  
(ISSN: 1130-2674) (DL: C-351-1994).

Revista de pensamento crítico, editada por Sotelo Blanco Edicións, de periodicidade trimestral. Foi fundada en 1990. O seu director é Xosé Luís Méndez Ferrín. Conta cun consello de redacción formado por Miguel Anxo Seixas, Francisco Sampedro, Antón Figueroa, Marcial Gondar Portasany, Xavier Vence, Margarita Ledo Andión, Paco Martín, Darío Xohán Cabana, Xosé Cid Cabido, X. M. García Crego, Manuel Cidrás,

Manuel Forcadela, Manuel Outeiriño, X. M. Salgado, X. Antón L. Dobao, Antón Reixa, J. Viale Moutinho e Carlos García Martínez. A partir do número 62 xa non figuraron no consello Xosé Cid Cabido, Manuel Cidrás, Manuel Forcadela e Antón Reixa. Exercen como secretarios Rosa López Fernández e Francisco Fernández Rei. A revista estrutúrase en cinco apartados: “Cuestións”, “Acoutacións”, “Textos”, “Publicacións” e “Crónica”. En 2014 viron a luz os seguintes números trimestrais: o 97 (xaneiro-febreiro-marzo), o 98 (abril-maio-xuño), o 99 (xullo-agosto-setembro) e o 100 (outubro-novembro-décembro). O número 97, na sección de “Textos”, acolle o texto poético “Hespaña’ e outros poemas” de W. H. Auden, traducido por M. Outeiriño. O número 98 presenta na mesma sección a tradución dos textos poéticos “Catro poemas de Amiri Baraka” de Amiri Baraka, traducido por Daniel Salgado. O número 99 acolle nesa sección o texto poético “Amorín’: un poema esquecido de Ramón Otero Pedrayo” a cargo de Xosé M. Salgado. O número 100 presenta nesta sección os textos “Esquemas e lembranzas (aforismos inéditos de Otero Pedrayo)” a cargo de Manuel Outeiriño. Todos os artigos referidos á literatura galega están descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

***UNIÓN LIBRE. Cadernos de Vida e Culturas***  
(ISSN: 1137-1250) (DL: C-1668-1996).

Revista cultural publicada por Edicións do Castro, de periodicidade anual. Fundada en 1996, e coordinada por Claudio Rodríguez Fer e Carmen Blanco, o seu propósito é dar cabida a diversas manifestacións creativas, preferentemente literarias, dende unha perspectiva “radicalmente aberta, crítica, independente e libertaria”. O comité de redacción está integrado por Xosé Luís Axeitos, Vsévolod Bagno (San Petesburgo), Diana Conchado (Nova York), María Lopo (Bretaña), Carme Junyet (Barcelona), Lily Litvak (Texas), Katheleen N. March (Maine) e Olga Novo (Santiago de Compostela). No ano 2014 publicouse o número 19, co subtítulo *Ensaaios en espiral*, acóllense ensaios sobre diversos temas todos escritos por María Lopo. Todos os artigos referidos á literatura galega están descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

***XISTRAL. Revista Lucense de Creación Poética***  
(ISSN: 1576-9488) (DL: LU-344-2000).

Revista de poesía editada pola Concellería de Cultura e Turismo do Concello de Lugo, con periodicidade anual. Foi fundada no ano 1998. O coordinador é Camilo Gómez Torres. O seu primeiro consello de redacción estaba integrado por Luz Pozo Garza, Marica Campo, Claudio Rodríguez Fer, Olga Novo, Manuel María e Ignacio Rodríguez. No ano 2008 publicouse o número 11 (primavera 2008), no que se aprecia un cambio no D. L. que se consigna na entrada. Actualmente o seu consello de redacción está integrado por Luz Pozo, Marica Campo, Claudio Rodríguez Fer, Olga Novo e Carmen Basadre Vázquez. No ano 2014 editouse o número 17, que na sección de “Creación” contou coas seguintes achegas poéticas: “A vida para compartir” de Delfina Amoroso Abuín (Lugo, 1958); “Xogo de mans”, “Aniversario” e “Infancia” de Diana Aradas Blanco (Sada, 1977); “Zume”, “Maira” e “Carmen” de José Blázquez (Lugo, 1959); “Voos”, “Nijinski” e “Duncan” de Joaquín Carballido Parra (Ponferrada, 1962); “Solpor en Fisterra” de José Carlos Castro Tomé (San Xoán de Esmelle, 1939); “O misterio do mar” de Marina Cillero (Madrid, 1940); “Veráns” de Cristina Corral Soilán (Lugo,

1976); “Fronte a fronte” e “Non choro!” de Jesús Corredoira López (Portomarín, 1993); “Anuncios poéticos” de Soraya Cortiñas Ansoar (Chantada, 1985); “Amor colectivo para salvar á humanidade” de Evinha de la Torre Conde (Lugo, 1986); “Que ando a pensar Sr. Feis?” de José Estévez López (Guntín, 1954); “Que?” de M<sup>a</sup> Sara Fernández (Burela, 1964); “Navego os meus mares sen calma...” e “Nana de Lampedusa...” de María José Fernández López (A Pontenova, 1979); “Fantasmas” e “O encontro” de Curra Figueroa Panisse (Lugo, 1948); “Pel e ósos” de Antón Fortes Torres (Sarria, 1957); “O moucho de podente” de Xosé Lois García (Lugo, 1945); “Non sei se é mellor calar que falar...” e “Ao meu amigo” de Germán García Mera (Portomarín, 1959); “Hoxe...” e “Cala o sol...” de Teresa Gómez Senra (Lugo, 1966); “Fenece a tremoia” e “Si pra o seu ven” de Montse González Álvarez (Lugo, 1972); “Aquel lugar, aquela fonte da abilleira onde ás veces vou,... de onde sempre eu veño.” de Baldomero Iglesias (Mero) (Vilalba, 1951); “Vida nova” e “Lembranzas” de Emilio Xosé Ínsua (Viveiro, 1967); “A Bernardo García Cendán, amigo” de María Xosé Lamas (Vilalba, 1961); “Onde prende o amor” e “Voltarei” de Anxo Lamas Muínelo (Bazar, 1943); “O lar xa non afuma” e “Cores silenciosas” de Miguel Anxo Macía (Lugo, 1955); “Serán de acuáticas sombras” de Manuel Celso Matalobos (Lugo, 1959); “España dourada e incandescente da miña amargura...” de Sara Méndez Palmeiro (Foz, 1970); “Á espera”, “A tola” e “O vello dragón” de Conchita Montenegro (Lugo, 1939); “Recendo decadente” e “Acoraxes” de Enrique Mora Morandina (Friol, 1942); “Desamor” e “Náufragos” de Paulo Naseiro (Vilalba, 1970); “Aerolitos breves” de Manuel Xosé Neira (Meilán. Lugo, 1964); “Quixotes hoxe” e “As poutas do mar” de Xoán Neira (Meilán. Lugo, 1953); “Días deses”, “Traeres e levares delas” e “De eu a deseú” de Isidro Novo (Lugo, 1951); “Oración” de Toño Nuñez (Navia de Suarna, 1959); “Presumiamos dunha saúde de ferro...” e “Tiña frío e fame e sono...” de Sara Otero; “Estás” “Alaudo do silencio” e “Vinte, barco perdido” de Xosé Otero Canto (Castro de Rei, 1951); “A ponte do gatín” de Jesús Alfonso Parada Jato (O Courel, 1967); “Soño cumprido” de Pepa (Lugo, 1938); “No país da desmemoria” e “Natureza morta” de Melania Pérez Cruz (Lugo, 1983); “O mestre dicíame...” de Vicente Piñeiro González (Lugo, 1954); “Poemas a Dana pintora do Edén” de Luz Pozo Garza (Ribadeo, 1922); “Suradas no Barbanza” de Xesús Rábade Paredes (Cospeito, 1949); “Aos libros que quizabes nunca hei ler” de Fco. Javier Reija Melchor (Lugo, 1973); “Eu son grega” de Claudio Rodríguez Fer (Lugo, 1956); “As miñas amigas de Bos Aires” e “A miña avoa amable” de Margarita Rodríguez Otero (Monforte, 1934); “A radio dos insomnes” e “A antesala da paixón” de Ramón Rodríguez Porto (Chantada, 1963); “Viviremos na floresta” de Suso do Páramo (Friolfe, 1962); “Lembranza e louvanza de Tirso de Moíña” de Lois Vázquez Fernández (Chavaga. Monforte, 1938); “No corazón dos nosos outonos...” e “Verde mofento...” de Antonio Vázquez Tierra (Monforte, 1960); “Unha longa viaxe” de Elvira Veloso (Monforte, 1942); “Clara e tenue”, “Insubmisión da memoria” e “Luz e levidade” de Manuel Vidal Villaverde (Vigo, 1946); “Palabras doridas” de Helena Villar Janeiro (Becerreá, 1940); “Emocións límbicas” e “Paradoxo” de Eva Xanín Navia (Navia de Suarna, 1994).

## Referencias:

- María L. Viñas, “La revista Xistral regresa con las voces de 52 autores”, *El Progreso*, “Vivir”, Cultura”, 3 outubro 2014, p. 68.

Indica que o novo número de *Xistral*, presentado no Concello de Lugo, conta con traballos de 52 autores que ao remate da súa presentación tivo lugar un recital poético a cargo dalgúns dos colaboradores deste número 17 de *Xistral*.

## **X. PREMIOS**

### **X. 1. NARRATIVA**

#### **Premio de Narración Curta *Álvaro Paradela***

A Sociedade Artística Ferrolana convoca dende 1993 este premio coa finalidade de render homenaxe ao escritor, columnista e poeta *Álvaro Paradela*. Para participar, hai que enviar textos inéditos de temática libre, en lingua castelá ou galega, cunha extensión máxima de tres folios ao apartado de correos 339 (15480, Ferrol) ou ao correo electrónico [info@sociedadeferrolana.es](mailto:info@sociedadeferrolana.es). O premio é simbólico, sen dotación económica, e consiste nunha placa conmemorativa e nun artigo sobre o gañador na revista *Poesía Galicia*. No ano 2015 declarouse deserto o premio correspondente á XVIIª edición, convocada en 2014 e cuxo prazo se pechara o 31 de decembro.

#### **Certame Literario de Relato de Aventuras *Antón Avilés de Taramancos***

O Concello de Noia e a revista *Casa da Gramática* do IES Virxe do Mar, coa colaboración da Deputación da Coruña, convocan este certame, ao que poden concorrer escritores de calquera nacionalidade, cun único traballo en galego de temática libre que sexa inédito, encadrado no relato de aventuras. Comezou a súa andaina cunha dotación económica de mil oitocentos euros; porén a partir da segunda edición o galardón pasou a ser de tres mil euros e unha escultura conmemorativa realizada polo artista local Alfonso Costa, xunto coa publicación da obra gañadora por parte do Concello de Noia. Os orixinais, cunha extensión entre setenta mil e cen mil caracteres, por cuadriplicado, mecanografados por unha soa cara, debidamente grampados, cosidos ou encadernados, sen firma e cun lema baixo plica, debían remitirse ao Concello de Noia (Rosalía de Castro, n.º 2, 15200, Noia-A Coruña). Nesta XIII edición o prazo de entrega de orixinais rematou o 11 de abril, e o xurado, composto por Xulio López, Pedro García Vidal, Antonio Piñeiro e Xavier Castro, decidiu por unanimidade conceder o galardón a Alberto Gómez Aneiros polo relato *O tesouro do Dourado* (Editorial Toxosoutos, 2014).

#### **Referencias varias:**

- M. Gil, “Noia convoca el certamen de relato de aventuras Avilés de Taramancos”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 814, 30 xaneiro 2014, p. 7.

Dá conta das bases da convocatoria deste certame literario.

- M. Gil, “Gómez Aneiros gaña o relato de aventuras ‘Avilés’”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 919, 17 maio 2014, p. 6.

Dáse noticia do gañador deste certame ao que se presentaron quince traballos, o ferrolán Alberto Gómez Aneiros coa obra *O tesouro do Dourado*.

- M. Gil., “Alberto Gómez recibe o Avilés de Taramancos pola historia do dourado”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.030, 7 setembro 2014, p. 7.

Informa do acto de entrega do premio no salón de actos do Concello de Noia e salienta a presenza no xurado de Xavier Castro e Pedro García Vidal. Sinala, por último, as intervencións no evento da ilustradora do volume, Montse Pernas, o alcalde Rafael García Guerrero, Lola Arxóns e Serafín Marcos.

### Certame de Narración Curta **Ánxel Fole**

Organizado polo Concello de Lugo co gallo da celebración do Día das Letras Galegas de 1997, dedicado a Ánxel Fole. Até esta edición premiaba relatos curtos e constaba de dous primeiros premios de 900 euros e dous segundos de 450 euros, que a partir da convocatoria de 2008 ascenderan a 1.000 euros e 500 euros en cada premio e modalidade: lingua galega ou castelá. Dende o ano 2011 só se convocaba a modalidade de textos escritos en galego e outorgábanse tres premios de 1.500, 1.000 e 500 euros. No ano 2013, o Concello de Lugo decidiu transformalo nun certame de novela curta ou conxunto de relatos e premiar un único traballo con 4.000 euros, ademais da publicación en Edicións Xerais de Galicia. Poden concorrer obras orixinais e inéditas de tema libre, escritas en galego segundo a normativa oficial vixente. A extensión debe situarse entre os cincuenta e os cen folios, equivalentes respectivamente a 90.000 e 180.000 caracteres, espazos incluídos. Os traballos deben presentarse mecanografados por unha soa cara, por triplicado, no Departamento de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo (Concello de Lugo, Praza Maior, 1, CP 27001) en sobre pechado, baixo un pseudónimo ou lema na parte exterior. Na XVIIª edición, correspondente ao ano 2014, o prazo de presentación pechouse o día 31 de decembro e o xurado resolveu o premio o 27 de marzo de 2015. Cristina Corral Soilán, Pedro Manuel Feijoo Barreiro e Manuel Bragado, xunto á concelleira de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua, Carmen Basadre, e o coordinador de publicacións do Concello de Lugo, Darío Xohán Cabana, estes dous últimos sen dereito a voto, declararon vencedor por unanimidade a Alexandre Alonso Alonso, por *Tempos de bebidas isotónicas e fast-food*.

### Premio Literario **Arcebispo Juan de San Clemente**

Baixo o patrocinio de distintas entidades nas diferentes edicións, o IES Rosalía de Castro crea no ano 1995 este premio literario, cunha dotación de tres mil euros para cada unha das modalidades: lingua castelá, lingua galega e lingua estranxeira traducida ao castelán. O galardón, co que se busca fomentar a lectura entre o alumnado, comporta, ademais, unha estatuíña conmemorativa, un diploma e 3.000 euros. O xurado confórmase por estudantes de secundaria do instituto Rosalía de Castro de Santiago de Compostela e de catro institutos máis de Galicia, elixidos ao chou. Nesta XXª edición os institutos escollidos para formar o xurado foron: IES Vilalonga de Sanxenxo, IES Xosé Neira de Oleiros, IES A Pinguela de Monforte, IES Lagoa de Antela de Xinzo de Limia, e Rosalía de Castro de Santiago de Compostela. O 17 de xuño déronse a coñecer as obras galardoadas: en lingua galega, a novela *A vitoria do perdedor* (2013), de Carlos R. Reigosa (*A Pastoriza*, 1948); en lingua castelá, *Las reputaciones* (2013), de Juan

Gabriel Vázquez (Bogotá, 1973), e en lingua estranxeira *La verdad sobre el caso Harry Quebert* (2013), de Joël Dicker (Xenebra, 1985).

### Referencias varias:

- Ana Iglesias, “Fiesta literaria con Márkaris, Pérez-Reverte y Pedro Feijoo”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 27 xaneiro 2014, p. 16.

Infórmase da XIXª edición deste premio en que os escritores Petros Márkaris, Arturo Pérez-Reverte e Pedro Feijoo foron os gañadores do Premio Literario Arcebispo Juan de San Clemente. A entrega dos premios terá lugar no IES Rosalía de Castro de Santiago de Compostela.

- Ana Iglesias, “Los favoritos de los jóvenes”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 28 xaneiro 2014, p. 28.

Coméntase o acto de entrega deste premio que tivo lugar no IES Rosalía de Castro e explícase que o xurado é o alumnado de secundaria que este ano escolleu as obras dos escritores Petros Márkaris, Arturo Pérez-Reverte e Pedro Feijoo.

- Joel Gómez, “Petros Márkaris pide jóvenes que ‘decidan quedarse y luchar’”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 28 xaneiro 2014, p. 38.

Refírese os gañadores do Premio Literario Arcebispo Juan de San Clemente e o acto de entrega do mesmo en que se falou sobre a situación actual da mocidade ante a crise.

- Ana Iglesias, “No todo es rock and roll”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, “Tribuna libre”, 29 xaneiro 2014, p. 28.

Opina sobre o beneficio que aporta aos mozos convocatorias como a dos Premios Literarios Arcebispo Juan de San Clemente, que lles permite valorar as obras e premialas.

- S. Cuiña, “Es importante que los alumnos elijamos a los ganadores”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 29 xaneiro 2014, p. 28.

Comenta que unha alumna do IES Rosalía de Santiago de Compostela gabou a existencia deste premio por brindarlle, a ela e aos seus compañeiros, a posibilidade de formar parte do xurado.

- Xurxo Fernández, “Petros Márkaris, la conciencia griega”, *El Correo Gallego*, “2domingo”, 2 febreiro 2014, p. 4.

Coméntase que o escritor Pétros Márkaris asistiu a Santiago de Compostela a recoller este premio e que no acto de entrega afirma que tende a reflectir nas súas novelas a realidade social e política actual do seu país, Grecia, ademais de falar tamén da súa relación co cineasta Theo Angelopoulos.



- Xurxo Fernández, “San Clemente”, *El Correo Gallego*, “Crisol”, 3 febreiro 2014, p. 55.

Indica que os gañadores deste premio foron Petros Márkaris con *Liquidación Final*, Arturo Pérez-Reverte con *El tango de la guardia vieja* e Pedro Feijoo con *Os fillos do mar*.

- Carmen Villar, “Petros Márkaris. ‘Cuanto más tarden los ciudadanos en reaccionar, más agresiva será su reacción’”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 16 febreiro 2014, p. 49.

Entrevista co escritor grego, gañador do Premio Arcebispo Juan de San Clemente, onde responde sobre distintas cuestións, dende a situación política e económica de Grecia até o propio papel da literatura na sociedade.

- E. P., “Carlos Reigosa, Xosé M<sup>a</sup> Lema y Diego Ameixeiras, en el premio San Clemente”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 8 marzo 2014, p. 24.

Indica que os finalistas da XX edición do Premio San Clemente na categoría lingua galega son Carlos Reigosa, Xosé María Lema y Diego Ameixeiras, polas obras *A vitoria do perdedor*, *Costa do solpor* e *Matarte lentamente* respectivamente.

- Ana Iglesias, “Reigosa, Vásquez y Dicker se alzan con el San Clemente”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 18 xuño 2014, p. 28.

Anúncianse os gañadores deste premio que cada ano organiza o IES Rosalía de Castro e que son Carlos G. Reigosa con *A vitoria do perdedor*, Juan Gabriel Vásquez por *Las reputaciones* e Jöel Dicker con *La verdad sobre el caso Harry Quebert*. Indícase que esta é unha boa iniciativa para integrar aos alumnos na lectura, pois ademais eles mesmos son o xurado.

- J. Gómez, “Reigosa, Vásquez y Joel Dicker ganan la 20<sup>a</sup> edición del premio San Clemente”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 18 xuño 2014, p. 36.

Faise referencia aos gañadores deste premio organizado anualmente polo IES Rosalía de Castro e sinálase que o xurado está composto por alumnado de secundaria tanto deste centro como doutros institutos da xeografía galega.

### **Premio Relato Curto da Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da Universidade de Santiago**

Certame convocado pola Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da Universidade de Santiago de Compostela sobre tema libre e escrito en galego ou castelán, ao que poden concorrer todos os membros desta asociación. O relato debía ter un máximo de sete folios, presentarse por triplicado, mecanografado a dobre espazo en DIN-A4 e a unha cara, con corpo 12 de Times New Roman. Os traballos deben ir acompañados dun sobre pechado, en cuxo exterior figura o pseudónimo e no interior unha folla con nome e apelidos, enderezo, número de teléfono e dirección de correo electrónico do autor, enviáanse por correo certificado á sede da Asociación de Antigos Alumnos: Casa da Concha, rúa da Conga, n.º 1, 15704, Santiago de Compostela. A Asociación resérvase a

facultade de editar as narracións, que quedarán en poder da institución convocante, sen que os autores teñan dereito a compensación económica ningunha. O xurado está composto por persoas entendidas na materia e pode declarar deserto o premio, sendo a súa decisión inapelábel a todos os efectos. O galardón é unha figura da colección Alba da Gloria de Castelao, realizada por Sargadelos, e un premio en metálico de 300 euros. O 21 de outubro de 2014 reuniuse na sé da Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da USC o xurado do IX Premio de Relato Curto para decidir o relato gañador. O presidente do xurado, Don Ángel Álvarez Prechous; a secretaria, Isabel Vilariño Vilariño; o tesoureiro, Enrique Alonso Mougán; e a redactora da revista *Fonseca* M<sup>a</sup> del Mar Fernández Vázquez, decidiron por unanimidade outorgar o galardón ao relato “El ocaso del éxito”, presentado baixo o pseudónimo Agustín de Ríos, que correspondía a Víctor A. García Dopico.

### Concurso Literario de Relato Curto da **Asociación Galega de Amigos do Camiño de Santiago** (AGACS)

Organizado pola Asociación Galega de Amigos do Camiño de Santiago (AGACS) e o Grupo Correo, está dirixido a escritores de calquera nacionalidade con obras inéditas e non premiadas, escritas en castelán, galego ou catalán (acompañado nestes dous últimos casos da tradución) sobre un tema relacionado co Camiño de Santiago, cunha extensión mínima de tres folios e máxima de cinco. Estabelécense dúas modalidades: a junior (de 12 a 16 anos) e a senior (maiores de 16 anos). Os traballos deben entregarse baixo lema xunto cun sobre cos datos persoais na Asociación Galega de Amigos do Camiño de Santiago (Rúa Costa Nova de Abaixo, n.º 17, 15705, Santiago de Compostela). Estabelécense tres premios, de 300, 200 e 100 euros, concedidos por un xurado composto por persoeiros de recoñecida solvencia no mundo da crítica literaria. Na XIV edición, correspondente ao ano 2014, o prazo de entrega dos orixinais rematou o 31 de decembro.

### Premio **Biblos-Pazos** de Galicia

Premio creado pola editora Biblos no ano 2005, aberto á participación de menores de 25 anos que presenten unha memoria de entre 30 e 40 folios das súas respectivas novelas á editora Biblos (Quintá, n.º 8-Mandaio, 15391, Cesuras-A Coruña) ([www.biblosclube.com](http://www.biblosclube.com)), na que se inclúan unha exposición das características da súa futura obra, así como un capítulo ou fragmento para valorar o seu estilo. As persoas finalistas seleccionadas teñen que presentar nun segundo prazo un borrador das súas novelas. Esta editora designa todos os anos un titor que axuda ao gañador a completar e perfilar a obra durante unha estadía no mes de outubro na Casa Grande do Bachao. O galardón comporta, ademais da estadía na Casa Grande do Bachao, un ordenador portátil, a escultura creada para o premio, deseñada polo artista lugués Luís Loureira e a publicación da súa obra. Nas edicións anteriores resultaron galardoados: en 2005, Iria López por *Meniña de cristal* (2005); en 2006, Alberto Ramos por *Dor pantasma* (2006); en 2007, Patricia Casas por *Vidas entrelazadas*, publicada como *Teselas de cidade* (2008); en 2008, Berta Dávila por *Bailarei sobre a túa tumba* (2008); en 2009, Pablo García por *Relato dun estalido sordo* (2010); en 2010, Elena Veiga por *Morto en fucsia* (2011); en 2011, Iria Morgade Valcárcel por *Verbas no ar* (2011); en 2012, quedou deserto; e en 2013, Lidia Gómez por *Os pantalóns nunca foron cousa boa*. No ano 2014

correspondente á décima edición, o prazo de recepción de orixinais rematou o 18 de marzo. As autoras e autores finalistas debían presentar antes do 13 de xuño do 2014 as súas novelas cunha extensión non superior aos 150 folios no estado máis avanzado posíbel de acabado. O xurado elixe a obra gañadora, que se dá a coñecer a semana previa á do Día da Patria Galega. O gañador dedícase até finais do mes de novembro a traballar na súa novela, seguindo un plan que acorda co titor e comprométese a entregala totalmente finalizada antes de rematar o ano 2014 para a súa publicación por Biblos. Os outros autores/as finalistas reciben como premio unha fin de semana para dúas persoas en habitación dobre na Casa Grande do Bachao.

### Premio **Blanco Amor de Novela Longa**

Por iniciativa do Concello de Redondela, creouse no ano 1981 promovido e financiado por un consorcio de concellos que participaban con trescentos euros cada un, e que cada ano foi sendo máis numeroso, até chegar á actual contía de 12.000 euros. A organización do premio adxudícase por sorteo a un dos concellos do consorcio, que é o encargado de correr con todos os actos que leva consigo a convocatoria: entrega do premio e difusión da obra gañadora. As obras presentadas deben ser inéditas e ter unha extensión mínima de cento cincuenta folios mecanografados por unha cara e a dobre espazo (tamaño de fonte 12). Poden participar nel todos os autores, de calquera nacionalidade, que presenten unha ou varias obras escritas en lingua galega, segundo a normativa oficial vixente. Os interesados deben enviar cinco copias das súas obras por correo, sen remite e baixo lema ao Excmo. Concello organizador, facendo constar no exterior “Para o Premio Blanco Amor”. Nun sobre anexo, pechado e baixo o mesmo lema, indicárase o nome e enderezo do autor ou autora e, de ser posíbel, o seu teléfono e enderezo electrónico. O xurado do premio está composto por cinco membros, que deberán ser escritores ou críticos literarios da literatura galega. Os galardóns en edicións anteriores foron para Daniel Cortezón en 1981 por *A vila sulagada* (1981); Víctor Fernández Freixanes en 1982 por *O triángulo inscrito na circunferencia* (1982); Xosé Manuel Martínez Oca en 1983 por *Beiramar* (1983); Alfredo Conde en 1984 por *Xa vai o griffon no vento* (1984); Xoán Manuel Casado en 1985 por *O inverno do lobo* (1985); Lois Diéguez en 1986 por *A canción do vagamundo* (1987); Isaac Otero en 1987 por *O sorriso de Gardel* (1987); Miguel Suárez Abel en 1988 por *Turbo* (1988); Román Raña en 1989 por *O crime da rúa da Moeda Vella* (1989); Valentín Carrera en 1990 por *RíoSil* (1990); Fran Alonso en 1991 por *Tráiler* (1991); Ramón Caride Ogando en 1992 por *Soños eléctricos* (1992); Úrsula Heinze en 1993 por *Culpable de asasinato* (1993); Xosé Cid Cabido en 1994 por *Panificadora* (1994); (no ano 1995 non se convocou); Xavier Lorenzo Tomé en 1996 por *O paxaro que canta un nome* (1996); Suso de Toro en 1997 por *Calzados Lola* (1997); Xavier Alcalá en 1998 por *Alén da desventura* (1998); Xosé Cid Cabido en 1999 por *Grupo abeliano* (1999); Xosé Carlos Caneiro en 2000 por *Ébora* (2000); Xosé Antonio Perozo en 2001 por *Martázul* (2001); Xosé Monteagudo en 2002 por *As voces da noticia* (2002); Séchu Sende en 2003 por *Orixé* (2004); Dolores Ruiz Gestoso en 2004 por *Dentro da illa* (2005); Francisco Castro en 2005 por *Spam* (2006); Xesús Rábade Paredes en 2006 por *Mentres a herba medra* (2007); Inma López Silva en 2007 por *Memorias de cidades sen luz* (2008); (no ano 2008 non se convocou); Luís Rei Núñez en 2009 por *Monte Louro* (2009); Iván García Campos en 2010 por *O imposible de desatar* (2010); Manuel Lourenzo González en 2011 por *ATL* (2012); Ignacio Vidal Portabales en 2012 por *Dióxenes en Dolorida* (2013); e Jorge Llorca en 2013 por *O violín de Rembrandt* (2014). Na edición de 2014,

a organización correu a cargo do Concello de Redondela. O prazo de entrega de orixinais rematou o 1 de setembro e o xurado do XXXII Premio Blanco Amor de novela, composto por Xosé Luís Franco Grande, Camiño Noia Campos, Olivia Rodríguez e Xosé Antón Palacio, decidiu por unanimidade conceder o galardón ao escritor Fran P. Lorenzo (Vigo, 1973), autor de *Cabalos e lobos*. A entrega do galardón tivo lugar o 22 de novembro en Redondela e ante a presenza das autoridades institucionais que o patrocinan.

### Referencias varias:

- Xesús Fraga, “Redondela salva o premio Blanco Amor”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 15 febreiro 2014, p. 45.

Indícase que este ano Redondela será o municipio encargado de convocar este certame que estaba en perigo, xa que os concellos renunciaban a participar ademais de non aportaren as achegas económicas necesarias.

- E. P., “A Deputación da Coruña súmase ao relanzamento do premio Blanco Amor”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 10 maio 2014, p. 53.

Indícase que ademais do concello de Redondela a Deputación da Coruña colaborará no relanzamento do premio literario Blanco Amor.

- Jaureguizar, “A Deputación de Lugo ‘relanzará’ o premio Blanco Amor de novela”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Literatura”, 24 xuño 2014, p. 53.

Coméntase que a Deputación de Lugo vai participar no relanzamento dos premios Blanco Amor. Indícase que este premio recibe colaboración dos concellos de Galicia e que ten carácter rotativo, pero que actualmente existe certo desinterese por parte dos municipios.

- Elena Ocampo, “Fran P. Lorenzo. ‘A cidade de Vigo é o xermolo desta novela’”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, p. 40/ *La Opinión*, “Sociedad, cultura y ocio”, p. 31, 12 novembro 2014.

Entrevístase a Fran P. Lorenzo con motivo do recibimento do premio Blanco Amor, a quen se lle pregunta polo paso do xornalismo á ficción e pola temática da novela.

- B. L., “O xornalista Fran P. Lorenzo gaña o Premio Blanco Amor de novela fallado en Redondela”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Cultural”, 12 novembro 2014, p. 11.

Anuncia que Fran P. Lorenzo vén de gañar este premio pola súa obra *Cabalos e lobos*. Infórmase da composición do xurado e faise un breve resumo da traxectoria profesional do galardoado.

- Koro Martínez, “Fran P. Lorenzo. ‘Pretendín achegar desde Vigo unha visión global do século XX’”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 12 novembro 2014, p. 41.

Acóllese unha entrevista a Fran P. Lorenzo, xornalista d' *El Correo Gallego*, co gallo da obtención do premio Eduardo Blanco Amor de novela pola súa primeira obra de ficción *Cabalos e lobos*. Pregúntaselle que supón o premio para el, pola combinación das facetas de xornalista e autor de ficción e pola temática da novela.

- Xesús Fraga, “Fran P. Lorenzo gaña o Blanco Amor cunha saga familiar centrada en Vigo”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 12 novembro 2014, p. 34.

Anuncia que *Cabalos e lobos*, de Fran P. Lorenzo, é a obra galardoada co premio Blanco Amor de novela. Descríbese a temática da novela e a composición do xurado e sinálase que a edición deste ano perigou por falta de apoio até que entrevistou o Concello de Redondela.

- A. Baena, “Fran P. Lorenzo. ‘A novela só podía acontecer en Vigo, os ambientes da cidade dan sentido á historia”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, “Entrevista”, 13 novembro 2014, p. 11.

Informa de que Fran P. Lorenzo foi o gañador deste certame e entrevístase ao autor, a quen se lle pregunta pola combinación da súa faceta de xornalista e narrador e polo protagonismo da cidade de Vigo na obra premiada.

- Irene Jiménez, “Fran P. Lorenzo recibirá el día 22 el premio Blanco Amor”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 13 novembro 2014, p. 44.

Informa de que Fran P. Lorenzo vén de gañar este premio coa súa obra *Cabalos e lobos*, da que se resume a súa trama e destaca a importancia da arquitectura viguesa. Fálase da organización do premio literario e anótase o seu palmarés.

- María Varela, “Blanco Amor’ volve a Redondela”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 23 novembro 2014, p. 82.

Indícase que ante o risco de que o certame desaparecese, o concello de Redondela decidiu convocar este premio de novo. Destácase que o gañador foi o xornalista vigués Fran P. Lorenzo coa obra *Cabalos e lobos*. Ademais, fálase da cerimonia de entrega e recóllense algunhas declaracións do premiado e do presidente da Real Academia Galega, Alonso Montero.

- Amaia Mauleón, “A voz de Blanco Amor resoa en Vigo”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 23 novembro 2014, p. 49.

Dá conta da cerimonia de entrega deste premio a Fran P. Lorenzo pola súa obra *Cabalos e lobos*. Recóllense as verbas do galardoado sobre a temática da novela e anótanse os nomes das persoas da cultura galega que asitiron ao acto. Destácase a gabanza que Xesús Alonso Montero fixo da figura de Blanco Amor. Apúntase que o acto se completou coa interpretación de poemas musicados de Blanco Amor a cargo de María de Ceo e que Vázquez Abad adiantou que a próxima convocatoria celebrarase en Ourense.

- Amaia Mauleón, “Fran P. Lorenzo recibe o XXXII Premio Blanco Amor de Novela”, *La Opinión*, “Sociedad, cultura y ocio”, 23 novembro 2014, p. 38.

Fala da cerimonia de entrega do premio a Fran P. Lorenzo. Recóllense as verbas do galardado sobre a temática da novela e anótanse os nomes das personas da cultura galega que asitiron ao acto. Destácase a gabanza que Xesús Alonso Montero fixo da figura de Blanco Amor.

- Maite Gimeno, “Fran P. Lorenzo anima a luchar por la pervivencia del Blanco Amor”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 23 novembro 2014, p. 40.

Informa de que o gañador do Premio Blanco Amor de literatura é o xornalista d’*El Correo Gallego*, Fran P. Lorenzo, pola súa novela *Cabalos e lobos*. Recóllese a intervención do galardado, quen reconece ao autor que dá nome ao premio coma o seu referente literario e vital.

### Concurso de Narración Curta **Boca de la ría**

A Sociedad Artística Ferrolana (SAF) convoca dende o ano 2006 este concurso para premiar narracións curtas, escritas en galego ou en castelán, relacionadas co mar. Para participar débense enviar antes do 31 de decembro orixinais mecanografados dun máximo de tres folios, acompañados dunha fotocopia do DNI do autor, ao apartado de correos 339 de Ferrol. No ano 2014, decidiuse o premio convocado no ano 2013, correspondente á VII edición. O premio consistiu nunha placa de prata.

### Premio Literario **Camilo José Cela de Narrativa**

O Concello de Padrón convoca este certame dende o ano 1989 para homenaxear a “figura humana e literaria do egrexio escritor”. Premia relatos de tema libre, escritos en castelán ou en galego, inéditos e orixinais, cunha extensión de doce a vinte e cinco folios, mecanografados a dobre espazo en formato *word* e tipo de letra Arial tamaño doce. Deben enviarse por quintuplicado, con lema e plica, ao Rexistro do Concello de Padrón (Rúa Longa, n.º 27, 15900, Padrón-A Coruña). O premio está dotado de sete mil cincocentos euros e unha estatuíña do escritor Camilo José Cela. No ano 2014, correspondente á XXV edición, o xurado integrado por Carmen Becerra, Juan Casares, Beatriz Vázquez, Carmen Lois, Cruz Taboada e Carlos Arias, tras examinar as 158 obras presentadas a esta convocatoria acordou por unanimidade premiar a Dolores Torrano Vicente pola obra *Las ubres de la noche*.

### Premio de Microrrelato **Carlos Casares**

Convocado polo Liceo de Ourense, leva o nome dun dos seus socios máis ilustres, Carlos Casares, e céntrase na modalidade de microrrelato. Conta con dúas categorías, unha para maiores e outra para menores de vinte e cinco anos, cunha dotación económica de seiscentos euros para cada unha delas, que na convocatoria do ano 2007 aumentou a mil cincocentos euros para o primeiro premio. En 2014 o premio redúcese a mil euros. Pode concorrer calquera persoa con tres traballos inéditos da súa autoría como máximo, redactados en galego ou castelán vinculados ao ámbito da temática que se presente en cada edición. Os orixinais non poden superar unha extensión máxima de

mil cincocentos caracteres, debendo ser presentados por quintuplicado, na Secretaría do Liceo de Ourense (Rúa Valentín Lamas Carbajal, n.º 5, 32005. Ourense). Cada orixinal ten que ir baixo lema e acompañado dun sobre pechado co nome completo, enderezo, teléfono do autor e o título definitivo da obra. No ano 2013 non se convocou. (TAMÉN ESTÁ EN PREMIOS LIX). Na XII edición do ano 2014, os traballos entregaríanse antes do 11 de maio de 2015. O xurado estivo constituído por Xabier Casares (presidente do Liceo de Ourense), Rosa Estévez, Delfín Caseiro, Segismundo Bobillo e Juan Fonseca (secretario), resolveron concederlle o premio a Pilar Ortega Pereiro coa súa obra *Gangrena*.

### Premio de Novela Europea **Casino de Santiago**

O Casino de Santiago e o IES Rosalía de Castro, coa axuda de El Corte Inglés, convocan este premio, dotado con tres mil euros, dende 2003, co obxectivo de fomentar a lectura entre a poboación compostelá. Unha comisión seleccionadora elixe un grupo de novelas publicadas nalgún país da Unión Europea e ábrese un prazo de votación para que o lectorado emita o seu voto, ben no Casino de Santiago, onde se ofrecen en préstamo as novelas finalistas, ben no Centro Comercial Compostela de El Corte Inglés. Un trinta por cento da resolución do xurado é o resultado da votación de residentes ou persoas que traballan na cidade de Santiago, que tamén levan un premio. A porcentaxe restante cóbrese cos socios do Casino (un vinte por cento) e as votacións de dez representantes de varias institucións da cidade (un cincuenta por cento). Nas edicións anteriores resultaron galardoadas *Expiación*, de Ian Mc Ewan, en 2003; *A Menulara*, de Simonetta Agnello, en 2004; *Xuntos e mais nada*, de Ana Gavalda, en 2005; *Nunca me abandones*, de Kazuo Ishiguro, en 2006; *Sobre a beleza*, de Zadie Smith, en 2007; *A rolda nocturna*, de Sarah Waters, en 2008; *Caos Calmo*, de Sandro Varonesi, en 2009; *La extraña desaparición de Esme Lennox*, de Maggie O'Farrell, en 2010; *La cena*, de Herman Koch, en 2011; e *De vidas ajenas*, de Emmanuel Carrère, en 2012. Na undécima edición de 2014 os finalistas foron *Medusa*, de Ricardo Menéndez Salmón; *As voces baixas*, de Manuel Rivas; *El insólito peregrinaje de Harold Fry*, de Rachel Joyce; *Antigua luz*, de John Banville; e *Nada se opone a la noche*, de Delphine de Vigan. Finalmente a autora premiada foi Rachel Joyce.

### Referencias varias:

- Ana Iglesias, “Rachel Joyce se alza con el XI Premio de Novela del Casino”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 1 abril 2014, p. 25.

Dá conta de cal foi a obra gañadora deste premio: Rachel Joyce e o seu *El insólito peregrinaje de Harold Fry* e informa de que a obra será traducida ao galego e editada por Galaxia.

- Marga Mosteiro, “El premio de novela Casino de Santiago recae en Rachel Joyce”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Santiago”, “Para todos los públicos”, 1 abril 2014, p. L6.

Fai referencia á gañadora do Premio de Novela Europea Casino de Santiago, Rachel Joyce, con *El insólito peregrinaje de Harold Fry*. Sinala que esta obra será traducida ao

galego e editada por Galaxia, pasando a formar parte da Biblioteca Compostela de Narrativa Europea.

- Martín Fernández, “Llega a Santiago ‘El insólito peregrinaje’ de Rachel Joyce”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 10 novembro 2014, p. 18.

Anuncia que a escritora británica Rachel Joyce é a gañadora deste certame pola súa novela *El insólito peregrinaje de Harold Fry*. Infórmase de que a autora manterá en Santiago un encontro con seus seguidores e apúntase que a novela será traducida ao galego por Galaxia. Descríbese ademais a composición do xurado e o obxectivo do premio.

- Isidoro Peña, “Isabel”, *El Correo Gallego*, “Crisol”, “Ars longa, vita brevis”, 10 novembro 2014, p. 56.

Dáse noticia da entrega deste premio a Rachel Joyce e salientanse as cualidades da obra, entre as que destacan a prosa e a trama, que fan que sexa merecedora de entrar a formar parte do canon do século XXI.

- José Manuel García Iglesias, “Novelas europeas en el Casino de Santiago”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Notas de actualidad”, 13 novembro 2014, p. 2.

Dá conta da entrega do Premio de Novela Europea Casino de Santiago a Rachel Joyce pola súa obra *El insólito peregrinaje de Harold Fry*. Anúnciase que será traducida ao galego por Galaxia e ponse en valor a composición do xurado por integrar a diferentes colectivos vinculados a Compostela.

- Xurxo Fernández, “Rachel Joyce y el noble Harold Fry”, *El Correo Gallego*, “2domingo”, 16 novembro 2014, p. 5.

Acóllese unha entrevista a Rachel Joyce co gallo do outorgamento deste premio pola súa obra *El insólito peregrinaje de Harold Fry*. Descríbese con brevidade a traxectoria da autora e pregúntaselle pola trama e os personaxes da novela.

- A. I., “Elegidos ya los libros finalistas al Premio del Casino”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 3 decembro 2014, p. 31.

Infórmase do acto de presentación dos libros finalistas da XII edición deste certame, celebrado no Corte Inglés.

- Ana Iglesias, “Manuel Darriba, el único gallego que opta al Premio del Casino”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 4 decembro 2014, p. 29.

Fala da presentación dos cinco libros finalistas da XII edición. Indica que segundo membros do comité seleccionador, os principais obxectivos deste certame son fomentar o hábito lector e promover o espírito europeísta mediante a literatura.

- R. L., “Manuel Darriba opta al Casino de Santiago por ‘O bosque é grande e profundo’”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 4 decembro 2014, p. 49.



Informa da presentación dos cinco finalistas ao premio, dados a coñecer onte nunha rolda de prensa en Santiago de Compostela, entre os que se encontra o escritor lucense.

### **Certame Galego das Artes Plásticas pola Igualdade de Xénero**

A empresa Bolboreta convoca este premio, co patrocinio dos concellos das Pontes de García Rodríguez, San Sadurniño e A Capela e coa colaboración dos concellos de Ribadeo e Xermade. Os relatos tratarán sobre a igualdade entre mulleres e homes. Preséntanse tres categorías: infantil (de 7 a 11 anos), xuvenil (de 12 a 18 anos) e adulto (maiores de 18 de anos). Hai dous premios por categoría e cadanseu diploma: infantil, o primeiro será de 150 euros e o segundo de 75 euros; xuvenil, o primeiro premio será de 180 euros e o segundo de 100 euros; adulto, o primeiro premio será de 180 euros e o segundo de 100 euros. Os relatos deben presentarse en lingua galega, ser orixinais, inéditos, cunha extensión mínima dun folio e máxima de tres folios. O formato será DIN A-4, dobre espazo, unha soa cara e tamaño de letra 12 do tipo Arial. Os relatos enviaranse por correo certificado ao enderezo rúa Rita Rivera Chao n.º 15-4º, As Pontes (A Coruña), CP-15320. O prazo límite nesta primeira edición do ano 2014, dedicada a Helena Villar Janeiro, rematou o 26 de maio. Presentáronse un total de 23 obras orixinais: 6 en infantil, 7 en xuvenil e 10 en adultos. Os gañadores en infantil foron o alumnado de Educación Primaria do Colexio Monte Caxado e Iria Cendán; en xuvenil, Carla Leira e Lorena Freixeiro; en adultos, Luz Darriba e Pitusa Arias.

### **Referencias varias:**

- C. P. R., “Helena Villar Janeiro, madrina de un concurso sobre igualdade de xénero”, *El Progreso*, “A Chaira”, 7 maio 2014, p. 14.

Sínalanse as bases para participar no Certame Galego das Artes Plásticas pola Igualdade de Xénero. Indícase que a escritora Helena Villar Janeiro exercerá como madriña.

### **Concurso Internacional de Novela Curta Cidade Centenaria de Ribeira**

Organizado pola área de Cultura do Concello de Ribeira cos obxectivos de potenciar, apoiar, difundir a literatura en lingua galega e conmemorar a concesión de título de cidade. É un certame literario en lingua galega de ámbito internacional e de carácter bienal, no que pode participar calquera persoa, maior de idade e de calquera nacionalidade, sempre que presente un traballo escrito en galego segundo a normativa ortográfica e morfolóxica aprobada pola Real Academia Galega en 2003, orixinal e inédito, de temática libre, cunha extensión mínima de oitenta mil caracteres e máxima de cento corenta mil. O premio conleva unha contía de tres mil euros, un diploma e a publicación da obra por Edicións Xerais de Galicia. Os traballos, mecanografados e nun CD cunha copia dixital do texto, débense entregar por quintuplicado, baixo lema e mediante o sistema de plica, na Área de Cultura do Concello de Ribeira (Praza do Concello s/n, 15960, Ribeira-A Coruña). Na primeira edición de 2007 gañou a novela *As mellores intencións* (2008), da coruñesa Begoña Paz; na segunda edición de 2009, *Vertices*, do carballés José Ignacio Silva Regueira; e en 2011, terceira edición, Edicións Xerais de Galicia tamén formou parte da organización e o xurado resolveu conceder o

galardón a María Goretti Fariña Caamaño (San Xoán de Baión, Vilanova de Arousa, 1965) pola novela *Orlando Pendurado* (Xerais, 2012). No ano 2014 convocouse a V edición, cuxo prazo de entrega de orixinais rematou o 23 de marzo de 2015. O concurso resolveuse no mes de xullo deste ano e o xurado composto por David Pobra, gañador da última edición do premio, Blanca-Ana Roig Rechou, Manuel Bragado, Alicia Padín e Unai González que actuou como secretario, decidiu outorgar o galardón a Amadeo López Cobas (Noia, 1966), pola novela *A cacería*.

### Certame nacional de microrrelatos **Cidade da Coruña**

Convocado pola Asociación de Estudos Universitarios por primeira vez en 2013, poden presentarse persoas sen límite de idade e de calquera país de procedencia. Os microrrelatos teñen que ser orixinais, inéditos e non premiados noutro certame, e poden estar escritos en galego ou en español. Cada persoa pode presentar catro microrrelatos (dous en galego e dous en castelán), dos cales só poderá ser escollido un de cada lingua, se reúne a calidade suficiente. Deben ter unha extensión de entre cen e trescentas palabras en Times New Roman tamaño 12 e interliñado de 1,5 liñas e enviarse por correo electrónico ao enderezo [asociación.estudios@gmail.com](mailto:asociación.estudios@gmail.com). en formato doc ou en odt. Envíanse dous arquivos: un denominado Datos, no que aparecen os datos persoais do autor, nome e apelidos, pseudónimo, DNI, enderezo postal, correo electrónico e teléfono; outro denominado Microrrelato, no que se inclúe o/os microrrelatos, o título e o pseudónimo. O xurado, formado por filólogos e escritores, selecciona os microrrelatos finalistas (un por autor) e designa entre eles o gañador e o mellor microrrelato local, se for o caso. O premio na primeira edición para o gañador do certame foi de 300 euros; na segunda edición será a publicación nun libro dos cinco textos con maior calidade. O microrrelato premiado é publicado, xunto co mellor microrrelato local e cos finalistas nun libro colectivo, propiedade da entidade organizadora, polo que os autores aceptan ceder todos os dereitos. Nesta II edición de 2014, o prazo de entrega de orixinais rematou o 25 de outubro, e o xurado decidiu destacar a Benjamín Espina Lastra por “Paredes de papel”, Jesús Andrés Peña Ojeda por “La residencia”, José Sancho Hernández por “Melchor, el último soldado”, Pedro Sande García por “Pasión” e Antonio Villalba Moreno por “El vendedor de seguros”.

### Concurso de relatos **Ciencia que conta**

Organízao o profesorado do Departamento de Física Aplicada da Universidade de Vigo para concienciar sobre a importancia da ciencia no desenvolvemento económico e o benestar social. Está aberto ao alumnado de educación primaria e secundaria e ao público en xeral. Os traballos presentados serán orixinais, inéditos, escritos en lingua galega e que deben estar relacionados con algún aspecto científico. A extensión máxima será de mil palabras. Estabelécense catro categorías: educación primaria, educación secundaria, bacharelato e FP, e público en xeral. Por cada categoría haberá tres premios sendo común un diploma. O galardoado co primeiro premio recibirá unha tablet; o segundo e o terceiro un lote de libros, xogos ou material relacionado coa ciencia adaptados á súa idade. En 2014 convocouse a séptima edición e o prazo de entrega rematou o 15 de novembro dese ano. O xurado, composto por Joana Magalhaes, Estíbaliz Espinosa, Miguel Anxo Fernández e Xosé Carreiro Montero, reunido na

cidade de Vigo o día 5 de decembro de 2013, decidiu galardoar os seguintes traballos: na categoría Alumnado de Educación Primaria outorgáronse dous accésits aos relatos “Se me coñeces sigo sendo a mesma”, de Natalia Santos Allegüe, do CEIP Ponte dos Brozos (Arteixo) e “Unha clase moi rara”, de Marcos Vaamonde Couto do CEIP Lamas de Abade (Santiago de Compostela); o Terceiro Premio ao relato titulado “O descubrimento de Leo”, de Elsa Fernández López do CEIP de Arzúa; o Segundo Premio ao relato titulado “A marabillosa lúa”, de Carmen Urrutia González-Fierro, e o Primeiro Premio ao relato titulado “A maxia do meu avó”, de Lucía Álvarez Puga, do CEIP Escultor Acuña (Vigo); na categoría Alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria, outorgáronse dous accésits aos relatos: “A gran pregunta da humanidade”, de Laura Fernández Castelo, do IES Rafael Dieste (A Coruña), e “A Ciencia salva futuros”, de Gabriel Otero Moreira, do Centro A Sangriña (A Guarda); o Terceiro Premio ao relato titulado “Un gran descubrimento”, de Guillermo Blanco Filgueira, do IES Virxe do Mar (Noia); o Segundo Premio ao relato titulado “Ciencia ou pesadelo?”, de Irene González López e Manuel González López, do IES Álvaro Cunqueiro (Vigo); e o Primeiro Premio ao relato titulado “Os embrións non sabe que é sábado”, de Antía Álvarez Pazó, do IES Alexandre Bóveda (Vigo); na categoría Alumnado de Bacharelato e Ciclos FP, outorgouse o Terceiro Premio ao relato titulado “Física ‘cuántica’”, de Alba Castro Veiga, do IES Isaac Díaz Pardo (A Coruña); o Segundo Premio ao relato titulado “Cando as cargas opostas se atraen”, de Elva García Hermida, do IES Pontepedriña (Santiago de Compostela); e o Primeiro Premio ao relato titulado “O descenso do ascensor paradoxal”, de Álvaro González Leiro, do IES Eduardo Blanco Amor (Ourense); na categoría Público en Xeral outorgouse o Terceiro Premio ao relato titulado “Un bo tipo”, de Celia Durán Abollo; o Segundo Premio ao relato titulado “Ela”, de Adrián de Matos Alonso; e o Primeiro Premio ao relato titulado “Eu e mais ela, as tres”, de Manuel Campos Agrafojo.

#### Certame Internacional de Microrrelatos Primavera Cultural do **Concello de Arbo**

Convocado dende o ano 2013, poden presentarse todos os autores sen límite de idade sexa cal sexa o seu país de procedencia. Os microrrelatos poden estar escritos en castelán ou galego e deben ser orixinais e inéditos. Cada autor pode presentar un máximo de catro microrrelatos de temática libre en cada idioma, dos cales se selecciona un en galego e outro en castelán como un dos 90 finalistas. Non poden levar sinatura ou sinal que indique a súa autoría. As obras teñen que ter unha extensión mínima de 100 palabras e máxima de 300 en letra tipo Times New Roman 12 e a dobre espazo. A obra preséntase por triplicado, mecanografada por unha soa cara e en tamaño DIN A-4. O orixinal e as súas copias deben remitirse nun sobre pechado por correo ordinario ou entregado en man, indicando no sobre: Certame Internacional de Microrrelatos Primavera Cultural Arbo. O enderezo para a recepción dos traballos é: Concello de Arbo, Praza Consistorio, 1, 36430 Arbo- Pontevedra. Nun sobre a parte, en cuxo exterior debe constar o título da obra, hai que achegar o nome, enderezo, teléfono e enderezo electrónico (no caso de telo), así como un breve currículo do autor e unha declaración xurada que acredite que a obra non foi premiada en calquera outro concurso con anterioridade. Pódense presentar tamén a través de correo electrónico ao seguinte enderezo: [concellodearbo@concellodearbo.es](mailto:concellodearbo@concellodearbo.es). Neste caso, hai que enviar dous arquivos, un denominado “Datos” no que figuran os datos do participante (nome e apelidos, DNI, correo electrónico, teléfono, enderezo, código postal e un breve currículo con fotografía, que, de ser seleccionado como finalista, aparecerá no libro que se publicará) e outro

arquivo denominado “Microrrelato” coa obra, na que figura o título e pseudónimo utilizado. Os formatos admitidos para o envío de arquivos son: .doc e .pdf. A Comisión avaliadora está formada polo alcalde ou persoa en quen delegue, que presidirá a dita Comisión; o concelleiro/a de Cultura; o traballador/a municipal encargado/a da biblioteca; un membro do profesorado do CEIP Antonio Carpintero; unha persoa en representación das Asociacións culturais de Arbo; unha persoa en representación da ANPA do CEIP Antonio Carpintero; e un membro do persoal traballador do Concello que actuará como secretario/a. Esta Comisión selecciona 90 microrrelatos finalistas en cada lingua, galego e castelán de 90 autores diferentes entre todos os participantes. Ditos finalistas danse a coñecer entre a primeira e a segunda quincena de maio. O premio pode quedar deserto se así o considera o xurado. O gañador é elixido entre un dos microrrelatos finalistas e hai tamén un gañador local. Publícase unha obra colectiva publicada polo Excmo. Concello de Arbo a través dunha editorial co microrrelato gañador e unha selección dos finalistas. Cada un dos autores recibe tres exemplares da obra e un diploma acreditativo da mención. Os autores premiados non perciben dereitos económicos e ceden a propiedade intelectual dos seus traballos. O Concello dispón dos dereitos de reprodución da obra gañadora en todos os formatos actualmente dispoñíbeis, incluíndo o libro electrónico, así como o dereito de cesión a terceiros para a tradución e adaptación da obra, contando sempre coa aprobación dos autores neste último caso. Transcorridos cinco anos dende a data da resolución, os autores teñen tamén a libre disposición da súa obra. A cada finalista seleccionado envíaselle a notificación ao enderezo de correo achegado, debendo aboar a cantidade de 20 euros en concepto de contribución para os gastos de edición, publicación e envío da obra. No ano 2014 non foi convocado.

### III Certame de Relato Curto de Nadal do **Concello de Cambre**

O departamento de Cultura do Concello de Cambre convoca por primeira vez en 2012 este certame, que concede ao seu gañador un premio de 300 euros e, dende 2014, outro premio de 100 euros. Os relatos, sobre o Nadal, en castelán ou galego, deben ser orixinais e inéditos, e non premiados en calquera outro certame. Valórase especialmente a exaltación dos valores tradicionais do Nadal. A extensión non pode ser superior a oito páxinas, tamaño DIN-A4, nin inferior a catro e admítense tan só un relato por autor, mecanografado a dobre espazo, letra de corpo 12 tipo Times New Roman, en formato DIN A4, por unha soa cara e debidamente grampado. O relato debe presentarse, por triplicado, nun sobre no que se especifique o título da obra e pseudónimo do autor dirixido ao Concello de Cambre. Área de Cultura e Turismo, Urbanización A Barcala, Rúa Río Barcés 8, 15660 Cambre. Nesta terceira edición de 2014, o prazo de presentación de traballos rematou o 16 de decembro. A entrega dos premios foi o 29 de decembro.

### Premio de Narración Curta do **Concello de Curtis Trágame Curtis**

O Concello de Curtis convoca este certame para textos inéditos en lingua galega, non premiados, cuxa extensión comprenda entre os tres mil e cinco mil caracteres (espazos incluídos), que deben enviarse á dirección de correo electrónico [happycurtis@concellodecurtis.org](mailto:happycurtis@concellodecurtis.org). Estabelécense dúas categorías: A (dos doce aos dezaioito anos) e B (dos dezanove anos en diante), con dous premios dotados con

douscentos euros e cen euros, para a categoría A, e trescentos cincuenta euros e cento cincuenta euros, para a B. No ano 2014 convocouse a X edición do concurso. Na categoría de adultos os gañadores foron Lara Bacelo González, por “Carta inconclusa”, e Xulio Romero Suárez, por “Bandido”. Na cateogría de 12 a 18 anos resultaron gañadores Sara Martínez García, por “A dignidade medida en pasos” e Mara Senras Rivas, por “No tan querido Manolo”.

#### Premio de Narración Curta **Concello de Marín**

Convocado pola Concellería de Cultura do Concello de Marín, para celebrar o Día das Letras Galegas. A convocatoria faise cada dous anos. Poden concorrer as persoas adultas que presenten un traballo en lingua galega, de temática libre, orixinal e inédito, cunha extensión limitada entre cinco e dez páxinas, escritas a dobre espazo por unha soa cara. O prazo de entrega remata o 25 de abril e deberán presentarse ante a comisión de cultura do Concello de Marín. Hai un único premio de 1.000 euros. Na XIII edición, do ano 2014, presentáronse 17 traballos. O xurado decidiu premiar a obra titulada “Alopecias nas paredes”, de Rocío Leira Castro (Cee, 1979).

#### Certame de Relato Curto do **Concello de Mugardos**

Certame de relato curto en galego que convoca a Concellería de Cultura do Concello de Mugardos. Os traballos deben ser orixinais, inéditos e estar escritos en lingua galega, cunha extensión máxima de dez páxinas, e poden presentarse até un máximo de tres traballos por participante, que deben enviarse á Concellaría de Política Lingüística do Concello de Mugardos (Avda. de Galicia, 45, 15620, Mugardos). Existen tres categorías: unha até os doce anos, que terá como premio un bono de 100 euros para mercar libros en galego; outra entre os 13 e os 17 anos (incluídos), na que se opta a un vale de 200 euros; e unha para maiores de 18 anos, que pode gañar un bono de 400 euros. Na XII edición, do ano 2014, o prazo de entrega de orixinais foi durante todo o mes de marzo e a decisión do xurado fíxose pública o 17 de maio. Este decidiu por unanimidade conceder na categoría de menores de até 12 anos o premio a María Novo Varela por “A misteriosa desaparición”; 13 a 17 anos a Inés Tuñas Puentes por “Canelo”; e adultos a Andrés Carlos Martínez Riveira por “Don Xosé, buscador de hápax”.

#### X Certame de Relato Curto do **Concello de Quiroga**

A oficina de xuventude do Concello de Quiroga organiza este certame, no que poden participar todas as persoas que o desexen con relatos curtos de tema libre escritos en castelán ou en galego, cunha extensión máxima de vinte folios e mínima de dous, mecanografados ou a ordenador por unha soa cara, por duplicado e sen sinatura. Os datos da autoría, dirección e teléfono deben presentarse dentro dun sobre pechado en cuxo exterior figure o título do relato e a categoría na que participa, xuvenil ou para persoas adultas (a partir de dezaioito anos). Os traballos pódense enviar, antes do 5 de decembro, por correo ou entregarse persoalmente na Casa de Cultura de Quiroga ou na Oficina de Información Xuvenil. Prémianse os tres mellores relatos de cada categoría e o galardón consiste nun lector de libros electrónicos para o primeiro premio, un libro de

relatos para o segundo e unha placa conmemorativa para o terceiro. No ano 2014 tivo lugar a X edición e a data de presentación dos traballos rematou o 5 de decembro.

### Certame de contos do **Concello de Rábade**

Premio convocado polo Concello de Rábade para conmemorar o Día das Letras Galegas. Estabelécense catro categorías: de 7 a 9 anos, de 10 a 12 anos, de 13 a 16 anos e maiores de 17. Os textos deberán redactarse en lingua galega, cunha extensión mínima dun folio e enviarse antes do 25 de abril á Casa Consistorial, á escola Otero Pedrayo e ao Instituto Río Miño. Os premios (tres por categoría) consistirán en diplomas e material escolar para as categorías inferiores a 17 anos, e diplomas máis un lote de libros en galego para os adultos. A entrega dos premios realizouse no centro sociocultural de Rábade o 21 de maio. Os vencedores no ano 2014 foron: na categoría de 7 a 9 anos, Ana María Seijo Varela por “O ratón Mik”, Rodrigo Carral Lestón por “Iván e o seu xarrón” e José María Seoane por “A estrelliña”; na categoría de 10 a 12 anos, Anabel Cruz Ribeiro por “O home misterioso”, Pablo Carballeira Lamas por “Vaia par de nenos” e Julia María Barrera Vilar por “Unha anécdota no río”, e na categoría de maiores de 17 anos, Xulio Romero Suárez por “A meiga Dona Lela e Lancelot”, María Jesús Espiño Meilán por “O remanso” e Moncho Iglesias Míguez por “Eva”. Da categoría de 13 a 16 anos non temos datos.

### Contos de verán

Certame de contos que organiza o xornal *El Progreso* e que conta co apoio da Xunta de Galicia. Pódense presentar traballos de temática libre, inéditos na súa totalidade e escritos en lingua galega segundo a normativa oficial vixente. A extensión dos relatos non pode ser inferior aos tres mil caracteres nin superior aos catro mil, incluídos os espazos. Os contos elixidos por un xurado designado para o efecto publícanse no xornal durante os meses de xullo e agosto. Pódense enviar cantos contos se queiran, se ben só se publica un por persoa. Os orixinais envíanse ao enderezo electrónico [contosdeveran@elprogreso.es](mailto:contosdeveran@elprogreso.es) ou ao por correo postal ao diario *El Progreso*, rúa Ribadeo, 5, CP: 27002, Lugo. Pódense acompañar dunha fotografía da autora ou autor, que se publica xunto ao relato. Estabelécense dous premios: un primeiro dotado con 1.000 euros e un segundo con 500; os impostos correspondentes corren a cargo das persoas gañadoras. O xurado cualificador componse dun xornalista representante d’*El Progreso* e doutras dúas persoas relacionadas co ámbito da literatura galega e do xornalismo. En 2013 resultou vencedora a obra “Larralde”, de Rubén Gasalla. Nesta segunda edición de 2014, o prazo de admisión rematou o 15 de agosto e o xurado, encabezado polo escritor e presidente do Pen Club de Galicia, Luís González Tosar, e integrado polo subdirector de *El Progreso*, Tito Diéguez, e os xornalistas Santiago Jaureguizar e Marta Veiga, acordou concederlle o primeiro galardón ao conto titulado “A caixa de voz”, de Xerardo Uz, e o segundo premio ao texto “Lesión de menisco”, composto por Beatriz López Dorado.

### Referencias varias:

- Ruth López, “Rubén Gasalla e Ángela Piñeiro recibirán o luns os premios de Contos de Verán”, *El Progreso*, “Vivir”, “Comunicación”, 22 febreiro 2014, p. 69.

Dá conta dos gañadores do premio Contos de Verán que organiza o xornal *El Progreso*, Ruben Gasalla con *Larralde* e Ángela Piñeiro Acción con *36 céntimos*.

- Ruth López, “Xerardo Uz e Beatriz López Dorado gañan os Contos de Verán de El Progreso”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 14 decembro 2014, p. 62.

Dá conta da concesión do primeiro e segundo premio da segunda edición deste certame organizado polo diario *El Progreso* e coa colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta. Infórmase de que o primeiro galardón, dotado con 1.000 euros, foi para Xerardo Uz co relato “A caixa de voz”, e de que o segundo premio, dotado con 500 euros, foi para Beatriz López Dorado co relato “Lesión de menisco”.

### Certame de Relatos **Contos na Lareira da Asociación cultural O Arrieiro de Moraña**

Concurso organizado pola Asociación Cultural O Arrieiro de Moraña que pretende premiar a tradición oral dos contos. Estabelécense tres categorías: A, até dezaseis anos; B, para mozos de nove a quince anos e C, para maiores desta idade. A temática é libre e o texto debe estar elaborado integramente en galego. Deben ser textos orixinais dun mínimo de dous folios manuscritos ou mecanografados, en forma de pequena historia ou conto, que poidan ser relatados do xeito en que o facían os antergos nas noites invernaís a carón da lareira. Preséntanse baixo pseudónimo cos datos persoais nun sobre pechado no Concello de Moraña ou na Casa da Cultura ADR Castela (Rúa, 3, 36660 Moraña). Concédense dous premios en cada categoría: un lote de libros e un diploma honorífico acreditativo. O xurado valora o contido literario e a presentación e inclusión de ilustracións. A resolución dáse a coñecer nun acto o Día das Letras Galegas.

### **Referencias varias:**

- C. G., “O Arrieiro convoca unha nova edición do concurso de relatos ‘Contos na lareira’”, *Diario de Pontevedra*, “*Diario de Caldas*”, n.º 408, “Vivir en Caldas”, 30 abril 2014, p. 5.

Informa da convocatoria deste premio, detallando as bases e a data de entrega. Deseguido describe os premios e subliña que todas as persoas participantes levarán un pequeno agasallo.

### Concurso de Relatos Curtos **contra a Violencia de Xénero**

A Universidade de Santiago de Compostela, a través da Oficina de Igualdade de Xénero, crea en 2012 este certame con motivo da conmemoración do 25 de novembro, Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres. Poden presentarse o alumnado de 1º e 2º ciclo, grado, máster e doutoramento matriculado na USC no curso en marcha da edición. Os traballos serán orixinais, inéditos, cunha

extensión máxima de mil palabras, en lingua galega e de temática relacionada coa violencia contra as mulleres. Os traballos enviaranse ao enderezo [oix@usc.es](mailto:oix@usc.es), antes do 6 de novembro. Os premios divídense nun primeiro (250 euros e diploma) e dous accésits (150 euros e diploma). Nesta segunda edición, convocada en 2014, presentáronse 79 relatos e o xurado, composto por Dolores Vilavedra Fernández, Manuel Núñez Singala e Manuela Palacios González decidiu outorgar o primeiro premio a Miguel Cavadas Docampo por “Fútbol”, e accésits a Andrea Oca Domínguez por “Escenas rutinarias” e a María González Blanco por “Cadencia perfecta”.

### Referencias varias:

- P. C., “Las artes se confabulan contra la violencia de género”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, 25 novembro 2014, p. L6.

Dáse noticia dos actos en conmemoración do Día Internacional contra a Violencia de Xénero en Santiago de Compostela, entre os que se destaca a entrega de premios deste concurso na Facultade de Xeografía e Historia.

Certame de relato curto **Día Internacional do Maior** de Muros.

Certame convocado polo Centro de Día de Muros que pretende conmemorar o Día Internacional do Maior (1 de outubro) e que se organiza coa temática “Verbenas, foliadas e seráns”. A participación está aberta a todas as persoas interesadas e mesmo a centros educativos. Os relatos deben ser inéditos, en lingua galega e cunha extensión máxima de 1.000 caracteres. O xurado conformarano os propios usuarios do centro de día e dous profesionais do mesmo. O prazo para presentar os traballos está aberto até o 29 de setembro.

### Referencias varias:

- M. G., “Concurso literario para conmemorar o Día do Maior”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1040, 17 setembro 2014, p. 5.

Anuncia a convocatoria deste premio e informa dos prazos de entrega do mesmo.

Certame de Microrrelatos **Unha dorna de libros, un mar de ilusións**

Convocado dende o ano 2012 polo Bloque Nacionalista Galego de Marín, ten lugar dentro do conxunto de actividades arredor do libro e da lectura que realiza esta formación política. Os microrrelatos non poden sobrepasar as 150 palabras. Conta con catro categorías en función da idade: de 6 a 8 anos, de 9 a 12 anos, de 13 a 17 anos e adultos a partir de 18 anos. Distínguense dous finalistas por categoría e un premiado entre eles. No ano 2014 tivo lugar a III edición e o prazo para presentar os relatos, que debían comezar coas palabras “Hoxe a vila amenceu sen parques”, rematou o día 4 de decembro. O xurado, formado por Ana Acuña e Josecho de la Torre, decidiu seleccionar



os seguintes premiados: na 1ª categoría, o microrrelato gañador foi “O Roubaparques”, de Iago Villanueva Pérez, e o finalista “O parque máxico”, de Cecilia Jiménez Nieto; na 2ª categoría, o gañador foi “Pesadelo”, de Ana Barros Fernández, e o finalista “O misterio dos aparatos voadores”, de Sabela Couselo Villanueva; na 3ª categoría, o gañador foi “Presente”, de Vanessa Parente González, e o finalista “Amence en Marín”, de Antía de Federico Bernárdez; e na 4ª categoría, o gañador foi “A calma”, de Eva María Gutiérrez Alonso, e o finalista “Hoxe, xa, nin amence”, de Elena Lucía González Otero. Dada a calidade e a igualdade dos traballos nesta categoría o xurado quixo facer unha mención ao relato “Perda”, de Carmen María Barreiro Fernández.

### **Referencias varias:**

- Carlos Fernández, “Marín navegou nunha ‘dorna de libros’”, *Diario de Pontevedra*, “O Morrazo”, “Marín”, 9 decembro 2014, p. 10.

Infórmase dos premiados no Certame de micro-relatos celebrado dentro da actividade “Unha dorna de libros, un mar de ilusión”, organizada en Marín polo BNG.

### **Concurso Literario de Microrrelatos para a Erradicación da Violencia de Xénero**

Convocado pola Asociación Fins dentro da súa programación de actividades en torno ao 25 de novembro, Día pola erradicación da violencia de xénero, co obxectivo de sensibilizar a sociedade sobre as diferentes formas de violencia exercidas contra as mulleres. Contou co apoio da Deputación de Pontevedra. Podían presentarse todas as persoas maiores de catorce anos que o desexasen con microrrelatos en formato dixital de entre 1.300 e 1.500 caracteres, en letra Arial tamaño 11, interliñado 1,5. Debían entregarse no enderezo electrónico [asociacionfins@gmail.com](mailto:asociacionfins@gmail.com). No ano 2014 non foi convocado.

### **II Certame de Relato Curto da Federación Provincial de ANPA (FANPA) de Centros Públicos de Pontevedra**

Certame convocado pola Federación Provincial de ANPA dos centros escolares públicos de Pontevedra, que conta coa colaboración do Concello de Pontevedra, a Deputación de Pontevedra, Kalandraka Editora, Gadis, *Diario de Pontevedra* e Abanca Banco. Os obxectivos son fomentar a creatividade no alumnado, potenciar a expresión e comprensión escrita, estimular o uso do galego nas familias, facilitar as posibilidades de publicación a novos creadores, apoiar os escritores noveis e crear un espazo común e familiar para a creación literaria. Os textos deberán ser orixinais, inéditos, non premiados, de temática libre e escritos en lingua galega. Poderá presentarse todo o alumnado dos centros públicos da provincia pontevedresa de primaria, secundaria e bacharelato. Tamén poderán presentarse as persoas adultas que convivan con eles. Cada autor ou autora só poderá presentar un relato que terá unha extensión mínima de 200 palabras e máxima de 300. Os relatos enviaranse ao enderezo [certame14@nontedurmas.org](mailto:certame14@nontedurmas.org). Os premios son os mesmos para cada categoría: vale de 200 euros, un lote de libros de Kalandraka e unha lámina autenticada polo ilustrador Pablo Otero. Nesta segunda edición o prazo de envío pechará o día 28 de febreiro de 2014. Ademais, todas as persoas gañadoras e finalistas do certame (máximo 100)

recibirán un libro colectivo cos seus relatos e os catro relatos gañadores publicaranse no *Diario de Pontevedra*. Os gañadores foron: Miguel Bouzas Rodríguez (CEIP Cabanas) por “Un duro día no salvaxe Oeste” (primaria), Eugenia García Magaña (IES Alobre de Vilagarcía) por “Quen día adeus non verá o mañá” (secundaria), Ricardo Rodiño Balboa (IES Vilalonga de Sanxenxo) por “Memorias de guerra”, e Roberto Antón Santiago (CEIP Álvarez Limeses de Pontevedra) por “Agás” (adultos).

### Referencias varias:

- Nuria Martínez, “Kalandraka únese á segunda edición do Certame de Relato Curto de Pontevedra”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, 11 xaneiro 2014, p. 60.

Anuncia a convocatoria deste certame que promove a Federación Provincial de Anpa de Centros Públicos de Pontevedra. Indica que, como novidade desta edición, a editorial Kalandraka publicará un libro cos traballos finalistas.

- Marta Alonso Montoto, “O poder dun espello”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, “II Certame de relato curto”, 13 xullo 2014, p. 76.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducése o escrito por Marta Alonso Montoto, intitulado “O poder dun espello”.

- Noel Álvarez Fernández, “Oxalá gañe este concurso”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, “II Certame de relato curto”, 13 xullo 2014, p. 76.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducése o escrito por Noel Álvarez Fernández, intitulado “Oxalá gañe este concurso”.

- Lucía Álvarez Pardo, “O templario do silencio”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “II Certame de relato curto”, 14 xullo 2014, p. 45.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducése o escrito por Lucía Álvarez Pardo, intitulado “O templario do silencio”.

- José Manuel Amestoy López, “A mansión embruxada”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “II Certame de relato curto”, 14 xullo 2014, p. 45.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducése o escrito por José Manuel Amestoy López, intitulado “A mansión embruxada”.

- Carolina Amorín González, “Xoán e as estrelas”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Sociedad”, “II Certame de relato curto”, 15 xullo 2014, p. 53.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducése o escrito por Carolina Amorín González, intitulado “Xoán e as estrelas”.

- Uxía Antón Cobas, “Ruffus, o peixe pequeno”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Sociedad”, “II Certame de relato curto”, 15 xullo 2014, p. 53.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducécese o escrito por Uxía Antón Cobas, intitulado “Ruffus, o peixe pequeno”.

- Alba Arias Gómez, “Pelusilla”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “II Certame de relato curto”, 16 xullo 2014, p. 53.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducécese o escrito por Alba Arias Gómez, intitulado “Pelusilla”.

- Martina Barral Pousa, “O importantes que son os libros”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “II Certame de relato curto”, 16 xullo 2014, p. 53.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducécese o escrito por Martina Barral Pousa, intitulado “O importantes que son os libros”.

- Noemí Bouzón Otero, “O abeto”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “II Certame de relato curto”, 17 xullo 2014, p. 53.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducécese o escrito por Noemí Bouzón Otero, intitulado “O abeto”.

- Miguel Bralo Latorre, “Viaxe a pé”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “II Certame de relato curto”, 17 xullo 2014, p. 53.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducécese o escrito por Miguel Bralo Latorre, intitulado “Viaxe a pé”.

- Duna Casal Padín, “Xan, o neno do soño”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, “II Certame de relato curto”, 19 xullo 2014, p. 53.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducécese o escrito por Duna Casal Padín, intitulado “Xan, o neno do soño”.

- Raquel Castellano Fernández, “A foca que non sabía nadar”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, “II Certame de relato curto”, 19 xullo 2014, p. 53.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducécese o escrito por Raquel Castellano Fernández, intitulado “A foca que non sabía nadar”.

- David Chan García, “O chepudo da peregrina”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “II Certame de relato curto”, 20 xullo 2014, p. 77.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducécese o escrito por David Chan García, intitulado “O chepudo da peregrina”.

- Marcos Constenla Durán, “A pelexa polo poder”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “II Certame de relato curto”, 20 xullo 2014, p. 77.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducécese o escrito por Marcos Constenla Durán, intitulado “A pelexa polo poder”.

- Noa da Silva Álvarez, “O oso que rompeu un óso”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, “II Certame de relato curto”, 21 xullo 2014, p. 37.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducécese o escrito por Noa da Silva Álvarez, intitulado “O oso que rompeu un óso”.

- Paula Domínguez Barreiro, “Riazor”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, “II Certame de relato curto”, 21 xullo 2014, p. 37.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducécese o escrito por Paula Domínguez Barreiro, intitulado “Riazor”.

- Carlos Estévez Suárez, “O corvo e a pega”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “II Certame de relato curto”, 22 xullo 2014, p. 61.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducécese o escrito por Carlos Estévez Suárez, intitulado “O corvo e a pega”.

- Mariña Fernández Buceta, “O pequeno orfo”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “II Certame de relato curto”, 22 xullo 2014, p. 61.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducécese o escrito por Mariña Fernández Buceta, intitulado “O pequeno orfo”.

- Candela Fernández Lombar, “Caso Pedrusco”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, “II Certame de relato curto”, 23 xullo 2014, p. 61.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducécese o escrito por Candela Fernández Lombar, intitulado “Caso Pedrusco”.

- Fabián Freire San Luis, “O partido galáctico”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, “II Certame de relato curto”, 23 xullo 2014, p. 61.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducécese o escrito por Fabián Freire San Luis, intitulado “O partido galáctico”.

- Alfredo García Fernández, “Os contratempos do rei”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, “II Certame de relato curto”, 24 xullo 2014, p. 60.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducécese o escrito por Alfredo García Fernández, intitulado “Os contratempos do rei”.

- David García Ramallal, “O pescador de tesouros”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, “II Certame de relato curto”, 24 xullo 2014, p. 60.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducécese o escrito por David García Ramallal, intitulado “O pescador de tesouros”.

- Eloy Alberto Lago Cusí, “Zombis Cite”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, “II Certame de relato curto”, 25 xullo 2014, p. 69.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducécese o escrito por Eloy Alberto Lago Cusí, intitulado “Zombis Cite”.

- Marta Leiro Costa, “Lucas e os tres reis magos”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, “II Certame de relato curto”, 25 xullo 2014, p. 69.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducécese o escrito por Marta Leiro Costa, intitulado “Lucas e os tres reis magos”.

- Laura Mazoy García, “A clase de primeiro”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “II Certame de relato curto”, 26 xullo 2014, p. 45.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducécese o escrito por Laura Mazoy García, intitulado “A clase de primeiro”.

- Manuel Martínez Vilas, “Oso desastroso”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “II Certame de relato curto”, 26 xullo 2014, p. 45.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducécese o escrito por Manuel Martínez Vilas, intitulado “Oso desastroso”.

- Sonia Morgade Camiña, “O ladrón invisible”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, “II Certame de relato curto”, 27 xullo 2014, p. 77.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducécese o escrito por Sonia Morgade Camiña, intitulado “O ladrón invisible”.

- Lucas Ortins Méndez, “O misterioso tesouro da montaña perdida”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, “II Certame de relato curto”, 27 xullo 2014, p. 77.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducécese o escrito por Lucas Ortins Méndez, intitulado “O misterioso tesouro da montaña perdida”.

- Cira Otero Prol, “Frío ou calor?”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “II Certame de relato curto”, 28 xullo 2014, p. 37.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducécese o escrito por Cira Otero Prol, intitulado “Frío ou calor?”.

- Irene Pereira Reboredo, “A terra está viva”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “II Certame de relato curto”, 28 xullo 2014, p. 37.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducécese o escrito por Irene Pereira Reboredo, intitulado “A terra está viva”.

- Óscar Andrés Pérez Hombre, “Primeiros días”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, “II Certame de relato curto”, 29 xullo 2014, p. 53.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducése o escrito por Óscar Andrés Pérez Hombre, intitulado “Primeiros días”.

- Sara Pérez Duarte, “A casa...”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “II Certame de relato curto”, 29 xullo 2014, p. 53.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducése o escrito por Sara Pérez Duarte, intitulado “A casa...”.

- Claudia Quiroga Rafael, “O cadro”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “II Certame de relato curto”, 30 xullo 2014, p. 53.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducése o escrito por Claudia Quiroga Rafael, intitulado “O cadro”.

- Inés Reirís Chorén, “A casa das 999 ventás”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “II Certame de relato curto”, 30 xullo 2014, p. 53.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducése o escrito por Inés Reirís Chorén, intitulado “A casa das 999 ventás”.

- Hernán Rodríguez Iglesias, “O ovo do dragón”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, “II Certame de relato curto”, 31 xullo 2014, p. 61.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducése o escrito por Hernán Rodríguez Iglesias, intitulado “O ovo do dragón”.

- Irai Rodríguez Fernández, “O arco que perdeu as cores”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, “II Certame de relato curto”, 31 xullo 2014, p. 61.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducése o escrito por Irai Rodríguez Fernández, intitulado “O arco que perdeu as cores”.

- Alejandra Rodríguez Seijas, “É a miña avoa!”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “II Certame de relato curto”, 1 agosto 2014, p. 52.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducése o escrito por Alejandra Rodríguez Seijas, intitulado “É a miña avoa!”.

- Iván Ruibal Seoane, “A falsa pantasma do piano”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “II Certame de relato curto”, 1 agosto 2014, p. 52.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducése o escrito por Iván Ruibal Seoane, intitulado “É a miña avoa!”.

- Martín Sieiro Ferreira, “Cando nunha aldea os animais falaban”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, “II Certame de relato curto”, 2 agosto 2014, p. 52.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducécese o escrito por Martín Sieiro Ferreira, intitulado “Cando nunha aldea os animais falaban”.

- José Manuel Sánchez Fernández, “Un socio moi peludo”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, “II Certame de relato curto”, 2 agosto 2014, p. 52.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducécese o escrito por José Manuel Sánchez Fernández, intitulado “Un socio moi peludo”.

- Ana Vidal Vilán, “Ana e o segredo da música”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Sociedad”, “II Certame de relato curto”, 3 agosto 2014, p. 69.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducécese o escrito por Ana Vidal Vilán, intitulado “Ana e o segredo da música”.

- Eugenia García Magaña, “Quen di adeus non verá o mañá”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Sociedad”, “II Certame de relato curto”, 3 agosto 2014, p. 69.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducécese o escrito por Eugenia García Magaña, intitulado “Quen di adeus non verá o mañá”.

- Ana Carbón Catro, “A rapariga do xerxei vermello”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, “II Certame de relato curto”, 4 agosto 2014, p. 45.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducécese o escrito por Ana Carbón Catro, intitulado “A rapariga do xerxei vermello”.

- Olalla Castrillo Sánchez, “As rabuñadas do corazón”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, “II Certame de relato curto”, 4 agosto 2014, p. 45.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducécese o escrito por Olalla Castrillo Sánchez, intitulado “As rabuñadas do corazón”.

- Mirelly Lizbeth Chafloque, “Entroido”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, “II Certame de relato curto”, 5 agosto 2014, p. 53.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducécese o escrito por Mirelly Lizbeth Chafloque, intitulado “Entroido”.

- Julien Fabrice Courcier, “As verbas escritas matan”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, “II Certame de relato curto”, 5 agosto 2014, p. 53.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducécese o escrito por Mirelly Lizbeth Chafloque, intitulado “As verbas escritas matan”.

- Cynthia Fernández Romero, “A boneca de Porcelana”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, “II Certame de relato curto”, 6 agosto 2014, p. 53.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducécese o escrito por Cynthia Fernández Romero, intitulado “A boneca de Porcelana”.

- Sandra Ferreiro García, “Laura e o conde”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, “II Certame de relato curto”, 6 agosto 2014, p. 53.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducécese o escrito por Sandra Ferreiro García, intitulado “Laura e o conde”.

- Salvia Iglesias Martínez, “Que ves se pechas os ollos?”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, “II Certame de relato curto”, 7 agosto 2014, p. 53.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducécese o escrito por Salvia Iglesias Martínez, intitulado “Que ves se pechas os ollos?”.

- Miguel Leiro Grande, “Lonxe da civilización”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, “II Certame de relato curto”, 7 agosto 2014, p. 53.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducécese o escrito por Miguel Leiro Grande, intitulado “Lonxe da civilización”.

- Laura López Rey, “De cómo a música orixina máis música”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, “II Certame de relato curto”, 8 agosto 2014, p. 53.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducécese o escrito por Laura López Rey, intitulado “De cómo a música orixina máis música”.

- Javier Martín Espiño, “O esquecido”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, “II Certame de relato curto”, 8 agosto 2014, p. 53.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducécese o escrito por Javier Martín Espiño, intitulado “O esquecido”.

- Tania Neira Iglesias, “Esquecereite”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Sociedad”, “II Certame de relato curto”, 9 agosto 2014, p. 53.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducécese o escrito por Tania Neira Iglesias, intitulado “Esquecereite”.

- Natalia Martínez Rodríguez, “Diacronía”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Sociedad”, “II Certame de relato curto”, 9 agosto 2014, p. 53.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducécese o escrito por Natalia Martínez Rodríguez, intitulado “Diacronía”.

- Alejandro Ogando Cortés, “Anxo negro”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, “II Certame de relato curto”, 10 agosto 2014, p. 69.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducécese o escrito por Alejandro Ogando Cortés, intitulado “Anxo negro”.



- Niquea Outeiral Galiano, “Eu non son parvo”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, “II Certame de relato curto”, 10 agosto 2014, p. 69.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducécese o escrito por Niquea Outeiral Galiano, intitulado “Eu non son parvo”.

- Fabio Rivas Pardo, “O aroma da morte”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, “II Certame de relato curto”, 11 agosto 2014, p. 45.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducécese o escrito por Fabio Rivas Pardo, intitulado “O aroma da morte”.

- Daniel Enrique Paz Güimil, “Unha mañá desastrosa”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, “II Certame de relato curto”, 11 agosto 2014, p. 45.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducécese o escrito por Daniel Enrique Paz Güimil, intitulado “Unha mañá desastrosa”.

- Asiel Rodríguez González, “O balón mecánico”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, “II Certame de relato curto”, 12 agosto 2014, p. 53.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducécese o escrito por Asiel Rodríguez González, intitulado “O balón mecánico”.

- María Rozados Balboa, “Historia de Valentina”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, “II Certame de relato curto”, 12 agosto 2014, p. 53.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducécese o escrito por María Rozados Balboa, intitulado “Historia de Valentina”.

- Laura Sánchez Castro, “Só quedou el e o machismo”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, “II Certame de relato curto”, 13 agosto 2014, p. 53.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducécese o escrito por Laura Sánchez Castro, intitulado “Só quedou el e o machismo”.

- Marta Sanmartín Andújar, “A caixa da avoa”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, “II Certame de relato curto”, 13 agosto 2014, p. 53.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducécese o escrito por Marta Sanmartín Andújar, intitulado “A caixa da avoa”.

- Sara Santos Novoa, “A carabuña da cereixa”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Sociedad”, “II Certame de relato curto”, 14 agosto 2014, p. 52.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducécese o escrito por Sara Santos Novoa, intitulado “A carabuña da cereixa”.

- María Isabel Seoane Míguez, “O derradeiro”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Sociedad”, “II Certame de relato curto”, 14 agosto 2014, p. 52.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducése o escrito por María Isabel Seoane Míguez, intitulado “O derradeiro”.

- Mónica Silva Vicente, “O perruqueiro do vento”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, “II Certame de relato curto”, 15 agosto 2014, p. 53.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducése o escrito por Mónica Silva Vicente, intitulado “O perruqueiro do vento”.

- Ainhoa Vivel Couso, “Na festa da miña aldea”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, “II Certame de relato curto”, 15 agosto 2014, p. 53.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducése o escrito por Ainhoa Vivel Couso, intitulado “Na festa da miña aldea”.

- Ricardo Rodiño Balboa, “Memorias da guerra”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, “II Certame de relato curto”, 16 agosto 2014, p. 45.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducése o escrito por Ricardo Rodiño Balboa, intitulado “Memorias da guerra”.

- M<sup>a</sup> Guadalupe Castro González, “O noso mundo”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, “II Certame de relato curto”, 16 agosto 2014, p. 45.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducése o escrito por M<sup>a</sup> Guadalupe Castro González, intitulado “O noso mundo”.

- Lorena Couselo García, “Fume”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Sociedad”, “II Certame de relato curto”, 17 agosto 2014, p. 69.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducése o escrito por Lorena Couselo García, intitulado “Fume”.

- Natalia Fernández Rodríguez, “Souto, Xabier Souto”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Sociedad”, “II Certame de relato curto”, 17 agosto 2014, p. 69.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducése o escrito por Natalia Fernández Rodríguez, intitulado “Souto, Xabier Souto”.

- Marcos Lago Piso, “E non quedou ningún”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, “II Certame de relato curto”, 18 agosto 2014, p. 37.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducése o escrito por Marcos Lago Piso, intitulado “E non quedou ningún”.

- David Güimil Vázquez, “Cruel vida”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, “II Certame de relato curto”, 18 agosto 2014, p. 37.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducése o escrito por David Güimil Vázquez, intitulado “Cruel vida”.

- Sara Pazos Martínez, “E entre liña e liña, unha man amiga”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, “II Certame de relato curto”, 19 agosto 2014, p. 53.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducése o escrito por Sara Pazos Martínez, intitulado “E entre liña e liña, unha man amiga”.

- Patricia Pérez Domínguez, “Sínteo”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, “II Certame de relato curto”, 19 agosto 2014, p. 53.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducése o escrito por Patricia Pérez Domínguez, intitulado “Sínteo”.

- Alberto Riveiro Costas, “Noite de vinganza”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, “II Certame de relato curto”, 20 agosto 2014, p. 53.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducése o escrito por Alberto Riveiro Costas, intitulado “Noite de vinganza”.

- Iria Tarrío Pazos, “Outono e outras luces”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, “II Certame de relato curto”, 20 agosto 2014, p. 53.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducése o escrito por Iria Tarrío Pazos, intitulado “Noite de vinganza”.

- Jennifer Vázquez Vieites, “Amor fugaz”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, “II Certame de relato curto”, 21 agosto 2014, p. 53.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducése o escrito por Jennifer Vázquez Vieites, intitulado “Amor fugaz”.

- Roberto Antón Santiago, “Agás el”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, “II Certame de relato curto”, 21 agosto 2014, p. 53.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducése o escrito por Roberto Antón Santiago, intitulado “Agás el”.

- M<sup>a</sup> Luisa Costas Rial, “Unha carta por San Valentín”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, “II Certame de relato curto”, 22 agosto 2014, p. 53.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducése o escrito por M<sup>a</sup> Luisa Costas Rial, intitulado “Unha carta por San Valentín”.

- Isabel Barreiro Quibén, “Heroína”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, “II Certame de relato curto”, 22 agosto 2014, p. 53.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducése o escrito por Isabel Barreiro Quibén, intitulado “Heroína”.

- Marcia Fernández Estévez, “Un regalo, dous sentimentos, tres xeracións”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, “II Certame de relato curto”, 23 agosto 2014, p. 69.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducécese o escrito por Marcia Fernández Estévez, intitulado “Un regalo, dous sentimentos, tres xeracións”.

- Lino Fernández García, “O concurso”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, “II Certame de relato curto”, 23 agosto 2014, p. 69.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducécese o escrito por Lino Fernández García, intitulado “O concurso”.

- Manuel Fernández García, “Día de Reis”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, “II Certame de relato curto”, 24 agosto 2014, p. 69.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducécese o escrito por Manuel Fernández García, intitulado “Día de Reis”.

- José Manuel Fernández González, “Un amor de inverno”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, “II Certame de relato curto”, 24 agosto 2014, p. 69.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducécese o escrito por José Manuel Fernández González, intitulado “Un amor de inverno”.

- Pedro Luis González Sardón, “Carreira de un”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, “II Certame de relato curto”, 25 agosto 2014, p. 45.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducécese o escrito por Pedro Luis González Sardón, intitulado “Carreira de un”.

- María Teresa Iglesias Yugat, “Catro casas”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, “II Certame de relato curto”, 25 agosto 2014, p. 45.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducécese o escrito por María Teresa Iglesias Yugat, intitulado “Catro casas”.

- Federico Limeres Arias, “O príncipe Igor quere ir á escola”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, “II Certame de relato curto”, 26 agosto 2014, p. 53.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducécese o escrito por Federico Limeres Arias, intitulado “O príncipe Igor quere ir á escola”.

- Manuel Melón García, “A regra rota”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, “II Certame de relato curto”, 26 agosto 2014, p. 53.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducécese o escrito por Manuel Melón García, intitulado “A regra rota”.

- Manuel Pérez Lourido, “O prezo do pasado”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, “II Certame de relato curto”, 27 agosto 2014, p. 53.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducécese o escrito por Manuel Pérez Lourido, intitulado “O prezo do pasado”.

- Rafael Quintiá Pereira, “A pirata das Louriñas”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, “II Certame de relato curto”, 27 agosto 2014, p. 53.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducécese o escrito por Manuel Pérez Lourido, intitulado “A pirata das Louriñas”.

- Alicia Rodríguez Massó, “As burbullas de Matías”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, “II Certame de relato curto”, 28 agosto 2014, p. 53.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducécese o escrito por Alicia Rodríguez Massó, intitulado “As burbullas de Matías”.

- Judith Souto Valiñas, “Que a viaxe continúe”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, “II Certame de relato curto”, 28 agosto 2014, p. 53.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducécese o escrito por Judith Souto Valiñas, intitulado “Que a viaxe continúe”.

- Virginia Suárez Iglesias, “O trasno do penedo”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, “II Certame de relato curto”, 29 agosto 2014, p. 53.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducécese o escrito por Virginia Suárez Iglesias, intitulado “O trasno do penedo”.

- Fernando Tomé Rodríguez, “O testamento”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, “II Certame de relato curto”, 29 agosto 2014, p. 53.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducécese o escrito por Fernando Tomé Rodríguez, intitulado “O testamento”.

- Marcela Torres Suárez, “Anamnese”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, “II Certame de relato curto”, 30 agosto 2014, p. 53.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducécese o escrito por Marcela Torres Suárez, intitulado “Anamnese”.

- María Pilar Vence Lodeiro, “A pomba da paz”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, “II Certame de relato curto”, 30 agosto 2014, p. 53.

Sección que acolle relatos presentados a este certame. Neste caso reproducécese o escrito por María Pilar Vence Lodeiro, intitulado “A pomba da paz”.

Certame de narrativa **Gonzalo Torrente Ballester**

Certame instituído pola Deputación Provincial da Coruña no ano 1989 como recoñecemento á obra narrativa de Gonzalo Torrente Ballester e coa intención de contribuír ao reforzamento da calidade creativa dos escritores. Está dotado dende a décimo cuarta convocatoria con 25.000 euros e a publicación da obra. Os orixinais poden estar escritos en galego ou en castelán, de tema e extensión libres, en forma de novelas, relatos e conxunto de relatos. As obras deben presentarse preferentemente en formato dixital en Word ou OpenOffice. No caso de optar pola presentación en papel, os orixinais deben enviarse por duplicado, numerados e en tamaño DIN-A4, escritos por unha cara a dobre espazo e acompañados de plica, na que conste o nome, apelidos e nacionalidade do autor. Os orixinais envíanse á Deputación Provincial (Avda. Alférez Provisional, n.º 2, 15006, A Coruña). En edicións anteriores recibiron os galardóns as seguintes obras en lingua galega: *A cidade dos Césares* (1993), de Víctor F. Freixanes, en 1992; *¿Que me queres, amor?* (1996), de Manuel Rivas, en 1995; *Un xogo de apócrifos* (1998), de Xosé Carlos Caneiro Pérez, en 1996; *A memoria do boi* (2001), de Xosé Vázquez Pintor, en 2000; *As humanas proporcións* (2004), de Xesús Constela Doce, en 2003; *A choiva do mundo* (2008), de Xosé Manuel Pacho Blanco, en 2007; e *A vida do outro* (2009), de Carlos González Reigosa, en 2008. Na XXVI edición, correspondente ao ano 2014 recibíronse 610 obras e o xurado fixo pública a súa decisión de outorgar o galardón a Berta Vías (Madrid, 1961) por *Yo soy el otro*.

### Concurso **Hipercurtos Contos**

Organizado pola Federación de Centros Xuveníns Don Bosco de Galicia, coa colaboración da Deputación da Coruña. Consta de tres categorías segundo a idade que teña a persoa que participa o 1 de maio de 2013: a) nenos e nenas até 13 anos; b) mozos e mozas entre 14 e 30 anos; e c) maiores de 30 anos. Os hipercurtos contos deben estar escritos en galego, ser orixinais e inéditos e ter unha extensión máxima de 175 palabras. A temática é libre. Os hipercurtos contos deben presentarse sen identificación, facendo constar o seu título. Acompañando a obra, nun sobre pechado, envíanse os datos completos do autor ou autora (nome, apelidos, idade, enderezo, teléfono e unha fotocopia do DNI). No exterior do sobre debe estar escrito o título do hipercurto conto entregado e a data de nacemento do autor ou autora. Cada participante pode presentar o número de hipercurtos contos que desexe. Os premios (consistentes en vales que se poderán cambiar por libros, discos ou outros produtos galegos nos establecementos que se indicarán aos premiados) quedan establecidos por categorías do seguinte xeito: a) 70 euros; b) 130 euros; e c) 100 euros. Hai tamén un accésit de 60 euros para o membro da Federación de Centros Xuveníns Don Bosco de Galicia mellor clasificado. Os premios son únicos e indivisíbeis. A xuízo do xurado, e segundo a calidade das obras, pódese declarar deserto algún premio. Todos os hipercurtos contos deben ser entregados na secretaría técnica da Federación de Centros Xuveníns Don Bosco de Galicia (na rúa Belvís, nº 2; CP: 15703, Compostela; tfno.: 981 582 243), en man ou por correo (mellor certificado), facendo constar no exterior do sobre ‘Concurso de hipercurtos contos’. Os textos enviados ao concurso pasan a ser propiedade da Federación de Centros Xuveníns Don Bosco de Galicia, renunciando os seus autores e autoras aos seus dereitos como tales. No ano 2014 non foi convocado.

### Concurso de relatos **Inspiraciencia**

O Consello Superior de Investigacións Científicas convoca dende 2010 este concurso que relaciona a ciencia e a literatura dunha forma lúdica e participativa. Pode participar calquera persoa que presente un relato orixinal en calquera das dúas modalidades do concurso (relatos curtos, cunha extensión mínima de 800 palabras e máxima de 1.500; microrrelatos, cunha extensión máxima de 500 palabras) que estivera inspirado nunha temática científica en calquera xénero literario (narración, poesía, teatro). Os orixinais, escritos en catalán, español ou galego, deben ser inéditos e non premiados en ningunha outra convocatoria, certame ou premio literario, nin ser publicados en ningún outro medio ou blog persoal. Estabelécense dúas categorías: público adulto (a partir de 18 anos) e xuvenil (de 12 a 17 anos). Os participantes deben rexistrarse nunha das dúas categorías e enviar como máximo un relato para cada modalidade competitiva. Os orixinais deben publicarse no sitio web do concurso. Previamente hai que rexistrarse a través dun formulario dispoñíbel no mesmo sitio web. Pódese acceder co nome de usuario e un contrasinal e o pseudónimo é o nome co que se asinan os relatos. Estabelécense un premio institucional e un premio do público para cada modalidade e categoría. Os galardóns consisten en dispositivos electrónicos, libros de divulgación, cursos de escritura e obradoiros semellantes. A organización do concurso resérvase o dereito de declarar deserta a convocatoria se considera que os orixinais presentados non alcanzan a calidade mínima necesaria. Para o premio institucional désígnase un xurado formado por figuras recoñecidas dentro do mundo da cultura en sentido amplo (ciencia, literatura, arte, divulgación) que valora as contribucións e propón os gañadores. Existe un equipo de moderación que se encarga de facer a preselección dos relatos que pasan ao xurado. Téñense en conta a adecuación á temática, a calidade literaria, a orixinalidade do enfoque, ademais da creatividade e a imaxinación. O premio do público decídese a través dunha votación en liña dos participantes previamente rexistrados e prémianse os relatos máis votados de cada categoría e modalidade, con independencia da lingua na que se escribiron. Nesta IV edición o prazo de presentación pechouse o 4 de maio de 2014. Na modalidade de lingua galega os gañadores foron: en adulto, Ana Belén Rodríguez por “O bosón G de Higgs”, e finalista José Ángel Menéndez Lucas por “Da computación”; en xuvenil, Cristina Salgado Blanco por “Camiño de lembranzas”, e finalista Elba García Penas por “Mariña”.

#### Certame de relatos curtos do **Lar Gallego de Sevilla “María Teresa Rodríguez”**

A institución Lar Gallego de Sevilla convoca este premio, que acepta obras escritas en galego ou castelán, cunha extensión mínima de tres folios e máxima de oito. O premio está dotado con 1.000 euros. O prazo de admisión da VI edición, correspondente ao ano 2014, finalizou o 15 de abril e o premio determinouse o 17 de maio. O xurado premiou o relato titulado “O amor conleva risco” de Xulio Romero Suárez (Arteixo).

#### Concurso de contos **Liceo de Noia**

Certame convocado pola Sociedade do Liceo de Noia dende 2004 co gallo da celebración do Día das Letras Galegas. O tema da narración é libre e pode concorrer calquera persoa, con independencia da súa nacionalidade. Os traballos, inéditos, redactados en galego, cunha extensión mínima de tres folios e máxima de seis, deben presentarse por cuadriplicado, mecanografados por unha soa cara e a dobre espazo. Nos

orixinais teñen que figurar o título da obra e un lema, que debe aparecer tamén no exterior dun sobre sen remite, no que se introducen o nome, enderezo e teléfono do autor. Os orixinais envíanse á Sociedade do Liceo de Noia. O xurado está formado por tres personalidades da literatura galega e un membro da directiva da Sociedade do Liceo, que actuará como secretario, sen voz nin voto, e dá a coñecer o seu resultado o día 17 de maio. O premio está dotado con mil euros e a obra gañadora publícase na revista *Alameda* do Liceo. Dende a súa creación recibiron o galardón: en 2004, Beatriz Dacosta, por “Goodbye, my friend”; en 2005, Enma Pedreira, por “Cabare vermello feridor”; en 2006, Xosé Francisco Pais López, por “Borisov 61”, e Ricardo Losada, por “Rianxo é meu”; en 2007, Cristina Ferreiro Leal, por “Arredor de Marta”; en 2008, M<sup>a</sup> Cristina Pavón Mauriz, por “A braga fantástica”, e Xosé Francisco Pais López, por “Coctel La Chapelle”; en 2009, Luis Miguel Martínez Agulleiro, por “Cada vez que atravesas a porta...”; en 2010, Agustín Agra, por “Círculo Lítico”; en 2011, María Xesús Blanco, por “Naia” e Carlos Mosteiro Fraga, por “Vladimir”. Na XI edición de 2014 o prazo de presentación de orixinais rematou o 1 de abril e os premiados foron Xerardo Vidal, por “Valmet” e Tito Pérez Pérez, por “Nun principio estaba cego”.

### Referencias varias:

- Suso Souto, “Xerardo Vidal e Tito Pérez gañan o certame do Liceo”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 912, 10 maio 2014, p. 5.

Anuncia os gañadores do Certame de Relatos Curtos convocado polo Liceo de Noia, que foron Xerardo Vidal por *Velmet* e Tito Pérez por *No principio estaba cego*.

- M. G., “O Liceo organiza un recital poético e música e humor”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 917, 15 maio 2014, p. 4.

Coméntanse algúns dos actos que terán lugar no Liceo de Noia polo Día das Letras Galegas, entre os que se salienta a entrega deste premio e un recital poético dramatizado no que dez poetas galegos dialogarán arredor do mar e

### Certame de Microrrelatos **Lonxa Literaria**

Organizado polo colectivo moañés Lonxa Literaria. Os microrrelatos presentados teñen que estar escritos en galego segundo a normativa oficial, cunha extensión máxima de quince liñas a dobre espazo. En cada convocatoria os relatos deben introducir unha palabra obrigada. Hai que remitir tres copias á Lonxa Literaria (Centro Cultural Daniel Castela, rúa Quintela, s/n, 36950, Moaña-Pontevedra). Convócase unha única categoría dotada co premio dun lote de conservas da ría e pódense conceder até dous accésits. O prazo de recepción pechouse o 31 de outubro. Na XII edición de 2014 a palabra obrigatoria foi “faro” e a gañadora foi Susana Villamor Prieto, co microrrelato “Entre alcatrán e brea”.

### Certame de relatos **O lugar onde vivo**



A asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza, ADEGA, coa colaboración da Área de Cultura e Turismo da Vicepresidencia Primeira da Deputación de Lugo, convoca dende o ano 2011 este certame de relatos, xunto a un de fotografía e outro de curtametraxes (este último dende 2012), que en conxunto se denominan Premios polo Territorio e que se enmarcan dentro da campaña “Ponte no medio. Móvete polo territorio”, co obxectivo de que a sociedade retrate o estado actual do territorio galego a través da imaxe e da palabra. Estes concursos pretenden facer participativa á cidadanía galega na reivindicación dunha ordenación territorial sustentábel na que se freeen as ansias especulativas dos poderes privados sobre o territorio en convivencia coa administración pública, e na que se propoñan alternativas máis coherentes coa defensa ambiental, coa cohesión social e coa posta en valor do patrimonio cultural galego. Os relatos curtos poden ser historias fantásticas, feitos reais ou experiencias propias, sempre e cando o eixe do relato xire arredor das visións que a poboación galega ten sobre o lugar no que vive; como é, como foi, como quixera que fose, a importancia da súa conservación, as agresións sufridas po este, etc. Cada participante pode presentar un máximo de dous relatos inéditos en lingua galega, que hai que enviar por correo postal ao enderezo de ADEGA Lugo. Existen dúas categorías: xuvenil e persoas adultas. Os premios consisten nun diploma e 250 euros na categoría adulta e nun diploma e 200 euros na xuvenil. O xurado valora a orixinalidade, a calidade literaria, a coherencia do código lingüístico empregado e que o territorio galego figure no relato. No ano 2014 tivo lugar a IV edición deste certame e o prazo de presentación de traballos rematou o 1 de novembro. O 14 de xaneiro de 2015 tivo lugar o acto de entrega dos premios da cuarta edición. Os premiados foron María Teresa Iglesias Yugat (Compostela) por “Tempos verbais, tempo smortos”, na categoría de adultos; e Lucía Tilve García (A Estrada) por “Sempre túa”, na categoría xuvenil. Foron nomeadas finalistas: Tomás González (Compostela), Pedro Rielo (Pontevedra), Xerardo Vidal (Lugo), Lourdes Abuide (Lugo) e María Nión Cancela (A Coruña) entre os adultos participantes; e Patricia Riveira (A Estrada), María Rozados Balboa (A Estrada), Yago López Vinseiro (A Estrada), Andrea Doce Méndez (Compostela), Óscar Ortigueira Cao (Lousame) e Gemma Muíña Bermúdez (Mondoñedo), entre os rapaces.

### **Referencias varias:**

- Marta Becerra, “Adega entrega los Premios 2013 polo Territorio de fotos, relato y cortos”, *El Progreso*, “Lugo”, “El despertador”, 16 xaneiro 2013, p. 10.

Anúncianse os gañadores dos Premios 2013 polo Territorio en fotografía, relatos e curtas. Na categoría de relatos os vencedores foron Vanesa Santiago Vázquez e Manuel José Couce Sánchez.

- Nazareth Meijide, “La Diputación y ADEGA convocan un concurso de relato, fotografía y cine”, *El Progreso*, “Comarcas”, 27 agosto 2014, p. 11.

Anuncia a convocatoria dunha nova edición do concurso de fotografía, relato e curtametraxe Cultura e Territorio organizado pola área de Cultura da Deputación e da asociación Adega. A continuación descríbense as bases do concurso.

Premio de Novela **Manuel García Barros (Ken Keirades)**

Convocado dende 1989 polo Concello da Estrada, en colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Secretaría Xeral de Política Lingüística, a Deputación de Pontevedra e a editorial Galaxia, a contía económica deste galardón é de 9.000 euros e, dende a duodécima convocatoria, a obra gañadora é publicada pola Editorial Galaxia. Os orixinais e inéditos en galego normativo teñan que ser enviados por sextuplicado á Casa do Concello da Estrada (Praza da Constitución, n.º 1, 36680, A Estrada-Pontevedra), quen se reserva durante un ano os dereitos de publicar a obra premiada en todas as linguas do Estado, en formato físico e dixital. O xurado está composto por cinco membros escollidos entre recoñecidas figuras do mundo da cultura e o acto de entrega do galardón conta con representación do Concello, da Xunta de Galicia e da Editorial Galaxia. Para conmemorar os vinte e cinco anos do premio, organizáronse diversas iniciativas, como a creación dunha páxina *web* [www.premiosgarciabarros.com](http://www.premiosgarciabarros.com), que recrea a historia do concurso e alberga información sobre os gañadores, ademais da celebración dun acto solemne o 16 de novembro na Cidade da Cultura cos premiados de todas as edicións, así como un libro sobre a vida e a obra do literato estradense. Dende a súa creación recibiron o galardón: en 1989, Manuel Forcadela por *Paisaxe con muller e barco* (1990); en 1990, Xosé Miranda por *Historia dun paraugas azul* (1991); en 1992, Manuel Riveiro Loureiro por *Corpo canso* (1993); en 1993, Xosé Ballesteros por *Talego* (1993); en 1994, Aníbal Malvar por *A man dereita* (1994); en 1995, Manuel Lourenzo González por *Arqueofaxia* (1995) e concedeuse un accésit a Xavier Alcalá por *Memorias do Algarve*; en 1996, *ex aequo* Alfonso Álvarez Cáccamo, por *O espírito de Broustenac* (1996), e Xavier Queipo por *O paso do Noroeste* (1996); en 1997, María Gándara por *Magog* (1997), e un accésit Antón Riveiro Coello por *A historia de Chicho Antela* (1997); en 1998, quedou deserto e concedéronse dous accésits a Anxo Franco Bañobre por *Unha esquina no fondo da memoria*, e a Juan Ignacio Pérez Méndez por *A xustiza pola man*; en 1999, Xosé Carlos Caneiro por *Talvez melancolía* (1999); en 2000, Antón Riveiro Coello por *As rulas de Bakunin* (2000); en 2001, Bieito Iglesias por *A historia escríbese de noite* (2001); en 2002, Miguel Anxo Fernández por *Un nicho para Marilyn* (2002); en 2003, Xabier López López por *A vida que nos mata* (2003); en 2004, Xerardo Agrafoxo por *Unha viaxe no Ford T* (2004); en 2005, Santiago Jaureguizar por *Cabaret Voltaire* (2005); en 2006, Manuel Veiga por *Lois e Helena buscándose un día de tormenta* (2006); en 2007, Francisco Castro por *As palabras da néboa* (2007); en 2008, Xesús Constela por *Shakespeare destilado* (2008); en 2009, Xosé Monteagudo por *Un tipo listo* (2010); en 2010, Antón Lopo por *Obediencia* (2010); en 2011, Manuel Antonio Piñeiro Fernández por *As fiandeiras* (2011); en 2012, Santiago Lopo por *Hora Zulú* (2012); e en 2013, Anxos Sumai por *A lúa da colleita* (2013). Na XXVI edición de 2014, o prazo de presentación das obras rematou o 2 de maio e presentáronse vinte e un textos. O xurado, formado por Inmaculada Otero Varela, Armando Requeixo Cuba, Luís Alonso Girgado, Carlos González de Lema Malvar e Carlos Loureiro Rodríguez, que actuou como secretario, concedeu por maioría o galardón a Alberto Ramos (Santiago de Compostela, 1986) por *Máscaras rotas para Sebastian Nell*

## Referencias varias:

- M. Toledo, “Poderán entregarse novelas para o García Barros antes do 2 de maio”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 871, 28 marzo 2014, p. 7.

Dá conta das bases para participar no Premio de novela Manuel García Barros e no Premio de poesía Avelina Valladares que organiza o concello da Estrada.

- Cristina Botrán, “Alberto Ramos álzase co premio de novela Manuel García Barros”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 979, 18 xullo 2014, p. 6.

Comenta que Alberto Ramos conseguiu o vixésimo sexto premio de novela Manuel García Barros, promovido polo Concello da Estrada, pola súa obra *Máscaras rotas para Sebastián Nell*. Recolle as palabras do autor sobre contido da novela sobre o significado do premio na súa traxectoria e para a promoción da literatura en galego.

- Raquel Torres, “El compostelano Alberto Ramos gana el XXVI Premio de Novela García Barros”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 18 xullo 2014, p. 62.

Anuncia que Alberto Ramos se alzou co vixésimo sexto premio de novela Manuel García Barros, promovido polo Concello da Estrada, pola súa obra *Máscaras rotas para Sebastián Nell*. Explica os motivos polos que o xurado galardoou a obra.

- Cristina Botrán, “O compostelán Alberto Ramos recolleu onte o García Barros”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.124, 13 decembro 2014, p. 5.

Informa da actividade literaria na Estrada coa celebración da resolución do premio de teatro Varela Buxán e coa entrega deste premio a Alberto Ramos, pola súa obra *Máscaras rotas para Sebastian Nell*. Relata que o acto comezou cunha breve peza teatral, cunha lembranza para a familia de García Barros e, despois, a entrega do premio.

#### Certame Literario **Manuel Lueiro Rey** de Novela Curta

Convocado polo Concello do Grove dende o ano 1992, en colaboración con Sotelo Blanco Edicións, para honrar a figura do galeguista que lle dá nome e promover a literatura galega e os seus autores. Nun principio era un certame literario que prevía dúas modalidades: narración curta (para maiores de 18 anos) e narración xuvenil, mais na V convocatoria o certame pasou a ser monolingüe en galego e reduciuse a unha única modalidade, sen requisitos de idade. Na VII edición mudou a súa especialización substituíndo a de narración curta pola de novela curta. Os traballos deben remitirse á Casa da Cultura Manuel Lueiro Rey (Rúa Monte da Vila, 11, 36980 O Grove-Pontevedra) por quintuplicado en papel e unha copia en soporte dixital e precedidos polo título e un lema. Hay que entregalos nun sobre pechado no que figure por fóra o título e o lema e dentro os datos do autor. Deben ser orixinais e inéditos e aterse á normativa vixente, ademais de ter unha extensión mínima de cincuenta folios e máxima de cen. O galardón consiste en 3.000 euros e a publicación por parte da editora Sotelo Blanco da obra gañadora. O xurado dáse a coñecer antes da concesión do premio e está formado por cinco membros relacionados co mundo da literatura, un deles o gañador da edición anterior do premio, dous nomeados polo comité organizador e outros dous representantes de Sotelo Blanco Edicións. Nas edicións anteriores foron merecedores deste galardón: en 1992, Manoel Riveiro Loureiro por *O encerro*; en 1993, Mariano J. M. Cabrero Figueiro por *Historia de Zeltia*; en 1994, Xoán Xosé Piñeiro Cochón por *Reciclador*; en 1996, Rosa Aneiros con *Xogo de espellos*; en 1997, Francisco Castro con

*Play-back* (2000); en 1998, Inmaculada López Silva por *Canción de amor india*; en 1999, José Luis Álvarez Pérez por *De maxia e de obras*; en 2000, Manuel Darriba con *Velada do billarista* (2000); en 2001, Santiago Jaureguizar con *Breve crónica universal da clase obreira* (2001); en 2002, Xabier López López con *O mono no espello* (2002); en 2003, Pilar Buela con *Ácaros verdes* (2005); en 2004, Teresa Moure con *A xeira das árbores* (2007); en 2005, Manuel Riveiro Loureiro con *Xullo-Agosto* (2006); en 2006, Mariña Pérez Rey con *Canícula* (2007); en 2007, Ramón Caride Ogando con *O frío azul* (2008); en 2008 An Alfaya con *Areaquente* (2009); en 2010 Chelo Suárez Muíños por *As horas rotas* (2010); en 2011, Mario Regueira por *Outono aquí* (2012); en 2012, Juan Tallón, pola súa novela *Fin de Poema* (2013); e en 2013 quedou deserto. Na XXI edición, presentáronse quince traballos e o xurado, presidido polo escritor e profesor Manuel Quintáns e formado polos críticos literarios Armando Requeixo e Francisco Martínez Bouzas, a autora Ánxela Gracián, en representación da editorial Sotelo Blanco, e o escritor Juan Tallón, gañador da edición de 2012, decidiu outorgar o premio por maioría a Antonio Pichel Beleiro, por *Xente que nunca antes morrera*.

### Referencias varias:

- T. M., “Convocan una nueva edición del Lueiro Rey”, *Diario de Arousa*, “O Grove”, 18 xaneiro 2014, p. 18.

Anúnciase que se vai convocar o premio de Novela Corta Manuel Lueiro Rey. A finalidade é a de honrar o escritor e promocionar a escrita en lingua galega.

- T. M., “Quince novelas optan en esta edición a hacerse con el Premio Lueiro Rey”, *Diario de Arousa*, “O Grove”, 30 xuño 2014, p. 12.

Sínálase que este ano foron quince as novelas presentadas para concursar no Premio Manuel Lueiro Rey de Novela corta, que nace para honrar o escritor e para promover a escrita en galego. O gañador recibirá 3.000 euros e a súa obra será publicada pola Editora Sotelo Blanco.

- A. B., “Antonio Pichel. ‘A idea que xurdiu dunha noite de abulia mirando en internet camisetas de Caramuxo’”, *Diario de Arousa*, “O Grove”, 3 agosto 2014, p. 15.

Anuncia que Antonio Pichel é o galardoado co premio Lueiro Rey de Relato Curto pola súa obra *Xente que nunca antes morrera*. Detállanse os motivos que levou ao xurado a elixir a obra gañadora e entérvistase ao autor sobre o recibimento do premio.

### Certame de Narracións Breves **Manuel Murguía**

O Concello de Arteixo convoca este premio dende 1991 para contribuír ao desenvolvemento da narrativa galega e honrar a Manuel Murguía. Está dotado con 3.700 euros e poden concorrer todas as persoas que o desexen cunha única obra de temática libre e escrita en lingua galega, cunha extensión entre quince e trinta folios mecanografados a dobre espazo por unha soa cara. Os traballos, orixinais e inéditos, deben entregarse por cuadruplicado, xunto cunha copia nun CD en formato PDF, ao Concello convocante (Praza do Alcalde R. Dopico, n.º 1, 15142, Arteixo-A Coruña),

nun sobre onde figure só o título da obra e un lema. Así mesmo, nun sobre pechado debe constar o título, lema, nome, enderezo, teléfono e currículo de quen se presente. En anteriores edicións concedéronse os seguintes galardóns: en 1992 *ex aequo* para Xesús Manuel Marcos por “Fuxidos” e para Joel Gómez por “Para un clima supremo”; en 1993 *ex aequo* para Xavier Alcalá por “Relación de feitos de sangue” e José Antonio Lozano por “Retrato antigo: pinturas e superficies”; en 1994 Xesús Manuel Marcos por “A cela de arame” en 1994; en 1995 Isidro Novo por “Cabalos do demo”; en 1996 Antón Riveiro Coello por “O nome do espello”; en 1997 Marilar Aleixandre por “Desaforados muños”; en 1998 *ex aequo* para Alfonso Álvarez Cáccamo por “Cannis fugit” e Xosé Luís Álvarez por “Amencer”; en 1999 *ex aequo* para Manoel Riveiro Loureiro por “O río da tristura” e David Pérez Iglesias por “Sámago fascismo”; en 2000 *ex aequo* para Xosé Luís Vázquez Somoza, por “A fervenza” e Xosé Carlos Caneiro por “As flores en Irlanda”; en 2001 *ex aequo* para Rosa Aneiros por “Mares de Xabre” e Xosé Luís Martínez Pereiro por “Palamades e a Bestia Ladradora”; en 2002 *ex aequo* para Emma Pedreira por “A flor perfecta” e Daniel Asorey por “Soñar pedras con fútbol”; en 2003 *ex aequo* para Bieito Iglesias por “Comentario ó Apocalipse” e para Paula Sano Vicente por “As idades dela” en 2003; en 2004 *ex aequo* para Xosé Luís Álvarez por “Detrás dos meus ollos” e Xaime Domínguez Tojo por “A casa dos alicerces mariños”; en 2005 Inma López Silva por “Aqueles que retratan o vento”; en 2006 Xesús Manuel Marcos por “A caída da folla”; en 2007 Miriam Rodríguez Debasa por “Mentras espero”; en 2008 Alva Martínez Teixeiro por “Un domingo amarelo para dentro”; en 2009 Samuel Solleiro por “Caída de Abraham Rosenblath”; en 2010 Andrés Pociña Pérez por “As dúas vellas do Iguasú”; en 2011, co motivo do XX aniversario, outorgáronse tres galardóns: o primeiro premio ao relato “A muller que deu a volta arredor de si mesma”, de Clara Isabel Rodríguez Giráldez; o segundo premio a “Unha viaxe de inverno”, de Xaime Domínguez Toxo; e o terceiro premio a “Eu xogo a que se crean que lles creo”, de Antom Labranha; en 2012 Roberto A. Rodrigues por “O home que falaba na lingua do océano”; e en 2013 Juan Tallón por “Consanguíneo”. O 15 de maio deuse a coñecer o ditame do xurado, composto por Modesto Fraga Moure, Margarita Fernández Ledo; Juan Tallón e Julio Mancedo como coordinador, decidiu entregar o premio deste ano a Adolfo Caamaño (Barro, 1959) polo texto “A geisha no bosque de bambú”. Os outros dous relatos finalistas foron Pedro Larrañaga e Antón Vázquez. A entrega dos galardóns tivo lugar ese día no Centro Cívico Cultural de Arteixo.

### Referencias varias:

- M. Rodríguez, “Cultura garantiza la continuidad del premio Manuel Murguía tras la desaparición del Dora Vázquez”, *El Ideal Gallego*, “Arteixo”, 2 xaneiro 2014, p. 21.

Indícase que o premio Dora Vázquez desaparece despois de once anos de existencia. O motivo da súa extinción débese á baixa participación pero, no entanto, garántase a continuidade do Manuel Murguía. Indícase que van ter lugar outras actividades destinadas aos máis novos.

### Premio Micro Catro Relatos

O vigués Café De Catro a Catro organiza este certame que en 2014 cumpre a súa terceira edición nesta segunda xeira, logo de varios anos sen convocarse. O concurso consta de catro eliminatorias previas entre o mes de xaneiro e abril de 2014. Pódense presentar textos inéditos e orixinais escritos en lingua galega, cunha extensión mínima de 1.000 caracteres e máxima de 1.500 caracteres. Os textos enviaranse ao enderezo electrónico [microcatrorelato@gmail.com](mailto:microcatrorelato@gmail.com) ou ao enderezo do propio café, rúa Xirona 16, Vigo. Na primeira edición do ano 2011 resultou gañadora Clara do Roxo co relato “O neno de ollar fuxidío”.

#### Certame de **Minicontos de Outono**

Convocado dende o ano 2010 polo Centro Pen de Galicia e o xornal gratuito *LV* do Grupo El Progreso, coa colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística, co obxectivo de impulsar a presenza da lingua e a literatura galegas nos medios e achegar a obra dos autores que escriben en galego, conta cunha contía de 600 euros para o primeiro premio, 300 para o segundo e 100 para o terceiro. Ademais, as tres pezas premiadas son publicadas nas edicións, tanto impresa como dixital, do xornal gratuito *LV. De Luns a Venres*. Poden presentarse tres traballos inéditos por autor, escritos en lingua galega, segundo a normativa vixente, e de libre temática, cunha extensión máxima de 1.200 caracteres (sen contar os espazos) no enderezo electrónico [minicontosoutono@pen-galicia.org](mailto:minicontosoutono@pen-galicia.org) ou en *LV* (Rúa Salvadas, n.º 27, 15705, Santiago de Compostela). No ano 2014 non foi convocado.

#### Certame Nacional Galego de Narracións Breves **Modesto R. Figueiredo do Pedrón de Ouro**

Convocado dende o ano 1974 pola Fundación do Padroado do Pedrón de Ouro, é o decano dos premios literarios galegos para promover a literatura narrativa en lingua galega e render homenaxe a Xaquín Lorenzo “Xocas”. Poden participar persoas de calquera nacionalidade cunha ou máis obras escritas en galego e inéditas, que nunca se presentaran a ningún certame literario. Os orixinais deben presentarse por quintuplicado, mecanografados a dobre espazo e por unha soa cara e debían contar cunha extensión mínima de cinco folios e máxima de trinta. Os traballos envíanse sen remite ou outra forma de identificación e baixo o sistema de plica á Fundación do Padroado Pedrón de Ouro (Apartado de Correos 627, 15780, Santiago de Compostela) ou ao Concello de Vilagarcía de Arousa (Concellería de Cultura-Auditorio, Avda. da Mariña, n.º 27, 36600, Vilagarcía de Arousa-Pontevedra). O tema é libre, pero téñense en conta o tratamento e as técnicas narrativas empregadas, así como a pureza lingüística e a altura literaria. Outórgase un primeiro premio de 1.000 euros e dous accésits de 400 euros cada un. Se así se estima, poden recomendarse algunhas narracións para a súa publicación nun tomo bianual coas obras premiadas, até hai pouco editados por Edicións do Castro e na actualidade pola Editorial Toxosoutos. O xurado está formado por catro especialistas en crítica literaria designados pola Fundación co asesoramento e a colaboración da Asociación de Escritores e o Concello de Ourense, reservando a Fundación os postos de presidente, secretario e moderador (estes dous últimos con voz pero sen voto). En anteriores edicións resultaron galardoados co primeiro premio: en 1975, Xoán Ignacio Taibo, por *A enquisa*; en 1976, Xavier Alcalá, por *A fundición*; en 1977, João Guisán Seixas, por *Número de patente*; en 1978, *ex aequo* Xosé Manuel

Martínez Oca, por *A negra*, e Víctor Fernández Freixanes, por *A caza das cascudas*; en 1979, Xoán Ignacio Taibo, por *Pacífico sul*; en 1980, Lourenzo Álvarez Ruíz, por *RATP*; en 1981, *ex aequo* Tucho Calvo, por *A gran novela*, e Xosé Manuel Martínez Oca, por *Noite de luar*; en 1982, Miguel Suárez Abel, por *O quiquiriquí*; en 1983, Antón Castro, por *Vida infame de Tristán Fortesende*; en 1984 *ex aequo* Amancio Liñares Giraut por *Nun cuarto para agardar*, e Román Raña, por *O último hexagrama*; en 1985, Miro Villar, por *Augas de silencio*; en 1986, Antón Rodríguez Castro, por *O xardín despois da chuvia*; en 1987, Miro Villar, por *Verbas cruzadas con Amaranta*; en 1988, *ex aequo* Bieito Iglesias, por *Luanda*, e Xosé Miranda, por *Na terra sombría*; en 1989, *ex aequo* Manuel Riveiro Loureiro, por *Vindo de volta*, e Xan Frenla, por *Conto do diluvio*; en 1990, Xoán Piñeiro Cochón, por *A liga dos Lambetas*; en 1991, Helena Villar Janeiro, por *O cadro*; en 1992, Isidro Novo, por *A pin up de Beautiful Street*; en 1993, Xosé Luís Santos Cabanas, por *Ahoulouuuu...!*; en 1994, Manuel Riveiro Loureiro, por *O coxo da Gamboa*; en 1995, Antón Riveiro Coello, por *Bruca Manigua*; en 1996, Xosé Antón Moreno, por *As xeirás de don Xoán*; en 1997, Antón Riveiro Coello, por *Sete traxes*; en 1998, *ex aequo* Rosa Aneiros, por *A eidososa que izaron as bandeiras*, e Luís González Tosar, por *Catro dedos por debaixo do embigo*; en 1999, Xosé Luís Álvarez Pérez, por *Marisol de outono*; en 2000, Beatriz Dacosta, por *Na sombra da lúa*; en 2001, Álvaro Lago, por *O crime de Pombal*; en 2002, Emma Pedreira, por *Os doces devorados*; en 2003, Xosé L. Vázquez Pérez, por *De noite non reces aos ídolos*; en 2004, Agustín Agra, por *Os límites do inimaxinable*; en 2005, Francisco Castro, por *Ningún fascista morreu inxustamente*; en 2006, María Esther Fernández Carrodegas, por *Subir o telón*; en 2007, Rubén Ceide Martínez, por *A caixa da costureira*; en 2008, Iván García Campos, por *Unha casa chea de xanelas*; en 2009, Juan Tallón, por *Era el*; en 2010, Xosé Alfredo Naz, por *O Mal*; en 2011, Xosé Amancio Liñares Giraut, por *Corografía Obama*; en 2012, Miguel Anxo Martínez, coa obra *As casas baratas*; e en 2013, Cris Pavón, por *Cara a Tiananmen Square*. Este certame conta co apoio dun concello diferente cada ano e na XL edición, do ano 2014, o Padroado da Fundación Pedrón de Ouro elixiu o Concello de Catoria para a organización da convocatoria. O xurado, formado por Antonio Reigosa, Isidro Novo, Anxos Sumai e Armando Requeixo e David Otero, secretario do Padroado da Fundación Pedrón de Ouro, decidiu conceder o galardón a Eli Ríos pola obra *Remexido de patacas*, e conceder dous accésits, un a Antonio Piñeiro pola obra *Boxcar blues*, e outro a César Carracedo por *Gran Sol*. O acto de entrega tivo lugar o 17 de xaneiro de 2015 en Catoira.

## Premio de Microrrelatos **Mulleres Progresistas**

A Asociación de Mulleres Progresistas de Vigo crea este premio en 2012. Esta asociación convocaba anteriormente un premio de novela, que dende 2006 pasara a ser substituído pola modalidade de relatos. No ano 2011 chegouse a publicar unha obra que reunía os contos galardoados, editada por Baía Edicións co título *Obras breves de imaxinación [Premios de Relatos “Mulleres Progresistas” 2007-2011]*. Neste premio poden participar todas as mulleres que o desexen, de calquera nacionalidade ou cultura e maiores de 16 anos. Cada participante pode presentar un máximo de tres microrrelatos, en galego normativo, cuxo tema será o empoderamento das mulleres, entendido consonte á estratexia definida na IV Conferencia Mundial das Mulleres de Beijing nos seus tres niveis de transformación: o individual, posibilitador de cambios orientados á consecución dun maior autorrespeito e confianza, así como de poder de negociación

dos propios intereses; o colectivo, posibilitador dos cambios encamiñados á promoción de vínculos, apoios e recoñecemento mutuo para a defensa dos intereses comúns e, por último, a transformación social que proporciona cambios dirixidos a visibilizar e valorar ás mulleres na sociedade e a eliminar as discriminacións de xénero existentes. Enlazando o carácter reivindicativo coa vertente literaria, o microrrelato ten que ter unha natureza narrativa e non de mera proclama. Son valorados aspectos como a calidade literaria e a orixinalidade das obras, así como de adecuación ao tema central do concurso. Os microrrelatos deben levar título e ter un máximo de cen palabras (excluído o propio título). As obras, orixinais e inéditas, non difundidas por ningún tipo de medio, nin en papel, nin electrónico, non deben atentar contra os dereitos á intimidade, ao honor e á propia imaxe de terceiros/as ou ter connotacións racistas, sexistas e/ou discriminatorias. As autoras responden ante a organización da autoría e orixinalidade do microrrelato. Segundo o número e calidade dos orixinais recibidos désígnanse entre cinco e dez finalistas, entre as que se elixen os premios do certame: 1º Premio: 300 euros, figura e diploma. 2º Premio: 200 euros e diploma. 3º Premio: 100 euros. Os traballos preséntanse no formulario que consta na *web* da asociación, apuntando tamén o nome, apelidos, DNI, data de nacemento, enderezo postal, enderezo electrónico e teléfono de contacto. No caso de participantes menores de idade, teñen que estar asistidas por quen ostente a súa tutela legal, quen debe encher os apartados correspondentes do formulario de envío dando o seu consentimento. O ditame do xurado publícase o 8 de marzo do ano seguinte, Día Internacional dos Dereitos das Mulleres, podendo quedar desertos calquera ou todos os premios se as obras presentadas non reúnen unha calidade mínima. O xurado está formado por mulleres do mundo do asociacionismo feminino, as Letras e a Cultura, sendo inapelábel a súa decisión. Dentro do xurado está unha representante de Mulleres Progresistas. Os microrrelatos premiados e finalistas, así como aqueles que o xurado estima dignos de difusión, son colgados na *web* da Asociación Mulleres Progresistas, polo que as autoras ceden gratuitamente os seus dereitos editoriais sobre os estes á entidade organizadora. Na III edición do ano 2014, o prazo de entrega dos traballos rematou o 15 de novembro de 2014 e resolverase o día 8 de marzo de 2015.

### **Premio Nacional de Narrativa**

Ver apartado X.5. deste *Informe*.

### **Concurso de Narracións Curtas sobre a Violencia de Xénero da Asociación Madoan**

A Asociación Madoan “mulleres en igualdade” da Pobra do Caramiñal convocou en 2013 a primeira edición deste concurso, que premia os relatos curtos co tema do Día Internacional contra a Violencia de Xénero. Poden concorrer as persoas a partir de quince anos con orixinais en lingua galega dunha extensión máxima de dez folios que presenten cinco copias mecanografadas a dobre espazo dentro dun sobre fechado, que especificará no exterior o pseudónimo e o nome do concurso. Dentro do sobre debe incluírse un folio cos datos persoais do autor ou da autora. Os textos deben remitirse a un dos seguintes enderezos: Asociación Madoan, Apartado de correos 14, 15940, A Pobra do Caramiñal, A Coruña, ou a [asociacion@madoan.org](mailto:asociacion@madoan.org). Consta de tres premios (125 euros, 75 euros e 50 euros). No ano 2014 non foi convocado.



## I Certame Literario de Relato Breve **Nélida Piñon**

O Concello de Cotobade, a Deputación de Pontevedra e a Consellería de Cultura convocan este premio de relato curto co obxectivo de fomentar a creación literaria en lingua galega e honrar as raíces galegas da escritora Nélida Piñon. Os concursantes deberán ser maiores de 18 anos, que presenten relatos en lingua galega, orixinais e inéditos, cun mínimo de 7 e un máximo de 15 páxinas, en corpo 12 e con tipo de letra Times New Roman, grampados e encadernados. Os relatos enviaranse baixo pseudónimo ou lema ao enderezo Concello de Cotobade, Consellería de Cultura, Chan 11, Carballado, CP- 36856, Cotobade. Tamén se ofrece a posibilidade de envialos por correo electrónico. O premio está dotado con 6.000 euros. Na primeira edición, celebrada no ano 2014, o prazo de presentación rematou o 20 de febreiro de 2015. O xurado, composto por Armando Requeixo, Fina Casalderrey e Carmen Villarino, outorgou o premio a Xesús Castro Yáñez por *O vello e o Minotauro*.

### Premio de **Novela por entregas**

*La Voz de Galicia* e Canal Voz, co patrocinio do Ámbito Cultural de El Corte Inglés, convocan este premio dende 2001. Nel poden participar todas as persoas que presenten unha novela inédita, en galego, dividida necesariamente en trinta e un capítulos da mesma extensión (tres mil cincocentos caracteres, con espazos incluídos), e que non opten a outros concursos. As obras teñen que presentarse en catro copias impresas a dobre espazo por unha soa cara, ademais dunha copia en formato PDF gravada nun CD dirixidas ao Premio de Novela por entregas de *La Voz de Galicia*. Avenida da Prensa, parcelas 84 e 85 no Polígono Industrial de Sabón (15142, Arteixo-A Coruña) polo sistema de plica pechada. Estabéllese un único premio dotado con 6.000 euros e a publicación da novela na sección de “Páxinas Literarias” de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto e simultaneamente na súa páxina web ([www.lavozdegalicia.es](http://www.lavozdegalicia.es)). Ademais, existe a posibilidade de edición da obra gañadora en formato libro, dentro do ano, e nas condicións habituais de devengo de dereitos de autor. Trátase dun galardón paralelo ao de narrativa curta “Relatos de verán”, que comezou no ano 2000. Na primeira edición, o xornal convocante publicou, por fascículos e fóra de concurso, a novela *O xabaril branco* (2000), de Tucho Calvo; a partir de entón, as obras sométense a concurso. En anteriores edicións resultaron gañadores Marilar Aleixandre, en 2001, por *Unha presa de terra* (2001); Miguel Suárez Abel, en 2002, por *O repenique de Beatriz Goldar* (2003); Xosé Antonio Perozo, en 2003, por *Caderno de Riparia* (2004); Ángel de la Cruz, en 2004, por *O descenso do derradeiro ocase* (2005); Carlos Freire Cordeiro, en 2005, por *Acio sanguento* (2005); Santiago Lopo, en 2006, por *Game over* (2007); Concha Blanco, en 2007, por *Habitación 202* (2008); Emilio Alonso, en 2008, por *Mercurio* (2009); Alberto Ramos, en 2009, por *Con acuse de recibo* (2010); An Alfaya, en 2010, por *Vía secundaria* (2011); Diego Ameixeiras, en 2011, por *Historias de Oregón* (2011); Fran Alonso, en 2012, por *A punta de pistola* (2012); e Francisco Castro, en 2013, por *O corazón de Branca de Neve* (2013). Na décima cuarta edición do ano 2014 o galardón foi para a novela *A dúbida*, de María Reimóndez (Lugo, 1975). O ditame do xurado, composto por Ramón Nicolás, Francisco Armesto, César Casal, Luís Pousa, Héctor Porto, Beatriz Pallas, Marta Otero e Ana Abelenda, deuse a coñecer o 18 de xullo no transcurso da tradicional cea literaria no coruñés Museo Santiago Rey Fernández-Latorre.

## Referencias varias:

- R. R. García, “O verán é para o lecer e para ler”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Libros de verano”, 25 xullo 2014, pp. 16-17.

Dá conta das páxinas literarias que *La Voz de Galicia* publica durante o mes de agosto para que as persoas afeccionadas á escrita poidan publicar os seus relatos. Indica que o premio Relatos de Verán conta con catorce edicións e faise un repaso pola nómina de escritores consagrados que gañaron o premio.

- María Reimóndez, “O espello”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Novela por entregas”, “Capítulo 1”, “A dúbida”, 1 agosto 2014, p. 28.

Reprodúcese o primeiro capítulo da “Novela por entregas” *A dúbida*, de María Reimóndez, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abalades.

- María Reimóndez, “As primeiras pingas”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Novela por entregas”, “Capítulo 2”, “A dúbida”, 2 agosto 2014, p. 31.

Reprodúcese un resumo do anterior capítulo e a entrega do segundo capítulo da “Novela por entregas” *A dúbida*, de María Reimóndez, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abalades.

- María Reimóndez, “Quen?”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Al sol”, “Capítulo 3”, “A dúbida”, 3 agosto 2014, p. 38.

Reprodúcese un resumo do anterior capítulo e a entrega do seguinte capítulo da “Novela por entregas” *A dúbida*, de María Reimóndez, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abalades.

- María Reimóndez, “A decisión”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Al sol”, “Capítulo 4”, “A dúbida”, 4 agosto 2014, p. 28.

Reprodúcese un resumo do anterior capítulo e a entrega do seguinte capítulo da “Novela por entregas” *A dúbida*, de María Reimóndez, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abalades.

- María Reimóndez, “Revelacións na cadea”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Al sol”, “Capítulo 5”, “A dúbida”, 5 agosto 2014, p. 24.

Reprodúcese un resumo do anterior capítulo e a entrega do seguinte capítulo da “Novela por entregas” *A dúbida*, de María Reimóndez, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abalades.

- María Reimóndez, “Cicloxénese”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Al sol”, “Capítulo 6”, “A dúbida”, 6 agosto 2014, p. 28.

Reprodúcese un resumo do anterior capítulo e a entrega do seguinte capítulo da “Novela por entregas” *A dúbida*, de María Reimóndez, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

- María Reimóndez, “Contactos policiais”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Al sol”, “Capítulo 7”, “A dúbida”, 7 agosto 2014, p. 32.

Reprodúcese un resumo do anterior capítulo e a entrega do seguinte capítulo da “Novela por entregas” *A dúbida*, de María Reimóndez, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

- María Reimóndez, “Aferrarse”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Al sol”, “Capítulo 8”, “A dúbida”, 8 agosto 2014, p. 32.

Reprodúcese un resumo do anterior capítulo e a entrega do seguinte capítulo da “Novela por entregas” *A dúbida*, de María Reimóndez, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

- María Reimóndez, “Tirando nasas”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Al sol”, “Capítulo 9”, “A dúbida”, 9 agosto 2014, p. 30.

Reprodúcese un resumo do anterior capítulo e a entrega do seguinte capítulo da “Novela por entregas” *A dúbida*, de María Reimóndez, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

- María Reimóndez, “Informes crediticios”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Al sol”, “Capítulo 10”, “A dúbida”, 10 agosto 2014, p. 38.

Reprodúcese un resumo do anterior capítulo e a entrega do seguinte capítulo da “Novela por entregas” *A dúbida*, de María Reimóndez, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

- María Reimóndez, “Seguindo o guión”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Al sol”, “Capítulo 11”, “A dúbida”, 11 agosto 2014, p. 34.

Reprodúcese un resumo do anterior capítulo e a entrega do seguinte capítulo da “Novela por entregas” *A dúbida*, de María Reimóndez, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

- María Reimóndez, “Pezas do pasado incomprensible”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Al sol”, “Capítulo 12”, “A dúbida”, 12 agosto 2014, p. 24.

Reprodúcese un resumo do anterior capítulo e a entrega do seguinte capítulo da “Novela por entregas” *A dúbida*, de María Reimóndez, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

- María Reimóndez, “Preguntas delicadas”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Al sol”, “Capítulo 13”, “A dúbida”, 13 agosto 2014, p. 30.

Reprodúcese un resumo do anterior capítulo e a entrega do seguinte capítulo da “Novela por entregas” *A dúbida*, de María Reimóndez, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

- María Reimóndez, “Mensaxeira”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Al sol”, “Capítulo 14”, “A dúbida”, 14 agosto 2014, p. 30.

Reprodúcese un resumo do anterior capítulo e a entrega do seguinte capítulo da “Novela por entregas” *A dúbida*, de María Reimóndez, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

- María Reimóndez, “Novos procesos”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Al sol”, “Capítulo 15”, “A dúbida”, 15 agosto 2014, p. 30.

Reprodúcese un resumo do anterior capítulo e a entrega do seguinte capítulo da “Novela por entregas” *A dúbida*, de María Reimóndez, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

- María Reimóndez, “Comeza o xuízo”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Al sol”, “Capítulo 16”, “A dúbida”, 16 agosto 2014, p. 30.

Reprodúcese un resumo do anterior capítulo e a entrega do seguinte capítulo da “Novela por entregas” *A dúbida*, de María Reimóndez, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

- María Reimóndez, “A policía a xuízo”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Al sol”, “Capítulo 17”, “A dúbida”, 17 agosto 2014, p. 32.

Reprodúcese un resumo do anterior capítulo e a entrega do seguinte capítulo da “Novela por entregas” *A dúbida*, de María Reimóndez, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

- María Reimóndez, “Inversió”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Al sol”, “Capítulo 18”, “A dúbida”, 18 agosto 2014, p. 28.

Reprodúcese un resumo do anterior capítulo e a entrega do seguinte capítulo da “Novela por entregas” *A dúbida*, de María Reimóndez, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

- María Reimóndez, “No estrado”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Al sol”, “Capítulo 19”, “A dúbida”, 19 agosto 2014, p. 30.

Reprodúcese un resumo do anterior capítulo e a entrega do seguinte capítulo da “Novela por entregas” *A dúbida*, de María Reimóndez, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

- María Reimóndez, “Informes psicolóxicos”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Al sol”, “Capítulo 20”, “A dúbida”, 20 agosto 2014, p. 24.

Reprodúcese un resumo do anterior capítulo e a entrega do seguinte capítulo da “Novela por entregas” *A dúbida*, de María Reimóndez, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

- María Reimóndez, “A declaración”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Al sol”, “Capítulo 21”, “A dúbida”, 21 agosto 2014, p. 24.

Reprodúcese un resumo do anterior capítulo e a entrega do seguinte capítulo da “Novela por entregas” *A dúbida*, de María Reimóndez, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

- María Reimóndez, “Cos ollos abertos”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Al sol”, “Capítulo 22”, “A dúbida”, 22 agosto 2014, p. 30.

Reprodúcese un resumo do anterior capítulo e a entrega do seguinte capítulo da “Novela por entregas” *A dúbida*, de María Reimóndez, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

- María Reimóndez, “Carreira contra o reloxo”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Al sol”, “Capítulo 23”, “A dúbida”, 23 agosto 2014, p. 30.

Reprodúcese un resumo do anterior capítulo e a entrega do seguinte capítulo da “Novela por entregas” *A dúbida*, de María Reimóndez, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

- María Reimóndez, “Tirando do fío”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Al sol”, “Capítulo 24”, “A dúbida”, 24 agosto 2014, p. 32.

Reprodúcese un resumo do anterior capítulo e a entrega do seguinte capítulo da “Novela por entregas” *A dúbida*, de María Reimóndez, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

- María Reimóndez, “Tren nocturno”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Al sol”, “Capítulo 25”, “A dúbida”, 25 agosto 2014, p. 32.

Reprodúcese un resumo do anterior capítulo e a entrega do seguinte capítulo da “Novela por entregas” *A dúbida*, de María Reimóndez, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

- María Reimóndez, “Antecedentes”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Al sol”, “Capítulo 26”, “A dúbida”, 26 agosto 2014, p. 30.

Reprodúcese un resumo do anterior capítulo e a entrega do seguinte capítulo da “Novela por entregas” *A dúbida*, de María Reimóndez, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

- María Reimóndez, “Esforzos infrutuosos”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Al sol”, “Capítulo 27”, “A dúbida”, 27 agosto 2014, p. 30.

Reprodúcese un resumo do anterior capítulo e a entrega do seguinte capítulo da “Novela por entregas” *A dúbida*, de María Reimóndez, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

- María Reimóndez, “A foto”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Al sol”, “Capítulo 28”, “A dúbida”, 28 agosto 2014, p. 30.

Reprodúcese un resumo do anterior capítulo e a entrega do seguinte capítulo da “Novela por entregas” *A dúbida*, de María Reimóndez, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

- María Reimóndez, “Buscando unha saída”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Al sol”, “Capítulo 29”, “A dúbida”, 29 agosto 2014, p. 28.

Reprodúcese un resumo do anterior capítulo e a entrega do seguinte capítulo da “Novela por entregas” *A dúbida*, de María Reimóndez, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

- María Reimóndez, “Os intocables de Eliot Ness”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Al sol”, “Capítulo 30”, “A dúbida”, 30 agosto 2014, p. 34.

Reprodúcese un resumo do anterior capítulo e a entrega do seguinte capítulo da “Novela por entregas” *A dúbida*, de María Reimóndez, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

- María Reimóndez, “Fins e comezos”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Al sol”, “Capítulo 31”, “A dúbida”, 31 agosto 2014, p. 36.

Reprodúcese un resumo do anterior capítulo e a entrega do seguinte capítulo da “Novela por entregas” *A dúbida*, de María Reimóndez, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

### Concurso de relatos **Parque das Illas Atlánticas**

Certame convocado pola Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia co obxectivo de celebrar o Día Mundial dos Animais. Presenta dúas categorías: xuvenil (de entre 10 e 17 anos) e adultos (maiores de 18 anos); e dúas modalidades: relatos curtos (mínimo de 900 palabras e máximo de 1.500) e microrrelatos (inferior a 500 palabras). Os traballos, que poden ir en galego ou castelán, tratarán a fauna do parque nacional das Illas Atlánticas de Galicia. Presentaranse antes do 21 de setembro na oficina do Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia, Rúa Oliva nº.3, CP-36202, Vigo; ou enviaranse ao enderezo electrónico [iatlanticas@xunta.es](mailto:iatlanticas@xunta.es). O premio consistirá nunha visita ao Parque Nacional e un lote de material divulgativo relacionado con espazos protexidos. Os textos premiados editaranse en libro. A entrega celebrarase na sede do Parque Nacional, na rúa Palma nº.4 de Vigo. O gañador resultou ser Noé Ferreira Rodríguez.

### Premio de Microrrelato **Quintal Literario**

A Asociación Trabalingua convoca este certame, dirixido ao alumnado universitario, para poñer en valor a lingua e a cultura propias de Galicia. Os textos debían presentarse en forma de postal e con ilustracións. Presentáronse máis de cen traballos e a gañadora foi Ana Belén Rodríguez por “Carrapuchiña liberada”, con ilustración de Xoana Santos Álvarez. O primeiro accésit levouno Antom Labranha por “Que se lixe a Troika”, e Mariana Fernández Vigo levou o segundo accésit por “Trío”. Na entrega de premios, realizada na Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo, o antropólogo Manuel Mandianes e a escritora Carme Blanco deron unha conferencia.

### **Redes de Letras, Concurso de Relatos Curtos.**

Certame convocado pola Agrupación Instrutiva de Caamouco dende o ano 2012 para potenciar o hábito da lectura e fomentar o uso do galego. Conta coa colaboración de CaamoucoNET e a librería Carpe Diem de Ares. Existen dúas categorías: infantil-xuvenil (até 16 anos) e adulta (a partir de 17 anos). Outórgase un premio ao gañador ou gañadora da edición infantil-xuvenil e da edición para adultos, que reciben un lote de libros en galego, en colaboración coa librería Carpe Diem de Ares. Poden participar todas as persoas que o desexen, con relatos curtos cunha extensión máxima de 1.000 palabras, sempre que os seus traballos sexan inéditos e escritos en galego. A organización respecta o estilo propio e de autor e non modifica a estrutura global do texto nin o xeito no que este foi escrito, tanto en cuestións ortográficas como lingüísticas. A temática é libre. A organización resérvase o dereito a eliminar do certame aqueles relatos que poidan ferir a sensibilidade dos lectores, con contidos sexistas, discriminatorios ou que arremetan contra a integridade das persoas. Os textos deben presentarse cun título. No caso de que este non se remita, a organización resérvase o dereito de crear un para unha mellor identificación e localización dentro da *web*. O feito de participar no certame implica aceptar a cesión de dereitos para a publicación do relato na web [www.caamouco.net](http://www.caamouco.net). Ao mesmo tempo, a Agrupación Instrutiva de Caamouco resérvase o dereito para reproducir total ou parcialmente os textos presentados a concurso, resulten ou non gañadores, en calquer formato. Pode presentarse un único relato por participante. O arquivo no que se envíe o relato debe permitir a extracción do texto. Non pode incluír imaxes, nin ser un texto escaneado. Entre os formatos preferentes nos que enviar o texto, suxírense .txt .doc .odt e .pdf. Os relatos envíanse, xunto cos datos persoais, por correo electrónico á dirección [redesdeletras@caamouco.net](mailto:redesdeletras@caamouco.net) tamén a través da páxina *web* [www.caamouco.net](http://www.caamouco.net). Todos os textos poden ser consultados na páxina [www.caamouco.net](http://www.caamouco.net). a medida que son enviados polos participantes. Unha vez enviado o relato xunto cos datos persoais, remíteselle ao autor ou autora unha confirmación da recepción do relato mediante un correo electrónico, indicándose a súa aceptación no concurso ou as razóns do seu rexeitamento. O xurado está formado por tres persoas cualificadas, relativas ao mundo da cultura. Na III edición, correspondente ao ano 2014, o prazo para a recepción dos textos comezou o 15 de xullo e remataba o 30 de setembro, ás 23:59 horas. A gañadora na categoría de adultos foi José Manuel Bouzamayor Riola, co relato “O amor non ten fin”. Na modalidade infantil-xuvenil, a gañadora foi Saray Díaz Canosa, co conto “Enredados”. O acto de entrega dos galardóns tivo lugar o 14 de decembro.

### **Concurso Relatos de Verán. La Voz de Galicia**

No ano 2000, por vez primeira, *La Voz de Galicia* convidou aos escritores afeccionados a que enviasen os seus relatos para seren publicados durante todos os días do mes de agosto na sección “Páxinas literarias”. Estas páxinas incluíron fóra de concurso unha sección dedicada a escritores coñecidos, para daren cabida tamén á publicación por capítulos da obra que resultara gañadora do premio “Novela por entregas”. Dende ese ano, *La Voz de Galicia* e Canal Voz convocan este concurso dirixido a persoas de todas as idades con textos inéditos, de tema libre, escritos en galego ou castelán, que deben ser enviados xunto a unha pequena biografía con fotografía tamaño carné e os datos persoais, a *La Voz de Galicia* (Avda. da Prensa, n.º 84-85, Polígono de Sabón, 15142, Arteixo-A Coruña) ou ao correo electrónico [relatos@lavo.es](mailto:relatos@lavo.es). Os orixinais non poden exceder as vinte e cinco liñas mecanografadas de corpo once (uns 2.100 caracteres). Un xurado encárgase de seleccionar os relatos para ser publicados ao longo do mes de agosto no xornal e na súa páxina en liña. O lectorado de *La Voz de Galicia* é o encargado de elixir cada semana o mellor conto dos autores e autoras noveis que se publicaron durante ese período emitindo o seu voto por medio duns cupóns diarios que aparecen no xornal. Polo feito de participar na votación, entran nun sorteo semanal dunha selección de libros da editorial Biblos Clube de Lectores. Existen dúas modalidades: menores de 15 anos e maiores de 15 anos. Os premios na XV convocatoria de 2014 consistiron nunha Tablet Primux para a modalidade de menores de 16 anos e cunha viaxe para dúas persoas na modalidade de maiores de 16 anos. O prazo de entrega dos relatos rematou o 14 de xullo. Os galardóns foron para Arianne Rubén Peña Fernández polo relato “Reloj de cuerda” e, na categoría infantil, para Cristina Blanco Martínez polo relato “La casa maldita”. O acto de entrega tivo lugar o 27 de setembro no Museo Santiago Rey Fernández-Latorre.

#### Premio Narrativa Breve **Repsol YPF**

Premio convocado dende o ano 2006 polo complexo Repsol-YPF e dende 2010 pola Fundación Repsol, en colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia co fin de contribuír ao desenvolvemento da literatura galega. Conta co apoio da Real Academia Galega, a Asociación Galega de Editores e a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega e coa colaboración da Editorial Galaxia. Anteriormente estaba dotado cun premio de 6.000 euros, na terceira edición a contía aumentou até os 9.000 euros e no ano 2013 até os 12.000 euros, ademais da publicación da obra na Editorial Galaxia. Poden concorrer todos os autores e todas as autoras que o desexen, agás a persoa gañadora da edición anterior. Os traballos, orixinais e inéditos, escritos en lingua galega seguindo a normativa vixente, cunha extensión entre cincuenta e cento vinte folios deben presentarse encadernados en seis copias, mecanografados a dobre espazo, nas que figure o título da obra e o lema xunto a un sobre pechado no que se inclúan os datos persoais do autor ou autora e dirixirse ao Complexo Industrial Repsol YPF (Apartado 700, 15080, A Coruña). O xurado está conformado por un representante da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura; outro da Fundación Repsol, un da Real Academia Galega, outro da Asociación de escritores en Lingua Galega e un da Editorial Galaxia. En edicións anteriores o galardón recaeu en *Se algún día esta muller morta*, do xornalista Miguel Sande, en 2006; *Así nacen as baleas*, de Anxos Sumai, en 2007; *A verdade como mal menor*, de Xosé Luís Martínez Pereiro, en 2008; *Os Fíos*, de Xurxo Sierra Veloso, en 2010; *Microbios e outros paquidermos*, de Fernando Díaz-Castroverde Gómez, en 2011; *A forma das nubes*, de María López Sánchez, en 2012; e *O derradeiro libro de*



*Emma Olsen*, de Berta Dávila. No ano 2014 tivo lugar a oitava edición, e o prazo de presentación de obras abrangueu até o 22 de xullo. Presentáronse trinta e un traballos e o xurado, composto por Berta Dávila, Dolores Vilavedra, Euloxio Rodríguez Ruibal, Mercedes Queixas e Carlos Lema decidiu galardoar a Santiago González Lopo (Vigo, 1974) pola súa obra *A diagonal dos tolos* (2014). O acto de entrega do galardón tivo lugar na Fundación Paideia da Coruña o día 26 de decembro e estivo presidido polo conselleiro de cultura Xesús Vázquez, o vicepresidente da Fundación Repsol César Gallo Erena, e o director da Editorial Galaxia Víctor Freixanes.

### **Referencias varias:**

- Irene Jiménez, “Santiago Lopo, premio Repsol con ‘A diagonal dos tolos’”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 27 setembro 2014, p. 46.

Dá conta do gañador do Premio de Narrativa Breve Repsol, o escritor e tradutor Santiago Lopo pola súa obra *A diagonal dos tolos* que será publicado en Galaxia. Faise un repaso pola súa traxectoria profesional e literaria e inclúe a súa impresión sobre o recibimento do galardón.

- M. G. M., “Santiago Lopo gaña o oitavo premio Repsol coa obra ‘A diagonal dos tolos’”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 27 setembro 2014, p. 17.

Informa da concesión do Premio de Narrativa Breve Repsol a Santiago Lopo por *A diagonal dos tolos* que será publicado en Galaxia. Inclúe a valoración da obra por parte de xurado e fala da temática do relato.

### **II Concurso de microrrelatos Ribeira Sacra**

O Concello de Parada de Sil convoca este premio grazas á doazón de Eugenio Prieto Pérez. A extensión do texto non superará as 200 palabras, a temática será libre, escrito en galego ou castelán. A data de entrega finalizou o 7 de marzo e os traballos remitíronse á Praza Campo da Feira, n.º 1, CP-32740, Parada de Sil. O premio consiste nun primeiro premio (700 euros) e un segundo premio (300 euros). No ano 2014 Jorge Pérez Andersen, de Sevilla, levou o primeiro premio por “Ópera”; e Paco Robles Planas, de San Joan de Mediona (Barcelona), levou o segundo premio por “Escrituras del yo”.

### **Premio Rosalía de Castro do Pen Clube**

Convocado por primeira vez en 1996 polo Pen Clube galego, nacido en 1988 a iniciativa de Carlos Casares. De edición bienal, patrocinado pola Consellería de Cultura e coa colaboración da Universidade de Santiago, entrégase a un escritor representante das outras catro linguas das literaturas peninsulares, para “desde Galicia establecer lazos coas nosas literaturas veciñas”. O galardón consiste nunha placa de esmalte cun texto da autora galega. En anteriores ocasións, foron galardoados José Saramago, Gonzalo Torrente Ballester, Joan Perucho, Bernardo Atxaga, Manuel Vázquez Montalbán, Juan Mari Lekuona, Miquel de Palol, António Lobo Antunes, José Ángel Valente, Sophia de Mello, Pere Gimferrer, Anjel Lertxundi, Ernesto Sábato, Nélida

Piñón, Ricard Salvat, Felipe Juaristi, Francisco Brines, Rubem Fonseca, Carmen Riera, Ramón Saizarbitoria, Isabel Allende, Agustina Bessa Luís, Josep Palu i Fabre, Arantxa Urretabizkaia, Álvaro Mutis, Joan Margarit, Mía Couto e Jon Kortazar, Antonio Gamoneda, Ledo Ivo, Francesc Parcesisas, Itxaro Borda, María Esther Vázquez, José Viale Moutinho, Enric Casasses e Miren Agur Meabe. No ano 2014 os premiados foron Claudia Piñeiro (Burzaco, Arxentina), Kirmen Uribe (Ondarroa, 1970) e Antoni Serra (Sóller, 1936). A entrega de premios realizouse no Salón Nobre de Fonseca e fixo de mantedor Armando Requeixo.

### Referencias varias:

- X. F., “O Pen Galicia distingue a Pepetela, Claudia Piñeiro, Antoni Serra e Kirmen Uribe”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 24 febreiro 2014, p. 26.

Faise referencia a que os Premios Rosalía que organiza bianualmente o PEN Galicia recaeu nestes autores. O acto de entrega será en maio no edificio Fonseca de Santiago de Compostela.

- André Uriza, “Premio para catro novos embaixadores da literatura galega”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 25 febreiro 2014, p. 35.

Indícase que Claudia Piñeiro, Kirmen Uribe, Pepetela e Antoni Serra son os gañadores do premio Rosalía que organiza bianualmente o Centro Pen Galicia. Sinálase que a cerimonia de entrega terá lugar no Salón Nobre de Fonseca en Santiago de Compostela.

- Fran P. Lorenzo, “Os premios Rosalía de Castro do PEN galego celebran a décima edición”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 7 maio 2014, p. 42.

Coméntase que os premios Rosalía de Castro que organiza o PEN galego bianualmente recaeron nos escritores Pepetela, Claudia Piñeiro, Antoni Serra e Kirmen Uribe. O acto de entrega terá lugar no Salón Nobre do edificio Fonseca de Santiago de Compostela.

- Fran P. Lorenzo, “Os Premios Rosalía celebran un ano máis a diversidade cultural”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 29 maio 2014, p. 50

Dá conta da entrega dos Premios Rosalía que tivo lugar no Salón Nobre do edificio Fonseca de Santiago de Compostela.

- Santiago Jaureguizar, “O deporte máis nobre ao aire libre”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, p. 84/ *El Progreso*, “Vivir”, p. 66, “Cultura”, “Cidade xardín”, 31 maio 2014.

Informa que dous escritores bélicos, Pepetela e Kirmen Uribe, foron os gañadores dos Premios Rosalía de Castro organizado polo PEN Galicia.

### Concurso de Relato Breve de **Terror en galego**

Convocado pola biblioteca Ánxel Casal dirixido a persoas maiores de 14 anos. Os relatos deberán ser orixinais, inéditos, cunha extensión máxima de tres páxinas e en lingua galega. Deberán entregarse no buzón habilitado na propia Biblioteca Ánxel Casal. O prazo de presentación dos relatos péchase o día 3 de decembro. Os tres premios consisten nun lote de libros. Os gañadores da II edición do ano 2014 foron: primeiro premio, Ana Belén Rodríguez Rodríguez por “O cambiado”; segundo premio, Estela Santiago Ferreiro por “Incomprendida”, e terceiro premio, Manuela Dolores Arcos Caamaño por “Carraxe”.

### **Referencias varias:**

- ECG, “Concurso de relatos breves de terror en gallego”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 4 novembro 2014, p. 24.

Explica as bases da segunda edición deste certame que convoca a biblioteca pública Ánxel Casal de Santiago de Compostela con motivo da celebración do Samaín.

### **XV Certame Literario de Relatos Curtos Os Viadutos**

Organizado pola Concellaría de Xuventude do Concello de Redondela, o certame está dirixido a persoas con idades comprendidas entre os 18 e os 35 anos que presenten orixinais, inéditos escritos en galego, de tema libre e cunha extensión mínima de dez folios e máxima de quince. Os orixinais preséntanse no rexistro de entrada do Concello ou por correo certificado á Concellaría de Xuventude (Rúa Alfonso XII, n.º 2, 36800, Redondela). No interior deben incluírse catro copias sen asinar e encabezadas polo título do relato e pseudónimo, e nun sobre pechado, os datos do autor e unha fotocopia do DNI. Estabelécese un primeiro premio de 1.200 euros e un segundo de 600 euros.

### **XV Premio Vicente Risco de Creación Literaria**, anteriormente coñecido como Premio Risco de Literatura Fantástica

En 1999 o Concello de Ourense, a Fundación Vicente Risco e a Editorial Sotelo Blanco convocaron por primeira vez este premio, concibido como homenaxe á memoria de Vicente Martínez-Risco e do seu fillo Antón Martínez-Risco, para premiar a mellor obra de literatura fantástica do ámbito galego. Dende o ano 2006, este galardón pasou a denominarse Premio Vicente Risco de Creación Literaria e a el poden presentarse todo tipo de obras de carácter literario. A súa dotación é de 6.000 euros e a publicación do texto. A extensión dos traballos, inéditos e redactados na normativa vixente, pode variar entre os 150 folios e os 300. Os orixinais deben presentarse por sextuplicado, en soporte papel (tamaño DIN-A4), mecanografados por unha soa cara e a dobre espazo, baixo lema, e adxuntar nun sobre pechado o nome completo, enderezo e teléfono da persoa que concorre ao premio, así como o título definitivo da súa obra. Os traballos envíanse ao Rexistro Municipal do Concello de Ourense. O xurado componse de cinco persoas escollidas entre personalidades recoñecidas do mundo da literatura, unha das cales é elixida polo Concello para presidilo. En anteriores edicións foron premiadas *A rosa de Borges* (2000), de Xosé Carlos Caneiro, no ano 2000; *O caderno* (2001), de Xabier López López, en 2001; *A embaixada do vinagre* (2002), de Xosé Luís Martínez

Pereiro, en 2002; *O sangue dos camiños* (2003), de Ramón Caride Ogando, en 2003; *Un escuro rumor tralo silencio* (2005), de Isidro Novo, en 2005; *Os mércores de Fra* (2006), de Xurxo Sierra Veloso, en 2006; *Para dicir abril* (2008), de Xosé Vázquez Pintor, en 2007; *A do vinte e un* (2010), de Hixinio Puentes Novo, en 2009; *Deus xogando aos dados*, de Fernando Méndez, en 2010; *Olladas* (2012), de Adelaida Vidal Vizcaya, en 2011; *Todos os días* (2013), de Alberto Manuel Ramos Ríos, en 2012; e *As escaleiras do gran hotel*, de Rubén Martínez Alonso, en 2013. No ano 2014, XV edición, o prazo de entrega de orixinais rematou o 30 de setembro, presentáronse dezaseis orixinais e o xurado, composto por María Garrido, Constantino Pazos Sobrino, Ánxela Gracián, Luís Martínez-Risco e Rubén Martínez Alonso, concedeu o galardón á novela *A verdade nos espellos*, de Pablo Rubén Jorge Eyré (Chantada-Lugo).

### Referencias varias:

- F. Albo, “Un libro de relatos de Pablo Rubén Eyré, premio Risco de Creación Literaria”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 15 novembro 2014, p. 39.

Anuncia que Pablo Rubén Eyré gañou o premio Risco de creación literaria convocado pola Fundación Vicente Risco, o Concello de Ourense e a editorial Sotelo Blanco polo seu libro de relatos *A verdade nos espellos*. Sinala os motivos que levaron ao xurado a premialo.

### I Certame Nacional de Relatos **Vigo Histórico**

A Asociación de Comerciantes Vigo Histórico, coa colaboración da Editorial Elvira, convoca este premio dirixido a maiores de idade que presenten obras en castelán ou galego. O tema será libre pero a acción debe transcorrer na zona histórica de Vigo. Os relatos deberán ser inéditos, orixinais, cunha extensión mínima de tres folios e máxima de oito. Enviaranse por email a [info@editorialelvira.es](mailto:info@editorialelvira.es) antes do 4 de setembro. Darase un primeiro premio (cunha dotación de 1.000 euros) e poderanse conceder até cinco accésits, un para cada xénero narrativo (negro, erótico/romántico, fantástico/terror, humor e costumista) onde se poidan incluír os relatos. A Editorial Elvira publicará un libro co relato gañador e os cinco accésits en caso de habelos e calquera outro relato que sexa merecente de ser publicado. Os vencedores recibirán un exemplar deste libro. Na I edición, do ano 2014, o xurado, formado por Carlos Oroza, Avelina Rodríguez, Antón Pulido, Bieito Ledo, Julio Alonso, Javier Romero (editor) e Ángel Rivas (concelleiro de cultura), decidiu premiar a Miguel Puente Molins (Vigo, 1976) por “La Casita de la rúa Real”.

### Referencias varias:

- Ana Baena, “Un concurso quiere recuperar el lado literario del Casco Vello”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 30 maio 2014, p. 10.

Infórmase da convocatoria do Primeiro Certame Nacional de Relato Vigo Histórico que premiará os quince mellores relatos que transcorran no Casco Vello da cidade de Vigo. Os gañadores pasarán a formar parte do libro *Relatos na rúa*.

- M. N., “Los premios cierran el estreno de Vigo Histórico”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 11 decembro 2014, p. 15.

Dá conta do acto de entrega dos premios “Vigo Histórico”, celebrado en Afundación, e que contou coa presenza do alcalde Abel Caballero.

- C. P., “Miguel Puente Molíns. El Casco Vello es sugerente para la literatura; yo quise impregnarlo de magia”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, 12 decembro 2014, p. 12.

Entrevista co gañador do I Certame Nacional de Relatos Vigo-Histórico, que acadou o primeiro premio co seu relato “La casita de la Rúa Real”. Segundo o autor, especializado na temática de terror, o relato é cercano ao realismo máxico. Será publicado pola editorial Elvira xunto a outros dezaioito na antoloxía *Relatos na rúa*.

- N. Álvarez, “El certamen Vigo Histórico culmina con la publicación de ‘Relatos na rúa’”, *Faro de Vigo*, “Vigo 4 Costados”, 16 decembro 2014, p. 4.

Coméntase o peche do Certame Nacional de Relato Vigo Histórico no cal saíu gañador o relato *La casita de la rúa Real* de Miguel Puente Molíns. Tamén se fala de que con motivo da clausura deste concurso publicouse unha antoloxía co nome de *Relatos na rúa* na que se recollen as mellores obras participantes.

### Certame de novela curta **Vila de Negreira**

A Concellería de Cultura de Negreira organiza este certame, dirixido a mozas e mozos galegos ou residentes maiores de quince anos que presenten unha novela curta orixinal, inédita, escrita en galego e non premiada noutro certame. Deben dirixirse á Delegación de Cultura (Casa da Cultura, 1º andar, CP: 15830, Negreira) tres copias do orixinal, de entre quince e corenta folios, escrito a máquina ou a ordenador, con tipo de letra Times New Roman, a dobre espazo e por unha soa cara, e con soporte informático (diskette ou CD). Cada orixinal debe levar o seu título e o pseudónimo do autor e irá acompañado dun sobre pechado que conteña os seus datos persoais (nome, apelidos, fotocopia do DNI, un breve currículo, enderezo e teléfono) e leve escrito por fóra o título ou o pseudónimo do autor. Este certame consta dos seguintes premios: un galardón de 500 euros e un accésit de 100. No ano 2014 non foi convocado.

### XXXI Premio **Xerais de Novela**

Convocado por Edicións Xerais de Galicia dende o ano 1984, os orixinais, por sextuplicado e mecanografados a dobre espazo, teñen que se presentar nos locais sociais de Edicións Xerais de Galicia (Rúa Dr. Marañón, n.º 12, 36211, Vigo), baixo lema e plica. Nas primeiras convocatorias deste premio o xurado estaba constituído por críticos e estudosos da literatura, pero a partir de 1988, coa introdución do lema “A forza dos lectores”, fíxose unha selección de cinco membros entre lectores en xeral, que xunto a un secretario con voz e sen voto, que representa á editorial compoñen o xurado. Poden concorrer persoas de calquera nacionalidade que presenten os textos inéditos e orixinais en lingua galega, seguindo a normativa vixente. Edicións Xerais de Galicia resérvase os

dereitos de edición sobre a novela premiada en todas as linguas, coa posibilidade de ceder tales dereitos a terceiros. Os cinco mil primeiros exemplares vendidos están libres do pagamento de dereitos de autor e o beneficiario do premio, dotado con 15.000 euros, ten que comprometerse a renunciar expresamente a calquera pretensión sobre os devanditos dereitos, recibindo cincuenta exemplares da obra publicada. En edicións anteriores os galardóns foron para as seguintes obras: *Crime en Compostela* (1984), de Carlos González Reigosa, en 1984; *As horas de cartón* (1985), de Lois Xosé Pereira, en 1985; *No ano do cometa* (1987), de Xoán Bernárdez Vilar, en 1986; *Para despois do adeus* (1987), de Xosé Ramón Pena, en 1987; *O bosque das antas* (1988), de Francisco X. Fernández Naval, en 1988; *Galván en Saor* (1989), de Darío Xohán Cabana, en 1989; *As baleas de Eduardo Reinoso* (1990), de Alfonso A. Cáccamo, en 1990; *Agosto do 36* (1991), de Xosé Fernández Ferreiro, en 1991; *O infortunio da soidade* (1992), de Xosé Carlos Caneiro Pérez, en 1992; *O cervo na torre* (1994), de Darío Xohán Cabana, en 1994; *Unha noite con Carla* (1995), de Aníbal Calvo Malvar, en 1995; *A velocidade do frío* (1996), de Manuel García Seixas, en 1996; *Manancial* (1997), de Xavier Manteiga, en 1997; *Morning Star* (1998), de Xosé Miranda Ruíz, en 1998; *Pensa nao* (1999), de Anxo Angueira Vitureiro, en 1999; *Expediente Artieda* (2000), de Luís Rei Núñez, en 2000; *Teoría do caos* (2011), de Marilar Aleixandre, en 2001; *Concubinas* (2002), de Inma López Silva, en 2002; *Casa Skylab* (2003), de Santiago Jaureguizar, en 2003; *O exiliado e a primavera* (2004), de Manuel Veiga, en 2004; *Herba moura* (2005), de Teresa Moure, en 2005; *Tres segundos de memoria* (2006), de Diego Ameixeiras, en 2006; *Cardume* (2007), de Rexina Rodríguez Vega, en 2007; *O xardín das pedras flotantes* (2008), de Manuel Lourenzo González, en 2008; *Sol de Inverno* (2009), de Rosa Aneiros, en 2009; *Periferia* (2010), de Iolanda Zúñiga, en 2010; *Extramunde* (2011), de Xavier Queipo, en 2011; *Tonas de laranxa* (2012), de María Lorenzo Miguéns e Manuel Lorenzo Baleirón, en 2012; e *Cadeas* (2013), de Xabier López López (2013). No ano 2014 tivo lugar a XXXI edición e o prazo de presentación rematou o 31 de marzo. O ditame e a entrega do galardón desenvolvéronse o 7 de xuño na illa de San Simón na Festa Xerais e xurado, composto por Avelina Rodríguez Gil (mestra), Marta Fernández Alberte (mestra), Susana Pedreira Buján (xornalista), Montserrat Dopico (xornalista), Benxamín Rioboo Sanluís (libreiro) e Fran Alonso en representación de Edicións Xerais, como secretario, con voz e sen voto, decidiu galardoar, de entre trinta e nove obras, a María Reimóndez (Lugo, 1975) pola novela *Dende o conflito* (2014).

### Referencias varias:

- Ramón Rozas, “Ronseis”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “A vida nun fío”, 7 xuño 2014, contracuberta.

Fai referencia ao gañador do Premio Xerais que foi para María Reimóndez e ao vencedor do Premio Merlín de Literatura Infantil, Leticia Costas.

- Ágatha de Santos, “Unos Xerais con sabor vigués”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, p. 46/ *La Opinión*, “Sociedad, cultura y ocio”, p. 39, 8 xuño 2014.

Anúncianse os gañadores do XXXI Premio Xerais de Novela, o VI Premio Julio Verne de Literatura Juvenil e o XXXIX Merlín de Literatura Infantil que foron para María

Reimóndez, Eduadro Santiago e Leticia Costas respectivamente. O acto de entrega tivo lugar na illa de San Simón.

- Á. S., “María Reimóndez. ‘Creo en la literatura como herramienta de cambio social’”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, p. 46/ *La Opinión*, “Sociedad, cultura y ocio”, p. 39, 8 xuño 2014.

Entrevístase á gañadora do Premio Xerais de Novela, María Reimóndez merecedora do galardón por *Dende o conflito*, unha novela que inclúe a figura feminina nos conflitos bélicos. A autora defende a literatura como medio para a reflexión e o entretemento.

- Ágatha de Santos, “Quería desmitificar el tema de la muerte”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 8 xuño 2014, p. 46.

Entrevista a Leticia Costas, quen ficou gañadora do Premio Merlín de Literatura Infantil coa súa obra *Escarlatina. A cociñeira defunta*.

- Lorena Rodríguez, “María Reimóndez, Leticia Costas e Eduardo Santiago, premios Xerais”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 8 xuño 2014, p. 40.

Fálase sobre os gañadores do Premio Xerais de Novela, o Premio Julio Verne de Literatura Xuvenil e o Merlín de Literatura Infantil. Faise referencia a cada unha das obras galardoadas e os motivos que os levaron a recibir tal premio.

- J. L., “María Reimóndez. ‘O premio reconece unha maneira de facer literatura’”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 8 xuño 2014, p. 42.

Entrevístase a María Reimóndez gañadora do Premio Xerais de Novela coa obra *Dende o conflito*. A autora conta as súas sensacións tras recibir o galardón.

- Ramón Rozas, “Leticia verniana en San Simón”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, “Entre dous”, 9 xuño 2014, p. 14.

Opina sobre a entrega dos Premios Xerais considerándoos unha ledicia non só para os gañadores senón tamén para a literatura e a cultura galega en xeral.

- Santiago Jaureguizar, “Un fedor docemente veneciano”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Cidade xardín”, 14 xuño 2014, p. 68.

Fala sobre os Premios Xerais de Novela e a súa escaseza en canto a representatividade feminina. A gañadora do certame, María Reimóndez, tamén confirma esta afirmación.

- Marta Balo, “Leticia Costas. ‘Temos unha sociedade deseñada por e para os homes’”, *Diario de Pontevedra*, “Revista!”, “Entrevista”, 13 xullo 2014, pp. 4-5.

Entrevista a Leticia Costas, gañadora do Premio Merlín de Literatura Infantil coa súa obra *Escarlatina. A cociñeira defunta*. A autora explica que quería desmitificar o tema da morte e amosa a súa preocupación pola discriminación da literatura infantil e xuvenil.

- Jaureguizar, “Reimóndez reivindica no seu Xerais o ‘activismo’ das reporteiros de guerra”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 15 novembro 2014, p. 54.

Conversa con María Reimóndez durante a presentación da súa novela *Dende o conflito* en Lugo. Refíre que a autora resaltou a “evolución” do personaxe principal da xornalista, a raíz do seu posicionamento fronte á guerra, debido ás implicacións “sobre todo, persoais e éticas” que ten o xornalismo bélico que realiza.



## X. 2. POESÍA

### Premio de poesía **Afundación**

Naceu, froito dun convenio entre a entidade bancaria e o PEN Clube de Galicia, no ano 2002 co obxectivo de impulsar a edición de poesía en galego. No ano 2010, debido á fusión de Caixanova e Caixa Galicia, pasou a denominarse Novacaixagalicia e dende 2014, logo da bancarización da caixa, pasou a denominarse Afundación. Conta coa colaboración da Xunta de Galicia. Poden concorrer todos os poetas que o desexen, presentando unha soa obra escrita en lingua galega segundo a normativa vixente e non menor a seiscentos versos. O premio é indivisíbel e até agora estaba dotado con 12.000 euros, que na edición de 2013 pasaron a ser 6.000 euros. Ademais implica a publicación da obra gañadora na colección “Arte de Trobar”, editada polo PEN Clube de Galicia e a Afundación. Os traballos presentados teñen que ser inéditos, cunha extensión mínima de seiscentos versos e enviarse por quintuplicado, mecanografados a dobre espazo e baixo lema e plica ao Centro Social Afundación, Avda. Policarpo Sanz, 24, 36202 Vigo. En anteriores edicións resultaron galardoados: en 2002 Xavier Seoane, por *Dársenas do ocase*; en 2003 María do Cebreiro, por *Non queres que o poema te coñeza*; en 2004 Román Raña, por *As metamorfoses do túnel*; en 2005 Arcadio López-Casanova, por *Herdo do canto*; en 2006 Marilar Aleixandre, por *Mudanzas*; en 2007 Carlos Penela por *Sombras, rosas, sombras*; en 2008 Luís Valle por *A caída*; en 2009 Xabier Rodríguez Baixeras por *Deserto diamantino*; en 2010 Emma Pedreira Lombardía por *Antítese da ruína*; en 2011 Xosé Daniel Costa Currás por *Monicreques*; en 2012 Xosé Daniel Costa Currás por *Monicreques*; e en 2013 Yolanda Castaño por *A segunda lingua*. No ano 2014 tivo lugar a undécima edición deste certame e o o prazo de entrega de orixinais rematou o 5 de setembro. O xurado, integrado por Luís González Tosar, presidente do Centro Pen de Galicia, como presidente; Óscar Javier Castro Martínez, como secretario; Bieito Iglesias Araújo; Francisco Pérez Lorenzo e María Dolores Villanueva Gesteira, decidiu premiar a obra titulada *Bazar de traidores*, do poeta Elías Portela.

### Referencias varias:

- MVI, “Elías Portela gaña o premio Afundación cun poemario que xunta Facebook e latín”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, p. 53/ *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, p. 64, 26 novembro 2014.

Anuncia o gañador do premio de Poesía Afundación: Elías Portela, lingüista e tradutor de Cangas do Morrazo pola súa obra *Bazar de traidores*. Inclúe as declaracións do poeta sobre a obra galardoada e os motivos do xurado para elixila.

- Julieta Bosque, “Portela gana el XII Premio de Poesía Afundación”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 26 novembro 2014, p. 45.

Dá noticia de que Elías Portela, lingüista e tradutor de Cangas do Morrazo afincado en Islandia, é o gañador do premio de Poesía Afundación polo seu poemaria *Bazar de traidores*. Inclúe as declaracións do poeta sobre o tema, a composición da obra galardoada e as razóns que deu o xurado para premiala.

- E. Ocampo, “Un escritor de Cangas afincado en Islandia gana el Premio de Poesía Afundación”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 26 novembro 2014, p. 37.

Anuncia que Elías Portela, natural de Cangas do Morrazo, é o gañador do Premio de Poesía Afundación pola súa obra *Bazar de Traidores*. Fálase do seu éxito literario en Islandia, onde reside e recóllense os argumentos que esgrimiou o xurado para premiar a obra. Saliéntase o cantidade de poemarios presentados ao concurso que constatan, en opinión do xurado, o bo momento da creación poética en Galicia.

- E. Ocampo, “Un escritor gallego afincado en Islandia gana el Premio de Poesía Afundación”, *La Opinión*, “Sociedad, cultura y ocio”, 26 novembro 2014, p. 31.

Informa de que o gañador do Premio de Poesía Afundación, convocado polo Centro Pen e a Xunta, é Elías Portela pola súa obra *Bazar de Traidores*. Saliéntase a fama literaria que o poeta conseguiu en Islandia, país de residencial actual, e destácanse as razóns do xurado para elixir este poemario como obra galardoada.

- P. Calveiro, “Elías Portela conquista con ‘Bazar de traidores’ el premio Afundación”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 26 novembro 2014, p. 39.

Dá conta de que Elías Portela resultou gañador do premio de poesía Afundación. Detalla a estrutura compositiva e a temática da obra e recolle as palabras do autor ao respecto. Narra a historia da súa chegada a Islandia e describe a súa situación laboral actual.

- E. Ocampo, “Elías Portela Fernández. ‘El libro va a tener impacto, hay poemas que son una bofetada’”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 27 novembro 2014, p. 40.

Recóllese unha conversa con Elías Portela co gallo do recibimento do premio de poesía Afundación. Fálase do significado do premio na súa traxectoria, da temática e construción compositiva do obra galardoada e do seu éxito literario en Islandia.

- Ana Baena, “Elías Portela. ‘Este premio sácame do anecdótico, de ser o gracioso que publica en islandés’”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 1 decembro 2014, p. 11.

Dá conta dunha entrevista a Elías Portela, gañador do premio de poesía Afundación. Comenta o significado do premio na súa traxectoria, da temática e da estética do poemario e do formato da súa publicación.

## X Concurso de poesía **Anomar**

A Asociación Recreativa e Cultural Os Tilos, de Teo, coa colaboración do Concello de Teo, convoca este galardón coa intencionalidade de unir a experiencia, o coñecemento e a importante transmisión cultural das persoas maiores coa ilusión e a creatividade dos máis mozos. O nome do concurso fai alusión a unha persoa que simboliza a experiencia, a forza e a ilusión por aprender, de superarse día a día, a señora Ramona, a persoa maior da asociación. Anomar é Ramona ao revés, a cal representa a todas as persoas maiores que, coma ela, están convencidas de que na vida se aprende cada día e que a creación literaria é unha forma máis de expresividade e coñecemento. O concurso está dividido

en tres categorías segundo a idade: a 1ª, de nove a catorce anos; a 2ª, de quince a dezaoto; e a 3ª para maiores de dezaoto. A temática dos poemas é libre e deben ocupar entre vinte e cen versos en galego. Pódense enviar por correo postal nun sobre grande sen remite, co nome da categoría á que se presenta, onde se introduce o poema sen o nome do autor ou da autora e un sobre pequeno onde conste o título do poema, nome da persoa, enderezo e número de teléfono ao enderezo da asociación (rúa Ameneiro, n.º 8, baixos parroquiais, 15894, Os Tilos, Teo). Tamén se poden entregar por correo electrónico enviando o poema en arquivo adxunto sen o nome da persoa a [arcostilos@arcostilos.org](mailto:arcostilos@arcostilos.org). No email deberán constar o título do poema, o nome da persoa, o enderezo e o teléfono e no asunto escribirase Concurso de poesía Anomar. O xurado está composto por tres persoas do mundo da literatura, que seleccionaran una obra para cada categoría e entregarán os galardóns, un lote de libros. Na X edición, do ano 2014, o xurado estivo composto por Rafa Villar e Chelo Suárez, entre outros.

### VIII Certame de Poesía **Antón Zapata García**

A Concellaría de Cultura e Benestar do Concello de Laxe convoca este certame na honra do poeta laxense. Poden participar todas as persoas que o desexen, de calquera procedencia, con composicións en galego ou en castelán. A extensión e temática dos traballos é libre, pero deben estar inéditos. Os poetas poden inscribirse en tres categorías segundo a súa idade: infantil, até 11 anos; xuvenil, dos 12 aos 25 anos; e adultos, a partir dos 25 anos. Todas as obras deben enviarse baixo un pseudónimo ás oficinas da Concellaría de Cultura do Concello de Laxe, preferentemente por correo postal, ao enderezo: Avda. Cesáreo Pondal, n.º 26, 15117 Laxe. No sobre debe figurar tan só o pseudónimo e a categoría na que se inscribe. Nun sobre lacrado no interior deben figurar os datos persoais do autor: nome e apelidos, data de nacemento, enderezo e teléfono de contacto. No ano 2014 tivo lugar a VIII edición do concurso e o prazo para presentar orixinais estivo aberto até o 18 de agosto. A resolución do xurado deuse a coñecer o 23 de agosto, coincidindo co acto Solpor Poético. Os premiados foron: en adultos, María del Carmen Pastoriza Paz por “Mar adentro·”; en xuvenil, Darío Miranda Pastoriza por “Eterno guía”; e en infantil, Camilo Pablo Domínguez Espasandín.

### **Referencias varias:**

- J. M., “Octavo Certame de Poesía Antón Zapata en Laxe”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1007, 16 agosto 2014, p. 2.

Avisase do peche de prazo para presentarse ao certame e a data da resolución.

### XVIII Certame **Francisco Añón de Poesía** Concello de Outes

Convocado polo Concello de Outes e organizado pola Oficina de Información Xuvenil deste Concello coa intención de fomentar os valores da creación literaria en galego da xente nova e promover aspectos vinculados co pensamento do ilustre escritor. No ano 2008 estableceéronse cinco categorías: A) para nenos de seis a sete anos cun premio dun vale de 90 euros en libros e publicación da obra; B) para os de oito a nove anos cun premio dun vale de 120 euros en libros e publicación do poema; C) para os nenos de 10

a 11 anos cun premio dun vale de 150 euros en libros e publicación do poema; D) para os mozos de doce a catorce anos cun premio dun vale de 180 euros en libros e publicación do poemario; E) para mozos de quince a dezasete anos cun vale de 230 euros e publicación da obra; e F) para os maiores de dezoito anos cun cheque por valor de 1.000 euros e publicación da obra. En todas as categorías contéplase a posibilidade de conceder un accésit. Nas modalidades E e F os textos deben ter unha extensión mínima de cento cincuenta versos. Os orixinais deben presentarse en sobre pechado no que conste o título da obra, a categoría e o lema ou pseudónimo do autor e, dentro, outro sobre, cos datos persoais e fotocopia do DNI ou CIF. Os traballos entréganse na Casa da Cultura (Avda. de San Campio, s/n, 15230 Outes). Na XVIII edición de 2014, o prazo de entrega de orixinais rematou o 10 de abril e o xurado estivo composto pola escritora Marica Campo Domínguez; María Mercedes Queixas Zas; Mario Regueira; Xavier Campos Villar; e o concelleiro de cultura do Concello de Outes Manuel García Fiúza; e, como secretario, con voz e sen voto, Santiago Nieto Romarís. Na edición de 2014 a gañadora foi Elisabet Ríos Liste con *Doe tanto a túa ausencia*, o accésit foi para Alejandro Sande Corral con *Un milagre sen ril*. Ambos verán a súa obra publicada e a gañadora recibirá tamén 1.000 euros. Na categoría de 15 a 17 anos e 12 a 14 anos os gañadores foron Daniel Amarelo Montero con *Pracer observados, pracer agochados* e Fátima Barros Monteagudo con *Pombas espidas* respectivamente. Na categoría de 10 a 11 anos a vencedora foi Adriana Calvo Rey con *Coidaba un neno*, na de 8 a 9 anos Carmen Pazos Lago e Antía Somoza Freire con *Esperta mañá* e *Ao compás do vento* respectivamente e, por último, na categoría de 6 a 7 anos a vencedora foi Antía Luhía Carballo con *A miña gatiña*.

### Referencias varias:

- Pilar Sampedro, “Para pasar unha tarde de Letras”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 916, “Tribuna libre”, 14 maio 2014, p. 5.

Recomenda pasar o Día Das Letras Galegas en Outes pola entrega e o ambiente que xera a entrega de galardóns do Certame Francisco Añón de Poesía para todas as idades.

- Manuel Gil, “Elisabet Ríos gaña o premio de poesía Francisco Añón de Outes”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 920, 18 maio 2014, contracuberta.

Anúncianse os vencedores do Certame de Poesía Francisco Añón que convoca o Concello de Outes.

### XVIII Premio de Poesía **Avelina Valladares**

Convocado anualmente polo Concello da Estrada, xunto coa Asociación de Amas de Casa e Consumidores, para contribuír á difusión da lírica galega, valorar o traballo dos poetas, descubrir novos valores, preservar o cultivo da lingua galega como sinal de identificación e diferenciación de Galicia e colaborar coa divulgación da obra da poeta estradense Avelina Valladares, precursora, xunto ao seu irmán Marcial Valladares, do cultivo literario da lingua galega no século XIX. Os textos, en galego e inéditos, son dirixidos, baixo lema, por cuadriplicado, con liberdade de tema e forma, cun mínimo de trescentos versos e un máximo de oitocentos, ao Concello da Estrada (Praza da

Constitución, s/n, 36680, A Estrada-Pontevedra) xunto cun sobre pechado co nome completo, enderezo e teléfono do autor. O premio aumentou en 2008 a súa contía a 2.000 euros. Este premio foi acadado en edicións anteriores por poetas como María Lado, Berta Dávila, María Canosa, Olalla Cociña Xosé Luna Sanmartín, Helena Salgueiro Golán e Elvira Riveiro, entre outros. Na XVIII edición do ano 2014, o prazo para remitir orixinais rematou o 10 de maio e o xurado, formado por Neves Soutelo Vázquez, David Otero Fernández, Xosé Luna Sanmartín e Dolores Araujo Arias, que actuou como secretaria, seleccionou, entre quince obras presentadas, como gañadora a obra *Zarapelo* (2014), de Rafael Lobelle (Chantada, 1988). O acto de entrega do galardón tivo lugar o 28 de novembro no Teatro Principal da Estrada durante a celebración da Festa da Poesía.

### Referencias varias:

- S. F., “O chantadino Rafael Lobelle González álzase co Avelina Valladares de Poesía”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.033, 10 setembro 2014, p. 7.

Informa do ditame do xurado do Premio Avelina Valladares de Poesía que elixiu *Zarapelo*, poemario de Rafael Lobelle, coma obra galardoada e recolle as consideracións do xurado.

- C. Botrán, “A Estrada despide el mes con Lume na Lareira y el Avelino Valladares”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.102, 20 novembro 2014, p. 7.

Fálase da entrega do premio de poesía Avelina Valladares por parte do Concello e a Asociación de Consumidores e Amas de Casa da Estrada o 28 de novembro a Rafael Lobelle, polo seu poemario *Zarapelo*. Apúntase que o certame poético está organizado por Edicións Fervenza.

- C. B., “A Festa da Poesía encherá a Estrada de verbas literarias”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.103, 21 novembro 2014, p. 6.

Dáse noticia da celebración da novena edición da Festa da Poesía do concello da Estrada, conformada por tres partes ben diferenciadas, entre as que se salienta a entrega do premio deste certame poético a Rafa Lobelle, pola súa obra *Zarapelo*.

- C. Botrán, “Rafael Lobelle recoge el Avelina Valladares el IX Festa da Poesía”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.111, 30 novembro 2014, p. 5.

Relata a entrega deste premio a Rafael Lobelle pola obra titulada *Zarapelo*. E indica que o autor premiado leu o pregón da festa da poesía da Estrada.

### Premio de Poesía sobre la Mar **Brisa marina**

Convocado pola Sociedad Artística Ferrolana, co patrocinio de Gauzón Ibérica, premia poemas de temática relacionada co mar. Os orixinais, que poden presentarse tanto en galego como en castelán, enviaranse ao enderezo Apartado 339, 15480, Ferrol, antes do

día 31 de decembro. O premio consistirá nunha placa de prata. No ano 2014 non foi convocado.

#### Concurso de Poesía do **Casino de Ferrol**

Convocado polo Casino de Ferrol, poden participar concursantes que presenten tres poemas inéditos, de temática libre, en galego ou en castelán, que non excedan os noventa versos en total, distribuídos libremente entre as tres composicións. Os orixinais deben enviarse baixo plica e por quintuplicado ao Casino (Rúa Real, n.º 100, CP: 15402, Ferrol). Estabelécense tres premios de 600, 300 e 200 euros. No ano 2014 non foi convocado.

#### XXXX Premio de Poesía **Cidade de Ourense**

Premio convocado pola Concellaría de Cultura do Concello de Ourense dende 1980 no que poden participar persoas de calquera nacionalidade, sempre que os traballos, orixinais e inéditos, se presenten en galego ou en portugués, e teñan un mínimo de seiscentos versos. Deben presentarse mecanografados a dobre espazo por unha soa cara en exemplar sextuplicado, grampados, cosidos ou encadernados, baixo lema. Ademais, débese incluír un sobre pechado e lacrado no que figuren o nome, apelidos, número de DNI e enderezo do autor, e entregarse no Rexistro do Concello de Ourense directamente ou por correo certificado, facendo constar no sobre que se trata dunha obra dirixida ao certame. Os concursantes de orixe portuguesa poden entregar as súas obras na Cámara Municipal de Vila Real nos mesmos prazos que indica a convocatoria. O concurso está dotado dun único galardón de 6.000 euros, unha placa de prata e a publicación da obra. Entre os escritores gañadores deste certame, atópanse, entre outros Millán Picouto, Dario Xoán Cabana, Xosé Gómez Alfaro, Xosé Carlos Caneiro, Xavier Rodríguez Barrio, Miguel Anxo Fernán-Vello ou Amadeu Baptista. No ano 2014, na XXX edición, o prazo de entrega de orixinais rematou o 25 de abril ás 14h. O xurado, composto por Amadeu Baptista, Irene Veiga Durán, Miguel Anxo Fernán Vello e Millán Picouto, concedeu o premio Xavier Rodríguez Baixeras (Tarragona, 1945) polo seu traballo *A luz extinta*.

#### Certame Internacional de Poesía do **Concello de Arbo**

Poden presentarse todos os autores sen límite de idade sexa cal sexa o seu país de procedencia. Os poemas poden estar escritos en castelán ou galego e deben ser orixinais e inéditos. Cada autor pode presentar un máximo de catro obras de temática libre en cada idioma, das cales se selecciona unha en galego e outra en castelán como finalistas. Non poden levar sinatura ou sinal que indique a súa autoría. Poden presentarse en forma de peza poética ou colección de poemas e teñen que ter unha extensión mínima de 60 versos e máxima de 200 e ocupar como máximo 8 páxinas en letra tipo Times New Roman a 12 pt e a dobre espazo. A obra preséntase por triplicado, mecanografada por unha soa cara e en tamaño DIN A-4. O orixinal e as súas copias deben remitirse nun sobre pechado por correo ordinario ou entregado en man, indicando no sobre: Certame Internacional de Poesía Primavera Cultural Arbo. O enderezo para a recepción dos traballos é: Concello de Arbo, Praza Consistorio, n.º 1, 36430 Arbo-Pontevedra. Nun

sobre á parte, en cuxo exterior debe constar o título da obra, hai que achegar o nome, enderezo, teléfono e enderezo electrónico (no caso de telo), así como un breve currículo do autor e unha declaración xurada que acredite que a obra non foi premiada en calquera outro concurso con anterioridade. Pódense presentar tamén a través de correo electrónico ao seguinte enderezo: [concellodearbo@concellodearbo.es](mailto:concellodearbo@concellodearbo.es). Neste caso, hai que enviar dous arquivos, un denominado “Datos” no que figuran os datos do participante (nome e apelidos, DNI, correo electrónico, teléfono, enderezo, código postal e un breve currículo con fotografía, que, de ser seleccionado como finalista, aparecerá no libro que se publicará) e outro arquivo denominado “Poesía” coa obra, na que figura o título e pseudónimo utilizado. Os formatos admitidos para o envío de arquivos son: .doc e .pdf. A Comisión avaliadora está formada polo alcalde ou persoa en quen delegue, que presidirá a dita Comisión; o concelleiro/a de Cultura; o traballador/a municipal encargado/a da biblioteca; un membro do profesorado do CEIP Antonio Carpintero; unha persoa en representación das Asociacións culturais de Arbo; unha persoa en representación da ANPA do CEIP Antonio Carpintero; e un membro do persoal traballador do Concello que actuará como secretario/a. Esta Comisión selecciona trinta traballos finalistas en cada lingua, galego e castelán de trinta autores diferentes entre todos os participantes. Ditos finalistas danse a coñecer na segunda quincena de xullo. O premio pode quedar deserto se así o considera o xurado. O gañador é elixido entre un dos finalistas e hai tamén un gañador local. Publícase unha obra colectiva publicada polo Excmo. Concello de Arbo a través dunha editorial co traballo gañador e trinta finalistas. Cada un dos autores recibe seis exemplares da obra e un diploma acreditativo da mención. Os autores premiados non perciben dereitos económicos e ceden a propiedade intelectual dos seus traballos. O Concello dispón dos dereitos de reprodución da obra gañadora en todos os formatos actualmente dispoñíbeis, incluíndo o libro electrónico, así como o dereito de cesión a terceiros para a tradución e adaptación da obra, contando sempre coa aprobación dos autores neste último caso. Transcorridos cinco anos dende a data da resolución, os autores teñen tamén a libre disposición da súa obra. A cada finalista seleccionado envíaselle a notificación ao enderezo de correo achegado, debendo aboar a cantidade de 40 euros en concepto de contribución para os gastos de edición, publicación e envío da obra. No ano 2014 non foi convocado.

### XXXIX Certame de Poesía sobre o Nadal do **Concello de Begonte**

Convocado polo Concello de Begonte dentro da programación cultural de Nadal. Poden participar todos os poetas que o desexen, con textos en galego ou en castelán. O tema dos traballos ha ser o de o Nadal, dende calquera punto de vista. Valóranse os textos que fagan referencia a Begonte e ao seu Belén. É libre a construción dos poemas e a medida dos versos. Concédense os seguintes premios: o Premio Begonte de Poesía, dotado con 600 euros e estatuíña de Sargadelos, e un segundo premio dotado con 300 euros e estatuíña de Sargadelos. A remisión de orixinais faise por triplicado ao Centro Cultural de Begonte (Lugo), tanto persoalmente como por correo certificado. Todos os traballos deben presentarse con plica, facendo constar dentro dela os datos persoais da autora ou autor. O xurado, composto por Xavier Rodríguez Barrio, Xulio Xiz Ramil e Jesús Domínguez Guizán, decidiu resolver a convocatoria correspondente á XXXIX edición e conceder o primeiro premio a Xosé Otero Canto (Castro de Rei, 1951) por “Dende Valverde a Begonte”, o segundo para Carlos López Fernández por “O Belén era un clamor”.

### Referencias varias:

- C. P. R., “El belén de Begonte repartirá 900 euros en el Certame Nacional de Poesía”, *El Progreso*, “A Chaira”, 5 decembro 2014, p. 23.

Anúnciase a trixésimo novena edición do Certame Nacional de Poesía sobre o Nadal, informando da dotación dos galardóns e das normas e prazos de presentación dos poemas.

### XVII Concurso de Poesía **Concello de Carral**

Concurso de poesía organizado polo Concello de Carral dende 1997 ao que poden concorrer autores e autoras maiores de idade, con traballos orixinais e inéditos, cunha extensión mínima de cincocentos versos, escritos en galego e baixo un lema; dotado cun único galardón de 1.200 euros, que na edición do ano 2008 ascendeu a 2.000 euros, e a posibilidade de publicación da obra gañadora na colección de poesía da editora Espiral Maior. Os traballos entréganse por triplicado, mecanografados a dobre espazo por unha soa cara, debidamente grampados ou encadernados, e coas páxinas numeradas. Cada copia dos traballos preséntase na Biblioteca Pública Municipal de Carral (Casa da Cultura, Rúa de Paleo, n.º 17, 15175, Carral-A Coruña) cunha portada na que figuren o título da obra e o lema ou alcume do autor, coincidindo no exterior co sobre pechado que debe acompañar a obra, e que conterá no interior o nome e apelidos do autor, DNI, enderezo, número de teléfono, correo electrónico e un breve curriculum. En anteriores edicións foron premiados: en 1997, Fernando Díaz-Castroverde por *Camiño de pintegas*; en 1998, Rafael Lema por *Atlántica*; en 1999, Rafa Villar por *Días de Sherezade*; en 2000, Lucía Novas por *Epiderme de estío*; en 2001, Baldo Ramos por *A árbore da cegueira*; en 2002, Eduardo Estévez por *Derrotas*; en 2004, Xurxo Alonso por *Breviario de Aldemunde*; en 2005, Marcos S. Calveiro por *Cartas do terceiro día*; en 2006, Isidro Novo por *Esteiro de noites falecidas*; en 2007, Xosé Luís Mosquera Camba por *Nadja c'est moi*; en 2008, Paulino Peña Álvarez por *Gramática da afirmación*; en 2009, Eli Ríos por *Nós escoitando o badalo de marienplatz*; en 2010, Miro Villar por *As crebas*; en 2011, Emma Pedreira por *Libro das mentiras*; en 2012, Roi Vidal Ponte por *Teatro*; e en 2013, Dores Tembrás por *Cronoloxía da urxencia*. Na XVII edición de 2014, o prazo para remitir orixinais rematou o 5 de abril. Presentáronse trinta e seis orixinais e o xurado, formado por Dores Tembrás, Olga Patiño e Eli Ríos, baixo a presidencia da Concelleira de Cultura, Isabel López Pérez, e asistidos en calidade de secretario, polo técnico municipal de Cultura e coordinador do premio, Carlos Lorenzo Pérez acordou elixir como gañador o poemario titulado *O que precede a caída é branco*, de Oriana Méndez (Vigo, 1984). O acto de entrega do premio tivo lugar o 30 de maio na Casa da Cultura de Carral.

### Referencias varias:

- Víctor Castro, “Presentada la XVII edición del certamen de poesía de Carral”, *El Ideal Gallego*, “Área metropolitana”, “Atalaya mariñana”, 30 xaneiro 2014, p. 20.



Coméntase que vai ter lugar o XVII Certame de Poesía que organiza o Concello de Carral. Indícase que estes certames axudan a consolidar autores en lingua galega. Faise referencia a que a Editorial Espiral Maior publicou o poema vencedor da pasada edición, “Cronoloxía da urxencia”, de Dolores Tembrás.

### VII Certame de Poesía do **Concello de Mugardos**

A Concellería de Cultura do Concello de Mugardos convoca, a través da Biblioteca Municipal, este certame de poesía en galego con motivo do Día da Poesía (21 de marzo). Contaba coas modalidades de maiores de 18 anos e menores de idade e no ano 2013 pasou a ter tres categorías: até os 12 anos, de 13 a 17 e maiores de idade. Os traballos deben ser orixinais, inéditos e estar escritos en lingua galega, cunha extensión máxima dun folio de DIN A4 por unha cara e o corpo de letra 14 a dobre espazo. Diríxense por duplicado e baixo plica a esta concellaría do Concello de Mugardos (Avda. de Galicia, n.º 45, 15620, Mugardos-A Coruña) durante o mes de febreiro. O galardón consiste en vales para mercar libros por valor de 40 euros, 60 e 100 euros segundo a categoría. No ano 2014 celebrouse a VII edición e o xurado, composto polo presidente da Comisión de Cultura Manuel Gabriel González Arias, a bibliotecaria municipal Fátima García Cendán, a poeta Aurora Valentina Varela Caabeiro, o profesor de secundaria Rafael Lago Santamaría e a secretaria María del Mar Novoa Conde, decidiu conceder o premio da categoría até 12 anos a Blanca Gago Suárez por “O fantástico mar”; da categoría de 13 a 17 anos a Sabela Rodríguez Reino por “Prantos a Neptuno”; e da categoría de maiores de idade a Rocío Leira Castro por “Noite sen trincheiras”.

### XL Certame Literario do Excelentísimo **Concello de Vilalba**

Co fin de estimular e potenciar a creación poética galega, o Concello de Vilalba convoca este certame no que se conceden dous premios dotados con 3.000 euros e 1.000 euros, xunto cunha flor natural e un diploma. Ademais, a obra gañadora é publicada por Alvarellos Editora. Poden concorrer todos os autores de calquera nacionalidade e condición que presenten orixinais e inéditos, de extensión mínima de cincocentos versos e tema libre, escritos en galego. Os orixinais preséntanse por quintuplicado mecanografados a dobre espazo e envíanse, xunto cun sobre cos datos persoais do autor e unha breve biografía, ao Concello de Vilalba (Praza da Constitución n.º 1, 27800, Vilalba). Na XL edición de 2014 o prazo de inscrición rematou o 18 de xullo, o ditame do xurado difundíuse nos medios de comunicación o 25 de agosto e o acto de entrega tivo lugar o 30 de agosto, coincidindo co comezo das festas de San Ramón e Santa María. O xurado concedeu o galardón a Carlos López polo libro de poemas *Abrindo fiestras en carne viva*. O segundo premio foi para María Isabel Vázquez por *Cinza de estrelas*.

### **Referencias varias:**

- M. R., “El Certame Literario repartirá 4.000 euros en dos galardones”, *El Progreso*, “A Chaira”, 24 maio 2014, p. 19.

Anuncia as bases de participación na IX edición do Certame Literario do Concello de Vilalba.

- Cristina Arias, “O lucense Carlos López e María Isabel Vázquez gañan o XL Certame de Vilalba”, *El Progreso*, “A Chaira”, 23 agosto 2014, p. 12.

Informa dos galardoados no XL Certame Literario de Vilalba, un dos máis antigos de Galicia: Carlos López, primeiro premio por *Abrindo fiestras en carne viva*; segundo posto para María Isabel Vázquez por *Cinza de estrelas*. Recóllense as palabras do edil de cultura do concello e do responsábel da editorial na que se publicarán os libros.

### Certame **Cores con palabras**

Convócase este certame poético-pictórico por iniciativa do Centro de Animación e Artes Plásticas Togariños coa colaboración da Xunta de Galicia. Poden concorrer todas aquelas persoas maiores de 55 anos que presenten obras pictóricas ou poéticas orixinais. Cada participante pode presentar un máximo de dúas obras por categoría, inéditas e de temática libre. Os poemas, en lingua galega, con tema, rima e métrica libres, deben ter unha extensión máxima de 30 versos. Xunto coas obras, achegarase o boletín de inscrición debidamente cuberto, cos datos identificativos do autor, título da obra etc. así como unha fotocopia do carné de identidade do autor. As obras poden entregarse ben mediante mensaxeiro, ben persoalmente en horario de 9:00 a 14:00 horas no Centro de Animación e Artes Plásticas Togariños (Avenida de Vigo, 25, baixo, 36680, A Estrada, Pontevedra). Entre todas as obras presentadas, lévase a cabo unha selección en cada categoría das cincuenta obras de maior calidade, técnica e orixinalidade, que pasan á fase final do certame e formarán parte, ademais, do libro *Cores con palabras*, que se publicará con motivo dunha exposición final nunha sala reservada para o efecto. A composición do xurado dáse a coñecer o día da entrega de premios e está composto por destacados persoeiros do mundo da plástica e da poética galega, así como por membros da organización. Estabelécense tres premios por categoría (1.º, 2.º e 3.º), que serán entregados o día da inauguración da exposición e que consistirán nunha placa conmemorativa e diploma acreditativo, así como unha reprodución do *Códice Calixtino*. Os vencedores foron Tiffanys Esmeralda por “Poema é pintura”, Revellín por “Escoito” e Mariela do Mar por “Ceibos de Sabucedo”.

### Premio de Poesía Romántica **Cristina Amenedo**

Premio internacional de poesía creado pola Sociedad Artística Ferrolana no ano 2012 co obxectivo de lembrar a profesora e escritora cabanesa Cristina Amenedo (Cabanas, 1925-A Coruña, 2011), persoa moi vinculada coa estidade cultural ferrolá. Poden presentarse poemas de temática romántica entre os trinta e os setenta versos, en galego e castelán remitidos por correo a “Concurso Cristina Amenedo”, Apartado de Correos 339, 15480, Ferrol. Os premios consisten nunha placa de prata ao mellor poema ou conxunto de poemas, tanto en idioma galego como en castelán. A entidade resérvase a publicación dos traballos gañadores dentro da súa revista literaria *Poesía Galicia*. No ano 2014 non foi convocado.

## XV Premio de Poesía **Díaz Jácome para Novos Creadores**. Concello de Mondoñedo

Convócao o Concello de Mondoñedo, en colaboración coa Área de Cultura da Deputación Provincial de Lugo, co afán de estimular a creación poética entre os mozos. Pon optar a este premio todas as persoas, de idade non superior a trinta anos, que presenten poemas orixinais e inéditos non premiados, escritos en galego, de tema e metro libre e cunha extensión máxima de cento cincuenta versos. Os orixinais deben enviarse en DIN-A4 mecanografados a dobre espazo cun lema e plica en sobre pechado, onde conste o lema, o título da obra, os datos persoais e unha breve nota biográfica do autor. A entrega dos traballos realízase no Concello de Mondoñedo (Praza do Concello, n.º 1, 27740, Mondoñedo-Lugo). Conta cos seguintes galardóns: un primeiro premio de 1.500 euros, un segundo de 600 euros e un terceiro de 300 euros, ademais dunha placa e diploma para todas as persoas galardoadas. Na XV edición de 2014 o prazo de admisión rematou o 11 de xullo e resultou gañador do primeiro premio Aleixandre Lago Barcala con “Poesías”; o segundo foi para Iris Carro González con “A luz agochada entre as sombras”; e o terceiro premio para Alba Sánchez con “Pingas de bágoa”. O acto de entrega dos galardóns tivo lugar o 21 de decembro.

### **Referencias varias:**

- R., “Deputación e Concello impulsan Mondoñedo Cultura Activa”, *El Progreso*, “Feiras e festas da As San Lucas”, “Mondoñedo”, 16 outubro 2014, pp. 56-57.

Anuncia a celebración dunha nova edición dos premios de poesía Leiras Pulpeiro e Díaz Jácome grazas ao convenio rubricado entre a Deputación de Lugo e o concello mindoniense para desenvolver o plan Mondoñedo Cultura Activa. Faise unha semblanza dos persoeiros que dan nome aos premios.

## XXVII Premio de Poesía **Eusebio Lorenzo Baleirón**

Convocado anualmente polo Concello de Dodro dende 1988 para contribuír á reafirmación da lírica galega, tan importante na historia cultural de Galicia, e honrar a memoria do poeta que lle dá nome ao certame. Conta coa colaboración da Deputación da Coruña. Poden concorrer todas as persoas que o desexen, sempre que as obras coas que participen estean escritas en lingua galega, sexan orixinais e de temática libre e teñan un mínimo de cincocentos versos e un máximo de oitocentos. Así mesmo, as obras deben ir cun lema no exterior da plica, onde se inclúen os datos persoais do autor. Remítense catro exemplares ao Concello de Dodro (Rúa Tallós, n.º 32, 15981, Dodro-A Coruña). Estabelécese un único e indivisíbel premio de 2.300 euros e a publicación da obra pola editorial Sotelo Blanco, sendo publicada anteriormente na colección de poesía “Eusebio Lorenzo Baleirón” de Edicións do Castro. O Concello de Dodro resérvase os dereitos desta primeira edición e, a partir da segunda, a obra pasa a ser propiedade do seu autor, quen, en sucesivas edicións, debe facer constar a condición de ser premiada con este galardón. O xurado é designado polo Concello de Dodro entre personalidades de Galicia vinculadas á poesía e á crítica literaria. No ano 2012 conmemoráronse os vinte e cinco anos de historia do premio cunha exposición e coa publicación do libro *XXV Aniversario do Premio Eusebio Lorenzo Baleirón, 1988-2012*. En anteriores convocatorias os galardóns foron para Xosé Manuel López Ardeiro en 1988 por *O matiz*

*esmeralda na sombra*; Gonzalo Navaza en 1989 por *Fábrica íntima*; Xavier Rodríguez Barrio en 1990 por *Alba no muro*; Helena Villar Janeiro en 1991 por *Nas hedras da clepsidra*; Palmira González Boullosa en 1992 por *Asoladamente, o teu nome*; Xabier Cordal en 1993 por *Fruto do teixo*; Xosé Manuel Millán Otero en 1994 por *As palabras no espello*; Xosé Miranda en 1995 por *Amantes e viaxeiros*; Isidro Novo en 1996 por *Dende unha nada núa*; Emma Couceiro en 1997 por *As entrañas horas*; Estevo Creus en 1998 por *Teoría do lugar*; Emma Pedreira en 1999 por *Grimorio*; Carlos Penela en 2000 por *Acaso o inverno*; Xosé Lois Rúa en 2001 por *O tránsito da auga*; Eduardo Estévez en 2002 por *Caderno apócrifo da pequena defunta*; María Comesaña Besteiros en 2003 por *Zoonose*; Lupe Gómez en 2004 por *Azul estranxeira*; Mariña Pérez Rei en 2005 por *Fanerógama*; Rafa Villar en 2006 por *Escoración dos días*; Nieves Soutelo en 2007 por *Código poético*; Xabier Xil Xardón en 2008 por *Cando menos, a derrota*; Xosé Daniel Costas Currás en 2009 por *Conservas*; Luís Valle Regueiro en 2010 por *Palabras, palabras e palabras*; Isaac Fernández Fernández en 2011 por *Con gume de folla húmida*; Serxio Iglesias (Bos Aires, 1966) en 2012 por *Viaxe ao interior da fenda*; e Cristina Ferreiro (Lugo, 1983) en 2013 por *As paisaxes eléctricas*. No ano 2014 tivo lugar a XXVII edición, na que participaron corenta e dúas obras, e o xurado, composto por Berta Dávila, Armando Requeixo, Román Raña, Gonzalo Herme e a concelleira de cultura de Dodro, Cristina Codesido Fernández, baixo a coordinación de Xabier Castro, director do Centro PEN Galicia, decidiu conceder o galardón a Ramón Neto (Illa de Arousa, 1975) por *Zonas de tránsito*. A gala de entrega tivo lugar o 20 de decembro na casa da cultura de Dodro.

### Referencias varias:

- M. Toledo, “Dodro abre o prazo para o XXVII Premio de poesía Eusebio Lorenzo Baleirón”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 933, 1 xuño 2014, p. 7.

Indícanse as bases para a presentación de obras no XXVII Premio de poesía Eusebio Lorenzo.

- C. B., “Dodro publica a obra gañadora do XXVI Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.114, 3 decembro 2014, p. 6.

Anúnciase a recente publicación da obra gañadora da vixésimo sexta edición deste certame poético, *As paisaxes eléctricas*, de Cristina Ferreiro Real. Apórtanse datos sobre o libro e sobre a traxectoria da autora.

- C. Botrán, “Ramón Neto álzase con ‘Zonas de tránsito’ co Eusebio Lorenzo”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.125, 14 decembro 2014, p. 5.

Dá a coñecer o gañador desta edición, o arousán Ramón Neto co seu poemario *Zonas de tránsito*, elixido por unanimidade polo xurado que gabou “a boa estruturación e a eficaz progresión temática que bebe de lecturas de tradición xermana como Paul Celan ou Hölderling”. O galardón entregárase o sábado 20 de decembro no colexio que leva o nome de poeta en Dodro.

- Mar Toledo, “Ramón Neto recolle en Dodro o Eusebio Lorenzo Baleirón”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.132, 21 decembro 2014, p. 5.

Dá conta da proclamación do poeta Ramón Neto coa súa obra *Zonas de tránsito* como gañador da XXVII edición do premio Eusebio Lorenzo Baleirón, celebrado en Dodro. Tamén se recollen os actos de homenaxe realizados en lembranza do poeta que dá nome a este certame.

#### **XXVIII Premio de Poesía Feliciano Rolán**

Certame convocado pola Agrupación Cultural Guardesa e patrocinado polo Concello da Guarda, ao que poden presentarse poetas de calquera nacionalidade, con poemas orixinais e inéditos de temática e forma libre, escritos en galego ou castelán. Cada concursante pode enviar un máximo de dous poemas por quintuplicado ao Apartado de Correos 69, 36780, A Guarda-Pontevedra. Estabelécense tres premios dotados con 360, 120 e 60 euros respectivamente e unha placa conmemorativa, ademais da concesión dun accésit. Na XXVIII edición de 2014, o xurado, composto por Chuny Vázquez, poetisa e pintora; Marisol Diz Amil, licenciada en Xeografía e Historia; María Fernanda de Santiago Moure, licenciada en Filoloxía Galego-portuguesa; Manuel Ángel Pombal Diego, doutor en Bioloxía; e Fátima Pérez Sobrino, licenciada en Filoloxía Hispánica, acordou premiar os seguintes autores: co 1º premio, Amando García Nuño, de Madrid, polo poema “Tu nombre si me atrevo”; co 2º, Rocío Leira Castro, de Cee, por “A hipérbole do teu corpo”; e co 3º, Yose Álvarez-Mesa, de Salinas (Asturias), por “Clave de sol”. O accésit foi para Carmeliña García Pereira, de Vigo, por “Xa nada é coma sempre”. A entrega dos galardóns tivo lugar o 5 de agosto no Centro Cultural da Guarda

#### **XLIV Festa do Aquelarre Poético**

A Comisión promotora das Fogueiras de San Xoán da Coruña convoca este certame, no que pode participar calquera persoa non premiada en edicións anteriores con até tres composicións poéticas orixinais e inéditas por lingua, en castelán ou galego, sobre a noite de San Xoán e a súa aparición no folclore. Cada poema, cun mínimo de cen versos, debe presentarse mecanografado nun sobre baixo lema e nun sobre á parte a plica cos datos persoais do autor, ou a través do correo electrónico [info@hoguerassanjuan.com](mailto:info@hoguerassanjuan.com). Concédense dous galardóns: un primeiro premio consistente nunha flor natural e 1.000 euros e un segundo premio, dunha flor natural e 500 euros en efectivo. Na XLIV edición, do ano 2014, o prazo de admisión de traballos rematou o 10 de maio. O ditame do xurado deuse a coñecer nos medios de comunicación o 17 de maio e a entrega dos galardóns tivo lugar, para o primeiro premio, o 21 de maio no Teatro Rosalía de Castro, durante a Festa do Aquelarre Poético, e o segundo premio, durante a Festa do Solsticio Poético o 25 de maio no Paraninfo do Instituto Eusebio da Guarda.

#### **XIV Premio de Poesía Fiz Vergara Vilariño**

Este certame naceu no ano 2000 para homenaxear o poeta de Lóuzara, Fiz Vergara Vilariño, co obxectivo de que figure entre os primeiros de Galicia dedicados á poesía. Está organizado pola Agrupación Cultural Ergueitos e o Concello de Sarria. Até 2007, este premio estaba dotado con 3.000 euros, que se aumentaron na edición 2008 até

6.000 euros, a publicación da obra en Espiral Maior e unha obra plástica inédita de Marta Prieto. Os traballos, orixinais, inéditos e non premiados noutro certame, en galego, cunha extensión mínima de catrocentos versos, deben dirixirse, por quintuplicado, mecanografados a dous espazos e baixo plica, en sobre pechado e baixo pseudónimo ao Concello de Sarria (Rúa Maior, n.º 14, 27600, Sarria). En anteriores edicións recibiron o galardón: Marica Campo en 2001 por *Pedinche luz prestada*; Xesús Pereiras en 2002 por *Cantos da seiva*; Estevo Creus en 2003 por *Decrúa*; Miguel Mato Fondo en 2004 por *O whiskey na barrica*; Emma Pedreira en 2005 por *Cantos de orfas*; Martín Veiga en 2006 por *Fundaxes*; Xosé Antonio Neira Cruz en 2007 por *É oco habitado*; Olalla Cociña en 2008 por *Libro de Alicia* e Baldo Ramos en 2009 por *Palabras para un baleiro*; Francisco X. Fernández Naval en 2010 por *Bater de sombras*; Xerardo Quintiá en 2011 por *Fornelos&Fornelos*; Cristina Ferreiro en 2012 por *Abecedario póstumo*; e Eva Veiga en 2013 por *A distancia do tambor*. Na XIV edición, o prazo de recepción de traballos rematou o 15 de febreiro de 2014. O xurado, formado por Cristina Ferreiro, Xavier Rodríguez Baixeras e Miguel Mato Fondo, acordou outorgar o galardón a Marcos Abalde (Vigo, 1982) pola súa obra *Oenach*. O acto de entrega tivo lugar o 19 de setembro na Casa da Cultura de Sarria.

### Referencias varias:

- A. C. V., “Cerca de 90 obras optan en Sarria al 14º premio de poesía Fiz Vergara Vilariño”, *El Progreso*, “Sarria”, 16 marzo 2014, p. 22.

Dá conta da XIV edición do premio Fiz Vergara Vilariño organizado polo Concello de Sarria e a agrupación cultural Ergueitos. Indícase que este premio está dotado de 6.000 euros e que se publicará a obra gañadora. O acto de entrega será na localidade de Sarria.

- A. C. V., “El dramaturgo Marcos Abalde se alza con el premio de poesía Fiz Vergara”, *El Progreso*, “Sarria”, 11 maio 2014, p. 14.

Indícase o gañador do premio de poesía Fiz Vergara que recaeu en Marcos Abalde co pseudónimo de Humus con *Oenach*. Sinálase que a obra reflicte a realidade social baixo a adaptación dun mito clásico. O premio está dotado con 6.000 euros e a publicación do poema.

- L. P., “Marcos Abalde. ‘É necesario facer un programa para fomentar a literatura galega”, *El Progreso*, “Sarria”, 22 maio 2014, p. 20.

Entrevístase ao vencedor do XIV Premio de poesía Fiz Vergara Vilariño con *Oenach*. O autor define a obra como poesía teatral na cal xunta mitoloxía e realidade denunciando a situación actual da inmigración. Defende a necesidade de fomentar a literatura e a cultura galegas.

- Xulio Valcárcel, “Lugares para volver: Lóuzara”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, 22 xuño 2014, p. 22/ *Diario de Ferrol*, “Nordésia”, n.º 834, p. 28/ *El Ideal Gallego*, “la Galería”, n.º 834, p. 28, “páxina Literaria”, 22 xuño 2014.

Dáse da conta da convocatoria anual do premio “Fiz Vergara Vilariño” de poesía que a Asociación Ergueitos e da organización dun roteiro que percorre os lugares queridos

polo poeta de Lóuzara. Apúntase que a dimensión literaria do roteiro se enriquece cunha serie de intervencións escultóricas de Álvaro de la Vega, Eduardo Valiñas ou Paco Pestana, entre outros, que conforman un museo ao aire libre como non hai outro en Galicia.

## II Premio de Poesía **Gonzalo López Abente**

Convocado por primeira vez no ano 2013 pola Fundación Gonzalo López Abente, en colaboración coa Secretaría Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Univesitaria da Xunta de Galicia. Poden concorrer ao autoras e autores de calquera nacionalidade que presenten os seus orixinais en lingua galega, conforme á normativa vixente. Os textos presentados deben ser inéditos, condición que se estende ao soporte dixital, e non poden estar premiados en ningún outro concurso de poesía. A extensión dos textos presentados non pode ser inferior a 400 versos. De cada orixinal deben presentarse en sobre pechado sen remite catro copias en papel, mecanografadas a dobre espazo e debidamente encadernadas ou grampadas, na sede da fundación: Fundación Gonzalo López Abente, Rúa Virxe da Barca, n.º 49. Casa das Beiras 15124 Muxía (A Coruña). No sobre ten que escribirse “Premio de Poesía Gonzalo López Abente”. Os orixinais preséntanse baixo lema e xunto coas copias hai que achegar un sobre pechado, identificado co mesmo lema, que conteña o nome e os apelidos do autor ou da autora, enderezo postal, número de teléfono e enderezo electrónico. O xurado está composto por tres poetas de recoñecido prestixio no ámbito da literatura galega e como secretario/a actúa un representante da fundación. O premio ten unha dotación única de 2.000 euros, suxeito á normativa fiscal vixente, e mais unha peza escultórica conmemorativa. A obra premiada é propiedade do seu autor ou autora, agás a primeira edición, que será publicada por Edicións Xerais de Galicia. En posteriores edicións, ao igual que na primeira, farase constar a condición de premiada no Premio de Poesía Gonzalo López Abente. Nesta II edición o prazo de presentación de orixinais rematou o 15 de maio e o xurado, composto por María Canosa, María Lado e X. H. Rivadulla Corcón, e por Viki Rivadulla como secretaria, decidiu declarar por unanimidade gañador o orixinal titulado *Os días condenados. Fragmentos para un devocionario*, que resultou ser da autoría de Laureano Xoaquín Araújo Cardalda (Berna, 1964).

### Referencias varias:

- J. Trillo, “Concurso da Fundación Gonzalo López Abente”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 869, 26 marzo 2014, p. 7.

Anúnciase a convocatoria do Premio de Poesía Gonzalo López Abente organizado pola Fundación Gonzalo López Abente en colaboración coa Secretaría Xeral de Cultura. O obxectivo e honrar a figura do autor muxián e promover a lingua galega. O gañador recibirá unha dotación económica e a publicación da obra por Xerais.

- J. Trillo, “Premio da Fundación López Abente”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 962, 21 xullo 2014, p. 6.

Informa da concesión do premio de Poesía da Fundación López Abente a Xoaquín Araújo por *Os días condenados. Fragmentos para un devocionario*.

## IX Certame de Poesía Erótica **Illas Sisargas**

Convocado pola Asociación Caldeirón e o Concello de Malpica. Ademais da dotación económica de 500 euros, que na actualidade ascende a 1.000 euros, o premio inclúe a edición da obra gañadora na colección “Caldeirón” e a entrega de trinta exemplares ao gañador. Poden optar ao premio todos os autores de calquera nacionalidade, excepto os que xa foran premiados en anteriores edicións, que presenten obras inéditas de temática erótica e non premiadas con anterioridade, escritas en galego. As obras, dunha extensión inferior a seiscientos versos, deben presentarse por triplicado, en exemplares separados, tamaño DIN A4, por unha soa cara e grampados, baixo título e lema, acompañados dun sobre cos datos persoais do autor. Os participantes teñen que enviar os seus traballos ao Concello de Malpica (Avenida Emilio González López, 15113, Malpica-A Coruña). Os galardóns entréganse durante a Cea das Letras, un acto no que tamén se presenta a obra premiada o ano anterior. En edicións anteriores obtiveron o galardón: o poemario *Arredor do teu corpo*, do vigués Antonio García Teixeiro; Alberte Momán con *Baile Átha Cliath*; Emma Pedreira con *Xoguetes póstumos*; Eduardo Estévez e Eli Ríos con *Rúa da cancela*; María Lado por *Amantes*; en 2011, Elvira Riveiro Tobío, por *Carnia haikai*; e Mercedes Leobalde García, por *Chamádeme Eva*; en 2012, Mercedes Leobalde García, por *Chamádeme Eva*; e en 2013, Ramón Nieto por *Dominio Público* e recibiu unha mención Verónica Martínez Delgado, por *Ode à Madison Ivy e outras coisas de meter*. Na IX edición de 2014, o prazo de admisión de orixinais pechouse o 30 de setembro. Presentáronse vinte e catro obras e o xurado, composto por Ramón Nieto, gañador da VIII edición do certame, o animador sociocultural do Concello Antón Lois Noceda Carballo, e o representante da AC Caldeirón, Francisco Souto, deu a coñecer nos distintos medios de comunicación, no marco da Cea das Letras celebrada en Buño, a súa decisión de conceder o galardón ao poemario *O episodio*, de Alberte Momán (Ferrol, 1976) e Verónica Martínez Delgado (Valdoviño, 1976).

## XVII Premio de Poesía **Johán Carballeira**

Organizado polo Concello de Bueu dende 1996 para recuperar do esquecemento a figura do político e escritor local Johán Carballeira, dende inicios de 2000 simultanéase este premio co homónimo de xornalismo. Poden concorrer a este certame todos os autores que presenten textos inéditos, en lingua galega e cunha extensión superior aos catrocentos versos. O premio ten unha dotación única de 1.500 euros e a publicación da obra polo Concello de Bueu. Deben remitirse tres copias en tamaño folio, mecanografadas a dobre espazo e asinadas con pseudónimo ou lema, xunto a un sobre pechado cos datos persoais do participante, ao Concello de Bueu (Rúa Eduardo Vicenti, n.º 8, 36930, Bueu-Pontevedra) coa indicación “Premio de Poesía Johán Carballeira”. O Concello de Bueu reserva durante un ano os dereitos de publicación da obra premiada, en todas as linguas do Estado. En anteriores edicións foron premiados: Xosé Carlos Caneiro en 1996 por *A valga do triste amor* (1997); Yolanda Castaño en 1997 por *Vivimos no ciclo das erofanías* (1998); Emma Pedreira en 1998 por *Diario bautismal dunha anarquista morta* (1999); Adolfo Caamaño en 1999 por *Poemario irlandés* (2000); Emma Pedreira en 2000 por *Velenarias* (2001); Xurxo Alonso en 2001 por *Onde viven os saqueadores de naufraxios* (2002); Carlos Negro *ex aequo* en 2002 por *Héleris* (2003) e Alexandre Nerium por *Vogar de couse* (2003); Lupe Gómez en 2003



por *O útero dos cabalos* (2005); Diego Cousillas en 2005 por *Faltas de ortografía* (2008); Francisco Souto en 2006 por *As horas de María* (2006); Carlos Lema en 2007 por *O xeito de Freud* (2008); Mario Regueira en 2008 por *Blues da Crecente* (2009); Lucía Novas Garrido en 2010 por *Neve* (2010); Calros Solla en 2011 por *MazinGZ* (2011); Berta Dávila Fernández en 2012 por *Raíz da fenda* (2013); e Marta Dacosta en 2013 por *Un lago escuro* (2014). Na XVII edición correspondente ao ano 2014, os orixinais debían entregarse antes do 10 de xaneiro de 2014 e o acto de entrega tivo lugar durante a Semana das Letras Galegas do Concello de Bueu. O xurado, constituído por Marta Dacosta, Miriam Ferradáns, Alberte Momán e Xabier Framil seleccionou entre 43 participantes como gañador o libro presentado por María del Carmen Caramés Gorgal (Santa Comba, 1966), co título provisional de *Os días escuros*.

### Referencias varias:

- Cecilia Martínez, “Un poemario sobre la violencia de género gana el Premio Johán Carballeira”, *Diario de Pontevedra*, “O Morrazo”, “Marín”, “Bueu”, “Cangas”, 4 maio 2014, p. 17.

Anúnciase a gañadora do Premio Johán Carballeira organizado polo concello de Bueu. A obra vencedora titúlase *Dos días escuros* e a súa temática xira en torno a violencia de xénero. O xurado resaltou a capacidade de retratar este tema cunha linguaxe poética acertada.

- E. P., “Dos días escuros’, premio de poesía Johán Carballeira”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 4 maio 2014, p. 36.

Dáse conta da resolución da XVII edición deste premio de poesía que distinguiu un poemario sobre os malos tratos de M<sup>a</sup> Carmen Caramés Gorgal e infórmase de que o xurado insistiu na capacidade da autora de retratar unha situación tan complicada e inexplicábel.

### III Premio de Poesía **Manuel Leiras Pulpeiro**

O Concello de Mondoñedo, co patrocinio da Área de Cultura da Deputación Provincial de Lugo, coa finalidade de honrar a memoria do escritor mindoniense Manuel Leiras Pulpeiro e, asemade, colaborar na promoción da escrita poética en lingua galega e na divulgación das súas autoras e autores, crea este certame en 2012. Pode concorrer ao premio calquera persoa física que presente a súa obra en lingua galega, conforme ás normas ortográficas vixentes e sancionadas pola Real Academia Galega. Os poemas, orixinais e inéditos, de tema libre, tanto en soporte impreso como dixital, non poderán ter sido premiados noutros concursos en data anterior ao ditame do xurado e teñen que ter unha extensión máxima de 150 versos. Deben presentarse catro copias en tamaño DIN A4 impresas a dobre espazo. Os orixinais non poden ir asinados nin levar inscrición ningunha que poida suxerir o nome do autor ou autora, sendo presentados cun lema e título. En sobre á parte e cerrado constará o lema e o título no exterior e, no interior, o nome e apelidos do autor ou autora, domicilio, teléfono e fotocopia do DNI polas dúas caras ou, de ser menor, fotocopia do libro de familia na folla correspondente á persoa que se presenta a concurso. O xurado está composto por tres persoas de

recoñecido prestixio no ámbito literario e mais un representante do Concello con voz e sen voto que actuará como secretario. A decisión do xurado dáse a coñecer nos distintos medios de comunicación e é comunicada aos autores seleccionados mediante correo certificado. A entrega do premio ten lugar nun acto público organizado polo Concello de Mondoñedo no outono. Este concurso consta de tres premios: o primeiro, 1.500 euros, placa e diploma; o segundo, 600 euros, placa e diploma; e o terceiro premio: 300 euros, placa e diploma. No caso de que as obras presentadas non acaden o nivel esixíbel, poden declararse desertos. Os orixinais que obteñen premio pasan a integrar o fondo do patrimonio da Biblioteca Pública Municipal Pena Trapero de Mondoñedo, podendo ser editados por esta ou polo Concello de Mondoñedo. Neste sentido, o autor ou autora renuncia a favor do Concello de Mondoñedo, para a primeira edición da obra, a calquera tipo de remuneración polos seus dereitos de autor. Nesta III edición de 2014, o prazo de recepción de orixinais rematou o 11 de xullo e o xurado, composto por Armando Requeixo, Áurea Fernández, Xosé María Felpeto Enríquez e Gil Ares emitiu o seu ditame: o primeiro premio foi para Eduard Velasco (Barcelona, 1982) pola obra *Mentres o tacto*; o segundo foi para Gonzalo Hermo (Compostela, 1987), por *Marchamos*; e o terceiro premio foi para José Antonio Grela Martínez (Compostela, 1971), por *Amor de Viveiro*.

### Referencias varias:

- R., “Deputación e Concello impulsan Mondoñedo Cultura Activa”, *El Progreso*, “*Feiras e festas da As San Lucas*”, “Mondoñedo”, 16 outubro 2014, pp. 56-57.

### III Premio de Poesía **Manuel Lueiro Rey**

O Concello de Fornelos de Montes e a asociación veciñal O Cruceiro da Laxe convocaron en 2012 a I edición deste premio, que pretende honrar a memoria do poeta, oriundo deste concello, e contribuír á promoción da poesía galega. Poden concorrer todas persoas que o desexen con poemas orixinais e inéditos escritos en lingua galega segundo a normativa vixente, de tema e forma libres e cunha extensión mínima de cincocentos versos e máxima de oitocentos. Débense enviar catro exemplares da obra, mecanografados, sen remite identificador, ao enderezo: Premio de Poesía Manuel Lueiro Rey. Concello de Fornelos de Montes. Praza da Igrexa, 1, 36847, Fornelos de Montes–Pontevedra. As persoas concursantes teñen que presentar un título e un lema, que tamén ten que figurar no exterior dun sobre que conteña a fotocopia do DNI, o teléfono e enderezo, así como un breve currículo literario no caso de que teña obra publicada. A dotación do premio, único e indivisíbel, é de 2.500 euros. O xurado pode declarar deserto o premio ou designar un ou máis accésits sen dotación económica, que se recomendan á editora para a súa posíbel publicación. A obra galardoada publícase dentro da colección “Manuel Lueiro Rey”, da Editorial Sotelo Blanco. O Concello de Fornelos de Montes resérvase o dereito de publicación, sen limitación de número de exemplares nin de edicións, da obra gañadora, reservándose tamén os dereitos de edición desta en todas as linguas, coa posibilidade de ceder tales dereitos a terceiros. En 2013 gañou Silvia Penas polo seu libro de poemas *As uñas crecen*. O prazo de presentación de orixinais da segunda edición rematou o 31 de decembro de 2013 e o premio entregouse en 2014. Formaron parte do xurado Luis Cochón, Mercedes Queixas

Zas e Armando Requeixo. Carmen Carreiro Monteiro actuou como secretaria con voz, pero sen voto. O galardón foi outorgado a Eli Ríos pola obra *Anamnese*.

### **Referencias varias:**

- Xesús Alonso Montero, “Cita con Lueiro Rey”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “En galego”, “Beatus qui legit”, 23 maio 2014, p. 21.

Sinala que o Premio Manuel Lueiro Rey ten lugar na localidade do Grove e fala particularmente da segunda edición deste premio.

- R. Nicolás,, “Versos como espellos”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Galego”, 13 xuño 2014, p. 19.

- B. L., “O autor lucense Luís Valle Regueiro faise co Premio de Poesía Manuel Lueiro Rey”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Cultural”, 3 marzo 2015, p. 11.

### **Premio de Poesía María Mariño**

Organizado pola Asociación Teenses pola Igualdade de Teo dende o ano 2007, está dirixido a todas as persoas maiores de idade que participan cun só poema. A súa convocatoria é bienal. Os poemas que se presenten teñen que ser orixinais, inéditos, de tema e forma libres, e escritos en lingua galega, cun máximo de cen versos. O galardón contaba con dous premios, un de 500 euros e outro de 300 euros, mais no ano 2013 viu reducida a súa contía a 300 e 200 euros, respectivamente. Os poemas débense presentar baixo lema por quintuplicado, cun sobre cos datos persoais do autor, á Asociación Teenses Pola Igualdade (Escola de Vilanova, 1º andar, Recesende, 15895, Teo-A Coruña). En edicións anteriores resultaron galardoados: en 2007, “Elexía dos aléns”, de Adolfo Caamaño Vázquez; en 2009, “De novo a náusea”, de Celia Parra Díaz; e en 2011 María Lado. No ano 2014 non foi convocado.

### **XVII Premio de Poesía Miguel González Garcés**

Convocado dende 1991 pola Deputación da Coruña, cunha convocatoria bienal dende o ano 2000, as bases recollen que os traballos, orixinais e inéditos, deben estar escritos en galego e a súa extensión non ser inferior aos trescentos versos. Requírese que a presentación sexa feita, preferentemente, en formato dixital, en *Word* ou *OpenOffice* por medio dun CD que inclúa na carátula a inscrición: Premio de poesía “Miguel González Garcés”, título da obra e lema ou pseudónimo. No caso de optar pola presentación en papel, as obras teñen que entregarse por duplicado, en exemplares separados, tamaño DIN A 4, e impresos polas dúas caras, ademais de estar numerados, grampados ou encadernados. Hai que presentar as obras baixo o sistema de plica, por quintuplicado, mecanografadas a dobre espazo. Envíanse á Deputación Provincial da Coruña (Rúa Alférez Provisional, 2, 15006, A Coruña). O premio está dotado de 6.500 euros e a publicación da obra por parte da Deputación, quen se reserva, durante un prazo de dezaioito meses, os dereitos de editala, e entrega ao gañador trinta exemplares. Os poemarios galardoados nas edicións anteriores foron: *Visitantes* (2002), de Xavier R.

Baixeras en 1991; *Prometo a flor de loto* (1992), de Luz Pozo Garza en 1992; *Memoria de agosto* (1993), de Xulio L. Valcárcel en 1993; *Un áspero tempo de caliza* (1994), de Paulino Vázquez Vázquez en 1994; *Pel de ameixa* (1996), de Marta Dacosta Alonso en 1995; *Areados* (1997), de Estevo Creus Andrade en 1996; *Mínima moralidade* (1998), de Ramiro Fonte en 1997; *Luz de facer memoria* (1999), de Manuel Álvarez Torneiro en 1998; *Vocabulario das orixes* (2000), de Xosé M<sup>a</sup> Álvarez Cáccamo en 1999; *Campo segado* (2001), de Manuel Álvarez Torneiro en 2000; *Eloxio da desorde* (2002), de Román Raña Lama en 2002; *Capital do corpo* (2004), de Miguel Anxo Fernán Vello en 2004; *O pozo da ferida* (2006), de Medos Romero en 2006; *Cabalos do alén* (2009), de Xavier Lama López en 2008; *Os indios deixaron os verdes prados* (2011), de Manuel Darriba en 2010; e *As lavandas adaptación a todo erro de navegación*, de Ramón Neto en 2011. Na XVII edición correspondente ao ano 2014 o xurado, composto por Mariel Padín, Xavier Seoane, Xosé María Álvarez Cáccamo, Ramón Neto, Henrique Rabuñal, Manuel Forcadela e Alexandre Nerium, decidiu declarar gañador ao vigués Carlos Penela por *Arte de fuga*.

### Referencias varias:

- E. P., “O vigués Carlos Penela gaña o Premio de Poesía Miguel González Garcés”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Esquelas”, 20 xuño 2014, p. 44.

Dá conta do gañador deste premio e destaca a subxectividade que presenta así como a capacidade de reflexión metapoética.

### VII Certame de Poesía **Mulleres do noso tempo**

A Delegación de Benestar e Igualdade, en colaboración co Centro de Información á Muller do Concello de Cee, convoca este certame co gallo da celebración do Día Internacional da Muller, para fomentar a igualdade entre homes e mulleres, a orixinalidade e a transversalidade na transmisión de valores de convivencia. Poden participar todo o alumnado dos centros escolares, cun tema que reflicta a situación actual das mulleres e cun único poema inédito escrito en galego, cun mínimo de 10 versos e un máximo de 50. Estabelécense catro categorías: categoría A, entre 8 e 9 anos; categoría B, entre 10 e 12 anos; categoría C, entre 13 e 15 anos; categoría D, entre 16 e 17 anos. Deben remitirse nun sobre á rúa Domingo Antonio de Andrade, s/n, 15270, Cee. Estabelécense os seguintes premios: categoría A, 60 euros; B, 70 euros; C, 80 euros; e D, 90 euros. No ano 2014 tivo lugar a VII edición deste certame e o prazo de presentación rematou o día 5 de marzo. O premio da categoría A foi para a poesía “Mariñeiras, por que non?”, de Yamila Lago Lema; da categoría B para “Sempre loitando”, de Juan Manuel Lago Vigo; da categoría C para “Muller das quince rosas”, de Tania Gómez Rodríguez; e da categoría D para “Arrastrando redes”, de Darío Miranda Pastorias.

### Referencias varias:

- J. M. R., “Séptimo concurso poético ‘Mulleres do noso tempo’”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 862, 19 marzo 2014, p. 7.

Anúnciase a convocatoria deste certame e coméntase o seu principal obxectivo, amais do prazo de presentación de orixinais.

- J. M., “Premios del Certame de Poesía en Cee”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 930, 28 maio 2014, p. 6.

Infórmase da resolución deste certame e dos seus gañadores, a saber, Yamila Lago, Juan M. Lago, Tania Gómez e Darío Miranda, que recolleron o seu premio da man da conselleira de Cultura e directora do CIM.

### **Premio Nacional de Poesía**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

### **Premio de Poesía O poeta azul. Xosé María Pérez Parallé**

Convocado pola Sociedade Artística Ferrolana (SAF) e patrocinado polo Real Coro Toxos e Froles, o premio consiste nunha placa e a publicación do poema gañador na revista *Poesía Galicia* da SAF. Pódese enviar un poema por autor, orixinal ou inédito, escrito en galego e con tema libre. O poema escrito a máquina ten que remitirse ao apartado de Correos 339, 15480, Ferrol. No ano 2014 non foi convocado.

### **VII Premio de Poesía Victoriano Taibo**

Convocado por primeira vez no ano 2008 pola Entidade Local de Morgadáns de Gondomar e o Instituto de Estudios Miñoranos (IEM), diríxese a calquera persoa cun poemario inédito de tema libre, escrito en galego e cunha extensión mínima de trescentos versos. Os traballos deben enviarse por cuadruplicado á Aula de Cultura Ponte das Rosas (Avenida da Feira, n.º 10, baixo, apartado de correos 30, 36380, Gondomar). O premio consiste nunha dotación de 3.000 euros, unha escultura conmemorativa, realizada polo artista miñorán Fino Lorenzo, e a edición da obra nunha colección de poesía do IEM, “Victoriano Taibo”. Nas edicións anteriores resultaron galardoados: en 2008, Carlos Negro, con *Cultivos transxénicos*; en 2009, *ex aequo* para M<sup>a</sup> Carmen Caramés, con *Cuarto Minguante*, e Elvira Riveiro e Silvia Penas con *Biografía da Multitude*; en 2010, M<sup>a</sup> Goretti Fariña Caamaño con *Devastacións dispoñibles*; en 2011 Carlos Solla con *Holocausto Zaoe*; en 2012 M<sup>a</sup> Concepción Álvarez Lebreo con *Distancias e Simetrías*; e en 2013 Ramón Sandoval con *Territorios estraños*. O prazo de admisión da VII edición, correspondente ao ano 2014, rematou o 31 de xullo e o xurado acordou outorgar o galardón a *O caderno amarelo*, do que é autora a poeta Lara Rozados (Poio, 1982). O acto de entrega realizouse o 15 de novembro na Escola de Guillufe (Gondomar).

### **Referencias varias:**

- Neli Pillado, “Rozados chama á introspección ante a crise ao recoller o Victoriano Taibo”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 16 novembro 2014, p. 46.

Dá noticia da entrega en Gondomar do VII Premio de Poesía Victoriano Taibo a Lara Rozados polo seu libro *O caderno amarelo*. Faise unha semblanza do persoeiro que lle da nome ao premio e infórmase das características do mesmo.

### **Xogos Florais María Pita**

Premios organizados dende 1992 pola Orde de Cabaleiros de María Pita, co obxectivo de lembrar os Xogos Florais de Galicia, celebrados na Coruña no ano 1861. Cada convocatoria está dedicada a unha personalidade histórica coruñesa (dende María Pita a Concepción Arenal, pasando por Manuel Murguía ou Cornide). Poden presentarse, cun máximo de dous poemas de até cen versos en galego e castelán, todas as persoas que o desexen, excepto as gañadoras do ano anterior. As composicións deben estar impresas en A4 a dobre espazo e por unha soa cara e remitirse orixinal e copia, co seu lema, á Orde de Cabaleiros de María Pita (Rúa San Andrés, 121 – 8º 15003 A Coruña), xunto cun sobre cos datos persoais do autor. Conta con dúas categorías: sénior (maiores de 18 anos) cun premio composto de Tizona de Ouro, Flor Natural e 1.000 euros; e xuvenil (menores de 18 anos) cun premio de Tizona de Ouro, Flor Natural e 500 euros. Na XXIII edición do ano 2014, a figura homenaxeada foi Teresa Herrera e o prazo para presentarse rematou o 30 de setembro. Os premios fixéronse públicos durante os actos das Festas do Rosario 2014. O xurado decidiu conceder o galardón na categoría xuvenil a Francisco Basilio Hermo Mosquera, por Teresa, princesa y alma coruñesa”, e na categoría sénior a Álvaro Paz Palacios, por Árido corazón”.

### **III Certame de Poesía Xosé María López “Ardeiro”**

Convocado polo Concello de Negreira en homenaxe ao poeta Xosé Manuel López “Ardeiro”, poden concorrer todas as persoas que o desexen cunha única obra, escrita en lingua galega. Os traballos deben ser orixinais, inéditos, non ter sido premiados con anterioridade en calquera outro concurso ou certame, e ter unha extensión entre 350 e 700 versos, escritos con tipografía de imprenta (tipo Arial 12 ou similar), a dobre espazo, con absoluta liberdade en canto a estrofas, medida e rima. Preséntanse por triplicado, sen firma, constatando neles soamente o título e o lema. Nun sobre pechado deben figurar o lema xunto co nome, dous apelidos, fotocopia do DNI e teléfono, e no exterior o lema e o nome do certame ao que se presenta. Así mesmo, debe acompañarse dunha declaración xurada de cumprir o requisito de tratarse dun texto inédito e non premiado noutros concursos, certames ou premios, que debe ir introducida no sobre cos datos persoais. As obras entréganse na Delegación de Cultura e Deportes Casa de Cultura - 1ª Planta 15830 Negreira (A Coruña). O premio consiste na publicación do poemario gañador por parte da Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística e da Dirección Xeral do Libro, e a entrega ao autor de 150 exemplares. O xurado está formado por tres membros de prestixio no campo da literatura, e como secretario, con voz pero sen voto, o representante do Concello que designe o alcalde. Na primeira edición o galardoado foi Rafael Lema coa obra *Alturas do monte Pindo* (2013). No ano 2014 tivo lugar a III edición e resultou gañadora Andrea Porto Mato (A Estrada, 1989), coa obra *Mosaicos de vidro*.

### Referencias varias:

- M. M. O., “Entrega hoxe do premio Ardeiro a Yolanda López”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 951, 19 xuño 2014, p. 5.

Anúnciase a entrega do premio deste certame, que terá lugar no auditorio sociocultural de Negreira e que recaerá, nesta ocasión, en Yolanda López López e o seu poemario *Tántalo*.

- M. Manteiga, “Yolanda López gaña con ‘Tántalo’ o Ardeiro 2013”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 952, 20 xuño 2014, p. 7.

Dá conta da gañadora do certame de Poesía Ardeiro que este ano foi para Yolanda López López con *Tántalo* que organiza o concello de Negreira e a Xunta. A obra mostra a dobre moral que presenta a sociedade actual. Fanse referencia tamén, as bases para a próxima edición.

- M. M. O., “Certame Ardeiro y conciertos para la capital barcalesa”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.074, 22 outubro 2014, p. 7.

Entre outras cousas, infórmase de que o Concello de Negreira anima a participar neste certame a todo aquel interesado e lembra que o poderán facer até o catorce de novembro.

- M. Toledo, “A estradense Andrea Porto recibe o Ardeiro de poesía por ‘Mosaicos de vidro’”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.132, 21 decembro 2014, p. 5.

Informa do acto de entrega no auditorio de Negreira do premio de poesía Ardeiro a Andrea Porto Mato, de quen se dá algúns datos biográficos e outros premios recibidos.

### XXVII Certame Nacional de Poesía **Xosé María Pérez Parallé**

Convocado polo Círculo Mercantil e Industrial-Unidade de Fene, coa colaboración do Concello de Fene, a Editorial Espiral Maior e a Deputación da Coruña, dende o ano 1987 para homenaxear a figura do poeta ferrolán Xosé María Pérez Parallé, está dirixido a novas voces que non publicaran ningún libro individual. Neste certame galardóanse poemas (catro como máximo) inéditos, escritos en galego, cunha extensión mínima de trescentos versos. Os orixinais teñen que se enviar por triplicado e cun pseudónimo ou lema á sede do Círculo (Rúa Porto do Río, n.º 21, San Paio-Fene, A Coruña) e deben entregarse mecanografados por unha soa cara e baixo o sistema de plica. O galardón consiste na publicación da obra pola Editorial Espiral Maior cunha tiraxe de seiscentos exemplares, 600 euros e unha peza de cerámica deseñada por Francisco Pérez Porto, fillo de Xosé María Pérez Parallé. Na XXVII edición, correspondente ao ano 2014, o prazo de admisión rematou o 30 de setembro e o xurado, formado por Gonzalo Herme, Mariña Pérez Rei e Carlos Quiroga, concedeu o galardón a Eduard Velasco polo seu poemario *Ruído de trens*. A entrega tivo lugar o 15 de novembro no Círculo Industrial e Mercantil de Fene.





## X. 3. TEATRO

### IX Premio Abrente para Textos Teatrais

Coa intención de incentivar a creatividade no ámbito teatral e en lembranza dos “Concursos de textos teatrais” da Asociación Cultural Abrente (1969-1983), o Concello de Ribadavia e a Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, a través da Mostra Internacional de Teatro, convocan este premio dende o ano 2006. Poden optar a el todos os autores de calquera nacionalidade que presenten obras inéditas e non premiadas, escritas en lingua galega segundo a normativa oficial. Estabelécese un premio único e indivisíbel, dotado con 3.000 euros, unha estatuíña de Manuel Rodríguez Alonso e a entrega de vinte e cinco exemplares, reservando o Concello, durante un prazo de doce meses, os dereitos de editala e de representala. As obras, de tema e extensión libres, preséntanse por quintuplicado, en exemplares separados, mecanografados a dobre espazo, numerados, grampados ou encadernados baixo un título e lema, acompañados dun sobre cos datos persoais do autor, dirixidas ao Concello de Ribadavia (Praza Maior, s/n, 32400, Ribadavia-Ourense). Na IX edición do ano 2014 o prazo de entrega remataba o 20 de xuño. , o xurado, formado por Cristina Domínguez, directora e profesora da Escolar Superior de Arte Dramática de Galicia; Toni Salgado, acto; Camilo Franco, escritor e crítico; e Roberto Pascual, director da MIT; concedeu por unanimidade o galardón a Fernando Epelde pola obra *Street Art Symphony*.

### Referencias varias:

- Marta Meira, “Unha nova ‘Xeración Abrente’”, *La Región*, “Verano”, 24 xullo 2014, p. 20.

Informa da presentación do libro *Diante do espello*, de Fran Godón, obra gañadora deste premio na edición de 2013. Recolle as declaracións do alcalde que fala dunha “Xeración Abrente” e informa das actividades da edición da Mostra Internacional de Teatro Abrente.

### II Concurso de teatro afeccionado da sociedade Agarimo

Creado no ano 2013 pola sociedade cultural Agarimo, en Sillobre (Fene), co obxectivo de apoiar o teatro afeccionado e conta coa colaboración do Concello de Fene, da Deputación da Coruña e da Xunta de Galicia. Conta cos seguintes galardóns: 600 euros para a mellor obra; 150 para a mellor actriz ou o mellor actor principal; 150 para a mellor actriz ou actor de reparto; ademais, as compañías de fóra reciben 250 euros en concepto de gastos de desprazamento. Na II edición, do ano 2014, o xurado estivo formado por sete persoas relacionadas co teatro. Seleccionáronse as seguintes compañías para participar, despois de difundir as bases entre unha trintena delas: Quemaisten teatro das Pontes coa peza *Ela, a miña amante e a miña señora*; a compañía Ultreia de Ortigueira coa peza *La dama boba*; A Pombiña de Pedroso co espectáculo *O xardín dos pobres*; a Agrupación Teatral Marinan (Betanzos), con *Martín seco*; o grupo Xosé M<sup>a</sup> Pérez Parallé do CMI Unidade de Fene coa obra *Enganados*; e a Escola de Teatro Agarimo coa peza *Ante todo discreción*. O ciclo desenvolveuse entre o 18 de outubro e o 13 de decembro

## XXII Premio Álvaro Cunqueiro para Textos Teatrais

Premio instituído no ano 1988 polo Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM) e actualmente organizado por AGADIC (Axencia Galega das Industrias Culturais), pertencente á Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, para promover o ámbito da literatura teatral galega contemporánea e incentivar a creatividade na dramaturxia. Convócase xunto co Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil e o Barriga Verde de Textos para Teatro de Monicreques. As persoas interesadas deben remitir ou entregar nas oficinas de AGADIC (Rúa da Vesada s/n, San Lázaro, 15703, Santiago de Compostela) os seus textos inéditos, escritos en galego conforme a normativa vixente, non representados nin premiados noutros concursos, de temática libre e sen límite de extensión, quedando excluídas as obras de teatro breve e os textos para teatro de monicreques. Tampouco se teñen en conta os orixinais de autores premiados nas dúas convocatorias inmediatamente anteriores. Os textos deben ser presentados por sextuplicado en DIN A-4, mecanografados a dobre espazo co título e lema do premio na portada, xunto cun sobre pechado cos datos persoais do autor. O premio está dotado de 6.000 euros e a obra premiada pode ser publicada nas coleccións de AGADIC, que se reserva durante un prazo de dous anos o dereito a editalas. Segundo as bases da convocatoria, complementariamente á calidade literaria e dramática das obras, o xurado valora positivamente aqueles factores que inciden na súa viabilidade escénica e no coidado da lingua. Nas edicións anteriores foron galardoados: en 1988 *O arce do xardín* (1989), de Roberto Salgueiro; en 1989 *Azos de esguello* (1990), de Euloxio R. Ruibal; en 1990 *Os rebertes* (1993), de Agustín Magán; en 1991 *Saxo Tenor* (1993), de Roberto Vidal Bolaño; en 1992 *Copenhague* (1993), de Andrés A. Vila e Xosé Cid Cabido; en 1993 *O prazo* (1994), de Manoel Riveiro; en 1994 *Lugar* (1995), de Raúl Dans; en 2000 *Elia en ardencia ou Bernardo destemplado* (2001), de Roberto Salgueiro; en 2001 *Agnus patris* (2002), de Afonso Becerra de Becerreá; en 2002 *Molière final* (2003), de Roberto Salgueiro; en 2003 *Hai que confiar na esperanza* (2004), de Siro López; en 2004 *Os homes só contan até tres* (2006), de Antón Lopo; en 2005 *Limpeza de sangue* (2006), de Rubén Ruibal; en 2006 *Ocaso Otero* (2007), de Manuel Guede; en 2007 *Historia da chuvia que cae todos os días* (2008), de Roberto Salgueiro; en 2008 *Sempre quixen bailar un tango* (2009), de Teresa González Costa; en 2009 *Flores de Dunsinane* (2010), de Manuel Lourenzo; en 2010 *Chegamos despois a unha terra gris* (2011), de Raúl Dans Mayor; en 2011 *A cegueira*, de Marcos Abalde Covelo; en 2012 *Isobaras*, de Gustavo Pernas Cora; e en 2013 non houbo convocatoria. A convocatoria da XXII edición foi publicada o 31 de decembro de 2013 e o prazo de presentación de orixinais remata o 30 de maio de 2014. O xurado, composto por Roberto Salgueiro como presidente, Xosé Manuel Fernández Castro, Ignacio Vilariño Sanmartín, Daniel González Salgado, Artur Trillo Sendón, Dolores Vilavedra e Marcelina Calvo como secretaria, decidiu premiar *Raclette* de Santiago Cortegoso (Moaña, 1974).

### Referencias varias:

- ELOS, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 26 abril 2014, p. 42.

Dáse conta do prazo de entrega e das bases dos premios Manuel María de Literatura dramática Infantil e o Barriga Verde de textos para teatro de monicreques (modalidade infantil) que convoca AGADIC.

- Ágatha de Santos, “Santiago Cortegoso gaña o premio Álvaro Cunqueiro de teatro coa obra ‘Raclette’”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, p. 40/ *La Opinión*, “Sociedad, cultura y ocio”, p. 32, 11 novembro 2014.

Informa dos gañadores dos premios de literatura dramática que convoca AGADIC e destaca os comentarios positivos e optimistas por parte do secretario xeral de cultura, Anxo Lorenzo, e de Jacobo Sutil, presidente de AGADIC, con respecto á situación e futuro do teatro galego. Tamén se indican as dotacións económicas que acompañan os premios así como a posibilidade de publicación das obras gañadoras.

- A. de Santos, “Antón Cortizas. ‘O xogo popular é cultura lúdica e estámola perdendo’”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, p. 40/ *La Opinión*, “Sociedad, cultura y ocio”, p. 32, 11 novembro 2014.

Conversa co escritor Antón Cortizas tras gañar o premio Manuel María de literatura dramática infantil por *Xogando con gatos*. As cuestións xiran en torno á desaparición dos xogos tradicionais ante o auxe dos medios tecnolóxicos, temática presente na obra.

- A. de Santos, “Santiago Cortegoso. ‘Os temas son unha constante nas miñas obras’”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, p. 40/ *La Opinión*, “Sociedad, cultura y ocio”, p. 32, 11 novembro 2014.

Entrevista ao gañador do Premio Álvaro Cunqueiro na cal fala da súa obra premiada e reflexiona sobre a situación da dramaturxia.

- Alba Bermúdez, “Santiago Cortegoso gaña o Cunqueiro con ‘Raclette’”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 11 novembro 2014, p. 43.

Comenta a temática de *Xogando con gatos* de Antón Cortizas, gañadora do VIII Premio Manuel María, resaltando os comentarios positivos por parte do xurado con respecto á riqueza en linguaxes escénicas que presenta a obra. Tamén fai referencia ao título galardoado co XXII Premio Álvaro Cunqueiro, *Raquette* de Santiago Cortegoso; así como á peza galardoada co XI Barriga Verde na modalidade de obra dramática infantil, *O lobo e a lúa*, de Andrea Bayer e *Ela, piedade dos suicidas*, de Xavier Lama, galardoada neste mesmo XI Premio Barriga Verde na modalidade para adultos. Destaca a intervención do Secretario xeral de cultura, Anxo Lorenzo, comentando o papel destes premios.

## **XI Premio Internacional de Teatro para Títeres Barriga Verde de Textos para Teatro de Monicreques**

Convocado polo IGAEM (Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais), actualmente AGADIC (Axencia Galega das Industrias Culturais) da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, conxuntamente co Premio Álvaro Cunqueiro para Textos Teatrais e o Manuel María de Literatura Dramática Infantil, este é o primeiro en España

creado especificamente para textos destinados a obras representadas con monicreques. Divídese en dous apartados, dotados con 3.000 euros cada un: textos dirixidos ao público infantil, e textos escritos para o público adulto, que na convocatoria de 2009 ascendeu a 6.000 euros en cada modalidade. As obras poden ter tema e extensión libres, tendo en conta o principio de duración normal dun espectáculo completo. A obra premiada pode ser publicada nas coleccións da AGADIC, que se reserva durante un prazo de dous anos o dereito a editalas. Os orixinais deben presentarse por sextuplicado, mecanografados a dobre espazo baixo lema e un sobre pechado cos datos persoais do autor a AGADIC (Rúa da Vesada, s/n, San Lázaro, 15703, Santiago de Compostela). Segundo as bases da convocatoria, complementariamente á calidade literaria e dramática das obras, o xurado valora positivamente aqueles factores que inciden na súa viabilidade escénica e na calidade da lingua. En anteriores edicións resultaron galardoada na modalidade infantil as seguintes pezas dramáticas: en 2003 *Cucho, Coco e o dilema do 6*, de Tino Antelo; *Cataventos e Cía. Ou a verdadeira historia de Amanda, a princesa, e Leonardo, o poeta*, de Celia Díaz Núñez; en 2006 *O afundimento do Titanic*, de Breogán Riveiro; en 2008 *O punto da escarola*, de Xosé A. Neira Cruz; en 2009 *Bon appétit*, de Begoña García Ferreira; e en 2012 *Un mosquito de nome Henri*, de Raúl Dans. E na categoría de adultos: en 2003 *O Soñador. Pezas de títeres para adultos*, de Gabriel Castilla Raspa; en 2005 *Misterio en Guernica*, de Xosé Manuel Fernández Castro; e en 2009 *Auga que non vas beber...*, de Ignacio Vilariño Sanmartín; en 2010 *Pedra sobre pedra*, de Xosé Antonio Neira Cruz; e en 2011 e en 2012 o premio quedou deserto. A convocatoria da XI edición foi publicada o 31 de decembro de 2013 e o prazo de presentación de orixinais remata o 30 de maio de 2014. A gañadora para público infantil foi Andrea Bayer por *O lobo e a lúa*; e para público adulto foi Xavier Lama por *Ela, piedade dos suicidas*.

### Referencias varias:

- Belén López: “Andrea Bayer gaña o premio Barriga Verde con ‘O lobo e a lúa’”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Cultural”, 11 novembro 2014, p. 12.

Fala d’*O lobo e a lúa*, a obra de Andra Bayer galardoada co XI premio Barriga Verde de textos para teatro e monicreques na súa categoría para cativos. Recóllense as palabras da actriz, guionista e directora do grupo Baobab coas que agradeceu a entrega do premio o do que significa na súa traxectoria profesional.

- Ágatha de Santos, “Santiago Cortegoso gaña o premio Álvaro Cunqueiro de teatro coa obra ‘Raclette’”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, p. 40/ *La Opinión*, “Sociedad, cultura y ocio”, p. 32, 11 novembro 2014.

Dá conta da entrega do XXII Premio Álvaro Cunqueiro a Santiago Cortegoso, do VIII Premio Manuel María para Antón Cortizas e do XI Premio Barriga Verde para Andrea Bayer. Recóllense as palabras do secretario de Cultura, Anxo Lorenzo, e do director de Agadic, Jacobo Sutil, sobre a repercusión das obras premiadas.

- Alba Bermúdez, “Santiago Cortegoso gaña o Cunqueiro con ‘Raclette’”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 11 novembro 2014, p. 43.

Dá conta da entrega do XXII Premio Álvaro Cunqueiro a Santiago Cortegoso, do VIII Premio Manuel María para Antón Cortizas e do XI Premio Barriga Verde para Andrea Bayer. Recóñllense as verbas dos galardoados que explican as súas obras.

### VIII Premio **Diario Cultural de Teatro Radiofónico**

Convócanos a Radio Galega e o Centro Dramático Galego, co patrocinio da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC), coa intención de fomentar a escrita de textos dramáticos para a radio e recuperar o xénero de teatro radiofónico mediante o incentivo á creación de guións radiofónicos dramáticos. Conta con dous galardóns, o Premio do Xurado, cunha dotación de 3.000 euros, e o Premio da Audiencia, de idéntica contía. As obras seleccionadas polo xurado emítense na Radio Galega e editase un libro-CD cos textos finalistas. Poden participar todos os escritores e as escritoras que o desexen sempre e cando non manteñan unha relación laboral coa Compañía de Radio/Televisión de Galicia e calquera das Sociedades que comprende (Televisión de Galicia e Radio Galega). Os traballos presentados deben ser orixinais e inéditos, escritos en lingua galega e non poden ser adaptacións. Deben estar libres de todo compromiso anterior con emisoras de radio, televisións, editoriais ou entidades semellantes. Os traballos, co formato de guión radiofónico dramático, non poden exceder os dez minutos de duración en antena. As obras teñen que presentar un reparto de cinco personaxes como máximo. Os autores poden utilizar, coas indicacións pertinentes, cantos recursos radiofónicos consideren necesarios para que o texto sexa realizado de maneira axeitada: música, planos sonoros, efectos, etc. O director das dramatizacións radiofónicas pode facer as adaptacións necesarias para a súa realización e emisión. Non se admiten máis de dous guións por autor e de cada obra preséntanse o orixinal e cinco copias. Os autores concursan polo sistema de plica e os traballos fanse chegar por correo ao seguinte enderezo: Radio Galega, Diario Cultural “Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico”, San Marcos, 15820, Santiago de Compostela. Consérvanse durante un mes a partir da data na que se fai pública a resolución do xurado e logo destrúense os que non foran solicitados polos seus autores. Os argumentos das obras son de temática libre. O xurado estivo integrado por profesionais de recoñecido prestixio do ámbito da escena galega e un representante do Diario Cultural da Radio Galega, que valoraron especialmente a calidade literaria e dramática das obras e a súa adaptación ao medio radiofónico. Os autores comprométese a autorizar a dramatización e emisión pola Radio Galega das obras presentadas, de seren estas seleccionadas, así como a súa edición en libro-CD. Para tal fin os autores premiados e finalistas entenden cedidos a favor da Radio Galega os dereitos de comunicación pública, reprodución e distribución precisos para a posta en antena da obra e a súa primeira edición en libro e disco compacto. Os autores que o desexen poden enviar co texto as gravacións das dramatizacións en soporte CD, que non son tidas en conta na valoración dos textos teatrais, pero si serán emitidas, de seren finalistas os textos, pola Radio Galega para a votación da audiencia, en lugar da dramatización realizada polo equipo artístico coordinado polo Centro Dramático Galego. En anteriores edicións os galardóns foron para *O Bambán*, de David Rodríguez en 2007; *O mal da vaca*, de Begoña García Ferreira en 2008; *Peter Buckley*, de Rubén Ruibal e César Candelas en 2009; *O vento da Illa*, de Begoña García Ferreira en 2010; *Paraísos*, de Xosé Manuel Pacho Blanco en 2011; *Poema sinestésico para tres voces e un can*, de Eva F. Ferreira en 2012; e *Choven cartos*, de Raquel Marco. Na oitava edición do ano 2014, o prazo de recepción de orixinais rematou o 4 de abril. O xurado, composto por a directora e docente na Escola

Superior de Arte Dramática Cristina Domínguez; o crítico de teatro Camilo Franco; a docente na Escola Superior de Arte Dramática Inma López Silva; por designación da Secretaría Xeral de Cultura, Gloria Ferreiro, xefa de Programas da Radio Galega, e Ana Romaní, directora do Diario Cultural da Radio Galega, acordou concederlle o premio do xurado á obra titulada *Explotados*, de César Carracedo, mentres que o premio da audiencia recaeu en Carmen Blanco Sanjurjo por *A primeira vez*.

#### **Referencias varias:**

- Vicente Plaza, “Os dramaturgos queren máis presenza do teatro na radio”, *El Correo Gallego*, “Medios”, 7 marzo 2014, p. 52.

Dan a coñecer as bases para participar no VIII Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico e a publicación dun libro-disco con aquelas obras finalistas da edición de 2013. Destácase a necesidade de impulsar o teatro radiofónico.

- A. S., “César Carracedo y Carmen Blanco, premios Diario Cultural de Teatro Radiofónico”, *Faro de Vigo*, “TV/Espectáculos”, 1 xullo 2014, p. 61.

Anúncianse os gañadores do VIII Premio “Diario Cultural” de Teatro Radiofónico convocado pola Radio Galega. Os vencedores foron César Carracedo con *Explotados* e Carmen Balnco con *A primera vez*. Os finalistas foron Marcos Abalde e Fernando Epelde con *Para o norte* e *A guerra silenciosa* respectivamente. As catro obras serán publicadas nun libro-CD e emitidas na Radio Galega.

#### **XXV Premios do Festival de Teato Galego (FETEGA)**

Organizados pola Asociación Cultural Fetega, coa colaboración de distintas entidades: Deputación Provincial de Ourense, Concello do Carballiño, AGADIC ou Abanca. Os premios outórganse durante a celebración do Festival de Teatro Galego do Carballiño. No ano 2014 tivo lugar a XXV edición deste festival e os premios desta convocatoria recaeron en Celso Parada, como Mellor actor; Rosa Álvarez, como Mellor actriz; *Bye, bye honey* como Mellor espectáculo; e o premio Honorífico Fetega foi para Xan Pinal.

#### **I Concurso de textos teatrais Franco Calvete**

Premio convocado polo Concello do Grove co obxectivo de contribuír as representacións teatrais e poñer en valor o teatro como xénero literario. Os textos que se envien deberán estar escritos en lingua galega e ser inéditos. Hai un único premio dotado de 1.000 euros e a publicación da obra. O prazo desta primeira edición, do ano 2014, pechaba o día 30 de setembro. O xurado, composto por Anxo López, Marta González e María Leonor Soilán, concedeu o premio a Alba Ermida Area por “Penduradas dun fío”.

#### **V Premio de teatro A Guerra da Independencia en Valga**

Convócao o Concello de Valga dende o ano 2009 para obras inéditas en galego nas que o autor presenta un texto que será representado ao aire libre por actores e actrices afeccionados. O tema debe gardar relación coa Guerra da Independencia e centrarse no episodio da revolta popular dos veciños de Casal do Eirigo contra as tropas francesas. O escenario de representación é o recinto da Capela da Saúde. Os orixinais deben presentarse mecanografados, por quintuplicado, sen asinar, co título da obra e o pseudónimo do autor, así como un precaderno de dirección no que se describa a posta en escena do espectáculo, xunto a un sobre cos datos persoais e enviarse ao Concello de Valga (Avda. Coruña, 14, 36645 Valga-Pontevedra). Estabelécese un único premio de 600 euros que implica a obriga de colaborar coa dirección da obra para a súa posta en escena. Ademais da calidade das obras, valórase a viabilidade da súa posta en escena. O 22 de febreiro de 2014 pechouse o prazo de entrega de obras para participar na cuarta edición do certame, correspondente á convocatoria de 2013. Finalmente resultou merecedora do premio Iris Esperón Abril, dos Vilares (Valga), coa obra *Dádelles caña*, que se representou o 31 de maio durante os actos do 205º aniversario da Batalla do Casal do Eirigo.

### XVIII Premios **María Casares**

De carácter anual, foron creados en 1997 pola Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG) para serviren de estímulo e recoñecemento ao labor desenvolvido pola profesión teatral galega. O nome dos premios foi decidido por considerar que o prestixio desta actriz galega, ademais de merecer unha homenaxe, podería servir de promoción para o teatro galego. A organización corre a cargo da Asociación de Actores e Actrices, coa que colabora o Concello da Coruña (cidade na que se realiza a gala de entrega dos premios, por ser María Casares filla predilecta desta cidade). Optan a estes galardóns todas as producións feitas en lingua galega estreadas en Galicia entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano anterior á concesión dos premios, así como todos os profesionais que participaron nas montaxes comprendidas nese período de tempo. Os premios concédense nos seguintes apartados: Maquillaxe, Vestiario, Iluminación, Música orixinal, Adaptación /Tradución, Texto orixinal, Escenografía, Actor secundario, Actriz secundaria, Actor protagonista, Actriz protagonista, Dirección, Espectáculo e Premio de Honra Marisa Soto, á traxectoria persoal ou labor de promoción do teatro. Consisten nunha xerra coa efixie da actriz María Casares e decídense nun proceso que se desenvolve durante o primeiro trimestre do ano. Nesta XVIII edición de 2014 a resolución dos premios coñeceuse o día 28 de marzo, nunha gala celebrada no Teatro Rosalía de Castro da Coruña. Os galardóns foron para *Euzone*, do grupo Chévere, que obtivo o premio de Mellor espectáculo; *As do peixe*, de Abrapalabra Creacións escénicas, gañou o galardón de Mellor dirección; *Eurozone*, de Chévere, levou o de Mellor Escenografía; Carlos Mosquera, Mellor Música Orixinal; Fidel Vázquez, por *Eurozone*, Mellor Iluminación; Uxía P. Valleo, Mellor Vestiario; Trini F. Silva, por *Viaxe a ningunha parte*, de Matrioshka Teatro, Mellor Maquillaxe; Uxía P. Vaello, por *Waltz*, de Voadora Teatro, Mellor Vestiario; Xosé Manuel Pazos Varela, por *A charca inútil*, de Teatro do Atlático, Mellor Adaptación; Josito Porto, por *As mil vidas de Matías Houseman* levou o galardón a Mellor Actor Protagonista; Susana Dans, por *As do peixe*, de Abrapalabra Creacións Escénica, acadou a distinción de Mellor Actriz Protagonista; Cándido Pazón, por *As do peixe*, Mellor Texto Orixinal; Patricia de Lorenzo, por *Eurozone*, Mellor Actriz Secundaria; e César Goldi, por *Bye*

*Bye Honey*, Mellor Actor Secundario. O Premio de Honra Marisa Soto 2014 foi para Xosé Manuel Olveira “Pico”.

### Referencias varias:

- B. Y., “As do peixe’ optan a cinco galardones en los premios María Casares de Teatro”, *Diario de Arousa*, “O Salnés”, 7 marzo 2014, p. 14.

Indícase que a obra *As do peixe* escrita por Cándido Pazó aspira a cinco galardóns na XVIII edición dos Premios María Casares de Teatro que cada ano concede a Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG).

- Fran P. Lorenzo, “Os María Casares desmenten a crise con once espectáculos de calidade”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 7 marzo 2014, p. 39.

Indícanse os nomeados na XVIII edición dos Premios María Casares de Teatro. As obras que optan aos galardóns son: *Eurozone*, *O home almofada*, *Bye bye honey*, *As do peixe*, *Waltz*, *A charca inútil*, *C’est la vie*, *BailadElas*, *Criaturas*, *As mil vidas de Matías Houseman* e *Gaivotas Subterráneas*.

- P. Calveiro, “Las compañías Chévere e IlMaquinario, favoritas para los María Casares de teatro”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 7 marzo 2014, p. 43.

Coméntanse os nomeados que optan aos Premios María Casares de Teatro e destaca as compañías Chévere coa obra *Eurozone* que acumula doce nominacións e Il Maquinario Tetaro que opta a seis con *O home almofada*.

- Carlos Crespo, “A festa dos que non están pra festas”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Escenarios”, “Premios María Casares”, 21 marzo 2014, p. 4.

Indícanse os nomeados aos Premios María Casares de Teatro, e que este ano van gañando protagonismo as novas compañías coma Il Maquinario Teatro con seis nomeacións por *O home almofada*. Sinálase, tamén, a difícil situación que vive o teatro por mor da crise.

- E. P., “El teatro gallego reivindica su papel como ‘arma de organización masiva”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 24 marzo 2014, p. 43.

- R. L., “Los premios María Casares reflejarán en su gala la precariedad del teatro”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 25 marzo 2014, p. 17.

Indícanse cales son os espectáculos nomeados aos Premios Marías Casares e as categorías que optan. Faise referencia ademais, que este ano a entrega de premios será unha denuncia á situación precaria que vive o teatro actualmente convertendo o “Teatro Rosalía de Castro nun furancho”.

- A. Santos, “La gala de los Premios María Casares reflejará la ‘precariedad’ del teatro”, *Faro de Vigo*, “Tv/Espectáculos”, 25 marzo 2014, p. 67.



Fálase sobre a situación precaria que vive o teatro nestes tempos de crise e indícase tamén cales son as obras que optan a máis galardóns.

- Alberto Martínez, “Los María Casares premian el ‘teatro artesanal’ gallego”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 25 marzo 2014, p. 43.

Fálase sobre os premios María Casares, nos cales este ano destacan catro obras: *Eurozone* de Chévere, *O home almofada* de Il Maquinario Teatro, *As do peixe* e *Bye bye honey* de Abrapalabra que son as que máis nomeacións acaparan. En total son once producións que optan a 13 categorías.

- Mar Mato, “La oferta de obras teatrales cayó un 42% en Galicia en los últimos cuatro años”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, p. 42/ *La Opinión*, “Sociedad, cultura y ocio”, p. 40, 27 marzo 2014.

Faise referencia á precaria situación que está vivindo o teatro en Galicia e no conxunto do estado; especúlase que as causas poden ser a crise ou o incremento do IVE. Dáse conta tamén dos nominados ao Premio María Casares de Teatro.

- Belén López, “Os María Casares coroan a ‘As do peixe’”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, 28 marzo 2014, p. 77.

Coméntase que a obra teatral *As do peixe* foi representada na cidade de Pontevedra e sinálase que esta peza teatral foi unha das galardoada nos Premios María Casares. Indícase tamén, cales foron os outros montaxes premiados.

- Fran P. Lorenzo, “Eurozone’, a farsa dos Chévere sobre a crise, triunfa nos María Casares”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 28 marzo 2014, p. 39.

Faise referencia aos gañadores dos Premios de Teatro María Casares, nos que destacaron as obras *Eurozone* e *As do peixe*. Coméntase que o Premio de Honra Marisa Soto foi para Manuel Oliveira, coñecido como Pico, que faleceu no pasado ano.

- Marta García Márquez, “Nun furancho onde se serve viño do país”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 28 marzo 2014, p. 13.

Coméntase a entrega dos Premios María Casares que se celebrou na cidade da Coruña. Un acto marcado pola crise e que así o reivindicaron convertendo o Teatro Rosalía nun furancho. Indícanse os gañadores entre os que destacan as obras *Eurozone* e *As do Peixe*.

- Ruth López, “El ‘Eurozone’ de Chévere triunfa en los María Casares”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 28 marzo 2014, p. 58.

Indica que o gran gañador dos premios María Casares foi a obra *Eurozone* galardoada como mellor espectáculo, iluminación, escenografía e actriz secundaria. Relata as outras obras premiadas nas distintas categorías.

- Rodri García, “Eurozone”, unha farsa sobre a crise do euro, mellor espectáculo”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 28 marzo 2014, p. 38.

Coméntase a entrega de premios María Casares de teatro, no que a obra galardoada como mellor espectáculo foi *Eurozone*, e destácase no acto de entrega os tempos de crise que vive o teatro.

- Manuel Varela, “Os María Casares berran polo teatro”, *Faro de Vigo*, “Tv/Espectáculos”, p. 59/ *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y Cultura”, p. 8, 28 marzo 2014.

Dá conta dos Premios María Casaras que se caracterizaron pola reivindicación cara a un sector marcado fortemente pola crise. Tamén se homenaxeou a Pico que faleceu no pasado ano e sinálanse as obras gañadores entre as que destaca *Eurozone* e *As do peixe*.

- Susana López, “Josito Porto. ‘Estou ilusionado, pero o premio real é sortear os atrancos e ter un espectáculo á marxe das axudas’”, *Diario de Arousa*, “Vilagarcía”, 29 marzo 2014, p. 9.

Entrevístase a Josito Porto, gañador do premio María Casares como mellor actor coa obra *As mil vidas de Matías Houseman*. O galardoado comenta as súas sensacións tras recibir o premio e reivindica a mala situación que vive o teatro actualmente.

- R. G., “O teatro contra o ‘intrusismo’ dos políticos”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 30 marzo 2014, p. 46.

Dá conta do acto de entrega dos Premios María Casares e de como se desenvolveu a entrega de premios. Destaca fundamentalmente a situación de crise do teatro e a mala xestión política.

### XIII Premio de Interpretación Teatral **Maruxa Villanueva**

O Concello de Padrón convoca dende o ano 2001 este premio en homenaxe a Maruxa Villanueva, que foi case tres décadas guardesa da Casa-Museo de Rosalía de Castro e tamén recoñecida actriz de teatro. Poden concorrer aqueles actores e actrices que, durante o ano, participasen nun espectáculo teatral en galego, ademais de ser extensivo a un artista de recoñecida traxectoria neste ámbito. Conta cunha contía de 1.200 euros, diploma acreditativo e estatuíña de bronce do busto de Maruxa Villanueva. No ano 2014 o xurado do certame decidiu outorgar o galardón da XIII edición, referente ao ano 2013, a Mónica Camaño (Cangas do Morrazo, 1971), tanto pola súa traxectoria como pola súa interpretación no espectáculo *As do peixe*.

### **Referencias varias:**

- Cristina Botrán, “Mónica Camaño álzase co premio Maruxa Villanueva”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 844, 1 marzo 2014, p. 7.

Anúnciase a gañadora do Premio Maruxa Villanueva que foi para Mónica Camaño coa interpretación teatral *As do peixe*. O xurado valorou as súas aptitudes no escenario e o seu compromiso coa cultura.

- C. B., “Padrón entrega el día 8 el Maruxa Villanueva”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.079, 28 outubro 2014, p. 7.

Dáse conta da próxima entrega deste premio de interpretación en Padrón, informando de que o acto estará precedido da representación da peza teatral *As do peixe* de Abrapalabra Creacións Escénicas, que abrirá o mes que esta vila adica ás artes escénicas.

- C. B./ M. Gil/ J. M. Ramos, “Mónica Camaño recibirá este sábado el Maruxa Villanueva”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.088, 6 novembro 2014, p. 7.

Dá conta da entrega do premio Maruxa Villanueva á actriz Mónica Camaño polas súas cualidades como actriz e a súa implicación co sector cultural.

- Cristina Botrán, “As do peixe’ deixan a pegada en Padrón do mundo da conserva”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.091, 9 novembro 2014, p. 7.

Fálase do espectáculo *As do peixe*, polo que Mónica Camaño foi galardeada co premio Maruxa Villanueva.

## XVII Premios **MAX de las Artes Escénicas**

En 1998 naceron os premios Max das Artes Escénicas, organizados pola Fundación Autor da Sociedade Xeral de Autores e Editores (SGAE), co propósito de estimular e premiar o talento de artistas e profesionais das artes escénicas. A este premio concorren todos os espectáculos estreados ou en xira na temporada anterior. Os premios concédense en vinte e tres apartados distintos, como autoría, tradución, adaptación, composición, escenografía, iluminación etc., elixidos mediante os votos dos seus compañeiros. Dentro do apartado do premio ao mellor autor teatral, nas primeiras convocatorias só se contemplaba a escrita en castelán, pero máis tarde tivéronse tamén en conta as outras linguas do estado. Nesta XVII edición de 2014 modificáronse as bases e decidiron concentrar nunha única categoría de Mejor Autoría Teatral a todas aquelas correspondentes aos distintos idiomas cooficiales do estado.

### Premio **Nacional de Teatro**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

### Premio de Teatro **Rafael Dieste**

Este premio, creado no ano 1988 pola Deputación Provincial da Coruña para incentivar a creatividade no ámbito do teatro, por ser unha das formas artísticas de maior incidencia social, e en lembranza do autor rianxeiro que lle dá nome, ten dende 1999

unha periodicidade bienal. Dende o ano 2001, poden optar todos os autores de calquera nacionalidade, que presenten obras inéditas e non premiadas con anterioridade, escritas en lingua galega. Concédese un premio único e indivisíbel dotado con 6.500 euros. A Deputación publica a obra premiada, reservándose durante un prazo de dezaioito meses os dereitos de editala e de representala, e entrega ao gañador trinta exemplares. Ademais, poderá contratar unha compañía teatral galega para realizar a montaxe e a representación da obra premiada. Os traballos, de tema e extensión libres, deben presentarse por quintuplicado, en exemplares separados, mecanografados a dobre espazo, en tamaño DIN-A4, por unha soa cara, numerados, grampados ou encadernados, baixo un título e un lema, constando na plica o título e o lema no seu exterior e no interior o nome e apelidos do autor, o seu enderezo, nacionalidade e número de teléfono. Os participantes teñen a obriga de comunicar á Deputación a concesión de calquera premio que obteña a obra presentada, no momento en que esta situación se produza, o que dá lugar á súa exclusión do concurso. O xurado actúa en pleno, en sesión a ser posíbel única, sendo necesaria a asistencia dos dous terzos dos seus membros. As deliberacións son secretas. Sendo un dos obxectivos deste concurso a posta en escena da obra premiada, estímense positivamente os factores que inciden na súa viabilidade escénica: número de personaxes, condicións técnicas etc. O xurado non pode declarar deserto o galardón e a súa proposta é obxecto de resolución da Presidencia desta Deputación, órgano competente para resolver o premio. Os textos envíanse á Deputación da Coruña, Avda. Alférez Provisional, s/n, 15006 A Coruña, indicando no sobre “Premio de Teatro Rafael Dieste”. En anteriores edicións resultaron premiadas as seguintes obras dramáticas: *Ei, Feldmühle*, de Xesús Pisón en 1991; *Días sen gloria*, de Roberto Vidal Bolaño en 1992; *Matalobos*, de Raúl Dans en 1993; *Velenos*, de Xesús Pisón en 1994; *O serodio remordemento do amor*, de Xavier Lama en 1995; *Magnetismo*, de Manuel Lourenzo en 1996; *Doentes*, de Roberto Vidal Bolaño en 1997; *Ninguén chorou por nós*, de Miguel Sande en 1998; *Últimas faíscas de setembro*, de Manuel Lorenzo Pérez en 1999; *Footing*, de Gustavo Pernas Cora en 2001; *A ciencia dos anxos*, de Inma Antonio en 2003; *Final de película*, de Gustavo Pernas en 2005; *Unha primavera para Aldara*, de Teresa Moure en 2007; *0,7% Molotov*, de Santiago Cortegoso en 2009; *A función do tequila*, de Manuel Guede Oliva en 2011; *Teatro ou xeitos de cargar unha arma*, de Zé Paredes e Xosé Manuel Pacho Blanco. No ano 2014 non foi convocado.

## II Premio de Teatro **Romaría Vikinga**

Organízano o Concello de Catoira e a Universidade de Santiago de Compostela como medio de sensibilización das culturas vikinga e galega e co desexo de contribuír á creación teatral. As obras presentadas deben ser inéditas, escritas en galego e cun tema relacionado coas incursións vikingas e a defensa contra elas, lendas, costumes, personaxes e símbolos, valores e sensibilidades propios do tema en Galicia. O autor debe ter en conta que se trata dunha representación popular na que participan actores e actrices afeccionados en gran número, nados ou residentes en Catoira. A dirección da obra corre a cargo do autor. A presentación ao concurso esixe a presentación de dous sobres (A e B) adxuntos e pechados que conteñen: o sobre A, orixinais, mecanografados e por quintuplicado sen asinar, co título da obra e o pseudónimo da persoa que presenta o texto e que permite a súa posterior identificación, así como un precaderno de dirección no que se describa a posta en escena do espectáculo; o sobre B, o nome, teléfono e enderezo, xunto coa fotocopia do DNI, indicando por fóra o título da obra e o

pseudónimo. Os residentes do concello deben escribir “Catoira” no exterior deste. Os dous sobres deben ir pechados para enviar ao enderezo: Concello de Catoira (Rúa do Concello, 6, 36612, Catoira, Pontevedra). Estabelécese un único premio de 4.808 euros, que na convocatoria do ano 2009 ascendeu a 5.000 euros, coa obriga de dirixir ensaios, ambientación, escenografía, atrezzo e os seis días de escenificación nas Torres de Oeste. Se o autor/a propón a outra persoa para a dirección será baixo a súa responsabilidade artística e económica. Ademais da calidade das obras valórase a visibilidade da súa posta en escena, así como a innovación no libreto e que os autores non representasen as obras en anos anteriores. A organización e composición do xurado corresponde á Universidade de Santiago de Compostela e ao Concello de Catoira e formaron parte del dous representantes do Concello de Catoira, tres persoeiros do mundo do teatro, un representante da USC e un da Consellería de Cultura e Turismo. O xurado pode declarar deserto o premio se non reúne as condicións artísticas e de calidade. O autor da obra premiada cede en exclusiva ao Concello os dereitos de reprodución, distribución, comunicación pública e transformación da obra, en todo o territorio da Unión Europea, para a súa explotación e execución teatral, edición e produción. Dado que a convocatoria é bienal, unha das obras é elixida para a representación do ano seguinte ao da convocatoria. Teñen preferencia as persoas residentes en Catoira. No ano 2012 escolleuse a obra *A saga de Iacobsland*, de Marcos Abalde Covelo, para ser representada no ano 2013 e declarouse deserto o premio para a representación do ano 2014.

#### IV Premio Mome de Teatro **Varela Buxán**

Creado en 2011 polo Museo do Moble e da Madeira da Estrada (MOME) cos obxectivos de pór en valor o MOME como centro neurálxico para o coñecemento e promoción da madeira e como referente na vida cultural galega, perseverar no cultivo da lingua galega como sinal de identificación e diferenciación de Galicia e principal patrimonio cultural e contribuír á difusión do teatro galego e colaborar na divulgación da vida e obra do dramaturgo estradense Manuel Daniel Varela Buxán. Poden concorrer todas as persoas, de calquera nacionalidade, con textos inéditos en lingua galega que teñan como eixe temático o mundo da árbore, a madeira e/ou do móbel. Os orixinais deben presentarse baixo lema por triplicado, xunto cunha copia do texto en CD en formato PDF e un sobre cos datos persoais na Fundación Cultural da Estrada (Avda. Benito Vigo, 104, 36680, A Estrada), indicando no sobre Premio MOME de Teatro “Varela Buxán”. A dotación económica é de 1.000 euros para un único premio, diploma acreditativo e unha escultura en madeira deseñada polo artista estradense Manuel Fragoso. A entrega de premios ten lugar nun acto público que se celebra o 25 de setembro, en conmemoración do aniversario do pasamento de Manuel D. Varela Buxán. En anteriores edicións, os galardóns foron para: Teresa González Costa en 2011 por Madeira de gañador; Xosé Lois García en 2012 por *A cerna*; Santiago Cortegoso en 2013 por *Smoke on the water*. O prazo de admisión de orixinais rematou o 24 de outubro nesta cuarta edición de 2014 na que se presentaron 14 obras. Oxurado, composto por Cándido Pazón, Santiago Cortegoso, Xosé Lueiro e Henrique Vázquez, acordou por unanimidade, conceder o premio de teatro á obra *Un intre antes do solpor*, da autoría de Ana María Carreira.

#### **Referencias varias:**

- C. Creo, “O MOME de A Estrada convoca a cuarta edición do Premio Varela Buxán”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.053, 1 outubro 2014, p. 7.

Informa da convocatoria do Premio de Teatro Varela Buxán que convoca o Museo do Meble e da Madeira da Estrada e recóllese as súas características e obxectivos.

- C. Botrán, “Ana Carreira gaña o Varela Buxán de Teatro coa obra ‘Un intre do solpor’”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.124, 13 decembro 2014, p. 5.

A actriz lucense gaña esta IV edición coa obra “Un intre antes do solpor”. O xurado, que otorgou o premio por unanimidade, salientou “o ternro universo argumental que trata o tema da senectude con gran sensibilidade e lirismo”. Aínda non está fixada a data de entrega do premio, dotado con 1000 euros.

#### XIV Concurso Escolar de Teatro Lido **Xosé Manuel Eirís**

Concurso, organizado pola Asociación Cultural Telón e Aparte e o Concello de Carballo (ambos organizadores do Festival Internacional Outono de Teatro), que ten como finalidade promocionar o teatro entre a rapazada e de favorecer a súa iniciación á interpretación dramática. Tamén o Grupo Radio Voz colabora na organización. O obxecto do concurso é realizar a mellor lectura teatralizada dun fragmento dunha obra de teatro a través da radio. Poderán participar os grupos de entre dous e oito rapaces dos colexios (Infantil, Primaria ou Secundaria) e das asociacións de Bergantiños. Os trinta primeiros grupos que se inscriban participarán no concurso e no cal a representación deberá ter unha duración de entre catro e seis minutos dun anaco do texto teatral. Un xurado escollerá tres gravacións que pasarán á final e que se celebrará dentro do marco do Festival Internacional Outono de Teatro, onde se determinarán os gañadores. Existen dúas categorías: crianzas de até dez anos e crianzas a partir de once anos. Haberá dous premios de 250 e 100 euros por categoría. O xurado tamén poderá conceder accésits por un valor de 150 euros. Os premios están patrocinados pola Librería Brañas. Na edición de 2014 resultaron gañadores na primeira categoría: “O gato lambón”, de Micifú (CEIP Fogar); “A tía Lambida”, d’Os Lambidóns (CEIP Fogar); e o accésit para “Gorriñete, o paxariño que non quería aprender”, de Paxariños (Colexio Artai). Na segunda categoría: “A consulta do doutor”, d’Os Bergantiñáns” (CEIP Bergantiños); “Té para dúas”, de Vagalume (A. C. Coro Vagalume); e o accésit para “Ramón e Xoana”, de Clásico 4 (IES Monte Neme).

#### **Referencias varias:**

- J. M. R., “Final del Concurso de Teatro Lido con seis agrupaciones”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.091, 9 novembro 2014, p. 7.

Informa que no Pazo da Cultura de Carballo se celebrará a final deste concurso dramático para o cal foron seleccionados vinte e seis participantes, que reuniron a escolares de Carballo, Cabana, Coristanco e Malpica. O acto presentara o grupo teatral Os 7 magníficos máis 1.

## X. 4. INVESTIGACIÓN

### Premio Literario **Ánxel Fole**

Premio convocado pola Fundación Novacaixagalicia e o xornal *El Progreso* dende 1986 para premiar orixinais escritos en galego ou castelán sobre a vida e a obra dunha personalidade lucense da cultura galega. Os orixinais teñen que enviarse, por cuadruplicado e baixo plica, á sede da Fundación Caixa Galicia en Lugo (Praza Maior, 16, 27001, Lugo) ou ao xornal *El Progreso* (Rúa Ribadeo, 5, 27002, Lugo). O premio está dotado con 6.000 euros, ademais da publicación da obra. A primeira edición deste premio estivo dedicada ao propio Ánxel Fole, e a gañadora foi Tareixa Castro Rodríguez, con *O trasmundo de Ánxel Fole*. As seguintes edicións centráronse na vida e na obra de intelectuais como Celestino Fernández de la Vega, Álvaro Cunqueiro, Ramón Piñeiro, Ricardo Carballo Calero, Antonio Noriega Varela, Aquilino Iglesia Alvariño, Xosé María Díaz Castro, José Antonio Trapero Pardo, Correa Calderón, Uxío Novoneyra, Manuel María, Juan Rof Carballo ou Purificación de Cora y Más-Villafuerte. Gañaron o premio estudosos e estudosas como Aurora Marco, que traballou sobre Ricardo Carballo Calero; Xosé Ramón Freixeiro Mato, que analizou as emocións de Antonio Noriega Varela; Román Raña, que falou do período formativo de Aquilino Iglesia Alvariño; ou Lois Celeiro, que traballou a poética de Fiz Vergara Vilariño. Tras vinte e cinco edicións de traxectoria do premio, Novacaixagalicia e *El Progreso* decidiron darlle unha nova dimensión ao galardón, ademais de revisar os seus obxectivos, polo que acordaron o adiamento temporal dunha próxima convocatoria.

### XVII Premio de Investigación **Concello de Pontedeume**

Dirixido a traballos inéditos escritos en galego que traten sobre aspectos etnográficos de Pontedeume ou da súa comarca. Conta cun único galardón dotado con 1.140 euros, ademais da súa publicación na revista de investigación local *Cátedra. Revista eumesa de estudos*. A extensión dos traballos debe ser dun mínimo de 50 folios e dun máximo de 100, incluídos os documentos gráficos, fotográficos e outros elementos que o ilustren. Hai que entregar catro copias, mecanografadas a dobre espazo, no Rexistro Xeral da Secretaría da Casa do Concello de Pontedeume (Rúa Real, 17-15600 Pontedeume, A Coruña) baixo lema e acompañadas dun sobre cos datos persoais do autor. Na XVII edición de 2014 o prazo de presentación rematou o 20 de xuño e a resolución fíxose o 29 de setembro. O xurado, composto por Xosé Manuel Rodríguez Reboredo, Clodio González Pérez e Manuel Rodríguez Ferro, premiou a obra *O Val do Eume na cartografía histórica 1522-1890* de José Manuel Yáñez (A Coruña, 1953).

### VIII Premio **Condado de Pallares**

A asociación Amigos do Mosteiro de Ferreira de Pallares convoca dende o ano 2007 este certame, que está patrocinado pola Deputación Provincial de Lugo, a Secretaría Xeral de Política Lingüística, a fundación Caixa Galicia e os concellos de Guntín, Chantada e Taboada. Recibe traballos, cunha extensión mínima de cen páxinas, escritos en galego sobre lingüística, historia, arte, arqueoloxía, etnografía e folclore do antigo Condado de Pallares. O galardón consiste en 3.000 euros, ademais da publicación polo

Departamento de Cultura da Deputación Provincial de Lugo. En edicións anteriores foron galardoados Almudena Figueiras; Juan Manuel Sobrado Vázquez; Xosé Luís Vázquez Somoza e José Luis Díaz Castroverde Lodeiro. Na súa oitava edición de 2014 o prazo de entrega de orixinais rematou o 1 de novembro e o xurado premiou *O mosteiro de Ferreira de Pallares. Evolución arquitectónica e estudo da súa ferrería*, de José Ángel Santos Núñez. O acto de entrega celebrouse o 19 de decembro na Casa da Cultura de Chantada.

### **Referencias varias:**

- Pablo Rodríguez, “O certame Condado de Pallares mantén o seu premio de 3.000 euros”, *El Progreso*, “Comarcas”, 11 xullo 2014, p. 12.

Indícase que o certame de investigación Condado de Pallarés continuará mantendo o premio de 3.000 euros para o mellor autor, ademais da publicación da mesma. Sinálanse os motivos polos que este premio continua sendo posíbel, así como os pasos que se deben seguir para optar a el.

### **VI Premio de Investigación Fermín Bouza Brey**

O Concello de Ponteareas convoca este premio para lembrar o nacemento nesta vila do ilustre poeta e polígrafo, co fin de honrar a súa memoria e o seu traballo de investigación sobre a cultura de Galicia, así como para promover a investigación científica sobre Ponteareas e a comarca do Condado. Poden presentarse memorias de proxectos de investigación científica inéditas en lingua galega sobre historia, arte, arqueoloxía, etnografía, literatura ou ciencias sociais, que necesariamente deben ter como referente o municipio de Ponteareas e complementariamente a comarca do Condado. Deben entregarse por quintuplicado cunha plica onde figuren os datos persoais do autor no Museo Municipal de Ponteareas (Rúa A Perillana, n.º 9-11, 36860, Ponteareas). Conta cun galardón de 3.000 euros, o prazo de presentación remataba o 30 de abril e o xurado conformárono o alcalde e o concelleiro de cultura do Concello de Ponteareas xunto aos representantes do Museo Municipal de Ponteareas, Consello Galego de Museos, Universidade de Vigo, Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento e do Consello da Cultura Galega. No ano 2014 entregouse o premio correspondente á VI edición, convocada en 2013, a David Sánchez González, pola obra *Unha aproximación ó contrabando na comarca de O Condado no século X*.

### **Premio Manuel Murguía de Ensaio**

Convocado dende 1998 pola Deputación Provincial da Coruña co obxecto de enxalzar a vida e obra “dunha figura das letras galegas, un precursor do galeguismo, político, literato e historiador”, está dotado cun premio de 6.500 euros e a publicación da obra gañadora. Poden concorrer todo tipo de ensaios de carácter histórico referidos a calquera aspecto da Comunidade Autónoma de Galicia non premiados nas tres edicións anteriores. A presentación debe ser feita, preferentemente, en formato dixital, por medio dun CD que inclúa na carátula a seguinte inscrición: Premio de ensaio “Manuel Murguía”, título da obra e lema ou pseudónimo; o tratamento de texto pode ser Word,



OpenOffice ou PDF. No caso de optar pola presentación en papel, as obras deben entregarse por duplicado, en exemplares separados, tamaño DIN A 4, e impresos polas dúas caras, numerados, grampados ou encadernados. A obra preséntase baixo o sistema de plica, polo que debe achegarse un sobre aparte en cuxo exterior figure o título da obra e o lema ou pseudónimo do seu autor e no interior unha copia do NIF, o enderezo, teléfono de contacto e correo electrónico e, ademais, unha declaración expresa de que a obra é inédita e que non foi premiada, até a data da súa presentación, en ningún outro certame ou premio. Hai que dirixilos á sede da Deputación da Coruña (Avda. Alférez Provisional s/n, 15006, A Coruña). En edicións anteriores recibiron o galardón *La insurrección de Ferrol de 1872*, de Alfonso Gomis Rodríguez en 1998; *El patrimonio histórico y la representación de la memoria*, de Marcelino Abuín Duro en 1999; *Raza e alteridade: A reflexión sobre a diversidade humana na Galicia do século XIX*, de Fernando Pereira González en 2000; *As cartas do destino*, de Raúl Soutelo Vázquez e Xosé Manoel Núñez Seixas en 2002; *A raíña Lupa. As orixes pagás de Santiago*, de Antonio Balboa Sagado en 2004; *Medios de comunicación comarcal en Negreira, A Baña e Brión no século XX*, de X. Amancio Liñares Giraut e Omayra Lista Liñares en 2006; *Una familia gallega y un océano de por medio. Vínculo y experiencia a través de la memoria fotográfica y epistolar*, de María Liliana da Orden en 2008; *E fíxose nación. A idea de nación española: liberais versus absolutistas na prensa galega da Guerra da Independencia*, de Sabela Taboada en 2010; e *Canto val unha vaca? Da cuestión agraria á cuestión pecuaria en Galicia*, de Diego Conde Gómez. Nos anos 2011, 2012 e 2014 non houbo convocatoria

## Premio Nacional de Ensaio

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

## XIV Premio de Ensaio Ramón Piñeiro

A Editorial Galaxia convocou por primeira vez este premio no ano 2000 con motivo do seu cincuentenario e do décimo cabodano de Ramón Piñeiro. En edicións posteriores sumouse á convocatoria o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades coa colaboración do grupo Gas Natural. Con el preténdese contribuír á difusión do ensaio breve en lingua galega, xénero que Ramón Piñeiro cultivou con asiduidade e ao que fixo importantes contribucións. Nel pode participar calquera persoa interesada, a excepción do persoal pertencente ao Centro Ramón Piñeiro, con traballos orixinais e inéditos, en lingua galega, axustados á normativa oficial do idioma, que versen sobre o ámbito xeral do pensamento humanístico (lingua, literatura, antropoloxía, filosofía, historia). O tema dos ensaios é libre e os traballos deben evitar o enfoque de investigación especializada ou de carácter estritamente académico. Os traballos, asinados cun lema ou pseudónimo, cunha extensión entre douscentos mil e trescentos mil caracteres, incluídos espazos, deben ser presentados por quintuplicado, en formato DIN-A4, mecanografados a dobre espazo e por unha soa cara, e dirixirse por correo certificado, baixo plica, á Editorial Galaxia (Avenida de Madrid, n.º 44, 36204, Vigo). Estabelécese un único premio, consistente en 3.000 euros, outorgado ao ensaio que posúa maior fondura e orixinalidade e reúna suficientes méritos estilísticos e literarios. Este galardón é único e indivisíbel e o xurado, formado por personalidades de relevo da vida cultural galega, pode declaralo deserto, así como tamén pode recomendar a

publicación de traballos presentados ao certame que sexan de interese e non resultasen premiados. A contía do premio inclúe os dereitos de autor pola primeira edición do texto gañador, que será publicado pola Editorial Galaxia na súa colección “Ensaio”. En edicións anteriores recibiron o galardón *A submisión das masas. Do poder do progreso ó progreso do poder*, de Basilio Lourenço Fondevilla en 2001; *Tempo e vinganza*, de Anxo A. Rei Ballesteros en 2002; *A terra quere pobo*, de Xosé Luís Barreiro Rivas en 2003; *Outro idioma é posible*, de Teresa Moure en 2004; *O suxeito posmoderno. Entre a estética e o consumo*, de Rebeca Baceiredo en 2005; *Psicopatoloxía do retorno*, de Ramón Area Carracedo e Alexandre García-Caballero en 2006; *Paisaxe e nación (A creación discursiva do territorio)*, de María López Sánchez en 2007; *Un longo e tortuoso camiño: adaptación, crise e cambio no Bloque Nacionalista Galego (1982-2008)*, de Xosé Ramón Quintana Garrido en 2008; *Retrato da xeración de 1950. Microhistoria do cambio social na Galicia contemporánea*, de Manuel Pérez Rúa en 2009; *A arte do imposible*, de Ramón Máiz Suárez en 2010; *Queer.emos un mundo novo. Sobre cápsulas, xéneros e falsas clasificacións*, de Teresa Moure en 2011; e *Para que nos serve Galiza?*, de Xaime Subiela en 2012. Na XIV edición do ano 2013 o prazo de presentación de orixinais rematou o 31 de outubro e o ditame deuse en xaneiro de 2014. O xurado, composto por Luís Alonso Girgado, Marilar Aleixandre, Xaime Subiela, Dolores Vilavedra e Carlos Lema, decidiu premiar a José María Durán Medraño (Vigo; 1971) por *Da natureza de escritores, artistas e vermes. Ensaio sobre o pracer nun diálogo con Karl Marx*.

### Referencias varias:

- Lorena Rodríguez, “Durán Medraño gaña o XIII Premio Ramón Piñeiro de ensaio”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 22 xaneiro 2014, p. 39.

Coméntase a recepción do XIII premio Ramón Piñeiro ao escritor José María Durán Medraño pola obra *Da natureza de escritores, artistas e vermes. Ensaio sobre o pracer nun diálogo con Karl Marx*. Sinálase que a obra destaca pola súa orixinalidade e polo enfoque actual que presenta.

### XIX Premio Vicente Risco de Antropoloxía e Ciencias Sociais

Convocado dende 1994 polos concellos de Castro Caldelas e Allariz en colaboración coas fundacións Vicente Risco e Sotelo Blanco, estaba dotado con 6.000 euros, que na convocatoria de 2013 se viron reducidos a 4.000, ademais da publicación da obra por Sotelo Blanco Edicións. Poden concorrer obras orixinais e inéditas, escritas en galego normativo, sobre o ámbito rural galego dende o punto de vista antropolóxico ou das ciencias sociais (historia, economía, socioloxía, literatura etc.). Os textos, cunha extensión mínima de cento cincuenta e máxima de trescentos folios a dobre espazo, teñen que ser presentados, por quintuplicado, na Fundación Sotelo Blanco (San Marcos, n.º 77, 15820, Santiago de Compostela) baixo lema ou título e acompañados dun sobre pechado no que consten os datos persoais e enderezo do autor. O xurado está composto por cinco membros relacionados co mundo da cultura, actuando un deles de secretario. Nas edicións anteriores premiouse a Santiago González Avión en 1999 por *Abrente incerto*; a Rosa Brañas en 2001 por *Deuses, heroes e lugares sagrados*; a Anxo Fernández Ocampo en 2002 por *A esperanza Bretona*; a Elixio Villaverde en 2003 por

*Galegos en México (1878-1936)*; a Julia Varela en 2004 por *A Ulfe, socioloxía dunha comunidade rural galega*; a María Montserrat Varela Vázquez en 2005 por *Trazos da escolma da cultura do pobo galego*; a Santiago Prado Conde en 2007 por *Poboacións non pertinentes nas institucións educativas. O alumnado con procedencia rural na terra de Melide*, publicado co título *Novas minorías nas institucións educativas*; a Xosé Lois Ladra Fernández en 2008 por *A pesca fluvial tradicional en Galicia. Caneiros, pescos e pesqueiras*; a María Pilar García Negro en 2010 por *O clamor da rebeldía. O nacemento do ensaio na literatura galega contemporánea, simultánea ao nacemento da conciencia do xénero rosaliano*; a Carlos Callón Torres en 2011 polo seu ensaio *Amigos e sodomitas. A configuración da homosexualidade na Idade Media*; a Xosé Manuel González Reboredo en 2012 por *Os santos titulares de parroquia en Galiza. Pasado, presente e perspectivas de futuro*; e a Laura Tato en 2013 por *Do teatro ao cinema*. Na XIX edición de 2014, os orixinais debían entregarse antes do 30 de xuño e o xurado, composto por Fernando Acuña Castroviejo (en representación do Concello de Castro Caldelas), Teresa Devesa Graña (en representación do Concello de Allariz), Antonio Blanco Rodríguez (en representación da Fundación Vicente Risco), Xosé María Eguileta Franco (en representación da Fundación Vicente Risco) e Francisco Fernández Rei (en representación da Fundación Sotelo Blanco) acordou por maioría entregar o galardón a Luzia Oca González (Ribadeo, 1971) polo traballo *Caboverdianas na Mariña (1978-2008)*.

#### **Premio de Xornalismo Literario Luso-Galego Teixeira de Pascoaes e Vicente Risco**

Coa finalidade de destacar a importancia que tiveron as relacións entre intelectuais galegos e portugueses nas primeiras décadas do século XX, a Fundación Vicente Risco e a Cámara Municipal de Amarante, co respaldo científico das universidades de Santiago de Compostela, Porto, Minho, A Coruña, Vigo, e Trás-os-Montes-e-Alto-Douro, promoven o Premio de Xornalismo Literario Luso-Galego Teixeira de Pascoaes e Vicente Risco. Este premio procura homenaxear os dous intelectuais (representantes, respectivamente, do saudosismo/universalismo portugués e do nacionalismo galego da Época Nós), mais tamén todos aqueles que, a través da prensa escrita, traballaron e traballan a prol da aproximación e encontro de Galicia e de Portugal, e da construción da cidadanía europea. Son admitidos a concurso textos de xornalismo literario, publicados en xornais ou outros periódicos en papel, escritos en lingua galega ou portuguesa, independentemente do país en que fosen publicados. Por “xornalismo literario” enténdese o conxunto de textos curtos de variábel extensión, publicados na prensa periódica, cos obxectivos de informar e formar os cidadáns e cun criterio estético de excelencia literaria. Cada concorrente debe enviar a concurso a) Tres textos en reprodución facsímile (cada un deles terá entre dous mil e seis mil caracteres), agrupados nun único dossier, publicados entre 1 de xaneiro e 31 de decembro do ano inmediatamente anterior ao da atribución do premio. b) Un documento fechado con identificación do concorrente (nome completo, NIF) e contactos persoais (teléfono e e-mail), ao que se deben engadir os datos da publicación dos artigos enviados a concurso (nome do periódico e data) e, caso de que o autor use pseudónimo, unha declaración do periódico que permita garantir a súa autoría. Os textos a concurso deben ser enviados no ano de convocatoria do premio, entre o 1 de xaneiro e o 30 de abril, aniversario do pasamento de Vicente Risco. O envío, identificado como Premio de Xornalismo Literario Luso-Galego Teixeira de Pascoaes e Vicente Risco, debe ser feito para o seguinte enderezo electrónico: [secretaria@fundacionvicenterisco.com](mailto:secretaria@fundacionvicenterisco.com). O xurado

componse de sete persoas singulares, propostas polas seguintes institucións: tres polas universidades galegas e tres polas universidades portuguesas (enriba referidas), ás que se deberá xuntar unha figura de prestixio do mundo das letras e das artes (a designar alternativamente pola Câmara de Amarante e pola Fundación Vicente Risco). O valor do premio é de seis mil euros. A presentación dos textos ao premio presupón a aceptación destas bases e a cesión dos Dereitos de Autor para unha eventual publicación. O xurado reúnese antes do 2 de novembro, aniversario do nacemento de Teixeira de Pascoaes. A entrega do premio ten lugar, alternativamente, en Galicia e en Portugal, durante unha sesión cuxa data se anuncia. No ano 2014 non foi convocado.

## X. 5. MIXTOS (VARIAS MODALIDADES)

### XXIX Premio Antón Losada Diéguez

A Fundación Antón Losada Diéguez Creado organiza dende o ano 1986 este certame, en colaboración cos concellos do Carballiño e Boborás e coa Deputación Provincial de Ourense. O seu obxectivo é o de premiar as dúas mellores obras publicadas en galego entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano anterior nos campos da investigación e da creación literaria. Ten unha dotación económica de 6.000 euros para cada un dos gañadores, ademais dun diploma e dunha escultura conmemorativa. En edicións anteriores os galardóns concedéronse, na modalidade de “Creación literaria”, a Ramiro Fonte por *Designium* en 1985; Luís González Tosar en 1986 por *A caneiro cheo*; Carlos Casares en 1987 por *Os mortos de aquel verán*; Xosé Ramón Pena en 1988 por *Para despois do adeus*; Marina Mayoral en 1989 por *Chamábase Luís*; Antón Tovar en 1990 por *Berros en voz baixa*; Xosé Luís Méndez Ferrín en 1991 por *Arraianos*; Anxo Rei Ballesteros en 1993 por *Loaira*; Úrsula Heinze en 1994 por *Culpable de asasinato*; Xosé Luís Méndez Ferrín en 1995 por *Estirpe*; Marina Mayoral en 1996 por *Querida amiga*; Chus Pato en 1997 por *Nínive*; Olga Novo en 1998 por *Nós nus*; Fran Alonso en 1999 por *Territorio ocupado*; Xosé Fernández Ferreiro en 2000 por *O atentado*; Xurxo Borrazás en 2001 por *Na maleta*; Xavier Rodríguez Baixeras en 2002 por *Eclipse*; Xabier Quiroga en 2003 por *Atuado na Braña*; Ramiro Fonte en 2004 por *Os meus ollos*; Rosa Aneiros en 2005 por *Veu visitarme o mar*; Xosé Luís Méndez Ferrín en 2006 por *Contra Maquieiro*; Manuel Rivas en 2007 por *Os libros arden mal*; Miguel Anxo Murado en 2008 por *O soño da febre*; Chus Pato en 2009 por *Hordas de escritura*; Domingo Villar en 2010 por *A praia dos afogados*; Xulia Alonso en 2011 por *Futuro imperfecto*; e Begoña Caamaño en 2013 por *Morgana en Esmelle*. Na modalidade de “Investigación”, en edicións anteriores concedéronse os galardóns a Claudio Rodríguez Fer en 1990 por *Poesía galega*; Francisco Fernández Rei en 1991 por *Dialectoloxía da lingua galega*; Lourenzo Fernández Prieto en 1993 por *Labregos con ciencia*; Xosé María Lema Suárez en 1994 por *A Arte Relixiosa na Terra de Soneira*; Claudio Rodríguez Fer en 1995 por *A literatura galega durante a guerra civil*; Andrés Torres Queiruga en 1997 por *Recupera-la creación. Por unha relixión humanizadora*; Henrique Monteagudo en 2000 por *Historia Social da Lingua Galega*; José Carlos Bermejo en 2001 por *Pensa-la historia*; Narciso de Gabriel en 2002 por *Escolantes e escolas de ferrado*; Domingo Docampo en 2003 por *Tecnoloxías da información e as comunicacións: unha visión desde Galicia*; Manuel Caamaño en 2004 por *As construcións da arquitectura popular, patrimonio etnográfico de Galicia*; Antón Costa en 2005 por *Historia da educación e da cultura de Galicia*; Manuel Ferreiro en 2006 pola edición d’*Os Eoas* de Eduardo Pondal; Gonzalo Navaza en 2007 por *Fitotoponimia galega*; Xusto Beramendi en 2008 por *De provincia a nación: Historia do galeguismo político*; Camilo Nogueira en 2009 por *Europa, o continente pensado*; Pablo Carpintero Arias por *Os instrumentos musicais na tradición galega* en 2010; Francisco Calo Lourido por *Os celtas. Unha revisión dende Galicia* en 2011; Agustín Fernández Paz por *Non hai noite tan longa* en 2012; e Ramón Nicolás por *Onde o mundo se chama Celso Emilio Ferreiro* en 2013. Nesta XXIX edición de 2014, o xurado estivo presidido polo alcalde do Carballiño, e composto por representantes da Real Academia Galega, do Consello da Cultura, das tres universidades, da Deputación Provincial de Ourense, do Museo do Pobo Galego e do alcalde do Concello de Boborás. Na modalidade de creación literaria o galardón foi para Cesáreo Sánchez Iglesias por

*Caderno do Nilo* e na modalidade de investigación levou o galardón Antón Cortizas por *Tastarabás. Enciclopedia de brinquedos tradicionais*. O acto de entrega dos premios tivo lugar o 14 de xuño no Pazo de Moldes, en Boborás.

### **Referencias varias:**

- Luís Mato, “Cesáreo Sánchez e Antón Cortizas reciben os premios Losada Diéguez”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 15 xuño 2014, p. 40.

Anúncianse os gañadores do premio Losada Diéguez que se organiza no Concello de Boborás. Os premiados foron Cesáreo Sánchez por *Caderno de Nilo* e Antón Cortizas con *Trastarabás. Enciclopedia de brinquedos tradicionais* na categoría de ensaio e investigación.

### **III Concurso Artellando coa lingua**

Convocado polo colectivo cultural Artellando, de San Sadurniño, dende o ano 2012. Inclúe un certame de relato curto de 1.000 palabras como máximo; outro de poesía, cun máximo de 500 palabras; e un de banda deseñada, para obras de entre 50 e 250 palabras. En cada unha destas modalidades, establécense tres categorías segundo a idade: un premio infantil para nenas e nenos de até 12 anos; un xuvenil para mozas e mozos de entre 13 e 18 anos; e un dirixido a persoas maiores de idade. En todos os casos o galardón consiste nun vale-agasallo de 50 euros. As obras entréganse a través do correo electrónico [artelladas@gmail.com](mailto:artelladas@gmail.com), na biblioteca de San Sadurniño ou a calquera compoñente da entidade. É unha convocatoria anónima, polo que os datos deben presentarse nun sobre pechado grampado á obra. O xurado está formado por membros de Artellando e persoas do mundo das letras. No ano 2014 tivo lugar a terceira edición do concurso e o prazo para a recepción dos traballos rematou o 13 de maio. O xurado estivo composto pola bibliotecaria municipal Anabel Gavín, o exmestre do CPI Xosé Pantín e a xornalista Patricia Hermida. Os premios entregáronse o día 18 de maio, dentro dos actos programados polo Concello co gallo das Letras Galegas. A modalidade infantil quedou deserta por non se presentar ningún texto; na xuvenil gañou Irene Beceiro Calvo; e en adultos, Anxo Mena Rodríguez.

### **Premio da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG)**

A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega organiza este premio, que recoñece os mellores libros publicados o ano anterior. Non ten dotación económica e entrégase un galardón simbólico consistente nunha pluma estilográfica. Os escritores socios son os que elixen a obra literaria premiada. No ano 2006 creouse o I Premio Internacional AELG, baixo o lema “Escritor Galego Universal”. Na edición de 2007 aumentaron as categorías, e pasáronse a premiar obras de Literatura Infantil e Xuvenil, teatro, narrativa, poesía, tradución, ensaio, e traxectoria xornalística cultural co obxectivo de ofrecer unha visión máis ampla do panorama literario galego. No ano 2009 contou coa novidade do galardón da categoría de “Blog literario”. Na edición de 2014, concedéronse os seguintes premios: na categoría de Literatura Infantil e Xuvenil, *A illa de todas as illas*, de Xabier P. DoCampo; en narrativa, a *A lúa da colleita*, de Anxos

Sumai; en poesía, *Raíz da fenda*, de Berta Dávila; en teatro, *Obras completas (vols. I, II e III)*, de Roberto Vidal Bolaño; en ensaio, a Rebeca Baceiredo por *A revolución non vai ser televisada*; en tradución, *Ulises*, de James Joyce, traducido por Antón Vialle, Eva Almazán, María Alonso Seisdedos e Xavier Queipo; en blog literario a *Caderno da crítica*, de Ramón Nicolás; e na categoría de traxectoria xornalística cultural a Carme Vidal. Finalmente, o premio da categoría Institucións Culturais foi para a Área de Cultura da Vicepresidencia Segunda da Deputación de Lugo polo proxecto Buxiganga, Área de Cultura da Deputación da Coruña polo premio Rafale Dieste; e os concellos de Narón e Tui; e o Premio Escritor Galego Universal foi para Bernardo Atxaga. O acto de entrega tivo lugar o 3 de maio no auditorio do Teatro Principal de Pontevedra durante a Cea das Letras.

### Referencias varias:

- MVI, “Unha ducia de lugueses optan aos premios dos autores en lingua galega”, *El Progreso*, “Cultura”, “Vivir”, “Literatura”, 29 marzo 2014, p. 53.

Danse a coñecer os candidatos que optan aos premios da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) cuxa resolución terá lugar en maio na cidade de Pontevedra.

- Belén López, “Anxos Sumai e Berta Dávila proclámanse en Pontevedra autoras galegas do ano”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, p. 74/ *El Progreso*, “A AELG confirma a Anxos Sumai e Berta Dávila como autoras do ano”, “Vivir”, “Cultura”, “Literatura”, p. 51, 4 maio 2014.

Faise referencia á celebración da Gala das Letras organizada pola AELG na localidade de Pontevedra, onde Anxos Sumai e Berta Dávila recolleron o seu galardón por *A lúa da colleita* e *Raíz da fenda* respectivamente.

- M. A., “Os escritores galegos recoñecen cos seus premios a narrativa de Anxos Sumai e a poesía de Berta Dávila”, *El Correo Gallego*, “Tendencias/Esquelas”, 5 maio 2014, p. 44.

Indícanse que estas dúas autoras foron as gañadoras dos premios que cada ano organiza a AELG con *A lúa da colleita* en narrativa e *Raíz da fenda* en poesía. Ademais destes foron entregados outros premios, entre os que destaca o de Xabier Docampo en literatura infantil con *A illa de todas as illas* ou *A revolución non vai ser televisada* na categoría de ensaio.

### XI Certame Literario Concello de Ames de Narrativa e Poesía

O Concello de Ames convoca este certame literario de narrativa e poesía para textos inéditos de tema libre escritos en galego, con tres categorías en cada modalidade: primeira categoría para nenos e nenas até 13 anos, segunda categoría dirixida a rapaces de 14 a 18 anos e a terceira para persoas de máis de 18 anos. Hai tres premios en metálico en cada categoría: 150 euros, 120 euros e 90 euros na primeira categoría; 180 euros, 150 euros e 120 euros na segunda; e 260 euros, 210 euros e 180 euros na terceira. Ademais, o Concello de Ames publica os traballos premiados nunha antoloxía creada

para tal efecto. Todas as persoas que desexen participar no certame deben enviar catro exemplares do seu texto, en folios mecanografados por unha soa cara e a dobre espazo ao Concello de Ames. Servizo de Normalización Lingüística (Avda. de Azcárraga, n.º 5, Bertamiráns, 15220, Ames, A Coruña) acompañados dun sobre cos datos persoais. A extensión mínima é de dúas páxinas en narrativa e de vinte versos en poesía, mentres que a máxima é de seis páxinas en narrativa e de cincuenta versos en poesía. O tema é libre e só se pode presentar un traballo por persoa en cada unha das modalidades. No ano 2014, XI edición, o prazo de entrega de orixinais rematou o 19 de abril e o 14 de maio o xurado, composto Begoña Caamaño, Carlos Negro e Charo Pita, fixo pública a súa decisión de outorgar os seguintes galardóns: na modalidade de narrativa, a Manuel Mosquera Dapena con “O súper rato”, Daniel Souto Pazó con “O descubrimento” e Blanca Barros Rubines con “O vagar da memoria”, na primeira categoría; a Sara Riveiro Capeáns, con “O último home vivo do planeta Terra gozaba moito lendo”, Iria Esperón Abril con “Estrelada” e Sofía Tuñas Puentes con “O faro”, na segunda categoría; e a Xosé Anxo Corral Suárez con “Xeometría posteulidiana”, María Luz Cures Vázquez con “Trico e Anosmia” e Carlos Méndez Leis con “Delicuencia”, na terceira categoría; na modalidade de poesía, a Pablo Souto García con “Os amigos imaxinarios”, Xián Villanueva Moreiras con “Envexa” e Lara Castro Taboada con “Os soños”, na primeira categoría; a Marcela Porto Mato con “Oriéntame cos meridianos cara ao ceo”, Salvador Pena Castro con “A fmae” e Sofía Tuñas Puentes con “Ela”, na segunda; e a Ismael Ramos Castelo con “Memoria dun cuarto”, Manuel Otero Boquete con “Xogo de cama” e Esperanza Rocamonde Iglesias con “Desejar é conjuntivo. Arrastrar a historia”, na terceira.

## XXI Certame Literario de poesía e narración breve **Concello de Cambre**

A Concellería de Cultura e Turismo de Cambre, as Asociacións de Nais e Pais, os Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística e os Departamentos de Lingua Galega e Literatura dos dous institutos cambreses convocan este certame co obxectivo de estimular a creación literaria e fomentar a súa difusión entre a mocidade. Conta con tres categorías: A, de 12 a 14 anos; B, de 15 a 18 anos e C, de 19 a 26 anos; e dúas modalidades: poesía e narración breve, dotadas con dous galardóns cunha contía de 173 euros e 128 euros; 218 euros e 150 euros e 300 euros e 173 euros en cada categoría. Cada participante pode presentar unha proposta a calquera das dúas modalidades. Na modalidade de poesía debe presentar tres poemas como mínimo, de tema e forma libres. Na modalidade de narración breve a extensión máxima é de cinco DIN-A4 e o tema libre. Os traballos, escritos en lingua galega, deben ser orixinais, inéditos e non premiados, e teñen que estar escritos con ordenador, en papel de tamaño DIN-A4, espazamento entre liñas simple e tamaño de letra 12, por unha soa cara; paxinados e sen asinar. Entrégase o orixinal e catro copias nun sobre no que figure: Certame literario, o lema ou pseudónimo do autor ou autora, a categoría (A, B ou C) e a modalidade (narración ou poesía). Cada traballo presentado debe ir acompañado dun sobre pechado no que, por fóra, figuren os mesmos datos, e no interior, unha fotocopia do DNI, e a ficha de inscrición cuberta e asinada, que contén ademais os datos de teléfono, correo electrónico e nome do centro no que estudia ou traballa. Os traballos poden entregarse persoalmente nas administracións dos Institutos ou ben seren enviados por correo ordinario a: Rúa Río Barcés, n.º 8, 15660, Cambre. A organización do certame resérvase o dereito a publicar os traballos premiados. Neste sentido os autores renuncian a calquera tipo de remuneración polos dereitos de autoría. Nesta XXI edición de 2014 o



prazo de entrega de orixinais rematou o 21 de abril e o acto de entrega dos premios celebrouse o 30 de maio no salón de actos do Instituto de Educación Secundaria Afonso X. O xurado, composto por a profesora de galego do IES David Buján María do Mar Hermida Pico, os profesores do IES Afonso X de Cambre François Davo, Zulia Galego Sánchez e David Creus Andrade e a directora da Fundación Wenceslao Fernández Flórez, Alicia Longueira, actuando como secretaria dona Pilar Paz, dinamizadora cultural do Concello de Cambre, concedeu o primeiro na modalidade de poesía a Paula Currás Prada (do IES Afonso X) e a Lía Pérez Barrán (IES David Buján) na categoría B; e a María Luisa Iglesias Taboada e a Diego Pazos Castro (USC) na categoría C; e na modalidade de narrativa a Lucía Blanco Miguéns (IES Eusebio da Guarda) e a Ana López Martínez (IES Ames) na categoría A; María Paula Currás Prada (IES Afonso X) e Sara Mesías de Concepción, na categoría B; e Ángeles Díaz Seoane e Diego Pazos Castro, na categoría C. O premio de poesía da categoría A na quedou deserto.

### I Certame Artístico e Literario de relato breve e poesía **Concello de Rois**

O Concello de Rois convoca este premio, coas modalidades de narrativa e poesía, no que existen seis categorías: até 6 anos (nesta categoría poderase substituír os textos por debuxos), de 7 a 8 anos, de 9 a 11 anos, de 12 a 14 anos, de 15 a 17 anos e maiores de 18 anos. Os participantes presentarán un único texto en galego, orixinal e inédito, cun máximo de dz folios (narrativa) e de 10 a 60 versos (poesía). Os traballos teñen que incorporar algún elemento característico de Rois. Os premios recoñecerá as dúas mellores obras de cada categoría e premiaranse do seguinte xeito: categoría 15-17 anos, 60 euros o primeiro e 30 euros o segundo; maiores de 18 anos, 100 euros o primeiro e 50 euros o segundo. No resto de categorías os premios consistirán nun lote de libros. O prazo de presentación desta I edición, do ano 2014, rematou o 5 de maio de 2014 e a entrega de premios farase dez días despois.

### **Referencias varias:**

- M. T., “El día 5 termina el plazo para el certamen de Rois”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 905, 3 maio 2014, p. 6.

Dáse conta do peche do prazo de entrega dos traballos deste certame, do lugar de entrega dos premios e das condicións que deben ter os textos que se presentan.

### X Certame Literario Feminista do **Condado**

Convocado pola Assembleia de Mulheres do Condado, poden participar todas as mulleres que o desexen sen límite de idade. A temática é libre, se ben relacionada directa ou indirectamente coa situación de opresión, dominación e explotación que padecen as mulleres no actual sistema patriarcal. Os traballos presentados, exclusivamente en lingua galega, deben ser inéditos. O certame está aberto a calquera xénero literario. Os textos de narrativa, teatro e ensaio deben ter unha extensión mínima de 20.000 caracteres e os de poesía, un mínimo de seis poemas. O xurado está formado por tres mulleres representativas da comarca. O premio está dotado con 300 euros, e o xurado pode declaralo deserto ou dividir a cantidade citada en accésits na súa totalidade

ou en parte. O prazo de presentación de traballos finaliza o 30 de setembro e deben entregarse por triplicado nun sobre en cuxo exterior conste o título e un pseudónimo da autora e, en sobre diferente, identificado co título do traballo e o seu pseudónimo, deben aparecer os datos persoais (nome e apelidos, DNI, enderezo e teléfono de contacto). Os sobres teñen que enviarse por correo certificado dirixidos a Ilduara Medranho-AMC, Rúa Ciclista Emilio Rodríguez, n.º 6, 2.º C, 36860, Ponteareas. O traballo ou traballos premiados son propiedade da Asemblea de Mulleres do Condado. Porén a autora ou autoras manteñen os seus dereitos sobre segundas ou posteriores edicións, de ser publicada a obra premiada. Na X edición, correspondente a 2013, o xurado, formado por María Xesús Suárez Nuñez (profesora de secundaria no IES Val do Tea de Ponte Areas), Luisa Bel Ortega (profesora do IES Pedra de Auga de Ponte Areas) e Lorena Alonso Pinheiro (en representación da Asemblea de Mulleres do Condado), acordou declarar deserto o premio. No ano 2014 non foi convocado.

#### XXI Premio de **Creación Literaria e Ensaio** da Facultade de Filoloxía da Universidade da Coruña

Organizado pola Facultade de Filoloxía, e coa colaboración da librería Xiada, está dirixido ao alumnado da Universidade da Coruña. Conta con catro modalidades: poesía, narrativa, teatro e ensaio, en lingua galega e castelá. Na modalidade de poesía prémíase un poema ou un breve grupo de poemas con unidade temática; en narrativa e ensaio, un traballo dun máximo de quince folios, mecanografados a dobre espazo; e en teatro, un traballo dun máximo de trinta folios, mecanografado a dobre espazo. O xurado está integrado por profesorado da Facultade de Filoloxía e personalidades de recoñecido prestixio cultural. Os textos deben entregarse baixo plica na Secretaría do Decanato ou por correo postal. Deben ir nun sobre en cuxo exterior conste a modalidade á que se presenta e o nome do premio. Hai que entregar tamén unha copia en soporte electrónico. Os premios poden declararse desertos. Pode outorgarse un accésit en cada modalidade. Os premios consisten na publicación, en libro conxunto, dos traballos gañadores e dos accésits concedidos en cada modalidade e ademais un vale canxeábel por libros, cortesía da librería Xiada. No ano 2014 tivo lugar a XXI edición, na cal se entregaron os textos antes do 30 de abril. O xurado, composto por Marica Campo, Carme Fernández Pérez-San Julián e José Miguel Alonso Giráldez, decidiu premiar en lingua galega: *Vou vomitarche pra que vexas de que estou feita*, de Sabela Rodríguez Lorenzo (poesía); *Th'uban, 'A cabeza da serpe*, de María Carolina González Gil (narrativa); e *Breve análise das caligrafías de Xosé María Álvarez Cáccamo*, de Diana Fernández Gómez (ensaio).

#### XXXVII Premios da **Crítica de Galicia**

Estes premios foron creados polo Círculo Ourenán-Vigués no ano 1978 e continuados polo Padroado da Fundación Premios da Crítica dende 1992. Instituíronse co fin de facer público o recoñecemento que, dentro do marco xeral da cultura galega, merecen os labores individuais ou colectivos que cristalizan en achegas relevantes para o desenvolvemento do eido particular no que xurdan. Os criterios para a avaliación dos traballos concorrentes en cada modalidade (calidade, incidencia social, oportunidade ou outros) son da competencia exclusiva de cada xurado, tendo en conta o interese concreto para a cultura galega. A periodicidade dos premios é anual e atinxe a produción xurdida

entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano anterior. En cada modalidade concédese un premio indivisíbel que pode quedar deserto. As producións candidatas aos galardóns teñen que ser presentadas á Fundación dos Premios da Crítica Galicia antes do 1 de marzo. O xurado, que pode incluír traballos non presentados polos seus autores, por terceiras persoas ou por entidades, componse de sete membros para cada unha das modalidades, un deles o gañador da edición anterior. A Fundación designa un presidente que ten a misión de dirixir os debates e resolver, co seu voto de calidade, en caso de empate. O secretario auxilia o presidente e demais membros do xurado, redacta e le a acta na entrega dos premios. Os membros de cada xurado son persoas de recoñecida competencia no campo da modalidade do premio, e non deben ter relacións de autoría ou dirección cos traballos concorrentes. Todos os xurados son nomeados cun mínimo de dous meses de antelación respecto da data da decisión. Os seus membros teñen que ter coñecemento de todas e cada unha das achegas que se cualifican e correspóndelles aos secretarios o labor de faceren circular entre aqueles toda a información pertinente que se vaia producindo. As decisións finais son inapelábeis e tómanse nunha sesión de traballo que se celebra o mesmo día da entrega do premio e permanecen secretas mentres os secretarios non dan lectura pública ás correspondentes actas. Até a convocatoria de 2011 os Premios da “Crítica Galicia” abranguían as seguintes modalidades: I) Creación literaria; II) Ensaio e pensamento; III) Investigación; IV) Música; V) Artes escénicas e Audiovisuais e VI) Iniciativas culturais. Na convocatoria de 2011 fixéronse as seguintes modalidades: I) Creación Literaria, para premiar obras de narrativa, poesía, ensaio, textos dramáticos, guións, xornalismo de opinión, incluíndo a creación literaria infantil e xuvenil, editadas en lingua galega no ano anterior; II) Investigación, para galardoar obras que sexan resultado dunha investigación contrastada e rigorosa e que contén con recoñecemento por parte de especialistas no ámbito da súa disciplina, con repercusión dentro e fóra de Galicia durante o ano anterior, así como con algunha manifestación en lingua galega; III) Música, para aqueles traballos de composición, interpretación ou compilación musical editados en formato de partituras, discos ou comunicados publicamente en Internet no ano anterior; composicións e obras musicais estreadas nese período; labores interpretativos nos que concorran características que lles confiran unha recoñecida proxección ao longo do mesmo período; todas aquelas iniciativas que ao longo do ano contribuísen de xeito relevante á promoción da música na sociedade galega; e todos aqueles músicos que, tendo unha traxectoria iniciada con anterioridade, ofrecen dentro e fóra de Galicia un fito destacado durante o período; IV) Iniciativas Culturais, para aqueles feitos ou labores emprendidos por persoas, asociacións, entidades ou todo tipo de institucións que destacasen na defensa, pulo ou espallamento da cultura galega no ano anterior; V) Artes Plásticas e Visuais, para todos aqueles traballos de pintura, escultura, fotografía, videocreación artística, arquitectura e deseño que fosen realizados, presentados en exposicións ou comunicados publicamente de forma presencial ou virtual no ano anterior; ou todos aqueles artistas plásticos, arquitectos e deseñadores que, tendo unha traxectoria iniciada con anterioridade, ofrecen dentro e fóra Galicia un fito destacado durante ese período; e VI) Artes Escénicas e Audiovisuais, para aqueles traballos de teatro, danza, maxia, circo, cine, vídeo e televisión, estreados ou comunicados publicamente de forma presencial ou virtual no ano anterior e todos aqueles artistas do eido das artes escénicas e audiovisuais que, tendo unha traxectoria iniciada con anterioridade, ofrecen dentro e fóra de Galicia un fito destacado nese período. A Fundación dos Premios da Crítica de Galicia nomea, ademais, dende 1993, “Galego Egrexio” a aquela personalidade que pola súa traxectoria de entrega a Galicia se considere merecente dela. O galardón consiste nunha estatuíña, deseñada por Isaac

Díaz Pardo, que representa a Martín Codax. Dende a súa primeira edición, na modalidade de “Creación literaria”, foron galardoados Alfonso Pexegueiro en 1978 por *Mar e naufraxio*; Álvaro Cunqueiro en 1979 por *Os outros feirantes*; Carlos Casares en 1980 por *Os escuros soños de Clío*; Antón Tovar en 1981 por *Calados esconxuros*; Alfredo Conde en 1982 por *Breixo*; Víctor Fernández Freixanes en 1983 por *O triángulo inscrito na circunferencia*; Arcadio López-Casanova en 1984; Ramiro Fonte en 1985 por *Designium*; Manuel Vilanova en 1986 por *A lenda das árbores de prata*; Suso de Toro en 1987 por *Polaroid*; Xosé Luís Méndez Ferrín en 1988 por *Breña Esmeraldina*; Víctor Fernández Freixanes en 1989 por *O enxoval da noiva*; Antón Risco en 1990 por *As metamorfoses de Proteo*; Fiz Vergara Vilariño en 1991 por *Nos eidos da bremanza*; Xosé Luís Méndez Ferrín en 1992 por *Arraianos*; Antón Avilés de Taramancos en 1993 por *Obra viva*; Manuel Rivas en 1994 por *En salvaxe compañía*; Marilar Aleixandre en 1995 por *A expedición do Pacífico*; Xavier Rodríguez Baixeras en 1996 por *Nadador*; Pilar Pallarés en 1997 por *Livro das devoracións*; Xosé María Álvarez Cáccamo en 1998; Carlos Casares en 1999; Bieito Iglesias en 2000 por *O mellor francés de Barcelona*; Xosé Manuel Villanueva en 2001 por *Adeus India, adeus*; Manuel María en 2002 por *Obra completa*; Carlos Casares en 2003 por *O sol do verán*; Anxos Sumai en 2004 por *Anxos de garda*; Luísa Villalta en 2005 por *En concreto*; Xavier Alcalá en 2006 por *Nas catacumbas*; Manuel Rivas en 2007 por *Os libros arden mal*; Miguel Anxo Murado en 2008 por *O soño da febre*; Luís González Tosar en 2009 por *Estúrdiga materia*; Suso de Toro en 2010 por *Sete palabras*; Ana Romaní en 2011 por *Estremas*; Agustín Fernández Paz en 2012 por *Fantasmas de luz*; Xabier Cordal por *Transmuta*. A XXXVII edición, correspondente ao ano 2014, tivo como lema “A beleza feriume para sempre”. O xurado da modalidade de Creación literaria, composto por Ramón Nicolás, Mercedes Queixas, Carme Ferreira, Rexina Rodríguez, Modesto Hermida e Ernesto Sánchez Pombo, que actuou como secretario, acordou declarar finalistas as obras *Costa do solpor* de Xosé María Lema (Xerais), *O derradeiro libro de Emma Olsen* de Berta Dávila (Galaxia) e *Matarte lentamente* de Diego Ameixeiras (Xerais). Tras as derradeiras deliberacións acordou outorgar por maioría o premio a *Costa do solpoer* de Xosé María Lema (Vimianzo, 1950) editada por Edicións Xerais de Galicia. O xurado da modalidade de Investigación, formado por Xosé Ramón Barreiro Fernández, Nieves Rodríguez, Mar Fernández Vázquez, Luis Espada Recarey, Lucía Fernández-Novoa Valladares, José Antonio Gómez Segade e Charo Portela que actuou como secretaria, acordou declarar como finalistas as obras *Tastarabás. Enciclopedia de brinquedos populares* de Antón Cortizas (Xerais), *Arte e ciencia en Galicia* de Francisco Díaz Fierros (Servizo de Publicacións da USC) e *Estilística da lingua galega* de Xosé Ramón Freixeiro Mato (Xerais). Tras as derradeiras deliberacións acordou outorgar por maioría o premio a *Estilística da lingua galega* de Xosé Ramón Freixeiro Mato (Carballo, 1951) editado por Edicións Xerais de Galicia. Os demais galardóns foron, na modalidade de Música, para Berrogüetto; o Premio de Iniciativas Culturais foi para o Ciclo Poetas Di(n)versos; en Artes Escénicas e Audiovisuais, para Lois Patiño (Vigo, 1983); e en Artes Plásticas e Visuais, para Antón Pulido (Amoeiro, 1944). O ditame fíxose público o 11 de outubro no Hotel Os Escudos de Vigo.

## Referencias varias:

- Ana Baena, “Os Premios da Crítica amplían os galardóns á gastronomía”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 9 outubro 2014, p. 11.

Dá conta da incorporación da categoría de Gastronomía ás modalidades dos Premios da Crítica. Faise una listaxe detallada dos membros que compoñen os xurados.

- A. S., “Xosé María Lema, Lois Patiño, Antón Pulido y Berrogüeto, Premios da Crítica”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 12 outubro 2014, p. 45.

Informa sobre a cerimonia de entrega dos Premios da Crítica de Galicia en Vigo e destacan os galardoados, entre os que figuran Xosé María Lema na categoría de Creación Literaria por *Costa do Solpor*, Xosé Ramón Freixeiro na categoría de investigación por a obra *Estilística da lingua galega* e Yolanda Castaño na categoría de iniciativas culturais por a corrdinación do ciclo de Poetas(in)versos que se desenvolve no auditorio do Centro Ágora de A Coruña. Recóllense as palabras de Alberto Núñez Feijóo sobre a vitalidade da creación en Galicia e o traballo da crítica especializada.

- Maite Gimeno, “Xosé María Lema, galardonado con el Premio da Crítica de creación literaria”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 12 outubro 2014, p. 41.

Dá conta da cerimonia de entrega dos Premios da Crítica de Galicia en Vigo. Destácanse os galardoados entre os que figuran Xosé María Lema na categoría de Creación Literaria por *Costa do Solpor*, Xosé Ramón Freixeiro na categoría de investigación por a obra *Estilística da lingua galega* e Yolanda Castaño na categoría de iniciativas culturais pola cordinación do ciclo de Poetas(in)versos que se desenvolve no auditorio do Centro Ágora da Coruña.

- José Manuel García Iglesias, “Premio da Crítica 2014”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Notas de actualidad”, 16 outubro 2014, p. 2.

Fala dos galardoados polos Premios da Crítica 2014 e gábanse as cualidades de cada unha das persoas premiadas.

- Xosé M. Piñeiro, “Yolanda Castaño por China”, *Atlántico Diario*, p. 34/ *La Región*, p. 60, “Sociedad”, “Neurovisión”, 18 de outubro 2014.

Propón celebrar a próxima edición dos Premios da Crítica en Ourense debido a que a idea tivo a súa orixe nun grupo de mulleres e homes que conformaron o Círculo Ourensán-Vigués a finais dos anos sesenta, cuxo manifesto fundacional publicaron no 78.

### Premios da Crítica Española

Creados no ano 1956, dende 1978 concedéronse aos mellores libros de narrativa e poesía publicados en España ao longo do ano anterior, en calquera das catro linguas do Estado. A modalidade de literatura galega creouse no ano 1976. O xurado está formado normalmente por vinte e dous membros da Asociación Española de Críticos Literarios. É un galardón sen dotación económica. En anteriores edicións os premios foron para: na modalidade de narrativa, en 1976 para Carlos Casares por *Xoquetes para un tempo prohibido*; en 1978 para Xoán Ignacio Taibo, por *Homes de ningures*, en 1979 para

Álvaro Cunqueiro, por *Os outros feirantes*, en 1980 para Xavier Alcalá, por *Fábula*; en 1981 para Alfredo Conde, por *Breixo*, en 1982 para Víctor Fernández Freixanes, por *O triángulo inscrito na circunferencia*; en 1983 para Camilo Gonsar, por *Desfeita*, en 1984 para Alfredo Conde, por *Xa vai o grifón no vento*; en 1985 para Lois Xosé Pereira, por *As horas de cartón*; en 1986 para Antón Risco, por *Memoria dun emigrante*, en 1987 para Ricardo Carballo Calero, por *Scorpio*; en 1988 para Víctor Fernández Freixanes, por *O enxoval da noiva*; en 1989 para Manuel Rivas, por *Un millón de vacas*; en 1990 para Xavier Queipo, por *Ártico*; en 1991 para Xosé Luís Méndez Ferrín, por *Arraianos*; en 1992 para Salvador García Bodaño, por *Os misterios de monsieur d'Allier*; en 1993 para Suso de Toro, por *Tic-tac*; en 1994 para Xurxo Borrazás, por *Criminal*; en 1995 para Xesús Manuel Valcárcel, por *O capitán Lobo Negro*; en 1996 para Carlos Casares, por *Deus sentado nun sillón azul*; en 1997 para Xosé Carlos Caneiro, por *Un xogo de apócrifos*; en 1998 para Manuel Rivas, por *O lapis do carpinteiro*; en 1999 para Xosé Luís Méndez Ferrín, por *No ventre do silencio*; en 2000 para Suso de Toro, por *Non volvas*; en 2001 para Xosé Vázquez Pintor, por *A memoria do boi*; en 2002 para Carlos Casares, por *O sol do verán*; en 2003 para Xabier López López, por *A vida que nos mata*; en 2004 para Xesús Constela, por *As humanas proporcións*; en 2005 para Teresa Moure, por *Herba moura*; en 2006 para Manuel Rivas, por *Os libros arden mal*; en 2007 para Luís Rei Núñez, por *O señor Lúgrís e a negra sombra*; en 2008 para Marcos S. Calveiro, por *Festina lente*; Xabier Quiroga en 2009 por *O cabo do mundo*; Víctor Freixanes en 2010 por *Cabalo de Ouros*; Antón Riveiro en 2011 por *Laura no deserto*; e Begoña Caamaño en 2012 por *Morgana en Esmelle*. E na modalidade de poesía: en 1976 para Celso Emilio Ferreiro, por *Onde o mundo se chama Celanova*; en 1978 para Salvador García-Bodaño, por *Tempo de Compostela*; en 1979 para Eduardo Moreiras, por *O libro dos mortos*; en 1980 para Xohana Torres, por *Estacións ao mar*; en 1981 para Claudio Rodríguez Fer, por *Tigres de tenrura*; en 1982 para Xoán Manuel Casado, por *O libro de Caldelas*; en 1983 para Vitor Vaqueiro, por *A fraga prateada*; en 1984 para Miguel Anxo Fernán-Vello, por *Seivas de amor e tránsito*; en 1985 para Antón Avilés de Taramancos, por *Cantos caucanos*; en 1986 para Xosé María Álvarez Cáccamo, por *Os documentos da sombra*; en 1987 para Xavier Rodríguez Baixeras, por *A gándara da noite*; en 1988 para Ramiro Fonte, por *Pasa un segredo*; en 1989 para Luís González Tosar, por *Remol das travesías*; en 1990 para Fermín Bouza Álvarez, por *Labirinto de inverno*; en 1991 para Gonzalo Navaza, por *Fábrica íntima*, en 1992 para Xavier Rodríguez Barrio, por *Antiga claridade*; en 1993 para Xulio López Valcárcel, por *Memoria de agosto*; en 1994 para Xosé Luís Méndez Ferrín, por *Estirpe*; en 1995 para Ramiro Fonte, por *Luz de mediodía*, en 1996 para Pilar Pallarés, por *Livro das devoracións*; en 1997 para Xavier Rodríguez Baixeras, por *Beira norte*; en 1998 para Yolanda Castaño, por *Vivimos no ciclo das erofanías*; en 1999 para Manuel Álvarez Torneiro, por *Luz de facer memoria*; en 2000 para Gonzalo Navaza, por *Libra*; en 2001 para Manuel Forcadela, por *Refutación da musa*, en 2002 para Xavier Seoane, por *Dársenas do ocase*; en 2003 para Xulio López Valcárcel, por *Casa última*; en 2004 para Miguel Anxo Fernán-Vello, por *Territorio da desaparición*; en 2005 para Román Raña, por *As metamorfoses do túnel*; en 2006 para Manuel Vilanova, por *A Esmeralda Branca*; en 2007 para Helena de Carlos, por *Vigo*; en 2008 para Chus Pato, por *Hordas de escritura*; en 2009 para Luz Pozo Garza por *Deter o día cunha flor*; en 2010 para Marga do Val por *A cidade sen roupa ao sol*; en 2011 para Olga Novo por *Cráter*; e en 2012 para Manuel Álvarez Torneiro por *Os ángulos da brasa*. No ano 2014 outorgouse o Premio Nacional de Crítica 2013 na modalidade de literatura galega a Anxos Sumai (Catoira, 1960) por *A*

*lúa da colleita* en narrativa e a Berta Dávila (Santiago de Compostela, 1987) por *Raíz de fenda*, en poesía.

### Referencias varias:

- Mario Álvarez, “Anxos Sumai y Berta Dávila, Premios de la Crítica en gallego”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 26 abril 2014, p. 41.

Coméntase que as gañadoras galegas dos Premios Nacionais de Crítica Literaria 2014 foron para Berta Dávila con *Raíz da fenda* na categoría de poesía e Anxos Sumai por *A lúa da colleita* en narrativa.

- X. F., “Anxos Sumai, Berta Dávila, Rafael Chirbes y Antonio Hernández, Premios de la Crítica”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 26 abril 2014, p. 44.

Indícanse que estes foron os gañadores dos Premios de narrativa e poesía en castelán, galego, catalán e éuscaro que se entregaron durante a celebración na cidade de Logroño.

### VI Premios da **Cultura Galega**, anteriormente Premios Nacionais da Cultura Galega

Entregados por primeira vez, co nome de Premios Nacionais da Cultura Galega, en xuño de 2008 pola Consellería de Cultura e Deporte no Pazo de Congresos, a dotación dos galardóns era de 15.000 euros en cada categoría, de carácter indivisíbel. O xurado, único para todas as categorías, conta con representantes de todos os sectores da cultura galega e está composto de quince membros, diferentes en cada edición. O premio, na súa primeira edición, contou con dez categorías: Literatura, Arquitectura e espazos públicos, Artes visuais, Artes escénicas, Música, Cine e audiovisual, Pensamento e cultura científica, Iniciativas culturais, Cultura tradicional e de base e Patrimonio Cultural. No ano 2010, correspondente á segunda edición, reformuláronse, pasando a denominarse Premios da Cultura Galega. Reducíronse a sete as categorías (Letras, Artes Plásticas, Artes Escénicas, Patrimonio Cultural, Promoción da Cultura Exterior, Música e Creación Audiovisual) e cambiou a dotación económica por unha escultura conmemorativa e un diploma acreditativo. No ano 2013 creouse o Premio Cultura Galega de Lingua. Nesta sexta edición, o xurado estivo presidido polo conselleiro de Cultura, Xesús Vázquez, e formado polo secretario xeral de Cultura, Anxo Lorenzo; Henrique Monteagudo, por parte da Real Academia Galega; Gloria Pena Uris, en representación do reitor da Universidade de Vigo; Maximino Zumalave Caneda, en representación do Consello da Cultura Galega; e Manuel Quintana Martelo, en representación da Real Academia Galega de Belas Artes Nosa Señora do Rosario. Completaron o xurado a profesora e investigadora de literatura galega Blanca-Ana Roig; o produtor e presidente do Clúster Audiovisual Galego Andrés Barbé Riesco; e a pianista e directora do Conservatorio Profesional de Danza de Lugo, Isabel Méndez González. Presentáronse preto de 40 candidaturas. O 10 de decembro, na Cidade da Cultura, tivo lugar o acto de entrega dos galardóns, que foron para Xosé Neira Vilas, na categoría de Premio da Cultura Galega das Letras; a Galería Trinta, no apartado das Artes Plásticas; Cándido Pazó, na categoría de Artes Escénicas; o Grupo Marcelo Macías, na categoría de iniciativas en prol do Patrimonio Cultural; Centro Pen de Galicia, no apartado da Proxección Exterior de Galicia; o Festival Internacional do

Mundo Celta de Ortigueira, na categoría de Música; David Mackenzie, no apartado de Lingua; e AGAPI, na categoría de Creación Audiovisual. Nesta edición, o premio consistiu nunha obra do pintor Antón Pulido.

### Referencias varias:

- Irene Jiménez, “Neira Vilas, o PEN e a Galería Trinta, Premios da Cultura”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 18 setembro 2014, p. 36.

Anúnciase que Xosé Neira Vilas é galardoado co Premio da Cultura Galega na modalidade de “Letras” e explícase a natureza do premio e a composición do xurado.

- ELOS, “Xosé Neira Vilas (Gres, 1928)”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 31 outubro 2014, p. 38.

Faise mención ao recoñecemento co Premio da Cultura Galega á traxectoria dun dos autores clásicos da literatura contemporánea, Xosé Neira Vilas, pola súa tarefa literaria. Destácase que iniciou a literatura xuvenil coa obra *Memorias dun neno labrego*.

- ELOS, “Cándido Pazó (Vigo, 1960)”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 12 novembro 2014, p. 44.

Fálase da carreira artística deste actor dramático que comezou no ano 1975 e que o levou a participar en distintas compañías (como director, autor ou actor) así como a numerosas mostras. Destácase o Premio da Cultura Galega recibido no ano 2014 como recoñecemento a esta traxectoria profesional.

- Jaureguizar/ R., “A excelencia da creatividade”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, p. 45/ *El Progreso*, “Vivir”, p. 43, 9 decembro 2014.

Fala do acto de entrega dos Premios da Cultura Galega que terá lugar o 10 de decembro no Museo Centro Gaiás da Cidade da Cultura coa presenza do presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijoo, e o conselleiro de Cultura, Xesús Vázquez. Faise unha breve descrición da traxectoria dos gañadores desta edición nas diferentes categorías: Música (Festival de Ortigueira), Promoción Exterior (Centro Pen de Galicia), Artes Plásticas (galería Trinta), Artes Escénicas (Cándido Pazó), Audiovisual (Agapi), Lingua (David Mackenzie), Patrimonio Cultural (grupo Marcelo Macías) e Letras (Xosé Neira Vilas).

- Marcos Sueiro, “Premio para los excelentes”, *ABC*, “Galicia”, 11 decembro 2014, p. 65.

Dá conta da cerimonia de entrega dos Premios da Cultura Galega, celebrado o 10 de decembro no Museo Gaiás. Destácase a labor de recoñecemento que estes premios supoñen e a maridaxe entre o poder político e a cultura.

- Fran P. Lorenzo, “Son un xornaleiro das letras”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 11 decembro 2014, p. 41.



Fala da cerimonia de entrega dos Premios da Cultura Galega e recóllense algunhas das palabras dos galardoados. Ademais coméntase a coincidencia do acto co descubrimento hai cen anos das cantigas de amigo do Pergameo Vindel. Destácase a intervención final de Neira Vilas que se define a si mesmo como “xornaleiro destas letras galegas, desta literatura”.

- C. Villar, “Neira Vilas reivindica el gallego en los Premios da Cultura”, *Faro de Vigo*, p. 42/ *La Opinión*, “Cultura y ocio”, p. 29, “Sociedad”, 11 decembro 2014.

Informa do acto de entrega dos Premios da Cultura Galega e fanse uns breves resumos das participación dos galardoados. Destácase a reivindicación da lingua galega feita por Neira Vilas, que a sitúa “á altura de calquera literatura europea”.

- Xosé M. Piñeiro, “Neira Vilas. Cándido Pazó”, *Atlántico Diario*, p. 38/ *La Región*, p. 59, “Sociedad”, “Neurovisión”, 13 decembro 2014.

O xornalista recorda as palabras de Neira Vilas na entrega dos Premios da Cultura Galega como o momento máis emocionantes da noite. Neira Vilas mencionou que “esta Terra é tan marabillosa que ben merece que sigamos traballando por ela e defendendo a súa dignidade entre propios e alleos”. O xornalista tamén fala doutro galardoado, o actor Cándido Pazó, que dedicou o premio a todos os que acuden o teatro e que tamén falou da necesidade de crear hábitos como público teatral para mantelo e facelo medrar.

## IX Premios da Edición

Convocados por primeira vez no ano 2005 pola Asociación Galega de Editores (AGE) e patrocinados polo Centro Español de Dereitos Reprográficos (Cedro), preténdese recoñecer con eles a excelencia no ámbito editorial. Os galardóns teñen dez categorías: Premio Xosé María Álvarez Blázquez ao Autor ou Autora do Ano; Premio Ánxel Casal ao Libro de ficción; Premio Ánxel Casal ao Libro de poesía ou teatro; Premio Ánxel Casal ao Libro de non ficción; Premio Lois Tobío ao Libro Traducido; Premio Isaac Díaz Pardo ao Libro Ilustrado; Premio Xosé Neira Vilas ao Mellor Libro Infantil e Xuvenil; Premio Xosefa Iglesias Vilarelle ao Mellor Libro Educativo; Premio Rosalía de Castro á iniciativa editorial; e o Premio Francisco Fernández del Riego á difusión do ámbito editorial e cultural. No ano 2014 concédéronse os IX Premios da Edición 2013: Berta Dávila recibiu o Premio Xosé María Álvarez Blázquez á Autora do ano 2013; a Librería Couceiro da Coruña, o Premio Francisco Fernández del Riego; *O derradeiro libro de Emma Olsen*, de Berta Dávila, publicado pola Editorial Galaxia, o Premio Ánxel Casal ao Libro de ficción; *Cantares gallegos, hoxe. Unha lectura actualizada de Rosalía de Castro*, editado por Alvarellos, de María Pilar García Negro, o Premio Ánxel Casal ao Libro de non ficción; *Sobre ruínas*, de Xesús Rábade Paredes, editado por Alvarellos, o Premio Ánxel Casal ao Libro de poesía e teatro; *A pantasma da casa da Matanza*, de Miro Villar, editado por Biblos, o Premio Xosé Neira Vilas ao Libro Infantil e Xuvenil; *Ulises*, traducido por María Alonso, Eva Almazán, Xavier Queipo e Antón Vialle, o Premio Lois Tobío ao Libro Traducido; *Pan de millo*, de Dani Padrón, editado por Kalandraka, o Premio Isaac Díaz Pardo ao Libro Ilustrado; *Vento e chuva. Mitoloxía da antiga Gallaecia*, de Manuel Gago, editado por Edicións Xerais, o Premio Xosefa Vilarelle ao Libro educativo; e a *Tastarabás. Enciclopedia de brinquedos tradicionais*, de Edicións Xerais, o Premio Rosalía de Castro á Mellor Iniciativa

Editorial. Os galardóns entregáronse na gala da Noite da Edición celebrada o 21 de marzo en Betanzos.

### Referencias varias:

- Belén López, “Os editores proclaman a Berta Dávila mellor autora do ano 2013”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Sociedad”, 22 marzo 2014, p. 76.

Indícase que Berta Dávila foi galardoada por ser a mellor autora do ano 2013 e a súa obra *O derradeiro libro de Enma Olsen* a mellor obra de non ficción. O premio Isaac Díaz Pardo ao mellor libro ilustrado foi para *Pan de millo*. O mellor libro de non ficción foi para *Cantares gallegos hoxe. Unha lectura actualizada de Rosalía de Castro* de Pilar García Negro. Na categoría de poesía e teatro o gañador foi Xesús Rábade con *Sobre Ruínas*. Tamén foi premiada a librería Couceiro co Premio Francisco Fernández del Riego. O Premio Rosalía de Castro foi para *Tastarabás. Enciclopedia de Brinquedas*. O mellor libro infantil foi *O fantasma da casa da matanza* de Miro Villar e Xosé Cobas. A mellor tradución foi o *Ulises* de Joyce e, finalmente, *Vento e chuvia* de Manuel Gago foi galardoado co Premio Xosefa Vilarella ao mellor libro educativo.

- Fran P. Lorenzo, “A edición galega escolle a Berta Dávila autora do ano”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 22 marzo 2014, p. 44.

Indícase que Berta Dávila foi recoñecida como autora do ano 2013 pola AGE. As obras a destacar foron *Raíz da fenda* en poesía e *O derradeiro libro de Emma Olsen* en narrativa. Sinálase, ademais outros premiados noutras categorías.

- R. G., “Doble premio dos editores para a obra e a traxectoria de Berta Dávila”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 23 marzo 2014, p. 48.

Coméntase que Berta Dávila foi a gañadora dos premios que organiza AEG onde se recoñece a traxectoria dun autor ao longo dun ano. Tamén foi a vencedora na categoría de obra de ficción con *O derradeiro libro de Emma Olsen*. Sinálase, ademais outros premiados noutras categorías.

- Helena Villar Janeiro, “Premios da AGE”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Notas de actualidade”, 28 marzo 2014, p. 3.

Opina sobre a IX Edición dos Premios da Asociación Galega de Editores (AGE) que premia toda a produción do ano 2013 no ámbito literario e cultural.

### XIV Premio literario **Fernando Arenas Quintela** de narrativa e ensaio

A librería coruñesa Arenas convoca este premio co fin de favorecer a creatividade da mocidade e promover un mellor ambiente cultural. Pode concorrer calquera persoa cun traballo libre e inédito referido á cidade da Coruña, a Galicia ou a España, en lingua galega ou castelá, cunha extensión entre 150 e 350 páxinas. Debe presentarse por triplicado na propia librería (Cantón Pequeno, 25) baixo lema e cun sobre cos datos persoais do autor. O premio consiste na publicación da obra gañadora e 1.500 euros. No

ano 2013, o premiado foi Bermúdez de Castro pola novela *Librería Macondo*. Na XIV edición, do ano 2014, o xurado, composto por Manuel Arenas, José María Paz Gago, Carlos Fernández, Javier Ozores, Ezequiel Pérez Montes e José Manuel Liaño, concedeu o premio á filóloga coruñesa Elena Galván Vázquez pola súa novela *Déjame amarte en la cara oculta de la luna*.

#### Certame literario da Asociación **Francisco Lorenzo Mariño**

Concurso de poesía e relato curto organizado pola Asociación Francisco Lorenzo Mariño de Aguiño, Ribeira, dende o ano 2009. Está dirixido a persoas de calquera nacionalidade que presenten textos inéditos en lingua galega. Estabelécense dúas categorías segundo a idade: categoría A (de 6 a 15 anos) e categoría B (a partir de 16 anos) e dúas modalidades para cada categoría: poesía e relato curto. Para a categoría A, os galardóns, para cada modalidade, consisten nun primeiro premio de diploma e lote de libros e/ou material didáctico e un accésit que recibe un diploma, ademais da posibilidade de publicación das obras seleccionadas. Para a categoría B, os galardóns consisten, para cada modalidade, nun primeiro premio de 180 euros, diploma e publicación da obra en un accésit ao que se lle outorga un diploma e a publicación da obra. Para a categoría A a extensión debe ser de 20 a 60 versos en poesía e de 1 a 3 folios en relato (admítense ilustracións orixinais). Para a categoría B a extensión ten que ser de 100 a 250 versos en poesía e de 5 a 12 A4 en letra Times 12 para relato. Os traballos preséntanse nun sobre pechado, orixinal e tres copias, figurando no seu exterior “Certame Literario Francisco Lorenzo Mariño - Aguiño, 50 anos de Parroquia”. No interior hai que achegar un sobre pequeno, tamén pechado, figurando no exterior o título da obra, a categoría e modalidade na que participa e o lema ou pseudónimo do autor ou autora; e no interior os datos persoais (nome, idade, enderezo, teléfono de contacto, centro de estudos para categoría A, título da obra e lema ou pseudónimo) e fotocopia do DNI. Estes traballos recóllense nas oficinas do Auditorio Municipal (P/Mariñeiros, s/n, 15960, Ribeira). Tamén se poden enviar por correo a ACRV Francisco Lorenzo Mariño, r/Mestre Xosé Sans, nº 21, 15965, Aguiño, Ribeira, A Coruña. No ano 2014 non foi convocado.

#### XXIV Premios **Irmandade do Libro**

Están organizados pola Federación de Libreiros de Galicia e foron creados en 1992 para recoñecer anualmente o labor en favor da cultura literaria galega realizado por medios de comunicación, editoriais, autores, institucións, libreiros e centros educativos. Na edición do ano 2007 engadiuse un premio para o mellor libro en galego e na edición do ano 2009 creouse unha nova modalidade, Fomento da Lectura. As propostas de participación poden ser presentadas na Federación de Libreiros de Galicia (R/ República del Salvador, 28 entrechán B. 15701 Santiago de Compostela). O galardón, para cada unha das modalidades (centros de ensino, libro, autor, obra editorial, fomento da lectura, librarías e, dende 2013, obra infantil e xuvenil), consiste nunha figura de bronce deseñada por Ismael López Fernández e as categorías de Centros de Ensino e Fomento da Lectura, únicas con dotacións económicas, contan con 2.000 euros para a adquisición de libros en calquera das librarías integradas na Agrupación de Libreiros á que pertenza a localidade do colexio gañador. O xurado está integrado por tres membros da Federación de Libreiros, un representante da Consellería de Educación, un bibliotecario,

un profesor de Lingua e Literatura galegas e un escritor. Na XXIV edición do libro do ano 2014 os galardoados foron: na modalidade de Fomento da Lectura á Editorial Alvarellos; na de Libro do ano, para a *Contos do mar de Irlanda*, de Xurxo Souto; na de Obra editorial do ano para *Colección Gótica*, de Urco Editora; na de Librería a O Pontillón (Moaña); na de Centro de Ensino para o IES Castro Alobre, de Vilagarcía de Arousa (Pontevedra); na de Autor/autora do ano a Yolanda Castaño; e na de obra infantil e xuvenil para Uxía Senlle por *Xiqui Xoque, Fiú fiú!*. O acto de entrega tivo lugar o 14 de marzo en Santiago de Compostela.

### Referencias varias:

- Suso Souto, “Premios Irmandade do Libro en Rianxo”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 878, a abril 2014, p. 6.

Anúnciase a resolución do xurado deste premio na súa modalidade de autor/a do ano, galardón recibido por Chus Pato.

- Lorena Rodríguez, “Carlos Bardem: ‘Quieren hacer de España un país de pajilleros’”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, p. 61/ *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, p. 32, 17 novembro 2014.

Co gallo do recibimento do Premio Irmandades do Libro ao Mellor Guión Adaptado no Festival de Cine de Ourense, Bardem falou da actual xestión política da cultura en España e da satisfacción que supón ser galardoado pola súa actividade literaria e cinematográfica.

- Juan Llano, “Bardem: ‘Cuando literatura y cine se unen, dan resultados maravillosos’”, *La Región*, “Ourense”, 17 novembro 2014, p. 7.

Dá noticia da entrega do Premio Irmandades do Libro ao Mellor Guión Adaptado ao actor, escritor e guionista Carlos Bardem polo guión de *Alacrán enamorado*. Recóllense as palabras do galardoado sobre a súa novela e sobre a película.

### Premio aos **Libros Mellor Editados** do Ministerio de Cultura do Estado español

Convocado polo Ministerio de Cultura dende o ano 2005, este premio reconece os libros mellor editados ao longo do ano anterior. Estes galardóns, sen dotación económica, consisten na exposición das obras gañadoras nas principais feiras internacionais do libro. Clasifícanse en cinco grupos temáticos: arte, libros de bibliofilia, facsímiles, infantís e xuvenís e obras xerais e de divulgación. O Premio ás Mellores Ilustracións Infantís e Xuvenís en edicións anteriores recaeron nos seguintes ilustradores galegos: Óscar Villán con *O coelliño branco* en 1999; Federico Fernández con *¿Onde perdeu Lúa a risa?* en 2002; e Pablo Amargo con *O monstro da chuvia* en 2004. *Pancho*, de Antonio Santos, foi segundo premio en 2003; *Pucho, o habitador dos tellados*, terceiro premio na categoría de Libro Infantil en 2006; en 2010 o segundo e terceiro galardóns foron para *Cantas pingas na cidade!*, escrito e ilustrado por Eva Montanari, e *Os mil brancos dos esquimós*, de Isabel Minhós Martins; en 2011 o terceiro premio na foi para *Diógenes*, de Pablo Albo, editado por Kalandraka; en 2012 o primeiro premio foi para a

obra *Kipling ilustrado*, de Rudyard Kipling, con ilustracións de Ajubel, Pablo Amargo, Isidro Ferrer, Pep Monserrat, Pablo Auladell, Paco Giménez e Arnal Ballester, editado por Kalandraka Editora, e tamén levo o primeiro premio na categoría de obras facsímiles as *Cantigas de Santa María de Alfonso X el Sabio*, editada por Testimonio Compañía Editorial, coeditado con Patrimonio Nacional; e en 2013 levou o terceiro premio de Obras xerais e de divulgación *Ocultos*, de Xulio Gutiérrez e Nicolás Fernández, editado por Kalandraka. No ano 2014 desenvolveuse a edición relativa ás obras publicadas en 2013 e non houbo ningún premiado galego

### XIX Certame Literario **Manuel Oreste Rodríguez López**

Convocado polo Concello de Paradela dende 1996 para honrar a figura de Manuel Oreste Rodríguez López, poden presentarse ao certame obras orixinais, inéditas e non premiadas, en galego ou en castelán. Consta de dúas modalidades, unha de narrativa e outra de poesía, cunha extensión máxima de vinte folios na modalidade de narrativa e de cen versos en poesía. As obras deben enviarse mecanografadas (ou a ordenador) a dobre espazo, por sextuplicado, sen firma e con lema, ao Concello de Paradela (Rúa Cabaleiros de Santiago, n.º 15, 27611 ou a concello.paradela@eidolocal.es). Está dotado con 600 euros para cada unha das modalidades. No ano 2014, celebrouse a entrega de premios da XIX edición e o prazo de presentación rematou o 1 de outubro. Presentáronse, en conxunto, un total de 757 obras procedentes de todo o Estado español: 321 en poesía e 436 en narrativa. Por mor da calidade das obras foron concedidos varios accésits e mencións, que non contaron con dotación económica. Estas distincións foron para Yolanda Gelices (Barcelona), Alba Sánchez Ares (Compostela), Juan Luis Rincón (Cádiz), Jesús Alfonso Parada (O Courel), Francisco de Asís Merchán (Mallorca), Mercedes Blanco Iglesias (Vigo), José Antonio García Villalta (Málaga) e Lourdes Monert (Miami). As obras gañadoras foron: na categoría de narrativa *El Papa, su santidad y los secretos del Vaticano*, de Juan Ángel Cabaleiro, de Arxentina. Na modalidade de poesía, o premio foi para a escritora Mirta Chamorro Mielke, de Candamo (Asturias), polo seu traballo *Por la tierra que tú pisas*. O acto de entrega celebrouse o día 19 de decembro.

### **Referencias varias:**

- A. C. V., “Paradela honra la figura de su poeta Manuel Rodríguez”, *El Progreso*, “Sarria”, 20 decembro 2014, p. 13.

Fálase da XIX edición do premio Manuel Oreste Rodríguez, no cal saíu gañadora a asturiana Mirta Chamorro, no apartado de poesía e en narrativa o arxentino Ángel Cabaleiro. O concello de Paradela busca render homenaxe ao poeta local, que lle dá nome a este premio.

### Certame Literario **Mariano Virxe da Armada**

A Asociación Cultural “Santuario Virxe da Armada”, dentro do seu obxectivo de traballar pola promoción, coidado e desenvolvemento do Santuario da parroquia de San Salvador de Rabal (Concello de Celanova), convoca este certame. Poden presentarse

traballos en prosa, cunha extensión mínima de cinco folios, ou en verso, cunha extensión mínima de corenta versos, en castelán ou galego, sobre un tema mariano en xeral ou sobre a virxe. Conta con tres galardóns de 600, 300 e 150 euros e o prazo para a presentación dos traballos, que deben enviarse ao reitor do Santuario da Armada de Rabal dentro dun sobre baixo lema e pseudónimo, finaliza o 31 de maio. O ditame do xurado dáse a coñecer o 15 de agosto e a entrega dos premios ten lugar na semana do novenario (antes do 9 de setembro). No ano 2014, os premiados foron: Manuel Terrín (Albacete) con “Comunión devota con a Virxe da Armada”, María de la Luz Martínez (A Manchica) con “Cariña de Rosa”, Manuel Barreto (Ourense) con “De Nazarez a la Montaña”, e Rubén Carlos Freire (Celanova) con “El dilema”.

### Premios Nacionais de Literatura

Creados en 1984 polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte para premiar as mellores obras publicadas ao longo do ano anterior, nas modalidades de Narrativa, Poesía, Ensaio, Literatura Dramática e Literatura Infantil e Xuvenil, en calquera das linguas do Estado. Están dotados con 20.000 euros. En edicións anteriores recibiron o Premio Nacional na modalidade de Narrativa: en 1986 Alfredo Conde por *Xa vai o griffón no vento*; en 1996 Manuel Rivas por *¿Qué me queres, amor?*; en 2003 Suso de Toro por *Trece badaladas*; na modalidade de Ensaio en 2008 Xusto Beramendi González por *De provincia a nación. Historia do nacionalismo galego*; na modalidade de Literatura Dramática en 2007 Rubén Ruibal por *Limpeza de sangue*; na modalidade de Literatura Infantil e Xuvenil: *Das cousas de Ramón Lamote*, de Paco Martín en 1986; *Cando petan na porta pola noite*, de Xabier P. Docampo en 1995; *O misterio dos fillos de Lúa*, de Fina Casalderrey en 1996; e *O único que queda é o amor*, de Agustín Fernández Paz en 2008. e na modalidade de Poesía *Os ángulos da brasa*, de Manuel Álvarez Torneiro en 2013. No ano 2014 levaron o premio na modalidade de Mellor Tradución María Alonso Seisdedos, Antón Vialle, Eva Almazán e Xavier Queipo por *Ulises* de James Joyce; e na modalidade de Teatro a Compañía Chévere.

### Referencias varias:

- Héctor J. Porto, “A versión galega do ‘Ulises’ de Joyce, Premio Nacional de Traducción”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 5 novembro 2014, p. 38.

Dá conta do outorgamento do Premio Nacional de Tradución aos catro autores da tradución do *Ulises* de Joyce ao galego: Xabier Queipo, Antón Vialle, Eva Almazán e María Alonso. Detállanse os motivos que levaron ao xurado a galardoar o traballo e explícase cómo foi o proceso de traballo en equipo.

- H. J. P., “Pese á preguiza mental dalgúns, unha cultura non pode existir sen diálogo con outras culturas”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 5 novembro 2014, p. 38.

Entrevista a Víctor Freixanes, co gallo do outorgamento do Premio Nacional de Tradución ao traballo de Queipo, Vialle, Almazán e Alonso sobre a versión ao galego de *Ulises* de Joyce, na cal reflexiona arredor do significado deste recoñecemento e sobre o intento de Otero Pedrayo cando en 1926 trouxo ao galego algúns fragmentos da novela.

- Amaia Mauleón, “La versión al gallego del ‘Ulises’ de Joyce, Premio Nacional de Traducción”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, p. 41/ *La Opinión*, “Sociedad, cultura y ocio”, p. 32, 5 novembro 2014.

Informa de que Eva Almazán, María Alonso, Xavier Queipo e Antón Vialle son os gañadores do Premio Nacional a la Mejor Traducción pola súa versión ao galego do *Ulises* de Joyce. Detállanse as razóns que levaron ao xurado a galardoar o traballo e cóntase a historia da xénese do proxecto e do seu desenvolvemento.

- Héctor J. Porto, “¿E se Joyce escribise en galego?”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 9 novembro 2014, p. 42.

Conta como xurdiu a idea de traducir *Ulises* de Joyce ao galego por parte de Xabier Queipo, Antón Vialle, Eva Almazán e María Alonso Seisdedos a iniciativa de Víctor Freixanes. Recóllense as palabras dos catro autores que describen como foi o proceso de traballo en equipo da tradución.

- Santiago Jaureguizar, “O rinoceronte que bufaba como Joyce”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 9 novembro 2014, p. 76/ *El Progreso*, “Vivir”, 8 novembro 2014, “Cultura”, “Cidade xardín”.

Co gallo do outorgamento do Premio Nacional de Tradución aos catro autores da tradución do *Ulises* de Joyce ao galego, relátase a experiencia persoal da lectura da novela do irlandés e as conversas sobre o traballo con Xabier Queipo, un dos tradutores galardoados.

- Luis Mirandés, “A compañía galega Chévere recibe o Premio Nacional de Teatro 2014”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 27 novembro 2014, p. 41.

Dá noticia do outorgamento do Premio Nacional de Teatro á compañía galega de teatro Chévere. Sinálanse os motivos que levaron ao xurado a concederlles o galardón e engádese un percorrido pola traxectoria profesional da compañía.

- Xosé Manuel Pereiro, “El Nacional de Teatro premia el compromiso de Chévere”, *El País*, “Cultura”, “Teatro”, 27 novembro 2014, p. 46.

Transcribe parte do comunicado que Chévere redactou co gallo do recibimento do Premio Nacional de Teatro e fai un repaso pola traxectoria profesional da compañía, do cal se destaca o peche da Sala Nasa que dirixían en Santiago.

- Ágatha de Santos, “La compañía gallega Chévere, Premio Nacional de Teatro por su carácter ‘transgresor’”, *Faro de Vigo*, “Tv/Espectáculos”, p. 59/ *La Opinión*, “Sociedad, cultura y ocio”, p. 31, 27 novembro 2014.

Dá noticia do ditame do xurado do Premio Nacional de Teatro a favor de Chévere. Sinálase que os integrantes da compañía reivindicaron a súa postura combativa, que non mudará coa obtención do premio, e asimilaron o galardón coma un recoñecemento ao

sistema teatral galego. Por último, faise unha semblanza da traxectoria profesional da compañía.

- Ágatha de Santos, “Patricia de Lorenzo. Tener reconocimientos hoy no sirve de nada”, *Faro de Vigo*, “”Tv/Espectáculos”, p. 59/ A. S., “Patricia de Lorenzo. Es frustrante que tener reconocimientos como este, hoy no sirva para nada”, *La Opinión*, “Sociedad, cultura y ocio”, p. 31, 27 novembro 2014.

Entrevista con Patricia de Lorenzo, actriz e codirectora de Chévere, que valora a entrega deste premio e relata os 27 anos de traxectoria dramática.

- P. Calveiro, “La compañía gallega Chévere obtiene el Premio Nacional de Teatro”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 27 novembro 2014, p. 39.

Informa do outorgamento do Premio Nacional de Teatro a Chévere e detalla os argumentos do xurado. Ademais recóllense as declaracións dos integrantes da compañía sobre a importancia que supón o galardón e dáse conta da traxectoria de Chévere e da historia da Sala Nasa que dirixían en Santiago.

- Manuel F. Vieites, “O caso Chévere”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 522, “Teatro”, 4 decembro 2014, p. VIII.

Fala da relevancia da concesión do premio Nacional de Teatro ao grupo Chévere, co que o xurado recoñeceu a labor da arte dramática como unha tarefa colectiva. Ademais o xornalista fala da importancia da existencia de salas que funcionen como sedes de compañías teatrais nunha relación permanente co público.

- P. Calveiro, “Chévere é a liberdade absoluta”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Escenarios”, 5 decembro 2014, p. 4.

Fai un repaso a traxectoria profesional de 27 anos do grupo teatral Chévere con motivo da concesión do Premio Nacional de Teatro. Segundo os seus membros, Chévere foi unha bafarada de aire fresco, a liberdade absoluta fronte ao teatro institucional.

- E. Ocampo, “Miguel de Lira. A Esmorga e Os fenómenos coinciden en facer unha crítica social do seu tempo”, *Faro de Vigo*, “Tv/Espectáculos”, 11 decembro 2014, p. 59.

Entrevista con Manuel de Lira, actor do grupo teatral Chévere, que recibiu o Premio Nacional de Teatro. Ademais de falar disto, faise un repaso aos últimos traballos do actor nas películas “A esmorga” e “Os fenómenos” e na serie da Televisión Galega “Códice”.

- Patricia Pernas, “Un ano de éxitos do audiovisual galego”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 30 decembro 2014, p. 33.

Comenta os éxitos acadados polo audiovisual galego ao longo do 2014, como foi o Premio Nacional de Teatro acadado pola compañía teatral Chévere, da que se fai un breve recorrido dende a súa fundación até a actualidade. Outra das propostas das que se fala é a da miniserie *Códice*, emitida pola TVG e dirixida por Jorge Cassinello, onde se



dá conta da historia que envolve o roubo do *Códice Calixtino*. Tamén se fai referencia a estrea en Madrid no ano 2015 da adaptación ao cine da obra d' *A Esmorga* de Blanco Amor, realizada polo cineasta Ignacio Vilar, por mor dos bos resultados recollidos en Galicia.

### XXIII Certame Literario da Asociación Cultural A **Pipa de Becerreá**

A Asociación Xuvenil Cultural A Pipa de Becerreá, coa colaboración das delegacións provinciais de Cultura e Vicepresidencia, a Deputación Provincial e o Concello de Becerreá, convoca este certame, que conta coas modalidades de poesía, relato e dramaturxia breve (esta última dende o ano 2013), cun máximo de cincuenta versos na primeira e de cinco folios na segunda, conforme as bases. Cada participante pode presentar un ou máis traballos escritos en lingua galega, que deben ser enviados á sede da entidade organizadora (Rúa Ancares, número 57, 27640 Becerreá-Lugo). O certame establece tres categorías en función da idade: infantil, dos oito aos catorce anos; xuvenil, de catorce a dezoito; e de adultos, a partir dos dezoito anos, aínda que para a modalidade de dramaturxia breve só poden participar maiores de idade. Para cada categoría establécense dous premios (dende a convocatoria de 2013, antes eran tres) e os accésits que o xurado considere oportunos. O premio consiste nunha estatua de Sargadelos, un lote de libros e un título acreditativo. O xurado está composto pola xunta directiva da entidade convocante. Nesta XXIII edición de 2014, o prazo de entrega de orixinais rematou o 16 de decembro. A gala de entrega dos premios de poesía e relato tivo lugar o 27 de decembro na Casa da Cultura de Becerreá, seguida da Noite Poética, coa presenza do escritor Manuel Forcadela como convidado. O xurado, composto por Xesús Bermúdez Tellado, Rafael Ramos Fernández e Afonso Becerra Arrojo Os gañadores na modalidade de relato foron na categoría de 8 a 14 anos: Andrea López Caaveiro por “Soñando con Rosalind” e José David Fernández de Brito por “Un can diferente”; na categoría de 14 a 18 anos: David Vila Lemos por “Gorka”; na categoría de adultos: César No Cortiñas por “Un vello amigo” e José Ramón Sánchez Varela por “Unha confesión temperán”. Os gañadores na modalidade de poesía foron na categoría de 8 a 14 anos: Diego Méndez Gerbolés por “A miña terra” e Pablo López López “Galiza”; na categoría de 14 a 18 anos: Eva González Blanco por “Trémulo sufrimento”; na categoría de adultos: Ramón Sandoval Pérez por “Corazón de lóstrego” e Jesús Alfonso Parada Jato por “Égloga tralos vidros”. En canto á categoría de dramaturxia o xurado, composto por Vanesa Martínez Sotelo, Xosé Manuel Pazos Varela, Afonso Becerra Arrojo e Antón Lama Pereira, entregou os premios a Avelina Pérez por “Silencio” e Santiago Cortegoso Calvar por “A buxaina”. Tamén se concederon dous accésits para Ernesto Suárez Is e Julio Fernández Peláez.

### Referencias varias:

- Pilar Cheda, “A Pipa convoca o seu premio de poesía, relato e dramaturxia breve”, *El Progreso*, “A Montaña”, 15 novembro 2014, p. 23.

Dá noticia da convocatoria do XXIII Certame Literario A Pipa 2014 por parte da Asociación Cultural A Pipa de Becerreá en colaboración coa *Revista Galega de Teatro* nas modalidades de poesía, relato e dramaturxia breve. Detállanse as bases do certame.

### XIII Premio de Tradución **Plácido Castro**

A Fundación Plácido Castro convoca este certame para reivindicar a figura, a obra e o pensamento de Plácido Ramón Castro del Río (1902-1967), especialmente no campo da tradución, do pensamento e xornalismo. Está destinado a promover entre todos os tradutores de Galicia versións en lingua galega das grandes obras da literatura universal e diríxese a todas as persoas que publicasen na Biblioteca Virtual algunha tradución ao galego da literatura universal. Estaba dotado con 3.000 euros, que na convocatoria da XII edición pasaron a 2.000 euros, unha peza escultórica de Xaquín Chaves e un diploma, ademais da publicación da obra por Rinoceronte Editora. O xurado do premio componse de cinco membros pertencentes ou designados por cada unha das seguintes institucións: Asociación de Tradutores Galegos (ATG), Fundación Plácido Castro, Real Academia Galega, Departamento de Tradución e Interpretación da Universidade de Vigo e Xunta de Galicia. Nesta XIII edición de 2014, correspondente ao ano 2013, o prazo de entrega de candidaturas rematou o 1 de maio de 2014 e o 14 de xuño o xurado, composto por Susi Castro (Fundación Plácido Castro), Camiño Noia (Asociación de Tradutores Galegos), Carlos Arias Iglesias (Xunta de Galicia), Moisés Barcia (Editorial Rinoceronte), Xosé María Gómez Clemente (Departamento de Tradución da Universidade de Vigo), Antón Santamarina (Real Academia Galega) e Roberto Mansilla Paredes (IGADI), decidiu declarar deserto (por segundo ano consecutivo) o premio por non cumprir as obras presentadas as bases establecidas.

### Certame literario **Ramón Martínez López**

O Concello de Boiro e a Biblioteca Pública Municipal co obxecto de fomentar a creación literaria entre o alumnado do Concello convocan este certame nas modalidades de conto, relato e poesía para salientar a figura deste fillo predilecto boirense. Diríxese ao alumnado dos centros de ensino primario e secundario do Concello de Boiro e aos nados ou residentes en Boiro. As obras deben ser inéditas, escritas en lingua galega, e de tema libre. Cada participante pode presentar un único traballo. Estabelécense seis categorías na modalidade de narrativa: A (3º e 4º de primaria) cunha extensión máxima de 2 folios, B (5º e 6º de primaria) cun máximo de 4 folios; C (1º e 2º de ESO), cun máximo de 8 folios; D (3º e 4º de ESO), cun máximo de 12 folios; E (bacharelato e formación profesional) cun máximo de 20 folios e F (poboación en xeral), cun máximo de 20 folios. En poesía existía unha categoría única (calquera persoa maior de 13 anos), cunha extensión máxima de setenta versos, mais no ano 2010 ampliouse a tres: primeira, para alumnos de primeiro, segundo, terceiro e cuarto de ESO, cun máximo de setenta versos; segunda, para bacharelato e formación profesional, cun máximo de noventa versos e terceira, para poboación en xeral, cun máximo de cento dez versos. Os primeiros clasificados das categorías A, B e C de narrativa reciben un vale de 80 euros, os segundos clasificados, un vale de 50 euros, e os terceiros clasificados un vale de 30 euros, para mercar en calquera comercio de Boiro; na Categoría D e E a contía ascende a 120 euros para o primeiro premio e 80 euros para o segundo; e na Categoría F hai un 1º premio de 145 euros. Na modalidade de poesía o galardón é de 80 euros para cada unha das categorías. O xurado pode declarar deserto algún premio ou concedelos *ex aequo*. Os traballos deben presentarse na Biblioteca Pública Municipal de Boiro (1ª planta da Casa da Cultura “Ramón Martínez López”). No ano 2014 non foi convocado.

## XX Premio **Ricardo Carvalho Calero** de Investigación Lingüística e Creación Literaria

Premio bienal en lingua galega organizado polo Concello de Ferrol coa colaboración da Asociación Cultural Medulio en memoria deste profesor licenciado en Dereito e Filosofía e Letras pola Universidade de Santiago. Admite liberdade en canto á escolla da normativa ortográfica empregada. Conta coas modalidades de investigación lingüística e creación literaria. Na modalidade de ensaio os traballos presentados deben ter unha extensión mínima de cen folios e máxima de douscentos cincuenta. Ao premio de creación literaria poden concorrer narracións curtas ou conxunto de contos cunha extensión mínima de cincuenta folios. Deben presentarse en documento informático acompañado de cinco copias impresas. Noutro sobre teñen que constatarse os datos persoais e un breve currículo da persoa autora da obra. Cada un dos premios consiste en 3.700 euros e a publicación na editorial Laiovento. No ano 2014 o xurado compuxérono Mercedes Queixas, Miguel Mato Fondo, Xesús Constela Doce e Luís García Soto e premiaron na categoría de narración a María Cristina Pavón por *A busca da orixe perdida das especies*; e na categoría de ensaio a Isaac Lourido por *História literária e conflito cultural. Bases para umha história sistémica da literatura na Galiza*.

### Referencias varias:

- P. H., “Os Carvalho Calero premian os mellores escritos en galego”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 4 outubro 2014, p. 43.

Anuncia os gañadores das dúas categorías deste premio e a boa nova de que, na seguinte convocatoria, o Concello incrementará un 25% o orzamento que se lle viña adicando.

- M. J. R., “Os gañadores do Carvalho Calero reivindicán o activismo pola lingua”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, 25 outubro 2014, p. 21.

Dá conta dos gañadores do premio Carvalho Calero, Cristina Pavón na categoría de creación literaria e Isaac Lourido no eido da investigación. Ambos advertiron da situación de perigo na que se atopa a lingua galega e reivindicaron á actividade de editoriais e distintos colectivos profesionais que traballan a prol da lingua.

- M. Aneiros, “Isaac Lourido y Cristina Pavón, premios Carvalho Calero”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 25 outubro 2014, p. 37.

Anúncianse os gañadores deste certame de investigación lingüística e creación literaria, amosando a foto de familia do acto institucional.

## VII Certame literario **Rosa de Cen Follas** do Colexio Oficial de Psicoloxía

Creado en 2008 polo Colexio Oficial de Psicoloxía, en homenaxe a Rosalía de Castro, conta con dúas modalidades, prosa e verso, cun galardón de 250 euros para o mellor traballo de cada xénero en lingua galega, de temática libre, con dúas páxinas como extensión máxima. Deben enviarse catro exemplares á sede da institución (rúa

Espiñeira, 10, baixo, Santiago). Na sétima convocatoria, correspondente ao ano 2014, o prazo de entrega remataba o día 13 de xuño de 2014. Os premios foron entregados o 2 de decembro na sede do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia a Ramón Sandoval Pérez na modalidade de poesía coa obra “Os que estamos malditos” e a Raquel Couto Antelo na modalidade de narrativa coa obra “Como deixar á moza antes de que se decate de que ten un bulto no peito”.

## VIII Certame Literario **Terras de Chamoso**

Premio convocado pola Asociación Cultural Arumes do Corgo, coa colaboración da Área de Cultura da Deputación de Lugo, para premiar todos os autores que expresen no papel os seus sentimentos empregando como ferramenta a lingua galega co obxectivo de incentivar a imaxinación e a creación de textos en galego nos concellos que formaban o antigo “comitatus Flammusus”, é dicir, O Corgo, Castroverde, parte de Láncara e Baralla e un anaco de Becerreá e Lugo. A única norma é que a obra se redacte en lingua galega e presenta dúas modalidades, poesía e narrativa, e tres categorías: infantil (dos 10 aos 14 anos), xuvenil (dos 14 aos 18 anos) e adultos (maiores de 18 anos). Na modalidade de poesía a extensión é de trinta a sesenta versos mentres que en relato curto é de tres a seis folios escritos a dobre espazo, excepto a categoría infantil que non ten límite de espazo inferior, pero si superior. Cada participante pode presentar varios traballos, non premiados noutros certames literarios, mecanografados, achegando nun sobre pechado a información persoal na Asociación Cultural Arumes do Corgo (Antigas escolas do Corgo s/n, 27.163 O Corgo-Lugo). Concédense dous premios en cada modalidade, que consisten nunha figuriña de cerámica do país, un lote de libros e o correspondente diploma. O xurado está composto por membros da Xunta Directiva da Asociación, profesores de lingua galega e por profesionais de recoñecido prestixio do mundo das letras. Na oitava edición de 2014, o prazo de entrega de traballos rematou o 5 de decembro e o xurado, composto por Xurxo Xosé Rodríguez Lozano e outos profesores de lingua galega, decidiu outorgar os seguintes galardóns: na categoría infantil, na modalidade de poesía, o 1º premio foi para Lara Domínguez do Cádavo; e o 2º premio foi para Carla Castedo, de Castroverde; na modalidade de relato, o 1º premio, foi para Alicia García Cabaleiro, de Laxe (O Corgo); e o 2º premio, foi para Izaskun Val, de Castroverde; na categoría xuvenil, na modalidade de poesía, o 1º premio foi para Sabela Rodríguez Reino, da Coruña; o 2º premio foi para Patricia Fulías Guzmán, de Castroverde; na modalidade de relato, o 1º premio foi para David López Fernández, de Pol; e o 2º premio foi para Lucía González Campos, de Castroverde; na categoría de adultos, na modalidade de poesía, o 1º premio foi para Rocío Leira Castro, de Pereira – Cee- (A Coruña); e o 2º premio foi para María José Fernández López, da Pontenova; na modalidade de relato; o 1º premio foi para Adela Figueroa Panisse; e o 2º premio foi para Emilio Silva Otero. O acto de entrega tivo lugar o 20 de decembro no Centro Sociocultural do Corgo.

## **Referencias varias:**

- Vanesa Bran, “Arumes do Corgo convoca el certamen Terras de Chamoso”, *El Progreso*, “Comarcas”, 21 novembro 2014, p. 24.

Informa da convocatoria da oitava edición do certame literario Terras de Chamoso por parte da Asociación Cultural Arumes do Corgo en colaboración coa área de cultura da Deputación de Lugo. Explicanse as bases do certame e a composición do xurado.

## XVII Premios de Relato, Poesía e Tradución da **Universidade de Vigo**

A Universidade de Vigo, a través da Área de Normalización Lingüística, convoca estes premios co patrocinio da Secretaría Xeral de Política Lingüística. Consta de tres modalidades: poesía, relato curto e tradución literaria. Poden participar todos os membros da Universidade de Vigo, agás para a modalidade de tradución literaria, reservada para o profesorado que imparte docencia na titulación de Tradución e Interpretación. Os orixinais, ineditos e non premiados noutro certame, deben estar escritos en lingua galega e axustarse á normativa que recolle os cambios aprobados pola Real Academia Galega en xullo 2003. Estabelécese un premio de 700 euros e dous accésits de 250 euros para cada unha das modalidades. Todos eles poden ser declarados desertos a xuízo do xurado. Na modalidade de poesía o tema é libre, cun mínimo de cen versos e máximo de cento cincuenta. Na modalidade de relato curto o mínimo é de oito folios e o máximo de doce. Na modalidade de tradución literaria, o texto fonte debe ser un texto literario en calquera idioma, cun mínimo de oito páxinas e un máximo de vinte, e é necesaria a entrega dunha copia deste, indicando claramente o seu autor, a lingua de publicación e a editorial. Os traballos deben dirixirse, por quintuplicado e mecanografados a dobre espazo, cun lema elixido polo autor e os seus datos persoais, á Área de Normalización Lingüística e poden entregarse en calquera dos rexistros da Universidade de Vigo. O xurado, presidido polo reitor ou persoa en quen delegue, está integrado por persoas de recoñecida traxectoria nos ámbitos de creación poética e narrativa, da crítica literaria e mais da tradución. No ano 2014, XVII edición, outorgáronse os seguintes galardóns: en poesía: o 1.º premio foi para Rubén Varela Borrazás, polo poemario *Jacinto do serradoiro* e houbo tres accésits para Xurxo Martínez González por *Punta Arroás*, Anxo Mena Rodríguez por *Crónicas de lacrar* e Tamara Andrés Padín por *Achlys*; en relato curto, o 1.º premio foi para Xurxo Martínez González, polo relato *Dúas pezas de ouro*; e houbo tres accésits para María Alonso Alonso por *Vinte miligramos de infinita tristura*, Rubén Galá Torres por *As ras da democracia* e Belén Poutón Reboredo por *Pompas fúnebres*. En Tradución literaria o 1.º premio foi para Paloma Barrera Crespo por *A reserva dos lebrilopes* (de Angela Readman); e houbo dous accésits para Marta Santamaría Domínguez por *Yves Bonnefoy* e Moncho Iglesias Míguez por *A terra das laranxas tristes* (de Ghassan Kanafani). O acto de entrega dos galardóns celebrouse o 23 de maio.

### Referencias varias:

- C. R., “Premio para a creatividade e a calidade literaria dos universitarios”, *Atlántico Diario*, p. 32/ *La Región*, p. 4, “*Universitas*”, 20 febreiro 2014.

Fanse referencia ás bases para a participar nos Premios de poesía, relato curto e tradución que organiza a Área de Normalización Lingüística e a Secretaría Xeral de Política Lingüística. Os gañadores ademais dun premio en metálico verán os seus traballos publicados grazas á colaboración da editorial Xerais.

- C. R., “Os premios de Poesía, Relato curto e Tradución literaria teñen dono”, *Atlántico Diario/ La Región*, “Universitas”, 22 maio 2014, p. 4.

Anúncianse os gañadores deste certame que cada ano organiza a Universidade de Vigo co obxectivo de premiar a calidade literaria en lingua galega. Este ano recaeron en Rubén Varela, Xurxo Martínez e Paloma Barrera.

## I Premios da Cultura da **Vila de Oroso**

O Concello de Oroso convoca dende 2014 este premio para recoñecer o mérito en distintas actividades culturais que se dividen nas seguintes categorías: recoñecemento especial á traxectoria, recoñecemento especial á traxectoria de toda unha vida profesional no eido da cultura, recoñecemento especial á promesa que despunte nalguna categoría ou disciplina artística, recoñecemento especial á asociación ou entidade que potencie a cultura no Concello de Oroso e recoñecemento especial á empresa polo apoio á cultura. Os premios non terán dotación económica e os premiados só recibirán un trofeo e diploma. As candidaturas que se presenten deben ser de ámbito municipal. O prazo de presentación de candidaturas rematou o día 3 de abril de 2014. O xurado compúxoo o alcalde, o concelleiro de cultura e outros especialistas nas categorías premiadas. Os premiados foron nesta primeira edición foron: na categoría de recoñecemento especial á traxectoria durante o ano 2013, José M. Precedo Nouche (1º premio), Constantino Cuesta Ibáñez (2º premio) e Susana Gesto Beiroa (3º premio); na categoría de recoñecemento especial á traxectoria de toda unha vida profesional no eido da cultura, Dani de la Torre (1º premio), Antonio Matías (2º premio) e María Isabel Míguez Mallo (3º premio); na categoría de recoñecemento especial á promesa, Familia Caamagno (1º premio), Tania Carro Carbia (2º premio) e Emiliano Sánchez Velazco (3º premio); na categoría de recoñecemento especial á asociación ou entidade, Agrupación folclórica Lembranzas do Tambe (1º premio), Agrupación folclórica Buxos Verdes (2º premio) e Coro Voces Amigas (3º premio); na categoría de recoñecemento especial á empresa, Eulogio Viñal (1º premio), La Caixa (2º premio) e Norjapi (3º premio).

## Referencias varias:

- Mar Toledo, “Oroso dará a coñecer ós 5 galardoados hoxe na gala da cultura”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 884, 11 abril 2014, p. 7.

Coméntase que vai ter lugar no Concello de Oroso a primeira Gala da Cultura da Vila que consiste en galardoar a aquelas persoas, empresas, entidades ou asociacións que destacaron no eido cultural durante o ano 2013. Son cinco as categorías premiadas: premio á traxectoria durante o ano 2013, premio á traxectoria de toda unha vida profesional no ámbito cultural, premio á promesa 2013 e os dous últimos para asociacións e entidades.

## XXII Concurso Literario **Xaime Isla Couto**

Organizado pola Concellería de Cultura do Concello de Poio coa colaboración das Sociedades Culturais Deportivas de Raxó e Samieira, o Ateneo Corredoira de

Combarro, a Asociación Boureante da Seara e a Asociación Vides Novas de San Salvador. Anteriormente podía participar todo o alumnado dos distintos centros escolares do municipio de Poio en idades comprendidas entre seis e dezaioito anos; a partir do ano 2006, tamén calquera persoa de entre dezaioito e vinte e cinco anos; e no ano 2013 abriuse a participación a persoas de todas as idades. Cada participante pode presentar un único traballo individual e inédito, escrito en lingua galega para cada modalidade. As modalidades do concurso son relato curto ou conto e poesía de temática libre, cunha extensión máxima de tres folios para o relato curto ou conto e un folio para poesía. Os traballos deben presentarse nas oficinas municipais, nos centros educativos de Poio e nos locais das asociacións colaboradoras nun sobre pechado xunto cos datos persoais do autor. Conta con seis categorías: categoría A (de 6 a 8 anos); categoría B (de 9 a 11), categoría C (de 12 a 13), categoría D (de 14 a 15), categoría E (16 a 18) e F (a partir de 18 anos). Os galardóns nas categorías A, B, C e D consisten nun agasallo, nun diploma e un vale de 70 euros para a compra de material escolar; na categoría E nun diploma e un vale de 90 euros para a compra de material escolar; e na categoría F nun diploma e 300 euros, en cada modalidade. O xurado está presidido por Xaime Isla e composto por unha representación do Consello Municipal de Cultura. No ano 2014 tivo lugar a XXII edición. O prazo de entrega de orixinais rematou o 8 de abril, o xurado, formado por membros do Consello Municipal de Cultura, determinou os premios o 6 de maio. Os premiados foron: na categoría de 6-8 anos, Merce Rodríguez Castro (Poesía) e Pablo Alonso González (relato); de 9-11 anos, Miguel Villaverde Alonso (poesía) e Javier Ibarra González de la Ballina (relato); de 12-13 anos, Laura Abilleira Aboal (poesía) e Uxía Tilve Iglesias (relato); de 14-15 anos, Paula Crespo Rodríguez (poesía) e Paula Andrés Padín (relato); de 16-18 anos, Cristina Carballa Rosales (poesía e relato); maiores de 18, Juan Carlos Carballa Rosales (poesía) e Rocío Leira Castro (relato). O acto de entrega dos galardóns tivo lugar o 17 de maio no Centro Cultural Xaime Illa Couto, no transcurso dos eventos organizados pola Sociedade Cultural e Deportiva Raxó para festexar o Día das Letras Galegas.

#### Premios **Xuventude Crea**, anteriormente coñecidos como GZCrea

Convoca este certame galego a Consellería de Traballo e Benestar, a través da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Xunta de Galicia e está dirixido a creadores novos, cunha idade comprendida entre os dezaseis e os trinta anos. Vén substituír ao anteriormente coñecido como GZCrea. Inclúe as modalidades de teatro, artes plásticas, moda, música, relato breve, poesía, videocreación, banda deseñada, graffiti, carteis, deseño de xoias e monólogos. Nas modalidades de Relato, Poesía e Banda deseñada, os textos deben ser orixinais, inéditos e en galego, de temática libre, e deben ser presentados en formato papel, un único exemplar, e en CD. En poesía, as obras deben estar feitas a ordenador e ter unha extensión mínima de 50 versos e máxima de 100, a dobre espazo e por unha soa cara, en DIN A-4 e en tamaño 12, con follas numeradas e encadernadas. Na modalidade de relato breve, as obras deben estar feitas a ordenador e ter unha extensión mínima de 5 páxinas e máxima de 10, mecanografadas a dobre espazo e por unha soa cara, en DIN A-4 e en tamaño 12, coas follas numeradas e encadernadas. Na modalidade de banda deseñada, a técnica pode ser calquera, feita en branco e negro ou en cor. O formato debe ser en DIN A-4 ou DIN A-3 e a extensión mínima de 10 páxinas. En caso de que a obra fose feita en formato dixital, á parte dunha versión impresa deberá xuntarse un CD ou DVD cos arquivos orixinais. Cada obra debe levar pseudónimo e título. Na modalidade de teatro, poden concorrer grupos teatrais,

non profesionais, compostos por mozos ou mozas galegos/as ou residentes en Galicia, con idades comprendidas entre os 16 e os 30 anos de idade cumpridos no ano 2013. Admítese que até un 25 % dos/as compoñentes do grupo supere os 30 anos ou teña entre os 14 e 16 anos. Os grupos participantes deben presentar unha listaxe dos/as compoñentes do grupo, indicando a idade e a función; unha síntese da obra (título, autor/a e adaptación dos diálogos, de ser o caso) e da posta en escena (número de personaxes, tipo de decorado, vestiario, espazo que se precisa...); e un DVD dunha representación da obra presentada a concurso ou dun ensaio xeral, feito con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2012, cuxa gravación debe estar feita a velocidade normal para que a súa duración corresponda coa duración real da representación, e ten que estar en boas condicións, tanto de imaxe coma de son, para o seu correcto visionamento. As representacións deben ser en lingua galega e as obras poden ser de autores ou autoras galegos/as, españois/españolas ou estranxeiros/as. poden presentarse obras orixinais. A duración da representación de cada obra non pode exceder dunha hora e trinta minutos. Para cada modalidade establécense tres premios: 3.000 euros para o primeiro, 1.500 para o segundo e 1.000 para o terceiro, podendo outorgarse mencións de honra sen dotación económica. Para calquera información adicional, pode consultarse a páxina web da Consellería de Traballo e Benestar e de Xuventude. No ano 2014 o prazo de presentación das candidaturas rematou o 30 de xuño. Na modalidade de poesía, o xurado, integrado por Yolanda Otero Balsa, como presidenta; Guadalupe Gómez Arto; Xosé Luna Sanmartín; Luis González Tosar; Victor Manuel Furelos Guillén; e Pilar Tamerón Montesinos, como secretaria, acordou conceder os seguintes galardóns: 1º premio (compartido) a María Rosario López Sánchez, coa obra “Do cotidiano (RANDOM)” e a Brais González Pérez, coa obra “Robeson, calquera”; 2º premio (compartido) a Ismael Ramos Castelo, coa obra “O grande pecador” e a Fabián Freijedo Fariñas, coa obra “In-herencias, anacos de familiaridade” e 3º premio (compartido) a Raquel Iglesias Gándara, coa obra “O meu patio de luces é moi feo” e a Olalla Liñares García, coa obra “Pirrito”. Na modalidade de relato breve, o xurado, composto por Yolanda Otero Balsa, como presidenta; Henrique Alvarellos Casas, Anxos Sumai, Francisco Castro Veloso e Mario Caneiro Ameneiros, como vogais, e Ana Martínez González, como secretaria, decidiu entregar os seguintes premios: 1º premio a Daniel Barral Calvo, coa obra “Stalingrado”; 2º premio a Raquel Fernández González, coa obra “1987”; e 3º premio Irma Pérez González, coa obra “Zapato”. Na modalidade de teatro, o xurado, conformado por Yolanda Otero Balsa, como presidenta; Manuel Guede Oliva, Inma López Silva, María Mera Constenla, Camilo Franco Iglesias e Artur Trillo Sendón, como vogais; e Ángela Fernández Rey, como secretaria, decidiu conceder os seguintes galardóns: 1º premio á Os Farsantes Teatro, coa obra “Vicent”; 2º premio, á Asociación Cultural Pinchacarneiro Teatro, coa obra “Tralo telón” ; e 3º premio á Teatro La Passoire, coa obra “Fétide nettoyage”. Na modalidade de Banda Deseñada, o xurado, formado por José Selas Souto, como presidenta; Andrea Gómez Galayo, Miguel Ángel Fernández Robledo Nuria Díaz Berride, Rosa González Iglesias e Diego Campos Omil, como vogais; e Mercedes Valeiras González, como secretaria, concedeu os seguintes premios: 1º premio a Xulia Vicente Jiménez, coa obra “Se os productos son bos...”; 2º premio, a Paloma Tarrío Alves, coa obra “O pescador de tempos”; e 3º premio a José Nuno Martins Pinto Fraga, coa obra “Apicultor de homes”; e tamén recibiron mencións de honra Cynthia Alfonso Barreiro, coa obra “El pozo y el péndulo” e Sara Piñeiro Fernández, coa obra “Drevo”.



## **X. 6. PREMIOS A UNHA VIDA**

### **VI Premio Alexandre Bóveda de Teatro Amador**

Outorgado pola Agrupación Cultural Alexandre Bóveda, da Coruña. Entrégase no marco do Memorial de Teatro Ibán Toxeiro. Na VI edición, correspondente ao ano 2014, o premio foi para Francisco Pillado. O acto de entrega aconteceu o 13 de novembro no Teatro Rosalía de Castro da Coruña dentro dos actos do XVIII memorial de teatro Ibán Toxeiro.

### **Premio Arraiano Maior**

A Asociación Arraianos entrega dende o ano 2009 esta distinción, que premia o labor das persoas que traballaron a favor da cultura da raia galaico-portuguesa. En edicións anteriores foron recoñecidos: Xosé Luís Méndez Ferrín (2009), Padre Antonio Lourenço (2010), Bento da Cruz (2011), Xesús Alonso Montero (2012), e Xosé Neira Vilas (2013). No ano 2014 o galardoado foi o Colectivo Cultural Porta Treze, polo seu traballo desfronteirizador e solidario entre os pobos. A entrega do premio tivo lugar o 19 de setembro en Lobios.

### **Premios Barbantia da Cultura**

Os Premios Barbantia da Cultura creáronse no ano 2007 pola Asociación Cultural Barbantia co propósito de recoñecer de xeito público a traxectoria cultural de persoeiros tanto galegos como da comarca da Barbanza. Existen tres modalidades: un premio Barbantia da Cultura, outro á traxectoria cultural no Barbanza e un á iniciativa cultural. Mentres que os dous primeiros están destinados a particulares, o terceiro diríxese a institucións. O galardón consiste nunha escultura de bronce feita polo artista e membro de Barbantia, Manuel Teira, que reproduce un sereo, símbolo do colectivo cultural, e inspirado no gravado do artista Fran Blanco Alcaide. Nesta sétima edición de 2014, o premio Traxectoria Cultural no Barbanza foi para Xulio Gutiérrez Roger; o premio Iniciativa Cultural no Barbanza destinouse ao Ateneo Valle-Inclán; e o premio Barbantia da Cultura Galega foi para Soledad Penalta. O acto de entrega celebrouse o 13 de decembro de 2014 no Auditorio de Rianxo.

### **Premio Bos e Xenerosos**

Creado en 2004 pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG), quere homenaxear persoas ou institucións que traballasen a prol da lingua, literatura ou cultura galega. En anteriores edicións este recoñecemento foi para Avelino Pousa Antelo (2004), o Museo do Pobo Galego (2005), a Asociación Cultural e Pedagóxica Ponte... nas ondas! (2006), o Laboratorio de Formas de Galiza e Isaac Díaz Pardo (2007), a Asociación Socio-Pedagóxica Galega (2008), Mariví Villaverde (2009), os Concellos organizadores do Premio Blanco Amor (2010), Francisco Fernández del Riego (2011), Francisco Carballo (2012) e os cinco humoristas gráficos: Siro, Gogue, Pepe Carreiro, O Carrabouxo e Xaquín Marín (2013). No ano 2014 os premiados foron

a gaiteira Susana Seivane, a profesora Dolores Vilavedra e o museólogo Felipe-Senén López. O acto tivo lugar na sede da Fundación Pondal de Ponteceso.

#### **Referencias varias:**

- J. M. Ramos, “A Fundación Eduardo Pondal acolle a catro Bos e Xenerosos”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.109, 28 novembro 2014, contracuberta.

Informa do acollemento no seo da Fundación Eduardo Pondal de catro figuras destacadas do ámbito cultural galego: Dolores Vilavedra, Susana Seivane, Roi Casal e Felipe Senén. Fálase do compromiso da Xunta coa fundación.

#### **XXX Premio Celanova. Casa dos Poetas**

Creouno en 1985 o Padroado Curros Enríquez e patrocinao o Concello de Celanova. O premio tenta recoñecer cada ano unha persoa ou entidade que, ao longo da súa existencia, se teña significado especialmente por desenvolver un intenso labor a prol da cultura galega en todas as súas facetas, ou da propia Galicia. O galardón non ten dotación económica e consiste nunha medalla de prata, obra do escultor Acisclo Manzano, que reproduce por unha face a casa de Curros Enríquez e pola outra cinco “C” concéntricas, que simbolizan a letra pola que comezan os elementos identificativos deste premio “Casa, Curros, Celanova, Castor e Celso”. Cabe destacar que o nome de Castor se refire a Castor Elices, poeta romántico contemporáneo de Curros, que naceu tamén en Celanova, e o de Celso identifica a Celso Emilio Ferreiro. Así mesmo, o galardoado recibe tamén unha placa de prata na que se recolle un extracto da acta do acordo, co fin de dar fe da concesión do premio e asina no libro de honra do premio. O xurado está composto exclusivamente pola Xunta directiva do Padroado Curros Enríquez, presidido polo alcalde, e da que forman parte xentes de diversos ámbitos culturais de Celanova, tendo como figura máis salientábel no seu seo ao escritor orixinario de Vilanova dos Infantes, Xosé Luís Méndez Ferrín. Todos os galardoados co premio convértese en Patróns de Honra, con dereito a asistir ás reunións da Fundación, con voz pero sen voto. Nesta XXX edición de 2014 a Fundación Curros Enríquez decidiu conceder o galardón a Manuel Rivas pola súa longa e frutífera labore creativa. O acto de entrega tivo lugar o 7 de setembro nun acto en que se lembrará o 35 aniversario do cabodano de Celso Emilio Ferreiro.

#### **Referencias varias:**

- Vicente Plaza, “Rivas ve hoy el gallego ‘en riesgo de autodestrucción por bioperversidad”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 8 setembro 2014, p. 38.

Dá conta do acto de entrega do premio Celanova, casa dos poetas a Manuel Rivas, quen alertou do risco da situación actual do galego.

- V. Rodríguez, “Manuel Rivas pide ‘rescatar’ el gallego en la entrega del premio Casa dos Poetas”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 8 setembro 2014, p. 19.

Subliña o carácter reivindicativo do discurso de agradecemento de Manuel Rivas a prol da defensa da lingua galega, responsabilidade de toda a sociedade, no que lembrou ás figuras de Manuel Curros e Celso Emilio Ferreiro. Dáse conta de que Rivas recibiu a medalla realizada polo escultor Aciselo Manzano e o diploma pintado por Baldo Ramos.

- Miguel Ascón, “Manuel Rivas reivindica un novo rexurdimento”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 8 setembro 2014, p. 28.

Dá conta do acto de entrega do Premio Celanova Casa dos Poetas a Manuel Rivas, no que participaron ademais o músico coruñés Xurxo Souto e o grupo Zoar Ensemble. Rivas leu unhas palabras de agradecemento e de reivindicación da lingua galega. Xesús Alonso Montero salientou a actitude comprometida do escritor e a súa militancia contra os absolutismos e as inxustizas.

- Antonio Piñeiro, “O año e os raposos”, *La Región*, “Opinión”, “Ourensalia”, 8 setembro 2014, p. 23.

Fai un resumo da información que recolleu a prensa galega sobre o acto de entrega do Premio Celanova Casa dos Poetas a Manuel Rivas. Saliéntanse as verbas do galardado sobre a actual situación da lingua galega e chámase a atención sobre os comentarios verquidos en internet a propósito dos persoeiros que acompañaron ao autor.

### **Chairego de Honra**

Galardón concedido pola Fundación Manuel María e a Asociación Cultural Xermolos, de Guitiriz, co obxectivo de recoñecer a traxectoria cultural e social de persoas relacionadas coa comarca da Terra Cha que non naceran nela. En anos anteriores premiouse a Xosé Neira Vilas e Anisia Miranda, Marica Campo, Avelino Pousa Antelo, Bernardino Graña, Paco Martín, Fiz Vergara Vilariño, Antía Cal, Uxío García Amor e a Asociación de Gaiteiros Galegos.

### **Día das Galegas nas Letras**

A plataforma de crítica literaria A Segra impulsa este premio que busca celebrar a figura dunha muller que contribuíse de forma sobranceira á cultura, e á literatura en particular. Celebrou a súa primeira edición no ano 2014, o día 15 de agosto por ser o día da Nosa Señora (das Letras Galegas). Nesta primeira ocasión a premiada foi a musicóloga Dorothé Schubarth.

### **Referencias varias:**

- Mar Mato, “Día das Letras Galegas en clave feminina”, *Faro de Vigo*, p. 34/ *La Opinión*, “Cultura y ocio”, p. 29, “Sociedad”, 15 xullo 2014.

Dáse conta da celebración do primeiro Día Das Galegas nas Letras o 15 de agosto e apúntase que se honra a figura de Dorothé Schubarth, catedrática na Academia de Música de Lucerna (Suíza), que recolleu en cinco anos cancións populares por toda Galicia, traballo publicado en 1984 baixo o nome de *Cancioneiro Popular Galego*.

### **Premio O Facho de Ouro**

Convocado pola Asociación Cultural O Facho para galardoar a traxectoria vital de persoeiros galegos comprometidos coa lingua e a cultura galegas. Algúns dos premiados en anteriores edicións foron Xosé Neira Vilas, Xesús Alonso Montero e Francisco Carballo Carballo. Dende o ano 2013 non se convoca.

### **Premio Fernández Latorre**

O 22 de maio de 1959 o Consello de Administración de La Voz de Galicia acordou instituír un premio de xornalismo para honrar a memoria do seu fundador, Juan <sup>o</sup>. Dende ese ano, o galardón concédese con carácter anual o 25 de xullo, Día de Galicia, co obxectivo de premiar artigos referidos a Galicia publicados en calquera medio de comunicación, tanto nacional como estranxeiro. A dotación do premio pasou das 8.000 pesetas iniciais aos 10.000 euros concedidos na edición de 2003. En anteriores edicións recibiron o premio Eduardo Blanco Amor (1974), Carlos Casares (1983), Xosé Filgueira Valverde (1989), Ramón Piñeiro (1990), Manuel Rivas (1991), Marina Mayoral (1992), Francisco Fernández del Riego (1994), Xesús Alonso Montero (1995), Víctor Freixanes (2002), Real Academia Galega (2006) e Xosé Luís Méndez Ferrín (2010). No ano 2014, o xurado da LVI edición do Premio Fernández Latorre, constituído por: Santiago Rey Fernández-Latorre, presidente da fundación; Lois Blanco Penas, Roberto L. Blanco Valdés, Sergio Cancelo Mallo, Luciano Vidán Martínez, vogais; José Francisco Sánchez Sánchez, vogal e director da fundación; Xosé Luís Vilela Conde, director de La Voz de Galicia, e Manuel Areán Lalín, vicepresidente da Fundación, que actuou tamén como secretario, acordou conceder por unanimidade o galardón a Xosé Luis Barreiro Rivas. O xurado valorou especialmente o seu prestixio como coñecedor profundo da vida política e social do país, e a súa capacidade para explicala nos medios de maneira rigorosa, independente e orixinal. O premio entregouse nunha gala que se celebrou no Museo Santiago Rey Fernández-Latorre o 20 de novembro.

### **Referencias varias:**

- Mario Beramendi, “Barreiro Rivas. ‘Sempre escribín con liberdade, o que transmite confianza ao lector”, *La Voz de Galicia*, “Galicia”, 25 xullo 2014, p. 13.

Entrevista a Xosé Luis Barreiro a quen se lle pregunta pola súa actividade coma cronista político, pola súa posición política ou polo balance que faría dos anos de autonomía en Galicia.

- M. B., “Un audaz analista que siempre recela del lugar común”, *La Voz de Galicia*, “Galicia”, 25 xullo 2014, p. 12.

Fai una semblanza da traxectoria de Xosé Luis Barreiro nos eidos da política autonómica galega, da docencia universitaria e do exercicio da crónica política nas páxinas de *La voz de Galicia*.

- Roberto L. Blanco Valdés, “El valor de la palabra”, *La Voz de Galicia*, “Galicia”, 25 xullo 2014, p. 12.

Co gallo da entrega do Premio Fernández Latorre a Xosé Luís Barreiro Rivas, lóase a súa figura coma político na historia de Galicia, salientase a súa actividade docente universitaria e elóxiase o seu traballo en *La Voz de Galicia* coma columnista de opinión, sobre todo a súa faceta de analista político.

## **XI Premio Laxeiro**

Convocado dende o ano 2004 pola Fundación Laxeiro co propósito de recoñecer o labor en prol da cultura galega de diferentes persoeiros ou institucións, en anteriores edicións galardooou ao intelectual Francisco Fernández del Riego (2004), Julio Fernández Gayoso (2005), Xaime Isla Couto (2006), Isaac Díaz Pardo (2007), ao poeta Carlos Oroza (2008); ao pintor Antón Lamazares (2009), a Xosé Neira Vilas (2010), a María do Carme Kruckenberg (2011), a Luis Caruncho (2012) e a Jorge Castillo (2013). No ano 2014, na XI edición, o Padroado da Fundación concedeulle o galardón á poeta Luz Pozo Garza.

## **Referencias varias:**

- Marta Padín, “A escritora Luz Pozo Garza convértese na gañadora do Laxeiro 2014”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Sociedad”, 22 febreiro 2014, p. 60.

Sínálase que a escritora Luz Pozo gañou o premio Laxeiro 2014 por toda a súa vida dedicada á literatura, á edición e ao ensino. Indícase que a galardoada non puido asistir a entrega do premio por motivos de saúde.

- Ágatha de Santos, “Luz Pozo se convierte en la segunda mujer que recibe el Premio Laxeiro”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 22 febreiro 2014, p. 41.

Coméntase a entrega do XI Premio Laxeiro á escritora Luz Pozo por toda a súa vida de dedicación á literatura, á edición e ao ensaio. Indícase que a autora non puido asistir ao acto de entrega, que se celebra na localidade de Vigo, por motivos de saúde, sendo o seu fillo Gonzalo Vázquez Pozo o encargado de recibir o galardón. Varios persoeiros que asistiron ao acto eloxiaron a figura de Luz Pozo destacando a súas múltiples facetas que van máis alá do puramente literario.

- Marta Padín, “La autora ribadense Luz Pozo Graza se convierte en ganadora del premio de la fundación Laxeiro”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 23 febreiro 2014, p. 43.

Sínálase que a gañadora do Premio da Fundación Laxeiro 2014 foi Luz Pozo Garza por toda a súa vida. A autora non puido asistir ao acto de entrega por motivos de saúde.

- Ana Baena, “A poetisa Luz Pozo, distinguida co premio Laxeiro 2014”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 22 febreiro 2014, p. 11.

Dise que a gañadora do Premio Laxeiro 2014 é Luz Pozo que non puido asistir ao acto por motivos de saúde. Faise referencia a que o galardón se debe a súa dedicación á literatura, a edición e ao ensino. Ao acto asistiu o seu fillo Gonzalo Vázquez Pozo que se encargou de recoller o premio e que agasallou á Fundación exemplares dalgunhas das súas obras.

## XX Homenaxe **Letra E. O Escritor na súa terra**

Creado en 1995 pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, pretende recoñecer a traxectoria dun escritor galego vivo na súa localidade de orixe. Organízase baixo o lema “O escritor na súa terra”. Non ten dotación económica e consiste na plantación dunha árbore en homenaxe ao escritor, na inauguración dunha pedra que leva gravado un texto do autor e un xantar de confraternización. Dende a entidade convocante realízanse as xestións institucionais oportunas para que se lle dedique unha rúa ao galardoado. Ao mesmo tempo, entrégaselle unha escultura feita por Acisclo Manzano coa letra “E”, de escritor. É o primeiro premio que os escritores galegos conceden a outro escritor. En edicións anteriores foron premiados Antón Avilés de Taramancos (1995), Bernardino Graña (1996), Manuel María (1997), María Xosé Queizán (1998), Xosé Neira Vilas (1999), Uxío Novoneyra (2000), Luz Pozo Garza (2001), Xosé Chao Rego (2002), Xosé Fernández Ferreiro (2003), Salvador García-Bodaño (2004), Pura e Dora Vázquez (2005), María do Carme Kruckenberg (2006), Manuel Lourenzo (2007), Xosé Vázquez Pintor (2008), Agustín Fernández Paz (2009), Marilar Aleixandre (2010), Paco Martín (2011), Xavier Rodríguez Baixeras (2012), Marica Campo (2013). Na XX edición de 2014 concedéuselle o galardón a Xabier DoCampo.

## **Referencias varias:**

- André Uriza, “Xavier P. Docampo será o ‘Escritor na súa Terra’ de 2014”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 9 febreiro 2014, p. 45.

Sínálase que Asociación de Escritores en Lingua Galega outorga a Xabier P. Docampo o premio Escritor na súa Terra-Letra. Sínálase que no ano 2014 recoñecerase o labor de entidades dedicadas ao teatro a través do premio Bos e Xenerosos. Indícase que o premio será para Sarabela Teatro “e en teatro amador” será para a compañía Achádago de Lugo. Tamén resultaron premiados a Casa Hamlet da Coruña, a Editorial Laiovento, a agrupación cultural O Facho e a Xavier Blanco e a Eduard Requejo como Mestres da memoria.

- MVI, “Xavier Docampo recibirá en Castro a homenaxe dos escritores galegos”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Literatura”, 9 febreiro 2014, p. 54.

Coméntase que o escritor Xabier DoCampo foi merecente do premio O Escritor na súa Terra que concede a Asociación de Escritores en Lingua Galega. O gañador recibirá unha homenaxe en Castro de Ribeiras de Lea.

- María Roca, “Xabier P. Docampo recibe el homenaje O Escritor na Súa Terra el 21 en Castro”, *El Progreso*, “A Chaira”, 11 xuño, p. 21.

Indícase que a homenaxe a Xabier P. Docampo polo vencemento do premio O Escritor na Súa Terra terá lugar en Castro de Ribeiras de Lea outorgado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega.

- ELOS, “Letra E. Escritor na súa terra. Xabier P. Docampo”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 19 xuño 2014, p. 43.

Saliéntase que a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua galega homenaxeou a Xabier P. Docampo coa “Letra E. Escritor na súa terra”. Indícase que, entre outros moitos galardóns, foi Premio Nacional de Literatura Infantil y Juvenil pola obra *Cando petan na porta pola noite* (1995).

- María L., Viñas, “Xavier Puente Docampo. ‘Son escritor porque me alimentei de historias, do amor por contar’”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, 22 xuño 2014, p. 76.

Reprodúcese unha entrevista con Xabier P. Docampo, quen vai recibir unha homenaxe da Asociación de Escritores en Lingua Galega en Castro de Ribeiras de Lea. Fálase sobre a súa reivindicación do rural, os beneficios da lectura e o seu labor como docente, entre outros.

- María Roca, “O contador de historias regresa á nenez”, *El Progreso*, “A Chaira”, 22 xuño 2014, p. 23.

Informa que Xabier P. Docampo recibiu unha homenaxe por parte da Asociación de Escritores en Lingua Galega en Castro de Ribeiras de Lea.

## **Medallas de Ouro de Galicia e Medallas Castelao**

A Xunta de Galicia concede as Medallas de Galicia para homenaxear a personalidades e institucións que se distinguen polo seu mérito ao servizo da comunidade galega en calquera aspecto social, cultural e económico. Consisten nunha medalla de ouro, quince de prata e trece de bronce. Dende o ano 2006, a entrega de medallas ten un único protagonista e un só premio, unha medalla de ouro. Así mesmo, concede as Medallas Castelao, galardón creado en 1984 para conmemorar o retorno a Galicia dos restos de Castelao o 28 de xuño daquel ano, para distinguir a aqueles galegos que sexan autores dunha obra merecedora do recoñecemento do seu pobo no campo artístico, literario, doutrinal ou de calquera faceta de actividade humana. Na edición de 2013 concedéronse as Medallas de Ouro de Galicia á Fundación Penzol, á Organización Nacional de Cegos Españoles (ONCE) e ao político socialista Ceferino Díaz, a título póstumo. As Medallas Castelao foron outorgadas á Coral de Ruada, á empresa Hijos de Rivera, ao gaiteiro

Carlos Núñez, á banda irlandesa The Chieftains, á escritora Úrsula Heinze e á atleta paralímpica Hilda Rodríguez. Na edición do ano 2014 as persoas premiadas coa Medalla de Ouro de Galicia foron as vítimas, voluntarios e profesionais que colaboraron no accidente ferroviario de Angrois. O acto de entrega das Medallas Castelao tivo lugar o 28 de xuño na igrexa de San Domingos de Bonaval; e o das Medallas de Ouro celebrouse o 24 de xullo, como unha excepción para evitar a coincidencia co primeiro aniversario da catástrofe de Angrois, na Cidade da Cultura. En canto ás Medallas Castelao na edición do ano 2014 os premiados foron Carmen Fraga Estévez, Obradoiro de Gaitas Seivane, Francisco Javier Pitillas Torras, Juan Carlos Estévez e Pilar Iglesias Osorio. O acto de entrega realizouse o día 28 de xuño no Hotel Monumento San Francisco.

### Referencias varias:

- Sabela Corbelle, “Pilar Iglesias Osorio. ‘No soñé nunca con ella, pero recibí una gran alegría. Mira tú, Castelao, ¡qué jugada me hizo!’”, *El Progreso*, “Lugo”, 1 xuño 2014, pp. 12-13.

Entrevístase a Pilar García Osorio gañadora da Medalla Castelao pola súa dedicación á política.

- ECG, “La entrega de medallas se traslada este año al hotel San Francisco”, *El Correo Gallego*, “Galicia”, 28 xuño 2014, p. 22.

Explica que o acto de entrega das medallas Castelao terá lugar no hotel San Francisco e non na Igrexa Bonaval pola exposición “On the road” no Panteón dos Galegos Ilustres. Indica que os gañadores deste anos son a exeurodiputada Carmen Fraga, o Procurador e membro do Consello Xeral de Procuradores de España Carlos Estévez e a fundadora de Afammer Pilar Iglesias.

- Paula Pérez, “Seis gallegos para dar ejemplo”, *Faro de Vigo*, p. 20/ *La Opinión*, p. 24, “Galicia”, 29 xuño 2014.

Faise referencia aos vencedores das Medallas Castelao que este ano recaeron nos irmáns Seivane polo seu obradoiro de gaitas, o policía local de Vigo Javier Pitillas Torras pola súa entrega a persoas con discapacidade, a Carmen Fraga polo seu discreto europeísmo e a Pilar Iglesias Osorio por defender a muller rural e a Juan Carlos Estévez pola súa aportación á xustiza. Indícase ademais, que o acto tivo lugar, a diferenza doutros anos, no Hotel San Francisco.

- M. Cheda, “Monarquía en el nombre de Castelao”, *La Voz de Galicia*, “Galicia”, 29 xuño 2014, p. 14.

Dá conta dos galardoados das medallas Castelao que este ano foron para a exeurodiputada Carmen Fraga, ao Obradoiro de Gaitas Seivane, a Pilar Iglesias Osorio, ao máximo dirixente do Consello Xeral de Procuradores de España Juan Carlos Estévez Fernández-Novoa e ao policía local vigués Javier Pitillas Torras.



- M. G. P. / S. F., “Galicia honra con su Medalla de Ouro a las víctimas de Angrois y la posterior ola de solidaridad”, *Diario de Pontevedra*, p. 28/ *El Progreso*, p. 20, “Galicia”, 11 xullo 2014.

Dá conta dos merecedores da Medalla de Ouro 2014 que recaeu nas vítimas do accidente de tren de Angrois. Indica que a finalidade deste premio é homenaxear as vítimas e aos familiares, así como a solidariedade do pobo galego. Os premiados deste galardón foron: vítimas, feridos e familiares, veciños da localidade de Angrois, bombeiros, voluntarios de Protección Civil e persoal do 061, profesionais do Colexio de Psicólogos de Galicia e da Cruz Vermella, membros do corpo de seguridade e por último, área sanitaria e o Instituto de medicina legal de Galicia.

- Xaime Leiro, “Galicia se vuelca con Angrois con sus Medallas de Ouro a víctimas y héroes”, *El Correo Gallego*, “Galicia. Política. Economía. Sucesos”, 11 xullo 2014, p. 8.

Indícase que este ano as Medallas de Ouro de Galicia están destinadas as vítimas do accidente de tren que tivo lugar en Angrois. Sinálase que a entrega será dividida en catro bloques: vítimas, familiares e feridos; veciños da localidade; profesionais e voluntarios e corpos e forzas de seguridade. O acto terá lugar o día 24 de xullo.

- D. R., “Medallas a víctimas y héroes del Alvia”, *El País*, “Galicia”, 11 xullo 2014, p. 20.

Fai referencia a que a entrega das Medallas de Ouro van ter lugar no día 24 de xullo en homenaxe as vítimas do accidente ferroviario acontecido en Angrois. Coméntase que o recoñecemento será outorgado tanto para as vítimas e veciños da localidade como para os profesionais

- X. A. T. e C. V., “La Medalla de Galicia recae en las víctimas del Alvia, vecinos de Angrois y servicios del rescate”, *La Opinión*, “Galicia”, 11 xullo 2014, p. 19.

Comenta que este ano serán as vítimas do accidente de Angrois as merecedores da Medalla de Ouro de Galicia. O acto de celebración será unha homenaxe destinado a familiares das vítimas, feridos, veciños da localidade de Angrois e profesionais que participaron no dispositivo de rescate. Sinala que o acto de entrega será o día 24 en lugar do habitual 25 de xullo.

- M. Cheda, “Medallas de Galicia por Angrois”, *La Voz de Galicia*, “A fondo”, “Tragedia en Santiago”, 11 xullo 2014, p. 2.

Indícase que as Medallas de Ouro de Galicia recaen este ano nas vítimas do accidente de tren ocorrido en Angrois. Os galardóns serán entregados aos representantes das vítimas, aos feridos, os veciños da zona e a todos os profesionais que participaron no rescate. Dá conta ademais, do día de entrega que será o 24 de xullo.

- P. Pérez, “Víctimas del Alvia tildan de ‘ofensa’ la Medalla de Oro y otras agradecen el premio”, *La Opinión*, “Galicia”, 12 xullo 2014, p. 19.

Indícase que para un dos colectivos de vítimas do accidente de tren a concesión das Medallas de Ouro foi unha ofensa. Outra das plataformas, no entanto, agradece tal condecoración.

- S. F., “Las víctimas del Alvia explotan”, *Diario de Pontevedra*, p. 21/ *El Progreso*, p. 25, “Galicia”, 12 xullo 2014.

Indícase a postura que as vítimas do accidente ferroviario tomaron tras o recoñecemento das Medallas de Ouro de Galicia, considerando isto como unha ofensa. Afirmase que non son necesarias conmemoracións senón responsabilidades.

- Lucía Piñón, “La medalla de oro es puro teatro”, *El Correo Gallego*, “Galicia”, 12 xullo 2014, p. 9.

Considérase que o recoñecemento coas Medallas de Ouro ás vítimas do accidente de tren é unha ofensa para as vítimas que buscan responsabilidades ante o feito.

- Elena Piñón, “Vecinos de Angrois reclaman a la Xunta que aplase la entrega de las medallas de Galicia”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 16 xullo 2014, p. 24.

Dá conta da decisión da veciñanza de Angrois de non asistir á entrega da Medalla de Ouro de Galicia ás vítimas do accidente de tren e sulíñase as diferencias de parecer existentes entre as diferentes asociacións de vítimas.

- M. Beramendi, “Los vecinos de Angrois acuerdan no acudir a la entrega de medallas”, *La Voz de Galicia*, “Galicia”, 16 xullo 2014, p. 6.

Informa do acordo da xunta directiva da asociación de veciños de Angrois de non asistir ao acto de entrega da Medalla de Ouro de Galicia por entender que o día 24 de xullo é unha xornada de loito para eles e como apoio ás asociacións de vítimas que protestan pola falta de apoio do goberno do PP á comisión de investigación no parlamento.

- Xurxo Melchor, “Cristóbal González. ‘Mantendré la confianza en cualquier juez que entre en la causa’”, *La Voz de Galicia*, “Galicia”, 16 xullo 2014, p. 6.

Entrevista a Cristóbal González, presidente da Asociación de Perjudicados por el Accidente Ferroviario del Alvia, sobre a decisión de asistir al acto de entrega da Medalla de Ouro de Galicia e sobre o proceso xudicial aberto sobre o accidente.

- M. Cheda e Mario Beramendi, “La Xunta accede a dar la medalla a los vecinos de Angrois otro día”, *La Voz de Galicia*, “Galicia”, 17 xullo 2014, p. 4.

Informa de que o Goberno da Xunta mantén a data do 24 de xullo como día oficial da entrega da Medalla de Galicia aínda que accede a dar os seus galardóns á veciñanza de Angrois noutro momento.

- David Reinero, “Los obstáculos a la investigación empañan el aniversario de Angrois”, *El País*, “Galicia”, 17 xullo 2014, p. 22.

Fala das diferentes posicións da veciñanza de Angrois e das vítimas do accidente do Alvia respecto da asistencia ao acto de entrega da Medalla de Galicia o 24 de xullo. Sinálase que no que están de acordo é na crítica ás administracións pola súa falta de colaboración na investigación xudicial e política do sinistro.

- ECG, “Estudian otra fecha para dar la medalla de oro a Angrois”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 17 xullo 2014, p. 22.

Informa de que o vicepresidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou que estudarán un posíbel cambio de data par a entrega da Medalla de Oro de Galicia á veciñanza de Angrois.

- E.P., “La medalla a Angrois ya no será el día 24”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 18 xullo 2014, p. 27.

Detalla os motivos polos que a Xunta ten intención de manter a data do 24 de xullo para a celebración do acto de entrega da Medalla de Oro aos dazaseis colectivos homenaxeados pola axuda prestada no accidente de Angrois.

- D.D., “La Xunta elude la polémica por la Medalla de Galicia a las víctimas del Alvia”, *La Opinión*, “Galicia”, 18 xullo 2014, p. 20.

Apunta que o presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, eludiu a polémica pola concesión da Medalla de Oro de Galicia ás vítimas do accidente de Angrois xustificando que o importante é o carácter permanente do recoñecemento, non o acto de entrega. Manifestou a vontade da Xunta de manter a celebración do acto se así o aceptan algún dos dezaseis colectivos homenaxeados.

- Amadeo Varela, “Medallas”, *Diario de Ferrol*, “Opinión”, “Visións”, 23 xullo 2014, p. 21.

Fálase do oportunismo da Xunta na entrega da Medalla de Oro ás vítimas de accidente de Angrois e cóntase un par de anécdotas paródicas sobre medallas e persoeiros históricos.

- José M. Verdura, “Medallas de Oro: el reconocimiento de Galicia a las víctimas de Angrois”, *El Correo Gallego*, “Galicia. Política. Economía. Sucesos”, 24 xullo 2014, p. 8.

Informa de xeito pormenorizado dos actos programados o 24 de xullo para a conmemoración das vítimas do accidente de Angrois e dáse conta da polémica entre as asociacións de vítimas polo papel da Xunta no desenvolvemento da investigación xudicial.

- B. D. C., “Santiago revive la tragedia con un cisma entre políticos y afectados”, *El País*, “Galicia”, 25 xullo 2014, p. 20.

Fálase das diferenzas de parecer sobre a aceptación da Medalla de Galicia entre as asociacións de vítimas do accidente de Angrois e explícanse as posturas de ambas.

- Belén Domínguez Cebrián, “Las víctimas queremos luz en esta oscuridad”, *El País*, “Galicia”, 25 xullo 2014, p. 20.

Dá conta da homenaxe que a veciñanza de Angrois e as asociacións fixeron ás vítimas de accidente do Alvia o 24 de xullo. Fálase da indignación dos familiares co transcurso da investigación policial e xudicial e coa actitude da Administración.

- David Reinero, “Feijóo: ‘Nadie muere del todo si hay memoria’”, *El País*, “Galicia”, 25 xullo 2014, p. 20.

Recolle as palabras que Alberto Núñez Feijóo pronunciou na entrega de Medallas de Galicia sobre as vítimas e os profesionais que axudaron no accidente de Angrois.

- S. Lorenzo, P. Calveiro, “Grazas por secar as nosas bágoas”, *La Voz de Galicia*, “A fondo”, 25 xullo 2014, p. 4.

Describe o desenvolvemento da cerimonia do acto de entrega da Medalla de Oro ás vítimas a colectivos profesionais que axudaron no accidente de Angrois e recóllense algúns dos testimonios persoais dos afectados.

- Mónica Nogueira, “Pobo galego, grazas por secar as nosas bágoas”, *El Correo Gallego*, “Primer plano”, 25 xullo 2014, p. 8.

Dá noticia detallada do acontecido na cerimonia do acto de entrega da Medalla de Oro ás vítimas e colectivos profesionais que axudaron no accidente de Angrois e recóllense algúns dos testemuños persoais dos afectados.

- José Luis Penedo, “Los ‘rudos’ vecinos de Angrois”, *La Región*, “Opinión”, 25 xullo 2014, p. 36.

Denúnciase o concepto de ‘rudeza’ que define á veciñanza de Angrois na Enciclopedia Gallega que deu lugar a unha serie de frases comúns de carácter despectivo na comarca de Compostela sobre as xentes do lugar.

- Paula Pérez, “Damos las gracias al pueblo gallego por haber secado nuestras lágrimas”, *Faro de Vigo*/ “Grazas pobo galego por secarnos as bágoas”, *La Opinión*, “Galicia”, 25 xullo 2014, p. 22.

Dá conta do acto da entrega da Medalla de Galicia ás vítimas e colectivos profesionais que traballaron no accidente de tren en Santiago. Fálase da negativa da veciñanza de Angrois e da Plataforma de Afectados del Alvia de asistiren á cerimonia.

- Mario Beramendi, “Óscar Luis Mateo. ‘El accidente era evitable: nos lo dijo gente a la que prohibieron hablar’”, *La Voz de Galicia*, “Galicia”, 27 xullo 2014, p. 8.

Cóntase a historia persoal de Óscar Luis Mateo, vítima do accidente de Angrois. Fálase sobre se a pertinencia de acudir ao acto da entrega de Medallas Galicia 2014, sobre a división de opinións dos colectivos de vítimas e sobre a xestión política e xudicial da investigación do accidente.

## **Navalla de Manuel María**

Premio que outorgan a Irmandade Manuel María da Terra Chá e a Asociación Cultural Xermolos de Guitiriz dentro dos actos do Día Nacional Manuel María que realizan anualmente para conmemorar o pasamento deste escritor. A entrega da Navalla ten lugar cada 8 de setembro dende o ano 2005 na Carballeira de Santa Isabel, en Outeiro de Rei, espazo de devoción do poeta da Terra Chá. Os premiados nas anteriores edicións foron Xulio Xiz (2009), Avelino Pousa Antelo (2010), David Otero (2011), Valdi (2012) e Paco Martín (2013). No ano 2014 concedeuse o galardón a Felipe Senén e, postumamente, a Suso Vaamonde.

## **XXXVII Premio Otero Pedrayo**

Convócanos cada ano, dende o 1976, as deputacións provinciais para perpetuar e honrar a memoria do egregio home de letras, premiar un labor que constituía unha achega eminente á cultura galega, fomentar os valores propios de Galicia e as obras que leven ao esclarecemento e á mellora dos seus homes e institucións. Poden optar ao premio persoas, grupos, entidades ou institucións presentadas por elas mesmas, por entidades académicas ou culturais, por institucións, polos presidentes das deputacións a proposta das respectivas comisións de cultura, pola Xunta de Galicia, oída a Consellería correspondente, e polo propio xurado. A presentación da candidatura ten que enviarse ao presidente da deputación convocante, no prazo de tres meses a partir da convocatoria, e deben achegarse os seguintes documentos: descrición biográfica breve da persoa que aspira ao premio e documentos e antecedentes, que se consideren de interese para o coñecemento da dimensión literaria ou científica da persoa que se propón. Deben entregarse cinco exemplares, mecanografados a dobre espazo, do traballo co que se opta ao premio, no caso de que a proposta estea baseada nunha obra ou produción singular concreta. No caso de personalidades e institucións, un exemplar do regulamento ou estatutos polos que se rexen e unha relación de tarefas levadas a cabo en relación co obxecto do premio. Está dotado con 30.050,61 euros e conta cun xurado constituído polo presidente da Xunta de Galicia e os das catro deputacións provinciais e polos representantes da Universidade de Vigo, da Coruña e de Santiago de Compostela, xunto con algún membro da Real Academia Galega e do Instituto Padre Sarmiento de Estudos Galegos. Nas edicións anteriores resultaron galardoados os seguintes grupos, entidades, institucións e personalidades: Carlos Casares Mouriño (1977); a sección de arqueoloxía do Instituto Padre Sarmiento (1979); Eligio Rivas Quintas (1980); a Fundación Otero Pedrayo (1981); Joaquín Lorenzo Fernández e José Fariña Jamardo (1982); o grupo Marcelo Macías (1983), Antonio Fidalgo Santamariña (1984); José López Calo (1985); Xosé Filgueira Valverde (1986); Emilio Duro Peña e Darío Xohán Cabana (1988); o Instituto da Lingua Galega (1989); Isaac Díaz Pardo (1990); Xosé Trapero Pardo (1991); Antonio Fraguas (1992); o Museo de Pontevedra (1993); a Asociación de Amigos del Museo Arqueológico Castelo de San Antón (1994); Francisco Fernández del Riego (1995); Julio Francisco Ogando Vázquez (1996); a Comunidade del Monasterio de Oseira (1997); o Museo do Pobo Galego (1998); Manuel María Fernández Teixeiro e Uxío Novoneyra (1999); Miguel Anxo Araújo Iglesias (2000); Fundación Pedro barrié de la Maza (2001); o Centro Gallego de Buenos Aires (2002); o Centro Galego de Montevideo (2003); a Irmandade Galega de Venezuela (2004); A Real Sociedade Benéfico Española-Hospital Espanhol de Brasil (2005); a Real Academia Galega e o Laboratorio de Formas (2006); Darío Xohán Cabana (2007);

Marcos Valcárcel López (2008); Manuel Fraga Iribarne (2009); a escola e compañía de teatro Casahamlet, dirixida por Manuel Lourenzo e Santiago Fernández (2010); Basilio Losada Castro (2011); e Xosé Luís Méndez Ferrín (2012). No ano 2014, que corresponde coa XXXVII edición, o galardón foi entregado a Xosé Neira Vilas nun acto celebrado o 9 de outubro na Deputación Provincial de Pontevedra.

### Referencias varias:

- Belén López, “Neira Vilas, Premio Otero Pedrayo”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Sociedad”, 27 xuño 2014, p. 69.

Comenta que o gañador do premio Otero Pedrayo foi Xosé Neira Vilas pola súa contribución á cultura galega e por ser un dos persoeiros máis representativos das letras galegas.

- Lorena Rodríguez, “O escritor Xosé Neira Vilas, galardoado co Otero Pedrayo 2013”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 27 xuño 2014, p. 46.

Coméntase que o gañador do premio Otero Pedrayo 2013 foi Xosé Neira Vilas. Os motivos débense á súa dedicación á cultura galega, “a promoción dos valores propios, a ilustración da cidadanía e a mellora das institucións no campo das letras e do coñecemento”.

- Ana López, “Xosé Neira Vilas recibe o Premio Otero Pedrayo, ‘un home de ben’”, *Dario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 10 outubro 2014, p. 66.

Dá conta do acto de entrega do premio Otero Pedrayo a Xosé Neira Vilas na Deputación de Pontevedra. O galardoado lembrou as traxectorias vital e literaria do autor que dá nome ao premio e Xesús Alonso Montero fixo o mesmo coas do galardoado.

- Irene Jiménez, “O mestre Xosé Neira Vilas recibe moi emocionado o premio Otero Pedrayo”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 10 outubro 2014, p. 42.

Recollen as palabras que Alberto Núñez Feijóo pronunciou sobre Xosé Neira Vilas no acto de entrega do premio Otero Pedrayo. Xesús Alonso Montero gabou a figura do galardoado a quen definiu coma un “activista literario”. Engádense as palabras de admiración que o escritor dedicou a Otero Pedrayo.

- S. Regueira, “Premio al compromiso, la memoria y la bonhomía”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 10 outubro 2014, p. 43.

Dá conta do acto de entrega do premio Otero Pedrayo a Xosé Neira Vilas, quen lembrou a súa relación co escritor ourensán. Recóllense as palabras que o presidente da Real Academia Galega, Xesús Alonso Montero, dedicou a glosar a figura de Neira Vilas, así como as do presidente da Xunta de Galicia e as do da Deputación de Pontevedra.

- S. R., “El escritor Xosé Neira Vilas recibe el galardón Otero Pedrayo en Pontevedra”, *La Opinión*, “Sociedad, cultura y ocio”, 10 outubro 2014, p. 33.

Informa do acto de entrega do premio Otero Pedrayo a Xosé Neira Vilas, quen gabou a figura literaria e a personalidade do autor que dá nome ao galardón. Pola súa parte, Xesús Alonso Montero calificou de acto de xustiza a entrega do premio a Neira Vilas.

- ELOS, “Xosé Neira Vilas (Gres, 1928)”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 31 outubro 2014, p. 38.

Faise mención ao recoñecemento co Premio Otero Pedrayo á traxectoria dun dos autores clásicos da literatura contemporánea, Xosé Neira Vilas. Destácase que *Memorias dun neno labrego* iniciou a literatura xuvenil galega e que fixo unha enorme achega, tanto coa publicación doutras obras como por promover certames dedicados a esta categoría.

- M. B., “El Centro Unión Orensana de La Habana celebró la fiesta del magosto”, *Mundo Exteriro*, “Actividades”, 25 novembro 2014, p. 20.

Entre outras actividades do Centro Unión Ourensá cita a mensaxe de felitación que esta entidade enviou a Xosé Neira Vilas co gallo do Premio Otero Pedrayo.

## **L Pedrón de Ouro e Pedrón de Honra**

Certame que convoca anualmente a Fundación do Padroado Pedrón de Ouro na Casa Museo de Rosalía Castro dende 1964, nun acto que se celebra o domingo seguinte ao Día das Letras Galegas. Concédense dous premios: o “Pedrón de Ouro”, que trata de destacar aquela personalidade ou entidade viva residente en Galicia que sobresaia na defensa da cultura galega, e o “Pedrón de Honra”, que distingue aquelas persoas vivas ou entidades, galegas ou non galegas, que engrandecen a nación e cultura galegas. O premio consiste nunha medalla e nun pergameo. En edicións anteriores, recibiron o Pedrón de Ouro Isidro Parga Pondal (1965), Ricardo Carvalho Calero (1967), Fermín Penzol (1971), Xohana Torres (1972), Xosé Filgueira Valverde (1973), Valentín Paz-Andrade (1975), Isaac Díaz Pardo (1976), Francisco Fernández del Riego e Ánxel Fole (1978), Álvaro Cunqueiro (1980), Xosé María Álvarez Blázquez (1981), Antón Fraguas (1984), Xosé Luís Méndez Ferrín (1987), Xesús Alonso Montero (1992), Manuel María (1994), Bernardino Graña (1999), Manuel Lourenzo (2001), Xosé Manuel Beiras (2005), Francisco Xavier Río Barja (2007), Xusto G. Beramendi (2008), Camilo Nogueira (2010), Lidia Senra (2011), Nova Escola Galega (2012) e Grupo de Teatro Airiños (2013). No ano 2014, o “Pedrón de Ouro” recaeu no Museo do Pobo Galego e o “Pedrón de Honra” en Teresa Soeiro. O acto de entrega tivo lugar o 18 de maio na Casa Museo de Rosalía en Padrón.

## **Referencias varias:**

- Lorena Rodríguez, “A 50 edición do Pedrón de Ouro recoñece o Museo do Pobo Galego”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 12 abril 2014, p. 40.

Indícase que a Fundación do Pedrón de Ouro con motivo da próxima 50 edición deste premio, galardoa ao Museo do Pobo galego con Pedrón de Ouro 2014 polo seu compromiso co patrimonio histórico-antropológico galego. Sinálase tamén, que a

arqueóloga portuguesa Teresa Soeiro recibirá o Pedrón de Honra polo seu tributo á arqueoloxía e etnografía de Galiza e o Norte de Portugal.

- Lorena Rodríguez, “O Pedrón de Ouro celebra os seus 50 anos da man do Museo do Pobo”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 19 maio 2014, p. 42.

Refírese a celebración dos 50 anos da Fundación do Pedrón de Ouro. O Museo do Pobo Galego foi o gañador do Pedrón de Ouro deste ano polo seu compromiso co patrimonio histórico e antropolóxico galegos. Sinálase tamén que a arqueóloga portuguesa Teresa Soeiro recibiu o Pedrón de Honra polo seu compromiso cara a cultura galega.

- Joel Gómez, “O Pedrón de Ouro premia o Museo do Pobo Galego como ‘referente de identidade’”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 19 maio 2014, p. 30.

Coméntase que o Museo do Pobo Galego recibiu o Pedrón de Ouro por ser considerado un referente de identidade do país, pola súa “continuidade do traballo do Seminario de Estudos Galegos” e tamén por ser un centro que reúne e sintetiza os museos etnográficos galegos. Ademais, tamén se comenta o vencemento do Pedrón de Honra para a arqueóloga portuguesa Teresa Soeiro polo seu compromiso coa cultura e comunidade galegas.

- Xosé Ramos Rodríguez e Antón Costa Rico, “Recoñecementos e premios”, *Revista Galega de Educación. Publicación de Nova Escola Galega*, n.º 59, “Panoraula”, xuño 2014, pp. 84-91.

Entre outros asuntos, faise referencia á concesión do Pedrón de Ouro ao Museo do Pobo Galego.

### **Premio Pen Clube Voz de Liberdade**

O Pen Clube concede este premio, de convocatoria bianual, a unha personalidade da literatura galega que destaque na defensa dos dereitos de expresión e opinión recollidos na Carta Fundacional do International P. E. N. O galardón, sen dotación económica, consiste nunha peza artística única e irrepetíbel dun artista galego. En anteriores edicións foron premiados Marcos Valcárcel (2009), María Xosé Queizán (2011), Salvador García-Bodaño (2013). No ano 2014 non tocaba convocatoria.

### **XI Premio Ramón Cabanillas da Asociación de Libreiros de Pontevedra**

Convoca este premio a Asociación de Libreiros de Pontevedra, en colaboración coa Asociación Unha Grande Chea e o Concello de Cambados. En edicións anteriores recibiron os galardóns os escritores M<sup>a</sup> Victoria Moreno, Adela Leiro, Ramón Caride, Xosé Vázquez Pintor, Fina Casalderrey, Francisco Fernández Rei, Emilio Ínsua e Maribel Iglesias. En edicións anteriores foron premiados Ramón Caride (2006), Xosé Vázquez Pintor (2007), Fina Casalderrey (2008), Francisco Fernández Rei (2009), Miguel Anxo Fernández (2010), Emilio Xosé Insua (2011), Maribel Iglesias (2012), Xesús Alonso Montero (2013). Na XI edición do ano 2014 recibiu o galardón Manuel



Núñez. O acto de entrega do premio tivo lugar no Auditorio da Xuventude de Cambados o 16 de maio.

#### **Referencias varias:**

- B. Y., “Cambados honra as Letras Galegas cunha ofrenda e o Premio Ramón Cabanillas”, *Diario de Arousa*, “Cambados”, 17 maio 2014, p. 11.

- L. R., “El Concello entregará el ‘Ramón Cabanillas’ al artista Lino Silva”, *Diario de Arousa*, “Cambados”, 2 novembro 2014, p. 8.

Dá noticia de que o artista cambadés Lino Silva recibirá este ano o premio Ramón Cabanillas en recoñecemento a súa traxectoria no ámbito das artes.

- B. Y., “Lino Silva recibe el Premio Cabanillas por su ‘longa e fructífera’ obra artística”, *Diario de Arousa*, “Cambados”, 9 novembro 2014, p. 10.

Informa da recollida do premio Ramón Cabanillas por parte do galardoado, Lino Silva, e do desenvolvemento da cerimonia, que contou coa tradicional ofrenda florar ante a escultura do poeta.

#### **XIII Premio Ramón Piñeiro. Facer País**

Premio convocado pola Asociación Cultural Val de Láncara, en colaboración con outros colectivos, co que se pretende enxalzar a vida e obra de persoas e institucións que no día a día loitaron por facer país. Non posúe dotación económica e consiste nunha obra de arte. O primeiro persoeiro que recibiu este premio foi o empresario e artista Isaac Díaz Pardo (2002) e nas seguintes edicións recaeu no actor Luis Tosar (2003), no grupo de música folk Milladoiro (2004), no político Xosé Manuel Beiras (2005), no escritor Xosé Neira Vilas (2006), no semanario *A Nosa Terra* (2007), en Avelino Pousa Antelo (2008), na escritora Luz Pozo Garza (2009), na Real Academia Galega (2010), nos músicos Xosé Luís Rivas Cruz e Baldomero Iglesias Dobarrío (coñecidos como Mini e Mero, 2011), en Agustín Fernández Paz (2012) e na Mesa pola Normalización Lingüística (2013). No ano 2014, na XIII edición, o prazo para presentar candidaturas rematou o 20 de agosto e o xurado, formado por máis de vinte colectivos culturais dos concellos de Láncara, Sarria e O Corgo, ademais de persoal do colexio Ramón Piñeiro da Pobra de San Xiao, concedeu o galardón a Marica Campo.

#### **Referencias varias:**

-A.C.V., “O premio Ramón Piñeiro reconece a Marica Campo pola defensa do galego”, *El Progreso*, “Sarria”, 24 setembro 2014, p. 18.

Dá conta da composición do xurado do premio Ramón Piñeiro e dos argumentos polos que o xurado decidiu galardoar a Marica Campo.

- I. Valcarce, “Las propuestas al premio Ramón Piñeiro se aceptarán hasta el 20 de agosto”, *El Progreso*, “Sarria”, 22 xullo 2014, p. 12.

Informa da data límite até cando as asociacións culturais poden presentar as súas propostas para o premio Ramón Piñeiro Facer País e detállanse as características do certame.

- Lara Rodríguez, “Marica Campo recibe o Ramón Piñeiro Facer País”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 24 setembro 2014, p. 43.

Salienta os motivos que levaron ao xurado a outorgarlle o premio a Marica Campo: a súa labor en ámbitos coma o ensino, a dignificación da lingua ou en entidades culturais, así coma e o seu traballo literario na poesía e narrativa e na loita pola igualdade.

- L. P., “Marica Campo recogerá el domingo en Láncara el premio Ramón Piñeiro”, *El Progreso*, “Sarria”, 22 outubro 2014, p. 16.

Informa de que a asociación Val de Láncara fará entrega do decimoterceiro premio Ramón Piñeiro Facer País á escritora Marica Campo e detállase como será o acto.

- Vázquez Rivas e A. C. V., “Marica Campo reivindica a lingua galega e o feminismo ‘como un acto de xustiza’”, *El Progreso*, “Sarria”, 27 outubro 2014, p. 15.

Dá conta da entrega do premio Ramón Piñeiro. Facer País a Marica Campo, en Láncara, quen llo dedicou ás persoas que defenden a lingua galega e loitan pola igualdade entre homes e mulleres. Recóllense as palabras coas que Pilar García Negro gabou á calidade literaria e a riqueza lingüística da obra da galardoada.

### **Premio Roberto Vidal Bolaño das Redes Escarlatas**

Creado polo colectivo Redes Escarlata en 2004, este premio está destinado ao recoñecemento público daquelas persoas ou entidades comprometidas coa lingua e a cultura galega e coa emancipación de Galicia. En anteriores edicións levaron o premio Dionisio Pereira (2007), Felipe Lubián (2008), Instituto de Estudos Miñoranos (2009), Pallasos en Rebeldía (2010), Agustín Fernández Paz (2011), Chévere (2012), De volta para Loureda (2013). No ano 2014 non foi entregado.

### **VI Premios Setecarballas**

Convocados pola Fundación Ínsua dos Poetas, entréganse durante a celebración da Festa da Palabra, que se celebra anualmente no lugar denominado Ínsua dos Poetas, próximo ao Carballiño. Existen sete categorías: Carballa das Letras, Carballa das Artes, Carballa da Natureza, Carballa da Cultura Galega na Emigración, Carballa do Compromiso Empresarial, Carballa de Acción Social e Carballa da Comunicación. No ano 2014 tivo lugar a sexta edición e o xurado decidiu recoñecer con estas distincións á Fundación Curros Enríquez de Celanova (Carballa das Letras), Nicolás González Aller (Carballa das Artes), EQUAL Sociedade Cooperativa (Carballa da Natureza), O Terzo da Fala de Bos Aires (Carballa da Cultura Galega na emigración), Adega Cooperativa

do Ribeiro () e Asociación de Discapacitados Físicos do Carballiño e Comarca (Carballa de Acción Social) e *La Región* (Carballa da Comunicación).

### Referencias varias:

- Xosé Manoel Rodríguez, “Galicia está orgullosa de Eduardo Blanco Amor”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, 11 xullo 2014, p. 18.

Anúnciase que na Insua dos Poeta vai celebrar a sexta edición da Festa da Palabra na que se homenaxeará a Eduardo Blanco Amor co gallo do triséximo quinto aniversario do seu pasamento. Recóllense as palabras de Eduardo Camilo Bóveda, sobriño e afillado do escritor, que rememora as visitas de Blanco Amor en Uruguai e Arxentina cando era un cativo. Apúntase que Camilo Bóveda reclama unha maior atención e divulgación da obra do seu tío, tal e como se acordou cando a familia vendeu os dereitos de toda a obra á editorial Galaxia.

- Mabel Outeiriño, “La Insua dos Poetas festeja de nuevo la palabra”, *La Región*, “Ourense”, 13 xullo 2014, p. 7.

Coméntase a celebración da Festa da Palabra que ten lugar todos os anos na localidade da Esgueva e cuxo fundador foi o poeta Luís González Tosar. Este ano a celebración estivo dedicada a Eduardo Blanco Amor, o propio Tosar, e a Insua dos Poetas. Dá conta dos merecedores da “Carballa da Insua dos Poetas” que foron para: a Fundación Curros Enríquez de Celanova, a Nicolás González Aller, a Cooperativa de profesores EQUAL, a Asociación Terzo da Fala de Buenos Aires, a Cooperativa do Ribeiro, a Asociación de Discapacitados Físicos de O Carballiño e ao xornal *La Región*.

### XXXII Premio Trasalba

Premio creado no ano 1980 pola Fundación Ramón Otero Pedrayo que se outorga todos os anos, segundo o criterio do seu Consello Reitor, para conmemorar o pasamento de Ramón Otero Pedrayo. É un galardón de carácter honorífico, que recompensa o labor cultural e galeguista de distintos persoeiros vivos e que se entrega na casa-museo do escritor en Trasalba (Amoeiro-Ourense). O galardón consistía nunha placa, nun libro dos amigos conmemorativo do acto e nun debuxo dedicado de Isaac Díaz Pardo. Dende o ano 2012, coa ausencia do falecido Isaac Díaz Pardo, o agasallo consiste nunha figura de bronce de Ramón Otero Pedrayo realizada polo escultor Manuel Buciños. Recibiron este premio, entre outros, Xaquín Lorenzo (2013), Antón Fraguas (1985), Valentín Paz-Andrade (1986), Francisco Fernández del Riego (1988), Xosé Filgueira Valverde (1990), Lois Tobío (1991), Xaime Illa Couto (1992), Isaac Díaz Pardo (1993), Xesús Alonso Montero (2000), Xosé Luís Méndez Ferrín (2001), Xosé Neira Vilas (2004), Xosé Manuel Beiras (2009), Xosé Ramón Barreiro Fernández (2010), Antía Cal (2012) e Cristina Pato (2013). No ano 2014 tivo lugar a XXXII edición e o galardón foi entregado na Casa Grande de Cimadevila (Amoeiro) a Agustín Fernández Paz por mor da súa significación no eido da literatura dirixida aos lectores máis novos (infantil e xuvenil).

## Referencias varias:

- Jaureguizar, “Fernández Paz recupera os 60, ‘unha época que nos ocultaron”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, p. 60/ *El Progreso*, “Vivir”, p. 65, “Cultura”, 30 abril 2014.

Trata do Premio Trasalba da Fundación Otero Pedrayo e da saída do prelo da obra *A viaxe de Gagarin*, de Agustín Fernández Paz, do cal describe o seu fío argumental.

- Fran P. Lorenzo, “Agustín Fernández Paz recibe o premio Trasalba 2014”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 30 abril 2014, p. 44.

Faise referencia ao vencemento do premio Trasalba 2014 ao escritor Agustín Fernández Paz, que concede a Fundación Otero Pedrayo. Sinálase que o motivo deste premio débese entre outras cousas, ao seu compromiso coa lingua galega e a súa dedicación cara a literatura dos máis novos.

- Víctor F. Freixanes, “Agustín en Trasalba”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Vento nas velas”, 29 xuño 2014, p. 21.

Informa de que Agustín Fernández Paz foi homenaxeado na casa de Ramón Otero Pedraio en Trasalba. O motivo desta homenaxe débese non só a súa ampla produción literaria en lingua galega, senón tamén polo seu compromiso coa lingua galega e polo seu gran labor educativo.

- Juan Llano, “Fernández Paz: ‘O galego debe ser unha máis das culturas”, *Atlántico Diario*, “Sociedad”, p. 36/ *La Región*, “Ourense”, p. 5, 30 xuño 2014.

Comenta que o escritor Agustín Fernández Paz gañou o premio Trasalba 2014. O acto tivo lugar na casa museo Otero Pedrayo. Sinálase o esforzo do autor en facer chegar a literatura en lingua galega todos os mozos.

- L. Rodríguez, “El escritor Fernández Paz recibe el Trasalba por su compromiso con el gallego”, *Diario de Arousa*, “Galicia”, p. 20/ *Diario de Ferrol*, “España”, p. 17/ *El Ideal Gallego*, “Galicia”, p. 18, 30 xuño 2014.

Infórmase que o escritor Agustín Fernández Paz foi o vencedor do Premio Trasalba 2014. Dáse conta da celebración do acto que tivo lugar en Trasalba na casa museo Ramón Otero Pedrayo.

- Lorena Rodríguez, “Agustín Fernández Paz recibe o Premio Trasalba polo seu compromiso co idioma”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, p. 45/ *El Correo Gallego*, “Tendencias”, p. 28/ *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, p. 50, 30 xuño 2014.

Indica que o escritor Agustín Fernández Paz gañou o Premio Trasalba 2014 que cada ano organiza a Fundación Ramón Otero Pedrayo. Sinala que a celebración tivo lugar en Trasalba na casa museo Otero Pedrayo e comenta que o galardón veu motivado polo compromiso que o escritor ten coa literatura infantil e xuvenil, coa lingua e cos movementos de renovación pedagóxica.

- V. R., “Fernández Paz reivindica la literatura en gallego y la figura de Otero Pedrayo”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 30 xuño 2014, p. 18.

Dá conta do acto de entrega do Premio Trasalba 2014 que este ano se lle outorgou a Agustín Fernández Paz. No lugar de celebración o galardoado reivindicou a literatura en lingua galega, así como a figura de Otero Pedrayo.

- Caetano Díaz, “O home que tece grandes historias cos fíos da vida”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, 6 xullo 2014, p. 6.

Opina sobre a figura de Agustín Fernández Paz facendo fincapé no seu carácter humilde. Indica tamén, que foi gañador do Premio Trasalba 2014.

- ELOS, “Agustín Fernández Paz (Vilalba, 1947)”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 25 xuño 2014, p. 34.

Felicítase a Agustín Fernández Paz por ser galardoado co Premio Trasalba 2014 da Fundación Ramón Otero Pedrayo pola súa recoñecida fama como escritor de Literatura Infantil e Xuvenil; polo seu compromiso coa lingua e cultura galegas e pola súa implicación nos movementos de renovación pedagóxica.

### **Trofeo Galeguidade no Mundo**

Este galardón entrégase dende o ano 1987 a unha persoa física, xurídica e a un medio de comunicación social. Están convocados pola Enxebre Orde da Vieira e conta co apoio de Abanca, e antes de Caixanova. O xurado compóñeno os presidentes dos centros galegos membros da Orde da Vieira, xornalistas e o consello da citada orde. Entre os premiados na categoría de persoa física están Castelao (1987, a título póstumo), Xosé Filgueira Valverde (1993), Xaime Illa Couto (2001), Andrés Torres Queiruga (2004), ou Francisco Fernández del Riego (2010). Na categoría de persoas xurídicas atopamos os nomes da Fundación Barré de la Maza (1992), Universidade de Santiago de Compostela (1996), Museo de Pontevedra (2005) ou Museo do Pobo Galego (2013). En canto os medios de comunicación aparecen *A Nosa Voz* do Centro Galego de Bruxelas (1990), *Vieiros* (2000); *Ir Indo* (2003) ou o semanario *De luns a venres* (2013). No ano 2014 os galardoados foron: Susana Seivane (individual), Fundación Penzol (xurídica) e Hércules de Ediciones (medios de comunicación).

### **XXVIII Premio Xiria ao labor teatral**

Outorgado pola Asociación Cultural Xiria e a Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas no que se pretende destacar a tarefa dramaturxica dunha persoa. En anteriores edicións foron premiados Teatro de Ningures (1995), Anxeles Cuña (2000), Celso Parada (2008), Xoán Cejudo (2010) ou a Escola Municipal de Teatro de Narón (2012). Na XXVIII edición, do ano 2014, entregouse a Etelvino Vázquez pola súa faceta de actor e dramaturgo cunha importante traxectoria.

## X. 7. LITERATURA INFANTIL E XUVENIL

### XXV Premio **Ala Delta de Literatura Infantil**

O Grupo Editorial Luis Vives (Edelvives), consciente da importancia da calidade nas obras literarias destinadas ás nenas e aos nenos, convoca a vixésimo cuarta edición do Premio Ala Delta de Literatura Infantil, coa finalidade de promover a creación literaria para este lectorado e despertar o gusto pola lectura, estimular a súa fantasía e ofrecer unha visión ampla e coherente da realidade. Estabelécese un premio único, dotado con 12.100 euros e a publicación, por parte de Edelvives, da obra premiada na colección “Ala Delta”. A extensión das obras, mecanografadas a dobre espazo, é dun mínimo de cincuenta folios e un máximo de cento vinte. Os orixinais deben ser inéditos e estar escritos en castelán ou en calquera lingua do Estado. O tema dos orixinais é libre, igual que o xénero literario, e enviáanse baixo plica dous exemplares cos datos da autoría a Edelvives “Premio Ala Delta” (Xaudaró, 25, 28034 Madrid). O xurado, nomeado por Edelvives, está formado por especialistas en literatura e educación. En anteriores edicións obtivo este galardón en galego *O carteiro de Bagdad*, de Marcos S. Calveiro, en 2007. No ano 2014 fíxose público o veredito do xurado, que foi para a escritora Paloma Muñoz, pola obra *Un cóndor en Madrid*.

### XIV Premio **Alandar de Narrativa Juvenil**

Convocado por primeira vez no ano 2001 polo Grupo Editorial Luis Vives, este premio pretende animar a crear bos textos literarios para mozos e mozas a partir de doce anos, dirixidos a consolidar o gusto pola lectura, a ampliar a visión do mundo, a estar en contacto coa realidade e ofrecer claves para interpretala. Consta dun premio único, dotado con 12.100 euros e a publicación, por parte de Edelvives, da obra premiada na colección “Alandar”. Pódense presentar novelas de tema libre, inéditas e escritas en castelán ou en calquera lingua do Estado español, cunha extensión máxima de cento cincuenta folios e mínima de cento vinte, mecanografados a dobre espazo. Deben enviarse baixo plica dous exemplares cos datos da autoría a Edelvives “Premio Alandar” (Xaudaró, 25, 28034 Madrid). O xurado, nomeado por Edelvives, está formado por especialistas en literatura e educación. No ano 2014 tivo lugar a XIV edición e no mes de xaneiro fíxose pública a resolución do xurado, que decidiu outorgar o galardón a Elena Alonso Frayle pola obra *La edad de la anestesia*.

### Concurso de poesía **Anomar**

Ver o apartado X.2. deste *Informe*.

### Certame Literario de Relato de Aventuras **Antón Avilés de Taramancos**

Ver o apartado X.1. deste *Informe*.

### Certame de Poesía **Antón Zapata García**

Ver o apartado X.2. deste *Informe*.

#### **Premio Arraiano Maior**

Ver o apartado X.6. deste *Informe*.

#### **Concurso Artellando coa lingua**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

#### **Premio Arume de Poesía para Nenos**

Convocado por vez primeira en 2001 pola Fundación Xosé Neira Vilas, é o único premio específico de poesía para crianzas e con el téntase estimular a creación poética e achegar o mundo da lírica aos máis pequenos. Complementábase co Premio Estornela de Teatro, que foi convocado por vez primeira no ano 2002, alternándose ambas as modalidades en anos sucesivos. Ao Premio Arume poden concorrer persoas de calquera nacionalidade que envíen un poemario inédito dun mínimo de trescentos cincuenta versos, escritos en galego, acompañado de dúas copias, á Fundación Xosé Neira Vilas (Gres, Vila de Cruces, 36587 Pontevedra). As obras deben levar un título que tamén ten que constar nun sobre pechado e separado onde figuren os datos do autor. O premio consta dunha dotación de 1.000 euros e a publicación da obra en Edicións Embora. En anteriores edicións, resultaron gañadores: en 2001 Xosé M<sup>a</sup> Álvarez Cáccamo con *Lúa de pan*; en 2003 Helena Villar Janeiro con *Na praia dos lagartos*; en 2005 Marica Campo con *Abracadabras*; en 2007 Concha Blanco con *Cantos da rula*; en 2009 Xoán Babarro con *A princesa de Taramundi*; en 2011 Rafa Vilar con *Patente de corso (pequeno dicionario pirata)*; e en 2013 María Xosé Lamas con *Cantigas para aprender a soñar*. Ao ano 2014 non lle correspondeu convocatoria.

#### **Premio da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG)**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

#### **V Certame de Banda Deseñada sobre Teatro**

Convocado pola Asociación Cultural Entre Bambalinas, editora da *Revista Galega de Teatro*, co propósito de contribuír á divulgación do teatro galego e portugués. Estabelécese un único premio de 600 euros e a publicación da obra gañadora. O traballo presentado debe ser orixinal, inédito, escrito en galego ou en portugués e cunha extensión máxima de 12 páxinas. Presentárase unha adaptación a partir dun texto fixado previamente. A V edición estivo dedicada ao texto *Imundação* de Marta Freitas. No ano 2014 o xurado declarou deserto o premio.

## Concurso do Libro Infantil O Barco de Vapor

Convocado pola Fundación SM dende o ano 1978 xunto ao Premio Gran Angular, a convocatoria en lingua galega comezou en 1984 para promover “a creación dunha literatura infantil para nenos que fomenta o gusto pola lectura nesa idade e transmita, con calidade literaria auténtica, uns valores humanos, sociais, culturais ou relixiosos que axuden a construír un mundo digno”. Poden presentarse novelas orixinais, inéditas, escritas en galego, de autores vivos, cunha extensión mínima de cincuenta páxinas, mecanografadas a dobre espazo, que non fosen premiadas noutro concurso. Deben enviarse por triplicado xunto cunha versión en soporte informático (disquette ou CD), a Ediciones SM (Impresores, 2, Urbanización Prado del Espino, 28660 Boadilla del Monte, Madrid), acompañadas dun sobre pechado no que conste por fóra un pseudónimo e dentro o enderezo do autor. O xurado é nomeado pola Fundación Santa María e está constituído por especialistas en literatura, pedagogía e educación e un representante da entidade patrocinadora. Contaba cunha dotación económica de 6.000 euros e a publicación da obra en SM Xerme até o ano 2007, no que aumentou a contía do galardón a 10.000 euros para potenciar a creación de Literatura Infantil e Xuvenil en galego. En 2010 a contía volveu reducirse a 6.000 euros. Nas edicións anteriores resultaron galardoadas as seguintes obras: *Das cousas de Ramón Lamote*, de Paco Martín (1984); *Primeiro libro con Malola*, de Xoán Babarro e Ana M<sup>a</sup> Fernández (1985); *Aventuras de Sol*, de Alberto Avendaño (1986); *O globo máximo*, de Andrés García Vilariño (1987); *Memorias dun río*, de Antón Cortizas Amado (1988); *Barrigaverde e o dragón Achís*, de Xoán Babarro e Ana M<sup>a</sup> Fernández (1989); *O deus desaparecido*, de Pepe Carballude (1990); *O conto dos sete medos*, de Antón Cortizas (1991); *Os naufragos de Malakadula*, de Alberto Avendaño (1992); *O castrón de ouro*, de Darío Xohán Cabana (1993); *O misterio dos fillos de Lúa*, de Fina Casalderrey (1994); *Os gritos das Illas Lobeiras*, de Antón Cortizas (1995); *A pirata Penamoura*, de Daniel Buján (1996); *Valdemuller*, de Xosé A. Neira Cruz (1997); *A lenda do capitán Miñoca*, de Dolores Ruiz (1998); *Os ollos do tangaleirón*, de Xosé A. Neira Cruz (1999); *Alén das estrelamares*, de Xoán Xosé Lago Pereira (2000); *De como o santo dos croques se fai peregrino*, de Pepe Carballude (2002); *O meu nome é Skywalker*, de Agustín Fernández Paz (2003); *Unha bruxa ben rara*, de Carlos Mosteiro (2006); *O canto dos peixes*, de Marcos S. Calveiro (2008); *Mundo Arb*, de Manuel Lourenzo González (2011); e *O detective de Nullarbor*, de Antonio Yáñez Casal (2013). No ano 2011 tivo lugar a XXVI edición e a partir de aquí pasou a ser de convocatoria bienal. En 2014 non tocaba convocatoria.

## Premio Internacional de Teatro para Títeres **Barriga Verde de Textos para Teatro de Monicreques**

Ver o apartado X.3. deste *Informe*.

## III Certame **Benito Losada de Banda Deseñada**

Este certame nace no ano 2012 no marco das XXIV Xornadas de Banda Deseñada de Ourense como unha maneira de honrar e agradecer o importante labor do ideador e mantedor destas xornadas durante 22 anos. Pódense presentar historias en banda deseñada escritas en lingua galega, cun máximo de 8 páxinas e un mínimo de 5, con



técnica e tema abertos. Poderán participar todas aquelas persoas que non superen a idade de 35 anos. O prazo de entrega rematou o 10 de setembro e os traballos presentáranse no Proxecto Fundación Benito Losada/Difusora de Letras, Artes e Ideas, en Ourense. En canto aos premios existen dúas categorías: categoría A (maiores de 17 anos), haberá un primeiro premio de 1.000 euros e un segundo premio de 400 euros; categoría B (menores de 17 anos), un único premio de 400 euros. Na edición de 2014, na categoría A gañou Alicia Jaraba Abellán, por *Ad Libitum* e o segundo premio foi para Diego Blanco López, por *Lobo*. Na categoría B o gañador foi Cristian Fojón Caruncho por *Por un saco de patacas*.

## V Concurso **BD Vigo**

A Biblioteca Pública Central de Vigo convoca este premio de banda deseñada dende o ano 2010. Conta coas seguintes categorías: Infantil (nenos até 11 anos), Júnior (mozos entre 12 e 17 anos); Sénior (mozos de entre 18 e 30). Poden presentarse obras orixinais non premiadas, de tema, estilo e tratamento libres, en galego, cunha extensión mínima de dúas páxinas e máxima de catro, a cor ou branco e negro, con técnica libre e de autoría individual ou dun equipo debuxante/guionista/colorista. Os traballos deben presentarse en sobre pechado baixo lema e con outro sobre cos datos persoais na Biblioteca Pública Central de Vigo (Joaquín Yáñez, 6, Vigo). Concédense dous premios por categoría e consisten nun lote de produtos relacionados co mundo da banda deseñada e un diploma acreditativo. As obras premiadas formarán parte dunha exposición na biblioteca. Ademais o xurado pode realizar Mencións Especiais. Na edición de 2013 modificouse a categoría Sénior (agora será de 18 en diante). Na convocatoria do ano 2014 o prazo de entrega rematou o 12 de abril.

## Premio **Biblos-Pazos** de Galicia

Ver o apartado X.1. deste *Informe*.

## Premio de Microrrelato **Carlos Casares**

Ver o apartado X.1. deste *Informe*.

## IX Premio de Banda Deseñada **Castelao**

Certame convocado pola Deputación da Coruña, dende o ano 2005, co obxectivo de incentivar a lingua galega e que vén completar a serie de premios tanto literarios coma artísticos, organizados pola citada entidade. O premio está vinculado ao certame do cómic que se celebra todos os veráns, no que se dá a coñecer o ditame do xurado. Poden participar persoas maiores de idade, con narracións en banda deseñada inéditas e escritas en galego, cun máximo de dous autores por obra. A dotación é de 6.500 euros ademais da publicación do libro con textos en galego. As bases do concurso poden consultarse no Boletín Oficial da Provincia. A temática das obras é libre cunha extensión entre corenta e oito e sesenta e catro páxinas. Deben presentarse por duplicado en exemplares separados, numerados, grampados ou encadernados á

Deputación da Coruña (Avda. Alférez Provisional, 2, 15006, A Coruña). Nas anteriores edicións foron galardoados David Rubín Miguélez con *Onde ninguén pode chegar* (2005); Antonio Seijas Cruz con *Un home feliz* (2006); Jacobo Fernández Serrano con *Aventuras de Cacahuequi* (2007); Mariano Casas Gil con *Mensaxes* (2008); Daniel Montero Coira con *Sen mirar atrás* (2009); Brais Rodríguez Verde con *A man do díaño* (2010); Iván Suárez e Ignacio Vilariño con *Titoán* (2011); e Francisco Bueno Capeáns con *Catálogo de beleza gratuíta* (2012). Na novena edición, correspondente ao ano 2014, o xurado decidiu outorgar o galardón a Kiko da Silva por *O inferno de debuxante*.

### Referencias varias:

- ELOS, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 27 marzo 2014, p. 43.

Lémbrense as bases e prazo de presentación ao IX Premio de Banda Deseñada Castelao que convoca a Deputación da Coruña.

- Marta Padín, “El dibujante Kiko Da Silva gana el IX Premio Castelao de Banda Deseñada”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 1 xullo 2014, p. 59.

Fai eco de que o debuxante Kiko Da Silva gañou o IX Premio Castelao de Banda Deseñada que convoca a Deputación Da Coruña, coa súa obra *O inferno do debuxante*.

- Javier García, “Kiko da Silva gaña a novena edición do premio Castelao”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 1 xullo 2014, p. 44.

Informa de que o debuxante Kiko da Silva ficou gañador na IX edición do Premio de Banda Deseñada Castelao pola súa obra *O inferno do debuxante*.

- Elisabeth López, “Kiko dal Silva. ‘El enchufismo en este país es una lacra, tenemos que quitarlo’”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, p. 45/ *El Progreso*, “En el cómic ser originlaes es prácticamente imposible”, “Vivir”, “Cultura”, 7 xullo 2014, p. 33.

Comenta que o debuxante Kiko Da Silva foi o gañador do Premio de Banda Deseñada Castelao, coa obra intitulada *O inferno do debuxante*. Destaca a opinión de Da Silva no que se refire ao enchufismo patente no momento actual.

- ELOS, “Kiko da Silva (Vigo, 1979)”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 5 agosto 2014, p. 32.

Anúnciase que o gañador do IX Premio Castelao de Banda deseñada, convocado pola Deputación da Coruña, foi Kiko da Silva, de quen se indica a súa traxectoria profesional.

### Certame nacional de microrrelatos **Cidade da Coruña**

Ver o apartado X.1. deste *Informe*.

## **Ben veñas, Maio**

### **Referencias varias:**

- Ana López, “O mes de maio chega cargado de premios”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, 11 maio 2014, ‘p. 76.

Informa de que tivo lugar a entrega de premios do certame Ben veñas, enmarcado na programación de “Maio, Mes da Lingua 2014” no Pazo da Cultura de Pontevedra.

### **VII Premio Internacional Compostela para Álbums Ilustrados**

Convocado polo Departamento de Educación do Concello de Santiago de Compostela e a editorial Kalandraka dende o ano 2007, encádrase dentro da Campaña de Animación á Lectura, co obxectivo de estimular os creadores de calquera nacionalidade. Nas bases do premio defínese álbum ilustrado como un “libro no que o relato se conta a través de imaxes e textos, de tal xeito que ambos se complementen”. O premio estaba dotado de 12.000 euros, mais na convocatoria do ano 2012 pasou a ser de 9.000 euros en concepto de adianto dos dereitos autorais. Poden presentarse orixinais inéditos, con lema ou pseudónimo, realizados polo creador ou creadores do texto e da ilustración, en calquera das linguas oficiais da Península Ibérica, con exclusión dos empregados de Kalandraka, e en calquera tamaño, técnica e formato. A súa extensión non pode superar as corenta páxinas interiores e deben presentarse cinco copias do texto, escrito en calquera das linguas oficiais do Estado español, tres ilustracións orixinais e cinco fotocopias en cor de cada unha das ilustracións, así como unha maqueta co deseño. Deben enviarse en sobre pechado ao Rexistro Xeral do Concello de Santiago (Rúa do Presidente Salvador Allende, 4, 15705, Santiago de Compostela). O xurado está formado por persoas de recoñecido prestixio na área da literatura e ilustración infantil. A obra premiada édítase en todas as linguas oficiais pola Editorial Kalandraka. En anteriores edicións resultaron galardoados *Cerca*, de Natalia Colombo, en 2008; *Una gran soño*, de Felipe Ugalde, en 2009; *La familia C*, con texto de Pep Bruno e ilustracións de Mariona Cabassa, en 2010; *El camino de Olaj*, de Martín León-Barreto Johnson, en 2011; *Bandada*, de David Daniel Álvarez Hernández e Julia Díaz Garrido, en 2012; e *Mamá*, de Mariana Ruiz Johnson, en 2013. No ano 2014 tivo lugar a VII edición do certame e o prazo de presentación de candidaturas rematou o 1 de marzo. Presentáronse 340 traballos procedentes de 20 países e o xurado, formado polo ilustrador João Vaz de Carvalho, a escritora Fina Casalderrey, a profesora Ángeles Abelleira, en representación de Kalandraka Manuela Rodríguez, polo Concello de Santiago de Compostela Xosé Manuel Rodríguez-Abella, María Castelao e Beatriz Varela en calidade de secretaria, decidiu por conceder o galardón Federico Delicado (Badajoz, 1956) pola obra *Ícaro*.

### **Referencias varias:**

- ELOS, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 28 xaneiro 2014, p. 42.

Infórmase do prazo de presentación de orixinais ao VII Premio Internacional Compostela para Álbums Ilustrados, convocado polo Departamento de Educación do Concello de Santiago de Compostela e a editorial Kalandraka.

- Luis Montero, “Federico Delicado gaña o premio Compostela de Álbum Ilustrado”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 12 abril 2014, p. 41.

Informa que Federico Delicado resultou gañador do VII Premio Internacional Compostela de Álbum ilustrado coa súa obra *Ícaro*.

- ELOS, “VII Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 30 abril 2014, p. 42.

Salienta o ilustrador Federico Delicado quen acadou o VII Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado coa obra *Ícaro*, da que o xurado destacou a contemporaneidade e capacidade para facer pensar o lectorado, así como a profundidade das ilustracións.

- M. Mosteiro, “Federico Delicado recoge el premio de Álbum Ilustrado”, *La Voz de Galicia*, “Santiago” “Para todos los públicos”, 5 novembro, p. L6.

Fálase de Federico Delicado, gañador do premio internacional Compostela de Álbum Ilustrado pola súa obra *Ícaro* editada pola Kalandraka. Tamén se menciona o álbum *Sonho com asas* de Fátima Afonso e María Teresa Martinho Marques que resultou finalista deste premio.

- CG, “Premio para el ilustrador Federico Delicado”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 5 novembro 2014, p. 25.

Informa de que o ilustrador Federico Delicado recibiu de mans do alcalde de Santiago, Agustín Herández, o Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado, pola súa obra *Ícaro*.

#### XI Certame Literario **Concello de Ames de Narrativa e Poesía**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

#### III Certame de Relato Curto de Nadal do **Concello de Cambre**

Ver o apartado X.1. deste *Informe*.

#### XXI Certame Literario de poesía e narración breve **Concello de Cambre**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

Premio de Narración Curta do **Concello de Curtis Trágame Curtis**

Ver o apartado X.1. deste *Informe*.

Certame de Relato Curto do **Concello de Mugardos**

Ver o apartado X.1. deste *Informe*.

X Certame de Relato Curto do **Concello de Quiroga**

Ver o apartado X.1. deste *Informe*.

I Certame Artístico e Literario de relato breve e poesía **Concello de Rois**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

Certame de Relatos **Contos na Lareira da Asociación cultural O Arrieiro de Moraña**

Ver o apartado X.1. deste *Informe*.

XXXVII Premios da **Crítica de Galicia**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

XV Premio de Poesía **Díaz Jácome para Novos Creadores**. Concello de Mondoñedo

Ver o apartado X.2. deste *Informe*.

III Concurso de Contos **Durmo... se me contas un conto**

Certame organizado polo concello de Muxía, dentro do seu programa de dinamización lingüística “Con X de Muxía”, dende o ano 2012. Nesta edición do ano 2014 establécese un primeiro premio composto por un ordenador e un segundo premio cun lote de libros en galego. O premio está dirixido a nenos e nenas de até nove anos, en colaboración cos seus pais, nais ou titores. No ano 2014 resultaron vencedores: o primeiro premio para Diego Partida Prieto (7 anos) e Raquel Prieto Tomé (nai) por *Clave de sol para R. Pérez*; o segundo premio tivo un triple empate: Irea e Rosalía Vilela Gerpe (6 e 8 anos) e María Luisa Gerpe García (nai) por *Bieito e os seus caprichos*; Damián Sánchez Pose (4 anos) e Beatriz Sánchez Pose e César Bugallo Carrera (pais) por *Raposo está chorando*; e Camilo Pablo Rodríguez Espasandín (8 anos) e María Carmen Espasandín Domínguez (nai) por *Mundo de anxo*.

## XXI Premio **Edebé** de Literatura Infantil e Xuvenil

Foi creado pola editorial Edebé no 1992 para premiar obras narrativas novas e diferentes, sorprendentes e imaxinativas, en castelán ou en calquera das linguas do Estado español. Foron dúas as modalidades convocadas: a infantil, para obras narrativas dirixidas ao lectorado de entre sete e doce anos, dotada con 25.000 euros; e a xuvenil, para obras dirixidas ao lectorado de máis de 12 anos, dotada con 30.000 euros. Os orixinais teñen que ter unha extensión mínima de vinte páxinas e un máximo de oitenta para a modalidade infantil, e de oitenta a dúascentas para a xuvenil. Deben presentarse mecanografados a dobre espazo e enviarse por triplicado, baixo plica, á Editorial Edebé (Paseo San Juan Bosco, 62, 08017 Barcelona), con especificación clara da modalidade á que se opta. O xurado está formado por especialistas en literatura e educación e a súa composición dáse a coñecer no momento da realización do ditame do premio, fixado para finais de xaneiro. Nas edicións anteriores recibiron este galardón as seguintes obras en lingua galega: *Doutor Rus*, de Gloria Sánchez en 1995; *O estanque dos parrulos pobres*, de Fina Casalderrey en 1996, e *A escola de piratas*, de Agustín Fernández Paz en 2005 na modalidade infantil; e *Trece anos de Branca*, de Agustín Fernández Paz en 1994 na modalidade xuvenil. Nesta edición de 2014 resultaron gañadores David Cirici (Barcelona, 1954) con *Molsa*, escrita orixinariamente en catalán; e Pilar Molina (Madrid, 1943) con *Tesa*.

## III Premio Internacional de Álbum Ilustrado **Edelvives**

Creado no ano 2012 pola editorial Edelvives, poden optar a este premio todos os escritores e ilustradores de calquera nacionalidade que presenten proxectos de álbums ilustrados en lingua castelá, inglesa, francesa ou en calquera das linguas do Estado español. Os participantes deben ser maiores de idade e poden enviar un máximo de dous proxectos, orixinais, inéditos, e que non fosen presentados a outro concurso. O premio, dotado con 12.000 euros, concédese ao mellor proxecto editorial de álbum ilustrado presentado, non a unha obra fechada. Valóranse aspectos como mellor proposta ou idea orixinal de proxecto, mellor texto adaptado, mellor ilustración, mellor proposta de escenarios, mellor *storyboard* e mellor proposta de gardas. O formato é libre, pero non pode ser inferior a 21 x 18,5 cm nin superior a 30 x 39 cm. A extensión debe ser de 32 páxinas (gardas incluídas). O texto debe ser unha reescritura ou reinterpretación dun conto clásico, lenda, ou pode estar baseado nun mito ou personaxe coñecido. A extensión non pode ser superior a 6.000 matrices. Os concursantes deben entregar un documento onde describan en que consiste o proxecto, ademais do texto da obra, o *storyboard*, dous orixinais de ilustración completamente acabados que mostren o protagonista en diferentes escenarios, e unha proposta de gardas. Todos os datos persoais envíanse baixo plica, que debe conter o nome, a dirección, o número de teléfono e a dirección de correo electrónico do autor ou autores e unha breve nota biográfica dos participantes. Ademais, hai que remitir mostras de dúas ilustracións orixinais a cor (ou un CD coas ilustracións orixinais presentadas en alta definición se a ilustración se realizou con ordenador), unha proposta de gardas e tres copias en papel coa seguinte información: descrición do proxecto, orixinal do texto, *storyboard* e copias a cor de cada unha das ilustracións orixinais presentadas a: Edelvives (Premio Álbum Ilustrado) Xaudaró, 25 - 28034 Madrid. A concesión do premio leva incluída a edición do proxecto por parte de Edelvives e a súa posterior publicación nun prazo máximo de

oito meses a partir da resolución. O xurado é nomeado por Edelvives e está formado por especialistas de diferentes ámbitos da cultura e da creación artística. En 2012 resultou gañadora a obra titulada *El hombre que quiso conocer a la luna*, de Elena Muñoz Sacristán. Nesta terceira edición de 2014, o xurado composto por Belén Martul, Inmaculada Corcho, Teresa Durán, Ana Juan, Fernando Agresta e Violante Krahe decidiu outorgarlle o premio ao álbum titulado *Ahab y la ballena blanca*, de Manuel Marsol.

#### IX Premios da **Edición**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

#### Concurso Literario de Microrrelatos para a **Erradicación da Violencia de Xénero**

Ver o apartado X.1. deste *Informe*.

#### VIII Premio de Teatro para Nenos **Estornela**

Coa finalidade de estimular a creación teatral e de proporcionarlles a nenas e nenos obras que poidan representar, a Fundación Xosé Neira Vilas convoca este premio, que alterna anualmente co Premio Arume de Poesía para Nenos. Poden concorrer todas as persoas que o desexen, de calquera nacionalidade, con textos inéditos escritos en lingua galega. Cada orixinal pode conter unha ou varias pezas teatrais. Os orixinais deben enviarse, acompañados de dúas copias, á sede da Fundación Xosé Neira Vilas (Gres, 36587 Vila de Cruces, Pontevedra). A Fundación escolle un xurado de recoñecido prestixio e o galardón consiste na publicación do traballo premiado e nunha dotación económica de 600 euros, que antes da edición de 2012 era de 1.000 euros. En edicións anteriores os galardóns foron para *Música na noite*, de Manuel Lourenzo en 2000; *Os mundiños*, de Heidi Kühn-Bode en 2002; *O ensaio*, de Xosé Agrelo, *O porco que perdera a cabeza*, de Ana María Galego Gen e *Xoguetes*, de Fran Peleteiro en 2004; *O filibusteiro do mar da Marola*, de Antonio Cordero Álvarez en 2006; *Larpancia saborosa do lobo e a raposa*, de Bernardino Graña en 2008; *Teatro de Xoguete*, de Carlos Labraña en 2010; *Arlequino Viceversa*, de Diana Varela Puñal, en 2012. En 2014, o xurado composto por Xosé Neira Vilas, Juan Andrés Fernández Castro e Luís Reimóndez decidiu por unanimidade concederlle o galardón a Carlos Labraña Barredo por *A pequena compañía*.

#### **Referencias varias:**

- S. Formoso, “Neira Vilas: ‘Hai que impulsar o teatro nas escolas e nos centros culturais’”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 4 setembro 2014, p. 43.

Conta a posta en marcha da sétima edición do Premio Estornela de teatro infantil que organiza a Fundación Xosé Neira Vilas. Con motivo deste acto realízase unha

entrevista ao escritor de Gres, onde fala sobre as bases do premio e menciona a importancia que ten para os nenos e nenas a promoción do teatro infantil.

#### XIV Premio literario **Fernando Arenas Quintela** de narrativa e ensaio

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

#### XVIII Certame **Francisco Añón de Poesía** Concello de Outes

Ver o apartado X.2. deste *Informe*.

#### Certame literario da Asociación **Francisco Lorenzo Mariño**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

#### X Premio **Iberoamericano SM** de Literatura Infantil y Juvenil

Convocado por Ediciones SM coa colaboración da Feira Internacional do Libro de Guadalajara en México, en cuxo marco se entrega o premio. Poden candidatar-se os autores vivos que contén cunha valiosa obra de creación para o público infantil e xuvenil publicada e escrita en calquera das linguas que se falen en Iberoamérica. As candidaturas poden ser presentadas até o 31 de maio por calquera institución cultural ou educativa, editorial, asociación ou grupo de persoas relacionadas coa literatura infantil e xuvenil, enviando seis copias impresas da seguinte documentación: carta de que explique os méritos do autor, o seu curriculum vitae, os datos da entidade que presenta a candidatura e un portafolio que xustifique a traxectoria do autor postulado, xunto con seis exemplares de tres títulos publicados, representativos da súa obra. Conta cunha dotación económica de 30.000 euros. Entre os gañadores do certame están o galego Juan Farias, galardoado na primeira convocatoria, e Agustín Fernández Paz, que levou o galardón no ano 2011. Na décima convocatoria, correspondente ao ano 2014, o premio foi para o escritor Ivar da Coll.

#### Concurso de relatos **Inspiraciencia**

Ver o apartado X.1. deste *Informe*.

#### Premios **Irmandade do Libro**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

#### XXII Concurso Literario **Xaime Isla Couto**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.



## VI Premio **Jules Verne** de Literatura Xuvenil

Creado en 2006 baixo o nome de Premio Fundación Caixa Galicia de literatura xuvenil e organizado por Edicións Xerais de Galicia, co intento de fomentar a creación literaria destinada especificamente ao público xuvenil. As obras presentadas teñen que ser orixinais, inéditas e escritas en lingua galega. Dende o ano 2014 mudou o nome polo de Premio Jules Verne de literatura xuvenil e o anterior premio de 7.500 euros aumentouse a 10.000 euros. En anteriores convocatorias resultaron gañadores: Jaureguizar, por *A Cova das Vacas Mortas* (2006); An Alfaya, por *Illa Soidade* (2007); Marilar Aleixandre, por *A Cabeza de Medusa* (2008); Rosa Aneiros, por *Ás de bolboreta* (2009); e Héctor Carré, por *Febre* (2011). Na sexta edición de 2014 a data de entrega rematou o 31 de marzo. O xurado, composto por Cristina Novoa, Dolores Sans Boga, Mariña Castro Fontao, Minia Monteagudo Vilavedra, Sabela Salgueiro Couto e Xosé Manuel Moo Pedrosa, declarou gañador a Eduardo Santiago por *O Gran Reino*.

### Referencias varias:

- Ana Baena, “Un premio literario vincula a Julio Verne con Vigo”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 4 xuño 2014, p. 7.

Coméntase que os Premios Xerais renomea o seu galardón dedicado á literatura co nome de Jules Verne co gallo da visita do escritor a cidade olívica hai 136 anos.

- Ágatha de Santos, “Unos Xerais con sabor vigués”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, p. 46/ *La Opinión*, “Sociedad, cultura y ocio”, p. 39, 8 xuño 2014.

Anúncianse os gañadores do XXXI Premio Xerais de Novela, o VI Premio Julio Verne de Literatura Juvenil e o XXXIX Merlín de Literatura Infantil que foron para María Reimóndez, Eduardo Santiago e Leticia Costas respectivamente. O acto de entrega tivo lugar na illa de San Simón.

- Ágatha de Santos, “Eduardo Santiago. ‘Si no se lee no es por internet, sino por el sistema educativo’”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, p. 46/ *La Opinión*, “Sociedad, cultura y ocio”, p. 39, 8 xuño 2014.

Entrevista a Eduardo Santiago, quen ficou gañador do Premio Julio Verne de Literatura coa súa obra *O gran reino*.

- Lorena Rodríguez, “María Reimóndez, Leticia Costas e Eduardo Santiago, premios Xerais”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 8 xuño 2014, p. 40.

Fálase sobre os gañadores do Premio Xerais de Novela, o Premio Julio Verne de Literatura Xuvenil e o Merlín de Literatura Infantil. Faise referencia a cada unha das obras galardoadas e os motivos que os levaron a recibir tal premio.

- Jorge Lamas, “María Reimóndez gaña o Xerais de Novela co libro ‘Dende o conflicto’”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 8 xuño 2014, p. 42.

Dá conta dos gañadores do XXXI Premio Xerais de Novela, o VI Premio Julio Verne de Literatura Xuvenil e o XXXIX Merlín de Literatura Infantil que foron para María Reimóndez con *Dende o conflito*, Eduardo Santiago con *O gran reino* e Leticia Costas con *Escarlatina. A cociñeira defunta* respectivamente. O acto de entrega tivo lugar na illa de San Simón no que participaron persoeiros da cultura e da política. Os autores explican brevemente o argumento das súas obras, así como as súas sensacións tras recibir o galardón.

#### Premio de Literatura Infantil e Xuvenil **Lazarillo**

Este galardón, o máis antigo na Literatura infantil e xuvenil española, foi convocado polo INLE (Instituto Nacional do Libro Español) no ano 1958 co fin de estimular a literatura para a infancia e mocidade a través da produción de bos libros infantís e xuvenís. Dende o ano 1986 convócao a Organización Española para el Libro Infantil y Juvenil (OEPLI), anualmente, co patrocinio do Ministerio de Educación e Cultura. Nun principio, tiña tres modalidades: Creación literaria, Ilustración e Labor editorial. Esta última, de carácter honorífico, quedou deserta a partir de 1971 e deixouse de convocar en 1975. O premio sufriu sucesivas modificacións, entre elas o incremento das dotacións económicas e a posibilidade de presentar orixinais en calquera das linguas oficiais do Estado español. Na convocatoria de creación literaria, dende 1997, contempláronse dúas categorías que van alternando cada ano, unha infantil (obras destinadas a un lectorado menor de 12 anos) e outra xuvenil (obras destinadas a un lectorado maior de 12 anos). Existen dúas modalidades: creación literaria e álbum ilustrado. Os textos que optan ao premio (que poden comprender unha ou varias obras) teñen que ter un mínimo de oitenta páxinas (dous mil cen caracteres cada unha), no caso de narrativa e teatro, e un mínimo de cento cincuenta versos para obras de poesía. O xurado está presidido por quen ocupe a Presidencia da Organización Española para o Libro Infantil e Xuvenil; serán vogais un representante da Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (Gálix), do Consejo General del Libro Infantil y Juvenil, del Consell Catalá del Llibre Infantil i Juvenil (CliiCAT) e de Galtzagorri Ekarte, como seccións de OEPLI, e actuará como secretaria, con voz pero sen voto, a persoa que ocupe a Secretaría Técnica de OEPLI. As persoas que concursen deben remitir á Secretaría da OEPLI (Santiago Rusiñol, 8, 28040 Madrid) catro exemplares de cada unha das obras coas que desexen concorrer. Os orixinais deben presentarse baixo lema, xunto cun sobre pechado co lema identificador e o título antes do 30 de maio. En anteriores edicións recibiron o galardón as seguintes obras en galego: en 1990 *Contos por palabras*, de Agustín Fernández Paz; en 1999 *A banda sen futuro*, de Marilar Aleixandre; en 2001 *Amar e outros verbos*, de Ana María Fernández Martínez; en 2005 *A sombra descalza*, de An Alfaya; en 2004 *A noite da raíña Berenguela*, de Xosé Antonio Neira Cruz; en 2009 *O pintor do sombreiro de malvas*, de Marcos S. Calveiro; e en 2012 *Leviatán*, de Ramón Trigo. Na edición de 2014 resultaron gañadores na categoría de creación literaria María Solar, por *O meu pesadelo favorito*, e na categoría de álbum ilustrado Marta Núñez Puerto (texto) e Maite Mutuberria Larrayoz (ilustración), por *El país donde habitan las cigüeñas*.

#### **Referencias varias:**

- A. Mauleón, “Leviatán’, el álbum más pictórico de Ramón Trigo, ve la luz de la mano de Kalandraka”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 8 decembro 2014, p. 18.

Fai eco da publicación do álbum ilustrado *Leviatán*, de Ramón Trigo, gañador do Premio Lazarillo, e infórmase de que a obra se publica en galego e castelán, da man de Factoria K, selo de Kalandraka.

- Xesús Fraga, “María Solar recolleu o Lazarillo por ‘O meu pesadelo favorito’”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 14 decembro 2014, p. 48.

Dá noticia de que o premio Lazarillo foi concedido a María Solar pola novela *O meu pesadelo favorito*. Coméntase brevemente a vinculación coa escritora María Matute, o argumento da obra e o xogo entre realidade e fantasía. Tamén se indica a posibilidade de que a novela sexa publicada en diversos países de América Latina.

## XX Homenaxe **Letra E. O Escritor na súa terra**

Ver o apartado X.6. deste *Informe*.

Premio aos **Libros Mellor Editados** do Ministerio de Cultura do Estado español

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

## III Premio de Poesía **Manuel Lueiro Rey**

Ver o apartado X.2. deste *Informe*.

## VIII Premio **Manuel María** de Literatura Dramática Infantil

Convócao o Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM), actualmente AGADIC (Axencia Galega das Industrias Culturais), pertencente á Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, conxuntamente co Premio Álvaro Cunqueiro para Textos Teatrais e o Barriga Verde de Textos para Teatro de Monicreques (ver o apartado X.3 do *Informe*). Poden optar textos teatrais inéditos en galego dirixidos especificamente ao público infantil, quedando excluídas as obras de teatro breve e os textos para teatro de monicreques. A contía era de 4.000 euros, e na convocatoria do ano 2009 ascendeu a 6.000 euros. As obras deben ser de tema e extensión libres, tendo en conta o principio de duración normal dun espectáculo completo. A obra premiada pode ser publicada nas coleccións de AGADIC, que se reserva durante un prazo de dous anos o dereito a editalas. Os orixinais deben presentarse por sextuplicado, mecanografados a dobre espazo baixo lema e un sobre pechado cos datos persoais do autor a AGADIC (Rúa da Vesada s/n, San Lázaro, 15703 Santiago de Compostela). Segundo as bases da convocatoria, complementariamente á calidade literaria e dramática das obras, o xurado valora positivamente aqueles factores que inciden na súa viabilidade escénica e na calidade da lingua. Nas edicións anteriores concedeuse o galardón en 2006 a *Boas noites*, de Paula Carballeira; en 2007 a *Game over*, de Carlos Losada; en 2008 a

*Pingueiras e tarteiras*, de Teresa González Costa; en 2009 a *Sopa de xarope de amora*, de Xosé A. Neira Cruz; en 2010 a *Os reloxos preguiceiros de Néboa*, de Francisco Xavier Lama López; en 2011 a *O refugallo*, de Paula Carballeira; e en 2012 quedo deserto. Na convocatoria de 2014 o premiado foi Antón Cortizas por *Xogando con gatos*.

## VI Premio de Literatura Infantil e Xuvenil **Meiga Moira**

Convocado por primeira vez no ano 2004 por Baía Edicións. Está dotado cun único premio de 2.500 euros e a publicación da obra na colección “Meiga Moira” de Baía Edicións. A súa convocatoria é bienal. Está dirixido a obras inéditas de creación literaria, en galego, sen límite de páxinas, dirixidas a nenas e nenos de 8 a 16 anos. Da obra inédita e non premiada deben enviarse cinco copias baixo lema nun sobre pechado cos datos persoais do autor antes do 17 de maio a Baía Edicións (Polígono Pocomaco, 2ª avda., parcela G-18, nave Posterior, 15190 A Coruña). O xurado está composto por cinco persoas de recoñecido prestixio, unha delas da editorial, que actúa como secretaria. En edicións anteriores recibiron o galardón *O lume dos sonhos*, de Cibrán Ulloa (2004); *Lóbez*, de Antonio Yáñez Casal (2006); *Globos de andar*, de Xavier López Rodríguez (2008); *Violeta Tamurana*, de Andrea Maceiras (2010); e *Bandeiras negras*, de Ana María Gallego Gen. No ano 2014 o xurado, composto por Marica Campo, Conchi Regueiro, María Dores Fernández López, Carlos-Paulo Martínez Pereiro e Belén López Vázquez, outorou o premio a Andrea Maceiras Lafuente por *Miña querida Sherezade*.

## XXIX Premio **Merlín de Literatura Infantil**

Foi creado no ano 1986 por Edicións Xerais para premiar orixinais inéditos en lingua galega. Dotado con 10.000 euros, poden participar todos aqueles autores de calquera nacionalidade que presenten os seus orixinais en lingua galega, conforme á normativa vixente. De cada orixinal hai que presentar seis copias en papel, mecanografadas a dobre espazo e debidamente encadernadas, nos locais sociais de Edicións Xerais de Galicia (rúa Dr. Maraño 12, 36211, Vigo). Co orixinal, presentado baixo lema, debe acompañarse, baixo plica, o nome completo, enderezo e teléfono do autor, así como o título do libro, indicando no sobre: para o Premio Merlín de Literatura Infantil. O xurado estaba integrado nos primeiros anos por escritores e especialistas na materia pero, dende 1988, é constituído por cinco membros, escolleitos, para cada edición, entre lectores, algúns recoñecidos profesionais da cultura e un secretario con voz e sen voto nomeado pola editorial. Por outra parte, Edicións Xerais de Galicia, que reserva os dereitos de edición sobre a obra premiada en todas as linguas do Estado español, coa posibilidade de ceder tales dereitos a terceiros, pode publicar esta sen limitación do número de exemplares nin de edicións. Os cinco mil primeiros exemplares vendidos están libres de pagamento de dereitos de autor e o beneficiario do premio, que se compromete a renunciar expresamente a calquera pretensión sobre os devanditos dereitos, recibe gratuitamente cincuenta exemplares da obra publicada. En edicións anteriores o galardón foi para: *A casa abandonada* (1987), de Úrsula Heinze, en 1986; *A princesa Lúa e o enigma de Kian* (1988), de Palmira González Boullosa, en 1987; *O outro lado do sumidoiro* (1989), de Xosé A. Neira Cruz, en 1988; *As flores radiactivas* (1990), de Agustín Fernández Paz, en 1989; *Fafarraios* (1991), de Gloria Sánchez

García, en 1990; *Dúas bágoas por Máquina* (1992), de Fina Casalderrey Fraga, en 1991; *Os Mornias* (2005), de Dolores González Lorenzo, en 1992; *O gaiteiro e o Rato Pérez* (1994), de Bernardino Graña, en 1993; *A expedición do Pacífico* (1994), de Marilar Aleixandre, en 1994; *Perigo vexetal* (1995), de Ramón Caride Ogando, en 1995; *Na fogueira dos versos* (1996), de Antonio García Teijeiro, en 1996; *¡Sireno, Sireno!* (1997), de An Alfaya, en 1997; *A noite das cabras do aire* (1999), de Bieito Iglesias, en 1999; *As cousas claras* (2000), de Xosé A. Neira Cruz, en 2000; *A merla de trapo* (2003), de Antón Cortizas Amado, en 2001; *Pel de lobo* (2002), de Xosé Miranda Ruíz, en 2002; *Irmán do vento* (2003), de Manuel Lourenzo González, en 2003; *O Brindo de Ouro* (2004), de Xesús Manuel Marcos López, en 2004; *Unha branca de cobre para Martiño* (2005), de Ramón Carredano Cobas, en 2005; *O tesouro da lagoa de Reid'Is* (2006), de Agustín Agra Barreiro, en 2006; *Minimaladas* (2007), de Carlos López Gómez, en 2007; *Xenaro e o misterio da mochila verde* (2009), de Mar Guerra Cid, en 2008; *Mil cousas poden pasar. Libro I* (2010), de Jacobo Fernández Serrano, en 2009; *A filla do ladrón de bicicletas* (2011), de Teresa González Costa, en 2010; *A chave da Atlántida* (2012), de Anxo Fariña, en 2011; *Palabras de auga* (2013), de Marcos Calveiro, en 2012; e *O Castañeiro de Abril* (2013) de Antonio Manuel Fraga Allegue, en 2013. O xurado da XXIX edición do premio (2014), formado por Eulalia Agrelo (profesora e presidenta de ELOS-Galicia), Romina Bal Botana (licenciada en Filoloxía Galega), Nuria Díaz Berride (ilustradora), Miguel Vázquez Freire (mestre e escritor), María Isabel Vázquez Rosales (mestra); e Helena Pérez Fernández, en representación de Xerais, actuando como secretaria, con voz e sen voto, acordou outorgar o galardón á obra intitulada *Escarlatina, a cociñeira defunta*, de Leticia Costas (Vigo, 1979).

### Referencias varias:

- ELOS, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 18 febreiro 2014, p. 35.

Infórmase das bases e do prazo de presentación ao Premio Merlín de Literatura Infantil.

### III Certame de Banda Deseñada de **Mesía**

Concurso convocado dende 2012 polo Concello de Mesía (A Coruña) e o CPI de Xanceda para conmemorar o Día das Letras Galegas. Poderá concorrer o alumnado de todos os centros educativos deste concello cunha creación individual de dúas páxinas e temática libre que se axuste ao modelo que deben recoller nos centros educativos ou na Casa da Cultura. As creacións entregaranse nos propios centros educativos, acompañadas dun título e alí asignaráselle un número. O prazo de entrega remata o 30 de abril, e no mes de maio expóranse no CPI e no blogue [bdmesia.blogspot.com](http://bdmesia.blogspot.com). O xurado está composto pola Comisión de Biblioteca do Consello Escolar do CPI de Xanceda e presidido por un ilustrador galego, quen colabora co certame e ilustrou o cartel promocional. Valorarase o uso correcto e creativo da lingua, a orixinalidade, a lexibilidade, a presentación, e a historia. En cada categoría dos niveis de ensino concederanse tres premios e dúas mencións especiais (unha para a creación máis valorada no blogue e outra para a mellor que teña como tema a figura á que se dedica nesa edición o Día das Letras Galegas) e os galardóns entregaranse na Semana das Letras Galegas. Na terceira edición de 2014, o xurado acordou conceder os seguintes

galardóns: na categoría de Educación Infantil, o primeiro premio a Nicolás (Escola de Olas), o segundo a Lucas Rodríguez Quindimil e o terceiro a Sara Martínez Quindimil; na categoría de Educación Primaria, o primeiro premio a Daniel García Neira, o segundo a Yaiza Fernández Gómez e o terceiro a Antón Quindimil García; na categoría de Educación Secundaria Obrigatoria, o primeiro premio a Victoria Iglesias Grobas e o segundo a Belén Ferreño Carro. A Mención Especial Letras Galegas 14 foi para Andrea Louro Vázquez.

## II Premio “**Muíño do Vento**” de Textos de Contraportada

Creado en 2013 pola Asociación Cultural Muíño do Vento, do barrio de Canido (Ferrol) para galardoar os textos de contracuberta e lapelas de libros de Literatura infantil e xuvenil publicados en galego no ano 2012 nos diferentes xéneros. O galardón consiste nun cadro do pintor ferrolán Poldo Rapela que se entregará ao autor do libro, con independencia de quen sexa o autor do texto da contracuberta e lapelas. Na primeira edición de 2013 debían entregarse copias da capa e contracapa da obra e os datos persoais na sé desta Asociación (Pintor Máximo Ramos, 7-9, 2º C, 15401 Ferrol) ou envialas como arquivo adxunto de pdf ao correo electrónico [directiva@muinhodovento.es](mailto:directiva@muinhodovento.es) antes do 28 de febreiro. O xurado, composto por Sari Alabau Albors, Carmen Cuesta García, Ánxela Pernas García, Elia Rico Lagarón e Antonio Yáñez Casal, que actúa en calidade de secretario, con voz e sen voto, deron a coñecer as obras finalistas na primeira quincena de marzo na páxina en liña da Asociación [www.muinhodovento.es](http://www.muinhodovento.es), data a partir da que os autores seleccionados tiñan un prazo máximo de 15 días para enviar un exemplar en papel da obra. Os exemplares que os autores non reclamasen, unha vez ditaminado o premio, enviáronse ás bibliotecas dos centros educativos do barrio de Canido. Esas obras finalistas foron: *A illa de todas as illas*, de Xavier P. DoCampo; *As crónicas de Landereina: bágoa de Lúa*, de Sabela González; *A terra queima*, de Lalo Carnota e Xurxo Souto; e *O castañeiro de abril*, de Antonio Manuel Fraga. O xurado acordou, por maioría, o 24 de abril, conceder o galardón a Lalo Carnota e Xurxo Souto, autores de *A terra queima*.

## Premio de Microrrelatos **Mulleres Progresistas**

Ver o apartado X.1. deste *Informe*.

## Premios **Nacionais de Literatura**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

## Premio **Nacional de Cómic**

Galardón outorgado polo Ministerio de Cultura de España dentro dos Premios Nacionais, creado en 2007 a fin de recoñecer o mellor cómic publicado en España en calquera das linguas cooficiais, ao longo do ano anterior á entrega do premio. Está dotado cunha contía de 20.000 euros. No ano 2009 o premio para a mellor obra foi para o álbum *As serpes cegas* (2008), editado polo colectivo galego BD Banda, con guión do

madrileño Felipe Hernández Cava e con debuxos do mallorquín Bartolomé Seguí. No ano 2011 o galardón foi para Santiago Valenzuela por *Plaza Elíptica*. No ano 2012, o galardón concedéuselle a *Dublinés*, de Alfonso Zapico, publicado por Astiberri Ediciones. No ano 2014, o premio foi para Juan Díaz Canales e Juanjo Guarnido pola obra *Amarillo* da serie *Blacksad*.

Concurso de **Narracións Curtas sobre a Violencia de Xénero** da Asociación Madoan

Ver o apartado X.1. deste *Informe*.

Certame de relatos **O lugar onde vivo**

Ver o apartado X.1. deste *Informe*.

XV Certame Literario de Relatos Curtos **Os Viadutos**

Ver o apartado X.1. deste *Informe*.

Premio **Ourense de BD**

Convocado pola Casa da Xuventude de Ourense, xunto coa Concellaría de Cultura do Concello de Ourense, premia as Mellores Iniciativas na Banda Deseñada Galega, que pode recaer tanto en persoeiros como en institucións. O certame ten lugar dentro da celebración das Xornadas de Banda Deseñada convocadas por esta institución. O galardón consiste nunha estatuíña deseñada e realizada expresamente para a ocasión polo artista plástico Manolo Figueiras. O premio decídese segundo as propostas que os afeccionados de toda Galicia poden enviar á Casa da Xuventude (Celso Emilio Ferreiro, 27, 32004 Ourense). En 2014, no marco das XXVI Xornadas de Banda Deseñada o vencedor foi Henrique Torreiro en recoñecemento o traballo feito no campo da banda deseñada en Galicia.

XXIII Certame Literario da Asociación Cultural A **Pipa de Becerreá**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

XII Premio de Ilustración e Narración Infantil e Xuvenil **Pura e Dora Vázquez**

Convocado pola Deputación de Ourense dende o ano 2003 e dotado con 1.500 euros para cada modalidade, ilustración e narración, e a publicación do libro. Na modalidade de narración os textos en lingua galega, orixinais e inéditos deben presentarse en seis copias no rexistro da Deputación de Ourense (Rúa Progreso, 32, 32.003, Ourense) antes do día 12 de setembro. Na modalidade de ilustración diríxese a ilustradores de calquera nacionalidade que presenten as súas ilustracións inéditas e orixinais, non menos de dez, tomando como base o texto premiado, no Rexistro Xeral antes do 20 de decembro. En

anteriores edicións recibiron o galardón: *Adeliña*, de Celia Díaz no ano 2003, ilustrado por Luís Sendón; *Alende*, de Antón Cabaleiro en 2004, ilustrado por Jacobo Muñiz; *Por que Baldomero Quintáns*, de Raquel Laso Lorenzo en 2005, ilustrado por María Puertas; *A historia máis increíble que nunca liches*, de Breogán Riveiro en 2006, ilustrado por Alberto Vázquez; *O nariz de Fiz*, de Miro Villar en 2007, ilustrado por Lola Lorente; *Encontros ás agachadas*, de Concha Blanco en 2008, ilustrado por David Pintor; *Palabra era un universo paralelo*, de Xoán Babarro en 2009, ilustrado por Nuria Díaz; *O papaventos de Laura*, de María Canosa en 2010, ilustrado por Daniel Iglesias Padrón; *Rugando*, de Celia Díaz Núñez en 2011, ilustrado por Pilar Marcó; *Por qué está triste o miañas?*, de Ángela Fernández Rey en 2012; *Por que estás triste Miañas?*, de Ángela Fernández Rey, ilustrado por Javier Pastor Díaz. Na edición de 2014 a data de entrega rematou o 31 de decembro. A obra gañadora de narración foi *Bicha* de Eli Ríos e o de ilustración foi para Patricia Román Ortega.

#### Certame literario **Ramón Martínez López**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

#### Concurso de Relatos Curtos **Redes de Letras**

Ver o apartado X.1. deste *Informe*.

#### Premio **Raíña Lupa de Literatura Infantil e Xuvenil**

Convocado dende 1998 pola Deputación da Coruña cunha dotación de 6.500 euros, ademais da edición da obra gañadora a través do Servizo Provincial de Publicacións ou doutra editorial. Dende o ano 2000, a súa convocatoria pasou a ser bienal. Segundo as bases, ao premio poden presentarse autores de calquera nacionalidade con obras en galego, con estrutura literaria de conto ou narración breve, orientadas ao mundo infantil ou xuvenil, inéditos e non premiados con anterioridade. A extensión é libre e pódense incluír ilustracións que fagan alusión ao argumento. Os orixinais deben presentarse por duplicado, en tamaño DIN-A4, por unha soa cara, numerados e grampados ou encadernados, baixo título e un lema, provistos de plica en que se faga constar o título e o lema no seu exterior e no seu interior os datos persoais do autor. A entrega de orixinais debe facerse na Deputación Provincial da Coruña (Avenida Alférez Provisional, 2, 15006 A Coruña), indicando no sobre “Premio de Literatura Infantil Raíña Lupa”. En edicións anteriores foron galardoadas *Cos pés no aire*, de Agustín Fernández Paz en 1998; *Velaí vai o verme*, de Mario Pereira Fernández en 1999; *Resalgario en Trasgalicia*, de Antonio Reigosa Carreiras en 2000; *O armiño dorme*, de Xosé A. Neira Cruz en 2002; *Tonecho de Rebordechao*, de Breogán Riveiro Vázquez en 2004; *Viaxe a Libunca*, de Antonio Yáñez Casal en 2006; *A peripecia de Roi*, de Carlos López Gómez en 2008; *Centauros do norte*, de Marcos Calveiro en 2010; e *Reo*, de Xesús Fraga, en 2013. Non se convocou en 2014.

#### Concurso **Relatos de Verán. La Voz de Galicia**



Ver o apartado X.1. deste *Informe*.

## XV Concurso **Teatro Infantil O Facho**

No ano 2008 a Asociación Cultural O Facho recuperou este concurso no que poden participar obras inéditas en lingua galega non representadas, nin premiadas noutros certames cun máximo de oitenta folios, presentadas por quintuplicado a dobre espazo, baixo lema, e acompañadas dun sobre cos datos persoais do autor. Estabelécese un galardón único de 500 euros, a edición da obra e un mínimo do 40% da edición. Os orixinais deben enviarse por correo á sede da Asociación Cultural O Facho (R/ Federico Tapia n.º 12-1º, 15005, A Coruña) ou á Caixa de Correos n.º 46, Oficina Principal da Coruña, até o 31 de marzo. Os premiados en edicións anteriores foron: Carlos Casares, por *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*, en 1973; Euloxio Ruibal, por *O roubo do aparello*, en 1974; Manuel Lourenzo, por *Viaxe ao país de ningues*, en 1975; Dora Vázquez, por *Cascabel, o cabaliño do circo*, en 1976; Manuel Lourenzo, por *Todos os fillos de Galaad*, en 1979; Manuel Lourenzo, por *Viva Lanzarote*, en 1981; Manuel Lourenzo, por *O soño das cidades*, en 1986; Manuel Lourenzo, por *O bosque máxico de Xabarín*, en 1988; Carmen Blanco Sanjurjo, por *A fuga*, en 2012; Carlos Labraña, por *Espantallo*, en 2013. Na edición de 2014 o xurado, formado por Manuel Lourenzo, Carme Martínez Mosqueira e Rubén Ruibal, decidiu declarar gañador a Carlos Labraña por *Moito morro corporation Sociedade Ilimitada*.

## VIII Certame Literario **Terras de Chamoso**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

## **The White Ravens Galegos**

A Internationale Jugendbibliothek de Munich publica anualmente unha selección das mellores obras de Literatura Infantil e Xuvenil. En 2006 foi escollido *A cousa que máis doe do mundo*, de Paco Liván e Roger Olmos; en 2007 *A princesa do Caurel*, de Patacrúa e Javier Solchaga; en 2008 *Ovos duros*, de Marisa Núñez e ilustrado por Teresa Lima; en 2010 *Ás de bolboreta*, de Rosa Aneiros e *O último canto*, de Pablo Albo e Miguel Ángel Díez; en 2011 *O pintor do sombreiro de malvas*, de Marcos Calveiro e *Contos para nenos que dormen deseguida*, de Pinto&Chinto; en 2012 *A viaxe de Olaf*, de Martín León Barreto, editado por Kalandraka, e *Zimbo*, de Arturo Abad e Joanna Concejo, editado por OQO; e en 2013 *Bandada*, de Manuel Rodríguez e con ilustracións de David Daniel Álvarez Hernández e María Julia Díaz Garrido. No ano 2014 foi incluído *Nicomedes o pelado*, de Chinto&Pinto

## Certame de Microrrelatos **Unha dorna de libros, un mar de ilusións**

Ver o apartado X.1. deste *Informe*.

## Certame de novela curta **Vila de Negreira**

Ver o apartado X.1. deste *Informe*.

**Xogos Florais María Pita**

Ver o apartado X.2. deste *Informe*.

Premios **Xuventude Crea**, anteriormente coñecidos como GZCrea

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

## X. 8. PREMIOS ESCOLARES E XUVENÍS

### XXIII Concurso Literario **Achegamento ao Libro**

Coa finalidade de animar os escolares a ocupar o seu lecer na creación literaria e propiciar neles unha reflexión sobre o mundo dos libros e a lectura como fonte irrenunciábel de pracer e de coñecemento, a Biblioteca Pública Municipal Don Francisco Mayán e a Delegación de Educación e Cultura do Concello de Cee convocan este concurso. Nel pode participar todo o alumnado de calquera dos centros educativos da bisbarra. Os traballos, en galego, deben ser orixinais e inéditos e ter unha extensión máxima de dous folios. Así mesmo, o seu tema debe estar relacionado co achegamento ao libro, buscando sempre fomentar o hábito de lectura da poboación. Entréganse, sen asinar, cos datos do autor nun sobre á parte, na Biblioteca Pública Municipal. Existen cinco premios de diferente contía (que vai en vales dos 50 euros aos 90 euros) para os distintos ciclos de Primaria e Secundaria. O xurado ten facultade para outorgar accésits ou declarar deserto o premio. O xurado, composto por José Ramón Rey, Patricia Mouzo Quintáns e Víctor Manuel Castiñeiro Castro, declarou vencedores a Andrea López Lago (CEIP A Igrexa-Brens), por “A viaxe de Andrea, na categoría de 1º ciclo de primaria; Carlota Atán Ares (Colexio Manuel Rial Mouzo), por “Un día libroso”, na categoría de 2º ciclo de primaria; Clara de Ramón Ayala (Colexio Manuel Rial Mouzo), por “Bieito o contacontos”, na categoría de 3º ciclo de primaria; Carmen Ramón Fernández (Colexio Manuel Rial Mouzo), por “O misterio da aldea”, na categoría de 1º ciclo da ESO; e María Isabel Rodríguez Domínguez (IES Fin do Camiño), por “A xove eterna nun mundo descoñecido”, na categoría de 2º ciclo da ESO.

### XX Certame Literario **Alberto Romasanta**

Certame convocado polos IES Campo de San Alberto e o IES do Mar, de Noia. Pode participar o alumnado matriculado en calquera dos dous centros. Consta de dúas modalidades (relato e poesía), e de tres niveis: nivel 1, 1º ciclo da ESO; nivel 2, 2º ciclo da ESO; e nivel 3, Bacharelato e Ciclos Formativos. Os traballos teñen que ser orixinais, escritos en galego, de tema e extensión libres. Deben presentarse o orixinal e tres copias dentro dun sobre pechado no que tan só se escribe o lema ou pseudónimo, o nivel de participación e a modalidade (relato ou poesía). Dentro del debe ir outro sobre en que se inclúan os datos do autor: pseudónimo, nome, apelidos, curso e centro. Os traballos (orixinal e copias) preséntanse na secretaría de calquera dos centros. Establécense os seguintes premios: un primeiro premio (60 euros) e un segundo premio (30 euros) para cada nivel e modalidade. O xurado, que pode deixar deserto algún dos premios, é nomeado polos Equipos de Dinamización da Lingua Galega e o seu ditame será inapelábel. No ano 2014 tivo lugar a XX edición do certame e o prazo de entrega de orixinais rematou o día 24 de abril. A entrega de premios realizouse o 16 de maio nun acto celebrado no IES Campo de San Alberto (Noia).

### Certame relato curto **Antonio Fernández Pérez**

Convocado, dende o ano 2009, polo Concello de Verín, está dirixido a fomentar a creatividade literaria dos estudantes de terceiro ciclo de Primaria e da ESO dos centros

de ensino desa comarca. O relato ten que ser orixinal, inédito, con temática e o estilo totalmente libre, escrito en galego, en texto mecanizado ou en letra manuscrita lexíbel, cunha extensión que non supere dous folios e asinado cun lema. Os traballos preseleccionados reciben como premio un lote de libros e establécense tres premios de 90 euros, 60 euros e 30 euros por cada un dos catro niveis nos que se pode concursar. O ditame dos galardóns tivo lugar na Casa da Cultura de Verín con motivo do Día das Letras Galegas. Na edición de 2014 na categoría de Primaria os gañadores foron: Xosé Fernández Serrano, por *As crónicas de Brais e Xose* (primeiro premio); Iker González Sanmartín, por *Max e a misteriosa gruta Ouverno* (segundo premio); e Inés García Novoa, por *Dúas raíñas cos mesmo problemas* (terceiro premio). Na categoría de 1º Ciclo da ESO: Ana Manso Fernández, por *Crónica dunha devoradora de libros* (primeiro premio); Antía Pérez García, por *Leire faise maior* (segundo premio); e Marta Barja Barja, por *Anxo* (terceiro premio). En 2º Ciclo da ESO: Lucía Martínez Pérez, por *A maldición dos Piano* (primeiro premio); Noa Fernández Méndez, por *Muller de ferro* (segundo premio); e Ana García Nóvoa, por *Vinte mil soños por diante* (terceiro premio).

## XI Premios **Buero de Teatro Joven**

Denominado até 2007 Premio Candilejas, que organizaban o Ministerio de Cultura, o Ministerio de Educación e Ciencia e a Fundación Coca-Cola Juan Manuel Sáinz de Vicuña, para promover o gusto e a afección polo teatro e estimular a creatividade artística da mocidade. Naceron en honra do insigne académico español Antonio Buero Vallejo, considerado un dos dramaturgos máis importantes da segunda metade do século XX. Contan con dúas categorías, a fase autonómica e a fase nacional, e diríxese a mozos entre 14 e 21 anos de centros escolares ou non escolares como asociacións ou centros culturais. Na fase autonómica existen as seguintes categorías: Centro Escolar, Finalista Autonómico, Centros Culturais e Mencións Especiais. Os premios consisten para o grupo teatral gañador da categoría de Centro Escolar e o grupo teatral pertencente a Centros Culturais, nun lote de material para a actividade teatral, unha copia da gravación da súa montaxe teatral e un lote de material didáctico sobre teatro; para o Finalista Autonómico, nun galardón acreditativo e un lote de material didáctico sobre teatro; e as Mencións Especiais, nun diploma acreditativo. Pola súa banda, na fase nacional, establécense premios para os catro grupos finalistas: primeiro, segundo e terceiro clasificado na categoría de Centros Escolares e gañador na categoría de Centros Culturais. O galardón consiste nunha invitación pola organización, con todos os gastos pagos, para representar as súas obras no Teatro Nacional de Madrid no transcurso dunha gala na que se coñecen os gañadores e se entregan os galardóns. Ademais, son invitados todos os compoñentes de cada grupo a asistir, con todos os gastos pagos, a unha das feiras ou festivais nacionais durante cinco días, mentres os gañadores das Mencións Especiais reciben un galardón acreditativo. No ano 2013 tamén se incluíu un premio votado polo público a través dunha aplicación on-line. Na undécima edición, correspondente ao ano 2014, en Galicia recibiron o galardón da fase autonómica o grupo Caixa Desastre do centro escolar Santo Ángel de Ourense, na categoría de teatro escolar; e na categoría non escolar o grupo El Ruiseñor, con *Las esposas alegres de Windsor*.

## Referencias varias:

- A. P., “El teatro gana afición”, *La Opinión*, “Cambre”, “Culleredo”, 29 maio 2014, p. 16.

Anuncia a convocatoria do primeiro certame de teatro afeccionado de Culleredo, organizado pola compañía El Ruiseñor.

- Irene Jiménez, “El colegio Santo Angel de Ourense, premio Buero”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 31 maio 2014, p. 46.

Informa que o grupo Caixa Desastre do Centro escolar Santo Ángel de Ourense resultou gañador da fase autonómica de Galicia da undécima edición dos Premios Buero coa obra *Sonos*. Tamén precisa que na categoría non escolar foi premiada a compañía El Ruiseñor con *Las esposas alegres de Windsor*.

- A. I. S., “Alumnos del colegio Peleteiro se alzan con varios ‘Buero de Teatro’”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 6 xuño 2014, p. 30.

Informa dos premios acadados polo grupo de teatro do colexio Manuel Peleteiro na última edición dos Premios Buero de Teatro Xoven.

Concurso de Contos de Nenos para Nenos **Carlos Casares**. Asociación Cultural O Facho

No ano 2008 a Asociación Cultural O Facho recuperou este certame en homenaxe ao primeiro gañador do Certame de Literatura Infantil no ano 1968 coa obra *A galiña azul*. Está dirixido a rapaces e rapazas que presenten os seus relatos orixinais e inéditos en lingua galega. Os orixinais cos datos persoais do autor deben enviarse por duplicado por correo á sede da Asociación Cultural O Facho (R/ Frederico Tápia n.º 12-1º, 15005, A Coruña) ou entregarse no seu centro escolar. Consta de dúas categorías: A, para nenos e nenas de 6 a 12 anos, cun máximo de cinco folios e dous premios; e B, para rapaces e rapazas de 13 a 16 anos, cun máximo de dez folios e dous premios. Os galardóns contan cunha dotación de 100 euros e un lote de libros doados pola Editorial Galaxia para ambas categorías.

## II Certame poético **Carme de Xinzal**

Concurso convocado dende 2012 pola asociación O Fervedoiro e que leva por título un pseudónimo do escritor e político Xohán Xesús González (natural de Cuntis). Nesta convocatoria colaboraron *Diario de Pontevedra*, Fundación Terra Termarum, Editorial Toxosoutos, Asociación Xermolos de Guitiriz e Radio Estrada. Na segunda edición, do ano 2014, resultou gañadora Regina Touceda Rey co poema “Branco”. O segundo premio foi par a Miriam Gomes e Laura Lobato co poema “Ninguén”; e o terceiro premio recaeu en Abraham Argibay González con “Censura”.

## Referencias varias:

- Chus Gómez, “O espírito de Xohán Xesús segue vivo”, *Diario de Pontevedra*, “*Diario de Caldas*”, n.º 410, “Vivir en Caldas”, 14 maio 2014, p. 3.

Fala do II Certame Poético Carme de Xinzal e cita os galardoados.

#### XXVI Certame de relato curto e poesía **Celso Emilio Ferreiro**

Convocado polo IES Celanova Celso Emilio Ferreiro para o alumnado de ensino medio de Galicia. Os interesados poderán presentar as súas obras, inéditas en lingua galega e con alusións ao mundo fantástico, nas modalidades de relato curto (cunha extensión máxima de dous folios) ou poesía (extensión máxima catorce versos). Deberán enviar ao correo electrónico [ies.celanova@edu.xunta.es](mailto:ies.celanova@edu.xunta.es) dous arquivos en pdf: un co traballo e un pseudónimo, e outro co pseudónimo, os datos persoais e o colexio onde estuda. O premio de ambas as modalidades consiste en 100 euros, un diploma acreditativo e a publicación dos traballos nos medios escritos e electrónicos do instituto celanovés. O xurado, composto por membros da comunidade escolar, dará a coñecer o ditame durante a celebración dos actos conmemorativos do Día das Letras Galegas.

#### Concurso de relatos **Ciencia que conta**

Ver o apartado X.1. deste *Informe*.

#### IV Concurso de Poesía do **Círculo Poético de Ourense**

Organizado polo Círculo Poético de Ourense para premiar composicións poéticas de alumnado de Primaria dos colexios da cidade de Ourense e de San Luis Potosí. Na edición de 2013 o traballos xiraron arredor do tema “A miña cidade, Ourense de pedra e de auga”. A extensión máxima será de corenta versos, en folla tamaño carta, por unha soa cara, a duplo espazo e en letra Arial 12. A obra presentárase baixo pseudónimo ou lema, que figurará na primeira páxina así como no exterior da plica, como única identificación. No interior da devandita plica achegaranse os seguintes datos: nome e apelidos, enderezo e correo electrónico, teléfono, breve nota biográfica e colexio ao que pertence. Hai catro premios: 1º Premio, trofeo, cinco libros de poesía asinados e dedicados polo seus autores; 2º Premio, trofeo, tres libros de poesía tamén asinados; 3º Premio, trofeo e dous libros de poesía asinados; e 4º Premio, diploma.

#### Certame Internacional de Microrrelatos Primavera Cultural do **Concello de Arbo**

Ver o apartado X.1. deste *Informe*.

#### XIII Premio de Narración Curta para Escolares **Concello de Marín**

A Concellería de Cultura do Concello de Marín convoca este premio para conmemorar o Día das Letras Galegas. As bases establecen que pode participar todo o alumnado de 1º e 2º da ESO decentros de ensino do Concello de Marín. Os traballos deben ser

inéditos, de temática libre e realizados en lingua galega cunha extensión máxima de tres páxinas tamaño DIN-A4 e escritos por unha soa cara. O prazo de admisión pechouse o día 25 de abril de 2014 e cada centro escolar poderá presentar como máximo tres traballos por categoría. Hai catro: 1º Categoría corresponde a primeiro e segundo de Educación Primaria; 2º Categoría a 3º e 4º de Educación Primaria; 3º Categoría, 5º e 6º de Educación Primaria; e 4º Categoría, 1º e 2º da ESO. O premio consiste en material escolar e unha placa para o primeiro gañador de cada categoría. A dirección de cada centro de ensino acompañará os traballos que presenten dentro dun sobre pechado cunha plica onde se indique nome e apelidos de cada participante, título do traballo, idade e curso ao que pertence. O xurado compóñeno: un representante de cada centro escolar que presente traballos e que sexa mestre de Literatura ou lingua galegas; a concelleira de Cultura ou persoa en quen delegue; a directora-bibliotecaria do Padroado Municipal de Cultura e un secretario. Na XIII edición os premiados foron: na primeira categoría Lorena Amoedo Freire (CEP Sequelo), por “Pacho e Thilo”; Antía López Domínguez (CEP Sequelo), por “A historia da prehistoria”; e Antía de Federico Fernández (IES Illa de Tambo). Os premios (material escolar) entregáronse no Museo Manuel Torres.

#### **Referencias varias:**

- Laura Moure, “Flores y música para recordar a Rosalía”, *Diario de Pontevedra*, “O Morrazo”, “Marín”, 14 maio 204, p. 15.

Nomea os gañadores do XIII Premio de Narración Curta para escolares do Concello de Marín.

- Laura Moure, “Un viernes con mucha acción en Marín”, *Diario de Pontevedra*, “O Morrazo”, “Marín”, 17 maio 204, p. 4.

Informa das actividades realizadas en Marín co gallo do Día das Letras Galegas, entre elas, a entrega de premios do XIX Concurso de Narracións Curtas.

- Laura Moure, “Cuatro historias con premio”, *Diario de Pontevedra*, “O Morrazo”, “Marín”, “Cangas”, “Moaña”, 18 maio 204, p. 18.

Informa que en Marín tivo lugar a entrega dos XIII Premios de Narración Curta para escolares e tamén o galardón da categoría de adultos.

#### **Certame de Relato Curto do Concello de Mugardos**

Ver o apartado X.1. deste *Informe*.

#### **III Concurso de Microrrelatos do Concello de Silleda**

A Concellería de Normalización Lingüística do Concello de Silleda convoca por primeira vez no ano 2012 este certame, no marco do plan de Dinamización Lingüística do Concello, que recibiu unha subvención do goberno autonómico para levar a cabo numerosas actividades que contemplan actuacións en varios eidos e entre diferentes

franxas de idade. As obras presentadas deben estar integramente feitas en lingua galega, e poden concursar todas as persoas censadas en Silleda segundo dúas categorías: de 6 a 12 anos (categoría A) e de 13 anos en adiante (categoría B). Os microrrelatos non poden superar os cincocentos caracteres de extensión a ordenador ou de 100 palabras a man, e a temática é libre. Deben presentarse no Concello, ou ben en rexistro ou ben a través do correo postal, impresos en DIN-A4 e firmados cun pseudónimo, acompañados dun sobre pechado onde por fóra estea escrito o pseudónimo e no interior unha tarxeta cos datos persoais. O galardón consiste nun e-book para o participante valorado en 100 euros e nun lote de libros en galego para o centro educativo ao que pertenza, valorado en 50 euros. Nesta terceira edición do ano 2014, A temática será “A terra de Trasdeza” valorarase a orixinalidade e a creatividade. O prazo para presentar os traballos comezou o día 13 de marzo e rematou o 30 de abril. O xurado, formado pola concelleira Margarita Campos, por un xornalista de *Faro de Vigo* (Blanca Paz) e outro de *La Voz de Galicia* (Pablo Viz), decidiu premiar: na categoría A a Nicolás Abeledo Malheiro, por “Tan só un segundo”; e na categoría B a María Lamazares Taboada (IES Pinto Colrmeiro), por “Nomeando”.

### Referencias varias:

- S. E., “Un total de 134 traballos aspiran a gañar o certame de microrrelatos de Silleda”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 906, 4 maio 2014, p. 6.

Fala sobre o III Concurso de Microrrelatos e Microcurtas que organiza a concellería de Cultura de Silleda e cuxa temática é a “Terra de Trasdeza”.

- ECG, “Gañadores de Relatos e Microcurtas”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 921, 19 maio 2014, p. 5.

Dáse conta da entrega de premios deste concurso convocado pola Consellería de Cultura do Concello de Silleda.

### XII Premio Literario **Don Diego Sarmiento de Acuña**, Conde de Gondomar

Dende a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Gondomar (Pontevedra) convócase anualmente este premio literario para contribuír a potenciar a creatividade literaria da mocidade en lingua galega. Na convocatoria colaboran o Instituto de Estudos Miñoranos e a Deputación Provincial de Pontevedra. Na XI edición do ano 2013 establécense dúas modalidades: poesía e relato curto. Poderán participar todos os autores de 3º Ciclo de Educación Primaria (1º categoría), de 1º a 3º da ESO (2º Categoría) e 4º da ESO e Bacharelato (3º Categoría) que residan no Val Miñor e non superen os vinte anos. Os premios serán de 150, 200 e 300 euros respectivamente. Poderán enviar unha única obra por cada unha das modalidades, de tema libre, antes do 13 de abril e dirixido ás oficinas do Concello de Gondomar (rexistro). Presentáronse un total de 104 obras e resultaron gañadoras: na modalidade de poesía, Sara Vidal Acuña por “O meu val” e Daniel González Iglesias por “Sendiro de Prata” (1º categoría); Anahí Barros Vidal por “Crear” (2º categoría). Na modalidade de relato: Sabela Cambra Domínguez por “O misterio de Lia” e Oscar Gestido por “A



historia de Sergio” (1º categoría); Víctor Villadóniga Santos por “O segredo da vieira” (2º categoría); e Rafael Areses Elizalde por “Ollos baleiros” (3º categoría).

#### V Certame de Narrativa Xuvenil **Entre Iguais**

Convocado polo Concello de Lugo, co obxectivo de promover o valor da igualdade entre mulleres e homes. Está dirixido a rapaces e rapazas entre 12 e 18 anos. Os traballos serán inéditos e escritos en lingua galega. A temática estará suxeita a calquera aspecto relacionado coa igualdade entre homes e mulleres. O prazo de presentación pechouse o día 21 de novembro de 2014. Estabelécense dúas categorías: 1º categoría de 12 a 14 anos; 2º categoría de 15 a 18 anos. Hai tres premios por cada categoría: 200, 100 e 60 euros para a 1º categoría; 250, 150 e 100 euros para a segunda categoría. Na edición do ano 2014, na categoría de doce a catorce anos resultaron vencedores os seguintes textos e autores: “A ver se o aceptas”, de Manuel Rubiños Trelles (1º premio); “Agora xa foi”, de Paula Rodríguez Franco (2º premio); e “Azul/Rosa” de Ainhoa Vázquez Reigosa (3º premio). Na categoría de quince a dezoito anos quedou en primeiro lugar “Entre iguais”, de María Martínez González (1º premio); “Un lugar moi pequeno”, de Laura Vicente e “A igualdade”, de Nerea Gandoy Frieiras.

#### III Certame Literario **Esther Dourado**

Premio convocado por primeira vez no ano 2012 polo centro de ensino CEP Pilar Maestú Sierra para rendir homenaxe a unha profesora que dedicou máis de vinte anos a formar estudantes de distintas xeracións. Está dirixido a alumnado de Primaria e ESO do Concello da Pobra do Caramiñal. Hai dúas modalidades: narrativa e debuxo (só para Infantil) En narrativa hai varias categorías: categoría B (1º e 2º Primaria, máximo dous folios), categoría C (3º e 4º de Primaria, máximo tres folios), categoría D (4º e 5º de Primaria, máximo cinco folios) e categoría E (ESO, máximo dez folios). Os premios consisten en vales de compra nas librarías e tendas de deportes da localidade. En debuxo os tres primeiros clasificados recibirán material escolar. Os primeiros clasificados nas categorías B, C e D recibirán un vale por 60 euros, os segundos un vale por 50 euros e os terceiros un vale por 30 euros para mercar en calquera librería ou tenda de deportes do concello. Na categoría E o primeiro premio vale por 100 euros e o segundo por 60 euros.

#### XXI Premio de Creación Literaria e Ensaio da **Facultade de Filoloxía** da Universidade da Coruña

Premios de narrativa, poesía, ensaio e teatro, en lingua castelá e galega, dirixido ao estudantado da institución académica herculina. O prazo de presentación de orixinais estivo aberto até o 6 de maio ás dúas da tarde. Os traballos deberán entregarse na Facultade de Filoloxía ou envialos por correo postal. Na modalidade de poesía prémíase un poema ou breve grupo de poemas con unidade temática; e en narrativa, teatro e ensaio, traballos dun máximo de trinta páxinas, mecanografadas a dobre espazo. O ditame do xurado, composto por Marica Campo, Carme Fernández Pérez-Sanjulián e José Miguel Alonso Giráldez, deuse a coñecer o 13. Os premiados foron: “A cabeza da serpe”, de María Carolina González Gil (relato); “Vou vomitarche pra que vexas de

estou feita”, de Sabela Rodríguez Lorenzo (poesía) e “Breve análise das caligrafías de Xosé María Álvarez Cáccamo”, de Diana Fernández Gómez (ensaio).

## II Concurso de Relatos Curtos da Fundación **Fernando Blanco de Lema**

Creado en 2013 pola Fundación Fernando Blanco de Lema (Cee, A Coruña), coa colaboración da Deputación Provincial da Coruña e da Estación de Servicio Bazarra. Este concurso, centrado no tema da emigración, diríxese ao alumando dos centros escolares dos concellos de Carnota, Camariñas, Cee, Corcubión, Dumbria, Fisterra, Mazaricos, Muxía, Vimianzo e Zas. Hai tres categorías: A (3º Ciclo de Primaria), B (1º e 2º ESO), e C (3º e 4º ESO) e os premios consisten nas dúas categorías en 150 euros e un diploma para o primeiro premio; 100 euros e un diploma, para o segundo; e 50 euros e un diploma para o terceiro premio. O xurado, composto por Darío Areas Domínguez, Víctor Manuel Castiñeira Castro e José Ramón Rey Senra, decidiu conceder os seguintes premios: categoría A (2º e 3º Ciclo de Primaria), primeiro premio, Noa Lema Rial (CEIP Labarta Pose de Baio); segundo premio, Clara de Ramón Ayala (Colexio Manuel Riaz Mouzo de Cee); e terceiro premio, Teresa Cousillas Lema (CEIP Labarta Pose de Baio); na categoría B (1º e 2º ESO), primeiro premio, Nuria Vilariño Lema (IES Maximino Romero de Lema de Baio); segundo premio, Estela Ares Pérez (Colexio Manuela Rial Mouzo de Cee) e terceiro premio, Elisa Lema Gómez (IES Fernando Blanco de Cee); e na categoría C (3º e 4º ESO), primeiro premio Miranda Lago Formoso (Colexio Manuel Rial Mouzo de Cee); segundo premio, J. Manuel Bermúdez Piñeiro (Colexio Manuela Rial Mouzo de Cee); e terceiro premio, Alba Trillo Martínez (Colexio Manuela Rial Mouzo de Cee).

## XV Concurso de debuxo e relato da **Filloa**

Organizado pola comisión organizadora da MOEXMU (Mostra Exposición de Muimenta), poden participar os estudantes de Educación Primaria e Secundaria de calquera centro público ou privado dos concellos de Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Meira, A Pastoriza, Rábade e Vilalba. Estabelécense tres categorías: até os sete anos, de oito a once e de doce a dezaioito e hai tres premios por categoría (gañador, finalista e semifinlista). O formato debe ser de dous folios como mínimo e cinco como máximo, manuscritos ou mecanografados, por unha soa cara. Os traballos deben entregarse sen asinar indicando no encabezamento o título e/ou lema adoptado polo autor, xunto dun sobre cos datos persoais do autor, na Mostra Exposición de Muimenta-MOEXMU (Asociación de Empresarios de Muimenta, Recinto Feiral “Manuel Vila López”, s/n, Muimenta, 27377, Cospeito). O xurado estará formado polo presidente e un membro da comisión organizadora da MOEXMU, o alcalde do Concello de Cospeito ou un representante deste, un membro da xunta directiva da Asociación de Comerciantes, Empresarios, Profesionais, Gandeiros e Autónomos de Muimenta; un representante da Universidade de Santiago de Compostela, un empregado da entidade financeira patrocinadora do concurso e dúas persoas independentes das anteditas organizacións. En 2014 tivo lugar a XV edición, á cal se presentaron 207 traballos. Os premios foron entregados o 1 de maio de durante a celebración da XXIII Festa da Filloa. Os gañadores de relatos foron Rosalía Montero, por “Breixo cultiva millo no hospital”; María Pollán por “Unha aventura divertidísima”; Alba Rodríguez por “Filloa y esfolada

de maíz”; Beatriz Yáñez por “Que é a esfolla do maíz?”; Nabila Prieto por “A historia das filloas”; e Alejandro Fernández por “A filloa e a esfolla do maíz. O gran tesouro”.

## XVIII Certame **Francisco Añón de Poesía** Concello de Outes

Ver o apartado X.2. deste *Informe*.

## VII Certame literario **IES Ferrol Vello**

Co obxectivo de estimular a creación literaria e fomentar a súa difusión entre a mocidade, os Departamentos de Lingua Castelá, Lingua Galega, Inglés e Francés do IES Ferrol Vello, convocan esta certame dirixido ao alumnado do IES Ferrol Vello e de 3º ciclo de Primaria dos centros adscritos CEIP Cruceiro de Canido e San Rosendo. Estabelecéronse tres categorías: A (5º e 6º de Primaria), B (1º e 2º de ESO) e C (3º e 4º de ESO) e dúas modalidades (Poesía e Relato Curto). Na modalidade de poesía debían presentarse dous poemas como mínimo, con tema e forma libres, e na modalidade de relato curto, a extensión máxima foi de tres folios impresos ou cinco manuscritos. Os traballos debían estar escritos en lingua castelá, galega, inglesa ou francesa, ser orixinais e inéditos e entregarse baixo lema ou pseudónimo, xunto cun sobre cos datos persoais do autor. Concédense dous galardóns en cada categoría que consisten nun cheque regalo por valor de 60 euros en material deportivo/roupa e un libro, o primeiro premio; un cheque regalo por valor de 30 euros en material deportivo/roupa e un libro, o segundo premio; e os galardóns dos accésits son un cheque regalo por valor de 20 euros en material deportivo/roupa e un libro. No ano 2014 tivo lugar a VII edición. O xurado decidiu entregar os seguintes premios nas diferentes categorías foron: de 5º e 6º de Primaria, Uxío Merino Currás (en linguas castelá e galega) e Teresa Maroño Requejo (en lingua inglesa), e outorgáronse varios accésits; de 1º e 2º de ESO, Elisa Esperante (en linguas galega, inglesa e francesa), Eva Herrero (en lingua castelá) e outorgáronse tamén varios accésits; de 3º e 4º da ESO, Inés Lamas Cartelle (en linguas galega, francesa e inglesa) e Carmen Pilar Merino Currás (en lingua castelá) e ademais outorgáronse varios accésits.

## Premio de Narrativa do **IES Gregorio Fernández de Sarria**

Certame que, dende 2003, convoca o IES Gregorio Fernández de Sarria, coa colaboración dos concellos da comarca (Sarria, O Páramo, Paradela, Láncara, Samos e Triacastela), a Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, Obra Social de Caixa Galicia e área de Cultura da Deputación de Lugo. Está dirixido a todos os seus centros educativos de Primaria, ESO, Bacharelato e ciclos formativos e ao colexio Paul Eluard da Bretaña francesa para fomentar a afección á escritura e á lectura entre os escolares. As obras deben ser inéditas e escritas en lingua galega (preferentemente) ou castelá, agás o alumnado francés, que poden presentar os seus traballos na lingua francesa ou bretoa. A extensión máxima dos traballos é de oito folios para Bacharelato e Ciclos Formativos, seis para 2º da ESO, cinco folios para 1º ciclo da ESO, tres folios para 3º ciclo de Primaria e dous folios para 2º ciclo de Primaria. A temática debe centrarse nos valores culturais da comarca e os traballos téñense que enviar por triplicado ao IES Gregorio Fernández (Rúa Castelao, Sarria). Estabelécense os seguintes

premios, en metálico: na categoría Bacharelato e Ciclos formativos un premio de 300 euros; nas categorías de segundo ciclo da ESO e primeiro ciclo da ESO, un 1º premio de 300 euros e un 2º premio de 150 euros; e en 3º ciclo de Primaria un 1º premio de 300 euros, un 2º premio de 150 euros e un 3º premio de 100 euros; en segundo ciclo de Primaria un premio único de 120 euros, e para os traballos do Instituto Collége Paul Eluard un premio único de 120 euros. Os traballos gañadores son publicados en formato libro, nunha edición na que colabora a Obra Social de Caixa Galicia. No ano 2014 non se convocou por cuestións económicas.

#### X Certame literario **IES Sanxenxo**

Co obxectivo de fomentar a creatividade literaria e animar a ler e a escribir, o IES de Sanxenxo, a través da biblioteca do centro e en colaboración cos departamentos de galego, castelán, plástica e normalización lingüística convoca este certame. O traballo pode estar escrito en lingua galega ou castelá e en prosa ou verso, cunha extensión dun folio a dobre cara. Existen catro categorías: A (3º ciclo de Primaria), B (1º ciclo de ESO); C (2º ciclo de ESO) e D (Bacharelato) e dous premios de 50 euros e 30 euros en cada categoría, mediante vales canxeábeis nas librarías. O acto de entrega realizado o 14 de maio contou coa presenza de Roberto Salgueiro.

#### Certame **Imaxina Cantares!**

Organizado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa. Está dirixido ao alumnado dos centros educativos de titularidade pública, coordinado por profesorado pertencente ao equipo de dinamización da lingua galega. Trátase de elaborar unha produción audiovisual baseada nalgún dos poemas de *Cantares gallegos* de Rosalía e que a súa duración non supere os dez minutos. A modalidade do traballo é libre: poemas dramatizados, musicados, anuncios publicitarios ou curtas que se pde elaborar con distintas técnicas como *stopmotion* ou *lipdub*. Entre os obxectivos deste certame está dinamizar o uso do galego entre o alumando e promover o coñecemento de Rosalía e a súa obra. Establécense dous premios, un primeiro de 300 euros e un segundo de 200 euros, en cada unha das tres categorías contempladas: educación infantil e Primaria, educación Secundaria obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e ensinanza especiais. O profesorado coordinador dos traballos premiados recibirá unha certificación de innovación educativa e que equivalen a oito horas de formación permanente. No ano 2014 non se convocou.

#### VI Certame Artístico-literario **Intercentros**. Concello de Ames

Convocado polo Concello de Ames e dirixido ao alumnado do segundo e terceiro ciclo de educación Primaria dos colexios do ámbito municipal, este certame pretende valorizar e fomentar o uso da lingua galega. Poden presentarse individualmente ou por equipos. Os galardóns consisten en 100 euros para os primeiros premios, 80 euros para os segundos e 50 euros para cada un dos terceiros gañadores das dúas categorías: 1º categoría son 3º e 4º de Primaria; 2º categoría 5º e 6º de Primaria. Os gañadores foron: na primeira categoría: primeiro premio, Nerea Sánchez Lens por *Galicia*; segundo

premio, Cecilia Segade Fergus e Sabela Souto González por *Traganata*; e terceiro premio, David Sanjiao e Xael Rey Rubio por *Super Robot*. Na segunda categoría: primeiro premio, Raul Jiménez Cunqueiro por *A Familia Patacón*; segundo premio, Martín Alonso e Sergio Caramés por *O misterio de Pelicume*; e terceiro premio, Rodrigo Carballal Pazos e Alejandro Freiría Outes por *O tesouro dos galegos*.

## II Concurso Literario Escolar “**Inventa unha flor**”

Certame literario escolar en lingua galega convocado pola Asociación Sociocultural Muíño do Vento, coa colaboración dos centros educativos do ferrolán barrio de Canido para promover a participación na festa dos Maíos, de gran tradición nesa zona. A denominación do certame, “Inventa unha flor”, responde a unha tentativa para lembrar e estimular “os valores de cooperación, non violencia, beleza e respecto pola Natureza mediante a palabra e o mantemento dos costumes populares e da lingua” galega. O premio, de carácter simbólico, consiste na publicación conxunta dos textos gañadores nunha edición dixital e na semente dunha árbore. Cada centro educativo participante encargárase de organizar o certame segundo as súas posibilidades e idade do alumnado e de establecer as categorías que considere oportunas. Os textos presentaríanse en tamaño 12 e a súa extensión non será superior a dúas páxinas DIN-A4, incluída a ilustración. O día 3 de maio entregáronse os premios nos Xardíns da Fenía. Os textos presentados pertencían ao IES Canido, CEIP Juan de Lángara e Colexio San Rosendo, que logo se recolleron nun libro dixital que se publicou na web de Muíño do Vento.

### Premios **Irmandade do Libro**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

### Premios **Letras Galegas e Nadal**

Son moitos os concellos, colexios (APAS), asociacións, centros culturais e comerciais etc., que, por medio das súas bibliotecas, concellerías de cultura, aulas de normalización, gabinetes e ámbitos culturais convocaron premios para animar a xente nova e adulta a participar con motivo do Nadal e do Día das Letras Galegas, ben con relatos, microrrelatos, redaccións, poesías ou debuxos, como é o caso dos concellos de Ames, A Pontenova, Baiona, Begonte, Carnota, Marín, Melide, Monforte, Negreira, Ordes, Oroso, Outeiro de Rei, Rois, Santa Comba, Sarria, Sober, Soutomaior, Taboada, Vedra, Vilalba e Xermade; de asociacións como as ANPAS de Catoira, Valga e Pontecesures, a ANPA do colexio Apóstol Santiago, a Coordinadora Comarcal Terras do Umia (integrada polos equipos de dinamización dos centros educativos de Barro, Caldas, Curtis, Moraña e Portas), a Asociación Cultural Andarela de Sanxenxo, a Asociación Cultural de Santomé (Marín), a Asociación Falcatrueiros, o Liceo Casino de Tui, a Obra Social de Novacaixagalicia e a Biblioteca Provincial de Lugo; e centros de ensino como o colexio Compañía de María e o CEIP A Carballeira (Lourizán).

### **Referencias varias:**

- M. R., “El certamen vilalbés de las Letras Galegas repartirá 780 euros”, *El Progreso*, “A Chaira”, 24 abril 2014, p. 21.

Dá a coñecer a convocatoria do Certame Literario Xuvenil das Letras Galegas dirixido á nenez e mocidade da comarca da Terra Chá e explica, brevemente, as súas bases.

- A. R., “Falcatrueiros convoca un concurso de cuentos por el Día das Letras Galegas”, *El Progreso*, “A Ulloa”, 25 abril 2014, p. 18.

Dá a coñecer a convocatoria do Concurso de contos e poesía Lorenzo Varela con motivo da celebración do Día das Letras Galegas e explica, brevemente, as súas bases.

- M. R., “Cinco vilalbeses recollen no auditorio os premios do certame literario”, *El Progreso*, “A Chaira”, 17 maio 2014, p. 24.

Anuncia a entrega de premios do certame literario das Letras Galegas de Vilalba e nomea os galardoados nas diferentes categorías.

- M. G., “Entrega de los premios literarios a los escolares sonenses”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 923, 21 maio 2014, p. 6.

Dáse conta do acto de entrega, no Concello de Porto do Son, de premios literarios a escolares con motivo do Día das Letras Galegas.

- S. S., “Casi 300 trabajos se presentaron al Certame Literario”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 924, 22 maio 2014, p. 5.

Dáse noticia da entrega de premios do XX Certame Literario das Letras Galegas de Ribeira, ao que se presentaron 285 traballos nas tres categorías, a saber, prosa, poesía e banda deseñada.

- M. Manteiga, “Santa Comba entregou os premios cunha obra de teatro”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 926, 24 maio 2014, p. 4.

Infórmase da entrega de premios de redacción das Letras Galegas 2014 na vivenda comunitaria xalleira, acto no que tivo lugar unha representación teatral da escola municipal de Santa Comba.

- Marta Becerra, “Escolares a los que les inspiran las letras”, *El Progreso*, “Lugo”, “El despertador”, 28 maio 2014, p. 8.

Informa que a Biblioteca Nodal entregou os galardóns de debuxo e redacción convocados con motivo do Día das Letras Galegas e baixo o lema “Cociñando contos”. Noméanse os recoñecidos nas distintas categorías.

- M. M., “La biblioteca de Xermade premia siete trabajos en el certamen de las Letras Galegas”, *El Progreso*, “A Chaira”, 14 xuño 2014, p. 21.

Nomea os galardoados no Certame de Narración e Debuxo Infantil Letras Galegas 2014 en Xermade.

- M. R., “El certamen de las Letras Galegas de A Pastoriza premia a 15 escolares”, *El Progreso*, “A Chaira”, 18 xuño 2014, p. 17.

Comenta que tivo lugar na Pastoriza a entrega de galardóns do certame das Letras Galegas da biblioteca local e nomea os vencedores nas distintas categorías.

- C. A., “La biblioteca de Vilalba convoca el certamen de poesía infantil Nadal 2014”, *El Progreso*, “A Chaira”, 16 novembro 2014, p. 20.

Informa sobre o certame de poesía infantil Nadal 2014, organizado pola biblioteca municipal de Vilalba.

- M. M., “A biblioteca municipal de Xermade convoca un certame de poesía infantil”, *El Progreso*, “A Chaira”, 15 novembro 2014, p. 28.

Anuncia o certame de poesía infantil de Nadal convocado pola biblioteca municipal de Xermade e destácase que os poemas gañadores participarán nunha fase provincial convocada pola biblioteca de Lugo.

#### XVIII Concurso escolar de contos e poesía “Poeta **Lorenzo Varela**”

Creado pola asociación sociocultural Falcatrueiros de Monterroso (Lugo) para conmemorar o Día das Letras Galegas. Pode concorrer o alumnado de calquera centro educativo, público ou privado de Primaria, ESO e Bacharelato, cun traballo inédito en lingua galega, axustado á normativa vixente, e sobre un tema libre. Estabelécense catro categorías: A: nenos de seis a oito anos, cun máximo de dous folios DIN-A4 por conto, por unha cara e a dobre espazo; B: nenos de nove a once anos, cun máximo de catro folios DIN-A4 por conto e/ou dúas poesías de doce a dezaseis versos, por unha soa cara e a dobre espazo; C: nenos de doce a quince anos, cun máximo de catro folios DIN-A4 por conto e/ou tres poesías de doce a dezaioito versos, por unha soa cara e a dobre espazo; e D: mozos de dezaseis a dezaioito anos, cun máximo de cinco folios DIN-A4 por conto e/ou catro poesías de doce a dezaioito versos, por unha soa cara e a dobre espazo. Os traballos entregaranse na secretaría dos centros onde cursen os estudos, ou na Oficina de Falcatrueiros ou ben por correo a: Asociación Sociocultural Falcatrueiros, Rúa Mestre López Losada s/n, 27560 Monterroso (Lugo). Os traballos irán acompañados dun sobre pechado en que figuren os seguintes datos: nome e idade do participante, curso e centro onde estuda, e teléfono de contacto. Concédense tres premios por categoría; diploma, medalla e un lote de libros ou material escolar. Os gañadores daranse a coñecer na páxina en liña de Falcatrueiros así como nas redes sociais na que está presente, tamén nos taboleiros dos propios centros de estudo, así como na prensa a partir do día 15 de maio. En 2014 celebrouse a XVIII edición.

#### Certame literario **Luísa Villalta**

Convocado polo IES Isaac Díaz Pardo de Sada co obxectivo de homenaxear a poeta coruñesa e dirixido ao alumnado de Secundaria, conta con dúas categorías: poesía e relato curto e dous premios en cada categoría (1º premio de 200 euros e lote de libros; 2º

premio de 100 euros e lote de libros). Os premiados tamén recibirán un diploma. O prazo remata o 30 de abril. En 2014 non se convocou.

## XXII Certame literario **Maio Cultural de Aguiño**

A Asociación Cultural Francisco Lorenzo Mariño de Aguiño, de Ribeira, convoca este certame de prosa e poesía, dirixido ao alumnado de segundo e terceiro de Primaria de Aguiño, Carreira e Frións. Os textos, que deberán estar en galego, serán de temática orixinal e libre e presentaranse baixo pseudónimo. Poderán entregarse no Local Parroquial Francisco Lorenzo Mariño (R/ da Igrexa, s/n, Aguiño), na Casa da Cultura de Aguiño (Rúa Castelao, 49) ou no Auditorio Municipal de Riveira (P/ dos Mariñeiros, s/n); tamén se poderán enviar por correo a ACRV Francisco Lorenzo Mariño, R/ Mestre Xosé Sans, nº 21, 15965, Aguiño, Riveira, A Coruña, indicando que é para o “Certame literario Francisco Lorenzo Mariño – Maio Cultural de Aguiño 2014”.

## Certame de radacción escolar **Mariñeiro por un día**

Premio promovido pola Real Liga Española en Lugo que pretende divulgar a actividade pesqueira entre o alumnado. Conta coa colaboración da Consellaría de Cultura e Educación, da cofradía de pescadores de Celeiro e do diario *El Progreso*. A premiada nesta edición do ano 2014 foi Marta Mera Fernández, do colexio Virxe do Monte de Cospeito.

## **Referencias varias:**

- Marta Becerra, “Más de 600 escolares escriben sobre la mar”, *El Progreso*, “Lugo”, “El despertador”, 16 xaneiro 2014, p. 10.

Informa do acto de entrega do premio e dá conta dos autores e cadansúa obra gañadora.

## III Certame de Banda Deseñada de **Mesía**

Concurso convocado dende 2012 polo Concello de Mesía (A Coruña) e o CPI de Xanceda para conmemorar o Día das Letras Galegas. Poderá concorrer o alumnado de todos os centros educativos deste concello cunha creación individual de dúas páxinas e temática libre que se axuste ao modelo que deben recoller nos centros educativos ou na Casa da Cultura. As creacións entregaranse nos propios centros educativos, acompañadas dun título e alí asignaráselle un número. O prazo de entrega remata o 30 de abril, e no mes de maio expóranse no CPI e no blogue [bdmesia.blogspot.com](http://bdmesia.blogspot.com). O xurado está composto pola Comisión de Biblioteca do Consello Escolar do CPI de Xanceda e presidido por un ilustrador galego, quen colabora co certame e ilustrou o cartel promocional. Valorarase o uso correcto e creativo da lingua, a orixinalidade, a lexibilidade, a presentación, e a historia. En cada categoría dos niveis de ensino concederanse tres premios e dúas mencións especiais (unha para a creación máis valorada no blogue e outra para a mellor que teña como tema a figura á que se dedica nesa edición o Día das Letras Galegas) e os galardóns entregaranse na Semana das



Letras Galegas. Na terceira edición de 2014 acordou conceder os seguintes galardóns: na categoría de Educación Infantil, o primeiro premio ao traballo de Nicolás Otero Botana, o segundo a Lucas Rodríguez e o terceiro a Sara Martínez Quindimil; na categoría de Educación Primaria, o primeiro premio foi para Dani García Neira, o segundo para Yaiza Fernández Gómez e o terceiro para Antón Quindimil García; na categoría de Educación Secundaria Obrigatoria, o primeiro premio foi para Victoria Iglesias e o segundo para Belén Ferreiro Carro. A Mención Especial para a Banda Deseñada baseada na vida de Xosé María Díaz Castro recaeu en Andrea Louro Vázquez.

## XLII Certame Literario **Minerva. Colexio Peleteiro de Santiago**

Certame convocado polo Colexio Manuel Peleteiro de Santiago dende o ano 1972 e conseguido por escritores consolidados hoxe en día como Lois Diéguez, Ánxeles Penas, Darío Xohán Cabana, Anxo Rei Ballesteros, Suso de Toro ou Xabier Queipo. Nel pode participar o alumnado de segundo ciclo da Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato, que curse os seus estudos en centros de Galicia e non teña cumpridos os vinte anos o 31 de decembro do ano en curso. Os traballos deben ser orixinais e inéditos, escritos en lingua galega e poden concorrer nas seguintes modalidades: poesía (un conxunto de tres poemas, de tema e formas libres) e narración (de tema libre e dunha extensión máxima de seis folios, mecanografados a dobre espazo). Envíanse cinco exemplares, con pseudónimo ou lema, xunto a un sobre pechado no que figuren os datos do autor, e deben vir selados polo Seminario de Galego para acreditar a súa condición de alumno ou alumna do centro. No exterior do sobre deben figurar o pseudónimo ou lema e o título da obra e deben remitirse ao Certame Literario Minerva (Colexio M. Peleteiro, San Pedro de Mezonzo, 27, 15701 Santiago de Compostela). Concédense tres galardóns en cada unha das dúas modalidades, de 600 euros, 400 euros e 250 euros respectivamente, medalla de prata conmemorativa do certame e publicación das obras galardoadas nun libro editado polo centro que convoca o certame. O xurado, que está constituído por escritores e profesorado de lingua ou literatura de distintos centros de Galicia, dá a coñecer o seu ditame nos medios de comunicación e a entrega de premios celébrase no decorrer dun acto literario organizado no centro educativo. Durante o acto, os galardoados deben ler a súa obra total ou parcialmente. Na XLII edición do ano 2014 presentáronse cento oitenta e dous traballos (cento dezasete en narración e sesenta e cinco en poesía). O xurado, na modalidade de narración, estivo presidido por Manuel Quintáns Suárez e composto polos vogais Armando Requeixo Cuba, Inmaculada Otero Varela, Amancio Liñares Giraut e Josefa Lourido. Nesta modalidade a gañadora foi Ana María Añel Prieto, do IES Xesús Taboada Chivite de Verín, con “O segredo”; o segundo premio foi para Alba Sofía Naseiro Lamas, do IES Basabanta Silva de Vilalba, por “Literatura”; o terceiro para Sara Vázquez Mera, do IES Val do Tea de Pontearreas, por “Xantofila”; e recibiron accésits Icía Rodríguez Arias, do IES Francisco Aguiar de Betanzos, con “Xadrez”; Pablo Fernández Álvarez, do IES Auga da Laxe de Gondomar, con “Ninguén vive para sempre pero iso non é motivo para renderse”; e Marina Ruíz Puy, do Colexio Peleteiro de Compostela, con “Memorias dun morto”. Na modalidade de poesía o xurado estivo presidido por Luis Alonso Gírgado e composto polos vogais Mario Regueira, Berta Dávila, Xiana Arias e Francisco Mateo. Resultaron galardoados co primeiro premio Antón Blanco Casás, do IES Miguel Ángel González Estévez, con “A danza dos xacentes”; co segundo premio Paula Antía Rey Baliña, do IES Macías o Namorado de Padrón, por “Oí pnéontes: os que respiran”; e co

terceiro Kai Lois Baltrusch Montero, do Colexio Peleteiro de Compostela, por “Instantáneas”; e recibiron accésits Alexandre Fernández Peón, do IES Sánchez Cantón, por “Nocturno”; María Vilas Pazos, do IES Macías o Namorado de Padrón, por “O indómito do que non vibra”; e Santiago Alonso Pérez, do IES Monelos da Coruña, por “No campo triunfal dos mortos”.

### **Referencias varias:**

- A. Iglesias, “El colegio Peleteiro pone en marcha los 42 Premios Minerva”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 23 xaneiro 2014, p. 28.

Anuncia a convocatoria da 42 edición dos Premios Literarios Minerva, a cargo do colexio Manuel Peleteiro, e explica brevemente as bases.

- ECG, “Os premios literarios para escolares Minerva serán entregados o 20 de maio”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 26 abril 2014, p. 26.

Dá conta da entrega de premios da XLII edición dos Premios Literarios Minerva e explica, brevemente, cales eran as bases.

- Ana Iglesias, “Ana Añel y Antón Blanco, ganadores de los XLII Minerva”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 29 abril 2014, p. 26.

Fala da XLII edición dos Premios Literarios Minerva e cítanse os vencedores nas distintas categorías.

- Ana Iglesias, “Galardones para escolares por su buen hacer literario”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 16 maio 2014, p. 27

Fálase da XXV edición do certame literario organizado pola APAP do colexio Manuel Peleteiro para conmemorar o Día das Letras Galegas e cítanse os vencedores nas distintas categorías.

- Ana Iglesias, “Los Minerva constatan el futuro de las letras gallegas”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 21 maio 2014, p. 28.

Informa que tivo lugar a entrega de galardóns da XLII edición dos Premios Literarios Minerva e cítanse os vencedores nas distintas categorías.

- P. Calveiro, “Elegidos por la musa de la literatura”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Santiago”, 21 maio 2014, p. L7.

Comenta que tivo lugar a entrega de galardóns da XLII edición dos Premios Literarios Minerva e nomea os vencedores nas distintas categorías.

### **XIV Premios Muralla de Lugo de Debuxo e Redacción Infantil**

Co motivo do aniversario da concesión do título de Patrimonio da Humanidade a favor do monumento, a Xunta de Galicia, o Excmo. Concello de Lugo, a Vicepresidencia Primeira da Excma. Deputación Provincial de Lugo, a Universidade de Santiago de Compostela, Telelugo e *El Progreso*, convocan estes premios dirixidos a nenas e nenos até doce anos de idade. A temática debe referirse á muralla romana de Lugo, a paz, a solidariedade e o respecto ao medio ambiente ou todos aqueles valores que contribúan manifestamente á concordia, á convivencia e o entendemento entre os pobos do mundo, sendo referencia obrigatoria a muralla romana de Lugo. O autor pode presentar un máximo de dous traballos por categoría (debuxo, cun formato que non supere o 30x30 cm.; e relato que non supere os tres folios DIN-A4) e debe remitilos nun sobre cos seus datos persoais, incluído o teléfono de contacto, ao diario *El Progreso* (Rúa Puro Cora 3, 27002 Lugo). Poden estar escritos tanto en galego como en castelán. O prazo de entrega remata o 31 de marzo e o xurado estivo conformado por un representante de cada un dos convocantes. Na categoría de debuxo gañou Alberto Ferro Vázquez, do Colexio María Auxiliadora-Salesianos de Ourense; na categoría de relato gañou Aroa Lombardía Freire, de Lugo.

#### Premio Literario Escolar **Afundación** (antes **Novacaixagalicia**)

Convocado por primeira vez no ano 2008 coa intención de promocionar a creación literaria no ámbito escolar, poden presentarse alumnos dos niveis de ESO e Bacharelato, dos centros de Galicia e a partir do ano 2009 alumnos de terceiro ciclo de Primaria. Tras unha primeira selección no centro, poden enviarse un máximo de doce traballos en total, tres por cada nivel: 3º ciclo de Primaria, 1º ciclo de ESO, 2º ciclo de ESO e Bacharelato. Os traballos deben ser orixinais e inéditos, escritos en lingua galega ou castelá, de xénero poético ou narrativo. En poesía deben presentarse tres poemas de tema e forma libres, no caso de narración o texto ten que ter unha extensión máxima de cinco folios mecanografados a dobre espazo e de tema libre. Os exemplares preséntanse por quintuplicado con título e o pseudónimo ou lema; e nun sobre pechado os datos persoais do autor, así como o nome do profesor que avalaba a presentación do orixinal. Os exemplares deben remitirse ao Centro Social Caixanova (Policarpo Sanz, 24-26, 36202 Vigo). Entrégase un premio por cada nivel e consiste nun equipo informático completo (ordenador portátil e impresora) para os estudantes e un ordenador portátil para os mestres. No ano 2014 non se convocou.

#### II Certame **No Verán: refréscate cos libros**

Creado en 2013 polo Concello de Marín para potenciar o emprego da lingua galega na escritura entre o alumnado de Primaria do municipio marinense. Estabelécense tres categorías: 1º e 2º (primeiro ciclo), 3º e 4º (segundo ciclo), e 5º e 6º (terceiro ciclo). O gañador de cada categoría recibirá un cheque polo valor da totalidade do custo dos libros de texto do próximo curso; o segundo, un cheque pola metade do custo dos libros; e o terceiro, un cheque polo valor da terceira parte do custo do material escolar. As narracións deberán tratar unha temática relacionada cos libros e o verán, ser inéditos e non galardoados con anterioridade. Poderán ter unha extensión máxima de dúas páxinas en formato DIN-A4, por unha soa cara. O concello ofrece a posibilidade de que cada centro educativo realice unha preselección dos traballos a presentar entre o seu alumnado. As narracións enviaranse nun sobre pechado onde se indique o nome e

apelidos do alumno, idade, curso e centro no que estuda, e un teléfono de contacto. O ditame do xurado, composto por María Engracia Vicente Izquierdo, Beatriz Rodríguez Gómez e Alberto Mallo Area, deuse a coñecer o 18 de xuño e a entrega dos galardóns tivo lugar día 21 nun acto celebrado no salón de actos do Museo Torres. Na categoría de primeiro ciclo o gañador Andrea Villanueva Freire, por “A aventura do verán”; o segundo premio foi para Javier Álvarez Gutiérrez, por “O libro que non tiña letras”; e o terceiro foi para Candela Santiago Bermúdez, por “Unhas vacacións diferentes”. No segundo ciclo levou o primeiro premio Hugo Garrido Couñago, por “Darkicielo”, o segundo premio Rodrigo Vázquez Otero, por “O loureiro máxico” e un terceiro premio foi para Pablo Morgade Muradas, por “Paspallás”. No terceiro ciclo gañou Ana Barros Fernández, por “Unhas vacacións inesquecibles”; o segundo premio José Manuel Amestoy López, por “Sempre hai esperanza”; e o terceiro quedou deserto.

#### **Referencias varias:**

- Laura Moure, “Entrega de los premios del certamen ‘No verán refréscate cos libros’”, *Diario de Pontevedra*, “O Morrazo”, “Bueu”, 20 xuño 2014, p. 16.

Anuncia a entrega de premios do II Certame Literario do Concello de Marín que terá lugar no Museo Municipal Manuel Torres e nomea os galardoados.

#### **VI Concurso de relato curto Novos Talentos de Coca-Cola**

Organízao a Fundación Coca-Cola para fomentar a escritura creativa entre os escolares de 2º ESO e conta co apoio institucional da Consellería de Educación da Xunta de Galicia. Consta de dúas modalidades: relato curto e vídeo-relato, e dunha convocatoria a nivel estatal en castelán e diferentes edicións do concurso a nivel autonómico, apostando polas distintas linguas oficiais (galego, éuscaro e catalán). A edición en galego ten varias fases: unha fase escolar, na que o docente seleccionou os alumnos que representan o centro escolar na fase provincial, celebrada no mes de abril nas principais cidades galegas, na que se escollen seis participantes, que reciben un obsequio e un lote de artigos marca Coca-Cola. Posteriormente, na fase autonómica participan o relato gañador de cada sector provincial que recibe unha viaxe de carácter cultural e de ocio, e na fase nacional participan os dezasete finalistas e un xurado estatal selecciona os seis mellores relatos, dos que sae o relato gañador. Os participantes teñen que escribir un relato curto en menos de dúas horas a partir de seis palabras que deben incluír no traballo, dunha extensión máxima de dúas follas. Na VI edición do ano 2014, os gañadores dos seis sectores territoriais foron: na Coruña, Carmen Gloria Cernadas Lema (CPI de Zas); en Ferrol, Hugo Paz Prieto (IES Saturninon Montojo); en Lugo, Marta Pérez Vázquez (IES Vilar Ponte de Viveiro); en Pontevedra-Ourense, Belén Ferreira Reguera (IES Illa de San Simón) e María Castaños Gómez (IES San Tomé de Freixeiro de Vigo). Finalmente resultou vencedora por Galicia Noelia Blanco polo relato “Bipolaridade”.

#### **Referencias varias:**

- M. G. M., “Un manantial de agua dulce como fuente de inspiración para 125 promesas literarias”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 22 marzo 2014, p. 13.

Comenta que na versión galega do Concurso de Relato Curto de Coca-Cola participaron alumnos de máis de trinta colexios.

- ECG, “Noelia Blanco Pájaro gaña o Coca-Cola de Novos Talentos de Relato Curto”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 7 xuño 2014, p. 44.

Refire que Noelia Blanco Pájaro resultou gañadora na VI edición do Concurso Novos Talentos de Relatos Curtos e nomea os finalistas.

### Contos con **Olmiño**

Convocado pola Asociación de Nais e Pais Os Olmos do colexio San Tomé (Cambados) dende 2013. Os galardóns entregáronse no auditorio municipal o 20 de novembro, nun acto conmemorativo do Día Universal del Niño, no que se tamén houbo unha sesión de títeres. En 2014 non se convocou.

### III Certame Literario **O Noso Lar**

A Fundación O Noso Lar creou no ano 2012 este certame literario, que ten como fin fomentar e promocionar a creatividade literaria das crianzas e mocidade. Consta de tres categorías: nenos de até 14 anos, mozos de 15 a 18 e de 19 a 25 anos. Os premios para cada categoría serán de 200 euros para o primeiro e de 100 euros para o segundo. O xurado compuxérono as mestras Ana Abelenda Canedo, Patricia Anta Palomo e a membro do Padroado Ángela Noguerol. Nesta terceira edición, concedéronse os seguintes premios: na modalidade de nenos de até 14 anos, resultou gañadora a obra “A partida”, de Efrén López Zarauza; o segundo premio foi para “Recordos daquel tempo”, de Belén Garañana Durán; na segunda categoría, o xurado declarou deserto o primeiro premio e o segundo premio foi para “Un rapaz do rural”, de David Vila Lemos. Na terceira categoría, o primeiro premio quedou deserto e o segundo foi para “Non digas nin mu”, de María Nerea Capón Lamelas.

### **Referencias varias:**

- L. P., “El concurso literario de O Noso Lar recibe 70 obras”, *El Progreso*, “Sarria”, 8 maio 2014, p. 22.

Anúnciase a entrega de premios do concurso literario convocado pola fundación O Noso Lar de Samos, que se dirixe á nenez e mocidade da provincia de Lugo.

### Certame Literario da Asociación Cultural A **Pipa de Becerreá**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

## VIII Certame de recolla da tradición oral galego-portuguesa **Ponte nas ondas!**

Organizado pola Asociación Cultural e Pedagóxica “Ponte... nas ondas!” e a Cátedra de Eurorrexión da Universidade de Vigo, coa colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Direção Regional de Educação do Norte (DERN), co obxectivo de que os centros escolares continúen co labor de conservación do Patrimonio Inmaterial Galego-Portugués, contribuíndo á promoción e transmisión das expresións desta tradición. Existen catro categorías de premios: ensino primario, secundario, Bacharelato e ciclos formativos. No ano 2009 engadiuse a categoría de ensino universitario. Cada un deles recibe un primeiro premio de 750 euros e un segundo de 300 euros. Os traballos poden ser de calquera das expresións da tradición oral, tanto en prosa como en verso, e deben remitirse á Asociación ponte nas ondas! (Rúa Rosalía de Castro, 67, 36450, Salvaterra do Miño). No ano 2014 non se convocou.

## XVI Concurso **Reboraina**

Patrocinado por Abanca, o Concello de Redondela (Gabinete de Normalización Lingüística), Exclusivas Ucha, a Xoiería Groba e a Editorial Anaya, está organizado polo CEIP Santo Paio de Abaixo de Reboreda. Premia relatos escritos en lingua galega cunha extensión mínima de dous medios folios por unha soa cara para a categoría A (alumnos de 3º, 4º, 5º e 6º de Primaria) e de catro medios folios por unha soa cara para a categoría B (ESO). Os textos deben presentarse baixo pseudónimo na secretaría. Os relatos premiados son publicados na revista escolar *Bolboreta*. Os galardóns consisten: na categoría A nun cheque por valor de 150 euros e lote de libros, e na B en 200 euros, 150 euros e 100 euros. Na categoría A resultaron gañadores: primeiro premio, “O tesouro da Ponte de Rande”, de Manuel Lorenzo Puga; primeiro accésit, “Unha noite máxica”, de Dafne Amoedo Vara; segundo accésit, “A árbore de libros”, de Ignacio Castro Couñago; terceiro accésit, “O mago aprendiz”, de Lucía Rodríguez Vilas; e o cuarto accésit, “O planeta perdido”, de Diego Muíños Míguez. Na categoría B resultaron gañadores: primeiro premio, declarado deserto; segundo premio, “O cambio de Leire”, de Claudia Kaulbarck Amoedo; terceiro premio, “O fantasmas de consciencia”, de Miguel Rancaño Mígues.

## III Concurso de **Relato Curto Concello do Grove**

Convocado dende 2012 pola Concellería de Educación do Grove co obxectivo de fomentar a escrita creativa e o gusto pola lectura entre o alumnado matriculado nos centros educativos de segundo ciclo de Secundaria e de Bacharelato desa localidade pontevedresa. Estabelécense dúas modalidades: unha para Bacharelato e outra para o segundo ciclo da Educación Secundaria Obrigatoria. A temática é libre, a extensión será entre 400 e 600 palabras, escrito en ordenador, con letra Arial de 11 puntos, a dobre espazo e en folios de DIN-A4. O premio consiste nun cheque de 100 euros para gastar no comercio local e un lote de libros, ademais da publicación do relato na revista local *Sustansia* do mes de abril, coincidindo coa celebración do Día do Libro e do Día do Libro Infantil. Na terceira edición de 2014 o relato gañador foi “Un doce final”, de Lucía Bagnasco Silva (IES Monte da Vila), e o primeiro accésit foi para Carme

Domínguez Prol. O acto de entrega realizouse o día 6 de abril na biblioteca municipal do Grove.

### Referencias varias:

- T. M., Lucía Bagnasco gana el “III Concurso de Relato Curto”, *Diario de Arousa*, “O Grove”, 19 marzo 2014, p. 15.

Informa que Lucía Bagnasco Silva resultou gañadora coa súa obra *Un doce final* na terceira edición do concurso de relatos organizado polo Concello do Grove.

### Concurso Escolar de Poesía “**Rosalía de Castro**”

A Fundación Rosalía de Castro e El Corte Inglés crearon en 2013 un concurso de poesía para o alumnado de Secundaria e de Bacharelato con motivo da conmemoración do 150 aniversario da publicación de *Cantares gallegos* e para difundir no mundo escolar a relevancia desta obra e da súa autora. Nas bases estableceron tres niveis de participación: 1º ciclo da ESO, 2º ciclo da ESO e Bacharelato. As obras deberán ser orixinais e inéditas e estar redactadas en galego, sobre un tema e forma poética libres e cunha extensión máxima de 50 versos. Cada autor poderá concorrer cun máximo de dous traballos, que se presentarán nun sobre pechado, no exterior figurarán o título, o nivel educativo e o pseudónimo, e no interior unha nota cos seguintes datos: título da obra, nome e apelidos do autor, curso e centro educativo, enderezo postal e correo electrónico do autor. O prazo de admisión de orixinais remata o 17 de maio e remitiranse aos centros de El Corte Inglés en Galicia (localizados na Coruña, Santiago de Compostela e Vigo). En cada categoría concédense un premio e dous accesits: o primeiro premio recibirá un iPad 32GB; o primeiro accesit, unha tarxeta agasallo de El Corte Inglés por valor de 200 euros, e o segundo outra tarxeta por valor de 100 euros. Na segunda edición de 2014, o xurado, composto polos escritores Elvira Riveiro, Xavier Xil e Anxo Angueira (presidente da Fundación Rosalía de Castro), e por José Manuel Blanco, director de Comunicación e Relacións Externas de El Corte Inglés Galicia, concederon os seguintes galardóns: Categoría 1º ciclo da ESO, Andrés Fernández (Seminario Diocesano de Lugo); 1º accésit, Elena Sotelo Prol (Colexio Peleteiro de Vigo); e 2º accésit, Andrea Insua Ramos (IES Terras do Xallas, Santa Comba); Categoría 2º ciclo da ESO: Laura Espiño dos Santos(Riobó, A Estrada), 1º accésit: Elena Fernández Troncoso (IES Pinso Manso do Porriño) e 2º accésit: Xesús Conde García (IES Pino Manso do Porriño); e na categoría Bacharelato: Paula Antía Rey (IES Macías O Namorado, Padrón); 1º accésit, Marcela Porto Mato (Codeseda, A Estrada); e 2º accésit, Sabela Rodríguez Reino (Calasancias da Coruña). A entrega dos galardóns foi na Casa-Museo Fundación Rosalía de Castro (Herbón-Padrón) o 20 de xuño durante un acto poético-musical ao que asisten tamén familiares, profesores e compañeiros dos gañadores.

### Referencias varias:

- A. I., “II Concurso escolar de poesía Rosalía de Castro”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 27 maio 2014, p. 29.

Anuncia o II Concurso Escolar de Poesía Rosalía de Castro para o alumnado de Secundaria e Bacharelato.

- C. B., “Laura Espiño y Paula Rey, premios Escolar de Poesía”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 941, 9 xuño 2014, p. 7.

Di que Laura Espiño e Paula Rey resultaron gañadoras no II Concurso Escolar de Poesía organizado pola Fundación Rosalía de Castro en colaboración co Corte Inglés.

- A. Iglesias, “Poesías para recordar a Rosalía de Castro”, *El Correo Gallego*, “*Santiago*”, 11 xuño 2014, p. 23.

Fala do II Concurso Escolar de Poesía Rosalía de Castro para o alumnado de Secundaria e Bacharelato e cita os vencedores nas distintas categorías.

- Rosario Ferreira, “, “O recordo e a obra de Rosalía viven na memoria colectiva”, *El Correo Gallego*, “*Tendencias*”, 16 xullo 2014, p. 35.

Informa do acto conmemorativo do aniversario do pasamento de Rosalía de Castro celebrado na Casa-Museo Rosalía de Castro en Padrón. Indica en primeiro lugar a presenza e participación de Anxo Angueira, Xesús Vázquez Abad, Luís González Tosar, Gonzalo Herme, Leticia Costas, Luz Pozo e Cesáreo Sanchez, para despois destacar a presentación da nova entrega da *Revista Galega de Educación*, a cargo de Mercedes Queixa e Anxo Angueira; dos volumes *Tres Rosalías* (2014), de Pepe Barro e *Letras de Díaz Castro*, de Ramón Villares; e do volume elaborado a partir dos galardoados e galardoadas do II Premio de Poesía Escolar Rosalía de Castro, a cargo de José Manuel Blanco.

Uxía López, “Versos e música para Rosalía”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*” “*Comarcas*”, 16 xullo 2014, p. L9.

Dá conta do acto conmemorativo da figura de Rosalía de Castro celebrado na Casa-Museo da Matanza, en Padrón, co gallo do aniversario do seu pasamento. Salienta a presenza dos alcaldes de Padrón e Rois, os secretarios xerais de Cultura e Política Lingüística, Anxo Angueira, Anxo Lorenzo, Ramón Villares, Méndez Ferrín, Ana Blanco e Xosé Luís Axeitos, e conclúe cunha referencia á presentación do poemario *De papoulas e destrución* (2014), de José Manuel Blanco, que recolle as composicións merecentes do Premio Escolar Rosalía de Castro.

#### IVº Concurso Literario de Relato Curto **Se amamos, pactamos**

Certame convocado pola Biblioteca Antón Losada Diéguez, polo Equipo de Normalizaicón e Dinamización Lingüística e o Club de Lectura “Retelladores do galiñeiro” e que está dirixido á comunidade escolar do IES Antón Losada Diéguez. O relato non debe conter máis de 3.000 caracteres con espazose a temática xirará sobre as relacións de igualdade dentre homes e mulleres, sobre a necesidade de establecer relacións positivas baseadas nos bos tratos e a liberdade de elixir sobre as nosas vidas e esixir respecto do outro. O prazo límite remataba o 17 de decembro. Existen dúass



categorías: para o alumnado de 1º, 2º, 3º da ESO e PCPI; e para o alumnado de 4º da ESO, 1º e 2º de Bacharelato, Ciclos e Adutlso. En ambos casos a contía será de 25 euros.

#### **Referencivas varias:**

- C. B., “Concurso contra la violencia en el Losada Diéguez”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.108, 27 novembro 2014, p. 7.

Infórmase da convocatoria do certame *Se pactamos, amamos*, concurso de fotografía e relato curto organizado polo IES Antón Losada Diéguez.

#### **IV Concurso Radiofónico de Teatro Lido de Ames Desata a lingua!**

Convocado polo Concello de Ames pretende dinamizar o uso do galego entre a mocidade e fomentar o gusto polo teatro. Dirixido a grupos de 2-6 alumnos de 2º Ciclo da ESO e Bacharelato, os textos teñen que estar escritos en lingua galega e tratar a situación social do galego. A duración das pezas ten que oscilar entre os cinco e os dez minutos. Os grupos teñen que inscribirse no IES de Ames e as montaxes das pezas realízanse na Radio Municipal de Ames. A emisión das pezas ten lugar en Radio Ames. Existen cinco premios: o do público, mellor guión orixinal e mellor interpretación cunha contía de 200 euros; e o do mellor interpretación masculina e feminina, que carece de dotación económica. A entrega de premios realizouse o 4 de decembro. Na IV edición do ano 2014, Catalina González Bermúdez recibiu o premio do público pola obra *A maquillaxe*; mentres que Jorge Expósito Patiño e Daniel Expósito Patiño, autores da peza *A regularidade*, obtiveron o premio de mellor guión orixinal e o premio á mellor interpretación foi para Camila Caffarelli Popowicz e Rosalía Cid Tarrío coa obra “Cousas da vida”.

#### **XXIII Certame de Teatro Local de Monforte de Lemos**

Convocado pola delegación de cultura e educación do Concello de Monforte de Lemos para que participen todos os centros de ensino da localidade con representacións que terán lugar no salón de actos da Casa da Cultura monfortina. As obras deben ter unha duración mínima de media hora e estrearse nese certame. Os premios consisten nun diploma e unha placa conmemorativa para todos os centros participantes.

#### **XXXIV Certame Terra Chá de Literatura e Debuxo Infantil**

Organizado pola Asociación Cultural Xermolos de Guitiriz, conta coas seguintes modalidades de participación: a) debuxos e pinturas, b) contos e c) poesías. Os contos e poesías deben ter unha extensión máxima de dous folios. Conta con dous grupos de premios, ca mesma calidade e cantidade: un para os traballos procedentes da Terra Chá, e outro para os traballos dos outros colexios, escolas e institutos galegos. Estabelécense tres premios (100 euros para o primeiro, 60 euros para o segundo e 40 euros para o terceiro, investidos en libros, discos...) para cada nivel e especialidade: Educación

Infantil, tres ciclos de Educación Primaria e dous Ciclos de Educación Secundaria e Bacharelato. Os traballos deben mandarse antes do 31 de maio nun sobre pechado cun lema e outro sobre cos datos persoais do autor a Asociación Cultural Xermolos (Apartado 4, 27300 Guitiriz, Lugo). O tema nesta edición do ano 2014 ten que estar relacionado con Díaz Castro. Os premios fanse públicos a comezos do mes de xuño e serán entregados o 3 de agosto durante o Festival de Pardiñas. En poesía, 1º ciclo de primaria: Uxía Castelo Quintanilla e Paula Rodríguez González; 2º ciclo de primaria: Nerea González, Paula Balsa Díaz, Alba Folgueira Corral, Maite Villar Sánchez, Manuel Lorenzo García, Paula Ferreiro Vázquez e Samuel Alvarinho Armado; 1º ciclo da ESO: Ismael Francos López e Alba Bergantiños Torres; e 2º ciclo da ESO: Fátima Fernández García. En prosa 1º ciclo de primaria: Luis Rivas Carballal e Sara Paz Miragaya; 2º ciclo de primaria: Carlota Millor Prado, María Elisa Sanmartín Campelo e Cristina Paderne Roca; 1º ciclo da ESO: Oscar López Felpeto; 2º ciclo da ESO: Eva Fernández Paderne; e Bacharelato Laura Rodríguez, Nerea Seijas e Eva López Seijas.

### Referencias varias:

- M. R., “El Certame Terra Chá repartirá 21 premios en su 35 aniversario”, *El Progreso*, “A Chaira”, 5 maio 2014, p. 10.

Dá a coñecer a convocatoria da trixésima quinta edición do Certame Terra Chá de literatura e debuxo infantil, cuxo tema deberá xirar ao redor da figura de Xosé María Díaz Castro. Explica, brevemente, as súas bases.

- C. A., “El Certame Terra Chá de literatura y dibujo infantil cita a más de 1.800 escolares”, *El Progreso*, “A Chaira”, 31 xullo 2014, p. 15.

Indica o nivel de participación que tivo a trixésima quinta edición do Certame Terra Chá de literatura e debuxo infantil. Noméase tamén aos gañadores nas distintas modalidades (debuxo, poesía e prosa) e niveles educativos (infantil, primaria, secundaria e bacharelato).

### VII Concurso de microrrelatos e micropoemas **Terras do Umia**

Dirixido a todos os centros educativos que integran a Coordinadora Comarcal Terras do Umia, formada polos concellos de Barro, Caldas de Reis, Cuntis, Moraña e Portas. Os textos deben estar escritos en galego, de temática libre, pero deben conter obrigatoriamente para esta edición do ano 2014 a palabra cincocentas. Conta con dúas modalidades: microrrelato, cun máximo de 100 palabras, e micropoema, de dous a catro versos. Os traballos deben presentarse no EDLG antes do 18 de febreiro de 2015. Conta coas seguintes categorías: A (infantil), B1 (1º ciclo de Primaria), B2 (2º ciclo de Primaria), B3 (3º ciclo de Primaria), C (Secundaria), D (Bacharelato) e E (profesorado, pais e persoal non docente). O xurado, composto polos coordinadores dos equipos de dinamización da lingua dos centros participantes e unha persoa de recoñecido prestixio no mundo literario, concede un premio comarcal por categoría. Algúns dos gañadores foron: Vera Monteagudo Vázquez (en B3) e Elba Abalo (en A).

## XX Certame de Contos e Relatos Curtos **Trapero Pardo**. Concello de Lugo

Dende o ano 1995 o Concello de Lugo convoca para todos os alumnos e alumnas de entre doce e dezaioito anos de calquera centro público ou privado este certame de contos e relatos curtos que conta con dúas categorías: unha para rapaces entre doce e catorce anos e outra para mozos entre quince e dezaioito anos. Os contos deben ser de temática libre, escritos en lingua galega e cunha extensión máxima de dez páxinas e remitidos á Concellería de Educación (Centro Social Uxío Novoneyra 3º andar. Rúa Quiroga Ballesteros, n.º 1–27001 Lugo). Estabelécense tres premios en cada categoría. Na categoría de 12 a 14 anos, o primeiro premio foi para Sofía Valiña Cabo por “Nunca medrar”; o segundo premio foi para Iago Penalonga Arribas por “A vila da felicidade”; e o terceiro premio foi para Silva Díaz Rodríguez por “O tesouro do avó”. Na categoría de 15 a 18 anos, o primeiro premio foi para María Sonsoles Gutiérrez por “Os saltadores”; o segundo premio foi para Antía Sánchez Magdalena por “A un paso dos teus soños”; e o terceiro premio quedou deserto.

### **Referencias varias:**

- X. C. V., “Dos alumnos de Burela y Vilalba ganan los premios Trapero Pardo de relato”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 10 xaneiro 2014, p. 45.

Nomea os alumnos galardoados na XIX edición do certame Trapero Pardo de relato curto, convocado polo Concello de Lugo.

## XXIV Concurso de Contos **Vila de Pontedeume**

Convocado polo Concello de Pontedeume e dirixido ao alumnado de segundo ciclo de ESO, Bacharelato e ciclos formativos de grado medio e superior que non superen os vinte anos, que presenten un relato en galego, inédito, cunha extensión entre seis e dez folios, a dobre espazo e por unha cara, no rexistro do Concello (Rúa Real, n.º 13) ou o envíen por correo certificado para potenciar o uso do galego e o interese pola literatura. O galardón, que se determina o Día das Letras Galegas, consiste nun premio de 759,50 euros e a posibilidade de outorgar accésits. Cada cinco anos édítase un libro cos textos premiados e os finalistas. A data límite de entrega rematou o 8 de abril.

## XXII Concurso Literario **Xaime Isla Couto**

Organizado pola Concellería de Cultura do Concello de Poio coa colaboración das Sociedades Culturais Deportivas de Raxó e Samieira, o Ateneo Corredoira de Combarro, a Asociación Boureante da Seara e a Asociación Vides Novas de San Salvador. Pode participar todo o alumnado dos distintos centros escolares do municipio de Poio en idades comprendidas entre seis e dezaioito anos e, a partir do ano 2006, tamén calquera persoa de entre dezaioito e vinte e cinco anos, cun só traballo individual e inédito, escrito en lingua galega para cada modalidade. As modalidades do concurso son relato curto ou conto e poesía de temática libre, cunha extensión máxima de tres folios para o relato curto e un folio para poesía. Os traballos deben presentarse nas oficinas municipais, nos centros educativos de Poio e nos locais das asociacións

colaboradoras nun sobre pechado xunto cos datos persoais do autor. Conta con cinco categorías: categoría A (de 6 a 8 anos); categoría B (de 9 a 11), categoría C (de 12 a 13), categoría D (de 14 a 15), categoría E (16 a 18) e F (de 18 a 25 anos). Os galardóns nas categorías A, B, C e D consisten nun agasallo, nun diploma e un vale de 70 euros para a compra de material escolar; na categoría E nun diploma e un vale de 90 euros para a compra de material escolar; e na categoría F nun diploma e 300 euros, en cada modalidade.

#### VIII Certame de poesía **Xela Arias**

Organizado polo Instituto da Sangriña da Guarda en homenaxe á escritora Xela Arias, dirixido ao alumnado de Ensino Secundario, Bacharelato e ciclos formativos con dúas modalidades: A (de 12 a 15 anos) e B (de 16 a 20 anos). Poden presentarse até o 27 de maio catro poemas inéditos, de tema e forma libres e escritos en galego baixo lema ou pseudónimo, xunto cun sobre cos datos persoais do autor no IES A Sangriña (Avda. de Portugal, 21, 36780 A Guarda). Concédense dous premios en cada modalidade de 150 euros e 100 euros (modalidade A) e 200 euros e 150 euros (modalidade B). A data de entrega rematou o 6 de xuño e once días despois a resolución do xurado.

#### Certame de poesía **Xosé A. Barral**

Organizado pola biblioteca e o departamento de música do IES As Bizocas do Grove, coa colaboración da concellería de Cultura do Grove, está dirixido ao alumnado de ESO e Bacharelato. Estabelécense dúas categorías: ESO e Bacharelato, cunha dotación de 125 euros e diploma. Os textos teñen que ser orixinais, inéditos, escritos en galego cunha extensión mínima de vinte versos e máxima de vinte e cinco. Teñen que enviarse seis copias de cada poema baixo lema ou pseudónimo, xunto cun sobre cos datos persoais do autor á Biblioteca do IES As Bizocas (36988 San Vicente, O Grove). Os poemas gañadores son musicados e estreados no Festival Música nas túas Palabras, que ten lugar no mes de xuño, acto no que se entregan os premios. No ano 2014 non se convocou.

#### Certame de Poesía **Xosé Carlos Caneiro Pérez**

Convocado polo Concello de Verín, está dirixido a fomentar a creatividade literaria dos estudantes de terceiro ciclo de Primaria, e da ESO dos centros de ensino desa comarca. O poema ten que ser orixinal, inédito, con temática e o estilo totalmente libre, escrito en galego, en texto mecanizado ou en letra manuscrita lexíbel, cunha extensión que non supere os vinte e catro versos e asinado cun lema. Os traballos preseleccionados reciben como premio un lote de libros e existen tres premios de 90 euros, 60 euros e 30 euros por cada un dos niveis nos que se pode concursar (5º e 6º de primaria; 1º ciclo da ESO; 2º ciclo da ESO). O ditame dos galardóns tivo lugar na Casa da Cultura de Verín con motivo do Día das Letras Galegas. Na primeira categoría: Antía Santamarina Ares, por *A terra* (1º premio), Ashley Fernández Alonso, por *A nosa terra* (2º premio) e Lorena Pérez Prada, por *A pomba da paz* (3º premio). Na segunda categoría: Simón García Santiago, por *A negra sombra* (1º premio), Marta Espírito Santo Fernández, por *Un sentimento* (2º premio) e Marta Rúa Ramos, por *Unha viaxe pola imaxinación* (3º

premio). Na terceira categoría: Natalia Salgueiro López, por *Escribía* (1º premio), Cristina Salgado Blanco, por *Rebeldes* (2º premio) e Andrea Pérez Rivas, por *Mañá* (3º premio).

## ***XI. LITERATURA MEDIEVAL***

### **XI. 1. MONOGRAFÍAS E LIBROS COLECTIVOS**

**Brea**, Mercedes e Antonio **Fernández Guiadanes**, *Os trobadores galegos e o mar*, Santiago de Compostela: Valedor do Pobo. Galicia, 2014, 142 pp. (ISBN: 978-84-695-9797-2). ◆

Escolma de textos trobadorescos publicada polo Valedor do Pobo a cargo dos especialistas Mercedes Brea (A Estrada, 1950) e Antonio Guiadanes. O volume consta dun prólogo presentado en tres linguas –galego, castelán e inglés– asinado por José Julio Fernández Rodríguez, Valedor do Pobo, onde achamos a xustificación da publicación, pois o seu obxectivo é reivindicar e divulgar a nosa lírica medieval. A continuación deste prólogo, os especialistas xa citados ofrecen unha introdución onde se pon de relevo o papel do mar dentro da lírica trobadoresca, tanto a nivel simbólico como no de clasificador xenérico da mesma. Xa pasada a introdución, comeza a propia escolma de textos, un total de 19 –tanto de amor, de amigo como de escarnio– acompañadas dunha tradución ao galego moderno. Péchase o volume cun apartado dedicado áas biografías dos poetas, onde aparecen os datos vitais de persoeiros como Johan de Cangas, Martin Codax, Mendiño, Nuno Fernández Torneol ou Pai Gomez Chariño e cunha serie de anexos onde se presentan diferentes táboas que clasifican as cantigas en relación aos manuscritos, a base de datos MedDB ou a referentes léxicos, ademais dunha relación bibliográfica.

**Ferrari**, Anna e **Barberini**, Fabio (eds.), *Trobadors e Trobadores*, pról. Elsa Gonçalves, Modena: S.T.E.M. Mucchi, Società Tipografica Editrice Modenese, col. Testi e Manuali. Collana fondata da Giulio Bertoni, numero speciale fuori serie, 2014, 110 pp. (ISBN: 978-88-7000-643-8).

Monografía composta por unha pequena escolma de textos, xa publicados en diferentes volumes, da especialista Anna Ferrari, a modo de homenaxe á súa carreira investigadora dentro do ámbito da lírica galego-portuguesa, e mais en concreto, no estudo da intertextualidade e contacto entre as tradicións occitanas e galego-portuguesas. A edición, estruturada por unha *Avvertenza* –a cargo da redacción da revista Cultura Neolatina–, unha *Bibliografia degli Scritti di Anna Ferrari*, unha *Tabula Gratulatoria* e un *Prologo* –asinado pola especialista Elsa Gonçalves onde se detén brevemente sobre os artigos en cuestión–, e a antoloxía en si, onde se recollen os artigos “Linguaggi lirici in contatto: *trobadors* e *trobadores*”, “Parola-rima” e “Marcabru, Pedr’ Amigo de Sevilha e la pastorella galego-portoghese” baixo o título *Trobadors e Trobadores*. Péchase o volume con un *Indice dei nomi*.

**Ferreiro**, Manuel e Leticia **Eirín**, *O cancionero de Pero Mafaldo. Edición crítica*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 211 pp. (ISBN 978-84-4535167-3). ◆

Edición crítica e estudo retórico e literario de Manuel Ferreiro (Saavedra, Lugo, 1955) e Leticia Eirín (A Coruña, 1981) das cantigas atribuídas a este trobador galego-portugués relacionado coa contorna dos reis Fernando III, Afonso X e Xaime I de Aragón. Tal e como indican os editores, este cancionero gozaba xa dunha edición crítica individual editada polo filólogo brasileiro Segismundo Spina. No entanto, grazas aos avances no eido, os textos atribuídos a Pero Mafaldo merecían unha nova revisión ecdótica e unha nova análise literaria. No capítulo inicial os editores analizan pormenorizadamente os datos que se coñecen da biografía do autor. Un segundo capítulo está dedicado ao estudo das cantiga en conxunto. O terceiro capítulo dá conta de que os criterios de edición seguidos son os acordados, no ano 2006, no coloquio celebrado na Illa de San Simón. De cada composición se entrega o texto crítico, xunto aos datos relativos aos repertorios, localización nos manuscritos e edicións previas. O aparato crítico aparece reducido ás variantes significativas (“Variantes manuscritas”) e ás variantes de edición (“Variantes editoriais”). A esta información engádeselle, ademais, datos de tipo métrico-formal e estilístico, nos cales tamén se dá conta do ritmo dos versos e do esquema métrico outorgado por Tavani. Un comentario e as notas aos versos pechan o estudo de cada composición. Un rimario e un glosario conclúen a edición. Dous apéndices finais recollen as transcricións paleográficas dos textos –de aí a ausencia da franxa de variantes gráficas no *apparatus criticus*– e a reprodución dos manuscritos que enviaron as composicións. Esta proposta de edición enmárcase dentro dos traballos de investigación realizados no proxecto Glosario crítico da poesía medieval galego-portuguesa (FFI2009-08917 e FFI2012-32801), subsidiado, respectivamente, polo Ministerio de Ciencia y Tecnología e polo Ministerio de Economía y Competitividad.

**Lanciani, Giulia**, *Aventuras e desventuras da transmisión manuscrita da lírica medieval galega. Discurso lido o día 7 de marzo de 2014 no acto da súa recepción, pola excelentísima señora dona Giulia Lanciani e resposta da excelentísima señora dona Rosario Álvarez*, A Coruña: Real Academia Galega, 2014, 48 pp. (ISBN 978-84-87987-92-2) ◆

A autora deste discurso procura trazar a complicada traxectoria de conservación e transmisión do corpus da lírica profana galega, nomeadamente dos manuscritos B e V, así como destacar a grande importancia que nesta misión tiveron as figuras de Angelo Colocci e Paolo Brancuti. Remata a súa intervención reclamando a denominación para a lingua empregada nese momento unicamente como “galego” e non “galego-portugués”. Logo da intervención de Giulia Lanciani recóllese a resposta da académica Rosario Álvarez (Pontevedra, 1952). Comeza a réplica aludindo aos vencellos que unen Roma e Galicia para logo describir o currículo investigador de Lanciani, e incluso citar algunhas anécdotas persoais que as unen, e finalizar co agradecemento e gabanza do discurso pronunciado pola italiana.

**Monteagudo, Henrique**, *A nobreza miñota e a lírica trobadoresca na Galicia da primeira metade do século XIII. A personalidade histórica do trobador Johan Soayrez Somesso. Os trobadores Afonso Soares Sarraça e Estevan Fayan*. Noia: Editorial Toxosoutos, 2014, 172 pp. (ISBN: 978-84-942224-9-8).

A monografía presentada por Monteagudo estuda a traxectoria vital do trobador Johan Soayrez Somesso, identificándoo co cabaleiro Johan Soares de Chapela, gracias as

pescudas documentais que o levaron cara a unhas mandas testamentarias De mediados do século XIII. A partir de este dato o autor ofrece más referencias respecto ao contexto, tanto físico como persoal, do poeta, relacionándoo cos tamén trobadores Estevan Fayán e Afonso Soarez Sarraça, deixando clara a relevancia das relacións familiares entre a nobreza do suroeste de Galicia e o fenómeno trobadoresco medieval.

### **Recensións:**

- Alfredo Iglesias Diéguez, “De nobres e trobadores”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 520, “Libros”, 20 novembro 2014, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 472, “Letras galegas”, 29 novembro 2014, p. 11.

Destácase o contexto cultural e histórico en que foi creada a lírica trobadoresca galego-portuguesa (1185-1325) e as orixes dos trovadores Johan Soayrez Somesso, Afonso Soarez Sarraça e Estevan Fayán, estudados neste traballo. Conclúese que a pescuda realizada sobre a familia dos Toroño por Monteagudo tamén deixa entrever a forma en que o rei Afonso X puido entrar en contacto coa lírica trobadoresca.

### **Referencias varias:**

- Xesús Alonso Montero, “O primeiro poeta de Ribadavia”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Letras”, “Galego”, “*Beatus qui legit*”, 28 novembro 2014, p. 9.

Dá conta da importancia dos achádegos realizados por Henrique Monteagudo no seu libro sobre a nobreza miñota e que permite confirmar que Estevan Fayán sería o primeiro poeta de Ribadavia do que se ten noticia. Alonso Montero destaca o feito de que este monografía bote luz sobre a maneira en que o rei Afonso X entrou en contacto coa lingua galega, a través dos seus poderes en Ribadavia, sendo aínda príncipe. O texto salienta que “estamos ante un novo planteamento dos inicios da lírica medieval galega”.



## XI. 2. REEDICIÓNS

**Monteagudo**, Henrique (ed.), *Martín Codax. Bañarnos emos nas ondas! As sete cantigas. O pergamiño Vindel*, Santiago de Compostela: Parlamento de Galicia, Real Academia Galega e Xunta de Galicia, 2014, 87 pp. (ISBN do Parlamento: 978-84-7836-102-1// ISBN da Xunta de Galicia: 978-84-453-5129-1// ISBN da Real Academia Galega: 978-84-87987-91-5). Inclúe CD. ◆

Volume conmerativo polo aniversario do achádego do Pergamiño Vindel no ano 1914, onde están recollidas as sete cantigas musicadas do trobador Martin Codax. Nel participan afamadas voces do panorama cultural e investigador. Ábrese o libro con dúas introducións de Pilar Rojo Noguera, presidenta do Parlamento de Galicia –“Un pergamiño de valor excepcional”- e de Xesús Vázquez Abad, Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria –“O Pergamiño Vindel, unha descuberta de música e palabra”-, onde queda subliñada a importancia capital da descuberta do pergamiño. Seguindo a estas participacións o presidente da RAG escribe un pequeno prólogo para o volume, *A modo de prólogo: homenaxe a Pedro Vindel*, onde o intelectual sitúa ao libreiro descubridor da testemuña medieval, enxalzando a súa figura no contexto da tradición manuscrita da lírica galego-portuguesa e narrando as peripecias do documento até atopar repouso en New York. Rematada a aportación de Alonso Montero, principian as páxinas asinadas polos especialistas. O primeiro deles é Henrique Monteagudo (Muros, 1956), quen en “Pergamiño Vindel” profundiza sobre a descuberta, significación e influencia do Pergamiño. A continuación, Giuseppe Tavani (Roma, 1924) nas súas liñas “Para unha lectura das cantigas de Martin Codax”, preséntanos a hipótese e posibilidade de poder ler conxuntamente, como un macrotexto ligado por unha secuencia narrativa, as cantigas de Martin Codax. Preséntanse, a continuación as cantigas de Martin Codax, editadas en oito idiomas seguidas de reproducións facsimilares das mesmas. O libro vén acompañado dun CD onde o Grupo de Música Antiga Martin Codax interpreta o legado do trobador.

### Recensións:

- Xesús Alonso Montero, “Cen anos de Vindel”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Galego”, 28 marzo 2014, p. 19.

Explica como foi encontrado o Pergamiño Vindel no ano 1914 en Madrid polo libreiro anticuario Pedro Vindel Álvarez e das celebracións realizadas pola Academia co gallo do centenario desta importante descuberta, en que participou Giuseppe Tavani e o grupo Martín Codax de música antiga e onde foi presentado o volume que contén unha edición facsimilar deste repositorio medieval. Descata a importancia deste pergamiño dentro dos estudos medievais, por conter a notación musical de seis das sete cantigas de Martin Codax.

- Rodri García, “O libreiro que non sabía ler e atopou a obra do maior cantor da Galicia medieval”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Centenario”, 11 abril 2014, p. 16.

Resume como foi localizado o Pergamiño Vindel, até a súa chegada á Pierpont Morgan Library e conclúe coa análise realizada por Giuseppe Tavani, tamén incluída no volume

editado pola RAG co gallo do centenario deste descubrimento, sobre a pertinencia de entender os sete textos de Martín Codax coma un macrotexto.

### **Referencias varias:**

- Marta García Márquez, “Cen anos desde que o legado de Martín Códax ten música”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 6 marzo 2014, p. 17.

A noticia dá conta da publicación auspiciada pola RAG, co gallo do centenario do descubrimento do Pergamiño Vindel en febreiro de 1914.

- Mar Mato, “La RAG celebra con un libro los 100 años del hallazgo de las Cantigas de Códax”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 6 marzo 2014, p. 39.

Informa sobre a edición facsimilar realizada pola RAG, co gallo do centenario do achádego, no 1914 na vila de Madrid, deste importante pergamiño. A nova describe o contido do libro –edición facsimilar; tradución das cantigas de Martin Codax a diferentes idiomas; gravación do grupo Martin Codax de música antiga; estudos das cantigas e historia do repositorio– e péchase coa hipótese de Giuseppe Tavani que interpreta que os sete textos deben ser entendidos como unha secuencia conxunta que conta unha historia completa.

- Rodri García, “A RAG lembra ao libreiro que non sabía ler e atopou a Martín Codax”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 6 marzo 2014, p. 38.

Relata o encontro celebrado na sede da RAG, co gallo da presentación do libro sobre as cantigas de Martin Codax e o Pergamiño Vindel, publicado pola RAG coa colaboración do Parlamento de Galicia e a Consellaría de Educación e Cultura. A noticia incide na teoría de Tavani de entender as cantigas como un macrotexto. Conclúe que o Grupo Martin Codax de Música Antiga pechou o encontro na próxima Igrexa de Santiago.

- Nuno Besteiro, “Unha edición conxunta conmemora o centenario do Pergamiño Vindel”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 13 abril 2014, p. 40.

Ademais de describir o volume, dá conta de como Pedro Vindel descobre o pergamiño e da importancia da notación musical nel conservada. Destaca as palabras de Alonso Montero sobre a vontade de Emilia Pardo Bazán de impedir que o repositorio acabase no estranxeiro.

## XI. 3. ACTAS

**Canettieri**, Paolo e Arianna **Punzi** (eds.), *Dai pocchi ai molti. Studi in onore di Roberto Antonelli*. Roma: Viella (ISBN: 978-88-6728-136-1). 1848 pp.

Colectánea de traballos reunidos en homenaxe ao profesor Alberto Antonelli. Inclúe os seguintes artigos relacionados coa literatura galega:

- Mercedes Brea, “Esquemas rimáticos y cantigas de refrán”, tomo I, pp. 289-297.

Este traballo analiza, en conxunto, aquelas cantigas de refrán do corpus trobadoresco galego-portugués en que se producen modificacións no esquema rimático. Tras un repaso por cada un destes textos, a filóloga galega conclúe que, así como algunha das modificacións examinadas poderían ser explicadas polo propio proceso de transmisión textual, outras, non entanto, poderían deberse ao uso consciente de recursos de que os trobadores “disponían para introducir elementos novedosos en sus cantigas, sobre todo cuando las organizaban en cobras *singulares* y deseaban abrir o cerrar la pieza con un elemento diferenciador; o cuando recurrían al procedimiento de las cobras *dobras* en composiciones de sólo tres estrofas, en las que, inevitablemente, una (la primera o la última) tenía que quedar ‘libre’, del mismo modo que si optaban por las *alternativas* (impares / pares) y la II no tenía correspondencia” (p. 297).

Esteve **Cesc**, Marcela **Londoño**, Cristina **Luna**, Blanca **Vizán** e Iveta **Nakládalová** (eds.), *El texto infinito. Tradición y reescritura en la Edad Media y el Renacimiento*, Salamanca: Seminario de Estudios Medievales y Renacentistas (SEMYR), 2014, 1.062 pp. (ISBN: 978-84-941708-3-6)

Volume que recolle os traballos presentados por diversos autores no IV Congreso Internacional de la Sociedad de Estudios Medievales y Renacentistas (SEMYR) que se celebrou do 5 ao 8 de setembro de 2012 na Universitat Autònoma de Barcelona. Os textos relacionados coa literatura galega incluídos neste libro son:

- Manuel Ferreiro, “Apostilas ao texto da cantiga *Don Beeito, ome duro* [B 1464, V 1074] de Joan Airas de Santiago”, pp. 511-527.

O autor do artigo expón os problemas de fixación textual detectados na edición da cantiga de Joan Airas de Santiago *Don Beeito, ome duro* (localizada en B 1464 e V 1074). A tradición ecdótica que o antecede xa atopara certos *loci critici* nesta composición, sobre todo no que respecta ás palabras-rima da última estrofa, e será por iso polo que Manuel Ferreiro se propoña resolver esas diverxencias formulando unha nova proposta. Sinala tamén que son tres as cuestións que maiores problemas causaron na edición desta cantiga: as diferenzas entre os manuscritos B e V en formas en que ambas escollos son aparentemente lexítimas, a interpretación correcta da lección dos manuscritos no comezo do verso catro e as palabras-rima da derradeira estrofa.

## XI. 4. MONOGRAFÍAS E LIBROS COLECTIVOS TRADUCIDOS OU NOUTRAS LINGUAS

**Alvar**, Carlos (coord.), *Formas narrativas breves. Lecturas e interpretaciones*, San Millán de la Cogolla (La Rioja): Cilengua, 2014, 282 pp. (ISBN: 978-84-942088-3-6).



Volume coordinado por Carlos Alvar (Granada, 1951), no cal se reúnen unha decena de traballos moi diversos nas súas formulacións e a súa temática, mais cunha referencia común: os relatos breves medievais, ora sexan en verso ora sexan en prosa. Unha longa tradición oral e escrita fai de contos, milagres e outras formas narrativas de escasa extensión un dos xéneros de maior vitalidade, pois a el remiten sermóns cultos, pero tamén o folclore e as tradicións orais. Os estudos deste libro van dende o *Kalila e Dimna* até as coleccións de contos do século XV, como o *Libro de los gatos*, ou o *Libro de los exemplos por A.B.C.*, pasando por Afonso X, O Conde Lucanor, o Chanceler Ayala ou o Marqués de Santillana, e non falta algunha incursión no discutido *Lai de l'Ombre* francés ou no escorregadizo mundo dos refráns e proverbios. Con este conxunto de traballos pódense coñecer un pouco máis os detalles deste xénero na Idade Media grazas aos especialistas de recoñecido prestixio internacional, que nos ofrecen unha mirada caleidoscópica sobre a narrativa breve.

- Elvira Fidalgo, “De la roïne et de la dame”. La Virgen en la cúspide de la pirámide feudal”, pp. 163-191.

O elemento central deste artigo é a Virxe, que aparece representada como raíña nas viñetas das Cantigas de Santa María. Partindo do estudo do significado do feudalismo, así como dos trazos que o definen, exemplifícanse a través de numerosas cantigas a relación de vasalaxe que existen entre a Virxe e os demais membros da sociedade medieval. Deste xeito, tendo en conta os deberes e obrigacións dos señores e vasallos e o comportamento da sociedade do momento, analízanse as diferentes denominacións que se lle conceden á Virxe nas diferentes cantigas e que a sitúan na parte máis alta da pirámide feudal, sendo a encargada de ofrecer a defensa, protección e garantía que lles correspondía aos señores dentro duna sociedade feudal.

**Eirín García**, Leticia e **Xoán López Viñas** (eds.), *Lingua, texto, diacronía. Estudos de lingüística histórica – Revista Galega de Filoloxía. Monografía*, n.º 9. A Coruña: Áreas de Filoloxías Galega e Portuguesa da UDC, 2014, 393 pp. (ISBN: 978-84-9749-609-4).



Monografía na que se recollen dezasete contribucións sobre diferentes aspectos da lingüística histórica galega e portuguesa. Os artigos incluídos que teñen relación coa literatura galega son:

- Mariña Arbor Aldea, “Da lección manuscrita á lectura crítica: gramática histórica, *constitutio* e *interpretatio textus*”, pp. 9-31.

A filóloga galega analiza a importancia do coñecemento da *res metrica* e da lingua do autor e da época en que se elabora un texto, para proceder con corrección no traballo ecdótico. Despois dun repaso por distintas pasaxes do *Manual de crítica textual* de Alberto Blecha (2001[1983]), a doutora Arbor analiza dous exemplos que demostran a importancia que ten o coñecemento da gramática da lingua empregada polo autor dun texto á hora de proceder coa súa edición crítica, principalmente como actuaron diversos filólogos italianos e franceses na edición de obras como a *Vita nova* de Dante ou a *Vie de Saint Alexis*. Xa no ámbito da lírica trobadoresca galego-portuguesa, a autora detense no tratamento editorial, en primeiro lugar, das formas derivadas dos étimos latinos acabados en -ANU(M), -ANA(M) e, en segundo lugar, das formas manuscritas *sedia~seria*. O epígrafe cuarto dá conta da importancia da sintaxe para a crítica textual; a autora emprega exemplos tomados do cancionero particular de Paio Gomez Charinho, para mostrar a importancia que ten este campo da gramática. A contribución enmárcase no traballo realizado nos proxectos de investigación *La lírica gallego-portuguesa en la corte de Alfonso X. Autores y textos II* (FFI-2011-25899) e *El debate metaliterario en la lírica románica medieval* (FFI2011-26785), financiados polo *Ministerio de Economía y Competitividad*.

- Xosé Bieito Arias Freixedo, “Denominacións metafóricas dos órganos sexuais femininos, vinculados ao campo sémico do aloxamento, nas cantigas de escarnio e maldizer”, pp. 33-58.

As cantigas de escarnio e maldizer caracterízanse, entre outras cousas, por utilizar dobres sentidos que, ás veces, resultan difíciles de decodificar. O obxectivo deste traballo é estudar as denominacións que nestas composicións se lles atribúen aos órganos sexuais femininos e que se recollen nun gran número de textos. Para iso, analízanse e estúdanse as alusións metafóricas que fan referencia ao campo sémico do “aloxamento”. En concreto, pártese das denominacións rectas que serven para denominar ao sexo feminino para, a continuación, ver os diferentes sentidos figurados que se encontran nas composicións e que teñen que ver tanto coa “habitación” como cos elementos da casa. Finalmente, tamén se fai referencia a aqueles adverbios e deícticos que se relacionan, polo seu significado, co tema que se está a tratar, mais que teñen un carácter contextual.

- Mercedes Brea, “A expresión da IRA nas cantigas de amor e de amigo”, pp. 59-96.

Seguindo o traballo realizado para as diferentes bases de datos de lírica medieval (LirIO; Trobadores, Trouveurs, Trobadores) sobre os campos semánticos conceptuais e lematizacións de léxico, a profesora Mercedes Brea compón un índice semántico da lírica galego-portuguesa dentro do ámbito da afectividade e, máis en concreto, dentro do campo sémico da IRA, unha das catro esferas primarias do lexicón emocional. Así, a especialista presenta exemplos da presenza de termos como *nojo*, *rancura*, *ira* ou *sanha*, mostrando o seu valor dentro das cantigas de amor e de amigo, ademais de contrastalos cos macrolemas semellantes de outras tradicións líricas.

- Rip Cohen, “Poetics, Historical Grammar and textual Criticism: Augua or Agua in Pero Meogo?”, pp. 109-122.

Neste artigo dicútese un aspecto concreto da edición de dous textos do trobador Pero Meogo, as cantigas 5 e 9 da súa produción. Nelas aparece o termo *augua* que foi

emendado por Teophilo Braga por *agua* na súa edición do manuscrito V de 1878. Cohen adicará as páxinas do seu estudo a razoar a decisión de ter optado, tanto el mesmo como o propio Braga pola opción *agua*, atendendo a criterios de rima e asonancia, xa estudados polo propio Cohen en outros traballos.

- Leticia Eirín García, “O léxico do proceso amoroso nas cantigas de amor de Don Dinís”, pp. 161-175.

Este artigo céntrase no estudo e na análise das cantigas de amor creadas por Don Dinís en que aparecen unha serie de denominacións que fan referencia ao proceso amoroso. Para isto, tense en conta un corpus textual formado por setenta e tres cantigas, feitas polo monarca, que chegaron a nós a través dos diferentes manuscritos italianos e do *Pergamiño Sharrer*, nas que se analiza o léxico do namoramento. Na súa análise, téñense en conta varios momentos: a visión da dama por parte do trobador, o namoramento e a coita coas súas consecuencias. Don Dinís introduce no texto unha serie de variacións e mudanzas relacionadas coa forma das cantigas e con outros aspectos como o carácter retórico, a métrica e o léxico, que fan que os textos teñan unhas características propias.

- Xosé Ramón Freixeiro Mato, “Vós sodes mui fraquelinha molher. Sobre a sufixación apreciativa na poesía trobadoresca profana”, pp. 197-225.

Estuda a sufixación apreciativa que aparece na poesía trobadoresca profana. Para iso, ten en conta os diminutivos, os aumentativos, os pexorativos e os intensificadores que analiza tendo en conta a súa escasa presenza no ámbito literario deste período. Como resultado, conclúe que os valores que asumen estes sufixos coinciden, en gran medida, cos que posúe o galego contemporáneo, mais que ao mesmo tempo dependen do contexto en que se producen e da intención do falante (que na maioría dos casos resulta difícil analizar). Pese a isto, o autor extrae unhas determinadas conclusións sobre cada un dos sufixos, concedéndolle especial atención ao caso dos diminutivos (especialmente no caso de *-elinh-o*, posto que durante a época medieval aparece unha loita continua entre o sufixo *-el-o* e *-inh-o*). Por último, o autor constata como este tipo de sufixos son mais frecuentes nos ambientes coloquiais, íntimos ou afectivos que naqueles que teñen un carácter máis formal.

- Par Larson, “A alternancia *h-/Ø* entre ‘ortografía alfonsí’ e ‘ortografía dionisina’”, pp. 227-238.

Analiza a alternancia entre a presenza e a ausencia do grafema <h> nos estudos de lírica trobadoresca galego-portuguesa. Partindo dunha análise propia realizada sobre un corpus concreto de pezas, o filólogo do OVI aplica a súa experiencia nos textos ítalo-romances para chegar a dúas importantes conclusións: 1) non pode ser empregado o criterio etimolóxico, como vén sendo habitual, para proceder sobre os textos enviados, xa que a presenza ou ausencia deste grafema nos repositorios non está condicionada por ese parámetro; e 2), entre as palabras que presentan <h> en B, V e T, hai un pequeno grupo de cinco vocábulos *-hi, hir, home, hu, hũu/hũa-* “que se comportan de modo diferente segundo o elemento que as precede na frase” (p. 229). Analizando eses casos concretos, resulta evidente a conexión entre o modo de proceder nos repositorios galego-portugueses e a norma gráfica descrita por Mussafia (1983[1900]), “Dopo voce apostrofata l’*h* non si scrive”. No entanto, o parámetro etimolóxico do <h> é “*conditio*

*sine qua non*” nas praxes francesa, occitana ou italiana, algo que lle fai concluír que “nos encontramos ante un fenómeno relativamente recente, superposto a unha ortografía previamente existente e coas súas formas con <h-> xa aceptadas, fose cal fose a orixe destas” (p. 231). Advirte o autor que en todos os manuscritos e pergamiños analizados tamén se encontran casos de grafema <h-> non etimolóxico e tamén fóra das cinco devanditas palabras. Ademais, Larson indica que “se foi chamada ‘ortografía alfonsi’ a escritura do Cancioneiro da Ajuda, do Pergamiño Vindel e dos catro códices das Cantigas de Santa María, poderemos con maior razón definir como “ortografía dionisina” a dos apógrafos italianos, do Fragmento Sharrer e das actas da chancelaría rexia portuguesa” (p. 234). O investigador finaliza a súa análise aplicando os datos revisados a tres lugares ben coñecidos dentro dos estudos ecdóticos da lírica profana galego-portuguesa (o refrán da cantiga do Mendinho, os tratamentos editoriais de (*h*)*a i* (<HABET I BI) e da locución *des i*), para concluír, no entanto, que a regra por el analizada presenta excepcións e que, por tanto, non é infalible.

- Xoán López Viñas, “Unha ferramenta para o estudo do léxico medieval: O GLOSSA”, pp. 239-256.

A aportación ten a intención de presentar a ferramenta en liña GLOSSA (Glosario da poesía medieval profana galego-portuguesa), deseñada polo grupo de investigación ILLA da Universidade da Coruña. O artigo mostra a estrutura do recurso, dende a macroestrutura á microestrutura, pasando pola lematización das entradas que compoñen a páxina.

- Manuel Ferreiro, “Por volta de topónimos e textos afonsinos. A cantiga ‘Ansur Moniz, muit’ouve gran pesar’ [B 482, V 65]”, pp. 177-196.

O autor pretende avanzar na fixación textual dalgúns dos topónimos que aparecen en varias das composicións de escarnio e mal dicir afonsinas. Son tres partes en que se divide o artigo, correspondendo cada unha delas a casos diferentes. Na primeira parte fixa o topónimo “Libira” que aparece na cantiga “Don Gonçalo, pois queredes ir d’aqui pera Sevilha” (461/18, 14 [B 466]). Na segunda parte fixa “Beger/Bejer” para o topónimo localizado na cantiga “Ao daian de Calez eu achei” (491/18,4 [B 493, V 76]) . Na terceira das partes opta por editar ao completo a cantiga “Ansur Moniz, muit’ouve gran pesar” (D’Heur 480/ Tav 18,3 ) pola acumulación de topónimos mal transmitidos que contén e que considera que a anterior tradición non soubo resolver de forma óptima.

- Ricardo Pichel Gotérrez e Xavier Varela Barreiro, “Edición de textos da Galiza medieval e moderna. Algúns proxectos en marcha”, pp. 291-318.

Os investigadores deste traballo recollen información actualizada sobre o proxecto COTOGAL, *Corpus de Textos Antigos de Galiza*, o proxecto LEMA, *Libros, memoria e arquivos. Cartularios monásticos do noroeste peninsular (séculos XII-XIII)* e o proxecto DEASPA, *Dixitalización e Edición selectiva do fondo medieval do Arquivo de San Paio de Antealtares*, onde participan algúns dos investigadores pertencentes ao equipo investigador do *Tesouro Medieval Galego-Portugués*. Un a un, os autores van dando conta dos obxectivos, da estrutura, das ferramentas informáticas que dan acceso aos diferentes *corpora* editados e dos avances nas pescudas de cada un dos proxectos. Entre outro material, inclúese un exemplo de transcripción e de edición dun documento do COTOGAL, seguindo os parámetros de presentación de textos empregados na rede

CHARTA. O traballo recolle, en consecuencia, un bo panorama da edición de textos documentais medievais realizados dende Galicia.



## XI. 5. PUBLICACIÓNS EN REVISTAS

**Corral Díaz**, Esther, “Acerca de la catalogación de las *tenções* gallego-portuguesas”, *Cultura Neolatina*, n.º LXXIV, fasc.1-4, 2014, pp.181-201.

Analízanse as *tenções* como tipoloxías dialogadas dentro da lírica románica medieval onde resultan minoritarias e marxinais (só existen trinta e unha composicións). Realízase un estudo centrado na catalogación dos textos dentro do ámbito literario tendo en conta tres aspectos: os tratados poéticos (especialmente a *Arte de Trovar*, que deixa ver o carácter dialogado, a variedade temática e a métrica propia das *tenções*), as mencións xenéricas que aparecen no *corpus* (onde se mostra a concepción que os propios poetas tiñan sobre esta tipoloxía textual) e as rúbricas explicativas que acompañan ás cantigas nos cancioneiros B e V (que axudan a entender e interpretar as composicións). Finalmente, realízase un corpus -que se recolle no apéndice que acompaña o texto- e explícanse certas particularidades dalgunhas composicións que se agrupan como *tenções*.

**Ferreiro**, Manuel, “Elementos para unha revisión textual das cantigas trobadorescas: sobre a segmentación de <o> e <a>”, *Estudos de lingüística galega*, n.º 6, 2014, pp.81-115.

Estúdase a importancia que ten o proceso de segmentación no establecemento da fixación do texto crítico medieval. Para isto, revísase o corpus da poesía trobadoresca profana, tendo en conta tanto os manuscritos como as principais edicións existentes, onde se observan os diferentes problemas que poden xurdir ao segmentar as secuencias <a> e <o>. Deste modo, analízanse as posibilidades de que os elementos citados funcionen como unha combinación de artigo e pronome de complemento directo, ou de que <a> funcione como unha preposición (a), unha forma verbal (â), unha contracción da preposición a co artigo feminino (â) ou un prefixo (a-). Como consecuencia do exposto, poderían xurdir diferentes propostas de rectificación textual no corpus lírico medieval.

**Figueroa Dorrego**, Jorge, “Aceptando o desafío do Cabaleiro Verde”, *Tempos Novos*, n.º 209, “*ProTexta*”, “Lonxe de nós e dentro”, n.º 05, outubro 2014, pp. 84-85.

Faise unha recensión de Sir Gawain e o cabaleiro verde (Rinoceronte Editora, 2013), tradución ao galego de Jorge L. Bueno da obra medieval a partir do texto orixinal en inglés. Saliéntase o respecto á estrutura do texto fonte, a longa introdución na que se contextualiza a obra e o intento do tradutor por manter os patróns aliterativos e métricos.

**González Martínez**, Déborah, “A Ordem do Hospital nas cantigas galego-portuguesas”, *Estudis Romànics*, vol. 36, 2014, pp. 165-183.

Analízanse as referencias que na lírica galego-portuguesa se encontran da “Orde do Hospital” para avaliar cal era a visión que se tiña e de que forma se trataba esta

institución nesas composicións medievais. En concreto, son cinco as cantigas que se estudan no artigo por seren as únicas do noso corpus lírico profano que aluden a dita ‘Orde’: unha tenzón de Vasco Gil con Pero Matriz (“Pero Matriz, ora por caridade”); outra tenzón de Vasco Gil, mais desta volta con Afonso X (“Rei Don Alfonso, se Deus vos pardon”); unha cantiga moral de Gil Perez Conde (“Non é amor em cas del Rei”); unha sátira de Caldeiron (“Os d’Aragon, que soen donear”) e, por último, unha sátira de Gonçal’Eanes do Vinhal (“Ūa dona foi, de pran”).

**Mérida Jiménez**, Rafael M., “Erotismos de ontem (e de hoje)”, *Grial*, n.º 201, “O espello das letras”, xaneiro, febreiro e marzo 2014, pp. 76-77.

Faise unha recensión do libro *Leda m’and’eu. Erótica medieval* (Toxosoutos, 2013) , a cargo de Olga Novo, gañador do XII Premio de Historia Medieval de Galicia 2012. Descríbese o volume, que recolle textos legais, relixiosos e literarios e críticase a súa irregularidade, que parte dunha perspectiva calificada como “*naïf*” e mestura diferentes estilos.

**Varela Barreiro**, Xavier, “As letras maiúsculas no códice To das Cantigas de Santa María”, *Madrygal*, n.º17, 2014, pp. 139-150.

Descríbense, neste traballo, as pautas do uso das letras maiúsculas no códice *To das Cantigas de Santa María*. Para iso, diferénciase entre o emprego das maiúsculas de sintagma (nas que se inclúen e comparan as do rubricador e as do copista) e o das maiúsculas de palabra que están presentes no manuscrito (e son exclusivas do copista). Como resultado desta análise, sinálase a posibilidade de que a confección do códice se realizase en dous momentos diferentes. Posteriormente, no artigo examinárase, tamén, o uso de maiúscula inicial noutros manuscritos (*T* e *E*), así como, no *Cancioneiro da Ajuda* (CA) e no *Pergamiño Vindel* (PV), o que permitirá establecer as relacións cronolóxicas entre os citados textos.

## XI. 6. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ESTUDOS E RECENSIÓNS

**Porto**, Héctor J., “Tras o verdadeiro rostro de san Francisco”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “No ficción”, 13 xuño 2014, p. 15.

Recensiónase *As floriñas de San Francisco*, primeira tradución ao galego – conmemorativa do 800 aniversario da peregrinaxe de Francisco a Compostela- dun anónimo toscano do século XIV, onde o foco de atención recae no contexto conflitivo da orde franciscana na Idade Media, cismada entre espirituais e conventuais, sendo *As floriñas* un instrumento propagandístico dos primeiros, anónimo e datado arredor de 1327 e 1340.

**Rodríguez**, Salvador, “San Francisco, en Santiago”, *Faro de Vigo*, “Estela”, n.º 625, 11 maio 2014, p. 6.

Dáse conta da saída ao mercado do libro *As floriñas de San Francisco*, traducido por vez primeira ao galego por Darío Xohán Cabana para conmemorar o 800 aniversario da peregrinación do santo á cidade de Compostela. Faise fincapé na orixe do texto anónimo e do propio acto de peregrinación de Francisco, dato que só queda testemuñado nesta obra do século XIV. O autor non esquece a calidade artística das ilustracións que acompañan ao volume.

## XI. 7. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ARTIGOS DE OPINIÓN E COLABORACIÓNS FIXAS

**Alonso Montero**, Xesús, “Filgueira rima con Armenteira”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “Galego”, “Beatus qui legit”, 26 setembro 2014, p. 11.

O texto fai referencia ao escritor Filgueira Valverde e a unha das súas obras máis importantes *La cantiga CIII. Noción del tiempo y gozo eterno en la narrativa medieval*. Indica que non é o primeiro traballo co que o autor de Pontevedra entra en contacto con esa cantiga de Alfonso X, posto que cando tiña dezoito anos sorprendeu aos membros do Seminario de Estudos Galegos cun traballo sobre ela ao que, posteriormente, se lle engadirían outros.

**Baena**, Ana, “Arte, música, poesía e historia protagonizaron la Noite Branca”, *Atlántico Diario*, “Verano”, 9 agosto 2014, p. 11.

Menciónase a interpretación de pezas inspiradas en Martin Codax durante a celebración da Noite Branca viguesa.

**Bragado**, Manuel, “Centenario do Pergamiño Vindel”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Campo de granada”, 21 xaneiro 2014 p. 28.

Como consecuencia da celebración do centenario da descuberta do “Pergamino Vindel”, Manuel Bragado lembra, con este artigo, como foi a primeira noticia sobre a súa existencia e cal foi o seu percorrido até chegar á biblioteca Pierpont Morgan, onde se encontra desde 1977. Alén diso, propón que se organice unha exposición conmemorativa en Vigo na que se conte coa presenza do pergamiño.

**Freixanes**, Víctor F., “Con Miguel Anxo en Betanzos”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Vento nas velas”, 3 agosto 2014, p. 18.

O autor narra un encontro que tivo en Betanzos cun grupo de xente, entre a que destaca o escritor Miguel Anxo Murado, para falar de xornalismo e literatura. Nesta saída, destaca a visita á tumba de Fernán Pérez de Andrade, o cal mandou traducir ao galego a *Crónica Troyana*, unha das obras máis importantes da literatura medieval. Do mesmo xeito, comenta Freixanes, Pérez de Andrade foi o encargado de mandar construír diferentes igrexas, mosteiros e hospitais da vila de Betanzos, o que fai que visita ao atistócrata resulte case obrigada.

**Méndez Ferrín**, X. L., “As floriñas de San Francisco”, *Faro de Vigo*, “El sábado”, n.º 861, “No fondo dos espellos”, “Caixa postal”, 7 xuño 2014, p. 4.

X.L. Méndez Ferrín, grazas á tradución ao galego de *As floriñas de San Francisco* feita por Darío Xoán Cabana, reflexiona acerca da misteriosa relación existente entre San

Francisco e Galicia e mostra a súa sorpresa ao comprobar que o reconstructor da poesía laica e erótica occitana é o que se ocupa agora da tradución desta obra.

**Neira Vilas**, Xosé, “O amor en galego”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “De todo un pouco”, 6 xullo 2014, p. 2.

O escritor Neira Vilas, debido aos recentes premios *Lingua de namorar* entregados pola Xunta de Galicia, reflexiona sobre o uso da lingua galega, defendendo que non só é a mellor lingua para expresar o amor, senón que, tamén é a mellor lingua para se dirixir ao público infantil debido á súa dimensión agarimosa.

**Valcárcel**, Xulio, “Lugares para volver: Negreira”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, p. 22/ *Diario de Ferrol*, “Nordésia”, n.º 812, p. 28/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 812, p. 28, “Páxina literaria”, 19 xaneiro 2014.

Con motivo do “Certame Xosé Manuel López Ardeiro” o escritor Xulio Valcárcel achégase a Negreira onde percorre diferentes lugares que o levan até o trobeiro medieval Alfonso Eanes do Cotón. Neste artigo, o autor non só achega ao lector feitos da vida do trobador, senón que exalta a paisaxe, a arquitectura, a historia e a gastronomía da vila de Negreira.

**Vázquez-Monxardín**, Afonso, “A realidade e o poeta medieval Joam Airas”, *La Región*, “Opinión”, 30 decembro 2014, p. 27.

O profesor Vázquez-Monxardín parte da idea da “mudanza dos tempos” presente nos textos de Joam Airas para a achegar a realidade actual. Coincidindo coa data de publicación do artigo (finais de ano) o autor intenta facer balance das cousas que aconteceron no mundo ao longo do ano e que parece que pronto se esquecen ou quedan ocultas.

## XI. 8. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: NOTAS, PRESENTACIÓNS E ESCRITOS VARIOS

**Baena**, Ana, “El pergamino Vindel es un documento de culto”, *Atlántico Diario*, 14 novembro 2014, p. 12.

Infórmase da estrea do espectáculo “Labirinto Azul. Poemario Vindel”, obra do compositor Juan Eiras e confeccionada por encargo para conmemorar o primeiro centenario do descubrimento do Pergamino Vindel.

**Blasco**, A., “La Vigo 430 estrena una obra sinfónica basada en las cantigas de Martín Códax”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, 31 agosto 2014, p. 5.

Dáse conta da interpretación na cidade olívica realizada pola orquestra Vigo 430 sobre o ciclo de composicións inspiradas na obra de Martín Códax titulada “Laberinto azul (I) Poemario Vindel” con motivo da conmemoración da descuberta do Pergamiño Vindel. A noticia inclúe un subtítular onde o compositor do ciclo, Juan Eiras, explica os motivos máis técnicos e persoais do mesmo.

**Blasco**, A., “Fantasía y ciencia para traducir cantigas en sinfonía”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, 23 setembro 2014, p. 11.

Profundízase no proceso creativo da obra “Labirinto Azul. Poemario Vindel”, obra musical de encargo realizada polo vigués Juan Eiras, quen describe a evolución do seu proxecto musical, homenaxe aos trobadores galego-portugueses no centenario do achádego do Pergamiño Vindel.

**Calveiro**, P., “Prescindir das linguas clásicas é unha verdadeira salvaxada”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Santiago”, 24 abril 2014, p. L2.

Entrevista ao poeta e tradutor Darío Xohán Cabana, con motivo da presentación da tradución *As floriñas de san Francisco*, onde se tratan temas como a relixiosidade, o proceso de tradución do italiano medieval ao galego ou a actualidade do sistema educativo.

**E. P. e Jaureguizar**, “Dúas lucenses atopan fragmentos dun libro portugués do século XV”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 28 febreiro 2014, p. 79.

Faise eco do descubrimento, por parte de María Díaz Bernárdez e Paloma Gómez Varela, no Arquivo Histórico Provincial de Lugo, de fragmentos do “Livro da montaria”, obra do século XV de João I de Portugal. Os fragmentos, que formaban parte da encadernación doutros volumes, presentan un bo estado de conservación. O profesor Ramón Lorenzo, estudoso da USC, explica que o tratado de caza formou parte da biblioteca de João I e do seu fillo, Duarte.

**Gómez, Joel**, “As cantigas de Martim Codax teñen un valor poético moi alto”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, 6 febreiro 2014, p. L2.

Cóntase que, con motivo da celebración do centenario da descuberta do Pergamiño Vindel, o Conservatorio Profesional de Música de Santiago celebrou un concerto con especialistas en música medieval e unha mesa redonda sobre o tema. Recóllese tamén unha entrevista con José Antonio Souto Cabo na que este dá conta do valor poético das composicións de Martin Códax, así como da grande importancia de contarmos coa súa notación musical.

**González, Eva**, “Canciones para descubrir la catedral”, *Faro de Vigo*, “Baixo Miño”, “Área metropolitana”, 8 xuño 2014, p. 16.

Comenta o inicio do ciclo Monumenta para a difusión e protección do patrimonio que tivo lugar na Catedral de Tui. Salienta a intervención do alumnado do CEIP nº 2 e do CEIP de Guillarei e o concerto ofrecido por “Meendinho”, con cantigas de amigo de Martín Codax.

**Limia de Gardón, Xavier**, “Libros y arte”, *La Región*, “Ourense”, “Arte et alia”, 9 xuño 2014, p. 7.

Mención para o libro *As floriñas de san Francisco*, situándoo dentro do ámbito cultural de Ourense, facendo fincapé na temática e estrutura da obra, sen esquecer as ilustracións de Darío Basso, que decoran a obra.

**López, Belén**, “Mendiño volve a San Simón”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, 30 setembro 2014, p. 53.

Dáse noticia dos actos do III Obradoiro Internacional de Tradución Poética ‘Con barqueira e remador’ celebrados na Illa de San Simón entre os días 13 a 18 de outubro. A programación do encontro inclúe un recital poético multilingüe en homenaxe a Mendiño chamado ‘Atendendo a meu amigo’, unha mesa redonda sobre a tradución e un recital denominado ‘Cercando as ondas’. Ademais, infórmase do libro que publica a Deputación de Pontevedra logo dese encontro e que en relación ao ano pasado se corresponde con “Eno mar cabe quant’i quer caber” en homenaxe a Paio Gómez Chariño.

**P. C.**, “As floriñas”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 24 abril 2014, p. 38.

Pequena recensión do libro *As floriñas de San Francisco*, tradución de Darío Xohán Cabana de *I fioretti di san francesco*, obra italiana medieval do século XIV.

**Pena, Xosé Ramón**, “Martín Codax e Vindel”, *Faro de Vigo*, “El sábado”, n.º 845, cuberta/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 439, contracuberta, 1 febreiro 2014.

Con motivo do centenario da descuberta do Pergamiño Vindel que contén a notación musical de seis das sete cantigas de Martin Codax, resúmese neste artigo a vida de Pedro Vindel, o libreiro que atopou o pergamiño, o proceso de venda do manuscrito e a importancia histórica-literaria deste.

**Porto**, Héctor J., “Tras o verdadeiro rostro de san Francisco”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “No Ficción”, 13 xuño 2014, p.15

Fálase do libro *As floriñas de San Francisco*, primeira tradución ao galego – conmemorativa do 800 aniversario da peregrinaxe de Francisco a Compostela- dun anónimo toscano do século XIV, onde o foco de atención recae no contexto conflitivo da orde franciscana na Idade Media, cismada entre espirituais e conventuais, sendo “As floriñas” un instrumento propagandísticos dos primeiros, anónimo e datado arredor de 1327 e 1340.

**Rodríguez**, Salvador, “San Francisco, en Santiago”, *Faro de Vigo*, “Estela”, sup. 625, 11 maio 2014, p. 6/ *La Opinión*, “El Domingo”, n.º 686, 25 maio 2014, p. 11

Dáse conta da saída ao mercado do libro *As floriñas de san Francisco*, traducido por vez primeira ao galego por Darío Xohán Cabana para conmemorar o 800 aniversario da peregrinación do santo a cidade de Compostela. Faise fincapé na orixe do texto anónimo e do propio acto de peregrinación de Francisco, dato que só queda testemuñado nesta obra do século XIV. O autor non esquece a calidade artística das ilustracións que acompañan o volume.

**Rodríguez**, Salvador, “La nueva trova gallega”, *Faro de Vigo*, “Estela”, n.º 628 “Reportaje”, 1 xuño 2014/ *La Opinión*, “El Domingo”, n.º 685, 8 xuño 2014, pp. 2-3.

Reportaxe que recolle a noticia sobre a gravación das cantigas codacianas que realizou o Colectivo Ar dentro do proxecto *Martim Codax* –en conmemoración do centenario do descubrimento do Pergamiño Vindel–. O proxecto pretende recrear as cantigas de Martin Codax do modo máis fiel posíbel ao orixinal, polo que os membros deste grupo recorreron a tratados musicais da época sobre afinación. O traballo contén, ademais, un estudo completo de cada instrumento que é empregado polo grupo. Cada peza foi reconstruída, baixo a dirección de Manuel Brañas, polo Obradoiro de Instrumentos Tradicionais da Diputación de Ourense, tomando como referencia os que aparecen no pórtico da Catedral de Ourense. A reportaxe inclúe, ademais, unha breve crónica sobre o Pergamiño Vindel, diversas fotos –dos compoñentes do grupo, dos instrumentos e de diversas partes do pórtico ourensán– realizadas por Brais Lorenzo e información detallada sobre cada instrumento.

**Valcárcel**, Xulio, “Lugares para volver: Illa de San Simón”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, p. 24/ *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, p. 28/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, p. 28, “Páxina Literaria”, 20 xullo 2014.



Aproveita a cantiga de Meendiño “Sedia-m’eu na ermida de San Simón” para relembra-los todos os acontecementos históricos que ocorreron na Illa.

**Veiga**, Marta, “O misterio do pergameo de Monforte”, *“El Progreso, “Vivir”, “Cultura”, “Bibliofilia”*, 12 marzo 2014, p. 61.

Infórmase da descuberta dos fragmentos do “Livro da montaria”, tratado de caza portugués do século XV que se cría desaparecido. A descuberta por parte de dúas arquiteiras –pois o libro fora reutilizado como cuberta para outros volumes- do Arquivo Provincial demostra que o códice foi custodiado en Monforte e despois levado a Lugo.

## ***XII. APÉNDICE***

Entradas non recollidas en informes anteriores.

### **XII. 1. NARRATIVA**

#### **XII. 1. 1. NARRADORES GALEGOS**

**Gonzáles Mariñas**, Pablo, *A guerra lánquida de Álvaro de Castro*, A Coruña: Zarabanda Edicións, 2013, 192 pp. (ISBN: 978-84-936939-5-4).

Ficción histórica de Pablo Gonzáles Mariñas (A Coruña, 1944), contada en terceira persoa, en que se relata a historia de certos personaxes fieis aos seus ideais, que conviven no panorama galego e español do século XIX. Fai especial mención ao entorno social e político da época, quedando patente así os amplos coñecementos do autor sobre o tema. Afastada de ser unha narración caracterizada pola elevación de certos ideais en detrimento doutros, esta é unha novela que se mantén fiel á pretensión de ofrecer ó lectorando unha radiografía fidedigna da época. Como aliciente dun fiel retrato dese tempo, tamén aparece unha mestura de temas relacionados coa traizón, as paixóns, o amor, a fraternidade e a guerra. A través da súa lectura, en xeral, pódese facer unha imaxe da época, e a través dos seus ricos personaxes e as súas circunstancias, saber cómo se sentían e que temas suscitaban paixón neles. É unha novela rica no número de personaxes e de doada lectura, ao mesmo que amena.

**VV. AA.**, *Lendas de Gallaecia*, Santiago de Compostela: Contos estraños, col. Contos estraños Pulp, n.º 6, 2013, 184 pp. (ISBN: 978-84-940935-4-8).

Volume que recolle un compendio de relatos breves de índole fantástica, nos que as diferentes historias están a cabalo entre a Galiza devanceira e a Galiza máis contemporánea. Trátase do derradeiro tomo da Primeira Era de “Contos Estraños”, unha colección de seis volumes de contos dotados sempre dun matiz ficticio e fabuloso. Dáse comezo cun limiar no que se explica a fin desta Primeira Era composta por sete volumes trimestrais e anúnciase a continuación nunha Segunda Era, desta volta, de carácter anual. A continuación, os editores dedican unhas verbas á obra facendo fincapé na oralidade das lendas e no que estas supoñen na tradición literaria galega. A introdución segue cun comentario explicativo do ilustrador da capa quen xustifica a súa escolla tanto das cores como das imaxes. Seguidamente comezan estas lendas, que se suceden de xeito diverso: dez contos, oito microcontos e dúas novelas. Na primeira parte aparecen contos de varios autores, entre eles, Josué Ramos (Ferrol, 1987) co seu relato “Ecuridade” (pp. 15-24), no que un home e o seu aprendiz levan a cabo unha expedición co fin de descubrir os segredos da antiga civilización moura; Andrea B. Freije, (Fonsagrada, 1986) con “Fíos Dourados” (pp. 25-29), historia na que unha lenda de trasnos se volve realidade; Xabier Fontenla con “A premisa do mal absoluto” (pp. 31-36), conto acerca do ben e do mal, que se achega á mente dun criminal; Ariza Piñeiro, (Bilbao, 1976) con “O guerreiro de pintura” (pp. 37-48), onde se relata a historia de amor entre un guerreiro debuxado na parede que cobra vida e a súa creadora; Patricia Mariño con “A pena de Sarela” (pp. 49-58), cóntanos a historia dunha nena que

é protexida por un gato tras a desaparición dos seus pais; Jorge Emilio Bóveda (Ourense, 1975) transpórtanos séculos atrás con “Vampiros no eirado” (pp. 59-64), onde relata a estadia dun crego galo en varias parroquias galegas; José María Picón con “O contrato” (pp. 65-69), cóntanos como un avogado ten que afrontar á Santa Compañía; Sara Barreiro con “Mel amargo” (pp. 71-79), que se inspira na eterna xuventude para dar luz a este relato; Manuel Ángel Gayoso con “A pedra do angaraño” (pp. 81-101), sobre o sacrificio de animais que pode curar enfermidades e finalmente O Kuruñés con “Soños de petróleo” (pp. 103-107), lévanos a estraña e trágica historia dun mariñeiro. A continuación están os Microcontos na Medusa, narracións de natureza ben diversa que tratan temas como a herdanza, as pantasma en lugares abandonados, a vinganza ou a morte sempre cun xiro inesperado e ás voltas quimérico. Péchase con dúas novelas, “Hac Luce” de Jacobo Feijóo (A Coruña) que entra en materia escura co tema dos Illuminati, unha sociedade de elixidos que tentan crear unha relixión manca de paixóns que dea luz ao mundo, e “Roi Bernal, reloxeiro especialista en reloxos xigantes (3ª parte)”, de Tomás González Ahola, que conta a historia dun reloxeiro atrapado nun edificio que mentres busca un método de escape atopa un cadáver cunha carta testemuña da súa experiencia que aviva as gañas de fuxir do protagonista.

## XII. 1. 2. TRADUCIÓNS OU VERSIÓNS

**Lovecraft**, Howard Phillips, *Herbert West, o reanimador e outras historias arrepiantes* (*Herbert West, reanimator*), trad. Tomás González Ahola, Santiago de Compostela: Urco Editora, col. Gótica. Biblioteca Lovecraft, n.º II, 2013, 199 PP. (ISBN: 978-84-15699-32-3).

Novela de Howard Phillips Lovecraft (Providence, Rhode Island, Estados Unidos, 1890-1937) que se abre cun compendio de relatos cuxo fío condutor é a turbiedade e consta dos seguintes títulos: “O gravado na casa”, no que nunha tarde chuviosa de 1986 o protagonista ten que refuxiarse nunha casa na que aparece un misterioso ancián e un gravado; “Arthur Jermyn”, no que se narra a historia de Arthur, quen enchoupara as súas roupas de petróleo para prenderse lume; “O pantano da lúa”, no que se fala da desaparición de Denys Barry e se formula o dilema realidade-ilusión; “Ex Oblivione”, no que o protagonista descobre na cidade onírica de Zakarion un papiro amarelado repleto de pensamentos dos sabios que habitaban desde antigo esa cidade; “O estraño”, no que se describe a un ser que provoca pavor e a relación enigmática deste co narrador; “A música de Erichzann”, na que se relata o afán do protagonista por atopar a Rue d’Auseil; “A doce Ermengarde”, no que se fai eco da codicia da personaxe principal; “Hypnos”, no que se conta a historia de como un amigo leva a outro á tolemia; “O que trae a lúa”, no que o protagonista fai patente o seu odio á lúa polo que provoca e supón en certas situacións; e “Azathoth”, no que se fala dun home que empregara a súa vida na procura de espazos cara aos que fuxiran os sonhos do mundo. A seguir, preséntase o relato titulado “Herbert West, reanimador”, no que se narra en primeira persoa a relación do narrador con Herbert, quen levara a cabo diversos experimentos diabólicos co gallo de formular teorías sobre a natureza da morte e a posibilidade de vencela artificialmente.

**Rider-Haggard**, H., *Eric ollos brillantes*, (*Eric Brighteyes*, Longmans & Co, 1890), trad. Onofre Sabaté, Santiago de Compostela: Urco Editora, col. Urco Fantasía, novembro 2013, 304 pp. (ISBN: 978-84-15699-03-3).

Novela do escritor vitoriano H. Rider Haggard (Bradenham, Norkfolk 1856- Londres 1925) onde leva a cabo unha imitación adaptada dun antigo texto islandés. Comeza cunha introdución do tradutor onde presenta ao escritor e as peculiaridades deste texto dentro da súa obra. Segue unha dedicatoria de H. Rider Haggard á Emperatriz de Alemaña a quen lle ofrece esta narración, e un prólogo, tamén do propio autor, no que fai unha introdución ao concepto de saga, centrándose no carácter fabuloso ou real destas, destapando a trama deste romance nórdico que ten por arquetipo as Sagas Islandesas. Ao longo de trinta e tres capítulos e co apoio dun narrador omnisciente, Haggard relata as peripecias de Eric, un heroe nórdico do século X predestinado a un trágico final. Este viquingo islandés, namorado da filla do Sacerdote de Middalhof, Gudruga a Fermosa, loitará de xeito inexorábel contra a súa sorte, apoiándose en personaxes do máis fantástico e variopinto, que, ben axudándoo ben entorpecéndoo, o acompañarán nos diferentes lances da súa aventura.

**Recensións:**

- Estro Montaña, “No ronsel das sagas”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*, n.º 512, “Libros”, 25 setembro 2014, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 464, “Letras galegas”, 4 outubro 2014, p. 10.

Tras apuntar outra famosa escrita deste autor como *As minas do rei Salomón* (1885), subliña o afastamento do convencional deste volume a partir da dedicatoria á Emperatriz de Alemaña e prosegue cunha comparación do seu estilo narratorial co das sagas nórdicas. Describe a seguir o fío argumental polo miúdo, así como a figura do protagonista, e salienta a relevancia do elemento da predestinación no seo da narración, a fluidez da escrita e a ausencia de arcaísmos e digresións. Remata cunha referencia ás outras liñas temáticas das novelas haggardianas, como a bruxaría, a cultura africana ou a aventura fantástica.

**Roth**, Philip, *Pastoral americana* (*American Pastoral*, Houghton Mifflin Harcourt, 1997), trad. Fernando Moreiras, ilustr. Marc Taeger, Pontevedra: Factoría K de Libros, col. Narrativa K, n.º 19, marzo 2013, 472 pp. (ISBN: 978-84-15250-39-5).

Best-séller de Philip Roth (Newark, EUA, 1933), gañador do premio “Pulitzer” en 1998, dividido en dúas partes: a primeira, intitulada “O paraíso lembrado” (pp. 9-134), abarca os tres primeiros capítulos; mentres, a segunda parte, “A caída” (pp. 135-472), inclúe os restantes seis capítulos. O autor concédelle a voz narrativa ao escritor Nathan Zuckerman, quen narra a historia dun personaxe vital na súa adolescencia: Seymour Irving Levov, “O Sueco”. “O Sueco” Levov, nado en 1927 e fillo dun fabricante de luvas, desenvolve o papel de heroe como atleta no seu instituto de Weequahic, incorpórase aos marines xusto ao acabar a guerra e acaba herdando a empresa do pai. Ao formar unha familia con Dawn Dwyer, unha moza católica ex-miss Nova Jersey, acada o que el pensa que é o prototipo de perfecta familia americana nos felices anos da posguerra. Porén, a Guerra do Vietnam e a axitación racial provocan que, en 1968, un suceso inesperado destrúa a súa idílica pastoral americana. A novela céntrase nos anos sesenta e setenta no medio oeste norteamericano, onde unha xeración vai ver como os seus valores son destruídos ante os escándalos políticos, o antibelicismo e a loita pola igualdade de dereitos. Iníciase con Zuckerman, lembrando a súa infancia e a súa admiración polo “Sueco” Levov. Sen embargo, cando recibe do seu ídolo o encargo de escribir sobre o pai, Lou Levov, a voz narrativa cambia cara unha terceira persoa omnisciente, que será a determinante na segunda parte da novela. A narración, fluída, intercala extensas conversas mais cartas e mesmo un discurso non pronunciado.

**Woolf**, Virginia, *Orlando: unha biografía*, trad. Celia Recarey Rendo, Santiago de Compostela: Irmás Cartoné, 15 abril 2013, 246 pp. (ISBN: 978-84-942570-01).

Sen texto nin introdución sobre as escollas de tradución, a novela de Virginia Woolf (Londres, 1882) ábrese con dous paratextos: a sucinta dedicatoria e un “Prefacio”, onde a autora agradece ás amizades, ilustres ou non, mortas ou vivas, que lle axudaron a escribir o libro (dende Defoe a Emily Brontë, pasando por Walter Scott), aos seus achegados, ao seu marido e á persoa encargada de corrixir diversos aspectos da novela. A partir de aquí, estrutúrase en seis grandes capítulos, nos que se percorre, da man do protagonista, Orlando, algúns séculos da súa propia vida e da historia literaria de

Inglaterra. Vita Sackville-West, a escritora á que Virginia Woolf dedica o volume é a mesma que, supostamente, lle proporcionará algunhas das pasaxes vitais aquí recreadas. Considerada unha das súas obras máis accesíbeis e áxiles, moito máis comedida no lirismo que a maioría dos seus títulos, resulta certamente doado acompañar á poeta (posto que Orlando esperta co xénero mudado durante unha estadía en Turquía), para coñecer algunhas das figuras chave da historia literaria inglesa, dende Nicholas Green até Alexander Pope. A identidade masculina e feminina (mediada aquí pola inversión dos roles sexuais), o proceso de escrita (tematizado frecuentemente, aumentando a dsitancia con respecto á obra), o amor ou a ironía son algunhas das liñas mestras do libro. Pechando o volume, os únicos paratextos existentes son o colofón, cun deseño, que referencia a data e lugar de impresión; e a contracapa, que escolle o sintético xuízo de Nigel Nicholson sobre esta obra como peche: “A máis longa e encantadora carta de amor da literatura...”

### **Recensións:**

- Montse Pena Presas, “Corazón voador e cambiante”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 510, “Libros”, 11 setembro 2014, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 463, “Letras galegas”, 20 setembro 2014, p. 10.

Comenta a saída do prelo da tradución desta pseudobiografía fantástica de Virginia Woolf ao galego levada a cabo por Celia Recarey. Tras sinalar a escaseza de narrativa en galego para un lectorado adulto, destaca o feito de ser este o volume inicial que publica a editorial antedita, para despois describir o fío argumental e salientar o ritmo narrativo de carácter alterno, a calidade da prosa e o léxico e a presenza dun humor paródico que leva á reflexión no lectorado. Doutra banda, indica o acertado da combinación entre a ilustración da cuberta e o contido do volume; a presenza dunha sátira marcada ao longo da acción; compara as editoriais Impedimenta e Nórdica coa que tira do prelo esta tradución e conclúe coa recomendación da súa lectura.

## XII. 1. 3. ANTOLOXÍAS

VV. AA., *Contos no nicho*, Santiago de Compostela: Urco Editora, col. Alcaián, 2013, 121 pp. (ISBN: 978-84-15699-39-2)

Antoloxía de dez relatos de terror que ten como fonte de inspiración os *Contos da cripta* e que percorre unha gran parte dos subxéneros da literatura de terror. Así, entre as historias que conforman esta escolma hai relatos que van dende os contos de vampiros ao terror apocalíptico, pasando polo terror cósmico, entre outros subxéneros.

Como aspecto salientábel da obra pódese sinalar a presenza dunha narradora que introduce todos os relatos recollidos no libro, *A Enterradora*, e que comenta moi brevemente tanto a historia que introduce coma a anterior. Cómpre sinalar que as ilustracións son un elemento moi importante nesta obra, pois todos os relatos van acompañados por dúas: unha na primeira páxina na que aparece a Enterradora e outra na antepenúltima relacionada coa historia relatada. Ao final do libro hai unha sección titulada “Obituarios” na que, baixo a forma dunha sección necrolóxica, se fai unha breve presentación dos autores. As ilustracións, de diferentes autores (Salvador Aneiros, José Ángel Ares, Víctor Tojo, Alex Delgado Faks, Minia Regos, Segismundo Rey, Zalo Sanjurjo, Isaac Sucasas, Ivan Valladares, Jara Zambrano) son escasas, mais complementan as narracións de Santiago Bergantinhos, David Botana, Erika Couto, Xosé Duncan, Manuel Ángel Gayoso, Ariel Martínez, Manuel Moledo, Fernando Pérez Barral, Fabián Plaza Miranda e Roberto Rodríguez A.

## XII. 2. POESÍA

### XII. 2. 1. POETAS GALEGOS

**Atanes**, Eduardo, *O sentir dos adentros*, Madrid: Liber Factory, 2013, 88 pp. (ISBN: 978-84-99492551).

Eduardo Atanes (Penaverde, Cualedro, 1972) ofrece nesta breve obra unha serie de poemas que parecen gardar continuidade entre si. Como paratexto aparece unha cita de Virxilio, “*Fata viam inuenient*” (os fados acharán o seu destino). O autor recorre a temáticas como a soidade, a natureza, o amor, a memoria, a identidade e o que para esta significa o lugar de pertenza, entre outras temáticas máis. Certos poemas están acompañados de breves e sinxelos debuxos que pretenden mostrar graficamente o que contan os versos. É unha obra sinxela, de moi doada lectura, e capaz de ofrecer ao lector, en poucas páxinas, unha infinidade de temas.

**Gándara Sánchez**, Marisol, *Ata o corazón da mazá*, XXV Premio de Poesía Xosemaría Pérez Parallé, Culleredo: Edicións Espiral Maior, col. Poesía, 2013, 41 pp. (ISBN: 978-84-92646-74-6). ■

Obra de Marisol Gándara Sánchez (Saint-Julien-en-Genevois, Francia, 1981) que comeza coa seguinte dedicatoria: “Para E. Veiga, que me ensinou a crer”, é dicir, para a poeta Eva Veiga a quen se dirixen varios poemas (algúns deles presentados en formato epistolar) que constitúen este volume e que a tornan como a receptora das inquedanzas expresadas pola autora en relación ás mulleres e o seu rol na sociedade actual. A reflexión filosófica sobre a propia identidade da muller e do ser humano ocupan un espazo central nesta proposta literaria. A presenza do pasado, que axexa no presente, e as preguntas arredor da conformación da personalidade fan deste poemario unha sorte de ensaio poético que se percibe incluso na longa extensión dos poemas.

**Laia**, Antom, *No balouçar do vento*, ilustr. Xosé Tomás, Santiago de Compostela: Edizer Sacauntos Cooperativa Gráfica, 2013, 68 pp. (ISBN: 978-84-940366-8-2).

Obra da autoría de Antom Laia (Melide 1956) que inclúe trinta e sete poemas acompañados de deseños de Xosé Tomás. Comeza cunha dedicatoria aos seus fillos, a Xosé Tomás, e a Teresa Ramiro, “minha compañeira de enredos e camiño”. Poemas de versificación e ritmo libre acompañan a outros con estruturas máis fixas ao longo dos cales o autor abrangue a temática intimista co gran protagonista do amor e da realización carnal do mesmo. Poesías de corte erótico poñen de manifesto a paixón deste amor, presente de xeito menos físico noutras composicións de ton máis melancólico, pero sempre cun matiz sensual. O seu eu poético diríxese a unha “cerva amante”, a unha namorada, na que conflúen todos os seus desexos e paixóns, apelando de seguido a ese “corpo” e eses “lábios”.

**Parada Jato**, Xesús Alfonso, *Tallo de Lansán*, Madrid: Bubok Publishing. 2013. 62 pp. (ISBN 978-84-686-3314-5)



Conxunto de poemas de Xesús Alfonso Parada Jato (Meiraos de Courel, 1967), estruturados en tres partes. A primeira parte leva como título “Cando había esperanza”; a segunda, “A esperanza parte en dúas”, e a terceira parte titúlase “Fuxindo tralas beiras”. A obra está composta por varios poemas cunha temática común: o recordo e a incesante presentación de imaxes da natureza. En certas ocasións o autor denota morriña por esa natureza, e a través de nomear os lugares fai patente a importancia dos topónimos en relación á memoria, como é o caso do topónimo de Tallo de Lansán. Trátase dunha obra curta e de doada lectura que a través do recurso poético é capaz de crear imaxes dunha natureza filtrada polos recordos e a morriña.

**Ramos, Baldo**, *Onde beben os cervos que amansou o calígrafo*, Ourense: Deputación Provincial de Ourense, xuño 2013, 81 pp. (DL: OU-49-2014) ◆

Volume que consiste nun proxecto de colaboración entre o artista ourensán Baldo Ramos (Celanova, 1971) e o arxentino Carlos González Villar (A Prata, 1949). Esta edición bilingüe, en galego e castelán, comeza cunha introdución do poeta Baldo Ramos na que detalla como naceu o “diálogo” coa obra de Carlos González Villar, e os diversos contactos que tivo con esta ao longo de case dúas décadas, até o momento no que xurdiu a posibilidade de traballar xuntos. Nesta información limiar adéntrase tamén no espazo común a ambos artistas e nos puntos de contacto entre as súas producións. Trátase dun libro de autor no que se leva a cabo a recreación dun espazo rural común a ambos artistas a través de vinte e cinco orixinais entre os cales se atopan cinco poemas inéditos de Baldo Ramos e cinco gravados de Carlos González Villar.

**Salamatu**, Thalámas, *Prédios*, Santiago de Compostela: Através Editora, col. Através das letras, n.º14, decembro 2013, 67 pp. (ISBN: 978-84-87305-77-1).

Poemario de Thalámas Salamatu formado por corenta e nove composicións, na súa maioría breves, que se abre con dúas citas, unha de Hannah Arenndt e outra de Louis Aragon coas que se fan referencia, respectivamente, á soidade e á atomización social e ao feito de que se escribe para destruír un mundo e non para o construír. Cómpre sinalar que ao longo do poemario se pode atopar frases en inglés e francés, lingua coa que se inicia a obra, e unha cita dunha canción da banda británica The Clash. Nestes poemas cos que o autor trata de alterar a orde, explóranse os lugares nos que ten lugar a vida cotiá das persoas, ao mesmo tempo que se fai unha crúa análise do ser humano, que se concibe como un ser solitario e deshumanizado, que ve a vida pasar sen deixar que entre nel.

**Sixto García**, José, *Tirizó*, ilustr. cuberta Juan Vidales Pousa, Santiago de Compostela: Follas Novas Edicións, col. Os libros do loureiro, n.º 6, novembro 2013, 103 pp. (ISBN: 978-84-616-6742-0)

Terceira achega poética de José Sixto García (Friol, 1984), baseada desta vez nas vangardas e as novas tecnoloxías en canto xeito actual de compor poesía. O volume estrutúrase ao redor de once breves capítulos que confrontan diferentes nocións de amor e amizade. O primeiro, intitulado “Obsesión”, vén constituído por unha composición

definitoria do termo “tirizó”, que abre o longo discurso poético que conforma o volume e que, por veces, adopta diversas tipografías e iconas que se mesturan cos vocablos. Aparece a seguir a sección “Amizade” sobre a cuestión das modernas relacións virtuais que ignoran as emocións suplantándoas por un apego idealizado e ficticio do concepto de confraternidade. En “Amoríos” leva a cabo un percorrido crítico pola vida sentimental que a xente atopa na rede fronte ao amor que se descobre na vida real, pondo coma exemplo e tea de fondo o existido entre Germán Sánchez e súa muller en Silgar. A continuación, o capítulo titulado “Comunicación” desenvolve, nunha combinación de prosa e verso, o coñecido *slogan* de Marshall McLuhan, “o medio é a mensaxe”, a través de conceptos coma código, canle ou comunicación. Máis adiante aparece “Nerviosismo”, unha sección centrada nas emocións sentimentais e afectivas producidas polas novas tecnoloxías nos seus usuarios e usuarias ao respecto das citas virtuais. En “Incerteza (ou abismo)”, presenta unha imaxe composta por tres círculos coa sentenza “quen protexe a quen?”, referida quizais á falta de amparo das redes sociais e á relación de refuxio que establecen cos seres humanos. “Competencia” expande o sentimento homónimo existente entre os usuarios e usuarias das novas tecnoloxías, as tecnoloxías mesmas e as institucións que as fundan, e confróntao co sentimento de liberdade que supostamente estas lles ofrecen. A seguir, “Sexualidade + Pornografía”, comenta a relación erixida entre Internet e o público consumidor, que acaba por ser un mero idilio sexual/virtual, vacuo. En “Coñecemento”, pasa do vínculo erótico ao intelectual, a través da noción contrastada da información achegada polas páxinas en liña fronte á información obtida da aprendizaxe tradicional. O seguinte capítulo, “Saúde”, percorre o concepto de enfermidade ou doenza experimentado polo ser humano. Con respecto á linguaxe empregada, cómpre salientar o léxico culto, a mestura dos rexistros formal e informal, vulgar ás veces, adaptado ás novas tecnoloxías e redes sociais, con termos tirados do inglés, castelán e francés. No referente á métrica, cada composición contén un retrouso e a rima, asonante, vén constituída por un verso libre. Por último, subliñar tamén as referencias intertextuais a Rosalía de Castro, Chus Pato, Lois Pereiro, P. Kotler, Zaltman, David Guetta, Eduardo Pondal, Mark Zuckerberg, Germán Sánchez, Castelao, Manuel Antonio, Ramón Piñeiro, Tristan Tzara, McLuhan, Charles Pierce, Ferdinand de Saussure, Abraham Maslow, Keynes, George Ledwell Taylor, Platón, Tales de Mileto, Kant, Celso Emilio, Picasso, Santo Agostiño, Baldo Ramos, Heracles de Macedonia, Homero, Mariana de Austria, Eduardo Blanco Amor, Eça de Queiroz, Verdi, Russ Meyer, Teresa de Ávila, Gustave Eiffel, Einstein, García Lorca, García Barbón, Nicolás II, Santo Nicolás, Rasputin, Valentín Lamas Carvajal, Eisenman, Santiago Apóstolo, Ratzinger, Freud e Úrsula Heinze, vertidas ao longo do volume. Pecha o volume “Tirizó”, unha páxina que fai as veces de colofón e que convida ao lectorado a proseguir na procura existencial da sabedoría.

### **Recensións:**

- Vicente Araguas, “Por un lado xa ves”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, p. 20/ *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, n.º 854, p. 30/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 854, p. 30, “Libros”, 9 novembro 2014.

Sublíñase o atrevemento de Sixto García nesta obra, aínda que tamén se afirma que rematou por caer nas “falcatradas poéticas” de xente coma o grupo Rompente. Afirmase que se trata dunha poesía “presuntamente irracionalista” e de que a segunda

parte da obra quizáis sexa máis dixestiva que a anterior, salientando a súa autenticidade, aínda que non moi ben entendida polo que recensionista.

## XII. 2. 2. REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSIMILES

**Martínez Delgado**, Verónica, *Obra reunida (1994-2008)*, Madrid: Amargord, col. Fragmentaria, n.º 34, 2013, 673 pp. (ISBN: 978-84-941957-4-7).

Recompilación en edición bilingüe galego-castelán dos sete poemarios de Verónica Martínez Delgado (Valdoviño, 1976) escritos entre 1994 e 2008. Principia a obra un prólogo de Luis Luna onde establece unha conexión dos versos da escritora co ballet e co mundo da dor. A seguir, presenta as composicións baixo o nome de cada unha das obras, dúas delas inéditas: *Había tantos homes lilas* (1994), *Deshabitada e sen verdugo* (1996), *Desterrada do meu corpo* (2000), *O ladrón de almas* (2002), *Cara a un solpor de gatos* (2004), *Refuxio* (2006) e *Cartapedra* (2008). Os poemas están inseridos no mundo onírico e doloroso, onde destaca o emprego dunha linguaxe cotián e certo ton culturalista, con referencias literarias e míticas. Case todas as composicións son curtas e só aparece unha por páxina, na esquerda en galego e na dereita en castelán, deixando grandes espazos en branco. Pecha o volume un índice que recolle os títulos dos poemarios.

**Pichel**, Luz, *Cativa en su lughar/Casa pechada*, Eivisa: Progresele, col. Diminutos salvamentos, n.º 2, 2013, 207 pp. (ISBN: 978-84- 616-2130-9).

Reedición do poemario de Luz Pichel (Alén, Lalín, 1947) intitulado *Casa pechada*, publicado orixinalmente pola sociedade de Cultura Valle Inclán no ano 2006 e xa descrito no *Informe* dese mesmo ano. Como cambios salientábeis con respecto á primeira edición cómpre sinalar a mudanza de editorial e colección (Progresele, colección Diminutos salvamentos) e que, desta volta, trátase dunha edición bilingüe castrapo/galego.

## XII. 2. 3. TRADUCIÓNS OU VERSIÓNS

**Asaka**, Takekazu, *Cantata a Ramón Cabanillas*, Xapón, 2013.(ISBN: 978-4-8460-1261-8). ◆

Volume de Takekazu Asaka (Toquio, Xapón, 1952) que se abre cun limiar titulado “Asaka, a forza que vén de moi lonxe”, de Francisco Fernández Rei, datado en Fefiñáns-Cambados o 27 de maio de 2013, no que o catedrático da Universidade de Santiago de Compostela dá conta de quen é Takekazu Asaka e de como este profesor de Filoloxía Románica da Universidade de Tsudajuku (Toquio) coñeceu a existencia da lingua galega, comezou a interesarse por ela e a mergullarse na obra de diferentes autores galegos, tales como Rosalía de Castro ou Ramón Cabanillas. Fernández Rei informa dalgún dos actos nos que este autor xaponés ten participado para honrar a lingua, a literatura e a cultura galegas e sinala que nesta nova edición de *Canta a Ramón Cabanillas. A ti, meu Cambados* (2011) Asaka amplía aspectos da vida e da obra do autor cambadés, inclúe un novo texto (“O cruceiro do monte”) e engade como novidade un CD con oito poemas dos antologados no libro. Despois deste limiar, o volume acolle unha biobibliografía en lingua xaponesa do autor de Cambados e varios poemas de diferentes obras de Cabanillas reproducidos tanto en lingua galega como en xaponés. Así, o lectorado pode atopar nestas páxinas os poemas “O cantar do que se alexa [Ceíño da miña aldea]”, “Camiño longo”, “Foliada”, “Meus irmáns” e “Pombas feridas” de *Vento maneiro* (1915); “Alma viaxeira”, da primeira edición de *No desterro* (1913), e “Chove” e “Corazón-Volvoreta”, da segunda edición de *No desterro* (1926); “Tódol-os días”, incluído en *Homenaxe a Fernández Cid* (1952); “A capilla”, “O Rei tiña unha filla” e “Aureana do Sil”, d’*A rosa de cen follas* (1927); “Da miña zanfona”, de *Da miña zanfona* (1954); “Silenzo”, de *Samos* (1958); “Cantigas”, en colaboración coas mozas de Padrenda (1925); “Cruceiro do monte”, de *Camiños no tempo* (1949), e “Bágoas de nais (balada)” e “Camiño da ermida”, de *Vento mareiro* (1915). Péchase este volume, que se acompaña dun CD conformado por oito deses poemas, interpretados pola soprano Miho Haga e a pianista Rika Nishikawa, cunha “Coda” en xaponés de Takekazu Asaka. Os poemas recollidos no CD correspóndense con “O cantar do que se alexa”, “O camiño longo”, “Chove”, “Todol-os días”, “Meus irmáns”, “O Rei tiña unha filla”, “Aureana do Sil” e “Foliada”.

### Recensións:

- Xesús Alonso Montero, “Poemas en xaponés”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Letras”, “En galego”, 18 abril 2014, p. 16.

Fálase deste volume, que recolle dezaioito poemas de Ramón Cabanillas en edición bilingüe galego-xaponés, e da obra do seu editor, o profesor Takekazu Asaka. Índicase que Francisco Fernández Rei é o autor do prólogo, no que se explica como entrou en contacto o profesor Asaka coa obra de Cabanillas. Valórase positivamente a obra e dáse conta do seu contido, indicando que inclúe un CD con oito textos musicados.

### Referencias varias:

- D. A., “Un profesor japonés publica el libro y el CD ‘Cantata a Ramón Cabanillas’”, *Diario de Arousa*, “Cambados”, 17 abril 2014, p. 13.

Anúnciase a presentación en Cambados desta obra, indicando que inclúe un CD con oito poemas musicados. Coméntase que Francisco Fernández Rei é o autor do prólogo e dáse conta do contido do libro.

- B. Y., “Japón pone letra, música y voz a la obra de Ramón Cabanillas”, *Diario de Arousa*, “Cambados”, 7 agosto 2014, p. 12.

Dá conta do acto de presentación deste volume en Cambados. Destaca a presenza de Luís Rey, Francisco Fernández Rey, Xesús Vázquez e Luís Aragunde, así como o recital que acompañou o evento.

- Rosario Ferreira, “Ramón Cabanillas xa ten a súa edición bilingüe en galego-xaponés”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 7 agosto 2014, p. 35.

Fai referencia á presentación en Cambados deste volume editado en formato bilingüe galego-xaponés da autoría de Takekazu Asaka. Salienta asemade a presenza no acto do Conselleiro de Cultura, Xesús Vázquez Abad, e a inclusión no volume dunha introdución de Francisco Fernández Rey e un CD con textos interpretados.

- Xurxo Fernández, “Také”, *El Correo Gallego*, “Crisol”, 11 agosto 2014, p. 43.

Infórmase da presenza do profesor Takekazu Asaka da Universidade de Tokio, para presentar este libro bilingüe xaponés/galego. Dise que a presentación terá lugar en Cambados coa presenza do catedrático e académico Francisco Fernández Rei, autor do prólogo.

**Ramón-Borja Berenguer**, Margarita, *Oratorio del cubo*, trads. María Xesús Pato Díaz e Xabier Cordal, Madrid: Cuadernos del Laberinto, col. Berbiquí, n.º 5, outubro 2013, 52 pp. (ISBN: 978-84-941600-5-9).

Margarita Borja (Alicante, 1942) dedica este libro de poemas en edición bilingüe (castelán e galego) á tradutora do mesmo, Chus Pato, así como “ás aves marinas”. O seguinte paratexto que precede aos poemas inclúe dúas citas: a primeira sacada do diario francés *Le Monde*, coa impresión dun habitante da costa Norte da Bretaña en 2003 ante a chegada do fuel; a segunda, unha cita de Víctor Hugo: “*C’est pour ces tyrans satellites*”. A obra trata o afundimento do Prestige en 2002 e as consecuencias naturais e sociais que tivo. De feito o poemario divídese en dúas partes: a primeira é o poema “Afundimento” (pp. 10-11) e a segunda, titulada “Lires” (pp. 12-37), inclúe dez poemas cun forte compoñente visual, describindo imaxes recorrentes da traxedia. Remata cun apartado en castelán que leva por título “Rememorar, agradecer” (pp. 39-48), no que a autora explica a súa ligazón persoal con Galicia e como lle afectou o afundimento do Prestige. Por esta razón, decidiu crear esta obra en apoio da plataforma *Nunca máis* e que incluso foi presentada en forma de videoinstalación en Nova York en 2003 e posteriormente noutras cidades.

## XII. 2. 4. ANTOLOXÍAS

**García, Xosé Lois**, *Antoloxía poética da Escola Labrega luguesa. De Leiras Pulpeiro a Uxío Novoneyra*, O Courel: Fundación Uxío Novoneyra, col. Valumbo, n.º 3, outubro 2013, 159 pp. (ISBN: 978-84-941161-3-1). ◆

Escolma de poetas que o seu antólogo, Xosé Lois García (Lugo, 1945), inclúe na chamada “escola labrega luguesa”, quen explica na introdución que foi, na súa orixe, un proxecto inacabado do poeta Uxío Novoneyra. Anota algúns dos trazos que singularizan a escolma e a estética dos sete poetas escolmados: Manuel Leiras Pulpeiro, Antonio Noriega Varela, Xosé Crecente Vega, Aquilino Iglesia Alvariño, Xosé María Díaz Castro, Manuel María e Uxío Novoneyra. Por outra parte, destaca de cada autor a relación co rural labrego lugués que dá sentido a esta antoloxía e que creou unha tradición ou escola que chega deica os nosos días. En palabras do propio Xosé Lois García: “Cada un deles visionou e sentiu dunha maneira particular a cultura labrega”. Os textos poéticos escollidos non responden a ningún criterio nin estética que non sexa a estritamente de lindalos coa “escola labrega luguesa”. Tan só Uxío Novoneyra deixara dispostos os seus textos e Manuel María indicou que fosen escollidos do seu libro *Terra Chá*. O final recolle unhas “notas biográficas” moi breves de cada un dos poetas escolmados.

**Gorría, Ana** (coord.), *Nova de poesía. 17 poetas*, O Courel: Fundación Uxío Novoneyra, col. Valumbo, n.º 2, outubro 2013, 443 pp. (ISBN: 978-84-941161-3-1). ◆

Colectánea de poesía bilingüe (galego-castelán), coordinada pola tradutora e poeta Ana Gorría (Barcelona, 1979), que principia cunha cita do poeta do Courel, Uxío Novoneyra, “*O que canta sabe que está seguro como gardado*”, e continúa cun prólogo de Ana Gorría onde explica os procedementos que seguiu para realizar esta colección e os obxectivos que se esperan acadar con ela. A continuación sitúanse os oitenta e cinco poemas divididos en dezasete autores (cinco poemas de cada un). Cara o final achégase unha pequena biografía de cada un dos poetas que se seleccionaron e introdúcese outra cita de Novoneyra “*...E inda é nova a Terra!*”. O procedemento que se levou a cabo foi a selección, por parte de especialistas en poesía galega, de dezasete poetas que publicasen en galego a partir da década do 2000. Os poetas seleccionados son: Lucía Novas, Baldo Ramos, Antía Otero, Xavier Lama, Daniel Salgado, Elvira Ribeiro, Mariña Pérez Rei, Dorcas Témboras, Olalla Cociña, Mario Regueira, Xiana Arias, Oriana Méndez, Rosa Enríquez, Diana Varela Puñal, Carlos Fontes, Branca Novoneyra e Gonzalo Herme; e destes tómanse cinco dos seus poemas máis representativos, amosando unha grande diversidade de perfís interxenéricos.

**VV. AA.**, *Filografías*, Toledo: Lastura, col. O Roibén, 2013, 50 pp. (DL: TO-627-2013).

Escolma de poesía en galego e portugués que recolle creacións de nove poetas diferentes: Vicente Araguas (Xuvia, Neda, 1950) con “Un blues de Bragança”, “Portugal resiste”, “Cando ela dorme” (pp. 7-12); Xavier Frías Conde (Béjar, Salamanca, 1965) con sete poemas sen título (pp. 13-18); Yolanda López (Ourense, 1976) con “Álbum de lúa e vento” (pp. 19-22); Luis Luna (Madrid, 1975) con tres

poemas sen título (pp. 23-26); Verónica Martínez (Valdoviño, 1976), tres poemas sen título (pp. 27-30); Manuel Pereira Valcárcel (Ouzande, A Estrada, 1955) con “Nace” e dous poemas sen título (pp. 31-34); Luz Pichel (Alén, Lalín, 1947) con “Os vales que pisar nunca pisaches”, “Nena, lévalle flores” e “Os nenos do frío” (pp. 35-40); Begoña Regueiro (Madrid, 1981) con “Crebas”, “Prez II” e “[É o mesmo]” (pp. 41-44); e Rafael Yáñez Jato (Vilalba, 1979) con “Para Augusto Acevedo”, “Canción” e “Aninovo na illa ou agardando na valetta” (pp. 45-48).



## XII. 3. TEATRO

### XII. 3. 1. DRAMATURGOS GALEGOS

**Becerra de Becerreá**, *Textículos dramáticos e posdramáticos*, intro. Manuel F. Vieites, A Coruña: Edicións Laiovento, 2013, 133 pp. (ISBN: 978-84-8487-237-5).

Colectánea de teatro breve de dez pezas de Afonso Becerra de Becerreá (Becerreá, 1973) sobre as diversas formas do amor. Antecede á compilación dos textos unha breve introdución de Manuel F. Vieites na que repara en varios aspectos do libro, como é a razón de ser do título. Doutra banda, detense no formato de peza breve que presentan as dez composicións: incídese no feito de que xa o autor publicara en 2010 un conxunto de textos mínimos, *Dramáticulas*, e fai un repaso pola historia do teatro europeo e, particularmente, enmarca o traballo de Becerra no cultivo das formas breves na historia do teatro galego. Despois, salienta a novidade que supón que reivindicque unha literatura na que todos os xéneros sexan posibles, no canto de construír o texto dende a habitual perspectiva masculina. Por último, fala da categoría de postdrama á que se adscriben estes textos breves e ao lugar que ocupa a teoría da interpretación e a palabra nos mesmos. Despois da introducción e antes das pezas teatrais, insérese unha “Nota previa a *Textículos dramáticos e posdramáticos*” na que se explicita que o libro supón a segunda parte das *Dramáticulas*, publicadas en 2010 polo autor, e unha homenaxe á expresión empregada por Julio Cortázar. Descríbense as pezas como xogos que unhas veces empregan a acción verbal para amosar refachos de historias, e outras fan uso da acción verbal posdramática. Reivindícase a perspectiva feminista e galeguista dende as que foron compostas. As pezas presentan variedade formal: “Oxitocina”, a peza -coreográfica, coma sinala o subtítulo- que abre a colectánea, presenta acusados trazos narrativos e, coma “Técnica mixta sobre taboado”, un carácter máis prosaico, aínda que a segunda sen relación de causalidade, máis ben de xustaposición. Salvo en “Teoría e práctica da discreción” cuxo texto é enunciado por unha voz en primeira persoa que se dirixe a un ti, o resto das pezas están construídas por diálogos entre dúas personaxes, designadas -agás en “9999” por esixencias argumentais- con nomes xenéricos.

#### Recensións:

- Manuel F. Vieites, “Con area de con”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 504, “Teatro”, 12 xuño 2014, p. VIII.

Informa de que con Afonso Becerra “colle forza en Galicia unha literatura dramática marcada pola vontade de dar visibilidade a outra forma de entender as relacións humanas”. Afirmar que o teatro debe contribuír “para instalar na normalidade cultural da modernidade máis radical” e destaca o interese por crear polémica e suscitar a reflexión xa dende o título. Informa de que as pezas deben entenderse como mostras da fugacidade do tempo e dá conta brevemente do limiar da obra. Por último, indica que grazas a estas pezas pode percibirse o tránsito entre a escrita moderna e a posmoderna.

- Vanesa Sotelo, “Contra toda orde”, *Tempos Novos*, n.º 211, *ProTexta*, “ProPostas”, n.º 06, decembro 2014, pp. 81.

Recensiónase este volume no que se reunen dez pezas breves do dramaturgo Alfonso Becerra de Becerreá. Destácase que o volume é un exemplo de convivencia do texto dramático e o posdramático, e que os textos, nos que están presentes distintos conflitos sociais, teñen “vontade feminista e galeguista”. Por último, gábase o exercicio de brevidade, no que cada texto curto pon de relevo a importancia do presente.

### Referencias varias:

- S. N., “Distancia 7 minutos”, una disección de las relaciones”, *La Región*, “Sociedad”, 9 outubro 2014, p. 60.

Entre outras cousas, dáse noticia das actividades paralelas do FITO, unha delas a presentación deste libro de Afonso Becerra.

-MVI, “Afonso Becerra propón, en Trama teatro ‘erótico festivo’ e revolucionario”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Literatura”, 8 novembro 2014, p. 59.

Anúnciase a presentación na librería Trama de Lugo e dáse conta da motivación do título escollido. Destácase que a palabra textítulo foi tomada de Julio Cortazar e permite conectar as súas composicións escritas cun forte contido “erótico festivo ou cachondo e explícase que recolle tanto pezas clásicas coma outras nas que “a palabra se integra noutras linguaxes”. Finalmente, reflexiónase sobre a situación marxinal do teatro.

**García**, Xosé Lois, *A cerna*, II Premio de teatro MOME Varela Buxán, A Estrada: Fundación Cultural da Estrada, col. Dos Arquivos do Mome, n. ° 3, outubro 2013, 95 pp. (ISBN: 978-84-695-8828-4). ◆

Peza en tres actos de Xosé Lois García (Lugo, 1945), en que a través das tres escenas que compoñen cada acto e por medio de doce personaxes, expande o tema da ecoloxía profundando na cuestión da plausibilidade da cerna. O primeiro acto é o encargado de introducir a liña da trama, situando os personaxes de Amador, Presidente, Secretaria, Tesoureira, Martiño, Ruda, Aguiar e Modesto nunha asemblea de carácter anual nunha vila galega. Tan só se debaten tres puntos, sendo un deles o problema dun carballo estremeiro que incomoda un dos veciños. Os alí presentes sinalan dúas posíbeis solucións: ben cortar a árbore ou ben cernala, pero iso leva a unha extensa discusión transcendental que principia no segundo acto. Neste acto saen á escena os personaxes de Consuelo e Peruano, quen, xunto con Martiño, Ruda, Aguiar e Modesto, entran en detalle nun faladoiro sobre a cerna, no que tratan de ciencias, metafísica exotérica e dialéctica cabalística, sempre ao redor da figura da árbore ancestral galega: o carballo. No derradeiro acto aparecen outros dous personaxes: Gacio e Bardallán, quen, por medio dunha disensión en torno á tala inxustificada de árbores, dan por rematado o debate inicial sobre a cerna. É merecente salientar o inxente léxico de rexistro culto á vez que enxebre posto na boca destes personaxes, así como as incontábeis materias galegas histórico-culturais que se mesturan durante o desenvolvemento do faladoiro, malia a presenza de numerosas grallas lingüísticas, tanto no texto en galego coma nos breves fragmentos en castelán, tirados de certas escritas de persoeiros galegos. Dous días conforman o tempo no que transcorre a acción e durante o cal agroman asuntos como a emigración a América do Sur, o panteísmo propio da Galicia, a oposición ao coidado do medio ambiente por parte de certos individuos e institucións, o

ecofeminismo ou mesmo o vínculo permanente e intrínseco entre ecoloxía e galeguismo.

**Picouto**, Millán, *Ciclo de Saturno*, Ourense: Ediciones Linteo, col. Aberta. Macrocosmos, n.º 6, febreiro 2013, 533 pp. (ISBN: 978-84-96067-90-5).

Millán Picouto (Ourense, 1949) presenta en cinco pezas teatrais anteceditas por un “Limiar” no que se detalla o argumento destas cinco obras. As tres primeiras pezas dramáticas forman parte da “Triloxía Incaica” (2007) e levan por título *Atawallpa ou a morte do Sol*, *A traxedia de Willkapanpa* e mais *O soño do Machupikchu*. Así, *Atawallpa ou a morte do Sol*, que consta dun prólogo e cinco actos, representa a destrución do poder dos incas pola ambición dos conquistadores españois e a rebelión do protagonista, cuxo enfrontamento co seu irmán Waskar coincide co avance das hostes de Pizarro cara ao Cusco imperial. En *A traxedia de Willkapanpa*, que presenta un prólogo e cinco actos, amósase a resistencia dos últimos incas. Cómpre sinalar que o argumento xeral destas dúas obras segue as crónicas da conquista española do actual Perú. A “Triloxía Incaica” péchase con *O soño do Machupikchu*, que ten un único acto e un epílogo e que se desenvolve no antigo poboado andino inca do Machu Picchu. As outras dúas pezas dramáticas deste volume son *Lope de Aguirre* (2011) e mais *A comedia dos zapatos* (2012) e ambas presentan a mesma estrutura: un prólogo e cinco actos. Na primeira, *Lope de Aguirre*, descríbese a autodestrución dos conquistadores españois na procura do lendario El Dorado, mentres que *A comedia dos zapatos* presenta un argumento que procede dun conto do escritor sufi Idries Shah e está ambientada na Florencia de fins do século XV, dous anos antes da morte de Lourenzo de Médici, tamén coñecido como Lourenzo o Magnífico.

## XII. 4. ENSAIO. TEORÍA XERAL. CRÍTICA

### XII. 4. 1. MONOGRAFÍAS, BIOGRAFÍAS, CRÓNICAS E LIBROS COLECTIVOS

**López Valcárcel**, Xulio, *Raíz e canto. Nomes para unha crónica vital e literaria. II. Voar de fondo. María do Cebreiro / Miguel Anxo Fernán Vello / Ramiro Fonte / Xosé Lois García / Lupe Gómez / María Carme Kruckenberg / Manuel María / Manuel Xosé Neira / Pilar Pallarés / Valentín Paz Andrade / Lois Pereiro / Luz Pozo Garza / Xohana Torres / Eva Veiga*, lim. Armando Requeixo, Ferrol: Sociedade Cultural Valle-Inclán, col. Soláster, 2013, 225 pp. (ISBN: 978-84-92597-31-4).

Compilación de catorce biobibliografías de diferentes autores da man de Xulio López Valcárcel, que se inicia cun limiar asinado por Armando Requeixo, no que se destaca a continuidade do volume con respecto á primeira entrega, *Raíz e canto. Nomes para unha crónica vital e literaria. I. Exiliados e desterrados. Rosalía e outras luces* (Antón Avilés de Taramancos / Tomás Barros / Sofía Casanova / Lorenzo Varela / Fiz Vergara Vilariño / Francisco Añón / Rosalía de Castro / Anne Marie Morris / Luís Pimentel e a estreita relación de López Valcárcel coas lecturas que realizou e que deron orixe ao presente traballo, así como a diferenza existente entre ambos volumes, que non é outra que a contemporaneidade, agora, dos autores analizados nos traballos co propio López Valcárcel. Sinálase que o autor se centra na vida e nas principais creacións de catorce poetas relevantes, “mesmo compañeiros xeracionais e/ ou de angueiras literarias”. Requeixo explica que a elección dos persoeiros responde a diferentes razóns (sobre algúns tivo que escribir anteriormente para publicacións varias, outros son “camaradas de vello” e outros constitúen “antigas devocións que tiñan de ser homenaxeadas”). O texto estrutúrase en capítulos dedicados a cadanseu autor: “María do Cebreiro, a nova sensibilidade”, “Miguel Anxo Fernán-Vello, elegancia e fondura”, “Ramiro Fonte, a literatura como obsesión”, “Xosé Lois García, materia corporal” e “Lupe Gómez, no barrio das cartas de cristal”, “M. C. Kruckenberg, a aventura de vivir”, “Manuel María, en seis tempos”, “Manuel Xosé Neira, nas súas cartas”, “Pilar Pallarés, na ruta de Horacio”, “Valentín Paz-Andrade, ao bo lecer”, “Lois Pereiro, a atracción do abismo”, “Luz Pozo Garza, a música inaudita”, “Xohana Torres, corazón de navío” e “Eva Veiga, no luminoso enigma”. Os catorce textos comezan con cadanseu epígrafe e dedicatoria e complementáanse con retratos feitos por Carlota e Pedro Bueno.

## XII. 4. 2. MONOGRAFÍAS E LIBROS COLECTIVOS TRADUCIDOS OU NOUTRAS LINGUAS

**Santos Fernández**, Carlos, *Antonio López Ferreiro (1837-1910). Canónigo compostelano, historiador y novelista*, Santiago de Compostela: Alvarellos Editora, 2013, 1134 pp. (ISBN: 978-84-89323-83-4)

Ensaio bibliográfico de Carlos Santos Fernández (A Coruña, 1961) no que se aborda a figura de Antonio López Ferreiro (1837-1910), coéngo do cabildo compostelán, historiador e novelista, que resultou fundamental na historiografía galega e no seu rexurdimento cultural, e a quen se distingue e recoñece como “bo galego, bo sacerdote, bo historiador, bo literato”. Santos Fernández, ao longo de vinte e cinco capítulos, fai un profundo estudo sobre a súa traxectoria vital, formación, carreira eclesiástica e académica, novelística... reforzado cun soporte crítico con notas a pé de páxina que facilitan ao lector valorar a transcendencia de López Ferreiro na cultura galega, aspecto que lle é recoñecido polos seus coetáneos, que renderon sentidas homenaxes póstumas recollidas polo autor e que hoxe, a pesar de que se lle dedicou o Día das Letras Galegas en 1978, é case descoñecido para a cidadanía galega. Neste senso, o ensaio axuda na reivindicación de quen foi unha figura esencial no renacer cultural galego. Mais, se o estudo biográfico ten interese por si mesmo, o traballo de Santos Fernández refórzase cun anexo documental no que, alén do epistolario, se recollen documentos referidos a López Ferreiro, un manuscrito inédito e outros textos, as referencias arquivísticas, hemerográficas e bibliográficas, imprescindibles para facer unha achega a este personaxe, ademais dun índice antroponímico que facilita a contextualización e comprensión deste traballo biográfico.

## **XII. 4. 3. PUBLICACIÓNS EN REVISTAS**

**Delgado Corral**, Concepción, “Xogos Florais de 1946: Xosé María Díaz Castro, entre a tradición e a modernidade”, *Anuario brigantino*, n.º 36, 2013, pp. 467-476.

Faise un repaso pola participación de Xosé María Díaz Castro nos Xogos Florais convocados en Betanzos en 1946. Inclúese unha presentación do autor, unha transcripción da carta que enviou Díaz Castro á organización cos seus datos biográficos; para pasar a analizar os poemas presentados, centrándose na métrica, a enunciación poética e a temática. Por último, transcríbense dúas das composicións presentadas, “El cántico de la ciudad” e “Nascida dunsono”.

## XII. 5. LITERATURA INFANTIL E XUVENIL

### XII. 5. 1. NARRATIVA

#### XII. 5. 1. 1. NARRADORES GALEGOS

**Duncan**, Xosé, *As Crónicas de Bran. Volume II. A porta de Annwn*, ilust. José Ángel Ares, Santiago de Compostela: Contos Estraños Editora, mocidade, 2013, 317 pp. (ISBN: 978-84-940935-8-6).

Segunda entrega da triloxía fantástica e épica “As crónicas de Bran”, de Xosé Duncan (pseudónimo de Xosé Ramón Suárez, Tarragona-Rianxo-A Coruña, 1970), iniciada en 2012 con *A revolta dos mestres*, narración na que introducía o lectorado no mundo de fantasía d’A Terra da Nada, Alba ou Elawei, lugar no que nace Bran, o protagonista da novela fantástica, e abrangía temas como a traizón e a sede de vinganza, o amor, a confianza e a amizade. Nesta segunda entrega, unha voz narradora omnisciente continúa cos feitos iniciados na primeira parte da saga: se ben a derrota do exército de Dohn semellaba que a paz chegaba a Terra de Alba, agora Nash, o novo Forxador en Elawei, non é quen de gobernar sen a axuda do Mestre Escuro, e vai perdendo a súa morfoloxía humana a favor da natureza do Dragón Vermello co que agora comparte identidade. Ao mesmo tempo que o Reloxeiro se oculta na Montaña Sagrada para argallar os seus plans e conseguir o poder do corazón de Cronos, bandas de orcos famélicos rondan as fragas. Bran viaxa á illa de Calcedonia, na compañía de Nimue, onde agarda recuperar a súa forma humana e atoparse co Navegante, o gardián do paso entre o mundo dos vivos e dos mortos. Os dez capítulos que conforman a novela ofrecen un desenvolvemento da acción de tipo lineal que se compón de diversas tramas que focalizan a acción nas aventuras dos personaxes. O deseño dos ambientes xeográficos e da natureza dos personaxes beben do acervo mitolóxico e cultural galego e celta. A construción do universo poético do autor apóiase na relación desta novela cos seus relatos breves e coa novela curta *A nena de prata* que se inclúe neste volume: composta por oito capítulos e un epílogo, nárrese o encontro entre O Solla e Bran ou os motivos polos que acada a súa condición escura e tétrica. Non faltan trazos de humor, sobre todo na caracterización do diaño e no novo papel de Bran coma Navegante, e descrições detalladas. Acompaña a narración as ilustracións de José Ángel Ares, próximas á estética do cómic.

#### Referencias varias:

- D. R., “Duncán presenta otro libro de ‘As crónicas de Bran’”, *El Ideal Gallego*, “Sada”, 12 xuño 2014, p. 22.

Dáse noticia da presentación desta obra na Asociación Cultural Irmáns Suárez Picallo de Sada, entre outros actos da axenda cultural da vila.

**González**, Sabela, *Bágoa de Lúa*, Vigo: Editorial Galaxia, col. As crónicas da Landereina, [mocidade], outubro 2013, 232 pp. (ISBN: 978-84-9865-487-5).

Primeira entrega da triloxía fantástica de Sabela González (Burela-Lugo, 1981) encabezada por unha breve nota de Arcadinio de Gueiroez, rei de Landereina, datada en 1164, na que informa que o rei Argun II logrou derrotar en 1124 ao feiticeiro Wiasmau, quen os tivera corenta anos baixo “sometemento e control absoluto”, de tal forma que “sobrevive na xente a sombra do terror”; e por un prólogo no que relata a marcha da nena Berenguela da aldea amazona de Gabaia por decisión de súa nai, Siastia, para lle asegurar un futuro no que poida elixir libremente como fixo ela. Esta primeira entrega narrativa estrutúrase en cinco partes históricas, caracterizadas por saltos temporais ao pasado dende 1227 (ano no que comeza e remata a historia narrada) até 1164 e con posterioridade até 1178. Berenguela inicia unha nova vida coa amazona “desertora” Cátaba e o seu home Bunm, que a agasallan cunha espada realizada por outra amazona Felicia, na que reza a inscrición “Sorte no teu destino”. Cando regresan do mercado á súa cabana reciben a visita da filla do druida de Gabaia, Güencela, informándolles que un exército kaihunn atacou a Tríade Amazona, matando a súa nai Maëriiss e a Siastia, nai de Berenguela, e solicitando a axuda de Cátaba e Bunm para manter viva a princesa de Landereina, Berenguela, tamén coñecida como Ghekla, impedindo así o fin da familia real e do seu reino. Para poñela a salvo emprenden unha viaxe para se reunir co meigo Êlekva, que vive no Etlual Leste, na que teñen que cruzar ao norte pola ría de Urd. Dáse un salto ao ano 1164, cando o rei Benergard lle conta ao seu fillo Arcadinio a historia que se adiantou na nota inicial da narración: a explicación de cómo transcorreu a Era escura, até o momento no que, corenta e seis anos despois, o seu avó, o rei Argun II, conseguiu derrotar o feiticeiro Wiasmau, quen lograra o seu poder estrándoo da Pedra da Lúa. Amósalla e encárgalle que nunca a toque e que debe “protexer, obter e rexistrar para os futuros gobernantes de Landereina toda a información” sobre esa Pedra e sobre todo protexela de mans alleas, manténdoa na caixa na que se garda até que descubra cómo se pode destruír. Péchase este salto temporal relatando a traizón da súa muller, a raíña Bernia, e regrésase ao presente da trama cando, por mor das feridas sufridas por unha frecha que lle dispararon a Cátaba, Breihmn, amigo do seu home, levas as dúas nenas ao outro lado da ría, para que atravesen o bosque até Etlual. Estas presencian unha reunión de centauros e recuperan forzas mentres Berenguela le un libro de druidas que mercara cando recibira a espada. No seguinte salto temporal ao ano 1178, o rei Benergard recibe a visita do aprendiz do sabio Sirvin, quen resulta ser o seu irmán pequeno Bendiargo que fuxira facía catorce anos para tentar lograr a redención tras participar na traizón emprendida por súa nai e para buscar o feitizo que servise para destruír a Pedra da Lúa, que tentan sen éxito, polo que optan por espallar anacos da Pedra e deixar por escrito información para os elixidos da súa destrución. Bogardo recibe cartas de Sirvian mais non o libro e Berenguela descobre que o seu colgante posúe un anaco desa Pedra antes de chegar ao claro de Ghekla onde, baixo a aparencia dun elfo, a meiga Darmaan tenta enganala. A historia péchase cun final aberto no que Breihnn logra fuxir na procura de Berenguela, para salvala da traizón da amazona Maëriiss, que pensaban morrera no ataque do exército kaihunn.



## XII. 5. 1. 2. REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSIMILES

**Blanco**, Concha, *A camioneta da media risa*, ilust. Manuel Uhía, Madrid: Grupo Editorial Bruño, col. Altamar, serie Aventuras, n.º 16, a partir de 10 anos, febreiro 2013, 139 pp. (ISBN: 978-84-216-6593-0).

Reedición deste relato de aventuras de Concha Blanco (Lires-Cee, A Coruña, 1950) publicado en marzo de 1995, e que seguiu a reeditarse, acadando en 2013 a sexta edición, na que se adaptou o texto ás normas ortográficas da Real Academia Galega e se engadiu, como complemento didáctico do relato, un "Obradoiro de lectura" (pp. 113-139), mantendo as ilustracións que Manuel Uhía (Portonovo-Pontevedra, 1944) realizou para a reedición de 2004 na Editorial Bruño.

## **XII. 5. 4. CÓMIC**

### **XII. 5. 4. 1. GALEGOS**

**Viñuela Agra, Alejandro** (Jano), *Operario*, ilustr. Alejandro Viñuela Agra, A Coruña: Demo Editorial, [lectorado mozo], 2013, [52] pp. (ISBN: 978-84-940349-6-1).

Cómic de Alejandro Viñuela Agra (A Coruña, 1979) protagonizado, como se indica no título, por un Operario do que non se chega a saber o nome, xa que do que se trata é de facer o máis realista e xeneralista a vida nun día dun operario máis na Revolución Industrial. Móstrase un ambiente frío, impersoal e moi gris para reflectir o mundo escuro e tedioso do operario. Nas ilustracións de Alejandro Viñuela Agra empréganse só cores frías (grises, negros e brancos) que simbolizan a época do desenvolvemento industrial nas cidades. Son totalmente concretas.

## XII. 6. LITERATURA DE TRANSMISIÓN ORAL

### XII. 6. 1. RECOMPILACIÓNS, MONOGRAFÍAS E LIBROS COLECTIVOS

**López**, Manuel, *Camiños de escuma e vento*, ilustr. Xosé Luis Neira Brochs, lim. María Donapetry, Viveiro: Editorial Estabañón, xuño 2013, pp. 299. (ISBN: 978-84-616-5179-5).

Volume de Manuel López introducido por un limiar de María Donapetry, quen explica o significado do mar nesta obra e pon de manifesto a solidariedade implícita entre mariñeiros. A seguir, preséntanse nove capítulos que conforman o diario de abordo dunha viaxe pola costa galega dende Ribadeo até A Guarda no veleiro “Brendán” e que levan por título: “Intencións”, “Porta da auga”, “Golfo de historias”, “Berce de mastros”, “Ventos de pedra”, “Irredentas sombras”, “Luces amigas”, “Versos salgados”, e “Illas oscuras”. Este caderno de bitácora supón un pretexto para plasmar as meditacións persoais do autor sobre eventos históricos e diversas lendas. O libro péchase cun epílogo no que López dá as grazas ao lector por acompañalo na súa navegación a pesar de se atopar con algunha páxina “especialmente neboenta” e expresa o moito que o mar ten que ofrecer para aquel que se interese; e complementase coas ilustracións de Xosé Luis Neira Brochs, con fotografías e cun plano da ruta a seguir.

## **XII. 7. REVISTAS**

### ***ADRA. Revista dos socios e socias do Museo do Pobo Galego***

(ISSN: 1886-2292) (DL: C-2367-2005).

Revista editada polo Museo do Pobo Galego que naceu co obxectivo de ser un vreiro de comunicación entre as persoas asociadas, unha canle de expresión na consolidación do Museo do Pobo Galego, ademais de fomentar o intercambio con outros organismos e institucións museísticas dentro e fóra da xeografía galega. Saíu do prelo no mes de novembro do 2005 co número 0. Dende o inicio o consello de edición estivo formado por Fátima Braña Rey, Rosa M<sup>a</sup> Méndez García, Xaquín Penas Patiño e Manuel Vilar Álvarez, e no ano 2008 pasou a estar composto por Fátima Braña Rey, Rosa M<sup>a</sup> Méndez García, José M<sup>a</sup> Laredo Codornié, Nolo Suárez e Manuel Vilar Álvarez. Estrutúrase en artigos dedicados a diferentes temas. No ano 2013 publicouse o número 8. Os artigos referidos á literatura galega atópanse descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

### ***AGÁLIA. Revista de ciencias sociais e humanidades***

(ISSN: 1130-3557) (DL: C-250-1985).

Revista de estudos socio-culturais que foi fundada no ano 1985 e está vencellada á asociación AGAL. Nos seus primeiros dez anos, Agália estivo dirixida pola presidencia de AGAL, con Joám J. Costa Casas como coordinador. O consello de redacción estaba integrado por oito persoas, equipo que foi medrando até chegar aos trece compoñentes cos que conta na actualidade. Nunha segunda etapa, que comprendeu dende o número 41 (primavera de 1995) até o número 61 (primavera de 2000) tivo a M<sup>a</sup> do Carmo Henríquez Salido como directora. Dende o número 62 (verán de 2000) até o número 91-92 o seu director foi Carlos Quiroga. Nesta etapa, a partir do número dobre 63-64 (correspondente ao segundo semestre do ano 2000) Agália presentou un novo deseño na capa, optou pola periodicidade semestral e engadiu o subtítulo: “Revista de ciencias sociais e humanidades”. No enderezo electrónico pódense localizar os índices dos diferentes números desta revista dende o número 56 (inverno de 1998) até a actualidade. É posíbel, asemade, consultar en liña algúns destes traballos. Esta revista contén as seguintes seccións: “Estudos”, “Relato/Poesía”, “Entrevista”, “Notas”, “Recensons” e “Percurso”. No ano 2014 publicáronse os números 107 e 108 relativos ao primeiro e segundo semestres de 2013, aparecendo como directores Roberto Samartin e M. Felisa Rodríguez Prado publícase co subtítulo “Revista de Estudos na Cultura” e desaparece a división en seccións.

### ***ANUARIO BRIGANTINO***

(ISSN:1130-7625) (DL: C-1613/2000// C-680/96).

Publicación de carácter anual editada polo Concello de Betanzos e copatrocinada pola Deputación da Coruña, o Banco Etcheverría, a Fundación Caixa Galicia e a Fundación Manuel Villuendas Pena. Fundada por Francisco Vales Villamarín, tivo dúas etapas: a primeira delas, baixo a dirección do seu fundador, abrangue o período que vai de 1949, ao aparecer o Anuario Brigantino de 1948, até 1951. A segunda etapa comezou en 1981

1161 e chega até o momento actual de maneira continua baixo a dirección de Alfredo Erias Martínez, que ocupou o cargo tras a morte do fundador. O subdirector é Xosé María Veiga Ferreira e o secretario Xulio Cuns Lousa. A publicación estrutúrase nas seccións fixas de “Historia”, “Arte, literatura, antropoloxía”, “Entidades culturais e deportivas” e “Acontecementos do ano”. En 2013 desaparece a copatrocinación da Deputación da Coruña e da Fundación Caixa Galicia, e sae o número 36.